

Excmo. Sr.:

En cumprimento dos artigos 19, 20 e 25 da Lei 6/1985, do 24 de xuño do Consello de Contas de Galicia, reformada pola Lei 8/2016, do 7 de agosto e o artigo 62 do seu Regulamento de Réxime Interior, teño a honra de remitirle a V. E., despois de seren aprobados polo Pleno do Consello de Contas de Galicia, os Informes de Fiscalización que se citan ao dorso que completan a remisión efectuada en xullo de 2016 xunto coa Memoria 2015.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2017



José Antonio Redonda López,
Conselleiro Maior

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia.

Dorso que se cita:

INFORMES DE FISCALIZACIÓN SOBRE O SECTOR PÚBLICO DE GALICIA:	
1	Informe de Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial (FCI), exercicio 2014
2	Informe de Fiscalización dos Servizos Técnicos de Mantemento no ámbito sanitario do Sergas, exercicio 2014
3	Informe de Fiscalización Selectiva da Fundación Pública Centro de Transfusións de Galicia (CTG), exercicio 2013
4	Informe de Fiscalización da Contratación do Sergas, exercicios 2012-2014
5	Informe de Fiscalización das Fundacións Feriais Públicas de Galicia, exercicios 2011-2013
6	Informe de Fiscalización do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) en particular das axudas en forma de aval, exercicios 2011-2013
7	Informe de Fiscalización do Concello de Ames, exercicio 2013

Consello de Contas
de Galicia



**INFORME DE FISCALIZACIÓN DOS
FONDOS DE COMPENSACIÓN
INTERTERRITORIAL**

EXERCICIO 2014

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN.....	9
I.1. ASPECTOS LEGAIS DA FISCALIZACIÓN.....	9
I.2. ÁMBITO DA FISCALIZACIÓN.....	10
I.3. OBXECTIVOS.....	14
I.4. METODOLOXÍA.....	15
I.5. LIMITACIÓNS AO ALCANCE.....	19
II. OS FONDOS DE COMPENSACIÓN INTERTERRITORIAL.....	19
II.1. RÉXIME XURÍDICO DOS FONDOS DE COMPENSACIÓN.....	19
II.1.1. DOTACIÓN E DESTINO.....	20
II.1.2. BENEFICIARIOS E REPARTO.....	21
II.1.3. CONTROL DOS FONDOS DE COMPENSACIÓN.....	21
II.2. DOTACIÓN GLOBAL DOS FONDOS DE COMPENSACIÓN 2014 NO ESTADO.....	22
II.3. PARTICIPACIÓN DE GALICIA NOS FONDOS DE COMPENSACIÓN 2014.....	24
II.4. DOTACIÓN INICIAL DOS FONDOS DE COMPENSACIÓN 2014 - GALICIA.....	26
III. AUDITORÍA ORZAMENTARIA.....	30
III.1. ORZAMENTO DE INGRESOS.....	30
III.2. ORZAMENTO DE GASTOS.....	33
III.2.1. LEGALIDADE E REGULARIDADE DAS OPERACIÓNS.....	37
III.2.2. EXECUCIÓN NO EXERCICIO 2014 DOS FONDOS DE COMPENSACIÓN INTERTERRITORIAL.....	56
III.2.3. LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA DE EXERCICIOS PECHADOS.....	59
III.3. RESULTADO ORZAMENTARIO.....	63
IV. AUDITORÍA FINANCEIRA.....	63
IV.1. CERTIFICACIÓN DE GASTOS.....	64
IV.2. INGRESOS RECIBIDOS.....	65
IV.3. DESVIACIÓNS DE GASTOS CON FINANCIAMENTO AFECTADO.....	66
IV.4. ESTADO DA TESOURERÍA.....	69
V. ÍNDICES DE EXECUCIÓN.....	69
V.1. INGRESOS E COBROS.....	69
V.2. GASTOS E PAGAMENTOS.....	70
V.3. FONDOS XUSTIFICADOS E PENDENTES DE XUSTIFICAR.....	76
VI. CONCLUSIÓNS.....	77
VII. RECOMENDACIÓNS.....	83
VIII. ALEGACIÓNS.....	85
IX. RÉPLICAS ÁS ALEGACIÓNS.....	105
ANEXOS.....	119

ÍNDICE DE ANEXOS

ANEXO 1. DIFERENZAS DE DOTACIÓN ENTRE PROXECTOS.....	121
ANEXO 2. PROXECTOS AFECTADOS POR BAIXAS DE CRÉDITO	127
ANEXO 3. EXECUCIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS COS FONDOS DE COMPENSACIÓN INTERTERRITORIAL 2014	135
ANEXO 4. EXECUCIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS COS FONDOS DE COMPENSACIÓN DOTADOS EN EJERCICIOS ANTERIORES	143
ANEXO 5. LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA DE EJERCICIOS PECHADOS	165

ABREVIATURAS

AGI	Axencia Galega de Infraestruturas
Amtega	Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
C.	Consellería
C.A.	Comunidade Autónoma
CCAA	Comunidades Autónomas
CIXTEC	Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable
EPOSH	Empresa Pública Obras e Servizos Hidráulicos
FCA	Fondos da Comunidade Autónoma
FCI	Fondo de Compensación Interterritorial (antes Lei 22/2001)
FFCI ou Fondos	Fondos de Compensación Interterritorial
Fc	Fondo de Compensación
Fcompl	Fondo Complementario
Gain	Axencia Galega de Innovación
Igape	Instituto Galego de Promoción Económica
IGVS	Instituto Galego da Vivenda e Solo
Inega	Instituto Enerxético de Galicia
IXCA	Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
LOFCA	Lei Orgánica de financiamento das Comunidades Autónomas
LOXE	Lei de orzamentos xerais do Estado
LOXCA	Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
OOAA	Organismos Autónomos

I. INTRODUCCIÓN.

O Pleno do Consello de Contas, por acordo do 4 de decembro de 2015, aprobou o programa anual de traballo para o ano 2016 correspondente á fiscalización do exercicio 2014, no que se contempla a realización das actuacións de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial.

As directrices técnicas ás que debía suxeitarse a fiscalización foron incluídas no programa de traballo aprobado polo Pleno.

As funcións e actividades a realizar polo órgano fiscalizador da Comunidade Autónoma, veñen fixadas pola Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, modificada pola Lei 8/2015, de 7 de agosto, que no seu artigo primeiro establece que como órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financeira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma (integrado, no que respecta a este Informe, pola Administración autonómica, os seus organismos autónomos, as axencias públicas autonómicas e as entidades públicas empresariais dela dependentes) e asesorará ao Parlamento de Galicia en materia económico-financeira

I.1. ASPECTOS LEGAIS DA FISCALIZACIÓN.

A fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial (FFCI) é unha esixencia legal establecida nas seguintes normas:

- Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das Comunidades Autónomas (LOFCA), artigo 16 apartado 8 no que se dispón que "Cada territorio deberá dar conta anualmente ás Cortes Xerais do destino dos recursos recibidos con cargo ao Fondo de Compensación, así como o estado de realización dos proxectos que con cargo ao mesmo estean en curso de execución."

- Lei 22/2001, reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial, artigo 10 que establece:

"1. O control parlamentario dos proxectos financiados con cargo aos Fondos de Compensación Interterritorial e a valoración do seu impacto conxunto na corrección dos desequilibrios interterritoriais levarase a cabo polas Cortes Xerais a través da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado, polas Asembleas Lexislativas das respectivas Comunidades Autónomas e polas Asembleas das Cidades con Estatuto de Autonomía.

2. Non obstante, o Tribunal de Cuentas do Estado e, no seu caso, os Tribunais de Contas das Comunidades Autónomas presentarán ante os órganos citados no número 1 anterior, respectivamente, informe separado e suficiente de tódolos proxectos financiados con cargo aos Fondos de Compensación Interterritorial.

3. Con obxecto de permitir o control parlamentario, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía contabilizarán adecuada e separadamente a execución de cada proxecto de investimento financiado con cargo aos Fondos de Compensación Interterritorial”.

I.2. ÁMBITO DA FISCALIZACIÓN.

O ámbito **obxectivo** de fiscalización abrangue as consellerías, organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e entidades públicas empresariais cuxos orzamentos foron financiados mediante algunha das seguintes modalidades de financiamento dos Fondos de Compensación Interterritorial:

Modalidade	Descrición
2010	FFCI libre
2011	FFCI libre incorporado
2020	FFCI que cofinancia elixible
2021	FFCI que cofinancia elixible incorporado
2040	FFCI que cofinancia incorporados elixible
2061	FFCI incorporado que cofinancia elixible corrente
2110	FFCI exercicio pechado. Libre
2120	FFCI exercicio pechado que cofinancia elixible

Desde o punto de vista **subjectivo e funcional** a fiscalización esténdese aos órganos xestores e programas de gasto que figuran no seguinte cadro. Tamén se inclúe a dotación dos créditos a 1 de xaneiro e a 31 de decembro dos Fondos de Compensación Interterritorial por programas de gasto e órganos xestores.

PROGRAMA DE GASTO / ÓRGANO XESTOR	CRÉDITO INICIAL	Euros
		CRÉDITO DEFINITIVO SEN BAIXAS DE CRÉDITO 31.12.14
461B RADIODIFUSIÓN E TVG	300.000,00	481.290,17
PRESIDENCIA DA XUNTA	300.000,00	481.290,17
571A FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	5.262.501,00	8.623.876,29
571A FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO (Pechados)	555.911,00	555.911,00
AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (Amtega)	5.818.412,00	9.179.787,29
761A COORDINACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO	924.299,00	2.371.181,83
761A COORDINACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO (Pechados)	96.484,00	96.484,00
AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA (Aturga)	1.020.783,00	2.467.665,83
TOTAL 04 PRESIDENCIA DA XUNTA	7.139.195,00	12.128.743,29

PROGRAMA DE GASTO / ÓRGANO XESTOR	CRÉDITO INICIAL	CRÉDITO DEFINITIVO SEN BAIXAS DE CRÉDITO 31.12.14
121A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACIÓN XERAL (Pechados)	0,00	500.000,00
131A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE XUSTIZA	0,00	1.000.000,00
131A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE XUSTIZA (Pechados)	500.000,00	0,00
141A ADMINISTRACIÓN LOCAL	375.000,00	647.876,01
212A PROTECCIÓN CIVIL E SEGURANZA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	0,00	152.846,40
212A PROTECCIÓN CIVIL E SEGURANZA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA (Pechados)	99.573,00	99.573,00
313B-ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER	85.000,00	85.000,00
313D PROTECCIÓN E APOIO ÁS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO	40.000,00	77.311,00
TOTAL 05 VICEPRESIDENCIA E C. DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA	1.099.573,00	2.562.606,41
612A PLANIFICACIÓN, ELABORACIÓN DE ORZAMENTOS E COORDINACIÓN ECONÓMICA	227.159,00	270.865,02
621A ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL	31.337,00	54.415,20
C. DE FACENDA	258.496,00	325.280,22
611A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA	0,00	226.031,30
611A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA (Pechados)	402.594,00	402.594,00
CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCEIRA E CONTABLE (CIXTEC)	402.594,00	628.625,30
TOTAL 06 C. DE FACENDA	661.090,00	953.905,52
512A ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE	1.062.500,00	1.922.757,05
512A ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE (Pechados)	201.607,00	201.607,00
521A URBANISMO	0,00	49.617,47
541A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE	0,00	0,00
541B CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL	247.793,00	1.745.552,23
541B CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL (Pechados)	120.000,00	120.000,00
541D CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS	1.535.124,00	3.050.226,62
541D CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS (Pechados)	660.464,00	660.464,00
541E COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE	252.548,00	331.954,68
C. DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	4.080.036,00	8.082.179,05
512B CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS	14.848.022,00	15.805.963,68
512B CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS (Pechados)	2.990.381,00	2.990.381,00
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AGI)	17.838.403,00	18.796.344,68
542B INFRAESTRUTURAS E XESTIÓN DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO	5.025.000,00	9.529.677,20
542B INFRAESTRUTURAS E XESTIÓN DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO (Pechados)	5.427.469,00	5.427.469,00
AUGAS DE GALICIA	10.452.469,00	14.957.146,20
451A FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVIENDA	0,00	0,76
INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	0,00	0,76
TOTAL 07 C. DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	32.370.908,00	41.835.670,69
732A REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL	600.000,00	1.658.249,68
733A EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES	0,00	789.442,94
734A FOMENTO DA MINARÍA	0,00	20.632,14
741A APOIO Á MODERNIZ., INTERNAC. E MELLORA DA COMPET., INNOV. E PROD. EMPRESARIAL	0,00	490.717,87
751A ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA	625.000,00	2.383.817,71
C. DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	1.225.000,00	5.342.860,34
561A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	3.321.250,00	5.824.218,70
AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (Gain)	3.321.250,00	5.824.218,70
741A APOIO Á MODERNIZ., INTERNAC. E MELLORA DA COMPET., INNOV. E PROD. EMPRESARIAL	1.375.000,00	22.837.167,98
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (Igabe)	1.375.000,00	22.837.167,98

PROGRAMA DE GASTO / ÓRGANO XESTOR	CRÉDITO INICIAL	CRÉDITO DEFINITIVO SEN BAIXAS DE CRÉDITO 31.12.14
733A EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES	225.000,00	1.155.238,06
INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (Inega)	225.000,00	1.155.238,06
TOTAL 08 C. DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	6.146.250,00	35.159.485,08
422A EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO	500.000,00	5.151.939,87
422A EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO (Pechados)	135.430,00	135.430,00
422C ENSINANZAS UNIVERSITARIAS	411.696,00	0,00
422C ENSINANZAS UNIVERSITARIAS (Pechados)	548.304,00	0,00
422G ENSINANZAS ESPECIAIS	0,00	35.000,00
422M ENSINANZA SECUNDARIA E FORMACIÓN PROFESIONAL	0,00	3.400.492,20
422M ENSINANZA SECUNDARIA E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pechados)	100.000,00	100.000,00
423A SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA	0,00	97.581,93
432A BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAI	0,00	5.045,16
432B FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAI	410.420,00	977.410,68
433A PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E CULTURAL	139.580,00	1.427.314,66
561B INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA	375.000,00	790.343,17
561B INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA (Pechados)	0,00	548.304,00
571A FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	0,00	3,90
TOTAL 09 C. DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	2.620.430,00	12.668.865,57
413A PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA	0,00	199.113,81
C. DE SANIDADE	0,00	199.113,81
411A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE	1.000.000,00	1.721.423,03
411A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE (Pechados)	4.983.580,00	4.983.580,00
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (Sergas)	5.983.580,00	6.705.003,03
TOTAL 10 C. DE SANIDADE	5.983.580,00	6.904.116,84
311A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL	500.000,00	567.172,75
312B PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	250.000,00	604.901,53
313C SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	0,00	3.473,01
TOTAL 11 C. DE TRABALLO E BENESTAR	750.000,00	1.175.547,29
514A INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS	432.825,00	3.437.781,92
541C PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO	99.580,00	108.278,00
551A INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NO MEDIO RURAL	0,00	140.465,09
551B ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL	0,00	473.953,62
713A MOBILIDADE DE TERRAS AGRARIAS IMPRODUTIVAS	0,00	68.629,08
713B ORDENACIÓN DAS PRODUCIÓNS FORESTAI	0,00	1.474.732,72
722A PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA	0,00	20.479,00
723A COMPETITIV. E MELLORA DA CALIDADE DA PROD. PESQUEIRA E DA ACUICULTURA	787.231,00	31.254.446,51
723A COMPETITIV. E MELLORA DA CALIDADE DA PROD. PESQUEIRA E DA ACUICULTURA (Pechados)	1.625.000,00	1.625.000,00
723B REGULACIÓN DAS PRODUCIÓNS E DOS MERCADOS DA PESCA	930.079,00	1.832.320,71
C. DO MEDIO RURAL E DO MAR	3.874.715,00	40.436.086,65
513A CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA	475.000,00	1.065.302,87
514A INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS	1.875.996,00	1.875.996,00
PORTOS DE GALICIA	2.350.996,00	2.941.298,87
TOTAL 12 C. DO MEDIO RURAL E DO MAR	6.225.711,00	43.377.385,52
621B IMPREVISTOS E FUNCIONS NON CLASIFICADAS	0,00	319.076,28
TOTAL 23 GASTOS DIVERSAS CONSELLERÍAS	0,00	319.076,28
TOTAL FONDOS DE COMPENSACIÓN INTERTERRITORIAL NO EJERCICIO 2014	62.996.737,00	157.085.402,49

A dotación inicial dos Fondos de Compensación Interterritorial, na Administración xeral e institucional da Comunidade Autónoma de Galicia, ascende a 62.996.737 euros, importe que excede en 2 euros á dotación consignada nos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma (xestión Consellerías e transferencias das Consellerías aos organismos autónomos, axencias públicas e entidades públicas empresariais) por importe de 62.996.735 euros.

Deste importe figura nas modalidades de financiamento 2010-FFCI libre, 2020-FFCI que cofinancia e 2040-FFCI que cofinancia incorporados elixible, correspondentes á dotación dos FFCI dotados no exercicio 2014, o importe de 44.549.938 euros, importe inferior en 2 euros á dotación consignada nos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e do Estado, por importe de 44.549.940 euros. A citada diferenza atópase no orzamento da Axencia Galega de Infraestruturas.

Nas modalidades 2110-FFCI exercicio pechado libre e 2120-FFCI-exercicios pechados que cofinancia elixible, que se corresponden coas baixas de créditos incorporables contabilizadas ao final do exercicio 2013 e que se consignan como créditos iniciais no exercicio 2014, figuran créditos por importe de 18.446.799 euros, importe que excede en 4 euros ás citadas baixas de créditos que ascenderon a 18.446.795 euros. A diferenza localízase, con respecto aos importes consignados nos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, por un lado, na Axencia Galega de Infraestruturas (+2 euros) e, por outro, en Augas de Galicia (+2 euros).

Con respecto á diferenza que afecta á Axencia Galega de Infraestruturas, no proxecto 200700277 LU/03/007.0 VAC Sarria-Monforte contabilízase un exceso de dotación (+2 euros) na modalidade 2110-FCI exercicio pechado libre, importe que foi executado pola AGI. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma certificou a execución á Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos, sen asociar a ningún proxecto concreto dos FFCI. A citada Dirección Xeral solicitou ao Ministerio os 2 euros con cargo ao proxecto 7002 do Fondo de Compensación dotado no exercicio 2014 e o Ministerio efectuou o pagamento.

En consecuencia, no presente informe, dita diferenza da modalidade de financiamento 2110 está considerada como Fondo de Compensación dotado no exercicio 2014, proxecto 7002/2014.

A 31 de decembro de 2014, como consecuencia das modificacións orzamentarias tramitadas na Administración xeral e institucional, os créditos definitivos ascenden a 157.085.402,49 euros. Neste importe non está descontada a cantidade de 15.975.815 euros que a Comunidade

Autónoma procedeu a dar de baixa a finais de exercicio 2014 do mesmo xeito que en anos anteriores.

Os créditos definitivos da Administración xeral e institucional exceden en 1.205.529,87 euros aos créditos definitivos que figuran na Administración xeral da Comunidade Autónoma, por importe de 155.879.872,62 euros. Este importe non inclúe as baixas de crédito contabilizadas a finais do exercicio 2014 e que ascenden a -15.975.813,27 euros. As diferenzas localízanse, basicamente, nos seguintes xestores: Amtega (-484.480,47 euros), AGI (-328.188,76 euros), Gain (-184.390,91 euros), Igape (+2.180.277,17 euros) e Inega (+22.309,85 euros), como veremos no apartado do informe III.2.1 Legalidade e regularidade das operacións, en concreto no apartado B.1) Incorporacións de remanentes de crédito.

A fiscalización do ámbito **económico** comprende os capítulos VI.-Investimentos reais e VII.-Transferencias de capital do orzamento de gastos e o capítulo VII.-Transferencias de capital do orzamento de ingresos.

I.3. OBXECTIVOS.

A fiscalización da xestión económico financeira dos Fondos de Compensación Interterritorial, ten como obxectivos principais a comprobación da legalidade e regularidade das operacións e a determinación dos índices de execución, segundo o detalle seguinte:

1. Legalidade e regularidade das operacións.

a) Comprobar que a actividade económico financeira levada a cabo polos xestores dos Fondos de Compensación Interterritorial é conforme coa normativa reguladora respecto á: natureza dos gastos incluídos nos diversos proxectos de investimento, autorizacións e modificacións de proxectos, execución orzamentaria dos gastos, petición de fondos solicitadas ao Estado e ingresos recibidos pola Comunidade Autónoma.

b) Verificar o cumprimento dos requirimentos orzamentarios e financeiros comprobando si as contas relativas á execución dos Fondos presentan unha información completa e exacta das operacións desenvolvidas no exercicio, mediante a análise e cotexo dos seguintes datos relevantes:

- Os créditos iniciais, modificacións orzamentarias, reaxustes de proxectos e créditos definitivos.
- Os compromisos de gasto adquiridos.
- As obrigas recoñecidas.

- Os pagamentos efectuados.
- As certificacións de gastos comunicadas ao Estado pola Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos.
- Os importes percibidos do Estado.
- As diferenzas entre os dereitos recoñecidos e as obrigas recoñecidas no exercicio e acumuladas.

2. Índices de execución.

Realizarase unha análise que poña en relación ingresos, gastos, cobros e pagamentos para obter así uns indicadores que reflicten a actividade desenvolvida.

I.4. METODOLOXÍA.

Para a consecución dos citados obxectivos realizaranse as seguintes actuacións:

1º. Para comprobar a legalidade e regularidade das operacións:

A. Verificar que as actuacións dos xestores dos Fondos se axeitan aos procedementos e formas establecidas na normativa, en concreto, nos seguintes aspectos:

A.1) Conformidade coa legalidade das actuacións realizadas pola Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos, centro intermedio da xestión dos FFCI, en especial nas seguintes materias:

- Natureza dos gastos aos que se destinan os Fondos conforme ao disposto nos artigos 2.2 e 6.2 da Lei 22/2001.
- Autorización dos proxectos de común acordo entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma, no seo do Comité de Investimentos Públicos, conforme co disposto no artigo 7.1 da Lei 22/2001.
- Cumprimento dos requisitos recollidos na normativa dos Fondos e, en especial, dos establecidos, por un lado, na Circular 2/2012, do 17 de abril, da Dirección Xeral de Planificación e Fondos para a programación e xestión dos Fondos de Compensación Interterritorial e, por outro lado, na disposición adicional novena da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, respecto das modificacións cualitativas e cuantitativas de proxectos.
- Comprobar que as solicitudes de peticións de fondos se efectúan de acordo cos procedementos seguintes:

Logo de acadar as porcentaxes establecidas no artigo 8.2.a) da Lei 22/2001:

-25 por 100 do importe de cada proxecto cando se producira a adxudicación da obra ou subministro obxecto do investimento ou o gasto;

-50 por 100 do importe de cada proxecto cando a execución do mesmo se efectuara en igual porcentaxe, debendo ter transcorrido ao menos dous trimestres desde a iniciación do exercicio ao que se refiran os fondos;

-25 por 100 restante cando se teña executado a totalidade do proxecto, debendo ter transcorrido, ao menos, tres trimestres desde a iniciación do exercicio ao que se refiran os fondos.

No caso de que o Fondo Complementario tivese como destino os gastos de funcionamento asociados aos proxectos de investimento, os importes transferiranse polas contías solicitadas co límite establecido no artigo 8.2.b) da Lei 22/2001.

De acordo co disposto no artigo 8.3 da Lei 22/2001, os créditos correspondentes a proxectos de investimento que figuren nos orzamentos da Comunidade Autónoma como transferencias de capital percibiranse por cuartas partes trimestrais, unha vez aprobado o acordo de concesión da subvención polos seus órganos competentes.

A este respecto a Circular 2/2012, do 17 de abril, da Dirección Xeral de Planificación e Fondos, no seu apartado 5.1, establece: *"Para a percepción dos recursos do FCI é necesario presentar mensualmente ante o ministerio a aprobación de concesión de subvencións, no caso de que a execución dos fondos se instrumente mediante axudas, ou as obrigas recoñecidas, no caso de proxectos de execución directa."*

- Comprobar o cobro pola Tesourería da Comunidade Autónoma dos fondos solicitados á Dirección General de Fondos Comunitarios do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

A.2) Exame das actuacións realizadas polos xestores dos Fondos respecto das modificacións orzamentarias para comprobar os seguintes extremos:

1) Incorporacións de créditos tendo en conta que, de acordo coa normativa dos Fondos e co artigo 71.2 do Decreto legislativo 1/1999, os remanentes de crédito financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial son incorporables en canto persista o dereito á percepción do ingreso que os financia.

2) Transferencias de créditos, tendo en conta que os gastos financiados exclusivamente ou cofinanciados con transferencias finalistas do Estado ou con fondos europeos, conforme ao artigo 68.3 do Decreto legislativo 1/1999, non están suxeitos ás limitacións xerais da citada norma.

3) Xeracións de créditos, de acordo co disposto no artigo 69 do Decreto legislativo 1/1999.

4) Adscricións e baixas de créditos tomando en consideración, ademais do establecido no artigo 66 h) do Decreto legislativo 1/1999, o prescrito nos artigos 5 ñ) e 9 da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2014, co fin de introducir nos estados de gastos as modificacións precisas para adecuar os créditos afectados por transferencias finalistas.

5) Os reaxustes de proxectos aprobados pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, que resultan das variacións das fontes de financiamento dos mesmos.

2º. A metodoloxía para levar a cabo a auditoría orzamentaria e financeira foi a seguinte:

Comprobar si as contas relativas á execución dos Fondos presentan unha información completa e exacta das operacións desenvolvidas no exercicio, mediante a análise e cotexo dos datos contables, verificando:

- A concordancia das cifras das dotacións iniciais dos Fondos, mediante proxectos xenéricos, prevista nos orzamentos xerais do Estado, coa dos proxectos específicos dos orzamentos da Comunidade Autónoma.
- O desenvolvemento dos proxectos xenéricos en proxectos específicos, mediante a aprobación das primeiras modificacións cualitativas e cuantitativas de proxectos.
- As dotacións iniciais dos proxectos e as dotacións finais dos mesmos, así como as variacións producidas entre as primeiras e as finalmente executadas pola Comunidade Autónoma.
- A adecuada e separada execución de cada proxecto de investimento financiado con cargo aos Fondos de Compensación co obxecto de facilitar o seu control.
- Os créditos iniciais, modificacións orzamentarias, reaxustes de proxectos e créditos definitivos.
- Os compromisos de gasto adquiridos, as obrigas recoñecidas e os pagamentos efectuados.
- As certificacións de gastos, da Administración xeral, facilitadas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, e as dos entes que conforman a Administración institucional que vai permitir á Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos rexistrar as anotacións pertinentes de cada proxecto de gasto co fin de, unha vez acadadas as porcentaxes establecidas nos

apartados 2 e 3 do artigo 8 da Lei 22/2001, solicitar do Estado as transferencias dos fondos xustificadas.

- Os importes percibidos do Estado, para o que se relacionarán as peticións de fondos efectuadas pola Comunidade Autónoma, por tipo de Fondo e exercicio ao que corresponden, comprobando a concordancia cos rexistros da contabilidade do Estado, na fase OK.
- En relación coa execución de exercicios pechados, teranse en consideración os importes dos saldos pendentes de pagamento a 31 de decembro do exercicio anterior e a evolución dos mesmos durante o exercicio.
- Estado da tesourería do exercicio. Calculando o fluxo neto de tesourería do exercicio, é dicir, a diferenza entre os ingresos líquidos e os pagamentos realizados, tanto procedentes de exercicio corrente como de exercicios pechados.
- O resultado orzamentario derivado da xestión dos Fondos de Compensación Interterritorial no exercicio.
- As desviacións de financiamento de cada un dos proxectos financiados cos FFCI, tanto do exercicio 2014 como acumuladas a 31.12.14.

3º. A metodoloxía para o desenvolvemento dos índices de execución consistiu na utilización das seguintes ratios de ingresos, cobros, gastos e pagamentos:

- Execución do orzamento de ingresos, dereitos recoñecidos netos en relación coas previsións definitivas de ingresos.
- Realización de cobros, cobros do exercicio en relación cos dereitos recoñecidos netos.
- Execución do orzamento de gastos, relación entre as obrigas recoñecidas netas e os créditos definitivos.
- Realización de pagamentos, relación entre os pagamentos realizados no exercicio en relación coas obrigas recoñecidas netas.
- Índice de realización dos proxectos, trátase de poñer en comparación a vertente de gasto coa de ingreso, co fin de obter o seu grao de realización.

I.5. LIMITACIÓNS AO ALCANCE.

A información recibida, referida á contabilización dos créditos financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial no exercicio 2014, resultou, en xeral, incompleta. Na realización da fiscalización observáronse as seguintes limitacións:

- 1 Con respecto á contabilización das baixas de crédito contabilizadas no orzamento do exercicio 2013 e a súa posterior orzamentación como créditos iniciais no exercicio 2014, así como as baixas contabilizadas no orzamento 2014, non se achegou ningunha explicación e xustificación axeitada nin se indicaron os proxectos dos FFCI que se viron afectados polas mesmas.
- 2 Non se facilitou información sobre a situación acumulada para cada proxecto a 31 de decembro de 2014, indicando o tipo de Fondo, nº de proxecto e ano de orixe; correspondente tanto a gastos (Dotación, fase de “Disposicións”, fase de “Obrigas recoñecidas” e fase de “Pagamentos realizados”), como a ingresos (Dotación, fase de “Dereitos recoñecidos” e fase de “Cobros realizados”).

A pesar de que o artigo 10 da Lei 22/2001, do 27 de decembro, reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial, dispón que “as Comunidades Autónomas... contabilizarán adecuada e separadamente a execución de cada proxecto de investimento financiado con cargo aos Fondos de Compensación Interterritorial”, os estados achegados non permiten obter as desviacións de financiamento asociadas a cada un dos proxectos financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial, nin se achegaron os datos necesarios para a súa determinación.

II. OS FONDOS DE COMPENSACIÓN INTERTERRITORIAL.

II.1. RÉXIME XURÍDICO DOS FONDOS DE COMPENSACIÓN.

Os Fondos de Compensación Interterritorial constitúen un recurso das Comunidades Autónomas cuxa finalidade é corrixir os desequilibrios económicos interterritoriais e facer efectivo o principio de solidariedade, (artigos 157.1 e 158.2 da Constitución española).

O réxime xurídico dos FFCI está regulado nas seguintes normas:

- Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das Comunidades Autónomas (LOFCA).

- Lei 22/2001, do 27 de decembro, dos Fondos de Compensación Interterritorial, vixente desde o 1 de xaneiro de 2002.

II.1.1. DOTACIÓN E DESTINO.

A contía dos Fondos de Compensación Interterritorial, segundo establece o Acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira do 20 de xaneiro de 1992, quedou fixada nunha porcentaxe non inferior ao 35% do investimento real civil novo do Estado e os seus Organismos Autónomos.

O Fondo de Compensación dotarase anualmente coas seguintes contías, de acordo co disposto nos artigos 2 e 3 da Lei 22/2001, dos Fondos de Compensación:

- Unha cantidade que non poderá ser inferior ao 22,5% da base de cálculo constituída polo investimento público, entendendo por tal, o conxunto dos gastos do exercicio incluídos nos Orzamentos do Estado e dos seus Organismos Autónomos correspondentes a investimentos reais novos de carácter civil. Este importe ponderarase pola poboación relativa do conxunto das Comunidades Autónomas que sexan beneficiarias dos recursos do Fondo, respecto á poboación total do Estado, e polo índice resultante do cociente entre a renda por habitante media nacional e a renda por habitante das Comunidades Autónomas partícipes. Entenderase por renda o Valor Engadido Bruto ao custo dos factores.
- Adicionalmente, co 1,5% máis o 0,07% da cantidade citada no punto anterior, sendo esta última porcentaxe a cantidade que se suma en función da variable "Cidade con Estatuto de Autonomía".

A porcentaxe que a dotación do Fondo de Compensación representa sobre o investimento público aprobarase na respectiva Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

O Fondo Complementario, segundo establece o artigo 6 da Lei dos Fondos, dótese anualmente para cada Comunidade Autónoma e Cidade con Estatuto de Autonomía propio, cunha cantidade equivalente ao 33,33% do seu respectivo Fondo de Compensación.

O destino dos Fondos de Compensación Interterritorial debe ser o seguinte:

O Fondo de Compensación ten por obxecto o financiamento de gastos de investimento que promovan a creación de renda e riqueza no territorio beneficiario.

O Fondo Complementario, ademais de financiar os mesmos gastos de investimento que o Fondo de Compensación, poderá destinarse, previa solicitude dos territorios beneficiarios, a financiar os gastos necesarios para a posta en marcha ou en funcionamento dos investimentos financiados co

Fondo de Compensación ou con este Fondo, durante un período máximo de dous anos a contar desde o momento no que tivese concluído a execución do proxecto.

II.1.2. BENEFICIARIOS E REPARTO.

Os Fondos de Compensación teñen como beneficiarios os territorios comparativamente menos desenvolvidos, coincidindo cos considerados Obxectivo 1 polos Fondos Estruturais da Unión Europea.

Segundo se establece na Disposición adicional única da Lei 22/2001, serán beneficiarias dos Fondos as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía designadas nas Leis de orzamentos xerais do Estado. De acordo co disposto no artigo 127.Seis da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, resultan beneficiarias dez Comunidades Autónomas: Galicia, Andalucía, Principado de Asturias, Cantabria, Región de Murcia, Comunitat Valenciana, Castilla-La Mancha, Canarias, Extremadura, Castilla y León, e as Cidades con Estatuto de Autonomía de Ceuta e Melilla.

A dotación do Fondo de Compensación distribúese entre as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía perceptoras do mesmo, tendo en conta os criterios e as variables establecidos nos artigos 4 e 5 da Lei 22/2001.

O INE elaborará e publicará os datos precisos que servirán para determinar a participación que corresponda a cada Comunidade Autónoma no Fondo de Compensación.

Por outro lado, segundo o disposto no artigo 6 da Lei dos Fondos, o Fondo Complementario dótese cada ano para cada Comunidade Autónoma e Cidade con Estatuto de Autonomía propio, cunha cantidade equivalente ao 33,33% do seu respectivo Fondo de Compensación.

II.1.3. CONTROL DOS FONDOS DE COMPENSACIÓN.

O artigo 10 da Lei 22/2001, dos Fondos de Compensación, establece no seu apartado 1 que o control parlamentario dos proxectos financiados con cargo aos Fondos de Compensación Interterritorial e a valoración do seu impacto conxunto na corrección dos desequilibrios interterritoriais levarase a cabo polas Cortes Xerais a través da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado, polas Asembleas Lexislativas das respectivas Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía.

A actuación do Consello de Contas xustifícase no apartado 2 do citado artigo 10, ao establecer que o Tribunal de Cuentas do Estado e, no seu caso, os Tribunais de Contas das Comunidades Autónomas presentarán ante os órganos citados no apartado 1 anterior, respectivamente,

informe separado e suficiente de tódolos proxectos financiados con cargo aos Fondos de Compensación Interterritorial.

En relación co exposto, a Lei de Financiamento das Comunidades Autónomas (LOFCA), modificada pola Lei Orgánica 7/2001, no artigo 16, apartado 8, dispón que cada territorio deberá dar conta anualmente ás Cortes Xerais do destino dos recursos recibidos con cargo ao Fondo de Compensación, así como o estado de realización dos proxectos que con cargo ao mesmo estean en curso de execución.

Co obxecto de permitir o control parlamentario, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía contabilizarán adecuada e separadamente a execución de cada proxecto de investimento financiado con cargo aos Fondos de Compensación (artigo 10.3 da Lei 22/2001).

II.2. DOTACIÓN GLOBAL DOS FONDOS DE COMPENSACIÓN 2014 NO ESTADO.

A dotación dos Fondos de Compensación Interterritorial, segundo establece o artigo 127 da Lei Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2014, ascende a 432.430,00 miles de euros, tal como recolle a Sección 33 dos citados orzamentos, programa 941N-Transferencias a CCAA polos FFCI, capítulo VII- Transferencias de capital.

O importe do Fondo de Compensación para o exercicio 2014 ascende a 324.330,60 miles de euros incluídas as dotacións para as cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla e a variable ultraperiférica.


En canto ao Fondo Complementario, dado que a súa dotación para cada Comunidade Autónoma haberá de ser dun 33,33% do seu respectivo Fondo de Compensación, acada unha cifra total de 108.099,40 miles de euros.

En consecuencia, o total dos Fondos de Compensación Interterritorial elévase a 432.430,00 miles de euros, cifra que supón un descenso do 24,34% respecto da dotación do exercicio 2013.

No seguinte cadro móstrase a evolución das dotacións dos últimos seis exercicios, resultando a súa representación gráfica como segue:


Miles de euros

Comunidade Autónoma ou Cidade	FFCI 2009	FFCI 2010	FFCI 2011	FFCI 2012	FFCI 2013	FFCI 2014	Variación 2014/2013
03 Galicia	197.220,95	169.606,89	99.565,10	76.992,38	61.159,11	44.549,94	-27,16%
04 Andalucía	478.131,18	436.918,16	275.019,50	236.869,94	204.591,87	159.350,27	-22,11%
05 Asturias	56.006,11	43.964,55	24.838,43	20.297,33	16.221,80	13.065,23	-19,46%
06 Cantabria	10.769,38	7.989,17	4.227,81	5.264,22	4.419,06	3.903,97	-11,66%
08 Murcia	61.817,31	59.520,50	38.873,27	33.189,42	28.715,53	20.885,81	-27,27%
09 Com. Valenciana	134.044,13	130.071,37	87.417,67	82.583,98	72.833,67	53.867,20	-26,04%
11 Castela A Mancha	113.958,17	107.660,66	69.200,31	54.671,86	46.202,30	37.715,89	-18,37%
12 Canarias	101.082,90	102.555,81	75.670,37	78.609,63	69.222,64	44.689,07	-35,44%
14 Estremadura	95.911,47	82.148,44	48.944,54	41.026,81	34.427,43	26.897,77	-21,87%
17 Castela e León	83.902,54	66.387,33	38.760,02	31.794,81	25.037,63	20.885,81	-16,58%
18 Melilla	10.462,83	9.473,56	5.926,49	5.139,81	4.374,48	3.309,52	-24,34%
19 Ceuta	10.462,83	9.473,56	5.926,49	5.139,81	4.374,48	3.309,52	-24,34%
FFCI	1.353.769,80	1.225.770,00	774.370,00	671.580,00	571.580,00	432.430,00	-24,34%
F. de Compensación	1.015.352,74	919.350,50	580.792,01	503.697,59	438.695,71	324.330,60	-26,07%
Fondo Complementario	338.417,06	306.419,50	193.577,99	167.882,41	142.884,29	108.099,40	-24,34%
% F. Compensación art. 2.1.a) Lei 22/2001	27,49%	27,08%	31,57%	29,58%	29,34%	30,26%	
% FFCI s/ Invest. público do Estado	37,23%	36,67%	43,18%	40,45%	40,12%	41,39%	



Respecto ao volume financeiro dos Fondos, o artigo 127.4 da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2014, establece que a porcentaxe que representa o Fondo de Compensación destinado ás Comunidade Autónoma sobre a base de cálculo constituída polo investimento público alcanza o 30,26%, superando o mínimo do 22,5% do investimento público do Estado que fixa o artigo 2.1.a) da Lei 22/2001, reguladora dos Fondos de Compensación. Ademais, en cumprimento da disposición adicional única da citada Lei, a porcentaxe que representan os Fondos de Compensación Interterritorial destinados ás Comunidades Autónomas é do 40,35% elevándose ao 40,98% se se inclúen as Cidades con Estatuto de Autonomía de Ceuta e Melilla e alcanzando o 41,39% tendo en conta a variable "rexión ultraperiférica" definida na Lei 23/2009, do 18 de decembro, de modificación da Lei 22/2001.

A evolución temporal do volume financeiro dos Fondos móstrase no seguinte gráfico:




II.3. PARTICIPACIÓN DE GALICIA NOS FONDOS DE COMPENSACIÓN 2014.


Aplicando os criterios de reparto establecidos na normativa, a Galicia correspondeulle unha dotación de 44.549,94 miles de euros, representando unha cota de participación no total dos FFCI do 10,30%, téndose reducido con relación á dotación do exercicio anterior nunha porcentaxe do 27,16%, unha das máis altas xunto con Canarias (-35,44%) e Murcia (-27,27%) e, en consecuencia, superior ao descenso medio conxunto dos territorios, -24,34%.

A evolución da participación galega na dotación total dos FFCI nos últimos seis exercicios orzamentarios reflíctese no cadro e gráficos seguintes, existindo unha tendencia ao descenso xa desde o exercicio 2005 coa excepción do exercicio 2007. Este descenso continuado dende o

exercio 2008, ano no que diminuíu un 15,19%, pódese apreciar na gráfica da porcentaxe de participación de Galicia na dotación dos FFCI.

Comunidade Autónoma ou Cidade	% FFCI 2009	% FFCI 2010	% FFCI 2011	% FFCI 2012	% FFCI 2013	% FFCI 2014
03 Galicia	14,57	13,84	12,86	11,46	10,70	10,30
04 Andalucía	35,32	35,64	35,52	35,27	35,79	36,85
05 Asturias	4,14	3,59	3,21	3,02	2,84	3,02
06 Cantabria	0,80	0,65	0,55	0,78	0,77	0,90
08 Murcia	4,57	4,86	5,02	4,94	5,02	4,83
09 Com. Valenciana	9,90	10,61	11,29	12,30	12,74	12,46
11 Castela A Mancha	8,42	8,78	8,94	8,14	8,08	8,72
12 Canarias	7,47	8,37	9,77	11,71	12,11	10,33
14 Estremadura	7,08	6,70	6,32	6,11	6,02	6,22
17 Castela e León	6,20	5,42	5,01	4,73	4,38	4,83
18 Melilla	0,77	0,77	0,77	0,77	0,77	0,77
19 Ceuta	0,77	0,77	0,77	0,77	0,77	0,77
FFCI	100	100	100	100	100	100





II.4. DOTACIÓN INICIAL DOS FONDOS DE COMPENSACIÓN 2014 - GALICIA.

A dotación prevista para Galicia na Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2014, por importe de 44.549.940 euros, distribúese en 28 proxectos de carácter xenérico. Por tipo de Fondo, o Fondo de Compensación, dotado con 33.413.290 euros, comprende 27 proxectos xestionados por 9 seccións orzamentarias e afectan a 16 materias, mentres que o Fondo Complementario, cunha asignación de 11.136.650 euros, corresponde a 1 proxecto tamén xenérico da materia 01-autoestradas autovías e estradas, xestionado pola Axencia Galega de Infraestruturas (AGI) dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

A dotación inicial dos proxectos financiados cos Fondos de Compensación, recollida na Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014, ascende a 62.996.735 euros, este importe supera en 18.446.795 euros á dotación aprobada na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2014. Este exceso na dotación da Comunidade Autónoma débese, segundo a Lei de orzamentos (Memoria Tomo I), a que se recolle esta cantidade como reaxuste dos FFCI non executados en anos anteriores.

Considerando a Administración xeral e institucional, a dotación inicial dos Fondos de Compensación Interterritorial na Comunidade Autónoma para o exercicio 2014 ascende a 62.996.737 euros. Deste importe 18.446.797 euros corresponden a dotación dos FFCI-exercicios pechados e 44.549.940 euros á dotación inicial dos FFCI dotados no exercicio 2014.

A dotación inicial dos FFCI-2014 afecta a 89 proxectos de investimento tendo en conta a información subministrada pola Administración xeral e institucional. Atendendo ao tipo de Fondo: o Fondo de Compensación cunha dotación de 33.413.290 euros financia ou cofinancia 88 proxectos de investimento, e o Fondo Complementario dotado con 11.136.650 euros financia ou cofinancia 1 proxecto.

A Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos promove de oficio as modificacións cualitativas e cuantitativas de proxectos, que son autorizadas pola conselleira de Facenda o 8 de xaneiro de 2014, co fin de adecuar a programación inicial efectuada na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014 á dotación vixente dos proxectos na contabilidade da Comunidade Autónoma. Tras estas primeiras modificacións do Fondo de Compensación e do Fondo Complementario, as dotacións dos proxectos no Ministerio coinciden coas dotacións vixentes, nesa data, na contabilidade da Comunidade Autónoma.

No Anexo 1. Diferenzas de dotación entre proxectos figuran, a nivel de proxecto, materia e órgano xestor, as dotacións dos Fondos de Compensación dotados no Estado (tras a primeira modificación cualitativa e cuantitativa de proxectos) e na Comunidade Autónoma a 1 de xaneiro, así como as dotacións finais dos mesmos, tanto no Estado como na Comunidade Autónoma.

No seguinte cadro figuran as dotacións do Fondo de Compensación e Fondo Complementario a nivel de órgano xestor e materia, previstas na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2014 ([1]Dotación LOXE) e na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, considerando a Administración xeral e institucional, para o mesmo período ([4]Dotación LOXCA). As columnas, [2] e [5] % materia, expresan o peso que cada materia representa respecto ao total da mesma, segundo a dotación da LOXE e da LOXCA, respectivamente. Así mesmo, as columnas [3] % e [6] %, reflicten as porcentaxes que, segundo as dotacións do Estado e da Comunidade Autónoma, representa cada unha das materias e órgano xestor en relación ao total de cada Fondo. Por último, a columna [4]-[1] Diferenza dotacións, recolle a diferenza entre as dotacións a 01-01-2014 do Estado e da Comunidade Autónoma.

Materia / Órgano xestor Consellería	Euros						
	[1] Dotación LOXE	[2] % materia	[3] %	[4] Dotación LOXCA	[5] % materia	[6] %	[4]-[1] Diferenza dotacións
07 - TELECOMUNICACIÓNS	300.000,00	5,39	0,90	300.000,00	5,39	0,90	0,00
PRESIDENCIA DA XUNTA	300.000,00		0,90	300.000,00		0,90	0,00
07 - TELECOMUNICACIÓNS	5.262.500,00	94,61	15,75	5.262.501,00	94,61	15,75	1,00
AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (Amtega)	5.262.500,00		15,75	5.262.501,00		15,75	1,00
11 – AXUDAS AOS INVESTIMENTOS TURÍSTICOS	924.300,00	100,00	2,77	924.299,00	100,00	2,77	-1,00
AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA (Aturga)	924.300,00		2,77	924.299,00		2,77	-1,00
TOTAL PRESIDENCIA DA XUNTA	6.486.800,00		19,41	6.486.800,00		19,41	0,00

Materia / Órgano xestor Consellería	[1] Dotación LOXE	[2] % materia	[3] %	[4] Dotación LOXCA	[5] % materia	[6] %	[4]-[1] Diferenza dotacións
09 - DESENVOLVEMENTO LOCAL	375.000,00	100,00	1,12	375.000,00	100,00	1,12	0,00
21 - OUTRAS MATERIAS	125.000,00	9,91	0,37	125.000,00	11,03	0,37	0,00
TOTAL VICEPRESIDENCIA E C. DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA	500.000,00		1,50	500.000,00		1,50	0,00
21 - OUTRAS MATERIAS	386.170,00	30,62	1,16	258.496,00	22,81	0,77	-127.674,00
TOTAL C. DE FACENDA	386.170,00		1,16	258.496,00		0,77	-127.674,00
06 - OUTROS MEDIOS DE TRANSPORTE	1.062.500,00	100,00	3,18	1.062.500,00	100,00	3,18	0,00
16 - PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE	1.907.790,00	38,68	5,71	2.035.465,00	47,86	6,09	127.675,00
C. DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	2.970.290,00		8,89	3.097.965,00		9,27	127.675,00
01 - AUTOESTRADAS, AUTOVÍAS E ESTRADAS	5.711.370,00	100,00	17,09	3.711.372,00	100,00	11,11	-1.999.998,00
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AGI)	5.711.370,00		17,09	3.711.372,00		11,11	-1.999.998,00
14 - AUGA	0,00	---	0,00	2.807.949,00	100,00	8,40	2.807.949,00
16 - PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE	3.025.000,00	61,32	9,05	2.217.051,00	52,14	6,64	-807.949,00
AUGAS DE GALICIA	3.025.000,00		9,05	5.025.000,00		15,04	2.000.000,00
TOTAL C. DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	11.706.660,00		35,04	11.834.337,00		35,42	127.673,00
15 - ENERXÍA	725.000,00	87,88	2,17	600.000,00	72,73	1,80	-125.000,00
17 - INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN	625.000,00	13,21	1,87	625.000,00	13,21	1,87	0,00
C. DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	1.350.000,00		4,04	1.225.000,00		3,67	-125.000,00
17 - INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN	3.321.250,00	70,17	9,94	3.321.250,00	70,17	9,94	0,00
AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (Gain)	3.321.250,00		9,94	3.321.250,00		9,94	0,00
15 - ENERXÍA	100.000,00	12,12	0,30	225.000,00	27,27	0,67	125.000,00
INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (Inega)	100.000,00		0,30	225.000,00		0,67	125.000,00
08 - AXUDAS ÁS EMPRESAS	1.375.000,00	100,00	4,12	1.375.000,00	100,00	4,12	0,00
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (Igape)	1.375.000,00		4,12	1.375.000,00		4,12	0,00
TOTAL C. DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	6.146.250,00		18,39	6.146.250,00		18,39	0,00
12 - VALORIZACIÓN RECURSOS CULTURAIS INTERESE TURÍSTICO	450.000,00	100,00	1,35	550.000,00	100,00	1,65	100.000,00
17 - INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN	786.700,00	16,62	2,35	786.696,00	16,62	2,35	-4,00
18 - EDUCACIÓN	600.000,00	100,00	1,80	500.000,00	100,00	1,50	-100.000,00
TOTAL C. DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	1.836.700,00		5,50	1.836.696,00		5,50	-4,00
19 - SANIDADE	1.000.000,00	100,00	2,99	1.000.000,00	100,00	2,99	0,00
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (Sergas)	1.000.000,00		2,99	1.000.000,00		2,99	0,00
TOTAL C. DE SANIDADE	1.000.000,00		2,99	1.000.000,00		2,99	0,00
21 - OUTRAS MATERIAS	750.000,00	59,47	2,24	750.000,00	66,17	2,24	0,00
TOTAL C. DE TRABALLO E BENESTAR	750.000,00		2,24	750.000,00		2,24	0,00
13 - AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA	2.249.710,00	100,00	6,73	2.249.715,00	100,00	6,73	5,00
C. DO MEDIO RURAL E DO MAR	2.249.710,00		6,73	2.249.715,00		6,73	5,00
03 - PORTOS	2.351.000,00	100,00	7,04	2.350.996,00	100,00	7,04	-4,00
PORTOS DE GALICIA	2.351.000,00		7,04	2.350.996,00		7,04	-4,00
TOTAL C. DO MEDIO RURAL E DO MAR	4.600.710,00		13,77	4.600.711,00		13,77	1,00
TOTAL FONDO DE COMPENSACIÓN	33.413.290,00		100,00	33.413.290,00		100,00	0,00
01 - AUTOESTRADAS, AUTOVÍAS E ESTRADAS	11.136.650,00	100,00	100,00	11.136.650,00	100,00	100,00	0,00
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AGI)	11.136.650,00		100,00	11.136.650,00		100,00	0,00
TOTAL C. DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	11.136.650,00		100,00	11.136.650,00		100,00	0,00
TOTAL FONDO COMPLEMENTARIO	11.136.650,00		100,00	11.136.650,00		100,00	0,00
TOTAL FONDOS DE COMPENSACIÓN	44.549.940,00			44.549.940,00			0,00

O resumo por materias é o seguinte:

Euros					
Materia / Fondo	[1] Dotación LOXE	% materia	[2] Dotación LOXCA	% materia	[2]-[1] Diferenza dotacións
01 - AUTOESTRADAS, AUTOVÍAS E ESTRADAS	5.711.370,00	17,09	3.711.372,00	11,11	-1.999.998,00
03 - PORTOS	2.351.000,00	7,04	2.350.996,00	7,04	-4,00
06 - OUTROS MEDIOS DE TRANSPORTE	1.062.500,00	3,18	1.062.500,00	3,18	0,00
07 - TELECOMUNICACIÓNS	5.562.500,00	16,65	5.562.501,00	16,65	1,00
08 - AXUDAS ÁS EMPRESAS	1.375.000,00	4,12	1.375.000,00	4,12	0,00
09 - DESENVOLVEMENTO LOCAL	375.000,00	1,12	375.000,00	1,12	0,00
11 - AXUDAS AOS INVESTIMENTOS TURÍSTICOS	924.300,00	2,77	924.299,00	2,77	-1,00
12 - VALORIZACIÓN RECURSOS CULTURAI S INTERESE TURÍSTICO	450.000,00	1,35	550.000,00	1,65	100.000,00
13 - AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA	2.249.710,00	6,73	2.249.715,00	6,73	5,00
14 - AUGA	0,00	0,00	2.807.949,00	8,40	2.807.949,00
15 - ENERXÍA	825.000,00	2,47	825.000,00	2,47	0,00
16 - PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE	4.932.790,00	14,76	4.252.516,00	12,73	-680.274,00
17 - INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN	4.732.950,00	14,16	4.732.946,00	14,16	-4,00
18 - EDUCACIÓN	600.000,00	1,80	500.000,00	1,50	-100.000,00
19 - SANIDADE	1.000.000,00	2,99	1.000.000,00	2,99	0,00
21 - OUTRAS MATERIAS	1.261.170,00	3,77	1.133.496,00	3,39	-127.674,00
TOTAL FONDO DE COMPENSACIÓN	33.413.290,00	100,00	33.413.290,00	100,00	0,00
01 - AUTOESTRADAS, AUTOVÍAS E ESTRADAS	11.136.650,00	100,00	11.136.650,00	100,00	0,00
TOTAL FONDO COMPLEMENTARIO	11.136.650,00	100,00	11.136.650,00	100,00	0,00
TOTAL FONDOS DE COMPENSACIÓN	44.549.940,00		44.549.940,00		0,00

Dos datos contidos nos cadros anteriores poden efectuarse as seguintes constatacións:

- As diferenzas existentes entre as dotacións da LOXE e da LOXCA, considerando a Administración xeral e institucional, compénsanse entre si.
- Se comparamos coas restantes Comunidades Autónomas beneficiarias dos Fondos de Compensación, Galicia é o territorio do Estado cun maior grao de diversificación de áreas de investimento, en concreto, 15 materias na LOXE e 16 na LOXCA.
- O Fondo de Compensación financia proxectos de investimento encadrados en 15 materias, destacando de acordo coa dotación da LOXE: 01-Autoestradas, autovías e estradas, 07-Telecomunicacións, 16-Protección e mellora do medio ambiente, 17-Investigación, desenvolvemento e innovación e 03-Portos. Segundo a dotación da LOXCA fináncianse proxectos de 16 materias, sendo as materias con máis orzamento: 07-Telecomunicacións, 17-Investigación, desenvolvemento e innovación, 16-Protección e mellora do medio ambiente, 01-Autoestradas, autovías e estradas e 14-Auga.

O Fondo Complementario, tanto na LOXE como na LOXCA, destínase integramente a financiar proxectos da materia 01-Autoestradas, autovías e estradas.

- Dende o punto de vista orgánico, na Lei de orzamentos xerais do Estado a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas é a que xestiona a maior parte do Fondo de Compensación, un 35,04%, correspondéndolle un 35,42% na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en segundo lugar atópase Presidencia da Xunta cun 19,41% tanto na LOXE como na LOXCA e ocupa o terceiro lugar a Consellería de Economía e Industria que prevé xestionar o 18,39%. O Fondo Complementario é xestionado, na súa totalidade, pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas segundo a dotación da LOXE e da LOXCA.

III. AUDITORÍA ORZAMENTARIA.

A auditoría orzamentaria divídese en dous grandes bloques, orzamento de ingresos e orzamentos de gastos, iniciándose a exposición coa execución do exercicio corrente, tanto dos proxectos orixinados no 2014 como dos proxectos que proceden de exercicios anteriores, e continuando coa relativa ao desenvolvemento, no 2014, de exercicios pechados.

III.1. ORZAMENTO DE INGRESOS.

a) Exercicio corrente.

A liquidación do orzamento de ingresos presenta as seguintes cifras:

Euros			
Clasificación económica dos ingresos	Previsións iniciais e definitivas	Dereitos recoñecidos netos	Recadación neta
7000106 Fondo de Compensación. Ano 2006	0,00	215.044,03	215.044,03
7000107 Fondo de Compensación. Ano 2007	0,00	214.010,61	214.010,61
7000108 Fondo de Compensación. Ano 2008	0,00	510.122,49	510.122,49
7000109 Fondo de Compensación. Ano 2009	0,00	1.514.369,84	1.514.369,84
7000110 Fondo de Compensación. Ano 2010	0,00	1.775.475,58	1.775.475,58
7000111 Fondo de Compensación. Ano 2011	0,00	3.684.911,76	3.684.911,76
7000112 Fondo de Compensación. Ano 2012	0,00	4.850.932,44	4.850.932,44
7000114 Fondo de Compensación. Ano 2014	33.413.290,00	12.462.703,38	12.462.703,38
Total Fondo de Compensación	33.413.290,00	25.227.570,13	25.227.570,13
7000211 Fondo Complementario. Ano 2011	0,00	521.752,44	521.752,44
7000212 Fondo Complementario. Ano 2012	0,00	20.531,53	20.531,53
7000214 Fondo Complementario. Ano 2014	11.136.650,00	9.066.323,77	9.066.323,77
Total Fondo Complementario	11.136.650,00	9.608.607,74	9.608.607,74

Clasificación económica dos ingresos	Previsións iniciais e definitivas	Dereitos recoñecidos netos	Recadación neta
70006 Fondo de Compensación. Exercicio pechado	18.446.795,00	0,00	0,00
7000607 Fondo de Compensación. Ex. pechado 2007	0,00	518.665,00	518.665,00
7000609 Fondo de Compensación. Ex. pechado 2009	0,00	103.154,00	103.154,00
7000610 Fondo de Compensación. Ex. pechado 2010	0,00	457.561,00	457.561,00
7000611 Fondo de Compensación. Ex. pechado 2011	0,00	268.884,54	268.884,54
7000612 Fondo de Compensación. Ex. pechado 2012	0,00	1.619.072,00	1.619.072,00
7000613 Fondo de Compensación. Ex. pechado 2013	0,00	2.704.432,93	2.704.432,93
Total Fondo de Compensación. Exerc. pechado	18.446.795,00	5.671.769,47	5.671.769,47
7000711 Fondo Complementario. Ex. pechado 2011	0,00	594.455,46	594.455,46
7000713 Fondo Complementario. Ex. pechado 2013	0,00	2.142.101,20	2.142.101,20
Total Fondo Complementario. Exerc. pechado	0,00	2.736.556,66	2.736.556,66
Total concepto 7000 FFCI	62.996.735,00	43.244.504,00	43.244.504,00

A liquidación do estado de ingresos, que non presenta modificacións das previsións iniciais, recolle os seguintes conceptos e subconceptos:

- No subconcepto 7000114-Fondo de Compensación. Ano 2014, contabilízanse como previsións iniciais e definitivas de ingresos a dotación do Fondo de Compensación dotado no exercicio 2014 segundo a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, así como os dereitos recoñecidos e os ingresos recadados.
- Nos subconceptos 7000107, 7000108, 7000109, 7000110, 7000111 e 7000112 rexístranse os dereitos recoñecidos e ingresos recadados correspondentes ao Fondo de Compensación dos exercicios 2007, 2008, 2009, 2010, 2011 e 2012, respectivamente.
- No subconcepto 7000214-Fondo Complementario. Ano 2014, contabilízanse como previsións iniciais e definitivas de ingresos a dotación do Fondo Complementario dotado no exercicio 2014, segundo a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.
- Nos subconceptos 7000211 e 7000212 rexístranse os dereitos recoñecidos e ingresos recadados correspondentes ao Fondo Complementario dos exercicios 2011 e 2012, respectivamente.
- No concepto 70006-Fondo de Compensación. Exercicio pechado, contabilízanse como previsións iniciais e definitivas de ingresos, tanto do Fondo de Compensación como do Complementario, a dotación para financiar os créditos incorporables no exercicio 2014 e que se deron de baixa a 31-12-13 mediante baixas por anulacións de crédito.
- Nos subconceptos 7000607, 7000609, 7000610, 7000611, 7000612 e 7000613 rexístranse os dereitos recoñecidos e ingresos recadados correspondentes ao Fondo de Compensación dotado nos exercicios 2007, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013, respectivamente.

- No subconcepto 70007-Fondo Complementario. Ejercicio pechado, contabilízanse os dereitos recoñecidos e ingresos recadados correspondentes ao Fondo Complementario dos exercicios 2011 e 2013.

Da análise dos datos contables constátase que:

- A Comunidade Autónoma non efectúa modificacións ao orzamento de ingresos, de aí que as previsións iniciais e definitivas coincidan.

- As previsións iniciais de ingresos por importe de 62.996.735 euros coinciden cos créditos iniciais que figuran no orzamento de gastos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e superan en 18.446.795 euros aos créditos iniciais consignados do orzamento de gastos do Estado para o ano 2014. A diferenza correspóndese cos créditos dos FFCI que foron dados de baixa a finais do exercicio 2013 e que se figuran como créditos iniciais no orzamento de gastos da Comunidade Autónoma no exercicio 2014, modalidades de financiamento 2110-FCI exercicio pechado libre e 2120-FCI exercicio pechado que cofinancia elixible.

- No subconcepto 70006-Fondo de Compensación. Ejercicio pechado, contabilízanse previsións iniciais de ingresos por importe de 18.446.795,00 euros. Deste importe 15.456.570,22 euros corresponden a créditos dos Fondos de Compensación e 2.990.224,78 euros a créditos dos Fondos Complementarios que foron dados de baixa no exercicio 2013. Seguindo a clasificación económica de ingresos da Comunidade Autónoma, debería existir o subconcepto 70007-Fondo Complementario. Ejercicio pechado, no que figurasen as previsións iniciais dos créditos dados de baixa no exercicio 2013 do citado fondo e axustar as previsións iniciais do subconcepto 70006 ao importe das baixas de crédito do exercicio 2013 dos Fondos de Compensación.

- Utilizan un subconcepto de ingreso para cada tipo de Fondo e ano de orixe do mesmo, distinguindo entre se afectan a exercicio corrente ou a "Exercicio pechado". Ademais do indicado no parágrafo anterior, no caso dos FFCI dotados no exercicio 2013, todos os dereitos recoñecidos e os cobros realizados foron contabilizados nos subconceptos 7000613 e 7000713, con independencia de que afectasen a créditos incorporados ao orzamento 2014 (cuxos subconceptos de ingreso serían o 7000113 e 7000213) ou a créditos dados de baixa a finais do exercicio 2013 (subconceptos 7000613 e 7000713).

As anotacións nas contas relativas á execución dos fondos, coas observacións realizadas, obedecen ás causas previstas na normativa para o rexistro dos dereitos recoñecidos e os importes recadados no Tesouro da Comunidade Autónoma, presentando unha información íntegra das operacións desenvolvidas no exercicio.

Se comparamos o orzamento de ingresos da Comunidade Autónoma co orzamento de gastos do Ministerio, observamos que o importe dos dereitos recoñecidos netos e a recadación total a 31 de decembro na Comunidade Autónoma, concorda coas obrigas recoñecidas netas e os pagamentos realizados, a final do exercicio, na liquidación do orzamento de gastos do Estado.

A 31 de decembro de 2014 non existen dereitos recoñecidos pendentes de cobro.

b) Exercicios pechados.

A 31 de decembro de 2013 non figuraban dereitos pendentes de cobro de anos anteriores.

III.2. ORZAMENTO DE GASTOS.

A base de datos facilitada pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma "CONTA_ADMON_XERAL_2014" non inclúe, para cada proxecto de gasto, aplicación orzamentaria e modalidade de financiamento, o número de proxecto dos Fondos de Compensación Interterritorial e ano de orixe dos mesmos. Isto pode entenderse ao existir outra base de datos dos FFCl.

Con respecto á base de datos específica dos FFCl "FCI2014" cómpre resaltar que só se inclúe o número de proxecto e ano de orixe dos Fondos nas táboas "SITUACION FCI CORRENTE" e "SITUACION FCI INCORPORADO", e estas táboas só inclúen a seguinte información: créditos definitivos e a execución nas fases A, D, O, K e P, polo tanto, non aportan a seguinte información a nivel de proxecto dos FFCl: créditos iniciais, reaxustes de proxectos, incorporacións de crédito, adscricións de crédito, baixas de crédito e redistribucións. As citadas táboas non inclúen información de Augas, Igape, Inega e Portos, isto implica que a correspondencia entre os códigos de proxectos dos xestores cos códigos de proxectos dos distintos FFCl se efectúa ao marxe do sistema contable e son os propios xestores os que facilitan ao Consello de Contas esa información.

En relación co indicado no parágrafo anterior a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, segundo a documentación aportada co escrito con número de rexistro de entrada 503 de data 25 de abril de 2016, manifesta o seguinte:

- A información contable que subministra a base de datos dos FFCl ten, como único obxecto recoller toda a información precisa para unha correcta certificación dos FFCl. É por iso que inclúe: crédito definitivo e a execución nas fases A, D, O, K e P. Por este motivo non se inclúe na base de datos FCI2014 información relativa a créditos iniciais, reaxustes de proxectos, incorporacións de crédito e restantes modificacións, xa que esta información non é necesaria para garantir unha

correcta execución dos FFCI, sen prexuízo de que sería desexable para un mellor seguimento que se dispuxese desta información.

- A base de datos FCI2014 inclúe os datos daquelas entidades das que se dispoñen datos no sistema contable desde que comezaron a executar FFCI, pero non inclúe a información daquelas entidades que non estaban no XUMCO cando empezaron a executar FFCI.
- Para a elaboración da base de datos FCI2014 úsanse os datos agregados de execución orzamentaria. Estes datos obtéñense expresamente para a elaboración de certificacións a unha data determinada, unha "foto fixa" da situación de execución orzamentaria. A esta foto fixa asóciánselle os códigos de proxecto dos FFCI que non figuran no sistema contable.

Á vista da explicación dada pola IXCA cómpre facer as seguintes **observacións**:

- A base de datos dos FFCI non debe ter como único obxecto a certificación dos FFCI. A información contable dos FFCI debe responder ás necesidades dos xestores dos FFCI e tamén deben permitir o control dos mesmos. A este respecto, o Consello de Contas leva reiterando a necesidade de que a información contable debe incluír, para cada proxecto e ano de orixe dos FFCI, créditos iniciais, reaxustes de proxectos, incorporacións de crédito, adscricións de crédito, baixas de crédito, etc. Tamén debería vincular a execución, coas peticións de fondos e cos dereitos recoñecidos e cobros realizados.
- Na medida en que sexa posible deben incorporar a esta base de datos todos os xestores dos FFCI con independencia de que estiveran ou non no XUMCO cando empezaron a executar os FFCI.
- As peticións dos FFCI que se tramitan ante o Ministerio ao longo do exercicio teñen que ter en conta as modificacións cualitativas e cuantitativas dos proxectos dos FFCI, que se plasman na contabilidade orzamentaria a través dos reaxustes de proxectos e das modificacións orzamentarias. Logo, cando a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos efectúa as peticións de fondos ante o Ministerio, case mes a mes, esta Dirección Xeral ten que coñecer a dotación vixente dos proxectos. A información contable debe vincular cada modificación dos proxectos da Comunidade Autónoma cos números de proxecto dos FFCI, segundo o seu ano de orixe.

Con respecto á información facilitada polos xestores cómpre sinalar:

- Augas de Galicia

A execución orzamentaria facilitada por Augas de Galicia, na que se vincula o proxecto da entidade pública có número de proxecto do Fondo de Compensación e ano de orixe, non se inclúe a aplicación orzamentaria. O Consello de Contas asociou cada proxecto de Augas de Galicia coa

aplicación orzamentaria, segundo a información da Base de datos "FFCI2014", observando que existen proxectos de Augas, financiados co Fondo de Compensación dotado nos exercicios 2012, 2013 e 2014, executados con cargo aos conceptos de gastos 226 e 227. Nin Augas de Galicia nin a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma deron ningunha explicación ou aclaración desta cuestión. No apartado III.2.1 A) figura un resumo dos créditos imputados aos conceptos indicados.

No trámite de alegacións a entidade manifesta que estes gastos serán activados no balance ao peche do exercicio 2016.

Existen proxectos coa denominación "proxectos dispoñibles" que se imputan indistintamente a Abastecemento, a Saneamento ou a Prevención de riscos. Recoméndase a utilización de proxectos xenéricos en función da materia á que afecten.

Segundo explicación de Augas de Galicia na información facilitada no exercicio 2013, referida ás baixas de crédito a 31 de decembro, produciuse un erro ao asociar baixas de crédito por importe de 484.964,05 euros ao proxecto 7701 do Fondo de Compensación 2012, en vez de imputalas ao proxecto 7601 do citado Fondo.

Con respecto ás modificacións cualitativas e cuantitativas de proxectos, que sempre están pendentes de tramitar a 31 de decembro, informan que tramitan a modificación unha vez se alcanzou a fase de obrigas recoñecidas.

- Instituto Galego de Promoción Económica

1- Na execución facilitada polo Igape, que relaciona cada proxecto da axencia cos proxectos dos Fondos de Compensación, obsérvase que un mesmo proxecto xestionado por esta axencia pública afecta a distintos proxectos dun mesmo Fondo de Compensación. A modo de exemplo: o proxecto do Igape 201300038-Apoio á cooperación empresarial para a internacionalización correspóndese, entre outros e de acordo coa súa documentación, cos seguintes proxectos financiados co Fondo de Compensación dotado no exercicio 2013:

- 870-Apoio a empresas
- 872-Investimento e desenvolvemento tecnolóxico das pemes
- 876-Rede de mellora da produtividade a traveso da cooperación

Curiosamente o proxecto 875-Apoio á cooperación empresarial para a internacionalización, financiado tamén co Fondo de Compensación dotado no exercicio 2013, correspóndese co proxecto do Igape 201300016-Mellora da produtividade do tecido produtivo. Cómpre revisar os proxectos xestionados polo Igape e a súa correspondencia cos proxectos dos distintos Fondos de Compensación.

2- Na execución facilitada, na que vinculan os proxectos do Igape cos proxectos dos Fondos de Compensación, existen proxectos dos citados Fondos que teñen dotación negativa e proxectos do Igape sen dotación pero con execución.

Con respecto ao indicado, o Igape contesta, por un lado, que non lle corresponde a mellora do sistema de información contable e que procurarán mellorar a correspondencia entre proxectos, e, por outro lado, entende que a existencia de magnitudes negativas no orzamento vixente son debidas ao esquema de vinculacións implementado polo propio sistema contable.

3- As baixas de crédito amparadas no expediente BC-08-011-14, que afectan aos proxectos que contabilizan transferencias ao Igape, por importe de 2.138.773,69 euros, impútanse ás modalidades de financiamento 2011-FCI libre incorporado e 2021-FCI que cofinancia elixible incorporado, mentres que no Igape, expediente BC-00.00-012-14, contabilízanse 2.059.117,04 con cargo ás modalidades 2011 e 2021 de FCI incorporado e 79.656,65 euros con cargo a modalidade 2020-FCI que cofinancia elixible, do Fondo de Compensación dotado no 2014.

4- Na folla Operacións corrente, facilitada polo Igape, a suma de pagos con cargo ao FCI ascende a 3.062.324,85 euros, importe que coincide cos pagos que figuran na folla "Exec prox e mod" tamén remitida polo Igape. Sen embargo, estes pagos facilitados polo Igape difiren dos pagos que figuran na base de datos "FCI2014" (táboa FCIOOAACTE), sendo a diferenza a seguinte:

	Euros
	Pagos
Base datos FCI2014 - Táboa FCI OAAA CTE	3.114.695,38
Pagos FCI folla Igape "Operacións corrente"	3.062.324,85
Diferenza	52.370,53

Esta diferenza prodúcese no proxecto 201300038 e segundo a explicación dada polos xestores o documento contable OK de data 13 de marzo de 2014, por importe de 52.370,52 euros, foi anulado no exercicio 2014, pero a anulación foi cargada no Sistema de Información Contable e Orzamentario XUMCO no exercicio 2015, co número de operación 1020150821000001.

No presente informe figuran os pagos do sistema contable XUMCO.

- Axencia Galega de Innovación (Gain)

As baixas de crédito amparadas no expediente BC-08-011-14, que afectan aos proxectos que contabilizan transferencias a Gain, por importe de 50.448,35 euros, impútanse ás modalidades de financiamento 2011-FCI libre incorporado e 2021-FCI que cofinancia elixible incorporado, mentres que na citada axencia, expediente BC-00.00-012-14, contabilízanse 17.617,87 euros

con cargo á modalidade 2011 e 32.830,48 euros con cargo a modalidade 2020-FCI que cofinancia elixible, do Fondo de Compensación dotado no 2014.

-Portos de Galicia

No Estado de Execución de Proxectos non se utilizan as columnas de remanentes (para as incorporacións) nin a columna MC para as restantes modificacións orzamentarias, de ser o caso, e reaxustes de proxectos. En consecuencia, o crédito inicial coincide co crédito definitivo, tanto en proxectos financiados co Fondo de Compensación 2014 como nos financiados con créditos incorporados. Hai proxectos financiados co Fondo de Compensación que non figuran no estado de execución de proxectos.

Sobre esta cuestión Portos de Galicia informa que o “Estado de Execución de proxectos”, que forma parte do sistema de información contable a través dun módulo de seguimento de proxectos en xeral, componse de dúas fases, unha primeira de carácter estimativo de orden interno correspondente á apertura do gasto, e unha segunda fase que recolle o máis importante para o cálculo do remanente que son as distintas fases do ciclo orzamentario (ADO), que xunto coas follas de cálculo complementarias deixan constancia da pista de auditoría. Igualmente as modificacións orzamentarias non se reflicten na primeira fase do listado que ten un carácter exclusivamente estimativo, recolléndose nas fases A,D,O, e levando o seguimento en follas de cálculo complementarias denominadas “Control Obras FCI ANO xx “. En calquera caso para este ano 2016 procedemos a modificar na medida do posible o aplicativo informático para que recolla e reflicta tamén as modificacións na fase previa.

A razón de que haxa proxectos que non figuren no estado de execución de proxectos é que aínda non se licitaron e, polo tanto, non figuran dados de alta no módulo de seguimento de proxectos.

De acordo coa metodoloxía aplicada, os resultados obtidos na fiscalización dos gastos foron os seguintes:

III.2.1. LEGALIDADE E REGULARIDADE DAS OPERACIÓNS.

A) As actuacións realizadas pola Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos, centro directivo intermedio da xestión dos FFCI, axéitanse aos procedementos e formas establecidos na normativa dos Fondos nos seguintes aspectos:

- O **Fondo de Compensación** destínase a financiar proxectos de investimento, conforme co establecido no artigo 2.2 da Lei 22/2001. Sen embargo, cómpre indicar que na Base de datos “FFCI2014” existen algúns proxectos, xestionados por Augas de Galicia e financiados co Fondo

de Compensación dotado nos exercicios 2012, 2013 e 2014, executados con cargo ao capítulo II-Gastos en bens correntes de servizos, conceptos de gastos 226-Gastos diversos e 227-Traballos realizados por outras empresas. Nin a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nin Augas de Galicia deron ningunha explicación ou aclaración sobre esta cuestión. O resumo dos proxectos, xestionados por Augas de Galicia, imputados aos conceptos indicados é o seguinte, atendendo ao número de proxecto dos Fondos de Compensación e ano de orixe:

Euros							
Nº PROXECTO / ANO ORIXE	CRÉDITOS INICIAIS	MC	CRÉDITO DEFINITIVO	CRÉDITO DEFINITIVO SEN BAIXAS 31-12-14	DISPOSICIÓN CRÉDITO	OBRIGAS RECOÑECIDAS	PAGAMENTOS REALIZADOS
Total 7601	90.492,93	-5.834,33	84.658,60	84.658,60	0,00	0,00	0,00
Total 7701	85.172,90	280.926,38	366.099,28	366.099,28	357.438,95	350.489,62	304.447,44
Fondo Compensación 2012	175.665,83	275.092,05	450.757,88	450.757,88	357.438,95	350.489,62	304.447,44
Total 7601	0,00	2.945,40	2.945,40	2.945,40	0,00	0,00	0,00
Total 7602	105.688,07	78.810,92	184.498,99	184.498,99	184.498,99	184.498,99	144.722,31
Total 7701	455.657,10	-1.501,68	454.155,42	608.940,61	371.691,22	303.947,71	187.649,35
Fondo Compensación 2013	561.345,17	80.254,64	641.599,81	796.385,00	556.190,21	488.446,70	332.371,66
Total 7601	928.872,00	-320.627,82	608.244,18	608.244,18	608.244,18	608.244,18	378.771,84
Total 7701	681.685,00	293.693,31	975.378,31	1.094.296,82	409.452,34	345.270,98	210.559,79
Fondo Compensación 2014	1.610.557,00	-26.934,51	1.583.622,49	1.702.541,00	1.017.696,52	953.515,16	589.331,63
GASTOS CONCEPTOS 226-227	2.347.568,00	328.412,18	2.675.980,18	2.949.683,88	1.931.325,68	1.792.451,48	1.226.150,73

No trámite de alegacións a entidade manifesta que estes gastos serán activados no balance ao peche do exercicio 2016

- Segundo escrito de 30 de outubro de 2015 da Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos, dirixido á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o **Fondo Complementario** destínase na súa totalidade a proxectos de investimento, conforme co establecido no artigo 6.2 da Lei 22/2001.
- Os proxectos figuran autorizados de común acordo, entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma, no seo do Comité de Investimentos Públicos, conforme co establecido no artigo 7.1 da Lei 22/2001.
- As modificacións dos proxectos inicialmente acordados, mediante alteracións das consignacións iniciais, é dicir, cambios cuantitativos, ou na substitución dos proxectos iniciais existentes por outros novos, é dicir, cambios cualitativos, cumpren cos requisitos recollidos na normativa dos fondos, e, en especial, cos establecidos na Circular 2/2012, do 17 de abril, da Dirección Xeral de Planificación e Fondos para a programación e xestión dos Fondos de Compensación Interterritorial e na Disposición adicional novena da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2010.
- As solicitudes de peticións de fondos efectúanse logo de acadar as porcentaxes establecidas no artigo 8.2.a) da Lei 22/2001, xa descritas no apartado I.4 do informe, excepto no caso de

proxectos incorporados ao longo de varios exercicios nos que as peticións de fondos van parellas ás obrigas recoñecidas na Comunidade Autónoma, sendo igualmente atendidas polo Ministerio.

Non obstante, a Administración autonómica non utiliza o procedemento previsto no artigo 8.3 da citada Lei para xestionar as peticións de fondos dos proxectos que figuran nos orzamentos da Comunidade Autónoma como transferencias de capital, artigo que posibilita a percepción dos fondos por cuartas partes trimestrais, unha vez aprobado o acordo de concesión da subvención polos órganos competentes. Nestes casos solicitan as peticións de fondos seguindo o disposto no artigo 8.2.a).

B) Modificacións orzamentarias.

Para analizar este apartado debemos recordar os seguintes aspectos:

- A dotación inicial dos Fondos de Compensación Interterritorial nos orzamentos da Comunidade Autónoma ascende a 62.996.735 euros. Deste importe 44.549.940 euros, importe que coincide coa dotación que o Ministerio contabiliza como transferencias a favor da Comunidade Autónoma de Galicia en concepto de FFCI dotados no exercicio 2014, figuran orzamentados nas modalidades de financiamento (2010, 2020 e 2040) correspondentes aos Fondos de Compensación Interterritorial dotados no exercicio 2014 e 18.446.795 euros están orzamentados nas modalidades de financiamento 2110-FFCI exercicio pechado libre e 2120-FFCI exercicio pechado que cofinancia elixible e que se corresponden coas baixas de créditos incorporables contabilizadas a finais de 2013 e que se consignan como créditos iniciais no exercicio 2014.

- Considerando a información subministrada pola Administración xeral e institucional a dotación inicial dos FFCI ascende a 62.996.737 euros. Deste importe 44.549.938 euros corresponden aos Fondos de Compensación Interterritorial dotados no exercicio 2014, importe inferior en 2 euros á dotación que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e o Ministerio contabilizan en concepto de FFCI dotados no exercicio 2014. O resto da dotación inicial, por importe de 18.446.799 euros, están orzamentados nas modalidades de financiamento 2110 e 2120. Dito importe supera en 4 euros ás baixas de créditos incorporables contabilizadas ao final do exercicio 2013. Esta diferenza prodúcese na Axencia Galega de Infraestruturas (+2 euros) e en Augas de Galicia (+2 euros). As diferenzas descritas están explicadas no apartado II.4 do presente informe.

Na execución do presente informe inclúese como FFCI-2014 os 2 euros que figuran na citada modalidade 2110.

As modificacións orzamentarias tramitadas durante o exercicio 2014 polos diversos xestores dos fondos ascenderon a 78.112.850,49 euros, neste importe están incluídas as baixas de crédito contabilizadas no mes de decembro por importe de -15.975.815 euros. Se non temos en conta

as citadas baixas de crédito as modificacións orzamentarias que afectan aos FFCl no exercicio 2014 ascenden a 94.088.665,49 euros.

A 31 de decembro de 2014, como consecuencia das modificacións orzamentarias tramitadas na Administración xeral e institucional, os créditos definitivos ascenden a 141.109.587,49 euros, importe que inclúe as baixas de crédito contabilizadas a finais de exercicio 2014 por importe de -15.975.815 euros. Sen considerar as citadas baixas, os créditos definitivos ascenden a 157.085.402,49 euros.

O resumo das modificacións orzamentarias que se levan a cabo no exercicio 2014 foi o seguinte:

B.1) Incorporacións de remanentes de crédito.

Os remanentes de crédito a 31 de decembro de 2013 ascenden a 94.088.664,23 euros. A este importe haille que sumar 18.446.795 euros que a Administración autonómica procedeu a dar de baixa en contabilidade no mes de decembro de 2013, tal como se expuxo no informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial do exercicio 2013, pero que non se tiveron en conta no citado informe ao presentar a dotación dos proxectos dos FFCl sen as citadas baixas, co fin de non alterar a dotación real dos proxectos financiados cos FFCl. En consecuencia, o remanente de crédito que figura no informe de fiscalización do exercicio 2013 ascende a 112.535.459,23 euros. Ademais os remanentes de crédito pendentes de incorporar de exercicios anteriores ao 2013 ascenden a 6.291.707,92 euros. Polo tanto, o remanente de crédito susceptible de incorporar ao exercicio 2014 ascende a 118.827.167,15 euros, de acordo co seguinte detalle:

Fondo	Remanente de crédito anterior ao 2013			Remanente de crédito informe exercicio 2013			[1] + [2] Total Remanente de crédito
	anterior 2012	exercicio 2012	[1] Total	Baixa crédito 31.12.13	exercicio 2013	[2] Total	
Fondo Compensación 2003	0,00	0,00	0,00	0,00	0,76	0,76	0,76
Fondo Compensación 2005	68.351,57	0,00	68.351,57	0,00	1,51	1,51	68.353,08
Fondo Compensación 2006	0,21	0,00	0,21	0,00	199.289,22	199.289,22	199.289,43
Fondo Compensación 2007	678,00	0,00	678,00	518.664,66	739.899,43	1.258.564,09	1.259.242,09
Fondo Compensación 2008	1.026.152,34	0,00	1.026.152,34	0,00	4.611.786,99	4.611.786,99	5.637.939,33
Fondo Compensación 2009	1.950.000,54	0,00	1.950.000,54	103.153,77	4.746.545,35	4.849.699,12	6.799.699,66
Fondo Compensación 2010	3.078.776,33	0,00	3.078.776,33	429.240,87	14.157.534,06	14.586.774,93	17.665.551,26
Fondo Compensación 2011	0,00	0,00	0,00	297.205,29	23.572.084,94	23.869.290,23	23.869.290,23
Fondo Compensación 2012	0,00	170.895,84	170.895,84	1.619.071,75	25.868.865,80	27.487.937,55	27.658.833,39
Fondo Compensación 2013	0,00	0,00	0,00	12.489.233,88	19.733.497,77	32.222.731,65	32.222.731,65
Fondo Compensación sen asignar	0,00	0,00	-3.146,91	0,00	3.146,91	3.146,91	0,00
Total Fondos Compensación	6.123.958,99	170.895,84	6.291.707,92	15.456.570,22	93.632.652,74	109.089.222,96	115.380.930,88
Fondo Complementario 2010	0,00	0,00	0,00	0,00	673,09	673,09	673,09
Fondo Complementario 2011	0,00	0,00	0,00	594.455,46	389.227,97	983.683,43	983.683,43
Fondo Complementario 2013	0,00	0,00	0,00	2.395.769,32	66.110,43	2.461.879,75	2.461.879,75
Total Fondos Complementarios	0,00	0,00	0,00	2.990.224,78	456.011,49	3.446.236,27	3.446.236,27
TOTAL FFCl	6.123.958,99	170.895,84	6.291.707,92	18.446.795,00	94.088.664,23	112.535.459,23	118.827.167,15

Os remanentes de crédito, procedentes do exercicio 2013 e anteriores, os créditos iniciais das modalidades de financiamento 2110 e 2120, as incorporacións realizadas xunto con outras modificacións, que trataremos nos seguintes apartados pero que inciden sobre os remanentes de crédito, móstranse no seguinte cadro atendendo ao tipo de Fondo e ano de orixe do mesmo:

Fondo	Remanente de crédito		[1] Total Remanente de crédito	[2] Cred. Inicial mod. 2110 e 2120	[3] Incorporacións de crédito	[4] Outras modific.	[5] = [2]+[3]+[4] Total Crédito Inicial + modificacións	[1] - [5] Remanente pendente de incorporación	Euros	
	anterior exercicio 2013	Remanente exercicio 2013							anterior 2013	exercicio 2013
Fc 2003	0,00	0,76	0,76	0,00	0,76	0,00	0,76	0,00	0,00	0,00
Fc 2005	68.351,57	1,51	68.353,08	0,00	1,51	0,00	1,51	68.351,57	68.351,57	0,00
Fc 2006	0,21	199.289,22	199.289,43	0,00	199.289,22	0,00	199.289,22	0,21	0,21	0,00
Fc 2007	678,00	1.258.564,09	1.259.242,09	518.664,66	739.899,43	0,00	1.258.564,09	678,00	678,00	0,00
Fc 2008	1.026.152,34	4.611.786,99	5.637.939,33	0,00	4.611.786,99	0,00	4.611.786,99	1.026.152,34	1.026.152,34	0,00
Fc 2009	1.950.000,54	4.849.699,12	6.799.699,66	103.153,77	4.746.545,35	0,00	4.849.699,12	1.950.000,54	1.950.000,54	0,00
Fc 2010	3.078.776,33	14.586.774,93	17.665.551,26	429.240,87	14.157.533,57	0,00	14.586.774,44	3.078.776,82	3.078.776,33	0,49
Fc-2011	0,00	23.869.290,23	23.869.290,23	297.205,29	23.572.084,79	0,00	23.869.290,08	0,15	0,00	0,15
Fc 2012	170.895,84	27.487.937,55	27.658.833,39	1.619.071,75	25.868.865,80	0,48	27.487.938,03	170.895,36	170.895,46	-0,10
Fc 2013	0,00	32.222.731,65	32.222.731,65	12.489.235,88	19.733.499,67	-0,48	32.222.735,07	-3,42	0,00	-3,42
Fc sen asignar ano de orixe	-3.146,91	3.146,91	0,00	0,00	3.146,91	0,00	3.146,91	-3.146,91	-3.146,91	0,00
Total Fc	6.291.707,92	109.089.222,96	115.380.930,88	15.456.572,22	93.632.654,00	0,00	109.089.226,22	6.291.704,66	6.291.707,54	-2,88
Fcompl 2010	0,00	673,09	673,09	0,00	673,09	0,00	673,09	0,00	0,00	0,00
Fcompl 2011	0,00	983.683,43	983.683,43	594.455,46	389.227,97	0,00	983.683,43	0,00	0,00	0,00
Fcompl 2013	0,00	2.461.879,75	2.461.879,75	2.395.769,32	66.110,43	0,00	2.461.879,75	0,00	0,00	0,00
Total Fcompl	0,00	3.446.236,27	3.446.236,27	2.990.224,78	456.011,49	0,00	3.446.236,27	0,00	0,00	0,00
TOTAL	6.291.707,92	112.535.459,23	118.827.167,15	18.446.797,00	94.088.665,49	0,00	112.535.462,49	6.291.704,66	6.291.707,54	-2,88

No cadro anterior vemos que a diferenza entre o remanente de crédito susceptible de incorporación no exercicio por importe de 118.827.167,15 euros e, por un lado, o importe presupostado como crédito inicial nas modalidades de financiamento 2110 e 2120 que ascende a 18.446.797 euros (importe que excede en 2 euros ás baixas de crédito contabilizadas a finais do exercicio 2013) e, por outro, o importe incorporado (94.088.665,49 euros) é de 6.291.704,66 euros, que constitúe o importe pendente de incorporación a 31 de decembro de 2014.

Atendendo ao exercicio no que se producen os remanentes:

- dos remanentes de crédito orixinados no exercicio 2013 por importe de 112.535.459,23 euros, incorporouse ao orzamento 2014 o importe de 112.535.462,11 euros, polo que se contabilizou un exceso de incorporación, no conxunto dos FFCI, de 2,88 euros. Este exceso afecta aos seguintes xestores:

- Augas de Galicia contabiliza un exceso de incorporación, con respecto aos remanentes de crédito do exercicio 2013, de 3,52 euros, deste importe 3,42 euros corresponden ao Fondo de Compensación 2013 e 0,10 euros afectan ao Fondo de Compensación 2012.
- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria non incorpora créditos por importe de 0,64 euros e que corresponden a remanentes de crédito do exercicio 2013, dos Fondos de Compensación 2010 e 2011
- dos remanentes de crédito anteriores ao exercicio 2013, por importe de 6.291.707,92 euros, só se incorporaron 0,38 euros do Fondo de Compensación 2012 xestionado por Augas de Galicia, polo que seguen pendentes de incorporar 6.291.707,54 euros. Este importe inclúe o exceso de incorporación que leva producíndose no Igape, respecto aos seus remanentes dos Fondos de Compensación, por importe de 3.146,91 euros e que non se puido asignar a ningún proxecto dos Fondos de Compensación.

Os proxectos **pendentes de incorporación** segundo o orzamento no que se produce o remanente, indicando o proxecto, ano de orixe do Fondo de Compensación e órgano xestor, son os seguintes:

					Euros
Orzamento	Nº proxecto C A	Nº proxecto Fondo	Ano Fondo	Xestor	Importe pte incorp. 31.12.14
2010	200300039	1603	2005	Augas de Galicia	68.351,57
2006	200400313	1115	2006	C. de Medio Rural	0,21
2010	200700563	1404	2008	C. do Mar	297.747,41
2010	200700558	1405	2008	C. do Mar	728.404,93
2010	200700563	1418	2009	C. do Mar	1.950.000,00
2010	208039	8303	2009	Portos de Galicia	0,29
2010	309049	8307	2009	Portos de Galicia	0,25
2010	200700558	1401	2010	C. do Mar	1.128.776,33
2010	200700563	1402	2010	C. do Mar	1.950.000,00
2011	200800510	1501	2007	C. Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	678,00
Remanentes de crédito exercicio 2011 e anteriores					6.123.958,99
2013	varios	7601-7701	2012	Augas de Galicia (exceso incorporación respecto remanente)	-0,10
2012	210226	1652	2012	Portos de Galicia	170.895,46
Remanentes de crédito exercicio 2012					170.895,36
2013	201000531	904	2010	C. de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	0,49
2013	200800320	901	2011	C. de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	0,15
2013	varios	7601-7602-7701	2013	Augas de Galicia (exceso incorporación respecto remanente)	-3,42
Remanentes de crédito exercicio 2013					-2,78
2013	201300012	Sen determinar	Sen determinar	Igape (exceso incorporación respecto remanente)	-3.146,91
Incorporación de crédito pendente de asignar					-3.146,91
Total remanente pendente de incorporación a 31.12.14					6.291.704,66

Por xestor dos Fondos, os proxectos con importes pendentes de incorporación son os seguintes:

Orzamento	Nº de proxecto		Ano Fondo	Xestor	Importe
	C A	Fondo			
2011	200800510	1501	2007	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	678,00
Total Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas					678,00
2010	200300039	1603	2005	Augas de Galicia	68.351,57
2013	varios	7601-7701	2012	Augas de Galicia	-0,10
2013	varios	7601-7602-7701	2013	Augas de Galicia	-3,42
Total Augas de Galicia					68.348,05
2013	201000531	904	2010	C. de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	0,49
2013	200800320	901	2011	C. de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	0,15
Total C. de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria					0,64
2006	200400313	1115	2006	C. de Medio Rural	0,21
2010	200700563	1404	2008	Consellería do Mar	297.747,41
2010	200700558	1405	2008	Consellería do Mar	728.404,93
2010	200700563	1418	2009	Consellería do Mar	1.950.000,00
2010	200700558	1401	2010	Consellería do Mar	1.128.776,33
2010	200700563	1402	2010	Consellería do Mar	1.950.000,00
Total Consellería do Medio Rural e do Mar					6.054.928,88
2010	208039	8303	2009	Portos de Galicia	0,29
2010	309049	8307	2009	Portos de Galicia	0,25
2012	210226	1652	2012	Portos de Galicia	170.895,46
Total Portos de Galicia					170.896,00
2013	201300012	Sen determinar	Sen determinar	Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)	-3.146,91
Total Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)					-3.146,91
Total remanente pendente de incorporación a 31.12.14					6.291.704,66

Atendendo ao xestor dos Fondos de Compensación, destaca a Consellería do Mar que non incorpora, desde o orzamento 2010, 6.054.928,67 euros. Deste importe 3.078.776,33 euros están financiados co Fondo de Compensación dotado no exercicio 2010, 1.950.000 euros co Fondo de Compensación 2009 e 1.026.152,34 euros financiase co Fondo dotado no exercicio 2008. Portos de Galicia non incorpora ao orzamento 2013 e 2014 o remanente de crédito financiado co Fondo de Compensación dotado no exercicio 2012 por importe de 170.895,46 euros e Augas de Galicia ten pendente de incorporar o remanente de crédito orixinado no exercicio 2010 e financiados co Fondo de Compensación 2005, por importe de 68.351,56 euros, se ben cómpre recordar que este importe foi obxecto de incorporación mediante o expediente IC-07-82-001-11 contabilizado o 16 de febreiro de 2011 pero, posteriormente, procedeuse á súa anulación con data 30 de marzo de 2011.

Con respecto ao remanente de crédito pendente de incorporar por importe de 0,21 euros do proxecto 1115 do Fondo de Compensación dotado no 2006 e xestionado pola Consellería de Medio Rural cómpre indicar que se podería realizar unha modificación cuantitativa entre o citado proxecto e o proxecto 1908, xa que este último ten un exceso de dotación na Comunidade Autónoma, con respecto á dotación do Ministerio, de 0,27 euros.

Tal como se expuxo, no exercicio 2014, considerando a Administración xeral e institucional, as incorporacións de remanentes de crédito ascenden a 94.088.665,49 euros. Ademais, como créditos iniciais, baixo as modalidades de financiamento 2110-FFCI exercicio pechado libre e 2120-FFCI exercicio pechado que cofinancia elixible, figuran créditos por importe de 18.446.797 euros.

Con respecto á xestión dos FFCI incorporados por importe de 112.535.462,49 euros, deste importe 111.329.932,62 euros foron incorporados pola Administración xeral e 1.205.529,87 euros foron incorporados polos organismos autónomos, axencias públicas e entidades públicas empresariais sen ter repercusión nos orzamentos das Consellerías das que dependen, isto é, considerando a execución real dos mesmos. No importe de 111.329.932,62 euros que contabiliza a Administración xeral inclúense transferencias de capital a organismos autónomos, axencias públicas e entidades públicas empresariais por importe de 50.762.984,88 euros.

En consecuencia, dos créditos definitivos financiados cos FFCI dotados en exercicios anteriores ao 2014 por importe de 112.535.462,49 euros, as Consellerías xestionan directamente 60.566.947,74 euros e os organismos autónomos, axencias públicas e entidades públicas empresariais encárganse da xestión de 51.968.514,75 euros (50.762.984,88 + 1.205.529,87).

No seguinte cadro obsérvanse as diferenzas existentes entre as transferencias financiadas con FFCI que as Consellerías contabilizan en favor da Administración institucional e os créditos contabilizados pola mesma.

Euros			
OOAA, axencias e entes	Créditos Consellería	Créditos OOAA, axencias e entes	Diferenza
04-Amtega	4.401.766,76	3.917.286,29	484.480,47
04-Aturga	1.563.366,77	1.563.366,83	-0,06
06-CIXTEC	628.625,18	628.625,30	-0,12
07-AGI	4.274.990,31	3.946.801,55	328.188,76
07-Augas	9.932.144,20	9.932.146,20	-2,00
07-IGVS	0,09	0,76	-0,67
08-Gain	3.025.885,42	2.841.494,51	184.390,91
08-Igape	19.732.972,18	21.913.249,35	-2.180.277,17
08-Inega	907.928,21	930.238,06	-22.309,85
10-Sergas	5.705.003,03	5.705.003,03	0,00
12-Portos	590.302,73	590.302,87	-0,14
TOTAL	50.762.984,88	51.968.514,75	-1.205.529,87

As diferenzas xurden por erros ou atrasos cometidos pola Administración institucional ao certificar, ás Consellerías das que dependen, as obrigas recoñecidas. No caso do Igape a diferenza orixínase cando a Consellería da que depende recoñece obrigas en favor do Igape con independencia das obrigas recoñecidas polo Igape.

B.2) Transferencias de crédito.

Considerando a Administración xeral e institucional, o importe das transferencias positivas que afectaron a proxectos financiados con FFCI ascendeu a 8.192.549,11 euros e o importe das negativas a 5.379.932,10 euros, polo que existe unha diferenza de 2.812.617,01 euros.

O importe das transferencias positivas e negativas que afectaron ao Fondo de Compensación dotado no exercicio 2014 ascendeu a 1.656.181,30 euros e 1.203.232,91 euros, respectivamente, polo que o saldo das transferencias ascende a 452.948,39 euros.

Aos Fondos de Compensación incorporados afectáronlle transferencias de crédito positivas por importe de 6.536.367,81 euros e transferencias de crédito negativas por importe de 4.176.699,19 euros, ascendendo o saldo a 2.359.668,62 euros.

O resumo das transferencias por Fondo de Compensación e xestor móstrase no seguinte cadro:

XESTOR DOS FFCI	Euros		
	TRANSFERENCIAS POSITIVAS	TRANSFERENCIAS NEGATIVAS	SALDO
12-CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR	194.623,55	-194.623,55	0,00
TOTAL FONDO DE COMPENSACIÓN 2006	194.623,55	-194.623,55	0,00
05-VICEPRESIDENCIA E C. DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA	500.000,00	-500.000,00	0,00
12-CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR	178,80	-178,80	0,00
TOTAL FONDO DE COMPENSACIÓN 2007	500.178,80	-500.178,80	0,00
12-CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR	61.275,69	-61.275,69	0,00
TOTAL FONDO DE COMPENSACIÓN 2008	61.275,69	-61.275,69	0,00
08-CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	14.232,64	0,00	14.232,64
08-AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (Gain)	0,00	-14.232,64	-14.232,64
09-CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	4.410,43	-4.410,43	0,00
10-CONSELLERÍA DE SANIDADE	217.238,20	-217.238,20	0,00
TOTAL FONDO DE COMPENSACIÓN 2009	235.881,27	-235.881,27	0,00
09-CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	1.299.285,79	-798.333,10	500.952,69
TOTAL FONDO DE COMPENSACIÓN 2010	1.299.285,79	-798.333,10	500.952,69
07-CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	100.665,29	-100.665,29	0,00
09-CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	1.752.175,42	-831.948,59	920.226,83
11-CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	30.000,00	-30.000,00	0,00
TOTAL FONDO DE COMPENSACIÓN 2011	1.882.840,71	-962.613,88	920.226,83
07-CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	34.905,06	-34.905,06	0,00
08-CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	0,00	-15.165,31	-15.165,31
09-CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	1.540.723,31	-991.171,60	549.551,71
11-CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	16.000,00	-16.000,00	0,00
TOTAL FONDO DE COMPENSACIÓN 2012	1.591.628,37	-1.057.241,97	534.386,40
07-CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	1.186,54	-3.053,56	-1.867,02
08-CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	0,00	-92.596,37	-92.596,37
09-CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	769.467,09	-270.901,00	498.566,09
TOTAL FONDO DE COMPENSACIÓN 2013	770.653,63	-366.550,93	404.102,70
TOTAL FONDOS DE COMPENSACIÓN INCORPORADOS	6.536.367,81	-4.176.699,19	2.359.668,62

XESTOR DOS FFCI	TRANSFERENCIAS POSITIVAS	TRANSFERENCIAS NEGATIVAS	SALDO
07-CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	407.912,96	-406.045,94	1.867,02
07-AUGAS DE GALICIA	46.965,16	-46.965,16	0,00
08-CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	338.525,81	0,00	338.525,81
08-AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (Gain)	0,00	-338.525,81	-338.525,81
09-CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	862.777,37	-411.696,00	451.081,37
TOTAL FONDO DE COMPENSACIÓN 2014	1.656.181,30	-1.203.232,91	452.948,39
TOTAL TRANSFERENCIAS	8.192.549,11	-5.379.932,10	2.812.617,01

O saldo das transferencias queda compensado con outras modificacións que describimos nos seguintes apartados.

En concreto, o saldo de 2.920.378,69 euros que se produce na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Fondos de Compensación dotados nos exercicios 2010 a 2014) queda compensado con baixas de crédito contabilizadas no Instituto Galego de Promoción Económica (Igape); e na Consellería de Economía e Industria o saldo de -107.761,68 euros (Fondos de Compensación 2012 e 2013) foi contabilizado como unha ampliación de crédito no Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

Nestes dous casos as diferenzas débense ao ter en conta a Administración xeral e institucional, xa que se consideramos só a Administración xeral estas diferenzas quedarían compensadas ao estar contabilizadas, como transferencias de crédito, no capítulo 7 de transferencias da Consellería de Economía e Industria en favor do Igape e do Inega.

B.3) Reaxustes das fontes de financiamento de proxectos.

Os reaxustes que afectan aos proxectos da Comunidade Autónoma financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial, na Administración Xeral e Institucional, están compensados entre si, alcanzando o importe de mais menos 15.486.360,01 euros, o que implica a gran cantidade de movementos que afectan aos proxectos financiados con FFCI.

Na Administración Xeral os reaxustes dos proxectos da Comunidade Autónoma están igualmente compensados entre si, alcanzando o importe de mais menos 16.785.679,64 euros.

Os reaxustes que alteran a dotación dos Fondos ou os xestores dos mesmos, son os seguintes:

Euros

XESTOR	FONDO DE COMPENSACIÓN		APLICACIÓN	PROXECTO C.A.	MOD	IMPORTE REAXUSTE
	Nº PROXECTO	ANO ORIXE				
07	1523	2008	20140703 541D7811	201200865	2011	-234.770,79
07-AGI	8017	2008	201407A1512B6001	200700277	2011	234.770,79
FONDO DE COMPENSACIÓN 2008						0,00
07	1506	2009	20140703 541D6011	200900980	2011	-8.567,17
07	1523	2009	20140703 541A6250	201200240	2011	-1,52
07-AGI	8006	2009	201407A1512B6001	200700277	2011	8.568,69
FONDO DE COMPENSACIÓN 2009						0,00
07	7406	2012	20140703 541E6221	201200237	2011	-75,25
07	7409	2012	20140703 541D7811	201200865	2011	-30.070,31
07-AGI	7003	2012	201407A1512B6001	200700277	2011	30.145,56
07-Augas	7601	2012	varios	varios	varios	-26.102,37
07-Augas	7701	2012	varios	varios	varios	26.102,85
FONDO DE COMPENSACIÓN 2012						0,48
07-Augas	7601	2013	varias	varios	varias	0,32
07-Augas	7602	2013	varias	varios	varias	-32.024,91
07-Augas	7701	2013	varias	varios	varias	32.024,11
07	7403	2013	20140703 541D6401	200800508	2120	-1.172,68
07	7405	2013	20140703 541D6401	201300222	2120	-246.221,19
07	7409	2013	20140703 541D6401	201300758	2120	249.260,89
FONDO DE COMPENSACIÓN 2013						1.866,54
07	7409	2014	20140703 541D6250	201400240	2010	-1.521,13
07-AGI	7002	2014	07A1512B600	200700277	2010	1.521,13
07	7402	2014	20140703 541D6401	200800509	2020	-41.019,00
07	7403	2014	20140703 541D6401	200800508	2020	-36.375,28
07	7405	2014	20140703 541D6401	201300222	2020	1.166,06
07	7408	2014	20140703 541D6401	201300758	2020	47.019,00
07	7410	2014	20140703 541D6401	201400697	2020	27.342,20
FONDO DE COMPENSACIÓN 2014						-1.867,02
TOTAL						0,00

Dos datos do cadro anterior cabe destacar os reaxustes de proxectos que orixinan cambios nos xestores dos Fondos de Compensación dotados nos exercicios 2008, 2009, 2012 e 2014, entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (07) e a Axencia Galega de Infraestruturas (07-AGI).

Na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (07) os reaxustes que afectan ao Fondo de Compensación dotado no exercicio 2014 trasladan 1.867,02 euros ao Fondo de Compensación dotado no exercicio 2013, compensando deste xeito o saldo das transferencias de crédito descritas no apartado do informe B.2) con cargo ao Fondo de Compensación 2014 na citada Consellería.

B.4) Ampliacións e baixas de crédito.

Nos proxectos xestionados con cargo aos FFCI no exercicio 2014 o Instituto Enerxético de Galicia contabilizou unha ampliación de crédito por importe de 107.761,88 euros, compensando deste xeito a transferencia de crédito negativa contabilizada na Consellería de Economía e Industria.

No exercicio 2014, na Administración xeral e institucional, contabilizáronse con cargo aos proxectos financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial baixas de crédito por importe total de 18.916.193,69 euros. Deste importe 2.920.378,69 euros correspóndense con baixas de crédito contabilizadas no Instituto Galego de Promoción Económica e que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria contabiliza como transferencias de crédito, tal como se expuxo no apartado B.2) do informe. A Axencia de Turismo de Galicia contabiliza baixas de crédito por importe de 20.000 euros que pasan a ser xestionados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e que esta contabiliza como unha ampliación de crédito. As restantes baixas de crédito, que non se compensan con ningunha outra modificación orzamentaria, por importe 15.975.815 euros constitúen baixas de crédito que a Comunidade Autónoma contabiliza no exercicio 2014 e que minoran o importe dos FFCI na Comunidade Autónoma a 31 de decembro.

O descrito anteriormente móstrase nos seguintes cadros:

- Ampliacións – Baixas de crédito – Transferencias

Euros					
XESTOR / FONDO	PROXECTOS FCI	AMPLIACIÓN	TRANSFERENCIA POSITIVA	TRANSFERENCIA NEGATIVA	BAIXA DE CRÉDITO
08-INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	870	0,00	0,00	0,00	-500.952,69
09-C. DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	915	0,00	500.952,69	0,00	0,00
FONDO COMPENSACIÓN 2010		0,00	500.952,69	0,00	-500.952,69
08-INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	871	0,00	0,00	0,00	-920.226,83
09-C. DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	1102-1116-1117	0,00	920.226,83	0,00	0,00
FONDO COMPENSACIÓN 2011		0,00	920.226,83	0,00	-920.226,83
08-CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	833-839	0,00	0,00	-15.165,31	0,00
08-INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	851	15.165,31	0,00	0,00	0,00
08-INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	871-872-873	0,00	0,00	0,00	-549.551,71
09-C. DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	1507-1513-1526	0,00	549.551,71	0,00	0,00
FONDO COMPENSACIÓN 2012		15.165,31	549.551,71	-15.165,31	-549.551,71
08-CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	830	0,00	0,00	-92.596,37	0,00
08-INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	851	92.596,37	0,00	0,00	0,00
08-INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	871-873-874-875	0,00	0,00	0,00	-498.566,09
09-C. DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	907-908-909	0,00	498.566,09	0,00	0,00
FONDO COMPENSACIÓN 2013		92.596,37	498.566,09	-92.596,37	-498.566,09
04-AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	462	0,00	0,00	0,00	-20.000,00
08-INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	870-871-872-874	0,00	0,00	0,00	-451.081,37
09-C. DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	904	20.000,00	451.081,37	0,00	0,00
FONDO COMPENSACIÓN 2014		20.000,00	451.081,37	0,00	-471.081,37
TOTAL		127.761,68	2.920.378,69	-107.761,68	-2.940.378,69

- Baixas de crédito

No exercicio 2014 contabilizáronse expedientes de baixas de crédito por importe de -15.975.815 euros que afectan a distintos proxectos dos Fondos de Compensación Interterritorial.

O resumo das baixas de crédito por xestores, con indicación do número de expediente e importe, móstrase no seguinte cadro:

XESTOR	EXPEDIENTE CONSELLERÍA	EXPEDIENTE ENTE	Euros
			IMPORTE BAIXAS 31-12-14
04-AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (Amtega)	BC-04-013-14	BC-04.A1-004-14	-1.874.785,00
04-AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA (Aturga)	BC-04-013-14	BC-04.A2-006-14	-420.497,00
05-VICEPRESIDENCIA E C. DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA	BC-05-005-14		-289.619,40
06-C. DE FACENDA	BC-06-004-14		-185.124,40
06-CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECON.-FINANCEIRA E CONTABLE (CIXTEC)	BC-06-004-14	BC-06.A1-003-14	-39.297,49
07-C. DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	BC-07-014-14		-1.514.331,42
07-AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AGI)	BC-07-014-14	BC-07.A1-004-14	-317.150,45
07-AUGAS DE GALICIA	BC-07-014-14	AUGAS11/2014	-3.413.779,65
08-C. DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	BC-08-011-14		-1.068.109,08
08-AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (Gain)	BC-08-011-14	BC-00.00-012-14	-50.448,35
08-INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (Igape)	BC-08-011-14	BC-00.00-012-14	-2.138.773,69
08-INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (Inega)	BC-08-011-14	BC-00.00-012-14	-11.429,05
09-C. DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	BC-09-020-14		-3.244.218,73
11-C. DE TRABALLO E BENESTAR	BC-11-009-14		-454.323,50
12-C. DO MEDIO RURAL E DO MAR	BC-12-011-14		-897.185,34
23-GASTOS DIVERSAS CONSELLERÍAS	BC-23-007-14		-56.742,45
TOTAL BC-31-12-14			-15.975.815,00

Cómpre indicar que Gain e Igape contabilizan baixas de crédito na modalidade de financiamento 2020-FCI que cofinancia elixible por importes de 32.830,48 euros e 79.656,65 euros, respectivamente. Sen embargo, a Consellería de Economía e Industria contabiliza esas baixas, con cargo aos créditos que recollen as transferencias de crédito a Gain e Igape, nas modalidades de financiamento 2021-FCI que cofinancia elixible incorporado. En consecuencia, na Consellería esas baixas afectan aos Fondos de Compensación incorporado e nas axencias citadas afectan ao Fondo de Compensación dotado no exercicio 2014.

Segundo consta na exposición dos expedientes de baixas de crédito:

"O obxecto da solicitude é proceder a dar de baixa créditos correspondentes á programación do FCI por importe de

Dado que os citados créditos non van ter execución nos proxectos nos que figuran orzamentados, procederase a unha reprogramación dos mesmos.

Por todo o anterior, esta Dirección Xeral (Director Xeral de Planificación e Orzamentos) ó abeiro do establecido nos artigos 66.h) do Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario

de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e os artigos 5.o) da Lei 11/2013 do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, eleva a Vde., (enténdase conselleira de Facenda) expediente de baixa de crédito nos termos que recolle a proposta."

Analizamos o indicado no parágrafo anterior e para iso transcribimos os artigos aludidos:

O Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia no seu artigo 66 establece:

Corresponden ao conselleiro de Economía e Facenda (enténdase o conselleiro de Facenda), ademais das competencias xenéricas atribuídas aos titulares das consellerías, as seguintes de carácter específico:

"h) Introducir nos estados de gastos as modificacións precisas para adecuar os créditos afectados por transferencias finalistas procedentes dos orzamentos xerais da Administración do Estado e das comunidades europeas, e os demais recursos de igual carácter e procedencia. Esta autorización implicará o aumento ou a diminución das consignacións previstas, así como a incorporación ou creación dos correspondentes conceptos orzamentarios se así procede."

O artigo 5 da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, establece:

Sen prexuízo das facultades que se lle asignan no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, atribúenselle á persoa titular da Consellería de Facenda competencias específicas para levar a cabo as seguintes modificacións orzamentarias:

"o) Para introducir as variacións que sexan necesarias nos programas de gasto das entidades públicas instrumentais para reflectir as repercusións que neles teñan as modificacións de créditos que figuran no estado de transferencias entre subsectores dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma."

Considerando o exposto, conclúese que a aprobación destas baixas de crédito non supoñen ningunha adecuación dos créditos dos FFCI ás dotacións que constan nos orzamentos da Administración do Estado, xa que nesta Administración non se aprobou no exercicio 2014 ningunha baixa de crédito con cargo aos Fondos de Compensación dotados nos exercicios 2014, 2013, 2012, 2011, 2010, 2009, 2008 e 2006. Proba disto é que na Comunidade Autónoma figuran a 1 de xaneiro de 2015 créditos con cargo ás modalidades de financiamento 2110-FFCI exercicio pechado

libre e 2120-FFCI exercicio pechado que cofinancia. Do mesmo xeito, no orzamento de ingresos contabilizáronse, no concepto 70006-Fondo de Compensación exercicio pechado, previsións iniciais de ingresos.

Estamos, xa que logo, ante un novo tratamento que os xestores afectados polas baixas de crédito descritas anteriormente lle dan ao que serían remanentes de crédito a 31 de decembro de 2014. Isto é, a finais do exercicio contabilizan baixas de crédito e no exercicio seguinte rexístrase o importe destas baixas como créditos iniciais e previsións iniciais dos Fondos de Compensación Interterritorial "exercicio pechado".

Con respecto ao parágrafo:

"Dado que os citados créditos non van ter execución nos proxectos nos que figuran orzamentados, procederase a unha reprogramación dos mesmos."

A reprogramación dos proxectos non resulta moi efectiva. No exercicio 2014 contabilizáronse, nas modalidades de financiamento 2110-FCI Exercicio pechado libre e 2120-FCI exercicio pechado que cofinancia elixible, o importe de 18.446.797 euros correspondentes ás baixas de crédito contabilizadas a 31 de decembro de 2013. A execución dos proxectos financiados con estas modalidades, no exercicio 2014, só alcanza o 32,01%, fronte ao 30,08 que alcanzan as restantes modalidades de financiamento dos FFCI incorporados.

En calquera caso, a reprogramación dos proxectos financiados con FFCI lévase a cabo mediante a tramitación dos expedientes de modificacións cualitativas cuantitativas de proxectos, autorizadas polo titular da Consellería de Facenda e ratificadas polo Comité de Investimentos Públicos, non sendo necesario dar de baixa, en contabilidade, os créditos dos FFCI.

Nos expedientes de Baixas de crédito non consta unha explicación suficientemente detallada e razoada que xustifique a tramitación destas baixas de crédito.

Na análise da execución dos Fondos de Compensación non se tiveron en conta as baixas de crédito reflectidas neste apartado debido a que minora o crédito de cada Fondo no importe que figura no cadro anterior, desvirtuando a análise dos Fondos de Compensación. En consecuencia, o crédito definitivo dos proxectos afectados non inclúe as baixas de crédito descritas.

No Anexo 2 deste informe figuran tódolos proxectos afectados polas baixas de crédito, ordenados por Fondo e ano de orixe do mesmo, órgano xestor e número de proxecto.

C) Análise das modificacións cualitativas e cuantitativas de proxectos.

De acordo co disposto no artigo 7 da Lei 22/2001, reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial, cando por motivos imprevistos non se poida executar algún proxecto de investimento dos inicialmente acordados nin, en consecuencia, o gasto de posta en marcha ou en funcionamento asociado ao mesmo, a substitución dos mesmos por un novo proxecto ou por outro ou outros proxectos que se financien con cargo aos Fondos, efectuarase a proposta da Comunidade Autónoma e de común acordo entre esta e a Administración do Estado, no seo do Comité de Investimentos Públicos.

As modificacións producidas nos proxectos de investimento consistiron en aumentos ou diminucións nas consignacións iniciais (cambios cuantitativos) e en ampliacións ou reducións do número de proxectos, así como substitucións de proxectos existentes por outros novos (cambios cualitativos).

De acordo coa documentación facilitada polos xestores e pola Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos, no exercicio 2014, a Consellería de Facenda autorizou 87 expedientes de modificacións cualitativas e cuantitativas de proxectos, dos que 16 afectaron aos proxectos financiados cos FFCI dotados no exercicio 2014 e 71 aos proxectos financiados cos FFCI dotados nos exercicios 2013 a 2006. Dos 87 expedientes 3 afectan aos Fondos Complementarios dotados nos exercicios 2014, 2013 e 2011.

Fondos de Compensación 2014.

Tal como se expuxo no apartado II.4. Dotación inicial dos Fondos de Compensación Interterritorial 2014 - Galicia, o número inicial de proxectos financiados cos Fondos nos orzamentos xerais do Estado foi de 28 proxectos xenéricos, que se converten en 89 proxectos ao autorizarse pola conselleira de Facenda, o 8 de xaneiro de 2014, as dúas primeiras modificacións cualitativas e cuantitativas. Coas citadas modificacións adecúase a programación inicial do Estado á dotación vixente dos proxectos na contabilidade da Comunidade Autónoma. A dotación vixente dos proxectos na Comunidade Autónoma inclúe 2 euros que a Axencia Galega de Investimentos (AGI) contabilizou na modalidade de financiamento 2110-FCI exercicio pechado libre e que foi solicitado ao Ministerio como Fondo de Compensación 2014 (proxecto 7002).

As modificacións rexistradas na xestión dos proxectos financiados polos Fondos de Compensación Interterritorial 2014, tralas primeiras modificacións citadas no parágrafo anterior, resúmense no cadro seguinte:

PROXECTOS	Euros			
	ESTADO 1.01.14 (tras 1ª modif. cualit.-cuantit.)		C. AUTÓNOMA 31.12.14	
	Número	Dotación	Número	Dotación
Non varían	61	18.136.659,46	61	18.136.659,46
Totalmente substituídos	1	229.131,00	---	---
Modificados	26	15.047.499,54	26	14.056.107,49
Novos	---	---	8	1.220.523,05
Fondo de Compensación	88	33.413.290,00	95	33.413.290,00
Non varían	1	11.136.650,00	1	11.136.650,00
Totalmente substituídos	---	---	---	---
Modificados	---	---	---	---
Novos	---	---	---	---
Fondo Complementario	1	11.136.650,00	1	11.136.650,00
Total Fondos de Compensación	89	44.549.940,00	96	44.549.940,00

No Anexo 1-Diferenzas de dotación entre proxectos obsérvanse as diferenzas entre as dotacións dos proxectos financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial dotados no exercicio 2014 no Estado en na Comunidade Autónoma.

D) Dotación final.

A dotación inicial dos Fondos de Compensación Interterritorial dotados no exercicio 2014, considerando á Administración xeral e institucional, ascende a 44.549.940 euros, e a dotación final, sen considerar as baixas de crédito contabilizadas nos proxectos financiados co Fondo de Compensación por importe de -4.076.616,16 euros, ascende igualmente a 44.549.940 euros, correspondendo 33.413.290 euros ao Fondo de Compensación e 11.136.650 euros ao Fondo Complementario.

As incorporacións de remanentes de crédito dos Fondos de Compensación Interterritorial dotados en exercicios anteriores ascenderon a 94.088.665,49 euros, que xunto cos créditos iniciais das modalidades 2110 e 2120 por importe de 18.446.797 euros e o resto das modificacións orzamentarias descritas nos apartados anteriores (excepto as baixas de crédito contabilizadas por importe de -11.899.198,84 euros) totalizan 112.535.462,49 euros.

En resumo, a dotación final dos créditos financiados cos Fondos dotados no 2014 e anteriores, sen considerar as baixas de créditos incorporables contabilizadas por importe de -15.975.815 euros, ascende a 157.085.402,49 euros.

O resumo por Fondo e ano de orixe das dotacións iniciais máis as modificacións realizadas ao longo do exercicio 2014 foi o seguinte:

Euros

Fondo	Crédito inicial	Reaxustes proxectos	Ampliacións	Transferencias positivas	Transferencias negativas	Incorporacións remanentes	Baixas de crédito	Baixas de crédito Orzamento 2014	Crédito Definitivo (1)
Fc - 2003	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,76	0,00	0,00	0,76
Fc - 2005	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1,51	0,00	0,00	1,51
Fc - 2006	0,00	0,00	0,00	194.623,55	-194.623,55	199.289,22	0,00	-0,21	199.289,22
Fc - 2007	518.664,66	0,00	0,00	500.178,80	-500.178,80	739.899,43	0,00	0,00	1.258.564,09
Fc - 2008	0,00	0,00	0,00	61.275,69	-61.275,69	4.611.786,99	0,00	-0,04	4.611.786,99
Fc - 2009	103.153,77	0,00	0,00	235.881,27	-235.881,27	4.746.545,35	0,00	-72.072,47	4.849.699,12
Fc - 2010	429.240,87	0,00	0,00	1.299.285,79	-798.333,10	14.157.533,57	-500.952,69	-1.634.579,33	14.586.774,44
Fc - 2011	297.205,29	0,00	0,00	1.882.840,71	-962.613,88	23.572.084,79	-920.226,83	-2.810.987,41	23.869.290,08
Fc - 2012	1.619.071,75	0,48	15.165,31	1.591.628,37	-1.057.241,97	25.868.865,80	-549.551,71	-2.075.380,53	27.487.938,03
Fc - 2013	12.489.235,88	1.866,54	92.596,37	770.653,63	-366.550,93	19.733.499,67	-498.566,09	-4.989.028,40	32.222.735,07
Fc - 2014	33.413.290,00	-1.867,02	20.000,00	1.656.181,30	-1.203.232,91	0,00	-471.081,37	-4.076.616,16	33.413.290,00
Fc - sen asignar	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	3.146,91	0,00	0,00	3.146,91
Total Fondos de Compensación	48.869.862,22	0,00	127.761,68	8.192.549,11	-5.379.932,10	93.632.654,00	-2.940.378,69	-15.658.664,55	142.502.516,22
Fcompl - 2010	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	673,09	0,00	-587,03	673,09
Fcompl - 2011	594.455,46	0,00	0,00	0,00	0,00	389.227,97	0,00	-28.989,43	983.683,43
Fcompl - 2013	2.395.769,32	0,00	0,00	0,00	0,00	66.110,43	0,00	-287.573,99	2.461.879,75
Fcompl - 2014	11.136.650,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	11.136.650,00
Total Fondos Complementarios	14.126.874,78	0,00	0,00	0,00	0,00	456.011,49	0,00	-317.150,45	14.582.886,27
TOTAL FFCI	62.996.737,00	0,00	127.761,68	8.192.549,11	-5.379.932,10	94.088.665,49	-2.940.378,69	-15.975.815,00	157.085.402,49

(1) O Crédito definitivo non inclúe as baixas de crédito orzamento 2014, por importe de -15.975.815 euros.

O resumo por xestor das dotacións iniciais máis as modificacións contabilizadas no exercicio 2014 foi o seguinte:

Euros

Consellería / OAAA, Entes ...	Crédito inicial	Reaxustes proxectos	Ampliacións	Transferencias positivas	Transferencias negativas	Incorporacións remanentes	Baixas de crédito	Baixas de crédito Orzamento 2014	Crédito Definitivo (1)
04 Presidencia da Xunta	300.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	181.290,17	0,00	0,00	481.290,17
04 Amtega	5.818.412,00	0,00	0,00	0,00	0,00	3.361.375,29	0,00	-1.874.785,00	9.179.787,29
04 Aturga	1.020.783,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.466.882,83	-20.000,00	-420.497,00	2.467.665,83
Total 04 Presidencia da Xunta	7.139.195,00	0,00	0,00	0,00	0,00	5.009.548,29	-20.000,00	-2.295.282,00	12.128.743,29
Total 05 Vicepresidencia e C. de Presidencia, AAPP e Xustiza	1.099.573,00	0,00	0,00	500.000,00	-500.000,00	1.463.033,41	0,00	-289.619,40	2.562.606,41
06-Consellería de Facenda	258.496,00	0,00	0,00	0,00	0,00	66.784,22	0,00	-185.124,40	325.280,22
06 CIXTEC	402.594,00	0,00	0,00	0,00	0,00	226.031,30	0,00	-39.297,49	628.625,30
Total 06 C. de Facenda	661.090,00	0,00	0,00	0,00	0,00	292.815,52	0,00	-224.421,89	953.905,52
07 C. de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	4.080.036,00	-275.006,17	0,00	544.669,85	-544.669,85	4.277.149,22	0,00	-1.514.331,42	8.082.179,05
07 AGI	17.838.403,00	275.006,17	0,00	0,00	0,00	682.935,51	0,00	-317.150,45	18.796.344,68
07 Augas de Galicia	10.452.469,00	0,00	0,00	46.965,16	-46.965,16	4.504.677,20	0,00	-3.413.779,65	14.957.146,20
07 IGVS	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,76	0,00	0,00	0,76
Total 07 C. de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	32.370.908,00	0,00	0,00	591.635,01	-591.635,01	9.464.762,69	0,00	-5.245.261,52	41.835.670,69

Consellería / OOAA, Entes ...	Crédito inicial	Reaxustes proxectos	Ampliacións	Transferencias positivas	Transferencias negativas	Incorporacións remanentes	Baixas de crédito	Baixas Orzamento 2014	Crédito Definitivo (1)
08 C. de Economía e Industria	1.225.000,00	0,00	0,00	352.758,45	-107.761,68	3.872.863,57	0,00	-1.068.109,08	5.342.860,34
08 Gain	3.321.250,00	0,00	0,00	0,00	-352.758,45	2.855.727,15	0,00	-50.448,35	5.824.218,70
08 Igape	1.375.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	24.382.546,67	-2.920.378,69	-2.138.773,69	22.837.167,98
08 Inega	225.000,00	-0,00	107.761,68	0,00	0,00	822.476,38	0,00	-11.429,05	1.155.238,06
Total 08 C. de Economía e Industria	6.146.250,00	-0,00	107.761,68	352.758,45	-460.520,13	31.933.613,77	-2.920.378,69	-3.268.760,17	35.159.485,08
Total 09 C. de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	2.620.430,00	0,00	20.000,00	6.228.839,41	-3.308.460,72	7.108.056,88	0,00	-3.244.218,73	12.668.865,57
10 C. de Sanidade	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	199.113,81	0,00	0,00	199.113,81
10 Sergas	5.983.580,00	0,00	0,00	0,00	0,00	721.423,03	0,00	0,00	6.705.003,03
Total 10 C. de Sanidade	5.983.580,00	0,00	0,00	0,00	0,00	920.536,84	0,00	0,00	6.904.116,84
Total 11 C. de Traballo e Benestar	750.000,00	0,00	0,00	46.000,00	-46.000,00	425.547,29	0,00	-454.323,50	1.175.547,29
12 C. DO MEDIO RURAL E DO MAR	3.874.715,00	0,00	0,00	473.316,24	-473.316,24	36.561.371,65	0,00	-897.185,34	40.436.086,65
12 Portos de Galicia	2.350.996,00	0,00	0,00	0,00	0,00	590.302,87	0,00	0,00	2.941.298,87
Total 12 C. do Medio Rural e do Mar	6.225.711,00	0,00	0,00	473.316,24	-473.316,24	37.151.674,52	0,00	-897.185,34	43.377.385,52
Total 23 Gastos diversas Consellerías	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	319.076,28	0,00	-56.742,45	319.076,28
TOTAL	62.996.737,00	0,00	127.761,68	8.192.549,11	-5.379.932,10	94.088.665,49	-2.940.378,69	-15.975.815,00	157.085.402,49

(1) O Crédito definitivo non inclúe as baixas de crédito orzamento 2014, por importe de -15.975.815 euros.

Con respecto aos datos dos cadros anteriores cómpre efectuar as seguintes aclaracións:

- O crédito inicial ascende a 62.996.737 euros, deste importe corresponden aos Fondos de Compensación Interterritorial dotados no exercicio 2014 o importe de 44.549.940 euros e 18.446.797 euros están orzamentadas nas modalidades 2110 e 2120 de exercicios pechados. Contabilizadas as modificacións orzamentarias a dotación final dos FFCI 2014 ascende a 44.549.940 euros, importe que non inclúe baixas de crédito por importe de -4.076.616,16 euros.
- As incorporacións de crédito ascenden a 94.088.665,49 euros
- A suma de tódalas modificacións orzamentarias e reaxustes de proxectos contabilizadas polos xestores dos FFCI, incluídas as baixas de crédito exercicio 2014 por importe de -15.975.815 euros, ascende a 78.112.850,49 euros. Se non se inclúen as citadas baixas as modificacións orzamentarias e reaxustes de proxectos contabilizadas no exercicio 2014 ascenden a 94.088.665,49 euros.
- O crédito definitivo por importe de 157.085.402,49 euros non inclúe as baixas de crédito contabilizadas exercicio 2014 por importe de -15.975.815 euros, para non desvirtuar a análise dos Fondos de Compensación Interterritorial.

III.2.2. EXECUCIÓN NO EXERCICIO 2014 DOS FONDOS DE COMPENSACIÓN INTERTERRITORIAL.

A execución das distintas fases do orzamento de gastos resulta coherente entre si.

Con relación á información solicitada aos diversos xestores para comprobar o desenvolvemento orzamentario dos proxectos financiados cos FFCI, cómpre sinalar a falta de vinculación entre ingresos e gastos para cada un dos proxectos, tanto de exercicio corrente como de exercicios anteriores.

Con respecto ás actuacións dos xestores dos FFCI remitímonos ás observacións expostas no apartado III.2. Orzamento de Gastos.

A execución orzamentaria dos Fondos de Compensación dotados no 2014, detallada por proxectos, materias e órganos xestores, figura no Anexo 3 do presente informe. No Anexo 4 móstrase a execución orzamentaria dos proxectos financiados cos FFCI dotados en exercicios anteriores, co mesmo detalle e segundo o ano de orixe dos Fondos e tipo de Fondo.

Nos seguintes apartados figura, por un lado, a execución orzamentaria dos Fondos de Compensación dotados no exercicio 2014, detallada por órganos xestores e, por outro, un resumo xeral da execución por ano de orixe do Fondo e tipo de Fondo.

No presente informe os créditos definitivos non inclúen as baixas de crédito que a Comunidade Autónoma contabiliza a finais do exercicio.

Fondos de Compensación Interterritorial dotados no exercicio 2014

A dotación dos Fondos de Compensación Interterritorial dotados no exercicio 2014 ascende a 44.549.940 euros fronte aos 61.159.110 euros do ano 2013, o cal supón un descenso do 27,16%. Desta dotación 33.413.290 euros corresponden ao Fondo de Compensación e 11.136.650 euros ao Fondo Complementario.

A execución dos Fondos de Compensación Interterritorial 2014, por órganos xestores, foi a seguinte:

ÓRGANO XESTOR	Euros							
	[1] CRÉDITO DEFINITIVO	DISPOSICIÓN CRÉDITO	[2] OBRIGAS RECOÑECIDAS	[3] PAGAMENTOS REALIZADOS	[4] PETICIÓN DE FONDOS	[2]/[1] % ÍNDICE EXEC.	[3]/[2] % ÍNDICE PAG.	[4]/[1] %
PRESIDENCIA DA XUNTA	300.000,00	0,00	0,00	0,00	75.000,00	0	---	25
AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (Amtega)	5.262.501,00	2.764.146,24	2.204.231,28	1.943.298,87	2.336.304,25	42	88	44
AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA (Aturga)	904.299,00	444.181,47	425.398,98	200.745,51	220.087,50	47	47	24
TOTAL PRESIDENCIA DA XUNTA	6.466.800,00	3.208.327,71	2.629.630,26	2.144.044,38	2.631.391,75	41	82	41
TOTAL VICEPRESIDENCIA E C. DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA	500.000,00	473.203,55	0,00	0,00	125.000,00	0	---	25
TOTAL C. DE FACENDA	258.496,00	66.724,23	66.724,23	51.043,87	69.068,31	26	76	27
C. DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	3.096.443,87	1.670.890,53	1.033.938,85	834.186,29	1.251.483,81	33	81	40
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AGI)	3.712.893,13	2.849.543,13	2.849.543,13	2.849.543,13	2.849.543,13	77	100	77
AUGAS DE GALICIA	5.025.000,00	2.215.692,24	2.151.510,88	1.702.227,24	1.256.250,00	43	79	25
TOTAL C. DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	11.834.337,00	6.736.125,90	6.034.992,86	5.385.956,66	5.357.276,94	51	89	45
C. DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	1.563.525,81	1.255.296,82	1.124.514,97	460.391,84	390.881,45	72	41	25
AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (Gain)	2.982.724,19	2.274.519,25	232.439,25	5.947,72	834.687,50	8	3	28
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (Igaape)	923.918,63	787.755,70	30.747,38	25.347,25	61.122,77	3	82	7
INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (Inega)	225.000,00	135.110,95	135.110,95	91.428,02	0,00	60	68	0
TOTAL C. DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	5.695.168,63	4.452.682,72	1.522.812,55	583.114,83	1.286.691,72	27	38	23
TOTAL C. DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	2.307.777,37	1.087.496,24	801.338,99	429.194,84	657.680,25	35	54	28
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (Sergas)	1.000.000,00	1.000.000,00	1.000.000,00	1.000.000,00	946.482,66	100	100	95
TOTAL C. DE SANIDADE	1.000.000,00	1.000.000,00	1.000.000,00	1.000.000,00	946.482,66	100	100	95
TOTAL C. DE TRABALLO E BENESTAR	750.000,00	176.184,61	146.457,54	85.688,92	125.000,00	20	59	17
C. DO MEDIO RURAL E DO MAR	2.249.715,00	491.491,34	432.541,51	163.489,61	257.414,75	19	38	11
PORTOS DE GALICIA	2.350.996,00	1.875.996,00	1.875.996,00	999.909,43	1.406.997,00	80	53	60
TOTAL C. DO MEDIO RURAL E DO MAR	4.600.711,00	2.367.487,34	2.308.537,51	1.163.399,04	1.664.411,75	50	50	36
TOTAL FONDO DE COMPENSACIÓN 2014	33.413.290,00	19.568.232,30	14.510.493,94	10.842.442,54	12.863.003,38	43	75	38
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AGI)	11.136.650,00	9.171.746,00	9.171.746,00	9.171.746,00	9.171.746,00	82	100	82
TOTAL C. DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	11.136.650,00	9.171.746,00	9.171.746,00	9.171.746,00	9.171.746,00	82	100	82
TOTAL FONDO COMPLEMENTARIO 2014	11.136.650,00	9.171.746,00	9.171.746,00	9.171.746,00	9.171.746,00	82	100	82
TOTAL FONDOS DE COMPENSACIÓN INTER TERRITORIAL 2014	44.549.940,00	28.739.978,30	23.682.239,94	20.014.188,54	22.034.749,38	53	85	49

O índice de execución dos proxectos financiados cos Fondos de Compensación dotados en 2014 representa o 53% da súa dotación, o índice de pagamentos acada o 85% das obrigas recoñecidas, e as peticións de fondos efectuadas ao longo do exercicio representan o 49% da dotación.

Por tipo de Fondo, a execución dos proxectos financiados co Fondo de Compensación representa o 43% da súa dotación, os pagamentos realizados supoñen o 75% das obrigas recoñecidas e as peticións de fondos representan o 38% da dotación. Nos proxectos financiados co Fondo Complementario a execución representa o 82% da dotación, os pagamentos realizados acadan o 100% das obrigas recoñecidas e as peticións de fondos representan o 82% da dotación do Fondo.

Debemos aclarar que as peticións de fondos que figuran neste cadro son as efectuadas pola Comunidade Autónoma e difiren das tramitadas polo Ministerio no importe de 505.722,23 euros, tal como se expón no apartado IV.1. Certificacións de gastos.

Resulta significativo o índice de petición dos Fondos de Compensación no que Galicia, considerando as peticións de fondos tramitadas polo Ministerio, só acada o 48,33%, cando a media foi do 89,27% e 6 das 10 Comunidades Autónomas que reciben estes fondos acadan o 100% de execución (Andalucía, Asturias, Cantabria, Comunidade Valenciana, Castela-A Mancha e Castela e León) e as Comunidades Autónomas de Murcia e Canarias superan o 80%.

Resumo xeral da execución dos Fondos de Compensación no exercicio 2014

A dotación dos Fondos de Compensación Interterritorial xestionados pola Comunidade Autónoma Galega no exercicio 2014 ascende a 157.085.402,49 euros, con cargo á mesma recoñécense obrigas por importe de 57.887.508,27 euros e realizáronse pagamentos por importe de 49.410.182,15 euros, en consecuencia, as obrigas representan o 37% da dotación e os pagamentos o 85% das obrigas.

A execución orzamentaria dos Fondos de Compensación Interterritorial por proxectos, materias e órganos xestores figura nos Anexos 3 e 4, segundo se trate dos Fondos dotados no 2014 ou dos Fondos dotados en exercicios anteriores.

No seguinte cadro figura a execución orzamentaria dos Fondos de Compensación Interterritorial no exercicio 2014, atendendo ao ano de orixe dos Fondos e ao tipo de Fondo.

FONDO	Euros					
	[1] CRÉDITO DEFINITIVO	DISPOSICIÓN CRÉDITO	[2] OBRIGAS RECOÑECIDAS	[3] PAGAMENTOS REALIZADOS	[2]/[1] % ÍND EXEC.	[3]/[2] % ÍND PAG.
FONDO DE COMPENSACIÓN 2014	33.413.290,00	19.568.232,30	14.510.493,94	10.842.442,54	43	75
FONDO COMPLEMENTARIO 2014	11.136.650,00	9.171.746,00	9.171.746,00	9.171.746,00	82	100
TOTAL FONDOS DE COMPENSACIÓN 2014	44.549.940,00	28.739.978,30	23.682.239,94	20.014.188,54	53	85
FONDO DE COMPENSACIÓN 2013	32.222.735,07	10.634.147,35	6.951.193,80	5.204.528,90	22	75
FONDO COMPLEMENTARIO 2013	2.461.879,75	2.161.122,48	2.161.122,47	2.142.913,30	88	99
TOTAL FONDOS DE COMPENSACIÓN 2013	34.684.614,82	12.795.269,83	9.112.316,27	7.347.442,20	26	81
TOTAL FONDO DE COMPENSACIÓN 2012	27.487.938,03	13.718.258,01	10.068.559,82	8.437.274,95	37	84
FONDO DE COMPENSACIÓN 2011	23.869.290,08	8.668.127,94	3.620.319,49	3.287.090,06	15	91
FONDO COMPLEMENTARIO 2011	983.683,43	913.647,64	885.978,67	885.978,67	90	100
TOTAL FONDOS DE COMPENSACIÓN 2011	24.852.973,51	9.581.775,58	4.506.298,16	4.173.068,73	18	93
FONDO DE COMPENSACIÓN 2010	14.586.774,44	11.806.088,34	5.136.802,08	4.819.120,14	35	94
FONDO COMPLEMENTARIO 2010	673,09	86,06	0,00	0,00	0	---
TOTAL FONDOS DE COMPENSACIÓN 2010	14.587.447,53	11.806.174,40	5.136.802,08	4.819.120,14	35	94
FONDO DE COMPENSACIÓN 2009	4.849.699,12	4.582.744,21	1.667.348,95	1.598.359,45	34	96
FONDO DE COMPENSACIÓN 2008	4.611.786,99	3.047.218,74	2.295.334,34	1.602.119,43	50	70
FONDO DE COMPENSACIÓN 2007	1.258.564,09	1.258.564,08	1.219.699,26	1.219.699,26	97	100
FONDO DECOMPENSACIÓN 2006	199.289,22	197.652,73	195.773,98	195.773,98	98	100
FONDO DE COMPENSACIÓN 2005	1,51	0,00	0,00	0,00	0	---
FONDO DE COMPENSACIÓN 2003	0,76	0,00	0,00	0,00	0	---
FONDO DE COMPENSACIÓN SEN DETERMINAR O ANO DE PROCEDENCIA	3.146,91	3.146,91	3.135,47	3.135,47	100	100
TOTAL INCORPORACIÓN EXERCICIO 2014	112.535.462,49	56.990.804,49	34.205.268,33	29.395.993,61	30	86
TOTAL FONDOS DE COMPENSACIÓN NO EXERCICIO 2014	157.085.402,49	85.730.782,79	57.887.508,27	49.410.182,15	37	85
TOTAL FONDOS DE COMPENSACIÓN NO EXERCICIO 2014	142.502.516,22	73.484.180,61	45.668.661,13	37.209.544,18	32	81
TOTAL FONDO COMPLEMENTARIO NO EXERCICIO 2014	14.582.886,27	12.246.602,18	12.218.847,14	12.200.637,97	84	100
TOTAL FONDOS DE COMPENSACIÓN NO EXERCICIO 2014	157.085.402,49	85.730.782,79	57.887.508,27	49.410.182,15	37	85
TOTAL FONDO DE COMPENSACIÓN INCORPORADO	109.089.226,22	53.915.948,31	31.158.167,19	26.367.101,64	29	85
TOTAL FONDO COMPLEMENTARIO INCORPORADO	3.446.236,27	3.074.856,18	3.047.101,14	3.028.891,97	88	99
TOTAL FONDOS DE COMPENSACIÓN INCORPORADOS	112.535.462,49	56.990.804,49	34.205.268,33	29.395.993,61	30	86

Estes datos implican que, para o exercicio 2015, son incorporables remanentes de crédito, con orixe no exercicio 2014, por importe de 99.197.894,22 euros o que representa o 63% da dotación, e están pendentes de pagamento, a 31 de decembro de 2014 obrigas recoñecidas por importe de 8.477.326,12 euros, o que supón o 15% das obrigas recoñecidas no exercicio.

A análise por xestores e por materias recóllese no apartado V.2 onde se representan os índices de execución de gastos e pagamentos.

III.2.3. LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA DE EJERCICIOS PECHADOS.

Tendo en conta tódolos xestores de créditos financiados con Fondos de Compensación Interterritorial, a 31 de decembro de 2013 as obrigas pendentes de propoñer o pagamento ascendían a 376.746,24 euros, e as propostas de pagamento pendentes de ordenar a

14.165.093,36 euros, o que supón un total pendente de pagamento de 14.541.839,60 euros. Durante o exercicio 2014 anuláronse obrigas por importe de 188.599,70 euros e realizáronse pagamentos por importe de 13.991.663,37 euros, polo que o importe pendente de pagamento a 31 de decembro de 2014 ascende a 361.576,53 euros.

O descrito móstrase, de xeito resumido, nos seguintes cadros e no Anexo 5 figura detallado por órganos xestores e proxecto de gasto, con indicación do ano de orixe dos Fondos e o tipo de Fondo.

Atendendo aos órganos xestores, a evolución das obrigas pendentes de pagamento e as propostas de pagamento pendentes de ordenar foi a seguinte:

Xestor	Euros					
	Obrigas pendentes de pagamento 31.12.13	Propostas e ordes de pagamento pendentes a 31.12.13	Total pendente de pagamento 31.12.13	Anulacións 2014	Pagamentos realizados en 2014	Pendente de pagamento a 31.12.14
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)	0,00	3.118.294,43	3.118.294,43	0,00	3.118.294,43	0,00
Axencia de Turismo de Galicia (Aturga)	0,00	178.096,52	178.096,52	0,00	178.096,52	0,00
Vicepresidencia e C. de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	0,11	0,00	0,11	0,00	0,00	0,11
C. de Facenda	0,00	54.583,58	54.583,58	0,00	54.583,58	0,00
Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC)	0,00	51.993,93	51.993,93	0,00	51.993,93	0,00
C. de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	29.577,48	2.187.179,26	2.216.756,74	0,00	2.177.856,79	38.899,95
Axencia Galega de Infraestruturas (AGI)	0,00	1.212.870,37	1.212.870,37	0,00	1.212.870,37	0,00
Augas de Galicia/EPOSH	7.941,81	3.249.812,15	3.257.753,96	0,00	3.249.769,80	7.984,16
C. de Economía e Industria	129.086,96	1.979.719,80	2.108.806,76	10.394,69	1.993.859,70	104.552,37
Axencia Galega de Innovación (Gain)	0,00	682.797,25	682.797,25	0,00	682.797,25	0,00
Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)	0,00	386.447,09	386.447,09	178.205,01	208.242,02	0,06
C. de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	9.321,52	544.929,02	554.250,54	0,00	544.929,02	9.321,52
Servizo Galego de Saúde (Sergas)	0,00	54.072,99	54.072,99	0,00	54.072,99	0,00
C. de Traballo e Benestar	0,00	45.523,28	45.523,28	0,00	45.523,28	0,00
C. DO MEDIO RURAL E DO MAR	200.818,36	418.773,69	619.592,05	0,00	418.773,69	200.818,36
TOTAL	376.746,24	14.165.093,36	14.541.839,60	188.599,70	13.991.663,37	361.576,53

A continuación figuran clasificadas as obrigas e propostas de pagamento atendendo ao exercicio orzamentario no que foron contabilizadas:



Euros

Exercicio no que se contabilizan as obrigas e propostas de pagamento	Obrigas pendentes de pagamento a 31.12.13	Propostas e ordes de pagamento pendentes a 31.12.13	Total pendente de pagamento a 31.12.13	Anulaci3ns 2014	Pagos realizados en 2014	Pendente de pagamento a 31.12.14
1995	0,00	9.322,45	9.322,45	0,00	0,00	9.322,45
2002	21.753,13	0,00	21.753,13	0,00	0,00	21.753,13
2003	14.637,67	0,00	14.637,67	0,00	0,00	14.637,67
2004	190.484,03	42,27	190.526,30	0,00	0,00	190.526,30
2005	1.554,64	0,00	1.554,64	0,00	0,00	1.554,64
2006	85.315,27	0,00	85.315,27	0,00	0,00	85.315,27
2007	25.958,38	0,00	25.958,38	4.320,37	6.279,63	15.358,38
2008	37.043,12	0,00	37.043,12	6.074,32	7.860,28	23.108,52
2011	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
2012	0,00	322.791,32	322.791,32	0,00	322.791,32	0,00
2013	0,00	13.832.937,32	13.832.937,32	178.205,01	13.654.732,14	0,17
TOTAL	376.746,24	14.165.093,36	14.541.839,60	188.599,70	13.991.663,37	361.576,53

Atendendo ao ano de orixe dos Fondos e tipo de Fondo, as obrigas e propostas de pagamento pendentes de pagamento a 31 de decembro de 2013 tiveron a seguinte evoluci3n ao longo do exercicio 2014.

Euros

FFCI	Obrigas pendentes de pagamento a 31.12.13	Propostas e ordes de pagamento pendentes a 31.12.13	Total pendente de pagamento a 31.12.13	Anulaci3ns 2014	Pagos realizados en 2014	Pendente de pagamento a 31.12.14
FCI 1995	0,00	9.322,45	9.322,45	0,00	0,00	9.322,45
Fondo de Compensaci3n 2002	21.753,13	0,00	21.753,13	0,00	0,00	21.753,13
Fondo de Compensaci3n 2003	14.637,67	0,00	14.637,67	0,00	0,00	14.637,67
Fondo de Compensaci3n 2004	190.484,03	42,27	190.526,30	0,00	0,00	190.526,30
Fondo de Compensaci3n 2005	1.554,67	0,00	1.554,67	0,00	0,00	1.554,67
Fondo de Compensaci3n 2006	88.357,13	29.656,54	118.013,67	0,00	29.656,54	88.357,13
Fondo de Compensaci3n 2007	30.740,84	90.621,56	121.362,40	4.320,37	96.901,19	20.140,84
Fondo de Compensaci3n 2008	29.218,77	62.293,43	91.512,20	6.074,32	70.153,71	15.284,17
Fondo de Compensaci3n 2009	0,00	871.075,15	871.075,15	171.091,56	699.983,59	0,00
Fondo de Compensaci3n 2010	0,00	979.973,40	979.973,40	0,00	979.973,33	0,07
Fondo de Compensaci3n 2011	0,00	1.055.776,18	1.055.776,18	7.113,45	1.048.662,71	0,02
Fondo Complementario 2011	0,00	195.041,28	195.041,28	0,00	195.041,28	0,00
Fondo de Compensaci3n 2012	0,00	4.089.694,44	4.089.694,44	0,00	4.089.694,39	0,05
Fondo Complementario 2012	0,00	20.531,53	20.531,53	0,00	20.531,53	0,00
Fondo de Compensaci3n 2013	0,00	5.985.715,74	5.985.715,74	0,00	5.985.715,71	0,03
Fondo Complementario 2013	0,00	775.349,39	775.349,39	0,00	775.349,39	0,00
TOTAL	376.746,24	14.165.093,36	14.541.839,60	188.599,70	13.991.663,37	361.576,53

Os saldos correspondentes 3s obrigas pendentes de pagamento nun exercicio que son anuladas nos seguintes non reverten ao orzamento de gastos, polo menos non coa fonte de financiamento dos FFCI.

Ata o 31 de decembro de 2014 as obrigas recoñecidas financiadas con Fondos de Compensación Interterritorial que pasaron a exercicios pechados e, posteriormente, foron anuladas nos exercicios seguintes ascenden a 3.007.451,42 euros, de acordo co seguinte detalle:

FFCI	Obrigas anuladas no exercicio									Euros
	Anterior 2007	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	Total anulado
FCI	4.004,47	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	4.004,47
FCI 1985	1.047,76	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.047,76
FCI 1986	6.474,14	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	6.474,14
FCI 1987	40.798,16	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	40.798,16
FCI 1989	9.351,72	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	9.351,72
FCI 1990	1.190,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.190,00
FCI 1997	12.967,21	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	12.967,21
FCI 1998	94.901,84	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	94.901,84
FCI 1999	18.808,85	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	18.808,85
FCI 2000	35.795,77	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	35.795,77
FCI 2001	230.931,30	2.907,16	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	233.838,46
F. Compensación 2002	61.683,52	0,00	0,00	0,00	0,00	54.432,74	0,00	0,00	0,00	116.116,26
F. Complementario 2002	131.900,92	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	131.900,92
F. Compensación 2003	365.013,83	0,00	3.140,84	0,00	0,00	64.308,63	0,00	0,00	0,00	432.463,30
F. Compensación 2004	71.404,26	0,00	0,00	0,00	0,00	14.999,99	0,00	0,00	0,00	86.404,25
F. Compensación 2005	19.909,18	24.996,19	3.287,26	4.058,75	0,00	0,00	11.966,20	0,00	0,00	64.217,58
F. Compensación 2006	0,00	135.148,00	94.355,20	19.349,01	0,00	44.907,89	25.264,82	0,00	0,00	319.024,92
F. Compensación 2007	0,00	0,00	140.454,88	195.518,64	108.692,16	22.234,49	12.000,00	13.666,00	4.320,37	496.886,54
F. Compensación 2008	0,00	0,00	0,00	497.203,27	133.728,42	60.093,84	21.324,33	0,00	6.074,32	718.424,18
F. Compensación 2009	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	171.091,56	171.091,56
F. Compensación 2011	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	4.630,08	7.113,45	11.743,53
Total	1.106.182,93	163.051,35	241.238,18	716.129,67	242.420,58	260.977,58	70.555,35	18.296,08	188.599,70	3.007.451,42

Non consta que os xestores dos Fondos de Compensación Interterritorial comunicaran as anulacións de obrigas á Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos, para que esta modificara, se fose o caso, as peticións de fondos ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas. Tampouco consta que os xestores dos Fondos incorporaran ao orzamento de gastos as obrigas anuladas en exercicios pechados. En anteriores fiscalizacións verificouse que só o Instituto Galego de Promoción Económica incorporaba ao orzamento as obrigas anuladas en exercicios pechados, coa excepción dos exercicios 2012 e 2014.

Os xestores dos Fondos deben certificar, á Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos, as obrigas anuladas na liquidación orzamentaria de exercicios pechados, coa finalidade de que a citada Dirección Xeral modifique, se corresponde, as peticións de fondos tramitadas ante o Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas. Así mesmo, deben proceder a incorporar ao orzamento de gastos o importe das obrigas anuladas.

III.3. RESULTADO ORZAMENTARIO.

O resultado orzamentario do exercicio, diferenza entre os dereitos recoñecidos netos menos obrigas recoñecidas netas das operacións relativas aos Fondos dotados no 2014, así como aquelas que afectan a FFCI de exercicios anteriores, ascende a -14.643.004,27 euros de acordo co seguinte detalle:

Euros			
Concepto	FFCI 2014	FFCI anteriores	Total
Dereitos recoñecidos	21.529.027,15	21.715.476,85	43.244.504,00
Obrigas recoñecidas	23.682.239,94	34.205.268,33	57.887.508,27
Resultado orzamentario do exercicio	-2.153.212,79	-12.489.791,48	-14.643.004,27

IV. AUDITORÍA FINANCEIRA.

Da base de datos xeral facilitada pola Consellería de Facenda derivase, a partir dos créditos definitivos contidos nela, que os proxectos financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial dotados no exercicio 2014 atópanse cofinanciados coas seguintes fontes de financiamento:

Euros						
Xestor	[1] Fondos de Compensación 2014	Fondos propios Comunidade Autónoma (FCA)	Fondos Europeos	Transferencias Finalistas do Estado	[2] Total	[1]/[2]
04 PRESIDENCIA DA XUNTA	300.000,00	0,00	0,00	0,00	300.000,00	100,00
04 AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (Amtega)	4.533.104,75	0,00	16.157.696,72	0,00	20.690.801,47	21,91
04 AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA (Aturga)	539.277,13	0,00	2.279.011,07	0,00	2.818.288,20	19,13
05 VICEPRESIDENCIA E C. DA PRESIDENCIA, AA.PP. E XUSTIZA	500.000,00	0,00	2.000.000,00	0,00	2.500.000,00	20,00
06 C. DE FACENDA	91.734,76	88.620,38	453.914,48	0,00	634.269,62	14,46
07 C. DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	2.279.699,38	2.741.770,82	7.773.338,99	0,00	12.794.809,19	17,82
07 AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AGI)	14.849.543,13	0,00	0,00	0,00	14.849.543,13	100,00
07 AUGAS DE GALICIA	4.455.538,06	0,00	5.446.597,66	0,00	9.902.135,72	45,00
08 C. DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	1.563.525,81	500.000,00	6.254.103,23	0,00	8.317.629,04	18,80
08 AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (Gain)	2.982.724,19	0,00	11.909.116,77	0,00	14.891.840,96	20,03
08 INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (lgape)	923.918,63	0,00	3.695.673,63	0,00	4.619.592,26	20,00
08 INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (Inega)	225.000,00	2.980.690,11	900.000,00	0,00	4.105.690,11	5,48
09 C. DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	1.390.956,14	1.280.681,58	5.449.265,37	0,00	8.120.903,09	17,13
10 SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (Sergas)	1.000.000,00	55.997.091,00	2.000.000,00	0,00	58.997.091,00	1,69
11 C. DE TRABALLO E BENESTAR	412.577,99	38.132,81	1.650.311,97	0,00	2.101.022,77	19,64
12 C. DO MEDIO RURAL E DO MAR	2.187.215,00	381.643,47	14.967.794,00	1.705.842,00	19.242.494,47	11,37
12 PORTOS DE GALICIA	2.350.996,00	0,00	7.527.986,00	0,00	9.878.982,00	23,80
TOTAL	40.585.810,97	64.008.630,17	88.464.809,89	1.705.842,00	194.765.093,03	20,84
% 2014	20,84	32,86	45,42	0,88	100	
% 2013	18,10	25,54	55,28	1,08	100	
% 2012	23,35	21,48	54,10	1,07	100	
% 2011	20,96	30,85	46,17	2,03	100	
% 2010	26,69	42,73	28,73	1,85	100	

No exercicio 2014 o cofinanciamento dos Fondos de Compensación representa o 20,84%, rompendo así a tendencia decrecente que se observa desde o exercicio 2010. Se comparamos o cofinanciamento dos Fondos de Compensación dotados no 2014 co que se materializou no exercicio 2013, obsérvase un aumento da participación das fontes de financiamento FFCI e Fondos propios da Comunidade Autónoma e unha minoración dos Fondos Europeos e, en menor medida, das transferencias finalistas do Estado.

Debemos recordar que os créditos definitivos da base de datos facilitada pola Consellería de Facenda inclúen as baixas de crédito que a Comunidade Autónoma contabiliza a finais de exercicio, por iso a dotación dos FFCI-2014 que figuran no cadro anterior ascenden a 40.585.810,97 euros, importe inferior en 3.964.129,03 euros (baixas de crédito contabilizadas a finais de exercicio, segundo a citada base de datos, con cargo aos FFCI-2014) á dotación dos FFCI dotados no exercicio 2014 que ascenden a 44.549.940 euros. Descoñecemos o importe das baixas contabilizadas a finais de exercicio con cargo aos restantes fondos que cofinancian cos Fondos de Compensación dotados no exercicio 2014.

IV.1. CERTIFICACIÓN DE GASTOS.

Analizáronse as peticións de fondos realizadas no exercicio 2014, das que se deduce que a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos, dependente da Consellería de Facenda, tramitou 189 peticións de fondos ante o xestor dos créditos no Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, por importe total de 45.380.816,84 euros.

As peticións de fondos rexistradas polo citado Ministerio como obrigas recoñecidas a favor da Comunidade Autónoma de Galicia ascenden a 43.244.504 euros, polo que existe unha diferenza de 2.136.312,84 euros, importe que se corresponde coas peticións de fondos de data 4 de decembro de 2014, con rexistro de saída de data 5 de decembro de 2014, e que tiveron entrada no Ministerio, segundo consta na documentación que acompaña ás ordes de pagamento do Ministerio, o 2 de xaneiro de 2015. As peticións de fondos de data 15 de decembro de 2014, por importe de 1.097.882,92 euros, foron atendidas polo Ministerio no exercicio 2014 ao ser adiantadas por medios electrónicos, segundo explicación dos xestores.

O descrito móstrase no seguinte cadro que resume, por tipo de Fondo e ano de orixe do mesmo, as peticións de fondos, as obrigas recoñecidas polo Ministerio e as diferenzas que se producen.

Euros

Fondo	Nº de peticions ejercicio 2014	Peticions de fondos 2014	Obrigas Recoñecidas Ministerio	Diferenza = Peticions de data 4.12.14
Fondo Compensación - 2014	25	12.863.003,38	12.462.703,38	400.300,00
Fondo Complementario - 2014	5	9.171.746,00	9.066.323,77	105.422,23
Fondo Compensación - 2013	20	2.704.484,48	2.704.432,93	51,55
Fondo Complementario - 2013	3	2.142.101,20	2.142.101,20	0,00
Fondo Compensación - 2012	24	7.218.290,38	6.470.004,44	748.285,94
Fondo Complementario - 2012	1	20.531,53	20.531,53	0,00
Fondo Compensación - 2011	29	4.097.499,08	3.953.796,30	143.702,78
Fondo Complementario - 2011	7	1.116.207,90	1.116.207,90	0,00
Fondo Compensación - 2010	23	2.281.038,55	2.233.036,58	48.001,97
Fondo Compensación - 2009	18	1.629.084,47	1.617.523,84	11.560,63
Fondo Compensación - 2008	9	1.110.186,24	510.122,49	600.063,75
Fondo Compensación - 2007	18	811.599,60	732.675,61	78.923,99
Fondo Compensación - 2006	7	215.044,03	215.044,03	0,00
Total	189	45.380.816,84	43.244.504,00	2.136.312,84

IV.2. INGRESOS RECIBIDOS.

De conformidade cos datos da Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, durante o exercicio 2014 as obrigas recoñecidas e os pagamentos realizados polo Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en concepto FFCI e correspondentes ao exercicio corrente, acadaron o importe de 43.244.504,00 euros, de acordo coa seguinte distribución atendendo ao tipo de Fondo e ano de orixe do mesmo:

Euros

Fondo e ano orixe	Crédito definitivo	Obrigas recoñecidas	Pagamentos realizados	Obrigas pendentes de pagamento	Remanente de crédito
Compensación 2014	33.413.290,00	12.462.703,38	12.462.703,38	0,00	20.950.586,62
Complementario 2014	11.136.650,00	9.066.323,77	9.066.323,77	0,00	2.070.326,23
Compensación 2013	27.834.535,64	2.704.432,93	2.704.432,93	0,00	25.130.102,71
Complementario 2013	2.421.516,01	2.142.101,20	2.142.101,20	0,00	279.414,81
Compensación 2012	23.803.825,11	6.470.004,44	6.470.004,44	0,00	17.333.820,67
Complementario 2012	20.531,53	20.531,53	20.531,53	0,00	0,00
Compensación 2011	19.952.001,66	3.953.796,30	3.953.796,30	0,00	15.998.205,36
Complementario 2011	1.205.698,39	1.116.207,90	1.116.207,90	0,00	89.490,49
Compensación 2010	7.956.498,81	2.233.036,58	2.233.036,58	0,00	5.723.462,23
Complementario 2010	673,09	0,00	0,00	0,00	673,09
Compensación 2009	4.149.153,49	1.617.523,84	1.617.523,84	0,00	2.531.629,65
Compensación 2008	2.910.377,53	510.122,49	510.122,49	0,00	2.400.255,04
Compensación 2007	1.303.588,87	732.675,61	732.675,61	0,00	570.913,26
Compensación 2006	236.324,85	215.044,03	215.044,03	0,00	21.280,82
Total	136.344.664,98	43.244.504,00	43.244.504,00	0,00	93.100.160,98
Total Fondo Compensación	121.559.595,96	30.899.339,60	30.899.339,60	0,00	90.660.256,36
Total Fondo Complementario	14.785.069,02	12.345.164,40	12.345.164,40	0,00	2.439.904,62

A execución orzamentaria dos Fondos de Compensación no Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas deu lugar, na contabilidade da Comunidade Autónoma, ás seguintes anotacións:

a) De acordo coa liquidación do estado de ingresos de exercicio corrente, os dereitos recoñecidos netos por importe de 43.244.504,00 euros coinciden coas obrigas recoñecidas polo Ministerio e a recadación neta, que ascende á mesma cantidade, tamén se corresponde cos pagamentos realizados polo Ministerio á Comunidade Autónoma de Galicia. Polo tanto non existen dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2014, o cal coincide co saldo de obrigas recoñecidas polo Ministerio e pendentes de pagamento no mesmo período.

b) Na tesourería da Comunidade Autónoma non existían dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2013 de acordo coa liquidación do estado de ingresos de exercicios pechados, nin obrigas pendentes de pagamento segundo a liquidación do estado de gastos de exercicios pechados do Ministerio.

IV.3. DESVIACIÓNS DE GASTOS CON FINANCIAMENTO AFECTADO.

Os gastos con financiamento afectado deben ser obxecto dun seguimento complementario do orzamentario, cunha dobre finalidade, garantir, por un lado, que os recursos afectados se utilizan para a realización dos gastos previstos, e por outro lado, analizar os efectos distorsionantes que a súa execución pode ter sobre certas magnitudes representativas da actividade orzamentaria, concretamente sobre o resultado orzamentario e o remanente de tesourería.

Estes efectos distorsionantes só poden producirse se a duración destes gastos afectan a máis dun exercicio orzamentario, e só cando, neste caso, o financiamento que se recibe non se obtén de forma sincrónica co gasto realizado.

Na xestión dos gastos con financiamento afectado poden rexistrarse desviacións positivas ou negativas de financiamento. Serán positivas cando os dereitos recoñecidos de recursos afectados superen as obrigas recoñecidas financiadas con ditos recursos. Serán negativas en caso contrario.

As desviacións de financiamento que se producen no exercicio 2014, por Fondo e ano de orixe, son as seguintes:

Euros

Fondo	Ejercicio 2014		Desviacións financiamento [1] - [2]	Desviacións positivas	Desviacións negativas
	Dereitos recoñecidos netos C.A. [1]	Obrigas recoñecidas netas C A [2]			
FONDO COMPENSACIÓN 2014	12.462.703,38	14.510.493,94	-2.047.790,56	1.724.494,46	-3.772.285,02
FONDO COMPLEMENTARIO 2014	9.066.323,77	9.171.746,00	-105.422,23	0,00	-105.422,23
FONDO DE COMPENSACIÓN 2013	2.704.432,93	6.951.193,80	-4.246.760,87	740.869,78	-4.987.630,65
FONDO COMPLEMENTARIO 2013	2.142.101,20	2.161.122,47	-19.021,27	33.907,52	-52.928,79
FONDO COMPENSACIÓN 2012	6.470.004,44	10.068.559,82	-3.598.555,38	2.347.630,70	-5.946.186,08
FONDO COMPLEMENTARIO 2012	20.531,53	0,00	20.531,53	20.531,53	0,00
FONDO COMPENSACIÓN 2011	3.953.796,30	3.620.319,49	333.476,81	1.389.525,25	-1.056.048,44
FONDO COMPLEMENTARIO 2011	1.116.207,90	885.978,67	230.229,23	272.977,65	-42.748,42
FONDO COMPENSACIÓN 2010	2.233.036,58	5.136.802,08	-2.903.765,50	792.497,00	-3.696.262,50
FONDO COMPLEMENTARIO 2010	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
FONDO COMPENSACIÓN 2009	1.617.523,84	1.667.348,95	-49.825,11	378.424,89	-428.250,00
FONDO COMPENSACIÓN 2008	510.122,49	2.295.334,34	-1.785.211,85	15.866,65	-1.801.078,50
FONDO COMPENSACIÓN 2007	732.675,61	1.219.699,26	-487.023,65	31.936,53	-518.960,18
FONDO COMPENSACIÓN 2006	215.044,03	195.773,98	19.270,05	20.257,54	-987,49
FONDO COMPENSACIÓN SEN DETERMINAR ANO	0,00	3.135,47	-3.135,47	0,00	-3.135,47
TOTAL	43.244.504,00	57.887.508,27	-14.643.004,27	7.768.919,50	-22.411.923,77

Tal como se expuxo no apartado I.5 Limitacións ao alcance, a Consellería de Facenda non facilitou os datos necesarios para o cálculo das desviacións de financiamento acumuladas, a 31 de decembro de 2014, de cada un dos proxectos financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial.

O Consello de Contas calculou unha aproximación ás desviacións de financiamento acumuladas a 31 de decembro de 2014 sen poder contrastar o seu resultado. Este cálculo inclúe os Fondos de Compensación Interterritorial dotados nos exercicios 2003 a 2014.

Procedeuse ao tratamento informático da documentación facilitada ao longo dos exercicios 2003 a 2014 coa finalidade de proporcionar uns estados acumulados para cada un dos proxectos financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial

En concreto, para cada proxecto, ano de orixe e tipo de Fondo calculáronse:

- Obrigas recoñecidas netas acumuladas a 31 de decembro de 2014.
- Dereitos recoñecidos netos acumulados á mesma data, dato que se equipara coas obrigas recoñecidas netas polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

A partir desta información calculáronse as desviacións de financiamento en concepto de Fondos de Compensación Interterritorial, de cada proxecto financiado cos citados Fondos, por diferenza entre

os importes acumulados, a 31 de decembro de 2014, dos dereitos recoñecidos netos e das obrigas recoñecidas netas. O resultado deste estudio figura resumido no seguinte cadro:

Euros

Fondo	Dotación	Dereitos recoñecidos netos acumulados C A a 31.12.14 [1]	Obrigas recoñecidas netas acumuladas C A a 31.12.14 [2]	Desviacións acumuladas [1] - [2]	Desviacións positivas	Desviacións negativas
FONDO DE COMPENSACIÓN	33.413.290,00	12.462.703,38	14.510.493,94	-2.047.790,56	1.724.494,46	-3.772.285,02
FONDO COMPLEMENTARIO	11.136.650,00	9.066.323,77	9.171.746,00	-105.422,23	0,00	-105.422,23
Total FFCI 2014	44.549.940,00	21.529.027,15	23.682.239,94	-2.153.212,79	1.724.494,46	-3.877.707,25
FONDO DE COMPENSACIÓN	45.870.480,00	20.740.377,29	20.598.942,15	141.435,14	2.911.646,17	-2.770.211,03
FONDO COMPLEMENTARIO	15.288.630,00	15.009.215,19	14.987.872,72	21.342,47	21.343,49	-1,02
Total FFCI 2013	61.159.110,00	35.749.592,48	35.586.814,87	162.777,61	2.932.989,66	-2.770.212,05
FONDO DE COMPENSACIÓN	57.745.730,00	40.411.909,33	40.155.456,42	256.452,91	3.544.922,32	-3.288.469,41
FONDO COMPLEMENTARIO	19.246.650,00	19.246.650,00	19.246.650,00	0,00	0,00	0,00
Total FFCI 2012	76.992.380,00	59.658.559,33	59.402.106,42	256.452,91	3.544.922,32	-3.288.469,41
FONDO DE COMPENSACIÓN	74.675.690,00	58.677.484,64	54.414.975,77	4.262.508,87	4.966.662,96	-704.154,10
FONDO COMPLEMENTARIO	24.889.410,00	24.799.919,51	24.791.705,24	8.214,27	8.214,27	0,00
Total FFCI 2011	99.565.100,00	83.477.404,15	79.206.681,01	4.270.723,14	4.974.877,23	-704.154,10
FONDO DE COMPENSACIÓN	127.208.350,00	121.484.887,77	114.679.600,72	6.805.287,05	7.227.807,01	-422.519,96
FONDO COMPLEMENTARIO	42.398.540,00	42.397.866,91	42.397.866,91	0,00	0,00	0,00
Total FFCI 2010	169.606.890,00	163.882.754,68	157.077.467,63	6.805.287,05	7.227.807,01	-422.519,96
FONDO DE COMPENSACIÓN	147.919.410,00	145.387.780,35	142.615.967,76	2.771.812,59	2.919.358,28	-147.545,69
FONDO COMPLEMENTARIO	49.301.540,00	49.301.540,00	49.301.540,00	0,00	0,00	0,00
Total FFCI 2009	197.220.950,00	194.689.320,35	191.917.507,76	2.771.812,59	2.919.358,28	-147.545,69
FONDO DE COMPENSACIÓN	152.477.990,00	150.077.734,96	148.416.960,83	1.660.774,13	1.729.644,45	-68.870,32
FONDO COMPLEMENTARIO	50.820.910,00	50.820.910,00	50.820.910,00	0,00		
Total FFCI 2008	203.298.900,00	200.898.644,96	199.237.870,83	1.660.774,13	1.729.644,45	-68.870,32
FONDO DE COMPENSACIÓN	146.896.330,00	146.325.416,74	146.359.217,83	-33.801,09	518.722,72	-552.523,81
FONDO COMPLEMENTARIO	48.960.550,00	48.960.550,00	48.960.550,00	0,00	0,00	0,00
Total FFCI 2007	195.856.880,00	195.285.966,74	195.319.767,83	-33.801,09	518.722,72	-552.523,81
FONDO DE COMPENSACIÓN	137.655.530,00	137.634.249,18	137.332.989,98	301.259,20	319.025,31	-17.766,11
FONDO COMPLEMENTARIO	45.880.590,00	45.880.590,00	45.880.590,00	0,00	0,00	0,00
Total FFCI 2006	183.536.120,00	183.514.839,18	183.213.579,98	301.259,20	319.025,31	-17.766,11
FONDO DE COMPENSACIÓN	127.638.930,00	127.638.930,00	127.506.361,32	132.568,68	132.569,19	-0,51
FONDO COMPLEMENTARIO	42.542.060,00	42.542.060,00	42.542.060,00	0,00	0,00	0,00
Total FFCI 2005	170.180.990,00	170.180.990,00	170.048.421,32	132.568,68	132.569,19	-0,51
FONDO DE COMPENSACIÓN	122.959.450,00	122.959.450,00	122.873.045,04	86.404,96	86.404,97	-0,01
FONDO COMPLEMENTARIO	40.982.380,00	40.982.380,00	40.982.379,99	0,01	0,01	0,00
Total FFCI 2004	163.941.830,00	163.941.830,00	163.855.425,03	86.404,97	86.404,98	-0,01
FONDO DE COMPENSACIÓN	116.455.850,00	116.455.850,00	116.023.385,95	432.464,05	1.070.381,72	-637.917,67
FONDO COMPLEMENTARIO	38.818.610,00	38.818.610,00	38.818.610,00	0,00	0,00	0,00
Total FFCI 2003	155.274.460,00	155.274.460,00	154.841.995,95	432.464,05	1.070.381,72	-637.917,67
TOTAL	1.721.183.550,00	1.628.083.389,02	1.613.389.878,57	14.693.510,45	27.181.197,34	-12.487.686,89
Fondo Compensación sen determinar ano orixe			3.135,47			

IV.4. ESTADO DA TESOURERÍA.

Con relación ás operacións do exercicio corrente existe un fluxo neto negativo de 6.165.678,15 euros. Das operacións de exercicios pechados resulta tamén un fluxo neto negativo de 13.991.663,37 euros.

Por tanto, a tesourería derivada das operacións de cobros e pagamentos dos Fondos de Compensación deu lugar a un fluxo neto de tesourería negativo de 20.157.341,52 euros.

Euros			
Concepto	Exercicio corrente	Exercicios pechados	Total
Ingresos líquidos	43.244.504,00	0,00	43.244.504,00
Pagamentos realizados	49.410.182,15	13.991.663,37	63.401.845,52
Fluxo neto de tesourería	-6.165.678,15	-13.991.663,37	-20.157.341,52

V. ÍNDICES DE EXECUCIÓN.

Neste apartado determínanse os índices de execución do orzamento de ingresos e gastos, obtendo e analizando mediante indicadores as ratios de execución de ingresos, de realización de cobros, de execución de gastos e de realización de pagamentos, clasificándoos por órganos xestores e materias.

V.1. INGRESOS E COBROS.

A partir da liquidación dos orzamentos de ingresos corrente dos últimos cinco exercicios calculáronse os índices de execución do orzamento de ingresos e de realización de cobros. As previsións iniciais e definitivas do exercicio 2014 ascenden a 62.996.735,00 euros, importe que inclúe 18.446.795,00 euros que foron orzamentados como previsións iniciais e definitivas para compensar os créditos iniciais do orzamento de gastos no exercicio 2014 que proceden de baixas de créditos incorporables tramitadas a finais do exercicio 2013.

Os índices de execución e de realización de cobros do orzamento de ingresos, resultantes dos períodos 2010 a 2014 son os seguintes:

Euros					
Concepto	2010	2011	2012	2013	2014
Previsións definitivas de ingresos (I)	169.606.890,00	131.573.947,00	125.704.193,00	69.581.969,00	62.996.735,00
Dereitos recoñecidos netos (II)	175.445.474,12	158.512.620,21	90.217.752,67	73.360.419,38	43.244.504,00
Recadación do exercicio corrente (III)	137.739.361,17	158.512.620,21	89.495.118,45	73.360.419,38	43.244.504,00
Execución do orzamento de ingresos (% II/I)	103,44	120,47	71,77	105,43	68,65
Realización de cobros (% III/II)	78,51	100	99,2	100	100

Tendo en conta que as previsións iniciais e definitivas de ingresos se corresponden coa dotación dos Fondos en cada exercicio mais as baixas de crédito contabilizadas no mes de decembro do exercicio anterior (excepto o exercicio 2010 que figuran como previsións de ingresos a dotación dos FFCI nese exercicio), podemos calcular os citados índices só para os ingresos recibidos en concepto de Fondos de Compensación Interterritorial dotados en cada exercicio, sendo os seguintes:

Concepto	Euros				
	Só FFCI 2010	Só FFCI 2011	Só FFCI 2012	Só FFCI 2013	Só FFCI 2014
Previsións definitivas de ingresos (I)	169.606.890,00	99.565.100,00	99.565.100,00	61.159.110,00	44.549.940,00
Dereitos recoñecidos netos (II)	85.514.418,16	49.085.501,94	37.132.736,75	30.903.058,35	21.529.027,15
Recadación do exercicio corrente (III)	65.397.868,23	49.085.501,94	37.132.736,75	30.903.058,35	21.529.027,15
Execución do orzamento de ingresos (% II/I)	50,42	49,30	37,29	50,53	48,33
Realización de cobros (% III/II)	76,48	100	100	100	100,00

V.2. GASTOS E PAGAMENTOS.

Neste apartado analízase a execución, no exercicio fiscalizado, dos 21 xestores dos Fondos e das 17 materias obxecto de financiamento, tanto dos proxectos financiados cos Fondos dotados no 2014 como dos proxectos financiados cos Fondos dotados en exercicios anteriores.

A execución do gasto concrétase no índice de execución do orzamento de gastos, definido como a relación existente entre as obrigas recoñecidas netas e os créditos definitivos, mentres que o índice de realización de pagamentos cuantifica a relación entre os pagamentos realizados respecto das obrigas recoñecidas netas.

A execución dos Fondos de Compensación no exercicio 2014 foi a seguinte, distinguindo entre Fondos dotados no 2014 e Fondos dotados en exercicios anteriores, isto é incorporacións de crédito.

FONDO	Euros					
	[1] CRÉDITO DEFINITIVO	DISPOSICIÓN CRÉDITO	[2] OBRIGAS RECOÑECIDAS	[3] PAGAMENTOS REALIZADOS	[2]/[1] ÍNDICE EXEC.	[3]/[2] ÍNDICE PAG.
FONDOS DE COMPENSACIÓN 2014	44.549.940,00	28.739.978,30	23.682.239,94	20.014.188,54	53	85
INCORPORACIÓNS NO EXERCICIO 2014	112.535.462,49	56.990.804,50	34.205.268,33	29.395.993,61	30	86
TOTAL FONDOS DE COMPENSACIÓN NO 2014	157.085.402,49	85.730.782,80	57.887.508,27	49.410.182,15	37	85

Por órganos xestores e materias a execución dos Fondos no exercicio 2014 móstrase nos seguintes cadros, nos que figuran calculados os índices que posteriormente se analizan:

Euros

ÓRGANO XESTOR	[1] CRÉDITO DEFINITIVO	DISPOSICIÓN CRÉDITO	[2] OBRIGAS RECOÑECIDAS	[3] PAGAMENTOS REALIZADOS	[2]/[1] ÍNDICE EXEC.	[3]/[2] ÍNDICE PAG.
04 PRESIDENCIA DA XUNTA	481.290,17	175.863,13	175.863,13	118.930,16	37	68
04 AXENCIA PARA A MODERNIZ. TECNOLÓXICA DE GALICIA (Amtega)	9.179.787,29	5.248.768,59	4.128.517,85	3.492.651,83	45	85
04 AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA (Aturga)	2.467.665,83	1.917.862,79	1.805.826,85	1.151.572,06	73	64
05 VICEPRESIDENCIA E C. DE PRESIDENCIA, AA.PP. E XUSTIZA	2.562.606,41	2.245.454,27	1.709.181,87	1.709.181,87	67	100
06 C. DE FACENDA	325.280,22	105.059,71	105.059,71	84.455,25	32	80
06 CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANXEIRA E CONTABLE (CIXTEC)	628.625,30	454.412,55	435.691,74	407.458,72	69	94
07 C. DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	8.082.179,05	4.984.028,45	3.394.005,33	2.801.368,35	42	83
07 AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AGI)	18.796.344,68	15.596.710,59	15.568.955,55	15.550.746,38	83	100
07 AUGAS DE GALICIA	14.957.146,20	5.905.030,62	5.766.156,42	4.638.834,62	39	80
07 INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS)	0,76	0,00	0,00	0,00	0	0
08 C. DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	5.342.860,34	3.861.728,09	3.535.432,28	2.522.074,32	66	71
08 AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (Gain)	5.824.218,70	5.098.395,82	1.522.480,57	982.401,81	26	65
08 INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (Igappe)	22.837.167,98	19.257.258,40	3.803.513,46	3.114.695,37	17	82
08 INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (Inega)	1.155.238,06	820.235,77	820.235,77	776.552,84	71	95
09 C. DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	12.668.865,57	8.103.136,93	5.743.922,67	5.038.516,12	45	88
10 C. DE SANIDADE	199.113,81	90.159,01	90.159,01	90.159,01	45	100
10 SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (Sergas)	6.705.003,03	1.080.860,53	1.080.860,53	1.080.860,53	16	100
11 C. DE TRABALLO E BENESTAR	1.175.547,29	445.107,67	358.221,07	110.895,16	30	31
12 C. DO MEDIO RURAL E DO MAR	40.436.086,65	8.080.495,60	5.583.210,19	4.499.893,13	14	81
12 PORTOS DE GALICIA	2.941.298,87	2.260.214,27	2.260.214,27	1.238.934,62	77	55
23 GASTOS DIVERSAS CONSELLERÍAS	319.076,28	0,00	0,00	0,00	0	0
TOTAL FCCI NO EXERCICIO 2014	157.085.402,49	85.730.782,79	57.887.508,27	49.410.182,15	37	85

Euros

MATERIA	[1] CRÉDITO DEFINITIVO	DISPOSICIÓN CRÉDITO	[2] OBRIGAS RECOÑECIDAS	[3] PAGAMENTOS REALIZADOS	[2]/[1] ÍNDICE EXEC.	[3]/[2] ÍNDICE PAG.
01 - AUTOESTRADAS, AUTOVÍAS E ESTRADAS	18.796.344,68	15.596.710,59	15.568.955,55	15.550.746,38	83	100
03 - PORTOS	2.941.298,87	2.260.214,27	2.260.214,27	1.238.934,62	77	55
06 - OUTROS MEDIOS DE TRANSPORTE	2.124.364,05	427.813,99	137.325,84	132.849,45	6	97
07 - TELECOMUNICACIÓN	10.154.667,87	5.787.785,73	4.648.814,18	3.926.355,30	46	84
08 - AXUDAS ÁS EMPRESAS	23.344.473,19	19.517.165,71	4.063.420,77	3.374.602,68	17	83
09 - DESENVOLVEMENTO LOCAL	647.876,01	647.073,30	209.181,87	209.181,87	32	100
11 - AXUDAS AOS INVESTIMENTOS TURÍSTICOS	904.299,00	444.181,47	425.398,98	200.745,51	47	47
12 - VALORIZ. RECURSOS CULTURALS INTERESE TURÍSTICO	3.976.512,71	2.783.445,72	2.350.173,97	1.838.120,04	59	78
13 - AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA	39.876.342,77	7.543.232,92	5.101.482,58	4.021.190,52	13	79
14 - AUGA	5.092.409,30	2.563.626,11	2.563.626,11	2.138.132,81	50	83
15 - ENERXÍA	3.515.187,05	2.776.452,55	2.776.452,55	1.959.559,26	79	71
16 - PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE	16.625.954,60	8.408.141,34	6.914.197,10	5.647.923,32	42	82
17 - INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN	9.193.396,38	7.351.659,26	3.320.808,45	2.168.437,94	36	65
18 - EDUCACIÓN	9.472.399,16	6.292.588,63	4.402.032,42	4.151.222,63	46	94
19 - SANIDADE	6.904.116,84	1.171.019,54	1.171.019,54	1.171.019,54	17	100
20 - VIVENDA	49.618,23	26.740,31	26.740,31	0,00	54	0
21 - OUTRAS MATERIAS	3.466.141,78	2.132.931,35	1.947.663,78	1.681.160,28	56	86
TOTAL FCCI NO EXERCICIO 2014	157.085.402,49	85.730.782,79	57.887.508,27	49.410.182,15	37	85

a) Índice de ejecución do orzamento de gastos.


De acordo cos datos que se derivan da execución orzamentaria dos proxectos financiados cos Fondos dotados no exercicio 2014 por importe de 44.549.940 euros, as obrigas recoñecidas ascenderon a 23.682.239,94 euros, o que representa un índice de execución do 53%.

Pola súa banda, a execución no 2014 dos proxectos financiados cos Fondos dotados en exercicios anteriores, conforme coas modificacións orzamentarias autorizadas, por contía de 112.535.462,49 euros, acadou un recoñecemento de obrigas de 34.205.268,33 euros, polo que o índice de execución destes proxectos representa o 30% da dotación.

Como resumo xeral da execución dos Fondos de Compensación Interterritorial no exercicio 2014 cómpre sinalar que o orzamento definitivo ascendeu a 157.085.402,49 euros, téndose recoñecido obrigas por importe de 57.887.508,27 euros, resultando un índice de execución do 37%.

a.1) Índice de execución por xestores.

A representación gráfica dos índices de execución por xestores móstrase a continuación.



Do gráfico anterior dérivase que 12 xestores superan o índice de execución global (37%), mentres que os 9 restantes non superan a media e 6 deles non superan o índice de execución do 30%.


Os xestores cun maior índice de execución son: a Axencia Galega de Infraestruturas (AGI) cun 83%, Portos de Galicia cun 77%, a Axencia de Turismo de Galicia (Aturga) alcanza o 73% e o Instituto Enerxético de Galicia o 71%.

Pola contra o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e a Sección 23-Gastos diversas Consellerías, non rexistraron execución. O IGVS conta cun crédito definitivo residual e irrelevante (0,76 euros) e a Sección 23 ten un crédito definitivo de 319.076,28 euros.

Rexistraron baixas taxas de execución a Consellería do Medio Rural e do Mar, un 14%, o Sergas, un 16% e o Igape, un 17%.

a.2) Índice de execución por materias.

A representación dos índices de execución por materias móstrase no seguinte gráfico.



Con relación ao índice de execución no 2014, das dezasete materias existentes a finais do exercicio, 6 presentan índices inferiores á media do 37%, e os índices de execución máis

elevados rexistráronse nas seguintes materias: 01-Autoestradas, autovías e estradas (83%), 15-Energía (79%), 03-Portos (77%) e 12-Valorización de recursos culturais de interese turístico (59%).

b) Índice de realización de pagamentos


O índice de realización de pagamentos nos proxectos financiados cos Fondos de Compensación dotados no exercicio 2014 foi do 85%, mentres que os pagamentos correspondentes a proxectos financiados cos Fondos dotados en exercicios anteriores (incorporacións de crédito) acadaron, no 2014, o 86% das obrigas recoñecidas.

En conxunto, con cargo aos Fondos de Compensación Interterritorial con execución no exercicio 2014, o índice de realización de pagamentos foi do 85%.

Os gráficos que figuran a continuación analizan o índice de realización de pagamentos por xestores e materias para o conxunto dos proxectos financiados cos Fondos de Compensación.

b.1) Índice de realización de pagamentos por xestores.

O índice de realización de pagamentos por xestores dos FFCI no exercicio 2014 móstrase no gráfico seguinte.




Os mellores comportamentos da relación pagamentos realizados respecto ás obrigas recoñecidas, foron para a Vicepresidencia e C. de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia Galega de Infraestruturas (AGI), a C. de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde (Sergas), todos eles co 100% das obrigas recoñecidas pagadas. Ademais, outros 9 xestores superaron o 80%.

Pola contra, o peor índice corresponde á C. de Traballo e Benestar (31%) e a Portos de Galicia (55%), sen considerar ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e á Sección 23-Gastos diversas Consellerías que non fixeron pagamentos, ao non ter recoñecido obrigas con cargo aos seus respectivos créditos.

b.2) Índice de realización de pagamentos por materias.

A representación dos índices de realización de pagamentos por materias móstrase no seguinte gráfico.



De acordo co gráfico, as materias que lograron un maior índice de realización de pagamentos foron: 01-Autoestradas, autovías e estradas, 08-Axudas ás empresas e 19-Sanidade cun 100%, seguidas polas seguintes materias que presentan un índice de pagamentos superior ao 90%: 06-Outros medios de transporte e 18-Educación.

Pola contra, as que tiveron un peor índice de realización de pagamentos foron 11-Axudas aos investimentos turísticos e 03-Portos, sen considerar a materia 20-Vivenda que non efectuaron pagamentos, ao non ter recoñecido obrigas con cargo aos seus respectivos créditos.

V.3. FONDOS XUSTIFICADOS E PENDENTES DE XUSTIFICAR.

De acordo cos datos da Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, relativos á xestión dos FFCI en Galicia, a execución acumulada e o saldo pendente de execución a 31 de decembro de 2014, dos Fondos de Compensación Interterritorial dotados nos exercicios 2006 a 2014, móstrase no seguinte cadro:

FONDO	31.12.14 DOTACIÓN ACTUAL (1)	OBRIGAS RECOÑECIDAS			SALDO (5) = (1) - (4)	%EXEC. (4)/(1)
		EXERCICIOS ANTERIORES (2)	EXERCICIO ACTUAL (3)	TOTAL (4) = (2) + (3)		
FONDO COMPENSACIÓN	33.413.290,00	0,00	12.462.703,38	12.462.703,38	20.950.586,62	37,30
FONDO COMPLEMENTARIO	11.136.650,00	0,00	9.066.323,77	9.066.323,77	2.070.326,23	81,41
Total FFCI 2014	44.549.940,00	0,00	21.529.027,15	21.529.027,15	23.020.912,85	48,33
FONDO COMPENSACIÓN	45.870.480,00	18.035.944,36	2.704.432,93	20.740.377,29	25.130.102,71	45,22
FONDO COMPLEMENTARIO	15.288.630,00	12.867.113,99	2.142.101,20	15.009.215,19	279.414,81	98,17
Total FFCI 2013	61.159.110,00	30.903.058,35	4.846.534,13	35.749.592,48	25.409.517,52	58,45
FONDO COMPENSACIÓN	57.745.730,00	33.941.904,89	6.470.004,44	40.411.909,33	17.333.820,67	69,98
FONDO COMPLEMENTARIO	19.246.650,00	19.226.118,47	20.531,53	19.246.650,00	0,00	100,00
Total FFCI 2012	76.992.380,00	53.168.023,36	6.490.535,97	59.658.559,33	17.333.820,67	77,49
FONDO COMPENSACIÓN	74.675.690,00	54.723.688,34	3.953.796,30	58.677.484,64	15.998.205,36	78,58
FONDO COMPLEMENTARIO	24.889.410,00	23.683.711,61	1.116.207,90	24.799.919,51	89.490,49	99,64
Total FFCI 2011	99.565.100,00	78.407.399,95	5.070.004,20	83.477.404,15	16.087.695,85	83,84
FONDO COMPENSACIÓN	127.208.350,00	119.251.851,19	2.233.036,58	121.484.887,77	5.723.462,23	95,50
FONDO COMPLEMENTARIO	42.398.540,00	42.397.866,91	0,00	42.397.866,91	673,09	100,00
Total FFCI 2010	169.606.890,00	161.649.718,10	2.233.036,58	163.882.754,68	5.724.135,32	96,63
FONDO COMPENSACIÓN	147.919.410,00	143.770.256,51	1.617.523,84	145.387.780,35	2.531.629,65	98,29
FONDO COMPLEMENTARIO	49.301.540,00	49.301.540,00	0,00	49.301.540,00	0,00	100,00
Total FFCI 2009	197.220.950,00	193.071.796,51	1.617.523,84	194.689.320,35	2.531.629,65	98,72
FONDO COMPENSACIÓN	152.477.990,00	149.567.612,47	510.122,49	150.077.734,96	2.400.255,04	98,43
FONDO COMPLEMENTARIO	50.820.910,00	50.820.910,00	0,00	50.820.910,00	0,00	100,00
Total FFCI 2008	203.298.900,00	200.388.522,47	510.122,49	200.898.644,96	2.400.255,04	98,82
FONDO COMPENSACIÓN	146.896.330,00	145.592.741,13	732.675,61	146.325.416,74	570.913,26	99,61
FONDO COMPLEMENTARIO	48.960.550,00	48.960.550,00	0,00	48.960.550,00	0,00	100,00
Total FFCI 2007	195.856.880,00	194.553.291,13	732.675,61	195.285.966,74	570.913,26	99,71
FONDO COMPENSACIÓN	137.655.530,00	137.419.205,15	215.044,03	137.634.249,18	21.280,82	99,98
FONDO COMPLEMENTARIO	45.880.590,00	45.880.590,00	0,00	45.880.590,00	0,00	100,00
Total FFCI 2006	183.536.120,00	183.299.795,15	215.044,03	183.514.839,18	21.280,82	99,99
TOTAL GALICIA	1.231.786.270,00	1.095.441.605,02	43.244.504,00	1.138.686.109,02	93.100.160,98	92,44

O importe da dotación actual reflicte a asignación orzamentaria de cada Fondo no exercicio en que se dota.

O total de obrigas recoñecidas polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas no exercicio 2014 por importe de 43.244.504 euros, concorda cos dereitos recoñecidos netos pola Comunidade Autónoma no exercicio fiscalizado. Tal como se expuxo no apartado de certificacións de gasto, a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos dependente da Consellería de Facenda tramitou ante o Ministerio peticións de fondos por importe de 45.380.816,84 euros, polo que existe unha diferenza de 2.136.312,84 euros con respecto ás obrigas recoñecidas polo Ministerio e aos dereitos recoñecidos pola Comunidade Autónoma. A diferenza anterior correspóndese coas peticións de fondos de data 4 de decembro de 2014, con rexistro de saída de data 5 de decembro de 2014, e que tiveron entrada no Ministerio, segundo consta na documentación que acompaña ás ordes de pagamento do Ministerio, o 2 de xaneiro de 2015.

O total de obrigas recoñecidas con cargo aos Fondos de Compensación dotados nos exercicios 2006 a 2014 ascende a 1.138.686.109,02 euros, e correspóndese, salvo o indicado no parágrafo anterior, co importe xustificado e acumulado a 31 de decembro de 2014, isto é coas peticións de fondos netas tramitadas pola Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e rexistradas na contabilidade do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas dende o exercicio 2006 a 2014.

O importe de 93.100.160,98 euros que figura na columna Saldo correspóndese co importe pendente de xustificación ante o Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, constituíndo o remanente de crédito dos Fondos de Compensación a 31 de decembro a favor da Comunidade Autónoma Galega.

VI. CONCLUSIONES.

1. Conforme aos rexistros contables do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas a dotación para Galicia dos Fondos de Compensación Interterritorial 2014 ascendeu a 44.549.940 euros, o que representa unha cota de participación do 10,30% da dotación global dos Fondos. Esta dotación é inferior á do exercicio precedente que, cun importe de 61.159.110 euros, representaba o 10,70% da total do Estado. A dotación global dos Fondos no exercicio 2014, cun importe de 432.430.000 euros, experimentou un decrecemento medio conxunto do 24,34 % respecto á dotación do exercicio 2013.
2. Pola súa parte, a dotación inicial dos FFCI-2014 nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma ascende, así mesmo, a 44.549.940 euros. Ademais figuran como créditos iniciais 18.446.795 euros nas modalidades de financiamento 2110-FCI exercicio pechado libre e

2120-FCI exercicio pechado que cofinancia elixible, deste xeito a Comunidade Autónoma orzamenta como créditos iniciais as baixas de crédito contabilizadas pola Comunidade Autónoma a finais do exercicio 2013.

3. Galicia é a Comunidade Autónoma do Estado que conta cun maior grao de diversificación das materias nas que se concretan os proxectos de investimento financiados cos Fondos, que ao remate do exercicio elévanse a dezasete.
4. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, centro directivo encargado da contabilidade, non conta cun sistema que dea cobertura específica e integral a cada un dos proxectos financiados cos FFCI, de tal forma que vincule as operacións de gastos efectuados, pagamentos materializados, peticións de fondos efectuadas, ingresos recibidos e cobros realizados.

A parte do exposto, a base de datos facilitada pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma "CONTA_ADMON_XERAL_2014" non inclúe, para cada proxecto de gasto, aplicación orzamentaria e modalidade de financiamento, o número de proxecto dos Fondos de Compensación Interterritorial e ano de orixe dos mesmos. Con respecto á base de datos específica dos FFCI "FCI2014" cómpre resaltar que só se inclúe o número de proxecto e ano de orixe dos Fondos nas táboas "SITUACION FCI CORRENTE" e "SITUACION FCI INCORPORADO", e estas táboas só inclúen a seguinte información: créditos definitivos e a execución nas fases A, D, O, K e P, polo tanto, non aportan a seguinte información a nivel de proxecto dos FFCI: créditos iniciais, reaxustes de proxectos, incorporacións de crédito, adscricións de crédito, baixas de crédito e redistribucións. As citadas táboas non inclúen información de Augas, Igape, Inega e Portos. A correspondencia entre os códigos de proxectos dos xestores cós códigos de proxectos dos distintos FFCI efectúase á marxe do sistema contable e son os propios xestores os que facilitan ao Consello de Contas esa información. Da revisión da documentación facilitada por ditas entidades derívase o seguinte:

-Aguas de Galicia, existen proxectos coa denominación "proxectos dispoñibles" que se imputan indistintamente a abastecemento, a saneamento ou a prevención de riscos.

-Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), existen proxectos que teñen dotación negativa e proxectos do Igape sen dotación pero con execución.

-Portos de Galicia, constan proxectos que non figuran no seu sistema contable, en concreto no "estado de execución de proxectos" debido a que aínda non se licitaron e,

polo tanto, non figuran dados de alta no módulo de seguimento de proxectos. Ademais no “estado de execución de proxectos” non se cumprimentan as columnas de modificacións orzamentarias nin reaxustes de proxectos.

5. A Lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2014 contemplaba un número inicial de 28 proxectos xenéricos. A Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos promove de oficio as modificacións cualitativas e cuantitativas de proxectos, que resultan autorizadas polo titular da Consellería de Facenda o 8 de xaneiro de 2014, co fin de adecua-la programación inicial efectuada na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014 á dotación vixente dos proxectos na contabilidade da Comunidade Autónoma, quedando fixado o número de proxectos en 89. Dos 89 proxectos, ao longo do resto do exercicio, mantiveron a súa dotación 62, foron totalmente substituídos 1, modificaron o seu importe 26 e creáronse 8 proxectos novos. En consecuencia, ao 31 de decembro foron 96 os proxectos financiados con Fondos dotados no exercicio 2014.
6. Na Base de datos “FFCI2014” existen algúns proxectos, xestionados por Augas de Galicia e financiados co Fondo de Compensación dotado nos exercicios 2012, 2013 e 2014, executados con cargo ao capítulo II-Gastos en bens correntes de servizos, conceptos de gastos 226-Gastos diversos e 227-Traballos realizados por outras empresas. Nin a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nin Augas de Galicia deron ningunha explicación ou aclaración sobre esta cuestión. O crédito definitivo dos proxectos imputados ao capítulo II ascende a 2.675.980,18 euros, se non consideramos as baixas de crédito contabilizadas a final do exercicio 2014 o citado crédito ascende a 2.949.683,88 euros e no exercicio recoñecéronse obrigas por importe de 1.792.451,48 euros.

No trámite de alegacións a entidade manifesta que ditos gastos serán activados no balance ao peche do exercicio 2016, aínda que non se aporta documentación xustificativa nin información suficiente. Non procede nesta fase da fiscalización efectuar as correspondentes verificacións, polo que a análise destes extremos levarase a cabo nas posteriores fiscalizacións programadas.

7. O remanente de crédito con orixe no exercicio 2013 ascende 94.088.664,23 euros e as baixas de crédito contabilizadas pola Comunidade Autónoma a finais do citado exercicio ascenden a 18.446.795 euros. Ademais existen remanentes de crédito con orixe en exercicios anteriores ao 2013 e pendentes de incorporación aos exercicios sucesivos por importe de 6.291.707,92 euros. O remanente de crédito total ascende a 100.380.372,15 euros, que xunto coas baixas de crédito indicadas fan un total de 118.827.167,15 euros.

No exercicio 2014 as incorporacións de crédito ascenden a 94.088.665,49 euros e os créditos iniciais que figuran no orzamento, para compensar as baixas de crédito contabilizadas no exercicio anterior, ascenden a 18.446.797 euros, totalizando 112.535.462,49 euros.

En consecuencia, o crédito pendente de incorporación ascende a 6.291.704,66 euros. Deste importe 6.291.707,54 euros proceden de exercicios anteriores ao 2013 e, no remanente de crédito con orixe no exercicio 2013, por un lado, non se incorporan 0,64 euros e, por outro, prodúcese un exceso de incorporación de 3,52 euros en Augas de Galicia.

Do remanente de crédito pendente de incorporación corresponden á Consellería do Mar 6.054.928,67 euros, a Portos de Galicia 170.896,00 euros e Augas de Galicia 68.351,57 euros.

8. As modificacións orzamentarias, sen considerar as baixas de crédito contabilizadas a finais de exercicio por importe de 15.975.815 euros, tramitadas polos xestores dos Fondos de Compensación no exercicio 2014 ascenderon a 94.088.665,49 euros, importe que coincide coas incorporacións de crédito. En consecuencia, as restantes modificacións de crédito (reaxustes, ampliacións, transferencias de crédito e baixas) compénsanse entre si.
9. Con cargo á dotación global dos Fondos de Compensación xestionados no exercicio 2014 por importe de 157.085.402,49 euros (44.549.940 euros dos Fondos de Compensación dotados no exercicio 2014 e 94.088.665,49 euros dos Fondos de Compensación dotados en exercicios anteriores), contabilizáronse baixas de crédito por 15.975.815 euros. Deste importe 4.076.616,16 euros afectan á dotación do Fondo de Compensación 2014 e 11.899.198,84 euros á dotación dos Fondos de Compensación Interterritorial dotados en exercicios anteriores, en concreto nos exercicios 2013 a 2008 e 2006.

Cómpre indicar que Gain e Igape contabilizan baixas de crédito na modalidade de financiamento 2020-FCI que cofinancia elixible por importes de 32.830,48 euros e 79.656,65 euros, respectivamente. Sen embargo, a Consellería de Economía e Industria contabiliza esas baixas, con cargo aos créditos que recollen as transferencias de crédito a Gain e Igape, nas modalidades de financiamento 2021-FCI que cofinancia elixible incorporado. En consecuencia, na Consellería esas baixas afectan aos Fondos de Compensación incorporado e nas axencias citadas afectan ao Fondo de Compensación dotado no exercicio 2014.

Nos expedientes de baixas de crédito non consta unha explicación suficientemente detallada e razoada que xustifique a tramitación desta baixa de crédito, nin se indicaron os proxectos dos FFCI que se viron afectados polas mesmas, desenvolvendo o Consello de Contas unha ardua labor para poder determinalos.

A súa aprobación non supón ningunha adecuación dos créditos da Comunidade Autónoma, financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial dos exercicios 2014 a 2008 e 2006, ás dotacións que figuran nos orzamentos da Administración do Estado.

O crédito dado de baixa no orzamento 2014 por importe de 15.975.815 euros contabilízase como crédito inicial e previsións iniciais no exercicio 2015.

A citada baixa de crédito non se tivo en conta no presente informe para non desvirtuar a análise dos Fondos de Compensación.

10. En relación coa execución do orzamento de ingresos, a Comunidade Autónoma non realiza modificacións das previsións iniciais de ingresos. En consecuencia, as previsións iniciais e definitivas ascenden a 62.996.735 euros. Deste importe, 44.549.940 euros corresponderían aos FFCI-2014 e 18.446.795 euros a ingresos exercicios pechados.

As previsións de ingresos exercicios pechados compensan os créditos iniciais do orzamento de gastos no exercicio 2014 que proceden de baixas de créditos incorporables tramitadas no exercicio 2013.

Os dereitos recoñecidos no exercicio ascenderon a 43.244.504 euros, polo que o índice de execución de ingresos no 2014 foi do 68,65%, índice similar ao do exercicio 2012 (71,77%), pero moi inferior ao dos exercicios 2013 (105,43%), 2011 (120,47%) e 2010 (103,44%) tendo en conta a serie dos últimos cinco anos.

Os cobros ascenderon a 43.244.504 euros e representan o 100% dos dereitos recoñecidos netos do exercicio, índice igual ao dos exercicios 2013 e 2011, case igual ao do exercicio 2012 (99,20%) pero mellorando o dato do exercicio 2010 (78,51%).

Se consideramos só as previsións definitivas de ingreso dos FFCI-2014, as porcentaxes expresadas varían substancialmente. Os dereitos recoñecidos en concepto de FFCI 2014 por importe de 21.529.027,15 euros, representan o 48,33% das previsións de ingresos dos citados Fondos (44.549.940 euros).

Esta porcentaxe está por debaixo da dos exercicios 2010 (50,42%), 2011 (49,30%) e 2013 (50,53%), e mellora a do exercicio 2012 (37,29%). Os cobros realizados supoñen o 100 %

dos dereitos recoñecidos netos, porcentaxe igual á dos exercicios 2011 a 2013, pero mellora o índice do exercicio 2010 (76,48%).

Non existen dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2013.

11. Respecto á execución dos proxectos financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial no exercicio 2014, recoñecéronse obrigas por 57.887.508,27 euros, que representan o 37% da dotación global dos Fondos, que ascendeu a 157.085.402,49 euros. Os pagamentos realizados por 49.410.182,15 euros, representan o 85% das correspondentes obrigas recoñecidas.

Se temos en conta soamente os Fondos de Compensación dotados no 2014, por importe de 44.549.940 euros, recoñecéronse obrigas por importe de 23.682.239,94 euros, o que representa o 53% da dotación. Os pagamentos realizados por 20.014.188,54 euros supoñen o 85% das obrigas recoñecidas.

Respecto aos proxectos financiados con Fondos dotados en exercicios anteriores e incorporados ao exercicio 2014 por importe de 112.535.462,49 euros, recoñecéronse obrigas por importe de 34.205.268,33 euros, acadando un 30% de índice de execución. Os pagamentos realizados por importe de 29.395.993,61 euros supoñen o 86% das obrigas recoñecidas.

12. A liquidación orzamentaria de exercicios pechados da totalidade dos proxectos financiados cos FFCI tivo como resultado que, a 31 de decembro de 2013, estaban pendentes de pagamento obrigas recoñecidas e propostas de pagamento por importe de 14.541.839,60 euros. Durante o exercicio 2014 anuláronse obrigas por importe de 188.599,7 euros e realizáronse pagamentos por 13.991.663,37 euros, polo que a 31 de decembro de 2014 estaban pendentes de pagamento obrigas recoñecidas e propostas de pagamento por importe de 361.576,53 euros.

Durante os exercicios 1993 a 2014 os xestores dos Fondos anulaban obrigas recoñecidas en exercicios anteriores e financiadas con FFCI por importe de 3.007.451,42 euros. Non consta que as obrigas pendentes de pagamento, anuladas en exercicios posteriores, revertan ao orzamento de gastos, cando menos coa modalidade de financiamento dos FFCI. Tampouco consta que as citadas anulacións sexan comunicadas polos xestores á Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos, para que esta Dirección Xeral efectúe as correspondentes modificacións das peticións de fondos que remite á Administración do Estado.

No importe indicado no parágrafo anterior non se inclúen as obrigas anuladas en exercicios posteriores polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), debido a que este Organismo recuperaba no orzamento correspondente as obrigas anuladas, práctica que non aplicou nos exercicios 2011 e 2014.

13. A Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos non enviou os expedientes de modificacións cualitativas e cuantitativas tramitadas no exercicio 2015 e seguintes, pero que teñen a súa orixe na situación dos proxectos, a 31 de decembro de 2014, na Comunidade Autónoma, isto é que xa estaban recollidas na contabilidade dos xestores dos Fondos a esa data pero que se tramitaron con atrasos.
14. O resultado orzamentario do exercicio, medido en termos de Fondos de Compensación Interterritorial, que é a diferenza entre dereitos recoñecidos e obrigas recoñecidas, reflicte un saldo negativo de 14.643.004,27 euros.
15. No exercicio 2014 as operacións de cobros e pagamentos, en concepto de Fondos de Compensación Interterritorial, deron lugar a un fluxo neto da tesourería negativo por importe de -20.157.341,52 euros.
16. O orzamento de gastos do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas recolle a favor da Comunidade Autónoma Galega Fondos de Compensación Interterritorial por importe de 136.344.664,98 euros. No exercicio 2014 recoñecéronse obrigas por importe de 43.244.504 euros e realizáronse pagamentos polo mesmo importe. En consecuencia, o remanente de crédito a 31 de decembro de 2014 ascende a 93.100.160,98 euros e non quedaron obrigas pendentes de pagamento. As obrigas recoñecidas e os pagamentos realizados, contabilizados polo Ministerio, coinciden cos dereitos recoñecidos e coa recadación neta, respectivamente, que figuran na contabilidade da Comunidade Autónoma.

VII. RECOMENDACIÓNS.

Como consecuencia do traballo realizado fórmulanse as seguintes recomendacións:

1. Implantación dun subsistema de rexistro contable específico para os proxectos financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial, integrado no sistema contable da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, co fin de que cada centro xestor da contabilidade, tanto da administración xeral como da administración institucional, teña coñecemento das distintas operacións que se derivan da execución dos citados Fondos, non só na vertente de

gastos senón tamén na de ingresos. A información contable que se obteña debe responder ás necesidades, por un lado, dos xestores dos citados Fondos e, por outro, dos encargados do control dos mesmos.

2. Realización de modificacións no orzamento de ingresos da Comunidade Autónoma co fin de adaptalo ás materializadas no orzamento de gastos do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.
3. Incorporación ao orzamento, por parte dos xestores da Comunidade Autónoma, de tódolos remanentes de crédito que a 31 de decembro de 2014 están pendentes de incorporar.
4. A Comunidade Autónoma non debe tramitar, a finais de exercicio, baixas de crédito nos proxectos financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial, salvo que correspondan a unha adecuación entre os créditos da Comunidade Autónoma e os créditos vixentes no Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.
5. Axilización da tramitación dos expedientes de modificacións cualitativas e cuantitativas de proxectos, co fin de non retrasar as peticións de fondos ao Ministerio.
6. Certificación á Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos, por parte dos xestores dos Fondos, das obrigas anuladas na liquidación do orzamento de exercicios pechados, para que esta adecúe as peticións de fondos á execución real dos proxectos. Así mesmo, incorporarán ao orzamento de gastos o importe das obrigas anuladas.
7. Realización, por parte dos xestores dos Fondos de Compensación Interterritorial, das actuacións necesarias para acadar o obxectivo de que ao remate do exercicio se xustifique a totalidade dos Fondos ante a Administración do Estado, coa finalidade de que os recursos se utilicen máis eficientemente.
8. Análise e corrección, por parte dos xestores dos proxectos financiados cos Fondos de Compensación Interterritorial, das causas que provocan que o índice de execución no exercicio 2014 tan só sexa o 37% da dotación.

VIII. ALEGACIONES



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA
Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
Intervencionxeral@conselleriadefacenda.es

galicia



Asunto: alegacións ao Anteproxecto de Informe de Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial 2014

Achégolle as alegacións ao Anteproxecto de Informe de Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial, correspondente ao exercicio 2014, así como as formuladas polos seguintes departamentos:

- Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos
- Ente Público Augas de Galicia

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2016

A interventora xeral da Comunidade Autónoma.




Almudena Chacón Pichel

CONSELLEIRO MAIOR
CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

**Fondo de
Compensación
Interterritorial 2014**

**Alegacións ao Anteproxecto do
Informe de Fiscalización**

29 de decembro de 2016



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA
Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981544170 Fax: 981544173
Intervencionxeral@conselleridefacenda.es

galicia

INTRODUCCIÓN

O obxecto deste documento é a formulación de alegacións ao anteproxecto de informe do Consello de Contas de Galicia, de fiscalización do Fondo de Compensación Interterritorial, correspondente ao exercicio 2014, coa intención de que sexan tidas en conta polo Consello de Contas na redacción definitiva do informe.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA
Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981544170 Fax: 981544173
Intervencionxeral@conselleriadefacenda.es

galicia

OBSERVACIÓN.

A Comunidade Autónoma non efectúa modificacións ao orzamento de ingresos, de aí que as previsións iniciais e definitivas coincidan

(Páxina 32 do Anteproxecto de Informe)

CONCLUSIÓN

10. En relación coa execución do orzamento de ingresos, a Comunidade Autónoma non realiza modificacións das previsións iniciais de ingresos.

(Páxina 81 do Anteproxecto de Informe)

RECOMENDACIÓN

2. Realización de modificacións no orzamento de ingresos da Comunidade Autónoma co fin de adaptalo ás materializadas no orzamento de gastos do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

(Páxina 84 do Anteproxecto de Informe)

ALEGACIÓN:

Dende a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos xunto coa Intervención Xeral da Comunidade Autónoma estase a elaborar normativa de rango regulamentario en materia de ingresos.

Á espera de que entre en vigor, e considerando o disposto nos anteriores informes do Consello de Contas, foi aprobada a "Resolución conxunta da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e da Intervención Xeral, do 17 de abril de 2015, para a aplicación da Orde do 27 de xullo de 2000, no relativo ás modificacións das previsións iniciais de ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital". Esta resolución fixa as regras ás que se axustarán ditas modificacións así como os documentos cos que se tramitarán.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA
Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981544170 Fax: 981544173
Intervencionxeral@conselleridefacenda.es

galicia

Desta forma, en 2015, a liquidación de ingresos xa inclúe axustes sobre as previsións iniciais de ingresos.

ALEGACIÓNS formuladas pola:

Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos



Alegacións ao anteproxecto de informe de fiscalización do Consello de Contas de Galicia relativo ao Fondo de Compensación Interterritorial do exercicio 2014.

III.2.1 LEGALIDADE E REGULARIDADE DAS OPERACIÓNS.

B) Modificacións orzamentarias

Páx.: 39

Informe: "Para analizar este apartado debemos recordar os seguintes aspectos: .

.....
A 31 de decembro de 2014, como consecuencia das modificacións orzamentarias tramitadas na Administración Xeral e institucional, os créditos definitivos ascenden a 141.109.587,49 euros, importe que inclúe as baixas de crédito contabilizadas a finais de exercicio 2014 por importe de -15.975.815 euros. Sen considerar as citadas baixas, os créditos definitivos ascenden a 157.085.402,49 euros."

Alegación: A dotación do FCI – 2014 ascende a 44.549.940 de euros e o FCI exercicio pechado a 18.446.795 euros, resultando un total de 62.996.735 euros.

Descoñecemos a diferenza de 2 euros en Augas de Galicia porque a información que manexamos do FCI, nesta entidade instrumental, e a que figura na Consellería de Medio Ambiente: 5.025.000 euros (FCI – 2014) e 5.427.467 euros (FCI exercicios pechados).

A dotación total do FCI – 2014 da Comunidade Autónoma coincide coa dotación do Estado. A diferenza de 2 euros entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Consellería de Medio Ambiente é entre as modalidades de financiamento, que se compensan, tal como se reflicte no seguinte cadro:



Modalidade financiamento	Consellería de Medio Ambiente	Axencia Galega de Infraestruturas	Proxecto orzamentario
FCI libre 2014	14.848.022	2.848.020	2007 00277
FCI libre exercicio pechado	2.258.247	2.258.249	2007 00277
FCI cofinancia exercicio pechado	5.386	5.387	2007 00277
FCI libre 2014		12.000.000	2009 01242
FCI cofinancia exercicio pechado	438.711	438.710	2009 01242
FCI cofinancia exercicio pechado	288.037	288.037	2013 00006
TOTAL	17.838.403	17.838.403	

No cadro anterior constátase que o importe total coincide.

Hai 2 euros de diferenza entre as modalidades do FCI libre, do proxecto 2007 00277 de AGI, que se compensan e 1 euro no FCI cofinancia exer. pechado dos proxectos 2007 00277 e 2009 01242.

Os importes que interesan son os da Consellería, porque cos da AGI non coincidiría o importe total de FCI 2014 (44.549.940 €) nin ó FCI exercicio pechado (18.446.795 €).

Polo anterior, e tendo en conta que a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma certifica as obrigas da AGI, houbo que facer unha regularización de 2 e 1 euro nos proxectos 7002 de FCI-2014 e 7110 de FCI-2013, respectivamente, amparándose no principio contable de importancia relativa.

III.2.1 LEGALIDADE E REGULARIDADE DAS OPERACIÓNS

B) Modificacións orzamentarias

B.1) Incorporacións de remanente de crédito

Páx.: 40, 41, 42 e 43



Informe: "Os remanentes de crédito a 31 de decembro de 2013 ascenden a 94.088.664,23 euros.

.....
Con respecto ao remanente de crédito pendente de incorporar por importe de 0,21 euros do proxecto 1115 do Fondo de Compensación dotado no 2006 e xestionado pola Consellería de Medio Rural cómpre indicar que se podería realizar unha modificación cuantitativa entre o citado proxecto e o proxecto 1908, xa que este último ten un exceso de dotación na Comunidade Autónoma, con respecto á dotación do Ministerio, de 0,27 euros"

Alegación: En relación a algúns dos importes que se reflicten nos cadros das páxinas referenciadas neste apartado do informe, cómpre sinalar o seguinte:

- 1º.- 0,76€: proxecto 2002 06800 do IGVS, que corresponde cos proxectos 6904 e 6901 do FCI de 2002 e FCI de 2003, respectivamente, é un erro material ou aritmético, polo que procede a súa regularización.
- 2º.- 1,51€: proxecto 2005 00209 da Consellería do Mar, que corresponde co proxecto 1205 do FCI de 2005. En 2006 se incorporou 2€ de máis, dos cales se executaron 0,49€, polo que procede, tamén, a súa regularización.
- 3º.- 0,21€: proxecto 2004 0313 da Consellería do Medio Rural, que se corresponde co proxecto 1115 do FCI de 2006, non se incorporou en 2007; no exercicio de 2014 regularizamos co Ministerio, polo que o proxecto está pechado.
- 4º.- 3.146,91: Posiblemente trátase dun erro material ou aritmético no Igape. Non se corresponde con ningún proxecto do FCI, polo que procede a súa regularización..
- 5º.- 68.351,57€: Posiblemente será un desaxuste entre Augas de Galicia e a Consellería correspondente.
- 6º.- 678€: proxecto 2008 00510 de Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. En 2010 tramitouse unha xeración de crédito por devolución de pagamento indebido, por 1.726,20€; imputouse, por erro, na modalidade de financiamento 2021 "FCI cofinancia incorporado". Non se corresponde con ningún proxecto do FCI.



galicia

7º.- 6.054.928,67€: Varios proxectos da Consellería do Mar. Executados totalmente en 2015.

8º.- 0,49€ y 0,15€: 2010 00531 y 2008 00320 da Consellería de Cultura, Educación e O.U., non se incorporaron ao exercicio 2014; regularizados co Ministerio en 2016, polo que os proxectos 904 do FCI – 2010 y 901 do FCI – 2011 están pechados.

VI. CONCLUSIÓNS

Páx.: 83

Informe : “13. A Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos no enviou os expedientes de modificacións cualitativas e cuantitativas tramitadas no exercicio 2015 e seguintes, pero que teñen a súa orixe na situación dos proxectos, a 31 de decembro de 2014, na Comunidade Autónoma, isto é que xa estaban recollidas na contabilidade dos xestores dos Fondos a esa data pero que se tramitaron con atrasos”

Alegación: Os expedientes de modificacións cualitativas e cuantitativas de proxectos de FCI tramitados en 2015, foron enviados a ese Consello de Contas coa documentación para a fiscalización do FCI - 2015.

En ditos expedientes figuran os correspondentes as baixas de crédito no exercicio 2014 e orzamentadas no 2015, que foron tramitadas neste exercicio

Compre aclarar que as baixas de crédito orzamentadas no seguinte exercicio no mesmo proxecto contable, obviamente, non dan lugar a unha modificación do FCI.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

O director xeral de Política Financiera, Tesoro e Fondos Europeos



David Cabaño Fernández.

ALEGACIÓNS formuladas por:

Ente público AUGAS DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
AUGAS DE GALICIA

Plaza Camilo Díaz Balboa, 7-9
15703 Santiago de Compostela
Telf: 981 957 327 / 957 454
Fax: 981 544 98



ALEGACIÓNS AO ANTEPROXECTO DE INFORME DO FCI 2014 DO CONSELLO DE CONTAS.

As observacións relativas a Augas de Galicia, recóllense nos apartados III.2. en Orzamento de gastos, apartado III.2.1 Legalidade e regularidade das operacións, así coma no apartado 6 das Conclusións, e sistematízase do seguinte xeito:


1.- Proxectos xestionados por Augas de Galicia financiados con Fondo de Compensación executados con cargo ao Capítulo II – Gastos en bens correntes e servizos.

En primeiro lugar salienta que Augas de Galicia é unha entidade pública empresarial, polo que aínda que emprega Xumco2 como módulo auxiliar para reflectir as operacións que realiza anualmente, esta información é trasladada aos estados financeiros que pola súa propia natureza xurídica ten obriga de presentar, polo que, a clasificación económica (226 e 227), asociada a determinados proxectos relacionados no anteproxecto de informe do FCI 2014 do Consello de Contas de gastos financiados con fondo de compensación interterritorial, non corresponde ao tratamento financeiro final que se dará a estas operacións como investimento.

No apartado III.2.1 establécese como execución no exercicio 2014 destes proxectos, un importe de 1.792.451,48 €, que se corresponden aos seguintes gastos:

GASTO REALIZADO	IMPORTE
MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E MELLORA DO DPH DAS BACIAS DE GALICIA COSTA	393.806,58 €
ELABORACION DE MAPAS DE PERIGOSIDADE E RISCO DE INUNDACIÓNS PARA GALICIA COSTA	208.126,28 €
REDE DE CONTROL DE PREPOTABLES-TRAMOS PISCICOLAS-REDE OSPAR-REDE PEQUENOS ENCOROS BACIAS HIDROG. GALICIA	215.143,12 €
REDE FORÓNOMICA DE GALICIA COSTA	95.793,35 €
PLAN DE CONTROL DE VERTIDOS	563.187,82 €
CONTROL E ASESORAMENTO DAS EDAR 'S DE GALICIA NON XESTIONADAS POR AUGAS DE GALICIA	245.263,20 €
REDE DE CONTROL AUGAS SUBTERRANEAS NO AMBITO DA DEMARCACION GALICIA COSTA	71.131,13 €
	1.792.451,48 €

Este tipo de gastos no O.A. Augas de Galicia, na Eposh, e na EPE Augas de Galicia dende o exercicio 2015 foron imputados en Xumco2 no Capítulo VI de Investimentos, nembargantes nos exercicios 2013 e 2014 foron asociados ao Capítulo II no Xumco2, atendendo a un criterio organizativo interno do gasto, tendo que realizarse a súa activación como investimento no activo do balance de Augas de Galicia. A activación destes gastos como investimento vai asociada a unha análise completa de todos os gastos realizados de similar natureza dende a creación da EPE Augas de Galicia. E debido á complexidade e diversidade dos contratos, independentemente da súa fonte de financiamento, fai que esta activación, e polo tanto inclusión destes gastos como investimentos do activo do balance, se realice no peche do exercicio 2016.



Piña Camilo Díaz Balliño, 7-9
15703 Santiago de Compostela
Telf: 981 957 327 / 957 434
Fax: 981 544 98



Ponse de manifesto igualmente que no exercicio 2012 non se executou ningún gasto financiado con fondo de compensación interterritorial no Capítulo II de Xumco2 de Augas de Galicia, que no 2013 a explicación sería a relacionada no parágrafo anterior para o exercicio 2014 e que en ningún dos exercicios citados se fai ningún gasto na clasificación de Gastos diversos (226).

2.- Denominación de “proxectos dispoñibles”.

O fondo de compensación interterritorial en cada exercicio orzamentario dótase en proxectos de gasto concretos que se recollían no O.A. Augas de Galicia no seu anexo de investimentos do orzamento de gastos do exercicio correspondente, dende a creación da EPE Augas de Galicia no programa de actuacións, investimentos e financiamento (PAIF) non existe ningún documento que recolla especificamente as cantidades de fondo de compensación interterritorial asociado a gastos concretos, sendo ésta unha das razóns pola que a EPE Augas de Galicia mantén como sistema de contabilidade auxiliar o Xumco2 para facilitar o seguimento da xestión deste fondo, así como do resto de fondos europeos que xestiona.

No transcurso do exercicio sexa por baixas de adxudicación, por reaxustes dos prazos na execución, etc... hai proxectos que teñen unha dotación excesiva respecto ao gasto real previsto para ese exercicio. Este exceso de dotación de fondo de compensación interterritorial, así como de outros fondos, trasládase a estes proxectos denominados dispoñibles en materia de abastecemento, saneamento e mellora, por dúas razóns, por unha banda para poder facer un seguimento axeitado do gasto de cada un destes proxectos así como o seu reflexo nos estados financeiros, e por outra banda, facilitar o control dos créditos dispoñibles para a asunción, no seu caso, de gastos non previstos ao inicio do exercicio e que xurden ao longo do mesmo.

En todo caso, estes proxectos de dispoñibles, no que ao fondo de compensación se refire, a 31 de decembro de 2015 carecen de dotación, xa que foi levada a proxectos concretos que están executados na súa totalidade nesa data.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2016

O Director de Augas de Galicia

Asdo. Roberto Rodríguez Martínez



IX. RÉPLICAS ÁS ALEGACIÓNS

RÉPLICAS DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA ÁS ALEGACIÓNS FORMULADAS AO ANTEPROXECTO DE INFORME DE FISCALIZACIÓN DOS FONDOS DE COMPENSACIÓN INTERTERRITORIAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014.

De conformidade co disposto no artigo 58 do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, os resultados da fiscalización realizada, reflectidos no Anteproxecto de Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial correspondente ao exercicio 2014, foron notificados á Consellería de Facenda - Intervención Xeral da Comunidade Autónoma (IXCA) o día 22 de novembro de 2016 para que, no prazo de 15 días hábiles, presentasen ante este Consello as alegacións e documentos xustificativos que considerasen oportunos.

O 5 de decembro de 2016 recibíuse escrito nº 5431 da IXCA no que se solicita a ampliación do prazo para presentar as alegacións. Mediante escrito de 7 de decembro de 2016 o Consello de Contas concedeu unha ampliación do referido prazo en 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao remate do prazo inicial. O 29 de decembro de 2016 recibíuse o escrito número 6005 da IXCA mediante o que se achegan as alegacións formuladas.

Respecto do contido das alegacións e do seu tratamento cómpre facer as seguintes precisións:

O informe de fiscalización deste Consello contén aquelas modificacións que, como resultado da cualificación das alegacións, considerou procedentes.

Non se valoran aquelas alegacións que confirmen deficiencias ou irregularidades relativas a criterios ou opinións sen soporte documental ou abeiro normativo e que non contradigan o contido do informe por referirse a explicacións sobre as súas actuacións.

De seguido fórmulanse as réplicas ás alegacións presentadas.

1. TEXTO OBXECTO DE ALEGACIÓN

APARTADO III.1.ORZAMENTO DE INGRESOS

"A Comunidade Autónoma non efectúa modificacións ao orzamento de ingresos, de aí que as previsións iniciais e definitivas coincidan."

(Páxina 32 do Anteproxecto de Informe)

APARTADO VI. CONCLUSIÓNS

"10. En relación coa execución do orzamento de ingresos, a Comunidade Autónoma non realiza modificacións das previsións iniciais de ingresos."

(Páxina 81 do Anteproxecto de Informe)

APARTADO VII. RECOMENDACIÓNS

"2. Realización de modificacións no orzamento de ingresos da Comunidade Autónoma co fin de adaptalo ás materializadas no orzamento de gastos do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas."

(Páxina 84 do Anteproxecto de Informe)

ALEGACIÓN FORMULADA POLA INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA (IXCA)

"Dende a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos xunto coa Intervención Xeral da Comunidade Autónoma estase a elaborar normativa de rango regulamentario en materia de ingresos."

Á espera de que entre en vigor, e considerando o disposto nos anteriores informes do Consello de Contas, foi aprobada a "Resolución conxunta da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e da Intervención Xeral, do 17 de abril de 2015, para a aplicación da Orde do 27 de xullo de 2000, no relativo ás modificacións das previsións iniciais de ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital". Esta resolución fixa as regras ás que se axustarán ditas modificacións así como os documentos cos que se tramitarán.

Desta forma, en 2015, a liquidación de ingresos xa inclúe axustes sobre as previsións iniciais de ingresos."

RÉPLICA Á ALEGACIÓN

A alegación presentada confirma que a Comunidade Autónoma non contabiliza modificacións das previsións de ingresos. Na fiscalización do exercicio 2015 verificarase a aplicación da Resolución citada na alegación.

En consecuencia, a alegación presentada non supón a modificación do anteproxecto de informe.

2. TEXTO OBXECTO DE ALEGACIÓN

APARTADO III.2.1 LEGALIDADE E REGULARIDADE DAS OPERACIÓNS.

B) Modificacións orzamentarias

"Para analizar este apartado debemos recordar os seguintes aspectos:."

.....

A 31 de decembro de 2014, como consecuencia das modificacións orzamentarias tramitadas na Administración Xeral e institucional, os créditos definitivos ascenden a 141.109.587,49 euros, importe que inclúe as baixas de crédito contabilizadas a finais de exercicio 2014 por importe de - 15.975.815 euros. Sen considerar as citadas baixas, os créditos definitivos ascenden a 157.085.402,49 euros. "

(Páxina 39 do Anteproxecto de Informe)

ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS

"A dotación do FCI - 2014 ascende a 44.549.940 de euros e o FCI exercicio pechado a 18.446.795 euros, resultando un total de 62.996.735 euros.

Descoñecemos a diferenza de 2 euros en Augas de Galicia porque a información que manexamos do FCI, nesta entidade instrumental, e a que figura na Consellería de Medio Ambiente: 5.025.000 euros (FCI - 2014) e 5.427.467 euros (FCI exercicios pechados).

A dotación total do FCI - 2014 da Comunidade Autónoma coincide coa dotación do Estado. A diferenza de 2 euros entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Consellería de Medio Ambiente é entre as modalidades de financiamento, que se compensan, tal como se reflicte no seguinte cadro:

Modalidade financiamento	Consellería de Medio Ambiente	Axencia Galega de Infraestruturas	Proxecto orzamentario
FCI libre 2014	14.848.022	2.848.020	2007 00277
FCI libre exercicio pechado	2.258.247	2.258.249	2007 00277
FCI cofinancia exercicio pechado	5.386	5.387	2007 00277
FCI libre 2014		12.000.000	2009 01242
FCI cofinancia exercicio pechado	438.711	438.710	2009 01242
FCI cofinancia exercicio pechado	288.037	288.037	2013 00006
TOTAL	17.838.403	17.838.403	

No cadro anterior constátase que o importe total coincide.

Hai 2 euros de diferenza entre as modalidades do FCI libre, do proxecto 2007 00277 de AGI, que se compensan e 1 euro no FCI cofinancia exer. pechado dos proxectos 2007 00277 e 2009 01242.

Os importes que interesan son os da Consellería, porque cos da AGI non coincidiría o importe total de FCI 2014 (44.549.940 €) nin ó FCI exercicio pechado (18.446.795 €).

Polo anterior, e tendo en conta que a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma certifica as obrigas da AGI, houbo que facer unha regularización de 2 e 1 euro nos proxectos 7002 de FCI-2014 e 7110 de FCI-2013, respectivamente, amparándose no principio contable de importancia relativa."

RÉPLICA Á ALEGACIÓN

A alegación presentada confirma a diferenza que se produce entre a dotación dos FFCI-2014 se consideramos a Administración xeral e a dotación dos citados Fondos se temos en conta a Administración xeral e institucional, tal como se describe no Anteproxecto de Informe.

En consecuencia, a alegación presentada non supón a modificación do anteproxecto de informe.

3. TEXTO OBXECTO DE ALEGACIÓN

APARTADO III.2.1 LEGALIDADE E REGULARIDADE DAS OPERACIÓNS

B) Modificacións orzamentarias

B.1) Incorporacións de remanente de crédito

"Os remanentes de crédito a 31 de decembro de 2013 ascenden a 94.088.664,23 euros.

.....

Con respecto ao remanente de crédito pendente de incorporar por importe de 0,21 euros do proxecto 1115 do Fondo de Compensación dotado no 2006 e xestionado pola Consellería de Medio Rural compre indicar que se podería realizar unha modificación cuantitativa entre o citado proxecto e o proxecto 1908, xa que este último ten un exceso de dotación na Comunidade Autónoma, con respecto á dotación do Ministerio, de 0,27 euros."

(Páxina 40, 41, 42 e 43 do Anteproxecto de Informe)

ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS

"En relación a algúns dos importes que se reflicten nos cadros das páxinas referenciadas neste apartado do informe, compre sinalar o seguinte:

1º.- 0,76€: proxecto 2002 06800 do IGVS, que corresponde cos proxectos 6904 e 6901 do FCI de 2002 e FCI de 2003, respectivamente, é un erro material ou aritmético, polo que procede a súa regularización.

2º.- 1,51€: proxecto 2005 00209 da Consellería do Mar, que corresponde co proxecto 1205 do FCI de 2005. En 2006 se incorporou 2€ de mais, dos cales se executaron 0,49€, polo que procede, tamén, a súa regularización.

3º.- 0,21€: proxecto 2004 0313 da Consellería do Medio Rural, que se corresponde co proxecto 1115 do FCI de 2006, non se incorporou en 2007; no exercicio de 2014 regularizamos co Ministerio, polo que o proxecto está pechado.

4º.- 3.146,91: Posiblemente trátase dun erro material ou aritmético no lgape. Non se corresponde con ningún proxecto do FCI, polo que procede a súa regularización..

5º.- 68.351,576: Posiblemente será un desaxuste entre Augas de Galicia e a Consellería correspondente.

6º.- 678€: proxecto 2008 00510 de Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. En 2010 tramitouse unha xeración de crédito por devolución de pagamento indebido, por 1.726,20€; imputouse, por erro, na modalidade de financiamento 2021 "FCI cofinancia incorporado". Non se corresponde con ningún proxecto do FCI.

7º.- 6.054.928,67€: Varios proxectos da Consellería do Mar. Executados totalmente en 2015.

8º.- 0,49€ y 0,15€: 2010 00531 y 2008 00320 da Consellería de Cultura, Educación e O.U., non se incorporaron ao exercicio 2014; regularizados co Ministerio en 2016, polo que os proxectos 904 do FCI - 2010 y 901 do FCI - 2011 están pechados."

RÉPLICA Á ALEGACIÓN

En relación cos puntos indicados na alegación, facemos as seguintes precisións:

1º. O IGVS contabiliza, con cargo á aplicación orzamentaria 20140781 531A 6050, proxecto 200206800 e modalidade de financiamento 2011, créditos incorporados por importe de 0,76 euros, importe que non foi executado no exercicio 2014. Segundo a información que obra en

poder do Consello desde o exercicio 2003, o proxecto 6901 do Fondo de Compensación dotado no exercicio 2003, ten unha dotación vixente, a 31-12-14, de 1.732.835 euros e as obrigas recoñecidas polo IGVS, desde o exercicio 2003 ata o 31 de decembro de 2014, con cargo a ese proxecto ascenden a 1.762.834,24 euros. A diferenza entre a dotación vixente do proxecto e as obrigas recoñecidas acumuladas a 31.12.14 ascende a 0,76 euros, importe que figura na súa contabilidade pendente de execución.

2º. O indicado na alegación respecto ao exceso de incorporación é correcto, sen embargo non se pode deixar de considerar a incorporación realizada no exercicio 2014 e anteriores por importe de 1,51 euros, en tanto a Comunidade Autónoma teña importes pendentes de incorporación con cargo aos FFCL.

3º. No exercicio 2014 efectuáronse peticións de fondos ao Ministerio por importe de 0,21 euros con cargo ao proxecto 1115 do Fondo de Compensación 2006, pero ao Consello non lle consta que se incorporaran os 0,21 euros nin que se executaran. No propio informe indícase a posibilidade de tramitar unha modificación cuantitativa entre os proxectos 1115 e 1908, modificación que non nos consta que se levara a cabo.

4º. A información facilitada polo Igape inclúe, entre outros, créditos imputados ás modalidades de financiamento dos FFCL por importe de 3.146,91 euros, e que non están vinculados con ningún proxecto dos FFCL. Na medida que existan remanentes de crédito, financiados cos FFCL, pendentes de incorporación non se poden desprezar os créditos incorporados.

5º. Augas de Galicia ten pendente de incorporación, desde o exercicio 2011, o importe de 68.351,57 euros. O citado importe foi obxecto de incorporación no exercicio 2011 e posteriormente anulouse. É posible que se trate dun desaxuste entre os remanentes que se orixinan na Consellería e os existentes en Augas de Galicia. O feito de que a Consellería recoñecera máis obrigas que as contabilizadas por Augas non implica que Augas de Galicia non poda incorporar os seus remanentes. O resultado é que o proxecto 1603, financiado co Fondo de Compensación 2005, ten pendente de execución 68.351,57 euros, pero este feito non impediu que as peticións de fondos ao Ministerio, con cargo a este proxecto, supoñan o 100% da súa dotación.

6º. No expediente CR-07-001-10 figura informe da Oficina orzamentaria co obxecto de instrumentar a xeración de crédito no que se especifica: a aplicación orzamentaria (0703541D7700), o proxecto de gasto (200800510) e as modalidades de financiamento (2021 e

4121) xunto co importe asignado a cada unha delas, 1.726,20 euros e 4.027,80 euros, respectivamente.

Na Memoria explicativa na que se solicita do conselleiro de Facenda a correspondente xeración de crédito por importe total de 5.754,00 euros figura o seguinte texto: *"Dado que estas axudas financiábanse con fondos FEDER e FCI, procede a súa xeneración na seguinte aplicación orzamentaria*

IMPORTE	APLICACIÓN	PROXECTO	MODALIDADE
4.027,80 €	07.03.541D.770.0	2008 00510	4121
1.726,20 €	07.03.541D.770.0	2008 00510	2021

Nos documentos contables que se xuntan no citado expediente figuran igualmente as modalidades de financiamento indicadas así como na base de datos facilitada pola IXCA.

Non nos consta ningunha modificación das modalidades de financiamento.

Coa alegación formulada, na que se afirma que se trata dun erro, non se achega ningunha documentación que o confirme.

7º. O expresado será verificado na fiscalización do exercicio 2015 e, en calquera caso, a execución realizada no exercicio 2015 non contradí o expresado no informe.

8º. O indicado neste apartado será verificado no exercicio 2016.

A alegación formulada non aporta ningunha documentación que contradiga o exposto no anteproxecto de informe. Cando fan referencia a que a situación dun proxecto xa se regularizou co Ministerio, poderían referirse á tramitación de peticións de fondos ante o Ministerio ata acadar o 100% da dotación vixente do proxecto, sen verificar que o xestor do proxecto executou a totalidade do mesmo.

En consecuencia, a alegación presentada non supón a modificación do anteproxecto de informe.

4. TEXTO OBJECTO DE ALEGACIÓN

APARTADO VI. CONCLUSIONES

"13. A Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos no enviou os expedientes de modificacións cualitativas e cuantitativas tramitadas no exercicio 2015 e seguintes, pero que teñen a súa orixe na situación dos proxectos, a 31 de decembro de 2014, na Comunidade Autónoma, isto é que xa estaban recollidas na contabilidade dos xestores dos Fondos a esa data pero que se tramitaron con atrasos "

(Páxina 83 do Anteproxecto de Informe)

ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS

“Os expedientes de modificacións cualitativas e cuantitativas de proxectos de FCI tramitados en 2015, foron enviados a ese Consello de Contas coa documentación para a fiscalización do FCI - 2015.

En ditos expedientes figuran os correspondentes as baixas de crédito no exercicio 2014 e orzamentadas no 2015, que foron tramitadas neste exercicio

Compre aclarar que as baixas de crédito orzamentadas no seguinte exercicio no mesmo proxecto contable, obviamente, non dan lugar a unha modificación do FCI.”

RÉPLICA Á ALEGACIÓN

O Consello de Contas solicitou á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma os expedientes de modificacións cualitativas e cuantitativas tramitadas no exercicio 2014, así como aquelas tramitadas nos exercicios 2015 e seguintes que deberían ser tramitadas no exercicio 2014. Na fiscalización dos FFCI no exercicio 2014 só se recibiron as tramitadas no exercicio 2014.

En consecuencia, a alegación presentada non supón a modificación do anteproxecto de informe.

5. TEXTO OBXECTO DE ALEGACIÓN

As observacións relativas a Augas de Galicia, recóllense nos apartados III.2. en Orzamento de gastos, apartado III.2.1 Legalidade e regularidade das operacións, así coma no apartado 6 das Conclusións.

(Páxina 34, 35, 37, 38 e 79 do Anteproxecto de informe)

ALEGACIÓN FORMULADA POLA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA

“1.- Proxectos xestionados por Augas de Galicia financiados con Fondo de Compensación executados con cargo ao Capítulo II - Gastos en bens correntes e servizos.

En primeiro lugar salienta que Augas de Galicia é unha entidade pública empresarial, polo que aínda que emprega Xumco2 como módulo auxiliar para reflectir as operacións que realiza anualmente, esta información é trasladada aos estados financeiros que pola súa propia natureza xurídica ten obriga de presentar, polo que, a clasificación económica (226 e 227), asociada a determinados proxectos relacionados no anteproxecto de informe do FCI 2014 do Consello de

Contas de gastos financiados con fondo de compensación interterritorial, non corresponde ao tratamento financeiro final que se dará a estas operacións como investimento.

No apartado III.2.1 establécese como execución no exercicio 2014 destes proxectos, un importe de 1.792.451,48 €, que se corresponden aos seguintes gastos:

GASTO REALIZADO	IMPORTE
MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E MELLORA DO DPH DAS BACIAS DE GALICIA COSTA	393.806,58 €
ELABORACION DE MAPAS DE PERIGOSIDADE E RISCO DE INUNDACIONS PARA GALICIA COSTA	208.126,28 €
REDE DE CONTROL DE PREPOTABLES-TRAMOS PISCICOLAS-REDE OSPAR-REDE PEQUEÑOS ENCOROS BACIAS HIDROG. GALICIA	215.143,12 €
REDE FORONOMICA DE GALICIA COSTA	95.793,35 €
PLAN DE CONTROL DE VERTIDOS	563.187,82 €
CONTROL E ASESORAMENTO DAS EDAR'S DE GALICIA NON XESTIONADAS POR AUGAS DE GALICIA	245.263,20 €
REDE DE CONTROL AUGAS SUBTERRANEAS NO AMBITO DA DEMARCAACION GALICIA COSTA	71.131,13 €
	1.792.451,48 €

Este tipo de gastos no O.A. Augas de Galicia, na Eposh, e na EPE Augas de Galicia dende o exercicio 2015 foron imputados en Xumco2 no Capítulo VI de Investimentos, nembargantes nos exercicios 2013 e 2014 foron asociados ao Capítulo II no Xumco2, atendendo a un criterio organizativo interno do gasto, tendo que realizarse a súa activación como investimento no activo do balance de Augas de Galicia. A activación destes gastos como investimento vai asociada a unha análise completa de todos os gastos realizados de similar natureza dende a creación da EPE Augas de Galicia. E debido á complexidade e diversidade dos contratos, independentemente da súa fonte de financiamento, fai que esta activación, e polo tanto inclusión destes gastos como investimentos do activo do balance, se realice no peche do exercicio 2016.

Ponse de manifesto igualmente que no exercicio 2012 non se executou ningún gasto financiado con fondo de compensación interterritorial no Capítulo II de Xumco2 de Augas de Galicia, que no 2013 a explicación sería a relacionada no parágrafo anterior para o exercicio 2014 e que en ningún dos exercicios citados se fai ningún gasto na clasificación de Gastos diversos (226)."

"2.- Denominación de "proxectos disponibles".

O fondo de compensación interterritorial en cada exercicio orzamentario dótese en proxectos de gasto concretos que se recollían no O.A. Augas de Galicia no seu anexo de investimentos do orzamento de gastos do exercicio correspondente, dende a creación da EPE Augas de Galicia no programa de actuacións, investimentos e financiamento (PAIF) non existe ningún documento que recolla especificamente as cantidades de fondo de compensación interterritorial asociado a gastos concretos, sendo ésta unha das razóns pola que a EPE Augas de Galicia mantén como

sistema de contabilidade auxiliar o Xumco2 para facilitar o seguimento da xestión deste fondo, así como do resto de fondos europeos que xestiona.

No transcurso do exercicio sexa por baixas de adxudicación, por reaxustes dos prazos na execución, etc... hai proxectos que teñen unha dotación excesiva respecto ao gasto real previsto para ese exercicio. Este exceso de dotación de fondo de compensación interterritorial, así como de outros fondos, trasládase a estes proxectos denominados dispoñibles en materia de abastecemento, saneamento e mellora, por dúas razóns, por unha banda para poder facer un seguimento axeitado do gasto de cada un destes proxectos así como o seu reflexo nos estados financeiros, e por outra banda, facilitar o control dos créditos dispoñibles para a asunción, no seu caso, de gastos non previstos ao inicio do exercicio e que xurden ao longo do mesmo.

En todo caso, estes proxectos de dispoñibles, no que ao fondo de compensación se refire, a 31 de decembro de 2015 carecen de dotación, xa que foi levada a proxectos concretos que están executados na súa totalidade nesa data."

RÉPLICA Á ALEGACIÓN

1- Proxectos xestionados por Augas de Galicia financiados co Fondo de Compensación executados con cargo ao capítulo II-Gastos en bens correntes e servizos.

Con respecto a este punto cómpre indicar:

A Xunta orzou e executou os recursos do Fondo de Compensación no Capítulo VII Transferencias de Capital, do seu orzamento de gastos e transferiunos á entidade pública empresarial Augas de Galicia. A propia entidade recoñece recibir as referidas transferencias de capital, que deben ser destinadas á adquisición de bens de investimento encadradas en proxectos amparados polo financiamento do Fondo de Compensación, que deben ser rexistradas no activo do balance da entidade así como no Capítulo VI-Investmentos reais, da súa contabilidade orzamentaria.

É un feito que Augas de Galicia recoñeceu obrigas por importe de 1.792.451,48 euros, nos proxectos financiados co Fondo de Compensación, no concepto orzamentario 227-Traballos realizados por outras empresas. Por conseguinte, a 31 de decembro de 2014, tales gastos non poden ter a consideración de investimentos senón de gastos correntes.

Alégase que os gastos de referencia foron asociados ao capítulo II no Xumco2, "*atendendo a un criterio organizativo interno do gasto*", que non se detalla nin se xustifica. Ao propio tempo manifestan que os devanditos gastos deben ser activados, indicando que se inclúen como

investimentos no activo do balance no peche do exercicio 2016. Neste trámite de alegacións non se achega documentación nin información que xustifique o rexistro contable dos devanditos gastos como investimentos amparables polo Fondo de Compensación.

Cómpre verificar que os gastos devengados estean asociados a proxectos financiados polo Fondo de Compensación e que se cumpran os criterios necesarios para poder ser considerados como investimentos. Nesta fase da fiscalización non hai posibilidade de realizar tales verificacións, polo que a análise poderá ser realizada con ocasión das posteriores fiscalizacións programadas.

Respecto da alegación *"... en ningún dos exercicios citados (2012, 2013 e 2014) se fai ningún gasto na clasificación de Gastos diversos (226)"*, confirmamos que no exercicio 2014 existe crédito na aplicación orzamentaria 0782542B22602, proxecto 201400026, coa denominación "PROXECTO DISPOÑIBLES 3.45 – 226.02", por importe de 2.945,40 euros, sen execución orzamentaria.

Vistas as alegacións formuladas modifícase o anteproxecto de informe do seguinte xeito:

Nas páxinas 35 e 38, nos apartados III.2 e III.2.1, do Anteproxecto de Informe, insírese o seguinte parágrafo: "No trámite de alegacións a entidade manifesta que estes gastos serán activados no balance ao peche do exercicio 2016."

Na páxina 79, na conclusión número 6, substitúese o segundo parágrafo polo seguinte: "No trámite de alegacións a entidade manifesta que ditos gastos serán activados no balance ao peche do exercicio 2016, aínda que non se aporta documentación xustificativa nin información suficiente. Non procede nesta fase da fiscalización efectuar as correspondentes verificacións, polo que a análise destes extremos levarase a cabo nas posteriores fiscalizacións programadas."

2- Denominación de "proxectos dispoñibles".

Con respecto á alegación formulada, na fiscalización do exercicio 2015 verificarase que, a 31 de decembro, estes proxectos xenéricos carecen de dotación debido a que se executaron en proxectos concretos.

En consecuencia, a alegación presentada non supón a modificación do anteproxecto de informe.

ANEXOS

ANEXO 1. DIFERENZAS DE DOTACIÓN ENTRE PROXECTOS

1. FONDO DE COMPENSACIÓN 2014

Euros

Nº PROXECTO		DENOMINACIÓN PROXECTO C.A.	ESTADO (1ª modif.)	ESTADO 31.12.14	C A 31.12.14	DIFERENZA	DIFERENZA
C.A.	FONDO		C A 01.01.14	[2]	[3]	[1] – [3]	[3] – [2]
			[1]				
201400062	402	NOVA REDE DE RADIOCOMUNICACIÓNS DIXITAIS	300.000,00	300.000,00	300.000,00	0,00	0,00
07 - TELECOMUNICACIÓNS			300.000,00	300.000,00	300.000,00	0,00	0,00
PRESIDENCIA DA XUNTA			300.000,00	300.000,00	300.000,00	0,00	0,00
201100042	420	ACTUACIÓNS PARA O FOMENTO DA MODERNIZACIÓN E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	384.720,00	384.720,00	384.720,00	0,00	0,00
201100082	421	MODERNIZACIÓN ADMINISTRACIÓN XUSTIZA	177.392,00	177.392,00	177.392,00	0,00	0,00
201400001	422	MEDIOS PARA UNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL	650.600,00	650.600,00	650.600,00	0,00	0,00
201400004	423	ADMINISTRACIÓN E PATRIMONIO NA REDE	148.200,00	148.200,00	148.200,00	0,00	0,00
201300001	424	SOLUCIÓNS TECNOLÓXICAS SECTORIAIS	1.390.758,00	1.390.758,00	1.390.758,00	0,00	0,00
201400005	425	DESENVOLVEMENTO DAS TIC NOS SECTORES TRACTORES	891.431,00	891.431,00	891.431,00	0,00	0,00
201400013 / 201400006	426	MODERNIZACIÓN DAS REDES DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO	1.025.312,00	1.025.312,00	1.025.312,00	0,00	0,00
201400002	427	INFRAESTRUTURAS TIC	494.089,00	494.089,00	494.089,00	0,00	0,00
201400010	428	EXTENSIÓN DA BANDA LARGA EN GALICIA	99.999,00	99.999,00	99.999,00	0,00	0,00
07 - TELECOMUNICACIÓNS			5.262.501,00	5.262.501,00	5.262.501,00	0,00	0,00
AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (Amtega)			5.262.501,00	5.262.501,00	5.262.501,00	0,00	0,00
200700373	460	INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS E BENS DE INTERESE PÚBLICO	43.949,00	43.949,00	43.949,00	0,00	0,00
201400007	461	ACTUACIÓNS NOS ALBERGUES E CAMIÑO DE SANTIAGO	50.016,00	50.016,00	50.016,00	0,00	0,00
201400001	462	APOIO A ACTUACIÓNS DE POTENCIACIÓN DO TURISMO GALEGO	830.334,00	599.859,00	599.859,00	230.475,00	0,00
201400013	463	PROMOCIÓN, EDICIÓN E PUBLICACIÓNS	0,00	210.475,00	210.475,00	-210.475,00	0,00
11 - AXUDAS AOS INVESTIMENTOS TURÍSTICOS			924.299,00	904.299,00	904.299,00	20.000,00	0,00
AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA (Aturga)			924.299,00	904.299,00	904.299,00	20.000,00	0,00
TOTAL PRESIDENCIA DA XUNTA			6.486.800,00	6.466.800,00	6.466.800,00	20.000,00	0,00
201400193	501	PLANS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL	375.000,00	375.000,00	375.000,00	0,00	0,00
09 - DESENVOLVEMENTO LOCAL			375.000,00	375.000,00	375.000,00	0,00	0,00
201400172	502	MELLORA EQUIPAMENTOS ENTIDADES PROG MULLERES EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE OU EN SITUACIÓN DE TRATA	125.000,00	125.000,00	125.000,00	0,00	0,00
21 - OUTRAS MATERIAS			125.000,00	125.000,00	125.000,00	0,00	0,00
TOTAL VICEPRESIDENCIA E C. DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA			500.000,00	500.000,00	500.000,00	0,00	0,00
200700192	601	ASISTENCIA TÉCNICA EN MATERIA DE PROGRAMA OPERATIVO FEDER 2007-2013	35.761,00	37.417,39	38.288,59	-2.527,59	871,20
201300806	603	ACTUACIÓNS DE PREPARACIÓN PROGRAMA OPERATIVO FEDER 2014-2020	28.000,00	28.000,00	28.000,00	0,00	0,00
201400204	604	ACTUACIÓNS ASISTENCIA TÉCNICA FCI DO FONDO DE COMPENSACIÓN INTERTERRITORIAL	99.999,00	98.342,61	98.342,61	1.656,39	0,00
201400227	605	CAMPAÑA DIVULGATIVA DO P.O. FEDER 2007-2013	45.000,00	45.000,00	45.000,00	0,00	0,00
201400232	606	ACTUACIÓNS PREPARACIÓN DO NOVO PERIODO 2014-2020 (D.X. PROXECTOS E FONDOS)	799,00	799,00	799,00	0,00	0,00
201400233	607	A.T. EN MATERIA P.O. FEDER 2007-2013. FORMACIÓN E REUNIÓNS	7.600,00	7.600,00	6.728,80	871,20	-871,20
201400235	608	ACTUACIÓNS DE DIFUSIÓN E INFORMACIÓN DE RESULTADOS DO P.O. FEDER	10.000,00	10.000,00	10.000,00	0,00	0,00
201200222	609	PLAN AUDITORÍAS 2012 FEDER	7.437,00	7.437,00	7.437,00	0,00	0,00
201300211	610	PLAN DE AUDITORÍAS 2013 FEDER	1.400,00	1.400,00	1.400,00	0,00	0,00
201400217	611	PLAN DE AUDITORÍAS 2014 FEDER	22.500,00	22.500,00	22.500,00	0,00	0,00
21 - OUTRAS MATERIAS			258.496,00	258.496,00	258.496,00	0,00	0,00
TOTAL C. DE FACENDA			258.496,00	258.496,00	258.496,00	0,00	0,00

Nº PROXECTO		DENOMINACIÓN PROXECTO C.A.	ESTADO (1ª modif.)	ESTADO 31.12.14	C A 31.12.14	DIFERENZA	DIFERENZA
C.A.	FONDO		C A 01.01.14	[2]	[3]	[1] - [3]	[3] - [2]
			[1]	[2]	[3]	[1] - [3]	[3] - [2]
201300229	7201	INVESTIMENTOS PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE EN PARADAS E ESTACIONES DE AUTOBUSES	87.500,00	87.500,00	87.500,00	0,00	0,00
200900455	7202	PLATAFORMAS LOXÍSTICAS E TRANSPORTE INTERMODAL. PLISAN (ACCESO)	370.696,00	370.696,00	370.696,00	0,00	0,00
201300268	7203	PLATAFORMAS LOXÍSTICAS E TRANSPORTE INTERMODAL. CONEXIÓN AO PORTO SECO DE MONFORTE DE LEMOS - LUGO	479.304,00	479.304,00	479.304,00	0,00	0,00
201400280	7204	INVESTIMENTO EN INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE ALTERNATIVA	125.000,00	125.000,00	125.000,00	0,00	0,00
06 - OUTROS MEDIOS DE TRANSPORTE			1.062.500,00	1.062.500,00	1.062.500,00	0,00	0,00
200800506	7401	MELLORA DA XESTIÓN DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS E INDUSTRIAIS	306.157,00	231.755,99	231.755,99	74.401,01	0,00
200800509	7402	CALIDADE DO AIRE	362.140,00	264.718,21	264.718,21	97.421,79	0,00
200800508	7403	SOLOS CONTAMINADOS	37.903,00	1.527,72	1.527,72	36.375,28	0,00
201400242	7404	PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS URBANOS DE GALICIA 2010-2020 EQUIPAMENTOS AMBIENTAIS	150.000,00	1.624,90	1.624,88	148.375,12	-0,02
201300222	7405	ACTUACIÓNS NO EIDO AMBIENTAL	329.809,00	499.082,77	499.082,79	-169.273,79	0,02
201400256	7406	PREVENCIÓN DE RISCOS	252.548,00	252.548,00	252.548,00	0,00	0,00
201200246	7407	INVESTIMENTOS AMBIENTAIS EN EMPRESAS DE GALICIA	289.985,00	289.985,00	289.985,00	0,00	0,00
201300758	7408	AVALIACIÓN AMBIENTAL, MEDIDA 3.48	49.130,00	96.149,00	96.149,00	-47.019,00	0,00
201400240	7409	ADQUISICIÓNS	10.000,00	8.478,87	8.478,87	1.521,13	0,00
201400697	7410	ACTUACIÓNS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE ADVERSOS METEOROLÓXICOS E CLIMÁTICOS	0,00	27.342,20	27.342,20	-27.342,20	0,00
201400707	7411	PLAN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS DE GALICIA 2015-2020	0,00	99.778,86	99.778,86	-99.778,86	0,00
201300796	7412	PROXECTO ENERGYMARE	0,00	13.159,35	13.159,35	-13.159,35	0,00
201100694	7501	CONSERVACIÓN E PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE	40.000,00	40.000,00	40.000,00	0,00	0,00
201200706	7502	INFRAESTRUTURAS DE USO PÚBLICO EN ESPAZOS PROTEXIDOS. P.O.FEDER 2007-2013	57.793,00	57.793,00	57.793,00	0,00	0,00
201400273	7503	MELLORA DE INFRAESTRUTURAS E ECOSISTEMAS FLUVIAIS NA REDE NATURA 2000. P.O. FEDER 2007-2013	40.000,00	40.000,00	40.000,00	0,00	0,00
201100762	7504	SINALIZACIÓN. P. O. FEDER 2007-2013	7.000,00	7.000,00	7.000,00	0,00	0,00
201200709	7505	SINALIZACIÓN. P. O. FEDER 2007-2013	8.000,00	8.000,00	8.000,00	0,00	0,00
201400274	7506	OUTRO EQUIPAMENTO	35.000,00	35.000,00	35.000,00	0,00	0,00
200700638	7507	PLANIFICACIÓN, PROXECTOS, ESTUDOS E INVENTARIOS	20.000,00	20.000,00	20.000,00	0,00	0,00
201000969	7508	ESTUDOS E PLANIFICACIÓN DA BIODIVERSIDADE E DA REDE NATURA 2000	10.000,00	10.000,00	10.000,00	0,00	0,00
201200680	7509	ESTUDOS E PLANIFICACIÓN DA BIODIVERSIDADE E DA REDE NATURA 2000	10.000,00	10.000,00	10.000,00	0,00	0,00
201000983	7510	PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES NA NATUREZA. P.O. FEDER 2007-2013	20.000,00	20.000,00	20.000,00	0,00	0,00
16 - PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE			2.035.465,00	2.033.943,87	2.033.943,87	1.521,13	0,00
C. DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS			3.097.965,00	3.096.443,87	3.096.443,87	1.521,13	0,00
200700277	7002	LU/03/007.0 VAC SARRIA-MONFORTE (1)	2.848.022,00	2.849.543,13	2.849.543,13	-1.521,13	0,00
200901242	7003	CONEXIÓN CORREDOR BRIÓN-NOIA ESTRADA AC-550 EN TARAMANCOS-NOIA	863.350,00	863.350,00	863.350,00	0,00	0,00
01 - AUTOESTRADAS, AUTOVÍAS E ESTRADAS			3.711.372,00	3.712.893,13	3.712.893,13	-1.521,13	0,00
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AGI)			3.711.372,00	3.712.893,13	3.712.893,13	-1.521,13	0,00
VARIOS	7601	MELLORA DE ABASTECIMENTO DE AUGA A NÚCLEOS DE POBOACIÓN	1.832.868,00	1.832.868,00	1.710.056,56	122.811,44	-122.811,44
VARIOS	7602	PREVENCIÓN DE RISCOS NATURAIS E TECNOLÓXICOS	975.082,00	975.082,00	662.966,83	312.115,17	-312.115,17
14 - AUGA			2.807.950,00	2.807.950,00	2.373.023,39	434.926,61	-434.926,61
VARIOS	7701	ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO	2.217.050,00	2.217.050,00	2.651.976,61	-434.926,61	434.926,61
16 - PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE			2.217.050,00	2.217.050,00	2.651.976,61	-434.926,61	434.926,61
AUGAS DE GALICIA			5.025.000,00	5.025.000,00	5.025.000,00	0,00	0,00
TOTAL C. DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS			11.834.337,00	11.834.337,00	11.834.337,00	0,00	0,00
201400313	831	INFRAESTRUTURAS EN POLÍGONOS INDUSTRIAIS	600.000,00	600.000,00	600.000,00	0,00	0,00
15 - ENERXÍA			600.000,00	600.000,00	600.000,00	0,00	0,00

Nº PROXECTO		DENOMINACIÓN PROXECTO C.A.	ESTADO (1ª modif.)	ESTADO 31.12.14	C A 31.12.14	DIFERENZA	DIFERENZA
C.A.	FONDO		C A 01.01.14	[2]	[3]	[1] - [3]	[3] - [2]
			[1]	[2]	[3]	[1] - [3]	[3] - [2]
201400336	820	ESPAZOS COMERCIAIS MUNICIPAIS MERCADOS E PRAZAS DE ABASTOS EXCELENTES	625.000,00	625.000,00	625.000,00	0,00	0,00
201400785	821	MODERNIZACIÓN, ESTABLECEMENTO DE NOVAS FÓRMULAS DE COMERCIALIZACIÓN NO COMERCIO RETALLISTA E ARTESANAL GALEGO	0,00	338.525,81	338.525,81	-338.525,81	0,00
17 - INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN			625.000,00	963.525,81	963.525,81	-338.525,81	0,00
C. DE ECONOMÍA E INDUSTRIA			1.225.000,00	1.563.525,81	1.563.525,81	-338.525,81	0,00
200800375	801	AXUDAS PROXECTOS, INFRAEST. CONVENIOS INNOVACIÓN	502.000,00	163.474,19	163.474,19	338.525,81	0,00
200900662	802	INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO EN EMPRESAS	2.310.500,00	2.341.782,89	2.341.782,89	-31.282,89	0,00
201300014	803	CONTRATOS SEGUIMIENTOS E INPECCIÓN	8.750,00	8.750,00	8.750,00	0,00	0,00
201200301	804	APOIO Á INNOVACIÓN EMPRESARIAL	500.000,00	468.717,11	468.717,11	31.282,89	0,00
17 - INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN			3.321.250,00	2.982.724,19	2.982.724,19	338.525,81	0,00
AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (Gain)			3.321.250,00	2.982.724,19	2.982.724,19	338.525,81	0,00
201300012	870	AXUDAS AO INVESTIMENTO EMPRESARIAL	229.131,00	0,00	0,00	229.131,00	0,00
201400027	871	INVESTIMENTO E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO DAS PEMES A EMPRESAS PRIVADAS	500.000,00	336.476,01	336.476,01	163.523,99	0,00
201400009	872	APOIOS A PROXECTOS EMPREENDEDORES	300.000,00	244.491,07	244.491,07	55.508,93	0,00
201400010	873	MELLORA DA PRODUTIVIDADE DO TECIDO PRODUTIVO	325.000,00	325.000,00	325.000,00	0,00	0,00
201300038	874	APOIO Á COOPERACIÓN EMPRESARIAL PARA A INTERNACIONALIZACIÓN	20.869,00	17.951,55	17.951,55	2.917,45	0,00
08 - AXUDAS ÁS EMPRESAS			1.375.000,00	923.918,63	923.918,63	451.081,37	0,00
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (Igape)			1.375.000,00	923.918,63	923.918,63	451.081,37	0,00
201400001	850	ILUMINACIÓN PÚBLICA FONDOS FEDER	225.000,00	225.000,00	225.000,00	0,00	0,00
15 - ENERXÍA			225.000,00	225.000,00	225.000,00	0,00	0,00
INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (Inega)			225.000,00	225.000,00	225.000,00	0,00	0,00
TOTAL C. DE ECONOMÍA E INDUSTRIA			6.146.250,00	5.695.168,63	5.695.168,63	451.081,37	0,00
201100531	960	CONSTRUCCIÓN E EQUIPAMENTOS INFRAESTRUTURAS CULTURAIS	410.420,00	430.420,00	430.420,00	-20.000,00	0,00
201400452	961	INTERVENCIÓN EN BENS DESTINADOS AO USO XERAL	139.580,00	139.580,00	139.580,00	0,00	0,00
12 - VALORIZACIÓN RECURS. CULTURAIS INTERESE TURÍSTICO			550.000,00	570.000,00	570.000,00	-20.000,00	0,00
200800320	980	MELLORA DA CALIDADE E A COMPETITIVIDADE DA PRODUCCIÓN CIENTÍFICA NO S.U.G.	375.000,00	375.000,00	375.000,00	0,00	0,00
201400457	981	INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICAS: CEBIOVET	411.696,00	411.696,00	411.696,00	0,00	0,00
17 - INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN			786.696,00	786.696,00	786.696,00	0,00	0,00
201100428	902	CONSTRUCCIÓN ESCOLA INFANTIL DE BETANZOS	264.675,00	264.675,00	264.675,00	0,00	0,00
201100866	903	CONSTRUCCIÓN NOVO CEIP OLEIROS	235.325,00	235.325,00	235.325,00	0,00	0,00
201200438	904	NOVO IES EN CARRAL	0,00	451.081,37	451.081,37	-451.081,37	0,00
18 - EDUCACIÓN			500.000,00	951.081,37	951.081,37	-451.081,37	0,00
TOTAL C. DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA			1.836.696,00	2.307.777,37	2.307.777,37	-471.081,37	0,00
201400013	1001	ACCÍONS IMPULSO TICS (FONDOS EUROPEOS)	500.000,00	500.000,00	500.000,00	0,00	0,00
201300001	1002	PROXECTOS TICS	500.000,00	500.000,00	500.000,00	0,00	0,00
19 - SANIDADE			1.000.000,00	1.000.000,00	1.000.000,00	0,00	0,00
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (Sergas)			1.000.000,00	1.000.000,00	1.000.000,00	0,00	0,00
TOTAL C. DE SANIDADE			1.000.000,00	1.000.000,00	1.000.000,00	0,00	0,00
200700089	1101	INFRAESTRUTURAS SOCIAIS	500.000,00	500.000,00	500.000,00	0,00	0,00
201400544	1102	TRANSFERENCIAS AO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR. ESCOLAS INFANTÍS. PLAN DEMOGRÁFICO	250.000,00	250.000,00	250.000,00	0,00	0,00
21 - OUTRAS MATERIAS			750.000,00	750.000,00	750.000,00	0,00	0,00
TOTAL C. DE TRABAJO E BENESTAR			750.000,00	750.000,00	750.000,00	0,00	0,00

Nº PROXECTO		DENOMINACIÓN PROXECTO C.A.	ESTADO (1ª modif.)	ESTADO 31.12.14	C A 31.12.14	DIFERENZA	DIFERENZA
C.A.	FONDO		C A 01.01.14	[2]	[3]	[1] – [3]	[3] – [2]
201400644	1201	PROMOCIÓN DE PRODUCTOS PESQUEIROS	598.388,00	598.388,00	598.388,00	0,00	0,00
201100802	1202	PROXECTOS COLECTIVOS DE XESTIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS	426.734,00	426.734,00	426.734,00	0,00	0,00
200700579	1203	DIVERSIFICACIÓN E MANTEMENTO DE ACTIVIDADES NAS COMUNIDADES PESCADORAS	62.500,00	62.500,00	62.500,00	0,00	0,00
200700558	1204	EQUIPAMENTOS PESQUEIROS	432.825,00	432.825,00	432.825,00	0,00	0,00
200700549	1205	MEDIDAS PROTECCIÓN FLORA E FAUNA ACUÁTICAS	99.580,00	99.580,00	99.580,00	0,00	0,00
200700560	1206	PROSPECCIÓN, PLANIFICACIÓN, ADECUACIÓN E MELLORA ZONAS PRODUCCIÓN	297.997,00	297.997,00	297.997,00	0,00	0,00
200700567	1207	DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE ZONAS COSTEIRAS	331.691,00	331.691,00	331.691,00	0,00	0,00
13 - AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA			2.249.715,00	2.249.715,00	2.249.715,00	0,00	0,00
C. DO MEDIO RURAL E DO MAR			2.249.715,00	2.249.715,00	2.249.715,00	0,00	0,00
214113	1251	BRENS: NOVA PAVIMENTACIÓN DA EXPLANADA DO PEIRAO COMERCIAL	193.697,48	142.715,39	142.715,39	50.982,09	0,00
414112	1252	BURELA: MELLORA DO ABRIGO NA DÁRSENA INTERIOR NO PORTO COMERCIAL	106.302,52	77.124,15	77.124,15	29.178,37	0,00
214022	1253	PORTO DO SON: MELLORA DO ABRIGO	90.403,31	85.255,12	85.255,12	5.148,19	0,00
213155	1254	O BARQUEIRO: NOVAS INSTALACIÓNS NÁUTICO-DEPORTIVAS	63.144,46	63.144,46	63.144,46	0,00	0,00
sen ficha prox.	1255	VILANOVA: AMPLIACIÓN E MELLORA DAS INSTALACIÓNS NÁUTICO DEPORTIVAS	21.452,23	26.600,42	26.600,42	-5.148,19	0,00
210079	1256	RIBEIRA: LONXA	1.875.996,00	1.875.996,00	1.875.996,00	0,00	0,00
sen ficha prox.	1257	ALDAN: CONSTRUCCIÓN E INSTALACIÓN DE BARREIRAS ANTONDA NO PORTO	0,00	41.037,80	41.037,80	-41.037,80	0,00
sen ficha prox.	1258	COVELO: CONSTRUCCIÓN DA PONTE DE ACCESO AO PORTO	0,00	39.122,66	39.122,66	-39.122,66	0,00
03 - PORTOS			2.350.996,00	2.350.996,00	2.350.996,00	0,00	0,00
PORTOS DE GALICIA			2.350.996,00	2.350.996,00	2.350.996,00	0,00	0,00
TOTAL C. DO MEDIO RURAL E DO MAR			4.600.711,00	4.600.711,00	4.600.711,00	0,00	0,00
TOTAL FONDO DE COMPENSACIÓN 2014			33.413.290,00	33.413.290,00	33.413.290,00	0,00	0,00

(1) No proxecto 200700277, 7002 do Fondo de Compensación, a dotación a 31 de decembro de 2014 inclúe 2 euros que corresponden á modalidade de financiamento 2110-FCI Exercicio pechado libre, debido a que así foi certificado ao Ministerio.

2. FONDO COMPLEMENTARIO 2014

Euros

Nº PROXECTO		DENOMINACIÓN PROXECTO C.A.	ESTADO (1ª modif.)	ESTADO 31.12.14	C A 31.12.14	DIFERENZA	DIFERENZA
C.A.	FONDO		C A 01.01.14	[2]	[3]	[1] – [3]	[3] – [2]
200901242	7102	CONEXIÓN CORREDOR BRÍON-NOIA ESTRADA AC-550 EN TARAMANCOS-NOIA	11.136.650,00	11.136.650,00	11.136.650,00	0,00	0,00
01 - AUTOESTRADAS, AUTOVÍAS E ESTRADAS			11.136.650,00	11.136.650,00	11.136.650,00	0,00	0,00
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AGI)			11.136.650,00	11.136.650,00	11.136.650,00	0,00	0,00
TOTAL C. DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS			11.136.650,00	11.136.650,00	11.136.650,00	0,00	0,00
TOTAL FONDO COMPLEMENTARIO 2014			11.136.650,00	11.136.650,00	11.136.650,00	0,00	0,00
TOTAL FONDOS DE COMPENSACIÓN INTERTERRITORIAL 2014			44.549.940,00	44.549.940,00	44.549.940,00	0,00	0,00

ANEXO 2. PROXECTOS AFECTADOS POR BAIXAS DE CRÉDITO

PROXECTOS FFCI AFECTADOS POR BAIXAS DE CRÉDITO

Nº PROXECTO			Euros				
C.A.	FONDO	DENOMINACIÓN PROXECTO C.A.	[1] CRÉDITO INICIAL	[2] TOTAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITO	[3] BAIXAS DE CRÉDITO 31.12.14	[1] + [2] CRÉDITO DEFINITIVO	[1] + [2] - [3] CRÉDITO DEFINITIVO SEN BAIXAS
200400143	1014	CENTROS TECNOLÓXICOS SECTORIAIS DE GALICIA	0,00	0,00	-0,12	0,00	0,12
AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (Gain)			0,00	0,00	-0,12	0,00	0,12
Conforme ao establecido na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, entendéndose por tal a situación de equilibrio ou superávit orzamentario en termos de capacidade de financiamento. O exame destas magnitudes orzamentarias mostra unha capacidade de financiamento do exercicio de 3.171,96 miles de euros, que coa variación das operacións financeiras en 1.276,70 miles de euros eleva a capacidade de financiamento prevista inicialmente a 4.448,67 miles de euros.

Cadro 5: Evolución do saldo orzamentario

Concepto	2010	2011	2012	2013
(+) Operacións non financeiras	-4.027.097,49	4.995.246,77	-763.560,16	3.171.964,37
(+) Operacións activos financeiros	-3.000,00	-3.000,00	0,00	0,00
I. Resultado do exercicio	-4.030.097,49	4.992.246,77	-763.560,16	3.171.964,37
II. Variación neta pasivos financeiros	4.030.097,49	4.030.097,49	1.276.704,34	1.276.704,34
Saldo orzamentario do exercicio (I + II)	0,00	9.022.344,26	513.144,18	4.448.668,71

III.2 LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

III.2.1 LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

A liquidación do Orzamento de Ingresos recóllese no seguinte cadro:

Cadro 6: Liquidación do orzamento de ingresos

Capítulo	Previsións orzamentarias iniciais 2013	Modificacións de previsións orzamentarias	Previsións orzamentarias definitivas	Dereitos Recoñecidos 2013	Dereitos Anulados	Dereitos Recoñecidos Netos 2013	Recadación Neta	Dereitos Pendentes Cobro a 31-12	Exceso/defecto previsión
1. Impostos directos	6.902.984,33	0	6.902.984,33	5.847.007,34	23.908,73	5.823.098,61	5.823.097,69	0,92	-1.079.885,72
2. Impostos indirectos	240.000,00	0	240.000,00	137.670,84	182.833,94	-45.163,10	-120.796,04	75.632,94	-285.163,10
3. Taxas e outros ingresos	6.459.832,18	308.070,86	6.767.903,04	5.866.549,73	59.758,88	5.806.790,85	4.712.454,84	1.094.336,01	-961.112,19
4. Transferencias correntes	7.001.734,49	766.482,70	7.768.217,19	7.642.066,00	371.542,99	7.270.523,01	6.769.651,21	500.871,80	-497.694,18
5. Ingresos patrimoniais	13.015,00	0	13.015,00	48.376,81	0	48.376,81	46.573,81	1.803,00	35.361,81
6. Alleamento de investimentos reais	0	0	0	0	0	0	0	0	0
7. Transferencias de capital	1.435.147,47	1.616.672,45	3.051.819,92	598.134,21	0	598.134,21	598.134,21	0	-2.453.685,71
8. Activos financeiros	3.000,00	916.345,00	919.345,00	3.638,70	0	3.638,70	3.638,70	0	-915.706,30
9. Pasivos financeiros	1.520.656,53	0	1.520.656,53	0	0	0	0	0	-1.520.656,53
TOTAL	23.576.370,00	3.607.571,01	27.183.941,01	20.143.443,63	638.044,54	19.505.399,09	17.832.754,42	1.672.644,67	-7.678.541,92


A evolución dos ingresos liquidados en 2013 con relación ao ano anterior, así como a relevancia de cada fonte de financiamento sobre o total e os índices de liquidación das previsións definitivas de ingresos e de recadación de dereitos liquidados amosan os resultados que se amosan a continuación:

Cadro 7: Evolución dos ingresos liquidados sobre o exercicio anterior

Capítulo	Dereitos Recoñecidos Netos 2012	Dereitos Recoñecidos Netos 2013	Importancia relativa de cada cap (DRN cap/DRN totais)	Variación con relación ao ano anterior (DRN 2013-DRN 2012)/DRN 2012	Índice de liquidación de dereitos (DRN 2013/prev definit)	Índice de recadación de dereitos (recadación neta 2013/DRN)
1. Impostos directos	7.703.348,71	5.823.098,61	29,85%	-24,41%	84,36%	100,00%
2. Impostos indirectos	119.648,54	-45.163,10	-0,23%	-137,75%	-18,82%	267,47%
3. Taxas e outros ingresos	5.869.715,43	5.806.790,85	29,77%	-1,07%	85,80%	81,15%
4. Transferencias correntes	6.868.456,44	7.270.523,01	37,27%	5,85%	93,59%	93,11%
5. Ingresos patrimoniais	15.089,86	48.376,81	0,25%	220,59%	371,70%	96,27%
6. Alleamento de investimentos reais	0	0	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
7. Transferencias de capital	546.069,48	598.134,21	3,07%	9,53%	19,60%	100,00%
8. Activos financeiros	1.411,14	3.638,70	0,02%	157,86%	0,40%	100,00%
9. Pasivos financeiros	1.590.868,69	0	0,00%	-100,00%	0,00%	0,00%
TOTAL	22.714.608,29	19.505.399,09	100,00%	-14,13%	71,75%	91,42%

Con relación ao ano anterior prodúcese unha caída salientable na liquidación de todos os impostos, directos e indirectos. Ademais, non se acode a novo endebedamento.

Gráfico 1: Importancia relativa dos capítulos de ingresos



Os ingresos proveñen maioritariamente de impostos directos, taxas e outros ingresos e transferencias correntes. Hai que destacar en relación ao ICIO, imposto indirecto, que en 2013 se producen devolucións de ingresos por un importe superior ao que se liquida, debido a que como consecuencia da crise houbo obras previstas que non se chegaron a realizar. Por tanto, non só non hai recadación neta positiva por este imposto, senón que se minora a recadación total.

O índice de liquidación de dereitos, do 71,75%, é baixo comparado coa media dos concellos do seu mesmo tramo de poboación galego ou estatal (do 82,08% e 84,74%, respectivamente) e moi inferior tamén ao do propio concello no ano anterior. Niso ten moito que ver o feito de que as previsións orzamentarias de ingresos en 2013 son moi superiores aos dereitos recoñecidos netos do ano anterior, polo que son claramente excesivas. O índice de recadación dos dereitos liquidados sitúase entre a media de Galicia e a media nacional.

A evolución das previsións de ingresos, dereitos recoñecidos netos e índices de realización e recadación de dereitos reflíctese no seguinte cadro:

Cadro 8: Evolución dos ingresos liquidados

Ano	Previsións orzamentarias definitivas	Dereitos recoñecidos netos	Recadación neta	% de realización de dereitos	% de recadación de dereitos recoñecidos
2010	35.605.013,93	26.300.763,91	23.674.062,20	73,87%	90,01%
2011	37.744.383,77	22.188.745,06	19.159.622,39	58,79%	86,35%
2012	25.313.985,61	22.714.608,29	19.947.827,52	89,73%	87,82%
2013	27.183.941,01	19.505.399,09	17.832.754,42	71,75%	91,42%

Finalmente, o cadro seguinte recolle os principais indicadores do orzamento de ingresos do

Concello de Ames

Cadro 9: Indicadores do orzamento de ingresos. Evolución e comparación con concellos no mesmo tramo de poboación

Indicador	Ámbito	2010	2011	2012	2013
Execución orzamento ingresos	Ames	73,87%	58,79%	89,73%	71,75%
DRN/Previsións ingresos	Media A Coruña	70,87%	69,23%	83,47%	79,12%
	Media Galicia	71,04%	70,90%	88,16%	84,31%
	Media nacional	68,32%	71,45%	90,98%	86,46%
Autonomía	Ames	64,84%	86,44%	85,70%	90,90%
DRN 1 a 8 /DRN	Media A Coruña	67,17%	78,25%	81,43%	85,95%
	Media Galicia	64,58%	75,27%	77,46%	83,44%
	Media nacional	64,80%	76,34%	70,35%	82,46%
Autonomía fiscal	Ames	41,72%	57,61%	56,01%	55,64%
DRN tributarios/DRN	Media A Coruña	41,32%	47,81%	49,36%	50,94%
	Media Galicia	37,75%	43,90%	45,86%	47,58%
	Media nacional	41,81%	49,46%	46,35%	53,92%
Índice dependencia subvencións	Ames	19,14%	13,24%	7,30%	9,10%
DRN 4 e 7/DRN	Media A Coruña	28,43%	18,21%	14,35%	12,27%
	Media Galicia	31,38%	19,63%	14,57%	12,98%
	Media nacional	24,34%	16,02%	11,13%	11,25%
Realización dos cobramentos	Ames	90,01%	86,35%	87,82%	91,42%
Recadado/DRN	Media A Coruña	91,58%	90,55%	90,69%	92,74%
	Media Galicia	91,99%	91,06%	91,50%	93,33%
	Media nacional	78,40%	79,36%	82,68%	82,35%

Observase que o concello de Ames presenta uns índices de execución do orzamento de ingresos e realización dos cobramentos inferiores á media da provincia e de Galicia. Esta comparativa indica tamén que presenta un mellor cociente de autonomía e, polo tanto, unha menor dependencia ou necesidade de acudir ao endebedamento para financiar as súas operacións. Os recursos de orixe tributaria son superiores á media provincial, autonómica e estatal, e en consecuencia a súa dependencia dos recursos procedentes doutras administracións é menor.

III.2.2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

A liquidación do Orzamento de Gastos reflíctese no seguinte cadro:

Informe de Fiscalización do Concello de Ames, exercicio 2013

Cadro 10: Liquidación do orzamento de gastos

Capítulo	Créditos Iniciais	Modificacións de Créditos	Créditos Definitivos	Gastos Comprometidos	Obligacións Reconocidas Netas	Pagos	Obligacións Pendentes de Pago a 31-12	Remanentes de Crédito
1. Gastos de Persoal	7.104.238,70	253.074,82	7.357.313,52	7.274.892,47	7.274.892,47	7.135.081,81	139.810,66	82.421,05
2. Gastos en Bens Correntes e Servizos	10.545.116,92	-13.104,29	10.532.012,63	9.355.352,92	9.255.339,66	7.509.837,55	1.745.502,11	1.276.672,97
3. Gastos Financeiros	296.402,84	-120.000,00	176.402,84	173.755,34	173.755,34	173.755,34	0	2.647,50
4. Transferencias correntes	934.990,64	51.986,92	986.977,56	431.514,23	429.531,13	273.735,47	155.795,66	557.446,43
5. Fondo de continxencia	0	0	0	0	0	0	0	0
6. Investimentos Reais	0	3.183.636,75	3.183.636,75	2.223.572,23	1.916.261,31	1.408.287,26	507.974,05	1.267.375,44
7. Transferencias de Capital	0	115.289,54	115.289,54	0	0	0	0	115.289,54
8. Activos financeiros	3.000,00	1.687,27	4.687,27	4.287,27	4.287,27	4.287,27	0	400
9. Pasivos financeiros	243.952,19	135.000,00	378.952,19	378.163,98	378.163,98	378.163,98	0	788,21
TOTAL	19.127.701,29	3.607.571,01	22.735.272,30	19.841.538,44	19.432.231,16	16.883.148,68	2.549.082,48	3.303.041,14

A importancia relativa de cada tipo de gasto sobre o total, a súa evolución con relación ao ano anterior e os índices de execución e pago das obrigacións son os seguintes:


Cadro 11: Evolución dos gastos liquidados sobre o exercicio anterior

Capítulo	Obrigas recoñecidas 2012	Obrigas recoñecidas 2013	Importancia de cada cap: OR capítulo/total OR	Variación das OR 2013 con relación ás OR 2012	Índice de execución orzamentaria	Índice de pago das obrigas
1 Gastos de persoal.	6.815.754,35	7.274.892,47	37,44%	6,74%	98,88%	98,08%
2 Gastos correntes en bens e servizos.	10.456.583,00	9.255.339,66	47,63%	-11,49%	87,88%	81,14%
3 Gastos financeiros.	261.760,29	173.755,34	0,89%	-33,62%	98,50%	100,00%
4 Transferencias correntes.	661.925,89	429.531,13	2,21%	-35,11%	43,52%	63,73%
6 Investimentos reais.	1.321.174,29	1.916.261,31	9,86%	45,04%	60,19%	73,49%
7 Transferencias de capital.	6.345,00	0,00	0,00%	-100,00%	0,00%	0,00%
8 Activos financeiros.	1.800,00	4.287,27	0,02%	138,18%	91,47%	100,00%
9 Pasivos financeiros.	244.493,48	378.163,98	1,95%	54,67%	99,79%	100,00%
Total xeral	19.769.836,30	19.432.231,16	100,00%	-1,71%	85,47%	86,88%

Con relación ao ano anterior redúcese o gasto corrente en bens e servizos, así como as transferencias correntes e incrementáanse os investimentos reais e o gasto en persoal. Incrementábase así mesmo a amortización da débeda.

O índice de execución do orzamento é superior ás medias de Galicia e do Estado e o índice de pago de obrigacións é algo inferior, pero cunha diferenza non superior a 5 puntos porcentuais en ambos os casos.

Gráfico 2: Importancia relativa dos capítulos de gasto



Se analizamos a composición do gasto e o comparamos cos restantes concellos do mesmo tramo de poboación, resulta o seguinte:

Cadro 12: Evolución dos tipos de gasto e comparación con concellos no mesmo tramo de poboación

Tipo de gasto	Nivel	2010	2011	2012	2013
Gastos de funcionamento	Estado	61,09%	67,03%	70,94%	71,98%
	Galicia	64,23%	67,35%	75,14%	72,63%
	Ames	79,00%	75,56%	87,37%	85,07%
Transferencias e subvencións	Estado	8,72%	8,93%	9,20%	9,21%
	Galicia	5,24%	5,58%	5,37%	6,15%
	Ames	3,48%	3,83%	3,38%	2,21%
Investimentos reais	Estado	23,26%	16,76%	9,49%	7,54%
	Galicia	26,32%	21,80%	12,45%	13,74%
	Ames	16,23%	14,61%	6,68%	9,86%
Operacións financeiras	Estado	6,94%	7,27%	10,37%	11,28%
	Galicia	4,21%	5,27%	7,03%	7,48%
	Ames	1,29%	6,00%	2,57%	2,86%

Un 85,07% dos gastos totais son gastos de funcionamento (persoal e gasto corrente en bens e servizos), porcentaxe moi superior á media de Galicia e estatal. O gastos en transferencias e subvencións (do 2,21% do total), así como en operacións financeiras (do 2,86%), son inferiores ás medias de referencia.

A análise do ritmo de execución mensual das obrigacións recoñecidas ao longo do ano permite concluír que o mesmo non é uniforme, destacando o feito de que un 24,09% do total de obrigas se recoñecen no mes de decembro.

Finalmente, o cadro seguinte recolle os principais indicadores do orzamento de gastos do Concello de Ames:

Cadro 13: Indicadores do orzamento de gastos. Evolución e comparación con concellos no mesmo tramo de poboación

Indicador	Ámbito	2010	2011	2012	2013
Execución orzamento gastos	Ames	66,34%	84,27%	79,71%	85,47%
ORN/Créditos definitivos	Media A Coruña	69,96%	77,01%	75,73%	79,20%
	Media Galicia	72,09%	79,34%	78,22%	82,81%
	Media nacional	68,98%	75,17%	75,74%	79,29%
Índice gastos persoal	Ames	44,06%	36,90%	33,12%	38,48%
ORN Capitulo 1/DRN 1 a 5	Media A Coruña	37,13%	35,39%	30,40%	32,39%
	Media Galicia	42,98%	40,86%	34,95%	35,99%
	Media nacional	41,59%	41,79%	36,81%	36,22%
Esfuerzo investidor	Ames	16,47%	14,70%	6,71%	9,86%
ORN Capitulo 6 e 7/ORN	Media A Coruña	26,25%	21,58%	14,21%	13,97%
	Media Galicia	25,95%	20,83%	13,08%	14,65%
	Media nacional	22,33%	16,19%	9,50%	7,91%
Carga financeira exercicio	Ames	1,63%	6,95%	2,46%	2,92%
ORN Capítulos 3 e 9/DRN 1 a 5	Media A Coruña	4,73%	5,49%	5,91%	6,66%
	Media Galicia	5,47%	5,95%	7,15%	7,56%
	Media nacional	7,94%	7,60%	9,44%	9,92%
Realización dos pagos	Ames	86,53%	79,93%	81,30%	86,88%
Pagos líquidos/ORN	Media A Coruña	87,25%	88,13%	86,41%	90,56%
	Media Galicia	85,16%	86,43%	88,00%	90,60%
	Media nacional	76,53%	76,71%	82,29%	85,47%

O concello de Ames presenta unha porcentaxe de execución do orzamento de gastos superior a todas as medias consideradas; porén a súa porcentaxe de realización dos pagamentos é inferior a media provincial, autonómica e nacional. O gasto de persoal supón unha porcentaxe dos ingresos correntes superior ás medias de Galicia (provincial e autonómica), aínda que é máis baixa que a media nacional. E, como consecuencia, o esforzo investidor é inferior ás medias de Galicia, pero superior á media nacional. Finalmente, a carga financeira do exercicio é moi inferior a todas as medias consideradas nesta comparativa.

III.3 RESULTADO ORZAMENTARIO

O resultado orzamentario que consta na Conta Xeral presentada e cuxas cifras coinciden coa liquidación, é o seguinte:

Cadro 14: Resultado orzamentario do exercicio

Conceptos	DRN	ORN	AXUSTES	Resultado orzamentario
a. Operacións correntes	18.903.626,18	17.133.518,60	0,00	1.770.107,58
b. Outras operacións non financeiras	598.134,21	1.916.261,31	0,00	-1.318.127,10
I. Total operacións non financeiras (a+b)	19.501.760,39	19.049.779,91	0,00	451.980,48
II. Activos financeiros	3.638,70	4.287,27	0,00	-648,57
III. Pasivos financeiros	0,00	378.163,98	0,00	-378.163,98
RDO. ORZAMENTARIO EXERCICIO (I+II+III)	19.505.399,09	19.432.231,16	0,00	73.167,93
IV. Créditos gastados financiados con remanentes de tesourería para gastos xerais	0,00	0,00	0,00	0,00
V. Desviacións de financiamento negativas do exercicio	0,00	0,00	1.536.900,31	1.536.900,31
VII. Desviacións de financiamento positivas do exercicio	0,00	0,00	691.132,93	691.132,93
RDO. ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II+III+IV+V+VII)	19.505.399,09	19.432.231,16	845.767,38	918.935,31

Debe terse en conta a evolución do saldo da conta 413 (acreedores por operacións pendentes de aplicar a orzamento) que se incrementa en 97,93 miles de euros durante o ano 2013. Polo tanto, o resultado orzamentario real debería minorarse nesa contía.

A súa evolución nos últimos anos recóllese a continuación:

Cadro 15: Evolución do resultado orzamentario

CONCEPTO	2010	2011	2012	2013
a. Aforro Bruto (saldo de operacións correntes)	-1.021.811,29	1.415.941,72	2.380.235,45	1.770.107,58
b. Outras operacións non financeiras	-307.500,58	-2.309.257,55	-781.449,81	-1.318.127,10
Superávit/Déficit non financeiro (Total operacións non financeiras (a+b))	-1.329.311,87	-893.315,83	1.598.785,64	451.980,48
II. Activos financeiros	0,00	0,00	-388,86	-648,57
III. Variación neta de endebedamento (Pasivos financeiros)	4.009.276,30	-1.122.866,82	1.346.375,21	-378.163,98
RDO. ORZAMENTARIO. EXERCICIO (I+II+III)	2.679.964,43	-2.016.182,65	2.944.771,99	73.167,93
IV. Créditos gastados financiados con remanentes de tesourería para gastos xerais	0,00	0,00	0,00	0,00
V. Desviacións de financiamento negativas do exercicio	1.199.727,87	2.122.956,40	645.980,79	1.536.900,31
VII. Desviacións de financiamento positivas do exercicio	4.077.984,18	466.526,84	360.050,56	691.132,93
(RDO. ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II+III+IV+V+VII))	-198.291,88	-359.753,09	3.230.702,22	918.935,31


Aforro Bruto

O aforro bruto representa o importe que resulta de descontar os gastos correntes dos ingresos correntes (capítulos 1 a 5 en ambos os casos), podendo destinarse ao financiamento doutro tipo de gasto.

Neste exercicio, dedícase a financiar parte dos investimentos reais (capítulo 6) e á amortización de préstamos (capítulo 9). En definitiva, e como se reflicte nos dous cadros anteriores, hai un

superávit non financeiro de 451,98 miles de euros, que se emprega na redución do endebedamento por 378,16 miles de euros. O saldo positivo resultante, unido ás desviacións de financiamento, dá como resultado unha capacidade de financiamento de 918,94 miles de euros.

Gráfico 3: Evolución do aforro bruto e magnitudes vinculadas



III.4. REMANENTE DE TESOURERÍA

O remanente de tesourería declarado que figura na Conta Xeral presentada e que inclúe o relativo a 2012 e 2013 é o seguinte:

Cadro 16: Remanente de tesourería do exercicio actual e anterior

Concepto	2012	2013
Fondos líquidos	2.528.038,23	1.339.858,60
Dereitos pendentes de cobramento	8.528.099,12	8.327.456,96
(+) Do orzamento corrente	2.766.780,77	1.672.644,67
(+) De orzamentos pechados	6.620.716,66	7.587.731,80
(+) De operacións non orzamentarias	153.341,51	122.674,00
(-) Cobramentos pendentes de aplicación definitiva	1.012.739,82	1.055.593,51
7 3. Obrigacións pendentes de pago	6.890.149,34	5.480.275,47
(+) Do orzamento corrente	3.696.738,04	2.549.082,48
(+) De orzamentos pechados	2.915.878,04	2.679.474,98
(+) De operacións non orzamentarias	367.937,69	371.091,01
(-) Pagos pendentes de aplicación definitiva	90.404,43	119.373,00
I. Remanente de tesourería total (1+2-3)	4.165.988,01	4.187.040,09

Concepto	2012	2013
II. Saldos de dubidoso cobramento	2.651.235,67	3.176.971,06
III. Exceso de financiamento afectado	1.324.726,59	955.779,92
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I – II – III)	190.025,75	54.289,11

Debe incrementarse a partida de “fondos líquidos” en 200 € en 2012 e en 2.700 € en 2013, contías que figuraban respectivamente nas contas 5741 e 5751 e non se incluíron na contía de fondos líquidos declarada.

Ademais, debería terse en conta que hai obrigas pendentes de imputar a orzamento por importe de 404,27 miles de euros, dos cales, segundo a información que figura na Memoria, están pagos 91,10 miles de euros. Polo tanto, o remanente de tesourería real sería inferior ao declarado en 313,17 miles de euros.

Por ultimo, tal como se analiza no epígrafe correspondente deste informe, o importe dos saldos de dubidoso cobramento debería incrementarse en 44,98 miles de euros o que produciría unha redución de idéntica contía no importe do remanente de tesourería.

Cadro 17: Axustes ao remanente de tesourería

Axustes no cálculo do remanente de tesourería	
Remanente de tesourería para gastos xerais declarado	54.289,11
Incremento por inclusión de saldo conta 575.1	200,00
Redución por aumento saldo debedores dubidoso cobramento	-44.984,94
Redución por saldo conta 413 (exceptuando cantidades pagas)	-313.173,34
Remanente de tesourería para gastos xerais tras axustes	-303.669,17

Xa que logo o remanente de tesourería do exercicio 2013 sería negativo, o que leva a aplicación do artigo 193 do TRLFL, que obriga a adoptar medidas de redución de gastos no novo orzamento por contía igual ao déficit producido, financiamento do mesmo mediante operación de crédito sempre que se cumpran as condicións esixidas, ou execución do novo orzamento con superávit igual ao déficit anterior.

Por último, a comparación do remanente de tesourería para gastos xerais de Ames co resto de concellos do seu mesmo tramo de poboación no ámbito de Galicia e do Estado, pon de manifesto que, como se reflicte no seguinte cadro, é moi inferior á media dos mesmos.

Cadro 18: Comparación do Remanente de tesourería para gastos xerais

Remanente de tesourería para gastos xerais de concellos entre 20.001 e 50.000 habitantes	Importe medio
Estado	2.543.448,16
Galicia	2.357.706,19
Ames	54.289,11

III.5. INDICADORES DAS MAGNITUDES ORZAMENTARIAS

En relación ao resultado orzamentario e ao remanente de tesourería, calculáronse os seguintes indicadores:

Cadro 19: Indicadores magnitudes orzamentarias

Indicador	Ámbito	2010	2011	2012	2013
Índice de aforro bruto	Ames	-5,52%	6,79%	11,57%	9,36%
(DRN cap 1 a 5 excepto 35, 396 y 397-ORN cap 1 a 4)*100/DRN cap 1 a 5 agás 35, 396 e 397	Media A Coruña	6,84%	10,75%	14,72%	14,92%
	Media Galicia	5,92%	9,08%	13,98%	15,43%
	Media nacional	6,59%	8,26%	13,52%	17,68%
Índice de aforro bruto non financeiro	Ames	-5,00%	8,01%	12,84%	10,28%
(DRN cap 1 a 5 excepto 35, 396 y 397-ORN cap 1,2 y 4)*100/DRN cap 1 a 5 agás 35, 396 e 397	Media A Coruña	7,59%	11,70%	15,85%	16,03%
	Media Galicia	6,71%	10,16%	15,39%	17,08%
	Media nacional	8,09%	10,19%	16,17%	20,46%
Superávit/déficit por habitante	Ames	-7,11	-12,47	110,15	30,95
Resultado orzamentario axustado/Nº de habitantes	Media A Coruña	53,48	80,79	105,60	64,90
	Media Galicia	21,61	48,14	100,79	63,21
	Media nacional	21,81	44,27	231,11	113,88
Contribución do orzamento ao remanente de tesourería	Ames	0,22	0,17	17,00	16,93
Resultado orzamentario axustado/Remanente de tesourería para gastos xerais	Media A Coruña	5,82	0,81	3,02	2,60
	Media Galicia	3,60	0,87	1,71	1,66
	Media nacional	1,75	2,60	1,63	1,22
Remanente por ingresos correntes	Ames	-0,11	-0,17	-0,01	-0,02
(Remanente de tesourería para gastos xerais-saldo413)/DRN (cap 1 a 5, agás 35,396 e 397)	Media A Coruña	0,09	0,05	0,19	0,19
	Media Galicia	-0,11	-0,15	0,04	0,07
	Media nacional	-0,14	-0,17	0,04	0,06
Índice de debedores de dubidoso cobro	Ames	32,88%	31,78%	31,09%	38,15%
Saldos de dubidoso cobro*100/Debedores pendentes de cobro	Media A Coruña	-166,60%	52,07%	39,24%	43,40%
	Media Galicia	-61,76%	55,38%	48,20%	60,19%
	Media nacional	16,15%	25,30%	32,54%	41,35%

Como se deduce dos indicadores calculados, os índices de aforro bruto y aforro bruto non financeiro son moi inferiores ás medias da mesma provincia, Comunidade autónoma e Estado. O mesmo ocorre co superávit/déficit por habitante.

Por outra parte, o remanente de tesourería, que reflicte a liquidez da entidade, é moi inferior ao resultado orzamentario axustado, que sigue criterios de devengo de ingresos e gastos, o que da lugar a que o indicador de contribución do orzamento ao remanente de tesourería sexa moi

superior ás medias de referencia. O remanente por ingresos correntes é negativo, a diferenza do relativo á provincia, Comunidade autónoma e Estado, que é positivo.

Por último, o índice de debedores de dubidoso cobro, que reflicte a porcentaxe que representan os debedores de dubidoso cobro sobre o total de debedores pendentes de cobro, resulta inferior en 3 e 5 puntos porcentuais, respectivamente, ás medias da provincia e do Estado, e moi inferior á media de Galicia, onde este índice presenta valores moi elevados.

III.3 CONTABILIDADE FINANCEIRA

O Concello ten implantado o modelo normal da Instrución de Contabilidade para Entidades Locais (ICALN), aprobado por Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 23 de novembro do 2004.

As contas anuais comprenden o Balance, a Conta do resultado económico-patrimonial, o Estado de liquidación do orzamento e a Memoria.

O concello de Ames remite ao Consello de Contas o libro diario de contabilidade financeira e a partir do mesmo elabóranse os estados contables, que coinciden cos achegados.

Realízase así mesmo unha comparativa dos datos da contabilidade financeira cos que figuran na contabilidade orzamentaria, que coinciden.

Sen embargo, na súa aplicación efectiva detectáronse as seguintes debilidades:

Inventario

Non se dispón dun inventario de bens completo e actualizado, polo que se incumpre o disposto no artigo 86 do TRRL e 17 e seguintes concordantes do Regulamento de bens das Entidades Locais, aprobado por RD 1372/1986, do 13 de xuño. Aínda que foi aprobado polo pleno o día 3 de abril de 1997, non está actualizado e non inclúe todos os bens da entidade, que polo tanto non están correctamente contabilizados nin son obxecto de amortización. Ademais, a maioría dos bens non están rexistrados no Rexistro da Propiedade, como establece o artigo 36 do Regulamento de Bens das entidades locais, coa excepción dos bens de cesión obrigatoria dos ámbitos urbanísticos desenvolvidos mediante iniciativa privada.

Antigüidade de saldos

En relación aos saldos pendentes, tanto de dereitos pendentes de cobro como de obrigas pendentes de pagamento, non se realizan depuracións de saldos de xeito periódico, o que da lugar a que permanezan contabilizados saldos moi antigos. Así, figuran dereitos pendentes de

cobro contabilizados dende o ano 1989, e o importe dos correspondentes a 2009 e anteriores ascende á cantidade de 3.888,10 miles de euros. E igualmente figuran obrigas pendentes de pago contabilizadas dende o ano 1996, ascendendo a 1.446,05 miles o importe das relativas a 2009 e anteriores.

Provisión para insolvencias

A provisión por insolvencias, relativa aos saldos de dubidoso cobro dos dereitos recoñecidos e non recadados de exercicios anteriores, segue unha regra máis estrita que a contida no artigo 193.bis do TRLRFL, precepto que foi introducido nesta lei pola Lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, de aplicación para o 2014. O criterio, que se recolle nas bases de execución do orzamento consiste en dotar un 30% para dereitos con antigüidade de máis de 1 ano, 50% para os de máis de 2; 75% para os de máis de 3 e 100% para os de máis de 4.

Débedas sen contabilizar

Existen operacións pendentes de aplicar ao orzamento recollidas na conta 413, acredores pendentes de aplicar ao orzamento, cun saldo de 404, 27 miles de euros, que se incrementan en 2013 con relación ao saldo de 306,34 miles de euros pendentes ao peche do exercicio 2012.

IV. RESULTADOS DA FISCALIZACIÓN

IV.1 CONTROL INTERNO

A función de control e fiscalización interna comprende tres tipos de actividades: a función interventora, a función de control financeiro e a función de control de eficacia. Así resulta da normativa existente ao respecto, tanto a xeral como a propia da Administración Local (artigos 213 e seguintes do TRLRFL e no RDFHCN).

De conformidade co disposto no punto 49 Coñecemento do sistema de control interno e do entorno de control da norma ISSAI-ES-400 "Principios fundamentais da fiscalización de Cumprimento", os auditores deben coñecer o entorno de control e o sistema de control interno implantado e considerar si é posible garantir o seu funcionamento.

En consecuencia, analizouse a función de control e fiscalización interna, na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia, regulada nos artigos 213 e seguintes do TRLRFL e no RDFHCN.

No que respecta á función interventora, avalíouse como se efectúa a fiscalización previa de todo

acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos e obrigas de contido económico. Neste sentido destácase:

1. A fiscalización previa está a substituírse por unha fiscalización limitada. Non se realiza a fiscalización plena posterior sobre unha mostra, contemplada no art. 219.3 do TRLRFL, feito que se trata de paliar ampliando na BEO nº 35 as cuestións que deben ser obxecto de comprobación con relación aos apartados a) e b) do art. 219.2 del TRLFL.
2. Non existen manuais de procedementos relacionados co control interno que definan de xeito claro os trámites a seguir en cada unha das tarefas desenvolvidas, nin existen normas escritas sobre o arquivo de documentos, a súa accesibilidade e protección segura.
3. Non se require ao órgano xestor se transcorrido un mes dende a anotación da factura ou documento equivalente no rexistro non tramitou o expediente de recoñecemento da obriga, tal como esixe o artigo 5 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de loita contra a morosidade. Ademais, a entidade manifesta que en 2013 non existía ningún procedemento de control que permitise detectar operacións non rexistradas, pero si se ten adoptado un procedemento na actualidade, aínda que non se describe o seu funcionamento.
4. Non existe un plan de disposición de fondos da tesourería, ao que se refire o artigo 187 do TRLRFL, cando establece que a expedición das ordes de pagamento se acomodará ao plan de disposición de fondos, que en todo caso deberá recoller a prioridade dos gastos de persoal e das obrigas contraídas en exercicios anteriores.
5. Non hai constancia de que leven a cabo actuacións de control financeiro nin de control de eficacia, para o que o Concello debería ter definidos uns obxectivos previos que permitan verificar a eficacia, eficiencia e economía na prestación dos servizos públicos.

Todas estas cuestións, xunto coa consideración do elevado número de informes que se realizan neste concello e do continuo crecemento da súa poboación, incide na necesidade de máis medios humanos que poidan apoiar ao interventor nas tarefas de fiscalización.

Durante o exercicio 2013 formuláronse un total de 31 reparos de legalidade sobre determinados aspectos da actividade económico-financieira municipal. Ademais, aprobáronse un total de 46 expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos, dos que 44 foron aprobados polo Presidente, por unha contía total de 782.787,28 euros, e dous polo Pleno, por unha contía de 108.899,55 euros. Polo tanto, a contía total destes expedientes aprobada no exercicio ascendeu a 891.686,83 euros, o que representa un 4,59 por cento sobre as obrigas recoñecidas netas do exercicio.

Os 173.5 e 176 do TRLRFL impiden, dunha banda, facer fronte aos compromisos de gastos

adquiridos sen consignación orzamentaria por ser nulos de pleno dereito e, doutra, prohiben como regra xeral que ao orzamento dun exercicio se imputen obrigas derivadas de prestacións realizadas no exercicio anterior. Dada esta situación, e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración, o artigo 60.2 RD 500/1990 establece que corresponde ao Pleno a competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria, e o 26.2 c) do mesmo texto regulamentario permite que se imputen ao orzamento vixente as obrigas derivadas dos recoñecementos extraxudiciais.

O recoñecemento extraxudicial é unha figura excepcional que debería utilizarse en casos moi concretos para dar solución a aspectos moi puntuais, e nunca como un medio elusivo para o incumprimento da normativa de contratación. Así, naqueles supostos en que a causa subxacente do recoñecemento extraxudicial de créditos sexa unha nulidade de pleno dereito (artigo 29 TRLCSP e 62 Lei 30/1992), o procedemento a seguir para regularizar a situación creada establécese no artigo 34 do TRLCSP, que sinala que a revisión de oficio dos actos preparatorios e de adxudicación dos contratos tense que levar a cabo de conformidade co establecido na Lei 30/1992. Os supostos de nulidade en materia de contratación xurden cando os contratos se adxudican de xeito verbal ou cando os seus actos de preparación ou adxudicación son inválidos (ausencia de crédito orzamentario, ausencia de procedemento, contratación con persoas incapaces ou incursas en prohibición de contratar). No apartado IV.7 referido á fiscalización da contratación analízase o alcance dos recoñecementos extraxudiciais en materia de contratación.

Analizáronse os 46 expedientes, resultando que nos seguintes 17 expedientes, aprobados todos eles polo Presidente da entidade local, se aprecia a existencia dunha causa de nulidade de pleno dereito, polo que o abono destas facturas debera iniciarse coa tramitación dun procedemento de revisión de oficio contemplado no artigo 102 da LXPAC.

Cadro 20: Expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos incursos en causa de nulidade de pleno dereito

Motivo posible nulidade	Data Factura	Concepto	Contías
Supera límite contrato menor; contratación verbal	Decembro 2012	Produtos alimentación comedores escolares	1.674,08
Supera límite contrato menor; contratación verbal	Decembro 2012	Produtos alimentación comedores escolares	788,16
Supera límite contrato menor; contratación verbal	Decembro 2012	Aluguer vehículos brigada de obras	1.512,50
Supera límite contrato menor; contratación verbal	Decembro 2012	Aluguer vehículos varios Concello	1.999,29
Supera límite contrato menor; contratación verbal	Decembro 2012	Servizo transporte adaptado	8.160,90
Supera límite contrato menor; contratación verbal	Decembro 2012	Limpeza centros de ensinanza e outras dependencia municipais	22.185,37

Motivo posible nulidade	Data Factura	Concepto	Contías
Supera límite contrato menor; contratación verbal	Decembro 2012	Produtos alimentación comedores escolares	59,13
Supera límite contrato menor; contratación verbal; Supera límite 4 anos	Decembro 2012	Servizos piscina municipal. Programa Sanauga	882,74
Supera límite contrato menor; contratación verbal	Decembro 2012	Xestión persoal obradoiro de emprego	1.588,97
Supera límite contrato menor; contratación verbal	Decembro 2012	Servizo telefonía	3.631,88
Supera límite contrato menor; contratación verbal	Decembro 2012	Servizo telefonía	335,56
Supera límite contrato menor; contratación verbal.	Decembro 2012	Limpeza diversas dependencias municipais	4.193,07
Supera límite contrato menor; contratación verbal	Decembro 2012	Servizo de mantemento de parques e xardíns	5.445,00
Supera límite contrato menor; contratación verbal	Decembro 2012	Confección nóminas dec-2012	1.994,32
Supera límite contrato menor; contratación verbal	Novembro- decembro 2012	Servizos telefonía, subministracións, comedores escolares, limpeza dependencias municipais	7.778,22
Supera límite contrato menor; contratación verbal	Decembro 2012	Limpeza diversas dependencias municipais	100,68
Supera límite contrato menor; contratación verbal	Decembro 2012	Limpeza diversas dependencias municipais	77,65
TOTAL			62.407,52

Débase ter en conta que neste apartado só se recollen os pagamentos feitos a terceiros mediante o procedemento de recoñecemento extraxudicial, polo que poden existir máis supostos que incorran nestas mesmas irregularidades pero que fosen pagados polo procedemento ordinario.

IV.2 ÁREA CONTABLE-ORZAMENTARIA

1. Revisouse a integridade da información económico financeira facilitada polo concello de Ames, co seguinte resultado:

- Os datos que figuran na liquidación dos orzamentos de gastos e ingresos concilian cos que figuran nos decretos de aprobación do orzamento.
- As modificación orzamentarias tanto de gastos como de ingresos, ascenden ao mesmo importe de 3.607,57 miles de euros, manténdose polo tanto o equilibrio orzamentario.
- Na BEO nº10 establécese a vinculación xurídica dos créditos con carácter xeral a nivel de política de gasto (2 díxitos), dentro da clasificación por programas e a nivel de capítulo (1 díxito), dentro de la clasificación económica. En todas elas cúmprese correctamente esta vinculación.
- Tanto o Balance como a conta de resultado económico-patrimonial reconstruídos a partir do balance de comprobación concilian cos estados que figuran na conta xeral rendida polo concello. Os estados contables dedúcese dos datos da contabilidade orzamentaria, en

función das táboas de equivalencias entre a contabilidade orzamentaria e financeira da entidade.

2. Procedeuse á revisión dos recoñecementos de ingresos que financian modificacións orzamentarias, co fin de avaliar o risco por estimacións contables inadecuadas. Do importe total de modificacións orzamentarias de 3.607,57 miles de euros, seleccionouse unha mostra aleatoria de 9 operacións por importe total de 1.764,24 miles de (48,90% do total).

Cadro 21: Mostra modificacións orzamentarias

Nº	Partida	Descrición	Importe
1	39710	Outros ingresos de aproveitamento urbanístico	91.883,95
2	75080	Outras transferencias Administración Xeral CCAA	36.952,51
3	76104	Ingresos convenio Deputación investimentos 2012-1	387.065,66
4	76105	Ingresos convenio Deputación investimentos 2012-2	200.000,00
5	76110	Ingreso Infr. Equipo dep. Bertamiráns/Milladoiro	9.946,57
6	76111	Ingreso convenio Deputación adquisición tractor	78.400,00
7	42000	Participación tributos del Estado	392.409,80
8	76106	Plan de Obras e Servizos 2012	226.812,14
9	76113	Plan de Obras e Servizos 2013	340.772,03
Total			1.764.242,66

Da documentación aportada resultan as seguintes incidencias en 4 operacións:

- Operación nº 1 da mostra: corresponde á aprobación definitiva do proxecto de equidistribución do ámbito APE P.B7-04 "Rego dos pasos Sur II", polo o que o concello debe percibir 266.002,32 euros que figuran no orzamento, divididos entre as previsións iniciais (162.702,18 euros) e as modificacións de crédito (91.833.95 euros). Na data de realización do informe non se percibiu ningunha cantidade.
- Operacións 3, 4 e 8 da mostra, ingresos por convenios coa Deputación. Constátase que os conceptos orzamentarios nos que se contabilizan os ingresos están formalmente duplicados. Ao prorrogarse o orzamento, por aplicación do artigo 21 do RD 500/90 as partidas que financian gastos de capital foron axustadas á baixa, sen que este axuste afecte ás previsións de ingreso correspondentes. A continuidade do expediente no exercicio 2013 obriga á incorporación do crédito correspondente. Isto provoca que o ingreso estea formalmente duplicado, pero non o gasto financiado, que é o mesmo.

3. Analizouse igualmente a posibilidade de dotacións a previsións inexistentes ou incorrectas, verificando a antigüidade dos dereitos pendentes de cobro e o importe da provisión contable e da minoración no estado do Remanente de Tesourería.

- Comprobado o cálculo da dotacións da provisión por insolvencias segundo os criterios de cálculo establecidos na BEO nº 37, e contrastado o mesmo co contido do Decreto 2625/2015, no que se acorda a compensación dos dereitos pendentes de cobro e das obrigas pendentes de pagamento de exercicios anteriores a favor da empresa Espina y Delfín, á que corresponden a maioría dos saldos pendentes (e que solicitou a compensación en data 05/05/2011), resulta unha dotación de 3.221,96 miles de euros, existindo pois un déficit na dotación de 44,98 miles de euros.

Cadro 22: Dotación para provisións por insolvencias

DRN por exercicio	DRN ptes de cobro a 31/12/2013 (1)	% (2)	DRN a compensar (3)	ORN a compensar (4)	Ingreso de 5/5/2011	Diferenza (5)=(1)-(3)-(4)	Dotación (2)*(5)
DRN 2009 e anteriores	3.888.103,88	100,00%	1.735.574,81	1.735.574,81		2.152.529,07	2.152.529,07
DRN 2010	1.140.903,89	75,00%	879.210,34	707.633,88	171.576,46	261.693,55	196.270,16
DRN 2011	1.376.731,80	50,00%	863.890,37		339.613,60	1.037.118,20	518.559,10
DRN 2012	1.181.992,23	30,00%	308.108,74			1.181.992,23	354.597,67
Total	7.587.731,80		3.786.784,26	2.443.208,69	511.190,06	5.144.523,11	3.221.956,00

4. Procedeuse á valoración do posible risco de estimacións orzamentarias de ingresos excesivas ou non realistas, que dean lugar á execución excesiva de gasto e peche en déficit.
- Da comparación a nivel de concepto de ingreso entre os dereitos recoñecidos netos no exercicio 2012, as previsións iniciais e definitivas dos mesmos no exercicio 2013 e o grao de execución dos mesmos, resultan os seguintes conceptos de ingresos nos que as previsións iniciais son excesivas en relación ao exercicio 2012 ou, sen ser excesivas, teñen un grao de execución moi baixo.

Cadro 23: Análise das previsións de ingresos

Concepto	DRN 2012 (1)	Previsións iniciais 2013 (2)	(2)/(1)	Previsións Definitivas 2013 (3)	DRN 2013 (4)	(4)/(3)
290 Imposto sobre construcións, instalacións e obras.	119.648,54	240.000,00	200,59%	240.000,00	-45.163,10	-18,82%
302 Servizo de recollida de lixos.	1.590.265,31	2.100.000,00	132,05%	2.100.000,00	1.650.799,52	78,61%
332 Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial por empresas explotadoras de servizos	193.112,12	270.000,00	139,82%	270.000,00	162.211,90	60,08%
339 Outras taxas por utilización privativa do dominio público.	37.060,63	38.200,00	103,07%	38.200,00	25.027,25	65,52%
392 Recargas do período executivo.	86.046,37	48.000,00	55,78%	48.000,00	15.787,58	32,89%
397 Aproveitamentos urbanísticos.	0,00	162.702,18	---	254.586,13	0,00	0,00%
398 Indemnizacións de seguros de non vida.	3.725,00	10.000,00	268,46%	10.000,00	3.895,51	38,96%
399 Outros ingresos diversos.	167.831,83	223.000,00	132,87%	283.000,00	8.536,59	3,02%
453 Transf. de organismos públicos dependentes	6.158,83	7.773,84	126,22%	7.773,84	0,00	0,00%

Informe de Fiscalización do Concello de Ames, exercicio 2013

Concepto	DRN 2012 (1)	Previsións iniciais 2013 (2)	(2)/(1)	Previsións Definitivas 2013 (3)	DRN 2013 (4)	(4)/(3)
461 Transf. Corrente de Deputación.	487.795,81	735.628,94	150,81%	735.628,94	493.918,22	67,14%
750 Transf. Capital da Administración Xeral da C.A.	42.933,15	521.000,13	1213,51%	708.103,80	132.683,11	18,74%
761 Transf. capital De Deputación.	398.740,88	913.815,76	229,18%	2.343.384,54	465.451,10	19,86%
911 Préstamos LP do sector público.	1.590.868,69	1.520.656,53	95,59%	1.520.656,53	0,00	0,00%

5. Tamén foi obxecto de análise a exactitude dos movementos contables de pagamentos aos acredores, verificando que os pagos e transferencias bancarias concordan cos datos de NIF e conta corrente que figuran na relación de acredores. Da totalidade de apuntes contables que incluían fase de pagamento realizados no diario de operacións durante o exercicio seleccionouse unha mostra aleatoria de 25 apuntes, resultando que:

- Os expedientes atópanse correctamente formados e ordenados, figurando as facturas ou xustificantes equivalentes. As facturas foron rexistradas e aprobadas pola Alcaldía en todos os casos.
- Obtívose evidencia da efectividade do pagamento en todos os casos, sendo o procedemento máis común a realización dos pagos mediante o envío dun ficheiro de transferencias a realizar aos terceiros acredores, ordenando á entidade bancaria onde se atopan as contas destinadas para estes efectos que realicen as transferencias ás contas bancarias indicadas dos terceiros acredores.
- Como excepción ao procedemento anterior, apreciase en 9 dos 25 expedientes que o procedemento de pagamento foi a domiciliación directa do cobro por parte do acredor na conta do Concello, procedemento non conforme coa normativa de execución do gasto público, por canto supón o pago antes da autorización e aprobación do gasto.

Os expedientes onde se produciu esta incidencia foron os seguintes:

Cadro 24: Expedientes con incidencias por ter o pago domiciliado

Descrición factura	Importe	Data factura	Data rexistro	Data aprobación Alcaldía	Data pago
Consumo gasolina vehículo	61,05		11/11/2013	16/12/2013	06/11/2013
Subministro gasóleo CP CC Bertamiráns	893,00		07/01/2013	03/04/2013	04/02/2013
Compra material eléctrico	421,81	31/08/2013	10/09/2013	23/10/2013	28/10/2013
Relación facturas consumo alumeadado público	116,20			30/12/2013	06/11/2013
Liña 981881737, EU Arufe-Agrón	17,40	19/09/2013	04/12/2013	30/12/2013	19/09/2013
Material eléctrico	2.470,51	31/01/2013	08/02/2013	05/04/2013	01/04/2013
Compra ovo líquido pasteurizado.	10,96	19/10/2013	22/10/2013	04/12/2013	25/10/2013
Canal+ Casa da Cultura Bertamiráns	24,65			07/07/2013	02/05/2013
Gasóleo vehículos concello	1.130,31	30/04/2013	08/05/2013	26/06/2013	07/05/2013

IV.3 ESTADO DE ENDEBEDAMENTO

A débeda viva a 31 de decembro de 2013 do concello de Ames ascende a 6.056.800,58 euros, dos que 5.062.905,59 euros (83,5% do total) corresponden a préstamos bancarios e 993.894,99 euros (16,5% restante) aos excesos percibidos nos exercicios 2008 e 2009 pola participación nos tributos do Estado. Esta débeda é un 10,85% menor que a existente no exercicio anterior e representa un 26,64% do orzamento da entidade para 2013 (créditos definitivos).

Cadro 25: Estado do endebedamento

Concepto	Existente a 1-2013	Creacións	Amortizacións e outras diminucións	Pendente a 31-12-2013
Débeda entidades bancarias L/P	5.063.179,98	0,00	479.240,07	4.583.939,91
Débeda por exceso PTE 2008 L/P	993.894,99	0,00	358.718,04	635.176,95
Débeda entidades bancarias C/P	377.889,59	479.240,07	378.163,98	478.965,69
Débeda por exceso PTE 2009 C/P	358.718,04	358.718,04	358.718,04	358.718,04
Total	6.793.682,60	837.958,11	1.574.840,13	6.056.800,59

O endebedamento por habitante é de 201,75 euros, sendo a media dos concellos galegos deste tramo de poboación (20.000-50.000 habitantes) de 261,63 euros e a dos de toda España de 606,09 euros.

A débeda bancaria corresponde a un total de cinco préstamos formalizados entre o 2001 e o 2012. Dous destes préstamos (contía de 1.590.868,69 euros) formalizáronse no 2012 baixo o amparo do RDL 4/2012, que crea e regula o mecanismo de pago a provedores. O resto foron destinados a plans de inversións anuais. Non se formalizou ningunha operación no 2013.

Ningún destes préstamos está suxeito ao réxime de autorización por órganos de tutela recollido na regulamentación ao respecto, por ser anteriores a estas normas, polo volume de endebedamento existente no Concello no seu momento ou por estar acollidos ao RDL 4/2012.

Os xuros pagados no exercicio ascenderon a 172.993,90 euros, o que representa o 0,89% das obrigas recoñecidas totais do exercicio.

O recoñecemento e pago das cotas de amortización máis intereses foron recollidas correctamente no diario de operacións e figuran correctamente na memoria.

Con respecto aos avais concedidos, que figuran na memoria por importe de 23.439,47 euros, non hai información suficiente ao respecto na mesma. Os datos que figuran na memoria expóñense no seguinte cadro:

Cadro 26: Relación de avais concedidos

Data concesión	Data vencemento	Finalidade	Avais a 1 Xaneiro	Concedidos no exercicio	Cancelados no exercicio	Avais a 31 de decembro
02/09/1998	31/12/1899	Exp. OT205I 98/74-1. Obras varios cruces subterráneos, AC453 pk 3 a 3,5. Servizo Provinc. Estradas	1.803,04	0	0	1.803,04
08/09/1998	31/12/1899	Exp. OT205I 98/82-1. Obras varios cruces subterráneos, C-543 pk 8,800 a 10,00. Servizo Provinc. Estradas	3.606,07	0	0	3.606,07
06/11/2000	31/12/1899	Exp. OT205Z 2000/139-1. Obras conducións subterráneas, AC452 pk 6 a 7,40. Servizo Provinc. Estradas	18.030,36	0	0	18.030,36
Total			23.439,47	0,00	0,00	23.439,47

IV.4 ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

A medición do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria realízase de acordo coas normas do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC), o que esixe a delimitación das distintas unidades institucionais públicas, a súa adscrición aos distintos sectores institucionais e a práctica dos axustes entre o saldo orzamentario non financeiro e o déficit ou superávit de Contabilidade nacional, axustes que se realizan de xeito consensuado polo Instituto nacional de estatística, Banco de España e Intervención xeral da administración do Estado e que son basicamente axustes polas diferenzas na clasificación das operacións ou importes rexistrados, e axustes polas diverxencias temporais de contabilización.

A LOEOSF, configura o seu cumprimento en tres obxectivos a lograr: a estabilidade orzamentaria, a débeda pública e a regra do gasto. Asemade, a Orde Ministerial EHA 2015/12, obriga á intervención municipal a emitir informes sobre o cumprimento destes obxectivos en varios momentos do ciclo orzamentario (aprobación, execución e liquidación). A entidade remitiu unicamente informe sobre a liquidación, xa que o orzamento é prorrogado.

IV.4.1. CAPACIDADE OU NECESIDADE DE FINANCIAMENTO

A entidade ten, en principio, unha capacidade de financiamento de 451.980,48 euros, determinada pola diferenza entre ingresos e gastos dos capítulos 1-7. Sobre esta cifra aplicáronse os seguintes axustes (axustes SEC-95), dos contemplados no manual ao respecto elaborado pola IGAE para as entidades locais:

- Ingresos: Diferenza entre recadación efectiva do exercicio e dereitos recoñecidos netos

(capítulos 1-3): axuste positivo de 158.936,38 euros.

- Ingresos: Axuste pola dobre contabilización (como gasto e como menor ingreso) das devolucións motivadas pola liquidación definitiva da participación nos ingresos do Estado dos anos 2010 e 2011: axuste positivo de 358.718 euros.
- Gastos: Diferenza entre xuros devengados e xuros vencidos (contabilizados) dentro do exercicio: axuste positivo de 707,13 euros.
- Gastos pendentes de aplicar ao orzamento (Incremento do saldo da conta 413 no exercicio): axuste negativo de 97.930,25 euros.

Unha vez aplicados estes axustes resulta un saldo non financeiro axustado (capacidade de financiamento) de 872.411,74 euros. Así pois queda acreditado o cumprimento deste obxectivo.

IV.4.2. REGRA DE GASTO

Segundo establece a LOEOSF, este obxectivo procura que a variación do gasto computable da entidade non supere unha taxa de referencia de crecemento do PIB fixada anteriormente polo Goberno, a cal quedou establecida para 2013 no 1,7%.

O gasto computable resulta de efectuar sobre a suma das obrigas recoñecidas dos capítulos 1-7 do orzamento de gastos, excluídos os xuros da débeda, os axustes do SEC-95 cifra á que se restará o gasto financiado con fondos finalistas de calquera administración pública.

Da comprobación efectuada desprendese un erro no cálculo do gasto computable, consistente en que se parte da suma dos capítulos 1-5 de gastos (17.133,51 miles de euros), e non da suma dos capítulos 1-7 (19.049,78 miles de euros). E ademais, tampouco se tiveron en conta os xuros da débeda pagados no exercicio, que se deberían detraer da cantidade inicial.

En consecuencia, se ben o informe da intervención conclúe que se cumpre a regra do límite do gasto porque a variación do gasto computable do exercicio 2013, con respecto ao 2012 foi negativa, concretamente dun -3,69%, partindo das cifras correctas o resultado é distinto, ao resultar un gasto computable no 2013 de 17.811.943,82 euros e non de 16.069.437,35 euros como figura no informe da intervención, e unha taxa de crecemento do 6,75%, porcentaxe superior, por tanto ao 1,7% permitido.

Cadro 27: Cumprimento da regra de gasto

Concepto	Importes	
	Segundo o informe da Intervención	Segundo datos corrixidos
Suma capítulos 1-7 gastos	17.133.518,60	19.049.779,91
Xuros da débeda	0,00	-173.755,34
Axustes normas SEC 95: saldo da conta 413	97.930,25	97.930,25
Gastos financiados con transferencias finalistas doutras administracións	-1.162.011,00	-1.162.011,00
Da comunidade autónoma	-719.657,00	-719.657,00
Da Deputación	-442.354,00	-442.354,00
Gasto computable do exercicio	16.069.437,85	17.811.943,82
Gasto computable do 2012	16.684.839,25	16.684.839,25
Diferenza	-615.401,40	1.127.104,57
Taxa de incremento do gasto	-3,69 %	6,75 %
Taxa máxima de crecemento permitida	1,70 %	1,70 %
Cumprimento regra do gasto	SI	NON

IV.4.3. ENDEBEDAMENTO

A LOEOSF fixa para o obxectivo de endebedamento límites conxuntos por tipos de administración, quedando establecido no 3% do PIB para a Administración Local. A falta de especificación para cada entidade en concreto, débese aplicar o límite que establece o artigo 53 do TRLRFL: a débeda da entidade non poderá superar o 110% dos ingresos correntes liquidados. Comprobase o cumprimento deste obxectivo, tal como se aprecia no seguinte cadro.

Cadro 28: Cumprimento do límite de endebedamento

Concepto	Importe
Débeda pendente a 31/12/2013 segundo estado de endebedamento	6.056.800,58
Axuste: débeda por excesos en PIE 2008 e 2009	993.888,99
Débeda computable	5.062.911,59
Dereitos liquidados por operacións correntes	18.903.626,18
% Débeda s/ Dereitos Liquidados	26,78%
Límite legal	110%
Cumprimento do obxectivo	SI

IV.5. PLAN DE PAGO A PROVEDORES

A forte caída da actividade económica e a correlativa baixada da recadación de recursos ocasiona retrasos acumulados no pago das obrigas contraídas polas entidades públicas cos seus provedores, coa conseguinte incidencia negativa na liquidez das empresas. Coa finalidade de eliminar a morosidade das Administracións públicas téñense posto en marcha unha serie de

medidas urxentes dende o exercicio 2009, entre a que destacan as incluídas no RDL 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para o establecemento dun mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais, que se complementou coa creación dun Fondo para o financiamento dos pagos a provedores, mediante RDL 7/2012, do 9 de marzo.

Con este mecanismo financiáronse as obrigas pendentes de pago das entidades locais a 31 de decembro de 2011, definidas no ámbito de aplicación do RDL 4/2012, é dicir:

- Que fosen facturas ou solicitudes de pago por obrigas vencidas, liquidadas e esixibles pendentes de pago, que entrasen nos rexistros da entidade local antes do 1 de xaneiro de 2012.
- Que fosen obrigas derivadas dunha prestación de obra, servizo ou subministración incluídas no ámbito de aplicación da lei de contratos do sector público.

Posteriormente, o RDL 7/2012 que regula o Fondo que financiou este mecanismo, ampliou este ámbito obxectivo ás obrigas contraídas na execución de contratos de xestión de servizos públicos na modalidade de concesión.

IV.5.1. PROCEDEMENTO

O procedemento establecido polo RDL 4/2012, do 24 de febreiro, para o abono das obrigas liquidadas, vencidas e esixibles incluídas no seu ámbito de aplicación constituíu no seguinte:

- As entidades locais debían remitir por medios electrónicos ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (MINHAP) unha relación certificada polo interventor local de todas as facturas incluídas no ámbito de aplicación do RDL 4/2012, do 24 de febreiro.
- Posteriormente as entidades locais debían enviar un Plan de axuste, aprobado polo Pleno da entidade, cuxa duración debería estenderse ao período de tempo necesario para reembolsar o importe das obrigas financiadas polo Fondo que se constituíu polo RDL 7/2012. Na práctica o Fondo concertou unha operación de crédito e asumiu a titularidade dos créditos concedidos ás entidades locais, realizando o abono das facturas o Instituto de Crédito Oficial (ICO). O reembolso desas cantidades realizase polas entidades locais, ben mediante amortización da operación de crédito, ben mediante retención por parte do MINHAP dos pagos por participación nos ingresos do Estado.

IV.5.2. IMPORTE FINANCIADO

O Concello de Ames acudiu ao mecanismo para o financiamento do pago a provedores ao ter

obrigas pendentes de pago incluídas no ámbito de aplicación do RDL 4/2012, solicitando o financiamento de 646 facturas correspondentes a 141 provedores, por un importe total de 1.590,87 miles de euros.

Do total de facturas acollidas ao plan 357,23 miles de euros correspondían a facturas contabilizadas pero pendentes de pago; 1.181,20 miles de euros a facturas pendentes de imputar ao orzamento e outros 52,44 miles de euros a facturas sen rexistro contable de ningún tipo, o que pon de manifesto que a información contable sobre estas obrigas non é fidedigna.

IV.5.3. PLAN DE AXUSTE

O plan de axuste foi aprobado polo Pleno da entidade o 29 de marzo de 2012, co informe favorable da Intervención, sendo remitido ao MINHAP que o aproba o 30 de abril de 2012. O resumo das medidas nel contempladas e do cumprimento real acumulado a 31 de decembro de 2013 figura nos anexos deste informe. Ese resumo pon de manifesto:

- Que das 4 medidas de subas tributarias propostas no plan de axuste en materia de ingresos, adóptanse tres, incumpríndose co compromiso actualizar o importe das taxas pola prestación de servizos ou utilización do dominio público. Unicamente se modificaron as tarifas da Escola de Música sen impacto apreciable na recadación, sendo deficitarios todos os servizos prestados.
- Igualmente, o compromiso de aprobar para algunhas actividades polas que se esixe prezo público un número máximo de usuarios e un importe máximo de déficit asumible foi obxecto de cumprimento parcial. Só en 4 das 12 actividades financiadas con prezos públicos se aproba o seu número máximo de usuarios con carácter previo ao período de matrícula.
- Que das 16 medidas de redución de gasto propostas, en materia de custos de persoal cúmprese con 5 das 6 propostas de redución, coa excepción da medida de gratificacións por servizos fóra da xornada laboral, que se analiza na área de persoal deste informe. Igualmente cúmprese co compromiso de aprobar un novo deseño de plan de transporte metropolitano e de reubicación de servizos municipais para evitar arrendamentos. Pero quedan 6 medidas por executar, entre as que destaca a recuperación de servizos externalizados, a redución da celebración de contratos menores, a redución da prestación de servizos non obrigatorios ou a implantación dun sistema de inventario e control dos materiais utilizados polas brigadas municipais.

Os informes de seguimento do plan de axuste elaborados pola intervención municipal figuran nos anexos 1 e 2 deste informe.

IV.6 ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, establece principios e prerrogativas relativos á seguridade en relación co dereito dos cidadáns a comunicarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos; o seu artigo 42 crea o ENS, desenvolvido polo Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, que determina a política de seguridade a aplicar na utilización dos medios electrónicos para asegurar o acceso, integridade, dispoñibilidade, autenticidade, confidencialidade, trazabilidade e conservación dos datos, informacións e servizos electrónicos que se empreguen no exercicio das súas competencias. Na disposición transitoria do mencionado RD 3/2010, artículase un mecanismo escalonado para a adecuación ao previsto no ENS, de xeito que os sistemas das distintas administracións deberán estar adaptados ao mesmo con data límite do 30 de xaneiro de 2014.

Como resultado do traballo efectuado, verificouse que o Concello de Ames non ten implantado o ENS e, en consecuencia, non se pode garantir o acceso, integridade, dispoñibilidade, autenticidade e confidencialidade da información contida nos seus sistemas de información. Non obstante, efectuáronse verificacións sobre o marco organizativo e sobre o marco operacional, para examinar a implementación das medidas de seguridade informática existentes na entidade.

Ao marxe do anteriormente exposto, e segundo dispón o artigo 53 do TRLCSP, os órganos de contratación deben difundir a través de internet o seu perfil de contratante coa finalidade de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual. Neste sentido, o sistema que soporte o perfil do contratante debe contar cun dispositivo que permita garantir a identidade e acreditar o momento do inicio da difusión pública da información contida no mesmo, cuestións que foron analizadas durante o traballo de campo desta fiscalización.

IV.6.1 MARCO ORGANIZATIVO

O Concello de Ames, en sesión plenaria do 29 de xullo de 2013, aprobou inicialmente o regulamento de uso e servizo de bens informáticos e comunicacións. No BOP número 151, do 9 de agosto de 2013, publicouse o anuncio de exposición pública. Sen embargo, como se presentaron reclamacións que non foron resoltas, o regulamento non entrou en vigor ao non considerarse aprobado definitivamente.

Por esta circunstancia, durante o exercicio 2013, non existiu unha regulación específica, debidamente aprobada, sobre os sistemas de información na que se definan obxectivos, roles, funcións e responsabilidades nesta materia.

Tampouco se elaboraron plans de formación e concienciación sobre seguridade da información dirixida aos usuarios dos sistemas do concello.

Por último, se ben constan actuacións para o cumprimento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, non se dispón do documento de seguridade da LOPD, nin se practicaron auditorías periódicas sobre o cumprimento desta Lei. Este feito representa un incumprimento normativo que pode xerar responsabilidades e sancións, ademais do prexuízo para a imaxe do concello.

IV.6.2 MARCO OPERACIONAL

O Concello dispón dun inventario dos activos dispoñibles, onde figura identificada a natureza do activo. Conta, tamén, cun plan de mantemento do equipamento físico e lóxico. Pero non se dispón dunha análise de riscos que identifique os activos máis valiosos, as ameazas máis probables e as salvagardas e riscos residuais.

Tampouco existe un plano de continuidade da actividade, que permita recuperar os procesos de xestión críticos tras a ocorrencia dunha continxencia que afecte aos sistemas de produción, agás a través da recuperación dos sistemas mediante copias de seguridade.

Así mesmo, non existen copias dos datos dos procesos importantes da entidade nunha ubicación externa á propia entidade; tampouco a configuración de contrasinais conta cun dispositivo de bloqueo despois dun determinado número de intentos.

IV.6.3 PERFIL DO CONTRATANTE

Segundo dispón o artigo 53 do TRLCSP, os órganos de contratación difundirán, a través de internet, o perfil de contratante, que se ubicará no enderezo electrónico (sede electrónica), que as administracións teñen a dispor dos cidadáns en internet.

En cuestións informáticas, para asegurar o cumprimento do principio de seguridade xurídica precísase, ademais de elementos comúns válidos para todos os procedementos administrativos (sede electrónica, rexistro electrónico, notificacións e comunicación electrónicas), doutros elementos habilitantes que fan posible a xestión electrónica, como son a sinatura electrónica (que garante a identidade) e o selo de tempo (que acredita cando se fixo unha transacción).

Como resultado do traballo realizado, sobre 5 dos 7 expedientes de contratación de servizos efectuados polo Concello de Ames en 2013 (mostra que representa o 71,4% dos expedientes desta natureza), conclúese que en ningún dos documentos revisados do perfil do contratante,

publicados na sede electrónica municipal consta sinatura electrónica e selado de tempo.

Na actualidade o Concello de Ames xa ten implementada a sinatura electrónica e o selado de tempo no perfil do contratante.

IV.7 FISCALIZACIÓN DA CONTRATACIÓN

De acordo coa información subministrada polo Concello de Ames e coa información obtida da plataforma de rendición de contas do Tribunal de Cuentas o número total de contratos adxudicados ou formalizados no exercicio fiscalizado foi de 30, dos que 20 corresponden a contratos de obras que se tramitaron seguindo o procedemento negociado sen publicidade por razón da contía; 9 a contratos de servizos nos que seguiu o procedemento aberto con criterios múltiples, agás nun caso no que o criterio único foi o prezo, e só se tramitou 1 contrato de subministracións no que se seguiu o procedemento negociado sen publicidade por razón da contía.

Finalmente cómpre resaltar que en dous contratos de servizos se empregou a tramitación urxente.

Cadro 29: Contratos adxudicados ou formalizados no exercicio

Tipo de contrato	Aberto		Negociado		Total	
	Número	Adxudicación	Número	Adxudicación	Número	Adxudicación
Obras	0	0,00	20	864.458,88	20	864.458,88
Servizos	9	1.987.295,27	0	0,00	9	1.987.295,27
Subministracións	0	0,00	1	18.215,00	1	18.215,00
Total	9	1.987.295,27	21	882.673,88	30	2.869.969,15

IV.7.1. CONTROL INTERNO

A análise do funcionamento do departamento de contratación e da súa estrutura pon de manifesto:

- Estrutura organizativa: Non existe unha segregación de funcións entre os departamentos de xestión e de gastos e tampouco hai unha definición de responsabilidades nin unidades de control interno específicas da área.
- Procedementos de xestión: Non se elaboran manuais de procedementos de xestión nin procesos de control dirixidos a evitar erros, riscos ou a combater e prever a fraude e a corrupción.
- Ferramentas de xestión: Cóntase cunha aplicación informática proporcionada pola Deputación da Coruña, pero non é unha ferramenta de xestión e control da tramitación, senón

que funciona como un sistema de organización de documentos dixitalizados no que non están integrados todos os expedientes.

Pola Secretaría municipal informouse sobre as melloras acadadas desde o exercicio fiscalizado ata o momento actual, manifestando que, a partir da aprobación do Plan de axuste 2012-2022, establécese a necesidade de elaborar unha programación da contratación, de modo que desde 2013 publican no portal de transparencia do concello esta programación na que se recollen os obxectivos conseguidos no semestre anterior e a programación para o seguinte.

Informa, así mesmo, dos avances no perfil do contratante co selado de tempo, redacción de modelos de contratos menores, así como do obxectivo de convidar a 8 empresas nos procedementos negociados sen publicidade.

IV.7.2 CONTRATOS DE OBRAS

A finalidade da fiscalización é verificar o cumprimento da normativa aplicable aos procedementos de contratación e, sobre todo, o seu axuste aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos.

No anexo 3 deste informe figura a relación dos 20 contratos de obras adxudicados ou formalizados no exercicio.

Todos os contratos de obras foron financiados con fondos da Deputación Provincial da Coruña e tramitados polo procedemento negociado sen publicidade. Igualmente, compróbase que 4 empresas foron invitadas entre 10 e 12 ocasións e que unha desas empresas resultou adxudicataria de 6 contratos.

Considerando que a área que máis risco representa de incumprimento dos principios básicos de igualdade e transparencia, recollidos polo artigo 139 do TRLCSP, é a dos contratos tramitados polo procedemento negociado sen publicidade, seleccionouse a seguinte mostra de 7 contratos de obras que representan un orzamento de licitación sen IVE de 477.176,52 euros, dos que se solicitou a relación de documentación comprensiva dos principais pasos do procedemento de contratación.

Cadro 30: Contratos fiscalizados

Obxecto do Contrato	Orzamento licitación (sen IVE)	Prezo de adjudicación (sen IVE)	Data adjudicación definitiva	Data formalización	Prazo execución (meses)	Contratistas
Acondto. de espazo exterior para zona de aparcamento anexo a centro de formación ocupacional e usos múltiples de Aldea Nova.	76.841,56	55.325,00	18-07-13	02-08-2013	1	B15025372 - Martínez Montes e Hijos, SL - ES
Mellora da capa de rodaxe camiño Bertamiráns-Barreira-Ponte Lapido (Ortoño) e outros.	61.882,63	45.175,00	23-08-2013	30-08-2013	6	B15025372 - Martínez Montes e Hijos, SL - ES
Mellora capa de rodaxe Capeáns-Igrexa de Cobas e outros.	59.004,54	44.250,00	23-08-2013	30-08-2013	6	B15025372 - Martínez Montes e Hijos, SL - ES
Proxecto modificado de substitución de colector de saneamento na rúa Alcalde Lorenzo. Bertamiráns	132.580,47	99.170,19	06-06-2013	14-06-2013	3	B15026693 - ESPINA e DELFIN, SL - ES
Actuacións no entorno do campo de fútbol de Bertamiráns.	49.787,74	48.294,11	05-09-2013	17-09-2013	3	B15032287 - Construcciones Iglesias Mera, SL - ES
Obras de mellora das condicións de seguridade peonil no lugar de Milladoiro.	48.018,53	44.657,23	27-12-2012	14-01-2013	1.25	B70278627 - Xabre Obra Civil, SL - ES
Reforma dos vestiarios do pavillón polideportivo de Bertamiráns.	49.061,05	37.041,09	05-09-2013	18-09-2013	3	B70278627 - Xabre Obra Civil, SL - ES

Das comprobacións efectuadas sobre os expedientes, resultaron as seguintes deficiencias que afectan a todos eles:

1. Defectos na integridade dos expedientes: o índice que acompaña o expediente non está paxinado nin responde aos 22 apartados documentais solicitados (ver anexo).
2. Non existe un informe do servizo correspondente sobre as necesidades a satisfacer polos contratos. O expediente de contratación iníciase cun informe da Alcaldía no que expón a necesidade da realización dunha determinada obra. No mesmo informe faise tamén a proposta á Xunta de Goberno Local para a aprobación do proxecto técnico da obra, do expediente de contratación, especificando o procedemento, autorización do gasto indicando a súa contía, aprobación do Prego de cláusulas administrativas particulares e por último propón ás empresas ás que solicitar as ofertas.
3. Non se aporta xustificación da elección do procedemento negociado sen publicidade, salvo a declaración de que se axusta ao previsto no TRLCSP por razón da contía.
4. Incúmprese coa obriga que establece o artigo 109.4 do TRLCSP de que no expediente se

Informe de Fiscalización do Concello de Ames, exercicio 2013

debe xustificar adecuadamente a elección do procedemento e a dos criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato. Nin no prego de cláusulas administrativas particulares, nin en outros documentos complementarios, se indica que aspectos técnicos e económicos son negociables (artigo 176 TRLCSP) e, polo tanto, non se coñecen as razóns para elixir este procedemento e non o procedemento aberto, que é o ordinario de acordo co TRLCSP.

5. O tempo medio de tramitación dos expedientes de contratación foi de 100 días, tal como se expón no seguinte cadro.

Cadro 31: Tempo medio de tramitación dos expedientes de contratación

Obxecto do Contrato	Inicio/ Ppta. Alcalde	Acordo XGL	Data adxudicación definitiva	Data formalización	Prazo execución (meses)	Nº días dende Ppta. ata formalización
Reforma dos vestiarios do pavillón polideportivo de Bertamiráns	14-05-13	16-05-13	05-09-2013	18-09-2013	3	124
Acondicionamento de espazo exterior para zona de aparcamento anexo a centro de formación ocupacional e usos múltiples de aldea nova.	14-05-13	16-05-13	18-07-2013	02-08-2013	1	78
Mellora da capa de rodaxe camiño Bertamiráns-Barreira-Ponte Lapido (Ortoño) e outro.	14-05-13	16-05-13	23-08-2013	30-08-2013	6	106
Mellora capa de rodaxe Capeáns-Igrexa de Cobas e outros.	14-05-13	16-05-13	23-08-2013	30-08-2013	6	106
Obras de mellora das condicións de seguridade peonil no lugar de Milladoiro.	16-10-12	18-10-12	27-12-2012	14-01-2013	1,25	88
Actuacións no entorno do campo de fútbol de Bertamiráns.	26-06-13	04-07-13	05-09-2013	17-09-2013	3	81
Proxecto modificado de substitución de colector de saneamento na rúa Alcalde Lorenzo. Bertamiráns.	15-02-13	21-02-13	06-06-2013	14-06-2013	3	119
Tempo medio de tramitación						100

Tendo en conta tanto esta tardanza na tramitación, como que non se levou a cabo unha auténtica negociación e que foron varios os criterios de valoración das ofertas, parece moito máis apropiado tramitar a licitación polo procedemento aberto. Lémbrese que para este procedemento o artigo 161 do TRLCSP establece un prazo máximo de 2 meses para efectuar a adxudicación dende a apertura das proposicións no caso de existir criterios múltiples de adxudicación, reducíndose a 15 días se o criterio único é o prezo.

6. Se ben a entidade manifesta que en cada procedemento se solicitan ofertas de polo menos 5 ou 6 empresas cando isto é posible, este feito non se pode acreditar, xa que na documentación dos expedientes só consta o rexistro de saída das invitacións, sen acreditar a recepción polo destinatario. Sobre as ofertas recibidas só se ten constancia na acta de cualificación da documentación xeral, sen que conste certificación sobre a data de entrada no rexistro a efectos da comprobación da súa recepción en prazo.

7. Respecto ás invitacións, non se acredita a existencia de garantías procedementais para evitar a concorrencia de empresas vinculadas entre si nin a existencia dunha base de datos de empresas capacitadas que permita abrir a concorrencia. Só se indica que procuran que a determinación das empresas invitadas sexa o máis obxectiva e ampla posible, baseándose en criterios como os bos traballos realizados, que sempre respondesen ás invitacións ou que ofertasen prezos máis baixos.

Proba desta debilidade é o caso das empresas Construcciones Iglesias Mera, SL e Xabre Obra Civil S.L., adxudicatarias cada una delas de dúas obras, e que teñen o mesmo representante e a mesma dirección. De feito no caso da obra "Actuacións no entorno do campo de fútbol de Bertamiráns" na que resultou adxudicataria a empresa Construcciones Iglesias Mera, SL parte da documentación é presentada co membrete desta empresa pero o representante asina en nome e representación de Xabre Obra Civil, SL. Entre as dúas empresas foron invitadas en 15 ocasións aínda que non de xeito coincidente.

8. Non se acredita que existan protocolos que permitan garantir o secreto das proposicións e a transparencia nos procedementos.

9. Non consta nos expedientes que se negociase cos licitadores as ofertas para adaptalas aos aspectos técnicos e económicos negociables, que se deberían ter indicado no prego de cláusulas administrativas particulares, coa finalidade de identificar a oferta máis vantaxosa. A pesar de non existir negociación a media das baixas das adxudicacións dos 20 contratos de obras subscritos no exercicio acadou o 19%, elevándose nun caso ata o 40% e superando en 8 ocasións o 25% de baixa. Vistas estas porcentaxes de baixas, semella que os proxectos non se aproximan á realidade dos prezos de mercado, dando por suposto que as ofertas non supoñen ningunha rebaixa na calidade.

10. O procedemento de valoración das ofertas faise en dúas fases; na primeira a arquitecta técnica do concello valora os criterios técnicos das ofertas, sen que conste información das razóns polas que se atribúen ás puntuacións e, na segunda, a mesa de contratación aplica unha fórmula matemática para determinar a oferta economicamente máis vantaxosa e, no mesmo acto, fai a proposta de adxudicación tendo en conta tamén a valoración técnica.

11. Respecto aos criterios de valoración, o prego valora criterios que non implican máis que o cumprimento de deberes ou obrigas legais como, por exemplo, a indicación dos vertedoiros autorizados onde se van trasladar os refugallos das obras, ou o relativo ao compromiso de xestionar os residuos conforme ao Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, que regula a

Informe de Fiscalización do Concello de Ames, exercicio 2013

producción e xestión dos residuos de construción e demolición. Igualmente, non é admisible a consideración do programa de traballo como criterio de valoración, xa que forma parte do proxecto técnico da obra.

12. Respecto aos prazos de execución, o cadro seguinte expón o resumo dos prazos de execución do contrato e de pago das certificacións de obra e correspondentes facturas de acordo cos datos facilitados polo concello:

Cadro 32: Prazos de execución dos contrato e de pago

Obxecto do Contrato	Data formalización	Prazo exec. (meses)	Acta recepción	Meses transcorridos	Certificación N° 1			Certificación N° 2		
					Data Rexistro	Aprobac. Alcaldía	Pago	Data Rexistro	Aprobac. Alcaldía	Pago
Reforma dos vestiarios do pavillón polideportivo de Bertamiráns	18-09-2013	3	02-07-14	9,5	07-02-14	09-06-14	02-09-14	09-06-14	29-10-14	10-11-14
Acondicionamento de espazo exterior para zona de aparcamento anexo a centro de formación ocupacional e usos múltiples de aldea nova.	02-08-2013	1	22-11-13	3,5	22-11-13	23-12-13	18-02-14	----	----	----
Mellora da capa de rodaxe camiño Bertamiráns-Barreira-Ponte Lapido (Ortoño) e outro.	30-08-2013	6	NC	--	26-11-13	16-12-13	18-02-14	----	----	----
Mellora capa de rodaxe Capeáns-Igrexa de Cobas e outros.	30-08-2013	6	30-09-13	1	03-10-13	23-10-13	16-12-13	----	----	----
Obras de mellora das condicións de seguridade peonil no lugar de Milladoiro.	14-01-2013	1,25	14-05-13	4	11-04-13	13-09-13	25-09-13	16-05-13	13-09-13	25-09-13
Actuacións no entorno do campo de fútbol de Bertamiráns.	17-09-2013	3	06-06-14	8,5	14-04-14	29-12-15	30-12-15	06-06-14	29-12-15	30-12-15
Proxecto modificado de substitución de colector de saneamento na rúa Alcalde Lorenzo, Bertamiráns.	14-06-2013	3	02-09-14	14,5	17-09-14	29-10-14	10-11-14	----	----	----

De onde se deduce:

- Que na obra Reforma dos vestiarios do pavillón polideportivo de Bertamiráns, aínda que non foi remitida a acta de comprobación de reformulo, pode comprobarse que pasaron case 10 meses entre a data de formalización e a acta de recepción, cando o prazo de execución era de 3 meses, do que se desprende que non se observa dita obriga contractual. En canto ao cumprimento do prazo de pago, obsérvase que pasan 4 meses entre a presentación da primeira certificación no rexistro do concello e a aprobación pola Alcaldía; ademais, o pago prodúcese case 3 meses despois desta aprobación, de xeito que non se cumpre co prazo para a aprobación da certificación nin co prazo para a realización do pago.

- Na obra Acondicionamento de espazo exterior para zona de aparcamento anexo ao centro de formación ocupacional e usos múltiples de Aldea Nova, o informe de reparo número 215/2013 manifesta que a certificación de obra se emitiu con data 22 de novembro de 2013, case 4 meses despois de asinar o contrato o 2 de agosto de 2013. Neste caso o prazo de execución fixado no contrato foi de 32 días, co que todo parece indicar que se superou

amplamente dito prazo. Tampouco se cumpre co prazo de pago xa que se fixo nun prazo algo inferior a 2 meses dende a aprobación da certificación.

- Na obra Mellora da capa de rodaxe camiño Bertamiráns-Barreira-Ponte Lapidó (Ortoño) e outro, aínda que non foi remitida a acta de comprobación de reformulo, nin a acta de recepción, o tempo transcorrido entre a formalización do contrato e o pago das certificacións de obra é inferior ao prazo de execución de 6 meses. O pago realízase 2 meses despois da aprobación da certificación, polo que non se cumpre co prazo de pago.
- Na obra Mellora capa de rodaxe Capeáns-Igrexa de Cobas e outros, a acta de recepción emítese no prazo de un mes despois da formalización do contrato que tiña un prazo de execución de 6 meses. Non foi remitida a acta de comprobación de reformulo. A certificación de obra aprobouse dentro de prazo, pero o pago realizouse 50 días despois, polo que non se respecta o prazo de pago.
- Nas obras de mellora das condicións de seguridade peonil no lugar de Milladoiro, incúmprese co prazo de 5 semanas establecido para a execución do contrato, xa que tanto a segunda certificación como a acta de recepción teñen data de mediados de maio de 2013, o que supón o transcurso desde o inicio das obras dun total de 17 semanas. Tampouco atende o prazo para a aprobación da certificación, xa que esta tivo entrada en abril e a aprobación fíxose en setembro, 5 meses despois.
- Na obra "Actuacións no entorno do campo de fútbol de Bertamiráns" non se cumpre co prazo de execución das obras, que era de 3 meses, sendo a data de adxudicación o 5 de setembro e tendo as facturas data de maio e xuño de 2014, fundamentando o retraso na circunstancia sobrevida do ascenso do Bertamiráns FC, que motiva a redacción dun proxecto modificado. De acordo co informe de reparo suspensivo da Intervención, ao converterse nun gasto plurianual, non se comprobou o cumprimento dos límites previstos no artigo 174 do TRLRFL. Non consta no expediente que a dirección facultativa da obra se manifestase sobre este retraso, nin que se tramitase expediente informado algún sobre a modificación do proxecto. Por outro lado a acta de recepción das obras non está asinada por ningún técnico en representación do Concello, senón só pola Alcaldía. Con data 29 de decembro de 2015 levantouse pola Alcaldía o reparo, ordenando o pago das facturas. Tampouco se cumpre, polo tanto, co prazo legal de aprobación das certificacións.
- Na obra Proxecto modificado de substitución de colector de saneamento na rúa Alcalde Lorenzo, cun prazo de execución de 3 meses, a acta de comprobación de reformulo ten data de máis de un ano posterior á data do contrato; o mesmo sucede coa acta de recepción e a certificación de obra, esta última aprobouse sobrepasando en 11 días o prazo legalmente

establecido, realizando o pago en menos de 30 días dende a aprobación. Non se cumpre, polo tanto, co prazo legal de aprobación das certificacións.

IV.7.3 CONTRATOS DE SERVICIOS

No seguinte cadro expónse a relación de contratos de servizos subscritos no exercicio 2013:

Cadro 33: Contratos de servizos subscritos no exercicio

Obxecto do Contrato	Orzamento licitación (sen IVE)	Prezo de adjudicación (sen IVE)	Data adjudicación definitiva	Data formalización	Prazo execución (meses)	Contratistas
Servizo de socorrismo e primeiros auxilios na praia fluvial de tapia e nas piscinas públicas descubertas do Concello de Ames.	49.586,77	39.900,00	13-06-2013	14-06-2013	3	B15876782 - BRÉTEMA OCIO E TEMPO LIBRE, S.L. - ES
Servizo de realización de actividades municipais culturais, de manualidade, bailes de salón, teatro e xadrez do Concello de Ames.	57.147,08	57.147,08	03-10-2013	04-10-2013	24	A28517308 - EULEN, SA - ES
Servizo de realización de actividades das escolas deportivas municipais do Concello de Ames.	621.208,00	621.208,00	03-10-2013	04-10-2013	24	A28517308 - EULEN, SA - ES
Servizo de limpeza de varios edificios e dependencias do Concello de Ames.	268.719,36	93.840,00	17-07-2014	01-09-2014	24	A47379235 - LIMPEZAS, AXARDINAMENTOS e SERVICIOS SERALIA, SA - ES
Servizo de limpeza das escolas infantís de Ames (O Bosque, A Madalena e Galiña azul)	86.606,00	80.750,00	03-10-2013	15-10-2013	24	B15075732 - LIMPIEZAS SALGADO, SL - ES
Servizos de limpeza dos centros de educación infantil e primaria e escolas unitarias do Concello de Ames.	549.504,00	262.892,00	19-09-2013	15-10-2013	24	B15075732 - LIMPIEZAS SALGADO, SL - ES
Servizo de escola de verán 2013	50.000,00	50.000,00	20-06-2013	26-06-2013	2	B15942329 - AGORA ABERTA, SLNE. - ES
Tardes divertidas do Concello de Ames	587.653,00	587.663,00	23-08-2013	11-09-2013	24	B15942329 - AGORA ABERTA, SLNE - ES
Servizo bos días cole	193.895,19	193.895,19	23-08-2013	11-09-2013	24	G15869233 - ORBITA INFANTIL, SL - ES
Total Servizos	2.464.319,40	1.987.295,27				

Todos os contratos foron tramitados polo procedemento aberto. En 8 contratos empregouse o procedemento aberto con criterios múltiples e só no contrato do servizo de socorrismo se empregou como criterio único de adjudicación o prezo.

Da revisión da documentación levada a cabo extráense as observacións seguintes:

- Os contratos relativos ao Servizo de socorrismo e ao Servizo de escola de verán foron tramitados polo trámite de urxencia, sen que a declaración de urxencia motive adecuadamente que o contrato responda a unha necesidade inaprazable ou que sexa preciso acelerar a adjudicación por razóns de interese público. Para estes efectos, entendese por urxencia a necesidade de atender un asunto de forma inmediata e ineludible, derivada dun acontecemento imprevisible para o órgano de contratación e non imputable ao mesmo. Neste caso, dado o obxecto dos contratos, a urxencia semella estar motivada máis por unha falta de planificación que por circunstancias sobrevidas que non se puideran prever; mesmo a proposta referida á

Escola de verán manifesta que o servizo se ven prestando dende o ano 2006, aínda que sen se ter promovido licitación. Considérase que a reestruturación do departamento de contratación non é motivo suficiente para xustificar as declaracións de urxencia.

2. A documentación remitida non fai referencia á existencia de instrucións dirixidas a clarificar a relación entre os xestores da Administración e o persoal das empresas contratadas, para evitar actos que se poidan considerar como determinantes para o recoñecemento dunha relación laboral. As prescricións contidas ao respecto nos Pregos de cláusulas non son todo o completas que deberan para evitar estes riscos.
3. No exercicio fiscalizado o sistema informático que soporta o perfil de contratante non permitía acreditar o inicio da difusión pública da información que contén. Deste xeito, nos casos que fose esixible, non se podería certificar mediante selado de tempo a data e prazo dos anuncios de licitación e adxudicación.
4. O contrato do servizo de escola de verán foi obxecto de reparo pola Intervención municipal, pola emisión de facturas por enriba do importe de adxudicación.

IV.7.4 CONTRATOS DE SUBMINISTRACIÓNS

No exercicio 2013 só se celebrou un contrato de subministracións:

Cadro 34: Contratos de subministracións subscritos no exercicio

Obxecto do Contrato	Orzamento licitación (sen IVE)	Prezo de adxudicación (sen IVE)	Data adxudicación definitiva	Data formalización	Prazo execución (meses)	Contratistas
Subministro e instalación de lámpadas, balastos e redutores de fluxo do alumeadado público do parque empresarial do Milladoiro.	38.174,08	18.215,00	07-11-2013	18-11-2013	0.16	B27444702 - HALLMAN ENERGIE, S.L. - ES

Este contrato foi tramitado polo procedemento negociado sen publicidade por razón da contía, polo que podemos facer extensivas ao mesmo as incidencias expostas no apartado de análise dos contratos de obras, relativas á elección do procedemento, á ausencia de negociación e á ausencia no procedemento de garantías suficientes da igualdade e da transparencia.

IV.7.5 CONTRATOS DE XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS

De acordo coa información facilitada polo concello a situación dos contratos de xestión de servizos públicos é a seguinte:

Cadro 35: Contratos de xestión de servizos públicos subscritos no exercicio

Contrato	Data formalización	Duración prevista	Situación en 2013	Situación actual
Explotación de servizos de cafetería no centro sociocultural de Bertamiráns	15-09-00	1 ano con prórrogas ata 3 anos	Explotou a concesión a mesma empresa adxudicataria	Continúa a mesma empresa adxudicataria

Informe de Fiscalización do Concello de Ames, exercicio 2013

Contrato	Data formalización	Duración prevista	Situación en 2013	Situación actual
Explotación de servizos de cafetería no centro sociocultural de Milladoiro	21-01-05	2 anos con prórrogas ata 4 anos	Explotou a concesión a mesma empresa adxudicataria	Iniciado novo expediente de contratación
Concesión explotación e mantemento do complexo da piscina cuberta A Telleira	10-03-06	10 anos con prórrogas de 5 ata 25 anos. Ampliouse o contrato dúas veces por un ano quedando en 12 anos, en contraprestación por obras realizadas polo adxudicatario	Continua vixente o contrato inicial	Continua vixente o contrato inicial
Concesión servizo de limpeza viaria	01-08-06	10 anos prorrogables por outros 10 anos	Continua vixente o contrato inicial	Continua vixente o contrato inicial
Concesión da explotación do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento	02-09-98	15 anos prorrogables se non hai denuncia por períodos iguais	Denunciase o contrato para evitar prórroga	Continua a mesma empresa por declaración de emerxencia

De acordo con esta información, resulta o seguinte:

- Os contratos que afectan as cafeterías dos centros sociocultural de Bertamiráns e do Milladoiro non están vixentes (remataron en setembro de 2003 e decembro de 2009 respectivamente). Porén, continúan prestando o servizo as mesmas empresas adxudicatarias.
- A concesión da explotación do servizo de abastecemento de auga potable e saneamento foi formalizada en setembro de 1998 por un período de 15 anos prorrogables por períodos da mesma duración de non haber denuncia de algunha das partes. Esta denuncia produciuse no ano 2013 por parte do concello, motivada polo crecemento poboacional, iniciando en setembro de 2013 un expediente de contratación que se declarou deserto, continuando a mesma empresa coa explotación. En xaneiro de 2015 asínase un novo contrato, cunha duración de 9 meses non prorrogables; á finalización deste prazo, o Pleno do concello fai unha declaración de emerxencia para poder ordear á empresa adxudicataria que continúe coa explotación ata que se produza unha nova adxudicación.

A declaración de emerxencia fundamentouse “na situación de grave perigo que para os veciños podería representar a interrupción dos servizos que conforman o ciclo integral da auga como consecuencia do cese do concesionario e a conseguinte ausencia repentina dun prestador especializado.”

A tramitación de emerxencia prevista no artigo 113 do TRLCSP, que é un réxime excepcional caracterizado pola dispensa de tramitar expediente, só procede nos casos taxativos do apartado 1 de dito artigo, é dicir, acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional. Este contrato non se pode encadrar en ningún destes supostos ao deberse a unha total falta de previsión do concello que coñecía perfectamente as necesidades a satisfacer por este servizo público municipal e o estado de

vixencia da concesión coa suficiente antelación como para tramitar o correspondente expediente de contratación.

IV.7.6 CONTRATOS MENORES

Aínda que foi solicitado no transcurso da fiscalización, non se dispuxo dun listado dos contratos menores subscritos polo concello no exercicio fiscalizado.

Porén, á vista dos reparos formulados pola intervención, cabe concluír que aínda que as BEO establecen un procedemento para a súa tramitación, non se seguiu sempre este procedemento ao omitirse o deber de solicitude de autorización previa do gasto.

IV.7.7 ANÁLISE DOS REPAROS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN.

En base a análise realizada sobre os informes de reparos formulados pola Intervención municipal e expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito observase a existencia de gastos contraídos fora dos procedementos establecidos pola lexislación vixente na materia de contratos do sector público. Destacan en especial os seguintes contratos:

1. Contrato menor do Servizo de colaboración na xestión tributaria, censual, inspectora e recadadora de impostos non delegados á Deputación da Coruña. O informe da Intervención sinala que o 28 de xaneiro de 2013 foi asinado un contrato menor coa empresa Gestión tributaria territorial SA, por un período de 3 meses e importe de 18.000 euros sen IVE, condicións que permitían acollerse ao emprego do contrato menor. Sen embargo, expirada a súa vixencia, a empresa seguiu prestando dito servizo sen cobertura contractual. Con este fin, acórdase por Decreto da Alcaldía a prórroga do contrato por un prazo de 3 meses, a pesar do informe da Intervención no que se advertía do carácter improrrogable de este contrato, de acordo co disposto no artigo 23.3 do TRLCSP.

Como se continuou prestando o servizo unha vez finalizada esta prórroga, no exercicio 2013 iniciouse un procedemento de recoñecemento extraxudicial de obrigas por facturas dos meses de agosto, setembro e outubro por un importe total de 21.780 euros. Neste procedemento emítese pola Intervención un informe de reparo suspensivo por carecer as facturas de cobertura contractual. A pesar de todo isto o servizo continuou prestándose sen cobertura contractual ata o 3 de novembro de 2014, data na que se asinou un novo contrato.

2. Contrato menor para a prestación do servizo de colaboración no desenvolvemento dos obradoiros culturais. Segundo o reparo formulado, o contrato excede os límites temporais do mesmo, xa que se prestou o servizo polo mesmo provedor durante máis de un ano. O mesmo

sucedo nos casos dos contratos dos seguros dos vehículos municipais e de responsabilidade civil e danos.

Finalmente, cabe mencionar os 44 expedientes de recoñecemento extraxudicial de obrigas aprobados por decreto da Alcaldía, nos que se atopan diferentes facturas que, de acordo con informes de reparo da Intervención, superan os límites do contrato menor, polo que non terían cobertura contractual.

IV.8 GASTOS DE PERSOAL

O gasto de persoal no Concello de Ames é de 7.274.892,47 euros e representa un 37,44% sobre o total das obrigas recoñecidas da liquidación do orzamento de gastos.

Distribuindo o gasto de persoal por tipo e excluindo os gastos correspondentes o artigo 16 (cotas da seguridade social e outros gastos sociais) o gasto de persoal máis significativo é o correspondente ao persoal laboral, un 59,34%, e dentro deste, o do persoal laboral temporal (33,57%).

O número medio de efectivos no ano 2013 foi: 3 altos cargos (compútanse unicamente os que perciben remuneracións por ter dedicación exclusiva ou parcial), 4 laborais eventuais, 74 funcionarios (44 de carreira e 30 interinos) e 166 laborais (63 fixos e 103 temporais).

Distribuindo o gasto por políticas, Educación cunha porcentaxe do 27,79% e a Seguridade cidadá, 12,89%, son as áreas onde o gasto de persoal é máis elevado.

A análise da evolución temporal do gasto de persoal revela a diminución do seu importe no exercicio 2011, motivada fundamentalmente pola redución no gasto de persoal laboral, tendencia que continúa no exercicio 2012, motivada fundamentalmente pola supresión da paga extra do mes de decembro acordada polo RDL 20/2012. No exercicio obxecto de fiscalización, o gasto experimenta o aumento motivado pola paga extra de decembro, se ben segue a ser inferior a contía do gasto respecto do ano 2011.

IV.8.1. PLANIFICACIÓN DE RECURSOS HUMANOS

A planificación de recursos humanos nas Administracións públicas, de conformidade co disposto no artigo 69 do EBEP, persigue contribuír á eficacia na prestación de servizos e á eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles.

Para a consecución destes fins, en base á potestade de autoorganización prevista no artigo 4.1.b) da LRBR, as entidades locais de carácter territorial poden utilizar diversos procedementos

e instrumentos de ordenación do seu persoal. Sen embargo, no Concello de Ames non se dispón dun plan de recursos humanos.

Manuais de procedemento ou instrucións internas

A existencia de instrucións específicas sobre procedementos en materia de persoal constitúe unha regulación útil para concretar aspectos relativos a funcións dos traballadores, tramitación de nóminas, solicitude de permisos e licenzas, anticipos, axudas de custo, instrucións reguladas para asistir a cursos, xornadas ou seminarios, etc.

Sen embargo, o Concello non dispón de regulación específica e propia documentada sobre procedementos estandarizados en materia de persoal.

Organigrama

O organigrama é un instrumento oportuno para representar a distribución orgánica e funcional dunha entidade. Esta representación gráfica permite observar de xeito inmediato tanto a dimensión e estrutura por áreas, servizos, seccións, etc., nas que se divide a institución.

Porén, o Concello non conta con organigrama que especifique a distribución gráfica das distintas áreas nas que se organiza a entidade.

Plan de formación do persoal

O concello non ten aprobado en 2013 un plano de formación do seu persoal.

Sistema de avaliación do desempeño

O concello carece de sistemas de avaliación do desempeño do traballo, e os traballadores non perciben retribucións en concepto de complemento de produtividade, porque foi retirado do orzamento como consecuencia do plan de axuste aprobado en marzo de 2012.

Acordo regulador e convenio colectivo

No exercicio fiscalizado e na actualidade (maio, 2016), o Concello non ten aprobado acordo regulador das condicións de traballo dos funcionarios municipais. O último convenio colectivo aprobado para persoal laboral é o correspondente ao ano 2005 e, aínda que a vixencia inicial era ata o 31 de decembro de 2007, considérase prorrogado ata a actualidade.

Rexistro de persoal

O artigo 71 do EBEP, en concordancia co establecido no artigo 90.3 da LRBRL, esixe aos entes locais que constituían Rexistros de persoal. Sen embargo, a pesar desta obriga legal e a que os

datos inscritos en tal rexistro determinarán as nóminas, a efectos da debida xustificación de todas as retribucións, a información proporcionada indica que o concello non implantou dito rexistro.

Non obstante, verificouse na visita de fiscalización que, nos expedientes individuais de persoal da entidade, consta documentación acreditativa da relación administrativa ou laboral dos traballadores.

IV.8.2. ANÁLISE DA PLANTILLA E DA RPT

A RPT foi aprobada no 2006 e aínda que no acordo de aprobación se establece que tería unha vixencia de 5 anos, segue a ser a que se toma como referencia na data de elaboración deste informe. De acordo coa certificación da secretaria do concello, esta RPT foi modificada mediante acordo plenario de 29/11/2007 para recoller unicamente a previsión legal sobre o posto de tesoureiro municipal.

Da comparativa entre a plantilla e a RPT aprobada no 2006 pode concluírse que non están cubertos determinados postos coma os de xefe de servizo de recursos humanos ou técnico de intervención, o que dificulta a segregación de funcións e provoca que os titulares de postos de traballo de categorías inferiores asuman funcións de niveis superiores.

Como resultado do traballo efectuado, detectáronse ademais as seguintes incidencias significativas:

a) Cobertura de postos de carácter estrutural con persoal temporal.

Analizadas as datas de alta dos traballadores temporais, observase que 38 contratos son anteriores ao exercicio 2007, e que coa excepción dunha xubilación os mesmos traballadores seguen prestando servizos no exercicio 2015.

b) Conversión de persoal laboral en funcionario interino

O concello procedeu ao nomeamento como funcionarios interinos para a cobertura provisional de vacante de 9 traballadores laborais temporais interinos adscritos a postos que figuran na RPT como de funcionarios, e de 6 traballadores laborais temporais por obra o servizo que desempeñan funcións estruturais dentro da administración municipal.

Igualmente, o posto de asesora legal está ocupada por unha traballadora que foi contratada como persoal laboral temporal con data 26/09/2007. Detectada a necesidade da súa continuidade, a Xunta de Goberno Local acorda proceder ao seu nomeamento como funcionaria

interina por programa para o mesmo servizo, nomeamento que ten efectos dende o 01/12/2009 e que tería de duración ata a finalización do programa, sinalando como data orientadora o 30/11/2010. Porén, tras diversas ampliacións da vixencia do programa, esta persoa continua traballando interinamente.

Esta conversión de traballadores laborais en funcionarios, realizouse sen a tramitación do correspondente expediente de selección, vulnerándose por tanto os principios legais para o acceso ao emprego público.

c) Reclasificacións sen reflexo na RPT

Trala aprobación do convenio colectivo de persoal laboral do concello, que entrou en vigor o 31/05/2005, dous traballadores laborais fixos, coa categoría de auxiliares de biblioteca, foron reclasificados a un grupo profesional superior. A Xunta de Goberno local, na súa reunión celebrada o 12/07/2006, acordou reclasificalos do grupo IV ao grupo II (nos que se integran traballadores aos que se lles esixe titulación de enxeñeiro técnico, diplomado universitario ou semellante) como consecuencia da sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Santiago que admite a reclamación neste senso dos traballadores. A dita sentenza basease no feito de que nas bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación laboral fixa de dous auxiliares de biblioteca esixíase a titulación de diplomatura e considera que isto sería determinante do grupo profesional de pertenza. No mesmo acto, acórdase que "ambos traballadores continúen a realizar as funcións que viñan desempeñando ata o de agora, en tanto non sexan debidamente cubertas as vacantes xeradas nos postos de auxiliares de bibliotecas e asúmese o compromiso de ofertar toda a formación que poda ser demanda por ambos traballadores e que repercuta nunha mellor e máis eficiente prestación no servizo de bibliotecas". Estes traballadores, se ben non foron adscritos a unha praza da RPT, teñen as mesmas retribucións que se reflicten na mesma para o posto de axudante técnico de biblioteca.

d) Transformación indebida de contratos temporais en indefinidos

No exercicio 2003 o concello recupera o local no que unha asociación viña desenvolvendo a labor de gardería infantil, en virtude dun convenio asinado entre eles para a prestación de tales servizos, e opta por realizar a mesma actividade e seguir cos mesmos usuarios. Demandado o concello por eses traballadores, recoñécese por sentenza do 19 de xullo de 2005 a sucesión de empresa neste proceso e, en consecuencia, estes traballadores pasaron a ser considerados persoal laboral con contratos temporais, para posteriormente, dentro do proceso xeral de consolidación de emprego do concello iniciado no exercicio 2007, transfórmase o seu contrato

temporal en contrato laboral fixo, por fraude de lei nas súas relacións contractuais coa empresa.

Isto supón un incumprimento das condicións de acceso ao emprego público. O carácter indefinido do contrato, consecuencia do recoñecemento da sucesión de empresa, implica que o mesmo non estea suxeito a termo, pero non supón que o traballador consolide, sen superar os procedementos de selección, unha condición de fixeza en plantilla que resulta incompatible coas normas legais sobre selección do persoal fixo nas Administracións Públicas.

IV.8.3. SELECCIÓN DE PERSOAL

A última OEP foi publicada no BOE 237 do 4 de outubro de 2006. Por conseguinte, non existe OEP no exercicio obxecto de fiscalización.

Ao longo do exercicio procedeuse á tramitación de 16 expedientes de selección de persoal laboral temporal que deron lugar á formalización de 60 novos contratos. A fin de verificar que nestes procesos se cumpriu cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, analizáronse os seguintes procesos de selección de persoal temporal:

- Contratación dos profesores da escola municipal de música.
- Concurso oposición con convocatoria pública para a contratación de 6 vixiantes de piscina.
- Concurso oposición con convocatoria pública para a contratación de 2 técnicos de inserción laboral.
- Creación dunha bolsa de traballo de conserxes.

Como resultado do traballo constátase o seguinte:

a) As prazas de profesores de música da escola municipal non están incluídas na RPT e son cubertas con persoal contratado temporalmente, recorréndose de forma continuada e con carácter xeral as mesmas persoas dende o inicio da súa actividade no ano 2004. Por isto, dedúcese que estes postos teñen carácter estrutural e terían que ser cubertos con traballadores a tempo indefinido mediante proceso selectivo. Esta circunstancia é posta de manifesto polo interventor municipal que formula un reparo a estas contratacións.

b) A creación da bolsa de traballo de conserxes regulouse sen contemplar que xa existía unha bolsa creada con anterioridade. A confección da nova bolsa recolle aos aspirantes por orden decrecente de puntuación no proceso selectivo, incluíndo nos primeiros postos aos que formaban parte da bolsa anterior, extremo que non se recolleu nas bases da convocatoria, polo que foi recorrida polos participantes neste proceso de selección. Por sentenza do xulgado contencioso

administrativo de Santiago de Compostela, do 19/04/2016 condénase ao concello á elaboración dunha bolsa de traballo que resulte exclusivamente de conformidade coas bases da convocatoria do ano 2013. No momento actual, este problema non volverá a xurdir porque no BOP do 18/02/2016 publícase a aprobación definitiva do Regulamento de bolsas de traballo do Concello de Ames no que no seu artigo 4.d) recolle que: "en calquera caso, a elaboración dunha nova bolsa de traballo suporá a anulación das bolsas que puideran existir para ese mesmo posto".

c) Nos outros dous procesos de selección de persoal do exercicio, pódese concluír que, en liñas xerais o concello está a cumprir cos principios que rexen na contratación de persoal nas Administracións Públicas

IV.8.4. RETRIBUCIÓNS

A partir do listado anual da nómina, seleccionouse una mostra para verificar se as retribucións de cargos electos, persoal eventual, funcionarios e laborais se axustan ás contías que corresponden e aos conceptos retributivos legalmente establecidos.

Como resultado do traballo constátase:

a) Respecto aos conceptos retributivos aprécianse as seguintes incidencias:

Complemento específico de compensación horaria.

O complemento específico de compensación horaria, conforme ao disposto no "Acordo regulador do sistema de compensación, para o traballo en período festivo e nocturno do persoal do concello de Ames", ten como obxectivo a compensación, económica ou en tempo libre, dos traballos realizados en período festivo ou nocturno, e que non merezan a consideración de servizos extraordinarios. Aplícase o mesmo criterio a todo o persoal funcionario e así como ao persoal laboral que presta servizos no concello.

As contías resultantes da aplicación deste sistema compensatorio en ningún caso poderán ser consolidables, nin xerarán tipo algún de dereito sobre posteriores valoracións económicas dos postos. No orzamento da entidade o importe destas compensacións inclúense dentro do complemento específico.

O feito de prestar servizos por quendas ou en domingos ou festivos forma parte das especiais características ou especificidades de determinados postos do traballo, en especial dos correspondentes á policía local, feito que debería terse en conta no momento de cuantificar o complemento específico de cada un deles cando se aproba a RPT.

Por outra banda, segundo o artigo 93 da lei 7/1985, do 2 de abril, os funcionarios da Administración local só poderán ser remunerados polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da lei 30/1984, do 2 de agosto, onde se sinala tamén que en ningún caso poderá establecerse máis dun complemento específico para cada posto de traballo, como parece que se está a facer no concello, considerando unha parte fixa do específico, que é a que consta na RPT, e unha variable que só retribúe os festivos ou nocturnos que o persoal que ocupa estes postos teñan que facer en cada mes en concreto en cumprimento da súa específica xornada de traballo.

Polo tanto, este complemento non se axusta ao disposto na normativa sobre retribucións dos funcionarios. Por este motivo, o interventor ten plantexado reparos ás nóminas mensuais.

Complemento de compensación Incapacidade laboral temporal (ILT).

O complemento da prestación económica da situación de ILT recollido no RD 20/2012, do 13 de xullo, foi acordado pola mesa de negociación no ano 2012 pero non foi ratificado polo pleno ata o 2015, de xeito que non puido ser de aplicación neste exercicio.

Gratificacións.

Respecto das horas extraordinarias e gratificacións por servizos extraordinarios realizados fóra da xornada laboral, remitímonos aos informes de reparos da intervención ás nóminas mensuais. Nos reparos formulados, o interventor fai constar que a verificación de que se están a cumprir cos límites máximos de horas extras anuais establecidos no artigo 35 do estatuto dos traballadores e no convenio colectivo do concello, debe realizarse segundo o artigo 48.5 do Convenio colectivo mediante a levanza dun rexistro por servizos co número de horas extraordinarias feitas, control que debe ser realizado trimestralmente.

O procedemento para o recoñecemento e abono destes servizos extraordinarios consiste na presentación polo interesado dunha comunicación mensual dos mesmos. Esta comunicación é informada polo responsable do servizo e trasladada a alcaldía para a súa aprobación.

b) Respecto ás retribucións dos membros da Corporación.

No caso dos membros da Corporación que perciben retribucións polo exercicio dos seus cargos con dedicación exclusiva (Alcalde e Primeiro tenente de Alcalde) e dedicación parcial doutros tres concelleiros comprobouse que figuran dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social e que se lle practican as pertinentes retencións en concepto de IRPF.

Respecto dos concelleiros sen dedicación exclusiva o parcial, que perciben retribucións pola súa asistencia a plenos y e demais órganos colexiados, comprobouse que se corresponden coas

cantidades aprobadas nas BEO e coa súa efectiva asistencia a plenos, xuntas de goberno ou comisións informativas.

c) Respecto ás retribucións do persoal eventual, laboral e funcionario.

Das comprobacións efectuadas, non se aprecia ningunha incidencia que deba ser obxecto de mención, a excepción do sinalado na análise dos conceptos retributivos, axustándose en todos os casos ás contías e conceptos establecidos nas disposicións aplicables.

Igualmente, comprobouse que o nivel de complemento de destino está comprendido nos límites mínimos e máximos establecidos no RD 861/1986, y que non se superan os límites cuantitativos das retribucións básicas e complementarias establecidos nos orzamentos do exercicio.

V. CONCLUSIÓNS

1. Non existen manuais de procedementos internos nin normas escritas sobre o arquivo de documentos, a súa accesibilidade e protección segura.
2. Non existe un plan de disposición de fondos da tesourería, que estableza o acomodo da expedición das ordes de pagamento mesmo, respectando en todo caso a prioridade dos gastos de persoal e das obrigas contraídas en exercicios anteriores.
3. En relación aos saldos pendentes, tanto de dereitos pendentes de cobro como de obrigas pendentes de pago, non se realizan depuracións de saldos de xeito periódico, o que da lugar a que permanezan contabilizados saldos moi antigos. Así, figuran dereitos pendentes de cobro contabilizados entre os anos 1989 e 2009 por importe de 3.888.103,88€, o que representa o 51,24% do total de dereitos pendentes. E igualmente figuran obrigas pendentes de pago contabilizadas entre 1996 e 2009 por importe de 1.446.045,60€ .
4. O inventario de bens e dereitos, aprobado polo pleno o día 3/4/1997, está desactualizado e non inclúe todos os bens da entidade, que polo tanto non están correctamente contabilizados nin son obxecto de amortización. Ademais, a maioría dos bens non están rexistrados no Rexistro da Propiedade, como establece o artigo 36 do Regulamento de bens das entidades locais, coa excepción dos bens de cesión obrigatoria dos ámbitos urbanísticos desenvolvidos mediante iniciativa privada. A inexistencia dun inventario contable completo e actualizado, impide determinar a valoración correcta do inmovilizado.
5. Non se require ao órgano xestor se transcorrido un mes dende a anotación da factura ou documento equivalente no rexistro, aquel non tramitou o expediente de recoñecemento da

obriga, tal esixe o artigo 5 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de loita contra a morosidade. Ademais, non existe ningún procedemento de control interno que permita detectar operacións non rexistradas.

6. A fiscalización previa está substituída por unha fiscalización limitada. Non se realiza a fiscalización plena posterior sobre unha mostra, contemplada no art. 219.3 TRLFL, feito que se trata de paliar ampliando nas BEO (no nº35) as cuestións que deben ser obxecto de comprobación con relación aos apartados a) e b) do art. 219.2 do TRLFL. Non hai constancia de que leven a cabo actuacións de control financeiro nin de control de eficacia, para o que o Concello debería ter definidos uns obxectivos previos que permitan verificar a eficacia, eficiencia e economía na prestación dos servizos públicos.

7. Existen operacións pendentes de aplicar ao orzamento recollidas na conta 413 "Acredores pendentes de aplicar ao orzamento", cun saldo de 404,27 miles de euros, que se incrementan en 2013 con relación ao saldo de 306,34 miles de euros pendentes a 31/12/2012. A ausencia de rexistro contable das obrigas pendentes de imputar ao orzamento afecta ao cálculo do déficit da entidade local e supón unha grave deficiencia no contido da información das contas anuais.

8. Tramítanse expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito que teñen por causa orixinaria actos nulos de pleno dereito, como vía para eludir o cumprimento da normativa de contratación. En 17 dos 46 expedientes de recoñecemento extraxudicial de obrigas apreciase como causa subxacente a existencia de actos nulos de pleno dereito.

9. Comprobado o cálculo da dotacións da provisión por insolvencias segundo os criterios de cálculo establecidos no BEO nº 37, e contrastado o mesmo co contido do Decreto 2625/2015 no que se acorda a compensación dos dereitos pendentes de cobro e das obrigas pendentes de pago de exercicios anteriores, resulta unha dotación superior en 44,98 miles de euros á que figura contabilizada

10. Apreciase en 9 dos 25 expedientes que o procedemento de pago foi a domiciliación directa do cobro por parte do acredor na conta do Concello, para o que debería contar coa autorización previa deste. Este procedemento non é conforme coa normativa de execución do gasto público, por canto supón o pago antes da autorización e aprobación do gasto. No servizo de contabilidade aseguran que xa non se utiliza este procedemento.

11. Comprobase que no orzamento de ingreso se realizan estimacións contables inadecuadas nos recoñecementos de ingresos que financian modificacións orzamentarias. Contabilízanse modificacións de ingreso que logo non son recoñecidos nin recadados, ou modificacións de

ingresos que duplican as previsións iniciais. Isto unido á escasa execución que presentan outros conceptos de ingreso, fan que sexa material o risco de incorrer en gastos superiores aos ingresos orzamentados, como demostra a diferenza entre o orzamento inicial, con previsión de saldo por operacións non financeiras de 4.448,67 miles de euros, que na execución se reducen a 918,94 miles de euros.

12. Da comprobación efectuada do cumprimento da regra do gasto en materia de estabilidade orzamentaria desprendese un erro no seu cálculo, coa consecuencia de que, de terse empregado as cifras correctas resulta un gasto computable no 2013 de 17.811,94 miles de euros e unha taxa de crecemento do 6,75%, superior ao 1,7% permitido

13. O concello de Ames acudiu ao mecanismo para o financiamento do pago a provedores regulado no RDL 4/2012, norma que permitiu o afloramento de facturas sen rexistrar, sen que iso supoña a esixencia de responsabilidades por eses gastos e pagos liquidados sen crédito. Por esta vía o Concello de Ames solicitou o financiamento de un total de 590,87 miles de euros, dos cales 52,44 miles de euros corresponden a facturas sen rexistro contable de ningún tipo. A ausencia de rexistro contable das obrigas pendentes de imputar ao orzamento afecta ao cálculo do déficit da entidade local e supón unha grave deficiencia no contido da información das contas anuais.

14. O Concello de Ames non dispón formalmente dunha política de seguridade da información, aprobada polo órgano superior correspondente, que identifique aos responsables de velar polo seu cumprimento. Tampouco se elaboraron plans de formación e concienciación en materia de seguridade da información dirixida aos usuarios dos sistemas de información do concello. Por último, si ben o concello efectuou actuacións para o cumprimento da Lei orgánica 15/1999, do 15 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, non se dispón do documento de seguridade da LOPD, nin se practican auditorías periódicas sobre o cumprimento desta lei. Este feito, representa un incumprimento normativo que pode xerar responsabilidades e sancións, ademais do prexuízo para a imaxe do concello.

15. En relación cos actos de preparación dos contratos poden formularse as seguintes conclusións:

- Non se motiva adecuadamente a necesidade da contratación. Nos expedientes revisados, consta unicamente unha xustificación feita polo Alcalde.
- O tempo medio de tramitación dos expedientes fiscalizados acadou os 100 días, superándose en 4 dos expedientes revisados esta media.

- Nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos contratos de servizos non constan instrucións dirixidas a evitar incorrer en supostos de cesión ilegal de traballadores.
- Declaracións de urxencia en dous contratos de servizos sen motivar adecuadamente que o contrato responde a unha necesidade inaprazable ou que sexa preciso acelerar a adxudicación por razóns de interese público.
- No exercicio fiscalizado o sistema informático que soporta o perfil de contratante non permitía acreditar o inicio da difusión pública da información que contén

16. En relación cos actos de adxudicación dos contratos, fórmulanse as seguintes conclusións:

- En ningún dos expedientes de contratación tramitados polo procedemento negociado se acreditou a existencia dunha negociación das condicións dos contratos.
- Non hai constancia de certificación do rexistro municipal sobre a data de entrada das ofertas das empresas invitadas ao procedemento.
- Non se acredita a existencia de garantías procedimentais para evitar a concorrencia de empresas vinculadas entre si.
- Non se acredita que existan protocolos que permitan garantir o secreto das proposicións e a transparencia nos procedementos.
- Utilización de criterios de valoración que responden ao cumprimento de obrigas legais.
- As porcentaxes de baixas que se acadan semella que indican que os proxectos non se aproximen á realidade dos prezos de mercado.

17. En relación coa execución dos contratos conclúese que:

- En 5 dos 7 expedientes fiscalizados incumriuse co prazo de execución do contrato.
- En 3 dos expedientes fiscalizados non se cumpre co prazo de 30 días para a aprobación da certificación de obra.
- En 4 dos expedientes fiscalizados non se cumpre co prazo establecido para o pago das certificacións e facturas.
- En dúas concesións de explotación do servizo de cafetería, continuaban prestando o servizo as empresas adxudicatarias a pesar de estar vencidas as concesións, al igual que ocorre no caso da explotación do servizo de abastecemento.
- Tramitase un contrato polo procedemento de emerxencia sen base legal que o xustifique, xa

que se tratou de ordear á empresa que obtivo a concesión por 9 meses no exercicio 2013 a continuación da explotación.

18. En relación á tramitación dos contratos menores, non se seguiu en todos os contratos os trámites establecidos polas Bases de execución do orzamento. Na revisión dos informes de reparo efectuados pola Intervención do concello observouse a existencia de facturas que superan os límites de contrato menor, polo que non terían cobertura contractual.

19. Como resultado do traballo realizado destacan as seguintes consideracións idénticas para o exercicio fiscalizado e o actual:

- Non se dispón de plan de recursos humanos.
- Non existe organigrama da entidade.
- Non está constituído formal nin materialmente o rexistro de persoal.
- Non se ten plan de formación do persoal.
- Tampouco se dispón de manual de procedementos ou instrucións sobre persoal.
- Non están implantados sistemas de avaliación do desempeño.
- Non se aprobaron criterios obxectivos para asignar a produtividade e, no seu caso, gratificacións aínda que a partida de produtividade foi retirada do orzamento como consecuencia do plan de axuste aprobado en marzo de 2012.

20. A RPT presenta carencias de tal natureza que impiden que poda ser considerada como o instrumento de ordenación de persoal do concello, como poñen de manifesto os defectos observados:

- Non recolle de xeito correcto todos os postos de traballo do concello, resultado da súa antigüidade e da falta de actualización ao terse producido modificacións nos postos de traballo que non tiveron reflexo na RPT.
- Existencia de postos da RPT que non están orzamentados, o que pon de manifesto que a entidade non ten cubertos postos de relevancia para o seu funcionamento administrativo. Esta circunstancia obriga a que os titulares de postos de traballo de categorías ou niveis inferiores teñan que asumir funcións correspondentes a postos de categoría superior.
- Existencia de postos de traballo de carácter permanente e continuado no tempo non incluídos na RPT, caso dos profesores da escola municipal de música, postos que de xeito reiterado se

cobren acudindo a contratacións temporais coas mesmas persoas dende o inicio da súa actividade no exercicio 2004.

- Elevado número de postos da RPT vacantes (70 sobre un total de 233).

21. O complemento específico de compensación horaria non se axusta ao disposto na normativa sobre retribucións do persoal.

VI. RECOMENDACIÓNS

1. Debe procederse á redacción de manuais de procedementos que definan de xeito claro os trámites a seguir en cada unha das tarefas desenvolvidas e regulen aspectos como:

- Procedementos de autorización e aprobación.
- Segregación de funcións (autorización, proceso, arquivo, revisión).
- Controis sobre o acceso a recursos e arquivos.
- Verificacións e conciliacións.
- Revisións de operacións, procesos e actividades.

3. O manual interno de procedementos debe establecer claramente o requirimento automático ao órgano xestor para a tramitación dos expedientes de recoñecemento da obriga, se transcorre máis de un mes dende a anotación no rexistro da factura. A tal fin, e coa devandita periodicidade debe establecerse unha conciliación entre o rexistro de facturas e as obrigas pagadas, pendentes de pago, e pendentes de imputar ao orzamento.

4. Debe elaborarse o plan de disposición de fondos da tesourería, ao que se refire o artigo 87 do TRLRFL que estableza a prelación na realización de pagos.

5. Debe realizarse unha depuración dos saldos de dereitos pendentes de cobro correspondentes aos exercicios 2009 e anteriores, así como das obrigas pendentes de pago correspondentes aos exercicios 1996 e anteriores, para que a contabilidade reflecta adecuadamente a situación real.

6. Debe procederse á actualización do inventario de bens do concello, para que serva de base para a adecuada contabilización dos mesmos, así como procederse ao rexistro dos mesmos no rexistro da propiedade.

7. Deseñar un plan de fiscalización plena posterior sobre unha mostra das operacións, que debe realizarse a través de procedementos de auditoría.

8. Dada a natureza excepcional do recoñecemento extraxudicial, nos supostos en que a causa subxacente do recoñecemento extraxudicial de créditos sexa unha nulidade de pleno dereito (artigo 29 TRLCSP e 62 Lei 30/1992), o procedemento a seguir para regularizar a situación creada establececese no artigo 34 del TRLCSP, que sinala que a revisión de oficio dos actos preparatorios e de adxudicación dos contratos tense que levar a cabo de conformidade co establecido na Lei 30/1992.
9. Proceder á revisión dos cálculos empregados na dotación da provisión por responsabilidades.
10. Debe eliminarse a domiciliación directa do cobro por parte dos acredores da entidade local, por supoñer a realización do pago con carácter previo á autorización do mesmo.
11. Aínda que o estado de ingresos do orzamento é unha estimación dos que se prevén recadar no exercicio, debería facerse un seguimento periódico da execución do orzamento de ingresos, para que de non ser realista o seu cumprimento se poidan axustar á baixa os créditos para gastos e non incorrer en déficit.
12. Debe realizarse de novo o cálculo da regra do gasto para o exercicio 2013 e seguintes, tendo presente as taxas de referencia aplicables en cada exercicio, e comparar ese resultado corrixido co que resulta no orzamento vixente. De ser necesario, comunicar tal circunstancia ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
13. A entidade local debe adoptar medidas de xestión do gasto público que obriguen á imputación ao orzamento e á contabilización de todas as obrigas. E así mesmo debe facer efectivas as responsabilidades previstas nas distintas normas para o caso de non cumprimento das normas de gasto público.
14. Conforme ao establecido no RD 3/2010, recoméndase que o Pleno do concello de Ames aprobe formalmente unha política de seguridade da información na que, de forma clara, se precise a estrutura organizativa nesta materia e a asignación de responsabilidades, así como os programas de formación específicos en materia de seguridade da información para todos os usuarios de sistemas. Igualmente, que se realicen auditorías periódicas para dar cumprimento canto antes ás disposicións da LOPD.
15. Tamén recomendase que o concello de Ames proceda á categorización dos seus sistemas de información, atendendo á valoración da información que manexan e aos servizos prestados, así como á realización dun análise de riscos, que identifique os activos mais valiosos, as ameazas mais probables e as medidas de seguridade existentes.

16. O órgano de contratación debe prever coa suficiente antelación os contratos a celebrar durante o exercicio orzamentario e realizar todas as actuacións necesarias coa finalidade de cumprir nos prazos establecidos cos obxectivos programados.

17. Debe prestarse especial atención á adecuada motivación da necesidade dos contratos que se debe acompañar dos informes dos servizos correspondentes.

18. Recoméndase que se dea preferencia ao procedemento aberto sobre o procedemento negociado por ser o procedemento ordinario e tendo en conta, ademais, que nas ocasións nas que o órgano de contratación acude a este procedemento non se produce unha negociación das condicións do contrato.

19. Debe tratarse de que os proxectos de obras se axusten aos prezos de mercado de cada momento, para evitar a presentación ofertas con baixas desmesuradas, de ata o 50% en algunha ocasión.

20. Deben incluírse nos pregos de cláusulas administrativas particulares instrucións o suficientemente amplas dirixidas a evitar supostos de cesión ilegal de traballadores, semellantes as instrucións propostas polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas con data 28 de decembro de 2012.

21. A entidade debe aprobar un plan de recursos humanos que contemple como mínimo os seguintes aspectos:

- Elaboración de manuais de procedemento ou instrucións internas que concreten aspectos relativos ás funcións dos traballadores, tramitación de nóminas, solicitude de permisos e licenzas, anticipos, axudas de custo, instrucións reguladas para asistir a cursos, xornadas ou seminarios, etc.
- Organigrama ou gráfica que represente a distribución orgánica e funcional da entidade, que permita observar de xeito inmediato tanto a dimensión como a estrutura departamental por áreas, servizos, seccións, etc., nas que se divide a institución.
- Plan de formación do persoal.
- Sistema de avaliación do desempeño
- Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo da entidade.

22. A entidade debe constituír o Rexistro de Persoal, e inscribir nel todos os actos que afecten á vida administrativa e laboral do persoal da entidade.

23. A entidade debe manter permanentemente actualizada a súa plantilla e RPT, reflectindo nas mesmas todas as modificacións nos postos de traballo. Igualmente a entidade debe cubrir aqueles postos de traballo da RPT que non están orzamentados pero que son relevantes para o seu funcionamento administrativo, cuxas vacantes dificultan a segregación de funcións ou obrigan a que os titulares de postos de traballo de categorías ou niveis inferiores teñan que asumir funcións correspondentes a postos de categoría superior

24. Na RPT da entidade deben incluírse todos aqueles postos que teñen carácter estrutural e deben ser cubertos con traballadores a tempo indefinido, ou, no seu defecto, por persoal temporal seleccionado mediante un proceso selectivo que garante o cumprimento dos principios de mérito, capacidade, igualdade, publicidade e concorrencia esixidos.

ANEXOS



Anexo I: Seguimento plan de axuste. Ingresos.

Medidas de Ingresos	Descrición	Impacto estimado en 2012	Impacto estimado en 2013	Cumprimento/incumprimento das medidas en 2013
Medida 1: subidas tributarias, supresión de exencións e bonificacións voluntarias	IBI: Aplicación do artigo 8 Real decreto-lei 20/2011, que establece un incremento nos tipos de gravame; e menor coeficiente de redución polos novos valores catastrais, revisados no 2005	641.127,78	641.127,78	614.238,15
Medida 1: subidas tributarias, supresión de exencións e bonificacións voluntarias	IVTM: Actualización co IPC do coeficiente de incremento de tarefas mínimas a que se refire o artigo 95.4 Real decreto-lexislativo 2/2004	0,00	30.327,87	A medida acórdase no 2012 para a súa entrada en vigor no 2013. O IPC varía nun 2,1% entre xuño 2012 e xuño 2013 e o coeficiente pasa do 1,2730% ao 1,3%. Actualízase a partires dese momento polo que a medida non se cumpre no 2013.
Medida 1: subidas tributarias, supresión de exencións e bonificacións voluntarias	ICIO: Con efectos 2013 prevese aprobar unha ordenanza que incremente ata o 4% o tipo de gravame aplicado ás obras de construción de vivendas plurifamiliares, colectivas ou promocións de máis dunha vivenda. (Menciónase que non se pode descartar que ao longo, especialmente de 2012, o concello deba devolver algún ingreso como consecuencia da renuncia á execución de obras autorizadas en exercicios anteriores).	34.272,00	35.985,60	Incrementouse o tipo de gravame ata o 4%. Cumpriuse a medida. (Non se cuantifica o seu impacto.)
Medida 1: subidas tributarias, supresión de exencións e bonificacións voluntarias	TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS E OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO: En novembro de 2011 foron aprobados incrementos en algunhas actividades: comedor escolar, escola de música, bos días cole, tardes divertidas e escolas deportivas. A partires de 2012 todas as taxas municipais serán obxecto de actualización anual segundo o IPC do ano anterior. Exceptúanse as taxas "ad valorem", nas que se determina unha cota tributaria aplicando un tipo de gravame a unha base imponible e algunhas taxas relacionadas con servizos de conciliación familiar e laboral.	0,00	115.518,83	Con carácter xeral, esta medida non se cumpriu. Unicamente se modificaron as tarefas da Escola de Música, sen impacto apreciable sobre a recadación. Todos os servizos son deficitarios. Hai que destacar o déficit estimado do servizo de comedor escolar, que cun nº de nenos próximo a 1.100, é de 600.000 euros anuais.
Medida 2: Reforzo da eficacia da recadación executiva e voluntaria (sinatura de convenios de colaboración con Estado e/ou CCAA)	No primeiro semestre de 2012 vaise a decidir acerca do modelo de xestión, inspección e recadación tributarias, considerando dúas alternativas: a delegación de competencias na Deputación Provincial ou unha nova licitación. A opción da Deputación Provincial resulta moito máis favorable que a actual (coa empresa GTT) dende o punto de vista económico.	0,00	266.073,66	Considérase cumprida a medida, ao terse incorporado o concello ao Sistema provincial de recadación, o cal supuxo un notable aforro de recursos.

Informe de Fiscalización do Concello de Ames, exercicio 2013

Medidas de Ingresos	Descrición	Impacto estimado en 2012	Impacto estimado en 2013	Cumprimento/incumprimento das medidas en 2013
Medida 3: Potenciar a inspección tributaria para descubrir feitos impositivos non gravados.	Prevese iniciar no 2012 actuacións específicas no ámbito da "taxa do 1,5%", cun impacto estimado de 55.080 euros en 2013 (0 euros en 2012). En relación á taxa de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, como resultado dun expediente de comprobación de valores levado a cabo no rural se han puxéronse de manifesto feitos impositivos non declarados, o cal se concreta nunha proposta de regularización que vai a ter efectos no 2012, cun importe previsto de 1.125.158,80 euros. Ademais, ditas actuacións darán lugar a novas altas no padrón que poden cifrarse en torno aos 280.000 euros.	1.125.158,80	343.480,00	En relación á "taxa do 1,5% a medida non se cumpriu. O plan contemplaba o inicio de actuacións inspectoras que non consta que se tiveran realizado. Esta competencia está delegada na Deputación provincial e polo tanto a súa aplicación xa non depende do concello. En relación á taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos, a medida cumpriuse.
Medida 4: Correcta financiamento de taxas e prezos públicos	Vaise a aprobar, para determinadas actividades, o seu número máximo de usuarios e o importe máximo de déficit asumible. A partires do exercicio 2012 se pretende que todas as actividades que non sexan taxas se autofinancien coas cantidades aboadas polos usuarios. Se isto non ocorre, o déficit máximo non poderá superar o 20%.	392.000,00	403.760,00	Hai 12 actividades. En 4 delas (programas lúdicos) apróbase un máximo de usuarios con carácter previo aos períodos de matrícula. No resto de programas incúmprese a medida. As novas altas do SAD (ou alteracións do servizo que vaian supor maior custe ao concello) se se remiten á intervención antes da súa aprobación pola alcaldía. A limitación do déficit nas actividades polas que se esixa un prezo público cumpriuse unicamente nalgunhas actividades.

Anexo II Seguimento plan de axuste. Gastos.

Medidas de gastos	Descrición	Impacto estimado en 2012	Impacto estimado en 2013	Impacto real en 2013
Medida 1: Redución de custes de persoal	Non cobertura de baixas por falecemento ou xubilación: As baixas de 2012 non se cubriron con novo persoal	140.756,37	140.756,37	Non se cubriu ningunha vacante e ademais axustáronse á baixa 4 prazas no Orzamento prorrogado. Polo tanto, cumpriuse a medida.
Medida 1: Redución de custes de persoal	Redución da partida destinada ao fondo de acción social. Esta partida vaise a acomodar ao importe que veñen recibindo os empregados municipais. <i>(Aquí entendo que o gasto ven sendo o mesmo que en anos anteriores, habería que saber se outros anos o sobranste desta partida se transfería e gastaba noutra cousa).</i>	130.000,00	130.000,00	O informe sinala que a previsión orzamentaria da partida destinada ao fondo de acción social pasou de 130.000 a 60.000€ e entende que en base a isto, a medida foi cumprida.
Medida 1: Redución de custes de persoal	Eliminación das partidas de produtividade: Elimínase esta partida porque non viña sendo obxecto de distribución, ante a falta dun sistema obxectivo para elo. <i>(Ao igual que no caso anterior, non vexo onde se aforra se realmente a partida non se gastaba)</i>	143.562,90	143.562,90	Elimínase a previsión orzamentaria da produtividade.
Medida 1: Redución de custes de persoal	Minoración de salarios establecida polo Real decreto lei 8/2010. <i>(Entendo que con relación a 2011 no hai aforro, posto que a baixada de soldos xa se produciu con efectos dende 1/6/2010, polo que xa estaba vixente nese ano).</i>	150.000,00	150.000,00	O informe sinala que se aplica a medida por aplicación directa da lei.
Medida 1: Redución de custes de persoal	Outras medidas (sen cuantificar); redución de gratificacións por servizos fóra da xornada laboral; incremento de xornada laboral; redución de días de libre disposición; disfrute de vacacións en contratos de carácter temporal			As gratificacións por servizos prestados fóra da xornada laboral tiveron un forte descenso en 2012 con relación a 2011 (de 114.314,48 a 65.261,94€) e aumentan de novo en 2013 (69.205,78€). Aplícanse as medidas de incremento da xornada e redución de días de libre disposición, sen apreciarse o aforro derivado das mesmas. A medida relativa ao disfrute de vacacións, antes da finalización do vínculo laboral, non foi cumprida con carácter xeral.

Informe de Fiscalización do Concello de Ames, exercicio 2013

Medidas de gastos	Descrición	Impacto estimado en 2012	Impacto estimado en 2013	Impacto real en 2013
Medida 6: Redución do número de persoal de confianza e a súa adecuación ao tamaño da entidade local	Como resultado das últimas eleccións municipais, as dedicacións exclusivas pasaron en 2012 (acordo do pleno de 8/7/2011) de 4 a 2. Tamén variou o número e retribución do persoal eventual.	107.947,12	107.947,12	A medida xa se tiña acordado no 2011. Adicionalmente, as renuncias producidas ao inicio de 2013 motivaron a vacante en dúas das dedicacións recoñecidas polo pleno no 2011.
Medida 7: Contratos externalizados que considerando o seu obxecto poden ser prestados polo persoal municipal	A xestión administrativa do persoal, así como a confección de nóminas, faranse polo departamento de persoal en vez de por unha asesoría externa	33.333,33	36.000,00	Esta medida cumpriuse unicamente en relación á confección das nóminas. As relacións coa seguridade social séguense levando por unha empresa externa.
Medida 7: Contratos externalizados que considerando o seu obxecto poden ser prestados por el persoal municipal	O deseño e en ocasións a edición do material con que se publicitan as actividades municipais foi asumido polo persoal municipal. Ase mesmo o reparto de publicidade substituíuse pola difusión a través da web.	10.000,00	10.000,00	Os gastos en deseño de material publicitario experimentaron un forte descenso. Os gastos de reparto foron inferiores aos rexistrados en exercicios anteriores ao plan.
Medida 10: redución da celebración de contratos menores	Sen cuantificar			Se ben se reorganizou o departamento e se puxo en marcha un plan de contratación, ao final de 2013 seguía habendo moitas prestacións sen cobertura contractual. Polo tanto, pode concluírse que a medida se cumpriu parcialmente.
Medida 11: Non execución do investimento previsto inicialmente	O 27/11 acórdase a non execución dunha obra que ascendía a 2.402.883,23 euros.			A medida foi cumprida. A data do informe, a obra segue sen executarse.



Medidas de gastos	Descrición	Impacto estimado en 2012	Impacto estimado en 2013	Impacto real en 2013
Medida 15: redución na prestación de servizos de tipo non obrigatorio:	Valorarase a conveniencia de rediseñar o servizo de transporte adaptado, que representa un custe superior a 90.000 euros. Non se cuantifica o posible aforro.			O servizo séguese prestando polo mesmo adxudicatario que o viña prestando dende a súa posta en marcha. Dende 2010, o contrato préstase sen cobertura contractual.
Medida 16: Outras medidas polo lado dos gastos.	Implantación dun sistema de aforro enerxético para o subministro eléctrico	0,00	93.000,00	Esta medida non foi cumprida. Porén, antes de finalizar 2013 contratouse unha auditoría enerxética dos alumeados exteriores do concello.
Medida 16: Outras medidas polo lado dos gastos.	Novo deseño do Plan de Transporte Metropolitano	35.000,00	36.750,00	Esta medida entrou en vigor ao longo de 2012, propiciando un aforro próximo aos 100.000€ anuais.
Medida 16: Outras medidas polo lado dos gastos.	Reubicación de servizos municipais, prescindindo de alugueres	10.000,00	41.200,00	Esta medida cumpriuse, propiciando un aforro anual superior a 30.000€.
Medida 16: Outras medidas polo lado dos gastos.	Implantación dun sistema de inventario e control dos materiais adquiridos para a súa utilización polas brigadas municipais	4.333,33	26.962,00	Esta medida non se cumpriu.
Medida 16: Outras medidas polo lado dos gastos.	Renovación dos contratos de telefonía, seguro de responsabilidade civil e coa Mutua de accidentes	82.500,00	85.552,50	A medida non se cumpriu en relación aos contratos de telefonía e seguro de responsabilidade civil. En relación ao contrato de prevención de riscos laborais, en xaneiro 2012 renovouse o contrato, cun aforro de 3.000€ anuais e a adxudicación en xullo 2013 permitiu un aforro adicional próximo ao 20%.

Anexo III Contratos de obras subscritos ou formalizados no exercicio.

Obxecto do Contrato	Orzamento licitación (sen I.V.A.)	Prezo de adxudicación (sen I.V.A.)	Data adxudicación definitiva	Data formalización	Prazo execución (meses)	Contratistas
Obras nos colexios e comedores do concello de Ames.	41.716,16	40.270,33	30-12-13	17-01-2014	2	33211688X - Serafín Lueiro Souto - Es
Pintado interior pavillón de Milladoiro	12.974,05	8.473,50	07-08-13	29-08-2013	1	44820821P - BOUZAS FERNANDEZ, FELIX - ES
Obras de reparación de firme asfáltico e pintado da travesía do porto en Milladoiro- Ames	57.571,08	51.238,00	20-12-12	08-01-2013	0.66	B15025372 - Martínez Montes e Hijos, SL-ES
Acondicionamento de espazo exterior para zona de aparcamento anexo a centro de formación ocupacional e usos múltiples de aldea nova.	76.841,56	55.325,00	18-07-13	02-08-2013	1	B15025372 - Martínez Montes e Hijos, SL-ES
Actuacións de minimización de afección das avenidas do rego dos pasos en Bertamiráns.	20.847,13	17.720,00	07-03-13	18-03-2013	1	B15025372 - Martínez Montes e Hijos, SL-ES
Mellora capa de rodaxe camiño cruce Insua-Novais-Gasamáns (Agrón) e outros.	34.840,00	26.130,00	23-08-2013	30-08-2013	6	B15025372 - Martínez Montes e Hijos, SL-ES
Mellora da capa de rodaxe camiño Bertamiráns-Barreira-Ponte Lapido (Ortoño) e outro.	61.882,63	45.175,00	23-08-2013	30-08-2013	6	B15025372 - Martínez Montes e Hijos, SL-ES
Mellora capa de rodaxe Capeáns-Igrexa de Cobas e outros.	59.004,54	44.250,00	23-08-2013	30-08-2013	6	B15025372 - Martínez Montes e Hijos, SL-ES
Proxecto modificado de substitución de colector de saneamento na rúa Alcalde Lorenzo. Bertamiráns	132.580,47	99.170,19	06-06-2013	14-06-2013	3	B15026693 - ESPINA Y DELFIN, S.L. - ES
Actuacións no entorno do campo de fútbol de Bertamiráns.	49.787,74	48.294,11	05-09-2013	17-09-2013	3	B15032287 - CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L. - ES
Obras de mantemento e mellora enerxética no EIM o bosque	13.188,98	13.105,79	19-12-2013	17-01-2014	1.06	B15032287 - CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L. - ES
Obras de acondicionamento da rúa Seidón en Milladoiro	27.702,61	26.317,48	17-01-2013	06-02-2013	0.5	B15293145 - CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L. - ES
Obras de abastecemento de auga a Barouta (Ames)	69.962,92	41.977,75	08-05-2013	13-05-2013	6	B15356090 - EXCAVACIONES OVIDIO, S.L. - ES
Obras de canalización de pluviais e mellora da seguridade viaria no lugar de Ventín, parroquia de Biduido.	23.239,89	15.801,65	07-03-2013	18-03-2013	1.2	B15608193 - OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. - ES
Pavimentación interior en Lapido, 2ª fase	67.129,12	62.983,47	27-12-2012	14-01-2013	6	B15608193 - OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. - ES
Obras de mellora das condicións de seguridade peonil no lugar de Biduido de Aarriba.	45.521,34	43.245,27	07-02-2013	15-02-2013	1	B15626922 - EXCAVACIONES POSE, S.L. - ES
Reparación interior en Ortoño (Ortoño) e outros.	56.747,91	53.343,02	19-09-2013	23-09-2013	6	B15626922 - EXCAVACIONES POSE, S.L. - ES
Obras de acondicionamento de biblioteca municipal do Milladoiro.	118.444,00	89.940,00	06-06-2013	18-06-2013	6	B15643299 - 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L. - ES
Obras de mellora das condicións de seguridade peonil no lugar de Milladoiro.	48.018,53	44.657,23	27-12-2012	14-01-2013	1.25	B70278627 - XABRE OBRA CIVIL, S.L. - ES
Reforma dos vestiarios do pavillón polideportivo de Bertamiráns	49.061,05	37.041,09	05-09-2013	18-09-2013	3	B70278627 - XABRE OBRA CIVIL, S.L. - ES
Total obras	1.067.061,71	864.458,88				

TRÁMITE DE ALEGACIONES

Con data do 22 de setembro de 2016 foi aprobado pola Sección de Fiscalización do Consello de Contas de Galicia o anteproxecto de informe de fiscalización do concello de Ames exercicio 2013, remitido ao concello así como ao anterior responsable da entidade con data 6 de outubro, rexistrándose a súa recepción no concello o mesmo día, aos efectos de que ao abeiro do artigo 58.a) do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia, formularan as alegacións e aportaran a documentación que estimasen pertinente, no prazo de 15 días hábiles.

Rematado ese prazo, non se recibiu no rexistro xeral do Consello de Contas de Galicia ningunha alegación.

Consello de Contas
de Galicia



**INFORME DO INSTITUTO GALEGO DE
PROMOCIÓN ECONÓMICA, EN PARTICULAR DAS
AXUDAS EN FORMA DE AVAL
EXERCICIOS 2011-2013**

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	11
I.1. OBXECTIVOS E ALCANCE	11
I.2. MARCO XURÍDICO	12
I.3. LIMITACIÓNS	14
II. INFORMACIÓN DA ENTIDADE FISCALIZADA	16
II.1. PRESENTACIÓN	16
II.2. ORGANIZACIÓN	17
II.3. PERSOAL	19
III. ANÁLISE FINANCEIRA DO IGAPE.....	21
III.1. RÉXIME ORZAMENTARIO E CONTABLE.....	21
III.2. A ACTIVIDADE FINANCEIRA DO IGAPE A TRAVÉS DO SEU ORZAMENTO.....	24
III.3. O IGAPE E AS RESTRICIÓN S AO DÉFICIT E Á DÉBEDA	28
III.4. A SITUACIÓN FINANCEIRA E PATRIMONIAL DO IGAPE A TRAVÉS DO SEU BALANCE	30
III.5. OS INVESTIMENTOS FINANCEIROS	35
III.5.1. Investimentos financeiros en capital	35
III.5.2. Préstamos concedidos	40
III.6. DIMENSIÓN ECONÓMICA DOS AVAIS.....	42
IV. ANÁLISE DOS APOIOS ECONÓMICOS CONCEDIDOS POLO IGAPE NA MODALIDADE DE AVAIS	44
IV.1. RÉXIME XURÍDICO	44
IV.2. MODALIDADES DE AVAIS.....	47
IV.3. SELECCIÓN DA MOSTRAXE E OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	50
IV.4. BENEFICIARIOS: NATUREZA E SITUACIÓN FINANCEIRA DAS EMPRESAS AVALADAS.....	51
IV.5. FINALIDADE DOS AVAIS	61
IV.6. CUMPRIMENTO DOS LÍMITES DE CONTÍA E PRAZO NA CONCESIÓN DE AVAIS.....	63
IV.7. PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN E XESTIÓN DE AVAIS.....	67
IV.8. COMISIÓNS DE AVAIS	79
IV.9. CONDICIONANTES E COMPROMISOS DOS AVAIS.....	87
IV.10. GARANTÍAS	89
IV.11. DOTACIÓN DO FONDO DE GARANTÍA DE AVAIS	95
IV.12. CUANTIFICACIÓN DOS AVAIS FALIDOS, RECLAMADOS OU EN RISCO DE RECLAMACIÓN.....	96
IV.13. ACCIÓNS DE REEMBOLSO DAS CANTIDADES PAGADAS POLA CA.....	100
V. CONCLUSIÓNS.....	102
VI. RECOMENDACIÓNS.....	110
VII. ANEXOS.....	111

VIII. ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO IGAPE.....	133
IX. RÉPLICAS FORMULADAS POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO IGAPE.....	157

ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1. Resumo do número de efectivos por áreas	19
Cadro 2. Execución do orzamento de ingresos	24
Cadro 3. Dereitos recoñecidos por capítulos	24
Cadro 4. Execución do orzamento de gastos	25
Cadro 5. Obrigas recoñecidas por capítulo	27
Cadro 6. Gastos de persoal e cadro de persoal medio	27
Cadro 7. Subvencións e préstamos a empresas	27
Cadro 8. Déficit ou superávit	28
Cadro 9. Débeda do Igape	29
Cadro 10. Balance do IGAPE 2011-2014	30
Cadro 11. Perdas por deterioración de activos	31
Cadro 12. Debedores e provisións	32
Cadro 13. Estado de tesourería 2011-2014	32
Cadro 14. Provisión para riscos e gastos	33
Cadro 15. Débeda 2011-2014	33
Cadro 16. Remanente de tesourería	34
Cadro 17. Investimentos financeiros en capital a 31-12-2014	35
Cadro 18. Evolución temporal dos investimentos nas entidades de capital risco	36
Cadro 19. Distribución da participación nas entidades de capital risco	37
Cadro 20. Fondos achegados e perdas acumuladas das entidades de capital risco	38
Cadro 21. Investimento e deterioración dos investimentos realizados polas entidades de capital risco	39
Cadro 22. Créditos e préstamos a longo prazo a 31.12.2014	40
Cadro 23. Créditos e préstamos a curto prazo a 31.12.2014	40
Cadro 24. Préstamos concedidos 2007-2014	41
Cadro 25. Dereitos recoñecidos netos e recadación netas por vencementos de préstamos	41
Cadro 26. Dereitos pendentes de cobro por préstamos	42
Cadro 27. Movemento do risco por avais no período fiscalizado (2011 a 2013)	48
Cadro 28. Avais formalizados nos exercicios 2011-2013	49
Cadro 29. Avais formalizados nos exercicios 2011-2013	49
Cadro 30. Natureza dos beneficiarios dos avais concedidos e formalizados no período 2011-2013	54
Cadro 31. Natureza dos beneficiarios dos avais con risco vivo a 31.12.2013	55
Cadro 32. Avais concedidos a empresas non PEMEs	56
Cadro 33. Expedientes que evidencian unha situación financeira difícil	58
Cadro 34. Redución de importes con respecto ao reclamado polas entidades financeiras	77
Cadro 35. Tempo de execución de tramitación de avais	79
Cadro 36. Execución dos ingresos por comisións de avais a 31.12	84
Cadro 37. Saldo dereitos recoñecidos pendentes de cobramento a 31.12	84
Cadro 38. Relación de avais falidos dende o inicio do programa de avais ata o 31.12.2015	97
Cadro 39. Evolución do índice de avais falidos dende o 31.12.2010 ao 31.12.2015	98

Informe do Igape. Exercicios 2011-2013

Cadro 40. Evolución dos avais falidos, reclamados e con incidencias dende o 31.12.2010 ao 31.12.2015.....	99
Cadro 41. Evolución do índice de morosidade	99

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1. Orzamento inicial e definitivo de gastos 2011-2014 (en euros)	26
Gráfico 2. Capítulos VII e VIII de gastos. Porcentaxe sobre orzamento e grao de execución	26
Gráfico 3. Evolución investimento do IGAPE en SCR	36
Gráfico 4. Entidades de capital risco. Total de investimento e perdas acumuladas	38
Gráfico 5. Entidades de capital risco. Total dos seus investimentos e deterioración	39
Gráfico 6. Evolución de créditos concedidos polo IGAPE e a súa deterioración (<i>millóns de euros</i>)	41
Gráfico 7. Evolución do risco vivo por avais financeiros (<i>millóns de euros</i>)	42
Gráfico 8. Pagos anuais e acumulados por avais fallidos (<i>millóns de euros</i>)	43
Gráfico 9. Evolución Fondos Propios de SODIGA	115
Gráfico 10. Evolución Fondos Propios de ADIANTE	115
Gráfico 11. Evolución Fondos Propios de EMPRENDE	116
Gráfico 12. Evolución Fondos Propios de I2C	116
Gráfico 13. Evolución Fondos Propios de Impulsa Ferrol	117
Gráfico 14. Evolución Fondos Propios de INNOVA	117

ANEXOS

Anexo I. Organigrama vixente a partir do 31.07.2012	113
Anexo II. Ratios financeiros	114
Anexo III. Situación financeira entidades de capital risco	115
Anexo IV. Relación de expedientes segundo o criterio da mostraxe	118
Anexo V. Apoios económicos Xesgalicia e Igape	119
Anexo VI. Comisións dos avais incluídos na mostraxe	120
Anexo VII. Saldos Comisións de Avais pendentes a 31.12.2013 correspondentes aos expedientes incluídos na mostraxe	121
Anexo VIII. Compromisos	122
Anexo IX. Información sobre importes recuperados pola CA	123
Anexo X. Relación de expedientes de avais incluídos na mostraxe	124
Anexo XI. Información sobre o pagamento das comisión de avais	127
Anexo XII. Finalidade dos avais	128
Anexo XIII. Contragarantías dos avais	130

ABREVIATURAS

BEI	Banco Europeo de Investimentos
BOE	Boletín Oficial do Estado
CA	Comunidade Autónoma
CD	Consello de Dirección
CDXGAE	Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos
CEEI	Centro Europeo de Empresas e Innovación
DOG	Diario Oficial de Galicia
DOUE	Diario Oficial da Unión Europea
DXPFT	Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro
ECR	Entidade de capital risco
ERE	Expediente de Regulación de Emprego
FCR	Fondo de capital risco
FGA	Fondo de Garantía de Avais
GAIN	Axencia Galega de Innovación
IGAPE	Instituto Galego de Promoción Económica
IXCA	Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
LOFAXGA	Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
LOFAXGA	Lei de Organización y Funcionamento da Administración Xeral de Galicia
LRXAP	Lei de Réxime Xurídico das Administración Públicas
PEF	Plan económico-financeiro
RR.HH	Recursos Humanos
SCR	Sociedade de capital risco
SEPI	Sociedad Estatal de Participaciones Industriales
SGR	Sociedade de Garantía Recíproca
SPAC	Subdirección de Programas de Acceso ao Crédito
SPF	Subdirección de Programas de Financiamento
SSXDCP	Subdirección de Servizos Xurídicos, Deseño e Control de Procedemento
SXEF	Sistema de Xestión Económico-Financeira
SXT	Secretaría Xeral Técnica
TCu	Tribunal de Cuentas
TRLRFOG	Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia
TSXG	Tribunal Superior de Xustiza de Galiza
TXSS	Tesouraría Xeral da Seguridade Social
UE	Unión Europea

I. INTRODUCCIÓN

1.1. O Pleno do Consello de Contas, por acordo do 22.12.2014, aprobou o plan anual de traballo para o ano 2015, no que se inclúe a realización, a iniciativa do propio Consello, da fiscalización do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante Igape).

I.1. OBXECTIVOS E ALCANCE

1.2. A actuación consistiu nunha fiscalización de regularidade cuxos obxectivos xerais foron os seguintes:

- Comprobar que os sistemas e procedementos internos de xestión e control se desenvolven de conformidade coas normas, disposicións e directrices que lles son de aplicación.
- Verificar que as contas anuais reflicten de xeito razoable a realidade económica da entidade e avaliar se a situación da entidade garante o principio de sustentabilidade financeira.
- Verificar o cumprimento da legalidade na xestión dos apoios económicos concedidos polo Igape.

Nas epígrafes nas que se expoñen os resultados da fiscalización relaciónanse os obxectivos específicos en relación con cada área analizada.

O ámbito obxectivo da fiscalización está constituído pola xestión económico-financiera realizada polo Igape. Dentro de todos os instrumentos de apoio económico ás empresas nos que se inclúen, entre outros, as subvencións, préstamos e avais, a fiscalización centrouse nesta última modalidade de axuda polos seguintes motivos:

- **Importancia económica:** Tal como se poñerá de relevo, os avais concedidos polo Igape adquiriron unha importancia económica crecente como mecanismo de apoio nun contexto de crise económica.
- **Nivel de control:** Non consta a realización de controis recentes no Igape en materia de avais por parte dos órganos de control interno e externo tanto a nivel nacional como da Unión Europea. Esta circunstancia contrasta coa superposición de controis sobre outros instrumentos de apoio, fundamentalmente subvencións e préstamos, en gran medida motivada polo seu financiamento con fondos europeos. A ausencia de recursos comunitarios en materia de avais contribuíu a un menor control sobre esta área.
- **Marco regulatorio:** A regulación en materia de avais, contrariamente ao que sucede por exemplo en subvencións públicas, é escasa e obsoleta, sen que fose obxecto de actualización, o que introduce un elemento de risco na xestión deste tipo de axuda.

- **Ausencia de incidencia inmediata no déficit e na débeda:** A concesión dun aval non supón desembolso económico inicial, polo que non ten incidencia directa nin no déficit público nin no volume de endebedamento. Isto pode xerar unha sorte de ilusión contable á hora da súa concesión. Con todo, é unha operación que entraña risco, xa que se trata dun pasivo contingente que, no caso de que a operación resulte falida, implicará a necesidade de desembolsar o importe avalado co consecuente impacto no déficit público.

O ámbito subxectivo limitouse á actividade realizada polo Igape, en particular pola Área de Financiamento, que é a unidade encargada de tramitar as garantías que foron obxecto de análise, sen alcanzar ás entidades vinculadas ou dependentes do Instituto,.

O alcance temporal da fiscalización abrangueu a xestión do período 2011-2013. Non obstante, realizáronse comprobacións sobre expedientes, documentación e antecedentes correspondentes a exercicios anteriores, así como sobre feitos posteriores aos exercicios fiscalizados, cando se estimou necesario para o adecuado cumprimento dos obxectivos propostos.

Na segunda parte deste informe efectúanse algunhas consideracións relativas ás condicións das axudas outorgadas en forma de garantía baseadas na normativa da Unión Europea. Para unha correcta interpretación do seu contido, cómpre indicar que non é competencia deste órgano, nin un obxectivo do traballo realizado, pronunciarse sobre se unha axuda cumpre ou non cumpre as condicións para cualificarse como axuda estatal, xa que esta é unha atribución que corresponde á Comisión Europea. Neste sentido, a Comunicación da Comisión Europea 2008/C 155/02 relativa á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais en forma de garantía, establece no punto 3.6 que unha garantía ou réxime de garantía non se considera automaticamente axuda de estado polo feito de cumprirse algunha das condicións para ser cualificada como tal.

Non obstante, na análise efectuada si se tiveron en conta os elementos establecidos nas directrices e comunicacións da Comisión como referencia para avaliar a xestión dos avais de acordo co marco da Unión Europea.

I.2. MARCO XURÍDICO

1.3. A normativa aplicable que se tivo en conta para a realización desta actuación foi a seguinte:

- Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica (DOG núm.122, 26.06.1992)
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251, 31.12.2010)

- Lei 14/2010, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011 (DOG núm. 250, 30.12.2010)
- Lei 11/2011, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012 (DOG núm. 249, 30.12.2011)
- Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 (DOG núm.42, 28.02.2013)
- Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal (BOE núm.164, 10.07.2003)
- Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, que aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DOG núm.214, 5.11.1999)
- Decreto 317/1992, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Igape (DOG núm. 229, 24.11.1992)
- Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Igape (DOG núm.190,30.09.1994)
- Decreto 110/2013, do 4 de xullo polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (DOG núm.140, 24.07.2013)
- Resolución do 10.07.1995 pola que se fai público o acordo da Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos do 10 de maio de 1995 sobre criterios para a concesión de avais por parte do Igape (DOG núm. 137, 18.07.1995)
- Resolución do 11.04.2000 que da publicidade ao acordo do CD do Igape que aproba as bases para a xestión económico-financieira deste instituto (DOG núm. 81, 27.04.2000)
- Resolución do 26.12.2005 que da publicidade ao acordo do CD do Igape que aproba a nova regulamentación das bases reguladoras das axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise (DOG núm.3, 4.01.2006)
- Resolución do 14.04.2011 pola que se da publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba a reorganización do seu persoal directivo (DOG núm.79, 25.04.2011)
- (...)¹
- Comunicación da Comisión Europea 2004/C 244/02 que aproba as directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (DOUE 1.10.2004)

¹ Referencia suprimida como consecuencia da alegación nº 13

- Comunicación da Comisión Europea 2008/C 155/02 relativa á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais en forma de garantía (DOUE 20.06.2008)
- Regulamento CE 800/2008, do 6 de agosto que declara determinadas categorías de axuda compatibles co Mercado Común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento Xeral de exención por categorías) (DOUE L 214, do 9.08.2008)
- Marco temporal comunitario aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira (DOC núm.16, 22.01.2009)

I.3. LIMITACIÓNS

1.4. Os traballos de fiscalización realizáronse coas seguintes limitacións:

- A información ofrecida neste informe sobre os avais solicitados, concedidos, denegados e arquivados nos exercicios fiscalizados baséase nunha relación elaborada e facilitada polo Igape. O dato dos avais concedidos contrastouse coas publicacións contidas no DOG pero no tocante ás solicitudes presentadas, arquivadas e denegadas nos exercicios fiscalizados a fonte de información foi a antedita relación que non foi contrastada coas anotacións do rexistro de entrada.
- Os expedientes entregados para realizar os traballos de fiscalización estaban incompletos e a documentación non estaba ordenada de forma cronolóxica. Non existen garantías de que os expedientes analizados contivesen a totalidade dos documentos que os integran debido aos seguintes motivos:
 - a) A inexistencia dun expediente íntegro nun único soporte, xa que coexiste a documentación en soporte papel e electrónico.
 - b) Agás en 3 dos 49 analizados, os expedientes non inclúen un índice dos documentos que os integran.
 - c) Nos expedientes revisados non constaban os trámites realizados por unidades diferentes á Subdirección de Programas de Acceso ao Crédito (en diante SPAC) tales como a Secretaría ou o Departamento de Contabilidade o que fixo preciso solicitarlles parte da documentación (tales como as notificacións dos acordos, documentos contables, execución de avais...).
- Algúns dos documentos que constaban nos expedientes ou que foron remitidos con posterioridade ao traballo de campo a petición do equipo de fiscalización, carecen de sinatura ou da data de emisión.
- Malia ter sido solicitada non se achegou a seguinte documentación:

- Información sobre outros apoios económicos concedidos aos beneficiarios dos avais incluídos na mostraxe analizada. Solicitouse unha relación dos préstamos ou distintas liñas de axudas das que se beneficiaron as empresas avaladas así como información sobre o cumprimento ou, no seu caso, impagos ou cantidades pendentes. Achegouse unha relación sobre a carteira de riscos de Xesgalicia e Igape así como unha información puntual sobre algún beneficiario que non resultou suficiente para acadar o obxectivo de verificar as axudas e o grao de cumprimento co Igape por parte das empresas avaladas.
- Información sobre as accións de reembolso efectuadas que non foi respostada integramente. Esta limitación impediu alcanzar os obxectivos previstos tal como se expón no apartado IV.13.
- Plans e programas de actuación anual e trienal correspondentes aos exercicios fiscalizados.
- Documentos nos que se inclúa a información relativa aos indicadores de xestión e de cadro de mando.
- Información sobre a existencia de instrumentos de coordinación das distintas medidas de promoción empresarial adoptadas polo Igape, as consellerías sectoriais e Xesgalicia.

II. INFORMACIÓN DA ENTIDADE FISCALIZADA

II.1. PRESENTACIÓN

Nos anos 90 foi habitual a creación, por parte das Comunidades Autónomas, de axencias de desenvolvemento rexional co obxectivo de contribuír ao crecemento económico na súa área de influencia, a través do apoio ao sector produtivo mediante subvencións e outras axudas financiadas, en boa medida, con fondos europeos.

Con este obxectivo, o Instituto Galego de Promoción Económica foi creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño como ente de dereito público. Créase como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego promovendo actividades que contribúan á creación de emprego en Galicia e a un desenvolvemento harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo (artigo 3).

Está adscrito á Consellería de Economía e Industria segundo o Decreto 110/2013, do 4 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da dita Consellería (DOG núm.140, 24.07.2013)

A disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) estableceu unha nova caracterización das entidades instrumentais creadas con anterioridade a súa entrada en vigor para adaptalas á nova tipoloxía das entidades instrumentais do sector público autonómico derivadas desta norma. Segundo a dita disposición, a organización e funcionamento do Igape debería adecuarse ao disposto na LOFAXGA para as axencias públicas autonómicas.

A adaptación debía realizarse no prazo dun ano dende a súa entrada en vigor², mediante decreto da Xunta de Galicia e mentres non se procedese á súa adaptación continuaría rexéndose pola súa normativa específica.

Na actualidade, aínda non se ten aprobado o decreto de adaptación polo que o funcionamento do Igape non se axusta á nova configuración derivada da LOFAXGA.

As funcións que a súa lei de creación lle atribúe ao Igape son as seguintes:

- a) Potenciar as actividades económicas que favorezan o desenvolvemento equilibrado e integrado das distintas comarcas.
- b) Promover a creación de empresas nos distintos sectores da actividade económica que teñan maior impacto e vantaxes comparativas para o desenvolvemento da economía galega.

² A LOFAXGA entrou en vigor o día 1.01.2011. O prazo establecido para a adaptación rematou o 1.01.2012.

- c) Promover actividades creadoras de emprego e as que utilicen máis racionalmente recursos internos.
- d) Favorecer a modernización e innovación tecnolóxica e organizativa das empresas galegas, en particular das pequenas e medianas.
- e) Fomentar a prestación de servizos a empresas, especialmente ás pequenas e medianas, promovendo sociedades de servizos.
- f) Fomentar o desenvolvemento da relación científica e tecnolóxica entre os centros universitarios, técnicos e de investigación e as empresas produtivas. Potenciar o desenvolvemento de parques tecnolóxicos que materialicen esta relación.
- g) Promover accións de divulgación dos instrumentos e fondos de que dispoñen as administracións públicas españolas e a Comisión das Comunidades Europeas para apoio ás actividades económicas.
- h) Proporcionar información sobre os mercados e favorecer o desenvolvemento das exportacións e acordos con empresas estranxeiras.
- i) Impulsar a realización de estudos que promovan o desenvolvemento económico de Galicia.
- j) Divulgar os fines e as actividades que xustifican a súa creación entre os distintos sectores económicos e axentes sociais.
- k) Promover, fomentar e potenciar actividades económicas que favorezan o desenvolvemento equilibrado e integrado tanto en termos sectoriais como territoriais.
- l) Creación dun fondo de documentación básica para a promoción económica.
- m) En xeral, apoiar e promover calquera tipo de actividades que contribúan á mellora do sistema produtivo de Galicia, especialmente as de maior importancia estratéxica.

II.2. ORGANIZACIÓN

A organización actual do Instituto está regulada pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Igape, o Decreto 317/1992, do 12 de novembro, que aproba o Regulamento do Igape e a Resolución do 14.04.2011 pola que se lle da publicidade aos acordos do Consello de Dirección do Igape do 2.12.2010 e do 1.04.2011 que aproban a reorganización do seu persoal directivo (DOG núm. 79, 25.04.2011).

Os órganos de goberno son os seguintes:

- O Consello de Dirección (en diante CD): está formado por un número impar de membros (entre cinco e nove). En todo caso, terán representación as consellerías competentes en materia de industria, comercio, agricultura, gandería, montes, pesca, marisqueo, acuicultura e promoción do emprego. Corresponde o seu nomeamento e cese ao Consello da Xunta de Galicia, a proposta do conselleiro de Economía e Industria, de entre os membros do Goberno e da Administración autonómica.

Nos exercicios fiscalizados estaba integrado polos seguintes representantes: a) conselleira de Facenda, b) conselleira de Traballo e Benestar, c) conselleiro de Medio Rural e conselleira do Mar (conselleira de Medio Rural e do Mar no 2012 e 2013), d) conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e) secretario xeral da Presidencia, f) secretaria xeral para o Turismo e g) director xeral de Planificación Económica e Fondos (director xeral de Planificación Económica e Orzamentos no 2013).

- O/a presidente/a: será por razón do seu cargo o/a conselleiro/a de Economía e Industria.
- O/a director/xeral: será nomeado polo CD, por proposta do/a conselleiro/a

Conta, ademais, cun Consello Asesor como órgano de consulta e asesoramento.

A entidade estrutúrase nos seguintes órganos directivos:

- Secretaría xeral, que se estrutura en 5 Subdireccións (Xestión Económica e Financeira; Servizos Xurídicos; Información especializada; Liquidación; Recursos Humanos) e unha Unidade de soporte á Secretaría.
- Área de financiamento, integrada polas Subdireccións de Programas de Acceso ao Crédito e de Programas de Financiamento.
- Área de competitividade, da que forman parte a Oficina Competitiva IGAPE IP e a Oficina Competitiva IGAPE NOVA.
- Área de internacionalización Galicia@world, que se estrutura nas seguintes oficinas de internacionalización: Oficina de Internacionalización igapeX, Oficina de Atracción de Investimentos Galicia Invest e Unidade de Programas de Internacionalización.
- Área de desenvolvemento territorial.

En virtude do acordo do CD do 29.03.2007, foi creada a Oficina Xestora do Proxecto de Desenvolvemento das Comarcas de Ferrol, Eume e Ortegál (Plan Ferrol)

No anexo I incorpórase o organigrama da entidade vixente dende o 31.07.2012.

II.3. PERSOAL

O cadro de persoal está composto por 133 postos de traballo cuxo resumo por áreas reproducése no seguinte cadro.

Cadro 1. Resumo do número de efectivos por áreas

CATEGORÍA	Totais	Dirección Xeral	Secretaría Xeral	Área de Financiamento	Área de Competitividade	Área Galicia@world	Área de Estudos Económicos e Análise Estratéxico
Director/a Xeral	1	1					
P. Administrativo (Secretarías de Dirección) Secretario/a de Dirección	5	1	1	1	1	1	
Conductor/a	2	1	1				
Director/a de área	5		1	1	1	1	1
Subdirector/a	7		5	2			
Xerente	4				2	2	
Técnico/a responsable	19	1	9	2	2	3	2
Responsable de unidade	2		1			1	
Técnico/a de internacional.	8					8	
Técnico/a de servizos xerais	49		26	8	10	3	2
Técnico/a de at. telemática	4		4				
Técnico/a de informática	1		1				
Técnico/a de RRHH	1		1				
P. Administrativo (Oficiais Administrativos e Auxiliares Administrativos)	25		19	2	2	2	
Total	133	4	69	16	18	21	5

Fonte: Cadro facilitado pola Subdirección de Xestión Económico-Financeira do Igape.

Segundo a información facilitada, a estrutura de persoal en vigor nos exercicios 2011, 2012 e 2013 foi aprobada polo Consello de Dirección do Igape o 02.12.2010. Durante o período fiscalizado fixéronse 3 modificacións, sendo invariable o número de postos.

A primeira modificación foi aprobada no Consello de Dirección do 01.04.2011 e consistiu en:

1. Restringir os contratos de Alta dirección, de xeito que só se puidera utilizar esta modalidade contractual para a contratación do Director/a Xeral, Secretario/a Xeral, Directores de Área e Director/a dos Plans de desenvolvemento territorial.

2. Amortizar a xerencia da oficina IGAPENET incluíndo as súas funcións na Xerencia da Oficina IGAPE IP.
3. Crear unha praza de Técnico Responsable de Programas, dentro da Dirección de Plans de desenvolvemento Territorial.

A segunda modificación foi aprobada no consello de dirección do Igape do 03.05.12 e consistiu no seguinte:

1. Modificar as funcións e contido da “Área de Plans e Desenvolvemento Territorial” que pasa a denominarse “Área de Estudos Económicos e Análise Estratéxica”.
2. Dotar a “Área de Estudos Económicos e Análise Estratéxica” de persoal suficiente coa incorporación dun técnico/a responsable e dous técnicos/as de servizos xerais procedentes da Subdirección de RR.HH. e Vixilancia Competitiva, que, en consecuencia, pasou a denominarse “Subdirección de RR.HH.”

A última modificación foi aprobada no Consello de Dirección do Igape do 31.07.12, para poder dar cumprimento ao acordo adoptado polo propio Consello na mesma data como consecuencia do proceso de cesión global do activo e pasivo do Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A. EN LIQUIDACIÓN a favor do Igape. Este último subrógase en tódolos dereitos e obrigas de C.E.E.I. GALICIA, S.A. e adscribe o persoal técnico da sociedade ás prazas vacantes e presupostadas do Instituto.

III. ANÁLISE FINANCEIRA DO IGAPE

Esta epígrafe contén unha análise da situación financeira e patrimonial do Igape, a través das súas magnitudes económicas máis relevantes. Ao mesmo tempo, ofrécese un balance económico das políticas de apoio ás empresas realizado polo Igape nas súas distintas modalidades (participacións en capital, préstamos, avais, ...).

A análise baséase nas contas anuais rendidas correspondentes aos exercicios 2011-2014 e na información solicitada no desenvolvemento do proceso de fiscalización da entidade. Se incorporan tamén algúns datos posteriores correspondentes ao exercicio 2015³ na medida en que resulten relevantes para a análise.

O obxectivo é ofrecer unha visión global sobre a actividade financeira do Igape no seu conxunto que sirva para contextualizar a política de avais na que se centra a fiscalización do ente.

A estrutura desta epígrafe é a seguinte:

- Réxime orzamentario e contable do Igape.
- A actividade financeira do Igape a través do seu orzamento.
- O Igape e as restricións ao déficit e á débeda.
- A situación financeira e patrimonial do Igape a través do seu balance.
- Os investimentos financeiros do Igape: Capital risco e préstamos.
- A dimensión económica da política de avais.

III.1. RÉXIME ORZAMENTARIO E CONTABLE

Réxime orzamentario

Inicialmente, ao estar configurado o Igape como unha sociedade pública, os seus orzamentos eran estimativos tanto en ingresos como en gastos, aínda que existían determinadas limitacións ás modificacións en gastos de persoal e investimentos. O ente elaboraba anualmente un orzamento de explotación e de capital que se anexaban aos orzamentos xerais da Xunta pero sen que figurasen dentro do orzamento consolidado.

³ Contas rendidas o 30 de setembro de 2016.

Desde o ano 2012, a pesar de non aprobarse a adaptación das súas normas de organización e funcionamento para a súa conversión en Axencia, o Igape recibe, en termos orzamentarios, o tratamento de Axencia Pública, xa que a Lei 11/2011 de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012 axustouse á clasificación de entidades instrumentais regulado na LOFAXGA. O réxime orzamentario de Axencia implica que o seu orzamento teña carácter limitativo polo seu importe global e carácter estimativo para a distribución dos créditos en categorías económicas, agás os correspondentes a gastos de persoal e capital que, en todo caso, teñen carácter limitativo e vinculante pola súa contía total. Na práctica este réxime non difire substancialmente do preexistente.

Si se produciu un avance na transparencia da información orzamentaria, xa que a partir do ano 2012 os orzamentos do Igape pasan a formar parte do orzamento consolidado da Comunidade e adoptouse unha estrutura orzamentaria equivalente á da Administración xeral e os seus organismos autónomos.

Réxime contable

O Igape formula as súas contas anuais de acordo cos principios contables e normas de valoración contidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia aprobado por orde da Consellería de Economía e Facenda do 28 de novembro de 2001.

Este Plan non foi actualizado e difire notablemente do actual marco conceptual contable que rexe tanto no ámbito privado como no sector público estatal e local. No caso do Igape, a falta de actualización adquire especial relevancia como consecuencia do volume de activos e pasivos financeiros que ten a entidade. As diferenzas na regulación, en particular nos criterios de valoración, dos instrumentos financeiros entre o obsoleto plan de contabilidade pública de Galicia e os plans contables actuais son moi significativas. A falta de actualización do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia foi advertida de forma reiterada polo Consello de Contas á Intervención Xeral sen que se teña corrixido ata o momento. A subsanación desta deficiencia non é responsabilidade do ente auditado.

Ao mesmo tempo que o orzamento do Igape se integrou no consolidado da Comunidade, o ente pasou de ter o seu propio sistema de xestión contable a incorporarse ao sistema de información e xestión contable da Administración autonómica (XUMCO). Este paso dun sistema descentralizado a outro centralizado tería que posibilitar a subministración de información contable consolidada tanto en termos orzamentarios como patrimoniais.

O Instituto ten unha participación maioritaria en varias entidades de capital risco que están sometidas ao seu control. As contas do Igape ofrecen na súa memoria a evolución de patrimonio

neto destas entidades pero non incorporan ningún tipo de información contable adicional consolidada.

Réxime de control económico-financieiro

O Igape está sometido ao control interno da súa actividade económico-financieira a través da modalidade de control financeiro permanente que supón a obriga de realizar comunicacións previas de gasto suxeitas a informe non suspensivo da Intervención Xeral e que se completa coa posibilidade de realizar controis posteriores por parte desta sobre a actividade do ente.

Nos exercicios fiscalizados consta a realización por parte da Intervención Xeral da Comunidade, a través da contratación de empresas de auditoría, dun informe de control financeiro sobre as axudas concedidas (exercicio 2012) e un informe de control de legalidade sobre a execución orzamentaria, contratación, persoal e axudas (exercicio 2013).

O Igape recibe financiamento da Unión Europea a través de distintos instrumentos e por iso está sometido aos controis financeiros que as institucións da Unión Europea realizan sobre os distintos fondos.

Ademais, o Igape somete as súas contas anuais a informe de auditoría. Este informe foi emitido pola sociedade DELOITTE para os exercicios 2011 a 2015. O informe correspondente ás contas de 2011 e 2015 conteñen unha opinión favorable, mentres que nas contas de 2012 a 2014 inclúese unha salvidade relativa á non dotación dunha provisión por deterioración no exercicio 2012 (o Igape contabilizouna en 2013) polo risco de falta de pagamento dun crédito concedido. Ademais, sen que afecte á opinión de auditoría, inclúense nos informes de cada ano parágrafos de énfases para chamar a atención sobre tres cuestións:

- A. A previsión de conversión en Axencia que absorberá e asumirá as actividades do ente que se extinguirá.
- B. A clasificación no balance como *Acredores a curto prazo* da totalidade da débeda que o Instituto mantén co Banco Europeo de Investimentos (BEI), xa que a pesar de que os vencementos acordados son maioritariamente a longo prazo, a rebaixa da cualificación crediticia da débeda da Comunidade provoca que a débeda do Igape co BEI poida ser esixida a curto prazo.
- C. O rexistro como provisións no balance dos posibles falidos polos avais financeiros outorgados, tendo en conta que o risco é asumido polo Igape ou directamente pola Xunta.

III.2. A ACTIVIDADE FINANCEIRA DO IGAPE A TRAVÉS DO SEU ORZAMENTO

Neste apartado analízase o orzamento de ingresos e gastos, a súa liquidación, as modificacións e as principais magnitudes orzamentarias.

Orzamento de ingresos

O cadro 2 amosa as previsións iniciais, os dereitos recoñecidos e a recadación do Igape no período 2011-2015.

Cadro 2. Execución do orzamento de ingresos

(millóns de euros)

Ano	Previsións iniciais (1)	Dereitos recoñecidos (2)	% realización (2/1)	Recadación (3)	% recadación (3/2)
2011	304,15	48,62	16%	32,30	66%
2012	136,03	65,06	48%	18,01	28%
2013	133,73	50,33	38%	24,35	48%
2014	83,20	54,91	66%	37,26	68%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais

A entidade presentaba de xeito recorrente baixas porcentaxes de realización do orzamento de ingresos. Este feito ten fundamentalmente dúas causas: por unha banda, a orzamentación de operacións de débeda que finalmente non se formalizaron; e, por outra parte, o baixo recoñecemento de dereitos en transferencias de capital respecto das previsións iniciais motivado pola escasa execución do gasto público que financian. Con todo, apréciase unha mellora relevante nos últimos exercicios. En 2015 o grao de realización foi do 95%.

Pola súa banda, as baixas porcentaxes de recadación concéntranse nas transferencias da Xunta e na falta de cobro dos reintegros dos préstamos concedidos a empresas.

O cadro 3 reflicte os dereitos recoñecidos en cada un dos capítulos orzamentarios no período 2011-2014.

Cadro 3. Dereitos recoñecidos por capítulos

(euros)

Capítulos	2.011	2.012	2.013	2.014	TOTAL	%
III Taxas, prezos e servizos	257.177,60	585.277,30	917.046,23	1.363.848,37	3.123.349,50	1%
IV Transferencias correntes	8.518.442,44	11.272.818,19	9.234.193,17	10.360.975,37	39.386.429,17	18%
V Ingresos patrimoniais	3.256.896,39	2.555.291,66	1.058.386,72	3.883.616,06	10.754.190,83	5%
VII Transferencias de capital	8.849.603,68	25.993.154,11	18.558.049,65	27.629.954,61	81.030.762,05	37%
VIII Reintegro de préstamos	7.738.903,17	24.651.397,89	20.559.293,86	11.671.870,29	64.621.465,21	30%
IX Préstamos recibidos	20.000.000,00	0,00	0,00	0,00	20.000.000,00	9%
Total	48.621.023,28	65.057.939,15	50.326.969,63	54.910.264,70	218.916.196,76	100%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais

O financiamento do Igape é fundamentalmente público. As transferencias correntes e de capital procedentes da Administración representaron, no período 2011-2014, o 55% dos seus ingresos.

A outra fonte principal de financiamento son os reintegros de préstamos que representaron un 30%. Agora ben, a pesar de que os dereitos recoñecidos por este concepto supuxeron 64,6 millóns, 43,41 millóns atopábanse pendentes de cobro ao 31 de decembro de 2014. Esta falta de cobro é tamén moi significativa no capítulo no que se recollen os xuros devengados polos devanditos préstamos. Polo tanto, debido á elevada morosidade, na práctica a devolución dos préstamos non constitúe unha fonte segura no financiamento do Igape.

Orzamento de gastos

O cadro 4 mostra os créditos iniciais e definitivos, as obrigas recoñecidas e os pagos do Igape no período 2011-2015.

Cadro 4. Execución do orzamento de gastos


(millóns de euros)

Ano	Créditos iniciais (1)	Créditos definitivos (2)	Obrigas (3)	% execución (3/2)	Pagos (4)	% pagos (4/3)
2011	304,15	432,34	107,01	25%	93,83	88%
2012	136,03	237,85	49,19	21%	41,16	84%
2013	133,73	241,97	53,88	22%	48,19	89%
2014	83,20	158,70	55,19	35%	48,91	89%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais


En todos os exercicios existe unha baixa porcentaxe de execución. A incorporación dos remanentes de crédito de exercicios anteriores xerados por inexecucións de fondos eleva significativamente os orzamentos iniciais, o que incrementa a brecha entre créditos e execución real. As modificacións de crédito son considerables todos os exercicios, representando as incorporacións de crédito máis do 90% das modificacións. O gráfico 1 amosa os importes dos créditos iniciais e definitivos no período 2011-2014.

Gráfico 1. Orzamento inicial e definitivo de gastos 2011-2014 (en euros)



A baixa execución xera de maneira recorrente importantes remanentes de crédito. Os maiores importes concéntranse en subvencións de capital e concesión de préstamos a empresas privadas. No gráfico seguinte reflíctese a porcentaxe que representan os capítulos VII e VIII sobre o orzamento total e o seu grao de execución.

Gráfico 2. Capítulos VII e VIII de gastos. Porcentaxe sobre orzamento e grao de execución



O cadro 5 reflicte as obrigas recoñecidas en cada un dos capítulos orzamentarios no período 2011-2014.

Cadro 5. Obrigas recoñecidas por capítulo

(euros)

Capítulos	2011	2012	2013	2014	TOTAL	%
I Persoal	6.152.780,08	5.409.749,77	5.606.626,58	5.519.718,23	22.688.874,66	9%
II Bens e servizos	5.575.223,42	1.853.914,47	1.784.876,09	1.344.013,81	10.558.027,79	4%
III Gastos financeiros	1.522.006,66	1.176.593,88	434.753,18	369.314,83	3.502.668,55	1%
IV Transferencias correntes	13.674.328,23	2.717.723,84	1.731.793,84	2.546.815,86	20.670.661,77	8%
VI Investimentos reais	535.150,35	1.893.820,85	2.768.551,06	3.896.230,75	9.093.753,01	3%
VII Transferencias de capital	23.202.250,08	24.879.962,52	18.360.505,92	18.484.946,58	84.927.665,10	32%
VIII Activos financeiros	49.525.488,77	1.622.392,14	7.554.101,60	6.388.130,03	65.090.112,54	25%
IX Pasivos financeiros	6.818.181,82	9.636.363,64	15.636.363,64	16.636.363,64	48.727.272,74	18%
Total	107.005.409,41	49.190.521,11	53.877.571,91	55.185.533,73	265.259.036,16	100%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais

Os gastos de persoal reducíronse un 12% en 2012. A partir dese exercicio mantéñense estables e representan en torno ao 10% dos fondos executados pola entidade. Mentres que o cadro de persoal se mantén en niveis similares, as retribucións diminuíron de forma relevante no exercicio 2012.

Cadro 6. Gastos de persoal e cadro de persoal medio

	2011	2012	2013	2014
Saldos e salarios (en euros)	4.772.029	4.168.196	4.336.562	4.286.760
Persoal medio	117	126	124	122
Retribución media	40.787	33.081	34.972	35.137

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais

No conxunto do período 2011-2014, o 40% dos recursos aplicados destináronse a subvencións a empresas, o 25% a préstamos e un 18% á devolución da débeda viva da entidade.

Os fondos executados polo Igape diminuíron significativamente a partir de 2011. A redución é acusada no apoio ás empresas tanto en subvencións como, fundamentalmente, en préstamos concedidos a empresas. Pola contra, ano a ano aumentaron os fondos destinados á devolución da débeda.

Cadro 7. Subvencións e préstamos a empresas

	2011	2012	2013	2014
Subvencións e préstamos (euros)	86.402.067	29.220.079	27.646.401	27.419.892

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais

III.3. O IGAPE E AS RESTRICIÓN S AO DÉFICIT E Á DÉBEDA

Aos efectos de contabilidade nacional, o Igape está clasificado dentro do sector Administracións Públicas como resultado de aplicar as regras contidas no sistema europeo de contas.

A sectorización do Igape como Administración pública deriva directamente de que o ente está controlado pola Administración xeral e o seu financiamento non se realiza maioritariamente a través de ingresos de mercado, xa que son as transferencias e subvencións a súa fonte principal de recursos.

A súa clasificación como administración pública implica que o déficit e a débeda do ente consolide co resto da administración da Xunta. Polo tanto, a capacidade ou necesidade de financiamento do Igape computa a efectos de determinar o cumprimento dos límites contidos na normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Os límites ao déficit e á débeda pública fíxanse para a Comunidade Autónoma no seu conxunto. A continuación analízase cal foi a contribución do Igape ao cumprimento das devanditas obrigas.

DÉFICIT

A información facilitada pola IGAE permite observar que a achega do Igape ao déficit da Comunidade foi a seguinte:

Cadro 8. Déficit ou superávit

(millóns de euros)

SALDOS ORZAMENTARIOS NON FINANCEIROS	EXERCICIOS			
	2011	2012	2013	2014
IGAPE	-29	2	-1	5
Superávit ou déficit da Comunidade	-926	-710	-626	-536

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da IGAE.

No cadro anterior pode observarse como o Igape non contribuíu de maneira significativa ao déficit da Comunidade nos últimos anos, aínda que é necesario efectuar algunha precisión:

a) O déficit ou superávit de cada entidade calcúlase a partir do seu resultado orzamentario non financeiro e, polo tanto, compútanse como ingresos as transferencias recibidas da Administración. Por iso unha entidade que se financia integramente pola Administración xeral pode ter superávit se os seus gastos non financeiros son inferiores ás transferencias que recibe.

b) No cálculo do déficit exclúense as operacións financeiras. Isto significa que no caso do Igape os préstamos que concede a entidade non minoran o déficit, a pesar de que foi habitual que moitos

deles non se recuperen. Estas operacións fallidas deberíanse axustar incrementando o déficit da entidade polo importe non cobrado.

c) O déficit do Igape de 2011 (-29 M€) xérase fundamentalmente por unha execución orzamentaria caracterizada por un volume importante de obrigas recoñecidas que se financiaron con dereitos recoñecidos en exercicios anteriores, o que deu lugar ese ano a un déficit que compensaba superávits de exercicios precedentes.

DÉBEDA

Cadro 9. Débeda do Igape

(millóns de euros)

Débeda	EXERCICIOS					
	2009	2010	2011	2012	2013	2014
IGAPE	50	73	86	76	61	44
Comunidade Autónoma	4.843	6.161	7.009	8.261	9.131	9.961

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da IGAE.

O Igape realiza unha contribución modesta á débeda total da Comunidade Autónoma. Esta característica obedece ao feito de que a xestión do endebedamento da Comunidade atópase razoablemente centralizada.

Dende o ano 2011 o Igape non emite débeda nin recibe préstamos polo que o seu endebedamento diminuíu polas amortizacións practicadas.

A débeda financeira do Igape está contraída co BEI. Os fondos obtidos teñen como destino a concesión de préstamos a empresas. O feito de que a débeda se utilice para o financiamento de activos financeiros (préstamos a empresas) exclúe as ditas cantidades do cómputo para os efectos de non superar os límites ao endebedamento que financia o déficit público.

No apartado seguinte realízase unha análise máis detallada do endebedamento.

III.4. A SITUACIÓN FINANCEIRA E PATRIMONIAL DO IGAPE A TRAVÉS DO SEU BALANCE

Neste apartado analízase a situación financeira e patrimonial do Igape a través das principais magnitudes de balance.

O cadro 10 mostra un resumo dos balances do Igape correspondentes ao período 2011-2014.

Cadro 10. Balance do IGAPE 2011-2014

<i>(euros)</i>				
MAGNITUDES BALANCE	2011	2012	2013	2014
ACTIVO	294.959.587	233.835.008	175.459.264	164.126.996
ACTIVO NON CORRENTE	211.768.699	155.183.446	124.185.582	118.721.480
INMOBILIZADO INMATERIAL	911.241	583.401	384.005	298.057
INMOBILIZADO MATERIAL	3.078.061	2.825.643	2.696.801	3.477.990
INMOBILIZADO FINANCEIRO PERMANENTE	207.779.396	151.774.402	121.104.777	114.945.434
ACTIVO CORRENTE	83.190.888	78.651.561	51.273.681	45.405.515
DEBEDORES	70.494.489	63.644.105	40.162.038	26.702.263
INVESTIMENTOS FINANCEIROS TEMPORAIS	8.704.401	10.721.852	5.457.846	6.390.585
TESOURARÍA	3.991.998	4.285.605	5.653.798	12.312.667
PASIVO	294.959.587	233.835.008	175.459.264	164.126.996
FONDOS PROPIOS	141.117.459	88.787.429	57.823.210	66.684.310
PATRIMONIO	68.366.707	68.366.707	68.366.707	69.266.707(*)
RESULTADO EXERCICIOS ANTERIORES	146.254.274	72.750.752	20.420.722	-10.543.497
RESULTADO EXERCICIO	-73.503.522	-52.330.030	-30.964.219	7.961.100
PROVISIÓN PARA RISCOS E GASTOS	24.276.508	24.657.156	20.404.691	18.179.331
ACREDORES A longo prazo	76.854.767	315.937	315.937	315.937
ACREDORES A curto prazo	52.710.852	120.074.485	96.915.426	78.947.417
DÉBEDAS CON ENTIDADES CRÉDITO	9.636.364	76.545.455	60.909.090	44.272.727
ACREDORES	14.827.308	12.824.589	6.478.580	6.932.651
AXUSTES POR PERIODIFICACIÓN	28.247.181	30.704.442	29.527.755	27.742.040

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais

(*) Co obxectivo de simplificar a información ofrecida inclúese dentro da epígrafe Patrimonio, 900.000 € contabilizados en 2014 como ingresos a distribuír en varios exercicios.

Activo

Respecto ao activo, a principal conclusión é a diminución ano a ano do seu importe total, cunha redución de 130,83 M€ no período 2011-2014. Esta minoración prodúcese tanto no activo a longo como no curto prazo. A razón, en ambos os casos, atópase no saneamento do seu balance cun importante volume de dotacións a provisións por deterioración dos seus activos. O importe das dotacións anuais foi o seguinte:

Cadro 11. Perdas por deterioración de activos

(euros)

Perdas por deterioración de activos	2011	2012	2013	2014	TOTAL
Investimentos e préstamos	33.593.485	30.951.959	19.722.377	(*)-656.195	83.611.626
Dereitos de cobro	2.887.079	20.756.160	15.523.954	7.091.251	46.258.444
Total	36.480.564	51.708.118	35.246.330	6.435.057	129.870.070

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais

(*) Esta cantidade figura con signo negativo na conta de resultados dentro da partida de gastos. Con todo, segundo a memoria das contas as perdas terían que ser a suma da dotación á provisión pola evolución negativa das sociedades participadas (3.515.171,89 €) e a provisión polos créditos concedidos (4.171.366,67 €).

Dentro do inmovilizado inmaterial, nos exercicios 2012, 2013 e 2014 recoñecéronse obrigas no concepto orzamentario 640 que suman un total de 6.302.316€ e que coinciden cos aumentos que se produciron no saldo da conta *219 Outro inmovilizado inmaterial* da contabilidade patrimonial. As dotacións á amortización coinciden cada exercicio cos aumentos da conta, é dicir, a entidade adopta a práctica de amortizar o 100% do saldo activado cada exercicio. Ao noso xuízo, a amortización íntegra dos saldos activados no mesmo período de contabilización é incompatible coa definición de inmovilizado, o que cuestiona o carácter de investimento de carácter duradeiro que teñen os importes recollidos na devandita conta e suxire que en realidade trátase de gastos correntes e non de capital.

O inmovilizado material non sufriu variacións relevantes no período 2011-2014. O movemento máis significativo ten lugar en 2014. Trátase dunha alta na conta *Terreos e Construcións* por valor de 800.000 euros (valorado o prezo de saída a poxa) que, segundo a memoria que acompaña ás contas, correspóndense con dous bens inmoebles adxudicados como compensación dos créditos derivados da execución de avais que foron aboados polo Tesouro da Xunta de Galicia.

Os investimentos financeiros son obxecto de estudo separado no apartado seguinte por ser a partida máis significativa do Igape desde unha perspectiva patrimonial.

O Igape mantén dereitos de cobro vencidos fronte a terceiros por importes significativos. O Instituto adopta como criterio contable provisionar para insolvencias ao final de cada exercicio aqueles saldos debedores que teñan unha antigüidade superior a un ano, sempre que non se trate de dereitos

Informe do Igape. Exercicios 2011-2013

sobre Administracións Públicas. Como consecuencia desta política contable, os importes brutos de debedores e as súas deterioracións reflíctense no cadro seguinte:

Cadro 12. Debedores e provisións

(euros)

Concepto	2011	2012	2013	2014
Debedores (importe neto)	70.494.489	63.644.105	40.162.038	26.702.263
<i>Debedores (importe bruto)</i>	<i>75.756.701</i>	<i>89.482.476</i>	<i>81.524.362</i>	<i>75.155.839</i>
<i>Provisións</i>	<i>-5.262.211</i>	<i>-25.838.371</i>	<i>-41.362.324</i>	<i>-48.453.576</i>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais

A 31-12-2014 os dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados ascendían a 57,2 M€. A maior parte deste saldo correspóndese cos préstamos concedidos polo Igape (incluído os xuros) vencidos e non cobrados. Estes importes atópanse completamente provisionados.

Entre os dereitos con vencemento superior a un ano non provisionados figuran 15 M€ por transferencias e subvencións de capital concedidas pola Consellería de Economía correspondentes ao exercicio 2009. Atendendo á súa antigüidade, con independencia de que se trate de dereitos de cobro fronte a unha Administración pública, por razóns de prudencia este saldo debería ser saneado. Como feito posterior cómpre salientar que en 2015 recadáronse 9 M€ polo que o pendente de cobro a 31-12-2015 era de 6 M€.

A Tesourería seguiu unha evolución crecente nos catro anos analizados. O estado de tesourería mostra como mentres os pagos se centran nas obrigas do exercicio corrente, os cobros proceden nunha porcentaxe considerable de exercicios pechados. En calquera caso, a dinámica foi mitigándose co paso do tempo evolucionando cara a un modelo no que os cobros están máis próximos temporalmente ao recoñecemento do dereito.

Cadro 13. Estado de tesourería 2011-2014

(euros)

	2011	2012	2013	2014
1. COBROS	99.150.221	50.973.602	58.127.399	62.549.704
<i>Ppto. corrente</i>	<i>31.236.840</i>	<i>17.947.190</i>	<i>24.043.088</i>	<i>37.238.847</i>
<i>Pptos. pechados</i>	<i>66.597.876</i>	<i>32.481.864</i>	<i>32.553.636</i>	<i>23.924.031</i>
<i>Non orzamentarios</i>	<i>1.315.505</i>	<i>544.547</i>	<i>1.530.676</i>	<i>1.386.825</i>
2. PAGOS	98.916.910	50.679.995	56.759.206	55.890.834
<i>Ppto. corrente</i>	<i>90.059.694</i>	<i>39.118.854</i>	<i>46.544.906</i>	<i>46.436.817</i>
<i>Pptos. pechados</i>	<i>6.042.163</i>	<i>7.988.395</i>	<i>7.939.831</i>	<i>5.472.931</i>
<i>Non orzamentarios</i>	<i>2.815.053</i>	<i>3.572.746</i>	<i>2.274.469</i>	<i>3.981.087</i>
Fluxo neto (1-2)	233.311	293.607	1.368.193	6.658.870
SALDO FINAL	3.991.998	4.285.605	5.653.798	12.312.668

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais

Pasivo

Os fondos propios da entidade diminuíron desde 214,62 M€ a principios de 2011 a 65,78 M€ ao peche de 2014. Este descenso de 148,84 M€ débese aos resultados negativos acumulados estes exercicios (agás en 2014). Como se comentou anteriormente, a orixe das perdas hai que situala nas dotacións a provisións por deterioracións, insolvencias e riscos e gastos.

A provisión para riscos e gastos recolle o importe constituído polo Igape para cubrir os riscos estimados que se deriven das garantías e avais concedidos polo Instituto. O Igape segue o criterio de provisionar o 12% das garantías vivas cubertas polo Instituto nas operacións de reaval ante as Sociedades de Garantía Recíproca. Por outra banda, nos avais financeiros concedidos e formalizados polo Igape, o risco é asumido pola Xunta que aboará con cargo ao Tesouro o importe do aval falido. Con todo, atendendo o criterio da Consellería de Facenda, o Igape dotou no seu balance unha provisión para riscos e gastos para cubrir este pasivo continxente. Na nosa opinión, a provisión non debería ser dotada nas contas do Igape pois non vai ser o Instituto o que responda co seu patrimonio dos pagos polos avais falidos. Ademais, o importe polo que está contabilizada a provisión non está respaldada por activos que eventualmente puidesen ser utilizados para atender os pagos esixibles. O importe total da provisión e as dotacións anuais reflíctense no seguinte cadro:

Cadro 14. Provisión para riscos e gastos

<i>(euros)</i>					
Concepto	2010	2011	2012	2013	2014
Saldo	12.972.013	24.276.508	24.657.156	20.404.691	18.179.331
Dotación neta	12.952.520	11.304.496	380.648	-4.252.465	-2.225.360

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais

En 2007 o Igape asinou co BEI un contrato de financiamento mediante o cal o BEI concedeu ao Instituto un préstamo global de 30 M€ que se poderá destinar a financiar a concesión de préstamos a empresas que desenvolvan proxectos empresariais en Galicia. En 2008 e 2009 dispúxose da totalidade do préstamo. En 2009, obtívose un novo préstamo do BEI por importe máximo de 200 M€ dispoñendo dun total 65 millóns ata finais de 2012. A evolución da débeda do Igape foi a seguinte:

Cadro 15. Débeda 2011-2014

<i>(euros)</i>				
Concepto	2011	2012	2013	2014
<i>Débeda a longo prazo</i>	76.545.455	0	0	0
<i>Débeda a curto prazo</i>	9.636.364	76.545.455	60.909.091	44.272.727
Débeda total (1)	86.181.818	76.545.455	60.909.091	44.272.727
Gastos financeiros (2)	1.487.695	1.171.610	431.348	369.246
Custo medio da débeda (2/1)	1,73%	1,53%	0,71%	0,83%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais

Desde o ano 2012, a débeda co BEI aparece reclasificada a curto prazo a pesar de que os seus vencementos son maioritariamente a longo prazo. Isto obedece á rebaixa da cualificación crediticia da Comunidade que provoca que a débeda do Igape co BEI poida ser esixida a curto prazo.

Con data 28 de maio de 2015 e previo informe favorable da Consellería de Facenda foi aprobada unha proposta de novación do contrato anterior ata un importe máximo de 135 M€ e cunha contía máxima a desembolsar no exercicio orzamentario 2015 de 14,5 M€.

Polo que respecta ás restantes partidas do pasivo, os acredores orzamentarios diminuíron no exercicio 2013 para estabilizarse en 2014. Os axustes por periodificación presentan un saldo estable en todo o período 2011-2014. Esta epígrafe engloba os dereitos recoñecidos para o financiamento de compromisos derivados de subvencións concedidas ou a conceder a terceiros para as que, a peche de exercicio, non se contraesen obrigas cos beneficiarios ao estar prevista a realización das actuacións no exercicio seguinte. Impútanse a resultados cando os terceiros acreditan a realización das actuacións subvencionables.

Remanente de tesourería e outras magnitudes financeiras

Para a análise da solvencia a curto prazo adoita empregarse nas entidades públicas o remanente de tesourería, é dicir, a suma dos fondos líquidos máis os dereitos pendentes de cobro menos as obrigas pendentes de pago. Os datos do período 2011-2014 son os seguintes:

Cadro 16. Remanente de tesourería

(euros)

Concepto	2011	2012	2013	2014
Afectado	28.997.614	31.454.875	30.278.188	28.492.472
Non afectado	30.661.566	23.650.246	9.059.067	3.589.808
Total	59.659.179	55.105.121	39.337.255	32.082.280

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais

O estado presentado amosa un saldo estable do remanente afectado que se xera como consecuencia do recoñecemento de dereitos que financiarán obrigas de exercicios seguintes.

Reduciuse de xeito moi acusado o importe do remanente non afectado ou de libre disposición. Un saldo elevado desta parte do remanente pode ser revelador dunha asignación deficiente de recursos e de ineficiencia na xestión dos fondos públicos.

O remanente total presenta un elevado saldo positivo (a maior parte afectada) que reflicte unha posición financeira boa a curto prazo. No cálculo do remanente presentado polo Instituto detráense os dereitos de dubidoso cobro. Con todo, na nosa opinión o remanente pode estar sobrevalorado en

6 M€ pois non foi minorado polos dereitos de cobro correspondentes ás transferencias e subvencións de capital do exercicio 2009 que a finais de 2015 aínda se atopaban pendentes de cobro.

Como feito posterior, cómpre ter en conta que a finais de 2015 o remanente non afectado tornou a signo negativo (-4,89 millóns) o que amosa unha situación de desequilibrio financeiro a curto prazo que esixe a adopción de medidas para o seu saneamento.

O Anexo II complementa a información a través do cálculo de diferentes cocientes que mostran a situación financeira do Instituto.

III.5. OS INVESTIMENTOS FINANCEIROS

A partida máis relevante no activo do Igape son os seus investimentos financeiros. Dentro destes investimentos hai que diferenciar entre as participacións no capital e os préstamos concedidos. A continuación realízase unha análise separada destas dúas modalidades de investimento.

III.5.1. INVESTIMENTOS FINANCEIROS EN CAPITAL

O Igape participa en distintas sociedades e instrumentos de capital risco.

Ao 31 de decembro de 2014 o detalle dos investimentos financeiros permanentes era o seguinte:

Cadro 17. Investimentos financeiros en capital a 31-12-2014

Denominación	% Participación a 31/12/2014	Saldo ao 1/01/2014 (€)	Aumentos (€)	Diminucións (€)	Saldo ao 31/12/2014 (€)	Prov. por depreciación (€)
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A	47,36	36.249.180,45	0,00	0,00	36.249.180,45	(21.683.747,90)
Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco S.A	100,00	210.000,21	280.000	0,00	490.000,21	0,00
Club Financeiro Vigo, S.A	0,40	33.055,66	0,00	0,00	33.055,66	(18.111,24)
Afianzamentos de Galicia Sociedade de Garantía recíproca	8,51	1.638.806,80	0,00	0,00	1.638.806,80	0,00
S.G.R. da PEME de Ourense e Pontevedra (SOGARPO)	10,03	1.200.076,80	0,00	0,00	1.200.076,80	0,00
Emprende, Fondo de Capital Risco	81,4	49.805.865,83	3.996.729,80	0,00	53.802.595,63	(17.311.491,39)
Adiante 2000, Fondo de Capital Risco	100,00	84.123.652,51	997.679,92	0,00	85.121.332,43	(66.891.717,53)
Xes-Innova, Fondo de Capital Risco	100,00	1.155.000,00	170.000,00	0,00	1.325.000,00	0
Net. Novas Empresas e Tecnoloxías, S.A	1,54	17.500,00	0,00	0,00	17.500,00	(4.830,00)
Galicia Iniciativas Emprendedoras, FCR	4,76	0	100.000	0	100.000	(1.304,86)
Fondo tecnolóxico I2C	0,92	0	100.000	0	100.000	(21.431,65)
TOTAL		174.433.138,26	5.644.409,72	0,00	180.077.547,98	(105.932.634,57)

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais


O saldo dos investimentos financeiros ao 31 de decembro de 2014 era de 180,08 M€ valorado a prezo de adquisición, é dicir, esta foi a cantidade achegada polo Igape para a adquisición das participacións. Este saldo estaba deteriorado en 105,93 M€ como consecuencia de que o patrimonio neto das entidades participadas era menor que o custo que para o Igape tiveron as ditas participacións. A finais de 2015 a situación era similar xa que a participación do Igape era de 183,4 millóns e as perdas por deterioro eran do 59% (108,8 millóns).

No cadro 18 e no gráfico 3 resúmese a evolución temporal dos investimentos do Igape nas entidades de capital risco. A información recollida nestes amosa como o investimento se atopa deteriorado nun 60% a finais de 2014.

Cadro 18. Evolución temporal dos investimentos nas entidades de capital risco

Participada		%	2012	%	2013	%	2014
SODIGA	INVERSIÓN		36.249.180		36.249.180		36.249.180
	DEPRECIACIÓN	-53	-19.300.420	-61	-22.264.653	-60	-21.683.747
XESGALICIA	INVERSIÓN		210.000		210.000		490.000
	DEPRECIACIÓN	0	0	0	0	0	0
EMPRENDE	INVERSIÓN		45.809.136		49.805.865		53.802.595
	DEPRECIACIÓN	-30	-13.593.768	-34	-16.795.844	-32	-17.311.491
ADIANTE	INVERSIÓN		84.123.652		84.123.652		85.121.332
	DEPRECIACIÓN	-60	-50.566.861	-75	-63.180.631	-79	-66.891.717
XES-INNOVA	INVERSIÓN		1.155.000		1.155.000		1.325.000
	DEPRECIACIÓN	-10	-115.308	-13	-155.382	0	0
TOTAL	INVERSIÓN		167.546.968		171.543.697		176.988.107
	DEPRECIACIÓN	-50	-83.576.357	-60	-102.396.510	-60	-105.886.955
	NETO		83.970.611		69.147.187		71.101.152

Gráfico 3. Evolución investimento do IGAPE en SCR



Capital-Risco

A normativa básica do capital risco atópase na Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital-risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo pechado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo pechado.

De acordo coa Lei 22/2014 o obxecto principal das entidades de capital risco consiste na toma de participacións temporais no capital de empresas de natureza non inmobiliaria nin financeira que, no momento da toma de participación, non coticen no primeiro mercado de bolsas de valores ou en calquera outro mercado regulado equivalente da Unión Europea ou do resto de países membros da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos.

Como actividades complementarias, para o desenvolvemento do seu obxecto social principal poderán conceder préstamos participativos, así como outras formas de financiamento, neste último caso, e sen prexuízo do previsto para as ECR-Peme, unicamente para sociedades participadas que formen parte do coeficiente obrigatorio de investimento.

A Xunta ten unha participación maioritaria nas seguintes entidades de capital risco cuxa xestión está atribuída a Xesgalicia (100% do capital correspondente ao Igape tras a adquisición o 2 de outubro do 2014 do 30% que era propiedade do socio minoritario "Ahorro Corporación Desarrollo" en exercicios anteriores).

Cadro 19. Distribución da participación nas entidades de capital risco

Entidade	Forma XURÍDICA	Finalidade	% participación Xunta 2014	% OUTROS PARTÍCIPIES
SODIGA	SCR	Empresas con alto potencial de crecemento	47,36% IGAPE 21,86% XUNTA	23,49% ABANCA 4,41% B.POPULAR 2,43% BBVA
Emprende	FCR	Novos emprendedores	81,4% IGAPE	18,60% ABANCA
Adiante 2000	FCR	Investimento en empresas viable	100% IGAPE	-
Xes-Innova	FCR	Investimento novas TIC	100% IGAPE	-
Xes-Impulsa Ferrol 10	FCR	Textido produtivo Ferrol	54,20% EMPRENDE	17,20% SEPI 11,45% ABANCA 11,45% Caixa Galicia FCR 5,70% Empresa Nacional Innovación
Galicia-Iniciativas Emprendedoras	FCR	Fomento do espírito emprendedor	95,24% GAIN ⁴ 4,76% IGAPE	-
Tecnolóxico I2C	FCR	Apoio a proxectos innovadores	99,08% GAIN ⁵ 0,92% IGAPE	-

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais

⁴ O FCR Galicia Iniciativas Emprendedoras constituíuse con data 20 xaneiro de 2014 e as participacións foron totalmente subscritas pola Axencia Galega de Innovación (GAIN) aínda que posteriormente levou a cabo unha ampliación de capital con achegas por parte do IGAPE.

⁵ Con data 12 de decembro de 2013 o Consello da Xunta acordou o traspaso a AGAIN das 385 participacións das que era titular producíndose o traspaso efectivo no ano 2014.

Das entidades incluídas no cadro, unicamente SODIGA e XESGALICIA (Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de tipo pechado S.A.U. anteriormente denominada XESGALICIA S.A.) renderon as contas ao Consello de Contas. Os Fondos de capital risco non cumpriron con esta obriga. Tampouco temos constancia de que as contas dos Fondos fosen enviadas á Intervención Xeral, nin que este centro directivo estea a efectuar control ningún sobre estas entidades.

A pesares do anterior, na dirección web de Xesgalicia están dispoñibles as contas dos Fondos correspondentes aos exercicios 2012, 2013 e 2014, o que non exime da súa obriga de rendición.

O feito de que o control e o financiamento (basicamente a través de achegas dos partícipes) dos fondos de capital risco sexa público implica a necesidade de render contas e someterse ao control interno e externo dos organismos competentes.

Cuantificouse o investimento público realizado nas entidades de capital risco tomando como datos os fondos reembolsables comprometidos; así mesmo, calculáronse as perdas acumuladas do devandito investimento. Os resultados móstranse no cadro 20 e represéntanse no gráfico 4.


Cadro 20. Fondos achegados e perdas acumuladas das entidades de capital risco

(millóns de euros)

	2011	2012	2013	2014
Fondos reembolsables	222,7	226,9	226,9	253,9
Perdas acumuladas	85,9	124,8	145,2	148,6

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais

Gráfico 4. Entidades de capital risco. Total de investimento e perdas acumuladas



Os datos poñen de manifesto que o capital e fondos desembolsados nas entidades de capital risco a finais de 2014 ascendía a 253 millóns. As perdas acumuladas por insolvencias e deterioracións eran nesa data de 151 millóns, é dicir, as perdas consumiron o 60% dos fondos achegados.

Cos fondos achegados polos partícipes, as sociedades e fondos de capital risco realizan investimentos en forma de instrumentos de patrimonio, préstamos participativos e préstamos. A finais de 2014, estes ascendían a 207 millóns de euros. As perdas acumuladas por insolvencias e deterioración dos investimentos realizados polas entidades importaban nesa data 136,4 millóns que supoñen un 66% do total.


Cadro 21. Investimento e deterioración dos investimentos realizados polas entidades de capital risco

(millóns de euros)

	2011	2012	2013	2014
Total investimento	191,5	216,4	221,1	207,2
Total deterioración	79,1	122,6	139,1	136,4
%Deterioración	41%	57%	63%	66%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais

Gráfico 5. Entidades de capital risco. Total dos seus investimentos e deterioración



As perdas rexistradas trouxeron como consecuencia a necesidade de acometer diferentes operacións de capital. O total de achegas realizadas polos partícipes aos fondos de capital risco no ano 2014 foi de 24.051.039€ co detalle que figura no Anexo III.

A situación que se reflicte na información anterior evidencia que se acometeron investimentos xa sexa en instrumentos de patrimonio xa sexa en forma de préstamos participativos ou préstamos directos que asumiron un nivel de exposición e risco considerable dando lugar a importantes perdas patrimoniais e que non serviron para materializar a previsión contida no artigo 3.1 da Lei 22/2014 segundo o cal "Entendérase por entidades de capital-risco (ECR) aquelas entidades de investimento colectivo de tipo pechado que obteñen capital dunha serie de investidores mediante unha actividade comercial cuxo fin mercantil é xerar ganancias ou rendementos para os investidores." A participación pública nestas entidades implica que se deben conxugar estes fins de rendibilidade cos

de fomento e apoio ao sector produtivo pero sen que a realización destas operacións de carácter financeiro se convertan de facto nunha sorte de axudas a fondo perdido.

III.5.2. PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

Ao 31 de decembro de 2014, o detalle dos préstamos a longo e curto prazo concedidos polo Igape reflíctese nos cadros seguintes:

Cadro 22. Créditos e préstamos a longo prazo a 31.12.2014

(euros)

Denominación	Saldo a 31/12/2014	Provisión por depreciación de créditos a l/p
Créditos a l/p por venda de inmovilizado	1.251.650,68	0,00
Créditos a l/p Pemes, financiamento BEI	56.271.937,52	-24.600.694,51
Achega Fondo de Garantías PYMAVAL	7.875.048,73	0,00
Total longo prazo	65.398.636,93	-24.600.694,51

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais

Cadro 23. Créditos e préstamos a curto prazo a 31.12.2014

(euros)


Denominación	Saldo a 31/12/2014	Provisión por depreciación de créditos a c/p
Anticipo Publicidade Concurso	1.709,43	0,00
Créditos a c.p. sector audiovisual	1.463.607,85	-1.463.607,85
Créditos a c.p. por venda de inmovilizado	192.561,68	0,00
Anticipos ao persoal	323.270,49	0,00
Créditos a c.p. Pemes, financiamento BEI	10.803.741,55	-4.931.357,60
Total curto prazo	12.784.891,00	-6.394.965,45

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais

Os créditos totais concedidos tiñan a finais de 2014 un saldo vivo de 78,18 M€ e estaban deteriorados nun 39,6%. Destacan os créditos concedidos polo Igape con cargo ao préstamo outorgado polo BEI e que se conceden ao amparo dun programa aprobado polo Consello de Dirección en 2007. O importe total dos devanditos créditos é de 67,08 M€, cunha deterioración acumulada de 29,53 M€. Ademais recóllese no seu balance un crédito ao sector audiovisual outorgado en 2003 por importe de 1.463.607€ que se atopa totalmente deteriorado.

A evolución dos créditos concedidos polo Igape ata finais de 2015 reflíctese no gráfico seguinte:

Gráfico 6. Evolución de créditos concedidos polo IGAPE e a súa deterioración (millóns de euros)



No cadro seguinte móstranse as obrigas recoñecidas no capítulo VIII do orzamento de gastos, é dicir, os importes desembolsados polo Igape na concesión de préstamos a empresas. As obrigas ascenderon no período 2007-2014 a 140 M€, na súa maioría correspondentes ao programa de préstamos con financiamento BEI.

Cadro 24. Préstamos concedidos 2007-2014

(euros)

Concepto	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	TOTAL
PRÉSTAMOS CONCEDIDOS	1.230.900	20.655.723	40.677.268	23.413.156	49.525.488	1.548.000	3.252.000	0	140.302.535

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais

No cadro seguinte amósanse os dereitos recoñecidos e recadados no orzamento de ingresos, é dicir, a devolución dos préstamos concedidos polo Igape. Nel evidénciase o alto grao de morosidade nos préstamos onde 2 de cada 3 euros concedidos non se cobran no exercicio no que se recoñecen. Esta valoración está condicionada pola inclusión dentro dos dereitos recoñecidos das operacións rescindidas dentro dos procesos concursais⁶.

Cadro 25. Dereitos recoñecidos netos e recadación netas por vencementos de préstamos

(euros)

Concepto	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	TOTAL
Dereitos recoñecidos	1.207.304	994.068	866.571	2.886.795	7.546.341	24.651.207	20.559.294	11.671.870	70.383.450
Cobros	891.186	707.178	486.911	1.365.145	3.919.548	4.374.361	4.723.296	5.373.317	21.840.942

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais

⁶ Parágrafo modificado como consecuencia da alegación nº 2

A falta de recadación dos préstamos vencidos xerou importantes saldos de dereitos de cobro que se atopan rexistrados na partida de debedores e sobre cuxa cobrabilidade existe evidente incerteza, polo que a entidade dotou provisión ao 100%. No seguinte cadro reflíctense estes saldos e os xuros devengados vencidos a finais de 2015 cunha antigüidade superior a un ano.

Cadro 26. Dereitos pendentes de cobro por préstamos


DEREITOS PENDENTES DE COBRO A 31-12-2015	IMPORTE €
ANO 2007	49.402
ANO 2008	106.325
ANO 2009	179.222
ANO 2010	1.519.017
ANO 2011	3.673.403
ANO 2012	18.664.395
ANO 2013	15.351.402
ANO 2014	4.735.506
TOTAL	44.278.674

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das contas anuais

III.6. DIMENSIÓN ECONÓMICA DOS AVAIS

Ata o ano 2011, o Igape incrementou notablemente a concesión de avais. A partir deste exercicio, o risco vivo diminúe tal como se reflicte no gráfico seguinte. A diminución ten lugar tanto pola amortización de operacións de préstamos por parte dos avalados como polo pago por parte da Xunta das operacións de aval que resultan falidas.

Gráfico 7. Evolución do risco vivo por avais financeiros (millóns de euros)




O risco vivo a finais de 2014 era de 145,6 M€. Dese importe, 141,5 son avais financeiros que son concedidos polo Igape, sendo asumido o risco pola Xunta de Galicia. Os importes restantes obedecen á operacións de reaval por operacións de préstamo ou crédito avaladas por Sociedades de Garantía Mutua, ante as que o Igape reavala ata o 25% do risco que estas asuman como primeira avalista.

A finais do 2015 o risco vivo seguiu a diminuír e situouse en 118,7 millóns de euros dos que 114,9 correspondíanse con avais financeiros respaldados pola Xunta de Galicia.

O Igape rexistrou nas súas contas unha provisión de 18,2 M€ por aqueles avais que estima poden ser reclamados e aos que tería que facerlles fronte. Tal como se sinalou na epígrafe I.5. esta provisión debería reflectirse no balance da Xunta que é a que procede ao pago dos falidos.

A evolución dos pagos por avais falidos reflíctese no gráfico seguinte:

Gráfico 8. Pagos anuais e acumulados por avais falidos (millóns de euros)



(*) Nesta gráfica os pagamentos impútanse ao exercicio no que o Igape solicita ao Tesouro o seu aboamento.

O importe total de falidos ascendía a 31-12-2014 a 82,24 M€. Os importes pagados ata 2009 obedeceu en gran medida aos avais por cota láctea (21,4 M€).

Desde o 2010 ata 2014, os avais falidos ascenderon a 54 millóns de euros. Ademais, nesa mesma data, 57,38 correspóndense con avais con incidencias, a maioría con execucións en trámite. Todo isto partindo dun risco vivo próximo aos 300 millóns.

IV. ANÁLISE DOS APOIOS ECONÓMICOS CONCEDIDOS POLO IGAPE NA MODALIDADE DE AVAIS

IV.1. RÉXIME XURÍDICO

A habilitación para a concesión de avais por parte do Igape procede da autorización efectuada polo artigo 45 da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, segundo a redacción dada polo artigo 23 da Lei 1/1994, do 30 de marzo, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. Esta autorización mantense no actual artigo 45 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, que aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (TRLRFOG) no que se contempla a posibilidade de que o Igape conceda avais dentro do límite máximo fixado polas leis de orzamentos.

O programa de avais na CA de Galicia iniciouse no ano 1994 no que se ditou o Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Igape (en diante Decreto 284/1994 ou decreto de avais) que actualmente continúa vixente e constitúe a norma de referencia na tramitación dos expedientes de concesión de avais.

O dito decreto foi modificado mediante o Decreto 132/1995, do 10 de maio e o Decreto 302/1999, do 17 novembro. As modificacións introducidas habilitaron ao Igape para reavaluar a determinadas empresas diante das sociedades de garantía recíproca (en diante SGR), para ampliar a porcentaxe a garantir nos termos que se expoñen na epígrafe IV.6, e para excepciónar o cumprimento de determinados requisitos (exención de garantías, comisións e determinada documentación) previa declaración do especial interese socioeconómico da operación pola Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos (en diante CDXGAE).

No ano 1995, a CDXGAE adoptou un acordo no que se estableceron os criterios de distribución dos avais, segundo o seu obxectivo e finalidade, dentro da autorización máxima que conteñan as leis de orzamentos de cada ano. O dito acordo fíxose público mediante Resolución do 10.07.1995 (DOG núm.137,18.07.1995). Na epígrafe IV.6 faise referencia ao seu contido.

Por outra banda, no ámbito da Unión Europea tense ditado diversa normativa co obxecto de establecer as condicións nas que as axudas que se conceden polo Estados membros, tamén os avais, poden considerarse compatibles co mercado interior sobre a base do artigo 107 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea⁷.

⁷ O artigo 107.1 dispón que salvo que os Tratados dispoñan outra cousa, serán incompatibles co mercado interior, na medida na que afecten aos intercambios comerciais entre Estados membros, as axudas outorgadas polos Estados ou mediante fondos estatais, baixo calquera forma, que falseen ou ameacen falsear a competencia, favorecendo a determinadas empresas ou producións. Nos apartados 2 e 3 relaciónanse os supostos que serán compatibles e os que poden considerarse compatibles co mercado interior.

En particular, polo que respecta á concesión dos avais, interesan as comunicacións da Comisión relativas ás axudas estatais outorgadas en forma de garantía así como as directrices da Unión Europea sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise.

Sobre a primeira cuestión, hai que ter en conta a Comunicación 2008/C155/02 relativa á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais outorgadas en forma de garantía (DOUE 20.06.2008). Segundo manifesta a súa introdución, actualiza o plantexamento da Comisión sobre esa materia e ten como obxectivo ofrecer aos Estados membros unha orientación máis detallada sobre os principios nos que a Comisión pretende basear a súa interpretación dos artigos 87 e 88 e a súa aplicación ás garantías estatais.

Nesa Comunicación establécense as condicións que deben aplicarse a unha garantía para que non poda ser constitutiva de axuda estatal, partindo da consideración xeral de que si unha garantía non supón vantaxe algunha para a empresa non constituirá axuda estatal.

Para determinar se se está outorgando unha vantaxe, deberá basearse a valoración no principio de investidor que actúa nunha economía de mercado. Por elo deben terse en conta as posibilidades efectivas de que a empresa beneficiaria obteña recursos financeiros equivalentes recorrendo ao mercado de capitais. Non habería axuda estatal se se dispón dunha nova fonte de financiamento en condicións que serían aceptables para un inversor privado nas condicións normais dunha economía de mercado. Co fin de facilitar a avaliación do cumprimento do dito principio, establécense unha serie de condicións cuxo cumprimento descarta a presenza de axuda estatal:

- a) o réxime de garantías está pechado a prestatarios en crise.
- b) o alcance das garantías pode avaliarse axeitadamente no momento da súa concesión, é dicir, que deben estar vinculadas a transaccións financeiras específicas por un importe máximo fixo e por un período limitado.
- c) as garantías non cobren máis do 80% do préstamo ou obriga financeira pendente.
- d) as modalidades do réxime establécense baseándose nunha avaliación realista do risco, de xeito que as primas pagadas polos beneficiarios garanten, con toda probabilidade, o autofinanciamento.
- e) co fin de dispoñer dunha avaliación correcta e progresiva do aspecto de autofinanciamento do réxime, débese verificar se o nivel das primas é o axeitado, como mínimo, unha vez ao ano sobre a base do coeficiente de perdas efectivo do réxime nun período economicamente razoable, debendo axustarse as primas en consecuencia se existe risco de que o réxime non poda seguir autofinanciándose.

f) para considerar que se adecúan aos prezos de mercado, as primas esixidas deberán cubrir os riscos normais asociados á concesión da garantía, os custos administrativos do réxime e unha remuneración anual dun capital axeitado, mesmo se este último non se constituíu aínda ou só en parte.

g) co fin de garantir a transparencia, o réxime debe establecer as condicións nas que se concederán futuras garantías, tales como as empresas elixibles en función da súa cualificación e, cando proceda, o sector e volume, importe máximo e duración das garantías.

En canto á segunda cuestión, a normativa vixente durante o período fiscalizado era a Comunicación da Comisión 2004/C244/02 que recolle as directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (DOUE 1.10.2004).

Estas directrices parten da consideración de que a desaparición das empresas ineficaces constitúe un aspecto normal do funcionamento do mercado e que o salvamento con axudas públicas dunha empresa en crise non pode ser a norma. Regulan as condicións nas que se poden conceder axudas públicas de salvamento e reestruturación en determinadas circunstancias, ao abeiro de consideracións sociais e rexionais, tendo en conta a función beneficiosa que desempeñan as PEMEs na economía.

A adaptación da normativa do Igape a estas últimas directrices realizouse mediante sucesivos acordos do seu comité de dirección: o acordo do 13.07.2001 que aprobou as bases reguladoras das axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise e publicouse mediante Resolución do 13.07.2001 (DOG núm.142, do 23.07.2001); o do 29.11.2005 publicado mediante a Resolución do 26.12.2005 (DOG 4.01.2006) e, finalmente, o do 30.03.2006 publicado mediante Resolución do 19.04.2006 (DOG núm.81, 27.04.2006)

As ditas bases establecen distintos tipos de apoio, diferenciando segundo se trate de axudas de salvamento ou de reestruturación. En ámbolos dous casos, as axudas poden consistir na concesión de garantías sobre préstamos ou créditos⁸ nas condicións establecidas no Decreto 284/1994.

A crise financeira motivou a adopción de novas medidas tendentes a paliar o impacto da crise sobre as PEMEs polo que o 26.11.2008 a Comisión europea adoptou a Comunicación "Plan de recuperación da economía europea" que inclúe, entre outras, iniciativas destinadas a aplicar as normas sobre axudas estatais da forma máis flexible posible para facer fronte á crise respectando o

⁸ As axudas de salvamento poden consistir na concesión de garantías sobre préstamos ou créditos a curto prazo que sexan necesarios para o mantemento operativo da actividade da empresa e para financiar medidas estruturais urxentes que deban aplicarse inmediatamente para deter ou reducir a deterioración da situación, en tanto se elabora o seu plan de reestruturación.

As axudas de reestruturación poden consistir en garantías sobre préstamos ou créditos ou subvencións a fondo perdido para financiar unha serie de gastos taxados na base 4ª da Resolución do 26.12.2005.

acceso equitativo aos mercados e evitando restricións indebidas da competencia. Como consecuencia do dito plan aprobouse o marco temporal comunitario aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira (DOC núm.16, 22.01.2009)

Nesta liña, tendo en conta as dificultades de obtención de financiamento operativo das empresas galegas debido á actitude máis adversa ao risco das entidades financeiras, o CD do Igape, mediante acordo do 28.07.2009, aprobou unha liña de avais, identificada como Plan Re-Brote. Este ten por obxecto facilitar ás empresas galegas o acceso ao dito financiamento instrumentada mediante convenio de colaboración entre o Igape e as entidades financeiras adheridas.

O 25.09.2009 o Igape e 16 entidades financeiras asinaron un convenio, co obxecto de compartir riscos en determinadas operacións mediante o afianzamento parcial de liñas de financiamento operativo, que se fixo público mediante Resolución do 25.09.2009 (DOG núm.191, do 29.09.2009).

No ano 2012, en virtude do acordo do CD do 29.03.2012, habilitouse unha nova liña de avais denominada Programa Re-Export co obxectivo de facilitar a internacionalización da empresa galega non exportadora ou con escasa presenza nos mercados exteriores e apoiar tamén aquelas outras que xa se iniciaron no ámbito das exportacións e que teñen posibilidades de incrementar a súa presenza no exterior. A publicación das bases reguladoras efectuouse mediante Resolución do 25.05.2012 (DOG.núm.103, do 31.05.2012).

IV.2. MODALIDADES DE AVAIS

Atendendo á regulación exposta anteriormente, as modalidades de avais que pode conceder o Igape son as seguintes:

a) Reavais do Igape ante as sociedades de garantía mutua domiciliadas en Galicia. O Igape reavala o risco asumido polas operacións de préstamo ou crédito avaladas e formalizadas polas SGR da Comunidade Autónoma galega (Afigal, SGR e Sogarpo, SGR) ante as que o Igape reavala ata o 25% do risco que estas asuman como primeiras avalistas, por aquelas operacións acollidas aos programas de fomento empresarial que se aproben en virtude de sucesivos convenios asinados polas partes. Neste caso é o Igape quen responde dos falidos.

b) Os avais financeiros, cuxo risco é asumido pola Xunta de Galicia, diferenciando as seguintes modalidades:

b.1. Avais directos ou liña xeral de avais concedidos ao abeiro do Decreto 284/1994.

b.2. Avais instrumentados mediante convenio entre o Igape e as principais entidades financeiras que se concretan en dúas liñas de avais: Programa RE-Brote e Programa Re-Export.

b.3. Avais directos concedidos ao abeiro das bases reguladoras de axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise.

Os traballos de fiscalización centráronse nos avais financeiros pola súa relevancia cuantitativa e non se efectuou unha análise das operacións de reaval do Igape ante as SGR, polo que os resultados e as consideracións que se efectúan neste informe refírense exclusivamente ás modalidades de avais que foron obxecto de revisión.

Segundo a información ofrecida polas memorias das contas anuais correspondentes aos exercicios fiscalizados, o importe do risco vivo a 31.12.2010 polos avais concedidos polo Igape (reavais e financeiros) ascendía a 294,5 millóns. Durante o período analizado (exercicios 2011 a 2013) rexistráronse altas por un importe global de 52,4 millóns e baixas por 181,4 millóns, o que determinou unha diminución neta do risco por un importe total de 128,9 millóns.

No seguinte cadro reflíctese o detalle e movemento do risco por avais obtido da memoria das contas anuais do Igape.

(Euros)

Cadro 27. Movemento do risco por avais no período fiscalizado (2011 a 2013)

Tipo de aval	Saldo a 31.12.2010	Altas	Baixas	Saldo a 31.12.2011	Altas	Baixas	Saldo a 31.12.2012	Altas	Baixas	Saldo a 31.12.2013
Operacións reaval Sogarpo	2.732.275	2.642.716	-355.481	5.019.511	10.000	-965.181	4.064.328	719.358	-1.670.922	3.112.764
Operacións reaval Afigal	3.997.823	4.800.661	-163.432	8.635.051	84.496	-1.583.372	7.136.175	792.098	-2.786.205	5.142.069
Avais financeiros	287.782.156	33.434.310	-38.238.482	282.977.985	4.758.825	-94.056.897	193.679.913	5.205.000	-41.538.414	157.346.499
TOTAL	294.512.254	40.877.687	-38.757.395	296.632.547	4.853.321	-96.605.450	204.880.416	6.716.456	-45.995.541	165.601.332

Fonte: Elaboración propia cos datos ofrecidos polas memorias das contas anuais do Igape.

Cómpre aclarar que as altas que figuran no cadro anterior non se refíren exclusivamente a avais concedidos durante os exercicios nos que se rexistraron, senón tamén a aqueles procedentes de exercicios anteriores que tiñan condicionada a súa efectividade ao acreditamento ante o Igape da inscrición das garantías no Rexistro público correspondente.

Durante o período fiscalizado, segundo a información achegada polo Igape, concedéronse avais financeiros por un importe total de 42 millóns de euros e formalizáronse avais por un importe global

de 36,2 millóns de euros, representando os avais directos o 85% da contía total formalizada tal como se reflicte no seguinte cadro.

(Euros)

Cadro 28. Avais formalizados nos exercicios 2011-2013

Liña de avais	Núm. expedientes	Beneficiarios (*)	Importe	% importe s/total
Avais directos	43	14	30.937.731	85
Programa Re-Brote	24	19	4.590.500	13
Programa Re-Export	8	8	690.000	2
TOTAL	75	41	36.218.231	100

*O número total de beneficiarios é 36 xa que na suma dos parciais inclúese un beneficiario que ten avais directos e do Programa Rebrote.

Fonte: Elaboración propia cos datos incluídos na relación facilitada pola SPAC.

A distribución por exercicio e tipo de avais é a seguinte.

Cadro 29. Avais formalizados nos exercicios 2011-2013

Ano	Liña de avais	Núm. expedientes	Beneficiarios	Importe
2011	Avais directos	31	8	25.612.731
	RE-Brote	14	9	2.895.500
Total 2011		45	17	28.508.231
2012	Avais directos	8	2	2.700.000
	RE-Brote	10	10	1.695.000
	RE-Export	4	4	360.000
Total 2012		22	16	4.755.000
2013	Avais directos	4	4	2.625.000
	RE-Export	4	4	330.000
Total 2013		8	8	2.955.000

Fonte: Elaboración propia cos datos incluídos na relación facilitada pola SPAC.

IV.3. SELECCIÓN DA MOSTRAXE E OBOXECTIVOS ESPECÍFICOS

Analizáronse expedientes de avais por un importe total de 101,81 millóns. Representan o 15% da contía total formalizada dende o inicio do programa de avais ata o 31.12.2013 (677,64 millóns)⁹. Na dita data o risco vivo dos avais analizados (excluídos os falidos pagados con anterioridade) era de 55,76 millóns, que representaba o 35% do risco vixente (157,35 millóns).

Os expedientes que integran a mostraxe seleccionáronse sobre a relación dos avais con risco vivo a 31.12.2013 e dos avais falidos cuxo pagamento foi solicitado á DXPFT durante o período fiscalizado. Esta información obtívose da documentación remitida ao Consello de Contas coas contas anuais da CA de Galicia correspondentes aos exercicios 2011 a 2013.

Os expedientes escolléronse en atención a un criterio cuantitativo e ás seguintes circunstancias:

- Avais concedidos con anterioridade aos exercicios fiscalizados con risco vivo a 31.12.2013.
- Avais concedidos ou formalizados durante os exercicios fiscalizados con risco vivo a 31.12.2013.
- Avais concedidos durante os exercicios fiscalizados cancelados por vencemento con anterioridade ao inicio dos traballos de fiscalización.
- Avais falidos cuxo pagamento foi solicitado á DXPFT durante os exercicios fiscalizados.

Como resultado da aplicación destes criterios a mostraxe analizada está integrada por 49 expedientes de avais (24 beneficiarios) dos cales 42 corresponden á liña xeral de avais e 7 son avais instrumentados mediante convenio (6 do Programa Re-Export e 1 do Plan Re-Brote).

No anexo X relaciónanse os expedientes que foron obxecto de análise incluíndo unha relación ordenada pola data de concesión e no Anexo IV relaciónanse en atención ás circunstancias consideradas para seleccionar a mostraxe.

A revisión realizouse cos seguintes obxectivos específicos:

- Verificar o cumprimento de determinados requisitos relativos aos beneficiarios de avais.
- Analizar a finalidade dos avais.
- Verificar o cumprimento dos límites de contía e prazo na concesión de avais.
- Analizar se os procedementos de concesión dos avais se tramitaron de conformidade coas disposicións do Decreto 284/1994 e os manuais internos do Igape sobre procesos operativos de concesión e xestión de avais.

⁹ Esta cifra obtívose do informe trimestral de avais a 31.12.2013 elaborado polo Igape.

- Comprobar o cumprimento de determinadas obrigas dos beneficiarios (pagamento das comisións de avais e cumprimento dos compromisos establecidos nos acordos de concesión) e as actuacións de seguimento efectuadas polo Igape.
- Analizar qué garantías foron esixidas para asegurar o risco asumido mediante a concesión dos avais.
- Analizar como se efectúa a dotación do Fondo de Garantía de Avais (FGA) de conformidade co establecido nas leis orzamentarias e nas disposicións internas adoptadas pola Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro (DXPFT).
- Determinar a importancia cuantitativa dos avais falidos.
- Analizar o exercicio de accións de reembolso e cuantificar o importe recuperado pola Comunidade Autónoma.

IV.4. BENEFICIARIOS: NATUREZA E SITUACIÓN FINANCEIRA DAS EMPRESAS AVALADAS

O artigo 2 do Decreto 284/1994 establece os requisitos que deben cumprir os beneficiarios dos avais, nos seguintes termos:

1. Poderán ser destinatarias dos avais as pequenas e medianas empresas privadas, participadas ou non polo Igape que, tendo o domicilio no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia destinen integramente os créditos e liñas de financiamento que se avalan á creación, ampliación, reconversión e reestruturación das mesmas, dentro do plan económico-financeiro ao efecto elaborado.

As pequenas e medianas empresas non domiciliadas en Galicia poderán ser apoiadas para as mesmas finalidades, se destinan integramente as operacións obxecto de aval ás unidades produtivas ubicadas en Galicia.

2. Tamén poderán ser destinatarias de avais para as finalidades e cos requisitos a que se refire o número anterior aquelas empresas que, sen ter a condición de PEME, pertencen a un sector considerado prioritario ou sexan obxecto dun plan de viabilidade segundo acordo en ámbolos dous casos da Comisión Delegada para Asuntos Económicos.

3. *As empresas a que se refiren os números anteriores haberán de presentar un plan económico-financeiro, elaborado por auditoría independente, do que resulte unha capacidade e dimensionamento suficientes para facer viable a súa continuidade.*

4. *Igualmente poderán avalarse a empresas polas operacións ou actividades que resulten de especial interese socio-económico para Galicia, segundo acordo da CDXGAE.*

5. *Así mesmo, o Igape poderá reavaluar diante das SGR domiciliadas en Galicia e ata o 25% do risco que estas asuman como primeiras avalistas da operación, a aquelas empresas acollidas aos programas de fomento empresarial, que para tal fin se concerten entre o Igape e as ditas SGR.*

A teor deste artigo, os avais están destinados principalmente ás pequenas e medianas empresas domiciliadas en Galicia, admitíndose as excepcións previstas previo cumprimento dos requisitos formais preceptivos (acordo da CDXGAE).

As disposicións reguladoras das liñas de avais de convenio (Plan Re-Brote e Re-Export) engaden aos requisitos para ser beneficiarias unhas condicións específicas para cada liña¹⁰. Así mesmo, incorporan o cumprimento dunha condición derivada da normativa da Unión Europea esixindo que as empresas non se atopen en situación de crise segundo a definición recollida nas directrices da Unión Europea sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (comunicación da Comisión 2004/C244/02¹¹ DOUE C244/2, do 1.10.2004) e no artigo 1.7 do regulamento xeral de exención (regulamento CE 800/2008, do 7 de agosto).

Esta previsión non se estableceu expresamente na normativa autonómica para os avais directos, xa que non se modificou o decreto do ano 1994 para adaptalo ás esixencias do dereito da Unión Europea, pero o seu cumprimento deriva da Comunicación da Comisión 2008/C155/02 relativa á aplicación dos artigos 87¹² e 88 do Tratado CE ás axudas estatais en forma de garantía (DOUE C155/10, do 20.06.2008).

O concepto de empresa en crise asumido polo Igape na Resolución do 26.12.2005 é o recollido no punto 2.1 da Comunicación 2004/C 244/02 segundo o cal *unha empresa se atopa en crise se é incapaz, mediante os seus propios recursos financeiros ou cos que están dispostos a inxectarlle os seus accionistas e acredores, de enxugar perdas que a conducirán, de non mediar unha intervención*

¹⁰ Non poderán ser beneficiarias das garantías incluídas no Programa Re-Export as empresas que teñan un risco vivo co Igape como consecuencia dun aval concedido previamente nin as empresas cuxo único obxecto social sexa a compravenda de bens inmobiliarios ou activos financeiros e poderán beneficiarse das garantías incluídas no Programa Re-Brote as empresas que desenvolvan algunha das actividades relacionadas no Anexo II.b da resolución e que presenten un proxecto que sexa considerado viable e dentro dos límites de risco asumibles polo Igape.

¹¹ As directrices do 2004 foron revisadas mediante a Comunicación da Comisión 2014/C249/01 (DOUE C249/1, do 31.07.2014).

¹² O artigo 87.1 do Tratado establece que serán incompatibles co mercado común, na medida na que afecten aos intercambios comerciais entre Estados membros, as axudas outorgadas polos Estados ou mediante fondos estatais, baixo calquera forma, que falseen ou ameacen falsear a competencia, favorecendo a determinadas empresas ou producións.

exterior, a súa desaparición económica case segura a curto ou medio prazo. Concretamente, en principio e sexa cal sexa o seu tamaño, considérase que unha empresa está en crise nas seguintes circunstancias:

- a) tratándose dunha sociedade de responsabilidade limitada, desapareceu máis da metade do seu capital subscrito e perdeuse máis dunha cuarta parte del nos últimos 12 meses;*
- b) tratándose dunha sociedade na que alomenos algúns dos seus socios teñen unha responsabilidade ilimitada sobre a débeda da empresa, desapareceron máis da metade dos seus fondos propios, tal como se indican nos libros desta, e perdeuse máis dunha cuarta parte deles nos últimos 12 meses;*
- c) para todas as formas de empresas, reúne as condicións establecidas no Dereito interno para someterse a un procedemento de quebra ou insolvencia.*

Mesmo cando non se presente ningunha das circunstancias relacionadas anteriormente, poderase considerar que unha empresa está en crise en particular cando estean presentes os síntomas habituais de crise como o nivel crecente de perdas, a diminución do volume de negocios, o incremento das existencias, o exceso de capacidade, a diminución da marxe bruto de autofinanciamento, o endebedamento crecente, o aumento dos gastos financeiros e o debilitamento ou desaparición do seu activo neto. En casos extremos, a empresa pode mesmo ter chegado á insolvencia ou atoparse en liquidación con arranxo ao Dereito nacional.

De acordo coa regulación exposta, o réxime dos avais directos, así como os das liñas de convenio, está pechado ás empresas que reúnan as condicións para consideralas en situación de crise. Tales empresas si poderían recibir os apoios económicos previstos nas bases reguladoras das axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise, publicadas mediante Resolución do 26.12.2005 (DOG núm.3, 4.01.2006)¹³ que poden consistir en garantías sobre préstamos ou créditos. A concesión deses avais segue os trámites establecidos no Decreto 284/1994 por remisión das propias bases reguladoras pero están suxeitos a unha serie de limitacións derivadas das directrices da Unión Europea (aplicación do principio de axuda única, incompatibilidade con outras axudas outorgadas polo Igape, límite máximo de axuda, contribución mínima da empresa, autorización da Comisión en determinados casos).

¹³ Modificada por acordo do CD do Igape na reunión do 30.03.2006 que se fixo público mediante a Resolución do 19.04.2006 que modifica as bases reguladoras da concesión por este instituto de axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise para adaptalas aos requirimentos da Comisión Europea (DOG núm.81, 27.04.2006).

Segundo a información achegada polo Igape, o perfil do beneficiario de avais é o de empresa de dimensión significativa, cun impacto socioeconómico salientable, que se atopa con dificultades para acceder ao financiamento bancario por algunha das seguintes circunstancias: a) incapacidade para prestar garantías suficientes (sobre todo reais) para obter financiamento; b) percepción de risco elevado polas entidades de crédito; c) situacións complexas ou de elevada incerteza, nas que as entidades de crédito non están dispostas a asumir riscos; d) restricións na concesión de crédito das entidades de crédito derivadas das súas limitacións internas.

A revisión realizada para verificar o cumprimento dos requisitos para ser beneficiarios de avais centrouse nos seguintes aspectos:

1. Analizouse qué tipo de entidades se beneficiaron das garantías prestadas polo Igape. Esta comprobación efectuouse sobre as operacións concedidas e formalizadas nos exercicios fiscalizados así como sobre as operacións con risco vivo a 31.12.2013, baseándose na cualificación das empresas que facilitou o Igape.

No seguinte cadro ofrécese o resultado referido aos beneficiarios de avais correspondentes ao período fiscalizado, partindo dos datos facilitados polo Igape, diferenciando entre os concedidos e formalizados.

(Millóns de euros)

Cadro 30. Natureza dos beneficiarios dos avais concedidos e formalizados no período 2011-2013

Natureza da avalada	Núm. de beneficiarios	Importe concedido (*)	% sobre total concedido	Núm. de beneficiarios	Importe formalizado (*)	% sobre total formalizado
PEMEs domiciliadas en Galicia	38	31,5	75	34	22,2	61
Non PEMEs	1	10,5	25	2	13,9	39
TOTAL	39	42	100	36	36,2	100

(*) Os avais concedidos no período non necesariamente se formalizaron nos ditos exercicios. O importe formalizado reflicte avais que se concederon en exercicios anteriores.

Fonte: Elaboración propia cos datos facilitados pola SPAC.

Como se observa no cadro, o 61% do importe dos avais formalizados nos exercicios 2011 a 2013 (que representa o 94% dos beneficiarios) garantiron operacións correspondentes a PEMEs domiciliadas en Galicia, e o 39% a non PEMEs.

No seguinte cadro reproducécese o resultado da comprobación que se realizou sobre os expedientes con risco vivo a 31.12.2013.

(Millóns de euros)

Cadro 31. Natureza dos beneficiarios dos avais con risco vivo a 31.12.2013

Natureza da avalada	Núm. de beneficiarios	Importe formalizado	% sobre formalizado	Risco vivo a 31.12.2013	% sobre risco vivo a 31.12.2013
PEMEs domiciliadas en Galicia	90	106,8	55	89,9	57
Non PEMEs	18	87,3	45	67,4	43
TOTAL	(*)108	194,2	100	157,3	100

* O número total sería 107 xa que hai unha empresa que ten 6 expedientes, en 5 deles figura como PEME (AV320), e no expediente AV266 figura como non Peme.

Fonte: Elaboración propia cos datos facilitados pola SPAC e coa información sobre avais con risco vivo remitida á Área de Conta Xeral do Consello de Contas

Como se reflicte nos datos expostos, o 55% do importe formalizado con risco vivo a 31.12.2013 avalaba operacións de PEMES (83% dos beneficiarios), representando o risco vivo a dita data o 57% do total. Os avais formalizados con empresas non PEMEs (17% dos beneficiarios) supón o 45% do risco representando o risco vivo das operacións con eses beneficiarios a 31.12.2013 o 43% do total.

Segundo a documentación analizada nos expedientes incluídos na mostraxe, o acreditamento da condición de PEME efectúase mediante unha declaración asinada polo responsable da entidade que solicita o aval, na que afirman cumprir os requisitos para ser considerada PEME. Posteriormente, no informe emitido pola SPAC inclúese un pronunciamento sobre a natureza da empresa sen explicitar, en tódolos casos, os fundamentos da dita cualificación.

Na revisión efectuada observáronse os seguintes feitos¹⁴:

- Nos expedientes AV320-1 a 3, na certificación da condición de PEME presentada como anexo á solicitude certifícase que á data de peche do último exercicio, a sociedade ocupou a 250 persoas. Porén, no informe da SPAC establécese que á data de presentación da solicitude o dito número ascendía a 247. De conformidade co artigo 4 da Resolución do 27.12.2004¹⁵ os datos seleccionados para o cálculo do persoal deben ser os correspondentes ao último exercicio contable pechado e calcúlanse sobre unha base anual. A cualificación como PEME ou non PEME neste expediente, tramitado ao abeiro das bases reguladoras de axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise, ten relevancia a efectos de determinar se existe ou non a obriga de comunicar a concesión da axuda á comisión europea. No trámite de alegacións, o Igape argumenta que na data de

¹⁴ Parágrafos modificados como consecuencia da alegación nº 3

¹⁵ Resolución do 27.12.2004 pola que se fai pública a nova definición de microempresas, pequena e medianas empresas que, en cumprimento da Recomendación da Comisión Europea do 6.05.2003, rexerán a partir do 1.01.2005 nos programas e convocatorias do Igape (DOG núm.11, do 18.01.2005).

presentación da solicitude do aval o número de empregados era 247 e que na data de formalización do aval cumpría coa definición de PEME, pero non achegan a documentación acreditativa deste extremo

- Nos expedientes AV834-1 a 3 non figura a declaración do solicitante nin consta requirimento efectuado polo Igape. Tampouco se recolle a cualificación da empresa en ningún dos documentos deste expediente revisados (informe da SPAC, informe xurídico, proposta ou acordo de concesión) e, se ben o expediente foi remitido á CDXGAE para declarar a operación de interese socioeconómico, non consta que se debese á consideración como non PEME.

- Nos avais AV701 e AV702 a empresa cualificouse como PEME no informe da SPAC, ao que se remite o pronunciamiento do informe xurídico sobre esta cuestión, pero o informe da Intervención Xeral suscrito o 20.01.2011 dispón que segundo a documentación que figura no expediente a empresa non ten a consideración de PEME. No informe emitido posteriormente como consecuencia da modificación do aval (25.05.2011) non consta un pronunciamiento sobre esta cuestión. Neste caso, o expediente non se someteu á autorización da CDXGAE. No trámite de alegacións maniféstase que existe unha errata de transcripción no informe da Intervención Xeral e que a tramitación sen declaración de especial interese socioeconómico é correcta, pero non achegan a documentación acreditativa deste extremo.

2. Nos supostos de avais concedidos a beneficiarios que non foron cualificados como PEME, analizouse o cumprimento das esixencias previstas no Decreto 284/1994. Esta comprobación realizouse sobre os seguintes expedientes incluídos na mostraxe:

Cadro 32. Avais concedidos a empresas non PEMEs

Exp.	Data concesión	Importe formalizado	Risco vivo a 31.12.2013	Autorización da CDXGAE	Requisito
AV0257	28.09.2007	24.500.000	Executado	SI	Declaración de especial interese socioeconómico
AV0266	28.12.2007	2.800.000	2.800.000	SI	Declaración de especial interese socioeconómico
AV0322	02.02.2009	11.550.000	5.040.000	SI	Declaración de especial interese socioeconómico
AV0353	23.02.2009	10.860.000	10.800.000	SI	Declaración de especial interese socioeconómico
AV 0358	20.03.2009	6.003.000	Executado	SI	Declaración de especial interese socioeconómico
AV0359-1	23.03.2009	7.061.300	5.322.099	SI	Declaración de especial interese socioeconómico
AV0359-2	23.03.2009	4.438.700	4.400.789	SI	Declaración de especial interese socioeconómico
AV0385	15.07.2009	5.000.000	4.650.000	SI	Declaración de especial interese socioeconómico
AV0440	11.12.2009	1.200.000	Executado	SI	Declaración de especial interese socioeconómico
AV0582-1	27.01.2010	500.000	Executado	SI	Declaración de especial interese socioeconómico

Fonte: Elaboración propia cos datos dos expedientes analizados.

Tal como se reflicte no cadro anterior, en tódolos supostos analizados consta o acordo da CDXGAE en virtude do cal declarouse a operación de especial interese socioeconómico. Non obstante, como se manifesta na epígrafe IV.7 no apartado de terminación, esta declaración non expresa as razóns que xustifican a dita cualificación.

3. Analizouse a forma na que se acreditou nos expedientes o cumprimento das condicións para que a empresa solicitante do aval se poda ou non se poda considerar empresa en crise.

A consideración relativa ao cumprimento dos parámetros establecidos nas directrices da Unión Europea para ser considerada empresa en crise efectúase de forma diferente segundo se trate de avais directos ou de convenio.

No primeiro caso, unha vez presentada a solicitude emítese un informe pola SPAC relativo á solicitude do aval no que se inclúe un pronunciamento expreso sobre esta cuestión que se limita a manifestar se a empresa se considera en crise ou non, pero sen xustificar a dita aseveración.

No segundo caso, os expedientes correspondentes aos avais encadrados nos Programas Re-Brote e Re-Export, conteñen un informe subscrito pola Dirección da área de financiamento e a Subdirección de Programas de Financiamento (en diante SPF) relativo á non consideración como axuda estatal. Neste inclúese un apartado cun pronunciamento expreso sobre esta cuestión no que se indica que a dita comprobación é realizada tamén polas entidades financeiras xa que deben comprobar a solvencia das beneficiarias para asumir a súa parte de risco na operación.

Dos 49 expedientes seleccionados para a súa revisión, soamente en 6¹⁶ (tramitados con anterioridade ao período examinado) foron cualificados os beneficiarios como empresa en crise e formalizados ao abeiro das ditas bases. Durante os exercicios fiscalizados non se tramitou ningún aval ao abeiro das bases reguladoras das axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise aprobadas mediante Resolución do 26.12.2005.

Analizada a documentación incluída nos expedientes que non se tramitaron ao abeiro da dita Resolución (nomeadamente das solicitudes e manifestacións sobre a situación económica da empresa dos informes relativos á solicitude do aval), observouse, nos casos que se reflicten no seguinte cadro, que as empresas atopábanse nunha situación financeira difícil que cuestiona se non puideran considerarse como empresa en crise ao abeiro da base 2.2 letra d) da antedita Resolución.

¹⁶ AV0218, AV0273, AV320 (3 exp.), AV0331.

Cadro 33. Expedientes que evidencian unha situación financeira difícil

Exp.	Data concesión	Importe formalizado (euros)	Risco vivo a 31.12.2013 (millóns euros)	Evidencia obtida dos expedientes
AV0257	28.09.2007	24.500.000	EXECUTADO	Perdas continuadas que reducen os fondos propios ata acadar contías negativas. Baixa rendibilidade, estrutura financeira pouco equilibrada cun elevado endebedamento. O plan de viabilidade sustentábase na consecución de operacións inmobiliarias de carácter especulativo.
AV0358	23.03.2009	6.003.000	EXECUTADO	Inviabilidade do proxecto de investimento. Baixada de vendas en tódalas marcas, a incapacidade para acadar o volume necesario para chegar ao punto morto, a imposibilidade de realizar activos e continuas tensións de tesourería
AV359	23.03.2009	11.500.000	9.722.888	Na data de concesión o grupo atravesaba por unha situación financeira deficitaria, como consecuencia das restricións na concesión de financiamento para circulante por parte das entidades financeiras, e debido a que os vencementos das débedas non se adaptan á capacidade de reembolso. Segundo o informe referido á modificación tanto a empresa a nivel individual como consolidando os estados financeiros coas sociedades dependentes, presentan un patrimonio neto negativo, atopándose algunhas sociedades en causa de disolución polo que é necesario restablecer o equilibrio patrimonial
AV0440	11.12.2009	1.200.000	EXECUTADO	Graves dificultades para o mantemento das súas operacións, dada a imposibilidade de atender aos seus pagos operativos.
AV0582-1	27.01.2010	500.000	EXECUTADO	Este aval complementaba o financiamento transitorio do Aval 440, tratando de garantir as necesidades operativas imprescindibles para manter a empresa en funcionamento.
AV0687(10 exp)	2.12.2010	8.123.000	7.983.573	Forte e rápido deterioro das vendas e da situación financeira. Drástica caída das vendas, en grande medida dun financiamento inapropiado dos investimentos realizados nos derradeiros anos, tanto en Galicia coma en Chile. O cash-flow negativo no primeiro semestre de 2010, os fondos propios deteriorados no importe das perdas e o elevado endebedamento a curto prazo (59% do balance total) que non pode ser atendido no seu vencemento.
AV0701/0702	12.05.2011	1.500.000	EN EXECUCIÓN	Caída das vendas Falta de liquidez como consecuencia da diminución do cash-flow anual, aumento do prazo de cobro en clientes e retraso no cobro das obras executadas. A empresa foi declarada en concurso de acredores 4 meses despois da formalización do aval.
AV0834 (6 exp)	8.10.2012	450.000	450.000	Non se cumpriron as previsións incluídas no plan de negocio, acadándose perdas debidas, entre outras causas, a unha xestión deficiente, que permitiu que os produtos se comercializasen de xeito continuado con marxe de contribución negativa. Foron necesarias actuacións financeiras posto que a sociedade, a tenor do artigo 363 da Lei de Sociedades de Capital, atopábase incurso en causa de disolución, cun patrimonio neto inferior ao capital social
AV0855	25.09.2012	375.000	375.000	As perdas levan os fondos propios a magnitude negativa. O cash flow operativo insuficiente para atender aos vencementos a partir de finais de 2013. Risco elevado na concesión.
AV0865	19.07.2013	1.200.000	1.200.000	Deterioro patrimonial que tería situado os Fondos Propios de 2012 en negativo de non ter efectuado unha ampliación de capital. Falta de liquidez e en negociación dunha reestruturación financeira. Rendibilidade insuficiente para cubrir os gastos financeiros e as amortizacións derivadas de investimentos excesivos. Risco elevado na concesión.

Fonte: Elaboración propia cos datos obtidos, fundamentalmente, dos informes relativos ás solicitudes do aval. No caso do AV359, os datos que se reproducen resultan dos informes relativos á solicitude do aval e á modificación (abril 2013).

Segundo as explicacións facilitadas polo Igape, a avaliación da situación financeira da empresa aos efectos de cualificala como empresa en crise, efectúase tendo en conta só os parámetros obxectivos establecidos nos apartados a) e b) (desaparición de máis da metade do capital social ou fondos propios e perdas de máis dunha cuarta parte dos mesmos nos últimos doce meses) e non as restantes circunstancias que definen as empresas en dificultades ao abeiro da Comunicación da Comisión e da base 2 da Resolución do 26.12.2005.

Ao noso xuízo, esta simplificación resultaría posible no caso das axudas a PEMEAs concedidas ao abeiro do Regulamento núm.800/2008, pero tratándose de avais directos concedidos ao abeiro do Decreto 284/1994, entendemos que non concorren os requisitos de transparencia da axuda esixidos no artigo 5 do dito Regulamento, polo que debería xustificarse en cada expediente a presenza ou non das circunstancias previstas na mencionada Resolución¹⁷.

4. Co fin de determinar se as empresas avaladas se beneficiaron ademais doutras axudas e para valorar o grao de cumprimento das obrigas asumidas, solicitouse unha relación dos distintos apoios económicos concedidos polo Igape, Xesgalicia ou fondos de capital risco na que se especificase os préstamos ou distintas liñas de axudas outorgadas ás empresas incluídas na mostraxe. Tamén se solicitou información referida á situación deses expedientes e ao cumprimento por parte do beneficiario ou, no seu caso, impagos ou cantidades pendentes.

Non se respostou a esa petición nos termos solicitados. Achegouse unha relación sobre a carteira de riscos de Xesgalicia e Igape a data 31.03.2014 (que se inclúe como Anexo V unicamente no que se refire ás empresas incluídas na mostraxe) así como unha información puntual sobre algún beneficiario, pero non se puido cuantificar o apoio total de cada empresa.

Sen prexuízo de que a fiscalización non abarcou á entidade Xesgalicia S.A. nin, por conseguinte aos apoios outorgados por esta, o dito Anexo evidencia que 7 empresas beneficiarias dos avais fiscalizados contaban con apoios económicos de Xesgalicia, en forma de participacións de capital e préstamos participativos, e outras dúas empresas tiñan concedidos préstamos por parte do Igape.

Nalgún dos expedientes analizados atopáronse evidencias documentais da existencia doutras débedas ou axudas. Neste sentido, advertíronse as seguintes:

- A empresa beneficiaria do AV257 concedéronse avais posteriores (AV358,AV440, AV582-1 e 2) ascendendo o risco total asumido coa mesma a 32,2 millóns de euros.

¹⁷ No trámite de alegacións o Igape manifestou discrepancias sobre as evidencias reflectidas no cadro 33 que se recollen na alegación nº 5

- A empresa beneficiaria do aval AV322 adebedaba ao Igape, no momento da solicitude do aval, 2,59 millóns de euros como consecuencia do pagamento aprazado ao Igape pola compra dunha parcela na que se atopan as instalacións principais da empresa. Segundo a información facilitada polo Igape, con data 17.06.2016, a empresa dende a primeira liquidación esixible, setembro de 2002, ata a data, vén atendendo puntualmente os vencementos trimestrais das cantidades aprazadas e os seus correspondentes xuros. Este aval vencía o 26.03.2016 e a operación avalada foi cancelada o 28.12.2015 polo que, segundo a documentación achegada como feitos posteriores á fiscalización, solicitouse a cancelación da garantía o 18.01.2016.

- A empresa beneficiaria do AV353 conta tamén con apoios de SODIGA en forma de participacións en capital por importe de 4,5 millóns e préstamos participativos por 3,17 millóns. O aval vencía o 9.07.2016 e foi prorrogado ampliándose o prazo de vixencia ata o 9.07.2020.

- O grupo empresarial beneficiario dos avais AV359-1 e 2, á data de solicitude do aval xa tiña vixente outro (AV283) cuxo importe formalizado ascendía a 3,1 millóns de euros e contaba cun préstamo participativo de Sodiga por importe de 6 millóns de euros. Segundo a información contida no informe relativo á modificación destes avais, emitido con data 29.04.2013, contaba ademais cun préstamo do Fondo Emprende por importe de 2,9 millóns de euros. O risco total da Xunta de Galicia co grupo ascendía na data de subscrición do dito documento a 21,7 millóns de euros.

- A empresa beneficiaria do AV403 contaba tamén cun préstamo participativo de Xesgalicia por importe de 1,5 millóns de euros.

- A empresa beneficiaria dos avais 687-1 a 10, tiña concedido un préstamo Igape-Bei por importe de 3,36 millóns de euros e adebedaba principal e intereses por importe de 829.424 € á data do informe sobre a solicitude do aval. Para atender á dita débeda efectuouse o endoso da anualidade dunha subvención concedida pola Consellería do Mar por importe de 1.021.800 €.

Non obstante, esta anualidade non foi cobrada pola falla ou incapacidade de obtención do correspondente aval bancario por parte da empresa. O informe da SPAC afirma que a empresa presentou unha solicitude de prórroga para a xustificación ante a Consellería do Mar que se atopaba pendente de resolución.

- A beneficiaria dos avais AV834-1 a 3, subscritos ao efecto de refinarciar parcialmente outros 5 (avais AV635- 1 a 5) formalizados ao abeiro do programa Re-brote, tiña así mesmo concedidos os avais AV608 -1 a 5 por importe de 1,6 millóns de euros, que foron prorrogados en datas inmediatamente anteriores á concesión dos avais fiscalizados.

No período 2010 a 2012, Xesgalicia, S.A. concedeu á dita beneficiaria préstamos participativos sucesivos por importe de 4,09 millóns de euros, mesmo pese as deficiencias na xestión detectadas por Xesgalicia S.A., que no exercicio 2012 efectuou un seguimento directo das actividades da empresa avalada.

- A empresa beneficiaria do aval AV855 contaba cun préstamo BEI por importe de 600.000€ e subvencións da Consellería de Traballo e Benestar e da Deputación Provincial de Ourense, que segundo a conta de resultados do exercicio anterior á concesión ascendían a 665.974 euros.

- A empresa beneficiaria do AV859 tiña vixente na data da solicitude un aval cun risco vivo de 2,22 millóns (AV329) e outro ao abeiro do Plan Rebrote por importe de 800.000 euros (AV669) que se cancelaba ao concederse o novo aval por imposibilidade de renovar a garantía concedida ao abeiro do dito Plan.

IV.5. FINALIDADE DOS AVAIS

O artigo 2 do Decreto 284/1994 establece que os créditos e liñas de financiamento que se avalen deben destinarse integramente á creación, ampliación, reconversión e reestruturación das empresas dentro do plan económico-financeiro elaborado ao efecto.

Atendendo ao seu obxectivo e finalidade, de conformidade co establecido no acordo da CDXGAE do 10.05.1995 pódense diferenciar os seguintes tipos de avais:

- a) Avais para apoiar plans de viabilidade de empresas;
- b) Avais para apoiar accións que sexan consecuencia de plans e programas sectoriais de competitividade así como aquelas que, con igual finalidade, poñan en marcha empresas ou grupos empresariais de especial interese socioeconómico para Galicia;
- c) Avais para o apoio e promoción de novas empresas ou ampliación das existentes.

O destino das operacións garantidas ao abeiro das liñas de convenio Re-Brote e Re-Export veñen determinados polas bases reguladoras.

O programa Re-Brote consiste nunha liña de avais para facilitarlles ás empresas galegas o acceso ao financiamento operativo adicional. Aprobouse mediante acordo do Consello de Dirección do Igape do 28.07.2009 co obxecto de paliar as dificultades na obtención de financiamento de circulante como consecuencia da situación de crise financeira global.

O programa Re-Export consiste nunha liña de avais para facilitar ás empresas galegas o acceso ao financiamento destinado ao inicio ou incremento da súa actividade exportadora, instrumentada mediante convenio coas entidades colaboradoras.

Durante os exercicios fiscalizados, tódolos avais directos que se concederon encadráronse no suposto contemplado no punto 1º letra a) do acordo da CDXGAE de apoio a plans de viabilidade.

Dos expedientes incluídos na mostraxe, soamente un (AV257) encadrouse no punto b) do acordo antedito, para apoiar accións que sexan consecuencia de plans e programas sectoriais de competitividade. Os demais avais concedéronse para apoiar plans de viabilidade.

No anexo XII inclúese un cadro coa información referida á finalidade das operacións avaladas incluídas na mostraxe e á situación dos avais referida á data de redacción do anteproxecto (outubro 2016).

Polo que respecta á eficacia na consecución da finalidade dos avais, de acordo coa revisión efectuada, e tendo en conta os datos remitidos como feitos posteriores á fiscalización que se reproducen no dito anexo, os resultados son os seguintes:

No tocante aos avais incluídos nas liñas de avais Re-brote (1) e Re-export (6), por un importe global de 855.000 euros, foron cancelados ao seu vencemento. No que se refire aos avais do Programa Re-Export, a ausencia da memoria esixida polas bases reguladoras, referida ao importe das exportacións realizadas durante o período de vixencia da operación e nos 2 anos anteriores, impide verificar a finalidade última desa liña de axudas.

No tocante aos avais directos, en 2 expedientes (AV322 e AV859) os avais canceláronse ao seu vencemento e 6 (AV835-1 a 6) seguen vixentes sen incidencias. Nos restantes supostos ou foron prorrogados ou ben se concedeu un novo aval ou ben concorren circunstancias que evidencian dificultades para conseguir a viabilidade das empresas.

Os avais AV385, AV403, AV701 e AV702, por un importe conxunto de 12,5 millóns de euros, non resultaron eficaces para reconducir á situación financeira das empresas avaladas que entraron na fase de liquidación, atopándose os avais en trámite de execución e polo tanto pendentes de pagamento pola CA. No que atinxe ao AV403, como se relata na epígrafe IV.7 no apartado relativo á execución dos avais, consta o informe de non cumprimento que cuestiona a finalidade do aval.

No tocante os avais incluídos na mostraxe que se escolleron en atención a súa condición de falidos, revelaron tamén a ineficacia deses avais para permitir a reestruturación e viabilidade das empresas que foron declaradas en concurso de acredores entrando algunhas delas na fase de liquidación como se reflicte no anexo XII.

No tocante ao préstamo sindicado avalado no expediente AV257¹⁸, por importe de 35 millóns de euros (garantido nun 70% polo Igape), os pagamentos efectuados con cargo ao mesmo foron obxecto de rescisión parcial como consecuencia do incidente concursal resolto pola sentenza do Xulgado mercantil nº 3 de Pontevedra 341/2010, do 28.01.2011, confirmada en apelación pola sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra 103/2012, do 8 de marzo.

En concreto, declarouse a rescisión dos pagamentos efectuados pola empresa avalada á unha sociedade inmobiliaria por importe de 11,8 millóns de euros, por ter sido efectuados a favor dunha entidade vinculada á sociedade concursada, en merma doutros acredores, con conculcación do principio de igualdade de trato entre acredores (*par conditio creditorum*).

Consta, así mesmo, outro pronunciamento emitido no incidente concursal 178/11 polo Xulgado Mercantil nº 3 de Pontevedra, promovido por outro acredor que pretendía estender a declaración de ineficacia por rescisión aos pagamentos efectuados pola concursada ás entidades financeiras e, polo tanto, que se decretase a ineficacia das escrituras de contragarantías e constitución de hipotecas formalizadas entre o Igape e a empresa avalada. A dita pretensión foi desestimada en primeira instancia en virtude da Sentenza 152/2011, do 10.11.2011 e en apelación pola Sentenza 390/2012 da Audiencia Provincial de Pontevedra, do 10.07.2012, contra a que se interpuxo recurso de casación ante a Sá do Civil do Tribunal Supremo que foi desestimado pola Sentenza 363/2014, de 9.07.2014.

IV.6. CUMPRIMENTO DOS LÍMITES DE CONTÍA E PRAZO NA CONCESIÓN DE AVAIS

Os avais están suxeitos aos límites de contía e prazo previstos no Decreto 284/1994, nas leis de Orzamentos da Comunidade Autónoma e no acordo da CDXGAE do 10.05.1995.

O decreto prevé a posibilidade de superar os límites, tanto cuantitativos como de duración, se así se establece por acordo do Consello da Xunta a proposta do conselleiro de Economía.

Límites cuantitativos

O artigo 5.1 do decreto dispón que os avais que conceda o Igape axustaranse aos seguintes límites cuantitativos:

- a) Non excederán, para cada caso, do 5% da contía global establecida na lei de orzamentos de cada ano para os avais do Igape¹⁹.

¹⁸ Os parágrafos referidos a este expediente foron modificados ou suprimidos como consecuencia da alegación nº 6

¹⁹ No tocante aos exercicios fiscalizados as leis de orzamentos de 2011, 2012 e 2013 prevén que o IGAPE poderá conceder avais en contía que non sobrepase en ningún momento o saldo efectivo vixente de 500.000.000 de euros (artigos 37.2, 39.2 e 44.3, respectivamente).

b) Poderán garantir ata o 100% da totalidade do principal dos créditos e demais liñas ou operacións financeiras destinadas á reconversión ou reestruturación de empresas e ata o 70% dos destinados á súa creación ou ampliación. Respecto dos xuros, aplicarase o que se determine no contrato de aval (apartado modificado polo Decreto 132/1995, do 10.05.1995).

c) As operacións de especial interese socio-económico poderán ser garantidas na súa totalidade.

Dentro da autorización máxima que conteñan as leis de orzamentos de cada ano, os avais distribuiranse de conformidade cos criterios establecidos no acordo da CDXGAE do 10.05.1995.

No dito Acordo establécense as seguintes porcentaxes:

a) Ata un 30% do total autorizado en cada exercicio para apoiar plans de viabilidade de empresas.

b) Ata un 30% do total autorizado en cada exercicio para apoiar accións que sexan consecuencia de plans e programas sectoriais de competitividade, así como aquelas que, con igual finalidade, poñan en marcha empresas ou grupos empresariais de especial interese socioeconómico para Galicia.

c) Ata un 40% para o apoio e promoción de novas empresas ou ampliación das existentes.

O antedito acordo concreta tamén o límite referido á porcentaxe que se pode garantir. Establece que nos avais que conceda o Igape a garantía que se preste non excederá do 70% do crédito que se afiance. Non obstante e logo de xustificación no expediente, cando se trate de apoiar plans de viabilidade de empresas, poderanse alcanzar os límites previstos no Decreto 132/1995 do 10 de maio, polo que se modifica o Decreto 284/1994.

Existe outro límite imposto pola normativa da Unión Europea. A comunicación 2008/C155/02 entre as condicións que debe cumprir un réxime de garantía para descartar a presenza de axuda estatal, establece no punto 3.4 c) que as garantías non cubran máis do 80% do préstamo ou obriga financeira pendente. Para garantir que o prestamista corre efectivamente con parte de risco, debe prestarse atención aos aspectos seguintes: a) cando o volume do préstamo ou da obriga financeira diminúa co tempo, por exemplo debido a que empeza a devolverse o préstamo, a cantidade garantida deberá diminuír proporcionalmente, de forma que en todo momento a garantía non cubra máis do 80% e b) as perdas deberán soportalas proporcionalmente e de igual forma o prestamista e o garante.

Das comprobacións realizadas obtivéronse os seguintes resultados:

- 1) Respectouse o límite global previsto na lei de Orzamentos.
- 2) A comprobación do cumprimento dos límites cuantitativos para cada operación avalada realizouse sobre os expedientes incluídos na mostraxe obténdose o seguinte resultado:
 - Os expedientes de avais non excederon o 5% da contía global establecida na Lei de Orzamentos, agás o expediente AV0257 no que se superou este límite coa autorización do Consello da Xunta²⁰.
 - En 7 expedientes²¹ avalouse unha porcentaxe superior ao 70% do principal da operación garantida. En 5 deles garantiuse o 100% da operación sen explicitar os motivos que xustificaron a superación da dita porcentaxe, o que reviste especial importancia tratándose en 3 deles (AV320-1 a 3) de axudas a unha empresa en crise tramitadas ao abeiro da Resolución do 26.12.2005 cun aval anterior e nos outros dous (AV440, AV582-1) de avais concedidos a unha empresa en crise á que xa se lle concederan dous avais por un importe conxunto de 30,5 millóns de euros²².
 - En 2 expedientes (AV385 e AV403)²³ advertiuse a toma de decisións que suporían un incremento da porcentaxe establecido na Comunicación 2008/C155/02 que dispón que, cando o volume do préstamo ou da obriga financeira diminúa, a cantidade garantida deberá diminuír proporcionalmente, de forma que en todo momento a garantía non cubra máis do 80%.

Nestes expedientes, como presuposto para votar a favor da proposta de convenio de acredores, as entidades financeiras esixían o compromiso de que o aval do Igape non se vese afectado pola quita e espera contida na proposta. No AV385 establecíase un límite máximo para que a garantía non superase a débeda por principal resultante trala quita. No AV403, sen embargo, o importe máximo avalado polo Igape podería superar o importe da obriga de reintegro da empresa fronte ás entidades financeiras.

Aceptouse o compromiso condicionado a que o aval non fose esixible mentres a empresa avalada cumprise coas condicións do convenio e que o Igape mantivese íntegro o seu dereito de recobro fronte á empresa.

²⁰ O artigo 32 da Lei 14/2006, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2007 estableceu que o Igape poderá conceder durante o ano 2007 avais en contía que non supere en ningún momento o saldo efectivo vixente de 300.000.000 de euros. Polo tanto o límite do 5% situábase nos 15 millóns de euros.

²¹ AV320-1 a 3, AV359-2, AV440, AV582-1 e AV855.

²² Referencia suprimida como consecuencia da alegación nº 7

²³ Nos expedientes AV701 e AV702 detectouse a solicitude do mesmo compromiso por parte do Igape pero non constaban no expediente os acordos adoptados.

A xustificación de acceder a tal petición fundamentábase, entre outras, na razón económica de evitar unha liquidación da empresa que sería mais prexudicial para a posición do Igape xa que conlevaría a inmediata esixibilidade do importe avalado.

O informe da SSXDCP informou da legalidade da proposta sempre que o autorizase a Consellería de Facenda, de conformidade co artigo 22 do TRLRFO. Nos dous expedientes analizados, a DXPFT manifestou que non resultaba precisa a autorización previa do/a Conselleiro/a de Facenda ao non producirse unha afectación dos dereitos da facenda autonómica de acordo cos condicionantes expostos, toda vez que o Igape mantería integramente os seus dereitos de cobro.

Ao noso xuízo, o feito de que o Igape manteña os seus dereitos de cobro non exclúe que se produza unha afectación dos dereitos da Facenda Autonómica, derivada do feito da asunción dunha responsabilidade económica, en calidade de fiadora que, no caso do aval AV403, podería superar ao importe da obriga garantida, sen prexuízo da consideración á luz da normativa da Unión Europea, tendo en conta a superación do límite porcentual previsto na Comunicación da Comisión.

Non obstante, segundo a información achegada como feitos posteriores á fiscalización, as empresas entraron en fase de liquidación polo que se retomaron os trámites para a execución do aval pero non se achegou a información solicitada sobre a efectividade do convenio. No tocante ao aval AV403 consta un informe de non cumprimento da finalidade da operación avalada polo que se consideran incumpridos os requisitos para o pagamento do aval. En canto ao AV385 non se dispuxo de información que permita coñecer cales foron os efectos do convenio de acredores.

Límites temporais

De conformidade co artigo 5.2 do Decreto 284/1994 a duración dos avais que conceda o Igape, agás que o autorice o Consello da Xunta, non excederá dos seguintes prazos:

- a) 5 anos nos casos de reconversión e reestruturación de empresas, así como para os previstos no artigo 2.4 (operación de especial interese socio-económico).
- b) 7 anos para os supostos de creación ou ampliación de empresas.

A comprobación do cumprimento deste límite realizouse sobre a relación de expedientes que integran a mostraxe obténdose os seguintes resultados:

- Dos 49 expedientes seleccionados, a duración excede os 5 anos en 30 (61%), e en ningún caso se trataba de avais para creación ou ampliación de empresas. En tódolos casos someteuse o expediente á aprobación do Consello da Xunta para autorizar a superación do dito prazo, cumprindo co establecido no artigo 5.3 do Decreto.

- 6 ²⁴ dos expedientes incluídos na mostraxe corresponden a novos avais que refinancian operacións previamente avaladas polo Igape. En 5 deles trátase da concesión de novos avais directos por non poder prorrogar un aval anterior concedido ao abeiro da liña de avais Rebrote. No expediente AV353, que vencía o 9.07.2016, acordouse ampliar o prazo de vixencia ata o 9.07.2020, mediante acordo do CD adoptado o 16.12.2015. Así mesmo, o AV855 cancelouse o 29.12.2015 e concedeuse un novo aval (AV880)

Estes feitos non respectan o establecido no punto 3.4 b) da Comunicación 2008/C155/02 que esixe a vinculación da garantía a unha transacción financeira específica por un período limitado.

IV.7. PROCEDIMENTO PARA A CONCESIÓN E XESTIÓN DE AVAIS

O artigo 7 do Decreto 284/1994 dispón que os expedientes de avais serán concedidos e formalizados polo Igape de acordo co establecido no decreto e, se fose o caso, coas autorizacións e instrucións establecidos polo Consello da Xunta.

O proceso operativo de concesión e xestión de avais regúlase en dous manuais de procedementos aprobados polo Igape, un referido aos avais directos e outro aos avais do programa Re-Brote. Neles se desenvolven os principais trámites do procedemento mediante o que se formaliza un aval entre unha empresa e o Igape.

Co fin de analizar se a concesión dos avais se efectuou de conformidade coas disposicións contidas no Decreto e na normativa interna do Igape, revisáronse os trámites máis salientables dos expedientes incluídos na mostraxe seleccionada.

A continuación expóñense os resultados da fiscalización sistematizados en atención ás distintas fases do procedemento: iniciación, instrución, terminación, seguimento da operación avalada e execución dos avais.

Iniciación

A iniciación do procedemento é diferente segundo se trate de avais de convenio ou de avais directos.

Nos primeiros, con carácter previo á formulación da solicitude do aval o interesado debe acudir á correspondente entidade financeira colaboradora a cal deberá aprobar a operación que será obxecto do aval. Unha vez aprobada esta operación, condicionada á achega do aval do Igape, deberán

²⁴ AV353, AV834-1 a 3, AV859, AV865

presentar a súa instancia acompañada da documentación especificada no convenio de colaboración regulador da liña de aval.

Nos avais directos, con carácter xeral, non está aprobada previamente pola entidade financeira a operación que se avala. Os interesados deben presentar ante o Igape a súa instancia de solicitude conforme ao modelo normalizado correspondente e, con carácter xeral, debe acompañarse da documentación e información prevista no artigo 6 do Decreto 284/1994, agás nos supostos nos que o Consello de Dirección exima ao solicitante da presentación daquela parte da documentación que non resulte relevante para a concesión da garantía solicitada²⁵

No tocante á documentación que acompaña a solicitude, en tódolos expedientes analizados consta unha certificación subscrita polo subdirector competente, de Programas de Acceso ao Crédito ou de Programas de Financiamento (no casos dos avais de convenio), na que acredita que a solicitude ven acompañada da documentación esixida polo Decreto ou ben que non se presentan determinados documentos en virtude da exención proposta polo director xeral do Igape ao Consello de Dirección ao abeiro do artigo 6.3 do Decreto de avais.

A exención de determinada documentación acordouse en 12 expedientes²⁶, sendo o documento eximido o plan económico-financieiro elaborado por auditor independente. Nos expedientes AV0353, AV0834-1 a 3 e AV835-1 a 6 xustificouse esta excepción por constar no expediente un plan de negocio elaborado polos técnicos de Xesgalicia. No AV0859, que refinanciaba un aval anterior, adúcese que non se considera relevante aos efectos da concesión do aval solicitado e maniféstase no informe da SPAC que as actividades normais da empresa continúan desenvolvéndose sen cambios significativos respecto ao PEF presentado ao Igape para o aval anterior en novembro de 2010.

Entre a documentación que debe acompañar á solicitude de aval, segundo o manual operativo, inclúese a declaración tributaria dos tres últimos exercicios e certificación do estado actual das relacións coa Facenda central e autonómica e Seguridade Social. Non constaba a dita certificación nos expedientes AV0358, AV0440, AV582-1, AV855. No expediente AV0218 na declaración referida ao cumprimento das obrigas fiscais e coa Seguridade Social non se manifesta estar ao corrente coa Seguridade Social e na propia solicitude de aval afirmase que o préstamo para o que se solicita o aval está destinado, entre outras, á cancelación de débeda coa Seguridade Social.

²⁵ O Decreto 132/1995, do 10 de maio, engadiu un parágrafo 3 no artigo 6 do decreto 284/1994, establecendo que nos supostos a que se refiren os números 4 e 5 do artigo 2 (operacións de especial interese socioeconómico e reavais) así como nos avais técnicos ou de similar natureza, o Consello de Dirección do Igape poderá eximir ao solicitante da presentación daquela parte da documentación prevista no número 1 deste artigo, que non resulte relevante para a concesión da garantía solicitada.

²⁶ AV0353, AV0358, AV834-1 a 3, AV835-1 a 6 e AV0859.

Instrución

Na fase de instrución prodúcense os actos máis relevantes para tomar a decisión sobre a concesión ou denegación dos avais. As unidades implicadas nesta fase son as seguintes:

- A SPAC que efectúa os requirimentos de subsanación de documentación, emite o informe de valoración das solicitudes presentadas (nos avais de convenio correspóndelle á Subdirección de Programas de Financiamento) e remite o expediente para control previo da Intervención Xeral;
- A SSXDPC que emite o informe xurídico;
- A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ou a Intervención Delegada, que efectúa o control previo do expediente;
- A Dirección Xeral do Igape que formula a proposta de resolución.

Analízanse a continuación os distintos trámites procedimentais expoñendo as consideracións sobre aqueles aspectos que se consideraron máis salientables:

Avaliación das solicitudes

A avaliación das solicitudes presentadas realízase de xeito diferente segundo se trate de avais directos ou avais de convenio.

Nos avais de convenio (Plan Re-Brote e Re-Export), as bases reguladoras prevén a constitución dun comité de investimentos, designado polo director xeral do Igape, que avaliará as solicitudes logo do informe dos servizos técnicos. Este comité está formado por tres técnicos do Igape e dous técnicos de Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco, S.A. Nos avais do Plan Re-Brote tamén participa un técnico da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria. É o subdirector de Programas de Financiamento quen subscribe o informe-proposta que se traslada ao comité de investimentos para a avaliación das solicitudes.

Nos avais directos non está expresamente regulado este trámite no manual de procedementos. Contéplase á xeración dun informe de valoración das solicitudes no apartado referido á emisión do informe xurídico pola SSXDPC. Sen embargo, o informe relativo á solicitude do aval o emite a Subdirección de Programas de Acceso ao Crédito.

O manual de procedemento dos avais Re-Brote establece que o obxectivo da fase de avaliación da solicitude é verificar o cumprimento dos requisitos esixidos polas bases reguladoras para obter a condición de beneficiario atendendo aos datos relativos á operación así como a avaliación do risco da operación.

Da revisión efectuada obsérvase que son os informes dos subdirectores os que se pronuncian sobre o cumprimento dos requisitos para poder ser beneficiarios e reproducen a información económica presentada polo solicitante, efectuando unha análise da evolución económico-financeira da empresa. Agás en 4²⁷ expedientes, non consta un pronunciamento preciso sobre o risco que se asume nin sobre a capacidade que ten a empresa para afrontar os compromisos derivados da operación que vai avala o Igape. No caso dos avais de convenio, o comité de investimentos limitábase a acordar a elevación das propostas para a súa aprobación polo director xeral sen que se deixo constancia na acta da realización dunha valoración das solicitudes.

Nos avais directos o informe da SPAC contén un pronunciamento sobre a cualificación da empresa en crise e sobre o cumprimento dos límites establecidos para non ser considerada axuda estatal, sen especificar os fundamentos que xustifican o dito pronunciamento. As restantes unidades implicadas na instrución e no control previo non efectúan ningunha comprobación senón que apoian os seus informes nas manifestacións efectuadas pola SPAC. Isto é unha debilidade da tramitación xa que recae nunha única persoa a validación do cumprimento de requisitos esenciais para a tramitación do aval.

Nos avais de convenio, como xa se comentou na epígrafe IV.4, os expedientes contiñan un informe relativo á non consideración de axuda estatal. Neste inclúese un apartado cun pronunciamento expreso sobre esta cuestión no que se indica que a dita comprobación é realizada tamén polas entidades financeiras xa que deben comprobar a solvencia das beneficiarias para asumir a súa parte de risco na operación.

Informe xurídico

Segundo o manual de procedementos de concesión e xestión de avais directos, o informe xurídico versará sobre a solicitude presentada, o documento de aval e as garantías a constituír a favor do Igape.

En tódolos expedientes revisados consta o informe xurídico emitido pola SSXDCP. O dito informe pronúnciase sobre a necesidade de cumprimento dos requisitos procedimentais esixidos pola normativa (tales como o sometemento a intervención previa ou as preceptivas autorizacións do Consello da Xunta ou declaración da CDXGAE) pero en aspectos significativos tales como o cumprimento dos límites para non ser considerada axuda estatal remítese ao informe emitido pola SPAC.

²⁷ AV776-1 e 2, AV855 e AV865.

En tódolos expedientes analizados o informe conclúe que, unha vez tomados os acordos preceptivos polos órganos competentes, os termos e condicións dos proxectos de documento de aval e do contrato de garantía, axústanse á normativa contida nos Decretos 284/1994 e 132/1995 que o modifica, sen que conste ningún pronunciamento sobre a observancia da normativa da Unión Europea.

Proposta de resolución

A proposta de resolución dítase polo director xeral do Igape e pode ser de concesión, denegación ou arquivo da solicitude.

Nos expedientes analizados comprobouse que a proposta foi formulada polo órgano competente subscribíndose con anterioridade ou no mesmo día de evacuación do informe xurídico. Sen embargo, de acordo co manual de concesión e xestión a proposta de resolución debería efectuarse con carácter posterior á emisión do informe xurídico.

De conformidade co procedemento aprobado polo Instituto, na fase de proposta de resolución debe xenerarse o documento contable de retención de crédito. Constatouse a existencia do dito documento en 24 dos 49 expedientes fiscalizados.

Control previo

De conformidade co artigo 12 do decreto 284/1994, os expedientes de avais están sometidos á intervención previa da IXCA. Neste sentido, os manuais internos e as bases reguladoras dos avais de convenio refírense ao trámite de control previo en diferentes termos.

No caso dos avais directos regúlase a remisión do expediente á IXCA como un trámite previo á elevación da proposta de resolución ao Consello de Dirección. Nos avais de convenio, aínda que as bases reguladoras establecen que a IXCA exercerá o control interno con carácter previo á concesión, o manual dos avais Re-Brote dispón que o exercerá á Intervención delegada e nos expedientes analizados consta o informe emitido por esta última.

Nos avais analizados comprobouse que foron sometidos ao control previo da Intervención Xeral, constando en 9²⁸ expedientes ademais do informe da IXCA o informe da Intervención delegada. Porén, en 39 dos 49 que integran a mostraxe, advertiuse que o informe da Intervención foi emitido en data posterior ao acordo de concesión²⁹.

²⁸ AV0218, AV0266, AV0320 (3 exp.), AV0322, AV0331, AV0353 e AV0403.

²⁹ AV218, AV257, AV266, AV273, AV320 (3 exp.), AV322, AV331, AV353, AV358, AV359 (2 exp.), AV385, AV440, AV687 (10 exp.), AV0701, AV0702, AV0834 (3 exp.), AV0835 (6 exp.), AV0855, AV0859, AV0865.

Terminación

Segundo o manual de procedementos, unha vez emitido o informe pola IXCA a proposta de resolución elévase ao CD para que dite o acordo correspondente. No caso dos avais de convenio o manual de procedementos dos avais Re-brote establece que o director xeral do Igape elevará a proposta de resolución ó Presidente, sen embargo é o director xeral quen resolve a súa concesión invocando as bases reguladoras dos programas.

O acordo de concesión estará condicionado á aprobación polo Consello da Xunta de Galicia (CX) ou a Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos (CDXGAE) dependendo do tipo de aval a conceder.

En concreto, require a autorización previa da Comisión Delegada de Asuntos Económicos, declarando a operación de especial interese socioeconómico, a concesión dos avais que se atopen nalgún dos seguintes supostos:

- avais concedidos a favor de entidades que non teñan a consideración de PEME;
- cando se excepcione a constitución de garantías;
- cando se excepcione a achega de documentación esixida polo Decreto 284/1994;
- cando se declare a exención da comisión do aval;

E resulta preceptiva a autorización do Consello da Xunta cando concorran as seguintes circunstancias:

- nos supostos que requiren a intervención da CDXGAE expostos anteriormente,
- cando se establezan condicións especiais de subsidiariedade e/ou se renuncie ao beneficio de excusión de acordo co artigo 4 do Decreto.
- cando se superen os límites de duración dos avais previstos no artigo 5 do decreto.

Analizouse a observancia deste requisito nos expedientes que integran a mostraxe e comprobouse que se cumpriu co requisito de autorización polo CX e da CDXGAE nos supostos que resultaba preceptivo de conformidade co decreto de avais.

En 14 dos 49 expedientes analizados declarouse a operación de especial interese socioeconómico pola CDXGAE, sen que se xustifique a dita cualificación. Da literalidade da documentación examinada despréndese que a declaración fórmulase con carácter xenérico para habilitar a aplicación das excepcións previstas no decreto.

Tendo en conta que a dita declaración determina un trato máis beneficioso para esas empresas e unha maior exposición ao risco no caso de que conleve a excepción de garantías reais, considérase

insuficiente a motivación da declaración que debería xustificar máis detalladamente cales son as circunstancias de especial interese que concorren neses expedientes.

Notificación ao interesado

De conformidade co manual interno, o Igape debe notificar ao interesado o acordo adoptado polo CD dentro dun prazo de 3 meses dende a data de presentación da solicitude.

Na revisión dos expedientes analizados non constaba a documentación acreditativa do cumprimento deste trámite. Non obstante, requirida a dita información achegouse evidencia de que a notificación fóra practicada³⁰ agás en dous expedientes (AV0440 e AV0582-1) nos que non quedou acreditada a súa realización.

En 6 expedientes³¹ incumpriuse o prazo máximo de notificación establecido no manual interno.

Publicación

De conformidade co artigo 13.2 do Decreto, aos avais concedidos polo Igape daráselles publicidade no DOG en canto á identidade do avalado e a contía. En cumprimento do disposto no Decreto publícanse os avais concedidos en cada trimestre.

Verificouse a publicidade no DOG dos expedientes incluídos na mostraxe.

Formalización do aval

Segundo o manual de procedemento de concesión e xestión dos avais directos, o Igape subscribirá coa empresa beneficiaria un contrato de garantía no cal se recollerán as obrigas das partes respecto ao aval prestado e establecerá as condicións específicas e garantías a esixir á empresa avalada, xa sexan dos seus socios, doutras persoas ou da propia empresa.

De conformidade co artigo 10 do Decreto o contrato de aval polo que se instrumentan as relacións entre o Igape e o avalado terá natureza xurídico-administrativa.

O manual interno establece o prazo máximo para a instrumentación do aval e da operación avalada que será de 4 meses a partir da data de notificación da súa concesión.

Finalizado o prazo sen que se instrumente o aval e/ou sen que se formalice a operación avalada, ditarase resolución considerando que o solicitante renuncia ao aval concedido, e ordenando o arquivo do expediente, salvo que, logo de solicitude razoada de prórroga presentada dentro do prazo e acreditando a conformidade da entidade financeira, o Igape autorice a dita prórroga.

³⁰ No expediente AV266 a documentación achegada consistiu nunha captura de pantalla do rexistro de saída.

³¹ AV0776-1 e 2, AV0848, AV0852, AV0859, AV0867.

Segundo a relación facilitada polo Igape, nos anos fiscalizados concedéronse avais por 42 millóns, formalizáronse avais por importe de 36,2 millóns, archiváronse 37 expedientes cuxo importe ascende alomenos a 20 millóns³² e denegáronse 2.

Da revisión dos expedientes incluídos na mostraxe verificouse que con carácter xeral respectouse o prazo máximo, agás en 3 expedientes (AV257, AV359 e AV403) nos que se formalizaron os avais transcorrido o prazo establecido. No AV257 autorizouse unha ampliación do prazo incumprindo o artigo 49 da Lei 30/1992 xa que permitiuse a superación da metade do prazo inicialmente fixado. No AV359 tamén se incumpriu o mencionado artigo por autorizar a prórroga do prazo cando xa estaba vencido.

O trámite de formalización do aval nos avais directos materializase en dous documentos diferentes:

1. Un identificado como documento de aval que subscribe a dirección da área de financiamento e cuxo destinatario é a entidade financeira. Neste non se recolle o contido íntegro do acordo de concesión senón soamente aquelas cláusulas que afectan á executividade do aval.
2. Un contrato de garantía, denominado contrato de contragarantía que subscribe o Igape coa beneficiaria no que se recollen as obrigas das partes respecto ao aval prestado así como as condicións específicas e as garantías a esixir á empresa avalada, reproducindo o contido do acordo de concesión. Este contrato é directamente formalizado ante notario elevándose polo tanto a escritura pública en cumprimento do establecido no artigo 1280 Cc.

Sen embargo, tendo en conta a natureza xurídico-administrativa do contrato de aval de conformidade co disposto no artigo 10 do Decreto, non consta un documento contractual de carácter administrativo que cumpra cos requisitos mínimos previstos e esixidos pola lexislación de contratos do sector público, sen prexuízo da súa elevación posterior a escritura pública.

Dación de contas ao Parlamento de Galicia

O artigo 13 do Decreto de avais establece que trimestralmente daráselle conta ao Parlamento dos avais existentes, dos novos avais concedidos e, se é o caso, dos riscos efectivos aos que a Tesourería da Comunidade Autónoma tivese que facer fronte.

Segundo o manual do Igape, nesta fase debe xerarse un documento de dación de contas ao Parlamento que non constaba en ningún dos expedientes analizados. Non obstante, solicitouse documentación acreditativa do cumprimento deste trámite e achegáronse os oficios rexistrados de saída do Igape que acreditan o envío de información sobre avais á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.

³² Non se dispuxo do importe correspondente a todos os expedientes arquivados.

Seguimento da operación avalada

Segundo o manual interno, o seguimento da operación avalada instrumentalízase a través da remisión ao Igape de información periódica a medida que se amortizan os préstamos avalados. A tal efecto remitiranse ao Instituto xustificantes sobre o estado da execución da operación avalada. Asemade, debe remitirse ao Igape semestralmente o balance e a conta de resultados e, anualmente, as contas anuais.

No acordo de concesión establécese a obriga de remisión de determinada documentación por parte da empresa beneficiaria do aval aos efectos de realizar o seguimento do risco da operación de aval.

No acordos revisados estableceuse unha obriga de comunicación, con periodicidade semestral, da información relativa aos cambios da estrutura accionarial e aos cambios producidos na xerencia, administración ou órganos de goberno así como o balance e a conta de resultados referidos ao semestre e, con periodicidade anual, a obriga de remitir as contas anuais incluíndo o informe de auditoría, no seu caso.

Na maioría dos expedientes revisados constan requirimentos da SPAC reclamando a remisión da dita información sen que conste, en tódolos casos, a resposta ao dito requirimento.

Execución do aval

O artigo 4 do Decreto 284/1994 establece que *os avais terán carácter subsidiario e obrigarán á Tesourería da Comunidade Autónoma polos importes determinados no correspondente contrato de aval só no caso de non poder satisfacelos o debedor principal ou primeiro avalista. Esta situación entenderase producida unha vez admitido a trámite xudicial o expediente de insolvencia. O contrato de aval poderá sinalar outras circunstancias, en cuxo caso haberá de ser previamente autorizado polo Consello da Xunta de Galicia.*

Engade o apartado 2 que *a renuncia ao beneficio de excusión previsto no artigo 1830 do Código Civil concederáse unha vez que, para cada caso, o acordase así o Consello da Xunta de Galicia a proposta do conselleiro de Economía e Facenda (actualmente Conselleiro de Facenda).*

En tódolos expedientes de avais directos establecéronse condicións especiais de subsidiariedade previo acordo do Consello da Xunta que autorizou o CD do Igape a establecer que o aval será executivo, a demanda da entidade financeira, dende o momento en que esta acredite ao Igape que, ademais do requirimento de pagamento á avalada, cumpriuse algunha das seguintes condicións:

- a) que fose declarado o concurso ou admitida a trámite xudicial a solicitude de declaración de concurso da empresa avalada, ou
- b) que transcorresen 180 días dende a data do requirimento notarial á avalada reclamándolle o

reembolso das cantidades pendentes e, ademais, se interpuxese demanda xudicial reclamando o cobro do adebedado.

Ademais destas condicións incluídas en todos os expedientes revisados, detectouse a realización de trámites para incluír unha cláusula de rescisión anticipada do préstamo nos avais AV359-1 e 2 que, se ben se motivou polo Igape como unha cautela para garantir o cumprimento íntegro do plan de refinanciamento global da empresa e evitar a execución dos avais, desvirtúa, en maior medida, o principio de responsabilidade subsidiaria dos avais contemplada no artigo 4 do Decreto 284/1994.

Sobre aqueles expedientes incluídos na mostraxe que chegaron á fase de execución, analizouse o cumprimento dos seguintes trámites:

- En tódolos expedientes revisados a entidade financeira que outorgara o préstamo/crédito avalado dirixiu ao Igape requirimento notarial acompañado da documentación xustificativa correspondente (acta de fixación de saldo, documentos bancarios xustificativos do destino dos fondos do préstamo,...).

Dos 15 expedientes, en 14 a condición de executividade foi a declaración de concurso de acredores con carácter previo ao requirimento de pagamento e nun suposto (AV273) operou a condición do apartado b), polo transcurso do prazo de 180 días.

- Segundo as cláusulas estipuladas nos contratos de avais, unha vez efectuado o requirimento notarial de pagamento e o cumprimento dalgunha das condicións dos apartados a) e b), o importe a aboar polo Igape á entidade financeira será satisfeito nos trinta días seguintes á xustificación documental das mesmas.

Segundo se reflicte no cadro 35, en ningún dos expedientes analizados cumpriuse o prazo de 30 días estipulado nos contratos de avais. O prazo que transcorre entre o requirimento notarial e a data na que o Tesouro da Comunidade Autónoma efectúa o pagamento foi superior a 1 ano en todos os expedientes analizados, agás no AV266.

Nun dos expedientes fiscalizados (AV218) constatouse a existencia dun escrito de reclamación da entidade bancaria no que comunicaba a intención de proceder á reclamación da débeda ante os Tribunais de Xustiza. Polo tanto, resulta aconsellable axeitar o prazo de pagamento estipulado nos contratos aos tempos de tramitación real dos expedientes xa que este incumprimento podería implicar un risco de pagamento de xuros.

- Segundo o manual de procedemento de concesión e xestión de avais directos, tras o requirimento notarial, a SSXDCP e a SPAC elaborarán de modo conxunto o correspondente informe-memoria, que será subscrito pola Dirección Xeral do Igape.

Nos expedientes revisados consta un informe de cumprimento dos termos e condicións na execución do aval. Nuns expedientes³³ subscrito pola SPAC e noutros pola Dirección da Área de Financiamento. Consta así mesmo a proposta da Dirección Xeral do Igape sobre a execución do aval.

Constatouse a realización por parte do Igape de actuacións de comprobación tendentes a verificar a xustificación da aplicación dos fondos á finalidade para a que se formalizou a operación avalada. Como consecuencia da dita revisión quedan acreditados nos expedientes os requirimentos de documentación xustificativa do destino e se produciron reducións por importe de 610.853 euros no importe pagado con respecto á cantidade solicitada pola entidade financeira, que se reproduce no seguinte cadro, o que representa unha baixa dun 1,5 % respecto ao reclamado.

Cadro 34. Redución de importes con respecto ao reclamado polas entidades financeiras

(euros)

Expediente	Data de formalización	Auto de declaración de concurso de acredores	Importe reclamado	Importe pagado	Reducións
AV0218	26.05.2005	18.03.2009	610.588,90	582.326	28.263
AV0257	28.09.2007	16.04.2010	24.500.000	24.500.000	0
AV0266	28.12.2007	3.11.2008	2.800.000	2.800.000	0
AV0273	28.03.2008	-----	2.352.000	2.352.000	0
AV0320-1 a 3	19.12.2008	3.11.2008	1.687.258	1.120.995	566.263
AV0331	02.02.2009	8.03.2012	1.076.077	1.059.750	16.327
AV0358	23.03.2009	16.04.2010	6.003.000	6.003.000	0
AV0440	11.12.2009	16.04.2010	1.200.000	1.200.000	0
AV582-1	27.01.2010	16.04.2010	500.000	500.000	0
Total			40.728.924	40.118.071	610.853

Os traballos de fiscalización non alcanzaron á revisión dos xustificantes polo que non se emite un pronunciamento sobre a corrección ou incorrección das cantidades pagadas. Non obstante, cómpre poñer de manifesto as dificultades para efectuar o seguimento da aplicación dos fondos cando o destino é o financiamento de circulante, xa que o pagamento das facturas non se efectúa directamente dende a conta do préstamo senón mediante traspaso a outra conta de titularidade do avalado dende a que realizan as transferencias o que pode dificultar a verificación do destino

³³ AV218, AV257, AV266, AV273, AV440 e AV5821.

dos pagamentos. Preguntado por esta cuestión, afirmouse a inexistencia de riscos neste aspecto xa que na revisión que se realiza faise un rastrexo dos pagamentos verificando a aplicación final dos fondos transferidos dende a conta do préstamo e esta comprobación non soamente a efectúa o Igape senón tamén a Intervención Xeral e, no seu caso, a administración concursal.

Como feitos posteriores á fiscalización, advertiuse que nun dos expedientes analizados (AV403), cun risco vivo de 4,2 millóns, como consecuencia das verificacións efectuadas polos servizos técnicos do Igape, emitiuse o informe suscrito pola SPAC e a dirección da Área de Financiamento no que se conclúe que non se poden dar por cumpridos os requisitos para tramitar o pagamento do aval debido ao incumprimento das finalidades para as que foi concedido.

O 68% do préstamo formalizado debía destinarse á reestruturación de débedas bancarias e o 32% a financiamento de circulante, admitíndose unha desviación máxima entre ambas partidas do 20%. Das comprobacións que efectuaron, o 96% foi dedicado a reestruturación de débedas bancarias, superándose polo tanto o límite do 20% previsto no contrato de aval.

Neste sentido, conclúen que *o apoio financeiro á empresa puido na práctica converterse nunha axuda ilexítima aos bancos participantes no préstamo sindicado, encadrando nos supostos aos que se refire o punto 2.3 da Comunicación da Comisión Europea relativa á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE das axudas estatais outorgadas en forma de garantía (2008/C155/02), posto que os prestamistas puideron limitarse a intercambiar as súas respectivas posicións de risco preexistente, (sen aval) por un préstamo con aval público, sen contraprestación directa para a empresa en dificultades á que se lle pretendía conceder o apoio público.*

O Banco Santander como axente do sindicato bancario, interpuxo recurso contencioso-administrativo ante a Sá do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sendo a parte demandada o Igape e a Administración Xeral da Comunidade Autónoma. O obxecto do recurso é a inactividade da administración por incumprimento do pagamento e a data de redacción do anteproxecto de informe (outubro 2016) constaba como único trámite xudicial o oficio do TSXG reclamando a remisión do expediente.

- Tras o cumprimento dos trámites expostos no apartado anterior, o Igape dá traslado da proposta de pagamento á DXPFT da Consellería de Facenda para que proceda ao pagamento. No seguinte cadro reflíctese a secuencia cronolóxica dende que se require o pagamento pola entidade financeira.

Cadro 35. Tempo de execución de tramitación de avais

Expediente	Data de formalización	Auto de declaración de concurso de acredores	Requirimento notarial de pagamento (1)	Data en que o Igape solicita o pagamento á DXPFT (2)	Data de pagamento polo Tesouro (3)	Tempo transcorrido entre o requirimento notarial e o pagamento (3-1)	Tempo transcorrido entre a solicitude do Igape e o pagamento polo Tesouro (3-2)
AV0218	26.05.2005	18.03.2009	11.12.2009	4.01.2011	6.07.2011	572	183
AV0257	28.09.2007	16.04.2010	23.03.2011	24.07.2012	3.08.2012	499	10
AV0266	28.12.2007	3.11.2008	18.04.2013	31.10.2013	29.01.2014	286	90
AV0273	28.03.2008	-----	20.04.11	23.04.2012	23.12.2013	978	609
AV0320-1	19.12.2008	3.11.2008	6.10.09	10.07.2013	31.01.2014	1.578	205
AV0320-2	19.12.2008	3.11.2008	6.10.09	10.07.2013	31.01.2014	1.578	205
AV0320-3	19.12.2008	3.11.2008	6.10.09	10.07.2013	31.01.2014	1.578	205
AV0331	02.02.2009	8.03.2012	27.03.2012	8.11.2013	20.01.2014	664	73
AV0358	23.03.2009	16.04.2010	18.03.2011	24.07.2012	3.08.2012	504	10
AV0440	11.12.2009	16.04.2010	17.08.2010	24.07.2012	3.08.2012	717	10
AV582-1	27.01.2010	16.04.2010	19.08.2010	24.07.2012	3.08.2012	715	10

Fonte: Elaboración propia a partir da documentación obrante nos expedientes analizados.

- Segundo establece o manual, unha vez que consta o abono procederase á execución das garantías constituídas a favor do Igape.

En ningún dos expedientes analizados constaba a documentación referida ao exercicio de accións de reembolso ou execución de garantías. A información que chegou o Igape sobre esta cuestión reflíctese no apartado IV.12.

IV.8. COMISIONS DE AVAIS

Os beneficiarios de avais deben cumprir determinadas obrigas cuxa esixencia deriva do propio Decreto 284/1994 (pagamento dunha comisión) ou ben do acordo de concesión adoptado polo CD do Igape (condicionantes e compromisos establecidos para cada aval e obriga de remisión de información).

Os traballos de fiscalización orientáronse a comprobar a axeitada xestión das comisións así como a analizar o seguimento que efectúa o Igape sobre o cumprimento dos compromisos impostos ás empresas avaladas.

Comisións

O artigo 8 do Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Igape, dispón o seguinte:

- 1. Os avais prestados polo Igape devindarán unha comisión cuxo importe determinarase en función da contía e prazo do aval así como dos custos dos avais no mercado financeiro. Poderase esixir antes da formalización ou pospoñerse ao remate do mesmo, así como poderá ser pagada dunha soa vez ou por anualidades vencidas. En todo caso, a comisión anual non será superior ao 1% do importe do aval.*
- 2. A comisión terá a correspondente aplicación no orzamento anual do Igape.*
- 3. Excepcionalmente, o Consello de Dirección do Igape poderá acordar que os avais que se presten ao abeiro do establecido nos números 4 e 5 do artigo 2 (operacións de especial interese socio-económico e reavais de SGR) non devindiquen ningunha comisión (parágrafo engadido polo Decreto 132/1995, do 10 de maio).*

O pagamento dunha comisión polos avais concedidos constitúe, ademais, unha das condicións que se deben cumprir para descartar a presenza de axuda estatal³⁴, segundo a Comunicación 2008/C155/02 cuxo punto 2.1. establece que a asunción do risco debe compensarse normalmente cunha prima axeitada baseada nos prezos do mercado.

A dita comunicación dispón, no punto 3.4.d), que as primas pagadas polos beneficiarios deben garantir o autofinanciamento do réxime de garantías, engadindo no punto 3.5 que os réximes de garantía a favor das PEMEs poden considerarse, en principio, como autofinanciados se se aplican as primas refuxio mínimas contempladas no punto 3.3³⁵ e se basean nas cualificacións das empresas.

Determinación da porcentaxe aplicable

Da análise dos expedientes revisados, observouse que as comisións dos avais oscilaron entre o 0,4% e o 1% do importe do aval, detectándose porcentaxes inferiores nalgúns expedientes máis antigos. En 9 expedientes acordouse a exención do pagamento da comisión. No Anexo VI relaciónanse as correspondentes aos avais incluídos na mostraxe.

Segundo a información proporcionada, dende o ano 1997 ata o ano 2009 aplicáronse as porcentaxes que foran establecidas no acordo do CD do 26.12.1996 que se situaban entre o 0,10%

³⁴ Ver punto 3.2. d), 3.3 e 3.4 d) da Comunicación 2008/C155/02.

³⁵ As primas refuxio que se recollen no cadro do punto 3.3 oscilan entre unha prima mínima do 0,4% para as PEMEs cunha cualificación crediticia de sobresaínte e o 6,3% para empresas cunha capacidade de pagamento probablemente mermada por *condicións adversas*. Non se admite prima refuxio anual para aquelas cunha *capacidade de pago dependente de condicións favorables sostidas* ou en *incumprimento ou preto do incumprimento*.

(para apoiar plans de viabilidade de empresas) e o 0,20% (plans e programas sectoriais de competitividade ou accións postas en marcha por empresas ou grupos de empresas de especial interese socio-económico e apoio e promoción de novas empresas ou ampliación das xa existentes).

Porén, segundo a información facilitada, as ditas porcentaxes quedaron sen efecto a partir dun informe da intervención delegada da Consellería de Economía e Industria de 29.05.2009, no que se incluía unha observación referida á necesidade de aplicar unha comisión mínima do 0,4% para que a garantía pública non constituía axuda estatal de acordo coa Comunicación da Comisión 2008/C155/02.

Esta información corroborouse coa relación achegada referida ás porcentaxes das comisións aplicadas no período fiscalizado. Verificouse a aplicación, con carácter xeral, dunha comisión do 0,4%, agás no caso de avais concedidos a empresas de sectores sensibles como o naval que se aplicou o máximo que permite o Decreto (1%). Segundo a documentación achegada como feitos posteriores á fiscalización, advertiuse que en dous novos avais concedidos no 2015 (AV880) e 2016 (AV882), aplicouse o 1%.

No tocante aos avais acollidos a convenios con entidades financeiras (Programas Re-Brote e Re-Export) as bases reguladoras destas liñas de avais estableceron unha comisión anual dun 0,50% do importe do aval formalizado.

De conformidade co Decreto, o importe debería determinarse en función da contía e prazo do aval así como dos custos dos avais no mercado financeiro. Atendendo á regulación da Comunicación 2008/C155/02, entendemos que tamén se esixiría unha clasificación do avalado polo grao de risco para aplicar as porcentaxes das comisións, feito que non quedou acreditado nos expedientes revisados. Estas establecéronse no acordo de concesión de cada aval, sen que exista unha xustificación da porcentaxe e aplicando, de forma xeralizada, unha prima do 0,4% sen que se dean as condicións previstas na Comunicación para fixar unha prima única para todos os prestatarios³⁶.

Por outra banda, segundo se relatou anteriormente, o acordo do CD do ano 1996 (que fixaba distintas porcentaxes en atención á finalidade do aval) deixouse sen aplicación, sen que conste a adopción doutro acordo posterior para adaptar esta cuestión á normativa comunitaria aplicable.

No tocante aos supostos de exención do pagamento dunha comisión, entendemos que esta práctica amparada no artigo 8.3 do decreto de avais e no acordo da CDXGAE, non é compatible coas previsións da Unión Europea sobre esta materia.

³⁶ No punto 3.5 dispón que se o réxime só prevé garantías para PEME e o importe garantido non supera un límite máximo de 2,5 millóns de euros por empresa no dito réxime, a Comisión pode aceptar, como excepción á letra d) do punto 3.4 unha prima de garantía anual única para todos os prestameiros.

Por outra banda, nos supostos de exención da comisión que atopamos nos expedientes revisados (referidos no Anexo VI), non se motivou axeitadamente a aplicación desta excepción que se fundamentou nos seguintes termos: *O aval non devindicará comisión de conformidade ao acordo do Consello de Dirección do Igape de data 26.12.1996 que establece que os avais concedidos para apoiar plans de viabilidade de empresas e que conteñan acordo da Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos declarando o seu especial interese socioeconómico para Galicia, non devindiquen comisión de aval ningunha.*

Tratándose dunha excepción, a motivación estímase insuficiente. A mera invocación da disposición na que se fundamenta a exención sen xustificar porque non se aplicou o criterio xeral de esixencia da comisión, non cumpre coa obriga de motivación dos actos discrecionais esixida polo artigo 54 da Lei 30/1992; máxime se temos en conta que existen outros expedientes³⁷ nos que, concorrendo as mesmas circunstancias invocadas (avais para apoiar plans de viabilidade con acordo da CDXGAE declarando o especial interese socioeconómico) non se acordou a dita exención. Polo tanto, esta xustificación é relevante de cara a garantir a igualdade de trato dos beneficiarios.

Cumprimento da obriga de pagamento das comisións

Co obxecto de analizar o grao de cumprimento no tocante ao pagamento das comisións, as revisións realizadas nos expedientes seleccionados centráronse na análise dos seguintes aspectos:

- a) Comprobar o pagamento das comisións nos termos establecidos no contrato.
- b) Determinar os dereitos pendentes de cobramento correspondentes aos ingresos por comisións de avais.
- c) Analizar as actuacións realizadas polo Igape nos supostos de incumprimento.

a) Comprobación do pagamento das comisións

As condicións de prazo e forma de pagamento das comisións concretáronse nos acordos de concesión de cada aval. Na totalidade dos expedientes analizados establecéronse nos seguintes termos: *os pagamentos efectuaranse anualmente mediante cheque ou transferencia á conta do Igape que se designe, ingresándose os pagamentos correspondentes á primeira anualidade na data de entrega dos correspondentes documentos de aval, e as seguintes anualidades no mesmo día e mes dos anos sucesivos nos que estea vixente dito aval.*

Non constaba en tódolos expedientes a documentación xustificativa do pagamento das comisións polo que foi preciso solicitar a dita información.

³⁷ AV0385, AV0582-1, AV0859, AV0834-1 a 3, AV0835-1 a 6, AV0865.

As evidencias documentais analizadas consistiron en cheques ou documentos bancarios xustificativos da transferencia realizada, ou ben na información sobre o pagamento incluída no programa informático de xestión de avais.

As comprobacións realizadas sobre as catro primeiras anualidades de vixencia dos avais, arroxaron o seguinte resultado:

1. A comisión correspondente á primeira anualidade foi pagada por todos os beneficiarios dos avais agás nos expedientes AV0440 e AV0582-1. Malia que se deixou constancia na escritura notarial da entrega do cheque por parte da empresa avalada, as comisións correspondentes figuran pendentes de pagamento na contabilidade do Igape.

Dado que a primeira comisión se devindica (por establecelo así o acordo) no momento de formalizarse o aval, con carácter xeral, segundo a información proporcionada, realízase a entrega do cheque no momento de formalizarse notarialmente o contrato de contragarantía.

2. No tocante á segunda anualidade, en 5³⁸ expedientes non se efectuou o pagamento e nos restantes expedientes o ingreso realizouse fóra de prazo oscilando a demora dende un mínimo de 2 días ata 731, cun retraso medio de 95 días.

3. En canto á terceira anualidade non se pagaron en 6³⁹ e nos restantes expedientes a demora no pagamento oscilou entre 24 e 366 días, cun retraso medio de 193 días.

4. Polo que respecta á cuarta anualidade en 15⁴⁰ expedientes non se efectuou o pagamento e nos outros o pagamento efectuouse cun retraso de 58 días.

No anexo XI ofrécese a información individualizada por expedientes.

Así mesmo, advertiuse que no momento da concesión dalgún dos avais, as empresas avaladas adebedaban cantidades correspondentes a comisións. Este feito detectouse no expediente AV834, no que malia que a comisión anual correspondente a outros avais do mesmo beneficiario (AV608 1 a 5) se atopaba devindicada e impagada, acordouse a prórroga deses avais e concedeuse o devandito aval AV834. Tamén no expediente AV403, ao tempo de subscrición da modificación do aval (11.05.2011) adebedábase a comisión correspondente á anualidade de 2011, devindicada o 22.02.2011, cuxo pagamento efectuouse con posterioridade, o 25.05.2011.

³⁸ AV257, AV273, AV849, AV852 e AV867.

³⁹ AV218, AV257, AV273, AV403, AV7761 e AV849.

⁴⁰ AV218, AV385, AV403, AV687 1 a 10, AV835-6 e AV865

b) Dereitos pendentes de cobro por comisións de avais

No seguinte cadro ofrécese información sobre a execución destes ingresos durante o período 2011-2013, referida a 31/12 de cada un dos exercicios fiscalizados reflectindo o índice de recadación. Nas dúas últimas filas inclúese a información actualizada a 31 de decembro de 2014 e 2015.

Cadro 36. Execución dos ingresos por comisións de avais a 31.12

Exercicio	Conta	Denominación	Total DR	Total Dereitos anulados	DR netos	Dereitos recadados a 31/12	DR pendentes de cobro a 31/12	Índice de recadación
2011	705100	Ingresos por formalización de avais	675.687	0	675.687	399.465	276.221	59%
2012	592	Comisións sobre avais	452.170	-12.195,55	439.975	154.433	285.541	35%
2013	592	Comisións sobre avais	277.346	-300,00	277.046	136.103	140.942	49%
2014	592	Comisións sobre avais	109.615	0	109.615	43.781	65.834	40%
2015	592	Comisións sobre avais	118.473	0	118.473	22.904	95.569	19%
TOTAIS			1.633.291	-12.495,55	1.620.796	756.686	864.107	47%

Fonte: Elaboración propia coa información das contas anuais e dos listados contables achegados.

Co fin de determinar o importe das comisións pendentes de cobramento procedentes de exercicios anteriores, solicitouse unha relación dos dereitos pendentes referida a 31/12 de cada un dos exercicios analizados.

De acordo coa documentación analizada, o saldo pendente de corrente e de pechados, ascendía a 466.295 euros no 2011, 676.832 euros no 2012 e 683.786 euros no 2013. No seguinte cadro ofrécese o detalle dos dereitos pendentes de cobro resumido por exercicios. Nas dúas últimas columnas inclúese a información actualizada a 31 de decembro de 2014 e 2015.

Cadro 37. Saldo dereitos recoñecidos pendentes de cobramento a 31.12

EXERCICIOS DE ORIXE	SALDO DR PENDENTES DE COBRAMENTO (en euros)				
	31/12/2011	31/12/2012	31/12/2013	31/12/2014	31/12/2015
2005	875	875	875	875	875
2006	0	0	0	0	0
2007	641	641	641	641	641
2008	13.439	13.439	13.439	13.439	12.872
2009	66.810	66.162	66.162	66.162	64.894
2010	108.307	108.307	108.307	108.307	107.133
2011	276.222	201.864	141.864	141.241	139.802
2012	--	285.541	211.553	211.553	211.196
2013	--	--	140.943	85.314	78.572
TOTAIS	466.295	676.832	683.786	627.532	615.985

Fonte: Elaboración propia coa información contable facilitada polo Servizo de Contabilidade do Igape

Na análise particularizada dos expedientes incluídos na mostraxe, a cuantificación das comisións que non foran ingresadas a 31.12.2013 arroxou un saldo de dereitos recoñecidos pendentes de cobramento de 245.432 euros, co detalle que se ofrece no Anexo VII. Do dito importe recadáronse 42.117 euros (17%) no exercicio 2014.

c) Accións para reclamar as comisións impagadas

Atendendo á demora xeneralizada así como aos supostos de incumprimento da obriga de pagamento das comisións, analizouse cales son as accións que realiza o Igape tendentes ao cobramento destes dereitos.

Segundo a documentación que consta nos expedientes analizados e a información facilitada, cando non se ingresa a comisión no prazo establecido, a SPAC remite unha carta de reclamación sen que conste o exercicio de accións posteriores no caso de que non se efectúe o ingreso. Esa inactividade favorece o transcurso dos prazos de prescrición que, nos casos nos que se consume, orixinaría un prexuízo económico. Non obstante, nalgún dos expedientes analizados verificouse que producida a devindicación da seguinte anualidade reitérase a reclamación da anualidade impagada correspondente ao exercicio anterior.

Da revisión dos expedientes incluídos na mostraxe, observouse que as comisións pendentes correspondentes a empresas que entraron en concurso de acredores non foron reclamadas, nalgúns casos, no marco do proceso concursal.

Nos expedientes AV385 e AV403, o Igape reclamou os ditos ingresos mediante a comunicación dos créditos que foron incluídos na lista de acredores elaborada pola administración concursal.

Porén, non consta a comunicación dos créditos correspondentes ás comisións de avais nos seguintes expedientes: AV0218, AV0257, AV0273, AV0440 e AV0582-1. Tendo en conta que se trata de dereitos devindicados nos exercicios 2007 a 2010, por importe de 108.975 euros, estes dereitos poderían estar prescritos e deberían darse de baixa na contabilidade.

Contabilización dos ingresos por comisións de avais

Os dereitos correspondentes ás comisións de avais impútanse ao concepto orzamentario 592 *Comisións sobre avais*, agás no exercicio 2011 que se rexistraron no concepto 705100 *Ingresos por formalización de avais*.

O rexistro contable efectúase segundo o criterio de devindicación. A Área de Financiamento (SPAC) comunica o importe e a data de devindicación das comisións de avais ao departamento de contabilidade (Subdirección de Xestión Económico-Financeira). A estes efectos, a SPAC efectúa o seguimento das comisións a través da aplicación informática de xestión do procedemento de avais

incorporando os datos necesarios para o recoñecemento do dereito (data de devindicación, risco vivo, importe da comisión) e rexistrando as eventualidades relacionadas coa xestión e pagamento das comisións.

Da revisión efectuada sobre os expedientes incluídos na mostraxe observouse a concorrencia de circunstancias que poden afectar ao axeitado reflexo contable das comisións devindicadas:

- O incumprimento da obriga de comunicar o saldo vivo da operación avalada, por parte da empresa beneficiaria ou da entidade financeira, dificulta, en ocasións, a determinación do importe da comisión do aval que se establece en función do saldo vixente do préstamo. Se non se cumpre coa obriga de comunicación non se dispón do dato necesario para liquidar o dereito de forma axeitada que se rexistra normalmente por un importe superior, xa que se toma en conta o último saldo coñecido. Este feito ocasiona disfuncións na contabilización destes dereitos que se rexistran por importes erróneos, desvirtuando o importe real dos dereitos.

- As comisións correspondentes a avais que entran na fase de execución non se rexistraron no sistema contable. Ao noso xuízo, mentres permaneza vixente o risco vivo do aval deberían contabilizarse as comisións devindicadas.

- Detectáronse supostos nos que o dereito recoñecido rexistrouse por un importe diferente ao que correspondía porque non se incorporaron á contabilidade as oportunas correccións de cantidades modificadas á baixa como consecuencia da existencia dun erro na determinación do seu importe.

Este feito detectouse no expediente de aval AV403. As contías correspondentes aos exercizos 2012 e 2013 (28.080 e 23.780 €, respectivamente) foron establecidas erroneamente sen que se comunicase a corrección posterior do importe das comisións (21.120 e 16.820 €) á Área de Contabilidade, polo que o listado de debedores reflectía no exercizo 2016 as contías erróneas. Así mesmo, a pesares de terse cobrado a comisión correspondente ao exercicio 2011 (21.120 €), no listado de debedores figura pendente a débeda polo dito concepto e por importe erróneo (18.720).

IV.9. CONDICIONANTES E COMPROMISOS DOS AVAIS

Ademais das obrigas derivadas directamente da normativa reguladora, os acordos de concesión de cada aval contemplan uns condicionantes e compromisos que son establecidos polo CD do Igape na resolución pola que se outorga o aval.

Da análise dos expedientes incluídos na mostraxe, observouse que o seu establecemento non foi homoxéneo en todos os casos. Mentres que en determinados expedientes non se contemplou ningún compromiso⁴¹, noutros establecéronse ata 5 ou 6. No anexo VIII ofrécese información individualizada referida aos compromisos dos avais fiscalizados.

Segundo a información subministrada, a existencia de máis, menos ou ningún compromiso responde a unha cuestión temporal, debido a que máis recentemente o CD acordou incorporar maiores esixencias nos avais como as referidas á prohibición de incrementar as retribucións dos administradores ou os referidos ao mantemento do emprego.

Da revisión dos expedientes de avais directos observáronse os seguintes compromisos comúns:

- a) Prohibición de reparto de dividendos sen autorización expresa do Igape, debendo aplicar antes do dito reparto, unha contía igual ou superior á amortización anticipada do préstamo avalado.
- b) Prohibición do incremento das retribucións percibidas polos administradores por razón do seu cargo.
- c) Compromiso de realizar, antes do 30 de xuño do exercicio seguinte, unha amortización anticipada dos préstamos avalados no caso de que os beneficios despois de impostos superen unhas cantidades determinadas en cada aval ou ben unha redución do límite na póliza de crédito.
- d) Compromiso de incluír en tódolos medios dispoñibles (páxina web, publicidade en medios..) publicidade da referencia ao financiamento do Igape-Xunta de Galicia e colocación do cartel anunciador en lugar visible das súas dependencias.
- e) Compromiso de mantemento das súas actividades e, na medida do posible, o cadro de persoal (o vixente no momento de concesión do aval ou un número mínimo establecido no acordo)

Nalgún dos expedientes contéplase o compromiso de renovar ao seu vencemento liñas de financiamento de circulante para as entidades financeiras.

Cómpre facer dúas observacións referidas, dunha banda, á forma de establecer os compromisos e, doutra, á efectividade real das obrigas incluídas nos acordos de concesión.

⁴¹ Referencia modificada en toda a epígrafe como consecuencia da alegación nº 12

En canto á determinación dos compromisos, como se dixo anteriormente, establécense en cada acordo de CD en virtude do cal se concede o aval, sen que conste a existencia dun acordo do CD do Igape no que se concreten cales son as obrigas que se van esixir aos beneficiarios de avais. O feito de establecerse individualizadamente en cada acordo de concesión, tal como se observou nos expedientes fiscalizados, propicia unha decisión discrecional sen que se expresen os motivos que xustifiquen que nuns expedientes existan máis requirimentos que noutros.

Polo que respecta á efectividade real destes compromisos, malia estar incluídos no clausulado dos contratos en termos de obriga ou compromiso por parte das empresas avaladas, o que se desprende da análise realizada é que se converten nunha mera declaración de intencións (como se denominan expresamente nalgunha documentación analizada) polos seguintes motivos: a) non se especifican as consecuencias que se poden derivar no caso de incumprimento; b) non consta un seguimento destes por parte do Igape e c) non consta nos expedientes revisados ningunha documentación que acredite a súa observancia polas empresas avaladas.

Unha vez concedido o aval o Igape non pode opoñer o incumprimento destes compromisos fronte á entidade financeira que, por outra banda, non se incorporan no documento de aval que se asina coa entidade. Neste sentido, é paradigmático o suposto detectado no expediente AV/0859, no que a empresa comunica ao Igape a imposibilidade de cumprir cun dos compromisos impostos no contrato e o Igape manifesta que a falta de cumprimento dun compromiso asumido pola avalada⁴² non pode afectar á vixencia da garantía prestada ante a entidade de crédito, sen que elo exima á avalada do cumprimento dos compromisos acordados polo CD na concesión do aval que deberá cumprir en canto dispoña de capacidade para elo.

No tocante á publicidade do financiamento, se ben non se puido comprobar o seu cumprimento en tódolos casos (porque as empresas seleccionadas non existían ou o aval xa non estaba vixente no momento da fiscalización) revisáronse as páxinas web das beneficiarias dalgúns dos avais (AV0403, AV0687, AV0835, AV0855 e AV0865) sen que se teña atopado referencia ningunha ao apoio económico do Igape.

Cómpre chamar a atención sobre un compromiso de gran relevancia cal é o referido a obriga de mantemento do emprego ou dun cadro de persoal mínimo nas empresas beneficiarias dos avais.

Observouse que o compromiso de manter a estrutura ou cadro de persoal, estableceuse a 9 beneficiarios dos 24 que foron incluídos na mostraxe. Dos 49 expedientes analizados, entre os motivos do acordo de concesión referidos no informe da SPAC, en 18 aludíase ao mantemento de

⁴² A beneficiaria comprometeuse a reducir o límite da póliza de crédito nun importe mínimo de 1.000.000€ transcorrido un prazo máximo de 12 meses dende a formalización do aval. Comunica ao Igape que non poden cumprir no dito prazo e que iniciaron negociacións coa entidade financeira para a reestruturación completa da débeda existente incluíndo a póliza de crédito garantida co aval, debido a tensións de liquidez consecuencia da conxuntura económica e á adversa climatoloxía e o peche de polígonos bateiros pola presenza de toxinas.

postos de traballo. Agás en 3 (AV218, AV359-1 e 2) nos restantes expedientes incluíuse o compromiso de mantemento do cadro de persoal.

Sen embargo, en ningún deles consta documentación ningunha que acredite o número de traballadores que mantivo a empresa durante a vixencia do aval.

IV.10. GARANTÍAS

O artigo 9 do Decreto 284/1994 refírese ás garantías nos seguintes termos:

O contrato de aval establecerá as condicións específicas e garantías que se lle esixirán á empresa avalada, xa sexan dos seus socios, doutras persoas ou da propia empresa. As garantías estableceranse en función do tipo e a natureza das operacións avaladas.

Se como consecuencia do seguimento e control que se efectuará durante a vixencia do aval fose notoria a diminución da solvencia do avalado, adoptaranse as accións precisas para reforza-la eventual obriga de reembolso.

Non obstante o anterior, cando se trate de avais concedidos ao abeiro do previsto nos números 4 e 5 do artigo 2 (operacións de especial interese socio-económico e reavais), o Consello da Xunta de Galicia poderá excepcionar a presentación de garantías (parágrafo engadido polo Decreto 132/1995, de 10 de maio)

Os traballos realizados orientáronse a analizar cal foi a actuación do Igape na toma de garantías co fin de asegurar o eventual reembolso no caso de resultar falido o aval.

A revisión centrouse nos seguintes aspectos:

- Analizar qué tipo de garantías esixiu o Igape e cal foi a xustificación aducida nos supostos de excepción da súa prestación.
- Comprobar como se efectuou a taxación das garantías reais e se a vixencia respectaba o prazo establecido nos informes⁴³.
- Analizar as accións realizadas polo Igape para reforzar a eventual obriga de reembolso.

⁴³ Modificación efectuada como consecuencia da alegación nº 13

O resultado dos traballos realizados é o seguinte:

Tipo de garantías

Polo que respecta á natureza das garantías, no Anexo XIII ofrécese información individualizada sobre as contragarantías de cada expediente analizado. Do importe total, sen prexuízo da responsabilidade universal e ilimitada das sociedades avaladas, contragarantíronse mediante hipoteca inmobiliaria 42,3 millóns de euros, con hipoteca mobiliaria sobre marcas 43,7 millóns, hipoteca sobre concesións administrativas 12,9 millóns, con prenda sobre accións 7 millóns e hipoteca sobre maquinaria 676.595 euros.

Tamén é preciso ter en conta cal é o rango das contragarantías xa que o ordenamento xurídico admite que un mesmo ben estea gravado con varias hipotecas. Neste caso, cobra moita importancia o rango hipotecario xa que vai determinar a preferencia de cobro do acredor. No caso de execución dun ben, a hipoteca en primeiro rango garantiría ao Igape a preferencia na recuperación do importe garantido sendo o primeiro acredor en satisfacerse, mentres que nas hipotecas en segundo ou terceiro rango, as expectativas de satisfacción son máis limitadas e mesmo nulas.

Da análise realizada observouse que en 8⁴⁴ dos 49 expedientes analizados, admitíronse hipotecas en segundo rango como contragarantía de 15,8 millóns de euros e en dous expedientes (AV687-5 e AV855), constituíronse hipotecas en terceiro rango que contragarantían 1,2 millóns de euros.

A debilidade das garantías en segundo e terceiro rango despréndese da información obrante nos propios expedientes. Así, no expediente AV385, ante a reclamación de pagamento do aval e como razón para acceder a subscripción dunha proposta de convenio, adúcese que de non accederse á solicitude, o aval deberá ser afrontado e *a recuperación do importe, dado que as contragarantías consisten nunha hipoteca en segundo rango cunha importante carga preferente, resultaría insignificante ou nula debido a que sería difícil que tales activos se puidesen vender en condicións axeitadas dadas as actuais condicións de mercado.*

Neste mesmo sentido, ao analizar as garantías ofrecidas polo solicitante do aval no expediente AV865 (que finalmente non se achegaron) fanse unha serie de observacións sobre as mesmas entre as que se manifesta que *as hipotecas a constituír a favor do Igape serían en terceiro rango, o que dificultaría a recuperación de cantidades en caso de execución.*

⁴⁴ AV273, AV331, AV358, AV359-2, AV385, AV582-1, AV687-4, AV702.

Entre as garantías admitidas polo Igape, cómpre chamar a atención sobre dous tipos cuxa consistencia resulta cuestionable: as marcas e as concesións administrativas.

En dous expedientes (AV322 e AV403), por un importe conxunto de 19,3 millóns de euros, a garantía consistiu exclusivamente nunha hipoteca mobiliaria sobre a marca corporativa, malia o risco potencial de desvalorización que presenta este tipo de activo inmaterial cando unha empresa entra en situación de dificultade ou insolvencia. Nos expedientes AV359-1 e 2, xunto coa hipoteca sobre concesión administrativa, admitiuse tamén hipoteca mobiliaria sobre marcas que responderían dun principal de 9,8 millóns de euros.

Este deterioro valorativo corrobórase coas evidencias obtidas nos seguintes expedientes analizados.

Así, no AV257 xunto a hipoteca inmobiliaria que respondería de 9,98 millóns, admitiuse tamén a marca que contragarantiu un importe de 14,51 millóns. Neste expediente, no que o aval resultou falido, púxose de manifesto a importante deterioración deste tipo de garantía xa que o valor de taxación inicial de 18,3 millóns de euros reduciuse nun 99% no momento no que a empresa entrou en concurso de acredores, descendendo o valor da marca a efectos de poxa ata 100.000 euros e concretándose o valor de adxudicación polo Igape en 220.000 euros.

No AV403 fronte a un valor de taxación inicial da marca por importe de 15,42 millóns de euros a 18.05.2009 (revisado cunha nova valoración de 14 millóns con data 27.12.2012) no informe da administración concursal suscrito o 6.02.2014 maniféstase que *o comportamento das magnitudes económicas da debedora nos exercicios 2012 e 2013, claramente en descenso e deficitarias, unido á situación de insolvencia declarada desvirtúan os informes periciais de valoración da marca corporativa (...)* Por prudencia a administración concursal adopta como valoración a simbólica cantidade de 1 euro, sen prexuízo de que no seu momento, chegado o caso, o seu valor de realización nunha poxa ou procedemento de venda directa chegase a alcanzar unha certa entidade, integrándose daquela na masa activa.

Por outra banda, neste mesmo expediente AV403, ante a concorrencia de continxencias de carácter fiscal coa Axencia Tributaria con posterioridade á concesión, a empresa avalada achegou a marca como garantía sen que conste o consentimento expreso do Igape, incumprindo a cláusula 4ª do contrato de garantía suscrito que dispón que a empresa non poderá renunciar, allear nin dar en prenda a marca hipotecada sen o consentimento expreso e escrito do Igape. Non obstante, da documentación obrante no expediente (escritura de novación de contragarantía e escrito do Delegado Especial da Axencia Estatal de Administración Tributaria en Galicia de 9.05.2011) obsérvase que se preservou o rango hipotecario da garantía do Igape que, segundo consta nos documentos analizados, conserva a preferencia sobre as 3 hipotecas constituídas a favor da Axencia Tributaria.

Polo que respecta ás concesións administrativas, dos 49 expedientes analizados admitíronse como garantía en 7⁴⁵ que responderían dun importe conxunto de 12,9 millóns de principal. O artigo 11 do Real Decreto 716/2009, do 24 de abril, que desenvolve determinados aspectos da Lei 2/1981, de 25.03.1981 de regulación do mercado hipotecario e outras normas do sistema hipotecario e financeiro, recolle as concesións administrativas entre os bens que non poden ser admitidos en garantía para préstamos ou créditos hipotecarios que se consideren elixibles a determinados efectos⁴⁶ por non representar un valor suficientemente estable e duradeiro. Se ben non resultaría directamente aplicable aos supostos analizados, entendemos que debería constituír unha referencia para actuar con prudencia na toma de garantías, xa que dos propios expedientes examinados despréndese a súa debilidade.

Neste sentido, segundo a información verbal facilitada polo Igape como feitos posteriores á fiscalización, a Autoridade Portuaria de Vigo acordou o rescate da concesión administrativa outorgada por O.M. de 7.01.1941, que tiña prevista como data de remate o 15.12.2027 e se adjudicou o Igape por 1,06 millóns de euros, en reintegro dos avais AV440 e AV582-1

Ademais, as seguintes evidencias obtidas da documentación analizada corroboran esta consideración:

Nos expedientes AV359-1 e AV359-2 o informe-proposta para determinar as garantías a constituír a favor do Igape, do 20.11.2009, refírese a unha hipoteca sobre unha concesión administrativa para a ocupación dunha parcela na zona de servizo do muelle de San Diego (A Coruña). Esta hipoteca respondería dun principal de 9,8 millóns de euros (en primeiro rango no AV359-1 e en segundo rango no AV359-2) estando afianzado ademais o importe do aval, que ascende a 11,5 millóns de euros, mediante hipotecas mobiliarias sobre marcas, e fianza persoal e solidaria. Segundo consta na documentación analizada, esta garantía podería carecer de valor no caso de execución dos avais, posto que a Autoridade Portuaria contempla o traslado das actividades que veñen sendo desenvolvidas no Muelle de San Diego á Punta Langosteira, non existindo expectativas de que a concesión poida ser prorrogada ao vencemento (5 de marzo de 2020).

⁴⁵ AV359-1, AV359-2, AV440, AV582, AV687-6, AV687-7 e AV687-8.

⁴⁶ Aos efectos de servir de cobertura ás emisións de bonos hipotecarios, de ser obxecto de participacións hipotecarias ou de servir para o cálculo do límite de emisión das cédulas hipotecarias.

Nos avais 687-6, 687-7 e 687-8 admitíronse hipotecas en primeiro rango sobre 4 bateas que responderían de 1,39 millóns de principal e o período de vixencia das concesións administrativas sobre 3 das bateas era menor á vixencia do aval que garantían. Posteriormente, trala venda de dúas bateas (o que se fixo aos efectos de saneamento financeiro, aplicando o produto da súa venda á redución da débeda financeira) resolveuse a redistribución das garantías existentes para que alcanzaran á cobertura dos 10 avais concedidos á empresa.

Excepción de garantías

Nos avais incluídos no programa Re-Export, o Consello da Xunta autorizou a excepción de presentación de garantías reais.

Polo que respecta aos avais directos, en 7⁴⁷ expedientes, cun importe que ascende a 12 millóns de euros, tamén autorizou ao CD do Igape para excepcionar a achega de garantías reais.

En 4 deses avais (AV834-1 a 3 e AV0859) non consta unha motivación expresa da dita medida. No AV0865 a xustificación da exención que se desprende do expediente pon de manifesto que a excepción responde ás dificultades da empresa avalada para achegar as garantías malia o perxuízo que representa a dita exención sobre as expectativas de reembolso. Neste sentido, no informe relativo á solicitude do aval AV0865 emitido o 29.04.2013 maniféstase que o Consello da Xunta de Galicia, previa declaración da operación de especial interese socioeconómico por parte da CDXGAE, deberá valorar a excepcionalidade para á empresa da achega de garantías reais xa que a efectos prácticos as ofrecidas carecen da consistencia necesaria e de concederse o aval debe realizarse baixo a consciencia da debilidade nas garantías. Finalmente, mediante acordo do Consello da Xunta de 6.06.2013 autorizouse a dita excepción aínda que o citado informe advertía do elevado risco que se asume coa concesión do aval derivado da situación económica e das perspectivas do sector.

No acordo de concesión inicial dos avais AV359-1 e AV359-2 tomáronse garantías reais consistentes nunha hipoteca en primeiro e segundo rango sobre concesión administrativa e unha hipoteca sobre marcas comunitarias. Como consecuencia da deterioración da situación financeira da empresa solicitouse unha modificación dos avais e, segundo se manifesta no informe xurídico que obra no expediente, ante o posible deterioro do valor dos bens tomados en garantía, en particular a concesión administrativa, e ante a imposibilidade de reforzar as contragarantías, o Consello da Xunta de Galicia debería autorizar a excepción de achega de garantías reais suficientes. O 6.06.2013 adoptouse o acordo neste sentido. O risco por aval na data da modificación ascendía a

⁴⁷ AV359-1 e 359-2 (modificación), AV834-1 a 3, AV0859 e AV0865.

9,7 millóns de euros e o risco total da Xunta de Galicia co grupo empresarial, sumando préstamos e avais, a 21,7 millóns.

Taxación⁴⁸

Nos expedientes revisados, a taxación efectúase por entidades de taxación oficiais e, con carácter xeral (en 46 dos 49), as taxacións que constan nos expedientes aos efectos da concesión inicial do aval respectan o prazo de vixencia establecido. Non obstante, admitíronse garantías cuxa taxación tiña caducado nos seguintes supostos:

- No expediente AV0358, admitiuse parcialmente como garantía unha hipoteca en primeiro rango sobre unha fábrica taxada o 17.07.2007 cunha vixencia de 6 meses e o acordo de concesión adoptouse o 23.03.2009.
- No AV403 autorizouse unha modificación posterior do aval que incrementou o risco avalado en 600.000 euros sen que se efectúase unha nova valoración da garantía malia que a taxación efectuada inicialmente xa estaba caducada (foi emitida o 18.05.2009 cunha vixencia de 6 meses e o acordo de modificación adoptouse o 20.09.2010).
- No expediente AV855 o acordo de concesión adoptouse o 8.10.2012 cunha taxación efectuada o 14.08.2009 cunha vixencia de 3 meses.

Accións para reforzar a obriga de reembolso

O artigo 9 do decreto de avais obriga a adoptar accións para reforzar a obriga de reembolso se resulta notoria a diminución da solvencia do avalado.

Nos expedientes analizados nos que se atopou documentación que evidenciaba un empeoramento da situación financeira da empresa avalada, non consta a esixencia de garantías adicionais que, chegado o caso, asegurasen de xeito efectivo a recuperación das cantidades que se tivesen que pagar.

Neste sentido, é paradigmático o expediente AV359 ao que se fixo referencia en liñas anteriores. Solicítase unha modificación do aval que evidencia problemas financeiros da avalada e, lonxe de reforzar as garantías admitidas na concesión inicial, o Consello da Xunta autorizou ao CD do Igape a que na modificación dos avais poida excepcionarse a achega de garantías reais suficientes por parte da avalada.

⁴⁸ Parágrafos modificados como consecuencia da alegación nº 13

IV.11. DOTACIÓN DO FONDO DE GARANTÍA DE AVAIS

As Leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia ⁴⁹ establecen que por cada operación de aval e por cada liña ou programa de avais dotarase unha provisión para atender posibles falidos na contía que determine a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, ben en relación co importe da operación individual, ben en consideración ao montante total da liña ou do programa.

O importe destas provisións destinarase ao Fondo de Garantía de Avais de acordo co sinalado na letra k) e i), respectivamente, do artigo 8 das leis de orzamentos.

A DXPFT comunica cada ano ao Igape o importe que terá que dotar polas operacións de aval que concerten no exercicio. Nos exercicios fiscalizados observouse unha elevación desta provisión. Así, no ano 2011 estableceuse unha porcentaxe do 10% sobre o importe do risco máximo asumido, que se incrementou ao 12% para as novas operacións autorizadas ao longo do exercicio 2012⁵⁰. E no ano 2013 moduláronse as porcentaxes a dotar por parte do Igape en atención aos diferentes graos de risco da operación avalada oscilando dende un mínimo do 12% (modificacións de avais ou substitución doutros afianzamentos vixentes) que se incrementa ao 25%, 40% e ata o 70% (cando non se acheguen garantías reais suficientes).

As aplicacións orzamentarias implicadas no procedemento de aportación ao Fondo de Garantía de Avais son a aplicación 23.03.621A.890.00 *Fondo de Garantía de Avais* que se configura como un crédito ampliable con cargo a baixas nas dotacións de gastos por transferencias de capital ao Igape, sendo as aplicacións financiadoras as seguintes: 08.01.741A.732.05 e 08.01.741A.890.0.

Segundo a información proporcionada, o procedemento, de xeito esquemático, é o seguinte:

- No momento de formularse a proposta de resolución de concesión dun aval xenérase o documento contable RCt pola contía da dotación, de acordo coas porcentaxes determinadas pola DXPFT.
- O acordo de concesión adoptado polo CD e o RCt do Igape remítense a Secretaría Xeral Técnica (SXT) da Consellería de Economía e Industria que formula o RCt correlativo con cargo ás transferencias de financiamento.
- A SXT remite o expediente á DXPFT e se tramita pola SXT e do Patrimonio da Consellería de Facenda.

⁴⁹ Artigos 37. 2, 39.2 e 44.3 das Leis de Orzamentos de Galicia para os exercicios 2011, 2012 e 2013.

⁵⁰ Agás para os avais concedidos para a substitución doutros afianzamentos existentes, sempre que se manteña o mesmo beneficiario e non supoñan incremento no risco asumido polo Igape nin diminución das contragarantías tomadas, nos que a provisión a dotar foi do 6% sobre o importe do risco máximo asumido.

- A Consellería de Facenda aproba o expediente de ampliación de crédito na sección 23 con cargo ás baixas de crédito na sección 08, servizos 01 e A1.

A análise sobre as modificacións orzamentarias efectuadas no período fiscalizado, contense nos informes do Consello de Contas relativos á Conta Xeral da Comunidade Autónoma de 2011, 2012 e 2013.

Da revisión efectuada sobre os expedientes que integran a mostraxe obtivéronse os seguintes resultados:

- En 24⁵¹ expedientes correspondentes a avais formalizados nos exercicios fiscalizados constaba o documento contable que acredita a retención efectuada de conformidade co establecido nas leis orzamentarias.
- Nos restantes expedientes non constaba o documento contable de retención de crédito.

IV.12. CUANTIFICACIÓN DOS AVAIS FALIDOS, RECLAMADOS OU EN RISCO DE RECLAMACIÓN

Analizados nas epígrafes anteriores distintos aspectos relativos á tramitación e a xestión dos avais, neste apartado ofrécense datos que permitan obter conclusións sobre a eficacia do programa de avais reflectindo os importes aos que tivo que facer fronte a Comunidade Autónoma dende o inicio do programa. Diferéncianse as seguintes situacións:

- a) Avais falidos que xa foron pagados polo Tesouro.
- b) Avais que foron reclamados polas entidades financeiras que se atopan en trámite de execución e pendentes de pagamento e aqueles expedientes con incidencias que supoñen un alto risco de reclamación.

Cómpre sinalar que os datos que se ofrecen neste apartado obtivéronse da información facilitada polo Igape e dos informes trimestrais de avais, sen que se teñan realizado traballos de comprobación que permitan verificar ou cuestionar as cifras ofrecidas nos documentos analizados.

⁵¹ AV687-1 a 10, AV701, AV702, AV834-1 a 3, AV835-1 a 6, AV855, AV859, AV865.

Avais falidos pagados

Dende o inicio do programa de avais ata o 31.12.2015 rexistráronse falidos por importe de 82,24 millóns de euros co detalle que se relaciona no seguinte cadro.

Cadro 38. Relación de avais falidos dende o inicio do programa de avais ata o 31.12.2015

Empresas avaladas	Importes falidos (euros)	Data de pagamento
UNICAR, S.A	210.200,06	s/d
GESRUBBER, S.A.	2.910.888,14	s/d
INDUSTRIAL DE MUEBLES LA FAMA, S.A	2.062.620,00	s/d
INDUSTRIAS PARDIÑAS, S.A. (2exp)	634.067,77	s/d
CUOTA LACTEA 1993/94 y 1995/96	21.437.061,00	s/d
MAPERLAN, S.A (3 exp.)	240.162,75	s/d
AVIGAN, S.C.L. (3 exp.)	390.036,84	08.07.2005
MAR EGEO (1 exp.)	17.795,38	09.04.2006
CONFECCIONES LABORA, S.L.	371.943,35	06.11.2008
ASTILLEROS M. CIES, S.L.	2.100.000,00	03.08.2010
FERLOSA, S.L.	582.325,65	06.07.2011
INDUSTRIAS GONZALEZ, S.L.	2.037.995,40	13.04.2012
GRANITESA, S.A.	2.268.000,00	14.05.2012
INDUSTRIAS CARBALLO PARA LA TECNOLOGÍA DEL MUEBLE, S.A.	664.989,49	03.08.2012
BERNARDO ALFAGEME, S.A. (4 exp.)	32.203.000,00	03.08.2012
CREACIONES TOYPES, S.L.	863.904,46	20.02.2013
TALLERES ANBLA, S.L.	562.859,09	07.11.2013
ELECTRICIDAD HERMANOS DOMINGUEZ, SA	120.000,00	20.11.2013
GENEROS DE PUNTO IVAN, SL	2.352.000,00	23.12.2013
COMERCIALIZACIÓN DE CARNE GALLEGA, S.L.	178.788,87	27.12.2013
RIEGO TUBOS ARMADOS, S.A.	176.469,68	27.12.2013
GRANIPEC ESPAÑA, S.L.	1.059.750,42	20.01.2014
POLLAN E HIJOS, S.L.	2.428,76	20.01.2014
ELABORADOS GALLEGOS, S.A.	198.728,75	21.01.2014
GENEROS DE PUNTO MONTOTO, S. A. (2 exp)	3.920.994,85	29.01.2014
FORMOSO ESTRUCTURAS METALICAS, S.L.	43.524,10	29.01.2014
ASMA-YECT, S.L. (2 exp)	281.390,98	29.01.2014
PUMADE, S.A.	3.072.916,00	30.04.2015
HERTECO TRANSFORMACION DE PLÁSTICOS, S.L.	151.778,11	29.05.2015
WINTERRA, S.A.	120.000,00	29.05.2015
GENEROS DE PUNTO MONTOTO, S. A.	547.180,42	29.05.2015
TEX DIGITAL, S.L.	456.260,76	29.05.2015
Total	82.240.061,09	

Fonte: Elaboración propia cos datos facilitados polo Igape e a información remitida coas contas anuais da CA a área de Conta Xeral do Consello de Contas de Galicia.

Atendendo o exercicio no que se realiza o pagamento dos avais que resultaron falidos,ponse de manifesto un aumento do importe pagado pola CA a partires do ano 2010. Este incremento responde fundamentalmente a dúas circunstancias: dunha banda, as consecuencias derivadas da situación de crise financeira e doutra, o risco asumido coa empresa beneficiaria dos expedientes AV257, AV358, AV440 e AV582-1. Os importes pagados pola execución deses avais representaban, a 31.12.2015, o 39% da contía pagada pola CA dende o inicio do programa de avais.

No seguinte cadro reflíctese a evolución da contía dos avais falidos dende o exercicio 2010 ata o 2015 e a porcentaxe que representan sobre o importe total formalizado. Obsérvase un incremento dos avais pagados pola CA en 51,87 millóns de euros, en termos absolutos, e un 171% en termos porcentuais, elevándose en 7,3 puntos a importancia dos falidos sobre a contía total dos avais formalizados dende o inicio do programa.

Cadro 39. Evolución do índice de avais falidos dende o 31.12.2010 ao 31.12.2015

(Millóns de euros)

Data	Avais formalizados dende 1994	Avais falidos pagados	%
31/12/2010	638,31	30,37	4,76
31/12/2011	670,83	30,96	4,61
31/12/2012	672,08	68,13	10,14
31/12/2013	677,64	72,39	10,68
31/12/2014	678,36	77,89	11,48
31/12/2015	679,17	82,24	12,11

Fonte: Elaboración propia cos datos dos informes trimestrais de avais facilitados polo Igape.

Avais reclamados non pagados ou con alto risco de reclamación

Ademais dos avais que resultaron falidos, analizouse a información referida a aqueles avais que nas referidas datas aínda non foran pagados pero existía un alto risco de que isto acontecese nos exercicios seguintes, ben por tratarse de avais cuxo pagamento xa estaba reclamado a fin de exercicio polas entidades financeiras (avais executados en trámite de revisión) ou ben respecto aos que existía un alto risco de reclamación baixo a consideración de que os beneficiarios xa tiñan outras operacións en trámite de execución⁵² ou por outros motivos (concurso de acredores).

⁵² Estes supostos identifícanse nos informes do Igape como avais bilaterais a empresas con avais en execución.

No seguinte cadro ofrécese esta información engadida á cuantificación dos avais falidos ofrecendo a última columna o índice de morosidade sobre o risco vivo.

Cadro 40. Evolución dos avais falidos, reclamados e con incidencias dende o 31.12.2010 ao 31.12.2015
(Millóns de euros)

Data	Avais formalizados dende 1994 (euros) (a)	Avais falidos pagados (euros) (b)	Avais con risco vivo (c)	Avais reclamados en trámite de revisión (d)	Expedientes con incidencias (e)	Total avais pagados e con risco de execución (b+d+e)	% sobre avais formalizados (b+d+e)/(a)	Índice de morosidade sobre risco vivo (%) (d+e)/(c)
31/12/2010	638,31	30,37	287,78	4,30	47,64	82,31	12,9	18
31/12/2011	670,83	30,96	282,98	54,16	21,53	106,65	15,9	26,7
31/12/2012	672,08	68,13	193,68	36,37	26,89	131,39	19,5	32,7
31/12/2013	677,64	72,38	157,35	42,55 (*)	27,41	142,35	21,0	44,7
31/12/2014	678,36	77,89	141,49	41,10	16,28	135,27	19,9	40,6
31/12/2015	679,17	82,24	114,92	50,42	4,52	137,18	20,2	47,8

(*)Nesta cifra inclúese o importe dos avais pagados con posterioridade a 31/12/2013 e antes da emisión do informe por importe de 1,26 M€. No informe da situación a 31.12.2013 indicase que como consecuencia do proceso en curso de revisión do cumprimento das condicións do aval é probable que non sexa procedente o pago de avais por 6,21 millóns de euros, pero non se restou a dita cantidade.

Fonte: Elaboración propia cos datos que constan nos informes trimestrais de avais.

A continuación ofrécese a evolución do índice de morosidade a partires do exercicio 2003, que revela a incidencia da situación de crise financeira no risco en mora das operacións avaladas con risco vivo segundo os datos dos informes trimestrais do programa de avais.

Cadro 41. Evolución do índice de morosidade

Data	Risco vivo (Millóns euros)	Risco en mora (Millóns euros)	%
31/12/2003	130,4	6,7	5,1
31/12/2004	92,2	4,6	4,9
31/12/2005	108,2	1,6	1,5
31/12/2006	71,3	1,6	2,2
31/12/2007	64,0	1,0	1,7
31/12/2008	128,1	1,8	1,5
31/12/2009	254,5	17,3	6,8
31/12/2010	287,8	57,7	20,1
31/12/2011	282,9	75,7	26,8
31/12/2012	193,2	63,3	32,7
31/12/2013	157,3	70,3	44,7
31/12/2014	141,5	57,4	40,6
31/12/2015	114,9	54,9	47,8

Fonte: Elaboración propia a partir das táboas dos informes trimestrais do programa de avais

IV.13. ACCIÓNS DE REEMBOLSO DAS CANTIDADES PAGADAS POLA CA

De conformidade co artigo 10.2 do Decreto de avais, no caso de que a Comunidade Autónoma de Galicia se vexa obrigada, en todo ou en parte, a ter que pagar polo avalado a cantidade garantida quedará subrogada automaticamente en tódolos dereitos que a entidade concedente do crédito ostente contra o avalado e poderá esixir deste o reembolso do pagado e as demais partidas a que se refire o artigo 1838 do Código Civil, e poderá utilizar para o dito efecto o procedemento establecido no vixente Regulamento xeral de recadación para o cobro de débitos de dereito público non tributarios, empregando, no seu caso, a vía administrativa de constrinximento. O mesmo procedemento poderá utilizarse para resarcirse de tódolos gastos consecuencia do exercicio das accións derivadas do contrato de aval.

Da revisión dos expedientes da mostraxe correspondentes aos avais que xa foron pagados pola CA, obsérvase que unha vez efectuado o pagamento do importe avalado pola Tesourería da CA, a DXPFT comunica ao Igape a resolución na que declara a existencia dun crédito a favor da Tesourería da CA contra a entidade avalada en concepto de principal da débeda, puntualizando que a esa cantidade haberá de engadirse a contía que corresponda en concepto de xuros de mora dende a data de recepción da resolución pola empresa ata o seu pagamento.

Segundo consta nesa comunicación, nesa mesma data notifícaselle a resolución ao interesado, remítese unha copia á Dirección Xeral de Tributos para os efectos de que inicie o procedemento administrativo de constrinximento e se lle comunica ao Igape para que propoña o inicio das actuacións de execución de garantías que, no seu caso, houbera lugar.

Nos expedientes revisados non había constancia das actuacións de reembolso realizadas nin documentación que permitise coñecer cal foi o resultado destas. Solicitouse información sobre os procedementos de reintegro posteriores ás execucións dos avais que foi respostada polos servizos xurídicos do Igape nos seguintes termos:

- A Axencia Tributaria Galega inicia o procedemento de constrinximento dos debedores e dos fiadores solidarios se os houbese.
- Respecto das garantías reais, con frecuencia a debedora entra en concurso no que se persoan e intentan o recobro, ben coa venda de bens en garantía ou no caso de que non haxa ofertas ou non cheguen a determinado importe, adxudícanse os bens en pago parcial do crédito. Noutros casos procede instar a execución singular en vía xudicial (ata a data fíxose con respecto a dous expedientes pero o inicio de execucións está pendente da aprobación do marco xeral no CD do Igape).

Da revisión dos expedientes incluídos na mostraxe constatouse que nos supostos nos que se declarou o concurso de acredores o Igape está persoado no procedemento.

Co obxectivo de coñecer a eficacia das actuacións tendentes á recuperación do importe pagado pola CA, que a 31.12.2015 ascendía a 82,24 millóns de euros, solicitouse documentación sobre o resultado das accións exercidas e para os supostos nos que non se tivese obtido o reembolso que se achegase información sobre as causas e, no seu caso, a documentación que puxese de manifesto as actuacións realizadas e as que se sigan a realizar destinadas á recuperación dos pagamentos efectuados.

En contestación á dita petición achegouse o documento que se inclúe como anexo IX. A información facilitada e reproducida no dito anexo non puido ser verificada xa que, foi solicitada pero non se achegou, a documentación xustificativa do ingreso dos reintegros líquidos así como os asentos contables que acrediten a incorporación dos bens adxudicados ao patrimonio da Xunta ou do Igape.

Da información incluída no dito anexo resulta que a CA acadou o reintegro de importe líquido por 1,35 millóns de euros e adxudicouse bens por 5,37 millóns. Isto representa o 8% da cantidade pagada polo Tesouro autonómico como consecuencia da execución dos avais que resultaron falidos.

Coa documentación proporcionada non resultou posible verificar cal foi o alcance da reclamación efectuada, se só se esixiu o reembolso do pagado ou tamén algunha das demais partidas previstas no artigo 1838 Cc.

Agás no caso da cota láctea no que se manifesta expresamente que se acordou polo Consello da Xunta o inercicio das accións de regreso, nos demais supostos non se expresaron as causas de que non se producise o reintegro nin se facilitou información sobre a situación actual deses expedientes e sobre a continuidade ou non de accións destinadas á recuperación dos pagamentos efectuados.

A ausencia de información non permite coñecer cales son os motivos que impediron o resarcimento das cantidades desembolsadas e non se pode emitir opinión sobre a correcta ou incorrecta actuación no exercicio das accións de reembolso.

V. CONCLUSIONES

No apoio ao sector produtivo e ás empresas observouse unha evolución nas modalidades de axuda. Tradicionalmente, estas baseábanse na concesión de subvencións fundamentalmente para financiar investimentos. Gradualmente, e de maneira máis acusada desde o ano 2007, observouse unha intensificación doutros instrumentos de axuda. No caso de Galicia, as participacións de capital a través das entidades de capital risco, os préstamos concedidos a empresas e os avais adquiriron un crecemento moi significativo nun contexto de crise económica e de restricións no acceso ao crédito por parte das empresas.

A evolución desde a concesión de subvencións, no que tradicionalmente se baseou a actividade de fomento da Administración, á realización de operacións de carácter financeiro puido tamén estar influenciada polo feito de que os préstamos e avais non teñen impacto inmediato no déficit. Nun contexto de restricións orzamentarias, a non consolidación da operación é un factor que pode influír decisivamente á hora de elixir o tipo de instrumento de apoio. Así, os avais non afectan o déficit nin a débeda no momento da súa concesión e só terán impacto se finalmente resultan falidos e a Administración ten que desembolsar as cantidades garantidas. Pola súa banda, os préstamos tampouco teñen impacto directo pois teñen a consideración de operación financeira. Con todo, non se pode esquecer que estas operacións sí poden ter repercusión futura nas contas públicas, pois se os prestatarios non son quen de devolver o financiamento concedido será necesario facer fronte a estas perdas.

Por outra banda, na evolución dende unha política baseada nas subvencións a outra na que prima o apoio de carácter financeiro tamén existen unha serie de riscos que puideron afectar o resultado final destas accións. En primeiro lugar, a ausencia dun marco regulatorio completo que xere seguridade, obxectividade e igualdade nos procedementos e, en segundo lugar, a insuficiencia dos medios destinados á xestión das operacións financeiras e, en particular, á valoración dos riscos inherentes a estas. Neste senso, o incremento das operacións financeiras por parte do Igape non veu acompañado dunha adaptación da súa estrutura organizativa para adaptala ao crecente peso destas novas modalidades de axuda. Así, concéntrase nunha única unidade a xestión dos préstamos e avais. Esta unidade conta cunha porcentaxe escasa dos recursos humanos do ente a pesares de que na súa actividade se comprometen máis da metade dos recursos xestionados polo Instituto. Todos estes factores non axudaron a aliviar as importantes perdas xeradas, nun contexto de forte crise económica, polos mecanismos de apoio financeiro empregados polo IGAPE.

Ao marxe das subvencións, os tres instrumentos financeiros máis importantes por parte do Igape son: a participación en entidades de capital risco, a concesión de préstamos e a formalización de avais. A propia natureza financeira destas operacións unida a natureza pública do Igape e as

entidades de capital risco obrigan a conxugar os fins de rendibilidade cos de fomento e apoio ao sector produtivo, adoptando as medidas necesarias para que o resultado final destas políticas non as convertan de facto nunha sorte de axudas a fondo perdido.

No que respecta ás participacións en capital, nomeadamente a través de fondos achegados ás entidades de capital risco, a finais de 2015 ascendía a 183,4 millóns e as perdas representaban o 59% (108,8 millóns), como consecuencia das insolvencias e deterioros nos investimentos realizados polos fondos participados.

Polo que atinxe aos préstamos, evidénciase un alto grao de morosidade. Nos préstamos vencidos os dereitos pendentes de cobro por principal e xuros cunha antigüidade superior a un ano era a finais de 2015 de 42,2 millóns respecto a uns vencementos totais de 70,4 millóns, é dicir, a morosidade ascendía ao 60%. Nos préstamos vivos (non vencidos) o saldo a finais de 2015 situábase en 74,2 millóns, estimándose un deterioro dun 39% (29,2 millóns).

Pola súa banda, o programa de avais na CA de Galicia iniciouse no ano 1994. Dende esa data ata o 31.12.2015 formalizáronse avais financeiros (cuxo risco asume a Xunta de Galicia) por importe de 679 millóns de euros e o Tesouro autonómico tivo que facer fronte a 82 millóns por avais falidos, o que representa un 12% do total formalizado.

O risco vivo por avais financeiros a 31.12.2015 ascende a 115 millóns. O 47% dese importe (55 millóns de euros) está en risco de resultar falido, ben por ter sido reclamado o seu pagamento polas entidades financeiras ben porque existe un alto risco de reclamación.

A fiscalización realizada centrouse na análise da xestión dos avais financeiros correspondente aos exercicios 2011-2013, pero a mostraxe das operacións sobre as que se realizaron os traballos de fiscalización inclúe avais con risco vivo ou que resultaron falidos nos anos obxecto de análise independentemente da data de concesión. Analizáronse expedientes por un importe total de 101,8 millóns que representan o 15% da contía total formalizada dende o inicio do programa de avais ata o 31.12.2013.

Os avais directos representan o 85% da contía total formalizada nos exercicios analizados (36,2 millóns), motivo polo cal a revisión centrouse neste tipo de avais e as conclusións refírense, maiormente, a esa liña xeral de avais.

En relación co marco regulatorio dos avais

O Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Igape, coas modificacións introducidas mediante o Decreto 132/1995, do 10 de maio e o Decreto 302/1999, do 17 novembro, constitúe a normativa de referencia na tramitación dos expedientes de concesión de avais.

A aplicación do dito decreto, que non está adaptado ao Dereito da Unión Europea, amparou o outorgamento de axudas en forma de garantía sen a observación de todos os parámetros previstos na Comunicación da Comisión 2008/C155/02 e constitúe un marco regulatorio insuficiente para resolver situacións que se plantexan máis de 20 anos despois da súa promulgación.

En relación cos beneficiarios de avais

Os destinatarios prioritarios dos avais son as PEME domiciliadas en Galicia admitíndose tamén como beneficiarias aquelas que sen ter a condición de PEME cumpran determinados requisitos (pertencer a sectores prioritarios, operacións de especial interese socio-económico para Galicia) segundo acordo da CDXGAE.

O 61% do importe dos avais formalizados nos exercicios 2011 a 2013 (que representa o 94% dos beneficiarios) garantiron operacións correspondentes a PEME domiciliadas en Galicia, e o 39% a non PEME. A comprobación realizada sobre os expedientes con risco vivo a 31.12.2013 revelou que o 55% do importe formalizado con risco vivo a 31.12.2013 avalaba operacións de PEME (83% dos beneficiarios), representando o risco vivo por esas operacións a dita data o 57% do total. Os avais formalizados con empresas non PEME (17% dos beneficiarios) supón o 45% representando o risco vivo das operacións con eses beneficiarios a 31.12.2013 o 43% do total.

(...)⁵³

Nos supostos de avais concedidos a empresas que non foron cualificadas como PEME, cumpriuse o requisito da previa autorización pola CDXGAE que declarou a operación de especial interese socioeconómico para Galicia, pero sen expresar as razóns que xustificaron a dita declaración.

Durante os exercicios fiscalizados non se tramitou ningún aval ao abeiro das bases reguladoras das axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise aprobadas mediante Resolución do 26.12.2005. Dos 49 expedientes analizados, soamente en 6 (tramitados con anterioridade ao período examinado) foi cualificado o beneficiario como empresa en crise.

Sobre as evidencias atopadas nalgúns dos expedientes revisados, advertiuse que a valoración da situación financeira das empresas aos efectos de considerala en crise non tivo en conta todos os parámetros establecidos na Comunicación 2004/C244/02, feito que determinou que non se motivasen na tramitación deses expedientes a aplicación ou non das limitacións mais restritivas establecidas para as axudas que se conceden a este tipo de empresas (aplicación do principio de axuda única, incompatibilidade con outras axudas outorgadas polo Igape, límite máximo de axuda, autorización da Comisión en determinados casos).

⁵³ Parágrafo suprimido como consecuencia da alegación nº 3

A ausencia de resposta á petición de información sobre outros apoios económicos así como sobre o grao de cumprimento das empresas, impediu alcanzar o obxectivo de cuantificar os apoios globais concedidos a cada empresa así como avaliar o grao de cumprimento das obrigas contraídas co Igape por parte das empresas avaladas. A información facilitada sobre a carteira de riscos de Xesgalicia e Igape permitiu verificar que 7 empresas beneficiarias dos avais fiscalizados contaban ademais con apoios económicos de Xesgalicia, en forma de participacións de capital e/ou préstamos participativos, e outras dúas empresas tiñan concedidos préstamos por parte do Igape.

En relación coa finalidade dos avais

Nos expedientes incluídos na liña de avais de convenio Re-Brote (1) e Re-Export (6), os avais, destinados a obtención de financiamento de circulante, no primeiro caso, e ao incremento da actividade exportadora, no segundo, foron cancelados sen incidencias. Sen embargo non se puido verificar a finalidade última dos avais do Programa Re-Export, debido a ausencia da memoria referida aos datos das exportacións realizadas.

No tocante aos avais directos analizados (42 expedientes) foron concedidos todos, agás un, para apoiar plans de viabilidade da empresa, polo tanto para evitar o seu peche e a perda de emprego. De acordo coa información que se reproduce no anexo XII, en 2 expedientes os avais canceláronse ao seu vencemento e 6 seguen vixentes sen incidencias. Nos restantes supostos ou foron prorrogados ou ben se concedeu un novo aval ou ben concorren circunstancias que evidencian dificultades para conseguir a viabilidade das empresas.

Das 24 empresas beneficiarias, 1 foi extinguida, 3 empresas foron declaradas en concurso de acredores e 5 entraron en fase de liquidación.

En relación co cumprimento dos límites de contía e prazo dos avais

Límites cuantitativos

- Respectouse o límite global establecido nas leis de orzamentos correspondentes aos exercicios fiscalizados que establecen que o Igape poderá conceder avais en contía que non sobrepase en ningún momento o saldo efectivo vixente de 500 millóns de euros.
- En canto aos límites cuantitativos referidos a cada operación avalada, respectouse a porcentaxe do 5% da contía global establecida nas leis de orzamentos, agás nun dos expedientes analizados (AV257), que se superou o límite cumprindo co requisito de autorización do Consello da Xunta.
- O límite do 70% da operación avalada superouse en 7 expedientes, e soamente consta a xustificación desa superación nun deles, incumprindo a obriga de motivación prevista no Acordo da

CDXGAE do 10.05.1995. En 5 deles garantiuse o 100% da operación, que reviste especial importancia polas circunstancias concorrentes neses avais⁵⁴.

- En 4 expedientes advertiuse a toma de decisións relativas a aceptación polo Igape de que o aval non se vese afectado pola quita contida na proposta de convenio, o que podería determinar a superación do límite porcentual do 80% previsto na Comunicación 2008/C155/02 e, mesmo, nun dos supostos, o importe máximo avalado polo Igape podería superar o importe da obriga de reintegro da empresa fronte á entidade financeira. Esta decisión fundamentouse, entre outras, na razón económica de evitar unha liquidación da empresa que sería mais prexudicial para a posición do Igape, xa que conlevaría a inmediata esixibilidade do importe avalado. O compromiso do Igape, adoptouse sen a autorización do/a Conselleiro/a de Facenda, nos termos esixidos polo artigo 22 TRLRFO, por entender a DXPFT que non se producía unha afectación dos dereitos da facenda autonómica toda vez que o Igape mantería integramente os seus dereitos de recobro.

Límites temporais

Dos 49 expedientes analizados, en 30 a duración excede o prazo previsto no decreto, pero en tódolos casos someteuse o expediente á aprobación do Consello da Xunta para autorizar a superación do dito prazo, cumprindo co establecido no artigo 5.3 do Decreto.

En 6 dos expedientes, concedéronse novos avais que refinancian operacións previamente avaladas polo Igape. En 5 deles trátase da concesión de novos avais directos por non poder prorrogar un aval anterior concedido ao abeiro da liña de avais Rebrote. E noutro expediente acordouse ampliar o prazo de vixencia por 4 anos máis, antes de producirse a data de vencemento do aval. Estes feitos non respectan o establecido no punto 3.4 b) da Comunicación 2008/C155/02 que esixe a vinculación da garantía a unha transacción financeira específica por un período limitado.

En relación co procedemento para a concesión e xestión dos avais

Agás en 4 dos expedientes analizados, non consta un pronunciamento preciso referido á avaliación do risco da operación así como sobre a capacidade que ten a empresa para afrontar os compromisos derivados da operación que se vai a avalar.

Nos avais directos o informe emitido pola SPAC inclúe un pronunciamento sobre a cualificación da empresa, se se considera en crise ou non, e sobre o cumprimento dos límites establecidos para non ser considerada axuda estatal, sen especificar os fundamentos que xustifican o dito pronunciamento. As restantes unidades implicadas na instrución e no control previo apoian os seus informes nas manifestacións efectuadas pola Subdirección sen efectuar unha comprobación específica do cumprimento das condicións establecidas na normativa da Unión Europea.

⁵⁴ Referencia suprimida como consecuencia da alegación nº 7

Todos os expedientes sometéronse ao control previo da Intervención Xeral e dos servizos xurídicos, se ben a secuencia cronolóxica dalgún dos trámites non se axustou ao establecido no manual operativo, verificándose a emisión de informes da Intervención Xeral con posterioridade ao acordo de concesión do aval e de propostas de resolución da concesión con anterioridade á emisión do informe xurídico. Os informes da SSXDCP non conteñen un pronunciamento sobre o cumprimento da normativa da Unión Europea.

En 14 dos 49 expedientes analizados declarouse a operación de especial interese socioeconómico pola CDXGAE, sen que se xustifique a dita cualificación. Da literalidade da documentación examinada despréndese que a declaración fórmulase con carácter xenérico para habilitar a aplicación das excepcións previstas no decreto.

A formalización dos avais directos materializase en dous documentos diferentes, un coa entidade financeira no que non se recolle o contido íntegro do acordo de concesión, senón soamente aquelas cláusulas que afectan á executividade do aval e, por outra banda, o contrato de contragarantía que subscribe o Igape coa beneficiaria e se eleva a escritura pública. Sen embargo, non consta un documento contractual de carácter administrativo que cumpra cos requisitos mínimos previstos pola lexislación de contratos do sector público.

No tocante á execución dos avais, observouse que o Decreto 284/1994 amparou a inclusión de cláusulas referidas á executividade dos avais que desvirtúan o principio de responsabilidade subsidiaria proclamado no artigo 4 do Decreto de avais.

O tempo de pagamento dos avais estipulado nos contratos de contragarantía (30 días) resulta inadecuado xa que non responde ás esixencias reais de tramitación dos expedientes.

En relación coas comisións de avais

A determinación das comisións que se pagan polos avais non se axustou ás esixencias establecidas na Comunicación da Comisión 2008/155/02. A regulación do Decreto 284/1994 permitiu excepcionalmente o pagamento de comisións e o establecemento dun límite máximo do 1% e non se efectuou unha clasificación do avalado polo grao de risco para aplicar as porcentaxes aplicables.

No tocante o cumprimento da obriga de pagamento das comisións de avais, observouse unha demora xeralizada no pagamento das comisións, agás na primeira anualidade que se aboa no momento de formalizarse o aval.

O importe dos dereitos recoñecidos pendentes de cobramento a 31.12.2013 (de orzamento corrente e de pechados) ascendía a 683.785,64 euros.

O Igape reclama as comisións impagadas no ano no que se produce a súa devindicación reiterando nalgúns casos o requirimento ao vencemento da seguinte anualidade.

Da revisión dos expedientes incluídos na mostraxe, observouse que as comisións pendentes correspondentes a empresas que entraron en concurso de acredores non foron reclamadas, nalgúns casos, no marco do proceso concursal.

Da revisión efectuada advertíronse circunstancias que poden afectar ao axeitado reflexo contable das comisións.

En relación cos condicionantes e compromisos

Os acordos de concesión de cada aval contemplan uns compromisos que son establecidos polo CD do Igape na resolución pola que se outorga o aval. Da análise dos expedientes incluídos na mostraxe, observouse que o seu establecemento non foi homoxéneo en todos os casos. Malia estar incluídos no clausulado dos contratos en termos de obriga ou compromiso por parte das empresas avaladas, carecen de efectividade real xa que non se especifican as consecuencias que se poden derivar no caso de incumprimento nin consta un seguimento destes por parte do Igape. Tampouco consta nos expedientes revisados ningunha documentación que acredite a súa observancia polas empresas avaladas, feito que reviste especial importancia cando se trata do compromiso de mantemento do emprego.

En relación coas garantías

A análise efectuada revelou a admisión polo Igape de garantías reais cuxa consistencia resulta cuestionable (hipotecas en segundo e terceiro rango, marcas e concesións administrativas). Asemade, en 7 dos avais que integran a mostraxe analizada, cun importe formalizado que ascende a 12 millóns de euros, autorizouse polo Consello da Xunta a excepciónar a achega de garantías reais.

Nos expedientes analizados nos que se atopou documentación que evidenciaba un empeoramento da situación financeira da empresa avalada, non consta o cumprimento do disposto no artigo 9 do Decreto 284/1994, que obriga a adoptar accións para reforzar a obriga de reembolso se resulta notoria a diminución da solvencia do avalado.

Estes feitos poden prexudicar a posibilidade de reembolso das cantidades ás que ten que facer fronte a CA como consecuencia do pagamento dos avais que resulten falidos.

En relación á dotación do Fondo de Garantía de Avais

Nos exercicios fiscalizados eleváronse as porcentaxes para a dotación do Fondo de Garantía de avais. No ano 2011 estableceuse unha porcentaxe do 10% sobre o importe do risco máximo asumido, que se incrementou ao 12% para as novas operacións autorizadas ao longo do exercicio 2012. No ano 2013 moduláronse as porcentaxes a dotar por parte do Igape en atención aos diferentes graos de risco da operación avalada oscilando dende un mínimo do 12% (modificacións de avais ou substitución doutros afianzamentos vixentes) que se incrementa ao 25%, 40% e ata o 70% (cando non se acheguen garantías reais suficientes).

En 24 expedientes correspondentes a avais formalizados nos exercicios fiscalizados constaba o documento contable acreditativo da retención efectuada de conformidade co establecido nas leis orzamentarias. Nos 25 restantes non constaba o dito documento.

En relación coas accións de reembolso das cantidades pagadas polos avais falidos

Da información facilitada polo Igape en relación ás cantidades que recuperou a Comunidade Autónoma, conclúese a escasa eficacia das accións de regreso realizadas xa que do importe total pagado polo Tesouro, que a 31.12.2015 ascendía a 82,24 millóns, acadouse o reintegro de cantidades líquidas por 1,35 millóns e adjudicáronse bens por 5,37 millóns. Polo tanto, recuperouse o 8% da contía pagada pola CA en concepto de avais falidos.

A ausencia de información non permite coñecer cales son os motivos que impediron o resarcimento das cantidades desembolsadas e non se pode emitir opinión sobre a correcta ou incorrecta actuación no exercicio das accións de reembolso.


Da revisión dos expedientes incluídos na mostraxe constatouse que, nos supostos nos que se declarou o concurso de acredores, o Igape está persoado no procedemento.

VI. RECOMENDACIÓNS

- Instar a adopción dunha nova regulación en materia de avais axustando a normativa ás esixencias derivadas do dereito da Unión Europea.
- Debería efectuarse unha avaliación máis precisa do risco que se asume coas operacións que se van garantir así como unha clasificación da empresa en atención ao mesmo.
- Debería incorporarse aos expedientes de avais directos, un pronunciamento específico referido ao cumprimento das condicións establecidas na normativa da Unión Europea sobre as axudas estatais en forma de garantía e sobre a cualificación da situación de crise ou non das empresas solicitantes, valorando todos os parámetros que ao respecto se recollen na Comunicación 2004/C244/02 e na base 2.2 da Resolución do 26.12.2005. Este aspecto debería ser supervisado polos servizos xurídicos e pola Intervención Xeral.
- Evitar a inclusión de condicións de executividade que desvirtúen o principio de responsabilidade subsidiaria da Comunidade Autónoma e axustar o prazo de pagamento estipulado nos contratos ás esixencias derivadas da tramitación destes expedientes.
- No tocante ás comisións de avais debería esixir o seu pagamento con carácter anticipado e dunha soa vez, no momento da formalización dos avais.
- Depurar na contabilidade os saldos de dereitos por comisións de avais que puidesen estar prescritos.
- Debería adoptarse un acordo polo Consello de Dirección no que se concreten os compromisos que se deberían esixir aos beneficiarios dos avais e efectuar o seu seguimento. Así mesmo, deberían anudar consecuencias ao seu incumprimento que, se ben non poderían afectar á executividade do aval ante a entidade financeira, si poderían consistir, por exemplo, na penalización dos beneficiarios no acceso a outras axudas do Igape.
- Deberían tomarse máis precaucións na toma de garantías, xustificando claramente a ausencia de risco nos supostos nos que se excepte a presentación de garantías reais e non admitindo contragarantías débiles ou inconsistentes, tales como as hipotecas en segundo ou posterior rango, marcas ou concesións administrativas.

VII. ANEXOS

ANEXO I. ORGANIGRAMA VIXENTE A PARTIR DO 31.07.2012



ANEXO II. RATIOS FINANCEIROS


SITUACIÓN FINANCEIRA	2011	2012	2013	2014
FONDO DE MANOBRA	30.480.036	-41.422.924	-45.641.745	-33.541.902
Tesourería ou acid test (%): Efectivo e outros activos líquidos equivalentes/Pasivo corrente	0,08	0,04	0,06	0,16
Solvencia Técnica (%): AC/PC	1,58	0,66	0,53	0,58
Garantía (%): Activo/Pasivo	1,64	1,29	1,28	1,50
Cobertura do inmovilizado (%): RP/ANC	1,03	0,57	0,47	0,55
Endebedamento (%): Pasivo/Patrimonio Neto	0,92	1,35	1,68	1,20
Autonomía financeira: PN/Pasivo Total	1,09	0,74	0,60	0,83

O Fondo de Manobra que representa a capacidade de facer fronte ás débedas a curto prazo co activo circulante; obsérvase que nos exercicios 2012, 2013 e 2014 é negativo. A razón fundamental que xustifica a anterior situación foi a reclasificación ao pasivo corrente do préstamo concedido polo BEI e iso porque a entidade considera que a posibilidade por parte do acredor de poder solicitar o reintegro provoca a necesidade desta reclasificación, sen a que non se daría a consecuencia do fondo de manobra negativo. En calquera caso, tendo en conta a forma de financiamento da entidade, a súa continuidade depende en última instancia das transferencias e subvencións que anualmente se establezan nos orzamentos xerais da Comunidade.

ANEXO III. SITUACIÓN FINANCEIRA ENTIDADES DE CAPITAL RISCO

SODIGA : tivo unha senda de perdas que obrigou a reducir capital social en 2013 por importe de 37.294.658€ (a metade do capital social) e segue nesa mesma tendencia aínda que mitigada en 2014.

Gráfico 9. Evolución Fondos Propios de SODIGA




ADIANTE: ten unha senda de perdas crecente e requiriu unha achega por parte do Igape de 997.680€ en 2014.

Gráfico 10. Evolución Fondos Propios de ADIANTE




EMPRENDE: cunha senda de perdas crecentes e necesidade de achega do Igape (Abanca renuncia á subscripción de participacións) de 7.993.459€ en 2014 mediante dúas ampliacións de capital. Con todo, nas contas do Igape de 2014 só figura a metade do importe (3.996.729,8 €).

Gráfico 11. Evolución Fondos Propios de EMPRENDE




I2C constituída o 21 de decembro de 2011 recibiu achegas de partícipes en 2014 con tres ampliacións por importe global de 11.210.000€.

Gráfico 12. Evolución Fondos Propios de I2C




IMPULSA FERROL recibiu achegas de partícipes en 2014 por 1.250.000€.

Gráfico 13. Evolución Fondos Propios de Impulsa Ferrol



INNOVA recibiu achegas de partícipes en 2014 por importe de 2.599.900€.

Gráfico 14. Evolución Fondos Propios de INNOVA



ANEXO IV. RELACIÓN DE EXPEDIENTES SEGUNDO O CRITERIO DA MOSTRAXE

Avais con risco vivo a 31.12.2013 concedidos con anterioridade aos exercicios fiscalizados						
Nº Expediente	Persoa ou entidade avalada	Nº de Expedientes	Aval concedido	Aval formalizado	Risco a 31/12/2013	Operación garantida
AV322	ROBERTO VERINO DIFUSIÓN, S.A.	1	11.550.000,00	11.550.000,00	5.040.000,00	16.500.000 (*)
AV353	GRUPO COPO DE INVERSIONES, S.A.	1	10.860.000,00	10.800.000,00	10.800.000,00	18.000.000,00
AV359	GRUPO EMPRESARIAL ISIDRO DE LA CAL, S.L.	2	11.500.000,00	11.500.000,00	9.722.888,57	30.478.202,47
AV385	PORTICO,S.A.	1	5.000.000,00	5.000.000,00	4.650.000,00	9.300.000,00
AV403	BLUSENS TECHNOLOGY, S.L.	1	7.800.000,00	6.060.000,00	4.205.000,02	7.008.333,36
TOTAIS		6	46.710.000,00	44.910.000	34.417.888,59	64.786.535,83

(*) Segundo os datos que resultan do expediente a operación garantida ascende a 16.500.000 euros, non obstante a relación de avais con risco vivo a 31.12.2013 reflicten importe de 7.200.000 euros

Avais con risco vivo a 31.12.2013 concedidos ou formalizados durante os exercicios fiscalizados						
Nº Expediente	Persoa ou entidade avalada	Nº de Expedientes	Aval concedido	Aval formalizado	Risco a 31/12/2013	Operación garantida
AV687	PAQUITO,S.L.	10	8.123.000,01	8.123.000,01	7.983.573,07	16.374.133,38
AV701/AV702	CONSTRUCCIONES MON, S.L.	2	1.500.000,00	1.500.000,00	1.500.000,00	3.000.000,00
AV834	ALIMENTOS LACTEOS, S.A.	3	450.000,00	450.000,00	450.000,00	900.000,00
AV835	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	6	2.500.000,00	2.500.000,00	2.500.000,00	5.000.000,00
AV849	BERA 2000, S.L.	1	40.000,00	40.000,00	40.000,00	80.000,00
AV855	ASPANAS TERMAL, S.L.U.	1	375.000,00	375.000,00	375.000,00	500.000,00
AV859	PROMOTORA INDUSTRIAL SADENSE,SA	1	800.000,00	800.000,00	800.000,00	2.000.000,00
AV865	EDITORIAL COMPOSTELA S.A	1	1.200.000,00	1.200.000,00	1.200.000,00	3.000.000,00
AV867	INVERBOBE, S.L.	1	125.000,00	125.000,00	125.000,00	250.000,00
TOTAIS		26	15.113.000,01	15.113.000,01	14.973.573,07	31.104.133,38

Avais concedidos durante os exercicios fiscalizados cancelados por vencemento con anterioridade ao inicio dos traballos de fiscalización						
Nº Expediente	Persoa ou entidade avalada	Nº de Expedientes	Aval concedido	Aval formalizado	Risco a 31/12/2013	Operación garantida
AV776	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	2	350.000,00	350.000,00	350.000,00	500.000,00
AV846	PORTO-MUIÑOS, S. L.	1	50.000,00	50.000,00	50.000,00	100.000,00
AV847	GENESAL – GENERADORES EUROPEOS, S.A.L.	1	125.000,00	125.000,00	125.000,00	250.000,00
AV848	DISTEVI S.L.	1	40.000,00	40.000,00	40.000,00	80.000,00
AV852	I.C.O.N EUROPE, S.L	1	125.000,00	125.000,00	125.000,00	250.000,00
TOTAIS		6	690.000,00	690.000,00	690.000,00	1.180.000,00

Avais que resultaron falidos cuxo pagamento foi solicitado polo Igape durante os exercicios fiscalizados						
Nº Expediente	Persoa ou entidade avalada	Nº de Expedientes	Aval concedido	Aval formalizado	Risco a 31/12/2013	Operación garantida
AV218	FERLOSA,S.A.	1	825.654,24	825.654,24	0,00	1.179.506,05
AV257, 358, 440 e 582	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	4	32.203.000,00	32.203.000,00	0,00	45.700.000,00
AV273	GENEROS DE PUNTO IVAN,SL	1	2.352.000,00	2.352.000,00	0,00	3.360.000,00
AV266/AV320	GENEROS DE PUNTO MONTOTO, S. A.	4	4.600.000,00	4.600.000,00	4.600.000,00	5.800.000,00
AV331	GRANIPEC ESPAÑA,S.L.	1	1.120.000,00	1.120.000,00	1.076.076,68	1.600.000,00
TOTAIS		11	41.100.654,24	41.100.654,24	5.676.076,68	57.639.506,05

ANEXO V. APOIOS ECONÓMICOS XESGALICIA E IGAPE

TERCEIRO	XESGALICIA			IGAPE		TOTAL
	Capital	Ptmo. Participac	Aval	Préstamo	Aval	
GENEROS DE PUNTO MONTOTO, S. A.	1.327.701	3.900.000			1.800.000	7.027.701
GRANIPEC ESPAÑA,S.L.		500.000				500.000
ROBERTO VERINO DIFUSIÓN, S.A.					5.040.000	5.040.000
GRUPO COPO DE INVERSIONES, S.A.	4.559.923	3.170.000			10.800.000	18.529.923
GRUPO EMPRESARIAL ISIDRO DE LA CAL, S.L.		9.391.887			9.722.889	19.114.776
ISIDRO DE LA CAL FRESCO,S.A.					3.008.674	3.008.674
PORTICO S.A.					4.650.000	4.650.000
BLUSENS TECHNOLOGY, S.L.		1.500.000			4.205.000	5.705.000
PAQUITO,S.L.				3.113.600	7.983.573	11.097.173
CONSTRUCCIONES MON, S.L.					1.500.000	1.500.000
MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.					350.000	350.000
ALIMENTOS LACTEOS, S.A.		4.095.667			2.050.000	6.145.667
AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.		3.200.000			2.500.000	5.700.000
PORTO-MUIÑOS, S. L.					50.000	50.000
GENESAL – GENERADORES EUROPEOS, S.A.L.					125.000	125.000
DISTEVI S.L.					40.000	40.000
BERA 2000, S.L.					40.000	40.000
I.C.O.N EUROPE, S.L					125.000	125.000
ASPANAS TERMAL, S.L.U.				600.000	375.000	975.000
PROMOTORA INDUSTRIAL SADENSE,SA					3.023.453	3.023.453
EDITORIAL COMPOSTELA S.A					1.200.000	1.200.000
INVERBOBE, S.L.					125.000	125.000

Fonte: Elaboración propia coa información sobre a carteira de riscos a 31.03.2014 facilitada pola SPAC.

ANEXO VI. COMISIÓNS DOS AVAIS INCLUÍDOS NA MOSTRAXE

EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	TIPO DE AVAL	DATA DE CONCESIÓN	IMPORTE DO AVAL FORMALIZADO	COMISIÓN (%)
AV/0218	FERLOSA,S.A.	Apoio a plans de viabilidade	26.05.2005	825.654,24	0,10
AV/0257	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	Apoio de accións consecuencia de plans e programas sectoriais de competitividade	28.09.2007	24.500.000	0,20
AV/0273	GENEROS DE PUNTO IVAN, S.L.	Apoio a plans de viabilidade	28.03.2008	2.352.000	0,10
AV/0266 AV/0320-1 AV/320-2 AV/320-3	GENEROS DE PUNTO MONTOTO, S. A.	Apoio a plans de viabilidade	19.12.2008	2.800.000 600.000 600.000 600.000	EXENTO DE COMISIÓN
AV/0331	GRANIPEC ESPAÑA,S.L.	Apoio a plans de viabilidade	2.02.2009	1.120.000	0,10
AV/0322	ROBERTO VERINO DIFUSIÓN, S.A.	Apoio a plans de viabilidade	2.02.2009	11.550.000	EXENTO DE COMISIÓN
AV/0353	GRUPO COPO DE INVERSIONES, S.A.	Apoio a plans de viabilidade	23.02.2009	10.800.000	EXENTO DE COMISIÓN
AV/0358	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	Apoio a plans de viabilidade	23.03.2009	6.003.000	EXENTO DE COMISIÓN
AV/0359-1 AV/0359-2	GRUPO EMPRESARIAL ISIDRO DE LA CAL, S.L.	Apoio a plans de viabilidade	23.03.2009	7.061.300 4.438.700	EXENTO DE COMISIÓN
AV/0385	PORTICO,S.A.	Apoio a plans de viabilidade	15.07.2009	5.000.000	1
AV/0403	BLUSENS TECHNOLOGY, S.L.	Apoio a plans de viabilidade	14.09.2009	7.800.000	0,40
AV/0440	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	Apoio a plans de viabilidade	11.12.2009	1.200.000	0,40(*)
AV/0582-1	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	Apoio a plans de viabilidade	27.01.2010	500.000	0,40(*)
AV/0687-1 AV/0687-2 AV/0687-3 AV/0687-4 AV/0687-5 AV/0687-6 AV/0687-7 AV/0687-8 AV/0687-9 AV/0687-10	PAQUITO,S.L.	Apoio a plans de viabilidade	2.12.2010	1.530.220,66 1.401.282,65 1.241.956,22 1.126.291,9 926.387,28 562.997,71 530.832,1 396.883,81 223.308,09 182.839,59	0,40
AV/0701 AV/0702	CONSTRUCCIONES MON, S.L.	Apoio a plans de viabilidade	2.12.2010	1.000.000 500.000	0,40
AV/0776-1 AV/0776-2	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	RE-BROTE	5.12.2011	210.000 140.000	0,50
AV/0834-1 AV/0834-2 AV/0834-3	ALIMENTOS LACTEOS, S.A.	Apoio a plans de viabilidade	8.10.2012	150.000 150.000 150.000	0,40
AV/0835-1 AV/0835-2 AV/0835-3 AV/0835-4 AV/0835-5 AV/0835-6	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	Apoio a plans de viabilidade	8.10.2012	500.000 500.000 500.000 500.000 250.000 250.000	0,40
AV/0846	PORTO-MUIÑOS, S. L.	RE-EXPORT	16.11.2012	50.000	0,50
AV/0847	GENESAL – GENERADORES EUROPEOS, S.A.L.	RE-EXPORT	16.11.2012	125.000	0,50
AV/0848	DISTEVI S.L.	RE-EXPORT	4.02.2013	40.000	0,50
AV/0849	BERA 2000, S.L.	RE-EXPORT	16.11.2012	40.000	0,50
AV/0852	I.C.O.N EUROPE, S.L	RE-EXPORT	19.12.2012	125.000	0,50
AV/0855	ASPANAS TERMAL, S.L.U.	Apoio a plans de viabilidade	8.10.2012	375.000	0,40
AV/0859	PROMOTORA INDUSTRIAL SADENSE,SA	Apoio a plans de viabilidade	5.02.2013	800.000	0,40
AV/0865	EDITORIAL COMPOSTELA S.A	Apoio a plans de viabilidade	30.04.2013	1.200.000	0,40
AV/0867	INVERBOBE, S.L.	RE-EXPORT	25.11.2013	125.000	0,50

Fonte: Elaboración propia cos datos obtidos dos expedientes analizados.

(*) Estes avais teñen unha vixencia de 6 meses polo que a comisión aplicada foi do 0,20%.

ANEXO VII. SALDOS COMISIÓNS DE AVAIS PENDENTES A 31.12.2013 CORRESPONDENTES AOS EXPEDIENTES INCLUÍDOS NA MOSTRAXE

Ano Cargo	Concepto	Expediente	Descrición	Código	Descrición	Saldo DR (euros)
2007	1592	AV0218	FERLOSA,S.L.	2007-06.05-1	Compromiso de ingreso de comisión aval	641,23
2008	1592	AV0218	FERLOSA,S.L.	2008-06.05-3	Compromiso de ingreso de comisión aval	589,99
2009	1592	AV0257	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	2009-06.05-3	Compromiso de ingreso de comisión aval	49.000,00
2009	1592	AV0218	FERLOSA,S.L.	2009-06.05-3	Compromiso de ingreso de comisión aval	589,99
2009	1592	AV0273	GENEROS DE PUNTO IVAN,SL	2009-06.05-13	Comisión aval nº AV/0273	2.352,00
2010	1592	AV0257	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	2010-06.05-1	Compromiso de ingreso de comisión aval	49.000,00
2010	1592	AV0440	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	2010-06.05-5	Comisión aval nº AV/0440	2.400,00
2010	1592	AV0582-1	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	2010-06.05-6	Comisión aval nº AV/0582-1	1.000,00
2010	1592	AV0273	GENEROS DE PUNTO IVAN,SL	2010-06.05-1	Compromiso de ingreso de comisión aval	2.352,00
2012	1592	AV0608	ALIMENTOS LACTEOS, S.A.	2012-06.06-11	Compromiso de ingreso de comisión aval	6.400,00
2012	1592	AV0385	PORTICO,S.A.	2012-06.06-11	Compromiso de ingreso de comisión aval	50.000,00
2012	1592	AV0403	BLUSENS TECHNOLOGY, S.L. (*)	2012-06.06-11	Compromiso de ingreso de comisión aval	21.120,00
2013	1592	AV0847	GENERADORES EUROPEOS, S.A.	2013-06.06-437	Comisión aval nº AV/0847.	625,00
2013	1592	AV0687	PAQUITO,S.L.	2013-06.06-28	Compromiso de ingreso de comisión aval	32.492,00
2013	1592	AV0403	BLUSENS TECHNOLOGY, S.L. (*)	2013-06.06-28	Compromiso de ingreso de comisión aval	16.820,00
2013	1592	AV0776	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	2013-06.06-440	Comisión aval nº AV/0776-1.	1.050,00
2013	1592	AV0835	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	2013-06.06-441	Comisión aval nº AV/0835-5.	1.000,00
2013	1592	AV0835	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	2013-06.06-442	Comisión aval nº AV/0835-4.	2.000,00
2013	1592	AV0835	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	2013-06.06-443	Comisión aval nº AV/0835-3.	2.000,00
2013	1592	AV0835	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	2013-06.06-444	Comisión aval nº AV/0835-2.	2.000,00
2013	1592	AV0835	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	2013-06.06-445	Comisión aval nº AV/0835-1.	2.000,00
TOTAL						245.432,21

(*) As cantidades que figuran nos rexistros contables correspondentes a estas comisións presentan un saldo superior (28.080 e 23.780 euros, respectivamente) por un erro na cuantificación que foi corrixido pola Área de Financiamento pero non foi modificado na contabilidade do Igape.

ANEXO VIII. COMPROMISOS

Expediente	Persoa ou entidade avalada	Postos de traballo Directos	Concesión	Compromisos				
				Non reparto dividendos	Non incremento retrib. Admdores.	Amortiz. Anticipada	Publicidade nos medios	Mantemento da activ.e estrutura de persoal
AV/0218	FERLOSA,S.A.	121	26-mai-05	NON	NON	NON	NON	NON
AV/0257	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	315	28-set-07	NON	NON	NON	NON	NON
AV/0266	GENEROS DE PUNTO MONTOTO, S. A.	263	28-dec-07	NON	NON	NON	NON	NON
AV/0273	GENEROS DE PUNTO IVAN,SL	61	28-mar-08	NON	NON	NON	NON	NON
AV/0320	GENEROS DE PUNTO MONTOTO, S. A. (3 exp)	250	19-dec-08	NON	NON	NON	NON	NON
AV/0331	GRANIPEC ESPAÑA,S.L.	45	02-feb-09	NON	NON	NON	NON	NON
AV/0322	ROBERTO VERINO DIFUSIÓN, S.A.	501	02-feb-09	NON	NON	NON	NON	NON
AV/0353	GRUPO COPO DE INVERSIONES, S.A.	578	23-feb-09	NON	NON	NON	NON	NON
AV/0358	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	315	23-mar-09	NON	NON	NON	NON	NON
AV/0359	GRUPO EMPRESARIAL ISIDRO DE LA CAL, S.L. (2 exp.)	256	23-mar-09	NON	NON	NON	NON	NON
AV/0385	PORTICO,S.A.	448	15-xul-09	SI	SI	NON	SI	SI
AV/0403	BLUSENS TECHNOLOGY, S.L.	93	14-set-09	SI	NON	SI	SI(*)	NON
AV/0440	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	277	11-dec-09	NON	NON	NON	NON	NON
AV/0582-1	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	277	27-xan-10	NON	NON	NON	NON	NON
AV/0687	PAQUITO,S.L. (10 exp.)	223	02-dec-10	SI	SI	SI	SI	SI
AV/0701-AV0702	CONSTRUCCIONES MON, S.L.	91	02-dec-10	SI	SI	SI	SI	NON
AV/0776	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. (2 exp.)	35	05-dec-11	NON	SI	NON	SI	SI
AV/0834	ALIMENTOS LACTEOS, S.A.(3 exp.)	71	08-out-12	SI	SI	NON	SI	SI
AV/0835	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L. (6 exp.)	30	08-out-12	SI	SI	SI	SI	SI
AV/0846	PORTO-MUIÑOS, S. L.	14,5	16-nov-12	NON	NON	NON	NON	NON
AV/0847	GENESAL – GENERADORES EUROPEOS, S.A.L.	29	16-nov-12	NON	NON	NON	NON	NON
AV/0848	DISTEVI S.L.	29	04-feb-13	NON	NON	NON	NON	NON
AV/0849	BERA 2000, S.L.	15	16-nov-12	NON	SÍ	NON	NON	SI
AV/0852	I.C.O.N EUROPE, S.L	55	19-dec-12	NON	NON	NON	NON	NON
AV/0855	ASPANAS TERMAL, S.L.U.	107	08-out-12	SI	SI	SI	SI	SI
AV/0859	PROMOTORA INDUSTRIAL SADENSE,SA	40	05-feb-13	SI	SI	SI	SI	SI
AV/0865	EDITORIAL COMPOSTELA S.A	200	30-abr-13	SI	SI	SI	SI	SI
AV/0867	INVERBOBE, S.L.	38	25-nov-13	NON	NON	NON	NON	NON

Fonte: Elaboración propia cos datos obtidos dos expedientes analizados. O número de traballadores obtívose dos informes relativos ás solicitudes dos avais. Non se inclúen os manifestados como traballos indirectos.

(*) Non constaba este compromiso no acordo inicial de concesión pero foi incluído no acordo de modificación do aval.

ANEXO IX. INFORMACIÓN SOBRE IMPORTES RECUPERADOS POLA CA

Empresas avaladas	Importes falidos	Importes recuperados
UNICAR, S.A	210.200,06	Adxudicación existencias valoradas en 854.063,14€
GESRUBBER, S.A.	2.910.888,14	Reintegrado 773.268,50€. Subsiste hipoteca mobiliaria sobre maquinaria
INDUSTRIAL DE MUEBLES LA FAMA, S.A	2.062.620,00	Reintegrado 109.192,92€
INDUSTRIAS PARDIÑAS, S.A. (2exp)	634.067,77	Adxudicación finca 19.553 Rexistro Mondoñedo polo importe 634.067,77€ de principal
CUOTA LACTEA 1993/94 y 1995/96	21.437.061,00	Non reintegrado, o Consello Xunta acordou o inercicio accions regreso
MAPERLAN, S.A (3 exp.)	240.162,75	Non reintegrado
AVIGAN, S.C.L. (3 exp.)	390.036,84	Adxudicadas fincas 34.180 e 28266 do Rexistro de Pontearreas polo importe aboado. A segunda das fincas declarada posteriormente monte veciñal en man común
MAR EGEO (1 exp.)	17.795,38	Non reintegrado (cesión crédito indemnización)
CONFECCIONES LABORA, S.L.	371.943,35	Adxudicada 1/3 finca 10.023 do Rexistro de Cambados polo importe aboado
ASTILLEROS M. CIES, S.L.	2.100.000,00	Non reintegrado
FERLOSA, S.L.	582.325,65	Reintegrados 102.000€
GRANITESA, S.A.	2.268.000,00	Non reintegrado, subsiste hipoteca
INDUSTRIAS GONZALEZ, S.L.	2.037.995,40	Adxudicadas fincas rexistro Lalín: 39768, 44364, 44365, 44731 e 41529 por importe conxunto de 1.426.596,79€.
INDUSTRIAS CARBALLO PARA LA TECNOLOGÍA DEL MUEBLE, S.A.	664.989,49	Non reintegrado subsiste hipoteca
BERNARDO ALFAGEME, S.A.	32.203.000,00	Adxudicadas: Marca comunitaria Miau por 220.000€, finca rexistro Cambados 8.087 por 210.000€, finca rexistro Vilagarcía de Arousa n 14.661 por 350.000€, Concesión da finca rexistro n 3 de Vigo 59.961 por 1.060.046,05€
CREACIONES TOYPES, S.L.	863.904,46	Reintegrado 218.577,86€
GENEROS DE PUNTO IVAN, SL	2.352.000,00	Non reintegrado. Subsiste hipoteca
TALLERES ANBLA. S.L.	562.859,09	Acordo coa Atriga de aprazamento e fraccionamento reintegro
COMERCIALIZACIÓN DE CARNE GALLEGA, S.L.	178.788,87	Non reintegro
RIEGO TUBOS ARMADOS, S.A.	176.469,68	Non reintegro
ELECTRICIDAD HERMANOS DOMINGUEZ, SA	120.000,00	Non reintegro
FORMOSO ESTRUCTURAS METALICAS, S.L.	43.524,10	Non reintegro
POLLAN E HIJOS, S.L.	2.428,76	Non reintegro
GRANIPEC ESPAÑA, S.L.	1.059.750,42	Non reintegro
GENEROS DE PUNTO MONTOTO, S. A.	3.920.994,85	Non reintegro subsisten hipotecas
ELABORADOS GALLEGOS, S.A.	198.728,75	149.588,49€
ASMA-YECT, S.L.	281.390,98	Non reintegro
PUMADE, S.A.	3.072.916,00	Non reintegro subsiste hipoteca
GENEROS DE PUNTO MONTOTO, S. A.	547.180,42	Non reintegro
TEX DIGITAL, S.L.	456.260,76	Non reintegro
WINTERRA, S.A.	120.000,00	Non reintegro
HERTECO TRANSFORMACION DE PLÁSTICOS, S.L.	151.778,11	Non reintegro
Total	82.240.061,09	

Reintegrado importe líquido de 1.352.627,77€.

Adxudicados bens hipotecados por un importe de 5.366.879,85€.

ANEXO X. RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE AVAIS INCLUIDOS NA MOSTRAXE

Expediente	Persoa ou entidade avalada	Concesión	Formalización	Vencemento	Aval concedido	Aval formalizado	Risco a 31/12/2013	Operación garantida	Concepto garantido	Finalidade
AV/0218	FERLOSA,S.A.	26-mai-05	19-set-05	20-set-12	825.654,24	825.654,24	0,00	1.179.506,05	70% do principal	Reestruturación de débedas
AV/0257	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	28-set-07	29-abr-08	29-abr-13	24.500.000,00	24.500.000,00	0,00	35.000.000,00	70% do principal	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
AV/0266	GENEROS DE PUNTO MONTOTO, S. A.	28-dec-07	30-abr-08	30-abr-15	2.800.000,00	2.800.000,00	2.800.000,00	4.000.000,00	70% do principal	Refinanciamento de débedas
AV/0273	GENEROS DE PUNTO IVAN,SL	28-mar-2008	14-xul-2008	14-xul-2015	2.352.000,00	2.352.000,00	0,00	3.360.000,00	70% do principal	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
AV/0320-1	GENEROS DE PUNTO MONTOTO, S. A.	19-dec-08	13-mar-09	13-set-09	600.000,00	600.000,00	600.000,00	600.000,00	100% do principal	Financiamento de circulante
AV/0320-2	GENEROS DE PUNTO MONTOTO, S. A.	19-dec-08	13-mar-09	13-mar-09	600.000,00	600.000,00	600.000,00	600.000,00	100% do principal	Financiamento de circulante
AV/0320-3	GENEROS DE PUNTO MONTOTO, S. A.	19-dec-08	13-mar-09	13-set-09	600.000,00	600.000,00	600.000,00	600.000,00	100% do principal	Financiamento de circulante
AV/0322	ROBERTO VERINO DIFUSIÓN, S.A.	02-feb-09	26-mar-09	26-mar-16	11.550.000,00	11.550.000,00	5.040.000,00	7.200.000,00	70% do principal	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
AV/0331	GRANIPEC ESPAÑA,S.L.	02-feb-09	10-mar-09	10-mar-17	1.120.000,00	1.120.000,00	1.076.076,68	1.600.000,00	70% do principal	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
AV/0353	GRUPO COPO DE INVERSIONES, S.A.	23-feb-09	09-xul-09	09-xul-16	10.860.000,00	10.800.000,00	10.800.000,00	18.000.000,00	60% do principal	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
AV/0358	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	23-mar-09	03-abr-09	03-abr-14	6.003.000,00	6.003.000,00	0,00	9.000.000,00	67% do principal	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
AV/0359-1	GRUPO EMPRESARIAL ISIDRO DE LA CAL, S.L.	23-mar-09	30-nov-09	30-nov-19	7.061.300,00	7.061.300,00	5.322.099,36	24.191.360,74	29% do principal	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
AV/0359-2	GRUPO EMPRESARIAL ISIDRO DE LA CAL, S.L.	23-mar-09	30-nov-09	30-nov-19	4.438.700,00	4.438.700,00	4.400.789,21	6.286.841,73	70% do principal	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
AV/0385	PORTICO,S.A.	15-xul-09	01-out-09	01-out-16	5.000.000,00	5.000.000,00	4.650.000,00	9.300.000,00	50% do principal	Refinanciamento de débedas.
AV/0403	BLUSENS TECHNOLOGY, S.L.	14-set-09	22-feb-10	22-feb-17	7.800.000,00	6.060.000,00	4.205.000,02	7.008.333,36	60% do principal	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
AV/0440	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	11-dec-09	19-xan-10	19-xul-10	1.200.000,00	1.200.000,00	0,00	1.200.000,00	100% do principal	Financiamento de circulante
AV/0582-1	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	27-xan-10	28-xan-10	28-xul-10	500.000,00	500.000,00	0,00	500.000,00	100% do principal	Financiamento do circulante
AV/0687-1	PAQUITO,S.L.	02-dec-10	14-abr-11	14-abr-18	1.530.220,66	1.530.220,66	1.503.955,25	3.084.579,27	49% do principal	Reestruturación de débedas
AV/0687-2	PAQUITO,S.L.	02-dec-10	14-abr-11	14-abr-18	1.401.282,65	1.401.282,65	1.377.230,38	2.824.669,32	49% do principal	Reestruturación de débedas

Expediente	Persoa ou entidade avalada	Concesión	Formalización	Vencemento	Aval concedido	Aval formalizado	Risco a 31/12/2013	Operación garantida	Concepto garantido	Finalidade
AV/0687-3	PAQUITO,S.L.	02-dec-10	14-abr-11	14-abr-18	1.241.956,22	1.241.956,22	1.220.638,71	2.503.503,24	49% do principal	Reestruturación de débedas
AV/0687-4	PAQUITO,S.L.	02-dec-10	14-abr-11	14-abr-18	1.126.291,90	1.126.291,90	1.106.959,70	2.270.350,08	49% do principal	Reestruturación de débedas
AV/0687-5	PAQUITO,S.L.	02-dec-10	14-abr-11	14-abr-18	926.387,28	926.387,28	910.486,33	1.867.387,51	49% do principal	Reestruturación de débedas
AV/0687-6	PAQUITO,S.L.	02-dec-10	14-abr-11	14-abr-18	562.997,71	562.997,71	553.334,15	1.134.876,22	49% do principal	Reestruturación de débedas
AV/0687-7	PAQUITO,S.L.	02-dec-10	14-abr-11	14-abr-18	530.832,10	530.832,10	521.720,65	1.070.037,61	49% do principal	Reestruturación de débedas
AV/0687-8	PAQUITO,S.L.	02-dec-10	14-abr-11	14-abr-18	396.883,81	396.883,81	390.071,52	800.028,13	49% do principal	Reestruturación de débedas
AV/0687-9	PAQUITO,S.L.	02-dec-10	14-abr-11	14-abr-18	223.308,09	223.308,09	219.475,13	450.138,68	49% do principal	Reestruturación de débedas
AV/0687-10	PAQUITO,S.L.	02-dec-10	14-abr-11	14-abr-18	182.839,59	182.839,59	179.701,25	368.563,32	49% do principal	Reestruturación de débedas
AV/0701	CONSTRUCCIONES MON, S.L.	02-dec-10	07-xul-11	07-xul-18	1.000.000,00	1.000.000,00	1.000.000,00	2.000.000,00	50% do principal	Financiamento de circulante.
AV/0702	CONSTRUCCIONES MON, S.L.	02-dec-10	07-xul-11	07-xul-18	500.000,00	500.000,00	500.000,00	1.000.000,00	50% do principal	Financiamento de circulante.
AV/0776-1	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	05-dec-11	15-dec-11	15-dec-14	210.000,00	210.000,00	210.000,00	300.000,00	70% do principal	Financiamento de circulante
AV/0776-2	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	05-dec-11	11-abr-12	11-out-14	140.000,00	140.000,00	140.000,00	200.000,00	70% do principal	Financiamento de circulante
AV/0834-1	ALIMENTOS LACTEOS, S.A.	08-out-12	16-nov-12	16-mai-15	150.000,00	150.000,00	150.000,00	300.000,00	50% do principal	Financiamento de circulante
AV/0834-2	ALIMENTOS LACTEOS, S.A.	08-out-12	16-nov-12	16-mai-15	150.000,00	150.000,00	150.000,00	300.000,00	50% do principal	Financiamento de circulante
AV/0834-3	ALIMENTOS LACTEOS, S.A.	08-out-12	16-nov-12	16-mai-15	150.000,00	150.000,00	150.000,00	300.000,00	50% do principal	Financiamento de circulante
AV/0835-1	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	08-out-12	21-nov-12	21-nov-19	500.000,00	500.000,00	500.000,00	1.000.000,00	50% do principal	Financiar investimentos
AV/0835-2	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	08-out-12	21-nov-12	21-nov-19	500.000,00	500.000,00	500.000,00	1.000.000,00	50% do principal	Financiar investimentos
AV/0835-3	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	08-out-12	21-nov-12	21-nov-19	500.000,00	500.000,00	500.000,00	1.000.000,00	50% do principal	Financiar investimentos
AV/0835-4	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	08-out-12	21-nov-12	21-nov-19	500.000,00	500.000,00	500.000,00	1.000.000,00	50% do principal	Financiar investimentos
AV/0835-5	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	08-out-12	21-nov-12	21-dec-19	250.000,00	250.000,00	250.000,00	500.000,00	50% do principal	Financiar investimentos

Informe do Igape. Exercicios 2011-2013

Expediente	Persoa ou entidade avalada	Concesión	Formalización	Vencemento	Aval concedido	Aval formalizado	Risco a 31/12/2013	Operación garantida	Concepto garantido	Finalidade
AV/0835-6	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	08-out-12	05-feb-13	05-feb-20	250.000,00	250.000,00	250.000,00	500.000,00	50% do principal	Financiar investimentos
AV/0846	PORTO-MUIÑOS, S. L.	16-nov-12	11-dec-12	11-dec-14	50.000,00	50.000,00	50.000,00	100.000,00	50% do principal	Financiamento de circulante
AV/0847	GENESAL – GENERADORES EUROPEOS, S.A.L.	16-nov-12	04-dec-12	04-dec-14	125.000,00	125.000,00	125.000,00	250.000,00	50% do principal	Financiamento de circulante
AV/0848	DISTEVI S.L.	04-feb-13	15-feb-13	15-feb-15	40.000,00	40.000,00	40.000,00	80.000,00	50% do principal	Financiamento de circulante
AV/0849	BERA 2000, S.L.	16-nov-12	10-xan-13	10-xul-15	40.000,00	40.000,00	40.000,00	80.000,00	50% do principal	Financiamento de circulante
AV/0852	I.C.O.N EUROPE, S.L	19-dec-12	14-xan-13	14-xan-15	125.000,00	125.000,00	125.000,00	250.000,00	50% do principal	Financiamento de circulante
AV/0855	ASPANAS TERMAL, S.L.U.	08-out-12	10-xan-13	10-xan-20	375.000,00	375.000,00	375.000,00	500.000,00	75% do principal	Financiamento de circulante
AV/0859	PROMOTORA INDUSTRIAL SADENSE,SA	05-feb-13	06-xun-13	06-xun-15	800.000,00	800.000,00	800.000,00	2.000.000,00	40% do principal	Financiamento de circulante/ refinanciamento póliza
AV/0865	EDITORIAL COMPOSTELA S.A	30-abr-13	19-xul-13	19-xul-20	1.200.000,00	1.200.000,00	1.200.000,00	3.000.000,00	40% do principal	Financiamento de circulante/ refinanciamento póliza
AV/0867	INVERBOBE, S.L.	25-nov-13	18-dec-13	18-dec-15	125.000,00	125.000,00	125.000,00	250.000,00	50% do principal	Financiamento de circulante
TOTAIS					103.613.654,25	101.813.654,25	55.757.538,32	161.910.175,26		

ANEXO XI. INFORMACIÓN SOBRE O PAGAMENTO DAS COMISIÓN DE AVAIS

Expediente	Persoa ou entidade avalada	% COMISIÓN	Formalización	Retraso no pagamento por días			
				1ª Anualidade	2ª Anualidade	3ª Anualidade	4ª Anualidade
AV/0218	FERLOSA,S.A.	0,1	19-set-05	14	35	NON PAGADA	NON PAGADA
AV/0257	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	0,2	29-abr-08	0	NON PAGADA	NON PAGADA	(1)
AV/0273	GENEROS DE PUNTO IVAN,SL	0,1	14-xul-08	8	NON PAGADA	NON PAGADA	(1)
AV/0331	GRANIPEC ESPAÑA,S.L.	0,1	10-mar-09	13	42	39	(1)
AV/0385	PORTICO,S.A.	1%	01-out-09	18	12	96	NON PAGADA
AV/0403	BLUSENS TECHNOLOGY, S.L.	0,4	22-feb-10	9	92	NON PAGADA	NON PAGADA
AV/0440	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	0,2	19-xan-10	NON PAGADA	(2)	(2)	(2)
AV/0582-1	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	0,2	28-xan-10	NON PAGADA	(2)	(2)	(2)
AV/0687-1 a 10	PAQUITO,S.L.	0,4	14-abr-11	0	2	290	NON PAGADA
AV/0701	CONSTRUCCIONES MON, S.L.	0,4	07-xul-11	11	118	(1)	(1)
AV/0702	CONSTRUCCIONES MON, S.L.	0,4	07-xul-11	11	118	(1)	(1)
AV/0776-1	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	0,5	15-dec-11	12	88	NON PAGADA	(3)
AV/0776-2	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	0,5	11-abr-12	8	174	(3)	(3)
AV/0834-1	ALIMENTOS LACTEOS, S.A.	0,4	16-nov-12	0	(4)	(4)	(4)
AV/0834-2	ALIMENTOS LACTEOS, S.A.	0,4	16-nov-12	0	(4)	(4)	(4)
AV/0834-3	ALIMENTOS LACTEOS, S.A.	0,4	16-nov-12	0	(4)	(4)	(4)
AV/0835-1 a 5	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	0,4	21-nov-12	13	55	24	58
AV/0835-6	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	0,4	05-feb-13	0	91	71	NON PAGADA
AV/0846	PORTO-MUIÑOS, S. L.	0,5	11-dec-12	22	(3)	(3)	(3)
AV/0847	GENESAL - GENERADORES EUROPEOS, S.A.L.	0,5	04-dec-12	0	35	(3)	(3)
AV/0848	DISTEVI S.L.	0,5	15-feb-13	14	118	(3)	(3)
AV/0849	BERA 2000, S.L.	0,5	10-xan-13	0	NON PAGADA	NON PAGADA	(3)
AV/0852	I.C.O.N EUROPE, S.L	0,5	14-xan-13	0	NON PAGADA	(3)	(3)
AV/0855	ASPANAS TERMAL, S.L.U.	0,4	10-xan-13	0	731	366	(3)
AV/0859	PROMOTORA INDUSTRIAL SADENSE,SA	0,4	06-xun-13	12	165	(3)	(3)
AV/0865	EDITORIAL COMPOSTELA S.A	0,4	19-xul-13	14	628	263	NON PAGADA
AV/0867	INVERBOBE, S.L.	0,5	18-dec-13	-1	NON PAGADA	(3)	(3)

(1) Non contabilizada por aval en execución

(2) Non devindicada porque o aval tiña unha duración de 6 meses

(3) Non devindicada por aval vencido

(4) Non contabilizados por avais sen risco. A empresa notificou o peche das instalacións.

ANEXO XII. FINALIDADE DOS AVAIS

Expediente	Beneficiario	Sector económico	Tipo de aval	Importe do aval formalizado	Finalidade	SITUACIÓN
AV/0218	Ferlosa,s.a.	Explotación, elaboración e comercialización pizarras	Directo	825.654,24	Reestruturación de pasivos bancarios	CONCURSO DE ACREEDORES. AVAL EXECUTADO
AV/0257	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	Conserveiro	DIRECTO	24.500.000	Financiar investimentos, reestruturación de débedas e financiamento de circulante	CONCURSO ACREEDORES. AVAL EXECUTADO
AV/0266	GENEROS DE PUNTO MONTOTO, S. A.	Téxtil	DIRECTO	2.800.000	Reestruturación de débedas bancarias, incluíndo a cancelación de anticipos bancarios de facturas e amortización de préstamos MITYC	EMPRESA EN LIQUIDACIÓN. AVAL EXECUTADO
AV/0273	GENEROS DE PUNTO IVAN, S.L.	Téxtil	DIRECTO	2.352.000	Axuda de reestruturación coa finalidade de reestruturar débedas bancarias, pago a acreedores e financiamento de circulante.	EMPRESA EXTINGUIDA. AVAL EXECUTADO
AV/0320-1 a 3	GENEROS DE PUNTO MONTOTO, S. A.	Téxtil	DIRECTO	1.800.000	Axuda de salvamento destinada ao sostenemento da actividade co obxectivo de elaborar un Plan de Reestruturación	EMPRESA EN LIQUIDACIÓN. AVAL EXECUTADO.
AV/0331	GRANIPEC ESPAÑA,S.L.	Aserradero e pulido de pedra material	DIRECTO	1.120.000	Refinanciamento de débedas bancarias, investimentos para a reestruturación industrial e financiamento de circulante	EMPRESA EN LIQUIDACIÓN. AVAL EXECUTADO
AV/0322	ROBERTO VERINO DIFUSIÓN, S.A.	Téxtil	DIRECTO	11.550.000	Reestruturación de endebedamento e xeración de liquidez necesaria para acometer o plan económico financeiro para o período 1-03-09 a 29-02-16	CANCELADO VENCEMENTO
AV/0353	GRUPO COPO DE INVERSIONES, S.A.	Financeiro	DIRECTO	10.800.000	Destinado a refinanciamento dos préstamos avalados polo Igape (expedientes AV/0238 e AV/0239), a financiar a adquisición da participación do Grupo Fehrer nas sociedades coparticipadas en Zaragoza e Brasil e a financiar necesidades operativas do Grupo	PRORROGADO MEDIANTE ACUERDO 16.12.2015
AV/0358	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	Conserveiro	DIRECTO	6.003.000	financiar circulante e refinanciamento de débedas	CONCURSO ACREEDORES. AVAL EXECUTADO
AV/0359-1	GRUPO EMPRESARIAL ISIDRO DE LA CAL, S.L.	Pesca extractiva, comercialización, acuicultura e transformación	DIRECTO	11.500.000	Financiamento de circulante, reestruturación de débedas e outras necesidades operativas do Grupo. Na modificación establécense como motivos destacados do acordo a necesidade dunha reestruturación financeira que logre un equilibrio financeiro e patrimonial así como de acadar os niveis necesarios de rendibilidade para asegurar o pago das débedas e a continuidade do Grupo a longo prazo.	Nova operación de reestruturación que se atopa pendente de formalizar. Os avais pasan a unha nova sociedade que manterá as actividades económicas e que terá unha débeda menor.
AV/0359-2						
AV/0385	PORTICO,S.A.	Venda de mobles e artigos de agasallo	DIRECTO	5.000.000	Refinanciamento de débedas. Transformación de débedas a curto prazo (financiamento de importacións fundamentalmente)	EMPRESA EN LIQUIDACIÓN. AVAL EN EXECUCIÓN
AV/0403	BLUSENS TECHNOLOGY, S.L.	Tecnoloxía	DIRECTO	7.800.000	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante	EMPRESA EN LIQUIDACIÓN. AVAL EN EXECUCIÓN
AV/0440	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	Conserveiro	DIRECTO	1.200.000	Operación de crédito transitoria destinada a atender as necesidades operativas imprescindibles, durante o período no que se elabore o informe de viabilidade e se replantee o financiamento da empresa	CONCURSO ACREEDORES. AVAL EXECUTADO
AV/0582-1	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	Conserveiro	DIRECTO	500.000	Complemento do financiamento transitorio avalado polo Igape, destinado a atender necesidades operativas imprescindibles para o funcionamento da empresa	CONCURSO ACREEDORES. AVAL EXECUTADO
AV/0687-1 a 10	PAQUITO,S.L.	Conxeados	DIRECTO	8.123.000	Refinanciamento de débedas bancarias.	En negociación da venda da unidade produtiva. A data de peche do anteproxecto as entidades financeiras manteñen a operación sen amortizar. O aval vence o 14.04.2018

Expediente	Beneficiario	Sector económico	Tipo de aval	Importe do aval formalizado	Finalidade	SITUACIÓN
AV/0701	CONSTRUCCIONES MON, S.L.	Construción	DIRECTO	1.000.000	financiamento de circulante e necesidades operativas do grupo	EMPRESA EN LIQUIDACIÓN. AVAL EN EXECUCIÓN
AV/0702				500.000		
AV/0776-1 AV/776-2	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	Construción liñas de telecomunicación	RE-BROTE	210.000 140.000	Xestión de pagamentos a provedores	CANCELADO POR VENCEMENTO
AV/0834-1 a 3	ALIMENTOS LACTEOS, S.A.	Lácteo	DIRECTO	450.000	Financiamento operativo da industria láctea de Outeiro de Rei (Lugo), posta en marcha no ano 2010 por un conxunto de cooperativas, trala decisión de prescindir dela polo Grupo Leche Pascual. Estes avais substitúen a 5 avais formalizados ao abeiro do programa Re-Brote (AV635-1 a 5).	Empresa en concurso de acredores pero non se executaron os avais e o risco está cancelado por estar os avais vencidos.
AV/0835-1 a 6	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	Lácteo	DIRECTO	2.500.000	Financiar a adquisición da planta de fabricación de produtos lácteos do Grupo Clesa en Caldas de Reis, para dar continuidade á súa actividade	AVAL VIXENTE SEN INCIDENCIAS. VENCE O 21.11.2019
AV/0846	PORTO-MUIÑOS, S. L.	Comercio ao por maior de froitas e hortalizas	RE-EXPORT	50.000	Financiamento do aprovisionamento de materias primas destinadas á fabricación de produtos a exportar, así como gastos derivados do proceso de envase, embalaxe e preparación para o envío ao exterior.	CANCELADO POR VENCEMENTO
AV/0847	GENESAL - GENERADORES EUROPEOS, S.A.L.	Fabricación de grupos electrógenos	RE-EXPORT	125.000	Financiamento do aprovisionamento de materias primas destinadas á fabricación de produtos a exportar, así como gastos derivados do proceso de envase, embalaxe e preparación para o envío ao exterior.	CANCELADO POR VENCEMENTO
AV/0848	DISTEVI S.L.	Fabricación de maquinaria	RE-EXPORT	40.000	Financiamento do aprovisionamento de materias primas destinadas á fabricación de produtos a exportar, así como gastos derivados do proceso de envase, embalaxe e preparación para o envío ao exterior.	CANCELADO POR VENCEMENTO
AV/0849	BERA 2000, S.L.	Comercio Téxtil	RE-EXPORT	40.000	Financiamento do aprovisionamento de materias primas destinadas á fabricación de produtos a exportar, así como gastos derivados do proceso de envase, embalaxe e preparación para o envío ao exterior.	CANCELADO POR VENCEMENTO
AV/0852	I.C.O.N EUROPE, S.L.	Comercio ao por maior de produtos cosméticos	RE-EXPORT	125.000	Financiamento do aprovisionamento de materias primas destinadas á fabricación de produtos a exportar, así como gastos derivados do proceso de envase, embalaxe e preparación para o envío ao exterior.	CANCELADO POR VENCEMENTO
AV/0855	ASPANAS TERMAL, S.L.U.	Inserción social de persoas con discapacidade	DIRECTO	375.000	Destinado exclusivamente a financiar circulante. En ningún caso poderá aplicarse ao pago de débedas bancarias nin pagos a empresas do Grupo	CANCELADO E CONCEDIDO NOVO AVAL
AV/0859	PROMOTORA INDUSTRIAL SADENSE,SA	Mexilloeiro	DIRECTO	800.000	Refinanciar ou renovar a conta de crédito concedida pola entidade Banco PASTOR, vencida o 22.12.2012 e que conta con aval do Igape (AV/0669)	CANCELADO AVAL AO VENCEMENTO. MANTÉN OUTRO AVAL EN VIGOR
AV/0865	EDITORIAL COMPOSTELA S.A	Edición de xornais	DIRECTO	1.200.000	Aval en garantía do 40% do principal dunha operación de préstamo por importe máximo de 3.000.000€ concedido por NCGBanco. Con este aval cancelase o aval AV672 que garante parcialmente a débeda que se refinancia co préstamo avalar.	Dificultades para atender á devolución do préstamo. Autorizada unha modificación do calendario de amortización para permitir unha carencia intermedia ata o 31/12/2017, mantendo o vencemento final inicialmente pactado. O aval vence o 19.07.2020
AV/0867	INVERBOBE, S.L.	Elaboración de proxectos, subministro e instalación de fachadas ventiladas e muros cortina	RE-EXPORT	125.000	Aval en garantía do 50 % dunha póliza de xestión de pagos a provedores (confirming)	CANCELADO POR VENCEMENTO

Fonte: Elaboración propia cos datos obtidos dos expedientes analizados e a información remitida como feitos posteriores á fiscalización

ANEXO XIII. CONTRAGARANTÍAS DOS AVAIS

Expediente	Beneficiario	Importe do aval formalizado	Hipoteca sobre inmoables	Rango	Hipoteca sobre marcas	Rango	Hipoteca sobre concesión administrativa	rango	Prenda sobre accións	Hipoteca sobre maquinaria	Rango
AV/0218	FERLOSA,S.A.	825.654,24	535.235	1º						290.419	1º
AV/0257	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	24.500.000	9.983.319	1º	14.516.681	s/d					
AV/0266	GENEROS DE PUNTO MONTOTO S.A.	2.800.000	2.800.000	1º							
AV/0273	GENEROS DE PUNTO IVAN, S.L.	2.352.000	1.965.824	2º						386.176	1º
AV/0320-1 a 3	GENEROS DE PUNTO MONTOTO S.A.	1.800.000	*								
AV/0331	GRANIPEC ESPAÑA,S.L.	1.120.000	1.120.000	2º							
AV/0322	ROBERTO VERINO DIFUSIÓN, S.A.	11.550.000			11.500.000	1º					
AV/0353	GRUPO COPO DE INVERSIONES, S.A.	10.800.000	3.827.718	1º					7.032.282		
AV/0358	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	6.003.000	1.129.595	2º							
			4.873.405	1º							
AV/0359-1	GRUPO EMPRESARIAL ISIDRO DE LA CAL, S.L.	7.061.300			5.398.162	s/d	5.398.162	1º			
AV/0359-2	GRUPO EMPRESARIAL ISIDRO DE LA CAL, S.L.	4.438.700			4.438.700	s/d	4.438.700	2º			
AV/0385	PORTICO,S.A.	5.000.000	5.000.000	2º							
AV/0403	BLUSENS TECHNOLOGY, S.L.	7.800.000			7.800.000	1º					
AV/0440	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	1.200.000					1.200.000	1º			
AV/0582-1	BERNARDO ALFAGEME, S.A.	500.000					500.000	2º			
AV/0687-1	PAQUITO,S.L.	1.530.221	1.530.221	1º							
AV/0687-2	PAQUITO,S.L.	1.401.282,65	219.469	1º							
			1.181.813	1º							
AV/0687-3	PAQUITO,S.L.	1.241.956,22	87.788	1º							
			819.561	1º							
			334.607	1º							
AV/0687-4	PAQUITO,S.L.	1.126.292	1.126.292	2º							
AV/0687-5	PAQUITO,S.L.	926.387	926.387	3º							

Expediente	Beneficiario	Importe do aval formalizado	Hipoteca sobre inmoables	Rango	Hipoteca sobre marcas	Rango	Hipoteca sobre concesión administrativa	rango	Prenda sobre accións	Hipoteca sobre maquinaria	Rango
AV/0687-6	PAQUITO,S.L.	562.997,71					281.498	1º			
							281.498	1º			
AV/0687-7	PAQUITO,S.L.	530.832,10	62.706	1º			434.683	1º			
			33.443	1º							
AV/0687-8	PAQUITO,S.L.	396.884					396.883	1º			
AV/0687-9	PAQUITO,S.L.	223.308,09	223.308	1º							
AV/0687-10	PAQUITO,S.L.	182.839,59	32.815	1º							
			43.893	1º							
			106.129	1º							
AV/0701	CONSTRUCCIONES MON, S.L.	1.000.000	1.000.000	1º							
AV/0702	CONSTRUCCIONES MON, S.L.	500.000	500.000	2º							
AV/0776-1	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. (2)	210.000	EXENTO DE GARANTÍAS REAIS								
AV/0776-2		140.000									
AV/0834-1 a 3	ALIMENTOS LACTEOS, S.A.	450.000	EXENTO DE GARANTÍAS REAIS								
AV/0835-1 a 6	AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	2.500.000	2.500.000	1º							
AV/0846	PORTO-MUIÑOS, S. L.	50.000	EXENTO DE GARANTÍAS REAIS								
AV/0847	GENESAL - GENERADORES EUROPEOS, S.A.L.	125.000	EXENTO DE GARANTÍAS REAIS								
AV/0848	DISTEVI S.L.	40.000	EXENTO DE GARANTÍAS REAIS								
AV/0849	BERA 2000, S.L.	40.000	EXENTO DE GARANTÍAS REAIS								
AV/0852	I.C.O.N EUROPE, S.L	125.000	EXENTO DE GARANTÍAS REAIS								
AV/0855	ASPANAS TERMAL, S.L.U.	375.000	254.409	3º							
			9.445	1º							
			111.146	1º							
AV/0859	PROMOTORA INDUSTRIAL SADENSE,SA	800.000	EXENTO DE GARANTÍAS REAIS								
AV/0865	EDITORIAL COMPOSTELA S.A	1.200.000	EXENTO DE GARANTÍAS REAIS								
AV/0867	INVERBOBE, S.L.	125.000	EXENTO DE GARANTÍAS REAIS								

(*) As garantías do aval derivanse da súa característica de crédito contra a masa no concurso de acredores o que lle outorga garantía real de todos os activos da empresa

(2) É un expediente do Plan RE-Brote e non se esixiu a achega de garantías reais

VIII. ALEGACIONES PRESENTADAS POLO IGAPE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



igape»»

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA XUNTA DE GALICIA Conselleiría de Economía e Industria	
Data	12 DEC. 2016
Entrada n.º	67317
Saída n.º	

Asunto: Remisión alegacións ao Anteproxecto de Informe

En relación co Anteproxecto de Informe dese Consello, referido á fiscalización da xestión económica correspondente ao período 2011-2013, en particular das axudas en forma de aval, remitímoslles as alegacións que formula este Instituto.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2016

O secretario Xeral do Igape,



Paulo Casal Espido

D^a. Beatriz Rodríguez Fraga
Conselleira da Área Institucional
CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

**ALEGACIÓNS AO ANTEPROXECTO DE INFORME DE FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN ECONÓMICA
CORRESPONDENTE AO PERÍODO 2011-2013**

1.- Limitacións (punto 1.4)

-En canto á indicación de que *os expedientes entregados para realizar os traballos de fiscalización estaban incompletos, que a documentación non estaba ordenada de forma cronolóxica e non existen garantías de que os expedientes analizados contivesen a totalidade de documentos que o integran debido aos seguintes motivos:*

a) A inexistencia dun expediente íntegro nun único soporte, xa que coexiste documentación en soporte papel e electrónico.

b) Os expedientes analizados, agás 3, non conteñen un índice de documentos.

c) Nos expedientes analizados non constaban os trámites realizados por unidades diferentes da SPAC, tales como a Secretaría ou o Departamento de Contabilidade, o que fixo preciso solicitarlles parte da documentación.

Entendemos que estes feitos descritos, aínda que puideron facer menos cómodos os traballos de fiscalización, en ningún caso o impediron e polo tanto non poden supoñer unha limitación ao alcance dos mesmos. Non se incumpriu ningunha norma pola falta da orde cronolóxica e a inexistencia dun índice de documentación nos expedientes administrativos. O feito de que existan documentos en soporte papel e outros en soporte dixital non supón de ningún xeito que os expedientes estean incompletos, posto que se debe a que nos anos fiscalizados produciuse unha transición nos sistemas informáticos, orientada cara á modernización administrativa a través da implantación do rexistro telemático, que se foi implementando progresivamente.

-Documentación non facilitada:

Dende maio de 2015 ata outubro de 2016 foise facilitando polo Igape toda a información atendendo aos múltiples requirimentos recibidos, non sendo conscientes da omisión de resposta a ningunha petición que puidese limitar os traballos de fiscalización.

A información dos apoios económicos aos beneficiarios dos avais incluídos na mostraxe analizada interpretouse que se refería aos apoios coa mesma finalidade que os avais, sendo facilitada a información dos préstamos participativos e participacións de capital de Xesgalicia, que son os únicos apoios que pola súa natureza poden ser concorrentes cos avais do Igape.

Respecto ás restantes axudas, si se facilitou información detallada para os casos concretos das empresas en crise, a efectos de comprobar o cumprimento do principio de axuda única. No resto de avais da mostra en ningún caso pode existir concorrencia de axudas para un mesmo proxecto, polo que non se aprecia ningún tipo de limitación legal que puidera impedir ou limitar a concesión do aval.

Non existe ningún tipo de incompatibilidade entre os avais do Igape e os apoios de Xesgalicia e outros organismos (relacionados nas páxinas 58 e 59 do informe de fiscalización).

A posible existencia de débedas por comisións de aval ou o incumprimento doutros compromisos, non serían tampouco un impedimento legal para a concesión doutras axudas,

posto que estas incidencias, de existir, non se encadrarían nos supostos contemplados no artigo 8 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, ao non atoparse os mesmos na vía executiva.

Polo tanto, baixo a clara consciencia de que non existiu intención de omitir ningunha información solicitada, entendemos que a información relativa a outros apoios que historicamente se puideron conceder ás empresas avaladas, para outros proxectos ou finalidades diferentes ás perseguidas cos avais concedidos non ten suficiente relevancia a efectos da realización dos traballos de fiscalización como para destacalo nas limitacións do punto 1.4 e reiteralo nas propias conclusións do informe. En todo caso, para que poida valorarse estes ou outros aspectos, xúntase Anexo coa información das subvencións concedidas e/ou cobradas dende o ano 2006 referidas ás empresas beneficiarias da mostra.

2.- Actividade financeira do Igape a través do seu orzamento. Préstamos concedidos

Na páxina 40 destácase a *alta morosidade nos préstamos concedidos pola Igape* comparando nun cadro os dereitos recoñecidos cos cobros indicando que *2 de cada 3 euros concedidos non se cobran no exercicio que se recoñecen.*

Esta afirmación pode dar lugar a incorrectas interpretacións, posto que se deber ter en conta que nos exercicios de referencia os dereitos recoñecidos incluían as operacións de préstamo que eran rescindidas no marco dos procesos concursais.

Dende o momento da rescisión dun préstamo declárase este vencido e, polo tanto, recoñécese o dereito de cobramento pola totalidade no exercicio, pero a súa esixibilidade pode estar condicionada pola declaración de concurso e incluso posteriormente polo plan de pagamentos que se puidera acordar no convenio de acredores.

3.- Discrepancias na consideración de Peme das empresas avaladas

Respecto a que o informe emitido pola SPAC *se ben inclúe un pronunciamento sobre a condición de Peme non explicita os fundamentos da dita cualificación*, indicamos que os informes recollen en todos os casos os datos de número de traballadores e os estados financeiros que comprenden o total do balance e volume de vendas, polo que se estima suficiente a mención expresa do cumprimento ou non da condición de Peme, dado que todos os datos necesarios para valoralo si están incorporados tanto no informe como no expediente.

-Expedientes AV320-1 a 3. (Generos de Punto Montoto, S.A.) As vendas segundo as contas anuais do 2007 foron de 20.041.768 € e as de 2008 considéranse nun 30% inferiores, polo tanto, moi por debaixo dos 50 millóns de euros do límite. Os activos nas contas anuais en 2007 eran de 37.735.657 €, diminuíndo en 2008 segundo Anexo 5 da solicitude de concurso de acredores ao importe de 31.021.448 €, polo tanto, moi inferiores a 43 millóns de euros de límite. Unicamente atopárase ao peche do exercicio 2007 xusto no límite no que respecta ao número de traballadores, posto que no devandito exercicio foi de 250 persoas en termos UTA. O aval foi concedido a finais do 2008 (19/12/2008), baixo a premisa de que non se formalizaría ata o ano 2009. No exercicio 2008, á data de presentación desta solicitude eran 247 empregados e tiñase coñecemento de que antes de finalizar o exercicio implantarían un ERE que reduciría as persoas anteriores nun mínimo de 100 persoas en termos UTA en 2009. Polo tanto, existía unha seguridade razoada de que á data de formalización do aval (que finalmente foi o 13/03/2009) a



empresa cumpriría coa definición de PEME en relación ao último exercicio pechado (2008), como así foi finalmente.

-Expedientes AV/0834-1 a 3 (Alimentos Lácteos, S.L.). Tal como se recolle no informe da SPAC, estes avais foron concedidos para substituír os avais AV/0635-1 a 5, cunha redución do risco asumido polo Igape de 300.000 €. O cumprimento da condición de Peme atópase nos avais orixinais, resultando evidente pola evolución descrita no propio informe técnico que no período transcorrido entre a concesión dos AV/0635 e o AV/0834 a beneficiaria non puido perder a súa condición de PEME. Polo tanto a empresa tiña claramente a condición de Peme, tal como se pode verificar polos seus estados financeiros.

-Expediente AV/0701 e AV/0702 (Construcciones Mon, S.L.). Tal como se recolle no informe da SPAC, e como se pode deducir claramente da documentación que obra no expediente, a empresa ten a consideración de PEME. Polo tanto entendemos que é evidente que existe unha errata de transcripción no informe da Intervención Xeral, posto que non existe ningún documento que permita cuestionar a consideración de PEME da beneficiaria. A tramitación sen declaración de especial interese socioeconómico é correcta.

4.- Grado de motivación dos acordos da Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos

En todos os expedientes figuran no proxecto de acordo os antecedentes nos que se xustifica para cada caso en particular a consideración de especial interese socioeconómico para Galicia, logo si existe xustificación individualizada para cada expediente, distinto é que se considere somera e susceptible de ampliación.

Dende o inicio do programa de avais no ano 1994, a Comisión Delegada da Xunta de Galicia declarou de especial interese socioeconómico múltiples operacións de aval, incluíndose no proxecto de acordo elaborado dende o Igape unha motivación cun grado de detalle similar.

5.- Discrepancias na consideración de empresa en crise das empresas avaladas

-En relación ao sinalado na páxina 58, é certo que o Igape se fixou nos criterios obxectivos para determinar se unha empresa cumpre os umbrais para ser considerada empresa en crise, que eran os recollidos no punto 2.1.10 da Comunicación da Comisión (2004/C 244/02). En concreto os apartados a) e b) (desaparición de máis da metade do capital subscrito e perdas de máis dunha cuarta parte dos mesmos nos últimos 12 meses).

Tamén se verifica o cumprimento do apartado c) deste punto (reunir as condicións establecidas para someterse a un proceso concursal), comprobando que a empresa non se atope en concurso de acredores ou precurso baixo a presunción de que a beneficiaria estaría en tal situación de cumprirse tales requisitos, tendo en conta as responsabilidades nas que incorrerían os administradores de non ser así.

Respecto ao punto 2.1.11 da Comunicación ("Incluso aínda cando non se presente ningunha das circunstancias establecidas no punto 10, poderase considerar que unha empresa está en crise cando estean presentes síntomas habituais de crise..."), este criterio configúrase na redacción da norma como potestativo ou excepcional. O Igape non amparou nel ningunha consideración de empresa en crise polo alto compoñente de subxectividade e inseguridade que suporía encadrar a unha empresa nesta situación baseándose unicamente na información dispoñible



nun expediente administrativo. Debe terse en conta ademais que, atopándonos nun contexto de crise global, tales síntomas non son precisamente unha excepción. Por todo iso entendemos axustado á normativa e axeitado o criterio seguido polo Igape.

Ademais, debemos destacar a tendencia normativa das novas Directrices Comunitarias en vigor dende o ano 2014 (2014/C 249/01) que eliminan o mencionado punto 2.1.11, que deixaba aberta á subxectividade a consideración ou non dunha empresa en crise.

-No que respecta a expedientes concretos, recóllese na páxina 57 do informe un cadro no que se relacionan unha serie de empresas nas que o fiscalizador entende subxectivamente que existían evidencias de situación financeira difícil, e que polo tanto se cuestiona que non fosen consideradas empresas en crise en base ao mencionado punto 2.1.11, a este respecto indicar:

Bernardo Alfageme, S.A. Expedientes AV/0257, AV/0358, AV/0440 e AV/582.

O aval nº AV/0257 concedeuse no ano 2007 a Bernardo Alfageme, S.A. O proxecto presentado pola empresa naquel ano recollía como obxectivo a creación dun gran grupo conserveiro trala adquisición e fusión das sociedades Conservas Peña, S.A. e Mariscos San Cayetano, S.A. e unha opción de compra sobre Thenaisie Provote, S.A.

O dito proxecto, conforme ao Plan de Empresa elaborado por AT Consultores e subscrito polo auditor independente José Antonio López Álvarez, contemplaba inicialmente fortalecer a estrutura financeira da empresa (coa operación avalada), para posteriormente iniciar un proxecto de investimento que consistía basicamente en cambiar a ubicación física das plantas, coa construción de dúas modernas factorías que permitirían mellorar o valor engadido e a produtividade, minimizando o impacto no medio ambiente e eliminando as actividades molestas en zonas urbanas que non tiñan posibilidade de ampliación. O proxecto de investimento, que se estimaba en 40 millóns de euros e a un prazo de realización de 2 anos financiaríase coa venda das antigas fábricas, que naquel momento tiñan un valor potencial como solares.

Que se contemplase que os futuros investimentos das novas instalacións fosen financiados coa venda dos terreos urbanos das antigas fábricas non permite afirmar que *"O Plan de viabilidade sustentábase na consecución de operacións inmobiliarias de carácter especulativo"*, frase recollida no cadro 33 que entendemos debe ser en todo caso eliminada ou modificada, pois ten unhas connotacións inapropiadas e afastadas da información que se dispoñía no Igape naquel momento. Non existían indicios de que se perseguise ningún tipo de lucro persoal nunha operación de compra e posterior venda de terreos beneficiándose das flutuacións de mercado que define a "especulación inmobiliaria", senón que co traslado previsto no plan de negocio se perseguía a modernización e consolidación dunha importante empresa que naquel momento empregaba a 315 traballadores, reforzando o sector conserveiro en Galicia.

É certo que no informe técnico do aval AV/0257, se recolle que a empresa tiña baixa rendibilidade, que a estrutura financeira pouco equilibrada con fondos propios reducidos polas perdas rexistradas, e por un fondo de manobra inferior ás necesidades de circulante estimadas, pero non se conclúe que a situación fose crítica senón que se trataba dun reforzo financeiro previo a acometer un plan de investimentos.

Non é correcta tampouco a afirmación de que a empresa presentase naquel momento *"perdas continuadas que reducen os fondos propios ata acadar contías negativas"*. As contas anuais do 2006 e a xuño de 2007 presentaban fondos propios positivos, e se ben no informe da SPAC

detallouse que *“se aos fondos propios a 30 de xuño de 2007 lle restásemos os créditos fiscais (12,36 millóns de euros), mailos 2 millóns de euros de perda extraordinaria por non exercitar unha opción de compra sobre a sociedade Thenaisie Provote, S.A. no 2007 que non está contabilizada, obteríamos unha cifra negativa de 0,16 millóns de euros”*, a non consideración de empresa en crise garantiuse coa ampliación de capital realizada en 2007.

En marzo do ano 2009 concedeuse o segundo aval AV/0358. Nese momento Bernardo Alfageme, S.A., tal como se recolle no informe técnico, continuaba arrastrando os problemas de ineficiencia, causada entre outros factores por unha estrutura pesada e complexa en torno a catro plantas, soportando uns custos fixos inapropiados para o tamaño da empresa, e polo aprazamento do da aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Consello de Vigo, que impedía a recualificación dos terreos da factoría da rúa Tomás Alonso, os cales pretendían ser a principal fonte de ingresos extraordinarios para financiar o Plan de modernización. Nese momento contemplouse a capitalización de débeda e xuros que a empresa adebedaba a Promalar, ampliando o capital ata os 37 millóns de euros. Esta ampliación de capital permitiría tamén excluír a empresa naquel momento como empresa en crise conforme as Directrices Comunitarias entón en vigor (2004/C 244/02), que no seu punto 13 exclúe aquelas empresas que formen parte dun grupo maior que poida resolver a situación.

Os avais restantes, AV/0440 e AV/582 foron operacións a curto prazo, concedidas transitoriamente con anterioridade á presentación do concurso de acredores, mentres a xerencia da empresa, as entidades financeiras acreedoras e o Igape se atopaban nun proceso de negociación para buscar unha alternativa viable.

Ratifica estas consideracións a Audiencia Provincial de Pontevedra en sentenza 390/2012 recaída no incidente concursal 178/2011 do concurso de acredores de Bernardo Alfageme, S.A. que no fundamento de dereito terceiro *descarta que a empresa se encontrara en situación de crise estrutural durante os anos 2008 e 2009, senón que sufría perdas e atravesaba tensións de tesourería* que precisamente tentáronse paliar co refinanciamento avalado polo Igape.

Isidro de la Cal. Expediente AV/0359

No informe de concesión (ano 2009) recóllese que *a empresa atravesaba por unha situación financeira deficitaria como consecuencia das restricións de financiamento de circulante por parte das entidades de crédito*. A situación que si se podería entender como de crise ponse de manifesto no informe de modificación (ano 2013), catro anos despois de que se concedese a garantía por parte do Igape. Neste tramite de modificación non cabe interpretar que fose unha nova concesión de axuda ou unha axuda adicional, posto que unicamente se permite a conversión de parte da débeda bancaria en préstamo participativo, sen supoñer ningún incremento do risco asumido polo Igape.

Ao noso entender, o devir en empresa en crise con posterioridade á concesión, e mentres non se conceda unha axuda de estado nova ou adicional, non ten relevancia aos efectos do establecido nas Directrices Comunitarias sobre axudas a empresas en crise.

Paquito, S.L. (expediente AV/0687)

É certo que cando se concedeu o aval a empresa rexistraba unha forte caída de vendas e deterioro da situación financeira, pero tamén hai que ter en conta que se trata dunha empresa que tiña nos seus balances case catro millóns de euros de reservas, procedentes de beneficios

acumulados de anos anteriores. Estas reservas cubrían suficientemente as perdas rexistradas. En canto ao endebedamento a curto prazo, a o plan presentado incluía as actuacións que se entendían necesarias para adaptalo á capacidade de reembolso.

Construcciones Mon, S.L. (expedientes AV/0701 e AV/0702)

Tal como se recolle no informe técnico, os estados financeiros no momento da concesión do aval mostraban falta de liquidez. Esta situación era característica de todas as empresas do seu sector naquela época. A concesión enmarcouse nun plan de negocio suscrito pola sociedade auditora Atuditgal, S.A., no que estimaban suficientes as medidas previstas para equilibrar a estrutura financeira. Que a empresa entrase en concurso de acredores uns meses despois da formalización do aval, foi un escenario non contemplado no momento da concesión e que non se podía predicir coa información dispoñible para o estudo do aval.

Alimentos Lácteos, S.A. (expedientes AV/0834)

Tal como recolle o informe técnico, ante a situación que afrontaba a empresa, realizaron antes da concesión as seguintes actuacións:

-Ampliacións de capital: En novembro de 2011 por importe de 1.320.000 € e en xullo de 2012 por importe de 1.640.000 € ata situalo en 3.490.000 €.

-Asináronse coas cooperativas socias préstamos participativos por importe de 4.719.000 €.

-Xesgalicia concedeulles un préstamo participativo por importe de 2.500.000 €.

Estas actuacións supoñían unha capitalización que lles permitía recuperar o equilibrio patrimonial, e descartaba a concorrencia da situación de crise.

Ademais, tratábase dunha empresa de nova creación (antigüidade inferior a 3 anos), que conforme ao punto 2.1.12 da Comunicación da Comisión, non se considera empresa en crise en ningún caso. As perdas razoablemente poderían ser asimiladas ao custo de penetración nun mercado maduro (como é o da comercialización de leite cunha nova marca ata entón descoñecida).

Adicionalmente, débese considerar que os avais concedidos no expediente AV/0834 substitúen outros avais anteriores, polo que o Igape non asume risco adicional senón que o reduciu en 300.000 €.

Aspanas Termal, S.L. (AV/0855)

Aspanas Termal, S.L.U. era centro especial de emprego que pertencía á Fundación Aspanas, en cuxo padroado participaba a Asociación Aspanas (Asociación de Pais a Favor das Persoas con Retraso Mental de Ourense). Esta asociación era a titular dos bens que se achegaban como garantías reais para contragarantir o aval.

Dos estados financeiros que se inclúen no informe técnico é certo que se desprende unha situación deficitaria, pero hai que ter en conta o respaldo da Asociación Aspanas, que presenta viabilidade económica clara polos ingresos recorrentes que ten polos concertos coa Consellería de Política Social (Ourense, 14 prazas de Centro de Día, Ourense, 123 prazas de Residencia con Centro Ocupacional, A Peroxa, 30 prazas de Residencia con Centro de Día, Residencia de Adultos, 12 prazas). Este respaldo quedou demostrado cando en novembro de 2015 a Asociación asumiu estas débedas de Aspanas Termal, S.L.U. quedando o aval cancelado.



A pertenza de Aspanas Termal, S.L. a un Grupo con solvencia suficiente descarta a súa consideración como empresa en crise conforme ao punto 2.1.13 da Comunicación antedita.

Editorial Compostela, S.A. (AV/0865)

No cadro 33 recóllese que *“o deterioro patrimonial que tería situado os fondos propios de 2012 en negativo de non ter efectuado unha ampliación de capital”*. Precisamente a ampliación de capital mencionada é a que permite excluír da consideración de empresa en crise, posto que ademais de mostrar a implicación dos socios na empresa permite reequilibrar a estrutura patrimonial xunto ao financiamento adicional facilitada polo Igape.

En definitiva:

-A aplicación do punto 2.1.11 da Comunicación da Comisión (2004/C 244/02) ten un alto compoñente de subxectividade e inseguridade, que en todos os casos cuestionados pode ser razoablemente rebatido. Ademais este criterio configúrase na redacción da norma como potestativo ou excepcional.

-As novas Directrices Comunitarias en vigor dende o ano 2014 (2014/C 249/01) eliminan o mencionado punto 2.1.11, e xa non inclúen ese punto como criterio para considerar unha empresa en crise.

Polo tanto, os criterios seguidos polo Igape para a cualificación de empresa en crise son correctos en todos os casos, polo que non entendemos procedente cuestionalos no informe de fiscalización.

6.- Discrepancias na finalidade dos avais

Respecto dos avais directos, a súa finalidade é facilitar o acceso ao financiamento das empresas en apoio á posta en marcha dos plans de viabilidade deseñados por auditores externos, e considérase cumprida pese a que nalgúns supostos as empresas puideran acabar en liquidación anos despois da concesión das operacións.

En particular, nos Av/0385 e Av/0403 reseñados no informe a entrada en liquidación das empresas acaeceu transcorridos máis de 5 anos dende a concesión do avais, e no caso dos Av/0701 e Av/0702 transcorridos case 4 anos.

O informe recoñece expresamente que *os traballos de fiscalización non alcanzaron a comprobación do destino das operacións avaladas*, máis entra a cuestionar o cumprimento da finalidade do aval Av/0257 facendo referencia a pronunciamentos xudiciais que manifesta ter cuestionado estas finalidades.

Estas afirmacións son incorrectas. O préstamo sindicado avalado no expediente Av/0257 non foi obxecto de rescisión pola sentenza do Xulgado Mercantil de Pontevedra 341/2010, senón que unicamente foron rescindidos os pagamentos con cargo ao mesmo realizados pola concursada a Promalar,SL por atoparse esta sociedade vinculada á concursada e considerarse estes pagamentos efectivamente realizados en prexuízo do resto dos acredores, sendo o crédito de

Promalar, SL cualificado como subordinado. Nin foi rescindida a operación de préstamo, nin o Xulgado se pronuncia respecto do non cumprimento da finalidade do aval.

Fronte ó alegado no informe, no incidente concursal 178/2011 que foi instado por UWAIS INGENIERIA, S.L, que non era un acredor máis, senón precisamente unha sociedade integramente controlada pola familia Lago propietaria da concursada BERNARDO ALFAGEME, S.A., as pretensións de rescisión das operacións financeiras avaladas polo Igape foron integramente rexeitadas tanto polo Xulgado Mercantil núm 3 de Pontevedra, como pola Audiencia Provincial de Pontevedra e Tribunal Supremo, con imposición de costas en todas as instancias aos demandantes/apelantes, establecendo estas sentenzas que *as operacións avaladas polo Igape destináronse á reestruturación de débedas e financiamento de circulante da empresa, no seu beneficio (e non das entidades prestamistas ou do Igape) e nun intento de reflotar a compañía, que efectivamente tiña a esas datas unha situación económica difícil máis non de crise estrutural, e tardando o concurso máis de dous anos en sobrevir trala concesión destas operacións.*

Polo exposto, as sentenzas aludidas no informe non cuestionan o cumprimento da finalidade dos avais senón antes ao contrario. Ademais consta no expediente detalle da aplicación dos préstamos avalados ás finalidades previstas, incluíndo extractos bancarios cos detalles de movementos dos fondos cos correspondentes xustificantes, resumidos en cadros coa supervisión da administración concursal.

Polo exposto, entendemos que a mención é errónea e debe eliminarse.

7.- Límites de cobertura dos avais

Na páxina 64 sinalase que en 5 (operacións de aval) garantiuse o 100% da operación sen explicitar os motivos que xustificaron a superación da dita porcentaxe (80%), o que reviste especial importancia tratándose de tres deles de axudas a unha empresa en crise, o que podería contravir o disposto no punto 2.3 da Comunicación 2008/C155/02. (entendemos que se refire ao punto 3.2 c) que é o que establece o límite do 80% de cobertura).

Ao respecto indicar que precisamente o punto 3.2.a da referida Comunicación 2008/C155/02 establece que cando a avalada se atope en crise non pode descartarse a presenza de axuda estatal, e polo tanto o punto 3.2.c (e en consecuencia o límite do 80 %), xa non sería de aplicación neste suposto. As axudas en forma de garantía amparadas na Resolución de 26/12/2015 non están suxeitas á Comunicación 2008/C155/02, polo feito de incluír un compoñente de axuda.

En canto ao indicado respecto aos expedientes AV/0385 e AV/0403 nos que se advirte da toma de decisións que suporían un incremento da porcentaxe establecida na Comunicación da Comisión 2008/C155/02, aclarar que a autorización á entidade financeira beneficiaria do aval para a subscripción dos convenios de acredores das avaladas non supón concesión dunha nova axuda ás avaladas nin dunha nova operación de aval. Os avais foron aprobados no momento da concesión con porcentaxes de cobertura inferiores ao 80%, en cumprimento do establecido na Comunicación da Comisión 2008/C155/02. Distinto é que posteriormente ao entrar en concurso de acredores as empresas e resultar os avais executados (polo tanto xa falidos), o Igape autorízase ás entidades financeiras a subscribir os convenios de acredores consentindo que as quitas pactadas non afectaran ás coberturas dos avais, con dúas condicións:

- 1.- Que a entidade financeira non puidera reclamar a Igape/Xunta de Galicia o pagamento dos avais previamente executados, en tanto as concursadas cumpran os convenios de acredores.
- 2.- Que as avaladas consintan fronte Igape/Xunta en non opoñer a quita pactada no convenio, de xeito que virán obrigadas ao reintegro total do importe aboado por execución do aval, sen quita ningunha, e con mantemento dos privilexios hipotecarios constituídos.

Deste xeito, o acordo resulta sempre beneficioso non só para a empresa que pode seguir desenvolvendo a súa actividade económica, senón para Igape/Xunta que pasa de ter un aval executado e esixible con carácter inmediato a ter o pago do aval suspendido durante o cumprimento do convenio. No mellor dos casos, en que o convenio ten cumprimento total, a porcentaxe de quita non chegada a pagar pola empresa trala finalización do convenio será a cantidade máxima a aboar polo aval do Igape (co máximo do importe nominal inicial do aval), e vindo a empresa obrigada ao seu íntegro reintegro a Igape/Xunta, de xeito que a quita non tería incidencia fronte Igape/Xunta. No peor dos casos, en que o convenio non se cumpre e se entra en liquidación, quedarían anulados os efectos do convenio, logo estaríase no escenario inicial de liquidación da empresa.

En definitiva, non se debe confundir o acordo de concesión dun aval cunha cobertura superior ao 80%, que vulneraría a Comunicación da Comisión 2008/C155/02, cunha situación distinta, na que tendo un aval aprobado por unha porcentaxe menor ao 80% este resultase falido, e se consentise que a entidade de crédito poida conceder unha quita á avalada sen perder os dereitos fronte ao Igape.

É posible que co mantemento dos dereitos derivados do afianzamento para entidade financeira, e coa simultánea redución da débeda para a beneficiaria fronte a entidade financeira consecuencia da quita, resulte que o ratio (*afianzamento*)/(*obriga resultante do debedor fronte á entidade de crédito trala quita*) sexa superior ao 80% ou incluso superior ao 100%, pero isto en ningún caso debe confundirse con aumentar a porcentaxe de cobertura do aval, manténdose sempre o límite máximo da contía inicial do aval. O Igape responderá sempre pola porcentaxe de cobertura inicialmente aprobada sobre o principal do quebranto resultante da operación avalada para a entidade financeira, sendo a quita tamén un quebranto para a entidade financeira.

8.- Límites temporais

Na páxina 66 afirmase que o feito de que algúns avais fosen prorrogados, ou que nalgún caso se concedesen novos avais para cancelar outros que vencían, incumpriaría o establecido no punto 3.4 b) da Comunicación 2008/c155/02 que esixe a vinculación da garantía a unha transacción financeira específica por un período de tempo limitado.

Advertimos un erro na referencia normativa, que debería ser punto 3.2 b) en lugar de 3.4 b).

Non compartimos a interpretación da norma que fai o fiscalizador. Debe interpretarse do literal da mesma que os avais non poden ter unha duración indefinida, pero en ningún caso impide que se poidan conceder prorrogas na vixencia dos mesmos, sempre que estas sexan tamén por unha duración determinada no momento da súa correspondente concesión.

En todos os casos, os avais do Igape teñen unha duración determinada, respectando os límites establecidos na normativa de avais, e coas excepcións permitidas sempre previa autorización por parte do Consello da Xunta.



9.- Procedemento de control e xestión

- Control previo

Na páxina 70 sinálase que en varios avais o informe da Intervención foi emitido con data posterior á data do acordo de concesión do aval. En todos os casos o informe da Intervención é previo á notificación do acordo e previo ao outorgamento do aval.

10.- Condicións de execución do aval

Indícase na páxina 75 que se detectou a realización de trámites para incluír unha cláusula de rescisión anticipada do préstamo nos avais AV/0359-1 e 2 (Isidro de la Cal) que, se ben se motivou polo Igape como unha cautela para garantir o cumprimento íntegro do Plan de refinanciamento global, desvirtúa en maior medida o principio de responsabilidade subsidiaria dos avais contemplada no artigo 4 do Decreto 284/1994.

Esta apreciación resulta totalmente errónea. Esta cláusula non supón unha alteración nas condicións especiais de subsidiariedade autorizadas polo Consello da Xunta para estes avais, que se manteñen en idénticos termos aos acordados polo Consello da Xunta de Galicia nas súas reunións de 26 de marzo de 2009, 6 de xuño de 2013 e 27 de setembro de 2013 para a concesión e posteriores modificacións, e que son as habituais en todos os avais.

A inclusión desta cláusula tampouco supuxo ningún empeoramento da posición do Igape, dado que naquel momento a empresa presentaba incumprimento nas obrigas de reembolso dos préstamos avalados, debendo cantidades vencidas por importe de 652.084,53 €. Iso significaba que, naquelas circunstancias, os préstamos avalados xa podían darse por vencidos a vontade das entidades de crédito, e consecuentemente os avais executados.

Partindo da anterior premisa, e tendo en conta que a modificación dos avais enmarcábase nun plan de refinanciamento do conxunto do grupo, que afectaba non só ao endebedamento avalado senón a outras entidades acreedoras, a inclusión desta condición serviu para incentivar a todos os acredores para que se involucrasen do mesmo xeito na viabilidade do Grupo. Os contratos de financiamento a cuxa novación se condicionaba o mantemento dos préstamos avalados presentaban incumprimentos nas obrigas de reembolso. Por iso resultaba imprescindible que a empresa chegase a un acordo de aprazamento que evitase litixios bilaterais que puxesen en perigo a viabilidade da avalada, e que impediran que se destinasen naquel momento recursos á amortización daquelas débedas, en prexuízo doutras necesidades operativas da empresa ou incluso da devolución dos préstamos avalados.

11.- Comisións de aval

Na páxina 85 indícase que “as comisións correspondentes a avais que entran en fase de execución non se rexistraron no sistema contable. Ao noso xuízo, mentres permaneza vivente o risco do aval deberían contabilizarse as comisións devindicadas.”

Cando un aval entra en fase de execución, entendemos que xa deixa de estar en vigor como tal, converténdose o risco nunha obriga condicionada ao resultado das comprobacións das finalidades e cumprimento de requisitos formais para o pagamento. Nesta situación,

entendemos que non debe producirse o devengo de comisións de aval, que por outra banda serían claramente incobrables.

12.- Condicionantes e compromisos

O informe de fiscalización, nas páxinas 85 a 87 inclúe unha serie de observacións relativas aos condicionantes e compromisos, tratando ambos termos por igual e confundindo os mesmos.

Os “condicionantes”, son requisitos que se establecen para formalización, a efectividade ou o pagamento dos avais no caso de execución, comprobándose sempre o seu cumprimento antes de proceder ao acto que condicionan.

Os “compromisos”, (tales como manter os postos de traballo, non incrementar as retribucións dos administradores, dar publicidade) establécense fronte ás beneficiarias, mais non poden ser causa de rescisión ou cancelación das garantías prestadas fronte a terceiros alleos aos mesmos (as entidades financeiras ante as que se avala), nin limitar a concesión de novas axudas por falta de amparo legal.

13.- Garantías

Nas páxinas 89 a 91 do informe cuestiónase a consistencia de dous tipos de garantías: as marcas e as concesións administrativas. En todos os casos, as valoracións consideradas polo Igape baséanse en taxacións de expertos independentes.

No que respecta ás marcas, independentemente de que poidan depreciarse ante unha insolvencia do seu titular, debe terse en conta que a hipoteca serve como unha cautela para que a marca permaneza vencellada ás actividades da sociedade avalada.

No que respecta ás concesións administrativas, non compartimos que pola súa natureza teñan unha menor consistencia que outro tipo de garantías. A este respecto, o mencionado na páxina 91 do propio informe exemplifica que as concesións administrativas si poden ter importante valor, posto que coa venda das concesións administrativas das bateas que garantían os avais 687-6, 687-7 e 687-8 reducíuse o risco de avais na contía da súa responsabilidade hipotecaria.

En canto ao mencionado ao respecto da hipoteca sobre a concesión administrativa para a ocupación de zona de servizo do Muelle de San Diego (A Coruña), indicar que esa mesma advertencia se recolle no informe técnico da SPAC, indicándose que a Autoridade Portuaria contempla o traslado das actividades que veñen sendo alí desenvolvidas á Punta Langosteira, non existindo expectativas de que a concesión poida ser prorrogada ao seu vencemento (5 de marzo de 2020). Esta advertencia non significa que esta concesión careza de valor, posto que a taxación ten en conta a vixencia e non presume a renovación da mesma. No momento da aprobación do aval, quedaban aínda 11 anos de vixencia. Na modificación dos avais no ano 2013 quedaban 7 anos, e por iso tramitouse a autorización por parte do Consello da Xunta para que o Igape excepciónase a achega de garantías reais suficientes.

No que respecta ás taxacións, menciónase na páxina 92 que en tres dos expedientes fiscalizados os informes de taxación non cumprían o establecido no apartado 4 do artigo 62 da Orde 805/2003 do 27 de marzo, sobre normas de valoración de bens inmobles e determinados dereitos para certas finalidades financeiras. Indicar que os avais prestados polo Igape non poden



encadrarse en ningunha das finalidades recollidas no artigo 2 "Ámbito de aplicación" da mencionada Orde, polo tanto non resulta de aplicación esta norma.

En canto ás accións para reforzar as garantías cando resulte notoria a diminución da solvencia do avalado, menciónase na páxina 92 que *"paradigmático o expediente AV/0359 no que se solicitou unha modificación do aval que evidenciaba problemas financeiros da avalada e, lonxe de reforzar as garantías admitidas na concesión inicial, o Consello da Xunta de Galicia autorizou ao CD do Igape a que a modificación dos avais poida excepcionalmente a chegada de garantías reais suficientes por parte de avalada"*.

Esta apreciación é incorrecta, posto que a modificación dos avais non supuxo liberación de garantía ningunha. A excepcionalidade na chegada de garantías reais suficientes na tramitación da modificación foi unha cautela por un posible deterioro dos bens tomados en garantía no momento da concesión, pero as hipotecas constituídas a favor do Igape mantivéronse inalteradas.

Débase ter en conta a dificultade que supón na práctica reforzar as garantías cando resulte notoria a diminución de solvencia da avalada, sobre todo cando a propia razón de ser do programa de avais é suplir a incapacidade para aportar garantías suficientes para obter financiamento. Xa no momento da concesión, a dispoñibilidade de bens para ofrecer en garantía é sempre moi limitado, polo que ante un empeoramento posterior da solvencia da avalada a posibilidade de esixir a chegada de garantías adicionais resulta pouco realista.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2016

O director xeral do Igape



[Handwritten signature]
Agüilera Navarro



ALEGACIÓNS AO ANTEPROXECTO DE INFORME DE FISCALIZACIÓN
DA XESTIÓN ECONÓMICA CORRESPONDENTE AO PERÍODO 2011-2013

ANEXO

ENTIDADES CONCEDENTES: IGAPE

EMPRESA	FECHA DE CONCESIÓN	INSTRUMENTO ECONÓMICO	TIPO DE CONCESIÓN	RESOLUTIVA REGULADORA	MOVIDA DA AJUDA	IMP. CUMPLIMENTE	IMPORTE CONCEDIDO	ESTADO ACTUAL	IMPORTE PAGO
EMPRESA ROBERTO URBINO OBRERON, S.A.	14/05/2015	Subvención a fondo perdido	Concesión competitiva	Resolución do 19 de xuño de 2015 (DOG nº 246, do 29 de xuño)	Axudas ás empresas do sector textil media confección para a realización de actuacións e actividades de promoción e internacionalización	05/14/2015.1.11	22.885,28 €	PAGADA 05/11/2015	20.893,41 €
	30/10/2014	Subvención a fondo perdido	Concesión competitiva	Resolución do 18 de xuño de 2014 (DOG nº 142, do 19 de xuño)	Axudas ás empresas do sector textil media confección para a realización de actuacións e actividades de promoción e internacionalización	05/14/2014.1.8	34.132,57 €	PAGADA 10/07/2015	33.037,57 €
	15/09/2010	Subvención a fondo perdido	Concesión non competitiva	Resolución do 6 de abril de 2010 (DOG nº 67, do 12 de abril)	Axuda á internacionalización das empresas galegas (IIR) participación en eventos espaciais	05/10/2010.1.361	15.000,00 €	PAGADA 02/12/2010	15.000,00 €
	16/09/2010	Subvención a fondo perdido	Concesión non competitiva	Resolución do 6 de abril de 2010 (DOG nº 67, do 12 de abril)	Axudas á internacionalización das empresas galegas (IIR) participación en eventos espaciais	05/10/2010.1.362	15.000,00 €	PAGADA 04/11/2010	15.000,00 €
	26/10/2002	Subvención a fondo perdido	Concesión non competitiva	Resolución do 19 de xuño de 2002 (DOG nº 142, do 23 de xuño)	Axuda á inserción empresarial de investimento	05/02/2003.1.22	41.704,13 €	PAGADA 13/02/2007	41.704,21 €
GRUPO COPO DE INVERSIONES S.A.									
GRUPO EMPRESARIAL ISURO DE LA CAL, S.L. PORTICO, S.A.									
BALDINS TECHNOLOGY S.L.	12/07/2012	Subvención a fondo perdido	Concesión non competitiva	Resolución do 24 de febreiro de 2012 (DOG nº 41, do 28 de febreiro)	Axudas á internacionalización das empresas galegas (IIR) marketing, comunicación e marca	05/12/2012.1.17	5.000,00 €	INCUMPLIMIENTO TOTAL	- €
	20/04/2012	Subvención a fondo perdido	Concesión non competitiva	Resolución do 31 de xaneiro de 2011 (DOG nº 22, do 2 de febreiro)	Axudas á internacionalización das empresas galegas (IIR) planificación (estímulos)	05/11/2011.1.139	3.400,00 €	PAGADA 13/06/2012	2.869,41 €
	16/11/2011	Subvención a fondo perdido	Concesión non competitiva	Resolución do 23 de xaneiro de 2011 (DOG nº 24, do 2 de febreiro de 2011)	Axudas á internacionalización das empresas galegas (IIR) participación en eventos espaciais	05/10/2011.1.495	10.179,00 €	PAGADA 24/05/2012	10.346,14 €
	11/07/2011	Subvención a fondo perdido	Concesión non competitiva	Resolución do 31 de xaneiro de 2011 (DOG nº 24, do 2 de febreiro)	Axudas á internacionalización das empresas galegas (IIR) prospección internacional	05/10/2011.1.38	15.000,00 €	INCUMPLIMIENTO TOTAL	- €
	11/11/2008	Subvención a fondo perdido	Concesión non competitiva	Resolución do 9 de maio de 2008 (DOG nº 94, do 14 de maio)	Axudas á internacionalización das empresas galegas (IIR) participación en eventos espaciais	05/10/2008.1.86	15.000,00 €	INCUMPLIMIENTO TOTAL	- €
	11/11/2008	Subvención a fondo perdido	Concesión non competitiva	Resolución do 9 de maio de 2008 (DOG nº 94, do 14 de maio)	Axudas á internacionalización das empresas galegas (IIR) participación en eventos espaciais	05/11/2008.1.89	17.450,00 €	INCUMPLIMIENTO TOTAL	- €
	06/10/2008	Subvención a fondo perdido	Concesión non competitiva	Resolución do 9 de maio de 2008 (DOG nº 94, do 14 de maio)	Axudas á internacionalización das empresas galegas (IIR) participación en eventos espaciais	05/10/2008.1.84	9.421,00 €	INCUMPLIMIENTO TOTAL	- €
	27/08/2008	Subvención a fondo perdido	Concesión non competitiva	Resolución do 9 de marzo de 2007 (DOG nº 59, do 23 de marzo)	Axudas á prospección de investimento tecnolóxico das pemes con custo subvencionable entre 100.000 e 500.000 €	05/03/2007.2.177	61.211,00 €	ARCHIVADO	- €

EMPRESA	DATA CONCESSÃO	NATUREZA DO ATO ECONÓMICO	REGIME DE CONCESSÃO	NORMATIVA REGULADORA	NOME DA AJUDA	MP EXERCÍCIO	IMPORTE CONCEDIDO	ESTADO ACTUAL	IMPORTE PAGO
PAQUITO, S.L.	10/09/2008	Subvenção a fundo perdido	Concorrência não competitiva	Resolução do 9 de março de 2007 (DOG nº 56, de 23 de março)	Auxílio a projecto (financiamento) para a organização dos Prémios mediante a consultoria de preços e implementação de ferramentas de avaliação e controlo de mercado, com custo subvencionável entre 30.000 e 200.000€	16104.2007.2.249	20.113,02 €	INCUMPRIMENTO TOTAL	- €
	17/07/2008	Subvenção a fundo perdido	Concorrência não competitiva	Resolução do 22 de março de 2008 (DOG nº 55, de 18 de março)	Auxílio a estudos, minicursos técnicos e preparação de propostas	16108.2008.1.1	5.400,00 €	INCUMPRIMENTO TOTAL	- €
	09/12/2007	Subvenção a fundo perdido	Concorrência competitiva	Resolução do 9 de maio de 2007 (DOG nº 56, de 21 de maio de 2007)	Auxílio à implementação e certificação segundo as normas UNE 16001 e UNE 18002	16132.2007.1.2	5.624,00 €	INCUMPRIMENTO TOTAL	- €
	23/04/2007	Subvenção a fundo perdido	Concorrência competitiva	Resolução do 17 de fevereiro de 2006 (DOG nº 40, de 27 de fevereiro de 2006)	Auxílio à melhoria da produtividade empresarial mediante a aquisição, implementação e modernização de equipamento	16107.2006.2.44	50.000,00 €	INCUMPRIMENTO TOTAL	- €
	26/04/2005	Subvenção a fundo perdido	Concorrência não competitiva	Resolução do 11 de março de 2005 (DOG nº 48, de 28 de março de 2005)	Auxílio a milhas competitivas das Pymes galegas mediante a implementação de ferramentas informáticas para a melhoria da gestão empresarial	16101.2005.1.531	22.640,38 €	PAGADA 23/04/2007	22.640,38 €
	20/04/2011	Subvenção a fundo perdido	Concorrência não competitiva	Resolução do 31 de janeiro de 2011 (DOG nº 24, de 2 de fevereiro)	Auxílio à internacionalização das empresas galegas (11ª participação em eventos espanhóis)	16110.2011.1.256	1.175,00 €	RENUNCIA	- €
	02/06/2009	Préstimo	Concorrência não competitiva		Programa de prémios para financiar projectos de investimento em fundos de Banco Europeu de Investimentos	16142.2007.1.50	3.369.400,00 €		
	28/10/2009	Beneficiário de juros de pagamento	Concorrência não competitiva	Resolução do 6 de abril de 2010 (DOG nº 67, de 12 de abril)	Convenio de financiamento ICO	16105.0930.6542.N.2010405645	87.568,06 €	PAGADOS 13/03/2007	87.568,06 €
	28/10/2009	Beneficiário de juros de pagamento	Concorrência não competitiva	Resolução do 28 de maio de 2010 (DOG nº 107, de 3 de junho)	Convenio de financiamento ICO para empresas galegas (11ª participação espanhola)	16109.0072.2013.N.00405	68.957,27 €	PAGADOS 13/03/2007	68.957,27 €
	27/06/2010	Subvenção a fundo perdido	Concorrência não competitiva	Resolução do 6 de abril de 2010 (DOG nº 67, de 12 de abril)	Programa de apoio a acesso à especialidade	16134.2010.1.103	3.000,00 €	RENUNCIA	- €
27/06/2011	Auxílio financeiro em forma de garantia	Concorrência não competitiva	Resolução do 8 de fevereiro de 2011 (DOG nº 32, de 16 de fevereiro)	Programa de apoio a acesso à especialidade	16179.2010.2.127	3.000,00 €			
20/06/2011	Subvenção a fundo perdido	Concorrência competitiva	Resolução do 24 de maio de 2011 (DOG nº 80, de 29 de abril)	Auxílio à verificação e competitividade das pymes galegas (projectos de estudo e implantação de medidas de BSC)	16106.2010.2.47	4.800,00 €	INCUMPRIMENTO TOTAL	- €	
AGRUPO DE EMPRESAS LACTEAS, S.L.	10/11/2010	Subvenção a fundo perdido	Concorrência competitiva	Resolução do 24 de maio de 2011 (DOG nº 80, de 29 de abril)	Auxílio à promoção conjunta em mercados exteriores	16158.2011.1.12	10.000,00 €	EN FASE DE LIQUIDACIÓN	- €
	28/12/2013	Auxílio financeiro em forma de garantia	Concorrência não competitiva	Resolução do 28 de maio de 2013 (DOG nº 107, de 3 de junho)	Programa de apoio a acesso à especialidade	16179.2013.1.269	9.375,00 €		- €
	19/10/2012	Subvenção a fundo perdido	Concorrência não competitiva	Resolução do 13 de fevereiro de 2012 (DOG nº 41, de 20 de fevereiro)	Auxílio à internacionalização das empresas galegas (11ª participação em eventos espanhóis)	16172.2012.1.41	5.862,28 €	RENUNCIA	- €
	14/07/2012	Subvenção a fundo perdido	Concorrência não competitiva	Resolução do 24 de fevereiro de 2012 (DOG nº 41, de 28 de fevereiro)	Auxílio à internacionalização das empresas galegas (11ª participação em eventos espanhóis)	16110.2012.1.130	2.811,20 €	RENUNCIA	- €
	13/07/2012	Subvenção a fundo perdido	Concorrência não competitiva	Resolução do 24 de fevereiro de 2012 (DOG nº 41, de 28 de fevereiro)	Auxílio à internacionalização das empresas galegas (11ª participação em eventos espanhóis)	16110.2012.1.131	2.668,69 €	PAGADA 26/04/2013	2.668,69 €

EMPRESA	DATA CONCESSÃO	FINALIDADE DO APOIO ECONÓMICO	TIPO DE CONCESSÃO	NORMATIVA REGULADORA	USO DA AJUDA	IN EXERCÍCIO	IMPORTE CONCEDIDO	ESTADO ATUAL	IMPORTE PAGO	
GENSAL-GENERADORES EUROPEOS, S.A.	18/05/2011	Subvenção a fondo perdido	Concorrência não competitiva	Resolução do 21 de março de 2011 (DOE nº 21, de 2 de fevereiro)	Ajudas à promoção, melhoria da produtividade (linha informática)	IG12-2010.1.205	30.000,00 €	PAGADA 14/12/2013	30.000,00 €	
	04/07/2015	Subvenção a fondo perdido	Concorrência competitiva	Resolução do 28 de dezembro de 2013 (DOE nº 887, de 29 de dezembro)	Ajudas para a execução de ações de promoção exterior das empresas galegas	IG13-2013.1.360	18.000,34 €	EN FASE DE LIQUIDACIÓN	- €	
	29/04/2014	Subvenção a fondo perdido	Concorrência competitiva	Resolução do 20 de maio de 2013 (DOE nº 107, de 6 de maio)	Ajudas a projetos de atención de novos modelos empresariais innovadores	IG12-2013.1.115	22.198,00 €	PAGADA 11/01/2015	22.198,00 €	
	29/04/2014	Subvenção a fondo perdido	Concorrência competitiva	Resolução do 20 de maio de 2013 (DOE nº 107, de 6 de maio)	Ajudas a projetos de implementación e certificación de procesos de I+D+i e de sistemas de gestión	IG13-2013.1.1	7.145,00 €	PAGADA 08/05/2015	7.145,00 €	
	27/09/2013	Subvenção a fondo perdido	Concorrência competitiva	Resolução do 23 de marzo de 2012 (DOE núm. 64, de 2 de abril)	Ajudas a proyectos de implementación e certificación de procesos de I+D+i e de sistemas de gestión	IG13-2010.3.5	3.452,40 €	PAGADA 07/07/2014	3.452,40 €	
	12/07/2012	Subvenção a fondo perdido	Concorrência competitiva	Resolução do 14 de febrero de 2012 (DOE nº 41, de 28 de febrero)	Ajudas a internacionalización das empresas galegas (líña marketing, comunicación e marca)	IG12-2012.1.10	3.195,00 €	PAGADA 11/12/2013	3.195,00 €	
	23/12/2010	Subvenção a fondo perdido	Concorrência competitiva	Resolução do 21 de marzo de 2010 (DOE nº 306, de 28 de marzo)	Ajudas a implementación e certificación de sistemas de asistencia ambiental, medio ambiente, evaluación empresarial e sistemas de gestión de información	IG13-2010.1.187	3.340,00 €	PAGADA 11/05/2013	3.340,00 €	
	22/12/2010	Subvenção a fondo perdido	Concorrência competitiva	Resolução do 21 de marzo de 2010 (DOE nº 306, de 28 de marzo)	Ajudas para a realización de diagnóstico tecnolóxico e plans de mellora tecnolóxicos	IG10-2010.1.2	4.373,20 €	PAGADA 27/06/2011	4.373,20 €	
	22/12/2010	Subvenção a fondo perdido	Concorrência competitiva	Resolução do 21 de marzo de 2010 (DOE nº 306, de 28 de marzo)	Ajudas a proyectos de adopción de novos modelos empresariais innovadores	IG12-2010.1.138	97.585,00 €	PAGADA 27/06/2011	37.596,00 €	
	13/10/2010	Subvenção a fondo perdido	Concorrência não competitiva	Resolução do 6 de abril de 2010 (DOE nº 51, de 12 de abril)	Ajudas a internacionalización das empresas galegas (líña marketing, comunicación e marca)	IG12-2010.1.138	16.875,00 €	PAGADA 12/12/2010	16.875,00 €	
DISEIN, S.L.	29/06/2010	Subvenção a fondo perdido	Concorrência não competitiva	Resolução do 6 de abril de 2010 (DOE nº 51, de 12 de abril)	Ajudas a internacionalización das empresas galegas (líña planificación exterior)	IG11-2010.1.141	8.937,30 €	INCUMPLIMIENTO TOTAL	- €	
	08/07/2010	Subvenção a fondo perdido	Concorrência não competitiva	Resolução do 7 de setembro de 2009 (DOE nº 182, de 15 de setembro de 2009)	Ajudas a continuación de sectores de exportación	IG166-2009.1.31	35.000,00 €	PAGADA 03/04/2013 Y 02/12/2013	35.000,00 €	
	25/10/2010	Subvenção a fondo perdido	Concorrência não competitiva	Resolução do 8 de abril de 2010 (DOE nº 67, de 12 de abril)	Ajudas a internacionalización das empresas galegas (líña planificación exterior)	IG11-2010.1.189	16.000,00 €	INCUMPLIMIENTO TOTAL	- €	
	15/10/2008	Subvenção a fondo perdido	Concorrência competitiva	Resolução do 8 de maio de 2007 (DOE nº 96, de 21 de maio de 2007)	Ajudas a elaboración de plans estratéxicos	IG128-2007.2.23	5.325,00 €	REINICIADA	- €	
	23/04/2007	Subvenção a fondo perdido	Concorrência competitiva	Resolução do 17 de febrero de 2006 (DOE núm. 40, de 27 de febrero)	Ajudas a proyectos de I+D+i para mellorar a competitividade das pemes mediante a consultoría de proxecto e implementación de ferramentas de gestión e apoio de apoio	AY128-2006.2.17	30.749,96 €	PAGADA 06/05/2009	30.749,96 €	
	29/10/2013	Subvenção a fondo perdido	Concorrência competitiva	Resolução do 23 de maio de 2010 (DOE nº 306, de 28 de maio)	Ajudas a proyectos de adopción de novos modelos empresariais innovadores	IG12-2010.2.209	22.097,49 €	INCUMPLIMIENTO TOTAL	- €	

EMPRESA	DATA CONCESSÃO	NATUREZA DO JARDIO ECONOMICO	MÉRIE DE CONCESSÃO	INICIATIVA REGULADORA	NOME DA AJUDA	Nº EXPLORANTE	IMPORTE COMPLETO	ESTADO ACTUAL	IMPORTE PAGU
	20/04/2011	Subvenção a fundo perdido	Concorrência não competitiva	Resolução do 11 de Janeiro de 2011 (DOG nº 22, de 2 de Janeiro)	Ajudas à internacionalização das empresas gallegas (ilha participacion en eventos esporth)	IG110.2011.1.736	15.000,00 €	PAGADA 05/10/2011	15.000,00 €
	01/09/2008	Subvenção a fondo perdido	Concorrência não competitiva	Resolução do 9 de marzo de 2007 (DOG nº 59, de 23 de marzo)	Ajudas a proxectos d'investiñon a mellorar a organización das pemes mediante a consultoría de proxecto e implantación de ferramentas de xestión e cálculo de rendo, con apoio subvencionable entre 30.000€ e 200.000€	IG104.2007.2.80	9.857,08 €	INCUMPLIMIENTO TOTAL	- €
ASPANAS TERMAL, S.L.U.	10/08/2011	Ajudas financeiras en forma de garantía	Concorrência não competitiva	Resolución do 8 de febreiro de 2011 (DOG nº 32, de 16 de febreiro)	Ajudas para o programa de apoio ó acceso ó financiamento para o sector do turismo	IG179.2010.2.579	3.800,00 €	ARCHIVADO	- €
	01/05/2010	Préstamo	Concorrência não competitiva	Resolución do 16 de marzo de 2009 (DOG nº 56, de 25 de marzo)	Programa de préstamos para financiar proxectos de investimento con fondos do Banco Europeo de Investimentos	IG142.2009.1.36	600.000,00 €		- €
PROMOTORA INDUSTRIAL SARDENSE, S.A.	27/09/2010	Subvenção a fondo perdido	Concorrência competitiva	Resolución do 11 de maio de 2010 (DOG nº 96, de 24 de maio)	Ajudas para facilitar a unión e integración das empresas gallegas cara á xestión do Mercado Alternativo Borsario (MAB)	IG165.2010.1.8	10.800,00 €	PAGADA 02/12/2010	10.800,00 €
INVERMOBIL S.L.	17/12/2015	Ajudas financeiras en forma de garantía	Concorrência não competitiva	Resolución do 5 de xuño de 2015 (DOG nº 114, de 18 de xuño)	Programa de apoio ó acceso ó financiamento operativo (activos correntes)	IG179.2015.1.132	4.996,00 €		- €
	22/04/2015	Subvenção a fondo perdido	Concorrência não competitiva	Resolución do 19 de decembro de 2014 (DOG nº 246, de 29 de decembro)	Ajudas a concorrencias de axudas de internacionalización	IG166.2015.1.12	6.300,00 €	PAGADA 04/02/2016	5.416,22 €
	29/04/2014	Subvenção a fondo perdido	Concorrência competitiva	Resolución do 20 de maio de 2013 (DOG nº 107, de 9 de maio)	Ajudas a proxectos de implantación e certificación de proxectos de I+D+i e de sistemas de xestión	IG132.2013.1.10	4.000,00 €	PAGADA 12/02/2015	2.950,00 €
	29/04/2014	Subvenção a fondo perdido	Concorrência competitiva	Resolución do 20 de maio de 2013 (DOG nº 107, de 9 de maio)	Ajudas a proxectos de adaptación de novos modelos empresariais	IG137.2013.1.87	70.382,50 €	PAGADA 20/02/2015	86.122,75 €
	08/05/2013	Subvenção a fondo perdido	Concorrência não competitiva	Resolución do 14 de febreiro de 2012 (DOG nº 41, de 26 de febreiro)	Ajudas a internacionalización das empresas gallegas (ilva promoción export)	IG179.2013.1.81	20.000,00 €	INCUMPLIMIENTO TOTAL	- €
	27/03/2013	Subvenção a fondo perdido	Concorrência competitiva	Resolución do 22 de marzo de 2012 (DOG nº 64, de 2 de abril)	Ajudas a implantación e certificación de proxectos de I+D+i e de sistemas de xestión	IG132.2013.1.11	3.678,40 €	RELIQUANCIA	- €
	31/07/2013	Subvenção a fondo perdido	Concorrência não competitiva	Resolución do 24 de febreiro de 2012 (DOG nº 41, de 26 de febreiro)	Ajudas a internacionalización das empresas gallegas (ilva, marketing, comunicación e marca)	IG172.2013.1.45	20.000,00 €	RELIQUANCIA	- €
	04/07/2012	Subvenção a fondo perdido	Concorrência non competitiva	Resolución do 29 de febreiro de 2012 (DOG nº 49, de 9 de marzo)	Ajudas para a contratación de sectores de internacionalización	IG106.2012.1.80	15.000,00 €	INCUMPLIMIENTO TOTAL	- €
	20/02/2012	Subvenção a fondo perdido	Concorrência non competitiva	Resolución do 31 de xaneiro de 2011 (DOG nº 21, de 2 de febreiro)	Ajudas a internacionalización das empresas gallegas (ilva participación export)	IG151.2011.1.157	13.050,00 €	INCUMPLIMIENTO TOTAL	- €
	02/12/2011	Subvenção a fondo perdido	Concorrência non competitiva	Resolución do 31 de xaneiro de 2011 (DOG nº 22, de 2 de febreiro de 2011)	Ajudas a internacionalización das empresas gallegas (ilva marketing, comunicación e marca)	IG152.2011.1.111	7.169,00 €	INCUMPLIMIENTO TOTAL	- €
	15/10/2008	Subvenção a fondo perdido	Concorrência competitiva	Resolución do 9 de maio de 2007 (DOG nº 94, de 21 de maio de 2007)	Ajudas a proxectos de adaptación de novos modelos empresariais	IG127.2007.2.86	20.000,00 €	PAGADA 28/01/2009	20.000,00 €

EMPRESA	DATA CONCESSÃO	INSTRUMENTO ECONÓMICO	TÍTULO DE CONCESSÃO	NORMATIVA REGULADORA	INCOME DA AVALIA	NT DEPENDE	IMPORTE CONCESSÃO	ESTADO ATUAL	IMPORTE PAGO
EMPRESA FERROSA, S.A. ALFAGEME, S.A. GENÉOS DE PUNTO MAN, S.L.	19/12/2006	Subvenção a fondo perdido	Concurrencia competitiva	Resolución de 5 de julio de 2006 (DOG núm. 112, de 13 de julio de 2006)	Auditor e provedores do plan de concorrencia e competitividade da peixe (líña de saia)	AV034.2006.1.34	10.000,00 €	INCUMPLIMIENTO TOTAL	- €
	11/01/2008	Subvención a fondo perdido	Concurrencia competitiva	Resolución de 17 de febrero de 2008 (DOG núm. 40, de 27 de febrero)	Auditor e mellora da produtividade empresarial mediante a innovación, concorrencia e modernización do tecido produtivo (líña investimento tecnolóxico)	AV022.2008.1.149	22.250,00 €	INCUMPLIMIENTO TOTAL	- €
	22/09/2005	Subvención a fondo perdido	Concurrencia competitiva	Resolución de 11 de marzo de 2005 (DOG núm. 58, de 28 de marzo de 2005)	Auditor para os programas de apoio á comunidade e mellora competitiva de Peñe gallega (líña investimento empresarial)	AV001.2005.1.20	39.472,00 €	PAGADA 15/04/2006	33.672,00 €
	15/02/2006	Subvención a fondo perdido	Concurrencia competitiva	Resolución de 11 de marzo de 2006 (DOG núm. 58, de 28 de marzo de 2006)	Auditor para os programas de apoio á comunidade e mellora competitiva de ferramentas informáticas	AV001.2006.1.363	5.190,00 €	PAGADA 12/11/2007	5.190,00 €
	04/07/2011	Subvención a fondo perdido	Concurrencia non competitiva	Resolución de 26 de diciembre de 2009 (DOG núm. 3, de 4 de enero de 2010)	Auditor de salvamento e restruturación de empresas en crise (líña de salvamento)	AV112.2006.1.25	7.500,00 €	PAGADA 11/10/2011	7.500,00 €
	04/07/2011	Subvención a fondo perdido	Concurrencia non competitiva	Resolución de 26 de diciembre de 2009 (DOG núm. 3, de 4 de enero de 2010)	Auditor de salvamento e restruturación de empresas en crise (línea de apoio a empresas en proceso de recuperación económica para desactivar asociacións secultas no plan de restruturación)	AV011.2006.1.113	22.780,00 €	INCUMPLIMIENTO TOTAL	- €
	04/07/2011	Substitución de gastos financeiros	Concurrencia non competitiva	Resolución de 26 de diciembre de 2009 (DOG núm. 3, de 4 de enero de 2010)	Auditor de salvamento e restruturación de empresas en crise (substitución de gastos financeiros de programas para reestrucción de peixe)	AV013.2006.1.22	67.515,18 €	INCUMPLIMIENTO TOTAL	- €
	11/02/2011	Subvención a fondo perdido	Concurrencia non competitiva	Resolución de 31 de janeiro de 2011 (DOG nº 22, de 2 de febrero)	Auditor e internacionalización das empresas gallegas (líña marketing, comunicación, máis e máis)	IG012.2011.1.355	1.877,50 €	INCUMPLIMIENTO TOTAL	- €
	26/04/2011	Subvención a fondo perdido	Concurrencia non competitiva	Resolución de 31 de janeiro de 2011 (DOG nº 22, de 2 de febrero)	Auditor e internacionalización das empresas gallegas (líña participación en eventos esporthivos)	IG010.2011.1.706	6.200,00 €	INCUMPLIMIENTO TOTAL	- €
	27/12/2007	Subvención a fondo perdido	Concurrencia competitiva	Resolución de 9 de marzo de 2007 (DOG nº 59, de 28 de marzo)	Auditor e provedores de investimento tecnolóxico aos peixe	IG013.2007.1.213	137.174,60 €	PAGADA 19/10/2009	123.334,75 €
11/01/2006	Subvención a fondo perdido	Concurrencia competitiva	Resolución de 17 de febrero de 2006 (DOG núm. 40, de 27 de febrero)	Auditor e mellora da produtividade empresarial mediante a innovación, concorrencia e modernización do tecido produtivo (líña implantación de ferramentas de apoio)	AV024.2006.1.128	23.595,17 €	PAGADA 21/04/2009	21.354,30 €	
05/11/2001	Subvención a fondo perdido	Concurrencia non competitiva	Real Decreto 1859/2007, de 6 de junio, por el que se aprueba el Reglamento de los incentivos económicos regionales	Incentivos económicos regionales	PG0031/2005	331.189,44 €	PAGADA 24/02/2007	330.372,47 €	

EMPRESA	DATA CONCESSÃO	NATUREZA DO APOIO ECONÓMICO	RÉGIME DE CONCESSÃO	NORMATIVA REGULADORA	TÍTULO DA AJUDA	RF EXPENDENTE	IMPORTE CONCEDIDO	ESTADO ACTUAL	IMPORTE PAGO
GÉNEROS DE PUNTO MOKICITO, S.A.	18/06/2003	Subvenção a fundo perdido	Concorrência não competitiva	Ordem de 7 de julho de 1997 (DOE nº 159, de 27 de julho)	Ajudas a pequenos empresários de investimento que contribuíam a criação e manutenção de emprego estável	09/0126/PO	84.109,87 €	PAGADA 23/02/2008	84.109,87 €
	23/04/2007	Subvenção a fundo perdido	Concorrência competitiva	Resolução do 17 de fevereiro de 2006 (DOE n.ºm. 40, de 27 de fevereiro)	Ajudas à melhoria da produtividade empresarial e inovação, cooperativas e empreendimentos de carácter produtivo (Illa Investimento Intelectual)	AF12. 2006. 2.38	22.120,00 €	PAGADA 03/07/2008	22.220,00 €
	23/04/2007	Subvenção a fundo perdido	Concorrência competitiva	Resolução do 17 de fevereiro de 2006 (DOE n.ºm. 40, de 27 de fevereiro)	Ajudas à melhoria da produtividade empresarial mediante a inovação, cooperativas e manutenção de emprego produtivo (Illa consultora de emprego)	A102. 2006. 2.29	22.162,26 €	PAGADA 24/11/2008	22.162,26 €
	11/02/2008	Subvenção a fundo perdido	Concorrência competitiva	Resolução do 27 de fevereiro de 2007 (DOE n.ºm. 40, de 27 de fevereiro)	Ajudas à melhoria da produtividade empresarial mediante a inovação, cooperativas e manutenção de emprego produtivo (Illa consultora de emprego)	A102. 2008. 1.53	19.102,88 €	PAGADA 04/02/2008	19.132,88 €
	24/02/2005	Subvenção a fundo perdido	Concorrência não competitiva	Decreto 1065, de 17 de setembro, de incentivos regionais para a criação de desequilíbrios económicos interiores regionais. -Real Decreto 899/2007, de 6 de julho, por el que se aproba el Reglamento de los incentivos económicos.	Incentivos económicos regionais	PO/0882/005	438.922,75 €	PAGADA 11/02/2008	438.922,70 €
	08/11/2004	Subvenção a fundo perdido	Concorrência não competitiva	Resolução do 13 de julho de 2001 (DOE nº 142, de 23 de julho 2001)	Ajudas a pequenos empresários de investimento	A108. 2001. 1.327	216.254,21 €	PAGADA 10/05/2005 Y 27/10/2007	212.814,00 €
	07/04/2005	Subvenção a fundo perdido	Concorrência não competitiva	Decreto 1065, de 17 de setembro, de incentivos regionais para a criação de desequilíbrios económicos interiores regionais. -Real Decreto 899/2007, de 6 de julho, por el que se aproba el Reglamento de los incentivos económicos.	Incentivos económicos regionais	PO/0839/005	1.070.592,86 €	PAGADA 11/02/2006	1.070.592,08 €
	09/09/2008	Subvenção a fundo perdido	Concorrência não competitiva	Decreto 1065, de 17 de setembro, de incentivos regionais para a criação de desequilíbrios económicos interiores regionais. -Real Decreto 899/2007, de 6 de julho, por el que se aproba el Reglamento de los incentivos económicos.	Incentivos económicos regionais	PO/0862/005	1.087.670,44 €	PAGADA 01/03/2008	1.087.670,44 €

IX. RÉPLICAS FORMULADAS POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO IGAPE

RÉPLICAS DO CONSELLO DE CONTAS ÁS ALEGACIÓNS FORMULADAS POLO IGAPE AO ANTEPROXECTO DE INFORME DE FISCALIZACIÓN CORRESPONDENTE AOS EXERCICIOS 2011-2013.

Trámite de alegacións

En cumprimento do disposto nos artigos 24 bis.2 e 58 do Regulamento do Consello de Contas de Galicia, o anteproxecto de informe de fiscalización foi remitido o día 16.11.2016 (Rexistro de Saída núm. 1476 e 1477) ao Igape e á persoa responsable da xestión realizada en exercicios anteriores. O Igape remitiu o escrito de alegacións o 12.12.2016 (Rexistro de entrada núm.1684), dentro do prazo concedido para a súa formulación.

Con relación ao seu contido e tratamento, independentemente das aclaracións e puntualizacións que en cada caso figuran nas réplicas, cómpre sinalar con carácter xeral que, agás nos casos concretos que así o requiran, non se valoran as alegacións que confirmen deficiencias ou irregularidades sinaladas no informe; que expoñan criterios e opinións sen soporte documental ou normativo ou ben que non rebatan o contido do informe, senón que se trate de explicacións ou xustificacións sobre as actuacións da entidade fiscalizada. Nos supostos nos que se modifica total ou parcialmente o contido dalgún punto do informe, indicárase este feito expresamente mediante nota a pé de páxina.

Réplica á alegación nº 1. Limitacións

A entidade auditada formula alegación ao parágrafo 1.4 referido aos defectos na presentación dos expedientes entregados para realizar os traballos de fiscalización. Entenden que os feitos descritos puideron facer menos cómodos os traballos de fiscalización pero non os impediron e polo tanto non poden supoñer unha limitación ao alcance dos mesmos. En canto á presentación dos expedientes consideran que non incumpren ningunha norma e que o feito de que existan documentos en soporte papel e outros en soporte dixital non supón de ningún xeito que os expedientes estean incompletos.

No apartado de limitacións incluíronse aqueles factores que impediron alcanzar os obxectivos da fiscalización e tamén se advertiron todas aquelas circunstancias susceptibles de limitar a seguridade nos traballos de fiscalización, ben porque non existan garantías da integridade da documentación examinada, ben porque a información facilitada non reúna todas as condicións esixibles aos documentos administrativos (sinatura, data de emisión,...)

A inexistencia dun arquivo único do expediente, que estea ordenado e cun índice de documentos, así como da distribución da documentación en dependencias distintas, non permite afirmar que se teña fiscalizado a totalidade dos documentos que o integran e, polo tanto, non existe garantía de que a opinión da fiscalización se teña emitido con coñecemento de toda a información.

Alégase tamén que foi facilitado polo Igape toda a información atendendo aos múltiples requirimentos recibidos, non sendo conscientes da omisión de resposta a ningunha petición que puidese limitar os traballos de fiscalización.

Nas tres últimas liñas da epígrafe 1.3 relaciónase unha documentación que foi solicitada mediante correos electrónicos remitidos o 12.05.2015, 13.07.2015, 10.09.2015 e 16.03.2016.

En particular, ao non dispoñer dos plans e programas de actuación anual e trienal correspondentes aos exercicios fiscalizados nos que deberían constar os obxectivos e liñas de actuación previstas para o dito período, non se puido efectuar o control de eficacia na consecución dos obxectivos previstos.

O mesmo sucedeu ao non ser facilitada a información relativa aos indicadores de xestión e cadros de mando. De conformidade coa Resolución do 14 de abril de 2011 que da publicidade ao acordo do Consello de Dirección do IGAPE que aproba a reorganización do seu persoal directivo (DOG núm.79, 25.04.2011), a Subdirección de Xestión Económica e Financeira ten que deseñar e xestionar os indicadores de xestión e do cadro de mando do IGAPE así como controlar e seguir os obxectivos establecidos pola dirección a través dos indicadores do cadro de mando de cada área.

No tocante á información relativa aos apoios económicos concedidos aos beneficiarios de avais, mediante correos electrónicos remitidos o día 14.01.2016 (reiterado o 16.03.2016), solicitouse unha relación dos apoios económicos concedidos ás ditas empresas polo Igape, Xesgalicia ou fondos de capital risco na que se especificasen os préstamos ou distintas liñas de axudas das que se beneficiaron as empresas avaladas que incluíse información sobre os seguintes extremos: entidade concedente, data e réxime de concesión, importe, natureza do apoio económico, estado actual e información sobre o cumprimento por parte do beneficiario ou, no seu caso, impagos ou cantidades pendentes. Neses mesmos correos electrónicos solicitábase información sobre as accións de reembolso.

Considera a entidade que baixo a clara consciencia de que non existiu intención de omitir ningunha información solicitada que a información relativa a outros apoios que historicamente se puideron conceder ás empresas avaladas, para outros proxectos ou finalidades diferentes ás perseguidas cos avais concedidos non teñen suficiente relevancia a efectos da realización dos traballos de fiscalización como para destacalo nas limitacións do punto 1.4. e reiteralo nas propias conclusións

do informe. Xuntan, ademais, un Anexo coa información das subvencións concedidas e/ou cobradas dende o ano 2006 referidas ás empresas beneficiarias da mostra.

Tal como se manifesta no informe, a solicitude de información sobre outros apoios económicos realizouse co fin de determinar se as empresas avaladas se beneficiaron ademais doutras axudas e para valorar o cumprimento por parte do beneficiario das obrigas asumidas.

Independentemente da inexistencia dun precepto legal que prohiba outorgar avais a empresas que incumpriran compromisos anteriores, non se considera irrelevante coñecer e ofrecer información sobre este aspecto. Este é un dato que non debería parecer irrelevante, máis ben debería terse en conta para avaliar o risco que se asume cando se concede un aval.

En consecuencia, mantense o manifestado no informe pero suprímese a palabra *concorrentes* para evitar confusións.

Réplica á alegación nº 2. Actividade financeira do Igape a través do seu orzamento. Préstamos concedidos

Alega a entidade que a baixa taxa de dereitos recadados nos préstamos concedidos está condicionada pola inclusión nos dereitos recoñecidos das operacións que eran rescindidas dentro de procesos concursais.

Co obxecto de matizar a afirmación contida no informe, non desvirtuada polas alegacións, incorporase a valoración realizada polo IGAPE.

Porén, cómpre ter en conta que, tal como consta no informe, os pagamentos totais realizados no exercicio do vencemento e seguintes polos préstamos concedidos seguen a poñer de manifesto un alto grao de morosidade, polo que o efecto da valoración realizada polo IGAPE (cobros en procesos concursais) en termos cuantitativos amosase como pouco significativa.

Réplica á alegación nº 3. Discrepancias na consideración de Peme das empresas avaladas

Alega a entidade auditada que os datos necesarios para valorar a cualificación da empresa constan no informe da SPAC e no expediente, polo que estiman suficiente a mención de que cumpre ou non cumpre a condición de PEME.

Tal como se manifestou no informe, non se comparte a dita opinión. Debería constar no expediente un pronunciamento sobre a natureza da empresa, se é PEME ou non PEME, explicitando os fundamentos que conducen á dita cualificación.

En canto ás alegacións efectuadas sobre as observacións do informe relativas á cualificación de 3 empresas, maniféstase o seguinte:

1) No tocante á empresa Generos de Punto Montoto S.A., a alegación versa sobre o número de efectivos que tiña a empresa aos efectos da cualificación como PEME.

Recoñécese na alegación que o número de traballadores ao peche do exercicio 2007 era de 250 persoas en termos UTA. Argumenta o Igape que á data de presentación da solicitude de aval eran 247 e que existía unha seguridade razoada de que á data de formalización do aval (13.03.2009) a empresa cumpriría coa definición de PEME en relación ao último exercicio pechado (2008). Manifestan ademais que así foi finalmente, pero non achegan a documentación acreditativa deste extremo.

Tal como se manifestou no informe, a Resolución do 27.12.2004 (DOG núm.11, de 18.01.2005) establece que os datos que hai que tomar en conta para calcular os efectivos son os correspondentes ao último exercicio contable pechado que, na data de presentación da solicitude (18.12.2008), era o exercicio 2007.

En consecuencia, non se modifica o texto do informe, pero inclúese a información que se contén na alegación engadindo un inciso nos seguintes termos *“No trámite de alegacións, o Igape argumenta que na data de presentación da solicitude do aval o número de empregados era 247 e que na data de formalización do aval cumpría coa definición de PEME, pero non achegan a documentación acreditativa deste extremo”*

2) Polo que respecta á empresa Alimentos Lácteos, S.L., a alegación non rebate a afirmación relativa á falta de cualificación da empresa. Limitase a sinalar, dunha banda, que o cumprimento da condición de PEME atopábase nos avais orixinais (AV 635-1 a 5) e doutra, que resulta evidente da evolución descrita no informe técnico que durante o período transcorrido entre a concesión dos ditos avais e os que os substituíron (AV 834 -1 a 3) a beneficiaria non puido perder a condición de PEME.

O expediente correspondente aos avais AV/635-1 a 5 non foi obxecto de fiscalización nin se achegou no trámite de alegacións documentación que evidenciase a cualificación como PEME nalgún trámite do devandito expediente. Doutra banda, o tempo transcorrido entre a concesión dos expedientes orixinais (2.09.10) e os avais fiscalizados (8.10.12), superou o período de dous anos, polo que debería terse acreditado novamente no expediente a condición de PEME.

En consecuencia, non se modifica o texto do informe.

3) En canto á empresa Construcciones Mon, S.L., alegan que é evidente que existe unha errata de transcripción no informe da Intervención Xeral, posto que non existe ningún documento que permita

cuestionar a consideración de PEME da beneficiaria e que a tramitación sen declaración de especial interese socioeconómico é correcta.

En consecuencia, mantense o parágrafo do informe pero recóllense as manifestacións efectuadas, engadindo un inciso nos seguintes termos *“No trámite de alegacións maniféstase que existe unha errata de transcripción no informe da Intervención Xeral e que a tramitación sen declaración de especial interese socioeconómico é correcta, pero non achegan a documentación acreditativa deste extremo”*

Réplica á alegación nº 4. Grao de motivación dos acordos da Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos

A alegación non achega nova información que rebata a afirmación contida no informe no que se manifesta que as declaracións de especial interese socioeconómico non expresan as razóns que xustifican a dita cualificación, constituíndo meras formulacións xenéricas que habilitan a aplicación de excepcións ao réxime xeral.

Maniféstase na alegación que figuran nos proxectos de acordo os antecedentes nos que se xustifica para cada caso en particular a consideración de especial interese socioeconómico para Galicia.

Non obstante, nos referidos proxectos recóllese un resumo dos distintos aspectos analizados nos informes relativos ás solicitudes emitidos pola SPAC. Nestes informes alúdese, en función do suposto concreto, á necesidade de declaración da operación de aval como de especial interese socioeconómico por parte da CDXGAE aos efectos de aplicar as excepcións previstas pola normativa, isto é, para a concesión de avais a empresas que non revisten o carácter de PEME ou ben para eximir ás mesmas da achega de determinada información ou ben para que o Consello da Xunta poda excepciónar da achega de garantías reais. Sen embargo, os ditos informes non explicitan os motivos que xustifican a cualificación das respectivas operacións de especial interese socioeconómico para Galicia.

En consecuencia, non se modifica o texto do informe.

Réplica á alegación nº 5: Discrepancias na consideración de empresa en crise das empresas avaladas

Entende a entidade auditada que a aplicación do punto 2.1.11 da Comunicación 2004/C244/02 ten un alto compoñente de subxectividade e inseguridade que en todos os casos cuestionados pode ser razoablemente rebatido e que este criterio configúrase na redacción da norma como potestativo ou excepcional.

De conformidade co punto 2.1.9 da Comunicación 2004/C244/02, *a Comisión considerará que unha empresa se atopa en crise se é incapaz, mediante os seus recursos financeiros ou cos que estean dispostos a inxectarlle os seus accionistas e acredores, de enxugar perdas que a conducirán, de non mediar unha intervención exterior, á súa desaparición económica case segura a corto ou medio prazo.* A continuación, nos puntos 2.1.10 e 2.1.11 concrépanse unha serie de circunstancias nas que se considera ou pode considerarse que unha empresa está en crise ou non.

O Igape, mediante Resolución do 26.12.2005, adoptou unhas bases reguladoras da concesión de axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise co fin de adaptar o seu contido ás directrices comunitarias . Na base 2.2, enumera os requisitos que debe cumprir unha empresa para que sexa considerada en dificultades debendo concorrer polo menos un dos que se relacionan nas letras a) a d) . Nesta última (que sería o equivalente o punto 2.1.11 da Comunicación) establece que cando non concorran as circunstancias das letras anteriores poderá considerarse que unha empresa está en crise cando estean presentes os síntomas habituais de crise coma o nivel crecente de perdas, diminución do volume de negocios, o incremento das existencias, o exceso de capacidade, a diminución da marxe bruta de autofinanciamento, o endebedamento crecente, o aumento dos gastos financeiros e debilitamento ou desaparición do seu activo neto.

De acordo coa regulación exposta, discrúpase da citada alegación:

- Os síntomas habituais de crise relacionados na letra d) non teñen un alto compoñente de subxectividade e inseguridade. Trátase de elementos obxectivos que poden ser apreciados, sen engadir criterios de apreciación subxectiva, mediante a comparación da evolución das correspondentes magnitudes ou indicadores.
- O requisito da letra d) non se configura na redacción da norma con carácter excepcional xa que se inclúe como un requisito que poderá terse en conta para considerar se unha empresa está en dificultades.

Cuestión distinta é o carácter potestativo que se desprende da literalidade da base 2.2.d) (*poderá considerarse que unha empresa está en crise...*). Segundo a interpretación que realiza o Igape, a dicción literal deixaría á vontade dos xestores a toma en consideración das circunstancias relacionadas nese punto para pronunciarse sobre a situación da empresa.

A opinión emitida no informe é a contraria. De estar presentes algún ou varios dos síntomas habituais de crise debería xustificarse por qué se considera que a empresa non está en crise e deberían motivarse no expediente as razóns polas que non se tramitan ao abeiro da Resolución do 26.12.2005.

- É certo que as directrices comunitarias en vigor dende o ano 2014 (2014/C249/01) eliminan o mencionado punto 2.1.11 e xa non inclúen ese punto como criterio para considerar unha empresa en crise, engadindo uns ratios concretos para empresas non PEMEs. As ditas directrices non estaban en vigor no período fiscalizado e a opinión que se emitiu no informe baséase na regulación vixente aprobada polo Igape.

Polo que atinxe aos supostos concretos que se relacionan no cadro 33 do informe, a opinión manifestada baséase en elementos obxectivos, obtidos da propia documentación obrante nos expedientes que se presentaron resumidos no dito cadro e non se afirma que estas empresas estivesen en crise, xa que dita apreciación correspondería á Comisión Europea e non a este órgano. No informe ofrécense evidencias dunha situación financeira difícil que esixiría, na nosa opinión, que nestes expedientes se tivesen motivado as razóns polas que non se tramitaron ao abeiro da Resolución do 26.12.2005.

Non obstante, inclúese no informe unha nota a pé de páxina nos seguintes termos: "No trámite de alegacións o Igape manifestou discrepancias sobre as evidencias reflectidas no cadro 33 que se recollen na alegación número 5"

Réplica á alegación nº 6: Discrepancias na finalidade dos avais

Alega a entidade que considera cumprida a finalidade dos avais pese a que nalgúns supostos as empresas puideran acabar en liquidación anos despois da concesión das operacións e achegan nova información a ter en conta no tocante ao AV257.

Polo que respecta á primeira consideración, o informe ofrece os datos de supervivencia das empresas incluídas na mostraxe así como a situación dos avais que foron analizados. Nos supostos concretos, independentemente do período transcorrido entre a concesión e a liquidación, as empresas mencionadas non conseguiron a viabilidade esperada.

No tocante á finalidade do aval AV257, á vista das consideracións do Igape, suprímese a opinión emitida no informe e mantense a información referida aos pronunciamentos xudiciais.

Réplica á alegación nº 7 referida aos límites de cobertura de avais

A entidade alega que non resulta aplicable ás empresas en crise o límite previsto na Comunicación 2008/C155/02 xa que as axudas en forma de garantía amparadas na Resolución do 26.12.2005 non están suxeitas á dita comunicación polo feito de incluír un compoñente de axuda.

A Resolución do 26.12.2005, pola que se da publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Igape, que aproba a nova regulamentación das bases reguladoras de axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise (DOG núm.3 do 4.01.2006), establece na Base 7.1 que o importe máximo de cobertura do aval do Igape con carácter xeral non excederá o 70% do importe do préstamo garantido.

A superación dese límite xeral ata alcanzar o 100% require que se xustifique no expediente, tal como sinala o acordo da CDXGAE do 10.05.1995. O informe afirma que non se explicitaron os motivos que xustificaron a superación da dita porcentaxe, o que reviste especial importancia nos casos das empresas en crise porque o nivel de risco que se asume é superior.

En consecuencia, suprímese a referencia normativa pero non se modifica a opinión emitida tendo en conta que os avais concedidos a empresas en situación de crise non están exentos de límites de cobertura.

Tampouco comparte o Igape a opinión referida aos expedientes AV/0385 e AV/0403 en canto á superación do límite de cobertura do 80% previsto na Comunicación da Comisión 2008/C155/02. Entenden que non se debe confundir o acordo de concesión dun aval cunha cobertura superior ao 80%, que vulneraría a dita comunicación, cunha situación distinta, na que tendo un aval aprobado por unha porcentaxe menor ao 80% este resultase falido, e se consentise que a entidade de crédito poida conceder unha quita á avalada sen perder os dereitos fronte ao Igape e manténdose sempre o límite máximo da contía inicial do aval.

A Comunicación 2008/C155/02 establece que cando o volume do préstamo ou da obriga financeira diminúa co tempo, por exemplo debido a que empeza a devolverse o préstamo, a cantidade garantida deberá diminuír proporcionalmente, de forma que en todo momento a garantía non cubra máis do 80% do préstamo ou da obriga financeira pendente.

Como consecuencia da quita que se poda aprobar en virtude do convenio de acredores, a obriga da empresa avalada fronte á entidade financeira diminúe, sen embargo non se reduce en igual medida a responsabilidade do avalista subsidiario e supérase a cobertura do 80% se temos en conta a débeda resultante trala quita.

En consecuencia, non se modifica o texto do informe.

Réplica á alegación nº 8 sobre límites temporais

O Igape alega que non comparte a interpretación efectuada no informe sobre a prórroga da vixencia dos avais sempre que estas sexan tamén por unha duración determinada no momento da súa correspondente concesión.

De conformidade co artigo 3.4. b) da comunicación 2008/155/02 (que resulta aplicable por tratarse dun aval concedido en virtude dun réxime de garantía) o alcance das garantías debe poder avaliarse axeitadamente no momento da súa concesión. Isto significa que as garantías deben estar vinculadas a transaccións financeiras específicas, por un importe máximo fixo e por un período limitado.

O informe non cuestiona a posibilidade de que se conceda un aval cunha duración superior á prevista no artigo 5.2 do Decreto 284/1994, sempre que o autorice o Consello da Xunta, porque así o permite o Decreto tal como ocorreu en 30 dos expedientes analizados. Sen embargo, non se comparte a opinión sobre a posibilidade de prórroga da vixencia do aval se non foi contemplada no momento da súa concesión, xa que non se estaría suxeitando a vixencia do aval a un período de tempo limitado.

A interpretación que se efectúa na alegación sobre a admisión de prórrogas, sempre que estas sexan tamén por unha duración determinada, conduciría a admitir prórrogas de forma sucesiva e ilimitada o que resultaría contrario ao precepto mencionado.

En consecuencia, non se modifica o texto do informe.

Réplica á alegación nº 9 sobre procedemento de control e xestión

A alegación non rebate o expresado no informe respecto a que o informe da intervención Xeral emitíuse con posterioridade ao acordo de concesión do aval. Manifestan que en todos os casos o dito informe é previo á notificación do acordo e previo ao outorgamento do aval.

Na regulación das fases do procedemento que se contén no manual de procedementos do Igape sobre procesos operativos de concesión e xestión de avais, descríbese a fase 1 da metafase 3 (terminación) referida á elevación da proposta de resolución ao Consello de Dirección, nos seguintes termos: *unha vez emitido Informe pola Intervención Xeral a proposta de resolución elévase o acordo do Consello de Dirección.*

En consecuencia non se modifica o texto de informe.

Réplica á alegación nº 10. Condicións de execución do aval

A entidade discrepa da afirmación realizada no informe referido a que a inclusión dunha cláusula de rescisión anticipada do préstamo desvirtúa o principio de responsabilidade subsidiaria dos avais contemplado no artigo 4 do Decreto 284/1994.

A primeira consideración que se formula no parágrafo segundo, parte dunha interpretación errónea do que se manifesta no informe. Entenden que a dita cláusula non supón unha alteración das condicións especiais de subsidiariedade autorizadas polo Consello da Xunta, afirmación que non se contén no informe. O que se manifesta é que se desvirtúa a regra xeral de subsidiariedade prevista

no antedito artigo que establece que os avais terán carácter subsidiario e obrigarán á Tesourería da Comunidade Autónoma só no caso de non poder satisfacelos o debedor principal ou primeiro avalista, situación que se entende producida unha vez admitido a trámite xudicial o expediente de insolvencia. A cláusula analizada permitiría ás entidades financeiras declarar anticipadamente rescindidos os préstamos avalados e, polo tanto, adiantar a executividade do aval, no caso de que non se conseguise adecuar os termos dos contratos de financiamento que o prestameiro ten con outras entidades públicas á proposta de refinanciamento global.

En consecuencia, non se modifica a opinión emitida no informe.

Réplica á alegación nº 11 sobre comisións de aval

A entidade non comparte a opinión do informe referida á contabilización das comisións devindicadas mentres permaneza vixente o risco do aval. Entenden que cando un aval entra en fase de execución deixa de estar en vigor como tal e non debería producirse a devindicación de comisións que serían claramente incobrables.

A opinión emitida é favorable á contabilización das comisións sen prexuízo de que se deban provisionar os dereitos recoñecidos como de dubidoso cobro.

En consecuencia, non se modifica o informe.

Réplica á alegación nº 12 sobre condicionantes e compromisos

O Igape alega que o informe de fiscalización, nas páxinas 85 a 87 inclúe unha serie de observacións relativas aos condicionantes e compromisos, tratando ambos termos por igual e confundindo os mesmos.

Admítese a utilización confusa da palabra condicionantes en vez de compromisos e modifícase o informe no senso de mudar un termo polo outro nos supostos que proceda.

Réplica á alegación nº 13 sobre as garantías

O Igape alega ás consideracións efectuadas no informe referidas á debilidade das garantías consistentes en marcas e concesións administrativas.

No que respecta ás marcas, a alegación formulada non rebate o manifestado no informe en referencia ao seu deterioro valorativo. Manifestan que debe terse en conta que a hipoteca serve como unha cautela para que a marca permaneza vencellada ás actividades da sociedade avalada. Esta afirmación, que podemos compartir, non significa que a constitución da hipoteca evite o risco de desvalorización que presentan estes activos inmateriais.

En consecuencia, non se modifica a opinión expresada no informe.

No que respecta ás concesións administrativas, non comparte o Igape que pola súa natureza teñan unha menor consistencia que outro tipo de garantías exemplificando cos supostos dos avais 687-6, 687-7 e 687-8 nos que coa venda das concesións administrativas das bateas reduciuse o risco de avais na contía da súa responsabilidade hipotecaria.

A opinión sobre a consistencia ou debilidade das concesións administrativas basease na súa propia natureza cuxa perdurabilidade pode depender de factores alleos ao titular da concesión ou do propio cumprimento das obrigas por parte do concesionario, polo que pode non constituír unha contragarantía sólida como se desprende das evidencias que se relatan no informe. Apoiase ademáis a consideración formulada nun precepto de dereito positivo (non aplicable directamente ás operacións analizadas como xa se advirte no informe) que exclúe as concesións como bens que poden ser admitidos en garantía por non representar un valor suficientemente estable e duradeiro.

No tocante ao caso concreto da concesión administrativa para a ocupación de zona de servizo do Muelle de San Diego, indican que a advertencia efectuada no informe técnico da SPAC sobre o traslado das instalacións non significa que esta concesión careza de valor, posto que a taxación ten en conta a vixencia e non presume a renovación da mesma.

A manifestación que se efectuou no informe fundaméntase na documentación que foi analizada, en concreto no informe técnico da SPAC emitido en relación coa solicitude de nova operación de aval AV0882 o 21.07.2016 no que, en referencia á hipoteca sobre a concesión administrativa no muelle de San Diego, afirmase que *“esta garantía podería carecer de valor nunha hipotética execución dos avais, posto que a Autoridade Portuaria contempla o traslado das actividades que veñen sendo desenvolvidas no Muelle de San Diego á Punta Langosteira, non existindo expectativas de que a concesión poida ser prorrogada ao vencemento (5 de marzo de 2020)”*.

En consecuencia, non se modifica o informe.

Alégase que non resulta de aplicación aos avais do Igape a Orde 805/2003 do 27 de marzo, do 27 de marzo, sobre normas de valoración de bens inmobles e de determinados dereitos para certas finalidades financeiras por non encadrarse en ningunha das finalidades recollidas no ámbito de aplicación da dita Orde.

Sen prexuízo de considerar que esa afirmación é correcta, os informes de valoración establecen necesariamente un período de caducidade a partir da data da súa emisión, con independencia de que sexan ou non emitidos aos efectos da citada Orde. Nos supostos concretos que se mencionan no informe, as taxacións establecían unha vixencia de 6 meses (AV358 e AV403) e de tres meses (AV855).

En consecuencia, mantense a opinión emitida no informe pero suprímese a referencia normativa.

Alega tamén a entidade auditada ás consideracións efectuadas no informe sobre o incumprimento do artigo 9 do Decreto 284/1994, en particular á mención referida a que é *"paradigmático o expediente AV/0359 no que se solicitou unha modificación do aval que evidenciaba problemas financeiros da avalada e, lonxe de reforzar as garantías admitidas na concesión inicial, o Consello da Xunta de Galicia autorizou ao CD do Igape a que na modificación dos avais poida excepcionalmente a achega de garantías reais suficientes por parte de avalada"*.

Consideran que a dita apreciación é incorrecta, *posto que a modificación dos avais non supuxo liberación de garantía ningunha e a excepcionalidade na achega de garantías reais suficientes na tramitación da modificación foi unha cautela por un posible deterioro dos bens tomados en garantía no momento da concesión, pero as hipotecas constituídas a favor do Igape mantivéronse inalteradas*.

No informe non se afirma que a modificación dos avais supuxo unha liberación de garantías, menciónase que nos expedientes nos que se atopou documentación que evidenciaba un empeoramento da situación financeira da empresa avalada, non constaba a esixencia de garantías adicionais e se ofrece como exemplo o acontecido no expediente AV359 reproducindo o teor literal do acordo do Consello da Xunta que se corrobora na alegación.

En consecuencia, non se modifica o texto do informe.

Alega tamén a entidade as dificultades prácticas para a observancia do apartado 2 do artigo 9 do Decreto 284/1994 que obriga a adoptar accións para reforzar a obriga de reembolso se resulta notoria a diminución da solvencia do avalado. Considera, ademais, que a obriga incluída nesta norma é pouco realista.

Na fiscalización analizouse o cumprimento do dito precepto incluído nun Decreto aprobado pola Xunta de Galicia e se emite opinión ao respecto. A opinión basease nunha disposición normativa e baixo a consideración de reforzar as posibilidades de reintegro da Comunidade Autónoma no caso de ter que facer fronte ao pagamento dos avais que resulten falidos.

En consecuencia, non se modifica o texto do informe.

Consello de Contas
de Galicia



**INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS
FUNDACIÓNS
FEIRAIS PÚBLICAS DE GALICIA**

EXERCICIOS 2011-2013

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN, ANTECEDENTES E CONTEXTO DA FISCALIZACIÓN	11
1.1 ÁMBITO COMPETENCIAL.....	11
1.2 CONTEXTO E ANTECEDENTES DA FISCALIZACIÓN	11
1.3 OBOECTIVOS E ALCANCE DA FISCALIZACIÓN.....	15
1.4 LIMITACIÓNS	15
1.5 MARCO XURÍDICO	16
II. INFORMACIÓN E CARACTERÍSTICAS DOS ENTES FISCALIZADOS	19
II.1 RÉXIME XURÍDICO, ECONÓMICO E ORZAMENTARIO DAS FUNDACIÓNS FEIRAIS.....	19
II.2 ÓRGANOS DAS FUNDACIÓNS. PADROADO E PROTECTORADO.....	25
II.3 FUNDACIÓNS FEIRAIS PÚBLICAS DE GALICIA. PRESENTACIÓN E ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.....	27
III. RESULTADOS DA FISCALIZACIÓN.....	30
III.1 CONTABILIDADE E CONTROL INTERNO	30
III.2 PLANS DE ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES	34
III.3 ORZAMENTO, LIQUIDACIÓN E CONTAS ANUAIS.....	36
III.4 PERSOAL	46
III.5 INGRESOS	52
III.6 TESOURERÍA.....	56
IV. ANÁLISE DAS MAGNITUDES E INDICADORES ECONÓMICO-FINANCEIROS.....	59
IV.1 DOTACIÓN FUNDACIONAL E PATRIMONIO NETO.....	59
IV.II RESULTADO TOTAL DO EXERCICIO.....	66
IV.III ANÁLISE DOUTROS INDICADORES ECONÓMICO-FINANCEIROS	69
V. FUNDACIÓNS E PROCESO DE RACIONALIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN	76
V.1 DESVINCULACIÓN DA XUNTA DE GALICIA DA FUNDACIÓN FEXDEGA	76
V.2 A EXECUCIÓN DAS MEDIDAS DO PLAN DE RACIONALIZACIÓN. OS PLANS DE VIABILIDADE DAS FUNDACIÓNS E AVALIACIÓN DA XUNTA DE GALICIA.....	78
VI. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS.....	83
VII. ALEGACIÓNS PRESENTADAS.....	107
VIII. ANÁLISE DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS	117

ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1. Fundacións feirais públicas de Galicia.....	12
Cadro 2. Fins fundacionais, Órganos de Goberno e Órganos de Administración e Xestión	29
Cadro 3. Membros dos Padroados das Fundacións	29
Cadro 4. Resultado das Auditorías Externas	33
Cadro 5. Actividades realizadas 2011-2013	35
Cadro 6. Orzamentos e Resultado Orzamentario dos exercicios 2011, 2012 e 2013	37
Cadro 7. Rendición das Contas Anuais no período analizado	42
Cadro 8. Gastos de Persoal	47
Cadro 9. Evolución de Persoal Medio das Fundacións	48
Cadro 10. Ingresos	52
Cadro 11. Ingresos por Subvencións.....	55
Cadro 12. Evolución do Efectivo e Outros Activos Líquidos. Tesourería	56
Cadro 13. Clasificación do Efectivo e Outros Activos Líquidos. Tesourería	57
Cadro 14. Dotación Fundacional Inicial e Aportacións dos distintos Patróns Fundadores	59
Cadro 15. Evolución da Dotación Fundacional e da Aportación da Xunta de Galicia	60
Cadro 16. Dotación Fundacional Agregada a 31-12-2013 e Aportación da Xunta de Galicia	63
Cadro 17. Composición do Patrimonio Neto a 31-12-2013.....	64
Cadro 18. Desglose por conceptos do Patrimonio Neto.....	65
Cadro 19. Patrimonio Neto por Fundacións a 31-12-2013.....	65
Cadro 20. Resultado Total do Exercicio	66
Cadro 21. Evolución do Fondo de Manobra	69
Cadro 22. Ratio de Endebedamento	71
Cadro 23. Rátio de Garantía	72
Cadro 24. Relacións existente entre Inmobilizado Material, as Amortización e os Resultados de Explotación	74
Cadro 25. Recomendacións propostas as Fundacións e estado de execución das mesmas.	79

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1. Evolución dos Orzamentos Agregados das Fundacións.....	38
Gráfico 2. Evolución Individualizada dos Orzamentos.....	38
Gráfico 3. Orzamentos por Fundacións.....	39
Gráfico 4. Evolución do Resultado Orzamentario Agregado 2011-2013	40
Gráfico 5. Evolución do Resultado Orzamentario por Fundación.....	40
Gráfico 6. Porcentaxe do resultado orzamentario de cada fundación sobre o resultado total agregado	41
Gráfico 7. Evolución dos gastos de persoal nos exercicios 2001-2013	48
Gráfico 8. Persoal ao servizo das Fundacións Feirais	49
Gráfico 9. Ingresos das Fundacións no período 2011-2013.....	53
Gráfico 10. Ingresos por Actividade Propia e resto dos Ingresos	54
Gráfico 11. Importe das Subvencións sobre os Ingresos Totais	55
Gráfico 12. Evolución Agregada do Efectivo e outros Activos Líquidos.....	57
Gráfico 13. Evolución Agregada e Individualizada do Efectivo e outros Activos Líquidos	57
Gráfico 14. Dotación Fundacional Inicial e Aportación da Xunta de Galicia	61
Gráfico 15. Dotación Fundacional a 31-12-2013 e Aportación da Xunta.....	61
Gráfico 16. Evolución da Dotación Fundacional e Evolución da Aportación da Xunta de Galicia	62
Gráfico 17. Dotación Fundacional a e Aportación da Xunta de Galicia 31-12-2013.....	63
Gráfico 18. Patrimonio Neto a 31-12-2013	66
Gráfico 19. Resultado Total Agregado.....	67
Gráfico 20. Evolución do Resultado Total Individualizado.....	67
Gráfico 21. Resultado Total Acumulado no período 2011-2013.....	68
Gráfico 22. Evolución do Fondo de Manobra	70
Gráfico 23. Inmobilizado Material das Fundacións a 31-12-2013.....	73
Gráfico 24. Relación por Fundación entre as Amortizacións e o Resultado de Explotación	75

ÍNDICE DE ANEXOS

Anexo I. Balances Agregados dos Exercicios 2011,2012,2013	93
Anexo II. Conta de Perdas e Ganancias dos Exercicios 2011,2012,2013	99
Anexo III. Estrutura de Gastos de Explotación das Fundacións.....	102
Anexo IV. Organigrama das Fundacións	103

ABREVIATURAS

EXPOLUGO	Feiras e Exposicións de Lugo
EXPOURENSE	Feiras e Exposicións de Ourense
FEXDEGA	Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento de Galicia
ICAC	Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas
IFECO	Instituto Feiral de A Coruña
IFEVI	Instituto Feiral de Vigo
INORDE	Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico
LFIG	Lei de fundacións de interese galego
LOFAXGA	Lei de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico
LSG	Lei de subvencións de Galicia
OO AA	Organismos Autónomos
PAIF	Plan de Actuacións, Investimentos e Financiamento
PeG	Perdas e ganancias
PXC	Plan Xeral de Contabilidade
PXC PEMES	Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas e os criterios cont.espec. microempresas.
TRLCSP	Texto Refundido da Lei de Contrato do Sector Público

I. INTRODUCCIÓN, ANTECEDENTES E CONTEXTO DA FISCALIZACIÓN

1.1 ÁMBITO COMPETENCIAL

O Pleno do Consello de Contas, na sesión celebrada o 22 de decembro de 2014, acordou incluír no Plan anual de Traballo para o 2015 a realización dun informe de fiscalización específico sobre as Fundacións Feirais Públicas de Galicia.

Estas fundacións están incluídas no ámbito competencial de actuación do Consello de Contas de Galicia, de acordo co previsto no artigo 2.1.a) da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, que establece que o Sector Público da Comunidade Autónoma está formado pola Administración Xeral da Comunidade e as Entidades Instrumentais do sector público autonómico previstas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico (en diante LOFAXGA) que, no seu capítulo III, Sección 3ª, regula as Fundacións do Sector Público Autonómico.

1.2 CONTEXTO E ANTECEDENTES DA FISCALIZACIÓN

No transcurso da década de 1990 produciuse nas distintas administracións públicas españolas un proceso de descentralización funcional cun notable incremento do número de entidades instrumentais do sector público, baixo o argumento de lograr unha maior eficacia e eficiencia na xestión pública en aras da consecución de fins de interese xeral.

Unha das formas de xestión adoptadas polas distintas administracións públicas nesa época foi a creación de fundacións que se definen como entidades sen fins de lucro, constituídas pola vontade dos seus creadores e que teñen afectado de xeito duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral.

A administración pública da Comunidade Autónoma galega non foi allea e este rápido desenvolvemento da administración institucional e potenciou a creación e constitución de fundacións feirais destinadas á promoción e potenciación de actividades agropecuarias, industriais, alimentarias, comerciais, sociais, educativas e de feiras e congresos.

Neste período constituíronse sete fundacións feirais de Galicia que adoptaron un modelo mixto de actividade xa que, por unha parte, son promotoras das súas propias feiras e por outra, poñen a disposición da iniciativa privada locais para organización doutras feiras ou eventos.

Cadro 1. Fundacións feirais públicas de Galicia

FUNDACIÓN	DOMICILIO SOCIAL	DATA DE CONSTITUCIÓN	DATA DECLARACIÓN FUNDACIÓN INTERESE GALEGO	SUPERFICIE TOTAL RECINTO (M ²)
Semana Verde de Galicia	Silleda	16-03-1991	23-07-1991	428.000
Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense)	Ourense	24-12-1992	05-04-1993	32.000
Exposicións e Congresos de A Estrada	A Estrada	31-12-1992	08-07-1993	11.000
Feiras e Exposición de Lugo (Expolugo)	Lugo	16-03-1993	05-04-1993	25.000
Feiras e Exposicións de Desenvolvemento de Galicia (Fexdega)	Vilagarcía	23-11-1993	23-11-993	40.000
Instituto Feiral de Vigo (Ifevi)	Vigo	06-05-1998	13-04-2000	107.921
Instituto Feiral de Coruña (Ifeco)	A Coruña	05-08-1998	22-12-2000	27.000

Fonte: Estatutos. DOGA. Páxinas web fundacións.

Deste xeito a Comunidade Autónoma de Galicia chegou a ser unha das comunidades autónomas con maior número de recintos feirais en funcionamento, -xa que estes recintos coexisten con outros recintos dependentes das administracións locais (pazos de congresos e exposicións) que veñen a incrementar a oferta e, consecuentemente, a competencia entre eles- e a única que optou pola forma xurídica de fundación pública para a xestión deste tipo de recintos. Nestas fundacións públicas a participación da Xunta de Gaicia na dotación fundacional inicial non era maioritaria (agás en Semana Verde de Galicia, Ifeco e Fexdega), máis tras as sucesivas aportacións que a Xunta de Galicia foi realizando ao longo do tempo a situación mudou e converteuse na administración cunha participación maioritaria no patrimonio fundacional, polo que estas fundación feirais poden considerarse como fundacións públicas do sector autonómico consonte o disposto no artigo 113 da LOFAXGA.

Este crecemento da descentralización funcional das distintas administracións públicas púxose en cuestión coa crise económica e comezaron a aprobarse plans de racionalización das administracións instrumentais. Así aprobouse o Acordo 1/2010, do 22 de marzo, do *Consejo de Política Fiscal y Financiera* sobre a sostenibilidade das finanzas públicas 2010-2013 que supuxo o primeiro compromiso por parte das Comunidades Autónomas de redución do seu sector público instrumental, no marco dos plans de racionalización das estruturas dos seus respectivos sectores públicos, administrativo, empresarial e fundacional, co obxectivo de mellorar a eficiencia e reducir o gasto público. Posteriormente o Acordo 5/2012, do 17 de xaneiro, do *Consejo de Política Fiscal y Financiera* supuxo a adopción de novos compromisos por parte das Comunidades Autónomas que permitiron promover a adopción doutras medidas dirixidas a racionalizar a súa organización e controlar o seu gasto.

En cumprimento destes compromisos, o Consello da Xunta do 22 de abril de 2010 aprobou a primeira fase do plan de racionalización de organismos dependentes da Xunta de Galicia co

obxectivo de evitar as duplicidades que se tiñan detectado, gañar en eficiencia e transparencia e adelgazar a administración paralela da Xunta de Galicia. Buscábase adecuar a dimensión e contidos da administración institucional ás súas necesidades, procurando a racionalización e eficiencia na estrutura organizativa, na xestión do gasto e na prestación de servizos públicos.

Nesta primeira fase avalíouse a estrutura e funcionamento dun total de 64 organismos, e decidiuse propoñer o mantemento, introducindo melloras, en 16 deles entre os que se atopa a Fundación Semana Verde de Galicia (en diante Semana Verde).

A segunda fase do Plan de Racionalización de organismos dependentes da Xunta de Galicia foi aprobada polo Consello da Xunta o 3 de xuño de 2011. Para supervisar a súa execución o Consello da Xunta do 26 de abril de 2012 acordou nomear unha Comisión interdepartamental encargada de de velar polo seu cumprimento e de elevar un informe trimestral ao Consello da Xunta relativo a súa execución.

Nesta segunda fase avaliáronse 52 organismos da administración paralela para determinar se era preciso o seu mantemento, a súa reformulación ou a súa extinción. Entre eles atopábanse as 6 fundacións feirais públicas restantes: a Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada (en adiante Fundación da Estrada), a Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo (Expolugo), a Fundación de Feiras e Exposición de Ourense (Expourense), a Fundación Instituto Feiral de Vigo (Ifevi), a Fundación Instituto Feiral de A Coruña (Ifeco) e a Fundación Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento de Galicia (Fexdega).

Tras esta análise, decidiuse propoñer o mantemento de 5 entes feirais e a desvinculación da Xunta de Galicia de Fexdega.

Para os 5 entes feirais que se manteñen aplicouse unha solución específica consistente na implantación dun plan viabilidade que debería vincular as achegas económicas á consecución de obxectivos. Estas fundacións dispoñían dun ano para adoptar medidas concretas que permitisen incrementar a súa eficiencia, reducir duplicidades e garantir a súa viabilidade. Transcorrido ese prazo a Xunta de Galicia analizaría de novo a situación, reservándose a posibilidade de desvincularse e suspender a súa participación nestes entes. O obxectivo era lograr avances no sector na liña de incrementar o dinamismo, a sustentabilidade e o valor engadido, ao tempo que substituír a rivalidade entre recintos pola cooperación estratéxica e a eficiencia.

Porén, para Fexdega propúxose a desvinculación da Xunta de Galicia da citada fundación sen que se lle teña dado publicidade ás razóns que levaron a adoptar esta diferente solución, polo que pódese dicir que as fundacións feirais públicas obxecto da análise víronse afectadas de distinto xeito pola crise económica e pola aprobación e execución do citado Plan de Racionalización.

Unha análise e atinado diagnóstico xeral do estado das fundacións públicas feirais xa se tiña feito nos orzamentos de Fexdega incluídos na Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011 nos que se expoñía o seguinte:

“O termo feiras asóciase a distintas formas de actividade promocional. A política das empresas que participan nas feiras teñen como obxectivos unha combinación da promoción, vendas, distribución, comunicación e investigación de empresas expositoras, e ten na actualidade unha crecente importancia como actividade de marketing.

As feiras representan una fonte de crecemento económico a través das economías que xeran nos ámbitos territoriais onde se localizan os certames, que conleva a creación e desenvolvemento de infraestruturas por parte das organizacións públicas dentro das políticas de desenvolvemento rexional.

A rentabilización do impacto desta inversión levou ademais a poñer estes recintos en mans de organizacións especializadas (fundacións feirais) que busquen unha compatibilización entre os obxectivos públicos e privados.

O dinamismo do sector no período 1984-1994 alentou importantes inversións institucionais en infraestruturas feirais con un crecemento espectacular da oferta de recintos e certames en todo o territorio nacional ao que a Comunidade Autónoma non foi allea.

Esta situación desencadeou un notorio incremento de competencia entre recintos con uns resultados económicos e de actividade que permiten afirmar que o crecemento foi desordenado, e en moitos casos pouco xustificable, sen unha especialización clara e sen uns obxectivos de desenvolvemento ben definidos.

A visión que permite o análise da actividade dos distintos recintos é unha réplica de actividades con protagonismo de aspectos localistas e orientadas ao consumo interior máis que a saída hacia o exterior da Comunidade Autónoma.

Os datos económicos que presentan as contas anuais destas fundacións permiten avanzar o sobredimensionamento das instalacións en relación tanto coa posibilidade de ingresos futuros – condicionados polo seu entorno competitivo-, como pola irracionalidade do gasto corrente que levan aparelados, cuxo impacto nos ingresos vai a ser determinante da súa viabilidade a longo prazo.

As inversións en infraestruturas da práctica totalidade dos recintos correron a cargo basicamente da Comunidade Autónoma. Aínda que debía existir unha relación directa entre o volume destas inversións e a obtención de ingresos, posto que estes últimos proceden maioritariamente da venda de espazos, advírtese unha gran disparidade no rendemento do inmovilizado das distintas fundacións, e os incrementos de inversións non levaron aparelada a obtención de maiores ingresos significativos.

Directamente relacionado co dimensionamento das instalacións, aparecen os gastos de amortización e mantemento, que presentan un carácter continuado fronte aos mais estacionais das actividades. O peso destes gastos estase a amosar inabordable polos ingresos da actividade”.

1.3 OBXECTIVOS E ALCANCE DA FISCALIZACIÓN

As actuacións fiscalizadoras orientáronse á consecución dun dobre obxectivo:

1.- Por unha parte, unha análise individualizada de cada unha das fundacións que comprende a revisión dos seguintes aspectos:

a) O control formal da rendición das contas anuais, comprobando a súa adecuada formación e presentación, así como a aprobación dos orzamentos anuais e plans de actuación.

b) A comprobación de se a información económico-financeira preséntase adecuadamente de conformidade cos principios contables de aplicación.

c) A verificación de se a actividade económico-financeira e a xestión dos fondos se axusta á normativa aplicable.

d) A análise das distintas áreas de xestión, actividade, organización, planificación, persoal, e control interno e dos sistemas e procedementos establecidos para realizar o seguimento da xestión da actividade económico-financeira.

e) A análise individualizada e agregada das principais magnitudes económico-financeiras.

2.- Por outra, unha avaliación conxunta das distintas fundacións feirais no marco das actuacións previstas no Plan de Racionalización do sector público autonómico da Xunta de Galicia.

O ámbito temporal das actuacións realizadas refírese á actividade económico-financeira e de xestión desenvolvida polas fundacións nos exercicios 2011 a 2013, aínda que se fai referencia a feitos posteriores aos exercicios fiscalizados cando se estimou necesario para o adecuado cumprimento dos obxectivos propostos.

1.4 LIMITACIÓNS

Na realización dos traballos de fiscalización obtívose unha axeitada colaboración do persoal designado polas presidencias dos distintos padroados; concretamente da Secretaría Xeral da Consellería de Economía e Industria, da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, e das xerencias/direccións das distintas fundacións, así como da Intervención Xeral da Consellería de Facenda.

Porén, na realización dos traballos observáronse determinadas circunstancias que limitaron a consecución dos obxectivos de fiscalización:

1.- A situación de Fexdega descrita no apartado V.1 do informe, materializada na non inclusión das contas anuais do exercicio 2013 xa que neste exercicio deixa de pertencer ao sector público autonómico da Comunidade Autónoma e, polo tanto, sae do ámbito subxectivo de fiscalización.

2.- Non se teñen desenvolvido suficientemente, polos órganos das distintas fundacións feirais públicas, as súas normas de funcionamento interno relativas ás distintas áreas de xestión (xestión económico-financeira, persoal, tesourería e control interno).

3.- A aprobación do Real Decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos (en adiante RD 1491/2011); que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2012 sendo de aplicación para os exercicios económicos que se inicien a partir de dita data. Isto fixo que durante o período analizado estivesen vixentes dúas disposicións distintas en materia contable: para as contas anuais do exercicio 2011 o R.D. 776/1998, do 30 de abril, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e as normas de información orzamentaria destas entidades, e para as contas anuais de 2012 e 2013 o citado R.D. 1491/2011. Esta circunstancia, xunto coa utilización de distintos modelos na formulación das contas anuais rendidas polas fundacións no período analizado, dificultou a súa homoxeneización e a integración da información.

1.5 MARCO XURÍDICO

O marco xurídico aplicable ás Fundacións Públicas Feirais de Galicia está integrado polos seguintes bloques normativos: a lexislación estatal, a normativa autonómica, e, por último, os propios estatutos das fundacións que establecen os aspectos esenciais do seu funcionamento e as outras disposicións que foran aprobadas polas mesmas.

A continuación relaciónanse as principais normas que constitúen o marco regulador das actuacións que foron obxecto de fiscalización.

Normativa estatal

- Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.
- Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.
- Real Decreto Lexislativo 1/2011, do 1 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de auditoría de contas.

- Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 776/1998, do 30 de abril, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e as normas de información orzamentaria destas entidades.
- Real Decreto 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.
- Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que aproba o Plan Xeral de Contabilidade.
- Real Decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas e os criterios contables específicos para microempresas.
- Real Decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos.
- Real Decreto 1517/2011, do 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve o texto refundido da Lei de auditoría de contas.
- Resolución do 26 de marzo de 2013 do ICAC, polo que se aproba o Plan de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos.

Normativa autonómica

- Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.
- Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.
- Lei 12/2006, do 1 decembro, de fundacións de interese galego.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011.
- Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012.

Informe de Fiscalización das Fundacións Feirais Públicas de Galicia

- Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego.
- Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de fundacións de interese galego.
- Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico.
- Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción.
- Orde do 8 de xuño de 2012 pola que se establece a clasificación inicial das entidades incluídas no ámbito de aplicación do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico.

II. INFORMACIÓN E CARACTERÍSTICAS DOS ENTES FISCALIZADOS

II.1 RÉXIME XURÍDICO, ECONÓMICO E ORZAMENTARIO DAS FUNDACIÓNS FEIRAIS

A LOFAXGA no seu artigo 113 establece que son fundacións do sector público autonómico aquelas fundacións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que se constituán, directa ou indirectamente, cunha achega maioritaria ou exclusiva da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou das entidades integrantes do sector público autonómico.
- b) Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- c) Que os seus ingresos proveñan maioritariamente dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, se posúa a maioría ou se exerza control análogo sobre os seus órganos de goberno e dirección.

O financiamento que as fundacións reciban da Administración da Comunidade Autónoma ou das entidades integrantes do sector público, xa sexa mediante concerto, convenio ou contraprestación por prestación de servizos en xeral, así como mediante concesión de subvencións, non determina por esta soa circunstancia o carácter de fundación do sector público, sen prexuízo da súa condición de poder adjudicador para os efectos do réxime xurídico contractual.

Na constitución, así como na adquisición do carácter de fundación do sector público autonómico dunha fundación preexistente, será necesario que a designación da maioría dos membros do padroado lle corresponda á Administración pública autonómica.

As fundacións feirais de Galicia, como se expón polo miúdo nos apartados III.3 (contas anuais) e IV.1 (dotación fundacional e patrimonio neto) deste Informe, teñen carácter público nos exercicios fiscalizados xa que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estaba formado neses exercicios por bens e dereitos achegados maioritariamente pola Xunta de Galicia.

O réxime de creación e extinción das fundacións do sector público regúlase no artigo 114 da citada norma segundo o que:

- A constitución, transformación, modificación de estatutos, fusión e extinción das fundacións do sector público da Comunidade Autónoma, os actos que impliquen a perda do seu carácter de fundación do sector público autonómico, e a adquisición de tal carácter por unha fundación preexistente, deberán ser autorizados por acordo do Consello da Xunta, que determinará o contido dos estatutos e designará a persoa ou as persoas que deban actuar no acto de constitución, así como os membros que, en representación da Xunta de Galicia, formen parte do padroado.

- No expediente de autorización incluírase unha memoria, que deberá ser sometida ao informe do departamento da Xunta de Galicia que exerza as competencias correspondentes aos fins da fundación, na que se xustifiquen suficientemente as razóns de porqué se considera que existirá unha mellor consecución dos fins de interese xeral perseguidos a través dunha fundación que mediante outras formas xurídicas previstas na normativa vixente.
- Deberá presentarse, igualmente, unha memoria económica, que requirirá o informe da consellería competente en materia de facenda, e un plan plurianual de actuación.
- O Parlamento poderá exercer o control da creación deste tipo de fundacións, nos termos establecidos no seu regulamento, dentro do control da acción da Xunta de Galicia.

Respecto do seu réxime xurídico, o artigo 115 da LOFAXGA dispón que as fundacións do sector público da Comunidade Autónoma non poderán exercer potestades públicas. Unicamente poderán realizar actividades relacionadas co ámbito competencial das entidades fundadoras, debendo contribuír á consecución dos seus fins, sen que isto supoña a asunción da titularidade das súas competencias, agás previsión legal expresa.

Na súa actividade contractual actuarán conforme aos principios e disposicións aplicables da lexislación estatal e autonómica en materia de contratos do sector público (artigo 117) e, do mesmo xeito, en materia de subvencións seranlles aplicables na súa integridade os principios previstos na lexislación xeral sobre subvencións (artigo 120 da LOFAXGA).

Respecto ao réxime de persoal destas fundacións, o artigo 116 da citada Lei limitase a establecer que á contratación de persoal laboral fixo ao servizo destas fundacións seranlle aplicables as disposicións da lexislación galega sobre emprego público e as normas regulamentarias que a desenvolvan, relativas á composición, funcionamento dos tribunais ou das comisións de selección, así como ás bases das convocatorias e probas de selección.

Así, o persoal laboral das fundacións do sector público autonómico está suxeito ao estatuto dos Traballadores e ás demais normas de dereito laboral e os seus procesos de selección deben respectar os principios da lexislación galega sobre emprego público.

Consonte o previsto no artigo 46.6 da LOFAXGA así como nas sucesivas leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, para determinar ou modificar as condicións retributivas do persoal fixo ou contratado ao servizo das fundacións do sector público autonómico requírese informe favorable, emitido conxuntamente pola Dirección Xeral da Función Pública e pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos. De igual xeito, está sometido ao mesmo tipo de informe a celebración dos contratos de alta dirección e a contratación de persoal temporal para a cobertura de postos vacantes e substitucións transitorias.

As retribucións do persoal tamén están suxeitas ás limitacións que establezan as Leis de orzamentos da Comunidade Autónoma e aos criterios que fixaron o Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico e a Orde do 8 de xuño de 2012, pola que se establece a clasificación inicial das entidades incluídas no ámbito de aplicación do citado decreto.

Os estatutos de cada fundación atribúen as competencias en materia de persoal ós órganos de goberno e administración. Con carácter xeral, correspóndelle ao padroado aprobar os cadros de persoal, as súas retribucións así como nomear ao persoal directivo, e á xerencia ou dirección exercer a xefatura ordinaria do persoal e a realización da proposta do cadro de persoal.

Por último, a LOFAXGA establece no seu artigo 118 que o réxime orzamentario, económico-financieiro de contabilidade e control das fundacións públicas é o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia e o artigo 119 que aquelas que estean obrigadas a someter as súas contas a auditoría, deben constituír unha comisión de auditoría e control dependente do padroado.

Pero ademais de ser fundacións do sector público autonómico, as fundacións feirais son fundacións de interese galego consonte ao disposto no artigo 2 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego (en adiante LFIG). Polo tanto, están sometidas a LFIG e ao Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento. Estas normas establecen que, para o desenvolvemento das súas actividades, as fundacións financiaranse cos rendementos que proveñan do seu patrimonio e, de ser o caso, con aqueles outros procedentes das axudas, as subvencións, as doazóns, as herdanzas e os legados, realizados por persoas físicas ou xurídicas, sexan públicas ou privadas. As fundacións poderán desenvolver actividades económicas cuxo obxecto estea relacionado cos fins fundacionais ou sexan complementarias ou accesorias delas.

O patrimonio das fundacións estará formado por todos os bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación, así como por aqueles que adquiran as fundacións con posterioridade á súa constitución, aféctense ou non á dotación.

Con respecto aos ingresos, as fundacións deberan destinar á realización dos fins fundacionais polo menos o 70% das rendas e dos ingresos obtidos, por calquera título ou causa, logo de deducir os gastos realizados para a obtención de tales rendas e ingresos.

Para estas fundacións a LFIG e o seu Regulamento establecen a obriga de elaborar un plan de actuación, as contas anuais e de someterse a auditoría externa en certas condicións.

Polo que refire ao plan de actuación, o padroado está obrigado a elaborar e remitir ao protectorado, nos últimos 3 meses de cada exercicio, o plan correspondente ao seguinte exercicio económico, acompañado da certificación da súa aprobación por acordo do padroado da fundación. O plan de actuación conterá información indicativa dos obxectivos e das actividades que a fundación teña previsto desenvolver no exercicio seguinte, e conterá información de cada unha das actividades propias da fundación e das actividades mercantís, dos gastos estimados para cada unha delas e dos ingresos e outros recursos previstos, así como calquera outra información que permita comprobar o grao de realización de cada actividade ou grao de cumprimento dos obxectivos.

No relativo á contabilidade e contas anuais, o artigo 36 da LFIG dispón que as fundacións levarán a cabo unha contabilidade ordenada e axeitada á súa actividade, que permita un seguimento cronolóxico das operacións realizadas. Para iso, necesariamente levarán un libro diario e un libro de inventarios e contas anuais, así como aqueles que o padroado considere convenientes segundo o sistema de contabilidade adoptado.

O padroado da fundación elaborará, en referencia ao anterior exercicio económico, as contas anuais, que comprenden o balance de situación, a conta de resultados e a memoria. A memoria completará, ampliará e comentará a información contida no balance de situación, e na conta de resultados, relativa ao último exercicio cerrado, e deberá incluír:

- a.- Unha descrición das actividades fundacionais realizadas, nos termos que regulamentariamente se desenvolvan.
- b.- Un inventario dos elementos patrimoniais.
- c.- O detalle do grao de cumprimento do establecido no artigo 35 da LFIG relativo ao destino dos ingresos das fundacións.
- d.- Información relativa á liquidación do plan de actuación do exercicio rematado, onde se especifique o grao exacto de cumprimento deste, diferenciando entre ingresos e gastos e describindo os recursos empregados, a súa procedencia, o número de beneficiarios en cada unha das distintas actuacións realizadas e os convenios que, de ser o caso, se levasen a cabo con outras entidades pra o cumprimento da finalidade fundacional.

As contas anuais elaboraranse seguindo os modelos, normas e criterios establecidos na adaptación sectorial do plan xeral de contabilidade para as entidades sen fins lucrativos.

As fundacións poderán presentar as súas contas anuais nos modelos abreviados cando cumplan os requisitos establecidos respecto diso para as sociedades mercantís relativos ao importe do seu activo, da súa cifra de negocios e número medio de traballadores. Tamén contéplase no artigo

36.5 da LFIG a posibilidade de establecer un modelo simplificado de contabilidade para aquelas fundacións que, ao peche do exercicio, cumpran determinadas circunstancias relativas ás mesmas variables (cifra total de activo, importe do volume anual de ingresos e número medio de traballadores).

Na formulación das contas anuais do exercicio 2011 as fundacións debían adaptarse ao disposto no RD 776/1998, do 30 de abril, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e as normas de información orzamentaria destas entidades no que non se opoña ao previsto no Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que aproba o Plan Xeral de Contabilidade; así como no Real Decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas e os criterios contables específicos para microempresas. A partir do 1-1-2012 resulta de aplicación ás fundacións de interese galego o Real Decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo do Plan de actuación das entidades sen fins de lucro.

Consonte ó artigo 38 da LFIG, as contas anuais serán aprobadas polo padroado dentro dos seis meses seguintes á data de peche do exercicio, e serán asinadas polo presidente ou pola persoa á cal, conforme os estatutos da fundación ou o acordo adoptado polos seus órganos de goberno, lle corresponda formularlas. As contas anuais presentaráselle ao protectorado no prazo de vinte días hábiles, contados desde a súa aprobación polo padroado, acompañadas da certificación do secretario. De ser o caso, achegarase o informe de auditoría.

Non poderán percibir subvencións nin axudas públicas da Xunta de Galicia aquelas fundacións que non cumpran coa obriga de lle presentar as contas ao protectorado.

O Protectorado, tras examinar e comprobar a súa adecuación formal á normativa vixente, depositaraas no rexistro de fundacións de interese galego.

En relación coa obriga de auditoría, o artigo 37 da LFIG dispón que deben someterse a auditoría externa as contas anuais das fundacións cando, durante dous exercicios consecutivos, concorran na data de peche do exercicio polo menos dúas das seguintes circunstancias:

- Que o total das partidas de activo sexa superior a 2.400.000 euros.
- Que o importe neto do volume anual de ingresos pola actividade propia máis, de ser o caso, o da cifra de negocios da súa actividade mercantil, sexa superior a 2.400.000 euros.
- Que o número de traballadores empregados durante o exercicio sexa superior a 50.

- Que o valor das vendas e dos gravames de bens e dereitos da fundación realizados durante o exercicio económico supere o 50% do valor total do seu patrimonio.

As fundacións que se atopen no primeiro exercicio económico desde a súa constitución ou fusión cumprirán o disposto no parágrafo anterior se reúnen, no momento de peche do devandito exercicio, polo menos dúas das catro circunstancias sinaladas.

Ademais, deben presentar auditoría externa as fundacións cando reciban subvencións, axudas ou realicen obras, prestacións, servizos ou subministren bens ao Estado e demais organismos públicos dentro dos límites que regulamentariamente fixe o Goberno por Real Decreto. Estes límites están fixados nas disposicións adicionais segunda e terceira do Real Decreto 1517/2011, do 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve o texto refundido da Lei de auditoría de contas. Consonte a elas, as entidades receptoras de subvencións ou axudas con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas ou fondos da Unión Europea que durante un exercicio tivesen recibido subvencións ou axudas por un importe total acumulado superior a 600.000 euros, estarán obrigadas a someter a auditoría as contas anuais correspondentes ao dito exercicio e aos exercicios nos que se realicen as operacións ou se executen as inversións correspondentes ás citadas subvencións ou axudas.

Tamén as entidades que contraten co sector público, sempre que deban formular contas anuais, que durante un exercicio económico celebren co sector público contratos contemplados no artigo 2 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, por un importe total acumulado superior a 600.000 euros, e este represente mais do 50% do importe neto da súa cifra anual de negocios, estarán obrigadas a someter a auditoría a súas contas anuais correspondentes ao dito exercicio e ás do exercicio seguinte.

Tamén se someterán a auditoría externa aquelas contas que, a xuízo do padroado da fundación ou do protectorado, presenten circunstancias especiais que o aconsellen en relación coa contía do patrimonio ou co volume de xestión.

Os informes de auditoría presentaráselle ao protectorado logo da súa emisión ou xunto coa presentación das contas anuais.

II.2 ÓRGANOS DAS FUNDACIÓNS. PADROADO E PROTECTORADO.

De acordo coa LFIG en toda fundación deberá existir, coa denominación de padroado, un órgano de goberno e de representación dela, que adoptará os seus acordos por maioría nos termos establecidos nos estatutos. Correspóndelle ao padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación, mantendo o seu rendemento e a súa utilidade.

O padroado é un órgano colexiado que estará integrado polo número de membros que determinen os seus estatutos, cun mínimo de tres. Contará cunha presidencia, á que lle corresponde presidir as xuntanzas do padroado e dirixir os debates, así como representar á fundación perante todo tipo de persoas ou entidades. Así mesmo o padroado debe nomear unha persoa titular da secretaria, cargo que poderá recaer nunha persoa allea a aquel, caso no que terá voz pero non voto, e á que lle corresponderá a certificación dos acordos do padroado co visto e prace do presidente, efectuar a convocatoria das sesións do padroado por orde do/a presidente/a, así como as citacións dos seus membros, asistir ás reunións do padroado, conservar a documentación da fundación e calquera outra función inherente á condición de secretario/a ou previstas nos estatutos das fundacións.

Se está previsto nos estatutos da fundación, o padroado poderá encargar o exercicio da xestión ordinaria ou administrativa das súas actividades a un xerente ou cargo similar que poderá ser unha persoa física ou xurídica con solvencia técnica acreditada.

Os membros do padroado exercerán o seu cargo gratuitamente, sen que poidan percibir ningunha retribución. Porén, terán dereito a ser resarcidos dos gastos debidamente xustificadas que o cargo lles ocasione no exercicio da súa función.

O protectorado é o órgano administrativo de asesoramento, apoio técnico e control das fundacións que velará polo exercicio correcto do dereito de fundación e pola legalidade da súa constitución e funcionamento. O protectorado será exercido polos departamentos da Xunta de Galicia que teñan atribuídas as competencias correspondentes aos fins das fundacións.

Son funcións do protectorado asesorar ás fundacións, velar pola integridade, a suficiencia e o rendemento do patrimonio fundacional, garantir a legalidade das modificacións estatutarias, controlar o proceso de liquidación das fundacións e calquera outra función que lle sexa atribuída na Lei, e no ordenamento xurídico vixente.

A LFIG foi desenvolvida mediante o decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego (en adiante decreto 14/2009) que crea e regula, ademais dos citados, outros órganos. Entre eles están a Comisión Técnica de Coordinación do Protectorado, como órgano de consulta e participación dos departamentos da Xunta de Galicia que

exercen o protectorado en virtude das competencias correspondentes aos fins fundacionais. Esta comisión está adscrita á consellería competente en materia de fundacións e está integrada por un presidente/a (que é a persoa titular da secretaría xeral da consellería competente en materia de fundacións de interese galego), vicepresidente/a, vogais e unha secretaría desempeñada pola persoa responsable do Rexistro de fundacións de interese galego.

As funcións da Comisión Técnica de Coordinación do protectorado son, entre outras, as seguintes:

- a.- O establecemento de directrices e criterios únicos de interpretación da normativa vixente en materia de fundacións de interese galego.
- b.- A elaboración e aprobación dunha relación de impresos e modelos normalizados de utilidade para as fundacións nas súas relacións co protectorado e co rexistro de fundacións de interese galego.
- c.- A elaboración de informes e ditames sobre calquera consulta que un protectorado decida elevar a criterio da Comisión Técnica de Coordinación do protectorado.
- d.- Calquera outra cuestión relacionada co exercicio do protectorado ou coa xestión do rexistro de fundacións de interese galego.

Tamén se crea a Comisión Técnica de Coordinación das fundacións do Sector Público de Galicia co obxecto de contribuír a coordinar, homoxeneizar e racionalizar a estrutura e actuación do sector fundacional público de Galicia. Adscríbese á consellería competente en materia de fundacións, e a súa composición está integrada por un presidente/a (que será a persoa titular da secretaría xeral da consellería competente en materia de fundacións), vicepresidente/a, vogais e secretario/a que é persoa responsable do rexistro de fundacións de interese galego.

As funcións desta Comisión Técnica de Coordinación de fundacións do sector público de Galicia son, entre outras, as seguintes:

- a.- O establecemento de directrices e criterios únicos de interpretación da normativa vixente en materia de fundacións do sector público de Galicia.
- b.- A elaboración e aprobación dun modelo de estatutos de fundación do sector público de Galicia.
- c.- A elaboración dun informe anual relativo ás fundacións do sector público de Galicia creadas no exercicio por cada departamento da Xunta de Galicia con especial mención á xustificación da citada creación.

De acordo co artigo 86, a persoa titular do rexistro de fundacións de interese galego remitirá con periodicidade trimestral á Comisión Técnica de Coordinación das fundacións do sector público de Galicia a relación de fundacións que cumpren os criterios establecidos para a súa consideración como fundacións do sector público de Galicia.

Tamén regula o Decreto 14/2009 o Consello Superior de fundacións da Comunidade Autónoma de Galicia, creado pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, como órgano colexiado de carácter consultivo, adscrito á consellería competente en materia de fundacións, sendo as súas funcións as seguintes:

- a.- Asesorar, informar e ditaminar, caso así se solicite, sobre calquera disposición legal ou regulamentaria que afecte directamente as fundacións.
- b.- Formular as propostas que considere convenientes, neste ámbito, á consellería competente en materia de fundacións.
- c.- Planificar e propor as actuacións necesarias para promover e fomentar as fundacións de interese galego.

Por outra parte, o Decreto 15/2009 polo que se aproba o Regulamento do rexistro de fundacións de interese galego sinala que no prazo dun ano desde a entrada en vigor deste decreto, a consellería competente en materia de fundacións adoptará as medidas oportunas para que calquera persoa, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, poida consultar os datos das fundacións inscritas relativas ao nome da fundación, o ano da inscrición, no caso de constar, a localidade, o estado (alta ou baixa), o seu obxecto e finalidade, o seu carácter público ou privado, se está adaptada ou non á LFIG e o cumprimento das súas obrigas contables.

II.3 FUNDACIÓNS FEIRAIS PÚBLICAS DE GALICIA. PRESENTACIÓN E ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.

As fundacións públicas feirais de Galicia teñen, con carácter xeral, como fin fundacional a promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais, educativas e aquelas outras que potencien o desenvolvemento dos citados sectores na Comunidade Autónoma. O ámbito de actuación de cada unha delas abrangue o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

O protectorado é exercido pola Xunta de Galicia a través das Consellerías que teñen atribuídas as competencias correspondentes aos fins das fundacións, sendo a Consellería de Economía e Industria a que exerce o protectorado da totalidade das fundacións analizadas, agás o correspondente á fundación Semana Verde que é exercido pola Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Órganos de Goberno

De conformidade co establecido no marco legal e nos respectivos estatutos, os órganos de goberno das fundacións feirais fiscalizadas son o padroado e o comité executivo.

Padroado.- Nas fundacións analizadas os padroados están formados por unha presidencia, unha ou mais vicepresidencias e os vogais designados en representación dos socios fundadores ou adheridos.

A presidencia recae na persoa titular da Consellería de Economía e Industria, agás a da fundación da Semana Verde que recae na persoa titular da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O padroado nomea á persoa que ocupa a secretaría, cargo que poderá recaer nunha persoa allea a aquel, caso no que terá voz pero non voto.

Comité Executivo/Consello de Dirección.- Consonte ao previsto nos seus estatutos todas as entidades analizadas contan cun Comité ou Consello de Dirección, agás a fundación Semana Verde e Expolugo.

Xunto aos órganos de goberno, os estatutos encomendan o exercicio da xestión ordinaria ou administrativa das actividades da fundación a unha dirección ou xerencia, e prevén nalgúns casos órganos con funcións económicos-financeiras (interventor, tesoureiro) ou consultivas (Comités organizadores).

En canto á organización interna necesaria para o seu funcionamento, os estatutos non fan referencia ningunha á mesma, remitindo nalgúns casos aos regulamentos de réxime interior. Só Expourense ten aprobado un regulamento de réxime interior.

No anexo IV inclúense os organigramas das diferentes fundación feirais, agás o da fundación Fexdega da que no se obtivo a información.

Nos cadros seguintes reflíctense os detalles sobre os fins fundacionais, órganos de goberno, administración e xestión de cada unha das fundacións, así como os membros dos padroados e o número dos mesmos designados pola Xunta de Galicia, podendo observarse que a Xunta de Galicia únicamente designa á maioría dos membros do padroado na Fundación Semana Verde de Galicia. Deste xeito no resto das fundacións incúmplese o disposto no artigo 113.3 da LOFAXGA.

Cadro 2. Fins fundacionais, Órganos de Goberno e Órganos de Administración e Xestión

Fundación	Finalidade	Órganos de Goberno	Órganos de Administración e Xestión
A Estrada	Promoción de actividades agropecuarias, agroalimentarias, comerciais, agroindustriais, sociais, educacionais, e culturais e calquera outra que teña por obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia.	Padroado e Comité Executivo	Xerencia, Secretaría e Tesourería
Expolugo	Promoción de actividades agropecuarias, agroalimentarias, comerciais, agroindustriais, sociais, educacionais, e culturais e calquera outra que teña por obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia	Padroado	Xerencia, Secretaría e Tesourería
Expourense	Promoción de actividades comerciais, turísticas, industriais, agroindustriais, sociais, educacionais, de fomento da prevención de riscos laborais e calquera outra que teña por obxecto a promoción destes sectores en Galicia.	Padroado e Comité Executivo	Dirección ou Xerencia, Intervención
Ifevi	Promoción de actividades comerciais, industrias agro industriais, sociais, educacionais, e culturais e calquera outra que teña por obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia.	Padroado e Comité Executivo	Dirección/Xerencia
Semana Verde	Contribución ao desenvolvemento do sector agrario galego, a través de actividades feirais e de mercados agropecuarios. Promover a cooperación público-privada no desenvolvemento de actividades feirais no ámbito agrario, alimentario, industrial e comercial..	Padroado	Dirección
Ifeco	Promoción de actividades comerciais, industriais, agropecuarias, sociais, culturais, educacionais e calquera outra que teña por obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia	Padroado e Consello de Dirección	Dirección ou Xerencia
Fexdega	Promoción de actividades comerciais, industriais, agropecuarias, turísticas, sociais, artísticas, deportivas, culturais, de ocio, formativas, educacionais e calquera outra que teña por obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia.	Padroado e Comité Executivo	Dirección/Xerencia

Fonte: elaboración propia a partir da información dos estatutos das fundacións. Relaciónanse as fundacións na orde na que figuran no informe da memoria da conta xeral do exercicio 2013.

Cadro 3. Membros dos Padroados das Fundacións

Fundación	Membros Padroado	Nº Membros Padroado	Nº Membros Designados Xunta G.
A Estrada	Xunta de Galicia, Concello da Estrada, Deputación Provincial de Pontevedra, Cámara de Comercio de Vilagarcía, Asociación de Empresarios da Estrada.	15	3
Expolugo	Xunta de Galicia, Concello de Lugo, Deputación Provincial de Lugo, Cámara de Comercio de Lugo, Confederación de Empresarios de Lugo	16	4
Expourense	Xunta de Galicia, Concello de Ourense, Inorde, Cámara de Comercio de Ourense, Confederación de Empresarios de Ourense, Barbadás, Pereiro de Aguiar, San Ciprián, Abanca	22	6
Ifevi	Xunta de Galicia, Concello de Vigo, Deputación Provincial de Pontevedra, Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra, Cámara de Comercio de Vigo.	6	1
Semana Verde	Xunta de Galicia, Concello de Silleda, Deputación Provincial de Pontevedra, Asociación Feiral Semana Verde, Abanca.	13	7
Ifeco	Xunta de Galicia, Concello da Coruña, Deputación Provincial da Coruña, Cámara de Comercio da Coruña, Confederación de Empresarios da Coruña, Abanca.	13	3
Fexdega	Xunta de Galicia, Concello de Vilagarcía, Cámara de Comercio de Vilagarcía, Abanca	11	4

Fonte: Elaboración propia a partir da información dos estatutos das fundacións

III. RESULTADOS DA FISCALIZACIÓN

III.1 CONTABILIDADE E CONTROL INTERNO

Contabilidade

De conformidade co establecido no artigo 36.3 da LFIG, os documentos referidos ás contas anuais deberanse elaborar seguindo os modelos, as normas e os criterios establecidos na adaptación sectorial do Plan Xeral de Contabilidade para as entidades sen fins lucrativos.

Na formulación das contas anuais do exercicio 2011 as fundacións debían adaptarse ao disposto no RD 776/1998, do 30 de abril, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e as normas de información orzamentaria destas entidades e, no seu caso, ó Real Decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para microempresas.

Nos exercicios 2012 e 2013 as fundacións debían presentar as súas contas anuais de acordo cos modelos previstos no Real Decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos.

Porén, a Lei de Orzamentos da Xunta de Galicia para o exercicio 2012 no relativo ás fundacións públicas establece que *"as fundacións presentan un orzamento en contas financeiras adaptado ao disposto no RD 776/1998 polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade as entidades sen fins lucrativos que segue vixente en todo o que non contradiga ao RD 1514/2007 polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade"*. A Xunta de Galicia debería ter recollido nos seus orzamentos de 2012 as previsión contidas no R.D. 1491/2011 de xeito que, tanto os orzamentos como a rendición de contas anuais das fundacións, foran presentadas de acordo con este Real Decreto para o exercicio 2012.

Esta situación xa foi corrixida no exercicio 2013 pois a Lei de Orzamentos da Xunta de Galicia para ese exercicio sinala que *"os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás fundacións son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, recollida no RD 1491/2011 polo que aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativas"*.

As contas anuais das fundacións deben presentarse no modelo normal, aínda que tamén poderán utilizarse os modelos abreviados, o Plan Xeral de Contabilidade de PEMES, ou os criterios para microentidades sen fins lucrativos cando durante 2 exercicios consecutivos se reúnan, na data de peche do exercicio, polo menos dúas das seguintes circunstancias:

Documento Contable	Importe Activo Balance	Importe Neto da Cifra de Negocios	Número Medio de Traballadores /as
Balance de situación e Memoria abreviados	≤ 2.850.000 euros	≤ 5.700.000 euros	≤ 50
Conta de resultados abreviada	≤ 11.400.000 euros	≤ 22.800.000 euros	≤ 250
PGC PEMES 2007	≤ 2.850.000 euros	≤ 5.700.000 euros	≤ 50
Criterios específicos para microentidades	≤ 150.000 euros	≤ 150.000 euros	≤ 5

No período analizado todas as fundacións presentaron as súas contas nos modelos abreviados de contas anuais.

1.- Control exercido pola propia fundación

Con carácter xeral, non se teñen desenvolvido suficientemente nin aprobado polos órganos das distintas fundacións públicas normas de funcionamento internas; unicamente Expourense dispón dun regulamento de réxime interno aprobado e os estatutos de Ifeco e Semana Verde nin sequera fan referencia específica ao desenvolvemento dun regulamento de réxime interno.

Tampouco dispoñen de normas aprobadas relativas á xestión económico-financeira, tesourería e control interno, e só a Fundación da Estrada dispón dun procedemento específico para a selección de persoal laboral eventual.

Non consta que a Fundación da Estrada teña aprobado instrucións internas de contratación incumprindo, deste xeito, o establecido no artigo 192.3 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

2.- Control exercido polo Protectorado

O protectorado é exercido pola Consellería de Economía e Industria, agás o correspondente á Fundación Semana Verde que é exercido pola Vicepresidencia e Consellería da Presidencia Administración Pública e Xustiza.

A disposición transitoria única da LFIG establece a obrigatoriedade da adaptación dos estatutos das fundacións xa constituídas á mesma nun prazo de dous anos para o que se precisa a autorización do protectorado. No caso de Expolugo non consta nin a autorización do protectorado nin a elevación a escritura pública da modificación dos estatutos aprobada polo padroado de Expolugo do 30 de xuño de 2010.

O artigo 37 do decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento das fundacións de interese galego establece que estas fundacións deben presentar ao protectorado, no prazo de 20 días hábiles desde a súa aprobación que, en todo caso, se deberá efectuar nos seis meses seguintes á data de peche do exercicio, as contas anuais. Anualmente o protectorado remitirá, durante o primeiro trimestre natural, á Consellería de Facenda as relacións nominais de fundacións que cumpriron debidamente coa obriga de presentar as contas anuais, e daquelas que incumpriron a citada obriga ou que non atenderon os requirimentos do Protectorado, con expresa mención da prohibición de percepción de subvencións e axudas públicas da Xunta de Galicia daquelas fundacións que non cumpran coa obriga de lle presentar as contas ao protectorado, prevista no artigo 38.3º da lei 12/2006, do 1 de decembro. Non consta que os protectorados das fundacións analizadas tiveran que facer uso das citadas competencias para dar cumprimento o previsto no artigo 38.3º.

Por outra parte, de acordo coa información facilitada polos protectorados, as distintas comisións previstas no Decreto 14/2009 como son a Comisión Técnica de coordinación do protectorado (artigo 66), a Comisión Técnica de Coordinación das fundacións do sector Público de Galicia (artigo 82) e o Consello Superior de fundacións da Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 71) non adoptaron medidas específicas en relación coas fundacións obxecto de análise, senón que as súas actuacións concretáronse en actividades de coordinación e información entre protectorados, co fin de establecer criterios uniformes nas relacións coas fundacións e na tramitación dos procedementos de inscrición rexistral.

Respecto ao rexistro de fundacións de interese galego solicitouse información acerca do seu funcionamento. Consonte o manifestado pola Consellería de Economía e Industria no seu escrito do 30 de xullo de 2015 o *"citado rexistro está estruturado mediante un rexistro único adscrito a Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza conformado polas distintas seccións existentes en cada un dos protectorados que exercen os distintos departamentos da Xunta de Galicia, en cada un dos cales se levará un rexistro auxiliar, correspondendo as competencias de inscricións e publicidade dos actos inscritos aos responsables de cada un dos rexistros auxiliares, e ao rexistro único a información sobre datos xenéricos e globais das fundacións inscritas. E no que atinxe as previsións contidas na disposición adicional segunda do Decreto 15/2009 sobre o acceso informático á información rexistral está en estudo a mellora da aplicación do rexistro de fundacións a fin de que permita o acceso á información referida por medios electrónicos, polo que actualmente a información rexistral formalízase desde as distintas seccións rexistrais, previa solicitude das persoas interesadas, mediante certificación, nota simple ou consulta presencial."*

A complexidade e provisionalidade da organización do rexistro e destes procedementos dificultan a transparencia e o acceso a información previstas na disposición adicional segunda do citado Real Decreto 15/2009.

3.- Control exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

A Xunta de Galicia a través da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma exerce o control das fundacións públicas mediante un sistema integrado de información e control permanente da xestión económica destas entidades, que se estrutura sobre un sistema de información periódica actualizada e un control permanente posterior. O sistema de información esixe das fundacións públicas que lle remitan á Intervención Xeral a información contable e orzamentaria derivada da realización da súa actividade económica. O control permanente realízase mediante o exame dos expedientes de gasto xestionados, e o control posterior ten por obxecto revisar e verificar a adecuada xustificación das transaccións sobre as que se fundamente a información transmitida á Intervención Xeral.

O control posterior non exclúe o control financeiro ordinario que a Intervención Xeral realiza a través do Plan Anual de Auditorías.

No período analizado (2011-2013), consta a realización de dous informes de control financeiro realizados por firma auditora independente á Fundación da Estrada para os exercicios 2011 e 2013 e outro, tamén realizado por firma auditora independente, a Expourense correspondente ás contas anuais do exercicio 2011.

Porén, a Intervención Xeral non publica un informe comprensivo da totalidade das actuacións desenvolvidas no exercicio do control financeiro permanente.

4.- Auditorías

Cadro 4. Resultado das Auditorías Externas

Fundación	Informe de auditoría	2011	2012	2013
A Estrada	Si	Sen salvidades	Sen salvidades	Sen salvidades
Expolugo	Non (1)	---	---	---
Expourense	Si	Sen salvidades	Sen salvidades	Sen salvidades
Ifevi	Si (2)	Con salvidades	Con salvidades	Sen salvidades
Semana Verde	Si (3)	Con salvidades e parágrafo de énfase	Con salvidades e parágrafo de énfase	Con parágrafo de énfase
Ifeco	Si (4)	Con parágrafo de énfase	Con parágrafo de énfase	Sen salvidades
Fexdega	Non consta	---	---	---

(1) Expolugo. Non someten as contas anuais á auditoría de acordo co artigo 37 da Lei 12/2006 de fundacións de interese galego.

(2) Ifevi. As Contas de 2011 e 2012 non están asinadas por todos os membros do Comité Executivo.

(3) Semana Verde. Parágrafo de énfase: Existencia de incertidume significativa sobre a capacidade da entidade para continuar coas súas operacións debido ás perdas acumuladas en exercicios anteriores e actual.

(4) Ifeco. Existencia de incertidume significativa sobre a capacidade da fundación para continuar coas súas operacións debido ás perdas significativas dos últimos exercicios.

Polo tanto, todas as fundacións analizadas agás Expolugo e Fexdega sometéronse a procedementos de auditoría externa nos tres exercicios analizados.

III.2 PLANS DE ACTUACIÓN E ACTIVIDADES

Segundo a LFIG e a normativa que a desenvolve, o padroado elaborará e remitiralle ao protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación no que queden reflectidos os obxectivos e as actividades que se prevexan desenvolver durante o exercicio seguinte.

Coa publicación do RD 1491/2011 aprobouse o modelo normalizado de elaboración do plan de actuación, que figura no seu Anexo II. Este modelo é de aplicación ás fundacións feirais para os exercicios económicos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2012. Para o seu cumprimento as entidades deberán distinguir entre actividades propias e mercantís, e para cada actividade ou proxecto utilizarán unha ficha expresando os seguintes aspectos: a) identificación da actividade, b) recursos humanos a empregar, c) beneficiarios ou usuarios da actividade, d) obxectivos e indicadores de realización. Incluirase a previsión de recursos económicos a empregar e a previsión de recursos económicos a obter.

Analizado o cumprimento da citada normativa, verificáronse os seguintes incumprimentos: Ifeco non presenta o plan de actuación en ningún dos exercicios analizados; Ifevi non o presenta nos exercicios 2011 e 2012; Semana Verde presenta no seu lugar a memoria de orzamentos e do PAIF, documento que non está obrigada a presentar por tratarse dunha fundación do sector público autonómico. No exercicio 2013 unicamente Expourense e Ifevi adecuaron os seus plans de actuación aos modelos aprobados polo RD 1491/2011. Ademais incumpren cos prazos de aprobación do plan polo padroado Semana Verde nos exercicios 2012 e 2013, e Ifevi no 2013, e incumpren co prazo de remisión do plan ao protectorado Semana Verde nos exercicios 2012 e 2013, Expolugo en 2011 e Ifevi en 2013.

A normativa de fundacións de interese galego dispón, ademais, que a memoria das contas anuais deberá conter a seguinte información:

a) As actividades realizadas durante o exercicio con descrición das condicións e circunstancias en que se realizaron, especificando para cada unha delas: os recursos económicos empregados para a súa realización, o número de persoas beneficiarias ou usuarias das súas actividades propias, diferenciando entre persoas físicas e xurídicas, os ingresos ordinarios obtidos no exercicio, respecto das actividades mercantís.

b) o grao de cumprimento do plan de actuación, indicando as causas das desviacións.

Non cumpren con esta obriga nos tres exercicios analizados Semana Verde e Ifeco; Expourense, Expolugo e Ifevi no exercicio 2011 e a Fundación da Estrada nos exercicios 2012 e 2013.

Por outra parte, a non utilización de modelos homoxéneos na información relativa á execución dos plans de actuacións incluídos nas memorias das contas anuais impide obter información sobre a execución dos citados plans, así como analizar a relación entre as actividades previstas polas entidades e as realizadas, e a eficacia na execución do Plan.

Solicitóuselles ás fundacións analizadas, mediante un cuestionario, datos das actividades realizadas e do número de beneficiarios no período 2011-2013. O cadro e o gráfico seguintes amosan a súa resposta e a evolución do tipo de actividade desenvolvida.

Cadro 5. Actividades realizadas 2011-2013

Fundación (1)	2011			2012			2013		
	Actividade propia	Actividade mercantil	Nº de visitantes	Actividade propia	Actividade mercantil	Nº de visitantes	Actividade propia	Actividade mercantil	Nº de visitantes
A Estrada	6	4	22.407	6	2	25.417	7	5	31.416
Expolugo	6	57	97.000	5	76	106.000	5	64	100.000
Expourense	15	15	132.145	14	15	112.100	14	20	122.000
Ifevi	1	70	788.030	1	54	687.440	1	48	597.630
Semana Verde	55	32	142.479	59	19	132.668	57	17	138.626
Ifeco	22	22	152.079	1	27	203.512	0	24	172.750
Total	105	200	1.334.140	86	193	1.267.137	84	178	1.162.422


(1) Non se inclúe a fundación Fexdega da que non se obtivo información.

As actividades realizadas consistiron, con carácter xeral, na organización, promoción e realización de feiras e congresos, salóns monográficos, certames, exposicións e outros eventos, ás que hai que engadir no caso da Fundación Semana Verde a intermediación en subastas de gando realizadas no centro de actividades da citada fundación.

No seu conxunto, o número de actividades diminúe nun 14,1% no período analizado aínda que con comportamentos ben diferenciados entre as fundacións. Rexistran caídas do 45,5% e 31% Ifeco e Ifevi. Pola contra, incrementan a súa actividade a Fundación da Estrada nun 20,0%, Expourense nun 13,3%, e Expolugo 9,5%. As actividades das fundacións Semana Verde e de Expolugo supoñen respectivamente o 28,2% e o 25,3% das actividades das fundacións feirais no período analizado, fronte ao 3,6% da Fundación da Estrada.

Atendendo ao tipo de actividade, propia ou mercantil, os datos tamén reflicten disparidades. Así, a actividade propia ten carácter testemuñal en Ifevi, Expolugo e Ifeco nas que representou de media o 1,7%, 7,6% e 17,8% respectivamente no período. Ifevi unicamente desenvolveu unha actividade

propia en cada ano analizado e, Ifeco no ano 2013 non desenvolveu ningunha. Poren, nas Fundacións Semana Verde e A Estrada o peso da actividade propia acadou o 71,9% e 64,4%, evidenciado estes datos a existencia de dous modelos distintos de xestión: o primeiro que se centra no alugueiro de espazos para a celebración de eventos e o segundo centrado na promoción e organización dos mesmos.



En canto á evolución do número de visitantes, no seu conxunto presenta unha diminución do 12,9% no período analizado, tal e como reflicten os datos do cadro anterior. A baixada mais significativa dun 24,2% prodúcese en Ifevi, debendo terse en conta que esta concentra o 54,9% do conxunto total de visitantes no período 2011 e 2013. A Fundación da Estrada incrementa o seu número de visitantes nun 40,2% aínda que unicamente representa o 2,1% do total de visitantes.

III.3 ORZAMENTO, LIQUIDACIÓN E CONTAS ANUAIS

Orzamentos e Liquidación

No seguinte cadro recóllese información sobre a aprobación dos orzamentos das distintas fundacións así como o resultado orzamentario acadado no período analizado.

Cadro 6. Orzamentos e Resultado Orzamentario dos exercicios 2011, 2012 e 2013

Fundación	Inclusión orzamento Xunta	Orzamentos 2011			Orzamentos 2012			Orzamentos 2013		
		Orzamento total	Data aprobac.	Resultado Orzamen.	Orzamento total	Data aprobac	Resultado Orzamen.	Orzamento Total	Data aprobac.	Resultado Orzamen.
A Estrada	Si	462.755,37	27-12-10	-100.316,38	419.962,02	26-12-11	-102.540,57	255.992,00	27-12-12	-26.911,92
Expolugo	Si	1.521.516,13	09-12-10	2.405,66	1.212.176,91	28-11-11	1.975,59	891.168,61	05-12-12	-53.149,88
Expourense	Non	1.900.000,00	14-12-10	-333.408,86	1.837.000,00	20-11-11	-485.721,99	1.613.600,00	26-12-12	-296.229,40
Ifevi	Non	2.130.941,00	16-02-11	-783.232,26	2.131.218,00	18-01-12	-1.111.446,36	1.490.757,00	30-05-13	-1.102.904,46
Semana Verde	Si	3.964.535,77	18-11-10	-2.190.623,50	1.756.408,42	19-04-12	-1.249.484,71	2.062.094,98	07-02-13	-1.276.391,49
Ifeco	Si	1.745.288,00	Non consta	-1.694.965,00	1.382.857,55	29-11-12	-782.045,00	1.845.500,00	29-11-12	-722.434,00
Fexdega	Si	962.868,40	21-11-10	-257.212,54	S/D	S/D	-39.013,39	S/D	S/D	S/D
TOTAL		12.687.904,67		-5.357.352,88	8.739.622,90		-3.768.276,43	8.159.112,59	*	-3.478.021,15

Os orzamentos das fundacións Expourense e Ifevi non figuran incluídos nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. Tampouco os correspondentes aos exercicios 2012 e 2013 de Fexdega.

Con carácter xeral no proceso de aprobación polos padroados dos Plans de Actuación e orzamentos faise mención xenérica á aprobación das cifras totais dos orzamentos, pero non se achegan ás actas de aprobación os desgloses e a información necesaria prevista na normativa.

Outros incumprimentos que se teñen detectado no relativo a aprobación dos orzamentos son os seguintes:

- En Expolugo unicamente consta a aprobación provisional polo padroado do orzamento de 2013, pero non a definitiva.
- En Semana Verde a data de aprobación do orzamento de 2012 polo padroado prodúcese fora de prazo (19-04-2012), en data posterior á aprobación da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012. A data de aprobación dos orzamentos do exercicio 2013 polo padroado prodúcese tamén fora de prazo.
- Os orzamentos de Ifevi foron aprobados fora de prazo nos tres exercicios analizados.
- Nos orzamentos de Ifeco non consta aprobación polo padroado dos correspondentes ao exercicio 2011 e a aprobación polo padroado dos referidos a 2012 prodúcese fora de prazo, un mes antes de rematar o exercicio.
- En Fexdega na documentación remitida de aprobación de orzamentos de 2011 existe unha diferenza de 40.000 euros entre o importe do presuposto total aprobado e o presuposto por certames. Non remitiron ao protectorado información para os exercicios 2012 e 2013. No exercicio 2013 deixou de formar parte do sector público da Comunidade Autónoma.

Informe de Fiscalización das Fundacións Feirais Públicas de Galicia

Os orzamentos agregados do conxunto das sete fundacións acadaron no ano 2011 os 12,7 millóns de euros, reducíndose a 8,7 millóns en 2012 e a 8,2 millóns en 2013. Deste xeito, os orzamentos reducíronse de 2011 a 2013 en 4,5 millóns de euros, é dicir nun 35,4 % dos orzamentos de 2011.

Nos gráficos seguintes amósase a evolución dos orzamentos agregados e individualizados para cada unha das fundacións no período 2011-2013:

Gráfico 1. Evolución dos Orzamentos Agregados das Fundacións






Gráfico 2. Evolución Individualizada dos Orzamentos



A característica xeral na evolución dos orzamentos no período 2011-2013 é a redución dos mesmos. Unicamente os orzamentos de Semana Verde e Ifeco aumentan en 2013 en relación a 2012. En Semana Verde incrementáronse o 17,4% en 2013 en relación a 2012, despois de terse reducido mais da metade (55,7%) en 2012 con respecto a 2011. En Ifeco os orzamentos incrementáanse en 2013 o 33,5% en relación aos de 2012 para situarse nun nivel semellante aos de 2011.

Nos gráficos seguintes amósase para os exercicios 2011 e 2013 a importancia relativa dos orzamentos de cada fundación no conxunto dos orzamentos agregados das mesmas. En ambos exercicios catro fundacións (Semana Verde, Ifevi, Expourense e Ifeco) absorben respectivamente o 76,8% e o 86,0%, dos orzamentos conxuntos de todas elas.

Gráfico 3. Orzamentos por Fundacións



O resultado orzamentario coincide en todos os casos co apartado A.4 "variación do patrimonio neto recoñecido no exercicio" que se deduce das contas de perdas e ganancias das distintas fundacións no período analizado, sendo deste xeito coherentes os resultados orzamentarios acadados que figuran nas liquidacións orzamentarias cos resultados que figuran nas contas de perdas e ganancias das contas anuais.

Todas as fundacións obteñen no período analizado resultados orzamentarios negativos agás Expolugo que presenta resultado orzamentario positivo por importe de 2.405,66 euros no exercicio 2011 e 1.975,59 euros no exercicio 2012.

O resultado orzamentario agregado nos tres exercicios para o conxunto das fundacións foi de -12,7 millón de euros: -5,4 millóns de euros en 2011 (o que representa o 42,5% dos orzamentos aprobados); -3,8 millóns de euros en 2012 (o 43,7% do orzamento aprobado) e -3,5 millóns de euros en 2013 (o 42,7% do orzamento aprobado), configurándose como unha situación insostible

Informe de Fiscalización das Fundacións Feirais Públicas de Galicia

no medio prazo. Poren, no período analizado o resultado orzamentario negativo reduciuse nun 35,1%.

A evolución do resultado orzamentario agregado e individualizado para cada unha das fundacións amósase nos gráficos da páxina seguinte:

Gráfico 4. Evolución do Resultado Orzamentario Agregado 2011-2013






Gráfico 5. Evolución do Resultado Orzamentario por Fundación



Nos gráficos seguintes amósase para os exercicios 2011 e 2013 a importancia relativa do resultado orzamentario negativo de cada fundación en relación co resultado total agregado. Obsérvanse que tres fundacións (Semana Verde, Ifeco e Ifevi) xeran nos exercicios 2011 e 2013 respectivamente o 87,1% e o 89,2% do resultado orzamentario negativo do conxunto das fundacións. É dicir, case o 90% dos resultados orzamentarios negativos das fundacións Públicas Feirais dos exercicios 2011 e 2013 son xerados por Semana Verde, Ifeco e Ifevi.

O peso específico do resultado orzamentario negativo de cada fundación en relación co resultado total agregado para os exercicios 2011 e 2013 amósase nos gráficos seguintes:

Gráfico 6. Porcentaxe do resultado orzamentario de cada fundación sobre o resultado total agregado



Contas Anuais

De acordo co establecido na LFIG o padroado da fundación elaborará, en referencia ao anterior exercicio económico, as contas anuais que comprenden o balance de situación, a conta resultados e a memoria. Estes documentos deben amosar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación. No balance de situación expresaranse os bens e dereitos que conforman o activo da entidade e as obrigas e fondos propios que forman o seu pasivo.

A memoria completará, ampliará e comentará a información contida no balance de situación e na conta de resultados, e deberá incluír :

- Unha descrición das actividades fundacionais realizadas.
- Un inventario dos elementos patrimoniais.

Informe de Fiscalización das Fundacións Feirais Públicas de Galicia

- O detalle do grao de cumprimento do destino dos ingresos da fundación, xa que deberán destinarse á realización dos fins fundacionais polo menos o 70% das rendas e dos ingresos obtidos, logo de deducir os gastos realizados para obtención de tales rendas e ingresos.
- Información relativa á liquidación do plan de actuación do exercicio rematado, onde se especifique o grao de cumprimento deste.

As contas anuais serán aprobadas polo padroado dentro dos 6 meses seguintes á data de pechamento do exercicio, e serán asinadas polo presidente ou pola persoa á cal lle corresponda formularlas.

As contas anuais presentaráselle ao protectorado no prazo dos 20 días hábiles, contados dende a súa aprobación polo padroado, acompañadas pola certificación do secretario e, de ser o caso, achegarase o informe de auditoría.

Non poderán percibir subvencións nin axudas públicas da Xunta de Galicia aquelas fundacións que non cumpran coa obriga de lle presentar as contas ao protectorado.

Os documentos referidos ás contas anuais deberán elaborarse seguindo os modelos, as normas e os criterios establecidos na adaptación sectorial do Plan Xeral de Contabilidade para as entidades sen fins lucrativos.

No cadro seguinte recóllese información individualizada sobre a rendición das contas anuais das distintas fundacións no período analizado:

Cadro 7. Rendición das Contas Anuais no período analizado

A Estrada	2011	2012	2013
Pertenza ao sector Administración Públicas	Si	Si	Si
Modelos de bases de presentación das contas (Modelos abreviados)	R.D. 1514/2007	R.D. 1491/2011	R.D. 1491/2011
Resultado de explotación s/ conta P/G	-100.410,47	-102.629,70	-26.977,90
Resultado total do exercicio s/ conta P/G	-100.316,38	27.459,43	-28.109,9
Data aprobación contas polo padroado	28-6-2012	5-6-2013	3-6-2014
Rendición ao Consello de Contas	En prazo	En prazo	En prazo
Inclusión na organización da administración da Xunta de Galicia. (Apartado 1.7 do Informe Memoria da Conta Xeral da Admón CC.A.A.)	Si	Si	Si
Inclusión no ámbito de consolidación para o cálculo do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. (Apartado 8. do Informe Memoria da Conta Xeral da Admón CC.A.A.)	Si	Si	Si

Expolugo	2011	2012	2013
Pertenza ao sector Administración Públicas	Si	Si	Si
Modelos de bases de presentación das contas (Modelos abreviados)	R.D. 1515/2007	R.D. 1515/2007	Mod. Abrev.R.D. 1491/2011 Resolución ICAC 26-3-2013
Resultado de explotación s/ conta P/G	34.905,12	49.744,17	-15.466,95
Resultado total do exercicio s/ conta P/G	2.405,66	1.975,59	-53.149,88
Data aprobación contas polo padroado	29-6-2012	25-6-2013	18-6-2014
Rendición ao Consello de Contas	En prazo	En prazo	En prazo
Inclusión na organización da administración da Xunta de Galicia. (Apartado 1.7 do Informe Memoria da Conta Xeral da Admón CC.A.A.)	Si	Si	Si
Inclusión no ámbito de consolidación para o cálculo do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. (Apartado 8. do Informe Memoria da Conta Xeral da Admón CC.A.A.)	Si	Si	Si

Expourense	2011	2012	2013
Pertenza ao sector Administración Públicas	Non	Non	Non
Modelos de bases de presentación das contas (Modelos abreviados)	R.D. 1514/2007	R.D. 1491/2011	R.D. 1491/2011
Resultado de explotación s/ conta P/G	-343.520,49	-499.666,03	-308.344,38
Resultado total do exercicio s/ conta P/G	-407.104,61	-261.161,74	-376.669,15
Data aprobación contas polo padroado	25-6-2012	11-6-2013	25-6-2014
Rendición ao Consello de Contas	En prazo	En prazo	En prazo
Inclusión na organización da administración da Xunta de Galicia. (Apartado 1.7 do Informe Memoria da Conta Xeral da Admón CC.A.A.)	Non	Si	Si
Inclusión no ámbito de consolidación para o cálculo do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. (Apartado 8. do Informe Memoria da Conta Xeral da Admón CC.A.A.)	Non	Non	Non

Ifevi	2011	2012	2013
Pertenza ao sector Administración Públicas	Non	Non	Non
Modelos de bases de presentación das contas (Modelos abreviados)	R.D. 1514/2007	R.D. 1491/2011	R.D. 1491/2011
Resultado de explotación s/ conta P/G	-835.305,45	-1.178.564,14	-1.155.238,14
Resultado total do exercicio s/ conta P/G	-783.232,26	-1.071.446,36	-1.089.426,06
Data aprobación contas polo padroado	23-7-2012	30-5-2013	9-6-2014
Rendición ao Consello de Contas	Fora de prazo	En prazo	En prazo
Inclusión na organización da administración da Xunta de Galicia. (Apartado 1.7 do Informe Memoria da Conta Xeral da Admón CC.A.A.)	Si	Si	Si
Inclusión no ámbito de consolidación para o cálculo do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. (Apartado 8. do Informe Memoria da Conta Xeral da Admón CC.A.A.)	Non	Non	Non

Informe de Fiscalización das Fundacións Feirais Públicas de Galicia

Semana Verde	2011	2012	2013
Pertenza ao sector Administración Públicas	Si	Si	Si
Modelos de bases de presentación das contas (Modelos abreviados)	R.D. 776/1998	R.D. 1491/2011	R.D. 1491/2011
Resultado de explotación s/ conta P/G	-1.949.211,49	-1.199.441,82	-1.239.202,11
Resultado total do exercicio s/ conta P/G	-2.190.623,50	-929.627,40	-990.855,96
Data aprobación contas polo padroado	7-2-2013	11-12-2013	18-12-2014
Rendición ao Consello de Contas	En prazo	Fora de prazo	En prazo
Inclusión na organización da administración da Xunta de Galicia. (Apartado 1.7 do Informe Memoria da Conta Xeral da Admón CC.A.A.)	Si	Si	Si
Inclusión no ámbito de consolidación para o cálculo do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. (Apartado 8. do Informe Memoria da Conta Xeral da Admón CC.A.A.)	Si	Si	Si

Ifeco	2011	2012	2013
Pertenza ao sector Administración Públicas	Pendente	Pendente	Pendente
Modelos de bases de presentación das contas (Modelos abreviados)	R.D. 776/1998	R.D. 1491/2011	R.D. 1491/2011
Resultado de explotación s/ conta P/G	-1.693.391,00	-784.463,00	-723.301,00
Resultado total do exercicio s/ conta P/G	-1.694.965,00	-640.040,00	-695.434,00
Data aprobación contas polo padroado	29-9-2012	10-9-2013	25-9-2014
Rendición ao Consello de Contas	(1) Non rendida	(1) Non rendida	En prazo
Inclusión na organización da administración da Xunta de Galicia. (Apartado 1.7 do Informe Memoria da Conta Xeral da Admón CC.A.A.)	Si	Si	Si
Inclusión no ámbito de consolidación para o cálculo do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. (Apartado 8. do Informe Memoria da Conta Xeral da Admón CC.A.A.)	Non	Non	Si

(1) As contas dos exercicios 2011 e 2012 non foran rendidas antes de comezar os traballos de fiscalización. As mesmas aportáronse durante o transcurso desta.

Fexdega	2011	2012	2013
Pertenza ao sector Administración Públicas	Si	Si	Non (1)
Modelos de bases de presentación das contas (Modelos abreviados)	R.D. 776/1998	R.D. 1491/2011	S/D
Resultado de explotación s/ conta P/G	-236.368,76	-18.037,75	S/D
Resultado total do exercicio s/ conta P/G	-257.212,54	-39.013,39	S/D
Data aprobación contas polo padroado	11-6-2012	17-7-2013	S/D
Rendición ao Consello de Contas	En prazo	Non (2)	S/D
Inclusión na organización da administración da Xunta de Galicia. (Apartado 1.7 do Informe Memoria da Conta Xeral da Admón CC.A.A.)	Si	Si	Si
Inclusión no ámbito de consolidación para o cálculo do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. (Apartado 8. do Informe Memoria da Conta Xeral da Admón CC.A.A.)	Si	Si	Non

(1) Fexdega no Inventario de Entes 2013 a 01-01-2013 figuraba como pertencente a A.A.P.P. e a 31-07-2013 foi dado de baixa. Durante o exercicio 2013 a Xunta Galicia non está representada no padroado da fundación.

(2) As contas de 2012 de Fexdega foron remitidas pola Secretaría Xeral da Consellería de Economía e Industria no transcurso dos traballos de fiscalización.

A Comunidade Autónoma de Galicia non ten posto en marcha o rexistro de entidades do sector público da Comunidade Autónoma previsto no artigo 52 da LOFAXGA que establece o seguinte: *"créase na consellería competente en materia de facenda un rexistro de entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, no que se inscribirán preceptivamente a constitución destas entidades e os demais actos relativos a elas que se determinen regulamentariamente. Así mesmo, depositarán nel as contas anuais de cada entidade, para o efecto da súa remisión ao Consello de Contas"*.

A rendición das contas anuais das distintas fundacións ó Consello de Contas realízase nuns casos directamente ao Consello, noutros a través da Intervención Xeral da Comunidade formando parte da Conta Xeral da Administración, e incluso en algún caso realízase a rendición por ámbolos dous condutos. No caso da fundación Semana Verde a rendición realizada a través da Intervención Xeral correspondente aos exercicios 2011 e 2013 prodúcese antes da aprobación das contas anuais polo padroado. Sería recomendable a posta en funcionamento dun sistema de rendición telemática das contas anuais das Fundacións Públicas, así como a publicidade da información prevista no artigo 86 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, relativa á relación de fundacións que cumpren os criterios establecidos para a súa consideración como fundacións do sector público de Galicia.

É imprescindible poñer en marcha o rexistro de entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia para dar cumprimento ó mandato legal do artigo 52 da LOFAXGA.

Por outra parte, é a Intervención Xeral da Administración do Estado a que realiza a clasificación das entidades que deben ser consideradas como pertencentes o subsector Administracións Públicas para a determinación do resultado no marco do obxectivo de estabilidade, circunstancia que se produce unha vez rendidas as contas anuais incluíndose na Conta Xeral da Administración da Comunidade de cada exercicio no seu correspondente epígrafe. De acordo coa mesma, non formarían parte do ámbito de consolidación para o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no exercicio 2011 e 2012 Expourense, Ifevi e Ifeco, e no 2013 Expourense, Ifevi e Fexdega.

Na análise individualizada das contas anuais rendidas das distintas fundacións detectouse o seguinte:

Fundación da Estrada:

No balance das contas anuais rendidas pola Fundación da Estrada correspondentes ao exercicio 2011 preséntanse incorrectamente as perdas do exercicio por importe de -100.316,38 euros como diferenza no activo do balance, circunstancia que se corrixe no balance das contas anuais rendidas de 2012. Así mesmo, nas contas rendidas de 2011 da mesma fundación rexístrase incorrectamente na agrupación *"Outros pasivos financeiros"* por importe de -130.000 euros a contrapartida do

incremento da dotación fundacional por 130.000 euros produto da aportación realizada pola Consellería de Economía e Industria contabilizada antes do peche do exercicio que foi elevada a escritura pública o 15 de febreiro de 2012 e que debería ser contabilizada na súa conta correspondente do activo.

Expolugo:

No pasivo dos balances das contas anuais rendidas de 2011, 2012 e 2013 da fundación de Exposicións e Congresos de Lugo rexístranse incorrectamente con importes negativos nos epígrafes "*Outros pasivos financeiros*" e "*Débeda con características especiais*" os dereitos da fundación derivados do acordo do padroado do 16 de marzo de 2011 de ampliación da participación fundacional da Xunta de Galicia por importe de 431.707,25 euros a facer efectivos ata o exercicio 2015.

Nesta mesma fundación na memoria de contas anuais rendida de 2012 non se fai referencia aos axustes realizados nas contas rendidas do exercicio anterior de 2011.

Por outra parte, a participación da Xunta de Galicia na dotación fundacional rexistrada en contabilidade no período 2011-2013 non se corresponde coa porcentaxe que figura na acta do padroado do 18 de decembro de 2000 (65%), e que coincide coa referenciada na aprobación dos orzamentos da fundación correspondentes ao exercicio 2011. A diferenza prodúcese como consecuencia dos ingresos derivados do convenio de colaboración suscrito o 23 de maio de 1995 para a construción do recinto feiral que figuran rexistrados en contabilidade como "*subvencións de capital*". Recoméndase axustar os importes rexistrados en contabilidade na dotación fundacional aos efectivamente aportados polos distintos patróns fundadores.

Ífeco:

Os ingresos rexistrados nas contas de PyG da fundación no período analizado non figuran correctamente contabilizados de acordo aos conceptos previstos na normativa de aplicación, non clasificándose adecuadamente nos epígrafes "*ingresos pola actividade propia*" e "*outros ingresos*".

III.4 PERSOAL

Os gastos de persoal rexistrados nas contas de resultados dos exercicios analizados -que inclúen os conceptos de soldos e salarios e as cargas sociais, así como os gastos correspondentes ás indemnizacións por despedimentos realizados-, ascenderon para o conxunto das fundacións a 2,9 millóns de euros en 2011; 1,9 millóns de euros en 2012 e 1,8 millóns de euros en 2013, experimentando una diminución no período de 1,1 millóns de euros (39,1%).

A diminución dos custos de persoal é consecuencia fundamentalmente das distintas medidas de axuste realizadas: redución de efectivos, realización de expedientes temporais de regulación de emprego por causas económicas, conxelación salarial e non incorporación de novo persoal en aplicación das Leis de Orzamentos da Comunidade Autónoma. Especialmente significativas son as baixadas dos gastos de persoal no período da fundación Semana Verde (42,7%), da Fundación da Estrada (43,3%) e a de Expolugo (40,1%) tal e como se amosa no cadro seguinte:

Cadro 8. Gastos de Persoal

Gastos de Persoal	EXERCICIO 2011			EXERCICIO 2012			EXERCICIO 2013			Variación 2013 - 2011
	Importe 2011	% S Total	% G.Persoal / G.Explotac	Importe 2012	%	% G.Persoal / G.Explotac	Importe 2013	%	% G.Persoal / G.Explotac	
A Estrada	207.898,67	7,1	51,9	166.014,25	8,6	53,7	117.719,56	6,6	49,5	-90.179,11
Expolugo	108.735,32	3,7	13,2	84.409,30	4,4	11,6	65.142,58	3,6	8,4	-43.592,74
Expourense	556.063,88	19,0	28,6	499.322,67	26,0	28,7	436.990,21	24,5	27,2	-119.073,67
Ifevi	306.910,44	10,5	17,1	363.360,23	18,9	19,0	250.910,12	14,0	15,1	-56.000,32
Semana Verde	1.363.062,77	46,5	37,9	666.798,79	34,7	25,7	780.505,74	43,7	29,0	-582.557,03
Ifeco	189.056,00	6,4	9,5	141.500,00	7,4	9,5	135.533,00	7,6	7,3	-53.523,00
Fexdega	202.394,23	6,9	36,6	0,0	0,0	0,0	S/D	0,0	S/D	-202.394,23
TOTAL	2.934.121,31	100,0	26,4	1.921.405,24	100,0	21,3	1.786.801,21	100,0	20,3	-1.147.320,10


Tres fundacións, Semana Verde, Expourense e Ifevi absorben o 78,6% dos gastos de persoal do conxunto das fundacións no período analizado (75,9% en 2011; 79,6% en 2012 e 82,2% en 2013) destacando pola súa importancia os da fundación Semana Verde, xa que os mesmos representan o 46,5% dos gastos de persoal do conxunto das fundacións en 2011; o 34,7% en 2012 e o 43,7% en 2013.

Os gastos de persoal do conxunto das fundacións representaron o 26,4% dos gastos de explotación no exercicio 2011, o 21,3% en 2012 e o 20,3% no exercicio 2013; representando no seu conxunto no período o 22,9%. Os maiores índices de gastos de persoal en relación cos gastos de explotación prodúcense na Fundación da Estrada e os menores índices danse na fundación Ifeco.

Informe de Fiscalización das Fundacións Feirais Públicas de Galicia

No gráfico seguinte amósase a evolución dos gastos de persoal para cada unha das fundacións no período 2011-2013:

Gráfico 7. Evolución dos gastos de persoal nos exercicios 2011-2013




No cadro e gráfico seguintes amósase a evolución individualizada do persoal medio ao servizo das fundacións no período analizado:

Cadro 9. Evolución de Persoal Medio das Fundacións

FUNDACIÓN	2011			2012			2013			% Variación 2013-2011
	Persoal Fixo	Persoal Temporal	Total	Persoal Fixo	Persoal Temporal	Total	Persoal Fixo	Persoal Temporal	Total	
A Estrada	1	8	9	1	7	8	1	5	6	-33,3
Expolugo	2	3	5	2	2	4	2	1	3	-40,0
Expourense	13	3	16	12	2	14	10	1	11	-31,3
Ifevi	8	3	11	7	3	10	6	1	7	-36,4
Semana Verde	37	2	39	29	2	31	28	0	28	-28,2
Ifeco	3	-	3	3	0	3	3	0	3	0,0
Fexdega	5	-	5	0	0	0	0	0	0	-100,0
TOTAL	69	19	88	54	16	70	50	8	58	-34,1

Gráfico 8. Persoal ao servizo das Fundacións Feirais



Como resultado dos axustes realizados no período, o número medio de efectivos empregados polas fundacións diminúe en conxunto dos 88 efectivos do ano 2011 aos 58 do 2013, o que supón unha variación do -34,1%. En tódalas fundacións feirais prodúcese no período analizado unha diminución do número medio de efectivos empregados agás en Ifeco na que se mantén invariable, aínda que existen diferenzas significativas entre fundacións, tanto na distribución do persoal como na representatividade da contratación fixa e temporal. As fundacións que realizan o maior axuste nos seus cadros de persoal no período 2011-2013 foron Fexdega (-100%), Expolugo (-40,0%) e Ifevi (-36,4%).

As Fundacións da Estrada e Expolugo son as que teñen unha maior porcentaxe de temporalidade nos seus cadros de efectivos 88,9% e 60,0% respectivamente no ano 2011, cunha clara tendencia descendente ata acadar no ano 2013 o 83,3% e 33,3%. A fundación Semana Verde é a entidade con máis persoal fixo e representa mais da metade do conxunto do persoal das fundacións analizadas no período 2011-2013.

Analizouse o rexistro contable das nóminas e a súa adecuación ás liquidacións presentadas a través dos modelos fiscais 190 á Axencia Tributaria, así como a coherencia da información subministrada pola contabilidade financeira e orzamentaria detectándose diferenzas na Fundación da Estrada entre os gastos de persoal rexistrados na conta de perdas e ganancias e os reflectidos nas liquidacións orzamentarias dos citados exercicios por importes de 47.972,28 euros no exercicio de 2011 e 26.829,29 euros no exercicio 2012.

As retribucións do persoal adecuáronse ás limitacións que en canto a súa variación estableceron as Leis de orzamentos da Comunidade Autónoma para os anos fiscalizados. Tamén se adaptaron as retribucións do persoal directivo aos criterios fixados polo Decreto 119/2012, do 3 de maio e da Orde de 8 de xuño de 2012.

Sendo unha obriga legal o informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública para determinar ou modificar as condicións retributivas do cadro de persoal, non contaban co citado informe lfevi e lfeco. Expourense dispón do informe para o ano 2009, pero non se especifican as retribucións para cada un dos posto do cadro de persoal nin se actualizaron aos cambios producidos no período analizado. Non constan os correspondentes a 2011 e 2012 das fundacións Semana Verde e a Fundación da Estrada e tampouco consta o informe do 2011 en Expolugo.

A fundación Semana Verde subscribiu contratos de alta dirección nos anos 2012 e 2013 e lfeco no ano 2012. Este tipo de contrato precisa informe conxunto dos centros directivos en materia de orzamentos e de función pública. Verificouse que só consta o informe favorable do contrato do director da fundación Semana Verde do exercicio 2013.

Nas contas anuais da lfevi dos anos 2011,2012 e 2013 sinálase que a fundación non mantén ningún contrato de alta dirección, a pesar de que os estatutos definen o cargo de director xerente como tal. Comprobouse que o padroado da fundación, na reunión do 13 de marzo de 2006, nomeou ao director xerente da fundación, pero non consta nin o contrato nin o informe previo favorable das consellerías da Presidencia e Administración Pública e de Economía e Facenda que, que en aplicación da Lei 10/1996, do 5 de novembro, aprobe as retribucións do persoal de alta dirección.

Con relación ás retribucións do persoal directivo verificouse a súa adecuación ao disposto no Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico e á Orde do 8 de xuño de 2012 pola que se establece a clasificación inicial das entidades incluídas no ámbito de aplicación do antedito decreto.

Nos anos analizados as fundacións feirais non contaban con normas internas ou procedementos normalizados de selección e contratación de persoal, agás a Fundación da Estrada que no ano 2013 aprobou un procedemento para a selección de persoal temporal.

Os estatutos das fundacións analizadas non recollen ningún dos principios reitores da contratación de persoal e, con carácter xeral, límitanse a establecer as competencias en materia de persoal correspondéndolle ao padroado aprobar os cadros de persoal e as súas retribucións así como nomear ao persoal directivo, e á Xerencia ou Dirección exercer a xefatura ordinaria do persoal.

O persoal das fundacións fiscalizadas presta os seus servizos mediante relacións de carácter laboral. Porén, na fundación de Expolugo as funcións da Secretaría e da Xerencia están externalizados mediante contratos de prestación de servizos, non resultando axeitada a citada externalización xa que nos estatutos da fundación defínense como órganos de xestión administrativa, incluídos na súa estrutura organizativa, suxeitos á dirección do presidente, e responden a necesidades permanentes de persoal. Así, os procesos de selección deberían respectar tanto os principios de igualdade, mérito e capacidade que rexen o acceso ao emprego público, como os principios da lexislación galega, expresados no artigo 116 da LOFAXGA relativos á composición e funcionamento dos tribunais, ás bases das convocatorias e ás probas de selección.

A Fundación da Estrada ten subscritos dende os anos 2002 e 2005 contratos de duración determinada para os postos do cadro de persoal de auxiliar administrativo e tesoureira. En ningún dos dous casos concorren os requisitos que establece o artigo 15 do estatuto dos Traballadores para a celebración de contratos de duración determinada xa que esta modalidade de contratación non se adecúa á cobertura de necesidades permanentes na estrutura organizativa da fundación. A contratación de ámbolos dous postos debería someterse á lexislación laboral e ós correspondentes procesos de selección.

Con carácter xeral os cadros de persoal das fundacións analizadas non contemplan as características mínimas que, como instrumentos para organizar e ordenar a xestión de persoal, deberían incluír, tales como: denominación dos postos, grupo e categoría profesional, requisitos para o seu desempeño, descrición das funcións, adscrición orgánica e as retribución salariais con indicación dos complementos aplicables. Ademais, as fundacións deberán regular os procedementos de selección do persoal garantindo a observancia dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, ofrecer maior información sobre as retribucións do persoal garantindo a súa transparencia.

III.5 INGRESOS

Analízanse no presente epígrafe os ingresos das fundacións feirais no período 2011-2013 obtidos das contas de perdas e ganancias formuladas nas contas anuais dos distintos exercicios. Clasifícanse en ingresos por actividade propia e resto dos ingresos.

Os ingresos da actividade propia -que comprenden os derivados da actividade realizada polas fundacións para o cumprimento dos seus fins sen ánimo de lucro- agrupan os procedentes de cotas e aportacións de usuarios e afiliados, os ingresos de promocións, patrocinios e colaboracións, así como as subvencións, doazóns e legados imputados ao excedente do exercicio.

No epígrafe “resto dos ingresos” agrúpanse os que figuran nas contas de perdas e ganancias que están fundamentalmente compostos polos ingresos procedentes da actividade mercantil das fundacións, as subvencións, doazóns e legados de capital traspasadas ao excedente do exercicio e os ingresos financeiros.


Nos cadros e gráficos que se expoñen a continuación preséntase o resumo dos ingresos das fundacións feirais públicas no período 2011-2013:

Cadro 10. Ingresos

INGRESOS		2011	%	2012	%	2013	%	Agregado	%
A Estrada	Por Actividade Propia	300.534,43	100,0	205.461,33	99,5	210.590,50	99,9	716.586,26	99,8
	Resto dos Ingresos	94,09	0,0	930,38	0,5	155,83	0,1	1.180,30	0,2
	TOTAL	300.628,52	100,0	206.391,71	100,0	210.746,33	100,0	717.766,56	100,0
Expolugo	Por Actividade Propia	541.770,06	62,9	464.212,01	59,7	451.713,19	59,4	1.457.695,26	60,7
	Resto dos Ingresos	319.747,25	37,1	313.590,98	40,3	308.938,99	40,6	942.277,22	39,3
	TOTAL	861.517,31	100,0	777.802,99	100,0	760.652,18	100,0	2.399.972,48	100,0
Expourense	Por Actividade Propia	553.986,54	34,4	953.231,50	75,9	1.011.795,78	77,2	2.519.013,82	60,3
	Resto dos Ingresos	1.056.453,10	65,6	303.292,11	24,1	299.380,16	22,8	1.659.125,37	39,7
	TOTAL	1.610.439,64	100,0	1.256.523,61	100,0	1.311.175,94	100,0	4.178.139,19	100,0
Ifevi	Por Actividade Propia	40.276,86	3,9	39.682,74	4,9	59.149,58	10,6	139.109,18	5,8
	Resto dos Ingresos	985.205,91	96,1	767.517,59	95,1	500.947,02	89,4	2.253.670,52	94,2
	TOTAL	1.025.482,77	100,0	807.200,33	100,0	560.096,60	100,0	2.392.779,70	100,0
Semana Verde	Por Actividade Propia	1.329.423,57	80,5	1.075.311,20	76,7	1.125.084,07	77,3	3.529.818,84	78,3
	Resto dos Ingresos	322.255,69	19,5	325.963,85	23,3	329.673,58	22,7	977.893,12	21,7
	TOTAL	1.651.679,26	100,0	1.401.275,05	100,0	1.454.757,65	100,0	4.507.711,96	100,0
Ifeco	Por Actividade Propia	306.156,00	99,6	704.054,00	99,5	1.097.462,00	97,5	2.107.672,00	98,5
	Resto dos Ingresos	1.318,00	0,4	3.212,00	0,5	28.266,00	2,5	32.796,00	1,5
	TOTAL	307.474,00	100,0	707.266,00	100,0	1.125.728,00	100,0	2.140.468,00	100,0
Fexdega	Por Actividade Propia	261.680,33	82,5	16.131,76	6,7	S/D--	---	277.812,09	49,9
	Resto dos Ingresos	55.569,67	17,5	222.912,51	93,3	S/D--	---	278.482,18	50,1
	TOTAL	317.250,00	100,0	239.044,27	100,0	S/D--	---	556.294,27	100,0
Total Ingresos Actividade Propia		3.333.827,79	54,9	3.458.084,54	64,1	3.955.795,12	72,9	10.747.707,45	63,6
Total Resto dos Ingresos		2.740.643,71	45,1	1.937.419,42	35,9	1.467.361,58	27,1	6.145.424,71	36,4
TOTA AGREGADO		6.074.471,50	100,0	5.395.503,96	100,0	5.423.156,70	100,0	16.893.132,16	100,0

Os datos agregados do conxunto dos ingresos das fundacións públicas no período, poñen de manifesto que a porcentaxe de ingresos pola actividade propia das fundacións en relación cos ingresos totais representa o 54,9% en 2011; o 64,1% en 2012 e o 72,9% en 2013; sendo a citada porcentaxe para os ingresos acumulados dos tres exercicios o 63,6%.

Gráfico 9. Ingresos das Fundacións no período 2011-2013



A análise individualizada da relación dos ingresos pola actividade propia cos ingresos totais das distintas fundacións no período permite observar as diferenzas específicas na xestión dos ingresos, podendo establecerse dous grupos de fundacións feirais públicas: aquelas nas que a porcentaxe de ingresos por actividade propia supera o 50% dos ingresos totais e aquelas nas que a citada porcentaxe non chega ao 50% dos ingresos totais. Unicamente dúas fundacións feirais non acadan o 50% de ingresos por actividade propia, Fexdega co 49,9% e Ifevi no que a citada porcentaxe non acadada o 6% no conxunto dos tres exercicios analizados.

Analizando a evolución das distintas fundacións no período, pódense observar as seguintes porcentaxes de ingresos por actividade propia sobre os ingresos totais:

- Fundación da Estrada a practica totalidade dos ingresos do período proceden dos ingresos pola actividade propia, xa que a súa porcentaxe sobre os ingresos totais representou o 100% en 2011; o 99,5% en 2012 e o 99,9% en 2013.
- Fundación Semana Verde as citadas porcentaxes son do 80,5%, 76,7% e 77,3% en 2011, 2012 e 2013 respectivamente.
- Ifeco foron do 99,6%, 99,5% e 97,5% aínda que estes porcentaxes están desvirtuados porque a fundación non rexistra adecuadamente os ingresos atendendo a súa procedencia de actividade propia ou mercantil.

Informe de Fiscalización das Fundacións Feirais Públicas de Galicia


- Expolugo a porcentaxe de ingresos por actividade propia en relación cos ingresos totais sitúase en torno ao 60% nos tres exercicios (concretamente foi do 62,9% en 2011; o 59,7% en 2012 e o 59,4% en 2013).

- Expourense os datos da porcentaxe de ingresos por actividade propia en relación cos ingresos totais son do 34,4% en 2011; 75,9% en 2012 e 77,2% en 2013.

Pola contra, en Ifevi a porcentaxe de ingresos por actividade propia en relación cos ingresos totais foi do 3,9% en 2011; 4,9% en 2012 e 10,6% en 2013. A causa das baixas porcentaxes de ingresos propios sobre os ingresos totais do Ifevi é que unicamente organiza unha actividade propia en cada un dos exercicios analizados.

De acordo coas memorias de contas anuais rendidas no período analizado todas as fundacións cumpriron coa previsión do artigo 35 da LFIG que establece que deberase destinar á realización dos fins fundacionais polo menos o 70% das rendas e dos ingresos obtidos, logo de deducir os gastos realizados para a obtención de tales rendas e ingresos.

Gráfico 10. Ingresos por Actividade Propia e resto dos Ingresos




Por outra parte, no cadro e gráfico seguintes amósase a relación entre as subvencións rexistradas nas contas de perdas e ganancias e os ingresos totais das fundacións no período:

Cadro 11. Ingresos por Subvencións

2011								
Concepto	A Estrada	Expolugo	Expourense	Ifevi	Semana Verde	Ifeco	Fexdega	Agregado
Total ingresos	300.628,52	861.517,31	1.610.439,64	1.025.482,77	1.651.679,26	307.474,00	317.250,00	6.074.471,50
Subvencións	134.143,82	612.067,20	709.426,29	0,00	196.691,43	0,00	261.680,33	1.914.009,07
% Subvencións / Total ingresos	44,6	71,0	44,1	0,0	11,9	0,0	82,5	31,5
2012								
Concepto	A Estrada	Expolugo	Expourense	Ifevi	Semana Verde	Ifeco	Fexdega	Agregado
Total ingresos	206.391,71	777.802,99	1.256.523,61	807.200,33	1.401.275,05	707.266,00	239.044,27	5.395.503,96
Subvencións	59.256,06	561.622,40	531.931,60	0,00	75.955,28	0,00	239.023,62	1.467.788,96
% Subvencións / Total ingresos	28,7	72,2	42,3	0,0	5,4	0,0	100,0	27,2
2013								
Concepto	A Estrada	Expolugo	Expourense	Ifevi	Semana Verde	Ifeco	Fexdega	Agregado
Total ingresos	210.746,33	760.652,18	1.311.175,94	560.096,60	1.454.757,65	1.125.728,00	0,00	5.423.156,70
Subvencións	70.581,50	579.380,72	568.418,48	345,60	90.530,44	0,00	0,00	1.309.256,74
% Subvencións / Total ingresos	33,5	76,2	43,4	0,1	6,2	0,0		24,1

Gráfico 11. Importe das Subvencións sobre os Ingresos Totais



Informe de Fiscalización das Fundacións Feirais Públicas de Galicia

A análise individualizada da representatividade das subvencións en relación cos ingresos totais permite clasificar as fundacións en dous grupos diferenciados: nun primeiro grupo estarían as que rexistran maior porcentaxe de subvencións en relación cos ingresos totais integrado por as Fundacións Fexdega, Expolugo, A Estrada e Expourense nas que as porcentaxes foron as seguintes:

Fundacións	2011	2012	2013
Fexdega	82,5%	100,0%	S/D
Expolugo	71,0%	72,2%	76,2%
A Estrada	44,6%	28,7%	33,5%
Expourense	44,1%	42,3%	43,4%

No segundo grupo estarían as que rexistran os menores porcentaxes de subvencións en relación cos ingresos totais integrado polas fundacións Ifevi, Ifeco e Semana Verde. Nas dúas primeiras a porcentaxe é nula, e en Semana Verde é do 11,9% en 2011; do 5,4% en 2012 e do 6,2% en 2013.

En termos agregados a porcentaxe de subvencións en relación cos ingresos totais do período para o conxunto das fundacións é do 31,5% en 2011; 27,2% en 2012 e do 24,1% en 2013, o que pon de manifesto un alto grao de dependencia financeira do conxunto das fundacións das subvencións.

III.6 TESOURERÍA

Recóllese neste epígrafe o efectivo en caixa e bancos, os depósitos e outros activos líquidos rexistrados nos balances das distintas fundacións.

A evolución dos fondos de tesourería a 31 de decembro dos tres exercicios analizados para as distintas fundacións é a que se amosa nos seguintes cadros e gráficos:

Cadro 12. Evolución do Efectivo e Outros Activos Líquidos. Tesourería

FUNDACIÓN	2011	%	2012	%	2013	%	Variación 2013 / 2011
A Estrada	10.461,58	0,3	130.915,19	5,3	134.299,47	5,9	123.837,89
Expolugo	343.403,14	10,9	101.807,29	4,1	22.965,47	1,0	-320.437,67
Expourense	19.148,81	0,6	82.513,64	3,3	71.278,82	3,1	52.130,01
Ifevi	2.669.798,89	84,4	1.772.458,55	71,1	1.733.596,61	75,9	-936.202,28
Semana Verde	101.796,57	3,2	127.401,58	5,1	37.373,90	1,6	-64.422,67
Ifeco *(1)	7.746,86	0,2	278.236,73	11,2	283.519,52	12,4	275.772,66
Fexdega	10.257,07	0,3	-526,62	0,0	S/D		S/D
TOTAL	3.162.612,92	100,0	2.492.806,36	100,0	2.283.033,79	100,0	-869.322,06

*(1) As contas anuais rendidas de Ifeco preséntanse sen decimais polo que existe unha diferenza de redondeo entre a información dos balances e a que se presenta nos cadros.

Cadro 13. Clasificación do Efectivo e Outros Activos Líquidos. Tesourería

Fundación	2011			2012			2013		
	Caixa	Bancos	Total	Caixa	Bancos	Total	Caixa	Bancos	Total
A Estrada	638,50	9.823,08	10.461,58	125,69	130.789,50	130.915,19	2.228,08	132.071,39	134.299,47
Expolugo	3.940,48	339.462,66	343.403,14	2.617,29	99.190,00	101.807,29	1.983,85	20.981,62	22.965,47
Expourense	189,69	18.959,12	19.148,81	806,90	81.706,74	82.513,64	6,26	71.272,56	71.278,82
Ifevi	48.219,94	2.621.578,95	2.669.798,89	47.742,35	1.724.716,20	1.772.458,55	42.589,48	1.691.007,13	1.733.596,61
Semana Verde	1.276,13	100.520,44	101.796,57	1.012,61	126.388,97	127.401,58	1.504,08	35.869,82	37.373,90
Ifeco	2.817,70	4.929,16	7.746,86	253,13	277.983,60	278.236,73	36,90	283.482,62	283.519,52
Fexdega	S/D	10.257,07	10.257,07	S/D	-526,62	-526,62	S/D	S/D	S/D
TOTAL	57.082,44	3.105.530,48	3.162.612,92	52.557,97	2.440.248,39	2.492.806,36	48.348,65	2.234.685,14	2.283.033,79

Gráfico 12. Evolución Agregada do Efectivo e outros Activos Líquidos





Gráfico 13. Evolución Agregada e Individualizada do Efectivo e outros Activos Líquidos



Os fondos na tesourería para o conxunto das fundacións analizadas pasaron de 3,2 millóns de euros a 31-12-2011 a 2,3 millóns euros en 2013, o que supón una diminución no período de 0,9 millóns de euros que se concentra fundamentalmente na producida en Ifevi. Porén, destaca o importante volume de fondos que mantén a citada fundación na súa tesourería por importes superiores en 2011 e 2013 aos seus orzamentos. De feito, mais do 71% dos recursos na tesourería do conxunto das fundacións no período analizado pertencen á citada fundación, o que podería poñer en cuestión a idoneidade de manter tal volume de recursos na tesourería.

Por outra parte, Fexdega presenta as contas anuais de 2012 con saldo negativo por importe de - 526,62 euros na agrupación efectivo e outros activos líquidos do activo do balance, sen que se faga referencia a esta circunstancia no acordo de aprobación de contas nin nos distintos informes que acompañan ás contas rendidas.

Non existe constancia de que en ningunha das fundacións analizadas existan aprobadas por órgano competente normas internas sobre funcionamento da tesourería, da caixa de efectivo nin sobre a periodicidade da elaboración de arqueos.

Porén, todas as fundacións analizadas agás Fexdega, da que non se obtivo información, dispoñen de caixa de efectivo. Se ben os saldos ao fin de exercicio, que figuran conciliados, son cuantitativamente pouco importantes, os movementos que xeran as caixas de efectivo nos distintos exercicios acadan importes (mais de 100.000 euros anuais en Expourense e Ifevi e mais 50.000 euros en Expolugo) que farían necesario a aprobación de normas de funcionamento interno sobre a súa xestión, conceptos afectados, importes, xustificación e control, elaboración e periodicidade dos arqueos. Caso especial é a fundación Semana Verde que habitualmente elabora arqueos de caixa xa que os seus movementos a través da caixa de efectivo superan os dous millóns de euros anuais ao xestionar a fundación a Lonxa Agropecuaria de Galicia.

As fundacións de Expolugo, Expourense e Semana Verde teñen tarxetas de crédito a disposición da súa dirección ou xerencia para o pagamento de gastos de viaxes e outras indemnizacións nas que se acumulan movementos por importes anuais xeralmente inferiores a 10.000 euros. No caso da fundación Expourense existen dúas tarxetas de crédito, unha de empresa e outra a disposición do director; e na fundación Expolugo existe unha tarxeta a disposición da xerencia da fundación a pesar de que o servizo préstase de xeito externalizado.

IV. ANÁLISE DAS MAGNITUDES E INDICADORES ECONÓMICO-FINANCIEROS

IV.1 DOTACIÓN FUNDACIONAL E PATRIMONIO NETO

Dotación Fundacional

A dotación fundacional está constituída polos bens e dereitos de contido patrimonial que, inicialmente e durante a existencia da fundación, son aportados en tal concepto polos socios fundadores ou terceiras persoas e que están afectados polo padroado aos fins fundacionais. As súas características fundamentais son o seu carácter de permanencia e a súa afectación aos fins fundacionais.

De acordo co artigo 13 da LFIG a dotación fundacional poderá consistir en bens ou dereitos de calquera clase e terá que ser adecuada e suficiente para o cumprimento dos fins fundacionais. Presumirase suficiente a dotación cuxo valor económico alcance os 30.000 euros.

A dotación fundacional inicial individualizada das fundacións analizadas así como as aportacións dos distintos patróns fundadores e as correspondentes porcentaxes de participación amósanse nos seguintes cadros:

Cadro 14. Dotación Fundacional Inicial e Aportacións dos distintos Patróns Fundadores

Fundación da Estrada		
Patróns	Dotación Fund. Inicial	%
Xunta de Galicia	60.101,20	11,6
Concello da Estrada	406.692,44	78,6
Deputación de Pontevedra	30.050,61	5,8
Cámara de comercio de Vilagarcía	19.833,40	3,8
Asociación de empresarios da Estrada	601,01	0,1
Total	517.278,66	100

Feiras e Exposicións de Ourense		
Patróns	Dotación Fund. Inicial	%
Xunta de Galicia	420.708,00	22,9
Concello de Ourense	1.250.105,12	68,0
Cámara de Comercio de Ourense ¹	45.075,00	2,5
Confederación de empresarios	3.005,06	0,2
Inorde (Instituto Ourenseán de Desenvolvemento Económico)	120.000,00	6,5
Total	1.838.893,18	100

Feiras e Exposicións de Lugo		
Patróns	Dotación Fund. Inicial	%
Xunta de Galicia	300.506,06	20,6
Concello de Lugo	1.152.468,38	79,2
Deputación de Lugo	1.502,53	0,1
Confederación de empresarios de Lugo	1.202,02	0,1
Total	1.455.678,99	100

Semana Verde de Galicia		
Patróns	Dotación Fund. Inicial	%
Xunta de Galicia	2.404.049,00	90,1
Concello de Silleda	75.126,00	2,8
Asoc.Feiral Semana Verde	184.054,00	6,9
Cámara de Comercio de Pontevedra	6.010,00	0,2
Total	2.669.239,00	100

¹ Modificación realizada como consecuencia das alegacións formuladas.

Informe de Fiscalización das Fundacións Feirais Públicas de Galicia

Instituto Feiral de Vigo		
Patróns	Dotación Fund. Inicial	%
Xunta de Galicia	1.202.024,25	40,2
Concello de Vigo	1.694.854,12	56,6
Deputación	60.101,21	2,0
COCIN Vigo	12.020,24	0,4
CEP	12.020,24	0,4
Mancomun. Área Intermunicipal de Vigo	12.020,24	0,4
Total	2.993.040,30	100

Instituto Feiral de Coruña		
Patróns	Dotación Fund. Inicial	%
Xunta de Galicia	60.101,20	74,6
Concello da Coruña	2.404,05	3,0
Deputación da Coruña	12.020,24	14,9
Cámara de Comercio da Coruña	3.005,06	3,7
Confederación de empresarios	3.005,06	3,7
Total	80.535,61	100

Fexdega		
Patróns	Dotación Fund. Inicial	%
Xunta de Galicia	601.012,12	58,8
Concello De Vilagarcía	360.607,25	35,3
Cámara de Comercio de Vilagarcía	60.101,21	5,9
Total	1.021.720,58	100

Nas distintas fundacións figuran como patróns fundadores a Xunta de Galicia, os distintos concellos, as deputacións provinciais, as cámaras de comercio e as asociacións de empresarios, observándose que unicamente na dotación fundacional inicial de tres fundacións tiña participación maioritaria a Xunta de Galicia: Semana Verde cun 90,1%; Ifeco cun 74,6% e Fexdega 58,8%.

O resumo da evolución da dotación fundacional é a que se detalla no cadro e gráficos seguintes:

Cadro 15. Evolución da Dotación Fundacional e da Aportación da Xunta de Galicia

FUNDACIONS	Dotación fundacional Inicial	Aportación Xunta Dotación F. Inicial	%	Dotación Fund. a 31-12-2011	Aportación Xunta	% Xunta	Dotación Fund. a 31-12-2013	Aportación Xunta	% Xunta
A Estrada	517.278,66	60.101,20	11,6	1.219.088,34	761.910,89	62,5	1.349.088,34	891.910,89	66,1
Expolugo *	1.455.678,99	300.506,06	20,6	1.887.386,21	732.213,30	38,8	2.037.986,21	882.813,30	43,3
Expourense	1.838.893,18	420.708,00	22,9	7.047.298,42	3.872.732,68	55,0	7.502.298,42	4.327.732,68	57,7
Ifevi	2.993.040,30	1.202.024,25	40,2	19.592.138,40	17.507.373,21	89,4	19.632.138,40	17.547.373,21	89,4
Semana Verde	2.669.239,00	2.404.049,00	90,1	50.380.778,00	47.182.144,00	93,7	51.015.101,00	48.448.467,00	95,0
Ifeco	80.535,61	60.101,20	74,6	40.900.817,00	26.468.223,00	64,7	41.069.822,00	26.628.223,00	64,8
Fexdega	1.021.720,58	601.012,12	58,8	1.297.745,58	871.012,11	67,1	---	---	---
TOTAL	10.576.386,32	5.048.501,83	47,7	122.325.251,95	97.395.609,19	79,6	122.606.434,37	98.726.520,08	80,5

*A participación do 43,3% da Xunta de Galicia que figura rexistrada en contabilidade na dotación fundacional a 31/12/2013 está desvirtuada polo feito de que os ingresos derivados do convenio de colaboración para a construción do recinto feiral figuran rexistrados en contabilidade como subvención de capital. Deste xeito a participación da Xunta de Galicia no patrimonio fundacional, constituído basicamente polo recinto feiral correspóndese co 65% sinalado no convenio como se recolle no apartado III.3 contas anuais do Informe.

Gráfico 14. Dotación Fundacional Inicial e Aportación da Xunta de Galicia





Gráfico 15. Dotación Fundacional a 31-12-2013 e Aportación da Xunta



A dotación fundacional do conxunto das fundacións pasou de 10,6 millóns de euros no seu inicio a 122,3 millóns de euros en 2011, e 122,6 millóns de euros en 2013 polo que a dotación fundacional do conxunto das fundacións feirais incrementouse dende o seu inicio ata 2013 en 112 millóns de euros. Este incremento da dotación fundacional está directamente ligada ós investimentos en

Informe de Fiscalización das Fundacións Feirais Públicas de Galicia

infraestruturas destinados á construción dos edificios sede das fundacións que foi maioritariamente financiado pola Xunta de Galicia.


Así a aportación da Xunta de Galicia á dotación fundacional inicial para o conxunto das fundacións feirais foi de 5,04 millóns de euros o que representaba unha porcentaxe de participación do 47,7%, ostentando unha participación maioritaria só en tres fundacións Semana Verde, Ifeco e Fexdega. A finais de 2013 a aportación da Xunta de Galicia á dotación fundacional era de 98,7 millóns de euros o que representa unha porcentaxe do 80,5% tendose incrementado en 93,7 millóns de euros e superando o 50% en todas as fundacións.

Pola contra, as aportacións do resto dos patróns á dotación fundacional pasou de 5,6 millóns de euros no momento inicial –o que representaba unha porcentaxe de participación 52,3%- a 24,9 millóns de euros a finais de 2013 o que representa unha porcentaxe de participación do 19,5%.

En consecuencia, a aportación da Xunta de Galicia á dotación fundacional das fundacións feirais medrou nunha porcentaxe moito maior que as do resto dos patróns.

Nos gráficos seguintes amósase individualizadamente a evolución da dotación fundacional das distintas fundacións así como as aportacións da Xunta de Galicia ás mesmas.

Gráfico 16. Evolución da Dotación Fundacional e Evolución da Aportación da Xunta de Galicia




O total da dotación fundacional agregada a 31-12-2013 que ascende a 122,6 millóns de euros, distribúese do seguinte xeito nas distintas fundacións:

Cadro 16. Dotación Fundacional Agregada a 31-12-2013 e Aportación da Xunta de Galicia

Fundacións	Dotación Fundacional a 31-12-2013	%	Aportación Xunta Galicia a 31-12-2013	%
A Estrada	1.349.088,34	1,1	891.910,89	0,9
Expolugo	2.037.986,21	1,7	882.813,30	0,9
Expourense	7.502.298,42	6,1	4.327.732,68	4,4
Ifevi	19.632.138,40	16,0	17.547.373,21	17,8
Semana Verde	51.015.101,00	41,6	48.448.467,00	49,1
Ifeco	41.069.822,00	33,5	26.628.223,00	27,0
TOTAL	122.606.434,37	100,0	98.726.520,08	100,0

Gráfico 17. Dotación Fundacional a e Aportación da Xunta de Galicia 31-12-2013



Tres fundacións, Semana Verde, Ifeco e Ifevi absorben o 91,1% do total da dotación fundacional das seis fundacións existentes a 31-12-2013.

As mesmas tres fundacións, Semana Verde, Ifeco e Ifevi absorben o 93,9% do total das aportacións da Xunta de Galicia á dotación fundacional das seis fundacións existentes a 31-12-2013.

Patrimonio Neto

O patrimonio neto inclúe as aportacións realizadas polos socios na constitución da fundación ou en momentos posteriores así como os resultados acumulados e outras variacións que lle afecten, en concreto os axustes e as subvencións, doazóns e legados recibidos; de xeito que a variación do patrimonio neto no exercicio equivale ó resultado total do exercicio.

A dotación fundacional da fundación Semana Verde que figura nos balances das distintas contas rendidas mantén unha diferenza de 2.419.516,41 euros coa dotación fundacional real debido á aplicación para compensar perdas realizada a 31-12-93 polo citado importe por acordo do padroado.

A composición do patrimonio neto das distintas fundacións a 31-12-2013 é a que se detalla no cadro seguinte:

Cadro 17. Composición do Patrimonio Neto a 31-12-2013

PATRIMONIO NETO A 31-12-2013							
PATRIMONIO NETO	A Estrada	Expolugo	Expourense	Ifevi	Semana Verde	Ifeco	Total Agregado
A-1) Fondos Propios	577.335,19	2.010.894,03	4.191.133,74	12.539.490,59	13.669.607,40	33.629.995,00	66.618.455,95
I. Dotación fundacional	1.349.088,34	2.037.986,21	7.502.298,42	19.632.138,40	48.595.584,59	41.069.822,00	120.186.917,96
II. Reservas							
III. Excedente de exercicios anteriores	-744.841,23	26.057,70	-3.014.935,28	-5.989.743,35	-33.649.585,70	-6.717.393,00	-50.090.440,86
IV. Excedente do exercicio	-26.911,92	-53.149,88	-296.229,40	-1.102.904,46	-1.276.391,49	-722.434,00	-3.478.021,15
A-2 Axuste por cambio de valor							
A- 3 Subvencións, doazón e legados		6.849.843,30	2.422.269,21	13.478,40	533.395,13		9.818.986,04
TOTAL PATRIMONIO NETO	577.335,19	8.860.737,33	6.613.402,95	12.552.968,99	14.203.002,53	33.629.995,00	76.437.441,99

A 31-12-2013 o patrimonio neto agregado das fundacións que ascende a 76,4 millóns de euros representa unicamente o 63,6% da dotación fundacional total, sendo a súa tendencia a seguir diminuindo mentres sigan a producirse resultados anuais negativos.

A evolución (2011-2013) dos distintos conceptos que compoñen o patrimonio neto amósase no cadro seguinte:

Cadro 18. Desglose por conceptos do Patrimonio Neto

PATRIMONIO NETO AGREGADO	2011	2013
A-1) Fondos Propios	72.893.382,65	66.618.455,95
I. Dotación fundacional	119.905.736,79	120.186.917,96
II. Reservas	49.730,92	0,00
III. Excedente de exercicios anteriores	-41.704.732,18	-50.090.440,86
IV. Excedente do exercicio	-5.357.352,88	-3.478.021,15
A-2 Axuste por cambio de valor	0,00	0,00
A-3 Subvencións, doazón e legados recibidos	14.363.434,22	9.818.986,04
PATRIMONIO NETO	87.256.816,87	76.437.441,99

O patrimonio neto agregado das seis fundacións feirais públicas existentes pasou de 87,3 millóns de euros en 2011 a 76,4 millóns de euros en 2013, o que supón unha diminución en só dous anos de 10,8 millóns de euros.


As perdas acumuladas polas distintas fundacións por importe de 53,6 millóns de euros a 31-12-2013 están reducindo os fondos propios e o patrimonio neto das mesmas a pesar das continuas inxeccións de aportacións á dotación fundacional realizadas fundamentalmente por parte da Xunta de Galicia.

O desglose e participación de cada unha das fundacións no patrimonio neto agregado a 31 de decembro de 2013 amósase no cadro e gráfico seguintes:

Cadro 19. Patrimonio Neto por Fundacións a 31-12-2013

Fundacións	Patrimonio Neto Agregado a 31-12-2013	%
A Estrada	577.335,19	0,8
Expolugo	8.860.737,33	11,6
Expourense	6.613.402,95	8,7
Ifevi	12.552.968,99	16,4
Semana Verde	14.203.002,53	18,6
Ifeco	33.629.995,00	44,0
TOTAL	76.437.441,99	100,0

Gráfico 18. Patrimonio Neto a 31-12-2013



IV.II RESULTADO TOTAL DO EXERCICIO

O resultado total do exercicio recolle as variacións orixinadas e recoñecidas no patrimonio neto das fundacións procedentes do excedente do exercicio así como as derivadas de axustes, transferencias e reclasificacións realizadas ao excedente de acordo coas normas de rexistro e valoración, e as variacións na dotación fundacional.

A evolución do resultado total do exercicio das distintas fundacións no período 2011-2013 que figuran nas contas anuais rendidas amósase nos cadros e gráficos seguintes:

Cadro 20. Resultado Total do Exercicio

Resultado total do Exercicio	2011	2012	2013	TOTAL
Fundación da Estrada	-100.316,38	27.459,43	-28.109,91	-100.966,86
Expolugo	2.405,66	1.975,59	-53.149,88	-48.768,63
Expourense	-407.104,61	-261.161,74	-376.669,15	-1.044.935,50
Ifevi	-783.232,26	-1.071.446,36	-1.089.426,06	-2.944.104,68
Semana Verde	-2.190.623,50	-929.627,40	-990.855,96	-4.111.106,86
Ifeco	-1.694.965,00	-640.040,00	-695.434,00	-3.030.439,00
Fexdega	-257.212,54	-39.013,39	S/D	-296.225,93
TOTAL	-5.431.048,63	-2.911.853,87	-3.233.644,96	-11.576.547,46

Gráfico 19. Resultado Total Agregado



Gráfico 20. Evolución do Resultado Total Individualizado





Gráfico 21. Resultado Total Acumulado no período 2011-2013



A característica común da evolución do resultado total das fundacións no período analizado é a obtención de resultados totais negativos. Unicamente dúas fundacións, Expolugo en 2011 e 2012 e a Fundación da Estrada en 2012 acadan resultados totais positivos. O resultado total agregado das perdas das sete fundacións foi de -5,4 millóns de euros en 2011, -2,9 millóns de euros en 2012 e -3,2 millóns de euros en 2013.

Así, o resultado total dos tres exercicios acaba un importe agregado para o conxunto das fundacións de -11,6 millóns de euros, que a pesar de terse reducido en 2012 o 46,3% sobre 2011 e manterse en 2013 no nivel das perdas de 2012, configúrase como unha situación insostible no medio prazo.

Tres fundacións Ifevi, Semana Verde e Ifeco concentran a parte mais significativa das perdas dos tres exercicios 86,0% en 2011; 90,7% en 2012 e 85,8% en 2013, sendo a aportación destas tres fundacións ao resultado negativo conxunto dos tres exercicios do 87,1%.

IV.III ANÁLISE DOUTROS INDICADORES ECONÓMICO-FINANCIEROS

Formúlanse a continuación uns indicadores obtidos das contas anuais rendidas das distintas fundacións que permiten analizar a súa posición económico-financeira no período 2011-2013.

Indicadores de solvencia a curto e longo prazo

1.- Fondo de Manobra


Un primeiro indicador da solvencia a curto prazo é o fondo de manobra que amosa a capacidade do activo corrente das distintas fundacións para facer fronte o seu pasivo corrente. Calcúlase como a diferenza entre os importes de ambos epígrafes do balance.

No cadro e gráfico seguintes preséntase a evolución do fondo de manobra das distintas fundacións no período analizado:

Cadro 21. Evolución do Fondo de Manobra

Evolución do Fondo Manobra				
Fundación	Concepto	2011	2012	2013
A Estrada	Activo Corrente	53.294,15	177.607,75	163.017,37
	Pasivo Corrente	-41.460,11	26.136,89	9.629,26
	Fondo Manobra	94.754,26	151.470,86	153.388,11
Expolugo	Activo Corrente	1.427.009,28	1.040.584,10	930.522,01
	Pasivo Corrente	332.113,39	471.774,06	550.697,55
	Fondo Manobra	1.094.895,89	568.810,04	379.824,46
Expourense	Activo Corrente	1.721.465,09	1.557.351,97	1.474.525,58
	Pasivo Corrente	390.802,98	174.154,06	121.209,06
	Fondo Manobra	1.330.662,11	1.383.197,91	1.353.316,52
Ifevi	Activo Corrente	3.228.809,39	2.461.405,41	2.227.558,66
	Pasivo Corrente	428.468,32	308.706,21	476.902,13
	Fondo Manobra	2.800.341,07	2.152.699,20	1.750.656,53
Semana Verde	Activo Corrente	612.134,54	465.945,37	274.874,01
	Pasivo Corrente	463.442,41	424.713,82	461.371,75
	Fondo Manobra	148.692,13	41.231,55	-186.497,74
Ifeco	Activo Corrente	203.967,00	585.027,00	389.030,00
	Pasivo Corrente	361.255,00	547.446,00	110.329,00
	Fondo Manobra	-157.288,00	37.581,00	278.701,00
Fexdega	Activo Corrente	115.463,55	17.600,46	S/D
	Pasivo Corrente	347.278,56	304.801,93	S/D
	Fondo Manobra	-231.815,01	-287.201,47	S/D
Activo Corrente Agregado		7.362.143,00	6.305.522,06	5.459.527,63
Pasivo Corrente Agregado		2.281.900,55	2.257.732,97	1.730.138,75
Fondo Manobra Agregado		5.080.242,45	4.047.789,09	3.729.388,88

Gráfico 22. Evolución do Fondo de Manobra



A evolución do fondo de manobra para o conxunto das fundacións pasou de 5,1 millóns de euros en 2011 a 3,7 millóns en 2013, o que supón unha diminución no período de 1,4 millóns de euros.

Aproximadamente o 50% do fondo de manobra conxunto das fundacións no período analizado localízase na fundación Ifevi que pasou de 2,8 millóns de euros en 2011 a 1,8 millóns en 2013 circunstancia que está directamente ligada á evolución dos fondos da tesourería da mesma aos que se fixo referencia no apartado correspondente do informe. Expourense mantén un estable e elevado fondo de manobra no período.

Unicamente tres fundacións presentan un fondo de manobra negativo nalgún exercicio: Semana Verde en 2013, Ifeco en 2011 e Fexdega nos dous exercicios analizados (2011 e 2012), sendo esta última a que presenta o maior fondo de manobra negativo.

Ifeco pasa dun fondo de manobra negativo en 2011 a positivo en 2013, evolución inversa á da fundación Semana Verde que pasa dun fondo de manobra positivo en 2011 a negativo en 2013.

Salvo nestes casos, e para o resto das fundacións analizadas os importes dos seus activos correntes cobren as débedas esixibles a curto prazo.

2.- Solvencia Financeira a L/P. Rátio de endebedamento.

O rátio de endebedamento total (longo e curto prazo) mide a relación entre os debedores totais e os fondos propios, e dicir a relación entre o pasivo total (corrente e non corrente) e os fondos propios das fundacións. O seu valor debe ser inferior á unidade, considerándose como valor óptimo o que se sitúa entre 0,4 e 0,6.

Cadro 22. Ratio de Endebedamento

Rátio Endebedamento				
Fundación	Concepto	2011	2012	2013
A Estrada	Pasivo Total	-41.460,11	26.136,89	9.629,26
	Fondos Propios	577.985,67	605.445,10	577.335,19
	Rátio Endebedamento	-0,07	0,04	0,02
Expolugo	Pasivo Total	857.208,07	697.963,40	712.964,09
	Fondos Propios	2.062.068,32	2.064.043,91	2.010.894,03
	Rátio Endebedamento	0,42	0,34	0,35
Expourense	Pasivo Total	390.802,98	174.154,06	121.209,06
	Fondos Propios	4.518.085,13	4.412.363,14	4.191.133,74
	Rátio Endebedamento	0,09	0,04	0,03
Ifevi	Pasivo Total	430.949,30	310.509,25	478.705,17
	Fondos Propios	14.713.841,41	13.642.395,05	12.539.490,59
	Rátio Endebedamento	0,03	0,02	0,04
Semana Verde	Pasivo Total	8.941.581,71	8.953.107,26	8.990.299,48
	Fondos Propios	15.561.161,85	14.645.998,89	13.669.607,40
	Rátio Endebedamento	0,57	0,61	0,66
Ifeco	Pasivo Total	369.991,00	547.826,00	110.709,00
	Fondos Propios	34.965.469,00	34.325.429,00	33.629.995,00
	Rátio Endebedamento	0,01	0,02	0,00
Fexdega	Pasivo Total	1.588.234,53	1.490.034,95	S/D
	Fondos Propios	494.771,27	455.757,88	S/D
	Rátio Endebedamento	3,21	3,27	S/D
Pasivo Fundacións Agregado		12.537.307,48	12.199.731,81	10.423.516,06
Fondos Propios Agregado		72.893.382,65	70.151.432,97	66.618.455,95
Rátio Endebedamento Total		0,17	0,17	0,16

A evolución do rático de endebedamento total para o conxunto das fundacións sitúase estable en torno ao 0,17 para os tres exercicios analizados, o que pon de manifesto que os fondos propios do conxunto das fundacións cobren sobradamente as súas débedas totais non sendo o endebedamento total das fundacións especialmente significativo.

Individualizadamente as fundacións manteñen uns ráticos de endebedamento total saneados agás tres delas: Fexdega que reflicte uns ráticos de endebedamento por encima da unidade (3,2 en 2011 e 3,3 en 2012, o que significa que as débedas triplican os fondos propios), A Estrada en 2011 e Expolugo nos tres exercicios xa que o seu valor figura desvirtuado polo incorrecto rexistro no pasivo dos balances de importes negativos destinados a compensar o produto da aportación da Xunta de Galicia á dotación fundacional (xa posto de manifesto no apartado de contas anuais, páxina 46 do Informe).²

² Aclaración realizada en virtude das alegacións formuladas.

3.- Rátió de Garantía

O rátió de garantía ou solvencia total amosa a relación existente entre o activo real e os debedores totais e mide a garantía que as entidades amosan para facer fronte as súas débedas ou obrigas de pagamento a acredores. Mide a distancia á creba das entidades analizadas e o seu valor debe situarse en magnitudes superiores á unidade.

No cadro seguinte amósase a evolución do rátió de garantía para as distintas fundacións no período analizado podendo observarse que o seu valor é moi superior á unidade en todas as fundacións, agás na Fundación da Estrada en 2011 polos motivos citados no epígrafe anterior (incorrecto rexistro de dereitos de cobro negativos no pasivo do balance). O citado rátió sitúase para o conxunto das fundacións no 8,0 no exercicio 2011; no 7,9 en 2012 e no 8,3 en 2013.


Cadro 23. Rátió de Garantía

Rátió de Garantía				
Fundación	Concepto	2011	2012	2013
A Estrada	Activo Total	536.525,56	631.581,99	586.964,45
	Pasivo Total	-41.460,11	26.136,89	9.629,26
	Rátió Garantía	-12,9	24,2	61,0
Expolugo	Activo Total	10.264.370,05	9.847.830,16	9.573.701,42
	Pasivo Total	857.208,07	697.963,40	712.964,09
	Rátió Garantía	12,0	14,1	13,4
Expourense	Activo Total	7.642.036,82	7.164.226,16	6.734.612,01
	Pasivo Total	390.802,98	174.154,06	121.209,06
	Rátió Garantía	19,6	41,1	55,6
Ifevi	Activo Total	15.144.790,71	13.952.904,30	13.031.674,16
	Pasivo Total	430.949,30	310.509,25	478.705,17
	Rátió Garantía	35,1	44,9	27,2
Semana Verde	Activo Total	25.065.067,60	24.146.965,75	23.193.302,01
	Pasivo Total	8.941.581,71	8.953.107,26	8.990.299,48
	Rátió Garantía	2,8	2,7	2,6
Ifeco	Activo Total	35.335.460,00	34.873.255,00	33.740.704,00
	Pasivo Total	369.991,00	547.826,00	110.709,00
	Rátió Garantía	95,5	63,7	304,8
Fexdega	Activo Total	5.805.873,61	5.501.491,73	S/D
	Pasivo Total	1.588.234,53	1.490.034,95	S/D
	Rátió Garantía	3,7	3,7	S/D
Activo Fundacións Agregado		99.794.124,35	96.118.255,09	86.860.958,05
Pasivo Fundacións Agregado		12.537.307,48	12.199.731,81	10.423.516,06
Rátió de Garantía Total		8,0	7,9	8,3

En relación coas magnitudes deste rátió é importante destacar que a práctica totalidade do importe do activo das fundacións concéntrase no inmovilizado material, é dicir nas infraestruturas dos

recintos feirais. Así, a porcentaxe do inmovilizado sobre o total activo para o conxunto das fundacións é do 90,6% en 2011; 91,4% en 2012 e do 92,5% en 2013; e tres fundacións Ifeco, Semana Verde e Ifevi concentran o 82,3% do valor do inmovilizado total do conxunto das fundacións a 31-12-2013 tal e como se amosa no gráfico seguinte:

Gráfico 23. Inmovilizado Material das Fundacións a 31-12-2013



En consecuencia, con carácter xeral a evolución dos indicadores económico-financeiros dos balances analizados presentan valores aceptables agás no caso de Fexdega que presenta un fondo de manobra negativo e un rático de endebedamento total superior á unidade nos dous exercicios analizados, de Ifeco que presenta o fondo de manobra negativo en 2011 e Semana Verde que presenta fondo de manobra negativo en 2013.

Porén, a evolución das magnitudes do resultado de explotación e do resultado total do conxunto das fundacións analizadas no período 2011-2013 presenta uns valores negativos que poñen en cuestión a viabilidade do modelo de fundacións públicas para a xestión destes recintos feirais, por causa da incapacidade das mesmas de xerar os ingresos suficientes para facer fronte os seus gastos de funcionamento. Así, os seus ingresos non son suficientes para cubrir os gastos de explotación, fundamentalmente constituídos polos gastos de funcionamento e as amortizacións do inmovilizado, que están directamente ligadas ao dimensionamento dos recintos feirais; como xa se anticipaba no análise de diagnóstico xeral das fundacións incluído nos orzamentos da fundación Fexdega para o exercicio 2011 (apartado I.1.2 do Informe "contexto e antecedentes da fiscalización", páxinas 11 e 12 do Informe).

Esta tendencia non ten mudado de xeito significativo nos resultados obtidos polas distintas fundacións nas contas anuais correspondentes aos exercicios 2014 e 2015, agás o caso de Semana

Informe de Fiscalización das Fundacións Feirais Públicas de Galicia

Verde que presenta para o exercicio 2014 un resultado de explotación por importe de 3.967.301,11 euros e un resultado total de 4.927.357,06 euros como consecuencia da aplicación a resultados no exercicio do exceso das provisións dotadas a longo prazo despois de ser aplicados a súa finalidade os importes correspondentes.

Fundación	Resultado de Explotación Eercicio 2014	Resultado de Explotación Eercicio 2015	Resultado Total Eercicio 2014	Resultado Total Eercicio 2015
A Estrada	-22.755,32	-45.687,41	52.815,39	-46.951,60
Expolugo	-23.305,58	29.738,09	-50.998,11	4.124,13
Expourense	-270.591,24	-382.572,64	-419.791,00	-534.024,53
lfevi	-1.038.393,50	-1.100.543,21	-1.027.655,27	-1.098.092,56
Semana Verde	3.967.301,11	-709.432,31	4.927.357,06	-435.068,36
Ifeco *	-915.218,00	-838.316,00	-844.643,00	-838.573,00


* Os datos do Ifeco correspondentes a 2014 foron obtidos das contas anuais rendidas do exercicio 2015, xa que as correspondentes a 2014 non foron rendidas.

Deste xeito, existe unha relación directa entre o dimensionamento dos recintos feirais (o valor dos seus inmovilizados), o importe das amortizacións realizadas en cada exercicio e a evolución dos resultados negativos de explotación, que se traduce no feito de que as fundacións dotadas das maiores infraestruturas como son Ifeco, Semana Verde e lfevi son as que soportan as maiores amortizacións e gastos de mantemento e, consecuentemente, as maiores perdas tal como se reflicte no cadro e gráfico seguintes:

Cadro 24 Relacións existente entre Inmovilizado Material, as Amortización e os Resultados de Explotación

FUNDACIÓNS									
Concepto	Exercicio	A Estrada	Expolugo	Expourense	lfevi	Semana Verde	Ifeco	Fexdega	Agregado
Inmovilizado Material	2011	482.208,57	8.770.278,54	5.898.240,09	10.872.515,97	24.425.966,84	35.115.981,00	4.863.967,59	90.429.158,60
	2012	453.220,61	8.740.163,83	5.576.151,26	10.507.197,00	23.655.478,40	34.273.516,00	4.656.764,90	87.862.492,00
	2013	423.462,66	8.576.097,18	5.238.269,60	9.877.528,74	22.894.688,14	33.337.462,00	S/D	80.347.508,32
Amortización do inmovilizado	2011	31.795,33	249.745,00	362.401,30	789.547,77	778.268,70	841.742,00	222.318,38	3.275.818,48
	2012	30.740,48	241.671,23	373.866,45	795.312,69	772.352,68	842.965,00	207.216,84	3.264.125,37
	2013	29.824,47	244.046,64	374.499,03	807.602,40	762.592,38	840.155,00	S/D	3.058.719,92
TOTAL		92.360,28	735.462,87	1.110.766,78	2.392.462,86	2.313.213,76	2.524.862,00	429.535,22	9.598.663,77
Resultado de Explotación	2011	-100.410,47	34.905,12	-343.520,49	-835.305,45	-1.949.211,49	-1.693.391,00	-236.368,76	-5.123.302,54
	2012	-102.629,70	49.744,17	-499.666,03	-1.178.564,14	-1.199.441,82	-784.463,00	-18.037,75	-3.733.058,27
	2013	-26.977,90	-15.466,95	-308.344,38	-1.155.238,14	-1.239.202,11	-723.301,00	S/D	-3.468.530,48
TOTAL		-230.018,07	69.182,34	-1.151.530,90	-3.169.107,73	-4.387.855,42	-3.201.155,00	-254.406,51	-12.324.891,29

Gráfico 24. Relación por Fundación entre as Amortizacións e o Resultado de Explotación



No anexo III amósase a estrutura dos gastos de explotación das contas de PyG das fundacións no período analizado, clasificados nos epígrafes mais relevantes quantitativamente que inclúen os gastos de persoal, as amortizacións do inmovilizado e o resto dos gastos de explotación. Pode observarse que o 33,1% dos gastos de explotación do conxunto das fundacións corresponden ás amortizacións do inmovilizado, e o 22,9% aos gastos de persoal, existindo unha relación directa entre o dimensionamento dos recintos feirais, os seus gastos de amortización e os resultados negativos de explotación.

V. FUNDACIÓNS E PROCESO DE RACIONALIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN

V.1 DESVINCULACIÓN DA XUNTA DE GALICIA DA FUNDACIÓN FEXDEGA

A fundación Fexdega foi creada por Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública do 16 de novembro de 1993 (D.O.G. nº. 225 do 23-11-1993) e clasificada de interese industrial. A Consellería de Economía e Industria exerce o protectorado da fundación de acordo co disposto na citada Orde, e figura inscrita no rexistro de fundacións de interese galego co nº 1193/11.

A fundación non foi incluída nos orzamentos da Xunta de Galicia dos exercicios 2012 e 2013, e tampouco figura incluída no Inventario de Entidades do sector público autonómico do Ministerio de Economía do 01-07-2013, comprobándose que o último inventario no que figura é o correspondente ao 01-01-2013. No informe sobre a reordenación do sector público autonómico do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas correspondente ao 01-01-2014 figura como ente que causa baixa por separación da Xunta en virtude do acordo do Consello da Xunta de 26-04-2012.

Solicitouse información adicional á Consellería de Economía e Industria sobre o acordo do Consello da Xunta do 26-04-2012 e da información e documentación recibida da fundación e da Consellería de Economía e Industria extráctase o seguinte:

- 1.- Durante os exercicios 2011 e 2012 celebráronse reunións extraordinarias do padroado da fundación das que se destacan as seguintes:
 - a.- Reunión do 10-06-2011 na que se aproban as contas anuais e liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2010 que reflicte un saldo negativo de -42.771,51 euros, e delibérase sobre as posibles solucións a adoptar en relación coa situación económica e financeira de Fexdega.
 - b.- Reunión do 1-08-2011 na que delibérase sobre o exame da viabilidade da fundación e a posibilidade de que a xestión da fundación sexa asumida polo Concello para o que se precisa a modificación dos estatutos e o obxecto fundacional.
 - c.- Reunión de 19-08-2011 na que se toma coñecemento do informe sobre o estudo de evolución e viabilidade de Fexdega de data 1-08-2011 no que se inclúen ingresos e perdas de anos anteriores. Na reunión acórdase plantexar ao Concello que asuma a maioría do padroado e a xestión de Fexdega e extinguir os contratos dos catro traballadores da fundación.
 - d.- Reunión celebrada o día 5-01-2012, na que se presentan uns novos estatutos como o resultado da colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vilagarcía de Arousa, e se informa que a

Xunta acorda saír do padroado de Fexdega sempre e cando o Concello asuma a xestión, responsabilidade e maioría do padroado da fundación.

e.- Reunión do 11-06-2012 na que a fundación acorda a modificación dos seus estatutos.

2.- O 19-07-2012 presentouse no rexistro xeral da Xunta de Galicia unha solicitude coa petición de inscrición no rexistro de fundacións de interese galego dos acordos do padroado de 5-01-2012 e da escritura pública de modificación de estatutos de data 6-07-2012.

3.- Xa que a documentación estaba incompleta requeriuse documentacion complementaria que tivo entrada no rexistro da Xunta de Galicia o 25-10-2012.

4.- En novembro de 2012 a Consellería de Industria solicitou informes á Asesoría Xurídica e á Consellería de Economía e Facenda en relación coa modificación de estatutos da fundación Fexdega, co obxecto de cumprimentar o trámite establecido no artigo 114 da LOFAXGA relativo á autorización previa da Xunta de Galicia para modificación dos estatutos da fundación.

5.- Incorporouse ao expediente informe favorable da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía e Industria, de data 12-11-2012, sobre a modificación de estatutos da fundación Fexdega no que se fai constar que figura como fundación do sector público autonómico, polo que os seus estatutos deben ser modificados de acordo coas formalidades previstas no artigo 114 da LOFAXGA.

Non se dispón de mais información adicional sobre o acordo do Consello da Xunta do 26-04-2012, agás a referencia publicada na web sobre a proposta de desvinculación da Xunta de Fexdega.

En consecuencia, non consta que se dera cumprimento ó previsto no citado artigo 114 da LOFAXGA, que dispón que a constitución, transformación, modificación de estatutos, fusión e extinción das fundacións do sector público deberán ser autorizados por acordo do Consello da Xunta.

Na actualidade a fundación Fexdega non consta como fundación do sector público autonómico, sendo dependente do Concello de Vilagarcía de Arousa limitándose, en consecuencia, a análise da fundación feiral (Fexdega) aos exercicios 2011-2012.

V.2 A EXECUCIÓN DAS MEDIDAS DO PLAN DE RACIONALIZACIÓN. OS PLANS DE VIABILIDADE DAS FUNDACIÓNS E AVALIACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

O Consello da Xunta de Galicia adoptou no período 2010-2014 varios acordos dirixidos a racionalizar e adecuar a dimensión da súa administración institucional no marco das distintas fases do Plan de avaliación e racionalización de entes do sector público autonómico.

Porén, tal como se ten posto de manifesto nos distintos informes económico-financeiros das entidades instrumentais do sector público autonómico do Consello de Contas (2013-2014), non se ten procedido á publicación dos Plans nin da información sobre o seu seguimento e efectos, agás as referencias publicadas na paxina web institucional da Xunta de Galicia correspondentes aos resúmenes informativos das reunións do Consello da Xunta; circunstancia que compromete o cumprimento dun dos obxectivos do plan que é "*gañar en eficiencia e transparencia*". Debería procederse á íntegra publicación dos plans a así como da información do seu seguimento, efectos e avaliación.

De acordo coa información das citadas referencias informativas das reunións do Consello da Xunta, no período 2010-2012 a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa analizou a estrutura e funcionamento de 116 entes en dúas fases, entre os que figuran as sete fundacións feirais obxecto de análise.

Na primeira fase o Consello da Xunta do 22-04-2010 propuxo o mantemento da fundación Semana Verde, "*introducindo melloras*" que tampouco foron obxecto de publicación.

No Consello da Xunta do 3-06-2011 aprobouse a segunda fase do plan na que se analizarían as seis fundacións feirais restantes. Finalizada a análise na reunión do Consello do 26-04-2012 propúxose o mantemento de cinco delas (A Estrada, Expolugo, Expourense, Ifevi e Ifeco) condicionado á implantación dun plan de viabilidade que vincule a achega económica á consecución de obxectivos, e a desvinculación da Xunta de Galicia de Fexdega xa analizada no epígrafe anterior.

Dado que a información non estaba publicada solicitáronse os informes de avaliación e seguimento dos que a Comisión de Seguimento do plan informa trimestralmente ao Consello da Xunta. No cadro seguinte reflíctense as recomendacións xerais e específicas para cada unha das fundacións e o seu nivel de execución e cumprimento:

Cadro 25 Recomendacións propostas as Fundacións e estado de execución das mesmas.

Recomendacións propostas as Fundacións e estado de execución das mesmas							
Recomendacións Xerais	A Estrada	Expolugo	Expourense	Ifevi	Semana Verde	Ifeco	Fexdega
1.- Mantemento da fundación condicionada a un plan de viabilidade que vincule a achega económica a consecución de obxectivos.	C	C	C	C		C	
2.- Redución da estrutura organizativa.					C		
3.- Valorar Plan Estratéxico					C		
4.- Desembolso dotación fundacional					I		
5.- Formalizar a separación da Xunta de Galicia do padroado da fundación							I
Recomendacións Específicas	A Estrada	Expolugo	Expourense	Ifevi	Semana Verde	Ifeco	Fexdega
1.- Esixir desembolso anual dos patróns	I			NC		I	
2.- Os gastos deben limitarse aos ingresos, para evitar excedentes negativos.	I		C	I		I	
3.- Redución do custo de persoal para adecualo ás funcións realizadas e aos ingresos obtidos				I			
4.- A fundación debería dispor dun aplicativo informático que permita a obtención dos datos esenciais das contratacións efectuadas			C	NC			
5.- A Dirección Xeral de Comercio debe velar polo mantemento con carácter exclusivo das feiras emblemáticas da comunidade	I	NC	C	I		NC	
6.- Fomentar a realización de cursos de formación profesional e das prácticas correspondentes.	I	I	C	NC		C	
7.- Promover a sinatura de convenio de colaboración con entidades públicas ou privadas que faciliten a asistencia aos eventos.	C	I		I		C	
8.- Promover a contratación centralizada de determinados servizos para acadar prezos máis competitivos coa mediación da Dirección Xeral de Comercio.	NC	I	NC	NC		NC	
9.- Promover o alugueiro de locais do recinto feiral, para cursos, conferencias, etc...	C	I	I	I		C	
10.- Promover a priorización do uso dos recintos feirais na celebración de eventos que sexan obxecto da actividade fundacional.	C	I	I	I		C	
11.- Propoñer a sinatura dun Convenio coa Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, procedendo a resolución do actual contrato de servizos xurídicos que ten formalizado a fundación.				NC		C	
12.- Debe financiarse maioritariamente cos ingresos das actividades feirais e outros ingresos (alugueiro das instalacións, etc.)		I					
13.- Dotar a fundación do posto de Xerente e proceder a súa convocatoria de acordo coa normativa vixente (artigo 116 da Lei 16/2010).		NC					
14.- A elaboración do orzamento debe axustarse a unha previsión motivada da obtención de recursos.						I	
15.- É aconsellable a regularización da situación laboral do persoal de acordo coa normativa vixente.	I						
16.- Revisarse as contratacións de persoal e verificar a súa adecuación aos fins fundacionais, procedendo á rescisión, no seu caso, da contratación efectuada (Axente de Emprego).	C		C				
17.- Reducir a estrutura de persoal,					C		
18.- Definición do réxime xurídico da lonxa agropecuaria					C		
19.- Adscribir a fundación Semana Verde, a Consellería de Medio Rural.					I		
20.- Axustar o orzamento de gastos á elaboración dun Contrato Programa.					NC		

Fonte: elaboración propia a partir do informe de avaliación da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa. Informe ao Consello do 09/04/15:

Nota: C: recomendación cumprida I: recomendación iniciada NC: recomendación non cumprida – As celdas baleiras indican que non se contempla a recomendación

Respecto da Fundación Semana Verde o último informe de seguimento do que se informou ao Consello da Xunta foi o 28 de febreiro de 2014 e non cuantificou en porcentaxe o grao de cumprimento das recomendacións. As recomendacións propostas para esta fundación no plan de

racionalización incluían unha valoración do seu Plan estratéxico 2009-2012 pero aínda que esta recomendación figura como cumprida, nos informes de seguimento do plan non se inclúe ningunha análise ou valoración dos resultados.

Respeto das outras cinco fundacións feirais o informe de seguimento da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, do que se informa ao Consello da Xunta o 9 de abril de 2015, recolle o grao de cumprimento das recomendacións que acadan o 66,7% en Expourense, o 55,6% en Ifeco, o 45,5% na Fundación da Estrada, o 11,1% en Expolugo, e, o 8,3% en Ifevi.

Do conxunto heteroxéneo de recomendacións propostas adquire relevancia a recomendación xeral número un, que condiciona o mantemento das fundacións á elaboración dun plan de viabilidade que vincule a achega económica á consecución de obxectivos. Aínda que todas as fundacións contan cun plan de viabilidade o contido dos plans non é homoxéneo e presentan as seguintes características:

- Fundación da Estrada. O plan límitase a establecer unicamente tres medidas de axuste consistentes en a) despido do axente de emprego ao non ser concedida a subvención que financiaba o 90% do seu custo, b) redución dos gastos de persoal pola aplicación dun expediente de regulación de emprego por razóns económicas cunha previsión de aforro de 36.774,25 euros, e c) redución do gasto xeral que non está estimado.
- Expolugo. O Plan de viabilidade contén unha presentación da fundación, dos seus obxectivos, instalacións, estrutura organizativa, evolución das actividades no período 2004-2011, evolución da conta de perdas e ganancias 2005-2011, relación de eventos realizados nos anos 2011 e 2012 e previsión para o ano 2013. Inclúense tamén os orzamentos do exercicio 2013.
- Expourense. O plan de viabilidade establece unha presentación na que describen as liñas fundamentais de actuación da fundación, o Plan de Actuación para o ano 2013 e as accións previstas de contención do gasto que suporán un aforro de *"70.000 euros aproximadamente nas distintas partidas para o ano 2013"*.
- Ifevi. A estrutura do Plan de Viabilidade de Ifevi contén unha identificación da fundación, a estrutura e recursos organizativos, análise de mercado, un diagnóstico de situación, un plan de marketing no que se establecen un conxunto de obxectivos (lograr un nivel de ocupación da superficie de exposición do 80%, mantemento das tarifas do ano 2012 no ano 2013, captación de novos clientes e incremento da actividade feiral conquerindo o arrendamento de 100% dos espazos destinados a oficinas e almacéns ...) e un plan económico financeiro. No ano 2013 *"preténdese realizar una serie de axustes mediante a redución de distintas partidas de gasto"* que non aparecen cuantificadas.

- Ifeco. O Plan de Viabilidade de Ifeco inclúe datos básicos, órganos de goberno, descrición dos espazos, plan de produción e loxística, análise de mercado, plan de marketing, recursos humanos, plan de investimentos e unha previsión da contas de resultados que unicamente ofrece información referida ao resultado bruto de explotación do período 2008 ao 2011 e cun obxectivo para o ano 2012 de equilibrio de gastos e ingresos non cuantificado.

Verificouse que, coa excepción dos plans de viabilidade das fundacións Ifevi e Ifeco que desenvolven un maior número de apartados e os compoñentes dun plan de viabilidade, o resto dos plans presentados non responden ás esixencias que estes documentos deben conter como instrumentos que reflectan os obxectivos e as estratexias a desenvolver. Con carácter xeral, os obxectivos que presentan están vinculados á redución dos gastos de funcionamento e non a obxectivos estratéxicos que permitan facer economicamente viables as fundacións posibilitando o seu financiamento e corrixindo a tendencia estrutural de desequilibrios que amosan as contas de resultados. Ningún dos plans conta cun plan financeiro a medio prazo que defina e cuantifique as políticas de gastos e ingresos e permita ofrecer información sobre a supervivencia económica das entidades.

O resto das recomendacións están relacionadas coa mellora da estrutura organizativa e os recursos humanos, o fortalecemento das actividades das fundacións e o equilibrio orzamentario, que deberían incluírse nos respectivos plans de viabilidade. Ademais inclúense outras recomendacións específicas cuxa execución corresponde aos protectorados das fundacións, ou cando menos que precisan da súa colaboración para poder ser executadas. Entre elas cabe mencionar a) *a Dirección Xeral de Comercio debe velar polo mantemento con carácter exclusivo das feiras emblemáticas da comunidade*, b) *promover a contratación centralizada de determinados servizos para acadar prezos máis competitivos coa mediación da Dirección Xeral de Comercio*, c) *adscribir a fundación Semana Verde á Consellería de Medio Rural* e d) *axustar o orzamento de gastos á elaboración dun Contrato Programa no caso da fundación Semana Verde*. Ningunha destas últimas recomendacións aparecen como cumpridas na súa totalidade nos informes de seguimento.

O acordo do Consello da Xunta de Galicia do 26 de abril de 2012 estableceu o prazo dun ano para que estas cinco fundacións feirais adoptasen "*medidas concretas que permitan incrementar a súa eficiencia, reducir duplicidades e garantir a súa viabilidade. O obxectivo é lograr avances no sector na liña de avanzar en dinamismo, sustentabilidade e valor engadido, ao tempo que se substitúe a rivalidade entre recintos pola cooperación estratéxica e a eficiencia*". Os informes de avaliación e seguimento non determinan en que medida o cumprimento das recomendacións propostas ás fundacións permitiron cumprir cos obxectivos sinalados no parágrafo anterior, ao non existir unha vinculación específica entre as recomendacións e os obxectivos. Por outra parte, os informes non conteñen unha valoración dos resultados obtidos ao non conter os Plans de

Informe de Fiscalización das Fundacións Feirais Públicas de Galicia

Avaliación/Racionalización unha definición detallada de indicadores de seguimento das recomendacións de mellora formuladas, carecendo tamén dunha dunha valoración económica das medidas. Así, coa información que conteñen os informes de avaliación-seguimento non se pode apreciar a eficacia das recomendacións nin os resultados e impactos da intervención proposta.

Como se puxo de manifesto no apartado IV.III "Análise doutros indicadores económico financeiros", a pesar de non estar contemplado no ámbito temporal da nosa análise analizáronse os resultados de explotación e dos resultados totais presentados polas fundacións nas contas anuais correspondentes aos exercicios 2014 e 2015 co obxectivo de verificar se como consecuencia da aplicación dos distintos plans de viabilidade contemplados e executados no marco do Plan de Racionalización da Administracións Institucional da Xunta de Galicia, téñense producido cambios de tendencia significativos nos resultados obtidos polas distintas fundacións.

Os resultados das contas anuais dos exercicios 2014 e 2015 son os seguintes:

Fundación	Resultado de Explotación Eercicio 2014	Resultado de Explotación Eercicio 2015	Resultado Total Eercicio 2014	Resultado Total Eercicio 2015
A Estrada	-22.755,32	-45.687,41	52.815,39	-46.951,60
Expolugo	-23.305,58	29.738,09	-50.998,11	4.124,13
Expourense	-270.591,24	-382.572,64	-419.791,00	-534.024,53
Ifevi	-1.038.393,50	-1.100.543,21	-1.027.655,27	-1.098.092,56
Semana Verde	3.967.301,11	-709.432,31	4.927.357,06	-435.068,36
Ifeco *	-915.218,00	-838.316,00	-844.643,00	-838.573,00

* Os datos do Ifeco correspondentes a 2014 foron obtidos das contas anuais rendidas do exercicio 2015, xa que as correspondentes a 2014 non foron rendidas.

De acordo cos mesmos, o único cambio significativo prodúcese na conta de resultados da fundación Semana Verde que presenta para o exercicio 2014 un resultado de explotación por importe de 3.967.301,11 euros e un resultado total de 4.927.357,06 euros. Porén estes resultados positivos non son produto dun cambio estrutural na fundación senón mais ben conxuntural, xa que xurde como consecuencia da aplicación a resultados no exercicio do exceso das provisións dotadas a longo prazo despois de ser aplicados a súa finalidade os importes correspondentes. Neste senso o informe de auditoría das contas anuais correspondentes a 2014 da fundación contén un parágrafo de énfase no que se chama atención sobre este feito, no que sinala que:

"En relación ao excedente positivo do presente exercicio tense producido pola aplicación dos excesos de provisións dotados en exercicios anteriores. Por outra parte a entidade presentou ao peche do exercicio 2014 un fondo de manobra negativo por importe de -149.782,42 euros, sendo ao peche do exercicio anterior de -186.497,74 euros. Estas condicións indican a existencia dunha incertidume significativa sobre a capacidade da entidade para continuar coas súas operacións".

VI. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

1.-Organización, Contabilidade e Control Interno das Fundacións Feirais

En materia de organización as fundacións feirais non teñen desenvolvido varias previsións legais. Así:

Só na Fundación Semana Verde a Xunta de Galicia designa á maioría dos membros do padroado sen que as demais fundacións feirais teñan adaptado a súa regulación ao disposto no artigo 113.3 da LOFAXGA. En consecuencia recoméndase que adapten a súa regulación ás determinacións do Título III da LOFAXGA.

Unicamente Expourense dispón dun regulamento de réxime interno aprobado polo que se recomenda ao resto das fundacións que aproben cadanseu regulamento de réxime interno.

Tampouco se teñen desenvolvido suficientemente nin aprobado polos órganos das distintas fundacións públicas normas de funcionamento internas relativas ás distintas áreas de xestión. Unicamente a Fundación da Estrada dispón dun procedemento específico para a selección de persoal eventual. Recoméndase ás fundacións que procedan a elaborar e aprobar normas de funcionamento interno relativas ás distintas áreas de xestión.

A Fundación da Estrada debe aprobar instrucións internas de contratación para dar cumprimento ao previsto no artigo 192.3 do TRLCSP.

Por outra parte, o rexistro único de fundacións de interese galego previsto no Decreto 15/2009 non permite un acceso fácil e eficaz á información rexistral e compromete a súa transparencia; polo que recoméndase a mellora e transparencia no acceso á información rexistral.

Aínda que o regulamento das fundacións de interese galego prevé a existencia de tres órganos: a Comisión Técnica de coordinación do protectorado, a Comisión Técnica de Coordinación das fundacións do sector Público e o Consello Superior de fundacións da Comunidade Autónoma de Galicia con funcións de consulta e asesoramento das fundacións, estes tres órganos non adoptaron medidas específicas en relación coas fundacións analizadas, senón que as súas actuacións limitáronse a actividades de coordinación e información entre protectorados, co fin de establecer criterios uniformes nas relacións coas fundacións e na tramitación dos procedementos de inscrición rexistral.

Polo que se refire ó control financeiro das fundacións públicas, a Xunta de Galicia a través da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma exerce a través dun sistema integrado de información o control permanente da xestión económica destas entidades. Porén, a Intervención Xeral non publica un informe comprensivo da totalidade das actuacións desenvolvidas no exercicio do control financeiro permanente polo que se recomenda a súa publicación.

2.- Actividades e Plans de Actuacións

As actividades realizadas polas fundacións consistiron, con carácter xeral, na organización, promoción e realización de feiras e congresos, salóns monográficos, certames, exposicións, etc, ás que hai que engadir no caso da fundación Semana Verde, a intermediación en poxas de gando realizadas no centro de actividades da citada fundación. No seu conxunto, o número de actividades diminuíu nun 14,1% no período analizado. As maiores caídas foron as de Ifeco (45,5%) e Ifevi (31,0%). Pola contra, incrementaron a súa actividade as Fundacións da Estrada (20,0%), Expourense (13,3%), e Expolugo (9,5%).

A actividade propia no período 2011-2013 ten carácter testemuñal nas fundacións de Ifevi (1,7%), Expolugo (7,6%) e Ifeco (17,8%). Pola contra, nas fundacións Semana Verde e A Estrada o peso da actividade propia acada o 71,9% e 64,4%.

Polo que se refire aos plans de actuacións , a LFIG establece que as fundacións deben proceder á elaboración e aprobación dos Plans de Actuación de acordo co establecido na normativa utilizando os modelos previstos no R.D. 1491/2011. Nesta materia detectáronse diversos incumprimentos:

Ifeco non presentou o plan de actuación en ningún dos exercicios fiscalizados.

Ifevi non o presentou nos exercicios 2011 e 2012

Semana Verde presentou no seu lugar a memoria de orzamentos e do PAIF, documento que non está obrigada a presentar por tratarse dunha fundación do sector público autonómico.

No exercicio 2013 unicamente Expourense e Ifevi adecuaron os seus plans de actuación aos modelos aprobados.

Tamén se incumpriron os distintos prazos legalmente previstos: Semana Verde incumpriu os prazos de aprobación do plan polo padroado nos exercicios 2012 e 2013 e Ifevi no 2013 e incumpren co prazo de remisión do plan ao protectorado Expolugo en 2011, Semana Verde nos exercicios 2012 e 2013, e Ifevi no 2013.

Polo tanto, recoméndase a aprobacións dos plans de actuación e o cumprimento dos prazos establecidos e a utilización dos modelos previstos no R.D. 1491/2011 xa que a non utilización de modelos homoxéneos na información relativa á execución dos plans de actuacións incluídos nas

memorias das contas anuais, impide obter información sobre a execución dos citados plans así como analizar a relación entre as actividades previstas polas entidades e as realizadas e a súa eficacia.

3.- Liquidación do Orzamento e Contas Anuais

Os orzamentos agregados do conxunto das sete fundacións acadaron en 2011 os 12,7 millóns de euros, reducíndose a 8,7 millóns en 2012 e a 8,2 millóns en 2013. A redución dos orzamentos entre 2011 e 2013 foi de 4,5 millóns de euros, é dicir o 35,4 % dos orzamentos de 2011. Catro fundacións (Semana Verde, Ifevi, Expourense e Ifeco) absorben mais do 75% nos exercicios analizados.

Os resultados orzamentarios acadados que figuran nas liquidacións orzamentarias son coherentes cos resultados que figuran nas contas de perdas e ganancias das contas anuais e, todas as fundacións obteñen no período analizado resultados orzamentarios negativos agás Expolugo nos exercicios 2011 e 2012.

O resultado orzamentario agregado nos tres exercicios para o conxunto das fundacións foi de -12,7 millón de euros: -5,4 millóns de euros en 2011 (o que representa o 42,5% dos orzamentos aprobados), -3,8 millóns de euros en 2012 (o 43,7% do orzamento aprobado) e -3,5 millóns de euros en 2013 (o 42,7% do orzamento aprobado), configurándose esta circunstancia como unha situación insostible no medio prazo. Poren, no período analizado o resultado orzamentario negativo reduciuse nun 35,1%. Tres fundacións, Semana Verde, Ifeco e Ifevi xeraron nos exercicios 2011 e 2013 respectivamente o 87,1% e o 89,2% do resultado orzamentario negativo do conxunto das fundacións. E dicir, case o 90% dos resultados orzamentarios negativos das Fundacións Públicas Feirais dos exercicios 2011 e 2013 concéntranse nas fundacións Semana Verde, Ifeco e Ifevi.

A rendición das contas anuais das distintas fundacións ó Consello de Contas realízase nuns casos directamente ao Consello, noutros a través da Intervención Xeral da Comunidade formando parte da Conta Xeral da Administración, e incluso en algún casos realízase a rendición por ámbolos dous condutos. No caso da fundación Semana Verde a rendición realizada a través da Intervención Xeral correspondente aos exercicios 2011 e 2013 produciuse antes da aprobación das contas anuais polo padroado.

Recoméndase a posta en funcionamento dun sistema de rendición telemática das contas anuais das fundacións públicas, así como que se lle dea publicidade á relación de fundacións que cumpren os criterios establecidos para a súa consideración como Fundacións do Sector Público de Galicia consonte ao previsto no artigo 86 do Decreto 14/2009, e que se poña en marcha o rexistro de entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia dando cumprimento ao artigo 52 da LOFAXGA.

4.- Persoal

Os gastos de persoal ascenderon para o conxunto das fundacións a 2,9 millóns de euros en 2011; 1,9 millóns de euros en 2012 e 1,8 millóns de euros en 2013, experimentando una diminución no período analizado de 1,1 millóns de euros (39,1%), consecuencia das distintas medidas de axuste realizadas. Especialmente significativas son as baixadas dos gastos de persoal da Fundación Semana Verde (42,7%), da Fundación da Estrada (43,3%) e a de Expolugo (40,1%).

Como resultado dos axustes realizados no período o número medio de efectivos empregados polas fundacións diminúe en conxunto dos 88 efectivos do ano 2011 aos 58 no 2013, o que supón unha variación do -34,1%.

Tres fundacións Semana Verde, Expourense e lfevi absorben o 78,6% dos gastos de persoal do conxunto das fundacións no período (75,9% en 2011, 79,6% en 2012 e 82,2% en 2013).

Os gastos de persoal do conxunto das fundacións representaron o 26,4% dos gastos de explotación no exercicio 2011, o 21,3% en 2012 e o 20,3% no exercicio 2013; representando no seu conxunto no período o 22,9%.

Nos anos analizados as fundacións feirais non contaban con normas internas ou procedementos normalizados de selección e contratación de persoal, agás a Fundación da Estrada que no ano 2013 aprobou un procedemento para a selección de persoal laboral eventual. Recoméndase ás fundacións feirais que regulen os procedementos de selección do persoal garantindo a observancia dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, ofrecendo maior información e transparencia sobre as retribucións do persoal.

Na fundación de Expolugo as funcións da Secretaría e da Xerencia téñense externalizado a través de contratos de prestación de servizos, a pesar de que nos estatutos están definidos como órganos de xestión administrativa, e o establecemento das súas funcións así como o seu nomeamento correspóndelle ao padroado. A contratación de ámbolos dous postos deberían someterse á lexislación laboral e os procesos de selección respectar os principios de igualdade, mérito e capacidade que rexen o acceso ao emprego público, así como os principios contemplados no artigo 116 da LOFAXGA relativos á composición e funcionamento dos tribunais, ás bases das convocatorias e ás probas de selección.

Recoméndase que os cadros de persoal que aproben as fundacións contemplan cando menos os seguintes aspectos: denominación dos postos, grupo e categoría profesional, requisitos para o seu desempeño, descrición das funcións, adscripción orgánica e as retribución salariais con indicación dos complementos aplicables.

5.- Ingresos e Tesourería

No período analizado todas as fundacións cumpriron coa previsión do artigo 35 da LFIG que establece que deberá destinarse á realización dos fins fundacionais polo menos o 70% das rendas e dos ingresos obtidos.

A porcentaxe de ingresos pola actividade propia das fundacións en relación cos ingresos totais representa o 54,9% en 2011 o 64,1% en 2012 e 72,9% en 2013; sendo a citada porcentaxe para os ingresos acumulados dos tres exercicios o 63,6%.

Unicamente dúas fundacións feirais non acadan o 50% de ingresos por actividade propia: Fexdega co 49,9% e Ifevi no que a citada porcentaxe non acada o 6% no conxunto dos tres exercicios analizados. (3,9% en 2011, 4,9% en 2012 e 10,6% en 2013).

A porcentaxe de subvencións en relación cos ingresos totais do período para o conxunto das fundacións e do 31,5% en 2011; 27,2% en 2012 e 24,1% en 2013, o que pon de manifesto un alto grao de dependencia financeira das subvencións.

Os fondos na tesourería para o conxunto das fundacións analizadas pasaron de 3,2 millóns de euros a 31-12-2011 a 2.3 millóns euros en 2013, o que supón una diminución no período analizado de 0,9 millóns de euros que se concentra fundamentalmente na producida no Ifevi, destacando o importante volume de fondos que mantén na súa tesourería por importes superiores en 2011 e 2013 aos orzamentos da fundación.

En ningunha das fundacións analizadas existen aprobadas por órgano competente normas internas sobre funcionamento da tesourería, da caixa de efectivo nin sobre a periodicidade da elaboración de arqueos, polo que se recomenda ás fundacións que aproben as citadas normas.

6.- Magnitudes e Indicadores Económico-Financeiros

Nas distintas fundacións figuran como patróns fundadores a Xunta de Galicia, os distintos concellos, as deputacións provinciais, as cámaras de comercio e as asociacións de empresarios. No momento de constituírse as fundacións feirais a Xunta de Galicia tiña participación maioritaria na dotación fundacional inicial de unicamente tres fundacións (Semana Verde 90,1%, Ifeco 74,6% e Fexdega 58,8%). A finais de 2013 a Xunta de Galicia ten participación maioritaria no patrimonio fundacional de todas fundacións feirais. A participación da Xunta de Galicia na dotación fundacional de Expolugo rexistrada en contabilidade a 31-12-2013 (43,3%) non se corresponde coa porcentaxe que figura na acta do padroado do 18 de decembro de 2000 (65%); polo que recoméndase axustar os importes rexistrados contablemente na dotación fundacional aos efectivamente aportados polos distintos patróns fundadores.

A dotación fundacional do conxunto das fundacións pasou de 10,6 millóns de euros no seu inicio a 122,3 millóns de euros en 2011, e 122,6 millóns de euros en 2013, incrementándose en consecuencia ata 2013 en 112,0 millóns de euros. Este incremento da dotación fundacional está directamente ligada ós investimentos en infraestruturas destinados á construción dos edificios sede das fundacións que foi maioritariamente financiado pola Xunta de Galicia. Así a aportación da Xunta de Galicia á dotación fundacional do conxunto das fundacións que inicialmente era de 5,0 millóns de euros e representaba o 47,7%, a finais de 2013 é de 98,7 millóns de euros, polo que incrementouse en 93,7 millóns de euros e representa o 80,5%. As aportacións do resto dos patróns das distintas fundacións ás dotacións fundacionais pasaron de 5,6 millóns de euros a 24,9 millóns de euros, incrementándose en 19,3 millóns de euros, polo que a porcentaxe de participación do resto do patróns á dotación fundacional pasou do 52,3% no seu inicio a 19,5% en 2013. Así as aportacións da Xunta de Galicia á dotación fundacional medraron moi por encima das aportacións do resto dos patróns.

Tres fundacións, Semana Verde, Ifeco e Ifevi absorben o 91,1 % da dotación fundacional das seis fundacións existentes a 31-12-2013 e as mesmas tres fundacións, Semana Verde, Ifeco e Ifevi concentran o 93,9 % do total das aportacións da Xunta de Galicia á dotación fundacional das seis fundacións existentes a 31-12-2013.

O patrimonio neto agregado das seis fundacións feirais públicas do sector público público autonómico galego pasou de 87,3 millóns de euros en 2011 a 76,4 millóns de euros en 2013, o que supón unha diminución no período de 10,8 millóns de euros.

As perdas acumuladas polas distintas fundacións por importe de 53,6 millóns de euros a 31-12-2013 están reducindo os fondos propios e o patrimonio neto das mesmas a pesar das continuas inxeccións de aportacións á dotación fundacional realizadas fundamentalmente por parte da Xunta de Galicia.

A característica común da evolución do resultado total das fundacións no período analizado e a obtención de resultados totais negativos. Unicamente dúas fundacións Expolugo nos anos 2011 e 2012 e, a Fundación da Estrada en 2012 acadan resultados totais positivos.

O resultado total agregado das sete fundacións en 2011 foi de -5,4 millóns de euros de perdas, -2,9 millóns de euros en 2012 é -3,2 millóns de euros en 2013. O resultado total dos tres exercicios que acada un importe agregado para o conxunto das fundacións de -11,6 millóns de euros, configúrase como unha situación insostible no medio prazo.

Tres fundacións Ifevi, Semana Verde e Ifeco concentran a parte máis significativa das perdas dos tres exercicios que representan o 86,0% en 2011, o 90,7% en 2012 e o 85,8% en 2013, sendo a aportación destas tres fundacións ao resultado negativo conxunto dos tres exercicios do 87,1%.

Con carácter xeral a evolución dos indicadores económico-financeiros dos balances analizados das fundacións presentan valores aceptables agás no caso de Fexdega que presenta un fondo de manobra negativo e un ratio de endebedamento total superior a unidade nos dous exercicios analizados, e Ifeco que presentan o fondo de manobra negativo en 2011 e Semana Verde no 2013.

A evolución das magnitudes do resultado de explotación e do resultado total do conxunto das fundacións analizadas no período 2011-2013 presentan uns valores negativos que poñen en cuestión a viabilidade do modelo de fundacións públicas para a xestión dos recintos feirais, por causa da incapacidade das mesmas de xerar os ingresos suficientes para facer fronte os seus gastos de funcionamento. Existe unha relación directa entre o dimensionamento dos recintos feirais, o importe das amortizacións realizadas en cada exercicio e a evolución dos resultados negativos de explotación, que se traduce no feito de que as fundacións dotadas das maiores infraestruturas como son Semana Verde, Ifeco e Ifevi son as que soportan as maiores amortizacións e gastos de mantemento e consecuentemente as maiores perdas.

7.- As Fundacións no Proceso de Racionalización da Administración

No proceso de desvinculación da Xunta de Galicia de Fexdega non consta que se dera cumprimento ao previsto no artigo 114 da LOFAXGA respecto da modificación dos seus estatutos, que debería ser autorizada por acordo do Consello da Xunta, e non se teñen publicado as razóns que levaron a adoptar esta diferente solución respecto das demais fundacións feirais.

Non se procedeu á publicación dos Plans de Racionalización/Avaliación das Entidades Instrumentais da Xunta de Galicia, nin da información sobre o seu seguimento e efectos, circunstancia que compromete o cumprimento dun dos obxectivos do plan que é "*gañar en eficiencia e transparencia*". Recoméndase proceder a íntegra publicación dos plans a así como da información do seu seguimento, efectos e avaliación.

As fundacións afectadas cumpriron coa recomendación de presentación dos Plans de Viabilidade; porén, con carácter xeral, os obxectivos que presentan os mesmos están vinculados á redución dos gastos de funcionamento e non a obxectivos estratéxicos que contribúan a facelas economicamente viables e conseguir o seu autofinanciamento.

Non se reproducen as consideracións formuladas pola fundación, que figuran incluídas no apartado correspondente de alegacións presentadas (páxinas 113-115); xa que as mesmas confirman o contido do Informe, e en consecuencia, non supoñen modificacións no mesmo.

Consello de Contas
de Galicia



**INFORME DE FISCALIZACIÓN SELECTIVA
DA FUNDACIÓN PÚBLICA CENTRO DE
TRANSFUSIÓN DE GALICIA (CTG)**

EXERCICIO 2013

ÍNDICE

I. ASPECTOS PRELIMINARES.....	9
I.1. ALCANCE.....	9
I.2. NORMATIVA APLICABLE	9
II. ESTRUCTURA DA HEMODOAZÓN E DA HEMOTERAPIA EN GALICIA.....	11
II.1. O CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA	11
II.1.1. Natureza xurídica	11
II.1.2. Obxecto fundacional.....	12
II.1.3. Órganos da fundación	14
II.1.4. Estrutura	15
II.2. SERVIZOS DE TRANSFUSIÓN SANGUÍNEOS.....	18
II.3. OUTROS ÓRGANOS	19
III. A DOAZÓN DE SANGUE, SANGUE DE CORDÓN UMBILICAL E MEDULA ÓSEA EN GALICIA	21
III.1. DOAZÓN DE SANGUE.....	21
III.1.1. Aspectos xerais.....	21
III.1.2. Procesamento das doazóns de sangue polo CTG.....	24
III.1.3. Plasma excedente enviado á industria fraccionadora	25
III.2. DOAZÓN DE SANGUE DE CORDÓN UMBILICAL	25
III.2.1. Aspectos xerais.....	25
III.2.1. Tratamento das doazóns de sangue do Cordón Umbilical polo CTG	28
III.3. DOAZÓN DE MEDULA ÓSEA	28
IV. CONTRATO-PROGRAMA, SERVIZOS, TARIFAS E FACTURACIÓN.....	32
IV.1. CONTRATO-PROGRAMA	32
IV.2. SERVIZOS, TARIFAS E FACTURACIÓN	35
IV.2.1. Actividade propia	35
IV.2.2. Actividade mercantil. Plasmaderivados	43
V. ANÁLISE ECONÓMICA-FINANCEIRA.....	44
V.1. ANÁLISE FORMAL DA INFORMACIÓN FINANCEIRA	44
V.2. BALANCE DE SITUACIÓN	44
V.3. CONTA DE RESULTADOS	50
V.4. INFORMACIÓN ORZAMENTARIA.....	53
V.5. PLAN DE ACTUACIÓN	55
VI. ANÁLISE DAS ÁREAS DE XESTIÓN	56
VI.1. RECURSOS HUMANOS	56
VI.1.1. Efectivos	56
VI.1.2. Persoal temporal	60
VI.1.3. Estrutura salarial	61
VI.2. CONTRATACIÓN	64

VI.3. CONVENIOS	68
VI.4. TESOURARÍA	68
VI.5. SUBMINISTRACIÓNS.....	79
VII. CREACIÓN DA AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS	82
VIII. CONCLUSIÓNS	83
IX. RECOMENDACIÓNS	84
ANEXOS	87
TRÁMITE DE ALEGACIÓNS	97

ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Doazóns por CCAA.....	22
Cadro 2: Doazóns por provincias galegas 2013	23
Cadro 3: Doazóns de sangue 2013 por grupo sanguíneo	23
Cadro 4: Unidades dispoñibles nos Bancos de Sangue de Cordón Umbilical de España 2013.....	27
Cadro 5: Número de doadores de medula ósea inscritos no REDMO por CCAA	30
Cadro 6: Importes contrato-programa (euros).....	34
Cadro 7: Servizos prestados polo CTG	36
Cadro 8: Importes facturados á marxe do contrato-programa e do Decreto 221/2012 (euros).....	36
Cadro 9: Servizos hemoterápicos prestados polo CTG, tarifas e facturación (euros)	38
Cadro 10: Facturación servizos hemoterápicos aos hospitais públicos (euros)	39
Cadro 11: Facturación servizos hemoterápicos aos hospitais privados (euros).....	40
Cadro 12: Probas analíticas realizadas polo CTG, tarifas e facturación (euros).....	41
Cadro 13: Servizos de criopreservación prestados polo CTG, tarifas e facturación (euros)	42
Cadro 14: Servizos relacionados co Sangue de Cordón Umbilical (euros).....	42
Cadro 15: Prezos de plasmaderivados (euros).....	43
Cadro 16: Plasmaderivados distribuídos aos hospitais 2013 (euros)	43
Cadro 17: Balance (euros).....	45
Cadro 18: Relación de locais cedidos en uso (euros)	47
Cadro 19: Conta de resultados (euros)	51
Cadro 20: Realización/previsión (euros).....	53
Cadro 21: Obxectivos e indicadores da actividade	55
Cadro 22: Persoal estatutario 2013.....	57
Cadro 23: Persoal laboral.....	58
Cadro 24: Distribución do persoal por departamentos e localidades	59
Cadro 25: Estrutura salarial (euros)	61
Cadro 26: Expedientes de contratación fiscalizados (euros).....	66
Cadro 27: Operacións das contas de tesouraría (572).....	69
Cadro 28: Cobros actividade propia e mercantil (euros)	71
Cadro 29: Cobros contrato-programa (euros)	72
Cadro 30: Cobros plasmaderivados (euros).....	73
Cadro 31: Debedores actividade propia (euros)	73
Cadro 32: Debedores actividade propia por antigüidade (euros)	75
Cadro 33: Debedores actividade mercantil (euros)	76
Cadro 34: Debedores actividade mercantil por antigüidade (euros)	77
Cadro 35: Pagamentos (euros).....	78
Cadro 36: Aprovisionamentos (euros).....	80

ÍNDICE DE ANEXOS

Anexo 1: Contratación.....	89
Anexo 2: Indicadores de Actividade 2012-2013	93
Anexo 3: Facturación por hospitais.....	94

ABREVIATURAS

AEMPS	Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios
CA	Comunidade autónoma
CCAA	Comunidades autónomas
CH	Complexo Hospitalario
CHOP	Complexo Hospitalario de Pontevedra
CHOU	Complexo Hospitalario de Ourense
CHUAC	Complexo Hospitalario Universitario da Coruña
CHUS	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago
CHUVI	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo
CPV	Complemento de Produtividade Variable
CTG	Centro de Transfusión de Galicia
DX	Dirección Xeral
FEA	Facultativo Especialista de Área
H	Hospital
HC	Hospital Comarcal
HLA	Antíxenos leucocitarios humanos
HU	Hospital Universitario
HULA	Hospital Universitario Lucus Augusti
IGIV	Inmunoglobulina intravenosa polivalente
IT	Incapacidade transitoria
IXCA	Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
LPXCA	Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
OMS	Organización Mundial da Saúde
ONT	Organización Nacional de Transplantes
OPE	Oferta Pública de Emprego
PXC	Plan Xeral de Contabilidade
RDL	Real decreto-lexislativo
REDMO	Rexistro de Doadores de Medula Ósea

Informe de fiscalización selectiva da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia. Exercicio 2013

SCU	Sangue de Cordón Umbilical
Sergas	Servizo Galego de Saúde
SS	Seguridade Social
TRLRFOG	Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia
USC	Universidade de Santiago de Compostela
VNC	Valor neto contable

I. ASPECTOS PRELIMINARES

De acordo coas competencias que lle outorga ao Consello de Contas de Galicia a súa Lei reguladora 6/1985, do 24 de xuño, modificada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, e en cumprimento do Plan de actuacións para o ano 2015, aprobado polo Pleno o 22 de decembro de 2014, procedeuse á fiscalización da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia (en adiante CTG), sendo o seu resultado o recollido neste informe.

I.1. ALCANCE

A fiscalización está referida ao exercicio 2013, sen prexuízo da súa extensión aos exercicios anterior e posterior naqueles aspectos que se consideraron pertinentes, emitindo opinión acerca do axeitado cumprimento da legalidade na actividade desenvolvida polo CTG no exercicio fiscalizado, centrándose a análise nos seguintes apartados:

- A estrutura organizativa e de control interno, coa finalidade de avaliar a correcta aplicación dos procedementos e a adecuada segregación de funcións.
- O axuste da actividade desenvolvida ao obxecto fundacional da entidade.
- A análise da execución do contrato-programa suscrito co Sergas, como elemento principal da actividade e do financiamento da Fundación, así como dos servizos realizados aos hospitais públicos e privados e a subministración de medicamentos plasmaderivados aos hospitais públicos.
- A situación financeira da entidade e a correcta contabilización e periodificación dos gastos e ingresos do exercicio, de acordo cos principios contables aplicables.
- A xestión dos recursos humanos, da contratación de bens e servizos e outros aspectos que se consideran de interese.

I.2. NORMATIVA APLICABLE

Lexislación estatal

- Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.
- Real decreto-lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.

- Real decreto 1088/2005, do 16 de setembro, sobre requisitos técnicos e condicións mínimas de hemodoazón e dos centros e servizos de transfusión.
- Real decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do PXC ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación destas.

Lexislación autonómica

- Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo.
- Lei 4/2006, do 30 de xullo, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.
- Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.
- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2013.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico que autorizou a constitución da Axencia de Sangue, Órganos e Tecidos, creándose mediante o Decreto 142/2015, do 17 de setembro, que tamén aproba os seus Estatutos.
- Decreto-lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 3/2009, do 23 de xuño.
- Decreto 276/2001, do 27 de setembro, de adaptación das fundacións sanitarias á disposición adicional sétima da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo.
- Decreto 100/2005, do 21 de abril, polo que se regula a hemodoazón e a hemoterapia na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 91/2007, do 26 de abril, de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector público sanitario xestionado polas entidades adscritas á Consellería de Sanidade.
- Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización dos centros, servizos e establecementos sanitarios, modificado polo Decreto 42/2014, do 27 de marzo.

- Decretos 14/2009 e 15/2009, do 21 de xaneiro, polos que se aproban, respectivamente, o Regulamento das fundacións de interese galego e o Regulamento do rexistro das fundacións de interese galego.
- Decreto 195/2011, do 13 de outubro, polo que se modifican os Estatutos da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia, aprobados polo Decreto 276/2001, do 27 de setembro.
- Decreto 221/2012, do 31 de outubro, sobre tarifas dos servizos sanitarios prestados por centros dependentes do Sergas e nas fundacións públicas sanitarias, modificado polo Decreto 100/2013, do 13 de xuño.
- Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Sergas.
- Orde do 11 de marzo de 2013 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas de persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2013.

II. ESTRUCTURA DA HEMODOAZÓN E DA HEMOTERAPIA EN GALICIA

De conformidade co Decreto 100/2005, do 21 de abril, a Rede de Hemodoazón e Hemoterapia de Galicia está composta polo CTG e polos servizos de transfusión existentes tanto nos hospitais públicos como nalgúns privados, actuando como órganos consultivos a Comisión de Planificación Transfusional e os comités de transfusión e hemoderivados.

II.1. O CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA

II.1.1. NATUREZA XURÍDICA

A Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia foi constituída en Santiago de Compostela o 2 de xuño de 1993, mediante escritura pública que foi modificada por outra do 27 de febreiro de 2002. Pola Orde do 15 de xuño de 1993, da Consellería de Presidencia e Administración Pública, foi clasificada como de interese sanitario e declarada de interese galego pola Orde do 15 de xullo de 1993 da Consellería de Sanidade.

Segundo os seus Estatutos, trátase dunha entidade sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia que ten afectado o seu patrimonio á realización dos fins de interese xeral contidos nestes.

A disposición adicional sétima da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, establecía que, no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor, as fundacións sanitarias constituídas pola Comunidade Autónoma transformaríanse en fundacións de titularidade e natureza pública, debendo ser aprobada a súa modificación e a dos seus Estatutos polo Decreto do Consello da Xunta a proposta do conselleiro de Sanidade.

Mediante o Decreto 276/2001, do 27 de setembro, deuse cumprimento ao mandato legal referido anteriormente, establecendo unha regulación de carácter xeral, no eido da Comunidade Autónoma de Galicia, para as fundacións sanitarias, transformando a súa natureza e adaptando os Estatutos das que xa estaban constituídas ao novo réxime xurídico.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, inclúe ás fundacións públicas dentro *doutras entidades instrumentais* e establece na súa disposición adicional sexta que as entidades deste tipo, adscritas á Consellería de Sanidade e ao Sergas, seralle de aplicación esta Lei, agás no relativo ao persoal e aos elementos da súa organización que se rexerán polo disposto na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Á vista do exposto, as características máis relevantes da fundación son as seguintes:

- A súa actividade debe desenvolverse con suxeición aos criterios de planificación que determine o Sergas, quen fixará anualmente os seus obxectivos e actividades, así como os recursos necesarios, mediante a subscrición do oportuno contrato-programa para a prestación de servizos, incluídos dentro dos contratos de servizos sanitarios previstos no artigo 74 da Lei 8/2008, de saúde de Galicia.
- Aínda que segundo os Estatutos do CTG todo o seu persoal estaba suxeito, nun principio, á lexislación laboral, posteriormente, en virtude do Decreto 91/2007, do 26 de abril, de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector público sanitario xestionado polas entidades adscritas á Consellería de Sanidade, convive o persoal laboral xunto con outro que optou por integrarse no réxime xurídico estatutario. No que se refire ao réxime de incompatibilidades, será o xeral do persoal ao servizo das administracións públicas.
- No relativo á actividade contractual, de acordo co establecido no artigo 117 da Lei 16/2010, a entidade actuará conforme aos principios e disposicións aplicables da lexislación estatal e autonómica en materia de contratos do sector público.
- O seu réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control, segundo o establecido no artigo 118 da Lei 16/2010, será o recollido na lexislación vixente de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia para as fundacións públicas.

II.1.2. OBXECTO FUNDACIONAL

Segundo artigo 2 do Decreto 100/2005, do 21 de abril, polo que se regula a hemodoazón e a hemoterapia na CA de Galicia, o CTG ten por obxecto organizar funcionalmente a hemodoazón e a hemoterapia na Comunidade Autónoma de Galicia e para tal efecto desenvolverá a obtención, preparación, tratamento, conservación, almacenamento, distribución e control da aplicación do

sangue humano e dos seus derivados, así como a formación e investigación no campo da hemoterapia. O apartado segundo do mesmo artigo establece que o CTG ten personalidade xurídica e patrimonio propios e configúrase como unha fundación pública adscrita á Consellería de Sanidade.

Neste mesmo senso exprésase o artigo 5 dos Estatutos do CTG cando afirma que o obxecto da Fundación é a organización funcional da hemoterapia e hemodoazón na CA de Galicia e o establecemento dun banco de tecidos humanos, así como a realización doutras actividades que poden colaborar na consecución do obxectivo fundacional. Estas actividades desenvólense con suxeición aos criterios de planificación e coordinación e ás directrices de carácter xeral emanadas da Consellería de Sanidade e do Sergas no eido das súas respectivas competencias.

Os fins da Fundación consisten fundamentalmente nos seguintes:

- Abastecemento do sangue e derivados a todos os centros sanitarios públicos e privados da CA.
- Programación e execución de todas as extraccións extrahospitalarias por medio de equipos móbiles.
- Procesamento de todas as unidades de sangue recollidas de forma extra e intrahospitalaria.
- Fraccionamento do sangue para a produción de hemoderivados básicos.
- Responsabilidade sobre o intercambio de plasma que se realiza coa industria fraccionadora.
- Promoción da hemodoazón e plasmaférese voluntarias.
- Promoción e desenvolvemento de investigación tendente á obtención de novos derivados do sangue para usos terapéuticos.
- Desenvolvemento da infraestrutura necesaria para a criopreservación do sangue e dos seus derivados así como da medula ósea.
- Actualización dun inventario de doadores, recursos humanos e materiais e actividades dos diferentes servizos de transfusión e das necesidades de sangue, plasma, e hemoderivados do ámbito territorial asignado.
- Control de calidade dos reactivos utilizados e da tecnoloxía referente á transfusión.
- Mantemento dunha estreita vinculación cos centros transfusionais da rede nacional, así como cos servizos de transfusión hospitalarios existentes en Galicia.
- Establecemento de programas e implantación de cursos tendentes a garantir a formación dos profesionais en materia de hemoterapia e, en xeral, calquera outra actividade tendente á planificación, coordinación e mellora da actividade relacionada coa captación de doadores, extracción, tratamento e distribución do sangue e dos seus derivados no ámbito da CA de Galicia.

II.1.3. ÓRGANOS DA FUNDACIÓN

O *Protectorado* da Fundación é ostentado pola Xunta de Galicia, sendo as súas facultades exercidas pola Consellería de Sanidade, sen prexuízo das competencias da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no relativo ao rexistro das fundacións de interese galego.

Os órganos da Fundación son os seguintes:

- O *Padroado* que é o órgano de goberno da fundación, e que asume a súa dirección e control. Está composto polo presidente que é o conselleiro de Sanidade, o xerente do Servizo Galego de Saúde (Sergas), o director xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, tres representantes do Sergas nomeados polo presidente deste, o director xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade, un representante da Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue, e un representante da Asociación Galega de Hematoloxía e Hemoterapia.

Ademais formará parte do Padroado, un vicepresidente que será un membro do padroado elixido de entre eles.

O secretario/a do Padroado, con voz pero sen voto, será designado entre o persoal que preste servizos na Fundación, na Consellería de Sanidade ou no Sergas e que sexa titulado superior.

Ás reunións do Padroado asistirá tamén a directora técnica da Fundación, con voz pero sen voto, e, así mesmo, o conselleiro de Sanidade poderá nomear ata un máximo de tres persoas máis, que asistirán ás reunións do Padroado en calidade de asesores, en función do contido da orde do día, con dereito a voz e sen voto.

O Padroado reunirse en sesión ordinaria, cando menos dúas veces ao ano, para aprobar os orzamentos e as contas anuais do CTG. O presidente poderá convocar as reunións extraordinarias cando o considere oportuno e, en todo o caso, sempre que así o soliciten por escrito a metade máis un dos patróns.

O Padroado ten, entre outras, as seguintes funcións: determinar os criterios de actuación da Fundación dentro do marco fixado polos Estatutos; adoptar as medidas e as disposicións convenientes que garantan o mellor cumprimento dos fins establecidos; autorizar a política de persoal e réxime retributivo; aprobar os acordos ou convenios; autorizar os contratos de obras e aprobar os contratos de servizos e subministracións; nomear o director técnico e o administrador da Fundación e aprobar a liquidación do orzamento e a memoria anual da Fundación, así como outras que lle encomenden os Estatutos e a normativa vixente na materia.


- O *presidente*, a quen lle corresponde exercer a representación da Fundación, convocar e presidir as sesións do Padroado e desfacer os empates co seu voto de calidade, supervisar as operacións da fundación, exercer en caso de urxencia toda clase de accións e recursos xudiciais e administrativos

en defensa dos dereitos e intereses da Fundación, informando disto na primeira sesión que realice ao padroado, así como calquera outra función que lle sexa validamente encomendada ou delegada polo Padroado.

- O vicepresidente que substitúe ao presidente e exerce as súas funcións en caso de vacante, ausencia ou enfermidade ou calquera outra que lle sexa encomendada polo presidente.
- O director técnico nomeado polo Padroado, que será un médico especialista en hematoloxía-hemoterapia. É o superior órgano unipersoal de xestión da fundación e correspóndenlle, entre outras, as funcións de: ostentar a xefatura de persoal da Fundación; dirixir os servizos e dependencias desta, proponendo ao Padroado a súa organización; representar, por delegación, ao presidente e, en xeral, calquera outra facultade que lle delegue o Padroado.
- O director de Xestión e Servizos Xerais terá como funcións: elaborar os plans de actuación do CTG, o seu proxecto de orzamento, as contas e demais estados financeiros, así como a memoria de xestión para a súa aprobación polo Padroado; ordenar os gastos e pagamentos da Fundación; contratar ao persoal, e formalizar as contratacións rendendo contas de todo iso ao director técnico, así como calquera outra función que lle delegue o Padroado.

II.1.4. ESTRUTURA

O organigrama da entidade foi aprobado polo Padroado na súa reunión do 21 de decembro de 2009 e nel figuran as áreas organizativas, sendo o seu esquema o seguinte:



A directora técnica do CTG foi nomeada pola Orde do 25 de setembro do 2009 da Consellería de Sanidade. Dependendo directamente da directora existen oito departamentos, que son os seguintes:

Unidade de promoción

O traballo desta unidade de promoción da doazón consiste en levar a cabo as campañas de doazón co fin de captar e manter unha base ampla, estable e crecente de persoas que doan sangue de xeito regular, perseguindo a captación de novos doadores e a fidelización dos que xa o son, así como, organizar a axenda das colectas.

Para conseguir os seus obxectivos, que no caso de Galicia son máis difíciles pola dispersión xeográfica, utiliza as seguintes ferramentas: distribución de material informativo antes dos desprazamentos de cada unha das unidades móbiles ademais de carteis e publicación na páxina web que indican data e horario de atención; charlas e conferencias en colaboración con asociacións de veciños e de amas de casa; campañas publicitarias; información aos doadores antes dos desprazamentos das unidades móbiles e carta de agradecemento a cada doador despois da doazón, xunto cos resultados das análises feitas á súa mostra de sangue para o coñecemento do seu estado de saúde.

Igualmente, existe unha liña telefónica gratuíta que atende calquera dúbida relacionada coa doazón de sangue e tamén informa das datas nas que se desprazarán as unidades móbiles da CTG aos concellos da CA.

Unidade de hemodoazón e aférese

Esta unidade é a responsable de efectuar as extraccións de sangue na CA de Galicia.

Estas lévanse a cabo nas 10 unidades móbiles existentes e nos denominados puntos fixos que se sitúan nas propias instalacións do CTG e nos locais habilitados para o efecto nos seguintes hospitais da rede pública de Galicia: CHUAC, H Arquitecto Marcide de Ferrol, HULA, H Nicolás Peña de Vigo, CHOU e H Provincial de Pontevedra.

En canto á tecnoloxía aplicada pode ser de xeito convencional ou mediante a extracción dun único elemento dos que compoñen o sangue (hemacias ou glóbulos vermellos, plasma, plaquetas, células proxenitoras de medula ósea) mediante a técnica da aférese utilizando un separador celular.

Unidade de fraccionamento e distribución

É a unidade encargada de levar a cabo a separación do sangue nos seus diversos compoñentes mediante centrifugación, así como de realizar a inactivación de patóxenos.

Ademais, atende e xestiona diariamente os pedidos de todos os servizos de transfusión públicos e privados de Galicia, enviando tamén o plasma excedentario á industria fraccionadora.

Unidade de procesamento

É o departamento responsable de facer as análises serolóxicas aos doadores, co fin de minimizar os riscos de transmisión de enfermidades infecciosas nos receptores dos compoñentes sanguíneos. Os resultados destas análises incluíranse nas cartas de agradecemento aos doadores.

Unidade de criobioloxía

Correspondéndolle a coordinación das doazóns, conxelación e distribución do sangue dos cordóns umbilicais procedentes da CA de Galicia, do Principado de Asturias e de Castela e León, en virtude dos acordos asinados con estas comunidades autónomas. Ademais, encárgase da conxelación dos compoñentes sanguíneos con características especiais (fenotipos raros).

Unidade de bioloxía molecular

É o departamento do CTG ao que se lle asigna a realización das probas de detección xenómica de enfermidades infecciosas (hepatite B, C e VIH) para todas as unidades doadas.

Tamén realiza tipaxes de doadores de medula ósea e de doazóns de sangue de cordón umbilical, xa que o CTG actúa como centro de referencia na CA de Galicia para a Fundación José Carreras

encargada do Rexistro de Doadores de Medula Ósea (REDMO), en virtude dun convenio asinado entre esta e a Consellería de Sanidade. Igualmente realiza os estudos de histocompatibilidade (tipaxe HLA) solicitados por outros centros.

Unidade de farmacia

Esta unidade encárgase de recibir as peticións de medicamentos plasmaderivados e a súa subministración á rede pública do Sergas.

Laboratorio de control de calidade

É a unidade responsable de avaliar mediante mostraxe que a calidade dos hemoderivados desde a súa extracción ata a subministración aos hospitais cumpre os requisitos esixidos pola normativa vixente.

Por outra banda, tamén existe unha directora de Xestión e Servizos Xerais, nomeada por Orde do 3 de novembro do 2009, cuxas funcións foron relacionadas no apartado II.1.3 e da que dependen a xestión dos servizos administrativos da entidade.

II.2. SERVICIOS DE TRANSFUSIÓN SANGUÍNEOS

Ademais do CTG, a rede de hemodoazón e hemoterapia de Galicia, regulada polo Decreto 100/2005, está conformada polos servizos de transfusión sanguíneos que, vinculados solidariamente ao cumprimento dos seus fins comúns, coordínanse e complementáanse con aquel no marco xeral da planificación que establece a Consellería de Sanidade. Estes servizos son aquelas unidades asistenciais de hospitais de titularidade pública ou privada (que se relacionan a continuación), nas que se almacenan os compoñentes sanguíneos, e se realizan probas de compatibilidade de sangue para uso exclusivo nas súas instalacións, tendo como responsable a un médico especialista en hematoloxía-hemoterapia.

A Coruña	CHUAC H Quirón H San Rafael H Modelo
Ferrol	H Arquitecto Marcide H Juan Cardona
Santiago	CHUS Policlínico La Rosaleda H Nuestra Señora de la Esperanza
Lugo	HULA Policlínico Lucense Sanatorio da Nosa Señora dos Ollos Grandes
Ourense	CHOU Centro Médico El Carmen
Pontevedra	H Montecelo H Provincial de Pontevedra H Miguel Domínguez
Vigo	H Álvaro Cunqueiro H Povisa H Nuestra Señora de Fátima Sanatorio Concheiro Centro Médico El Castro Centro Médico Pintado

Tamén contan con servizos de transfusión os hospitais comarcais Virxe da Xunqueira de Cee, de Monforte, da Costa en Burela, do Barco de Valdeorras, así como os de Verín e do Salnés.

II.3. OUTROS ÓRGANOS

Segundo o Decreto 100/2005 son órganos de carácter consultivo en materia de hemodoazón e hemoterapia a Comisión de Planificación Transfusional e os comités de transfusión e hemoderivados.

- Á Comisión de Planificación Transfusional correspóndelle, como órgano colexiado de carácter consultivo e dependente do Sergas, o asesoramento á Consellería de Sanidade e a coordinación nas materias de política hemoterápica, hemovixilancia e abastecemento do sangue do CTG e dos servizos de transfusión da CA de Galicia.

A Comisión de Planificación Transfusional está integrada por representantes do Sergas (sendo o seu presidente o director xeral de Asistencia Sanitaria e o vicepresidente o subdirector xeral de Procesos Asistenciais), da Asociación Galega de Hematoloxía e Hemoterapia, do CTG, dos comités de transfusión dos hospitais de titularidade privada. Actúa como secretario un membro da Consellería de Sanidade ou do persoal do CTG, nomeado polo director xeral de Asistencia Sanitaria.

As funcións da Comisión de Planificación Transfusional son as seguintes: estudar e avaliar as normas de declaración de stock; establecer os circuitos de solicitude de unidades de sangue e derivados, tanto programado como urgente, desde os servizos de transfusión ao CTG; asesorar a dirección técnica do CTG no desempeño das súas funcións; estimular e impulsar o cumprimento das funcións do CTG sinaladas no citado decreto e especialmente no referente á promoción das doazóns e á utilización correcta do sangue e os seus derivados; realizar o seguimento do Plan de Hemodoazón e Hemoterapia de Galicia, dinamizar o desenvolvemento do Programa autonómico da hemovixilancia e servir de órgano de comunicación entre os diferentes servizos de transfusión co CTG e as autoridades sanitarias.

- Nos hospitais ou complexos hospitalarios onde exista un servizo de transfusión establecerase, con carácter consultivo, un Comité de transfusión e hemoderivados para contribuír á seguridade do sangue e dos produtos sanguíneos.

O comité terá a seguinte composición: o presidente será o director médico do hospital ou complexo hospitalario; o vicepresidente será o responsable técnico do servizo de transfusión; un vogal nato que é o director do CTG e un representante por cada unha das áreas cirúrxica, médica, anestesia, pediatría, xinecoloxía, farmacia hospitalaria e urxencias; e un secretario membro do persoal do hospital ou complexo hospitalario nomeado polo director ou xerente que actuará con voz pero sen voto.

Os comités terán as seguintes funcións: establecer normas para a transfusión de sangue e produtos sanguíneos; realizar informes técnicos da práctica transfusional; supervisar o establecemento e facer o seguimento do programa de hemovixilancia para a detección, avaliación e xestión dos efectos adversos e problemas relacionados coa práctica transfusional do hospital e instaurar os mecanismos necesarios que aseguren a trazabilidade de todos os hemoderivados transfundidos, tanto os produtos hábiles como procesados pola industria farmacéutica e promover a formación continua do persoal en medicina transfusional.

O Decreto 100/2005 crea o Programa autonómico da hemovixilancia para as recollidas de reaccións adversas graves ou inesperadas que se manifesten en doadores ou receptores de sangue, debendo existir un responsable deste programa en cada un dos hospitais da CA onde se realizan transfusións, recaendo esta responsabilidade na xefatura de servizo de hematoloxía e hemoterapia ou persoa en quen delegue.

III. A DOAZÓN DE SANGUE, SANGUE DE CORDÓN UMBILICAL E MEDULA ÓSEA EN GALICIA

Para a realización das súas funcións o CTG precisa tanto do sangue procedente das doazóns (xa sexa extraída mediante a técnica convencional ou aférese) como das células nai (proxenitores hematopoéticos) obtidas a partir do sangue do cordón umbilical ou da medula ósea. A iso hai que engadir o plasma sobrante procedente do sangue co que se elaboran os medicamentos que se envían á industria fraccionadora e se venden posteriormente aos hospitais públicos.

III.1. DOAZÓN DE SANGUE

III.1.1. ASPECTOS XERAIS

Segundo a normativa vixente tanto de ámbito estatal (Real decreto 1088/2005, do 16 de setembro) como de ámbito autonómico (Decreto 100/2005, do 21 de abril) a doazón de sangue é un acto voluntario, anónimo (o doador e o receptor non se coñecen), altruísta e gratuíto (en ningún caso existirá retribución económica para o doador nin se esixirá ao receptor prezo ningún polo sangue recibido) e responsable, xa que o doador debe achegar toda a información sobre o seu estado de saúde.

Poden ser doadores as persoas con boa saúde, con máis de 50 quilos de peso e que teñan máis de 18 anos. Os doadores maiores de 65 anos poden continuar doando co permiso do seu médico de cabeceira. Os homes poden doar un máximo de catro veces ao ano e as mulleres tres, deixando pasar entre cada doazón un mínimo de 2 meses.

En Galicia no ano 2013 o número de doazóns foi de 114.126 (0,55% menos que no ano 2012 que foron 114.759) distribuíndose en 19.452 nos puntos fixos e 94.674 nas unidades móbiles (2,01% e 0,25% menos que no ano 2012, respectivamente), ascendendo o número total de doadores a 81.627, dos que foron doadores novos 9.936.

O número de doazóns no ano 2013 distribuído por comunidades autónomas é o que se reflicte a continuación:

Cadro 1: Doazóns por CCAA

CCAA	Taxa por 1000 habitantes	Total 2012	Total 2013	% variación 13/12
País Vasco	43,56	100.287	95.465	-4,81%
Estremadura	43,49	50.663	48.010	-5,24%
Galicia	41,26	114.759	114.126	-0,55%
C. e León	40,66	104.805	102.460	-2,24%
Navarra	40,15	28.417	25.876	-8,94%
Cantabria	39,65	24.361	23.466	-3,67%
Asturias	37,51	42.015	40.067	-4,64%
Madrid	37,10	252.433	241.003	-4,53%
Aragón	35,89	46.777	48.354	3,37%
Murcia	35,18	54.254	51.784	-4,55%
A Rioxa	35,06	11.591	11.291	-2,59%
C. Valenciana	34,48	188.610	176.346	-6,50%
Baleares	34,34	40.054	38.180	-4,68%
C.-A Mancha	34,32	73.183	72.109	-1,47%
Cataluña	34,03	275.499	257.018	-6,71%
Andalucía/ Ceuta	33,85	286.309	285.684	-0,22%
Canarias	30,55	65.147	64.721	-0,65%
Melilla	21,39	1.680	1.790	6,55%
Total	36,02	1.760.844	1.697.750	-3,58%

Fonte: Federación española de doadores de sangue

Segundo os datos expostos, o índice de doazóns por cada mil habitantes sitúase para o ano 2013, no caso da CA de Galicia no 41,26 sobre unha poboación de 2.765.940 persoas, cumpríndose así os parámetros recomendados pola Organización Mundial da Saúde (OMS) que os fixa nunha taxa de 40-60 por cada mil habitantes para cubrir as necesidades de sangue dunha comunidade. Polo conseguinte Galicia cumpre escasamente esa recomendación, ocupando aínda así, o terceiro lugar das comunidades autónomas que conforman o Estado español por detrás do País Vasco e Estremadura. Non obstante, obsérvase unha tendencia á baixa da maioría das comunidades autónomas que, no caso de Galicia, concrétase nun 0,55% con relación ao 2012. Esta tendencia que vén desde o ano 2008, continua no 2014 no que o número de doazóns diminuíu ata as 111.255, o que supuxo unha taxa do 40,48 por mil habitantes e, polo tanto, unha baixa do 2,52%, o que determinou a cesión do terceiro posto no ranking das comunidades autónomas a favor de Castela e León.

Advírtese a nivel de todo o Estado unha constante baixada nas porcentaxes de doazón de sangue que obedece, fundamentalmente, ao envellecemento da poboación, o que esixe redobrar os esforzos na captación de novos doadores e sobre todo na fidelización dos que xa o son.

No seguinte cadro reflíctese a distribución das doazóns nas provincias galegas:

Cadro 2: Doazóns por provincias galegas 2013

Provincia	Habitantes	Núm. doazóns	Técnica convencional	Aférese	Taxa por 1000 habitantes
A Coruña	1.138.161	52.157	48.863	3.294	46
Lugo	346.005	9.895	9.712	183	29
Ourense	326.724	10.988	10.270	718	34
Pontevedra	995.050	41.086	38.469	2.617	43
Total	2.765.940	114.126	107.314	6.812	41

Como se observa no cadro, as provincias de Ourense e Lugo atópanse por debaixo da taxa recomendada pola OMS (en parte debido ao envellecemento e dispersión da poboación) mentres que as provincias de A Coruña e Pontevedra cumpren a taxa recomendada superando con creces a media española.

No ano 2013 as doazóns do sangue levadas a cabo en Galicia, segundo o grupo sanguíneo foron as seguintes:

Cadro 3: Doazóns de sangue 2013 por grupo sanguíneo

Grupo	Doazóns	%
A +	44.877	39,3%
A -	8.803	7,7%
B +	6.597	5,8%
B -	1.342	1,2%
O +	39.699	34,8%
O -	9.230	8,1%
AB +	2.913	2,5%
AB -	665	0,6%
Total	114.126	100,0%

Polo tanto, a maior porcentaxe (39,3%) corresponde ao grupo A+ e o 34,8% ao O+, seguido a moita distancia polo O- (8,1%) e polo A- (7,7%) sendo minoritarios os restantes grupos sanguíneos.

En canto as formas utilizadas para extracción de sangue, ademais da convencional úsase a técnica nomeada aférese mediante a que se recollen os compoñentes sanguíneos que se precisan (plaquetas, plasma ou glóbulos vermellos), restituíndose o resto do sangue ao doador. Esta técnica só se realiza nos puntos fixos de doazón e non nas unidades móbiles.

Os doadores cos que se utilizou a técnica de aférese ascenderon no exercicio 2013 a 3.578, sendo 6.812 os procesos de aférese levados a cabo no mesmo período.

As unidades de plaquetas obtidas por aférese ascenderon no ano 2013 a 6.959, o que representa unha porcentaxe do 43,98% do total (15.823). As unidades de plasma e hemacias extraídas por esta técnica foron 6.068 e 4.700, respectivamente, representando unha porcentaxe do 5,45% e 4,25%, do total das unidades obtidas (114.426 e 110.494, respectivamente). Esta diferenza nas

porcentaxes obedece a que unha doazón de aférese permite obter unha unidade terapéutica de plaquetas fronte as cinco doazóns convencionais que se precisan para acadar a mesma dose.

III.1.2. PROCESAMENTO DAS DOAZÓNS DE SANGUE POLO CTG

A empresa contratada recolle o sangue doado nos distintos puntos de doazón e no mesmo día en dúas quendas trasládase ás instalacións do CTG en Santiago. As unidades doadas son debidamente identificadas e os datos destas son introducidos no aplicativo informático “e-delphyn blood bank” polo persoal que levou a cabo a extracción.

Seguidamente, a unidade de fraccionamento divide o sangue en cada un dos seus compoñentes que, tras o seu almacenamento, serán solicitados polos correspondentes servizos de transfusión. As mostras de sangue son sometidas ás probas serolóxicas obrigatorias (hepatite B, hepatite C, VIH,...) e á determinación do grupo sanguíneo polo laboratorio de procesamento. Unha vez obtidos todos os resultados en cada laboratorio son rexistrados no aplicativo informático e se os compoñentes cumpren cos requisitos preestablecidos, pasan a estar dispoñibles para ser enviados para transfundir.

Diariamente os servizos de transfusión dos hospitais solicitan ao CTG os compoñentes sanguíneos que precisan para realizar o seu labor asistencial, realizándose estas peticións a través do aplicativo informático que funciona en rede. Por parte daquel selecciónanse os compoñentes e envíanse aos servizos de transfusión a través da empresa contratada para a dita actividade. Ao traballar en rede, o CTG pode visualizar en cada momento o stock de compoñentes sanguíneos de cada servizo de transfusión o que lle permite distribuír estes do xeito máis equitativo posible.

Neste aplicativo informático consta unha ficha por cada doazón na que se reflicte a súa trazabilidade, desde a data e hora da extracción ata a remisión á industria do plasma sobrante ou o envío ao centro hospitalario correspondente do compoñente sanguíneo para transfundir, constando incluso, o doente ao que se lle subministra a transfusión.

Analizada a trazabilidade correspondente a 14 doazóns levadas a cabo en distintas datas do exercicio fiscalizado, resulta que unicamente en dúas delas tardouse 5 e 6 días, respectivamente, en remitir á industria o plasma sobrante, mentres que nas restantes remitiuse ao día seguinte. Na maioría delas levouse a cabo o procesamento e envío dos correspondentes compoñentes sanguíneos para transfundir (previa petición) nunha media de 7 días, agás en dous casos nos que este prazo foi de 12 e 16 días. En canto ao prazo desde a doazón ata a transfusión, non supera na maioría dos casos analizados os 15 días.

Ao final de mes cada departamento emite un informe sobre o labor realizado e a unidade de contabilidade expide as correspondentes facturas.

III.1.3. PLASMA EXCEDENTE ENVIADO Á INDUSTRIA FRACCIONADORA

Os plasmaderivados son aquelas especialidades farmacéuticas cuxo principio activo provén do plasma excedente das doazóns.

Estes medicamentos son elaborados por un laboratorio (Grifols, SA), co que o CTG ten subscrito dous contratos negociados sen publicidade baseados na exclusividade, xa que este laboratorio é o único que conta coa pertinente autorización do Ministerio de Sanidade.

Estes contratos son analizados no apartado VI.2. deste informe relativo á contratación, debéndose indicar que na actualidade a distribución dos medicamentos aos hospitais lévase a cabo directamente por Grifols, SA aínda que no exercicio fiscalizado realizábase polo CTG.

As unidades de plasma enviadas á industria fraccionadora durante o exercicio 2013 foron 89.354, un 3,35% máis que no ano 2012 (86.461).

Os plasmaderivados subministranse polo CTG unicamente aos hospitais da rede sanitaria pública xa que a demanda destes asume a totalidade da súa produción, polo que os hospitais privados teñen que adquirilo directamente ao laboratorio Grifols. Do mesmo xeito teñen que proceder os hospitais públicos cando o CTG esgota a capacidade de remitir ao citado laboratorio plasma propio para a elaboración dos citados medicamentos.

Os medicamentos plasmaderivados autorizados pola Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios (en adiante AEMPS) son os seguintes: Albumina Humana, factor VIII (factor antihemofílico A), factor IX (do que non existe demanda en Galicia), Gammaglobulina e Alfa-1-antitripsina.

No apartado IV.2.2. deste informe analizarase polo miúdo as unidades distribuídas de cada un deles a cada hospital, así como o correspondente importe de facturación.

A unidade de farmacia informa ao servizo de contabilidade que expide unha factura por cada envío realizado, aínda que se emiten todas elas ao final de cada mes.

III.2. DOAZÓN DE SANGUE DE CORDÓN UMBILICAL

III.2.1. ASPECTOS XERAIS

Na actualidade sábese que o sangue do cordón umbilical contén suficiente cantidade de células nai de características similares ás da medula ósea e que poden utilizarse tamén como fonte de transplante daquelas, aumentando así o número de doentes que poden beneficiarse dun transplante deste tipo. Ademais, as células do sangue de cordón están dispoñibles case de xeito inmediato, xa que se almacenan conxeladas no banco de sangue de cordón existente nas instalacións do CTG.

Poden ser doadoras todas as mulleres que non teñen padecido nin presenten enfermidades transmisibles polo sangue (hepatite B ou C, sífilis, sida, etc.) e que dean a luz a un fillo san. Mentres a placenta aínda está no útero, procédese a extraer o sangue que contén. Necesítase consentimento escrito da nai e, ao igual que no caso de doazón de sangue é un acto voluntario, altruísta, gratuíto e universal.

Unha vez obtidas as células nai do cordón umbilical conxélanse a temperaturas moi baixas (inferiores aos -150°) para asegurar que se conserven en bo estado ata o momento da súa utilización.


Os centros adscritos a este programa son: o CHUS, o CHOP, o HULA e os hospitais Teresa Herrera, Quirón, Modelo-Belén da Coruña, Virxe da Xunqueira de Cee, Arquitecto Marcide de Ferrol, Salnés de Vilagarcía de Arousa, Xeral-Cíes, Povisa de Vigo e Cristal Piñor de Ourense. Na actualidade tamén está adscrito o H da Barbanza.

As unidades de sangue de cordón umbilical extraídas durante o exercicio fiscalizado foron 465, segundo a información facilitada polo CTG (correspondendo 384 unidades a Galicia e 81 a Castela-León e Asturias), o que representa un descenso do 14,84% con relación ao 2012 (546). As unidades almacenadas foron 6.210 ao final do 2013, aumentando deste xeito un 1,09% respecto ás existentes no ano 2012 (6.143). No exercicio 2014 as unidades de sangue do cordón umbilical extraídas en Galicia ascenderon a 477, doce máis que no exercicio fiscalizado.

Os datos de todas as unidades de cordón tipadas e almacenadas en España están recollidos na base de datos do REDMO. Como cada banco de cordón remite ao REDMO os datos de cada unidade e este, á súa vez, envíallo ao rexistro internacional, cando un paciente precisa dun transplante e carece de doador familiar compatible, o centro sanitario onde está o enfermo solicita ao rexistro internacional (a través do rexistro nacional correspondente) a busca de doadores ou de unidades de sangue de cordón compatibles.

A evolución histórica desde o ano 1997 das unidades de sangue de cordón umbilical dispoñibles no sistema sanitario español é a que se reflicte no seguinte gráfico:

Evolución 1997-2014 das unidades de sangue de cordón almacenadas en España



Fonte: ONT e REDMO

Prodúcese un importante e constante incremento das unidades de sangue de cordón almacenadas, orientándose na actualidade a estratexia non tanto a aumentar o número de unidades, senón a mellorar a calidade destas, no senso de que teñan o maior número de células ou acheguen a maior variable HLA posible.

As unidades de sangue de cordón umbilical dispoñibles ao final do 2013 nos bancos existentes no Estado español son as seguintes:

Cadro 4: Unidades dispoñibles nos Bancos de Sangue de Cordón Umbilical de España 2013

Banco de sangue	2013	%
Banco de Cordón CRTS (Málaga)	22.387	38,0%
Banco de Cordón de Barcelona	17.204	29,2%
Banco de Cordón CTS (Madrid)	7.127	12,1%
Banco de Cordón CTG (Galicia) (1)	6.053	10,3%
Banco de Cordón C. Valenciana	4.815	8,2%
Banco de Cordón do País Vasco	696	1,2%
Banco de Cordón do Hospital Univ. de Tenerife	453	0,8%
Vidacord (2)	103	0,2%
Ivida (2)	10	--
Total	58.848	100,0%

(1) A diferenza coas 6.210 unidades de cordón almacenadas obedece a que 157 aínda estaban pendentes a 31.12.2013 de tipaxe HLA

(2) Únicos bancos privados de cordón umbilical autorizados para ter almacenadas unidades

O maior número de unidades corresponde ao Centro Regional de Transfusión Sanguínea da CA de Andalucía situado en Málaga, mentres que Galicia ocupa o cuarto lugar.

III.2.1. TRATAMENTO DAS DOAZÓNS DE SANGUE DO CORDÓN UMBILICAL POLO CTG

O CTG coordina, procesa e distribúe o sangue de cordón umbilical doado nas maternidades adscritas ao programa de doazón de Sangue de Cordón Umbilical (SCU) tanto de Galicia como das comunidades de Asturias e Castela e León.

Deste xeito, cando unha maternidade obtén un cordón pono en coñecemento da Unidade de Criobioloxía do CTG, contactando esta coa empresa de transporte contratada para a recollida das doazóns de sangue que traerá tamén o cordón extraído. Unha vez na unidade de Criobioloxía, revísase o consentimento informado e o resto da documentación, comprobándose se a mostra cumpre con todos os requisitos de calidade que permita o seu procesamento e posterior almacenamento. No caso de ser así envíanse os tubos extraídos da doadora aos laboratorios de procesamento e bioloxía molecular para a determinación das probas serolóxica/moleculares obrigatorias así como do grupo sanguíneo. O cordón procésase e almacénase en tanques de nitróxeno líquido ata que sexa solicitada por calquera centro transplantador tras a súa inclusión nos rexistros pertinentes. Antes do envío ao hospital solicitante é preciso realizar un control de calidade do cordón desconxelando unha mostra que permite facer unha comprobación do tipaxe HLA e a súa viabilidade. O envío pode ter lugar a un centro español ou estranxeiro, precisándose neste último caso unha autorización de saída do cordón emitida pola ONT.

O departamento de Criobioloxía elabora un informe mensual da actividade do banco de cordón para a emisión das facturas pertinentes por parte da unidade de contabilidade. O envío dunha unidade de sangue de cordón a un centro transplantador español orixina unha factura que se emitirá directamente desde o CTG ao hospital receptor. No caso de que se remita un cordón a un hospital estranxeiro, será o REDMO o que lle expida unha factura ao hospital transplantador e o CTG emitirá unha factura ao REDMO.

III.3. DOAZÓN DE MEDULA ÓSEA

A medula ósea é un tecido esponxoso que se atopa no interior dos ósos planos (pelve, esternón, etc.) e na que se fabrican as células nai capaces de producir todas as células do sangue. Estas células nai tamén se poden atopar noutras fontes como o sangue circulante e o sangue de cordón umbilical.

O transplante de medula ósea é un tratamento para curar determinadas enfermidades do sangue, como a leucemia, ao substituír as células defectuosas por outras normais procedentes dun doador san. Hai dúas maneiras de extraer as células nai necesarias para un transplante:

- A doazón de proxenitores de sangue periférica xa que as células nai tamén poden mobilizarse cara ao sangue circulante. Neste caso o doador ten que administrarse previamente uns fármacos inxectables durante catro ou cinco días, sen que a extracción necesite ingreso hospitalario, levándose a cabo mediante unha ou dúas sesións pola técnica de aférese.
- A doazón de medula ósea que consiste na extracción de células nai mediante a punción do óso da cadeira baixo anestesia, precisándose neste caso dun ingreso hospitalario de 24 horas.

Pode ser doador de medula ósea calquera persoa comprendida entre 18 e 55 anos e que non teña ningunha enfermidade grave ou transmisíbel. Cando unha persoa desexa facerse doador, tomaráselle unha mostra de sangue para coñecer a súa tipaxe HLA que determinará a compatibilidade no seu día cun futuro receptor. Os seus datos pasarán a formar parte dun rexistro informatizado e confidencial do REDMO e cando se produza unha coincidencia potencial cun doente, pediráselle que subministre mostras de sangue adicionais para facer unha análise máis extensa que confirme a compatibilidade que permita o conseguinte transplante.

Ao igual que ocorre coa doazón de sangue e coa doazón de sangue do cordón umbilical, a doazón de medula ósea ten carácter anónimo, altruísta, voluntario e universal, é dicir, dóase para calquera persoa que o necesite en calquera parte do mundo.

No exercicio 2013 os doadores de Galicia de medula ósea tipados e introducidos no REDMO foron 640. Pola súa banda, o número de estudos HLA referidos á medula ósea de doadores/pacientes familiares realizados polo CTG foi no ano 2013 de 165.

O número de doadores de medula ósea inscritos no REDMO a finais do 2013 en España distribuídos por comunidades autónomas é o que se reflicte no seguinte cadro:

Cadro 5: Número de doadores de medula ósea inscritos no REDMO por CCAA


CCAA	Núm. doadores inscritos 2013	Taxa por 100.000 hab 2013	Total inscritos
Navarra	827	1.363,40	8.787
Murcia	1.020	503,99	7.419
Estremadura	651	395,29	4.364
A Rioxá	176	309,60	997
Andalucía	8.578	307,63	25.965
Cataluña	4.002	306,09	23.121
Castela e León	1.087	301,17	7.589
País Vasco	1.448	290,87	6.375
Canarias	493	282,91	5.994
Asturias	499	263,72	2.817
Comunidade Valenciana	1.568	252,22	12.898
Baleares	278	226,42	2.517
Madrid	2.944	213,82	13.889
Ceuta	27	177,00	149
Castela A Mancha	958	173,68	3.649
Cantabria	245	135,84	804
Aragón	368	122,11	1.645
Galicia	640	114,25	3.160
Melilla	19	80,07	67
Andorra			129
Total	25.828	280,79	132.335

Fonte: Federación de española de doadores de sangue

En consecuencia, Galicia conta no ano 2013 con 3.160 doadores, ocupando o posto número 12 o que representa o 2,39% da totalidade dos doadores existentes en todo o territorio nacional, sendo Andalucía a que conta cun maior volume, seguida de Cataluña. Se atendemos á porcentaxe de doadores por cada 100.000 habitantes Galicia ocupa a penúltima posición, sendo Navarra a que de xeito moi destacado encabeza o ranking.

Por outra banda, a evolución histórica desde o ano 1994 do número de doadores de medula ósea en España inscritos no REDMO é a seguinte:

Evolución de doadores de medula ósea inscritos no REDMO



Como se pode observar, advírtese un constante incremento do número de doadores de medula ósea que é especialmente relevante nos últimos anos, o que supuxo un incremento no ano 2013 dun 24% respecto ao ano anterior, porcentaxe que se mantén tamén no 2014 con relación a aquel.

Aproximadamente o 70% dos pacientes que necesitan un transplante non teñen un doador familiar compatible. Nestes casos iníciase a busca dun doador voluntario non emparentado de medula ou de cordón umbilical que sexa compatible co enfermo. O CTG é centro de referencia de doadores de medula ósea participando nas campañas informativas e rexistrando e tipando as persoas que desexan facerse doadores. Cando se atopa un doador para un paciente galego tramítase a extracción da medula no país de orixe do doador a través do REDMO. No caso que o doador sexa galego e doe para un paciente estranxeiro producírase a doazón nun hospital da Comunidade e a través do REDMO tramítárase o envío ao centro transplantador.

Para a busca dun doador familiar o hospital onde está o enfermo extrae unha mostra aos familiares para facer o tipaxe HLA e comprobar a súa compatibilidade. Algúns hospitais fan esta determinación pero na meirande parte dos casos é o CTG o que realiza os estudos de histocompatibilidade.

IV. CONTRATO-PROGRAMA, SERVIZOS, TARIFAS E FACTURACIÓN

IV.1. CONTRATO-PROGRAMA

O CTG como fundación pública sanitaria deberá desenvolver a súa actividade con suxeición aos criterios de planificación que, con carácter xeral, determine o Sergas a quen lle corresponderá concretar as prestacións sanitarias a realizar, a fixación anual dos seus obxectivos e a asignación dos recursos necesarios, mediante a subscripción dun contrato-programa para a prestación de servizos.

O primeiro foi asinado o 01.08.2004, sendo as súas prórrogas e addendas as que se relacionan a continuación:

1. Contrato-programa inicial

O seu obxecto, segundo se expresa na cláusula primeira, é establecer as prestacións sanitarias así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria, a realizar polo CTG.

As condicións económicas serán establecidas anualmente polo Sergas baseándose nas previsións de consumo dos seus centros hospitalarios, determinándose tanto o financiamento total previsto, como as consignacións orzamentarias establecidas para esta actividade nos centros hospitalarios do Sergas.

O sistema previsto no contrato-programa establece que cada hospital público procederá, dentro dos tres primeiros días de cada mes, a propoñer o aboamento ao CTG da doceava parte do financiamento previsto para esta actividade nos seus respectivos orzamentos, importe este que se fará efectivo pola Tesouraría da CA no mesmo mes da proposta de pagamento.

En canto á regularización da actividade, segundo a cláusula cuarta do contrato-programa, realizarase da seguinte forma:

- A fundación presentará mensualmente ante cada centro hospitalario do Sergas a xustificación das prestacións realizadas.
- Trimestralmente procederase á regularización do importe percibido fronte ao devengado.
- Se durante a vixencia do contrato-programa se modifican as prestacións, implicando incremento ou diminución do importe total previsto, os axustes dos importes faranse na primeira liquidación trimestral que se produza, sen prexuízo da actualización das asignacións mensuais que resten.
- Se a actividade realizada nun trimestre non permite xustificar os gastos xerados poderase compensar coa actividade do seguinte.

- Se o importe que resulte da liquidación do último trimestre é favorable á fundación a diferenza será imputada ao exercicio orzamentario seguinte. Se o importe aboado é superior ao custo efectivo da actividade a diferenza reducirá o financiamento máximo do seguinte contrato-programa.

No que respecta á súa vixencia será dun ano dende a data da súa formalización, podendo prorrogarse por períodos anuais.

No que se refire á actividade sanitaria a realizar pola fundación, así como as súas correspondentes tarifas, relaciónase no anexo do contrato-programa distribuíndose en catro grupos: servizos hemoterápicos, probas analíticas, servizos da unidade de criopreservación e servizos relacionados co sangue de cordón umbilical.

2. Prórrogas e addendas ao contrato- programa inicial ata o 28.12.2012

2.1. Prórroga asinada o 27.07.2007:

A pesar de que no contrato-programa inicial do 01.08.2004 establécese que a súa duración será dun ano, non se formalizou a prórroga ata o 27.07.2007, determinándose nela o importe a asignar ao CTG para os anos 2007 e 2008, distribuído por hospitais do Sergas.

2.2. Desde entón ata o 28.12.2012, data en que se asinou a prórroga correspondente ao ano 2013 (exercicio fiscalizado), formalizáronse sucesivas prórrogas, dentro de prazo, cunha serie de addendas destinadas a variar o importe do financiamento ou a establecer as tarifas aplicables aos servizos prestados.

3. Prórroga e addenda ao contrato-programa para o ano 2013:

3.1. A prórroga, asinada o 28 de decembro de 2012, límitase a establecer a contía a transferir ao CTG correspondente ao financiamento da actividade a realizar durante o exercicio 2013, distribuído por hospitais na aplicación orzamentaria 412A 221.12, cuxo importe ascende a 16.478.624 euros, aos que se engaden 133.115 euros destinados á realización de tipaxes de histocompatibilidade con cargo á aplicación orzamentaria 5001.412A 443.13.

3.2. Addenda 20ª asinada o 07.03.2013 sobre tarifas a aplicar en 2013:

Mediante esta addenda ao contrato-programa establécense as tarifas a aplicar no exercicio 2013 aos centros hospitalarios do Sergas, das que se deducen as conclusións que se relacionan no apartado IV.2 deste informe.

3.3. Addenda 21ª asinada o 11.10.2013:

Esta addenda establece aboamentos aos hospitais por un importe global de 1,5 millóns de euros, distribuídos proporcionalmente ao importe do financiamento inicial de cada centro para o ano 2013.

No apartado 3º da parte expositiva da citada addenda afirmase que tal medida é posible porque da análise dos estados contables do CTG conclúese que é posible reducir os seus ingresos, o que se materializará na emisión dos correspondentes aboamentos, o que evidentemente repercutiu nas regularizacións posteriores.

3.4. Addenda 22ª asinada o 04.11.2013:

Nesta addenda fíxase un incremento do financiamento, previsto no acordo de prórroga do contrato-programa por un importe global de 555.000 euros, distribuído por EOXI.

3.5. Addenda 23ª asinada o 27.12.2013:

Ao igual que na addenda 21ª, nesta establécense aboamentos aos centros por importe de 1,5 millóns de euros, séndolle de aplicación o referido para aquela.

En definitiva as contías consignadas para cada centro hospitalario para o exercicio 2013 foron as seguintes:

Cadro 6: Importes contrato-programa (euros)

Centro	Importe inicial (A)	21ª addenda (aboamento)	22ª addenda (incremento) (B)	23ª addenda (aboamento)	Importe final (A+B)
EOXI A Coruña	4.084.000	371.754	200.000	377.254	4.284.000
EOXI Ferrol	655.000	59.623	105.000	66.926	760.000
EOXI Santiago	3.125.000	284.459	250.000	297.206	3.375.000
H Lucus Augusti	1.740.000	158.387		153.226	1.740.000
HC da Costa	270.000	24.577		23.777	270.000
HC Monforte	190.000	17.295		16.732	190.000
EOXI Ourense	1.825.000	166.124		160.712	1.825.000
CHUVI	3.200.000	291.286		281.796	3.200.000
EOXI Pontevedra	1.389.624	126.493		122.372	1.389.624
Servizos Centrais	133.115				133.115
Total	16.611.739	1.500.000	555.000	1.500.000	17.166.739

Fonte: Contrato-programa CTG

Analizado o rexistro da Fundación dedicado ao seguimento da execución do contrato-programa detéctanse as seguintes incidencias:

- *Cobros a conta mensuais:*

a) Falta, nalgúns casos, a referencia do mes ao que corresponde o cobro relativo aos hospitais Virxe da Xunqueira, Monforte, Verín, CHOP, Salnés, Costa (Burela), CHOU e CHUVI.

b) Inexistencia de cobro dalgunha mensuralidade en todos os hospitais, agás na Área Sanitaria de Ferrol e no HULA.

c) En maior ou menor medida todos os hospitais incumpren o prazo de pagamento das mensualidades a conta.

- *Regularizacións trimestrais:*

a) En todos os hospitais faltan regularizacións correspondentes a algún trimestre, agás na Área Sanitaria de Ferrol, CHUS, Barbanza e CHUVI.

b) Obsérvase a práctica de regularizacións fóra de prazo en todos os hospitais, agás no CHUVI.

Á vista do exposto cabe concluír, por unha banda, a existencia dun incumprimento xeralizado, por parte dos centros, das condicións establecidas no contrato-programa relativas aos procedementos de pagamento, sen que exista constancia de que o CTG dispoña de instrumentos destinados a facer cumprir as referidas condicións e, por outra, un deficiente control das facturas cobradas ao utilizar para a contabilización dos cobros a documentación remitida polas entidades financeiras que, en moitos casos, non fan referencia á factura a que corresponden aqueles.

Por outra parte, o punto 3 do módulo I, anexo ao contrato-programa, establece que mensualmente a Fundación remitirá a cada centro hospitalario unha relación xustificativa e valorada da actividade realizada no mes anterior, con indicación dos servizos prestados en cada modalidade asistencial e os importes parciais e totais dos distintos conceptos. Da análise do cumprimento deste extremo non se apreciaron incidencias.

IV.2. SERVIZOS, TARIFAS E FACTURACIÓN

Na análise deste apartado distinguiremos, por unha banda, os servizos que constitúen a denominada actividade propia do CTG (hemoterápicos, probas analíticas, criopreservación e cordón umbilical) e, por outra, a actividade mercantil, consistente na venda aos hospitais públicos dos medicamentos elaborados co plasma excedente.

IV.2.1. ACTIVIDADE PROPIA

O catálogo de servizos a prestar polo CTG aos hospitais que integran a rede sanitaria pública de Galicia relaciónase no contrato-programa asinado co Sergas mentres que para os pacientes non beneficiarios da SS ou para os que, aínda sendo beneficiarios, exista un terceiro obrigado a asumir o gasto recóllese no anexo VI do Decreto 221/2012, do 31 de outubro.

A carteira de servizos é idéntica en ambos os dous documentos, dividíndose basicamente en catro grandes bloques: servizos hemoterápicos, probas analíticas, criopreservación e servizos relacionados co sangue de cordón umbilical. Ademais, o CTG realiza en virtude do establecido no contrato-programa tipaxes de histocompatibilidade aos doadores de medula ósea e de sangue de cordón umbilical, polo que percibiu do Sergas no ano 2013 un importe de 133.115 euros.

No seguinte cadro reflíctese o resumo do número de servizos prestados e o correspondente importe facturado, sendo obxecto de desenvolvemento en cadros posteriores (do 8 ao 14):

Cadro 7: Servizos prestados polo CTG

	Centros públicos		Centros privados		Total	
	Núm. servizos	Importe	Núm. servizos	Importe	Núm. servizos	Importe
Servizos hemoterápicos	141.534	(*) 14.576.320	16.555	2.115.450	158.089	(*) 16.691.771
Probos analíticas	1.061	175.218	336	21.231	1.397	196.449
Criopreservación	36	21.531	0	0	36	21.531
Sangue de cordón umbilical	2	1.340	4	92.000	6	93.340
Histocompatibilidade		133.115				133.115
Outros conceptos (**)			16	13.320	16	13.320
Total	142.633	14.907.524	16.911	2.242.002	159.544	17.149.526

(*) deducidos 3.000.000 de euros por aboamentos addendas 21ª e 23ª ao contrato-programa

(**) Cadro 8

Á marxe dos servizos recollidos no contrato-programa e no Decreto 221/2012, leváronse a cabo outros servizos de escasa contía que son os que se relacionan a continuación:

Cadro 8: Importes facturados á marxe do contrato-programa e do Decreto 221/2012 (euros)

Descrición	Centros privados		
	Tarifa	Cantidade	Importe
Determinacións moleculares de mostras de sangue para Grifols	60,00	12	720
Seguimento clínico de doentes transplantados	-350,00	4	-1.400
Seguimento evolución reactivo de Roche			14.000
Total		16	13.320

Deste xeito o importe de 720 euros corresponde a mostras con determinados fenotipos e antíxenos subministradas polo CTG a Grifols en virtude do acordo asinado entre ambos os dous o 19.10.2011 que foi prorrogado o 14.12.2012 ata o 31.12.2013, para que Grifols poida avaliar o funcionamento dos seus reactivos en mostras reais.

No que se refire ao importe de 14.000 euros facturado ao laboratorio Roche responde ao seguimento efectuado da evolución dun reactivo elaborado polo citado laboratorio durante os meses de maio e xuño do ano 2013 en virtude do acordo subscrito entre o CTG e este laboratorio.

No que respecta aos -1.400 euros, corresponde á minoracións (a razón de 350 euros por cada unidade) no importe de 23.000 euros facturados ao REDMO en concepto do seguimento clínico de cada un dos 4 pacientes transplantados con unidades de Sangue de Cordón Umbilical do CTG ao longo do 2013. Este seguimento é realizado por Eurocord baseándose no acordo alcanzado entre a Agence de la Biomedecine francesa, a ONT e a Fundación Internacional José Carreras como representante de todos os bancos de cordón do Estado.

O maior importe da facturación (14.907.524 euros) corresponde aos hospitais públicos (87%), mentres que o 13% restante (2.242.002) afecta aos hospitais privados, destacando sobre todos eles os servizos hemoterápicos.

En canto ás tarifas, na addenda 20ª ao contrato-programa (asinada o 7 de marzo de 2013) establécense as aplicables no exercicio 2013 aos centros hospitalarios do Sergas, non variándose a contía das establecidas na addenda 17ª para o ano 2012, agás as correspondentes a “Pool plaquetas buffy coat desleucocitadas” e “Plaquetas de aférese desleucocitadas” que se incrementan nun 9,6% (de 246,02 euros a 269,62 euros) no primeiro caso e diminúen nun 9,1% (de 296,47 euros a 269,62 euros) no segundo.

As tarifas a aplicar a terceiros (reguladas no Decreto 221/2012) son superiores ás correspondentes aos pacientes beneficiarios da SS nun 6,2% no que se refire á servizos hemoterápicos e nun 2,5% nos restantes servizos. Pola contra, nos conceptos de reserva e subministración de unidade de sangue de cordón umbilical as tarifas son iguais con independencia dos seus destinatarios. O mesmo ocorre no caso das probas analíticas de tipaxe HLA, agás a de tipaxe HLA-DQA1 e do estudo HPA+HLA nas que existe unha diferenza de 3,87 e 9,91 euros, respectivamente, sendo en ambos os dous casos máis caras para os centros privados.

Non obstante, cómpre ter en conta que o CTG aplica as respectivas tarifas segundo que o hospital petionario sexa público ou privado, xa que descoñece as circunstancias do paciente.

Os aspectos máis relevantes que se derivan da análise das tarifas fan referencia aos seguintes extremos:

- Efectuada a comprobación da correspondencia entre os prezos facturados e os regulados na normativa, cabe significar que se observou unha aplicación correcta das tarifas na totalidade dos casos.
- Dado que as tarifas aplicables aos servizos prestados no exercicio 2013 aos hospitais públicos foron aprobadas o 7 de marzo (20ª addenda ao contrato-programa) con efectos retroactivos ao 1 de xaneiro, o CTG practicou a correspondente regularización na facturación do mes de marzo.

Nos seguintes subapartados detállanse os servizos prestados polo CTG derivados da actividade propia aos centros sanitarios públicos e privados durante o 2013, así como as correspondentes tarifas e a conseguinte facturación, debendo terse en conta que ademais dos relacionados o CTG ofrece 27 servizos máis, sen que se producira demanda en ningún deles nin por parte dos hospitais públicos nin dos privados.

A) Servizos Hemoterápicos

Os servizos hemoterápicos realizados polo CTG no ano 2013 e a súa correspondente facturación é a que se detalla a continuación:

Cadro 9: Servizos hemoterápicos prestados polo CTG, tarifas e facturación (euros)

Servizo	Centros públicos			Centros privados			Total	
	Tarifa	Cantidade	Importe	Tarifa	Cantidade	Importe	Cantidade	Importe
Concentrado de hemacias leucodeplecionadas	114,97	94.460	10.860.066	122,12	13.595	(1) 1.661.817	108.055	12.521.883
Pool plaquetas Buffy Coat desleucocitadas (5 unidades)	269,62	7.947	2.142.670	286,39	591	169.256	8.538	2.311.927
Plaquetas de aférese desleucocitadas	269,62	6.001	1.617.990	286,39	284	81.335	6.285	1.699.324
Plasma fresco conxelado tratado con azul de metileno	58,59	15.389	901.642	62,24	1.160	72.198	16.549	973.840
Irradación gamma de compoñentes sanguíneos (aplicase como un suplemento que se engadirá á tarifa de cada compoñente sometido a proceso de irradiación)	29,66	3.022	89.633	31,51	41	1.292	3.063	90.924
Inactivación de patóxenos nas plaquetas (aplicase como un suplemento que se engadirá á tarifa de cada compoñente sometido a proceso de inactivación) (2)	138,82	13.948	1.936.261	147,46	875	129.028	14.823	2.065.289
Alicuotado de compoñentes sanguíneos (aplicase como un suplemento que se engadirá á tarifa de cada compoñente sometido a proceso de alicuotado)	32,67	737	24.078	34,70	7	243	744	24.321
Concentrado de hemacias lavadas (aplicase como un suplemento que se engadirá á tarifa de cada compoñente sometido a proceso de lavado)	132,70	30	3.981	140,95	2	282	32	4.263
		141.534	17.576.320		16.555	2.115.450	158.089	19.691.771
Aboamentos addendas 21ª e 23ª ao contrato-programa			-3.000.000					-3.000.000
Total facturación		141.534	14.576.320		16.555	2.115.450	158.089	16.691.771

(1) Sete unidades foron facturadas a 350 euros/bolsa a Diagnostic Grifols en virtude do acordo de colaboración do 19 de outubro de 2011

(2) Na actualidade a inactivación de patóxenos nas plaquetas é obrigatoria en todas as unidades de plaquetas procesadas

Os servizos hemoterápicos absorben a meirande parte da actividade do CTG (99%), destacando 108.055 unidades de concentrado de hemacias, 14.823 de plaquetas (8.538 de Pool de cinco unidades e 6.285 de plaquetas de aférese) e 16.549 de plasma tratado con azul de metileno, representando esta actividade unha facturación de 16,692 millóns de euros.

O importe negativo de 3 millóns de euros responde as addendas 21ª e 23ª do 11 de outubro e do 27 de decembro de 2013, respectivamente, que estableceron aboamentos aos hospitais por importe global de 1,5 millóns euros en cada unha delas, distribuídos proporcionalmente ao importe inicial asignado a cada centro, tal e como se detalla no apartado IV.1 deste informe referido ao contrato-programa.

Analizada a información facilitada polo CTG, dedúcese que os importes facturados por estes servizos aos distintos centros públicos, foron os seguintes:

Cadro 10: Facturación servizos hemoterápicos aos hospitais públicos (euros)

Centro	Importe (A)	Aboamentos (B)	(A+B)
CHUAC	4.193.930	-741.362	3.452.568
H Virxe da Xunqueira	69.773	-7.646	62.127
H Arquitecto Marcide	821.052	-126.549	694.503
CHUS	3.588.646	-570.287	3.018.359
H da Barbanza	122.793	-11.378	111.415
HULA	1.687.845	-311.613	1.376.231
HC da Costa	318.333	-48.354	269.980
HC de Monforte	190.803	-34.027	156.776
CHOU	1.681.242	-306.355	1.374.887
HC de Valdeorras	131.903	-11.834	120.069
H de Verín	84.380	-8.648	75.733
CHOP	1.275.005	-236.156	1.038.850
H do Salnés	122.057	-12.710	109.348
CHUVI	3.288.559	-573.082	2.715.477
Total	17.576.320	-3.000.000	14.576.320

Fonte: Rexistro de facturación do CTG

En consecuencia, cabe destacar os seguintes extremos:

- A facturación neta, unha vez deducidos os aboamentos de facturación correspondentes as addendas 21ª e 23ª do contrato-programa foi de 14,576 millóns de euros.
- Os hospitais que rexistraron unha maior facturación foron o CHUAC, o CHUS e o CHUVI con porcentaxes do 23,7%, 20,7% e 18,6%, respectivamente.
- No extremo oposto sitúanse os hospitais Virxe da Xunqueira e Verín con porcentaxes do 0,4% e 0,5%, respectivamente.

O importe da facturación por estes servizos aos hospitais privados foi de 2,115 millóns de euros, segundo os datos que se expoñen a continuación:

Cadro 11: Facturación servizos hemoterápicos aos hospitais privados (euros)

Centro	Importe
Povisa	813.640
H Modelo	275.910
Gestión Sanitaria Gallega	178.240
H Juan Cardona	156.827
H Miguel Domínguez	134.847
H S. Rafael	132.197
H Quirón-A Coruña	100.351
Oncológico	66.058
Sanatorio Nosa Señora Ollos Grandes	62.431
Inst. Policlínico La Rosaeda	43.738
Policlínico Lucense	42.076
Cooperativa Sanitaria de Galicia	40.200
Clínica del Carmen	33.045
Sanatorio Esperanza	10.991
Centro Transfusión Asturias	9.545
Clínica El Castro	8.385
Diagnostic Grifols, S.A.	2.450
Sanatorio Concheiro	2.076
Centro Médico Pintado	1.588
Centro Donación Cruz Roja Madrid	611
Centro Hemoterapia Castilla León	244
Total	2.115.450

Fonte: Rexistro de facturación do CTG

Sobresae en termos relativos o importe da facturación correspondente a *Povisa* cun 38,5% da facturación emitida a centros privados, subliñándose que dentro deste grupo de hospitais privados se inclúen os centros *de Donación Cruz Roja de Madrid, Hemoterapia Castilla León e Centro de Transfusión de Asturias*, por aplicarse a todos eles as mesmas tarifas de terceiros.

B) Probas analíticas

As probas analíticas levadas a cabo polo CTG no exercicio fiscalizado e a súa facturación son as seguintes:

Cadro 12: Probas analíticas realizadas polo CTG, tarifas e facturación (euros)

Descrición	Centros públicos			Centros privados			Total	
	Tarifa	Cantidade	Importe	Tarifa	Cantidade	Importe	Cantidade	Importe
Anticorpos HTLV I e II	10,32	3	31	10,58		0	3	31
Seroloxía Chagas	7,68	3	23	7,87		0	3	23
Seroloxía doadores (HbcAx, Anti VIH, Anti VHC, lues)	23,61	25	590	24,20	69	1.670	94	2.260
Tipaxe ABO e Rh	5,54	27	150	5,68	79	449	106	598
Escrutinio de anticorpos irregulares	8,11	25	203	8,31	71	590	96	793
Estudo de aloinmunización	54,64	2	109	56,01	24	1.344	26	1.454
Estudo anemias hemolíticas	73,78		0	75,62	22	1.664	22	1.664
Selección positiva de precursores hematopoéticos	5.434,51	1	5.435	5.570,37		0	1	5.435
Xenotipo eritrocitario que inclúe as seguintes determinacións: ABO, RhD, RhCE, Kell, Kidd, Duffy, MNS, Diego, Dombrock e Colton, Antixenos plaquetares HPA	330,03	12	3.960	338,28	3	1.015	15	4.975
Proba de compatibilidade para plaquetas	27,85	28	780	28,55		0	28	780
Tipaxe serolóxica HLA-A+ HLA-B	180,00	1	180	180,00		0	1	180
Tipaxe HLA-B baixa resolución	50,00	63	3.150	50,00		0	63	3.150
Tipaxe HLA-Cw baixa resolución	50,00	32	1.600	50,00	3	150	35	1.750
Tipaxe HLA+ HLA-B baixa resolución	90,00	221	19.890	90,00	3	270	224	20.160
Tipaxe HLA-A+ HLA-B + HLA-Cw baixa resolución	145,00	12	1.740	145,00		0	12	1.740
Tipaxe HLA-DRB1 baixa resolución	170,00	238	40.460	170,00	3	510	241	40.970
Tipaxe HLA-DQB1 baixa resolución	50,00	54	2.700	50,00		0	54	2.700
Tipaxe HLA-A alta resolución	150,00		0	150,00	3	450	3	450
Tipaxe HLA-B alta resolución	150,00	1	150	150,00	6	900	7	1.050
Tipaxe HLA-Cw alta resolución	150,00		0	150,00	13	1.950	13	1.950
Tipaxe HLA-A+ HLA-B + HLA-Cw alta resolución	400,00	104	41.600	400,00	6	2.400	110	44.000
Tipaxe HLA-DRB1 alta resolución	270,00	3	810	270,00	19	5.130	22	5.940
Tipaxe HLA-DQB1 alta resolución	150,00	12	1.800	150,00	4	600	16	2.400
Tipaxe HLA-DRB3/4/5 alta resolución	150,00	21	3.150	150,00		0	21	3.150
Tipaxe HLA-DPB1 alta resolución	150,00	50	7.500	150,00		0	50	7.500
Tipaxe HLA-DQA1 alta resolución	154,65	13	2.010	158,52		0	13	2.010
Tipaxe HLA-DRB1+ HLA-DQB1 alta resolución	290,00	62	17.980	290,00	6	1.740	68	19.720
Tipaxe HLA-DRB1+ HLA-DQB1+ HLA-DRB3/4/5 alta resolución	400,00	40	16.000	400,00		0	40	16.000
Extracción de mostra de sangue de doador de medula ósea	200,00		0	200,00	2	400	2	400
Estudo de aloinmunización contra antixenos plaquetares (HPA+HLA)	402,09	8	3.217	412,00		0	8	3.217
		1.061	175.218		336	21.231	1.397	196.449

No exercicio 2013 realizáronse 1.061 probas analíticas por encargo dos hospitais públicos e 336 polos hospitais privados segundo se detalla no cadro anterior, facturándose uns importes de 175.218 euros e 21.231 euros respectivamente, representando un 89% e un 11% do importe total.

O tipo de proba máis realizada foi a de tipaxe HLA-DRB1 de baixa resolución (241), seguida da tipaxe HLA+ HLA-B de baixa resolución (224). No que se refire aos importes facturados o maior (44.000 euros) corresponde ao Tipaxe HLA-A+ HLA-B + HLA-Cw alta resolución, seguido do Tipaxe HLA-DRB1 baixa resolución (40.970 euros).

Aos hospitais públicos facturáronse 26 tipos de probas analíticas diferentes, mentres que aos privados 17. Das probas realizadas 13 tipos efectuáronse exclusivamente para hospitais públicos, mentres que 4 realizáronse exclusivamente para os hospitais privados.

C) Servizos de criopreservación

Os servizos de criopreservación realizados foron os seguintes:

Cadro 13: Servizos de criopreservación prestados polo CTG, tarifas e facturación (euros)

Descrición	Centros públicos			Centros privados			Total	
	Tarifa	Cantidade	Importe	Tarifa	Cantidade	Importe	Cantidade	Importe
Concentrado de hemacias criopreservadas	590,26	1	590	605,02		0	1	590
Criopreservación de proxenitores	813,67	20	16.273	834,01		0	20	16.273
Plaquetas criopreservadas	993,30	2	1.987	1.018,13		0	2	1.987
Subministración de células criopreservadas	206,20	13	2.681	211,36		0	13	2.681
		36	21.531		0	0	36	21.531

Todos os servizos de criopreservación (36) prestáronse a centros sanitarios públicos por un importe 21.531 euros, destacando o referido a criopreservación de proxenitores que ascendeu a 16.273 euros. Neste caso trátase, maioritariamente, de autotransplante de medula ósea dos pacientes do HULA (noutros casos lévano a cabo os propios hospitais).

D) Servizos relacionados co Sangue de Cordón Umbilical

Estes son os que a continuación se relacionan:

Cadro 14: Servizos relacionados co Sangue de Cordón Umbilical (euros)

Descrición	Centros públicos			Centros privados			Total	
	Tarifa	Cantidade	Importe	Tarifa	Cantidade	Importe	Cantidade	Importe
Unidade de sangue de cordón umbilical (1)	23.000,00		0	23.000,00	4	92.000	4	92.000
Desconxelación e control de proxenitores hematopoéticos de cordón umbilical	670,15	2	1.340	686,90		0	2	1.340
		2	1.340		4	92.000	6	93.340

(1) Figuran como centros privados porque se facturan ao REDMO, aínda que o destino final sexan hospitais públicos

Destaca a facturación de catro unidades ao REDMO por importe total de 92.000 euros (catro unidades a razón de 23.000 euros cada unha).

IV.2.2. ACTIVIDADE MERCANTIL. PLASMADERIVADOS

Os prezos fixados para a venda dos medicamentos elaborados a partir do plasma sobrante aos hospitais que conforman a rede sanitaria pública, foron aprobados mediante Acordo do Padroado do 17 de decembro de 2010, sendo os que figuran a continuación:

Cadro 15: Prezos de plasmaderivados (euros)

Especialidade farmacéutica	Importe sen IVE
Albúmina 20% 50 ml	14,185
Factor VIII	283,497
Gammaglobulina	322,203
Alfa 1 antitripsina	202,500

Neste senso, hai que ter en conta que se trata de prezos privados que están suxeitos ao IVE reducido do 4% ao non resultarlle de aplicación a exención prevista no artigo 20.un.4 da Lei do IVE (Lei 37/1992, do 28 de decembro), tal e como sucede nos restantes servizos facturados polo CTG.

Segundo os datos facilitados polo propio CTG os plasmaderivados distribuídos aos hospitais durante o ano 2013 foron os seguintes, dos que deriva a correspondente facturación que tamén se reflicte por aplicación dos citados prezos:

Cadro 16: Plasmaderivados distribuídos aos hospitais 2013 (euros)

	Albúmina humana		Gammaglobulina		Factor VIII		Alfa I Antitripsina		Total	
	Unidades	Importe	Unidades	Importe	Unidades	Importe	Unidades	Importe	Unidades	Importe
CHU A Coruña	7.350	104.257	1.140	367.311	0	0	1.059	214.450	9.549	686.018
H Virxe da Xunqueira	315	4.468	115	37.053	0	0	0	0	430	41.522
H Arquitecto Marcide	1.050	14.894	726	233.919	256	72.575	561	113.604	2.593	434.992
CHU Santiago	15.060	213.620	2.382	767.488	310	87.884	1.134	229.638	18.886	1.298.630
H da Barbanza	420	5.958	40	12.888	0	0	0	0	460	18.846
H U Lucus Augusti	1.890	26.809	290	93.439	0	0	797	161.394	2.977	281.642
HC da Costa	1.050	14.894	108	34.798	0	0	196	39.690	1.354	89.382
HC de Monforte	3.255	46.171	210	67.663	0	0	0	0	3.465	113.834
CH Ourense	3.630	51.490	456	146.925	270	76.544	0	0	4.356	274.959
HC de Valdeorras	315	4.468	2	644	0	0	0	0	317	5.113
H de Verín	525	7.447	30	9.666	0	0	0	0	555	17.113
H Montecelo	6.198	87.916	848	273.228	618	175.201	133	26.933	7.797	563.279
H do Salnés	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
H Xeral-Ciés	9.745	138.229	1.260	405.976	511	144.867	710	143.777	12.226	832.849
H Meixoeiro	5.355	75.959	2.304	742.356	0	0	0	0	7.659	818.314
H Nicolás Peña	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Total	56.158	796.580	9.911	3.193.354	1.965	557.073	4.590	929.485	72.624	5.476.492

Fonte: Informe de xestión

Os aspectos a destacar son os seguintes:

- Os prezos aplicados axústanse aos establecidos polo Padroado para o ano 2010, sen que dende entón sufriran variación.
- Ao CHUS e aos hospitais Xeral-Cíes e Meixoeiro correspondeulles o 54% do importe total.
- O medicamento con maior facturación foi o *Gammaglobulina* cun importe de 3.193.354 euros, o que representa o 58% da facturación total de medicamentos plasmaderivados.

V. ANÁLISE ECONÓMICA-FINANCEIRA

V.1. ANÁLISE FORMAL DA INFORMACIÓN FINANCEIRA

As contas anuais foron aprobadas polo Padroado o 16 de xuño de 2014 e presentadas ao Protectorado o 30 de xuño dese ano, axustándose aos prazos previstos no artigo 38 da Lei 12/2006, emitindo a empresa encargada da auditoría externa un informe favorable sen salvidades o 30 de maio de 2014. As ditas contas están integradas polo Balance de situación, a Conta de resultados e a Memoria, séndolles de aplicación no exercicio fiscalizado o Plan Xeral de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos aprobado polo Real decreto 1491/2011.

En xeral as contas anuais do CTG correspondentes ao exercicio 2013 mostran, nos seus aspectos máis significativos, a imaxe fiel do seu patrimonio e da situación financeira a 31 de decembro de 2013, así como do resultado das súas operacións e dos fluxos de efectivo de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable, así como cos criterios e principios contables contidos nel.

Da análise formal dos documentos integrantes das contas anuais de 2013, non se desprenderon incidencias significativas no referente a súa estrutura e contido.

O artigo 119 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, establece para as fundacións do sector público autonómico a creación dunha comisión de auditoría e control, dependente do Padroado, sen que, por parte do CTG, se procedese á súa constitución.

Tampouco consta a elaboración e remisión á IXCA da memoria do exercicio sobre o cumprimento das obrigas de carácter económico-financeiro, e da información sobre o contrato-programa e do seu grao de execución, segundo se establece no artigo 10 do Decreto 276/2001.

V.2. BALANCE DE SITUACIÓN

A estrutura do balance de situación a 31.12.2013, segundo os datos das contas anuais de 2013 rendidas pola fundación é a seguinte:

Cadro 17: Balance (euros)

Activo	2013		2012		% variación13/12
	Importe	%	Importe	%	
A) ACTIVO NON CORRENTE	996.818	18,4%	1.134.659	13,7%	-12,2%
I. Inmobiliado intanxible	627.987	11,6%	665.144	8,0%	-5,6%
5. Aplicacións informáticas	1.110		7.911		
6. Dereitos sobre activos cedidos en uso	626.877		657.232		
III. Inmobiliado material	361.086	6,7%	461.669	5,5%	-21,8%
2. Instalacións técnicas e outro inmob. material	361.086		461.669		
VI. Investimentos financeiros a longo prazo	7.746	0,1%	7.846	0,1%	-1,3%
2. Créditos terceiros	3.300		3.400		
5. Outros activos financeiros	4.446		4.446		
B) ACTIVO CORRENTE	4.429.245	81,6%	7.163.057	86,3%	-38,2%
I. Existencias	833.530	15,4%	869.024	10,5%	-4,1%
2. Materias primas e outros aprovisionamentos	209.931		213.177		
3. Produtos en curso	33.686		75.498		
4. Produtos terminados	589.913		580.349		
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia	215.779	4,0%	3.034.647	36,6%	-92,9%
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	2.943.527	54,2%	3.005.331	36,2%	-2,1%
1. Clientes por vendas e prest. servizos	2.821.306		2.925.882		
4. Persoal	21.751		13.343		
5. Activos por imposto corrente	3.203		1.718		
6. Outros créd. Admóns. Públicas	97.267		64.388,94		
VI. Periodificacións a curto prazo	21.138	0,4%	11.040	0,1%	91,5%
VII. Efectivo e outros act. líq. equivalentes	415.271	7,6%	243.014	2,9%	70,9%
1. Tesouraría	415.271		243.014		
Total activo (A+B)	5.426.063	100,0%	8.297.716	100,0%	-34,6%

Patrimonio neto e pasivo	2013		2012		% variación 13/12
	Importe	%	Importe	%	
A) PATRIMONIO NETO	3.509.956	64,7%	3.470.431	41,8%	1,1%
A-1) Fondos propios	2.883.080	53,1%	2.813.198	33,9%	2,5%
I. Dotación fundacional	1.292.176	23,8%	1.292.176	15,6%	0,0%
1. Dotación fundacional	1.292.176		1.292.176		
II. Reservas	1.534.620	28,3%	1.439.600	17,3%	6,6%
2. Outras reservas	1.534.620		1.439.600		
IV. Excedente do exercicio	56.283	1,0%	81.422	1,0%	-30,9%
A-3) Subv. doazóns e legados recibidos	626.877	11,5%	657.232	8,0%	-4,6%
I. Subvencións	626.877	11,5%	657.232	8,0%	-4,6%
1. Subvencións	626.877		657.232		
C) PASIVO CORRENTE	1.916.107	35,3%	4.827.285	58,2%	-60,3%
I. Provisións a curto prazo	348.509	6,4%	206.831	2,5%	68,5%
II. Débedas a curto prazo	8	0,0%	71.896	0,9%	-100,0%
5. Outros pasivos financeiros	8		71.896		
V. Acredores comerciais e outras contas a pagar	1.567.590	28,9%	4.548.558	54,8%	-65,5%
1. Provedores	734.344		3.305.202		
3. Acredores varios	324.547		721.432		
4. Persoal (remunerac. ptes. de pagamento)	222.855		269.542		
6. Outras débedas con Admóns. Públicas	285.844		252.382		
Total patrimonio neto e pasivo (A+C)	5.426.063	100,0%	8.297.716	100,0%	-34,6%

Fonte: Contas anuais do CTG

Da análise dos datos correspondentes aos apartados máis significativos do balance cabe salientar o seguinte:

- A nivel global, o importe do balance diminuíu un 34,6% respecto do exercicio anterior.
- A minoración nun 38,2% do activo corrente veu motivada sobre todo pola diminución da súa partida "Usuarios e outros debedores da actividade propia" nun 92,9%.
- O activo non corrente (cuxo peso específico no activo total só alcanzou o 18,4%) experimenta unha diminución interanual do 12,2%, sendo a partida máis significativa a de "Dereitos sobre activos cedidos en uso" que supón un 62,9% daquel.
- En canto ao pasivo, as causas da súa diminución veñen determinadas pola minoración do pasivo corrente nun 60,3%, mentres que o patrimonio neto (que representa o 64,7% do total) incrementouse nun 1,1% o que determinou que a diminución total respecto do exercicio anterior só fose do 34,6%.
- Non existe ningunha partida no pasivo non corrente do balance ao non ter a Fundación débedas a longo prazo.

Da análise máis detallada das partidas que compoñen o balance destaca o seguinte:

A. ACTIVO

A.1. Activo non corrente

O 99,2% do activo non corrente está integrado polo inmovilizado, correspondendo o 0,8% restante a investimentos financeiros a longo prazo. No seguinte cadro móstranse as variacións experimentadas no exercicio polas epígrafes que compoñen esta masa patrimonial:

euros				
Epígrafe	Saldo a 01.01.2013	Altas	Baixas	Saldo a 31.12.2013
Inmovilizado intanxible	1.016.958	0	0	1.016.958
Amort. acum. inmov. intanxible	351.814	37.157	0	388.971
VNC inmov. intanxible (A)	665.144	-37.157	0	627.987
Inmovilizado material	5.369.820	34.875	22.534	5.382.161
Amort. acum. inmov. material	4.908.150	135.459	22.534	5.021.075
VNC inmov. material (B)	461.669	-100.584	0	361.086
Inversións financeiras a longo prazo	7.846	0	100	7.746
Amort. acumulada inv. financeiras a longo prazo	0	0	0	0
VNC inv. financeiras a longo prazo	7.846	0	100	7.746
VNC (Total)	1.134.659	-137.741	100	996.818

Fonte: Memoria contas anuais

Ao final do exercicio o inmovilizado intanxible supón o 63% do valor neto contable (VNC) do activo non corrente, seguíndolle en importancia cuantitativa o inmovilizado material cun 36,2%.

A.1.1. Inmovilizado intanxible

No seguinte cadro móstranse os datos relativos ás epígrafes integrantes do inmovilizado intanxible:

euros				
Concepto	Saldo a 31.12.2013	Amortización acumulada	VNC	% amortización
Patentes, licenzas e marcas	6.411	6.411	0	100,0%
Aplicacións informáticas	322.959	321.849	1.110	99,7%
Dereitos sobre activos cedidos en uso	687.588	60.711	626.877	8,8%
Total	1.016.958	388.971	627.987	38,2%

Fonte: Memoria contas anuais

Os compoñentes do inmovilizado intanxible figuran amortizados ao final do exercicio por un importe de 388.971 euros, o que supón unha amortización do 38,2% do seu valor de adquisición, figurando totalmente amortizadas as patentes, licenzas, marcas e similares por un valor de 6.411 euros.

No que se refire aos dereitos sobre activos cedidos en uso inclúen tanto os locais cedidos polo Sergas mediante acordos de permiso de utilización temporal gratuíta destinados á atención aos doadores de sangue como os correspondentes ao inmovible onde a Fundación realiza a súa actividade, propiedade da Universidade de Santiago e cedido á Consellería de Sanidade mediante convenio, relacionándose todos eles no seguinte cadro:

Cadro 18: Relación de locais cedidos en uso (euros)

Denominación	Adquisición		Amortización anual	Importe pendiente
	Data	Valor		
Local cedido H A Coruña	2011	61.820	1.236	59.347
Local cedido H Arquitecto Marcide	2011	117.425	2.349	112.728
Local cedido H Novoa Santos	2011	44.000	880	42.240
Local cedido H Lucus Augusti	2011	39.930	799	38.333
Local cedido H N Sra do Cristal	2011	62.865	1.257	60.350
Local cedido H Nicolás Peña	2011	154.000	3.080	147.840
Local cedido Monte da Condesa	2011	207.548	20.755	166.038
Total		687.588	30.356	626.877

Fonte: Memoria contas anuais

Polo que respecta aos bens cedidos en uso ao CTG polo Sergas cabe subliñar o seguinte:

- A pesar de que as cesións gratuítas dos locais do Sergas se efectúan para a súa utilización temporal non se especifica a súa duración. Segundo a contabilidade, tendo en conta o importe da amortización practicada, dedúcese que o período de amortización aplicado aos activos foi de 50 anos (vida útil mínima aplicable aos edificios, segundo as táboas de amortización).

- Polo que respecta á súa valoración, a Norma 20ª do PXC establece que a entidade recoñecerá un inmovilizado intanxible polo importe do valor razoable atribuíble ao dereito de uso cedido.

Da análise da documentación achegada obsérvase que nas comunicacións do Sergas ao CTG utilízanse valores estimados obtidos como resultado de multiplicar a superficie útil dos locais por un prezo unitario que, en todos os casos foi de 1.100 euros/m², con independencia da situación do local, o que non parece un criterio razoable.

Como se observa no cadro 18 as datas contables de adquisición están referidas en todos os locais ao ano 2011, aínda que isto non se corresponde coa realidade no caso dos hospitais Nicolás Peña e Arquitecto Marcide por terse formalizadas aquelas no 2002 e 2009, respectivamente, sen que conste a existencia do correspondente acordo no caso do H Novoa Santos. Pola súa banda, os valores económicos dos locais foron fixados en todos os casos con posterioridade ás citadas comunicacións da Dirección Xeral de Recursos Económicos do 15 de maio de 2013.

Polo que se refire ao convenio asinado entre a USC e a Consellería de Sanidade, para a cesión en uso dun local para a fundación CTG no Monte da Condesa en Santiago, cómpre destacar os seguintes aspectos:

- O CTG desenvolve a súa actividade nun inmovible propiedade da USC, cedido en uso por un período de 10 anos, mediante convenio asinado o 26 de xullo de 2001, prorrogable por períodos de igual duración a petición do cesionario, quedando excluída a renovación tácita.
- A pesar de que a vixencia do convenio finalizou o 26 de xullo de 2011, non se formalizou un novo convenio ata o 29 de xullo de 2012, polo que o uso do inmovible pola Fundación durante o período que vai do 27 de xullo de 2011 ata o 29 de xullo de 2012 efectuouse en precario.
- A valoración do inmovible cedido en uso, comunicada pola USC ao CTG, está referida ao 21 de maio de 2013; aínda que na memoria figura como data de adquisición o exercicio 2011, sendo esta a referencia para as amortizacións practicadas.

A.1.2. Inmovilizado material

Polo que respecta ao inmovilizado material os bens que o integran figuran amortizados ao final do exercicio en 5.021.075 euros o que supón unha amortización acumulada do 93,3%.

A.1.3. Investimentos financeiros a longo prazo

Os investimentos financeiros a longo prazo por importe 7.746 euros distribúense en 3.300 euros correspondentes a anticipos aos condutores de unidades móbiles e 4.446 euros a importes depositados no xulgado como consecuencia de procesos xudiciais pendentes.

A.2. Activo corrente

O 94,7% do activo corrente corresponde ás epígrafes “Existencias” (18,8%), “Debedores comerciais” (66,5%) e “Tesouraría” (9,4%).

A partida de “Usuarios e outros debedores da actividade propia” diminuíu un 92,9% no exercicio fiscalizado en relación co precedente, debido, basicamente, á realización de pagamentos pendentes dos hospitais privados e á addenda por importe 1,5 millóns asinada co Sergas ao final do exercicio.

Pola súa banda, a epígrafe “Debedores comerciais e outras contas a cobrar” representou o 66,5% do activo corrente, alcanzando ao final do exercicio un valor de 2.943.527 euros, segundo a información contida no balance, destacando o importe do saldo neto da conta de Clientes (2.821.306 euros) corresponde á contía pendente de pagamento polos hospitais do Sergas, despois de minorar o importe de 454.734 euros relativo a Clientes de dubidoso cobro que se atopa aprovisionado pola súa totalidade.

En canto á Tesouraría, dos rexistros contables do Diario obtéñense os seguintes datos:

Conta	Saldo a 01.01.2013	Cobros	Total (A)	Pagamentos (B)	euros
					Saldo a 31.12.2013 (A-B)
572001	158.564	25.642.717	25.801.281	25.667.467	133.814
572002	39.491	14.155	53.647	0	53.647
572005	42.295	2.435.808	2.478.103	2.252.956	225.146
572015	2.665	0	2.665	0	2.665
Suma	243.014	28.092.680	28.335.695	27.920.423	415.271

Fonte: Libro Diario

O importe do saldo de efectivo ao final do exercicio era de 415.271 euros, distribuído en catro contas bancarias das que a primeira (572001) rexistra o maior movemento de cobros e pagamentos, en tanto que a 572015 non experimentou movemento ningún.

B. PASIVO

Polo que respecta á análise do Pasivo do balance cabe subliñar os seguintes aspectos:

B.1. Patrimonio neto

A 31 de decembro de 2013 o patrimonio neto contabilizado pola Fundación ascendía a 3.509.956 euros, experimentando un incremento interanual do 1,1%, debido ao aumento do importe das reservas. O 82,1% do mesmo (2.883.080 euros) corresponde a fondos propios, en tanto que o 17,9% restante (626.877 euros) está referido aos dereitos de uso dos bens inmobles cedidos con carácter gratuíto, cuxo valor ten a consideración de subvencións de capital non reintegrable imputadas directamente ao patrimonio neto.

A dotación fundacional por importe de 1.292.176 euros corresponde á achega inicial do Sergas á Fundación.

O único compoñente do patrimonio neto que experimentou incremento interanual foi *Reservas* cunha variación positiva de 95.020 euros que se distribúen en 81.422 euros correspondentes ao importe do excedente do exercicio 2012 incorporado a esta epígrafe en 2013, e 13.598 euros que, segundo os datos rexistrados na conta de resultados e a explicación contida na memoria, corresponden a “axustes por erros” coñecidos en 2013 e referidos a exercicios anteriores, sobre gastos diversos, sen que se especifique a súa natureza nin a causa de que estes gastos motiven un incremento das reservas do exercicio.

B.2. Pasivo corrente

A totalidade do financiamento alleo corresponde a pasivo corrente, xa que non existen débedas a longo prazo. O 81,8% das débedas a curto prazo están integradas por “acreedores comerciais e outras contas a pagar” e o 18,2% por “provisións a curto prazo”.

V.3. CONTA DE RESULTADOS

Os datos da Conta de resultados da Fundación referidos aos exercicios 2012 e 2013, así como a súa evolución interanual foron os seguintes:

Cadro 19: Conta de resultados (euros)

	2013	2012	% variación 13/12
A) EXCEDENTE DO EXERCICIO			
1. Ingresos da entidade pola actividade propia	17.149.526	18.845.771	-9,0%
b) Achegas de usuarios	17.149.526	18.844.819	-9,0%
d) Subvenc. Imputadas ao excedente do exercicio	0	952	-100,0%
2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil	5.476.492	4.685.315	16,9%
3. Variac. existencias product. terminados en curso de fabricación	-32.248	79.669	-140,5%
5. Aprovisionamentos	-10.951.240	-10.843.562	1,0%
6. Outros ingresos da actividade	0	105	-100,0%
7. Gastos de persoal	-8.286.590	-8.552.776	-3,1%
a) Soldos salarios e asimilados	-6.549.741	-6.841.163	-4,3%
b) Cargas sociais	-1.736.849	-1.711.613	1,5%
8. Outros gastos da actividade	-3.179.804	-3.989.045	-20,3%
a) Servizos exteriores	-2.176.874	-2.506.859	-13,2%
b) Tributos	-890.957	-861.720	3,4%
c) Perdas, deterioro e variac. provisións por operac. comerciais	-111.974	-620.466	-82,0%
9. Amortización do inmovilizado	-172.617	-177.313	-2,7%
10. Subv. de capital traspasadas ao excedente do exercicio	30.356	30.356	0,0%
a) Subv. de capital traspasadas ao excedente do exercicio	30.356	30.356	0,0%
11. Exceso de provisións	0	2.986	-100,0%
12. Deterioro e resultado por alleamento do inmovilizado	0	-194	-100,0%
b) Resultados por alleamento e outras	0	194	-100,0%
12. bis. Outros resultados	-23	-3.195	-99,3%
A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE (1+2+3+5+6+7+8+9+10+11+12)	33.852	78.117	-56,7%
13. Ingresos financeiros	24.776	5.621	340,8%
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros	24.776	5.621	340,8%
b2) De terceiros	24.776	5.621	340,8%
14. Gastos financeiros	-2.345	-2.316	1,3%
b) Por débedas con terceiros	-2.345	-2.316	1,3%
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (13+14)	22.431	3.305	578,6%
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS	56.283	81.422	-30,9%
19. Impostos sobre beneficios	0	0	
A.4) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO RECOÑECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCICIO (A.3+19)	56.283	81.422	-30,9%
C) RECLASIFICACIÓNS AO EXCEDENTE DO EXERCICIO			
3. Subvencións recibidas	-30.356	-30.356	0,0%
C.1) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR RECLASIFICACIÓN AO EXCEDENTE DO EXERCICIO	-30.356	-30.356	0,0%
D) VARIACIÓNS DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECT. AO PATRIMONIO NETO	-30.356	-30.356	0,0%
F) AXUSTES POR ERROS	13.598	-44.107	-130,8%
I) RESULTADO TOTAL VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO	39.526	6.960	467,9%

Fonte: Contas anuais do CTG

Informe de fiscalización selectiva da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia. Exercicio 2013

Como se observa, o excedente do exercicio no 2013 foi de 56.283 euros, aínda que por esixencias do novo PXC para as entidades sen fins lucrativos na conta de resultados reflectiuse, ademais dos ingresos e gastos que conforman aquela, os imputados directamente ao patrimonio neto (30.356 euros), así como o importe de 13.598 euros en concepto de axustes de erros.

A continuación móstranse as magnitudes integrantes da estrutura de ingresos e gastos da entidade no exercicio fiscalizado:

euros			
Ingresos	2013	2012	% variación 13/12
Ingresos da entidade pola actividade propia	17.149.526	18.845.771	-9,0%
Vendas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil	5.476.492	4.685.315	16,9%
Outros ingresos da actividade	0	105	-100,0%
Subv. de capital traspasadas ao excedente do exercicio	30.356	30.356	0,0%
Exceso de provisións	0	2.986	-100,0%
Ingresos financeiros	24.776	5.621	340,8%
Total	22.681.150	23.570.154	-3,8%

Gastos	2013	2012	% variación 13/12
Variac. existenc. produc. terminados e en curso fabricación	-32.248	79.669	-140,5%
Aprovisionamentos	-10.951.240	-10.843.562	1,0%
Gastos de persoal	-8.286.590	-8.552.776	-3,1%
Outros gastos da actividade	-3.179.804	-3.989.045	-20,3%
Amortización do inmovilizado	-172.617	-177.313	-2,7%
Deterioro e result. por enaxenac. inmovilizado	0	-194	-100,0%
Outros resultados	-23	-3.195	-99,3%
Gastos financeiros	-2.345	-2.316	1,3%
Subvencións recibidas	-30.356	-30.356	0,0%
Total	-22.655.222	-23.678.425	-4,3%

Fonte: Conta de resultados

A nivel global obsérvase que mentres os ingresos diminuíron un 3,8% respecto do exercicio anterior, os gastos fixérono nun 4,3%.

- Na vertente dos ingresos os máis importantes cuantitativamente son os derivados da actividade propia que representaron un 75,6% do total e cunha redución interanual do 9% (1.696.245 euros) mentres que a actividade mercantil de venda de plasmaderivados ás farmacias hospitalarias supuxeron un 24,1% incrementándose nun 16,9% (791.177 euros) respecto do ano anterior.
- En canto aos gastos só experimentaron incrementos as compoñentes de "gastos financeiros" e de "aprovisionamentos" con porcentaxes que se sitúan en torno ao 1%. Destacan pola súa importancia cuantitativa as reducións experimentadas polos "gastos de persoal" (3,1%) (266.186

euros) e "outros gastos da actividade" (20,3%) (809.241 euros), representando conxuntamente estas epígrafes o 65,7% dos gastos totais.

- Da análise da correspondencia entre os datos rexistrados nas partidas da Conta de resultados e os contabilizados no Diario non se desprenderon incidencias.

V.4. INFORMACIÓN ORZAMENTARIA

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no seu artigo 118 remite á Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (TRLRFOG), no que se refire ao réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control destas entidades. Neste senso, esta última lei dispón que a estrutura básica dos orzamentos anuais de explotación e de capital será a establecida pola Consellería de Facenda e desenvolvida por cada fundación, recollendo separadamente os ingresos e os gastos orzamentarios nas distintas partidas das contas anuais. Para tal efecto a Consellería de Facenda ditou unha Resolución o 23 de xuño de 2011 na que se contén a documentación a remitir que, no caso das fundacións do sector público autonómico, estará integrada polos orzamentos de explotación e de capital e polos estados financeiros complementarios.

A aprobación dos orzamentos polo Padroado do CTG levouse a cabo o día 18 de decembro de 2012. Da análise da documentación subministrada relativa aos aspectos orzamentarios cabe subliñar que os orzamentos axústanse, en canto a súa estrutura, ao establecido no artigo 82.bis do Decreto legislativo 1/1999 polo que se aproba o TRLRFOG, pero non en canto aos prazos, xa que non se cumpriu coa obriga fixada no artigo 19.3 dos Estatutos da Fundación referida a que o proxecto do orzamento debe de ser aprobado polo Padroado antes do 20 de xuño de cada ano, aínda que se considera (en consonancia co establecido no artigo 51 do TRLRFOG) que esta obriga debería de estar referida ao anteprojecto e, neste senso, deberían de terse modificados os Estatutos.

Nos cadros seguintes móstranse os datos contidos na memoria das contas anuais, relativos ás previsións e realizacións das actividades levadas a cabo pola Fundación e o seu grao de execución:

Cadro 20: Realización/previsión (euros)

Ingresos	Actividade propia		Actividade mercantil		Total		% realización		
	Previsto	Realizado	Previsto	Realizado	Previsto	Realizado	Actividade propia	Actividade mercantil	Total
Vendas e prestac. serv. das activ. propias	19.834.611	17.149.526	0	0	19.834.611	17.149.526	86,5%		86,5%
Subvencións do sector público	667	30.356	0	0	667	30.356	4.551,1%		4.551,1%
Outros tipos de ingresos	3.290	24.776	0	0	3.290	24.776	753,1%		753,1%
Ingresos ord. actividades mercantís	0	0	5.281.811	5.476.492	5.281.811	5.476.492		103,7%	103,7%
Total	19.838.568	17.204.657	5.281.811	5.476.492	25.120.379	22.681.149	86,7%	103,7%	90,3%

Fonte: Memoria contas anuais

Informe de fiscalización selectiva da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia. Exercicio 2013

euros

Gastos/incrementos	Actividade propia		Actividade mercantil		Total		% execución		
	Previsto	Realizado	Previsto	Realizado	Previsto	Realizado	Actividade propia	Actividade mercantil	Total
Variac. existencias, produc. terminad. e en curso	363	23.426	-48.530	8.822	-48.167	32.248	6.453,4%	-18,2%	-66,9%
Aprovisionamentos	8.326.450	7.224.677	3.327.194	3.726.563	11.653.644	10.951.240	86,8%	112,0%	94,0%
Gastos de persoal	9.297.802	8.228.086	59.758	58.504	9.357.560	8.286.590	88,5%	97,9%	88,6%
Outros gastos de explotación	4.012.949	2.926.089	0	253.738	4.012.949	3.179.827	72,9%		79,2%
Amortización do inmovilizado	139.210	172.617	0	0	139.210	172.617	124,0%		124,0%
Gastos financeiros	3.240	2.345	0	0	3.240	2.345	72,4%		72,4%
Suma gastos	21.780.014	18.577.238	3.338.422	4.047.628	25.118.436	22.624.866	85,3%	121,2%	90,1%
Investimentos (agás bens patrim. histórico)	19.145	34.875	0	0	19.145	34.875	182,2%		182,2%
Suma	19.145	34.875	0	0	19.145	34.875	182,2%		182,2%
Total	21.799.159	18.612.114	3.338.422	4.047.628	25.137.581	22.659.742	85,4%	121,2%	90,1%

Fonte: Memoria contas anuais

- Polo que respecta aos datos de previsións hai que subliñar que mentres o importe de gastos de persoal que figura no documento orzamentario foi de 9.605 miles de euros, o incluído no cadro anterior, extraído da memoria das contas anuais, foi de 9.358 miles de euros. Esta diminución de 247 mil euros vén motivada por unha comunicación da Consellería de Facenda na que se indica que o CTG deberá reducir o gasto de persoal temporal no referido importe e minorar os ingresos na mesma contía.
- Segundo estes datos, as previsións de ingresos son superiores ás de gastos en 1.943 euros, respectándose o principio de estabilidade orzamentaria de non existencia de déficit.
- As previsións dos ingresos, correspondentes ás actividades propias, foron excesivamente optimistas ao alcanzar o importe realizado só o 86,5% daquelas, debido á diminución experimentada pola actividade realizada.
- A nivel global o grao de realización dos ingresos situouse no 90,3% a pesar do bo comportamento dos correspondentes á actividade mercantil (venta de plasmaderivados) que alcanzaron o 103,7% dos previstos.
- O grao de execución global dos gastos foi dun 90,1% debido, fundamentalmente, a que as partidas máis relevantes cuantitativamente (Aprovisionamentos e Gastos de persoal) situáronse, respectivamente, no 94% e 88,6% das previsións orzamentarias.
- O gasto derivado da actividade mercantil alcanzou un grao de execución do 121,2%, moi superior ao grao de realización correspondente aos ingresos pola dita actividade, debido fundamentalmente ao elevado gasto incorrido na partida de Aprovisionamentos.

V.5. PLAN DE ACTUACIÓN

O artigo 39 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, establece que o Padroado, elaborará e remitirá ao Protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación, no que queden reflectidos os obxectivos, as actividades que se teñan previsto desenvolver durante o exercicio seguinte, unha previsión das partidas de ingresos e gastos calculados e unha memoria explicativa do plan de actuación.

En cumprimento do referido precepto o Padroado da Fundación aprobou na súa sesión do 18 de decembro de 2012 o plan de actividades para o exercicio 2013, fixando obxectivos por unidades funcionais. Ao respecto destaca o seguinte:

- O plan non contén información relativa á previsión das partidas de ingresos e gastos nin memoria explicativa.
- Moitos dos obxectivos contidos no plan referidos, tanto á actividade propia como actividade mercantil, non figuran cuantificados o que non permite avaliar o seu grao de consecución.

Por outra parte, os datos relativos ás previsións e realizacións dos obxectivos e indicadores recollidos na Memoria das contas anuais do CTG foron os seguintes:

Cadro 21: Obxectivos e indicadores da actividade

Obxectivos operativos	Indicadores	Previsión	Realización	% execución
Extracción de doazóns de sangue total	Núm. de doazóns	113.500	107.314	94,5%
Extracción de doazón de sangue por aférese	Núm. de doazóns	7.500	6.812	90,8%
Fracionamento e procesamento do sangue extraído	Unidades extraídas	121.000	114.126	94,3%
Inactivación de patóxenos nas plaquetas	Núm. unidades extraídas	16.000	15.823	98,9%
Obtención de concentrado de hemacias	Unidades obtidas	117.400	110.494	94,1%
Obtención de concentrado de plaquetas	Unidades obtidas	16.150	15.823	98,0%
Obtención de plasma	Unidades obtidas	117.600	111.426	94,8%
Envío de plasma á industria para a obtenc. de medicamentos	Unidades	96.500	89.354	92,6%
Obtención de albumina	Gramos	718.200	561.580	78,2%
Obtención de factor VIII	Unidades internacionais	1.610.000	1.965.000	122,0%
Obtención de ganmaglobulinas	Gramos	97.200	99.110	102,0%
Obtención de alfa 1 antitripsina	Gramos	3.510	4.590	130,8%
Doazóns de sangue de cordón umbilical	Núm. de doazóns	500	465	93,0%
Laboratorio de referencia para tipaxe histocompatibilidade (HLA)	Núm. probas analíticas	1.100	993	90,3%
Estudos MO-SCU	Núm. de estudos	600	537	89,5%

Fonte: Memoria contas anuais

En consecuencia, dedúcese que o grao de execución das actividades en xeral é elevado, superándose nalgúns casos as previsións iniciais.

VI. ANÁLISE DAS ÁREAS DE XESTIÓN

VI.1. RECURSOS HUMANOS

VI.1.1. EFECTIVOS

O artigo 21 dos Estatutos do CTG establece que “o réxime xurídico do persoal da Fundación será de carácter laboral, coas garantías que establece para este efecto o Estatuto dos Traballadores e as demais normas laborais”.

Atendendo ao anterior, os traballadores do CTG estaban contratados en réxime de persoal laboral ata que se ditou o Decreto 91/2007, do 26 de abril, de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector público sanitario xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade, articulándose o procedemento nas correspondentes ordes, que para o caso do CTG foi a do 20 de setembro do 2007 (DOG núm. 197 do 10 de outubro de 2007).

O artigo 9 do referido decreto establece que ao persoal non integrado no réxime xurídico estatutario respectaráselle o réxime xurídico e retributivo derivado da súa situación laboral de orixe, aplicándose a normativa pactada no correspondente convenio colectivo e, no seu defecto, nas disposicións laborais de carácter xeral. Unha vez finalizado o proceso de integración, o artigo 10 do referido decreto, establece que a provisión das prazas e a selección do persoal fixo ou temporal das entidades afectadas se realizará polos procedementos regulados no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Sergas, integrando a oferta pública de emprego deste organismo autónomo.

Á diferenza do que ocorreu noutras fundacións sanitarias nas que o proceso de estatutarización alcanzou case a totalidade do persoal, neste caso gran parte del non puido optar pola estatutarización por estar afectado polo establecido na disposición transitoria primeira da referida Orde do 20 de setembro 2007 que expresa que “até tanto non recaia resolución xudicial firme que confirme a validez ou declare a nulidade do proceso selectivo (OPE), convocado por Resolución da dirección do CTG do 6 de xuño de 2005, os postos de traballo ofertados non poderán ser obxecto de integración”.

Deste xeito, das 216 prazas existentes no cadro de persoal 132 eran integrables e 84 non susceptibles de integración, dúas delas por corresponder naquel momento a contratos de alta dirección (director técnico e administrador que na actualidade son nomeados por libre designación) e as 82 restantes por estar afectadas polo establecido na citada disposición transitoria, ao que se suma que moito persoal non sanitario non optou pola estatutarización, o que determina que actualmente aínda existan no CTG ata 72 traballadores con contrato laboral indefinido.

A citada OPE fora recorrida pola CIGA tanto no que se refire ao acceso libre como á promoción interna. No que se refire ao primeiro a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en sentenza do 21 de xullo de 2009, desestimou o recurso formulado polo CTG confirmando a sentenza do 10 de novembro de 2006 do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Santiago de Compostela, obrigando á Administración a retrotraer o proceso de selección ao momento da súa convocatoria, debendo substituíla por unha nova, na que se cumpran os requisitos e esixencias sinalados na devandita resolución xudicial.

No mesmo senso e no que respecta á promoción interna, declárase a sentenza da Sala do Social do TSXG do 16 de xullo de 2012 ao resolver en sentido desestimatorio o recurso do CTG contra a sentenza do Xulgado do Social núm. 1 de Santiago de Compostela do 14 de xaneiro de 2008 que anulou a citada oferta de emprego público en canto á promoción interna.

Na actualidade tras a negociación das bases da convocatoria coa representación sindical do CTG e logo da súa autorización pola DX de Función Pública e a DX de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda, procedeuse á convocatoria dunha nova oferta de emprego público mediante Resolución do 20 de xaneiro de 2015, que foi publicada no DOG do 24 de marzo, téndose publicadas as listas definitivas de admitidos.

Como consecuencia do proceso de estatutarización citado, optaron pola integración voluntaria 107 traballadores (103 que ocupaban prazas do cadro de persoal e 4 que se atopaban en situación de excedencia voluntaria sen reserva de praza), mentres 22 efectivos optaron por non integrarse, sendo integrados de oficio os 7 interinos existentes naquel momento.

No que se refire ao ano obxecto de fiscalización o cadro de persoal era o seguinte:

Cadro 22: Persoal estatutario 2013

Posto	Nivel	Postos iniciais	Dot decembro	Ocup decembro	Estatutarios propietarios	Estatutarios interinos
Dir. técnico do CTG	29	1	1	1	0	1
Dir. xestión do CTG	27	1	1	1	1	0
Xefe/a sección-subgrupo C1	24	2	1	1	1	0
Xefe/a grupo-subgrupo C1	20	1	1	1	1	0
Grupo administrativo función admtva.	18	5	5	5	5	0
Xefe/a taller	18	1	1	1	1	0
Promotor/a de doazón	20	5	5	5	4	1
Grupo auxiliar da función admtva. equipo mecanizado	16	11	11	10	7	3
Telefonista	16	2	2	2	2	0
Condutor/a vehículos esp. transp. enf.	16	10	9	9	9	0
Enfermeiro/a de unidade do CTG	22	25	24	24	23	1
Técnico/a especialista	18	17	17	17	17	0
Tco. en coidados aux. de enfermaría servizos centrais	16	15	15	15	14	1
Adxunto/a especialista área con C. E.	24	5	5	5	4	1
Médico/a xeral do CTG	24	14	13	13	13	0
Farmacéutico/a de AP	24	1	1	1	1	0
		116	112	111	103	8

Cadro 23: Persoal laboral

Posto	Postos iniciais	Dot decembro	Ocup decembro	Persoal laboral fixo	Persoal laboral interino
Médico esp. Hemato. e Inm.	1	1	1	0	1
Médico esp. asegur. calidade	1	1	1	0	1
Técnico sup. biolox. m./xestión	1	1	1	1	0
Técnico superior	4	4	4	0	4
Coordinador doazóns	1	1	1	1	0
Médico xeral	17	17	17	0	17
Titulado superior plan volunt.	1	0	0	0	0
Responsable promoción	1	1	1	1	0
Responsable comunicación	1	1	1	0	1
ATS/DUE	26	25	25	2	23
Técnico especialista laboratorio	16	16	16	5	11
Axudante de laboratorio	2	2	2	2	0
Xefe administración	1	0	0	0	0
Administrativo	4	4	4	1	3
Promotor da doazón	2	2	2	0	2
Técnico informática	1	1	1	1	0
Auxiliar clínica/laboratorio	6	6	6	4	2
Auxiliar administrativo	2	2	2	0	2
Auxiliar informática	1	1	1	0	1
Conductor/celador	11	11	11	1	10
	100	97	97	19	78

Tal e como se reflicte nos cadros anteriores ao inicio do exercicio 2013, o cadro de persoal orzamentado da Fundación estaba composto por 216 prazas (116 de persoal estatutario e 100 de persoal laboral), sendo amortizadas no mes de xuño do citado exercicio 7 prazas: 4 de persoal estatutario (médico/a xeral, enfermeiro/a de unidade, condutor/a vehículos esp. transp. enf, xefe/a sección-subgrupo C1) e 3 de persoal laboral (titulado superior plan volunt, ATS/DUE e xefe de administración).

Deste xeito, a 31 de decembro de 2013, das 209 prazas do cadro de persoal, figuraban ocupadas 208, correspondendo 111 a persoal estatutario (8 deles interinos) e 97 a persoal laboral (78 interinos), tendo todos os interinos, agás dous, unha antigüidade superior aos tres anos. A única praza non ocupada corresponde ao grupo auxiliar da función administrativa de equipo mecanizado do cadro de persoal estatutario, cuxa titular ten concedida unha comisión de servizos no Hospital Nuestra Señora de Valme de Sevilla e que, polo tanto, non é susceptible de amortización, constatándose que a concesión da referida comisión foi prorrogada, no que respecta ao exercicio 2013, por resolucións da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas do 7.9.2012 e do 15.11.2013.

O elevado número de persoal laboral interino (78) responde, tal e como quedou referido, a que as súas prazas non puideron ser obxecto de estatutarización por estar afectas pola OPE do ano 2005,

mentres que os 8 efectivos interinos que ocupaban prazas de persoal estatutario contratáronse, segundo informa o CTG, para cubrir as vacantes tras o concurso de traslados do Sergas convocado pola Resolución do 22 de xullo de 2010, xa que nel non se ofertaban prazas a resultas nalgunhas categorías do CTG (ofertándose prazas exclusivamente nas categorías de auxiliar administrativo e auxiliar de enfermaría).

Como se aprecia nos cadros anteriores, a categoría máis numerosa é a de ATS/DUE con 49 efectivos (24 estatutarios e 25 laborais) seguido da de técnico especialista de laboratorio con 33 (17 estatutarios e 16 laborais) e os médicos xerais que son 30 (13 estatutarios e 17 laborais). Pola súa banda, as auxiliares de enfermaría son 21 (15 e 6) mentres que os condutores ascenden a 20 (9 estatutarios e 11 laborais). No caso dos FEA os cinco efectivos existentes son persoal estatutario e os tres hematólogos persoal laboral.

No que se refire á distribución do persoal por departamentos e localidades no exercicio fiscalizado era a seguinte:

Cadro 24: Distribución do persoal por departamentos e localidades

	Núm. traballadores	A Coruña	Ferrol	Santiago	Vigo	Pontevedra	Lugo	Ourense
Dirección	4	0	0	4	0	0	0	0
Administración	31	0	0	31	0	0	0	0
Hemodiazón e Aférese	114	20	13	20	22	14	12	13
Fraccionamento e distribución	21	0	0	21	0	0	0	0
Biología Molecular	10	0	0	10	0	0	0	0
Procesamento	9	0	0	9	0	0	0	0
Criobiología	6	0	0	6	0	0	0	0
Farmacia	1	0	0	1	0	0	0	0
Control de calidade	5	0	0	5	0	0	0	0
Promoción	8	1	1	2	1	1	1	1
Total	209	21	14	109	23	15	13	14

Finalmente, mediante a Orde do 9 de outubro de 2014 convocouse un novo procedemento para a integración voluntaria no réxime estatutario de determinado persoal laboral fixo de entidades adscritas á Consellería de Sanidade, optando pola dita integración 12 traballadores o que supuxo a modificación do cadro de persoal no ano 2015 no seguinte senso:

Prazas laborais a amortizar	Núm. de prazas	Postos de traballo que se crean	Código categoría
T-II-01 (ATSE/DUE)	1	Enfermeiro/a de unidade do CTG	S-A2-52
T-III-01 (Técnico especialista laboratorio)	3	Técnico/a especialista	S-C1-01
T-III-01 (Técnico especialista laboratorio)	2	Persoal técnico non titulado	N-C1-11
T-III-07 Administrativo	2	Grupo administrativo función admtdva.	N-C1-05
T-IV-02 (Auxiliar administrativo)	1	Grupo auxiliar da función admtdva. equipo mecanizado	N-C2-09
T-IV-01 (Auxiliar clínica/laboratorio)	2	Técnico/a en coidado auxiliares de enfermaría servizos centrais	S-C2-04
T-V-01 (Conductor/celador)	1	Conductor/a vehículos esp. trans. enf	N-C2-36

VI.1.2. PERSOAL TEMPORAL

As contratacións de persoal laboral temporal (substitucións ou acumulación de tarefas) que se realizaron ao longo de 2013 ascenderon a 1.302, sen que na maioría dos casos a súa duración superara unha semana, debendo terse en conta neste senso que no citado ano os contratos de substitución por IT do persoal que prestaba os seus servizos nos puntos fixos ou unidades móbiles de doazón de sangue levábase a cabo por días segundo estivese prevista ou non colecta.

A contratación ou nomeamento deste tipo de persoal levouse a cabo acudindo ás listaxes de selección de persoal temporal no ámbito do Sergas e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade, cuxa xestión está regulada pola Resolución conxunta do 26 de abril de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade e da Xerencia do Sergas, pola que se publicou o pacto sobre selección de persoal estatutario temporal.

Nesta norma establécese que, con carácter xeral, a selección efectuarase a través dunha única lista por categoría e ámbito territorial de área sanitaria, agás nas categorías de persoal de xestión e servizos dos subgrupos A1 e A2 e persoal informático do subgrupo C1, que poderá ser de ámbito autonómico. Así mesmo, establece a posibilidade de elaboración de listas distintas para nomeamentos de curta duración nas categorías de enfermeiro, auxiliar de enfermaría, celador e pinche. A única especificidade que recolle para o CTG é a relativa a que na cobertura de prazas de categoría de Técnico especialista e DUE, terán carácter preferente as persoas que acrediten unha experiencia profesional mínima de dous meses.

Da análise dos procedementos utilizados polo CTG dedúcese o seguinte:

- Polo que respecta ao procedemento de selección utilizado nas categorías de médicos e condutores, a entidade dispón de listas propias de candidatos (por non existir listas xerais nestas categorías) encargándose da xestión dos chamamentos e da selección do persoal. En ambas as dúas categorías o CTG dispón dun rexistro de chamamentos no que figuran as características do posto, a duración do contrato e os datos da persoa seleccionada.
- En canto ás restantes categorías, a entidade solicita á EOXI a cuxa área sanitaria pertence a praza a cubrir, o efectivo de persoal correspondente con indicación da categoría, datas de alta e baixa e restantes características do posto. A EOXI baseándose nos datos do perfil requirido, procede á remisión dos datos da persoa seleccionada, autorizando ao director da fundación a súa contratación.
- O artigo 35 da LPXCA para 2013 establece a prohibición de contratar persoal temporal, exceptuando os supostos de necesidades urxentes e inaprazables de persoal, entre outros, das unidades asistenciais das fundacións sanitarias, afirmando que nestes casos non será necesaria a

autorización conxunta das direccións xerais de Orzamentos e de Función Pública. Neste senso, a circular conxunta de ambas as dúas direccións xerais do 30 de xaneiro de 2012, aclara que a exoneración da solicitude dos citados informes limitase aos contratos de substitución pero non aos de acumulación de tarefas.

Fiscalizados todos os expedientes de acumulación de tarefas, comprobouse que nestes consta unicamente a autorización da Dirección Xeral de Orzamentos pero non a da Dirección Xeral de Función Pública. Segundo o CTG isto obedece a instrucións non escritas recibidas por parte da Dirección Xeral de Orzamentos, no senso de que unicamente cómpre o seu informe.

VI.1.3. ESTRUTURA SALARIAL

A dotación orzamentaria das prazas que compoñen o cadro de persoal da Fundación no exercicio 2013, así como a súa estrutura salarial, segundo os datos subministrados pola Dirección Xeral de Orzamentos, é a seguinte:

Cadro 25: Estrutura salarial (euros)
Persoal estatutario

Categorías	Nivel	Núm. de postos	Soldo	C. destino	C. espec.	Product.	P.R.D.	Soldo paga extra	Total retrib. posto	Total
Director/a técnico/a do CTG	29	1	1.109	869	1.988			684	50.702	50.702
Director/a de xestión do CTG	27	1	1.109	796	1.702			684	46.245	46.245
Xefe/a sección -subgrupo C1	24	2	720	583	511	195		622	26.521	53.043
Xefe/a grupo- subgrupo C1	20	1	720	440	345	131		622	21.742	21.742
Grupo administrativo función admtva.	18	5	720	395	159	104		622	18.573	92.864
Xefe/a taller	18	1	720	395	315	131		622	20.758	20.758
Promotor da doazón	20	5	720	440	331	131		622	21.578	107.891
Grupo auxiliar da función admtva. equipo mecanizado	16	11	599	350	193	96		594	16.739	184.126
Telefonista	16	2	599	350	160	96		594	16.343	32.687
Conductor/a vehículos esp.transp. enf.	16	10	599	350	283	96		594	17.821	178.213
Enfermeiro/a da unidade do CTG	22	25	959	510	273	135		699	24.935	623.378
Técnico/a especialista	18	17	720	395	167	104		622	18.665	317.307
Tco. en cuidados aux. de enfermaría SS.CC.	16	15	599	350	180	96		594	16.591	248.858
Adx. esp. de área con C.E.	24	5	1.109	583	780	686	80	684	41.387	206.935
Médico xeral do CTG	24	14	1.109	583	701	274		684	34.536	483.500
Farmacéutico de A.P.	24	1	1.109	583	780	274	80	684	36.448	36.448
Suma estatutarios		116							429.584	2.704.696

Informe de fiscalización selectiva da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia. Exercicio 2013

Persoal laboral

Categorías	Núm. de postos	Soldo base	Destino	C. espec./ variable	Paga extra	Plus caja	Plus respons.	Plus promoc.	Adic.ext.	Total retrib. posto	Total
Médico esp. Hemato. e Inm.	1	1.103	500	1.241	1.603	0	283	0	468	41.658	41.658
Médico esp. asegur. calidade	1	1.103	500	1.259	1.603	0	0	0	406	38.364	38.364
Técnico sup. Biolox. M./Xestión	1	1.103	500	1.259	1.603	0	0	0	406	38.364	38.364
Técnico superior	4	1.103	500	685	1.603	0	0	0	406	31.466	125.865
Coordinador Doazóns	1	1.103	500	1.241	1.603	0	283	0	468	41.658	41.658
Médico xeral	17	1.103	500	685	1.603	0	0	0	406	31.466	534.926
Titulado superior Plan volunt.	1	1.103	500	453	1.603	0	0	0	406	28.686	28.686
Responsable promoción	1	1.103	500	1.186	1.603	0	283	1.313	753	57.321	57.321
Responsable comunicación	1	1.103	500	453	1.603	0	0	0	406	28.686	28.686
ATS/DUE	26	936	406	273	1.342	0	0	0	340	22.749	591.478
Técnico especialista laboratorio	16	698	319	185	1.017	0	0	0	258	16.976	271.613
Axudante de laboratorio	2	698	319	185	1.017	0	0	0	258	16.976	33.952
Xefe administración	1	698	583	1.457	1.281	0	283	0	386	39.585	39.585
Administrativo	4	698	319	178	1.017	0	0	0	258	16.888	67.552
Promotor da doazón	2	698	319	302	1.017	0	0	0	258	18.376	36.752
Técnico informática	1	698	319	1.074	1.017	0	283	0	319	31.156	31.156
Auxiliar clínica/laboratorio	6	571	281	200	851	0	0	0	216	14.749	88.497
Auxiliar administrativo	2	571	281	201	851	144	0	0	247	16.549	33.098
Auxiliar Informática	1	571	281	201	851	0	0	0	216	14.765	14.765
Condutor/celador	11	571	281	258	851	0	0	0	216	15.449	169.941
Suma laborais	100									561.887	2.313.917
Suma total	216									991.471	5.018.612

As retribucións do persoal do CTG regúlanse, no que se refire ao persoal estatutario, pola Lei 2/2013, do 27 de febreiro de orzamentos da CA de Galicia para o exercicio 2013; e pola Orde da Consellería de Facenda do 11 de marzo de 2013 e polo Convenio Colectivo do CTG, aprobado pola Resolución do 4 de novembro de 1999 da Dirección Xeral de Relacións Laborais (DOG do 23 de decembro de 1999) en canto ao persoal laboral. Este convenio continúa vixente por prorrogarse anualmente de forma automática, ao non mediar denuncia previa, incrementándose os conceptos retributivos de acordo co previsto nas leis de orzamentos anuais.

Comprobada a correspondencia entre os conceptos retributivos incluídos no resumo de nóminas dun determinado mes (maio-2013), así como as súas contías, cos regulados na normativa aplicable dedúcese o seguinte:

- As contías dos importes dos conceptos retributivos aboados son coincidentes cos regulados na normativa aplicable.
- En xeral, os conceptos incluídos no resumo de nómina do citado mes correspóndense cos establecidos na normativa aplicable ao persoal laboral e estatutario sobre retribucións vixentes

naquel exercicio. Non obstante, a pesar de non figurar na normativa referida anteriormente, aparecen aboados en nómina os seguintes conceptos:

a) *Produtividade variable a conta* por importes de 2.407 euros (P. Facultativo estatutario) e 3.908 euros (P. Laboral).

O seu aboamento efectúase no caso dos estatutarios unicamente ao persoal facultativo: hematólogos, médicos xerais e farmacéutico, mentres que, pola contra, o percibe todo o persoal laboral.

Os criterios aplicados para a cuantificación do complemento produtividade variable (CPV) do persoal estatutario foron fixados pola Resolución da DX de Recursos Humanos do Sergas, do 24 de xuño de 1996 en función dos obxectivos alcanzados, regulándose tamén o sistema de aboamento.

A súa dotación para cada facultativo fixouse en 3.000 euros anuais, mediante unha Resolución da DX de Recursos Humanos do Sergas do 27 de xullo de 2001, manténdose este importe no exercicio 2013. Segundo establece a citada resolución do 24 de xuño de 1996, o 50% do importe da dotación distribúese mensualmente a conta e o 50% restante regularízase ao finalizar o exercicio unha vez realizada a avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos.

Analizados os importes aboados a conta no caso do persoal estatutario, segundo o resumo mensual de nómina fiscalizado, estes foron de 120,20 euros para os FEA e 138,56 para os médicos xerais (doceava parte do 50%), na totalidade dos casos.

En canto ao sistema de percepción do CPV polo persoal laboral, os que teñen a condición de fixos cobran o 50% a conta repartido de xeito cuadrimestral (aínda que o convenio o establece trimestralmente), percibindo o 50% restante ao finalizar o ano, no momento da avaliación dos obxectivos. O persoal laboral temporal cóbrao dunha soa vez ao finalizar o ano, cando son medidos os obxectivos.

O seu importe determinouse mediante a resolución dun conflito colectivo do 12 de marzo de 2003, especificándose que será o 11% da masa salarial individual que, para estes efectos, está integrada polo salario base, o complemento de destino, o complemento específico e antigüidade, sen que dende a referida data conste a súa modificación.

Da análise do resumo de nómina do mes fiscalizado obsérvase que o importe a conta ten unha contía distinta para cada categoría profesional, sufrindo pequenas oscilacións que se deben á antigüidade, diferente para cada perceptor.

b) *Programa Esp. Instalación Radiactiv.* (1.037 euros)

O importe deste concepto aboouse integramente a un facultativo, sen que conste a súa regulación.

Finalmente, analizada a correspondencia entre o número de efectivos e a base de cotización á SS do citado mes (maio 2013), segundo o resumo de nómina e os modelos de cotización, obsérvase o seguinte:

- Polo que se refire ao número de efectivos (unha vez excluídos os perceptores de atrasos), foi de 241 en ambos os dous documentos, correspondendo 99 a persoal laboral (fixo+eventual), 96 a persoal estatutario fixo e 46 a persoal estatutario eventual.
- En canto ao importe mensual das bases de cotización por continxencias comúns, segundo os modelos TC-1, foi de 521.627 euros, mentres que segundo o resumo de nómina foi de 519.163 euros. A diferenza (2.464 euros) corresponde á liquidación de atrasos, tanto de trienios do persoal laboral substituto como de vacacións do persoal estatutario eventual.

VI.2. CONTRATACIÓN

Ao CTG élle de aplicación o TRLCSP de conformidade co establecido no apartado 1.f) do seu artigo 3, xa que se trata dunha fundación que cumpre cos dous requisitos mencionados naquel, é dicir, ter participación maioritaria dunha entidade do sector público e contar cun patrimonio fundacional que está formado en máis dun 50% por bens e dereitos achegados ou cedidos pola referida entidade.

Pola súa banda, a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia establece, no seu artigo 117 que na actividade contractual as fundacións públicas actuarán de acordo cos principios e disposicións aplicables da lexislación estatal e autonómica en materia de contratos do sector público, concretándose no apartado 2º do artigo 61 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego que, en materia de contratación de obras, subministracións, servizos ou asistencia seralles de aplicación o disposto na lexislación de contratos das administracións públicas.

Neste senso, o apartado 6 do artigo 19 dos Estatutos do CTG determina que a Fundación respectará en todo caso os principios de publicidade e concorrência e rexeráse polas previsións contidas ao respecto na lexislación de contratos das administracións públicas.

No que se refire á competencia do órgano de contratación, os apartados i) e j) do artigo 11 dos Estatutos da Fundación inclúen entre as funcións do Padroado as de autorizar os contratos de obras, así como aprobar os contratos de servizos e subministracións podendo delegar esta función no director técnico ata o límite fixado polo Padroado.

Nesta liña, o Padroado na súa reunión do 21 de xuño de 2010 delegou no director técnico a función de aprobar os contratos de obras, servizos e subministracións ata un importe máximo individual de 250.000 euros e, nos comprendidos entre 250.000 e 600.000 euros, esta delegación efectúase

mancomunadamente en dúas das persoas que ocupen o cargo de presidente do Padroado, director técnico ou director de xestión/administrador da Fundación, establecéndose que os contratos con importes superiores a 600.000 euros requirirán autorización expresa do Padroado.

Da análise da relación de contratos que a entidade tiña vixentes no exercicio fiscalizado (anexo 1), cabe destacar os seguintes extremos:

- Segundo o tipo de contratación utilizado, do importe total adxudicado (27.301.631 euros), corresponde o 66% (18.014.925 euros) ao procedemento aberto, o 33,5% (9.137.556 euros) ao procedemento negociado e o 0,5% restante (149.150 euros) á contratos menores. O 88,7% (8.101.679 euros) do importe adxudicado mediante procedemento negociado realizouse por exclusividade, correspondendo a Grifols, SA o 97,8% (7.927.192 euros).

Atendendo ao número de expedientes, dun total de 57, o 43,8% destes (25) corresponden a procedemento aberto, o 47,4% (27) a contratos menores e o 8,8% (5) a negociados. Por outra banda, os contratos de servizos absorben o 66,7% e os de subministracións o 33,3% restantes.

- Polo obxecto do contrato o 42,5% do seu importe (11.597.011 euros) corresponde a contratos de servizos e o 57,5% restante (15.704.619 euros) a subministracións.

Dun total de 19 expedientes de contratación de subministracións asinados, os seis que se relacionan a continuación absorben o 88,2% do importe destes, segundo o seguinte detalle:

Expediente	Obxecto	Importe adxudicación	% s/ total subministracións
AB-FCT1-11-007	Subministración sucesiva de tubos de baleiro para a obtención de mostras de sangue e equipos desbotables de aférese	3.333.074	21,2%
AB-FCT1-11-004	Subministración sucesiva de sistemas de inactivación de patóxenos en plaquetas e de solución aditiva para a preparación e inactivación de plaquetas	3.162.240	20,1%
AB-FCT1-11-001	Subministración sucesiva de reactivos, consumibles e equipamento asociado para determinación analíticas en doazóns de sangue	2.402.840	15,3%
AB-FCT1-10-015	Subministración sucesiva de reactivos necesarios para a realización efectiva da tipaxe HLA, e de reactivos necesarios para a realización de técnicas de detección xenómica dos virus da hepatite C (VHC), da hepatite B (VHB) e dos virus da inmunodeficiencia humana (VIH)	2.213.698	14,1%
AB-FCT1-11-003	Subministración de bolsas para extracción de sangue, reactivos, consumibles e equipamento asociado para a realización automatizada da filtración e almacenamento de plaquetas de pool de buffy coat e de sistemas de fraccionamento automático para a preparación de compoñentes sanguíneos	1.719.067	11,0%
NB-FCT1-11-016	Subministración sucesiva de sistemas de inactivación viral do plasma sanguíneo	1.026.886	6,5%
Suma		13.857.805	88,2%

Fonte: Datos subministrados polo CTG

Polo que respecta aos expedientes de contratación de servizos, dun total de 38 expedientes, os catro que se mostran no seguinte cadro representan o 84,2% do importe das adxudicacións deste tipo de contratos.

Informe de fiscalización selectiva da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia. Exercicio 2013

euros

Expediente	Obxecto	Importe adjudicación	% s/ total servizos
NB-FCT1-11-011	Fraccionamento industrial do plasma procedente do CTG para a obtención de derivados plasmáticos de uso terapéutico	4.020.850	34,7%
NB-FCT1-13-003	Servizo de transformación do plasma do CTG en produtos farmacéuticos	3.906.342	33,7%
AB-FCT1-11-009	Servizo de convocatoria e envío de información a doadores a través de carta, teléfono, SMS ou e-mail, para as campañas de doazón de sangue	1.097.931	9,5%
AB-FCT1-10-008	O transporte programado e non programado de sangue, compoñentes sanguíneos e medicamentos, así como o servizo de mensaxería e paquetería	744.984	6,4%
Suma		9.770.107	84,2%

Fonte: Datos subministrados polo CTG

Coa finalidade de verificar a suxeición da contratación á normativa vixente na materia, seleccionáronse os oito expedientes que se relacionan a continuación e que representan o 55,2% do importe adjudicado no exercicio 2013:

Cadro 26: Expedientes de contratación fiscalizados (euros)

Expediente	Obxecto	Adjudicatario	Importe adjudicación	Data contrato	Prazo execución (meses)	Prórroga
AB-FCT1-10-002	Servizo de vixilancia e seguridade	Segur Iberica, SA	377.235	26.07.2010	24	1ª prórroga: 26.09.2012 2ª prórroga: 26.09.2013
AB-FCT1-10-016	Subministración de carburante	Solred, SA	132.888	01.06.2011	12	Prórroga: 01.06.2012
AB-FCT1-11-004	Subministración sucesiva de sistemas de inactivación de patóxenos en plaquetas e de solución aditiva para a preparación e inactivación de plaquetas	L. 1: -Movaco, SA L. 2: -Maco Spania, SL	3.162.240	01.03.2012	24	
AB-FCT1-11-015	Subministración sucesiva de artigos para a promoción da doazón e agasallo aos doadores de sangue	L. 1 e L. 2: -Sanluc Regalos Publicitarios, SL L. 3 e L. 4: -El Corte Ingles, SA L. 5: -Dismark Products, SL L. 6: -Sanluc Regalos Publicitarios, SL	125.825	16.01.2012	16,50	
CM-FCT1-13-017	Subministración de pneumáticos para unidades móbiles	Louzan, SL	13.712	L01.01.2013	12	
NB-FCT1-11-011	Fraccionamento industrial do plasma procedente para a obtención de derivados plasmáticos de uso terapéutico	Instituto Grifols, SA	4.020.850	01.10.2011	12	Prórroga: 01.10.2012
AB-FCT1-11-007	Subministración sucesiva de tubos de baleiro para a obtención de mostras de sangue e equipos desbotables de aférese	L. 1: -Vacuette España, SA L. 2: -Caridianbct L. 3 e L. 4: -Fenwal Europe, SPRL	3.333.074	15.04.2012	24	
NB-FCT1-13-003	Servizo de transformación do plasma en produtos farmacéuticos	Instituto Grifols, SA	3.906.342	09.07.2013	12	
Total			15.072.166			
% mostra sobre total			55,2%			

Fonte: Datos subministrados polo CTG

Todos os expedientes de contratación fiscalizados cumpren formalmente cos requisitos esixidos legalmente e, especificamente, no que se refire á obriga de publicar os anuncios que permitan proporcionar a información necesaria ás empresas interesadas aos efectos dunha concorrencia igualitaria así como a regulación, nos correspondentes pregos de condicións xurídicas e técnicas, do

obxecto contractual e dos requisitos da prestación, reflectíndose os criterios que permitan a selección obxectiva da oferta máis vantaxosa, téndose desenvolvido axeitadamente as fases de preparación e adjudicación do contrato. Igualmente todos eles, en función da súa contía, son asinados ou autorizados polo órgano competente.

As incidencias detectadas son que nos contratos da mostra fiscalizada o órgano de contratación asina na memoria do expediente e non nunha resolución específica de aprobación deste que debería constar no expediente, tal e como se esixe polo artigo 110.1 do TRLCSP, mentres que en dous dos expedientes (AB-FCT1-10-002 y NB-FCT1-11-011) o prego de cláusulas administrativas non está asinado.

Por outra banda, en todos os contratos revisados consta a comunicación á Intervención, posterior á proposta de adjudicación e previa á sinatura do contrato, tal e como esixe o artigo 4 da Resolución do 31.3.1999 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 18.3.1999 para a implantación dun sistema integrado de información e control permanente da xestión económica de sociedades e fundacións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Contratos co Instituto Grifols, SA

Especial relevancia teñen os contratos asinados coa empresa “Instituto Grifols, SA” que teñen por obxecto o fraccionamento industrial dos excedentes do plasma procedente do CTG para a obtención de derivados plasmáticos de uso terapéutico.

No ano 2013 estiveron vixentes dous contratos cuxos expedientes se tramitaron como negociados por exclusividade por ser Grifols o único laboratorio autorizado polo Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade para fabricar medicamentos derivados do sangue, tal e como consta nos correspondentes expedientes.

Deste xeito e polo que se refire ao primeiro deles (NB-FCT1-11-011) adjudicouse por 4.020.850 euros, tendo unha vixencia desde o 1 de outubro de 2011 ata o 30 de setembro de 2012, prorrogándose durante seis meses máis, ata o 31 de marzo de 2013.

O segundo dos contratos (NB-FCT1-13-003) ten un importe de 3.906.342 euros, cunha vixencia desde o 9 de xullo de 2013 ata o 8 de xullo de 2014, prestándose o servizo en precario no período de tempo entre os dous contratos citados.

En ambos os dous contratos afirmase que Grifols recollerá o plasma nas dependencias do CTG mentres que este poderá en todo momento inspeccionar o transporte, conservación e procesamento do plasma, así como realizar os controis de calidade que considere precisos.

Fiscalizadas as facturas correspondentes aos mencionados contratos comprobouse que estas figuran debidamente detalladas, así como que se aplicaron correctamente os prezos establecidos nos contratos.

VI.3. CONVENIOS

Os Estatutos da Fundación prevén a posibilidade de que esta asine os convenios que considere de interese para a mellor consecución dos seus fins. Neste senso o CTG ten asinados, ademais do convenio coa USC referido á cesión do local no que se sitúan as súas instalacións ao que se fixo referencia no apartado V.2. deste informe, outros convenios, todos eles sen achega económica, que teñen por obxecto a cesión por parte do CTG de mostras biolóxicas procedentes do refugallo con destino nalgúns casos á docencia, (convenios co IES Manuel Antonio de Vigo, Lamas de Abade de Santiago, Politécnico de Lugo, Frei Martín Sarmiento de Pontevedra, Campo de San Alberto de Noia e Anxel Casal-Montealto da Coruña e os colexios Santa Apolonia de Santiago e Aloya de Vigo) e noutros á investigación, como no caso dos convenios asinados coa Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación Biosanitaria Ramón Domínguez e coa Universidade de Santiago de Compostela.

Tamén existe un convenio de colaboración, que tampouco ten achega económica, entre a Consellería de Sanidade e o CTG para a formación docente de médicos internos residentes en materia de hematoloxía e hemoterapia.

Por outra banda, existen 16 acordos de colaboración asinados entre o CTG e outros tantos hospitais nos que se establecen os termos e as condicións nos que as correspondentes entidades asinantes colaborarán na obtención das unidades de cordón umbilical. Nestes acordos establécese que o persoal da correspondente maternidade realizará as extraccións de sangue de cordón umbilical de acordo cos procedementos internos e o correspondente sistema de xestión de calidade do CTG, comprometéndose este a realizar o transporte desde o hospital ata as instalacións do CTG en Santiago, onde se realizará o procesamento das unidades de sangue de cordón válidas e a súa conservación.

VI.4. TESOURARÍA

Nesta epígrafe analizarase, ademais das contas bancarias coas que contaba o CTG no exercicio fiscalizado e os seus correspondentes xuros, os cobros e pagamentos realizados por este.

a) Contas bancarias

O CTG tiña abertas catro contas bancarias no ano 2013, tres delas formalizadas coa entidade financeira BBVA e unha con ABANCA, sendo as sinaturas autorizadas para cada unha delas as da

directora técnica en calidade de representante e a da directora de xestión e servizos xerais en calidade de persoa autorizada.

As operacións ás que van destinadas cada unha das contas son as que figuran no seguinte cadro:

Cadro 27: Operacións das contas de tesouraría (572)

Conta contable	Entidade financeira	Tipo de movemento	
		Cobros	Pagamentos
572001	BBVA	Todo tipo (hospitais públicos: activ. propia+activ. mercantil)	Todo tipo
572002	BBVA	Xuros +14.000 euros	Non hai
572005	BBVA	Hospitais privados+xuros	Traspasos de saldos
572015	ABANCA	Non hai movementos	Non hai movementos

Fonte: Conta 572 do Diario

- A primeira delas (572001) destínase á xestión dos cobros que proveñen dos ingresos dos hospitais públicos e dos pagamentos a provedores, actuando como conta operativa da entidade.
- A segunda (572002) unicamente rexistrou un cobro derivado dun programa de investigación e os correspondentes xuros.
- A terceira (572005) está destinada a rexistrar os cobros derivados dos hospitais privados e os xuros da propia conta. Nos pagamentos desta conta unicamente figuran os traspasos de saldos á conta operativa.
- A cuarta conta (572015) formalizada con ABANCA non rexistrou ningún movemento no exercicio.

Á vista do exposto e tendo en conta a natureza das operacións realizadas en cada unha das contas, non se observa a necesidade de manter abertas as contas 572002 e 572015.

No seguinte cadro móstranse as existencias de fondos de tesouraría, así como os seus movementos ao longo do exercicio 2013:

Saldo das contas bancarias (euros)

	Conta				Total
	572001	572002	572005	572015	
Saldo inicial	158.564	39.491	42.295	2.665	243.014
Cobros	25.642.717	14.155	2.435.808	0	28.092.680
Pagamentos	25.667.467	0	2.252.956	0	27.920.423
Saldo final	133.814	53.647	225.146	2.665	415.271

Fonte: Libro Diario

A continuación móstranse os datos relativos ás conciliacións bancarias de saldos practicadas a 31.12.2012 e 31.12.2013:

Conciliacións bancarias (euros)

Conta contable	Conciliación saldos a 31.12.2012			Conciliación saldos a 31.12.2013		
	Saldo a 31.12.2012		Diferenza	Saldo a 31.12.2013		Diferenza
	S/ contabilidade	S/ xustificantes bancarios		S/ contabilidade	S/ xustificantes bancarios	
572001	158.564	157.462	1.102	133.814	131.344	2.469
572002	39.491	39.491	0	53.647	53.647	0
572005	42.295	42.172	123	225.146	225.019	127
572015	2.665	2.665	0	2.665	2.665	0

Fonte: Información subministrada polo CTG

De acordo cos xustificantes bancarios que o CTG acompaña ás conciliacións dedúcese o seguinte:

- Polo que respecta aos saldos a 31.12.2012 as diferenzas débense aos importes dos xuros devengados en 2012 e que as entidades financeiras rexistraron en 2013.
- Da mesma forma, as diferenzas de saldos a 31.12.2013 corresponden a xuros devengados en 2013 e rexistrados polas entidades financeiras en 2014.

Solicitada a documentación relativa aos extractos bancarios dos movementos de cada unha das contas cabe subliñar que no caso das contas 572002 e 572005 correspóndense cos saldos iniciais e finais reflectidos nas certificacións bancarias, mentres que a conta 572015 non rexistrou movementos no exercicio fiscalizado. No que se refire á conta 572001 non se remitiu información.

b) Cobros

A desagregación dos cobros da tesouraría, segundo a natureza dos conceptos que os integran é a que figura nos seguintes cadros, para cada unha das contas:

euros

Cobros cta. 572001								
Contrato-Programa		Diagnostic Grifols	Cobros facturas (Plasmaderivados)	Aboamentos +devoluc.	Xuros	Transferencias	Traspasos	Total
Cobros a conta	Regularizacións	4.730	5.529.411	145.429	7.973	35.533	2.252.834	25.642.717
13.963.166	3.703.642							

Cobros cta. 572002		
Transferencia	Xuros	Total
14.000	155	14.155

Cobros cta. 572005		
Fras. HH Privados	Xuros	Total
2.435.333	475	2.435.808

Fonte: Libro Diario

Os saldos da conta 572005 son traspasados ao final de cada mes á conta operativa 572001, polo que o importe dos cobros da primeira conta (2.435.808 euros) debería coincidir co dos traspasos ingresados na segunda (2.252.834 euros). A diferenza pendente de traspasar a 31.12.2013

(182.974 euros) débese, por unha banda, a un traspaso efectuado o 02.01.2014 correspondente ao exercicio 2013, por un importe de 225.019 euros e, por outra, a un traspaso efectuado o 08.01.2013 correspondente ao 2012 de 42.045 euros. O efecto neto destes dous traspasos (225.019-42.045) coincide co importe que figura pendente de traspasar (182.974 euros).

A conta 572001 rexistrou o 91,3% do total dos cobros percibidos en 2013 (28.092.680 euros), mentres que a conta 572005 rexistrou o 8,7% e a 572002 o 0,1% restante.

Os cobros derivados da actividade figuran rexistrados nas contas 572001 e 572005, segundo os datos que se expoñen no seguinte cadro:

euros

Cobros actividade			
Concepto	Cta. 572001	Cta. 572005	Suma
C. programa + regularizacións	(*) 17.671.538	0	17.671.538
Cobro facturas	5.529.411	2.435.333	7.964.744
Total	23.200.949	2.435.333	25.636.282

(*) Inclúe 4.730 euros de Diagnostic Grifols por servizos hemoterápicos cobrados erroneamente nesta conta
 Datos elaborados a partir da conta 572 do Diario

- O 68,9% do importe dos cobros derivados da actividade (25.636.282 euros) corresponden aos cobros a conta e regularizacións derivados do contrato-programa.
- O 31,1% dos cobros restantes están referidos ao cobro de facturas que, no caso da conta 572001 corresponden a plasmaderivados facturados a hospitais públicos, mentres que os rexistrados na conta 572005 refírense a probas analíticas e hemoderivados facturados a hospitais privados.

A distribución dos cobros da actividade ingresados en 2013 son os que figuran a continuación:

Cadro 28: Cobros actividade propia e mercantil (euros)

Distribución cobros 2013			
Actividade propia	Facturas 2013	H públicos	14.680.193
		H privados	1.821.363
		Suma	16.501.556
	Facturas 2012	H públicos	2.982.686
		H privados	411.552
		Suma	3.394.238
	Facturas anteriores	H públicos	3.929
		H privados	207.148
		Suma	211.077
Total			20.106.871
Actividade mercantil	Facturas 2013	H públicos	2.512.158
		Suma	2.512.158
	Facturas 2012	H públicos	3.017.252
		Suma	3.017.252
Total			5.529.411
Total cobros actividades			25.636.282

Fonte: Datos subministrados polo CTG

Informe de fiscalización selectiva da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia. Exercicio 2013

Segundo estes datos, os aspectos máis destacables son os seguintes:

- O importe dos cobros referidos á actividade propia da Fundación representaron o 78,4% do total, mentres que os relativos á actividade mercantil (plasmaderivados) supuxeron o 21,6% restante.
- O 25,8% do importe dos cobros da actividade realizados en 2013 foron de facturas de exercicios anteriores. Deste xeito, no que se refire á actividade propia o 82,1% dos cobros corresponden á facturación do 2013, mentres que no caso da actividade mercantil estes só acadan o 45,4%, correspondendo, polo tanto, máis da metade (54,6%) a facturas do exercicio do 2012.

Os cobros do contrato-programa ingresados en 2013, distribuídos por centros foron os seguintes:

Cadro 29: Cobros contrato-programa (euros)

Centro	Cobros a conta			Regularizacións				Total
	2012	2013	Total	2011	2012	2013	Total	
Xerencia de Xestión Integrada da Coruña	0	3.110.000	3.110.000	3.279	792.312	188.779	984.370	4.094.370
Xerencia Xestión Integrada de Santiago	0	1.781.250	1.781.250	650	227.832	445.504	673.985	2.455.235
Área Sanitaria de Ferrol	78.167	627.340	705.507	0	30.038	134.037	164.075	869.583
H Barbanza	0	70.233	70.233	0	18.893		18.893	89.126
H Virxe da Xunqueira	0	42.000	42.000	0	13.341	8.891	22.232	64.232
H Xeral-Calde	243.146	1.740.000	1.983.146	0	5.126	-8.695	-3.569	1.979.577
Xerencia Xestión Integrada de Ourense	0	1.266.677	1.266.677	0	0	363.181	363.181	1.629.858
CH Universitario de Vigo	573.465	2.507.723	3.081.188	0	21.317	106.838	128.155	3.209.343
H Monforte	0	0	0	0	40.803	141.452	182.255	182.255
H Verín	0	0	0	0	25.413	0	25.413	25.413
H Valdeorras	17.039	0	17.039	0	1.005	0	1.005	18.044
Xerencia Xestión Integrada de Pontevedra	0	0	0	0	158.860	751.868	910.728	910.728
CH Universitario de Santiago	311.672	1.000.000	1.311.672	0	0	0	0	1.311.672
H da Costa	120.000	270.000	390.000	0	0	0	0	390.000
C.H Pontevedra	204.453	0	204.453	0	0	0	0	204.453
H Salnés	0	0	0	0	33.246	0	33.246	33.246
Sergas (histocompatibilidade)	0	0	0	0	66.558	133.115	199.673	199.673
Total	1.547.943	12.415.223	13.963.166	3.929	1.434.744	2.264.970	3.703.672	17.666.808

Fonte: Elaboración propia segundo datos do CTG

A distribución por centros dos cobros ingresados en 2013, derivados do subministración de plasmaderivados aos hospitais do Sergas, foi a seguinte:

Cadro 30: Cobros plasmaderivados (euros)

Centro	2013	2012	Total
CH Universitario de Santiago	0	385.943	385.943
CH de Ourense	0	202.423	202.423
H Salnés	0	1.549	1.549
H Xeral-Calde	121.694	148.012	269.706
CH Univeristario de Vigo	533.213	1.215.314	1.748.526
H Monforte	47.450	50.295	97.744
H da Costa	36.466	39.372	75.838
H Virxe da Xunqueira	0	22.660	22.660
H Valdeorras	0	19.600	19.600
CH Pontevedra	0	629.563	629.563
Xerencia Xestión Integrada de Santiago	670.228	0	670.228
Xerencia de Xestión Integrada de Ourense	125.355	0	125.355
Área Sanitaria de Ferrol	234.107	90.294	324.401
Xerencia de Xestión Integrada de Coruña	622.637	203.376	826.013
H Verín	0	8.853	8.853
Xerencia de Xestión Integrada de Pontevedra	121.009	0	121.009
Total	2.512.158	3.017.252	5.529.411

Fonte: Elaboración propia segundo datos do CTG

c) Facturación pendente de cobro

Polo que respecta á facturación pendente de cobro, segundo os datos rexistrados polo CTG a 31.12.2013, o seu importe ascendía a 3.037.085 euros, dos que 215.779 euros corresponden a débedas derivadas da actividade propia da Fundación e 2.821.306 euros á subministración de medicamentos plasmaderivados aos hospitais públicos.

En canto ás primeiras, da análise da información contida no balance de sumas e saldos do CTG, obtéñense os seguintes datos:

Cadro 31: Debedores actividade propia (euros)

		Centro	Importe
Hospitais públicos	Pte. de cobro	H Comarcal de Monforte	7.712
		Hospital da Costa	57.944
		Xerencia de Xestión Integrada A Coruña	282.286
		Xerencia Xestión Integrada de Pontevedra e O Salnés	212.051
		Suma	559.993
	Cobrado en exceso	Xerencia Xestión Integrada de Ferrol	-66.544
		Hospital Virxe da Xunqueira	-7.070
		CH Xeral Calde de Lugo	-314.877
		Hospital do Salnés	-12.339
		CH Universitario Vigo	-143.271
		Xerencia de Xestión Integrada de Santiago	-196.346
		Xestión Integrada de Ourense, Verín e Barco Valdeorras	-42.296
		Suma	-782.742
	Saldo	-222.749	

Informe de fiscalización selectiva da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia. Exercicio 2013

		Centro	Importe
Hospitais privados	Pte. de cobro	Sanatorio Quirúrgico Modelo, S. L.	14.060
		H San Rafael	22.142
		Centro Oncolóxico	13.942
		H Juan Cardona	49.706
		Hospital Quirón A Coruña (Santa Teresa)	11.560
		Inst. Policlínico La Rosaleda	6.729
		Policlínico Lucense	7.940
		S.Ntra. Sra. dos Ollos Grandes	4.518
		H Cooperativa Sanitaria Galicia	8.919
		Clínica del Carmen	5.007
		Centro Médico Povisa	134.428
		Hospital Miguel Domínguez	103.390
		Centro Médico El Castro Vigo S.A.	1.588
		Gestión Sanitaria Gallega, S.L. Unipersonal	18.026
		Centro Médico Pintado	244
		Raconsa, S.L.	122
		Fundación Internacional José Carreras	25.000
		Diagnostic Grifols, S.A.	530
		C. Transfusión Principado Asturias	9.545
C. T. Cruz Roja de Madrid	611		
Hospital Universitario Central de Asturias	520		
Saldo			438.528
Total saldo debedores actividade propia			215.779

Os aspectos máis salientables que se derivan da referida análise fan referencia aos seguintes extremos:

- No caso dos hospitais públicos o saldo global de debedores é negativo (en contra do CTG) nun importe de 222.749 euros debido ao exceso de cobros sobre o facturado, derivado do procedemento de facturación-cobros establecido no contrato-programa e a addenda do 27 de decembro que establece o aboamento por importe dun 1,5 millóns de euros. A citada cantidade resulta de minorar do saldo favorable de sete dos hospitais públicos (782.742 euros) a débeda por importe de 559.993 euros contraída polos catro hospitais restantes.
- O saldo total de debedores da actividade propia (215.779 euros) resulta de restarlle ao importe pendente de pagamento polos hospitais privados (438.528 euros) a cantidade de 222.749 euros correspondente ao saldo a favor dos hospitais públicos.
- Do importe pendente de pagamento ao CTG polos hospitais privados (438.528 euros), destacan o Centro Médico Povisa e o Hospital Miguel Domínguez coas contías de 134.429 euros e de 103.390 euros, respectivamente.
- No caso dos hospitais públicos do importe pendente de cobro dotouse unha provisión por insolvencias por unha contía de 188.517 euros (2.845 do CHUS; 185.097 H da Costa, 575 euros da Xerencia Integrada de Pontevedra e O Salnés), mentres que no caso dos privados foi de 89.188

euros, destacando o Hospital Clínico Salamanca e o Hospital Materno infantil Val D'Hebron con 23.000 euros cada un, Hospital Carlos Haya con 21.570 euros, Hospital Miguel Domínguez con 12.120 euros e o Centro Médico El Castro de Vigo con 7.664 euros, correspondendo todos a facturas anteriores ao exercicio fiscalizado.

Se a análise se realiza en función da antigüidade dos debedores os datos serían os seguintes:

Cadro 32: Debedores actividade propia por antigüidade (euros)

	Centro	Importe pendente de cobro		
		< 3 meses	entre 3 e 6 meses	Total
Hospitais públicos	Área Sanitaria de Ferrol	-66.544	0	-66.544
	Hospital Virxe da Xunqueira	-7.070	0	-7.070
	CH Xeral Calde de Lugo	-314.877	0	-314.877
	HC de Monforte	7.712	0	7.712
	H da Costa	57.944	0	57.944
	H do Salnés	-12.339	0	-12.339
	CHU Vigo	-143.549	278	-143.271
	Xerencia de Xestión Integrada de Santiago	-197.082	736	-196.346
	Xerencia de Xestión Integrada A Coruña	-353.104	635.389	282.286
	Xerencia Xestión Integrada de Pontevedra e O Salnés	115.963	96.088	212.051
	Xestión Integrada de Ourense, Verín e Barco Valdeorras	-51.209	8.913	-42.296
	Saldo	-964.154	741.405	-222.749
Hospitais privados	Sanatorio Quirúrgico Modelo, SL	14.060	0	14.060
	H San Rafael	22.142	0	22.142
	Centro Oncolóxico	13.942	0	13.942
	H Juan Cardona	49.706	0	49.706
	Hospital Quirón A Coruña (Santa Teresa)	11.560	0	11.560
	Inst. Policlínico La Rosaleda	6.729	0	6.729
	Policlínico Lucense	7.940	0	7.940
	S. Nosa Sra. dos Ollos Grandes	4.518	0	4.518
	H Cooperativa Sanitaria Galicia	8.919	0	8.919
	Clínica del Carmen	5.007	0	5.007
	Centro Médico Povisa	134.428	0	134.428
	Hospital Miguel Domínguez	30.953	72.437	103.390
	Centro Médico el Castro Vigo SA	1.588	0	1.588
	Gestión Sanitaria Gallega, SL unipersonal	18.026	0	18.026
	Centro Médico Pintado	244	0	244
	Raconsa, S.L.	122	0	122
	Fundación Internacional José Carreras	25.000	0	25.000
	Diagnostic Grifols, SA	530	0	530
	C. Transfusión Principado Asturias	9.545		9.545
	C. T. Cruz Roja de Madrid	611	0	611
Hospital Universitario Central de Asturias		520	520	
Saldo	365.571	72.957	438.528	
Total saldo debedores actividade propia	-598.583	814.362	215.779	

Fonte: Contas da entidade

Á vista destes datos cabe destacar o seguinte:

- No tramo inferior aos tres meses os hospitais públicos teñen un saldo acredor de 964.154 euros, mentres que os privados teñen contraída unha débeda co CTG de 365.571 euros, o que representa o 83,4% do total destes últimos centros.
- A débeda restante dos centros está contida no tramo comprendido entre os 3 e os 6 meses, sendo o saldo a favor da Fundación na totalidade dos centros, tanto públicos coma privados.

Por outra parte e polo que se refire ao importe da débeda contraída polos hospitais do Sergas, derivada do subministración de medicamentos plasmaderivados, ascendía a 31.12.2013 a 2.821.306 euros, dos que 679.079 euros corresponden á facturación pendente de formalizar a esa data. O saldo desta débeda obtense de minorar en 454.734 euros (provisión por insolvencias) o importe total adebedado polo citado concepto que ascende na referida data a 3.276.040 euros.

A súa distribución por hospitais é a que se mostra a continuación:

Cadro 33: Debedores actividade mercantil (euros)

Hospital	Importe
CH Xeral Calde de Lugo	101.650
H Comarcal de Monforte	41.538
Hospital da Costa	28.170
Xerencia Xestión Integrada de Ferrol	132.608
CH Universitario de Vigo	543.731
Xerencia de Xestión Integrada de Santiago	574.965
Xerencia de Xestión Integrada A Coruña	147.408
Xerencia Xestión Integrada de Pontevedra e O Salnés	395.898
Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco Valdeorras	176.259
Total	2.142.227
Clientes fact. pend. de formalizar	679.079
Total saldo clientes por vendas e prestación de servizos	2.821.306

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo CTG

Como se observa, a Xerencia de Xestión integrada de Santiago, o CH Universitario de Vigo e a Xerencia de Xestión integrada de Pontevedra e O Salnés absorben o 70,7% da débeda dos hospitais, con porcentaxes do 26,8%, 25,4% e 18,5%, respectivamente.

O importe que figura no concepto *Clientes facturación pendente de formalizar* (679.079 euros) corresponde a ingresos de decembro de 2013, cuxas facturas non se emitiron aos hospitais ata xaneiro de 2014.

En canto ao importe provisionado de 454.734 euros, distribúese entre o H da Costa con 26.519 euros, o Área Sanitaria do Ferrol con 85.678 euros e o CHUVI con 342.538 (245.957 euros do H Meixoeiro e 96.581 euros do H Xeral-Cíes).

Se a análise se realiza por tramos de antigüidade da débeda, da información contida no extracto de contas obtéñense os seguintes datos:

Cadro 34: Debedores actividade mercantil por antigüidade (euros)

	Importe pendente de cobro			
	< 3 meses	entre 3 e 6 meses	entre 6 e 12 meses	Total
CH Xeral Calde De Lugo	27.107	74.544	0	101.650
HC de Monforte	6.196	27.597	7.745	41.538
H da Costa	19.629	5.444	3.098	28.170
Área Sanitaria de Ferrol	132.608	0	0	132.608
CH Universitario de Vigo	114.252	64.363	365.116	543.731
Xerencia de Xestión Integrada de Santiago	85.757	350.493	138.715	574.965
Xerencia de Xestión Integrada A Coruña	147.408	0	0	147.408
Xerencia Xestión Integrada de Pontevedra e O Salnés	41.285	134.061	220.552	395.898
Xestión Integrada de Ourense, Verín e Barco Valdeorras	50.411	66.658	59.191	176.259
Total	624.652	723.159	794.417	2.142.227
Cientes fact. pend. de formalizar				679.079
Suma Clientes por vendas e prestación de servizos				2.821.306

- A porcentaxe da débeda dos hospitais cunha antigüidade superior aos 6 meses alcanza o 37,1% do total, destacando o CH de Vigo cun 46% e a Xerencia Integrada de Pontevedra e O Salnés co 27,8% da débeda correspondente a este tramo de antigüidade.
- A porcentaxe de débeda comprendida no tramo de antigüidade entre 3 e 6 meses foi do 33,8% da total, sobresaíndo a Xerencia de Xestión Integrada de Santiago co 48,5% e a Xerencia de Xestión Integrada de Pontevedra e o Salnés co 18,5% da débeda deste tramo.
- A débeda cunha antigüidade inferior a 3 meses só representa o 29,2% da total.

Polo que respecta ás accións levadas a cabo para facer efectiva a débeda pendente dos hospitais cabe subliñar o seguinte:

- No que se refire aos hospitais públicos, unha vez remitida a correspondente facturación, non hai constancia da realización de accións encamiñadas a facer efectivo o cobro.
- En canto aos centros privados, unha vez notificada a débeda mediante a remisión das correspondentes facturas, se non se fai efectivo o pagamento nos prazos previstos no artigo 62.2 da Lei xeral tributaria, iníciase o período executivo ante a Axencia Tributaria Galega (Atriga), unha vez notificada a providencia de apremio.

Segundo os datos subministrados pola Fundación, a débeda respecto da cal se iniciou a vía de apremio ascende a 94.284 euros, dos que 49.988 euros corresponde á facturación de 2012 e 44.296 á facturación de 2013.

O importe total da débeda dos hospitais privados cunha antigüidade superior a 3 meses era de 72.957 euros, e a porcentaxe en apremio era dun 60,7%.

No que respecta á Unidade de Facturación do CTG está composta por un só efectivo de persoal que concentra un gran número de funcións que, en determinados casos, non se axustan a unha adecuada segregación daquelas en aras dun debido control interno.

d) Pagamentos

En canto aos pagamentos efectuados no exercicio cabe subliñar que os correspondentes á conta 572005 corresponden exclusivamente ao traspaso de saldos á conta operativa (572001). Os restantes pagamentos efectuáronse na súa totalidade a través da conta 572001 segundo a clasificación que se mostra no seguinte cadro:

Cadro 35: Pagamentos (euros)

Pagamentos cta. 572001	
Conceptos	Importes
Audasa Vía-T	1.753
Cheque bancario	2.531
Comisións bancarias	246
Curso EGAP	500
Transferencias	17.237.583
Impostos	1.064.959
Xuros	1.312
Pagamento recibos	239.186
Seguros sociais (12/12 a 11/13)	2.114.005
Nóminas	4.948.909
Cotas tarxetas	135
Pagamento facturas	53.970
Taxas	33
Traspasos	2.344
Total	25.667.467

Fonte: Libro Diario

Os conceptos que rexistran un maior importe de pagamentos son os relativos a transferencias, nóminas, seguros sociais e impostos.

- Polo que respecta ás transferencias, cuxo importe representa o 67,2% do total dos pagamentos, hai que subliñar a limitación que supón na súa análise o feito de que no asento do Diario non figure o número de transferencia e/ou, en moitos casos, tampouco se faga referencia ao nome do acredor.
- Os impostos corresponden á totalidade dos liquidados en concepto de IAE, IVTM, IRPF e IVE.

- Os pagamentos de seguros sociais contabilizados corresponden aos devengados no período de decembro de 2012 a novembro de 2013, por liquidarse o seu pagamento coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social no mes seguinte ao seu devengo.

e) Xuros

Segundo os datos extraídos dos resumos bancarios, os importes dos xuros aboados no exercicio fiscalizado de cada unha das contas foron os seguintes:

		euros
Conta	Importe	
572001 (BBVA)		7.802
572002 (BBVA)		197
572005 (BBVA)		444
Total		8.443

Fonte: Extractos bancarios

Os ingresos financeiros contabilizados na Conta de Resultados ascenderon a 24.776 euros. A diferenza de 16.333 euros co importe dos xuros das contas bancarias deriva dos ingresos en vía de apremio correspondentes á débeda do Hospital Domínguez.

No que se refire ao tipo de xuro aplicado, foi do 0,45% en todas as contas, por ser este o fixado polo órgano competente que é a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Xunta de Galicia, aínda que, nos contratos das contas bancarias que tiveron movemento o tipo de xuro estipulado era distinto a aquel. Deste xeito, nos contratos das contas 572001 e 572002 do 15 de xuño de 1994 establecíanse uns xuros do 6,35% e do 0%, respectivamente, mentres que na conta 572005 formalizada co BBVA o 2 de xaneiro de 2002 fixébase un tipo do 2,5%.

Finalmente, indicar que ademais dos referidos contratos de contas bancarias a entidade ten formalizada unha póliza de crédito co BBVA, desde o 11 de abril de 2012, cun límite máximo de 600.000 euros, sen que no exercicio fiscalizado fixera uso dela. Os gastos orixinados no exercicio pola referida póliza foron de 2.345 euros, dos que 1.500 euros corresponderon a gastos de renovación.

VI.5. SUBMINISTRACIÓNS

A Unidade de Almacén é a encargada de xestionar os stocks, adquirir e distribuír ás distintas unidades do CTG as mercadorías, materias primas e outros consumibles, así como o seu almacenamento. Este proceso xestiónase mediante o programa informático "SIGRID" que integra a xestión do almacén e a contabilidade.

O almacenamento físico, así como a recepción dos produtos e a xestión das entradas e saídas valoradas de almacén, realízanse desde un almacén situado no Polígono do Tambre.

Informe de fiscalización selectiva da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia. Exercicio 2013

Dende o punto de vista contable as entradas rexístranse como gasto no momento da recepción do albará debidamente conformado e as saídas como consumos unha vez subministrados os produtos á correspondente unidade peticionaria do CTG. Tal operativa implica, no caso das entradas, que o gasto figure contabilizado na súa totalidade no exercicio ao que corresponde e no caso das saídas que figuren como consumos na súa totalidade, aínda que estean pendentes de consumo nos almacéns das correspondentes unidades.

Nos cadros que se expoñen a continuación, móstrase a estrutura do gasto en Aprovisionamentos:

Cadro 36: Aprovisionamentos (euros)

Conta	Concepto	Importe	Pagado	Pte. pagamento a 31.12.2013
Compras hemoderivados (cta. 600) (1)	600001 Compra de hemoderivados	46.383	46.383	0
	Total	46.383	46.383	0
Compras materias primas (cta. 601) (2)	601000 C.materias primas varios	19.880	18.493	1.388
	601001 C. fraccionamento	2.489.456	2.342.171	147.286
	601002 C. crio	82.093	81.688	405
	601003 C. procesamento	1.088.937	1.034.737	54.200
	601004 C. HLA	1.055.228	1.020.309	34.919
	601005 C. control calidade	110.827	105.954	4.873
	601006 C. hemodoazón	1.782.239	1.687.702	94.538
	601007 C. aférese	260.656	259.800	856
	601008 C. irradiador	6.044	6.044	0
Total	6.895.362	6.556.897	338.465	
Compras outros aprovisionamentos (cta. 602) (3)	602000 Vestuario-zocos-polares	3.874	3.771	104
	602001 Material limpeza	7.266	6.562	704
	602002 Material informático	16.766	16.319	447
	602003 Material de oficina	5.725	5.568	157
	602004 Envases, embalaxes e plataformas	1.743	1.743	0
	602005 Atención doador	143.602	135.008	8.594
	602006 Imprenta xeral	8.975	8.468	507
	602071 M.obsequios-doadores	92.813	92.813	0
	602082 Imprenta-promoción	-2.739	-2.739	0
	602091 Diversos-hemodoazón	1.661	1.661	0
Total	279.687	269.174	10.512	
Traballos realizados por outras empresas (cta. 607) (4)	607002 Trab. por Grifols (albumina)	558.427	558.423	0
	607004 Trab. por Grifols (flebogamma 5% 10)	1.981.905	1.981.905	0
	607005 Trab. por Grifols (trypsone 1g.)	899.548	694.945	204.603
	607007 Trab. por Grifols (fanhdi 1000)	286.688	286.688	0
	Total	3.726.563	3.521.960	204.603
Variación exist. materias primas (cta. 611)	611000 Variac. existenc. m. primas	-3.967		
	Total	-3.967		
Variación exist. outros aprovisionamentos (cta. 612)	612000 Variac. exist. outros aprovisionamentos	7.213		
	Total	7.213		
Total aprovisionamentos		10.951.240		

Fonte: Libro Diario

(1) Compras de hemoderivados fóra da CA

(2) Compras de material sanitario

(3) Compras de material vario

(4) Traballos realizados por Grifols (fraccionamento de plasma)

Os aspectos máis destacables que se poden extraer dos datos anteriores son os que se refiren a continuación:

- Do importe total das compras do exercicio (10.947.994 euros), o 5% figura pendente de pagamento.
- A partida máis significativa é a de materias primas (reactivos), alcanzando preto dos 7 millóns de euros (63% do total do volume das compras realizadas no exercicio), correspondendo á Unidade de Fraccionamento o maior consumo ao absorber o 36,1% daquela, distribuíndose o seu gasto do seguinte xeito:

Laboratorio	% s/ compras
Grifols Movaco SA	54,62%
Maco Spania, SL	16,85%
Terumo Bct Europe NV	27,23%
Suma	98,70%

Fonte: Rexistro de Compras de Almacén

En consecuencia, preto do 99% do gasto da Unidade concentrouse en tres laboratorios, destacando Grifols Movaco, SA cun 54,6%.

- En segundo lugar a partida cun maior importe foi a relativa aos traballos realizados por Grifols para a obtención de medicamentos plasmaderivados, que supuxeron o 34% das compras.
- O 3% restante corresponde a compras de hemoderivados fóra da CA e a gastos noutros aprovisionamentos.

Polo que se refire ao procedemento dos pagamentos a provedores, hai que subliñar que se realizan mediante remesas mensuais de pagamentos, nas que se inclúen as facturas por orde de antigüidade, en función das dispoñibilidades de tesouraría.

A Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que a partir do 1 de xaneiro de 2013 os prazos dos pagamentos efectuados como contraprestación nas operacións comerciais realizadas entre empresas e a Administración serán de 60 días, contados dende a data de recepción das mercadorías ou prestación dos servizos.

Da análise dos prazos de pagamento correspondentes ás facturas incluídas en tres remesas de pagamentos, dúas referidas ao 31 de xullo de 2013 por importes de 163.608 euros e 148.468 euros e, unha relativa ao 30 de setembro por importe de 36.737 euros, observáronse as seguintes incidencias:

- As remesas de pagamentos correspondentes ao 31 de xullo corresponden a facturas cunha antigüidade superior ao prazo regulamentario de 60 días, pero en ningún caso exceden os 90 días.

- En canto a remesa do 30 de setembro, só 5 facturas por un importe de 17.081 euros foron pagadas dentro do prazo. As restantes aboáronse antes dos 90 días.

VII. CREACIÓN DA AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, autoriza no seu capítulo III do título IV a creación, mediante Decreto do Consello da Xunta de Galicia, da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, como axencia pública autonómica adscrita á consellería competente en materia de sanidade.

Este mandato legislativo fíxose efectivo polo Decreto 142/2015, do 17 de setembro, que crea a referida Axencia e aproba os seus Estatutos (DOG núm. 197 do 15 de outubro).

Entre os seus obxectivos están garantir o abastecemento de sangue e os seus derivados aos provedores de servizos sanitarios da CA de Galicia e coordinar a doazón, os transplantes de órganos e o implante de células e tecidos, velando en ambos os dous casos polo cumprimento dos estándares de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación, e asumir, organizar e garantir a dispoñibilidade de mostras da máxima calidade de células e tecidos.

Segundo se establece no apartado segundo da disposición adicional primeira do referido decreto a Axencia asumirá os medios persoais e materiais que na actualidade lles corresponden á Fundación Pública Sanitaria Centro de Transfusión de Galicia e á Oficina de Coordinación de Transplantes de Galicia, quedando adscrita tamén funcionalmente á nova Axencia a Unidade de Criobioloxía-Establecemento de Tecidos do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

O artigo 4 dos Estatutos da nova Axencia establece que esta axustará a súa actuación ao establecido naqueles e nas restantes normas que resulten de aplicación ás entidades públicas instrumentais dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o citado decreto de creación, a súa constitución producírase en sesión do seu Consello Reitor, que terá lugar no prazo de tres meses desde a súa entrada en vigor. Esta sesión constitutiva tivo lugar o 18 de decembro de 2015.

Por Resolución do 21 de decembro de 2015, do conselleiro de Sanidade (DOG núm. 247 do 29 de decembro), publícase a data da posta en funcionamento efectivo da Axencia, producíndose esta coa entrada en vigor dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia o 1 de xaneiro de 2016.

En consecuencia, as recomendacións que figuran neste informe deberán terse en conta na xestión da referida Axencia no que resulte de aplicación.

VIII. CONCLUSIÓNS

- No ano 2013 o número de doazóns de sangue en Galicia foi de 114.126 (39,32% do grupo A+), distribuíndose en 19.452 en puntos fixos e 94.674 en unidades móbiles, utilizándose a técnica de aférese en 6.812 ocasións. Este volume de doazóns representa unha taxa de 41,26 por cada mil habitantes (cumprindo así as recomendacións da OMS), o que sitúa a Galicia na terceira posición das CCAA.
- As unidades de sangue de cordón umbilical extraídas en Galicia durante o ano 2013 foron 465 e o total das almacenadas 6.210, polo que o CTG ocupa o cuarto lugar dos bancos de cordón umbilical existentes en España en canto ao volume de unidades almacenadas.
- No que se refire ao número de doadores de medula ósea tipados e introducidos no REDMO foron 640, sendo o acumulado de 3.160 doadores, ocupando Galicia o posto número 12 das CCAA. Na ratio por cada 100 mil habitantes ocupa a penúltima posición destas.
- As unidades de plasma enviadas á industria fraccionadora (Grifols, SA) para a elaboración de medicamentos plasmaderivados no ano 2013 foron 89.354, un 3,35% máis que no ano 2012 (86.461), sendo este o único laboratorio que conta coa pertinente autorización do Ministerio de Sanidade e Asuntos Sociais.
- A relación dos servizos que constitúen a actividade propia do CTG (hemoterápicos, probas analíticas, criopreservación e os relacionados coa sangue de cordón umbilical) enumérase, no que se refire aos hospitais públicos, no anexo do contrato programa suscrito co Sergas e, en canto aos hospitais privados, no anexo do Decreto 221/2012 sendo ambas as dúas relacións idénticas.
- No que se refire ás tarifas, as aplicables aos hospitais privados son superiores ás do contrato programa nun 6,2% no que se refire a servizos hemoterápicos e nun 2,5% nos restantes servizos, agás as referidas á maioría das probas analíticas de tipaxe HLA, á reserva de unidade de sangue de cordón umbilical e á subministración de unidade de sangue de cordón umbilical xa que, nestes supostos, son idénticas, aplicándose correctamente ás tarifas en todos os casos.
- A venda de medicamentos elaborados a partir do plasma excedente das doazóns de Galicia lévase a cabo en concorrencia competitiva pero unicamente se destina aos hospitais públicos por necesitar estes toda a capacidade de produción.
- O importe facturado pola subministración dos plasmaderivados ascendeu no exercicio 2013 a 5.476.492 euros, en tanto que o importe facturado por servizos hemoterápicos foi de 14.576.320 euros no caso dos hospitais públicos e 2.115.450 euros no dos privados, sendo as contías facturadas pola realización de probas analíticas de 175.218 e 21.231 euros, respectivamente. Finalmente, no que se refire aos servizos relacionados coa criopreservación o importe facturado foi

de 21.531 euros e 93.340 euros por sangue de cordón umbilical, sendo complexos os trámites utilizados para a elaboración e emisión das correspondentes facturas.

- O sistema que se regula no contrato-programa asinado entre o Sergas e o CTG é o utilizado polos hospitais públicos para aboar os servizos relacionados no seu anexo, en tanto que os relativos aos plasmaderivados son aboados á marxe deste.
- O excedente do exercicio foi positivo nun importe de 56.283 euros, o que supón unha minoración de 25.139 euros (-30,9%) en relación co ano 2012, xa que naquel foi de 81.422 euros ingresos.
- As previsións dos ingresos correspondentes ás actividades propias resultaron excesivamente optimistas, xa que o importe realizado só alcanzou un 86,5% daquelas.
- No exercicio fiscalizado procedeuse á amortización de 7 prazas vacantes do cadro de persoal, de xeito que a 31.12.2013 o CTG contaba con 209 prazas, estando ocupadas 208, correspondendo 111 a persoal estatutario e 97 a persoal laboral (sendo interinos 8 e 78, respectivamente), sen que 82 prazas puideran ser obxecto de integración por estar afectadas polos recursos presentados contra a OPE.
- En canto á contratación, do importe total adxudicado (27.301.631 euros), o 66% (18.014.925 euros) levouse a cabo polo procedemento aberto, o 33,5% (9.137.556 euros) polo procedemento negociado, mentres que o 0,5% restante (149.150 euros) corresponde á contratos menores. O 88,7% (8.101.679 euros) do importe adxudicado mediante procedemento negociado realizouse por exclusividade, correspondendo a Grifols, SA o 97,8% deste (7.927.192 euros).
- Polo obxecto do contrato, do importe total adxudicado o 42,5% (11.597.011 euros) corresponde a contratos de servizos e o 57,5% restante (15.704.619 euros) a subministracións.

IX. RECOMENDACIÓNS

- Continuar coas medidas encamiñadas a aumentar o número de doazóns de sangue, redobrando os esforzos na captación de novos doadores e na fidelización dos xa existentes.
- O contrato-programa subscrito co Sergas debería conter a previsión do volume de actividade e o nivel de obxectivos a alcanzar, como variables determinantes do nivel de financiamento. Por outra banda, sería conveniente que o CTG realizase un seguimento exhaustivo da correcta execución do contrato-programa e dos pagamentos da actividade relacionada con este.
- Valorar, tal e como se establecía na addenda do 7 de marzo de 2013, a conveniencia de reducir as tarifas aplicables cando se dean condicións de superávit, analizando tamén a posibilidade de

repercutir este na adquisición de novo equipamento que substitúa ou mellore o actual cando fose preciso.

- Cómpre manter ou implementar as medidas de eficiencia que permitan que os gastos continúen sendo inferiores aos ingresos, debendo ser a previsión destes máis realista, fundamentalmente no que se refire á actividade propia. Por outra banda, o Plan de actuación do exercicio deberá conter información relativa ás partidas de ingresos e gastos e unha memoria explicativa que cuantifique os obxectivos da actividade da Fundación.
- Procurar unha óptima organización dos recursos humanos dispoñibles de xeito que se limite, na medida do posible, a utilización abusiva de contratacións temporais.
- Os expedientes de contratación administrativa deberán conter unha resolución de aprobación do expediente asinada polo órgano de contratación, debendo procederse igualmente á sinatura polo citado órgano dos pregos de cláusulas administrativas en todos os casos.
- Procurar a simplificación do sistema de facturación de xeito que se emita unha única factura mensual a cada hospital e non unha por cada unidade (no caso dos plasmaderivados tantas como pedidos) como se vén a facer ata o de agora.
- Cómpre regularizar a situación das contas bancarias abertas de xeito que o seu número se reduza ás estritamente necesarias tendo en conta a natureza das operacións que realiza a Fundación.
- Dado o elevado importe da facturación pendente de cobro, derivada da subministración aos hospitais públicos de medicamentos plasmaderivados e da súa antigüidade, sería recomendable que a Fundación dispuxese de mecanismos destinados á consecución do cobro en prazos razoables.
- Recoméndase a realización dunha adecuada xestión da tesouraría e verificar periodicamente que os tipos de xuro se adaptan aos establecidos pola Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro e manter un nivel adecuado de fondos.

ANEXOS

ANEXO 1: CONTRATACIÓN

Núm. orden	Obxecto	Importe licitación (euros) (*)	Tipo de contrato	Procedemento contratación	Duración inicial contrato	Importes adjudicación (euros) (*)	Adxudicatarios	Data contrato	Prórrogas/observacións
1	Contratación dun seguro de responsabilidade civil para a FPCTG	166.000	Servizos	Aberto	24 meses	135.456	W.R. BERKLEY ESPAÑA	01.09.2011	
2	Servizo de publicidade en medios de comunicación, para a difusión da información e promoción da doazón de sangue pola FPCTG	177.000	Servizos	Aberto	12 meses	177.000	L-IMAXE INTERMEDIA, S.A.	01.06.2012	
3	Servizo de inserción de publicidade para a difusión de información e promoción da doazón de sangue pola FPCTG	181.500	Servizos	Aberto	12 meses	181.500	RECLAM, PUBLICIDAD, MARKETING Y ARTES GRÁFICAS, S.A	25.11.2013	
4	Servizo de mantemento preventivo e correctivo das unidades móbiles da FPCTG	109.032	Servizos	Aberto	24 meses	104.619	TALLERES LA CAMPIÑA, S.L.	15.05.2012	
5	Servizo de convocatoria e envío de información a doadores a través de carta, teléfono, SMS ou E-mail, para as campañas de doazón de sangue da FPCTG	1.520.949	Servizos	Aberto	24 meses	1.097.931	INSTITUTO SONDAE, S.L.	01.11.2011	Prórroga: 01.11.2013
6	Servizo de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde da FPCTG.	116.413	Servizos	Aberto	36meses	L. 1: 26.904 L. 2: 61.259	L. 1,2: -GRUPO MGO, S.A..	01.07.2011	
7	O transporte programado e non programado de sangue, compoñentes sanguíneos e medicamentos, así como o servizo de mensaxería e paquetería para a FPCTG	830.532	Servizos	Aberto	24 meses	L. 1: 716.074 L. 2: 28.910	L. 1: -SEVERIANO GESTION, S.L. L. 2: -J.C. COURRIER, S.L.	26.09.2011	L. 1: 26.09.2013 L. 2: 26.09.2013
8	Servizo de vixilancia e seguridade do Centro de Transfusión de Galicia	459.360	Servizos	Aberto	24 meses	377.235,40 €	SEGUR IBERICA, S.A.	26.07.2010	1ª prórroga: 26.09.2012 2ª prórroga: 26.09.2013
9	Servizo de xestión de residuos de clase III xerados no Centro de Transfusión de Galicia	207.983	Servizos	Aberto	24 meses	191.454	CONSEUR, S.A.	01.08.2010	1ª prórroga: 01.08.2012 2ª prórroga: 01.08.2013
10	Servizo de limpeza de locais e unidades móbiles do Centro de Transfusión de Galicia	345.194	Servizos	Aberto	24 meses	L. 1: 174.158 L. 2: 106.120	L. 1: -LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A. L. 2: -LIMPIEZAS SALGADO, S.L.	01/12/2010	1ª prórroga: 01.12.2012 2ª prórroga: 01.12.2013
11	Subministración de carburante para a FPCTG	135.179	Subminis.	Aberto	12 meses	132.888	SOLRED, S.A.	01.06.2011	Prórroga: 01.06.2012
12	Subministración de carburante necesario para o funcionamento dos vehículos que compoñen o parque móbil da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia	181.972	Subminis.	Aberto	12 meses	173.333	SOLRED, S.A.	01.12.2013	
13	Subministración sucesiva de sistemas de filtración de hemacias de aférese e conservación con SAG-M, para FPCTG	117.603	Subminis.	Aberto	24 meses	117.603	MACO SPANIA, S.L.	10.01.2013	
14	Subministración sucesiva de bolsas de procesamento de sangue de cordón umbilical con bolsa de conxelación	130.005	Subminis.	Aberto	24 meses	130.005	NIRCO, S.L.	27.08.2012	
15	Subministración sucesiva de artigos para a promoción da doazón e agasallos aos doadores de sangue	210.571	Subminis.	Aberto	16 meses e 15 días	L. 1: 23.128 L. 2: 24.367 L. 3: 20.886 L. 4: 19.116 L. 5: 29.832 L. 6: 8.496	L. 1,2,6: -SANLUC REGALOS PUBLICITARIOS, S.L. L. 3, 4: -EL CORTE INGLES, S.A. L. 5: -DISMARK PRODUCTS, S.L.	16.01.2012	

Informe de fiscalización selectiva da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia. Exercicio 2013

Núm. orden	Obxecto	Importe licitación (euros) (*)	Tipo de contrato	Procedemento contratación	Duración inicial contrato	Importes adjudicación (euros) (*)	Adjudicatarios	Data contrato	Prórrogas/observacións
16	Subministración de bolsas para extracción de sangue, reactivos, consumibles e equipamento asociado para a realización automatizada da filtración e almacenamento de plaquetas de pool de buffy coat e de sistemas de fraccionamento automático para a preparación de compoñentes sanguíneos da FPCTG	2.052.270	Subminis.	Aberto	12 meses	L. 1: 573.955 L. 2: 597.132 L. 3: 434.700 L. 4: 113.280	L. 1,2: -MACO SPANIA, S.L. L. 3: -TERUMO BCT EUROPE N.V.SUCURSAL EN ESPAÑA L. 4: -MENARINI DIAGNOSTICOS, S.A.	15.05.2012	Prórroga: 15.05.2013
17	Subministración sucesiva de sistemas de inactivación de patóxenos en plaquetas e de solución aditiva para a preparación e inactivación de plaquetas da FPCTG	3.210.840	Subminis.	Aberto	24 meses	L. 1: 2.980.800 L. 2: 181.440	L. 1: -MOVACO, S.A. L. 2: -MACO SPANIA, S.L.	01.03.2012	
18	Subministración sucesiva de sistemas de filtración de hemacias de aférese e conservación con SAG-M, sistemas de inactivación do plasma e sistemas de láminas fundidoras para selado en estéril de tubulares de sangue da FPCTG	1.608.172 €	Subminis.	Aberto	24 meses	L. 3: 367.200	L. 3: -TERUMO EUROPE ESPAÑA S.L.	15.06.2012	Quedan dous lotes desertos
19	Subministración sucesiva de bolsas para a recollida e procesamento de sangue de cordón umbilical, para a FPCTG	122.040	Subminis.	Aberto	24 meses	L. 1: 41.040	L. 1: MACO SPANIA, S.L.	15.01.2012	Quedan un lote deserto
20	Subministración sucesiva de reactivos para a realización de técnicas de determinación do xenotipo eritrocitario da FPCTG	252.331	Subminis.	Aberto	24 meses	246.200	MOVACO, S.A.	15.01.2012	
21	Subministración de paquetes de refrixerio a doadores de sangue da FPCTG	486.000	Subminis.	Aberto	24 meses	353.160	A03115896-JOSE MIGUEL POVEDA, S.A.	19.09.2011	Prórroga: 19.08.2013
22	Subministración sucesiva de reactivos, consumibles e equipamento asociado para determinación analíticas en doazóns de sangue da FPCTG	2.793.174	Subminis.	Aberto	24 meses	L. 1: 92.534 L. 2: 94.660 L. 3: 179.644 L. 4: 217.716 L. 5: 111.672 L. 6: 156.603 L. 7: 28.080 L. 8: 149.688 L. 9: 217.728 L. 10: 734.832 L. 11: 408.240 L. 12: 11.444	L. 1: -ROCHE DIAGNOSTICS, S.L. L. 2, 3, 5, 8: -IZASA DISTRIBUCIONES TECNICAS, S.A. L. 4, 6, 7 -IMMUCOR, S.L. L. 9, 10, 11: -ABBOTT LABORATORIES, S.A. L. 12: -JOHNSON & JOHNSON, S.A.	15.03.2012	
23	Subministración sucesiva de tubos de baleiro para a obtención de mostras de sangue e equipos desbotables de aférese da FPCTG	3.529.932	Subminis.	Aberto	24 meses	L. 1: 79.186 L. 2: 2.468.729 L. 3: 675.000 L. 4: 110.160	L. 1: -VACUETTE ESPAÑA, S.A. L. 2: -CARIDIANBCT L. 3,4: -FENWAL EUROPE, SPRL..	15.04.2012	Lotes 3 e 4 a xullo 2013 Cesión Contrato a Fresenius Kabi
24	Subministración sucesiva de reactivos necesarios para a realización efectiva da tipaxe HLA, e de reactivos necesarios para a realización de técnicas de detección xenómica dos virus da hepatite C (VHC), da hepatite B (VHB) e dos virus da inmunodeficiencia humana (VIH)	2.246.642	Subminis.	Aberto	24 meses	L. 1: 136.080 L. 2: 2.077.618	L. 1: -COMERCIAL RAFAER, S.L. L. 2: -ROCHE DIAGNOSTICS, S.L.	10.06.2011	Prórroga: 10.06.2013
25	Subministración en réxime de arrendamento, modalidade de renting, de 8 vehículos para a FPCTG	145.999	Subminis.	Aberto	36 meses	118.132	EMPRESA MONFORTE, S.A.	01.06.2011	
26	Aluguer carretilla elevadora eléctrica	5.663	Servizos	Contrato menor	12 meses	5.663	ALQUILERES GALICIA, S.L.	01.11.2013	

Núm. orden	Obxecto	Importe licitación (euros) (*)	Tipo de contrato	Procedemento contratación	Duración inicial contrato	Importes adjudicación (euros) (*)	Adxudicatarios	Data contrato	Prórrogas/observacións
27	Servizo de prevención de Legionella y control de pragas	1.983	Servizos	Contrato menor	12 meses	1.983	SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL, S.A.	01.11.2013	
28	Mantemento preventivo de grupos electróxenos	962	Servizos	Contrato menor	12 meses	962	GENERADORES EUROPEOS, S.A.L.	01.09.2013	
29	Mantemento preventivo aparato elevador	1.491	Servizos	Contrato menor	12 meses	1.491	ORONA, S COOP.	01.09.2013	
30	Mantemento preventivo y correctivo de selladores de tubos e conxelador de plasma	11.632	Servizos	Contrato menor	12 meses	11.632	RAMON COSTOYA, S.L.	01.09.2013	
31	Mantemento preventivo de cámaras frigoríficas	10.503	Servizos	Contrato menor	12 meses	10.503	FRIGO DIZ SA	01.09.2013	
32	Emisión de cuñas de publicidade relacionadas coa doazón de sangue	1.192	Servizos	Contrato menor	1 mes	1.192	GRUPO RADIO OURENSE, S.A.	01.07.2013	
33	Emisión de cuñas de publicidade relacionadas coa doazón de sangue	1.210	Servizos	Contrato menor	1 mes	1.210	RADIO PONTEVEDRA, S.L.	01.07.2013	
34	Mantemento armario hemocultivos Bact/Alert 3 D 240	2.396	Servizos	Contrato menor	12 meses	2.396	BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A.	01.07.2013	
35	Emisión de cuñas de publicidade relacionadas coa doazón de sangue	1.210	Servizos	Contrato menor	1 mes	1.210	RADIO PRINCIPAL, S.A.	01.07.2013	
36	Emisión de cuñas de publicidade relacionadas coa doazón de sangue	1.815	Servizos	Contrato menor	1 mes	1.815	SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIODIFUSIÓN, S.L.	01.07.2013	
37	Inserción de cuñas de publicidade relacionadas coa doazón de sangue	5.445	Servizos	Contrato menor	1 mes e 15 días	5.445	RADIO POPULAR, S.A.	01.07.2013	
38	Emisión de cuñas de publicidade relacionadas coa doazón de sangue	1.815	Servizos	Contrato menor	1 mes	1.815	RADIO VIGO SAU	01.07.2013	
39	Publicación dunha subscrición informativa, de dous módulos, diaria, en Terras de Santiago	726	Servizos	Contrato menor	12 meses	726	EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.	01.07.2013	
40	Emisión de cuñas de publicidade relacionadas coa doazón de sangue	1.815	Servizos	Contrato menor	2 meses	1.815	RADIO CORUÑA, S.L.	01.07.2013	
41	Emisión de cuñas de publicidade relacionadas coa doazón de sangue	1.815	Servizos	Contrato menor	1 mes	1.815	RADIO LUGO, S.A.	01.07.2013	
42	Mantemento instalacións calefacción e acs	1.162€	Servizos	Contrato menor	12 meses	1.162	ROBSUS INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS	01.05.2013	
43	Mantemento preventivo equipos Bioarchive	9.000	Servizos	Contrato menor	12 meses	9.000	CONCESSUS S.A.	15.04.2013	
44	Servizo de asesoría en xestión laboral	7.260	Servizos	Contrato menor	12 meses	7.260	OSORIO ASESORES, S.L.	01.02.2013	
45	Servizo de asesoría laboral e contable	10.890	Servizos	Contrato menor	12 meses	10.890	GALLEGA DE CONSULTING, S.A.	01.01.2013	
46	Mantemento preventivo centrifugas Cryofuge 6000i	3.493	Servizos	Contrato menor	12 meses	3.493	CALSERVICE HERATEC, S.L.	01.01.2013	
47	Mantemento preventivo equipos Sepax e Coolmix	3.233	Servizos	Contrato menor	12 meses	3.233	NIRCO, S.L.	01.01.2013	
48	Mantemento Irradiador IBL 437c	8.290	Servizos	Contrato menor	12 meses	8.290	TELEMATIC & BIOMEDICAL SERVICES, S.L.	01.01.2013	
49	Mantemento software Sigrid ERP	4.440	Servizos	Contrato menor	12 meses	4.440	PROFESSIONAL SOFTWARE, S.A.	01.01.2013	
50	Subministración de material de oficina	11.563	Subminis.	Contrato menor	12 meses	11.563	DISTRISANTIAGO PAPELERÍA, S.L.	01.01.2013	
51	Subministración de pneumáticos para unidades móbiles	13.712	Subminis.	Contrato menor	12 meses	13.712	LOUZAN, S.L.	01.01.2013	
52	Subministración de consumibles para equipos informáticos	11.714	Subminis.	Contrato menor	12 meses	11.714	ROYAL OFY, S.L.	01.01.2013	
53	Contratación do soporte, mantemento e evolución do sistema de información para a xestión da hemodoazón, laboratorios, reservas e	174.487	Servizos	Negociado por exclusividade	24 meses	174.487	HEMASOFT SOFTWARE S.L.	22.05.2012	

Informe de fiscalización selectiva da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia. Exercicio 2013

Núm. orden	Obxecto	Importe licitación (euros) (*)	Tipo de contrato	Procedemento contratación	Duración inicial contrato	Importes adjudicación (euros) (*)	Adjudicatarios	Data contrato	Prórrogas/observacións
	transfusión para a FPCTG e a rede de hospitais do Servizo Galego de Saúde								
54	Fraccionamento industrial do plasma procedente da FPCTG, para a obtención de derivados plasmáticos de uso terapéutico	4.020.850	Servizos	Negociado por exclusividade	12 meses	4.020.850	INSTITUTO GRIFOLS, S.A.	01.10.2011	Prórroga: 01.10.2012
55	Servizo de transformación do plasma da FPCTG en produtos farmacéuticos	3.906.342	Servizos	Negociado por exclusividade	12 meses	3.906.342	INSTITUTO GRIFOLS, S.A.	09.07.2013	
56	Servizo de auditoría de contas da FPCTG	24.072	Servizos	Negociado sen publicidade	36 meses	21.712	AUDITORES ASOCIADOS DE GALICIA, SAP	26.12.2011	
57	Subministración sucesiva de sistemas de inactivación viral do plasma sanguíneo da FPCTG	1.117.800	Subminis.	Negociado con publicidade	24 meses	1.026.886	MACO SPANIA, S.L.	15.02.2012	

(*) Importes con IVE

ANEXO 2: INDICADORES DE ACTIVIDADE 2012-2013

Indicadores	2013	2012	% variación 13/12
Núm. de doazóns de sangue	114.126	114.759	-0,6%
<i>Núm. doazóns en puntos fixos</i>	<i>19.452</i>	<i>19.852</i>	<i>-2,0%</i>
<i>Núm. doazóns en unidades móbiles</i>	<i>94.674</i>	<i>94.907</i>	<i>-0,2%</i>
<i>Núm. de doazóns de sangue total</i>	<i>107.314</i>	<i>107.711</i>	<i>-0,4%</i>
<i>Núm. de doazóns de aférese</i>	<i>6.812</i>	<i>7.048</i>	<i>-3,3%</i>
Índice de doazóns por mil habitantes	41	41	0,0%
Total unidades de plasma obtidas	111.426	112.251	-0,7%
Unidades de plasma enviadas á industria fraccionadora	89.354	86.461	3,3%
Plaquetas obtidas (doses terapéuticas)	15.823	15.512	2,0%
Unidades concentrado de hemacias obtidas	110.494	111.122	-0,6%
Núm. de doadores de cordón umbilical	465	546	-14,8%
SCU dispoñibles en REDMO	6.210	6.143	1,1%
Núm. de doadores medula ósea informados	855	611	39,9%
Núm. de doadores medula ósea tipados e introducidos en REDMO (*)	406	306	32,7%
Núm. de estudos de compatibilidade HLA para transplante PH en pacientes (Galicia)	165	191	-13,6%

Fonte: Informe de xestión

(*) Os 406 son os tipados polo CTG. Á diferenza cos 640 doadores que se reflicten no apartado III.3 do informe, corresponde a doadores rexistrados na páxina de autoinclusión do REDMO e tipados nun laboratorio centralizado

ANEXO 3: FACTURACIÓN POR HOSPITAIS

euros

	Servizos hemoterápicos	Probab analíticas	Sangue de cordón umbilical	Criopreservación	Plasmaderivados	Total
Público						
AS Ferrol	694.503	330			434.992	1.129.825
CH Xeral Calde		20.859		19.338	281.642	321.839
CH Xeral Cies	1.212.160	81.253		1.987	832.849	2.128.249
CHOP	206.565					206.565
CHOU	1.374.887	11.761			274.959	1.661.607
CHUAC	3.452.568	7.262			686.018	4.145.848
CHUS	3.018.359	6.678	1.340		1.298.630	4.325.007
H da Barbanza					18.846	18.846
H da Costa	269.980	660			89.382	360.022
H Meixoeiro	1.503.316	26.303			818.314	2.347.933
H Montecelo	832.284	18.530			563.279	1.414.093
H Verín	75.733				17.113	92.846
H Virxe da Xunqueira					41.522	41.522
H Barbanza	111.415					111.415
H Lucus Augusti	1.376.231					1.376.231
H Virxe Xunqueira	62.127					62.127
HC Monforte	156.776	850			113.834	271.459
HC Salnés	109.348					109.348
HC Valdeorras	120.069				5.113	125.182
H Provincial Pontevedra		732		206		938
Total público	14.576.320	175.218	1.340	21.531	5.476.492	20.250.901

	Servizos hemoterápicos	Probas analíticas	Sangue de cordón umbilical	Criopreservación	Plasmaderivados	Total
Privado						
Centro de Hemoterapia de Castilla y León	244					244
Centro de Transfusión de Asturias	9.545					9.545
Centro donación Cruz Roja Madrid	611					611
Centro médico Pintado	1.588					1.588
Clínica El Carmen	33.045	208				33.253
Clínica El Castro	8.385					8.385
Cosaga	40.200					40.200
Diagnostic Grifols	2.450					2.450
Fundación Internacional José Carreras		13.720	92.000			105.720
Gestión Sanitaria Gallega	178.240					178.240
H Centro Oncológico		76				76
H Juan Cardona	156.827	56				156.883
H Miguel Domínguez	134.847					134.847
H Qurirón	100.351					100.351
H San Rafael	132.197	153				132.350
Hospital Universitario Central de Asturias		520				520
IP La Rosaleda	43.738	2.932				46.670
IP Santa Teresa		115				115
Oncológico	66.058					66.058
Polusa	42.076					42.076
Povisa	813.640	2.291				815.932
S Esperanza	10.991					10.991
S Nosa Sra. Ollos Grandes	62.431					62.431
Sanatorio Concheiro (Saconsa)	2.076					2.076
Segurcaixa Adeslas		260				260
SQ Modelo	275.910	901				276.810
Total privado	2.115.450	21.231	92.000			2.228.682
Total xeral	16.691.771	196.449	93.340	21.531	5.476.492	22.479.583

TRÁMITE DE ALEGACIÓNS

TRÁMITE DE ALEGACIÓNS RELATIVO AO ANTEPROXECTO DE INFORME DE FISCALIZACIÓN SELECTIVA DA FUNDACIÓN PÚBLICA CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA

En cumprimento do establecido no artigo 24 bis da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia e do artigo 58 do seu Regulamento, o 5 de outubro de 2016 deuse traslado, tanto á actual directora da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (na que se integrou o Centro de Transfusión de Galicia) como á responsable deste no exercicio 2013 ao que se refire a fiscalización, do resultado provisional das actuacións practicadas co obxecto de que dentro do prazo de 20 días puideran ser formuladas as pertinentes alegacións ao anteproxecto de informe sen que, unha vez rematado o mencionado prazo, foran recibidas.

Consello de Contas
de Galicia



**INFORME DE FISCALIZACIÓN DA
CONTRATACIÓN DO SERGAS**

EXERCICIOS 2012 A 2014

ÍNDICE

I. A CONTRATACIÓN PÚBLICA NO SERGAS	9
I.1. O SERGAS COMO AXENTE COMPRADOR.....	9
I.1.1. Descrición e características do Organismo Autónomo	9
I.1.2. Ferramentas de xestión.....	12
I.1.3. Marco contractual do organismo autónomo	14
I.2. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA E CONTRATACIÓN	20
I.3. ACTIVIDADE CONTRACTUAL 2012-2014	21
I.3.1. Información de contratos: actividade contractual 2012-2014	21
I.3.2. Remisión de contratos	23
I.4. PLANIFICACIÓN E CONTROL	23
I.4.1. Planificación e contratación centralizada	23
I.4.2. Control	24
I.5. MEDIOS HUMANOS ADSCRITOS Á CONTRATACIÓN	25
II. FISCALIZACIÓN DE CONTRATOS.....	26
II.1. OBXECTIVOS	26
II.2. NORMATIVA APLICABLE.....	26
II.3. MOSTRA.....	27
II.4. ANÁLISE DA REVISIÓN EFECTUADA.....	28
II.4.1. Actuacións preparatorias	28
II.4.2. Criterios de solvencia e pregos de cláusulas	30
II.4.3. Criterios de adxudicación e regras de valoración: aspectos xerais.....	31
II.4.4. Licitación, adxudicación e formalización dos contratos	34
II.4.5. Cláusulas sociais	35
II.4.6. Duración da tramitación	36
II.4.7. Duración dos contratos.....	37
II.5. PROCEDIMENTO NEGOCIADO	38
II.6. CONTRATOS MENORES	39
II.6.1. Aspectos xerais	39
II.6.2. Revisión efectuada	40
III. REVISIÓN ESPECÍFICAS.....	42
III.1. CONVENIOS	42
III.2. PAGOS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA.....	43
IV. CONCLUSIÓN.....	43
V. RECOMENDACIÓN.....	45
ANEXOS.....	47
ALEGACIÓN.....	71
RÉPLICAS ÁS ALEGACIÓN.....	107

ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Comparativa gasto orzamentario con gasto derivado de ADO (miles de euros).....	21
Cadro 2: Comparativa gasto orzamentario con gasto derivado de ADO, excluindo farmacia, implantes e material sanitario e de laboratorio (miles de euros).....	21
Cadro 3: Contratos remitidos ao Consello de Contas	23
Cadro 4: Informes de control financeiro da IXCA	24
Cadro 5: Persoal destinado en servizos ou unidades de contratación a 31.12.2014	25
Cadro 6: Representatividade mostra segundo importe adxudicado (miles de euros).....	27
Cadro 7: Tipos de contratos da mostra (miles de euros).....	27
Cadro 8: Tipos de procedementos de adxudicación utilizados nos contratos da mostra (miles de euros).....	27
Cadro 9: Tramitación centralizada dos contratos da mostra (miles de euros)	28
Cadro 10: Porcentaxe de expedientes e peso relativo dos criterios de adxudicación	32
Cadro 11: Porcentaxe de expedientes e peso relativo do prezo	33
Cadro 13: Causas de exclusión.....	35
Cadro 14: Media de duración de tramitación (días).....	36
Cadro 15: Media de duración prevista e real (meses).....	38
Cadro 16: Desviación sobre duración prevista (meses)	38
Cadro 17: Contratos menores por EOXI segundo CADMO (euros)	40
Cadro 18: Contratos menores por tipo segundo CADMO (euros).....	41
Cadro 19: Expedientes rexistrados en CADMO (euros)	41
Cadro 20: Adquisicións rexistradas en LOGAS (euros).....	42

ÍNDICE DE ANEXOS

Anexo 1: Relación de expedientes incluídos na mostra	49
Anexo 2: Medios e criterios de acreditación da solvencia	51
Anexo 3: Incidencias	53
Anexo 4: Actividade contractual do Sergas. Período 2012-2014	59

ABREVIATURAS

CADMO	Sistema de ordenación da contratación administrativa
CORA	Comisión para a Reforma das Administracións Públicas
CHUAC	Complexo Hospitalario Universitario da Coruña
CHOP	Complexo Hospitalario de Pontevedra
EDI	Intercambio electrónico de datos
EOXI	Estrutura de xestión integrada
GTIN	Código comercial global do artigo
INGESA	Instituto Nacional de Xestión Sanitaria
IXCA	Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
JCCA	Xunta Consultiva de Contratación Administrativa
LOGAS	Aplicación para a xestión da loxística e almacén
Sergas	Servizo Galego de Saúde
SIAC	Sistema de información de análise complexa
SSCC	Servizos centrais
SUMIN	Aplicativo de xestión de subministracións
TACRC	Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais
TRLCSP	Texto refundido da Lei de contratos do sector público



I. A CONTRATACIÓN PÚBLICA NO SERGAS

O sector sanitario afronta un permanente reto ao ter que facer fronte a unha demanda crecente de servizos cunha limitada capacidade de recursos. A estrutural insuficiencia financeira provoca un desequilibrio entre ingresos e gastos e o relevante volume de recursos que xestiona ten un potencial efecto desestabilizador nas contas públicas. Esta situación obriga a reforzar as medidas dirixidas a dotalo de adecuados instrumentos de xestión ante a necesidade de manter un control dos orzamentos sanitarios.

Neste escenario, a función de compra e aprovisionamento configúrase como un instrumento fundamental para unha asignación eficiente dos recursos do sistema. Trátase dun proceso integral de xestión que transita desde a detección de necesidades e a compra adaptada aos procedementos legais, ata o aprovisionamento e distribución.

Doutra banda, as orientacións estratéxicas relativas á compra e aprovisionamento están moi condicionadas pola necesidade de dotar de eficiencia á prestación pública sanitaria. Neste sentido, a creación de centrais de compras (unha das medidas de racionalización do gasto sanitario máis estendidas nos últimos anos) ou de plataformas loxísticas (que coordinan de maneira integral e centralizada as distintas fases do proceso loxístico) poñen de manifesto unha intencionalidade estratéxica corporativa.

Os procesos de compra deben adaptarse ás necesidades e especiais características da prestación de servizo sanitario e, polo tanto, realizarse en condicións de calidade e seguridade para os pacientes.

Por outra banda, a compra pública desenvólvese a través dun proceso regrado que ten como finalidade garantir que o encontro entre a administración e os seus provedores se produza con transparencia, liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e igualdade de trato, principios reitores da contratación pública.

En definitiva, son tres os aspectos que se deben conxugar na compra e o aprovisionamento do sector público sanitario: a eficiencia, a calidade e seguridade na prestación e a súa adecuación á legalidade.

I.1. O SERGAS COMO AXENTE COMPRADOR

I.1.1. DESCRICIÓN E CARACTERÍSTICAS DO ORGANISMO AUTÓNOMO

O modelo organizativo e de xestión do Sistema Público de Saúde de Galicia estrutúrase ao redor da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde (Sergas). A Consellería de Sanidade constitúese como un departamento da Administración Xeral da Xunta de Galicia e ten asignadas as

funcións de autoridade sanitaria e dirección do sistema sanitario. O Sergas configúrase como un organismo autónomo de carácter administrativo adscrito á Consellería, ao que lle corresponde a prestación integrada dos servizos sanitarios.

O Sergas organízase ao redor dunha estrutura central e outra periférica na que se asenta o seu dispositivo asistencial. Esta última foi obxecto de modificación mediante o Decreto 168/2010, do 7 de outubro, que creou as estruturas de xestión integrada (EOXI), cuxa implantación se efectuou de forma progresiva, substituindo a anterior organización en ámbitos de atención especializada (complexos hospitalarios e hospitais), primaria (xerencias de primaria) e órganos de dirección descentralizada (direccións provinciais).

A continuación expónse unha comparativa da situación existente nos exercicios obxecto de fiscalización:

Exercicio 2014	Exercicio 2012
EOXI	Centros de xestión
A Coruña	CHUAC
	H Virxe da Xunqueira
	XAP A Coruña
Ferrol	Área Sanitaria de Ferrol
Santiago	CHUS
	H da Barbanza
	XAP Santiago
Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.	HU Lucus Augusti
	HC da Costa
	HC de Monforte
	XAP de Lugo
Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.	CHOU
	HC de Valdeorras
	H de Verín
	XAP de Ourense
Pontevedra e O Salnés	CH Pontevedra
	H do Salnés
	XAP Pontevedra
Vigo	CHUVI
	XAP de Vigo

A capacidade contractual das EOXI na adquisición de bens e servizos atópase limitada a través de mecanismos de autorización previa en función da contía dos contratos. A Instrución 1/2012 da Dirección Xeral de Recursos Económicos regula o dito réxime de autorizacións nos seguintes termos:

a) Requirirán autorización previa da Dirección de Recursos Económicos os contratos cuxa contía exceda de 500.000 euros e os contratos de subministracións baixo a modalidade de arrendamento financeiro.




b) A formalización de calquera operación de carácter financeiro a medio ou longo prazo, como instrumentos de leasing, factoring e outros, cando o seu importe acumulado exceda os 200.000 euros, deberá contar coa correspondente autorización da Consellería de Facenda.

c) A tramitación de expedientes de contratación e de encomendas de xestión, cando o seu valor estimado ou o importe de gasto, respectivamente, sexa superior a 4 millóns de euros, requirirá autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Doutra banda, a estrutura dos servizos centrais non sufriu modificacións significativas durante o período obxecto de fiscalización, residindo na Dirección Xeral de Recursos Económicos as funcións e competencias en materia de contratación, participando como unidades promotoras a Dirección Xeral da Saúde Pública (Consellería de Sanidade) e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria (Sergas) (*).

Esta dirección xeral estrutúrase en tres subdireccións xerais, que desenvolven as funcións relacionadas coa actividade contractual.



(*) Servizos que desenvolven funcións relacionadas coa actividade contractual


(*) Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións

En relación con este modelo organizativo cabe facer mención a determinadas disfuncionalidades que teñen o seu impacto na xestión contractual do organismo autónomo e que a continuación se sinalan:

- a) A Consellería de Sanidade carece de unidades que desenvolvan as funcións en materia de contratación, realizándose estas polas unidades correspondentes do Sergas.
- b) As funcións de dirección dos sistemas e tecnoloxías da información residen na Consellería de Sanidade; con todo, os créditos para a súa xestión están consignados no organismo autónomo.

I.1.2. FERRAMENTAS DE XESTIÓN

Para a actividade de compra e aprovisionamento o Sergas conta con diferentes ferramentas de xestión, entre as que destacan o sistema de ordenación da contratación administrativa (CADMO), para a tramitación dos expedientes de contratación; a aplicación LOGAS, para a xestión da loxística e almacén, e o catálogo de produtos.



I.1.2.1. SISTEMA DE ORDENACIÓN DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA (CADMO)

Para os efectos de unificar a xestión informatizada da tramitación de expedientes de contratación, o Sergas conta cunha ferramenta de tipo corporativo, implantada na actualidade en todos os seus centros xestores, denominada CADMO.

Sen dúbida constitúe un instrumento importante para normalizar procedementos e, polo tanto, para garantir unha actuación administrativa fiel ao espírito das normas. A dita aplicación opera como un rexistro documentado de todos os trámites que comprende o expediente de contratación, desde o inicio ata a súa finalización, incorporando non só información rexistral, senón tamén a documentación xerada en soporte electrónico, aínda que non dunha forma uniforme e



estandarizada. Ademais, o CADMO xera a información relativa ao perfil do contratante na web do Sergas e transvásase ao Rexistro de Contratos.

Con todo, do exame pormenorizado do sistema observáronse as seguintes incidencias:

- a) A cumprimentación de determinados campos non é homoxénea, variando a información dun centro de xestión a outro e non cubríndose en todos os supostos.
- b) A pesar de que a información contida no Rexistro de Contratos deriva de forma directa desta aplicación, nos cruces efectuados púxose de manifesto a ausencia, no primeiro dos citados, dalgúns expedientes de contratación, ben de forma completa ou dalgún dos seus lotes.
- c) Procedeuse así mesmo a un cruzamento informativo entre o CADMO e as publicacións en diario oficial dos anuncios de licitación e adxudicación, detectándose, nalgúns casos, discrepancias entre ambos os dous.

Por outra banda, esta ferramenta interconéctase co aplicativo LOGAS (ao que se fai referencia no seguinte apartado) que rexistra a actividade de subministración e almacén, de forma que os produtos que son obxecto de licitación deben estar previamente incluídos no CADMO para que se poidan realizar pedidos.

Finalmente, hai que sinalar que non existe conexión do CADMO coa aplicación de contabilidade, o que supón unha evidente limitación en canto á súa utilidade.

I.1.2.2. APLICACIÓN LOGAS

Este aplicativo xestiona todo o relacionado coa función de aprovisionamento, desde os pedidos ata a loxística e almacén, achegando melloras substanciais con respecto á anterior aplicación (SUMIN).

Como se sinalou con anterioridade, a adquisición de subministracións e servizos que ten como apoio un expediente de contratación necesita da súa codificación previa no CADMO, requisito imprescindible para poder realizar pedidos.

Doutra banda, as adquisicións que non contan con soporte contractual, é dicir, as que por razón da súa contía tramítanse a través de pedido directo ou contrato menor, xestiónanse de forma automatizada por este aplicativo, que mantén, para cada ítem ou produto do catálogo (ao que se fai referencia no apartado seguinte), rexistros das ofertas presentadas.

A partir da información rexistrada, a aplicación realiza as propostas de compra atendendo aos parámetros de mantemento de stocks mínimos previamente fixados en virtude das análises históricas.

Entre as disfuncionalidades apreciadas, aínda en vías de solventar, debe destacarse a pouca capacidade do programa de explotar información necesaria para un adecuado control de xestión. A estes efectos débese recorrer ao SIAC (Sistema de información de análise complexa), que é unha ferramenta moi útil á hora da extracción e análise, pero que precisa dunha formación específica que non todo o persoal posúe e que resta, ademais, tempo á xestión.

I.1.2.3. CATÁLOGO DE PRODUTOS

É o instrumento de xestión que identifica de maneira ordenada e sistemática os bens (e mesmo servizos) que se demandan.

Para o normal funcionamento do sistema sanitario faise precisa a adquisición dunha multitude de produtos de todo tipo (sanitarios, non sanitarios, servizos xerais, etc.), cuxas decisións de compra corresponden a distintas unidades en función do seu nivel de competencia.

Desde o punto de vista do marco estratéxico, a filosofía que inspira o sistema do catálogo de produtos, pódese resumir nas seguintes premisas:

- Existencia dun catálogo global con uso particular para cada centro e unidade de consumo.
- Homoxeneización de formatos.
- Unificación de datos.
- Utilización de estándares para identificación e codificación.

O dito marco permite ao Sergas:

- A adquisición normalizada de produtos (sen alta previa non se poden adquirir produtos, xa que a aplicación informática non o permitiría).
- A súa configuración como requisito previo indispensable para unha extensión xeneralizada da centralización e integración de compras.
- A correcta xestión da loxística e o aprovisionamento.
- A comparación de prezos de compra entre as distintas EOXI e o "benchmarking".
- Consolidar no sistema a información de compras, consumos e existencias.

I.1.3. MARCO CONTRACTUAL DO ORGANISMO AUTONÓMOMO

O Sergas, como organismo autónomo administrativo, está expresamente suxeito ás prescricións do vixente Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), a teor do disposto no seu



art. 3.1 b), tendo a consideración de Administración Pública para os efectos de aplicación do referido texto legal, tal e como dispón o art. 3.2 a).

O proceso de compra debe ser xestionado no marco das previsións contidas na normativa de contratación pública, que se configura como a ferramenta crave para o seu deseño e execución, e a súa aplicación ten como finalidade garantir un uso máis eficiente dos fondos públicos e a libre concorrencia.

Con todo, a contratación pública responde a outros obxectivos que están vinculados coa mellora de políticas públicas, de tal maneira que se formulan previsións normativas para atender a consecución de obxectivos sociais, a protección do medio ambiente, así como o fomento da innovación, ente outros, baixo o requirimento de que estean relacionados co obxecto do contrato e supoñan directa ou indirectamente unha vantaxe económica.

A normativa de contratación pública está construída para garantir o cumprimento dos seus principios reitores; con todo, como ferramenta de xestión ten a necesidade de responder a criterios de eficiencia. A este obxectivo obedecen medidas normativas destinadas a dotar de axilidade aos procesos mediante a simplificación nos procedementos. En particular, o art. 194 do TRLCSP inclúe tres técnicas para racionalizar a contratación: centralizar a contratación de obras, servizos e subministracións en servizos especializados, os acordos marco e os sistemas dinámicos de adquisición.

1.1.3.1. CENTRAIS DE CONTRATACIÓN

Está prevista a adquisición centralizada de medicamentos e produtos sanitarios no ámbito do Sistema Nacional de Saúde, coa finalidade de permitir a compra conxunta polos diferentes servizos rexionais de saúde (aplicado fundamentalmente a vacinas e a determinados medicamentos).

No período fiscalizado constatouse a adhesión do Sergas a dúas contratacións realizadas polo Instituto Nacional de Xestión Sanitaria (INGESA): unha correspondente á adquisición do Factor VIII, relativo á farmacia, e outra a luvas de vinilo.

Doutra banda, a Estratexia Sergas 2014 define os obxectivos estratéxicos e as liñas de actuación do organismo autónomo para o período 2011-2014, que se inclúen nas memorias de obxectivos e programas dos orzamentos. En ambos os dous documentos destaca, como obxectivo operativo, o impulso da centralización de compras, con especial referencia aos medicamentos e produtos sanitarios. Faise mención a unha central de compras sen fixar a fórmula concreta na que se materializará (na memoria dos orzamentos para 2014 recóllese a súa creación unha vez posta en marcha a plataforma loxística), e sinalase a súa compatibilidade coa adhesión á central de compras estatal.

Á data de peche deste informe, aínda non existe, nin en fase de proxecto, a mencionada central de compras, a pesar de que si se avanzou de forma aceptable na centralización da plataforma loxística integral que, con todo, perde efectividade se as adquisicións se realizan en boa medida por parte de cada un dos centros de gasto.

Así mesmo, os plans económico-financeiros derivados da aplicación das normas de estabilidade conteñen medidas no ámbito da contratación pública no sector sanitario. No plan elaborado pola Comunidade Autónoma para o período 2012-2014 destacan as economías previstas na aplicación de procesos de centralización de compras. Con todo, non se puido contrastar o grao de execución dos aforros previstos coa súa implantación, ao non dispoñer de información debidamente estruturada.

Outra modalidade de contratación centralizada é a homologación, baseada na declaración da necesaria uniformidade de obras, bens e servizos, de tal forma que unha vez seleccionadas as empresas, os seus correspondentes bens e servizos pasan a ter a consideración de homologados. O procedemento de selección tramítase no marco dos sistemas de racionalización. Os centros adheridos están obrigados a contratar coas empresas elixidas.

Durante o período fiscalizado o Sergas non estableceu esta modalidade. Con todo, si veu desenvolvendo procesos de contratación que gardaban certa similitude cun sistema de homologación e que foron tramitados mediante os denominados sistemas de determinación de tipo.

Como se pode apreciar, existe, tanto no Estado (Programas nacionais de reformas, Informe CORA ...) como na Comunidade Autónoma, unha importante coincidencia á hora de considerar como valor estratéxico do sistema os procesos relacionados coa xestión centralizada dos servizos de contratación. Con todo, a posta en marcha destes procesos é relativamente escasa na práctica.

1.1.3.2. ACORDOS MARCO

Conforme ao art. 196 do TRLCSP permítese chegar a un acordo cun ou varios adxudicatarios co fin de establecer as condicións que rexan os contratos que se formalizarán durante un período determinado. Non se trata, pois, dun contrato especial, nin dun procedemento de contratación ou de adxudicación, senón dun sistema de racionalización técnica da contratación pública.

O Sergas, tal como quedará reflectido ao longo deste informe, recorreu, en virtude das disposicións contidas no TRLCSP, á figura do acordo marco pechado cun só operador, onde a administración adxudica o contrato a un único empresario, seleccionado conforme ao procedemento regulador desta figura.



Na práctica totalidade dos supostos non existiu negociación ulterior e os contratos derivados son un acto mecánico que reproduce ao acordo marco subscrito, ao definirse naquel todos os elementos esenciais do contrato.

1.1.3.3. SISTEMAS DINÁMICOS DE ADQUISICIÓN

Os sistemas dinámicos de adquisición (como técnica de racionalización) son un procedemento de adquisición enteiramente electrónico para compras de uso corrente. O termo “contratación pública electrónica” designa a utilización de medios electrónicos no tratamento das operacións e na comunicación cos terceiros por parte dos organismos do sector público á hora de adquirir bens e servizos ou licitar obras públicas. Supón a introdución de procedementos electrónicos para sustentar as distintas fases do proceso de contratación (publicación de anuncios de licitación, subministración de pregos de condicións, presentación de ofertas, avaliación, adxudicación, realización de pedidos, facturación e pago).

No marco das políticas corporativas para o desenvolvemento da administración electrónica, a Comunidade Autónoma aprobou o Decreto 3/2010¹, que destina o capítulo II á regulación do sistema de licitación electrónica.

O Sergas non realizou procedementos de contratación electrónica nos seus procesos de compra.

1.1.3.4. MEDIDAS DE RACIONALIZACIÓN

Neste contexto de utilización estratéxica da contratación pública, a Comunidade Autónoma adoptou diferentes medidas no marco de políticas corporativas, das que se deben destacar as seguintes:

En primeiro lugar, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que destina o seu título II á racionalización e redución de custos na contratación do sector público autonómico.

Esta norma potencia a utilización de medios propios e a centralización de contratos, para conseguir economías de escala (garantírase a división en lotes dos grandes contratos para favorecer ás Pemes).

O texto fomenta o uso das novas tecnoloxías para incrementar a concorrência na contratación e reducir custos á empresas e á cidadanía. Así mesmo, implanta mecanismos de reforzo dos principios de concorrência, publicidade, igualdade de trato e transparencia. Cabe destacar a obriga que introduce de que os órganos de contratación deban convidar para a formulación de ofertas, polo

¹ Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en materia de contratación pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e entes do sector público dependentes

menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible, nos procedementos negociados por razón da contía que non requiran de anuncio de licitación, nos contratos menores de obras de importe superior a 25.000 euros, e nos restantes contratos menores de importe superior a 9.000 euros.

No mes de xullo de 2014 aprobouse o Plan de mellora da contratación pública e en setembro o Catálogo de medios e prestacións susceptibles de autoprovisión,² tomándose razón no Consello da Xunta das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación que sexa obxecto de contratación centralizada. O Sergas adheriuse á contratación centralizada do Servizo de Comunicacions Postais e Telegráficas da Xunta de Galicia e a da subministración de enerxía eléctrica aos centros de consumo da REDEXGA (*).

En decembro establécense os modelos de cláusulas que se terán que incluír nos procedementos negociados, co fin de regular a fase de negociación que se deberá seguir.

A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e de boa administración, incorpora maiores esixencias en materia de contratación respecto de criterios de calidade, á vez que crea o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na actualidade existe un Manual de acceso ás licitacións e as seguintes guías aprobadas polo Consello da Xunta:

- a) Guía da colaboración público-horizontal da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Guía de boas prácticas para favorecer a contratación pública de innovación en Galicia.
- c) Guía para unha contratación pública socialmente responsable no sector público autonómico.
- d) Guía de boas prácticas nos procedementos de contratación das TIC.
- e) Guía de boas prácticas na determinación dos criterios de adxudicación nos pregos dos expedientes de contratación financiados con fondos europeos.

En definitiva, como se sinala ao comezo deste informe, a función de aprovisionamento de bens e servizos que desenvolve o Sergas ten un importante compoñente estratéxico no que o organismo debe afondar como axente corporativo.

² Acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014

(*) Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións



I.1.3.5. TRANSPARENCIA

Finalmente é preciso recoller determinados aspectos derivados da transparencia na actividade contractual na súa dobre vertente: como instrumento de xestión dos procesos contractuais ligada ao cumprimento dos principios reitores que rexen a contratación e como mecanismo de traslado da información sobre a xestión pública á cidadanía.

No ámbito da primeira recóllense as previsións da normativa de contratación, correspondendo a segunda ás normas contidas nas leis de transparencia. Esta análise incorpora a revisión das ferramentas que fan efectiva a transparencia da actividade contractual do sector público.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual créase o *Perfil do contratante* (art. 53 do TRLCSP), sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade nos casos previstos (boletíns oficiais).

O Sergas sitúao na Plataforma de Contratación da Xunta, que se configura como punto central de acceso para os interesados a todas as aplicacións e servizos que, en materia de contratación pública e por vía electrónica, se poidan realizar a través de internet.

Os datos publicados unicamente se refiren á fase de preparación e adxudicación dos contratos. Non se difunde información sobre posteriores fases de execución e extinción, en particular, das modificacións do contrato nin o detalle sobre o custo final.

Doutra banda, o Informe CORA propugna a integración de todos os perfís de contratante nunha plataforma única a nivel estatal. Para ese efecto subscribiuse en decembro de 2015 un convenio de colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Xunta de Galicia no que se recolle esta unificación na plataforma de contratación do Sector Público.

A Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, reforza as obrigas de publicidade previstas na normativa de contratación, regulando a publicidade complementaria nos contratos públicos (art. 10.3). Especialmente relevante resulta a obriga que impón de publicar na páxina web de cada órgano de contratación as modificacións do contrato adxudicado que supoñan un incremento igual ou superior ao 20% do prezo inicial do contrato, e este sexa superior a 1.000.000 de euros, así como os cesionarios e subcontratistas e as condicións dos acordos entre o contratista e aqueles.

A nova Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, abunda no contido da anterior e obriga a publicar información relativa aos contratos menores. Para canalizar a información derivada desta normativa púxose en marcha o *Portal Web de Transparencia*.

O escenario de ferramentas destinadas ao coñecemento, seguimento e control da contratación pública péchase co Rexistro de Contratos do Sector Público, previsto no art. 333 do TRLCSP, que se

configura como o sistema oficial de información sobre a contratación pública e como instrumento para a difusión da dita información de conformidade co principio de transparencia (obriga de comunicar os datos básicos dos contratos que se adxudiquen, no seu caso, as modificacións, prórrogas, variacións de prazos ou de prezo, o seu importe final e extinción).

En Galicia, mediante Decreto 198/1995, do 16 de marzo, foi creado o pertinente rexistro que, con todo, non foi obxecto de desenvolvemento regulamentario. De acordo con esta norma, ao órgano ao que se adscribe correspóndelle a elaboración dunha memoria anual e de estatísticas sobre os contratos inscritos.

A información que actualmente proporciona o rexistro, que se xestiona de forma electrónica, non é pública e non se realizaron informes estatísticos con base nel. O Sergas tampouco estableceu un sistema que publicite de forma regular datos respecto da súa actividade contractual.

I.2. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA E CONTRATACIÓN

Para unha aproximación ao impacto da aplicación dos procedementos de contratación pública dentro da actividade de aprovisionamento de bens e servizos que desenvolve o Sergas, considerouse adecuado analizar desde o punto de vista orzamentario o gasto susceptible de someterse a procesos contractuais e excluír os xestionados como contrato menor, para o que se aplicou a seguinte metodoloxía:

a) Tomáronse como referencia as epígrafes correspondentes aos capítulos orzamentarios II, IV e VI susceptibles de aplicar a normativa contractual nos seus procesos de xestión do gasto. Do capítulo II excluíronse os conceptos e epígrafes 200 (terreos e bens naturais), 209 (canon), 220.01 (prensa), 221.11 (extracción de sangue), 221.12 (hemoderivados), 224 (primas seguros), 225 (tributos), 226 (gastos diversos), todo o artigo 23 (indemnizacións por razóns de servizo), e o artigo 25, que recolle o gasto en concertos sanitarios que, aínda que están suxeitos á normativa contractual, a súa especial natureza aconsella a súa exclusión deste cómputo. Do capítulo IV consideráronse tan só os subconceptos 480.7 (vehículos para inválidos) e 489.1 (Efectos e accesorios de dispensación ambulatoria) e do capítulo VI excluíuse a epígrafe 620.0 (Investimento en terreos e bens naturais).

b) Analizouse a documentación e procedementos contables mediante a selección dos gastos que engloban nun só acto as fases de autorización, disposición e recoñecemento da obriga, ao estimar que os que derivan dun proceso contractual aberto distinguen ditas fases, ao implicar distintos trámites en diferentes momentos de tempo. Tívoise en consideración o efecto da imputación de gastos de exercicios anteriores.

A continuación móstrase a situación resultante da análise realizada para o período 2012-2014:



Cadro 1: Comparativa gasto orzamentario con gasto derivado de ADO (miles de euros)

Capítulo	2012			2013			2014		
	Obrigas recoñecidas	Total gasto ADO	% ADO s/ obrigas	Obrigas recoñecidas	Total gasto ADO	% ADO s/ obrigas	Obrigas recoñecidas	Total gasto ADO	% ADO s/ obrigas
Capítulo II	604.214	391.679	64,8%	660.663	471.823	71,4%	652.443	458.682	70,3%
Artigo 20	6.549	385	5,9%	6.676	428	6,4%	6.062	348	5,7%
Artigo 21	31.468	6.525	20,7%	30.872	7.495	24,3%	31.091	6.421	20,7%
Artigo 22	566.198	384.769	68,0%	623.115	463.900	74,4%	615.290	451.913	73,4%
Capítulo IV+VI	46.760	244	0,5%	54.659	7.334	13,4%	58.116	8.740	15,0%
Total	650.974	391.922	60,2%	715.322	479.157	67,0%	710.560	467.423	65,8%

Como se pode observar, a maior porcentaxe de expedientes tramitados mediante ADO sitúase no artigo 22, aínda que a maior parte concéntrase en adquisición de produtos farmacéuticos, implantes, material sanitario e material de laboratorio (epígrafes 22106, 22115, 22116 e 22119, respectivamente).

Se se exclúe o gasto correspondente aos conceptos anteriores, que historicamente se vén executando da forma antes sinalada, a situación para o período 2012-2014 sería a seguinte:

Cadro 2: Comparativa gasto orzamentario con gasto derivado de ADO, excluindo farmacia, implantes e material sanitario e de laboratorio (miles de euros)

Capítulo	2012			2013			2014		
	Obrigas recoñecidas	Total gasto ADO	% ADO s/ obrigas	Obrigas recoñecidas	Total gasto ADO	% ADO s/ obrigas	Obrigas recoñecidas	Total gasto ADO	% ADO s/ obrigas
Capítulo II	216.439	43.005	19,9%	217.088	67.072	30,9%	212.153	52.608	24,8%
Artigo 20	6.549	385	5,9%	6.676	428	6,4%	6.062	348	5,7%
Artigo 21	31.468	6.525	20,7%	30.872	7.495	24,3%	31.091	6.421	20,7%
Artigo 22	178.423	36.095	20,2%	179.541	59.149	32,9%	175.000	45.839	26,2%
Capítulo IV+VI	46.760	244	0,5%	54.659	7.334	13,4%	58.116	8.740	15,0%
Total	263.199	43.249	16,4%	271.748	74.406	27,4%	270.269	61.348	22,7%

Á vista do anterior, a concentración da execución do gasto mediante ADO redúcese de maneira significativa (ao redor de 40 puntos porcentuais) ao excluír a adquisición de produtos farmacéuticos, implantes, material sanitario e material de laboratorio.

I.3. ACTIVIDADE CONTRACTUAL 2012-2014


I.3.1. INFORMACIÓN DE CONTRATOS: ACTIVIDADE CONTRACTUAL 2012-2014

No marco das actuacións de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral remite anualmente a esta institución a información relativa á actividade contractual formalizada polas entidades integrantes do sector público autonómico, dispoñendo, así, dos datos informatizados do Rexistro de Contratos.

Contrastando os datos do Rexistro coa información que consta no Perfil do Contratante e o aplicativo CADMO advertiuse a existencia de determinadas incidencias que xa se puxeron de manifesto en apartados anteriores (en particular a falta de coincidencia nos datos rexistrados).

Estas incidencias foron trasladadas ao Sergas, en particular as relativas ás omisións detectadas. Á vista do anterior, acordouse para esta fiscalización solicitar a información contida no sistema informático CADMO a través dun envorcado dos principais campos informativos que se rexistran nel. Tras unha tarefa de análise e depuración dos datos recibidos púidose obter información con certas garantías de fiabilidade respecto da actividade contractual do organismo no período fiscalizado.

O seguinte esquema mostra as fontes de información utilizadas:



Dado o extenso do período fiscalizado e do volume de datos que se pode derivar da actividade contractual, no Anexo 4 deste informe e baixo a denominación de “Actividade Contractual do Sergas 2012-2014”, preséntase un resumo da dita actividade.

Na información contida no dito Anexo, que por imperativo normativo se debería elaborar por parte do Rexistro Público de Contratos, non se incluíron os contratos menores que se rexistran no aplicativo CADMO dadas as deficiencias que lle afectan, como se pon de manifesto no apartado II.6.2.

O documento elaborado recolle, para cada un dos exercicios incluídos neste informe, o desenvolvemento das principais magnitudes dos contratos formalizados en cada un deles, finalizando coa información agregada do período en cuestión.



I.3.2. REMISIÓN DE CONTRATOS

O art. 29 do TRLCSP establece a obriga de remitir ao órgano fiscalizador competente información sobre os contratos formalizados polas entidades do sector público cando superen determinadas contías (600.000 euros para contratos de obras, concesións de obras públicas, xestión de servizos públicos e contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado; 450.000 para subministracións, e 150.000 euros para servizos e os contratos administrativos especiais).

O prazo de remisión desta información é de tres meses desde a formalización dos contratos, debéndose comunicar, ademais, as modificacións, prórrogas, variacións de prazos, de prezos e o importe final, así como a súa nulidade e a súa extinción normal ou anormal.

Comparando a información do Rexistro de Contratos coa obrante no rexistro e arquivo desta Institución, a situación dos contratos formalizados no período 2012-2014 que debían ser comunicados e enviados a este órgano fiscalizador, é a seguinte:

Cadro 3: Contratos remitidos ao Consello de Contas

Tipo de contrato	Núm. contratos con obriga de remisión	Núm. contratos remitidos	% de remisión
Obras	6	5	83,3%
Servizos	157	105	66,9%
Subministracións	74	46	62,2%
Xestión de servizos públicos	14	0	0,0%
Total	251	156	62,2%

I.4. PLANIFICACIÓN E CONTROL

I.4.1. PLANIFICACIÓN E CONTRATACIÓN CENTRALIZADA

A pesar de constar como elemento estratéxico definido, a contratación centralizada carece de respaldo documental desde a finalización en 2009 do denominado Proxecto *IntegraCom*.

Da análise da información obtida constátase que a mecánica operativa segue sendo moi similar á establecida no mencionado programa. Aínda que boa parte das adquisicións centralizadas se tramitan por parte dos servizos centrais do Sergas, seguen existindo determinadas adquisicións cuxa tramitación recae nalgunha das EOXI.

De acordo co anterior, a Dirección Xeral de Recursos Económicos elabora un plan de compras, onde relaciona para cada un dos produtos ou servizos, a súa descrición, o importe estimado anual de compra, o seu estado ou o tipo de actuación previsto (novo contrato, prórroga, modificación, etc.), así como o órgano encargado da tramitación do expediente e a data de formalización prevista inicialmente.

Respecto das distintas EOXI, na súa calidade de órgano de contratación e á vista da información solicitada, pódese afirmar que non se elaborou unha planificación estratéxica para a adquisición de bens e servizos, limitándose a actividade a manter ou renovar os contratos existentes, e incorporar, nalgúns casos, novas contratacións en virtude das necesidades xurdidas en cada momento.

I.4.2. CONTROL

O control interno do Sergas realizado pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma (IXCA) exerceuse, desde o exercicio 2008, a través da modalidade de control financeiro permanente, que substitúe á función interventora.

No exercicio 2014 as actuacións de control da xestión do Sergas, segundo o plan aprobado no 31 de xullo, concretáronse, por unha banda, na finalización de controis pendentes de exercicios anteriores (debido fundamentalmente ao atraso na obtención da información necesaria para a súa execución) e, por outra, na realización de auditorías de regularidade sobre unha mostra do gasto total dos exercicios 2013 e 2014.

A continuación recóllense os informes definitivos realizados respecto dos exercicios mencionados:

Cadro 4: Informes de control financeiro da IXCA

Centro	Obxecto
EOXI Lugo, Cervo e Monforte	Contratación 2º semestre 2014
EOXI Pontevedra e O Salnés	Gasto corrente e farmacia 2013 /2014 Persoal 2013 /2014

Este órgano fiscalizador vén incorporando nos respectivos informes da conta xeral, distintas observacións sobre a configuración e aplicación do control financeiro permanente desde a data da súa implantación, concluíndo que o establecemento desta modalidade de control non respondeu aos obxectivos previstos.

Sirva como exemplo do anterior, no ámbito específico do control de cumprimento de legalidade, o feito de que as actuacións efectuadas se centran na fase de execución das operacións seleccionadas mediante mostraxe, sen entrar noutros aspectos relevantes.

Doutra banda, non se dá cumprimento aos prazos establecidos na Orde do 20 de decembro de 2007 que regula o exercicio deste tipo de control, para a elaboración e aprobación dos plans de control.

Para o exercicio 2015, o plan anual de actuación incorpora unha instrución para o seu desenvolvemento que inclúe, respecto do control de legalidade, programas de traballo que establecen aspectos a revisar para cada tipo de gasto e unha codificación estandarizada de incumprimentos, así como a forma de planificación e realización de tales actuacións, sen que, ao momento de realizarse esta fiscalización se poida verificar o seu cumprimento.



Finalmente, como se advirte noutros informes desta Institución, desde 2011 non se volveu a elaborar un informe global actualizado que recolla as principais conclusións extraídas dos distintos informes emitidos.

Para concluír este apartado debe mencionarse que, dos informes ou actuacións practicadas, non se derivaron propostas ou medidas concretas encamiñadas a rectificar as situacións anómalas detectadas, tal como se prevé na normativa reguladora.

I.5. MEDIOS HUMANOS ADSCRITOS Á CONTRATACIÓN

De acordo coa información facilitada por cada unha das áreas implicadas no proceso contractual (SSCC e EOXI), a dotación de medios humanos que existía nas distintas unidades de contratación ao momento de acometerse esta fiscalización é a seguinte:

Cadro 5: Persoal destinado en servizos ou unidades de contratación a 31.12.2014 (*)

Centro	Categoría/denominación unidade	Grupo técnico/A1 e A2	Grupo C1	Grupo C2	Total efectivos	% s/total
EOXI A Coruña	Servizo de Contratación	2	2	2	6	11%
EOXI Ferrol	Unidade de Contratación	0	1	2	3	7%
EOXI Santiago	Servizo de Asesoría Xurídica	1	1	2	4	8%
EOXI Lugo (HULA)	Servizo de Contratación	1	0	3	4	8%
EOXI Lugo (H Burela)	Unidade de Contratación	1	0	0	1	2%
EOXI Lugo (H Monforte)	Unidade de Contratación	1	0	0	1	2%
EOXI Ourense	Sección de Contratación	3	2	0	5	10%
EOXI Pontevedra	Servizo de Contratación	2	1	2	5	10%
EOXI Vigo	Servizo de Contratación	2	0	3	5	10%
Subd. Xeral Compras	Servizo de Contratación	2	2	2	6	11%
Subd. Xeral Investimentos	Servizo de Montaxe e Equipamento	3	2	0	5	10%
Subd. Xeral Investimentos	Servizo de Xestión	1	3	2	6	11%
Total		19	14	18	51	100%

Do cadro anterior pódense extraer as seguintes consideracións:

- O número total de efectivos destinados no Sergas a estes labores é de 51, distribuídos o 32% en Servizos Centrais, e os restantes nas distintas EOXI.
- A única EOXI que aínda non integrou por completo esta función na súa estrutura é a de Lugo, que mantén unidades de contratación nos hospitais de Burela e Monforte.
- Se poñemos en relación o volume e complexidade dos expedientes tramitados (Anexo 4) coa dotación de recursos humanos, pódese apreciar certa desproporción de medios nalgunhas das unidades e, en particular, no Servizo de Contratación da Subdirección Xeral de Compras.

(*) Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións

II. FISCALIZACIÓN DE CONTRATOS

II.1. OBXECTIVOS

En cumprimento do establecido no Plan Anual de Traballo 2015, aprobado polo Pleno do Consello de Contas na súa sesión do 22 de decembro de 2014, esta fiscalización ten por obxecto a realización dunha auditoría de cumprimento, verificando a aplicación dos principios e previsións contidas no TRLCSP e a súa normativa de desenvolvemento.

A revisión efectuada concrétase na fiscalización dos procedementos de contratación do Sergas desde o punto de vista do cumprimento da regularidade legal, a través dos diferentes expedientes tramitados.

Dada a súa importancia dentro do procedemento son obxecto de especial atención as seguintes cuestións:

- Actuacións preparatorias (correcta cualificación do contrato, xustificación da necesidade e do procedemento de adxudicación).
- Instrución do expediente (determinación dos criterios de solvencia e de adxudicación, elaboración das prescricións administrativas e técnicas).
- Análise do procedemento de licitación e formalización do contrato.
- Criterios sociais.
- Duración da tramitación e dos contratos.

É obxecto de análise separada a utilización do procedemento negociado e do contrato menor.

II.2. NORMATIVA APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.
- Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas
- Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.



- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Decreto 168/2010, do 7 de outubro, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde.

II.3. MOSTRA

A revisión dos expedientes realizouse en 3 centros xestores: nas EOXI da Coruña e de Pontevedra e nos SSCC do Sergas.

Para os efectos da elaboración dunha mostra representativa optouse por considerar os contratos rexistrados en CADMO que se atopasen en vigor durante o último dos exercicios obxecto de exame, 2014, excluíndose do universo os concertos sanitarios, así como os contratos referidos a limpeza e mantemento, dado que estes son obxecto de análises específicas noutros informes de fiscalización desta Institución.

A continuación reflíctese o grao de representatividade da mostra efectuada en función do importe adxudicado no período, que alcanza máis do 26% do importe total adxudicado.

Cadro 6: Representatividade mostra segundo importe adxudicado (miles de euros)

Centro	Mostra			Total adxudicado período	% mostra s/total adxudicado
	Núm. exptes.	Núm. contratos	Importe adxudicado		
EOXI A Coruña	11	42	37.504	66.614	56,3%
EOXI Pontevedra	9	26	6.991	22.985	30,4%
SSCC	20	49	216.007	902.475	23,9%
Total	40	117	260.502	992.074	26,3%

Nos seguintes cadros recóllese a composición da mostra en función de distintos parámetros:

Cadro 7: Tipos de contratos da mostra (miles de euros)

Tipo contrato	Núm. exptes	Núm. contratos	Importe adxudicado	% s/total
Obras	2	2	70.151	26,9%
Servizos	18	19	127.269	48,9%
Subministracións	20	96	63.081	24,2%
Total	40	117	260.502	100,0%

Cadro 8: Tipos de procedementos de adxudicación utilizados nos contratos da mostra (miles de euros)

Procedemento	Núm. exptes.	Núm. contratos	Importe adxudicado	% s/total
Aberto	24	101	248.761	95,5%
Negociado	16	16	11.741	4,5%
Total	40	117	260.502	100,0%

Cadro 9: Tramitación centralizada dos contratos da mostra (miles de euros)

Concepto	Núm. exptes.	Núm. contratos	Importe adxudicado	% s/total
Adquisición centralizada	9	38	52.333	20,1%
Non centralizada	31	79	208.169	79,9%
Total	40	117	260.502	100,0%

O detalle dos expedientes incluídos na mostra achégase como Anexo 1 deste informe.

II.4. ANÁLISE DA REVISIÓN EFECTUADA

II.4.1. ACTUACIÓNS PREPARATORIAS

II.4.1.1. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

O art. 22 do TRLCSP preceptúa que só poderán formalizarse aqueles contratos necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais, deixando constancia con precisión da natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, así como da idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas.

Da revisión efectuada, en relación coa adecuada xustificación da necesidade de contratar e a elección do procedemento máis adecuado, despréndense as seguintes consideracións:

- a) En todos os expedientes incluídos na mostra existe un documento, con distintas denominacións (memoria de necesidade, informe do servizo promotor, memoria xustificativa, etc.), cuxa finalidade é poñer de manifesto a necesidade de proceder á formalización dun determinado contrato. Con todo, na maioría dos supostos, a dita necesidade non está debidamente xustificada, aludíndose, polo xeral, a conceptos xenéricos ou indeterminados.
- b) Nos contratos de servizos examinados non consta na memoria a xustificación (a través do oportuno estudo comparativo) da conveniencia de afrontar a necesidade exposta con medios propios, limitándose a sinalar como motivación a carencia ou insuficiencia de medios, a pesar de que os servizos de que se trata execútanse historicamente con medios externos e sen que obedezan a unha situación nova ou de atención urgente.
- c) Agás nos supostos nos que a lei obriga a empregar un determinado procedemento de adxudicación, en xeral, non se razoa a súa elección ou se recorre a conceptos xenéricos.

II.4.1.2. DETERMINACIÓN DO PREZO DO CONTRATO

O TRLCSP, no seu art. 87, establece que o órgano de contratación debe fixar un prezo adecuado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ás condicións e características do mercado no momento de fixar o orzamento de licitación e a aplicación, no seu caso, das normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionadas.



Doutra banda, a Instrución 1/2012, da Dirección Xeral de RREE, que ten por obxecto establecer o procedemento para a tramitación de solicitudes de autorización previa de determinadas contratacións por parte das EOXI, esixe a presentación de *“unha memoria económica na que se recollerá a xustificación do importe de licitación, que se comparará cos prezos da prestación actual no mercado ou, en caso de existir, co importe do expediente precedente, facendo mención expresa das diferenzas e motivando as variacións”*.

Así mesmo, o establecemento de fórmulas para a apreciación de ofertas anormais ou temerarias esixe que o órgano de contratación realice un estudo de mercado rigoroso, xa que aquelas poden actuar, ben como freo ante o obxectivo de conseguir baixas substantivas, ou ben como factor reductor da apreciación do criterio prezo dentro da decisión final.

Co obxectivo de verificar o cumprimento destas obrigas relativas á determinación do prezo, examinouse a documentación contida na mostra de expedientes analizados, observándose tres tipos de situacións:

- a) Con carácter xeral, non se obtivo evidencia da existencia dunha memoria ou informe económico que sustente adecuadamente que o importe de licitación do contrato se adecúa ao prezo do mercado.
- b) Nos expedientes nos que si aparece constancia documental dunha memoria económica, esta limítase a alusións xenéricas ao histórico de consumos ou prezos medios, pero sen que se reflectan, obxectivamente, o método de obtención nin as cantidades ás que se aluden e, en xeral, sen que se achegue documentación adicional que permita verificar que o prezo estimado é o adecuado.
- c) Noutros casos é nas memorias xustificativas da necesidade da contratación onde se fan xenéricas alusións ao prezo do mercado ou a antecedentes de anteriores contratos, pero sen achegar datos ou información obxectiva que permita realizar ningunha avaliación respecto diso.

En canto aos criterios que se establecen para detectar presuntas temeridades nas ofertas, debe resaltarse que tampouco se obtivo evidencia documentada da existencia do pertinente estudo que fundamente o criterio que respecto diso aparece reflectido nos pregos de cláusulas administrativas do contrato. En todos os expedientes examinados estes criterios fíxanse en función exclusivamente da oferta económica, sen entrar a considerar outro tipo de factores como pode ser o prazo de execución ou entrega.

Existe unha considerable heteroxeneidade en canto á forma de cálculo, que non obedece, de forma fundada, á natureza de cada contrato, senón ao momento histórico de inicio dos expedientes, debido á distinta normativa e doutrina administrativa aplicable.

No Anexo 3.1 recóllense as distintas situacións que se atoparon.

II.4.2. CRITERIOS DE SOLVENCIA E PREGOS DE CLÁUSULAS

II.4.2.1. CRITERIOS DE SOLVENCIA

En contratación pública, os licitadores que concorran teñen que demostrar, á marxe da súa capacidade xurídica e de obrar, que reúnen as condicións de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional para ser adxudicatario. Estes requisitos han de indicarse no anuncio de licitación e especificarse nos pregos do contrato, debendo estar vinculados ao seu obxecto e ser proporcionais a este (arts. 62 a 64 do TRLCSP).

A súa acreditación lévase a cabo polos medios que se establecen nos arts. 75 a 79.bis do TRLCSP, prevéndose a posibilidade de que a solvencia se acredite mediante o documento de clasificación, aínda que esta non fose esixible pola contía do contrato.

No Anexo 2 expónse unha síntese dos medios (requisitos) e criterios de acreditación esixidos nos pregos de cláusulas.

Con carácter xeral, non consta nos expedientes a xustificación dos criterios de solvencia elixidos e a súa adecuación á finalidade do contrato, en especial en determinados contratos de certa entidade e complexidade, co obxecto de asegurar a súa correcta execución.

Na práctica totalidade dos expedientes examinados incúmprase o establecido no art. 62.2 do TRLCSP, que establece que os requisitos mínimos de solvencia que deba reunir o empresario e a documentación requirida para acreditarlos indicaranse no anuncio de licitación, facéndose unha remisión xenérica ao disposto nos pregos.

II.4.2.1.1. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA

En canto á solvencia económica e financeira o criterio preponderante utilizado na mostra analizada é o volume de negocios no últimos tres exercicios, acreditándose tal requisito, na maioría dos casos, pola cifra de negocios, sendo moi variado o importe esixido (o importe da licitación –con ou sen IVE–, o 25% do importe da licitación sen IVE, o dobre do importe da licitación sen IVE, etc.).

Existen supostos (Anexo 3.2) nos que a forma de acreditación non se fixa expresamente no prego, o que pode provocar que se acepte a solvencia de contratistas pola mera presentación duns documentos (certificados bancarios, contas anuais ou outros) sobre os que non se exerce análise crítica.

II.4.2.1.2. SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

Polo que se refire á solvencia técnica ou profesional, advértense incidencias similares ás descritas con anterioridade. Predomina como forma de acreditación a realización dun volume determinado de



servizos/subministracións nun período concreto, sen que se aprecie distinción algunha á hora de elixir o medio, a pesar da diversidade e complexidade na execución dos contratos.

En determinados expedientes (Anexo 3.2) detectouse que o que debería ser considerado como criterio de solvencia técnica ou profesional foi obxecto de puntuación dentro dos criterios de valoración sometidos a xuízos de valor, como a cualificación do equipo de traballo ou do directivo ou a posesión dalgún certificado acreditativo de calidade³.

II.4.2.2. CONFECCIÓN E APROBACIÓN DOS PREGOS

En relación coa confección e aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas dos contratos realízanse as seguintes consideracións:

- a) Por regra xeral existe coincidencia entre o servizo que elabora os pregos e o que informa os aspectos non valorables de forma automática.
- b) Na metade dos expedientes incluídos na mostra utilizáronse pregos tipo.
- c) Detectáronse erros de carácter material que se relacionan no Anexo 3.3.

II.4.3. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E REGLAS DE VALORACIÓN: ASPECTOS XERAIS

Os criterios de adxudicación configúranse como un dos alicerces básicos establecidos para o cumprimento dos principios fixados pola Unión Europea en relación á contratación pública, regulándose nos arts. 150 e seguintes do TRLCSP.

O órgano de contratación dispón de certa liberdade para a elección dos diferentes criterios e para fixar a súa ponderación, pero sempre debe existir unha motivación, como prevé o art. 109 do texto legal. De forma sintética, as condicións que en todo caso deben cumprir os criterios son as seguintes:

- Estar vinculados directamente ao obxecto do contrato.
- Ser obxecto de publicidade.
- Ser específicos e cuantificables.

³ Tal como sinala a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, a apreciación da aptitude do licitador para executar o contrato (cualificación de medios humanos e materiais, etc.) pertence á fase de avaliación da súa solvencia e non deben ser obxecto de valoración dentro dos criterios de adxudicación. No mesmo sentido manifestáronse numerosos ditames de distintas Xuntas consultivas e Tribunais administrativos.

- Respetar o dereito comunitario, especialmente os principios de non discriminación e de libre prestación de servizos e establecemento.

Distínguense dous tipos de criterios: os avaliados de forma automática, cuxo valor vén determinado pola aplicación dunha fórmula prevista nos pregos, e os non avaliados de forma automática, que son aqueles nos que a súa valoración é subxectiva, de forma razoada e fundamentada e nunca arbitraria.

A regra xeral é que haxa unha maior ponderación dos criterios automáticos sobre os non automáticos. En caso contrario haberá de constituírse un comité de expertos ou organismo técnico especializado debendo ser obxecto de valoración, en primeiro lugar, os criterios non automáticos.

A través da mostra de expedientes analizados procedeu a determinar o peso relativo na puntuación total dos criterios fixados nos pregos de condicións⁴. O resultado é o que a continuación se relaciona:

Cadro 10: Porcentaxe de expedientes e peso relativo dos criterios de adjudicación

Peso relativo de cada tipo de criterio	Automáticos (% exptes. s/total)	Non automáticos (% exptes. s/total)
100%	9%	0%
>50%<100%	52%	0%
=50%	39%	39%
<50%	0%	61%
Total	100%	100%

No 61% dos expedientes incluídos na mostra a puntuación atribuída aos criterios automáticos era superior á dos subxectivos, en tanto que no 39% restante a repartición de ponderación era equitativa.

En ningún dos pregos analizados os criterios de natureza subxectiva foron dotados de maior peso específico que os automáticos, existindo unha paridade con aqueles nunha porcentaxe do 39%.

Na revisión efectuada apreciáronse as seguintes incidencias:

- Non existe constancia documental que xustifique a elección dos criterios para aplicar nos expedientes iniciados con anterioridade á entrada en vigor do TRLCSP e nalgúns posteriores a este.
- Nos expedientes posteriores, agás en varios tramitados polos SSCC, tampouco se fundamenta a súa elección a pesar de que ou ben se inclúe na memoria xustificativa a enumeración dos criterios, ou ben consta como documento independente unha memoria xustificativa deles.

⁴ A información refírese aos procedementos abertos xa que a utilización do procedemento negociado analizarase noutro apartado deste informe



c) Nos anuncios da licitación publicados non sempre aparecen especificados os criterios, facéndose unha remisión ao establecido nos pregos, incumpríndose o previsto no art. 150.2 do TRLCSP.

II.4.3.1. CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA

II.4.3.1.1. OFERTA ECONÓMICA

Neste apartado analízase o peso relativo real da oferta económica sobre a puntuación total alcanzada, adquirindo especial relevancia as fórmulas matemáticas polas que obtén a puntuación final do criterio prezo. De feito, a súa aplicación práctica pode dar lugar a que, aínda que o prezo pondere dentro dos criterios de adxudicación un 40%, este supoña unha porcentaxe menor na puntuación final que obtivo o adxudicatario.

Nos expedientes analizados, o peso relativo do prezo nos criterios fixados nos pregos foi o seguinte:

Cadro 11: Porcentaxe de expedientes e peso relativo do prezo

% alcanzado polo prezo sobre o máximo previsto no prego	% exptes. s/total
100%	0%
>50%<100%	30%
=50%	17%
<50	52%
Total	100%

Á vista do cadro anterior apréciase que ningún expediente se decidiu totalmente por este criterio e que no 47% a súa ponderación foi igual ou superior ao 50% da puntuación outorgable.

Con todo, a ponderación real deste criterio tras a valoración das ofertas presentadas foi a seguinte:

Cadro 12: Porcentaxe de expedientes e valoración do prezo na adxudicación

% alcanzado polo prezo sobre o máximo previsto no prego	% exptes. s/total mostra
100%	9%
≥50%<100%	27%
<50	64%
Total	100%

Segundo o cadro anterior, no 64% dos expedientes analizados a puntuación final do prezo non chegou ao 50% do máximo establecido no prego. No 36% a puntuación final situouse entre o 50% e o 100% da ponderación teórica do prezo prevista no prego.

No Anexo 3.4 relaciónanse as incidencias específicas detectadas na análise da mostra.

II.4.3.1.2. OUTROS CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA

Da análise dos pregos incluídos na mostra conclúese que o peso específico doutros criterios valorables de forma automática distintos da oferta económica supuxo, en termos de media, un 15% do total deles, aínda que cunha gran variabilidade, chegando, nalgúns casos, ao 50%.

Os criterios aplicados presentan unha casuística diversa, atendendo tanto á antigüidade do expediente como á súa tipoloxía. Os utilizados con maior frecuencia son, entre outros, o prazo de entrega ou execución, a obtención de rappels ou bonificacións, a dispoñibilidade de intercambio electrónico de datos (EDI) ou a dispoñibilidade de código de produto GTIN.

No Anexo 3.5 póñense de manifesto as incidencias detectadas na mostra en relación con este apartado.

II.4.3.2. CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA

Aínda que a normativa reguladora propugna a preponderancia dos criterios avaliados de forma automática e, polo tanto, perfectamente obxectivos, tamén permite a utilización de criterios suxeitos a xuízo de valor, pero con varias prevencións respecto diso:

- Debe constar expresamente a ponderación relativa atribuída a cada criterio.
- Nos supostos nos que, excepcionalmente, os criterios de tipo subxectivo tivesen un maior peso relativo a priori na puntuación, esíxese a formación dun comité independente e cualificado ou encomendar a avaliación a un organismo técnico especializado, debidamente identificado nos pregos.
- A avaliación das ofertas conforme aos criterios cuantificables mediante a aplicación de fórmulas realizarase con posterioridade á daqueles nos que non concorran a dita circunstancia.

Sen prexuízo de que no Anexo 3.6 se faga referencia ás incidencias detectadas, pódese afirmar que en ningún dos supostos fiscalizados os criterios subxectivos tiñan, *a priori*, un peso específico superior aos de carácter automático. Con todo, na práctica e como xa se sinalou, nunha parte considerable das adxudicacións realizadas o factor determinante foi a puntuación dos criterios sometidos a xuízo de valor.

II.4.4. LICITACIÓN, ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS

No Anexo 3.7 deste informe detállanse as incidencias detectadas en relación coa licitación, adxudicación e formalización dos contratos, aínda que é preciso facer unha mención específica á exclusión das ofertas presentadas e os seus motivos máis comúns.



Examinadas as propostas presentadas, apréciase que o 29% foron excluídas polo órgano de contratación, sendo o seu detalle o que a continuación se relaciona:

Cadro 13: Causas de exclusión

Causa de exclusión	% s/total
Deficiencias en documentación acreditativa da capacidade e solvencia	2%
Incumprimento criterios non automáticos	21%
Incumprimento criterios automáticos	6%
Total	29%

Entre os motivos de exclusión na fase de revisión da documentación relativa aos criterios avaliábeis de forma non automática destacan dous: por unha banda, que a documentación non se axusta aos requisitos esixidos no prego; e, por outra, que se inclúe nesta fase propostas que conteñen información relativa a criterios automáticos.

Na valoración dos criterios automáticos as causas de exclusión céntranse, ou ben en superar a oferta económica o importe máximo de licitación ou en estar incurso nunha baixa considerada desproporcionada ou temeraria.

II.4.5. CLÁUSULAS SOCIAIS

A inclusión de consideracións sociais na contratación pública está prevista en diferente normativa, tanto estatal como autonómica.

No ámbito estatal, o TRLCSP establece a posibilidade de ter en conta aspectos sociais en diferentes ámbitos do procedemento: como criterio de valoración das ofertas, como condicións especiais de execución do contrato ou como elemento decisorio na adxudicación a igualdade de ofertas.

Así mesmo, a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, de igualdade, recolle no seu art. 33 que as administracións públicas, a través dos seus órganos de contratación e en relación coa execución dos contratos que formalicen, poderán establecer condicións especiais co fin de promover a igualdade entre mulleres e homes no mercado de traballo, de acordo co establecido na lexislación de contratos do sector público.

No ámbito autonómico, a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres, concede preferencia na adxudicación de contratos ás empresas que teñan implantados plans de igualdade, sempre que as proposicións presentadas igualem nos seus termos ás máis vantaxosas.

Doutra banda, a Lei 14/2013, de racionalización do sector público autonómico recolle no seu articulado a promoción da contratación pública ecolóxica e socialmente responsable, sinalando que os poderes adxudicadores da administración da Comunidade Autónoma e o seu sector público deberán ter en conta criterios sociais e de sustentabilidade ambiental ao deseñar as especificacións

técnicas e administrativas do contrato, incluíndose, na medida do posible, por razón do obxecto do contrato, criterios referidos á igualdade de xénero. En particular, ponderarase a inclusión de aspectos sociais e ambientais como criterios de adxudicación e como condicións especiais de execución do contrato, coas súas correspondentes penalidades. En todo caso, estes criterios e condicións deberán gardar relación directa co obxecto do contrato.

Para ilustrar aos poderes adxudicadores sobre as posibilidades que a contratación ofrece para o desenvolvemento de políticas sociais o Consello da Xunta aprobou a “Guía para unha contratación pública socialmente responsable no Sector Público Galego”.

A entrada en vigor da Lei 14/2013, de racionalización (e polo tanto a obrigatoriedade de introducir criterios de tipo social na valoración das ofertas e nas condicións especiais de execución dos contratos) produciuse en febreiro de 2014, polo que o seu alcance e aplicación á fiscalización levada a cabo neste informe límitase a catro dos expedientes relacionados no Anexo 1 (*Expedientes núm. 36, 37, 38 e 39*). Os ditos expedientes non recollen estes aspectos de carácter social ao non gardar relación directa co obxecto do contrato, tal como esixe polo texto legal. De forma illada, nun único expediente (*Expediente núm. 3*), dentro do apartado de criterios téñense en conta aspectos de natureza ecolóxica ou ambiental.

En calquera caso, nos expedientes examinados dáse cumprimento á obriga de introducir nos pregos cláusulas desta natureza para dirimir eventuais empates, resolvéndose, neses hipotéticos casos, a favor daquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2% e, en segundo lugar, a favor das empresas que implantasen un plan de igualdade. Na práctica, non se aplicou en ningunha das adxudicacións examinadas ao non existir situacións que dirimir por igualdade de puntuación.

II.4.6. DURACIÓN DA TRAMITACIÓN

Neste apartado analízase a duración da tramitación dos contratos, computándoa desde o inicio do expediente ata a formalización do contrato.

Este estudo efectuouse nos dous tipos de contratos de uso máis frecuente (servizos e subministracións), sendo a media de duración a que se expón a continuación, distinguindo entre procedementos abertos e negociados:

Cadro 14: Media de duración de tramitación (días)

Contrato/Procedemento	Procedemento aberto	Procedemento negociado	Diferenza (%)
Servizos	240	120	50%
Subministracións	268	102	72%



Como se observa, a media de duración é notablemente inferior cando os contratos se tramitan a través de procedementos negociados.

A duración máis frecuente no caso dos procedementos abertos é de 267 e 213 días para os contratos de servizos e de subministracións respectivamente. No caso dos negociados esta pasa a ser de 92 e 82 días.

Ademais das dilacións intrínsecas aos procedementos consecuencia do cumprimento dos prazos e trámites legalmente establecidos (en particular nos procedementos abertos), procedeuse a avaliar a duración de determinados ítems intermedios para todo tipo de contratos, focalizando a análise no tempo que transcorre entre a constitución da mesas de contratación, coa apertura da documentación presentada polas empresas, e a adxudicación do contrato.

Partindo da mostra de expedientes fiscalizados, nos procedementos abertos, a media de duración da fase de adxudicación sitúase en 169 días, o que representa en torno ao 65% da duración total, adxudicándose unha cuarta parte en menos de 60 días. Así mesmo, nos expedientes cuxa duración excede de 200 días, no 80% deles presentouse algún tipo de recurso que produciu o atraso, sendo outro factor que inflúe de maneira determinante a emisión dos informes técnicos respecto dos criterios non avaliados de forma directa.

Nos procedementos negociados a media de duración desta fase do expediente sitúase ao redor dos 33 días (ata cinco veces inferior á media nos abertos).

II.4.7. DURACIÓN DOS CONTRATOS

A lexislación vixente determina que a duración dos contratos deberá establecerse en función da natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de sometemento periódico a concorrência. Na mostra de expedientes fiscalizados non se atopou evidencia de que exista a pertinente avaliación respecto deste extremo.

Debe terse en conta que o establecemento de prazos excesivamente longos supón unha certa limitación á competencia, ao erixirse como barreira para a entrada de novos operadores.

Por outra banda, a fixación de prazos de execución demasiado reducidos pode dificultar a amortización dos investimentos precisos para a prestación do contrato, ou a presentación de ofertas con condicións máis vantaxosas, ao non alcanzarse un determinado volume asegurado de negocio. Tamén se poden incrementar os custos de xestión da propia administración xa que, como se puxo de manifesto, a duración dos procesos contractuais é demasiado elevada.

As circunstancias expostas poñen énfase na necesidade da debida planificación da duración dos contratos, contraponendo as vantaxes e inconvenientes antes relacionados.

Procedeuse á análise dos prazos fixados nos contratos (subministracións e servizos), así como a súa duración real e efectiva, debido á existencia de eventuais prórrogas ou modificacións contractuais.

O detalle da información obtida é a que se mostra a continuación:

Cadro 15: Media de duración prevista e real (meses)

Tipo de contrato	Duración prevista	Duración real
Servizos	22	35
Subministracións	26	39

Cadro 16: Desviación sobre duración prevista (meses)

Desviación sobre duración prevista	Contratos de servizos		Contratos de subministracións	
	Núm. de contratos	% s/total	Núm. de contratos	% s/total
Superior ao 100%	53	14%	47	16%
Entre 50% e o 100%	162	42%	123	41%
Entre o 1% e o 49%	73	19%	36	12%
Duración igual á prevista	98	25%	86	29%
Duración inferior á prevista	0	0%	8	2%
Total	386	100%	300	100%

No 75% dos contratos de servizos e no 71% dos de subministracións supérase a duración inicialmente prevista, de acordo co sistema de prórrogas establecido regulamentariamente. A desviación é superior ao 50% en máis da metade dos expedientes revisados.

II.5. PROCEDIMENTO NEGOCIADO

O procedemento negociado, en calquera das súas modalidades, é un procedemento de adjudicación de contratos excepcional, que só é de aplicación nos supostos determinados no TRLCSP.

O art. 169.1 do TRLCSP sinala que a adjudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato cun ou varios deles, aspecto este último que non é levado á práctica con carácter xeral.

Durante o período 2012-2014 o procedemento negociado foi empregado no 20% dos contratos subscritos polo Sergas, representando unicamente o 5% do importe total adjudicado, excluído o concerto con Povisa.

Na mostra seleccionada, este procedemento utilizouse en case o 14% dos contratos examinados, supoñendo o 4,5% do importe adjudicado.

A xustificación legal máis empregada é a exclusividade (un 45% do número total de contratos subscritos no período 2012-2014 e preto do 98% do importe total formalizado), ben porque non é posible promover a concorrencia na oferta ou ben porque só pode encomendarse a un empresario determinado.



Na mostra predomina a utilización do procedemento negociado sen publicidade por exclusividade técnica, existindo constancia da adecuada xustificación do seu emprego. Tamén se recorreu ao negociado en supostos de procedementos abertos declarados desertos, entregas complementarias ou con invitacións a tres empresas, tal e como prevé a normativa.

Do mesmo xeito que nos procedementos de tipo aberto a memoria xustificativa límitase, en particular cando se trata de servizos, a enunciar a necesidade mediante a formulación de conceptos moi xenéricos sen motivala debidamente.

Con carácter xeral, a determinación do orzamento de licitación carece do debido soporte para analizar o seu cálculo, e polo tanto, non existe evidencia respecto da súa adecuación ao mercado.

En determinados contratos apréciase unha excesiva participación dun único órgano administrativo nos distintos trámites, confluindo no mesmo a elaboración da memoria e das prescricións técnicas do contrato, a elección de criterios de adxudicación, a designación de empresas a convidar, a elaboración de informes técnicos e mesmo a participación na negociación, en caso de existir. Esta situación constitúe un factor de risco para salvagardar a obxectividade e evitar posibles actuacións irregulares.

No Anexo 3.8 recóllense as principais incidencias detectadas nos expedientes examinados.

II.6. CONTRATOS MENORES

II.6.1. ASPECTOS XERAIS

O contrato menor, regulado nos arts. 111 e 138.3 do TRLCSP, é unha figura de carácter excepcional (fronte aos contratos tramitados polos procedementos ordinarios –aberto e restrinxido–) que a lei establece coa finalidade de satisfacer de forma rápida aquelas necesidades de escasa contía e duración temporal. Configúrase como un sistema áxil e sinxelo, que require unicamente a aprobación do gasto e a factura correspondente.

Pódese recorrer á contratación menor para a formalización de contratos de obras que non excedan de 50.000 euros e para os de subministracións e servizos cuxa contía non supere os 18.000 euros, en todos os casos, IVE excluído.

En Galicia, a Lei de racionalización do sector público introduciu a obriga de promover a concorrência para este tipo de contratos cando o seu importe superase os 25.000 euros (obras) e os 9.000 euros (subministracións e servizos), ao esixir a invitación a un mínimo de tres empresas para participar na selección do contratista.

O emprego deste procedemento pode dar lugar ao fraccionamento dos contratos e a eludir os requisitos de publicidade, concorrencia e obxectividade que inspiran a contratación do sector público.

Doutra banda, o uso excesivo deste proceder é contrario aos principios de programación e boa xestión, obviando a utilización de sistemas de racionalización da contratación pública.

Normalmente, a tramitación orzamentaria deste tipo de contratos supón a acumulación das distintas fases de gasto nun só acto, mediante a contabilización dun documento contable ADOK.

Da información obtida e reflectida nos cadros núm. 1 e 2 deste informe, o volume de operacións formalizadas mediante ADO concéntrase no art. 22 do orzamento, agrupándose fundamentalmente ao redor das adquisicións de produtos farmacéuticos, implantes e material sanitario e de laboratorio que, historicamente seguen esta forma de tramitación, convertendo en ordinario o que está previsto como excepcional.

Polo anteriormente exposto abordouse, como apartado particularizado, unha análise específica respecto das adquisicións de bens e servizos efectuadas a través desta vía contractual nos centros incluídos na mostra.

II.6.2. REVISIÓN EFECTUADA

II.6.2.1. INFORMACIÓN AGREGADA

A información obtida para a análise efectuada procede do aplicativo CADMO, aínda que carece de homoxeneidade, xa que o rexistro dos datos varía en función de cada EOXI. Doutra banda, a dita información non se está a rexistrar por todas as estruturas de xestión ata o exercicio 2014, polo que o estudo realizado se cingue a este ano.

O detalle dos contratos menores formalizados por cada órgano de contratación durante o ano de referencia é o que a continuación se relaciona:

Cadro 17: Contratos menores por EOXI segundo CADMO (euros)

Centro	Núm. contratos	Importe das adquisicións	%s/total adxudicado	Importe medio contrato
EOXI A Coruña	144	1.297.198	28,4%	9.008
EOXI Ferrol	6	229.615	5,0%	38.269
EOXI Santiago	25	334.699	7,3%	13.388
EOXI Lugo	44	695.537	15,2%	15.808
EOXI Ourense	148	1.258.193	27,5%	8.501
EOXI Pontevedra	89	497.229	10,9%	5.587
EOXI Vigo	11	146.658	3,2%	13.333
SSCC	11	113.701	2,5%	10.336
Total	478	4.572.830	100%	9.567

**Cadro 18: Contratos menores por tipo segundo CADMO (euros)**

Tipo de contrato	Núm. contratos	Importe das adquisicións	% s/total adxudicado	Importe medio contrato
Obras	40	814.376	17,8%	20.359
Servizos	370	3.089.670	67,6%	8.350
Subministracións	64	667.484	14,6%	10.429
Administrativos especiais	4	1.300	0,0%	325
Total	478	4.572.830	100%	9.567

O número de contratos menores rexistrados no aplicativo CADMO e formalizados ao longo do exercicio 2014 ascende a 478, alcanzando un importe de adxudicación de 4,6 millóns de euros.

Por centros, en canto a número e importe, destacan as EOXI da Coruña e Ourense que acumulan o 55,9% do importe total e o 61,1% do número de contratos.

Respecto do tipo de contratos, o de servizos é o máis significativo en canto a importe adxudicado (67,6% do total), seguido do de obras e de subministracións, sendo testemuñal a utilización deste procedemento para os administrativos especiais. O importe medio do contrato menor é de 20.359 euros en obras, 8.350 euros en servizos e 10.429 euros en subministracións.

Tal como se expuxo anteriormente, a información reflectida nos parágrafos que anteceden non é representativa do total dos contratos menores que formalizou o Sergas.

Hai que sinalar respecto diso que no portal de transparencia da Xunta ofrécese información desde marzo de 2016 sobre os contratos deste tipo tramitados polos distintos departamentos, incluído o Sergas.

II.6.2.2. INFORMACIÓN DERIVADA DA MOSTRA

Procedeuse á revisión dos contratos menores, con base nunha mostra derivada da información recollida no CADMO, coa limitación antes mencionada e cuxo detalle é o que a continuación se relaciona:

Cadro 19: Expedientes rexistrados en CADMO (euros)

EOXI	Importe das adquisicións	Mostra			
		Núm. exptes.	Importe das adquisicións	% s/total centro	Importe medio contrato
A Coruña	1.297.198	58	284.589	22%	4.906,7
Pontevedra	497.229	41	135.029	27%	3.293,4
Total mostra	1.794.427	99	419.618	23%	

Dadas as limitacións anteriormente descritas, ademais da información antes referenciada, requiriuse dos centros incluídos na mostra (agás de Servizos Centrais, nos que o peso dos contratos menores é moito menos relevante) información sobre os pedidos realizados a través do aplicativo LOGAS, que

soporta a xestión de adquisicións de bens e o seu consumo. Dado que a súa implantación foi progresiva, os resultados que se ofrecerán a continuación corresponden, para o caso da EOXI da Coruña, ao exercicio 2014 e para a de Pontevedra, ao exercicio 2015.

Do exame das adquisicións (basicamente subministracións de produtos individualizados sanitarios e non sanitarios –non produtos farmacéuticos– e polo tanto de fácil planificación na súa compra) detectouse que un número considerable delas superan, en importe total, os límites de contía establecidos para o contrato menor.

A información resumida é a seguinte:

Cadro 20: Adquisicións rexistradas en LOGAS (euros)

EOXI	Núm. produtos	Importe	% s importe/total centro
A Coruña	487	31.376.309	60%
Pontevedra	260	17.325.145	61%
Total	747	48.701.454	60%

Das verificacións practicadas (tanto da información derivada de CADMO como da información orzamentaria antes referida) dedúcense as incidencias que de forma resumida se reflicten no Anexo 3.9.

III. REVISIÓNS ESPECÍFICAS

Para complementar o traballo de fiscalización sobre contratos realizouse unha revisión de dúas áreas de xestión das que se poden derivar incidencias contractuais: os convenios e os anticipos de caixa fixa e os pagos para xustificar.

III.1. CONVENIOS

O ámbito de revisión aplicado foi o daqueles convenios que se articulan como instrumentos de execución do orzamento de gastos, é dicir, aqueles dos que se derivan obrigas económicas para o organismo autónomo e se formalizan con terceiros non integrantes do sector público autonómico.

Analizouse o seu contido coa finalidade de verificar a adecuación da súa natureza xurídica e detectar, no seu caso, se o seu obxecto debería ser regulado por medio dun contrato e, polo tanto, con aplicación das previsións do TRLCSP.

A revisión realizouse sobre os convenios publicados en virtude da normativa en vigor, seleccionando 15 convenios dos que presenta incidencia o subscrito coa Asociación para a loita contra as enfermidades do ril (ALCER) que, con orixe en 2008, prorrógase anualmente. O seu obxecto é o traslado de pacientes sometidos a hemodiálise, apreciándose a existencia dunha relación de



natureza contractual, extremo que xa foi posto de manifesto por este órgano fiscalizador no seu informe relativo á fiscalización da actividade concertada de diálise.

III.2. PAGOS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA

Os pagos para xustificar constitúen os fondos librados para atender gastos que non poden ir acompañados da documentación xustificativa, sendo achegada nos tres meses seguintes á recepción das cantidades recibidas polo pagador. A dita xustificación é obxecto de aprobación ou reparo pola Intervención Delegada correspondente.

O sistema de pagos a xustificar emprégase unicamente nos Servizos Centrais do Sergas.

Doutra banda, os anticipos de caixa fixa son as provisións de fondos de carácter extraorxamentario e permanente que se realizan a caixas pagadoras para á atención inmediata de gastos correntes en bens e servizos de pequeno importe ou de urxente aboamento que non poidan ser atendidos a través do procedemento ordinario de pago.

Este procedemento utilízase nos centros de xestión do Sergas (EOXI).

A revisión fíxose no ámbito de fiscalización da Conta do Sergas correspondente ao exercicio 2014. Da análise dos gastos aplicados nas contas que xestionan estes fondos non se apreciaron incidencias destacables nin fraccionamento do gasto.

IV. CONCLUSIÓNS

Aspectos xerais da xestión contractual

1. O Sergas dispón, entre outras, de tres ferramentas para a xestión da súa actividade de compra e aprovisionamento: o sistema de ordenación da contratación administrativa (CADMO), para a tramitación dos expedientes de contratación; a aplicación para a xestión da loxística e almacén (LOGAS); e o Catálogo de Produtos, para a identificación ordenada e sistemática dos bens e servizos que se demandan. Os dous primeiros aplicativos presentan carencias para a explotación estatística da información que conteñen e a introdución de datos no aplicativo CADMO non se leva a cabo de maneira homoxénea polos distintos centros xestores, non existindo conexión coa aplicación de contabilidade.
2. A pesar do esforzo realizado polo Sergas neste ámbito, mediante o emprego, con maior ou menor intensidade, das distintas técnicas de racionalización previstas no TRLCSP, non existe na práctica unha xestión verdadeiramente centralizada da contratación así como unha planificación estratéxica para a adquisición de bens e servizos, fundamentalmente nas Estruturas Organizativas de Xestión Integrada.

3. A execución orzamentaria dos expedientes de contratación concéntrase en exceso a través de gastos que engloban nun só acto as fases de autorización, disposición e recoñecemento da obriga, o cal devén en ordinaria unha forma de tramitación que debería ser excepcional.

Actuacións preparatorias

4. Aparece falta de precisión na xustificación da natureza e a extensión da necesidade a satisfacer, do beneficio de externalizar a prestación de que se trate, da elección do procedemento de adxudicación e da determinación do prezo do contrato.

5. A detección de ofertas temerarias fundaméntase exclusivamente na oferta económica, sen ter en conta outros factores como o prazo de execución ou de entrega, apreciándose unha gran heteroxeneidade en canto á forma de cálculo.

Criterios de solvencia

6. Non se xustifica a adecuación e proporcionalidade dos criterios de solvencia utilizados coa finalidade do contrato.

7. En ocasións os criterios de solvencia son empregados como criterios de adxudicación.

Criterios de adxudicación

8. A pesar de que os criterios avaliábelos automaticamente e, en particular, a oferta económica, son preponderantes na súa definición previa nos pregos, en moitos supostos a valoración por criterios non avaliábelos de forma automática acaba decantando a adxudicación do contrato. Mostra diso é que en dous de cada tres expedientes analizados os criterios subxectivos foron superiores aos de carácter obxectivo, a pesar de que en ningún dos supostos os pregos prevían que aqueles superasen o 50% da puntuación total.

Duración da tramitación

9. En xeral, existe un amplo campo de mellora en canto á axilización da duración dos expedientes, en particular dos procedementos abertos, xa que na maior parte das ocasións a dilación no tempo obedece máis a causas organizativas internas que ao cumprimento dos prazos establecidos na normativa vixente.

Duración dos contratos

10. É unha práctica común prorrogar a duración dos contratos, sen que se razoe adecuadamente a súa conveniencia, o que pode demostrar unha falta de planificación á hora de fixar a duración da prestación.



Procedemento negociado

11. Apareceu unha excesiva participación dun único órgano administrativo nos distintos trámites do procedemento, o que constitúe un factor de risco para salvagardar a obxectividade.
12. Non concorre unha negociación real e efectiva cos licitadores (aínda cando só exista un) para delimitar as condicións do contrato.

Contratos menores

13. Constatouse un emprego excesivo desta figura contractual cos riscos que isto supón para garantir os principios de publicidade⁵, concorrencia e obxectividade na contratación pública.

V. RECOMENDACIÓNS

1. Deberíase incorporar como elemento estratéxico da actividade do Sergas a función de compra e aprovisionamento, definindo un plan e un modelo de xestión axeitado co obxectivo de alcanzar unha asignación máis eficiente dos recursos do sistema.
2. O Sergas debería seguir potenciando a contratación centralizada, ampliándoa á maior parte posible dos produtos e servizos adquiridos.
3. A pesar da redución que se produciu, o ente fiscalizado debería continuar diminuíndo o recurso ao contrato menor para mellorar a concorrencia e a obxectividade na contratación pública.
4. Sería recomendable motivar de forma máis adecuada a necesidade do contrato, a imposibilidade de realizar prestación con medios propios así como a determinación do prezo e do procedemento de adxudicación.
5. Resultaría conveniente que se articulasen fórmulas para que o peso relativo dos distintos criterios (obxectivos e subxectivos) na valoración final das ofertas fose consecuente co previsto nos pregos.
6. Deberían adoptarse medidas de carácter organizativo para reducir os tempos de tramitación dos expedientes, en particular nos procedementos abertos.

Santiago de Compostela,

⁵ Desde marzo 2016 ofrécese información no portal de transparencia da Xunta sobre os contratos menores tramitados polos distintos departamentos, incluído o Sergas



ANEXOS



ANEXO 1: RELACIÓN DE EXPEDIENTES INCLUIDOS NA MOSTRA

Número orde	Centro	Código expediente	Obxecto	Número contratos derivados
1	EOXI A Coruña	AB-CHC1-09-012	Servizo de xestión de historias clínicas do CHUAC	1
2	EOXI A Coruña	AB-CHC1-10-020	Servizo de fretado total de aeronaves para o transporte de equipamento sanitario e órganos humanos para transplantes destinados ao CHUAC	1
3	EOXI A Coruña	AB-EIC1-13-002	Subministración enerxética prestacional e mantemento e conservación de edificios, instalacións e equipamento de diversos centros da EOXI A Coruña	1
4	EOXI A Coruña	MS-CHC1-11-033	Agullas xerais	4
5	EOXI A Coruña	MS-CHC1-11-041	Adquisición de material para cirurxía cardíaca	14
6	EOXI A Coruña	MS-CHC1-11-044	Adquisición de prótese endovasculares	4
7	EOXI A Coruña	MS-CHC1-12-008	Adquisición de material de diagnóstico para o Complexo Hospitalario	13
8	EOXI A Coruña	NB-CHC1-11-028	Mantemento, asistencia técnica e renovación do CPD do CHUAC	1
9	EOXI A Coruña	NB-CHC1-11-038	Mantemento do Sistema Centricity Pacs para o manexo da imaxe médica do CHUAC	1
10	EOXI A Coruña	NB-EIC1-14-015	Servizo de xestión integral de gases medicinais e servizos asociados da EOXI A Coruña	1
11	EOXI Coruña	NB-EIC1-14-020	Compra ou adquisición de sistema retrofit AGFA DX-D 30C. Panel dixital Wireless, de iodo de cesio, de 35 x 43	1
12	EOXI Pontevedra	AB-CHP1-10-031	Subministración de reactivos e outros materiais necesarios para a realización de técnicas analíticas nos laboratorios do CHOP	7
13	EOXI Pontevedra	AB-CHP1-11-007	Servizo loxístico para o transporte e distribución de produtos sanitarios-farmacéuticos e historias clínicas desde os almacéns de subministracións, farmacia e historias clínicas aos centros dependentes do CHOP	1
14	EOXI Pontevedra	AB-HSA1-10-004	Servizo de vixilancia e seguridade	1
15	EOXI Pontevedra	MS-EIP1-13-010	Subministración sucesiva de carne fresca e peixes conxelados	6
16	EOXI Pontevedra	MS-EIP1-13-020	Subministración sucesiva de prótese de cadeira e de xeonllo para os hospitais da EOXI de Pontevedra e Salnés	7
17	EOXI Pontevedra	NB-EIP1-13-015	Servizo de transporte de persoal e pequenos materiais entre distintos centros que compoñen a EOXI de Pontevedra e outros destinos cando os medios propios estean fóra de servizo	1
18	EOXI Pontevedra	NB-EIP1-13-017	Servizo de xestión integral da comunicación corporativa da EOXI de Pontevedra	1
19	EOXI Pontevedra	NB-EIP1-13-022	Servizo de seguridade e vixilancia interior e exterior dos centros: Hospital Montecelo, Hospital Provincial e Hospital do Salnés dependentes da EOXI de Pontevedra	1
20	EOXI Pontevedra	NB-EIP1-14-024	Adquisición dun ecógrafo doppler en cor e de altas prestacións para a Sección de RX mamaria do Servizo de Radiodiagnóstico do Hospital Montecelo	1
21	SSCC	AB-SER1-11-030	Contratación do servizo loxístico integral do Sergas	1
22	SSCC	AB-SER1-13-029	Contratación servizos de xestión de proxecto e desenvolvemento de aplicacións centralizadas de LOGAS , SUMPA, ACP, etc.	1
23	SSCC	AB-SER1-11-029	Servizos de xestión, incidencias, problemas, entrega desenvolvemento aplicacións centralizadas control gasto e outros	1
24	SSCC	AB-SER3-10-005	Fase II do Plan Director do CHUAC	1
25	SSCC	AB-SER3-13-001	Fase I do Plan Director H2050 do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense marco INNOVA SAÚDE e H2050 (cofinanciado 80% por Unión Europea, FEDER fondo tecnolóxico 2007/2013)	1
26	SSCC	AI-SER1-12-026	Realización de probas de laboratorio para os centros dependentes do Sergas	2

Informe de fiscalización da contratación do Sergas. Exercicios 2012 a 2014

Número orde	Centro	Código expediente	Obxecto	Número contratos derivados
27	SSCC	AI-SER1-13-010	Servizo de rede de telecomunicacións para centros do Sergas e Consellería de Sanidade e servizo de administración, monitoraxe e xestión	1
28	SSCC	AI-SER2-13-005	Adquisición de ecógrafos no marco do eixo 6, Tema Prioritario 76 do Programa Operativo de Galicia FEDER 2007/2013 con destino a diversos hospitais	4
29	SSCC	MI-SER1-12-006 (*)	Subministración sucesiva de estimulantes eritropoéticos	2
30	SSCC	MI -SER1-12-013 (*)	Subministración sucesiva de gases medicinais	7
31	SSCC	MI -SER1-12-014 (*)	Subministración sucesiva de stents coronarios para os centros sanitarios do Sergas	19
32	SSCC	MI -SER1-12-030 (*)	Subministración sucesiva de axente estimulante de colonias de granulocitos (FILGRASTIM)	1
33	SSCC	NB-SER1-10-004	Arrendamento de equipamento servidores de datos HP INTEGRITY para a renovación e ampliación do clúster de servidores de aplicacións do centro de servizos tecnolóxicos	1
34	SSCC	NB-SER1-10-012	Arrendamento con opción a compra da renovación e ampliación do sistema de almacenamento central do Sergas	1
35	SSCC	NB-SER1-13-057	Servizo de soporte e consultaría aos programas informáticos destinados á xestión orzamentaria	1
36	SSCC	NB-SER1-14-010	Servizo de mantemento e soporte do sistema de xestión de imaxe médica de varios centros do Sergas	1
37	SSCC	NB-SER1-14-017	Servizo de mantemento do software de base de datos IBM INFORMIX	1
38	SSCC	NA-SER1-14-022 (*)	Subministración do Factor VIII de coagulación recombinante	1
39	SSCC	NI-SER1-14-057 (*)	Subministración sucesiva de PEGFILGRASTIM	1
40	SSCC	NS-SER1-13-037	Subministración sucesiva de implantes cocleares	1

(*) Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións



ANEXO 2: MEDIOS E CRITERIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA

Por tipo de contrato

		Tipo contrato						
		Servizos	Obras	Subministracións	Total			
Solvencia económica e financeira	Medios	Volume negocios de 3 últimos exercicios		10	2	17	29	
		Acreditación libre por un ou varios medios segundo lei		5		2	7	
		Non procede por esixir clasificación		2			2	
		Non se menciona		2			2	
		Total		19	2	19	40	
	Criterios	Superar importe licitación	Cifra negocios		1		8	9
			Nun dos exercicios		8	2	8	16
			En cada un dos exercicios		1		1	4
			Non se menciona		9		2	11
		Total		19	2	19	40	
Solvencia técnica ou profesional	Medio/Criterio	Relación servizos/subministracións realizadas	Nos últimos 3 exercicios		10		17	27
			Nos últimos 5 exercicios			2		2
		Acreditación libre por un ou varios medios segundo lei		5		2	7	
		Non procede por esixir clasificación		2			2	
		Non se menciona		2			2	
		Total		19	2	19	40	
		Inclusión número mínimo servizos/subministracións similares obxecto	1 servizos/subministracións		2		8	10
			2 servizos/subministracións				1	1
			3 servizos/subministracións		4		2	6
			5 servizos/subministracións		2			2
Non se menciona			11	2	8	21		
Total		19	2	19	40			

Por procedemento empregado

		Procedemento				
		Aberto	Negociado	Total		
Solvencia económica e financeira	Medios	Volume negocios de 3 últimos exercicios		20	9	29
		Acreditación libre por un ou varios medios segundo lei		4	3	7
		Non procede por esixir clasificación			2	2
		Non se menciona			2	2
		Total		24	16	40
Solvencia económica e financeira	Criterios	Superar importe licitación	Cifra negocios	7	2	9
			Nun dos exercicios	10	6	16
			En cada un dos exercicios	3	1	4
			Non se menciona	4	7	11
		Total	24	16	40	
Solvencia técnica ou profesional	Medio/Criterio	Relación servizos/subministracións realizadas	Nos últimos 3 exercicios	18	9	27
			Nos últimos 5 exercicios	2		2
		Acreditación libre por un ou varios medios segundo lei		4	3	7
		Non procede por esixir clasificación			2	2
		Non se menciona			2	2
		Total		24	16	40
		Inclusión número mínimo servizos/subministracións similares obxecto	1 servizos/subministracións	4	6	10
			2 servizos/subministracións	1		1
			3 servizos/subministracións	6		6
			5 servizos/subministracións	2		2
			Non se menciona	11	10	21
Total		24	16	40		



ANEXO 3: INCIDENCIAS⁶

1. Determinación de temeridade nas ofertas

1.1. Nos expedientes iniciados antes da entrada en vigor do TRLCSP establécese un límite de temeridade baseado na aplicación dunha porcentaxe sobre o orzamento de licitación (que oscila entre o 10% e o 25%): *Expedientes núm. 1, 2, 3, 12, 13, 14, 23 e 26* (*).

1.2. Posteriormente á entrada en vigor do texto refundido os límites fíxanse en función do cálculo da media de baixas ofertadas polos licitadores, aplicando á mesma unha porcentaxe adicional (variable tamén entre o 5% e o 15%) que determina a temeridade da oferta: *Expedientes núm. 4, 5, 6, 7, 15, 16, 24 e 28*.

1.3. Tras varios pronunciamentos de diversas xuntas consultivas de contratación nos que se cuestionaba a fórmula antes descrita por aplicarse sobre baixas e non importes, modifícase o criterio e procédese ao cálculo sobre a media aritmética das proposicións presentadas, asignando tamén unha porcentaxe adicional que determina a temeridade (variable entre o 10% e o 30%): *Expedientes núm. 8, 9, 10, 11, 17, 18, 19, 20, 23, 25, 27, 29 a 40*.

2. Criterios de solvencia

2.1. Solvencia económica e financeira: non se fixa expresamente no prego a forma de acreditación: *Expediente núm. 10* (*).

2.2. Solvencia técnica ou profesional: utilización do requisito de solvencia como criterio de valoración sometido a xuízo de valor: *Expedientes núm. 14, 24 e 25*.

3. Confección e aprobación de pregos

3.1. Cláusulas contraditorias nos prazos de presentación da documentación por parte do adxudicatario: *Expediente núm. 12*.

3.2. Erro no importe de licitación (sen constancia de corrección posterior): *Expediente núm. 30*.

3.3. Falta de resolución expresa de aprobación do expediente, do gasto e dos pregos: *Expediente núm. 14* (*).

3.4. Falta de resolución expresa de aprobación do expediente: *Expedientes núm. 24, 25 e 28* (*).

⁶ As referencias relativas ao núm. de expediente correspóndense co número de orde do Anexo 1

(*) Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións

3.5. Falta de resolución expresa de aprobación dos pregos (súplese coa súa firma polo órgano de contratación): *Expedientes núm. 21, 22, 23, 26, 27 e 29 a 40.*

3.6. Incongruencia entre a tramitación de urxencia prevista no prego e os prazos establecidos. Ausencia de resolución de declaración de tramitación de urxencia: *Expediente núm. 20.*

3.7. Omisión da certificación de existencia de crédito ou de documento contable RC tramitándose directamente a autorización do gasto (documento contable A), agás nos contratos suxeitos a aprobación previa do Consello da Xunta, nos que si consta o documento RC: *Expedientes núm. 21 a 23, 26, 27, 29 a 40* (*).

4. Criterio prezo (oferta económica)

4.1. Establecemento dun límite de saciedade ao fixarse o tipo de baixa temeraria nunha porcentaxe do orzamento de licitación (segundo diversos pronunciamentos dos tribunais contractuais esta fórmula desincentiva a presentación de ofertas económicas por baixo do límite prefixado): *Expedientes núm. 1, 2, 12, 13, 14, 21 e 22.*

4.2. Establecemento de fórmulas polinómicas para a valoración da oferta económica. Utilización como cociente ponderador do importe considerado como temerario. Esta situación provoca que, en xeral, a oferta económica non teña o peso específico inicialmente fixado nos pregos.

4.3. Incidencias na aplicación práctica das fórmulas aplicadas:

4.3.1. Erro de cálculo na puntuación en 0,82 puntos que non afectou á adxudicación: *Expediente núm. 1.*

4.3.2. Incorrecta aplicación da fórmula de cálculo: o parámetro “baixa desproporcionada” fíxase no prego nun 20% do orzamento de licitación, sendo aplicado efectivamente un 25%. Esta incidencia non afectou á adxudicación: *Expediente núm. 13.*

4.3.3. Inexistencia de desagregación da puntuación dos criterios automáticos (incluído o prezo). Coa información dispoñible habería unha diferenza de 2 puntos entre a puntuación consignada na acta e o efectivamente calculado. Esta incidencia non afectou á adxudicación xa que só había un ofertante: *Expediente núm. 15, Lote 1.*

4.3.4. Diferenza de puntuación entre a que figura na acta e a proposta da mesa de contratación. Esta incidencia non afectou á adxudicación: *Expediente núm. 16, Lote 2.*

4.3.5. Definición contraditoria do criterio de baixa temeraria, incluída no cálculo da valoración do prezo. Esta incidencia non afectou á adxudicación: *Expediente núm. 29.*

(*) Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións



5. Outros criterios avaliados de forma automática

5.1. Falta de proporcionalidade: *Expediente núm. 2*

No prego defínese como un dos criterios automáticos a existencia dunha base operativa para a aeronave de substitución. Outórgase a puntuación máxima cando dita base se estableza nos aeroportos da Coruña ou Santiago de Compostela, non obtendo puntuación calquera outra base incluída nunha distancia superior a 600 km.

Doutra banda, prevese unha puntuación máxima de 5 puntos para as ofertas cunha redución do tempo de resposta con respecto ao máximo establecido de 2 horas. Non se aplica unha fórmula senón unha escala de valoración que non garda a correcta proporcionalidade, producíndose un potencial "erro de salto" (se un licitador ofertase 1 hora de resposta obtería o máximo de 5 puntos, mentres que outro que ofertase 1 hora e 1 minuto obtería como máximo 2 puntos).

5.2. Valoración dos criterios automáticos por un órgano técnico alleo á mesa de contratación: *Expedientes núm. 31 e 32.*

6. Criterios non avaliados de forma automática

6.1. Definición moi xenérica e pouco concreta destes criterios: *Expedientes núm. 1, 2, 4, 13 e 30.*

A título de exemplo, no expediente núm. 30, o plan de mantemento non se define, quedando como un concepto aberto. Ante a heteroxeneidade de formulacións realizadas polos licitadores o comité avaliador adoptou criterios de valoración que non estaban contemplados nos pregos, o que menoscaba a transparencia no proceso para os licitadores.

6.2. Falta de desagregación en subcriterios : *Expedientes núm. 1, 2 e 13.*

6.3. Conceptuación de criterios automáticos como criterios sometidos a xuízo de valor (obtención de bonificacións ou rappels): *Expedientes núm. 5 e 6.*

6.4. Inclusión de criterios a valorar no prego de prescricións técnicas: *Expedientes núm. 5, 6, 7, 16, 22 e 31.*

6.5. Emprego de unidades de medida xenéricas (por ex. bo, moi bo, aceptable) para valorar criterios: *Expedientes núm. 1, 2 e 5.*

6.6. Consideración de requisitos mínimos de calidade como criterios de valoración, de forma que se cualifican ofertas como deficientes ou non aceptables, cando deberían ser excluídas de valoración: *Expedientes núm. 7 e 26.*

- 6.7. Falta de establecemento de límites de calidade que ponderen as condicións técnicas mínimas esixidas que determinen a exclusión do licitador: *Todos os Expedientes excepto os núm. 3, 21 e 28.*
- 6.8. Excesiva concreción de requisitos establecidos nas prescricións técnicas, o que determina a exclusión da práctica totalidade de licitadores: *Expediente núm. 31.*
- 6.9. Falta de motivación suficiente nos informes técnicos que avalían os aspectos non obxectivables (asígnanse puntuacións sen explicitar a súa razón): *Expedientes núm. 12, 14, 15, 16, 24, 25, 27 e 28.*
- 6.10. Incorrecta motivación do informe valorativo dos criterios subxectivos: *Expediente núm. 7.*
- 6.11. Discrepancia entre os criterios fixados nos pregos e os establecidos no anexo IV destes. O órgano xestor adecuouse aos fixados no prego: *Expediente núm. 4.*
- 6.12. Indeterminación na ponderación de subcriterios : *Expediente núm. 6.*
- 6.13. Indefinición previa da fórmula de ponderación dos informes emitidos por diferentes servizos: *Expedientes núm. 13 e 16.*
- 6.14. Inclusión de requisitos de solvencia técnica dentro dos criterios de adxudicación e falta de proporcionalidade na valoración: *Expediente núm. 14.*
- 6.15. Non consta a data de emisión de informe: *Expediente núm. 12 (*)*.

7. Licitación, adxudicación e formalización dos contratos

- 7.1. Falta de certificación do rexistro das ofertas presentadas: *Expedientes núm. 12, 17, 18 e 19.*
- 7.2. En termos xerais, a redacción das actas das mesas de contratación adoecen de certas deficiencias xa que non permiten determinar coa facilidade debida un seguimento das actuacións practicadas.
- 7.3. Solicitude extemporánea de xustificación de baixa temeraria, con posterioridade á valoración das ofertas: *Expediente núm. 16 (*)*.
- 7.4. Falta de formalización do acordo marco: *Expedientes núm. 4, 5, 6, 7, 15 e 16.*
- 7.5. Falta de formalización do contrato derivado do acordo marco: *Expediente núm. 12.*

(*) Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións



7.6. Non constancia da desagregación das anualidades no contrato, aínda que non sexa preceptivo: *Expedientes núm. 21, 27 e 30* (*).

7.7. Ausencia de consignación no documento de formalización da prórroga do contrato das unidades, prezo unitario e importe máximo previsto: *Expediente núm. 31*.

7.8. Aprobación extemporánea do gasto correspondente á prórroga do contrato: *Expedientes núm. 5 e 6*.

8. Procedemento negociado

8.1. Procedementos negociados por exclusividade técnica: inexistencia de negociación aínda cando se cursou unha única invitación á empresa capacitada. O obxectivo, a xuízo desta Institución sería conseguir que o licitador, que coñece a súa posición vantaxosa derivada da súa situación monopolística, axústese ás condicións esixidas pola administración e, á súa vez, obtéñanse vantaxes de tipo económico ou prestacional: *Expedientes núm. 8, 9, 34, 35 e 37* (*).

8.2. Procedementos negociados con concorrencia: falta de negociación cos ofertantes invitados, adxudicándose o contrato en virtude da aplicación dos criterios do prego e, polo tanto, reproducindo, na súa forma, o procedemento aberto: *Expedientes núm. 17, 18, 20 e 40*.

9. Contratación menor

9.1. *EOXI de Pontevedra*

Formalizáronse 41 contratos coa mesma empresa, cun importe acumulado de 135.000 euros, cuxo primeiro antecedente é de setembro de 2013. O seu obxecto é o servizo integral de impresión e mantemento de impresoras, fotocopiadoras e demais equipamento de características especiais (códigos de barras, impresión térmica, tintas especiais, etc.).

Apréciase un posible fraccionamento do contrato, dividindo artificialmente o seu obxecto (servizo relativo a impresoras láser, servizo relativo a impresoras de tinta, equipamento especiais) e concatenando varios contratos no tempo (cunha duración variable entre un e dous meses).

Ademais, desde a entrada en vigor da Lei 13/2014 non se apreciou que se cumprise a obriga, nos supostos nos que era preceptivo, da solicitude de tres ofertas.

Ante esta situación, o centro xestor licitou este servizo mediante un procedemento aberto, sendo adxudicatario, en setembro de 2014, unha empresa distinta por un prezo de 328.000 euros e cunha duración de 36 meses.

(*) Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións

9.2. EOXI da Coruña

9.2.1. Detectouse a formalización de ata catro contratos sucesivos no tempo, por importe cada un deles de 15.300 euros (sen IVE) e coa mesma empresa, para a atención de servizos loxísticos de sueroterapia para farmacia, podendo constituír un fraccionamento do contrato. *Expedientes ref.: CM- 14-095, 096, 125 e 138.*

9.2.2. A través de seis contratos co mesmo adxudicatario aténdese o transporte de analíticas do Hospital Virxe da Xunqueira, a recollida de mostras na ruta de "Costa da Morte " (área xeográfica de incidencia do citado hospital) e o transporte de mensaxería intra e extra hospitalaria, o que novamente pode supoñer un fraccionamento. *Expedientes ref.: CM- 14-023, 040, 043, 097, 102 e 103.*

9.2.3. Para o servizo de comedor dos profesionais do PAC da Coruña, formalízanse dous contratos menores co mesmo adxudicatario, por importe de 18.159 euros (IVE excluído) cada un e de duración semestral. Ambos os dous superan o límite establecido na lexislación vixente, á marxe da posible existencia de fraccionamento. *Expedientes ref.: CM-14-004 e 109.*

9.2.4. O mantemento das instalacións, edificios e equipamento de diversos centros de saúde do ámbito territorial da Coruña cubriuse mediante catro contratos por importe de 17.300 euros, os tres primeiros, e de 5.700 o último, o que supón un total de 57.600 euros en cómputo anual. Tales contratos subscribíronse para dar cobertura ao servizo durante o tempo transcorrido entre a terminación do contrato que existía e a tramitación do novo por procedemento aberto, o que demostra unha falta de planificación previa. *Expedientes ref.: CM-14-075, 124, 137 e 141.*

9.2.5. Apréciase un posible fraccionamento na contratación do servizo de transporte de profesionais do PAC de Carballo (*expedientes CM-14-048 e 114*) e do PAC de Betanzos (*expedientes CM-14-044 e 112*), así como dos servizos de comedor do PAC de Cambre (*expedientes CM-14-021 e 025*) e de Betanzos (*CM-14-010 e 110*).

ANEXO 4: ACTIVIDADE CONTRACTUAL DO SERGAS. PERÍODO 2012-2014⁷

Detalle por centros de gasto

(euros)

Exercicio	Entidade	Número exptes.	Número contratos	Importe licitación	Importe adjudicación	% baixa	% núm. contratos	% importe adjudicación
2012	EOXI A Coruña	31	87	14.429.781	11.710.279	-18,8%	21,5%	7,4%
	EOXI Ferrol	18	27	2.346.064	1.983.045	-15,5%	6,7%	1,2%
	EOXI Santiago	26	60	71.011.189	64.014.688	-9,9%	14,9%	40,2%
	EOXI Lugo	28	82	4.331.501	3.971.853	-8,3%	20,3%	2,5%
	EOXI Ourense	2	8	3.170.950	2.939.465	-7,3%	2,0%	1,8%
	EOXI Pontevedra	17	17	15.937.999	14.887.197	-6,6%	4,2%	9,3%
	EOXI Vigo	21	24	3.201.790	2.894.948	-9,6%	5,9%	1,8%
	SSCC	47	99	59.693.973	56.877.408	-4,7%	24,5%	35,7%
Total 2012		190	404	174.123.247	159.278.883	-8,5%	100,0%	100,0%
2013	EOXI A Coruña	11	20	15.876.713	14.163.754	-10,8%	6,7%	7,6%
	EOXI Ferrol	12	14	11.797.511	10.896.497	-7,6%	4,7%	5,8%
	EOXI Santiago	14	37	3.729.264	3.319.063	-11,0%	12,5%	1,8%
	EOXI Lugo	16	28	5.426.066	5.246.843	-3,3%	9,4%	2,8%
	EOXI Ourense	5	5	1.159.186	1.086.692	-6,3%	1,7%	0,6%
	EOXI Pontevedra	13	30	4.753.761	4.178.198	-12,1%	10,1%	2,2%
	EOXI Vigo	20	22	6.468.012	5.732.246	-11,4%	7,4%	3,1%
	SSCC	54	141	158.324.685	141.702.481	-10,5%	47,5%	76,1%
Total 2013		145	297	207.535.198	186.325.775	-10,2%	100,0%	100,0%
2014	EOXI A Coruña	15	29	46.064.583	40.740.173	-11,6%	8,1%	4,1%
	EOXI Ferrol	13	15	24.192.877	23.334.917	-3,5%	4,2%	2,3%
	EOXI Santiago	12	33	6.526.811	4.408.604	-32,5%	9,3%	0,4%
	EOXI Lugo	27	58	33.811.793	32.280.405	-4,5%	16,3%	3,2%
	EOXI Ourense	2	2	182.465.176	178.322.571	-2,3%	0,6%	17,9%
	EOXI Pontevedra	30	49	4.219.531	3.919.839	-7,1%	13,8%	0,4%
	EOXI Vigo	26	56	10.980.110	9.932.448	-9,5%	15,7%	1,0%
	SSCC	61	114	730.724.034	703.894.846	-3,7%	32,0%	70,6%
Total 2014		186	356	1.038.984.914	996.833.802	-4,1%	100,0%	100,0%
2012-2014	EOXI A Coruña	57	136	76.371.076	66.614.206	-12,8%	12,9%	5,0%
	EOXI Ferrol	43	56	38.336.452	36.214.458	-5,5%	5,3%	2,7%
	EOXI Santiago	52	130	81.267.264	71.742.355	-11,7%	12,3%	5,3%
	EOXI Lugo	71	168	43.569.361	41.499.101	-4,8%	15,9%	3,1%
	EOXI Ourense	9	15	186.795.312	182.348.729	-2,4%	1,4%	13,6%
	EOXI Pontevedra	60	96	24.911.291	22.985.234	-7,7%	9,1%	1,7%
	EOXI Vigo	67	102	20.649.912	18.559.642	-10,1%	9,6%	1,4%
	SSCC	162	354	948.742.692	902.474.735	-4,9%	33,5%	67,2%
Total período 2012-2014		521	1.057	1.420.643.359	1.342.438.461	-5,5%	100,0%	100,0%

⁷ Analízanse os principais ítems informativos respecto dos contratos formalizados no período a través da información facilitada polo Sergas e obtida do aplicativo CADMO (excluíndose os contratos menores)

Informe de fiscalización da contratación do Sergas. Exercicios 2012 a 2014

Detalle por tipo de contrato

(euros)

Exercicio	Tipo de contrato	Número exptes.	Número contratos	Importe licitación	Importe adjudicación	% baixa	% núm. contratos	% importe adjudicación
2012	Administrativos especiais	8	8	73.400	329.620	349,1%	2,0%	0,2%
	Obras	4	4	1.499.760	1.311.609	-12,5%	1,0%	0,8%
	Privados	1	1	55.500	55.500	0,0%	0,2%	0,0%
	Servizos	91	151	54.885.449	52.124.415	-5,0%	37,4%	32,7%
	Subministracións	81	233	113.746.419	101.595.019	-10,7%	57,7%	63,8%
	Xestión servizos púb.	5	7	3.862.719	3.862.719	0,0%	1,7%	2,4%
Total 2012		190	404	174.123.247	159.278.883	-8,5%	100,0%	100,0%
2013	Administrativos especiais	3	3	47.440	51.888	9,4%	1,0%	0,0%
	Obras	3	3	911.297	795.753	-12,7%	1,0%	0,4%
	Servizos	97	132	134.546.312	116.186.370	-13,6%	44,4%	62,4%
	Subministracións	40	127	51.020.620	48.282.237	-5,4%	42,8%	25,9%
	Xestión servizos púb.	2	32	21.009.528	21.009.528	0,0%	10,8%	11,3%
Total 2013		145	297	207.535.198	186.325.775	-10,2%	100,0%	100,0%
2014	Administrativos especiais	8	8	260.206	383.846	47,5%	2,2%	0,0%
	Obras	10	10	70.641.900	51.533.828	-27,0%	2,8%	5,2%
	Servizos	105	185	276.247.605	262.635.781	-4,9%	52,0%	26,3%
	Subministracións	50	140	91.048.758	81.493.903	-10,5%	39,3%	8,2%
	Xestión servizos púb.	13	13	600.786.445	600.786.445	0,0%	3,7%	60,3%
Total 2014		186	356	1.038.984.914	996.833.802	-4,1%	100,0%	100,0%
2012-2014	Administrativos especiais	19	19	381.046	765.354	100,9%	1,8%	0,1%
	Obras	17	17	73.052.957	53.641.189	-26,6%	1,6%	4,0%
	Privados	1	1	55.500	55.500	0,0%	0,1%	0,0%
	Servizos	293	468	465.679.366	430.946.566	-7,5%	44,3%	32,1%
	Subministracións	171	500	255.815.798	231.371.159	-9,6%	47,3%	17,2%
	Xestión servizos púb.	20	52	625.658.692	625.658.692	0,0%	4,9%	46,6%
Total período 2012-2014		521	1.057	1.420.643.359	1.342.438.461	-5,5%	100,0%	100,0%

Detalle por procedemento

(euros)

Exercicio	Procedemento	Número contratos	Importe licitación	Importe adxudicación	% baixa	% núm. contratos	% importe adxudicación
2012	Aberto	320	156.308.041	143.403.283	-8,3%	79,2%	90,0%
	Negociado	84	17.815.206	15.875.600	-10,9%	20,8%	10,0%
Total 2012		404	174.123.247	159.278.883	-8,5%	100,0%	100,0%
2013	Aberto	237	193.133.292	171.994.547	-10,9%	79,8%	92,3%
	Negociado	60	14.401.906	14.331.228	-0,5%	20,2%	7,7%
Total 2013		297	207.535.198	186.325.775	-10,2%	100,0%	100,0%
2014	Aberto	279	429.115.458	387.481.107	-9,7%	78,4%	38,9%
	Autorización de uso	12	306.445	306.445	0,0%	3,4%	0,0%
	Negociado	65	609.563.011	609.046.251	-0,1%	18,3%	61,1%
Total 2014		356	1.038.984.914	996.833.802	-4,1%	100,0%	100,0%
2012-2014	Aberto	836	778.556.791	702.878.937	-9,7%	79,1%	52,4%
	Autorización de uso	12	306.445	306.445	0,0%	1,1%	0,0%
	Negociado	209	641.780.123	639.253.079	-0,4%	19,8%	47,6%
Total período 2012-2014		1.057	1.420.643.359	1.342.438.461	-5,5%	100,0%	100,0%

Detalle por grao de centralización euros)

(euros)

Exercicio		Número contratos	Importe licitación	Importe adxudicación	% baixa	% núm. contratos	% importe adxudicación
2012	Integrados / centralizados	29	27.712.343	25.496.090	-8,0%	7,2%	16,0%
	Non integrados	375	146.410.904	133.782.793	-8,6%	92,8%	84,0%
Total 2012		404	174.123.247	159.278.883	-8,5%	100,0%	100,0%
2013	Integrados / centralizados	62	109.907.266	95.616.322	-13,0%	20,9%	51,3%
	Non integrados	235	97.627.932	90.709.453	-7,1%	79,1%	48,7%
Total 2013		297	207.535.198	186.325.775	-10,2%	100,0%	100,0%
2014	Integrados / centralizados	38	31.560.666	26.125.374	-17,2%	10,7%	2,6%
	Non integrados	318	1.007.424.248	970.708.429	-3,6%	89,3%	97,4%
Total 2014		356	1.038.984.914	996.833.802	-4,1%	100,0%	100,0%
2012-2014	Integrados / centralizados	129	169.180.275	147.237.786	-13,0%	12,2%	11,0%
	Non integrados	928	1.251.463.084	1.195.200.675	-4,5%	87,8%	89,0%
Total período 2012-2014		1.057	1.420.643.359	1.342.438.461	-5,5%	100,0%	100,0%

Informe de fiscalización da contratación do Sergas. Exercicios 2012 a 2014

Por forma de tramitación

(euros)

Exercicio	Forma tramitación	Número contratos	Importe licitación	Importe adjudicación	% baixa	% núm. contratos	% importe adjudicación
2012	Ordinaria	398	172.798.065	158.116.620	-8,5%	98,5%	99,2%
	Urxente	6	1.325.182	1.162.264	-12,3%	1,5%	0,8%
Total 2012		404	174.123.247	159.278.883	-8,5%	100,0%	100,0%
2013	Ordinaria	231	178.676.463	157.532.047	-11,8%	77,8%	86,1%
	Urxente	66	28.858.735	28.793.728	-0,2%	22,2%	13,9%
Total 2013		297	207.535.198	186.325.775	-10,2%	100,0%	100,0%
2014	Ordinaria	350	1.036.287.406	996.027.779	-3,9%	98,3%	99,7%
	Urxente	6	2.697.508	806.024	-70,1%	1,7%	0,3%
Total 2014		356	1.038.984.914	996.833.802	-4,1%	100,0%	100,0%
2012-2014	Ordinaria	979	1.387.761.934	1.311.676.446	-5,5%	92,6%	97,7%
	Urxente	78	32.881.425	30.762.015	-6,4%	7,4%	2,3%
Total período 2012-2014		1.057	1.420.643.359	1.342.438.461	-5,5%	100,0%	100,0%

Atendendo á súa suxeición a regulación harmonizada

(euros)

Exercicio		Número contratos	Importe licitación	Importe adjudicación	% baixa	% núm. contratos	% importe adjudicación
2012	Harmonizado	195	144.455.582	132.950.698	-8,0%	48,3%	83,5%
	Non harmonizado	209	29.667.665	26.328.185	-11,3%	51,7%	16,5%
Total 2012		404	174.123.247	159.278.883	-8,5%	100,0%	100,0%
2013	Harmonizados	124	115.114.013	104.806.563	-9,0%	41,8%	56,2%
	Non harmonizados	173	92.421.185	81.519.212	-11,8%	58,2%	43,8%
Total 2013		297	207.535.198	186.325.775	-10,2%	100,0%	100,0%
2014	Harmonizados	161	385.872.973	352.257.158	-8,7%	45,2%	35,3%
	Non harmonizados	195	653.111.941	644.576.645	-1,3%	54,8%	64,7%
Total 2014		356	1.038.984.914	996.833.802	-4,1%	100,0%	100,0%
2012-2014	Harmonizados	480	645.442.568	590.014.418	-8,6%	45,4%	44,0%
	Non harmonizados	577	775.200.792	752.424.043	-2,9%	54,6%	56,0%
Total período 2012-2014		1.057	1.420.643.359	1.342.438.461	-5,5%	100,0%	100,0%



Atendendo ao seu carácter plurianual

(euros)

Exercicio		Número contratos	Importe licitación	Importe adjudicación	% baixa	% núm. contratos	% importe adjudicación
2012	Plurianual	326	167.573.053	153.649.802	-8,3%	80,7%	96,5%
	Non plurianual	78	6.550.194	5.629.081	-14,1%	19,3%	3,5%
Total 2012		404	174.123.247	159.278.883	-8,5%	100,0%	100,0%
2013	Plurianuais	269	201.818.044	180.973.233	-10,3%	90,6%	97,1%
	Non plurianuais	28	5.717.155	5.352.542	-6,4%	9,4%	2,9%
Total 2013		297	207.535.198	186.325.775	-10,2%	100,0%	100,0%
2014	Plurianuais	288	1.033.467.821	992.341.114	-4,0%	80,9%	99,5%
	Non plurianuais	68	5.517.093	4.492.688	-18,6%	19,1%	0,5%
Total 2014		356	1.038.984.914	996.833.802	-4,1%	100,0%	100,0%
2012-2014	Plurianuais	883	1.402.858.918	1.326.964.150	-5,4%	83,5%	98,8%
	Non plurianuais	174	17.784.441	15.474.311	-13,0%	16,5%	1,2%
Total período 2012-2014		1.057	1.420.643.359	1.342.438.461	-5,5%	100,0%	100,0%

Atendendo ao establecemento da posibilidade de prórroga

(euros)

Exercicio		Número contratos	Importe licitación	Importe adjudicación	% baixa	% núm. contratos	% importe adjudicación
2012	Prorrogable	296	98.412.387	89.910.574	-8,6%	73,3%	56,4%
	Non prorrogable	108	75.710.860	69.368.310	-8,4%	26,7%	43,6%
Total 2012		404	174.123.247	159.278.883	-8,5%	100,0%	100,0%
2013	Prorrogables	245	186.767.497	166.691.263	-10,7%	82,5%	89,5%
	Non prorrogables	52	20.767.702	19.634.512	-5,5%	17,5%	10,5%
Total 2013		297	207.535.198	186.325.775	-10,2%	100,0%	100,0%
2014	Prorrogables	214	694.668.403	683.048.533	-1,7%	60,1%	68,5%
	Non prorrogables	142	344.316.511	313.785.269	-8,9%	39,9%	31,5%
Total 2014		356	1.038.984.914	996.833.802	-4,1%	100,0%	100,0%
2012-2014	Prorrogables	755	979.848.286	939.650.370	-4,1%	71,4%	70,0%
	Non prorrogables	302	440.795.073	402.788.091	-8,6%	28,6%	30,0%
Total período 2012-2014		1.057	1.420.643.359	1.342.438.461	-5,5%	100,0%	100,0%

Informe de fiscalización da contratación do Sergas. Exercicios 2012 a 2014

Financiamento con fondos europeos

		(euros)					
Exercicio		Número contratos	Importe licitación	Importe adjudicación	% baixa	% núm. contratos	% importe adjudicación
2012	Financiado con fondos europeos	28	11.741.026	10.994.021	6,4%	6,9%	6,9%
	Non financiado con fondos europeos	376	162.382.221	148.284.862	8,7%	93,1%	93,1%
Total 2012		404	174.123.247	159.278.883	8,5%	100,0%	100,0%
2013	Financiado con fondos europeos	27	22.185.242	20.447.606	7,8%	9,1%	11,0%
	Non financiado con fondos europeos	270	185.349.956	165.878.169	10,5%	90,9%	89,0%
Total 2013		297	207.535.198	186.325.775	10,2%	100,0%	100,0%
2014	Financiados con fondos europeos	28	91.105.696	71.018.584	22,0%	7,9%	7,1%
	Non financiados con fondos europeos	328	947.879.218	925.815.219	2,3%	92,1%	92,9%
Total 2014		356	1.038.984.914	996.833.802	4,1%	100,0%	100,0%
2012-2014	Financiados con fondos europeos	83	125.031.964	102.460.211	18,1%	7,9%	7,6%
	Non financiados con fondos europeos	974	1.295.611.395	1.239.978.250	4,3%	92,1%	92,4%
Total período 2012-2014		1.057	1.420.643.359	1.342.438.461	5,5%	100,0%	100,0%

Detalle por tramitación anticipada de gasto

		(euros)					
Exercicio		Número contratos	Importe licitación	Importe adjudicación	% baixa	% núm. contratos	% importe adjudicación
2012	Anticipado normal	101	87.002.479	77.274.761	-11,2%	25,0%	48,5%
	Anticipado especial	1	800.000	640.000	-20,0%	0,2%	0,4%
	Non anticipado	302	86.320.768	81.364.123	-5,7%	74,8%	51,1%
Total 2012		404	174.123.247	159.278.883	-8,5%	100,0%	100,0%
2013	Anticipado normal	38	27.765.575	27.516.534	-0,9%	12,8%	14,8%
	Non anticipado	259	179.769.624	158.809.241	-11,7%	87,2%	85,2%
Total 2013		297	207.535.198	186.325.775	-10,2%	100,0%	100,0%
2014	Anticipado normal	67	213.424.103	207.735.123	-2,7%	18,8%	20,8%
	Non anticipado	289	825.560.810	789.098.680	-4,4%	81,2%	79,2%
Total 2014		356	1.038.984.914	996.833.802	-4,1%	100,0%	100,0%
2012-2014	Anticipado normal	206	328.192.157	312.526.417	-4,8%	19,5%	23,3%
	Anticipado especial	1	800.000	640.000	-20,0%	0,1%	0,0%
	Non anticipado	850	1.091.651.202	1.029.272.044	-5,7%	80,4%	76,7%
Total período 2012-2014		1.057	1.420.643.359	1.342.438.461	-5,5%	100,0%	100,0%



Detalle por emprego de publicidade na súa tramitación

(euros)

Exercicio		Número contratos	Importe licitación	Importe adxudicación	% baixa	% núm. contratos	% importe adxudicación
2012	Con publicidade	332	156.718.532	143.784.413	-8,3%	82,2%	90,3%
	Sen publicidade	72	17.404.715	15.494.470	-11,0%	17,8%	9,7%
Total 2012		404	174.123.247	159.278.883	-8,5%	100,0%	100,0%
2013	Con publicidade	246	193.727.005	172.565.872	-10,9%	82,8%	92,6%
	Sen publicidade	51	13.808.193	13.759.903	-0,3%	17,2%	7,4%
Total 2013		297	207.535.198	186.325.775	-10,2%	100,0%	100,0%
2014	Con publicidade	291	429.486.752	387.797.149	-9,7%	81,7%	38,9%
	Sen publicidade	65	609.498.162	609.036.653	-0,1%	18,3%	61,1%
Total 2014		356	1.038.984.914	996.833.802	-4,1%	100,0%	100,0%
2012-2014	Con publicidade	869	779.932.289	704.147.435	-9,7%	82,2%	52,5%
	Sen publicidade	188	640.711.070	638.291.026	-0,4%	17,8%	47,5%
Total 2012-2014		1.057	1.420.643.359	1.342.438.461	-5,5%	100,0%	100,0%

Informe de fiscalización da contratación do Sergas. Exercicios 2012 a 2014

Detalle polo número de anualidades previstas

(euros)

Exercicio	Número anualidades	Número contratos	Importe licitación	Importe adjudicación	% baixa	% núm. contratos	% importe adjudicación	
2012	1	80	10.599.346	8.301.436	-21,7%	19,8%	5,2%	
	2	156	21.347.687	18.661.340	-12,6%	38,6%	11,7%	
	3	112	46.098.135	42.170.640	-8,5%	27,7%	26,5%	
	4	37	35.441.466	34.570.207	-2,5%	9,2%	21,7%	
	5	17	5.653.815	5.788.337	2,4%	4,2%	3,6%	
	6	1	0	0		0,2%	0,0%	
	8	1	54.982.798	49.786.924	-9,4%	0,2%	31,3%	
Total 2012		404	174.123.247	159.278.883	-8,5%	100,0%	100,0%	
2013	1	28	2.423.513	2.188.861	-9,7%	9,4%	1,2%	
	2	134	59.131.546	56.725.992	-4,1%	45,1%	30,4%	
	3	81	52.560.492	46.750.004	-11,1%	27,3%	25,1%	
	4	10	34.016.027	30.003.072	-11,8%	3,4%	16,1%	
	5	44	59.403.621	50.657.846	-14,7%	14,8%	27,2%	
Total 2013		297	207.535.198	186.325.775	-10,2%	100,0%	100,0%	
2014	1	68	7.116.036	6.077.214	-14,6%	19,1%	0,6%	
	2	106	31.904.771	28.966.392	-9,2%	29,8%	2,9%	
	3	132	116.606.033	94.723.896	-18,8%	37,1%	9,5%	
	4	29	16.550.493	12.034.078	-27,3%	8,1%	1,2%	
	5	11	23.302.341	22.393.626	-3,9%	3,1%	2,2%	
	7	1	24.000	36.000	50,0%	0,3%	0,0%	
	9	2	622.964.800	622.356.460	-0,1%	0,6%	62,4%	
	10	1	30.150.480	26.354.250	-12,6%	0,3%	2,6%	
	11	2	1.747.200	0	-100,0%	0,6%	0,0%	
	13	1	6.822.585	6.131.140	-10,1%	0,3%	0,6%	
	15	1	0	0	-100,0%	0,3%	0,0%	
	16	2	181.796.176	177.760.747	-2,2%	0,6%	17,8%	
Total 2014		356	1.038.984.914	996.833.802	-4,1%	100,0%	100,0%	
2012-2014	1	176	20.138.895	16.567.511	-17,7%	16,7%	1,2%	
	2	396	112.384.004	104.353.724	-7,1%	37,5%	7,8%	
	3	325	215.264.659	183.644.540	-14,7%	30,7%	13,7%	
	4	76	86.007.986	76.607.357	-10,9%	7,2%	5,7%	
	5	72	88.359.776	78.839.809	-10,8%	6,8%	5,9%	
	6	1	0	0	0	0,1%	0,0%	
	7	1	24.000	36.000	50,0%	0,1%	0,0%	
	8	1	54.982.798	49.786.924	-9,4%	0,1%	3,7%	
	9	2	622.964.800	622.356.460	-0,1%	0,2%	46,4%	
	10	1	30.150.480	26.354.250	-12,6%	0,1%	2,0%	
	11	2	1.747.200	0	-100,0%	0,2%	0,0%	
	13	1	6.822.585	6.131.140	-10,1%	0,1%	0,5%	
	15	1	0	0	-100,0%	0,1%	0,0%	
	16	2	181.796.176	177.760.747	-2,2%	0,2%	13,2%	
	Total 2012-2014		1.057	1.420.643.359	1.342.438.461	-5,5%	100,0%	100,0%



Detalle por adxudicatarios

(euros)

Exercicio	Adxudicatario	Número. contratos	Importe licitación	Importe adxudicación	% baixa	% núm. contratos	% importe adxudicación
2012	CLECE, S.A.	4	55.322.628	50.110.613	-9,4%	1,0%	31,5%
	OXIMESA, S.L.	4	12.864.225	12.864.225	0,0%	1,0%	8,1%
	AIR LIQUIDE MEDICINAL, S.L.U.	3	8.291.958	8.243.053	-0,6%	0,7%	5,2%
	LIMPISA GRUPO NORTE, S.A.	1	8.577.109	7.972.560	-7,0%	0,2%	5,0%
	GASMEDI 2000, S.A.	5	7.316.017	7.199.973	-1,6%	1,2%	4,5%
	SIEMENS HEALTHCARE DIAGNOSTICS, S.L.	14	8.246.327	6.837.164	-17,1%	3,5%	4,3%
	AMGEN, S.A.	2	7.129.654	6.614.684	-7,2%	0,5%	4,2%
	HEWLETT PACKARD ESPAÑOLA, S.L.	8	6.263.104	5.939.401	-5,2%	2,0%	3,7%
	MEDITERRANEA DE CATERING, S.L.	1	4.381.756	3.883.895	-11,4%	0,2%	2,4%
	HOSPIRA PRODUTOS FARMACEUTICOS E HOSPITALARIOS, S.L.	4	3.410.683	2.531.596	-25,8%	1,0%	1,6%
	Resto adxudicatarios (196)	358	52.319.785	47.081.721	-10,0%	88,6%	29,6%
Total 2012		404	174.123.247	159.278.883	-8,5%	100,0%	100,0%
2013	IBERICA DE MANTEMENTO, S.A.	6	33.892.226	25.142.003	-25,8%	2,0%	13,5%
	UTE CCLXXV TELEFONICA DE ESPAÑA SAU-TELEFONICA MOVILES	1	28.556.484	25.129.691	-12,0%	0,3%	13,5%
	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	1	16.974.810	16.974.810	0,0%	0,3%	9,1%
	VALORIZA FACILITIES, S.A.U.	1	7.754.837	7.117.390	-8,2%	0,3%	3,8%
	FERROSER SERVICIOS AUXILIARES, S.A.	1	7.680.000	6.969.830	-9,2%	0,3%	3,7%
	INDRA SISTEMAS, S.A.	4	5.375.062	4.819.164	-10,3%	1,3%	2,6%
	CLECE, SA	2	5.181.997	4.572.305	-11,8%	0,7%	2,5%
	ASOCIACION PROL ENFERMOS MENTAIS APEM	6	4.302.240	4.302.240	0,0%	2,0%	2,3%
	EDNON, S.L.	5	4.192.868	3.734.580	-10,9%	1,7%	2,0%
	COREMAIN, S.L.	4	3.752.095	3.353.387	-10,6%	1,3%	1,8%
	Resto adxudicatarios (163)	266	89.872.580	84.210.375	-6,3%	89,6%	45,2%
Total 2013		297	207.535.198	186.325.775	-10,2%	100,0%	100,0%
2014	POVISA, SA	1	600.480.000	600.480.000	0,0%	0,3%	60,2%
	FERROVIAL SERVICIOS, SA	1	181.781.176	177.685.747	-2,3%	0,3%	17,8%
	UTE: VIAS, SA + CRC, SL + EXTRACO, SA	1	57.985.550	41.140.000	-29,1%	0,3%	4,1%
	ALTAIR ENXEÑERÍA E APLICACIÓN, SA E GIROA, SA (UTE HOSPITAIS DA CORUÑA)	1	30.150.480	26.354.250	-12,6%	0,3%	2,6%
	FERROVIAL SERVIZO, SA E ENDESA ENERXÍA, SAU UTE	1	22.484.800	21.876.460	-2,7%	0,3%	2,2%
	CLECE, SA	2	22.166.985	21.383.249	-3,5%	0,6%	2,1%
	INSTITUTO XESTIÓN SANITARIA, SAU	1	13.208.159	11.874.042	-10,1%	0,3%	1,2%
	ELECNOR, SA	2	7.665.596	6.754.968	-11,9%	0,6%	0,7%
	NOVARTIS FARMACÉUTICA, SA	1	5.063.779	4.858.195	-4,1%	0,3%	0,5%
	ACCIONA FACILITY SERVICES, SA	1	5.014.462	4.812.414	-4,0%	0,3%	0,5%
	Resto adxudicatarios (207)	344	92.983.927	79.614.477	-14,4%	96,6%	8,0%
Total 2014		356	1.038.984.914	996.833.802	-4,1%	100,0%	100,0%

Informe de fiscalización da contratación do Sergas. Exercicios 2012 a 2014

Exercicio	Adxudicatario	Número. contratos	Importe licitación	Importe adxudicación	% baixa	% núm. contratos	% importe adxudicación
2012-2014	POVISA, S.A.	1	600.480.000	600.480.000	0,0%	0,1%	44,7%
	FERROVIAL SERVIZOS, S.A.	2	185.147.176	180.920.818	-2,3%	0,2%	13,5%
	CLECE, S.A.	8	82.671.609	76.066.167	-8,0%	0,8%	5,7%
	UTE: VIAS, S.A. + CRC, S.L. + EXTRACO, S.A.	1	57.985.550	41.140.000	-29,1%	0,1%	3,1%
	ALTAIR INGENIERIA E APLICACIÓNS, S.A. E GIROA, S.A. (UTE HOSPITAIES DA CORUÑA)	1	30.150.480	26.354.250	-12,6%	0,1%	2,0%
	IBERICA DE MANTEMENTO, S.A.	7	35.005.848	26.032.344	-25,6%	0,7%	1,9%
	UTE CCLXXV TELEFONICA DE ESPAÑA SAU-TELEFONICA MOVILES	1	28.556.484	25.129.691	-12,0%	0,1%	1,9%
	FERROVIAL SERVIZOS, S.A. E ENDESA ENERXIA, S.A.U. UTE	1	22.484.800	21.876.460	-2,7%	0,1%	1,6%
	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	2	17.523.926	17.523.925	0,0%	0,2%	1,3%
	INSTITUTO GESTION SANITARIA S.A.U.	2	14.378.159	13.004.590	-9,6%	0,2%	1,0%
	Resto adxudicatarios (438)	1.031	346.259.327	313.910.215	-9,3%	97,5%	23,4%
	Total 2012-2014		1.057	1.420.643.359	1.342.438.461	-5,5%	100,0%



Atendendo á causa do procedemento negociado

Período	Causa procedemento	Número contratos	Importe licitación	Importe adjudicación	% baixa	(euros)	
						% núm. contratos	% importe adjudicación
2012-2014	Adquisición en mercados organizados ou bolsas de materias primas	1	549.117	549.116	0,0%	0,5%	0,1%
	Contratos que non permitan fixar previamente o prezo	1	70.564	70.505	-0,1%	0,5%	0,0%
	Cando o contrato fose declarado segredo ou reservado	1	60.810	54.729	-10,0%	0,5%	0,0%
	Cando os servizos repítanse con outros similares ao mesmo contratista	1	18.200	7.253	-60,2%	0,5%	0,0%
	Cando non haxa ningunha oferta adecuada ou ningunha candidatura	20	7.428.629	5.492.177	-26,1%	9,6%	0,9%
	Cando non sexa posible adjudicalo por procedemento aberto ou restrinxido	7	1.038.305	1.052.076	1,3%	3,3%	0,2%
	Cando se presenten ofertas irregulares ou inaceptables	3	494.139	369.574	-25,2%	1,4%	0,1%
	Cando só poida encomendarse a un empresario determinado	90	23.930.482	23.918.583	0,0%	43,1%	3,7%
	En todo caso, cando o seu valor estimado sexa inferior a 100.000 euros	67	2.601.171	2.368.204	-9,0%	32,1%	0,4%
	En todo caso, cando o seu valor estimado sexa inferior a un millón de euros	9	1.552.208	1.334.453	-14,0%	4,3%	0,2%
	Entregas complementarias efectuadas polo provedor inicial	2	258.413	258.324	0,0%	1,0%	0,0%
	Obras complementarias que non figuren no proxecto inicial	1	80.191	80.191	0,0%	0,5%	0,0%
	Servizos complementarios que non figuren no proxecto inicial	1	76.975	76.975	0,0%	0,5%	0,0%
	Servizos públicos nos que non sexa posible promover concorrência na oferta	5	603.620.919	603.620.919	0,0%	2,4%	94,5%
Total 2012-2014		209	641.081.433	638.571.477	-0,4%	100,0%	100,0%



ALEGACIÓNS



Dirección Xeral de Recursos Económicos

Ref.: LV/lg



En contestación ao seu escrito núm. 1463 de data 15/11/2016, remitimos Alegacións ao Anteproxecto de Informe de Fiscalización da contratación do Servizo Galego de Saúde, correspondente aos exercicios 2012-2014.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2016

A directora xeral de Recursos Económicos

Lourdes Vilachán Angueira

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE SANIDADE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 30/11/2016 14:52:16

SAÍDA 23894 / RX 1732016



A Conselleira do Consello de Contas de Galicia
Área do Sergas

recursos.economicos@sergas.es
www.sergas.es
Tel. 881 542 761 - Fax 881 542 762
Edificio Administrativo San Lázaro
c.p. 15703 - Santiago de Compostela - A Coruña

galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



Dirección Xeral de Recursos Económicos

ALEGACIONES AO ANTEPROXECTO DE INFORME DE FISCALIZACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERGAS

EXERCICIO 2012-2014

I. A CONTRATACIÓN PÚBLICA NO SERGAS

I.1. O SERGAS COMO AXENTE COMPRADOR

I.1.1. DESCRICIÓN E CARACTERÍSTICAS DO ORGANISMO AUTÓNOMO

Observación (páxinas 9-12):

O modelo organizativo e de xestión do Sistema Público de Saúde de Galicia estrutúrase ao redor da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde (Sergas). A Consellería de Sanidade constitúese como un departamento da Administración Xeral da Xunta de Galicia e ten asignadas as funcións de autoridade sanitaria e dirección do sistema sanitario. O Sergas configúrase como un organismo autónomo de carácter administrativo adscrito á Consellería, ao que lle corresponde a prestación integrada dos servizos sanitarios.

O Sergas organízase ao redor dunha estrutura central e outra periférica na que se asenta o seu dispositivo asistencial. Esta última foi obxecto de modificación mediante o Decreto 168/2010, do 7 de outubro, que creou as estruturas de xestión integrada (EOXI), cuxa implantación se efectuou de forma progresiva, substituindo a anterior organización en ámbitos de atención especializada (complexos hospitalarios e hospitais), primaria (xerencias de primaria) e órganos de dirección descentralizada (direccións provinciais).

A continuación expónse unha comparativa da situación existente nos exercicios obxecto de fiscalización (ver tabla pág.10)

A capacidade contractual das EOXI na adquisición de bens e servizos atópase limitada a través de mecanismos de autorización previa en función da contía dos contratos. A Instrución 1/2012 da Dirección Xeral de Recursos Económicos regula o dito réxime de autorizacións nos seguintes termos:

a) Requirirán autorización previa da Dirección de Recursos Económicos os contratos cuxa contía exceda de 500.000 euros e os contratos de subministracións baixo a modalidade de arrendamento financeiro.

b) A formalización de calquera operación de carácter financeiro a medio ou longo prazo, como instrumentos de leasing, factoring e outros, cando o seu importe acumulado exceda os 200.000 euros, deberá contar coa correspondente autorización da Consellería de Facenda.

c) A tramitación de expedientes de contratación e de encomendas de xestión, cando o seu valor estimado ou o importe de gasto, respectivamente, sexa superior a 4 millóns de euros, requirirá autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Doutra banda, a estrutura dos servizos centrais non sufriu modificacións significativas durante o



Dirección Xeral de Recursos Económicos

período obxecto de fiscalización, residindo na Dirección Xeral de Recursos Económicos as funcións e competencias en materia de contratación.

Esta dirección xeral estrutúrase en tres subdireccións xerais, que desenvolven as funcións relacionadas coa actividade contractual. (ver esquema páx. 11)

En relación con este modelo organizativo cabe facer mención a determinadas disfuncionalidades que teñen o seu impacto na xestión contractual do organismo autónomo e que a continuación se sinalan:

a) A Consellería de Sanidade carece de unidades que desenvolvan as funcións en materia de contratación, realizándose estas polas unidades correspondentes do Sergas.

b) As funcións de dirección dos sistemas e tecnoloxías da información residen na Consellería de Sanidade; con todo, os créditos para a súa xestión están consignados no organismo autónomo.

Alegación:

A Dirección Xeral de Recursos Económicos actúa como órgano de contratación da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde evitando así a duplicidade de unidades administrativas con iguais funcións nos dos entes aínda que no caso da contratación da Consellería coa superior dirección de Secretaría Xeral.

No relativo ás funcións relacionadas coa actividade contractual que se desenvolven na Subdirección Xeral de Compras e Servizos, cómpre matizar que as funcións dos Servizos de Aproveitamento e de Coordinación de Servizos Xerais neste eido son as propias dunha unidade promotora (que se especifican no seguinte parágrafo), para un número importante de contratos centralizados de determinadas subministracións e servizos. Tamén participan na fase de autorización dos expedientes das EOXI que así o requiren, analizando, en función da materia, o contido dos pregos desde unha perspectiva técnica, toda vez que a perspectiva administrativa a revisa o Servizo de Contratación. As restantes funcións que realizan estes servizos, de acordo co Decreto de estrutura do Sergas, están máis vinculadas ao aprovisionamento e á loxística que á actividade contractual.

Cómpre alegar que tamén desenvolven funcións relacionadas coa actividade contractual outras unidades administrativas fóra da Dirección Xeral de Recursos Económicos que actúan como servizos técnicos promotores dos expedientes de contratación centralizados, ou non, que son tramitados polo Servizo de Contratación da SX de Compras e Servizos. As principais funcións das unidades promotoras son: a elaboración da memoria xustificativa da contratación, dos pregos de prescricións técnicas e dos criterios de solvencia e valoración nos pregos de cláusulas administrativas, a participación na mesa de contratación e a elaboración dos informes de valoración.

O mesmo concepto é aplicable á Subdirección Xeral de Investimentos onde existen: un servizo de Xestión que se encarga da contratación das obras e proxectos, un servizo promotor destas que o



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



Dirección Xeral de Recursos Económicos

de Servizo de Obras, e un Servizo de Montaxe e Equipamento que promove e contrata os equipamentos (sanitarios e non sanitarios).

As principais unidades administrativas promotoras son:

- Na Consellería de Sanidade: a Dirección Xeral de Saúde Pública e a Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información. Ocasionalmente actúan como servizos promotores o Servizo de Réxime Interior da SX de Réxime Xurídico e Administrativo e os Departamentos Territoriais da Consellería de Sanidade.
- No Servizo Galego de Saúde: a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, na que a Subdirección Xeral de Farmacia actúa como servizo promotor en todos os expedientes de contratación centralizada de produtos farmacéuticos. Tamén participa a dita Dirección Xeral, en distinta medida segundo o expediente, xunto co Servizo de Aproveccionamento da SX de Compras e Servizos, na tramitación de expedientes de contratación centralizada de implantes e produtos sanitarios, incluíndo os encomendados as EOXIs.

I.1.2. FERRAMENTAS DE XESTIÓN

I.1.2.1. SISTEMA DE ORDENACIÓN DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA (CADMO)

Observación (páxina 12-13):

Para os efectos de unificar a xestión informatizada da tramitación de expedientes de contratación, o Sergas conta cunha ferramenta de tipo corporativo, implantada na actualidade en todos os seus centros xestores, denominada CADMO.

Sen dúbida constitúe un instrumento importante para normalizar procedementos e, polo tanto, para garantir unha actuación administrativa fiel ao espírito das normas. A dita aplicación opera como un rexistro documentado de todos os trámites que comprende o expediente de contratación, desde o inicio ata a súa finalización, incorporando non só información rexistral, senón tamén a documentación xerada en soporte electrónico, aínda que non dunha forma uniforme e estandarizada. Ademais, o CADMO xera a información relativa ao perfil do contratante na web do Sergas e transvásase ao Rexistro de Contratos.

Con todo, do exame pormenorizado do sistema observáronse as seguintes incidencias:

- a) A cumprimentación de determinados campos non é homoxénea, variando a información dun centro de xestión a outro e non cubríndose en todos os supostos.*
- b) A pesar de que a información contida no Rexistro de Contratos deriva de forma directa desta aplicación, nos cruces efectuados púxose de manifesto a ausencia, no primeiro dos citados, dalgúns expedientes de contratación, ben de forma completa ou dalgún dos seus lotes.*
- c) Procedeuse así mesmo a un cruzamento informativo entre o CADMO e as publicacións en diario oficial dos anuncios de licitación e adxudicación, detectándose, nalgúns casos, discrepancias entre ambos os dous.*

SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

Por outra banda, esta ferramenta interconéctase co aplicativo LOGAS (ao que se fai referencia no seguinte apartado) que rexistra a actividade de subministración e almacenaxe, de forma que os produtos que son obxecto de licitación deben estar previamente incluídos no CADMO para que se poidan realizar pedidos.

Finalmente, hai que sinalar que non existe conexión do CADMO coa aplicación de contabilidade, o que supón unha evidente limitación en canto á súa utilidade.

Alegación:

No tocante ás incidencias observadas, procede alegar:

- a) Fíxose un importante esforzo por homoxeneizar a introdución de datos, reducindo as posibilidades de introdución de texto libre e obrigando a rexistrar como mínimo toda a información que se require, non só para publicar os expedientes no Perfil do Contratante e na Plataforma de Contratos, senón tamén para trasladar a súa información ao Rexistro de Contratos. Continúase a traballar neste sentido, modificando o CADMO e formando aos usuarios, nas principais novidades que se están a introducir, sobre todo de cara á publicidade e transparencia.
- b) O intercambio de datos entre CADMO e o Rexistro de Contratos é unha funcionalidade relativamente recente que require dun proceso semiautomático complexo no que participan sistemas de información intermedios como ACP e Xumco. Isto da lugar a erros puntuais que producen as incidencias detectadas. Estase a traballar na mellora do intercambio de datos entre ambas aplicacións.

I.1.2.2. APLICACIÓN LOGAS

Observación (páxina 13-14):

Este aplicativo xestiona todo o relacionado coa función de aprovisionamento, desde os pedidos ata a loxística e almacén, achegando melloras substanciais con respecto á anterior aplicación (SUMIN).

Como se sinalou con anterioridade, a adquisición de subministracións e servizos que ten como apoio un expediente de contratación necesita da súa codificación previa no CADMO, requisito imprescindible para poder realizar pedidos.

Doutra banda, as adquisicións que non contan con soporte contractual, é dicir, as que por razón da súa contía tramítanse a través de pedido directo ou contrato menor, xestiónanse de forma automatizada por este aplicativo, que mantén, para cada ítem ou produto do catálogo (ao que se fai referencia no apartado seguinte), rexistros das ofertas presentadas.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



Dirección Xeral de Recursos Económicos

A partir da información rexistrada, a aplicación realiza as propostas de compra atendendo aos parámetros de mantemento de stocks mínimos previamente fixados en virtude das análises históricas.

Entre ás disfuncionalidades apreciadas, aínda en vías de solventar, debe destacarse a pouca capacidade do programa de explotar información necesaria para un adecuado control de xestión. A estes efectos débese recorrer ao SIAC (Sistema de información de análise complexa), que é unha ferramenta moi útil á hora da extracción e análise, pero que precisa dunha formación específica que non todo o persoal posúe e que resta, ademais, tempo á xestión.

Alegación:

As propostas de compra fanse atendendo a parámetros de mantemento de stocks máximos e mínimos, con respecto ao material almacenable. Os artigos non almacenables son propostos polas unidades de consumo aos servizos de suministros.

A aplicación LOGAS contempla que todos os artigos de unha unidade de consumo estean catalogados e cunha estratexia de xestión (sistema Kamban, pacto de existencias, xestión unitaria, depósito de implantes e pedido a demanda).

No tocante á disfuncionalidade relativa á pouca capacidade do programa de explotar información para o control de xestión, cómpre alegar que non se prevé introducir dita capacidade neste programa. Como parte da estratexia TIC do Sergas, o SIAC é o sistema de información seleccionado para a explotación de datos, tanto no que se refire ao LOGAS como a outros sistemas de información corporativos.

Neste sentido, para mellorar as deficiencias detectadas, constituíronse dous grupos de traballo liderados polo Servizo de Aproveitamento da SX de Compras e Servizos e integrados por persoal de xestión de todas as EOxIs para definir, respectivamente, indicadores e informes operativos. Establecéronse uns indicadores e informes comúns a todas as EOxIs, se parametrizaron no SIAC os principais informes e se impartiu formación a todos os usuarios implicados na xestión. Aínda que os grupos remataron a parte fundamental do seu traballo, continúa sendo necesario revisar os informes resultantes da explotación do LOGAS, en particular como resultado da migración dos datos das existencias de SUMIN e da parametrización dos consumos.

I.1.3. MARCO CONTRACTUAL DO ORGANISMO AUTÓNOMO

I.1.3.1. CENTRAIS DE CONTRATACIÓN

Observación (páxina 15):

Está prevista a adquisición centralizada de medicamentos e produtos sanitarios no ámbito do Sistema Nacional de Saúde, coa finalidade de permitir a compra conxunta polos diferentes



Dirección Xeral de Recursos Económicos

servizos rexionais de saúde (aplicado fundamentalmente a vacinas e a determinados medicamentos).

No período fiscalizado constatouse a adhesión do Sergas a dúas contratacións realizadas polo Instituto Nacional de Xestión Sanitaria (INGESA): unha correspondente á adquisición do Factor VIII, relativo á farmacia, e outra a luvas de vinilo.

Doutra banda, a Estratexia Sergas 2014 define os obxectivos estratéxicos e as liñas de actuación do organismo autónomo para o período 2011-2014, que se inclúen nas memorias de obxectivos e programas dos orzamentos. En ambos os dous documentos destaca, como obxectivo operativo, o impulso da centralización de compras, con especial referencia aos medicamentos e produtos sanitarios. Faise mención a unha central de compras sen fixar a fórmula concreta na que se materializará (na memoria dos orzamentos para 2014 recóllese a súa creación unha vez posta en marcha a plataforma loxística), e sinálase a súa compatibilidade coa adhesión á central de compras estatal.

Á data de peche deste informe, aínda non existe, nin en fase de proxecto, a mencionada central de compras, a pesar de que si se avanzou de forma aceptable na centralización da plataforma loxística integral que, con todo, perde efectividade se as adquisicións se realizan en boa medida por parte de cada un dos centros de gasto.

Así mesmo, os plans económico-financeiros derivados da aplicación das normas de estabilidade conteñen medidas no ámbito da contratación pública no sector sanitario. No plan elaborado pola Comunidade Autónoma para o período 2012-2014 destacan as economías previstas na aplicación de procesos de centralización de compras. Con todo, non se puido contrastar o grao de execución dos aforros previstos coa súa implantación, ao non dispoñer de información debidamente estruturada.

Outra modalidade de contratación centralizada é a homologación, baseada na declaración da necesaria uniformidade de obras, bens e servizos, de tal forma que unha vez seleccionadas as empresas, os seus correspondentes bens e servizos pasan a ter a consideración de homologados. O procedemento de selección tramitase no marco dos sistemas de racionalización. Os centros adheridos están obrigados a contratar coas empresas elixidas.

Durante o período fiscalizado o Sergas non estableceu esta modalidade. Con todo, si veu desenvolvendo procesos de contratación que gardaban certa similitude cun sistema de homologación e que foron tramitados mediante os denominados sistemas de determinación de tipo.

Como se pode apreciar, existe, tanto no Estado (Programas nacionais de reformas, Informe CORA ...) como na Comunidade Autónoma, unha importante coincidencia á hora de considerar como valor estratéxico do sistema os procesos relacionados coa xestión centralizada dos servizos de contratación. Con todo, a posta en marcha destes procesos é relativamente escasa na práctica.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

Alegacións:

O Servizo Galego de Saúde non considerou apropiado adherirse ás restantes contratacións do INGESA realizadas no período de análise (2012-2014) por diversos motivos que se atopan incluídos nas memorias que acompañan as autorizacións, polo Consello da Xunta, dos acordos de adhesión. Os motivos principais son: contratos centralizados vixentes para eses mesmos produtos no Sergas, prezos de licitación superiores aos prezos de compra do Sergas e non incluírse nos expedientes do INGESA a posibilidade de realizar valoracións subxectivas para produtos que son dificilmente avaliábeis só con criterios obxectivos.

O proxecto da central de compras existe, forma parte do Proxecto Punto e denomínase Punto Com. Non se facilitou ao Consello de Contas o borrador do proxecto por non estar aínda aprobado pola dirección do organismo autónomo. En todo caso, séguese avanzando cara a ter unha central de compras, realizando compras agregadas que unifiquen os produtos almacenados na Plataforma Loxística do Sergas.

I.1.3.2. ACORDOS MARCO

Observación (páxina 16):

Conforme ao art. 196 do TRLCSP permítese chegar a un acordo cun ou varios adxudicatarios co fin de establecer as condicións que rexan os contratos que se formalizarán durante un período determinado. Non se trata, pois, dun contrato especial, nin dun procedemento de contratación ou de adxudicación, senón dun sistema de racionalización técnica da contratación pública.

O Sergas, tal como quedará reflectido ao longo deste informe, recorre, en virtude das disposicións contidas no TRLCSP, á figura do acordo marco pechado cun só operador, onde a administración adxudica o contrato a un único empresario, seleccionado conforme ao procedemento regulador desta figura.

Na práctica totalidade dos supostos non existiu negociación ulterior e os contratos derivados son un acto mecánico que reproduce ao acordo marco suscrito, ao definirse naquel todos os elementos esenciais do contrato.

Alegación:

Respecto a este punto dicir que en realidade non se recorre a figura do Acordo Marco pechado cun só operador, o que se fan son procedementos abertos de subministración sucesiva, nos que o empresario obrígase a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de realizar o contrato por estar subordinadas as entregas as necesidades do adquirente, e onde a adxudicación do contrato efectúase de acordo coas normas previstas no Capítulo II do Título II do Libro III do TRLCSP para os acordos marco realizados cun único empresario.

SERVICIO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

I.1.3.3. SISTEMAS DINÁMICOS DE ADQUISICIÓN

Observación (páxina 16):

Os sistemas dinámicos de adquisición (como técnica de racionalización) son un procedemento de adquisición enteiramente electrónico para compras de uso corrente. O termo "contratación pública electrónica" designa a utilización de medios electrónicos no tratamento das operacións e na comunicación cos terceiros por parte dos organismos do sector público á hora de adquirir bens e servizos ou licitar obras públicas. Supón a introdución de procedementos electrónicos para sustentar as distintas fases do proceso de contratación (publicación de anuncios de licitación, subministración de pregos de condicións, presentación de ofertas, avaliación, adxudicación, realización de pedidos, facturación e pago).

No marco das políticas corporativas para o desenvolvemento da administración electrónica, a Comunidade Autónoma aprobou o Decreto 3/2011, que destina o capítulo II á regulación do sistema de licitación electrónica.

O Sergas non realizou procedementos de contratación electrónica nos seus procesos de compra.

Alegación:

O Sergas non realizou procedementos de contratación electrónica porque carece dun sistema de información para tal función. Estamos á espera de implantar a ferramenta corporativa da Xunta de Galicia que se atopa en fase de proba noutra Consellería.

I.1.3.4. MEDIDAS DE RACIONALIZACIÓN

Observación (páxinas 17-18):

Neste contexto de utilización estratéxica da contratación pública, a Comunidade Autónoma adoptou diferentes medidas no marco de políticas corporativas, das que se deben destacar as seguintes:

En primeiro lugar, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que destina o seu título II á racionalización e redución de custos na contratación do sector público autonómico.

Esta norma potencia a utilización de medios propios e a centralización de contratos, para conseguir economías de escala (garantírase a división en lotes dos grandes contratos para favorecer ás Pemes).

O texto fomenta o uso das novas tecnoloxías para incrementar a concorrência na contratación e reducir custos á empresas e á cidadanía. Así mesmo, implanta mecanismos de reforzo dos principios de concorrência, publicidade, igualdade de trato e transparencia. Cabe destacar a obriga que introduce de que os órganos de contratación deban convidar para a formulación de



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



Dirección Xeral de Recursos Económicos

ofertas, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible, nos procedementos negociados por razón da contía que non requiran de anuncio de licitación, nos contratos menores de obras de importe superior a 25.000 euros, e nos restantes contratos menores de importe superior a 9.000 euros.

No mes de xullo de 2014 aprobouse o Plan de mellora da contratación pública e en setembro o Catálogo de medios e prestacións susceptibles de autoprovisión, tomándose razón no Consello da Xunta das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación que sexa obxecto de contratación centralizada. Non existe constancia da súa extensión ao Sergas.

En decembro establécense os modelos de cláusulas que se terán que incluír nos procedementos negociados, co fin de regular a fase de negociación que se deberá seguir.

A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e de boa administración, incorpora maiores esixencias en materia de contratación respecto de criterios de calidade, á vez que crea o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na actualidade existe un Manual de acceso ás licitacións e as seguintes guías aprobadas polo Consello da Xunta:

- a) Guía da colaboración público-horizontal da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- b) Guía de boas prácticas para favorecer a contratación pública de innovación en Galicia.*
- c) Guía para unha contratación pública socialmente responsable no sector público autonómico.*
- d) Guía de boas prácticas nos procedementos de contratación das TIC.*
- e) Guía de boas prácticas na determinación dos criterios de adxudicación nos pregos dos expedientes de contratación financiados con fondos europeos.*

En definitiva, como se sinala ao comezo deste informe, a función de aprovisionamento de bens e servizos que desenvolve o Sergas ten un importante compoñente estratéxico no que o organismo debe afondar como axente corporativo.

Alegación:

O Consello da Xunta, na súa reunión do 18 de setembro de 2014, adoptou o acordo polo que se aproba o catálogo de medios e prestacións susceptibles de autoprovisión, e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada (DOG nº 7, do 13 de xaneiro de 2015). O Anexo II contén a relación de prestacións susceptibles de contratación centralizada.

A participación nos contratos promovidos de forma centralizada pola Xunta de Galicia non está recollida no CADMO, no que só figuran os procedementos tramitados polo Servicio Galego de Saúde, con ou sen publicidade. A participación nestes contratos materialízase coa elaboración dos documentos contables que sexan requiridos nas distintas fases da contratación RC, A e D, que se remiten á Consellería que tramita o procedemento, xunto cun escrito no que consta a vontade da



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

adhesión (co documento RC), valorándose previamente de forma interna a conveniencia de dita adhesión.

O Servizo Galego de Saúde participa nos seguintes contratos promovidos no marco da contratación centralizada da Xunta de Galicia, no período 2012-2014:

- Servizo de comunicacións postais e telegráficas da Xunta de Galicia, formalizado o 31 de xullo de 2012, cunha duración inicial de 24 meses, e prorrogado ata o 31 de xullo de 2016.
- Contrato de subministración de enerxía eléctrica aos centros de consumo da REDEXGA, formalizado o 10 de outubro de 2013 polo período comprendido entre o 11 de outubro de 2013 e o 31 de decembro de 2015, e prorrogado ata o 10 de outubro de 2017.
- Tamén se participa nos seguintes contratos de servizos, dos que se exclúe expresamente aos centros sanitarios e educativos, segundo o Anexo II citado no primeiro parágrafo desta alegación:
 - x Servizo de limpeza de edificios administrativos
 - x Servizo de mantemento de edificios administrativos
 - x Servizo de vixilancia e seguridade dos edificios administrativos

A partir do 2015

- Subministración de gas natural aos centros de consumo da Rede de Enerxía da Xunta de Galicia (REDEXGA), formalizado polo período comprendido entre o 1 de setembro de 2015 e o 31 de decembro de 2017, non prorrogable.
- Subministración sucesiva, por prezo unitario e a través de tarxetas con soporte magnético, de carburantes para vehículos e o servizo de telepeaxe e pago en autoestradas e lavado en máquinas de autolavado para os vehículos dos parques móbiles centrais e sectoriais da Xunta de Galicia. Formalizado o 20 de novembro de 2015 por un período de 24 meses prorrogables.

1.4 PLANIFICACIÓN E CONTROL

1.4.1. PLANIFICACIÓN E CONTRATACIÓN CENTRALIZADA

Observación (páxinas 23-24):

A pesar de constar como elemento estratéxico definido, a contratación centralizada carece de respaldo documental desde a finalización en 2009 do denominado Proxecto IntegraCom.

Da análise da información obtida conséntase que a mecánica operativa segue sendo moi similar á establecida no mencionado programa. Aínda que boa parte das adquisicións centralizadas se



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



Dirección Xeral de Recursos Económicos

tramitan por parte dos servizos centrais do Sergas, seguen existindo determinadas adquisicións cuxa tramitación recae nalgunha das EOXI.

De acordo co anterior, a Dirección Xeral de Recursos Económicos elabora un plan de compras, onde relaciona para cada un dos produtos ou servizos, a súa descrición, o importe estimado anual de compra, o seu estado ou o tipo de actuación previsto (novo contrato, prórroga, modificación, etc.), así como o órgano encargado da tramitación do expediente e a data de formalización prevista inicialmente.

Alegación:

A contratación centralizada ten como respaldo documental os plans anuais de compras, as encomendas de xestión ás EOXI, para a tramitación dos expedientes que lles corresponden, e os documentos de nomeamento e funcións dos grupos técnicos que participan na elaboración dos pregos. Tamén se inclúe, desde o ano 2015 nos ADX, entre os obxectivos das EOXI fixados pola Dirección Xeral de Recursos Económicos, un obxectivo vinculado á licitación e adjudicación dos contratos centralizados encomendados.

A execución do plan pode comprobarse mediante o uso das distintas ferramentas de xestión (CADMO e SIAC).

Achegase, a modo de exemplo, o documento do plan de compras centralizadas 2016-2017 que está a desenvolver o Sergas. O Plan é comunicado internamente pero non publicado.

1.5. MEDIOS HUMANOS ADSCRITOS Á CONTRATACIÓN

Cadro 5 (páxina 25):

Respecto dos medios humanos adscritos á contratación a 31.12.2014, cómpre alegar:

Os medios humanos adscritos á contratación no Servizo de Montaxe e Equipamento eran os seguintes:

- Grupo técnico/A1 e A2: 3, e non 5.
- Grupo C1: 2 e non 1.
- Total efectivos: 5, e non 6.

O persoal adscrito á contratación no Servizo de Xestión era o seguinte a 31.12.2014:

- Grupo técnico/A1 e A2: 1, e non 2.
- Grupo C1: 3 e non 2.
- Grupo C2: 2
- Total efectivos: 6



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

II. FISCALIZACIÓN DE CONTRATOS

II.4. ANÁLISE DA REVISIÓN EFECTUADA

II.4.2. CRITERIOS DE SOLVENCIA E PREGOS DE CLÁUSULAS

II.4.2.1. CRITERIOS DE SOLVENCIA

Observación (páxina 30):

En contratación pública, os licitadores que concorran teñen que demostrar, á marxe da súa capacidade xurídica e de obrar, que reúnen as condicións de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional para ser adxudicatario. Estes requisitos han de indicarse no anuncio de licitación e especificarse nos pregos do contrato, debendo estar vinculados ao seu obxecto e ser proporcionais a este (arts. 62 a 64 do TRLCSP).

A súa acreditación lévase a cabo polos medios que se establecen nos arts. 75 a 79.bis do TRLCSP, prevéndose a posibilidade de que a solvencia se acredite mediante o documento de clasificación, aínda que esta non fose esixible pola contía do contrato.

No Anexo 2 expónse unha síntese dos medios (requisitos) e criterios de acreditación esixidos nos pregos de cláusulas.

Con carácter xeral, non consta nos expedientes a xustificación dos criterios de solvencia elixidos e a súa adecuación á finalidade do contrato, en especial en determinados contratos de certa entidade e complexidade, co obxecto de asegurar a súa correcta execución.

Na práctica totalidade dos expedientes examinados incúmprase o establecido no art. 62.2 do TRLCSP, que establece que os requisitos mínimos de solvencia que deba reunir o empresario e a documentación requirida para acreditarlos indicáranse no anuncio de licitación, facéndose unha remisión xenérica ao disposto nos pregos.

Alegación:

O artigo 62.2 do TRLCSP establece que os requisitos de solvencia que deba reunir o empresario e a documentación requirida para acreditar os ditos requisitos **indicáranse** no anuncio de licitación e **especificáranse** no prego do contrato, debendo estar vinculados a seu obxecto e ser proporcionais a o dito obxecto.

Pois ben, nos anuncios o que se fai é indicar a cláusula do PCAP onde se poder ver os criterios esixidos e a forma de acreditarlos, evitando unha redacción exhaustiva deles no anuncio, o que só serviría para incrementar notablemente o importe xa moi elevado de ditos anuncios.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

II.4.7. DURACIÓN DOS CONTRATOS

Observación (páxinas 37-38):

A lexislación vixente determina que a duración dos contratos deberá establecerse en función da natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de sometemento periódico a concorrència. Na mostra de expedientes fiscalizados non se atopou evidencia de que exista a pertinente avaliación respecto deste extremo.

Debe terse en conta que o establecemento de prazos excesivamente longos supón unha certa limitación á competencia, ao erixirse como barreira para a entrada de novos operadores.

Por outra banda, a fixación de prazos de execución demasiado reducidos pode dificultar a amortización dos investimentos precisos para a prestación do contrato, ou a presentación de ofertas con condicións máis vantaxosas, ao non alcanzarse un determinado volume asegurado de negocio. Tamén se poden incrementar os custos de xestión da propia administración xa que, como se puxo de manifesto, a duración dos procesos contractuais é demasiado elevada.

As circunstancias expostas poñen énfase na necesidade da debida planificación da duración dos contratos, contraponendo as vantaxes e inconvenientes antes relacionados.

Procedeuse á análise dos prazos fixados nos contratos (subministracións e servizos), así como a súa duración real e efectiva, debido á existencia de eventuais prórrogas ou modificacións contractuais.

O detalle da información obtida é a que se mostra a continuación (ver cadros 15 e 16, páxina 38).

Alegación:

A posibilidade de prórroga dos contratos se recolle nos PCAP e tense en conta para calcular o seu valor estimado. Nas subministracións sucesivas se prorrogan os contratos só nos casos nos que se estime que unha nova licitación no vai supoñer melloras económicas, ou doutros aspectos, para a administración contratante.

Non se pode dicir que non se teña presente a dita posibilidade de prórroga que, por outra banda, enténdese razoable, ademais de nos casos xa citados no informe, naqueles de subministracións sucesivas nas que o proceso de valoración das ofertas e moi longo por utilizar o método de proba en uso.

II.6. CONTRATOS MENORES

II.6.1 ASPECTOS XERAIS

Observación (páxinas 39-40):



Dirección Xeral de Recursos Económicos

O contrato menor, regulado nos arts. 111 e 138.3 do TRLCSP, é unha figura de carácter excepcional (fronte aos contratos tramitados polos procedementos ordinarios –aberto e restrinxido–) que a lei establece coa finalidade de satisfacer de forma rápida aquelas necesidades de escasa contía e duración temporal. Configúrase como un sistema áxil e sinxelo, que require unicamente a aprobación do gasto e a factura correspondente.

Pódese recorrer á contratación menor para a formalización de contratos de obras que non excedan de 50.000 euros e para os de subministracións e servizos cuxa contía non supere os 18.000 euros, en todos os casos, IVE excluído.

En Galicia, a Lei de racionalización do sector público introduciu a obriga de promover a concorrència para este tipo de contratos cando o seu importe superase os 25.000 euros (obras) e os 9.000 euros (subministracións e servizos), ao esixir a invitación a un mínimo de tres empresas para participar na selección do contratista.

O emprego deste procedemento pode dar lugar ao fraccionamento dos contratos e a eludir os requisitos de publicidade, concorrència e obxectividade que inspiran a contratación do sector público.

Doutra banda, o uso excesivo deste proceder é contrario aos principios de programación e boa xestión, obviando a utilización de sistemas de racionalización da contratación pública.

Normalmente, a tramitación orzamentaria deste tipo de contratos supón a acumulación das distintas fases de gasto nun só acto, mediante a contabilización dun documento contable ADOK.

Da información obtida e reflectida nos cadros núm. 1 e 2 deste informe, o volume de operacións formalizadas mediante ADO concéntrase no art. 22 do orzamento, agrupándose fundamentalmente ao redor das adquisicións de produtos farmacéuticos, implantes e material sanitario e de laboratorio que, historicamente seguen esta forma de tramitación, convertendo en ordinario o que está previsto como excepcional.

Polo anteriormente exposto abóndase, como apartado particularizado, unha análise específica respecto das adquisicións de bens e servizos efectuadas a través desta vía contractual nos centros incluídos na mostra.

Alegación

O informe do Consello indica que a maior porcentaxe de expedientes tramitados mediante ADOK corresponde ao capítulo 2 "Gastos en bens correntes e servizos", concretamente no artigo 22. Esta porcentaxe concéntrase, principalmente, na adquisición de produtos farmacéuticos, implantes, material sanitario e material de laboratorio.

Produtos farmacéuticos

Polo que respecta á adquisición de produtos farmacéuticos hai que ter en conta que no sistema sanitario español existe unha libre prescrición dos facultativos, non sendo posible a substitución do medicamento prescrito. Unicamente existe unha posibilidade alternativa nun número moi



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



Dirección Xeral de Recursos Económicos

reducido de medicamentos que teñan exactamente o mesmo principio activo (xenéricos) e que no conxunto do gasto farmacéutico hospitalario representan unha porcentaxe moi reducida.

Para o resto dos principios activos nos que non existe máis ca un provedor, a concorrència non é posible. Si que é certo que se poderían realizar procedementos de contratación negociados por especificidade, pero neste caso non se mellorarían os prezos coa licitación ao non haber concorrència. Neste momento, ao prezo de adquisición, na meirande parte dos casos aplícaselles un *rappel*, que se concreta en forma de abono.

Por outra parte, a contratación ten dificultades para dar resposta a casos "emerxentes", como poden ser os novos tratamentos da hepatite C.

Material sanitario e implantes

Polo que se refire ao material sanitario e implantes hai que indicar que o ritmo de innovación tecnolóxica neste tipo de produtos implica cambios moi rápidos nos que se introducen melloras asistenciais e que levan a substitución dos anteriores, polo que en períodos de tempo curtos, aproximadamente dous anos, a renovación dos produtos é moi alta. Neste caso, os procedementos de contratación non se adecúan ao período útil dos citados produtos, xa que o mercado vai por diante dos procedementos de contratación.

Ademais, existen determinados produtos que teñen que ser necesariamente unha marca e un modelo concreto debido ás características particulares de cada paciente e/ou intervención cirúrxica (endopróteses aórticas, próteses de cadeira e xeonllo,...). Tamén nestes casos, para poder fomentar a competencia é necesaria a implicación dos facultativos para a homoxeneización dos produtos, o que resulta moi complicado, sobre todo, no caso dos implantes. Aínda así, estamos a traballar nas licitacións para a subministración de prótese de cadeira, xeonllo, e marcapasos, desfibriladores e eléctrodos. Xa está adxudicados os contratos de Stents cardiovasculares.

Material de laboratorio

Sobre o material de laboratorio hai que sinalar que o equipamento está asociado a reactivos específicos por equipo e fabricante. Isto implica que unha vez licitado un expediente de contratación aberto (non pode superar os dous anos máis outros dous de prórroga de vixencia) a complexidade da instalación do equipamento -actualmente en cadeas-, así como o sistema informático sobre o que se volca toda a información analítica, implica a continuidade de sistemas a través de compras mediante ADO, xa que non é posible renovar cada catro anos todos os equipamentos das áreas de laboratorios de análises clínicos, hematoloxía, microbioloxía e anatomía patolóxica dun centro, pola súa complexidade asistencial.

Como conclusión, hai que sinalar que as licitacións alórganse no tempo, tanto na súa preparación como na súa tramitación e os produtos evolucionan rapidamente. Se ao anterior engadimos os recursos especiais, que demoran máis estas contratacións, que aínda que sexan licitacións de continuidade sempre incorporan algún cambio, o que se traduce en compras menores mentres non se formalice o seguinte contrato.

Sen embargo, conscientes de que o nivel de contratación debe incrementarse, dende os Servizos Centrais do Servizo Galego de Saúde estase traballando na licitación de diversas compras



Dirección Xeral de Recursos Económicos

centralizadas (57 expedientes de compra, na actualidade), así como na adhesión a algúns procedementos de contratación promovidos a nivel estatal (Ver o xa mencionado Plan de compras 2016-2017).

IV. CONCLUSIÓNS

Aspectos xerais da xestión contractual (páxina 43)

1. O Sergas dispón, entre outras, de tres ferramentas para a xestión da súa actividade de compra e aprovisionamento: o sistema de ordenación da contratación administrativa (CADMO), para a tramitación dos expedientes de contratación; a aplicación para a xestión da loxística e almacén (LOGAS); e o Catálogo de Produtos, para a identificación ordenada e sistemática dos bens e servizos que se demandan. Os dous primeiros aplicativos presentan carencias para a explotación estatística da información que conteñen e a introdución de datos no aplicativo CADMO non se leva a cabo de maneira homoxénea polos distintos centros xestores, non existindo conexión coa aplicación de contabilidade.

Alegación

A explotación estatística da información de LOGAS realízase por medio do SIAC de acordo coa política corporativa da SX de Sistemas e Tecnoloxías da Información.

Estase a facer un esforzo para mellorar a homoxeneidade da información no CADMO aínda que cómpre lembrar que os campos que non son de texto libre e que se cumprimentan obrigatoriamente mediante menús, son homoxéneos. No 2016 realizáronse diversas actividades formativas de cara a unificar os criterios e informar das novidades no CADMO. A conexión de CADMO con contabilidade prevese a través de LOGAS, cando éste se estenda á xestión económica, previsiblemente no 2017.

V. RECOMENDACIÓNS (páxina 45)

4. Sería recomendable motivar de forma máis adecuada a necesidade do contrato, a imposibilidade de realizar prestación con medios propios así como a determinación do prezo e do procedemento de adxudicación.

Alegación

Debería notarse unha mellora substancial das memorias de necesidade na fiscalización da contratación dos vindeiros anos tralo esforzo realizado en aplicación do art. 33 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



Dirección Xeral de Recursos Económicos

5. Resultaría conveniente que se articularsen fórmulas para que o peso relativo dos distintos criterios (obxectivos e subxectivos) na valoración final das ofertas fose consecuente co previsto nos pregos.

Alegación

Respecto da fórmula de valoración, comparemos os resultados de puntuación obtidos por la fórmula proposta polo Tribunal de Contas do Estado (1) e a fórmula utilizada polo Servizo de contratación de SSCC e polas las distintas EOXI (2)

Formula 1:

Compara a oferta presentada fronte a mellor oferta.

$$Vi = \frac{POE \times (\text{Mellor oferta})}{(\text{Oferta})}$$

Formula 2:

Para a valoración utiliza o importe de licitación e a baixa anormal que considera como a mellor oferta que se pode presentar.

As ofertas que igualem o prezo de licitación valóranse con 0 puntos.

As demais ofertas valóranse da seguinte forma:

- No caso de que non existan ofertas de importe inferior ao da baixa desproporcionada, puntuaranse as ditas ofertas de acordo coa seguinte fórmula:

$$Vi = POE \times \frac{(PL - Oi)}{(PL - \text{Baja desproporcionada})}$$

- No caso de que existan ofertas de importe inferior ao da baixa desproporcionada e sexan admitidas, puntuaranse do seguinte modo:

- o As ofertas de importe superior o igual ao da baixa desproporcionada:

$$Vi = (POE - 2) \times \frac{(PL - Oi)}{(PL - \text{Baja desproporcionada})}$$

- o As ofertas de importe inferior ao da baixa desproporcionada

$$Vi = (POE - 2) + 2 \times \frac{(PL - Oi)}{(PL - PFAV)}$$



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

Onde:

Vi = Puntuación da oferta presentada

POE = Puntuación máxima da oferta económica (50)

PL = Presuposto de licitación

Oi = Oferta presentada

Baixa desproporcionada = Prezo da oferta desproporcionada o anormal

PFAV = Prezo da oferta non excluída mais favorable

Comprobemos, cun exemplo as puntuacións que se poden obter usando as formulas (1) y (2):

Licitación: 1.000.000 €

Media aritmética: 907.750 €

Baixa desproporcionada, a media aritmética das ofertas menos el 8%: 835.130,00 €

Mellor oferta: 800.000

Ofertas	Fórmula 1	Fórmula 2
800.000,00 €	50,00	50,00
865.000,00 €	46,24	39,30
890.000,00 €	44,94	32,03
900.000,00 €	44,44	29,11
928.000,00 €	43,10	20,96
939.000,00 €	42,60	17,76
940.000,00 €	42,55	17,47
1.000.000,00 €	40,00	0,00

Fórmula 1

Non se reparten todos os puntos (0-50)

A puntuación que se obtén pode ser moi elevada anque a baixada sobre a licitación da oferta sexa moi pequena.

Non se valora con cero puntos a oferta que iguala o importe da licitación.

Fórmula 8

Repártense todos os puntos (0-50)

A puntuación que se obtén será moi elevada si o é a baixada sobre a licitación da oferta.

Valórase con cero puntos a oferta que iguala o importe da licitación.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

Á vista do resultado parece moito mais axeitado utilizar a formula da Subdirección Xeral de Compras e Servizos e sobre todo se temos en conta que na valoración dos criterios subxectivos non se fai unha valoración comparativa e se outorga a puntuación máxima a mellor oferta, senón que se valoran independentemente segundo o cumprimento do criterio.

ASPECTOS PARTICULARES

ANEXO 1: RELACIÓN DE EXPEDIENTES INCLUIDOS NA MOSTRA

Alegación (páxina 49)

Figuran códigos de expedientes incorrectos. Os códigos correctos dos expedientes seguintes son:

Número de orde	Centro	Código expediente
29	SSCC	MI-SER1-12-006
30	SSCC	MI-SER1-12-013
31	SSCC	MI-SER1-12-014
32	SSCC	MI-SER1-12-030
38	SSCC	NA-SER1-14-022
39	SSCC	NI-SER1-14-057

ANEXO 3. INCIDENCIAS

1. Determinación de temeridade nas ofertas

Alegación 1:

Sobre esta incidencia tal como se recolle no informe do órgano consultivo no expediente fiscalizado con número de orde 25, modificouse o criterio para determinar a temeridade nas ofertas seguindo os criterios das xuntas consultivas de contratación aplica a formula sobre importes, calculando sobre a media aritmética das proposicións presentadas



Dirección Xeral de Recursos Económicos

Alegación 2:

Sobre a fórmula utilizada para calcular as ofertas que puideran considerarse inicialmente como anormais o desproporcionadas:

Número de orde	Centro	Código expediente
21	SSCC	AB-SER1-11-003
22	SSCC	AB-SER1-13-029
26	SSCC	AI-SER1-12-026

- Expediente AI-SER1-12-026

A Baixa desproporcionada ou anormal calcúlase sobre a media aritmética das ofertas presentadas e non como din o informe aplicando unha porcentaxe sobre o orzamento de licitación. A redacción da cláusula 6.5.3. do PCAP é a seguinte:

"Criterio de oferta desproporcionada o anormal:

Se considerará, en principio como desproporcionada o anormal, la bajada de toda oferta cuyo porcentaje de bajada exceda en 15 puntos porcentuales la media aritmética de las ofertas presentadas".

- Expediente AI-SER1-13-029

Utilízase unha fórmula moi similar á recollida no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001 para a apreciación dea desproporción no caso das poxas.

A redacción da cláusula é a seguinte:

Criterio de oferta desproporcionada o anormal:

Se considerarán, como desproporcionadas o anormales, las ofertas que se encuentren en los siguientes supuestos:

- 1. Cuando, concurriendo un solo licitador, sea inferior al presupuesto base de licitación en más de 12 unidades porcentuales.*
- 2. Cuando concurren dos licitadores, la que sea inferior en más de 12 unidades porcentuales a la otra oferta, o inferior en más de 5 unidades porcentuales calculadas sobre la licitación, a la media aritmética de ambas. En el caso de que se den ambos supuestos, se tomará como baja temeraria para la valoración de la oferta económica la de menor importe.*
- 3. Cuando concurren tres o más licitadores, las que sean inferiores en más de 12 unidades porcentuales a la media aritmética de las ofertas presentadas. No obstante, se excluirá para el cómputo de dicha media la oferta de cuantía más elevada cuando sea superior en más de*



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

10 unidades porcentuales a dicha media. En cualquier caso, se considerará desproporcionada la baja superior a 12 unidades porcentuales del precio de licitación. En el caso de que se den ambos supuestos, se tomará como baja temeraria para la valoración de la oferta económica la de menor importe.

- Expediente AB-SER1-11-003

Neste caso si que se decidiu limitar a dita baixa a o 15% do importe da licitación xustificándose no risco que representaba adxudicar o contrato a unha empresa cuxa oferta económica fora moi agresiva,.

A ter en conta neste caso que se trata un contrato de alto risco de execución e vital dende o punto de vista dos plans estratéxicos da administración sanitaria, cunha duración de 10 anos e un valor estimado de 116.465.619,48 €, e cuxo obxecto é dispor dun servizo de xestión loxística integral, coa posta a disposición, dotación e operación dunha plataforma loxística que xestione todos os produtos e mercadorías sanitarias y non sanitarias e algunhas farmacéuticas.

2. Criterios de solvencia

Alegación 1:

En relación a utilización da solvencia técnica ou profesional como criterio de valoración sometido a xuízo de valor nos citados expedientes, debemos sinalar o seguinte:

Para garantir o principio de igualdade de trato e a transparencia necesaria para que calquera licitador poda informarse razoabelmente dos criterios e modalidades que se aplicarán para determinar a oferta economicamente máis vantaxosa, indicábanse os criterios de adxudicación e a ponderación relativa atribuída a cada un de ditos criterios nos pregos dos contratos.

Con respecto a esta incidencia sinalada no informe do Consello de Contas debemos salientar que a solvencia técnica e profesional non é avaliable, pero si o son os medios persoais e técnicos postos a disposición da execución do contrato por riba dos mínimos esixidos. A utilización destes criterios como de adxudicación é posible si o que se valora non é unha repetición do esixido como solvencia técnica, nin se trata de valorar os medios da empresa ou a experiencia ou cualificación profesional que se tivera establecido na fase anterior de selección, senón que o que valora son as propostas técnicas en termos comparativos entre elas, de forma que dita valoración sexa representativa ou garde correlación co traballo comprometido ou ofertado, valorado e ponderado en función da experiencia, cualificación e categoría profesional.

A posibilidade de valorar os medios técnicos postos polo contratista a disposición da Administración foi sinalada pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa dende o seu ditame 36/01, no que ao abeiro do artigo 15.2 do TRLCSP (antecedente do art. 53.2 da LCSP do



Dirección Xeral de Recursos Económicos

2007) sinala que dende a entrada en vigor de dito artigo resulta factible a pretensión de dos centros xestores de valorar os medios persoais e materiais que van a ser adscritos pola empresa a un contrato específico.

Nestes contratos de obra suxeitos á fiscalización o obxecto do contrato comprende unha parte importante das prestacións que teñen que ser efectuados polo persoal das empresas licitadoras, que se comprometen a destinar á execución do contrato a dito persoal polo que constitúe unha das partes principais da oferta e, por tanto, un dos aspectos determinantes da calidade da proposta ofertada e das vantaxes económicas que presentaron en comparación coas demais.

En determinados contratos, como é nos casos obxecto de informe de fiscalización, é plenamente xustificable que polo seu obxecto, ademais de establecer uns mínimos como criterio de solvencia e que valoren, en xeral, o persoal da empresa, poidan establecer como criterios mínimos de solvencia, cando se poida xustificar que os elementos obxecto de valoración poidan ter influencia na calidade ou valor técnico do resultado final dos traballos. Os criterios de solvencia e de adxudicación poden estar ao final medindo o mesmo obxecto, pero desde diferentes perspectivas completamente lícitas. Unha delas sería a comprobación de se o operador económico dispón da capacidade técnica mínima para poder executar o contrato, se son empresas capaces de levar a cabo o obxecto do contrato.

O criterio da directiva 2004/18/CE, vixente no momento da adxudicación dos contratos, non impide que se poidan valorar dentro dos criterios de adxudicación capacidades, non por suposto do persoal en xeral da estrutura da empresa, pero si do persoal ofertado, isto é, comprometido contractualmente, cando os aspectos que se valoran tendan a atopar a mellor relación calidade/prezo da oferta.

Por riba dos mínimos exixidos como capacidade técnica, a directiva permitía valorar a mellora dos medios persoais ofertados, en número ou calidade ou maior experiencia destas persoas (nos do operador económico).

O contrato de obras é un contrato de resultado complexo e no que é necesaria a dirección, articulación, coordinación e control de variados medios persoais e materiais. A dirección deste proceso por un profesional ou outro non é indiferente, por moito que cumpran uns mínimos de titulación ou experiencia que se fixaran como solvencia.

Así se ten pronunciado en diversas sentenzas o Tribunal de Primeira Instancia da UE, Sentenza Renco do 25.02.2003, que supuxo un cambio fronte a xurisprudencia anterior, e que se refire a un contrato de obra, que ven a sinalar que a valoración a priori da calidade da proposta técnica de execución dos traballos pode tomar en consideración as características, composición e adecuación ao obxecto do contrato, así como das titulacións, experiencia e compromiso de dedicación do persoal que cada empresa pon a disposición para a execución dun contrato en concreto, sen que iso supoña unha nova valoración do esixido en solvencia, senón dunha valoración comparativa das ofertas.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

Este criterio recolle outras sentenzas do Tribunal de Primeira Instancia, entre elas, a do 17.09.2002, no asunto C-513/99 (Concordia Bus Finland), do 25.02.2003, no asunto T-183/00, que admite a posibilidade de valorar a experiencia e capacidade do persoal, a Sentenza do 10.09.2008 e, do 02.03.2010, no asunto T-70/05, no que se valora o equipo de xestión do proxecto ao resultar un criterio pertinente para identificar a oferta economicamente máis vantaxosa.

A Directiva 2014/24 dun xeito explícito no seu artigo 67 como criterio de adxudicación a organización, cualificación e experiencia do persoal encargado de executar o contrato no caso de que a calidade do persoal empregado poda afectar de maneira significativa a execución do contrato.

Podemos concluir que a valoración dos coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade do persoal adscrito aos traballos, neste caso o delegado de obra e o equipo técnico, será posible sempre expresando con claridade que os aspectos tidos en conta como criterio de adxudicación o son só por encima deses limiares mínimos de solvencia requiridos e de forma comparativa entre as ofertas.

Alegación 2:

Expediente NB-SER1-14-017

Si se fixa expresamente no prego a forma de acreditación da solvencia, letra f da cláusula 5.3.1, ao ser un contrato de servizos:

"Certificado de clasificación y declaración de vigencia (declaración responsable por parte del empresario, de que se mantienen las condiciones y circunstancias tomadas en consideración en el momento de su concesión):

GRUPO V SUBGRUPO 2 CATEGORIA B"

Daquela era necesaria que o licitador estivera clasificado como contratista de servizos para presentar oferta nas quellas licitacións onde o valor estimado do contrato foira igual o superior a 200.000 €.

3. Confección e aprobación de pregos

3.3. Fixación da garantía definitiva sobre o importe de licitación e non de adxudicación: Expedientes 5, 6 e 7.

Alegación:

O TRLCSP, en relación a garantía definitiva dispón textualmente:

"Artículo 95 Exigencia de garantía



Dirección Xeral de Recursos Económicos

(...) 3. Cuando la cuantía del contrato se determine en función de precios unitarios, el importe de la garantía a constituir se fijará atendiendo al presupuesto base de licitación”.

Os expedientes referidos son Acordos Marco de subministro, onde o que se adjudican son prezos unitarios. Atendendo ao exposto no artigo 95.3 do TRLCSP, cando a contía do contrato se determine en función de prezos unitarios, o importe da garantía será atendendo ao presuposto base de licitación.

3.4. Falta de resolución expresa de aprobación do expediente, do gasto e dos pregos:

Alegación:

- No contrato con código de expediente AB-SER3-10-005 Fase II do Plan Director do CHUAC, consta no expediente a Resolución de aprobación do expediente da obra de construción da Fase I do Plan director do CHUO, de data 06.09.2009, así como o documento contable A(r) de autorización do gasto de tramitación anticipada de exercicio corrente e de futuros, e a Resolución de aprobación da proposta de gasto, de data 21.12.2009, asinadas polo Director Xeral de Recursos Económicos, por delegación da Presidenta do Sergas.
Os pregos foron visados e informados favorablemente pola Asesoría Xurídica con data 25.09.2009, e aprobados polo director de Recursos Económicos con data 25.09.2009 como consta no expediente.
- O contrato AB-SER3-13-001 Fase I do Plan Director H2050 do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense marco INNOVA SAÚDE e H2050; no expediente consta a Resolución de aprobación do expediente da obra de construción da Fase I do Plan director do CHUO, de data 15.02.2013, así como o documento contable A de autorización do gasto de exercicio corrente e de futuros, e a Resolución de aprobación da proposta de gasto, de data 12.03.2013, asinadas polo Director Xeral de Recursos Económicos, por delegación da Presidenta do Sergas.
Os pregos foron visados e informados favorablemente pola Asesoría Xurídica con data 27.09.2012, e aprobados polo director de Recursos Económicos con data 27.09.2012 como consta no expediente.
- No contrato AI-SER2-13-005, o día 3 de outubro de 2016 aprobáronse os pregos e o día 4 de outubro, mediante resolución expresa, aprobouse o expediente e o gasto correspondente.
(Achégase copia dos documentos)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

3.4. Falta de resolución expresa de aprobación dos pregos:

Alegación:

O órgano de contratación considera que os pregos están aprobados cando firma os mesmos unha vez informados pola Asesoría Xurídica se falta de facer una resolución expresa. Que maior aprobación que a súa firma ao final dos pregos.

3.7. Omisión da certificación de existencia de crédito (documento contable RC) tramitándose directamente a autorización do gasto (documento contable A), agás nos contratos suxeitos a aprobación previa do Consello da Xunta, nos que si consta o documento RC: Expedientes 21 a 23, 26, 27, 29 a 40.

Alegación:

Indicar que a Orde de 26/12/1986 da Consellería de Economía e Facenda, Instrución provisional de contabilidade del gasto público de la comunidade autónoma de Galicia, establece na súa regra 41, que a confección do documento RC es potestativa para o servizo xestor e non obrigatoria.

4. Criterio prezo (oferta económica)

Ver apartado alegación apartado V. RECOMENDACIÓNS

5. Outros criterios avaliados de forma automática

5.1. Falta de proporcionalidade: Expediente núm. 2

No prego defínese como un dos criterios automáticos a existencia dunha base operativa para a aeronave de substitución. Outórgase a puntuación máxima cando dita base se estableza nos aeroportos da Coruña ou Santiago de Compostela, non obtendo puntuación calquera outra base incluída nunha distancia nunca superior a 600 km.

Doutra banda, prevese unha puntuación máxima de 5 puntos para as ofertas cunha redución do tempo de resposta con respecto ao máximo establecido de 2 horas. Non se aplica unha fórmula senón unha escala de valoración que non garda a correcta proporcionalidade, producíndose un potencial "erro de salto" (se un licitador ofertase 1 hora de resposta obtería o máximo de 5 puntos, mentres que outro que ofertase 1 hora e 1 minuto obtería como máximo 2 puntos).



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

Alegación:

Entendemos que os criterios avaliados de forma automática son aqueles criterios, marcados como tal nos pregos, onde a puntuación obtense ou ben directamente ou a través da aplicación de fórmulas matemáticas.

Un criterio de carácter automática pode ser un aspecto en que soamente se teña que discernir entre un si ou un non.

O que si, ten que quedar claro e definido nos pregos, é a forma de puntuar. As empresas, deste xeito, coñecerán a súa puntuación nese criterio unha vez coñecidas as ofertas admitidas.

Parece razoable, que si o criterio é o prezo, evidentemente a fórmula deberá ser proporcional, a menos prezo, máis puntuación. Pero para outros aspectos non ten porque ser así. No caso do expediente número 2, dásele a máxima puntuación cando a base sexa en Santiago ou en Coruña, porque o servizo de transporte aéreo vai ser máis rápido cando as aeronaves estén ubicadas neses aeroportos (próximos ao Hospital). Ata 600 km. De distancia pode prestar o servizo de forma regular (non igual que que no primeiro caso, porque as aeronaves terían que desprazarse a recoller ao equipo facultativo) e se a distancia é superior, consideramos que o servizo non é factible.

5.2. Valoración dos criterios automáticos por un órgano técnico alleo á mesa

Número de orde	Centro	Código expediente
31	SSCC	MI-SER1-12-014
32	SSCC	MI-SER1-12-030

Alegación:

Non é certo que a valoración dos criterios automáticos non os faga a mesa de contratación. O que fai o órgano técnico de apoio a mesa, ou o servizo promotor, é comparar as ofertas presentadas e as mostras para ver se presentan diferencias, posto que neses casos prevalece a mostra e non o recollido en papel, e comunicalo a mesa para que esta poida valorar as ofertas respecto os criterios automáticos outorgando as puntuacións que correspondan por cada criterio e facer logo a proposta de adxudicación.

6. Criterios non avaliados de forma automática

6.4. Inclusión de criterios a valorar no prego de prescricións técnicas



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

Alegación:

Expediente MI-SER1-12-013

Non e certo, trátase dun erro, pois o PPT so fai referencia a características técnicas dos produtos. Os criterios están recollidos no PCAP e descritos nun Anexo a dito prego.

6.9 Falta de motivación suficiente nos informes técnicos que avalían os aspectos non obxectivables (asígnase puntuación sen explicitar a súa razón).

Alegación:

Nos expediente AB-SER3-10-005 e AB-SER3-13-001, constan os informes de valoración dos criterios non avaliados de forma automática sobre as ofertas presentadas ao procedemento, así como os anexos de cada un dos criterios onde se detalla a puntuación e a razón da puntuación para cada un dos licitadores. Antes de proceder a indicar a puntuación de cada apartado, o propio informe indica textualmente, "inclúese información máis detallada no anexo..." (I,II,II IV segundo corresponda) "... do presente informe". Os anexos son suficientemente explícitos sobre os aspectos de cada criterio que se valoran, mesmo establecendo detalladamente, como é o caso do criterio MELLORAS, cales oferta o licitador, en que grupo se encontran e de que forma se valoran.

Achégase copia do informe de valoración e dos anexos I, II, III e IV coa puntuación detallada.

6.15. Non identificación do responsable da emisión dos informes: Expedientes núm. 12 e 16.

Alegación:

Debemos indicar que non entendemos en que consiste a incidencia xa que ambos informes incorporan o nome completo e o cargo, ademais das propias firmas manuscritas dos responsables de emitir os informes técnicos.

7. Licitación, adxudicación e formalización dos contratos

7.3 Solicitud extemporánea de xustificación de baixa temeraria, con posterioridade á valoración das ofertas: Expediente núm. 24.

Alegación :

No expediente AB-SER3-10-005 Fase II do Plan Director do CHUAC, queda acreditado que o informe das ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados do sobre C foi



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

asinado con data 26.10.2010 e as comunicacións vía fax ás tres empresas afectadas (OHL, SA; UTE: Sacyr, SAU + EXISA, SA; UTE: ALDESA, SA + AGRUPCONSA + ACISA) realizouse con data 05.10.2010 con resultado positivo tal como se acredita co reporte.

(Achégase copia)

7.4. Falta de formalización do acordo marco: Expedientes núm. 4, 5, 6, 7, 15 e 16.

7.5. Falta de formalización do contrato derivado do acordo marco: Expediente núm. 12.

Alegación:

Naqueles expedientes nos que non se contemplaba variacións entre o contrato de acordo marco e o derivado (nin de prezos, nin de prazo de execución,...) formalizábase un só contrato.

7.6. Non constancia da desagregación das anualidades no contrato

Alegación:

Número de orde	Centro	Código expediente
21	SSCC	AB-SER1-11-003
27	SSCC	AI-SER1-13-010
30	SSCC	MI-SER1-12-013

No artigo 26 do TRLCSP que recolle o contido mínimo do contrato non establece que sexa necesario recoller no seu contido a súa desagregación por anualidades so o prezo certo (importe total).

Ademais nos expedientes, tanto se subministracións como de servizos, cuxos importes se determinen por prezos unitarios se recolle no contrato soamente eses prezos unitarios en tanto que as unidades estimadas xa están recollidas nos pregos.

Igual ocorre no caso de prórroga dos ditos contratos.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

8. Procedemento negociado

Alegación 1:

Número de orde	Centro	Código expediente
34	SSCC	NB-SER1-10-012
35	SSCC	NB-SER1-13-057
37	SSCC	NB-SER1-14-017
38	SSCC	NA-SER1-14-022

- Os expedientes número 34, 35 e 37, adjudícanse mediante procedemento negociado por exclusividade técnica, por so poder ser executados por unha determinada empresa. Nestes casos xa se negocia o prezo antes de invitar formalmente a empresa.
- O expediente NA-SER1-14-022 deriva dun expediente marco licitado polo estado e non se podía negociar nada, só actuar conforme o contido do prego de cláusulas específicas, e ademais o prezo venía xa fixado polo Estado sen posibilidade de mellora.
- En canto a expediente NS-SER1-13-037, subministración sucesiva de implantes cocleares, derivaba dun procedemento aberto que quedara deserto por exclusión das empresas licitadoras, e a oferta foi igual que no procedemento aberto.

Alegación 2:

Procedemento negociado (expedientes números 8 e 9) Inexistencia de negociación.

No expediente de contratación consta a xustificación da invitación a unha única empresa, que é a capacitada para prestar o devandito servizo. Se entende que a negociación é útil cando se conta con máis dunha empresa. No caso de existir unha única empresa o prezo de licitación xa é o pactado.



Dirección Xeral de Recursos Económicos

9. Contratación menor

9.1. EOXI de Pontevedra

Formalizáronse 41 contratos coa mesma empresa, cun importe acumulado de 135.000 euros, cuxo primeiro antecedente é de setembro de 2013. O seu obxecto é o servizo integral de impresión e mantemento de impresoras, fotocopiadoras e demais equipamento de características especiais (códigos de barras, impresión térmica, tintas especiais, etc.).

Apréciase un posible fraccionamento do contrato, dividindo artificialmente o seu obxecto (servizo relativo a impresoras láser, servizo relativo a impresoras de tinta, equipamento especiais) e concatenando varios contratos no tempo (cunha duración variable entre un e dous meses).

Ademais, desde a entrada en vigor da Lei 13/2014 non se apreciou que se cumprise a obriga, nos supostos nos que era preceptivo, da solicitude de tres ofertas.

Ante esta situación, o centro xestor licitou este servizo mediante un procedemento aberto, sendo adxudicatario, en setembro de 2014, unha empresa distinta por un prezo de 328.000 euros e cunha duración de 36 meses.

Alegación:

Se indica a realización de 41 contratos coa mesma empresa ao longo do período de 1 ano, debemos alegar que responden a unha situación totalmente **puntual e transitoria** que debe, por un lado á distinta natureza dos contratos citados: multifuncións, fax, impresoras de chorro, láser, fotocopiadoras, impresoras especiais (cera, térmicas, etc.), impresoras de códigos de barras e por outro, á **gran variedade de problemáticas existentes**: equipos propiedade do centro para os que se necesitaba adquirir consumibles, equipos propiedade de provedores que estaban en cesión de consumo, equipos en réxime de arrendamento, equipos totalmente desfasados que era necesario actualizar, carencia de equipos multifunción, etc, en definitiva, problemas diversos que no seu momento non tiñan unha única solución e que ata que se puido licitar o expediente novo, que ademais atrasou a súa entrada en vigor debido a que se presentaron dous recursos especiais (un na fase de tramitación e outro na fase de adxudicación) obrigou a realizar distintos contratos que sen superar os límites establecidos na lexislación de contratación, permitisen cubrir o período existente entre a finalización dos anteriores expedientes (NB-CHP1-10-020, CM-CHP1-11-033, NB-CHP1-11-016, NB-EIP1-12-011) e o novo expediente único (AB-EIP1-14-007) que englobaba nun só contrato e mediante procedemento aberto unha solución única á gran variedade de problemáticas existentes.



PLAN DE COMPRAS 2016-17 - SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Tipo de contrato	Descrición do produto ou servizo	Compra anual estimada (límites €)	Grupo	Actuación prevista	Contratación por	Coordinador/a grupo técnico
Subministración	Vendas, xofitos, esparraxagos e outros	2.177	Produtos sanitarios	Contratación	EDM Lugo	Rago Doucamps, Mª José (EDM Lugo)
Subministración	Diversos Medicamentos (derivado 20 lmes/INGESA)	839	Farmacéutica	Contratación	SERGAS-Servizos centrais	Mª José Alvarez Sánchez (SX de Farmacia)
Subministración	Píula poscoibal	44	Farmacéutica	Contratación	SERGAS-Servizos centrais	Mª José Alvarez Sánchez (SX de Farmacia)
Subministración	Contrastes radioactivos	4.958	Farmacéutica	Contratación	SERGAS-Servizos centrais	Mª José Alvarez Sánchez (SX de Farmacia)
Subministración	Gases medicinais	4.638	Farmacéutica	Contratación	SERGAS-Servizos centrais	Bat López, J. Alberto (Sergas-SX de Compras e Servizos) / Vn Sorles, María del Carmen (Sergas-SX de Farmacia)
Subministración	Seres coronarios	8.264	Implantes	Contratación	SERGAS-Servizos centrais	Durán Castro, Elena (Sergas-SX de Compras e Servizos)
Subministración	Papel DIN A4	450	Produtos non sanitarios	Contratación	SERGAS-Servizos centrais	Bat López, J. Alberto (Sergas-SX de Compras e Servizos)
Subministración	Aditivos de cura húmida	6.081	Produtos sanitarios	Contratación	SERGAS-Servizos centrais	Durán Castro, Elena (Sergas-SX de Compras e Servizos)
Servizos	Probas externas de laboratorio	900	Servizos	Contratación	SERGAS-Servizos centrais	SX de Planificación e Programación Asistencial
Subministración	Tubos de extracción de sangue	989	Materiais de laboratorio	Novo contratación	EDM A Coruña	Suñer Bermúdez, Concepción (Sergas-SX de Compras e Servizos)
Subministración	Vestuario	368	Produtos non sanitarios	Novo contratación	EDM A Coruña	Corral Lamas, Carlos (EDM A Coruña)
Subministración	Confeccións diversos centrais, fregaxas, guías, introduutores e outros dispositivos	1.680	Produtos sanitarios	Novo contratación	EDM A Coruña	Martín Chibeiro González (EDM Coruña)
Subministración	Materiais de suxestión e anestesización	457	Produtos sanitarios	Novo contratación	EDM A Coruña	Martín Chibeiro González (EDM Coruña)
Servizos	Transporte aéreo de órganos	791	Servizos	Novo contratación	EDM A Coruña	Fraga Parafita, José Antonio (EDM Coruña)
Subministración	Bólas de urina, colectores e accesorios e materiais de recollida de mostras e residuos	1.029	Produtos sanitarios	Novo contratación	EDM Ferrol	González Rodríguez, Dolores (EDM Ferrol)
Subministración	Materiais de azar, limpeza e recollida de residuos	1.634	Produtos sanitarios	Novo contratación	EDM Ferrol	Mirallas Filant, Mª Dolores (EDM Ferrol)
Subministración	Comprimidos e táblas, compresas tocolíticas e ARI infantil	975	Produtos sanitarios	Novo contratación	EDM Lugo	Rago Doucamps, Mª José (EDM Lugo)
Subministración	Materiais de esterilización, desinfectación e asepsia	1.896	Produtos sanitarios	Novo contratación	EDM Lugo	Rago Doucamps, Mª José (EDM Lugo)
Subministración	Test rápidos	596	Materiais de laboratorio	Novo contratación	EDM Ourense	Suñer Bermúdez, Concepción (Sergas-SX de Compras e Servizos)
Subministración	Cobertura crónica xeral	1.455	Produtos sanitarios	Novo contratación	EDM Ourense	Rodríguez Fernández, Mª José (EDM Ourense)
Subministración	Cobertura crónica equipos	1.628	Produtos sanitarios	Novo contratación	EDM Ourense	Rodríguez Fernández, Mª José (EDM Ourense)
Subministración	Suturas mecánicas	3.382	Produtos sanitarios	Novo contratación	EDM Ourense	Rodríguez Fernández, Mª José (EDM Ourense)
Subministración	Sistema TAO	1.489	Materiais de laboratorio	Novo contratación	EDM Pontevedra	Suñer Bermúdez, Concepción (Sergas-SX de Compras e Servizos)
Subministración	Dereaxes citiuricos, tóxicos e aurios	1.362	Produtos sanitarios	Novo contratación	EDM Pontevedra	Lago Anís, Montserrat (EDM Pontevedra)
Subministración	Deterxentes e produtos esterilizantes	1.022	Produtos sanitarios	Novo contratación	EDM Pontevedra	Lago Anís, Montserrat (EDM Pontevedra)
Subministración	Materiais de laparoscopia	8.229	Produtos sanitarios	Novo contratación	EDM Pontevedra	Sánchez Santos, Raquel (EDM Pontevedra)
Subministración	Válvulas cardiovasculares percutáneas	1.657	Implantes	Novo contratación	EDM Santiago	Durán Castro, Elena (Sergas-SX de Compras e Servizos)
Subministración	Roupa de cama e paciente e calzado	1.228	Produtos non sanitarios	Novo contratación	EDM Santiago	Campes Suñer, M. José (EDM Santiago)
Subministración	Sondas de alimentación, volúmenes, de aspiración, retina e outras sondas	1.117	Produtos sanitarios	Novo contratación	EDM Santiago	Suñer Vello Guerra (EDM Santiago)
Subministración	Materiais de anestesia e ventilación	2.402	Produtos sanitarios	Novo contratación	EDM Santiago	Suñer Vello Guerra (EDM Santiago)

PLAN DE COMPRAS 2016-17 - SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Tipo de contrato	Descrición do produto ou servizo	Compra anual estimada (miles €)	Grupo	Actuación prevista	Contratación por	Coordinador/a grupo técnico
Subministracións	Círculos traqueostomía e aspiración e tubos endonaqueais e accesorios	927	Produtos sanitarios	Nova contratación	EOI	Santiago
Subministracións	Materiais xeral de oficina e informático	113	Produtos non sanitarios	Nova contratación	EOI	Vigo
Subministracións	Equipos para a administración de fluídos	3.517	Produtos sanitarios	Nova contratación	EOI	Vigo
Subministracións	Suturas absorbibles e non absorbibles	2.793	Produtos sanitarios	Nova contratación	EOI	Vigo
Subministracións	Estimulantes entropoyéticos	6.400	Farmacia	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	Donz Regente, Aurora (EIA Vigo)
Subministracións	Estimulantes de colóns de granulosos (lignin)	460	Farmacia	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	M.ª José Alvarez Sánchez (SX de Farmacia)
Subministracións	Medicamentos anti-infecciosos e outros	4.000	Farmacia	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	M.ª José Alvarez Sánchez (SX de Farmacia)
Subministracións	Medicamentos anestésicos e outros	1.500	Farmacia	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	M.ª José Alvarez Sánchez (SX de Farmacia)
Subministracións	Medicamentos varios	1.700	Farmacia	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	M.ª José Alvarez Sánchez (SX de Farmacia)
Subministracións	Abafrib	948	Farmacia	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	M.ª José Alvarez Sánchez (SX de Farmacia)
Subministracións	Nutrición enteral	5.000	Farmacia	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	M.ª José Alvarez Sánchez (SX de Farmacia)
Subministracións	Marcapasos e desfibriladores	7.808	Implantes	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	Durán Castro, Elena (Sergas-SX de Compra e Servizos)
Subministracións	Implantes oculares	500	Implantes	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	Fernando Otero Ravilla (Sergas-SX de Planificación e Programación Asistencial)
Subministracións	Procesos de cadeira	5.662	Implantes	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	Galdio Pérez, José Manuel (EIA Vigo)
Subministracións	Procesos de secullo	8.638	Implantes	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	Quereño García, Luis (EOI Lugo)
Servizos	Mantemento e renovación de sistemas de impresión	12.750	Informática e telecomunicacións	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	Jorge Prieto Casal (Servizos-SX de Sistemas e TI)
Subministracións	Arrendamento de material informático	875	Informática e telecomunicacións	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	Jorge Prieto Casal (Servizos-SX de Sistemas e TI)
Subministracións	Líquidos e concentrados de diálise	1.361	Produtos sanitarios	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	Díaz Rodríguez, Cándido (EOI Santiago)
Subministracións	Filtros e tiras de diálise	4.661	Produtos sanitarios	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	Díaz Rodríguez, Cándido (EOI Santiago)
Subministracións	Agullas de seguridade e seringas	2.794	Produtos sanitarios	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	Durán Castro, Elena (Sergas-SX de Compra e Servizos)
Subministracións	Equipos para bombas de infusión, nutrición, medicación...	4.853	Produtos sanitarios	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	Durán Castro, Elena (Sergas-SX de Compra e Servizos)
Servizos	Xestión de residuos (grupos III, IV e V)	2.803	Servizos	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	Servizo de Coordinación de Servizos Xerais
Servizos	Mantemento de ascensores	1.500	Servizos	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	Servizo de Coordinación de Servizos Xerais
Servizos	Mantemento alta tecnoloxía OE	2.054	Servizos	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	Servizo de Coordinación de Servizos Xerais
Servizos	Mantemento alta tecnoloxía Philips	1.386	Servizos	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	Servizo de Coordinación de Servizos Xerais
Servizos	Mantemento alta tecnoloxía Siemens	1.769	Servizos	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	Servizo de Coordinación de Servizos Xerais
Servizos	Mantemento alta tecnoloxía Emzor	156	Servizos	Nova contratación	SENGAS-Servizos centrais	Servizo de Coordinación de Servizos Xerais
TOTAL						148.093



RÉPLICAS ÁS ALEGACIÓNS



Trámite de alegacións

En cumprimento do disposto no artigo 58 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas, aprobado pola Comisión permanente non legislativa para as relacións co Consello de Contas o día 2 de xuño de 1992 (DOG núm. 138, do 17 de xullo de 1992), a directora xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, no prazo sinalado no escrito de remisión do informe de fiscalización do Consello de Contas, formulou as correspondentes alegacións, que se xuntan a este informe.

Con relación ao seu contido e tratamento, independentemente das aclaracións e puntualizacións que en cada caso figuran nas réplicas, cómpre sinalar con carácter xeral, que excepto nos casos concretos que así o requiran, non se valoran as alegacións que confirmen deficiencias ou irregularidades sinaladas no informe, nin aquelas que expoñan criterios e opinións sen soporte documental ou normativo e non rebatan o contido do informe, ao consistir en meras explicacións ou xustificacións sobre as actuacións da entidade fiscalizada. Nos supostos nos que se modifica total ou parcialmente o contido dalgún punto do informe, indicárase ese feito expresamente mediante nota a pé de páxina.

Réplica ás alegacións

Réplica ás alegacións formuladas en relación coa descrición e características do organismo autónomo.

Alégase que na actividade contractual tamén concorren outras unidades administrativas fóra da Dirección Xeral de Recursos Económicos que actúan como promotoras dos expedientes de contratación.

A alegación non contradí o expresado no informe, aínda que complementa a descrición das unidades que interveñen en todo o proceso contractual, polo que se procede á modificación do informe.

Réplica á alegación formulada en relación co sistema de ordenación da contratación administrativa (CADMO).

Alégase que se está a traballar na homoxeneización da introdución de datos no sistema así como na mellora do intercambio de datos entre o CADMO e o Rexistro de Contratos.

A alegación confirma o expresado no informe, polo que este non se modifica.

Réplica á alegación formulada en relación coa aplicación LOGAS.

Alégase que non se ten previsto introducir na aplicación a capacidade de explotación de información, que se leva a cabo a través da aplicación denominada SIAC.

A alegación non contradí o expresado no informe, polo que este non se modifica.

Réplica á alegación formulada en relación coas centrais de contratación.

A alegación fai mención aos motivos que fixeron que o Sergas non se adherise a determinadas contratacións do INGESA, e menciona a existencia dun borrador de proxecto de central de compras que non está aprobado pola dirección do organismo autónomo.

A alegación non contradí o expresado no informe, polo que este non se modifica.

Réplica á alegación formulada en relación cos acordos marco.

Alégase que na realidade non se recorre á figura do Acordo Marco pechado cun só operador, senón que se trata de procedementos abertos de subministración sucesiva, nos que o empresario se obriga a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de realizar o contrato por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente, e onde a adxudicación do contrato se efectúa de acordo coas normas previstas no Capítulo II do Título II do Libro III do TRLCSP para os acordos marco realizados cun único empresario.

A alegación reproduce o texto do artigo 9.3 do TRLCSP, no que queda claro que a subministración de tracto sucesivo por prezo unitario queda configurada como unha modalidade de contrato de subministración, presentando unha característica imposta polo TRLCSP, por canto a adxudicación destes se efectuará de acordo coas normas previstas para os acordos marco formalizados cun único empresario.

O artigo 198.3 do TRLCSP dispón que cando o acordo marco se tivera concluído cun único empresario, os contratos baseados naquel adxudicaranse de acordo cos termos nel establecidos. Polo tanto, o contrato de subministración de tracto sucesivo por prezo unitario, sen perder como tal a súa cualificación de contrato, adxudicarase nos termos establecidos no acordo marco que necesariamente haberá que formalizar.

Neste sentido tense pronunciado a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, no seu informe 13/2008, do 10 de xullo:

"A modalidade do contrato de subministración por prezo unitario e contía indeterminada deberá, en todo caso, instrumentalizarse mediante un acordo marco a subscribir cun único empresario, no que as partes fixarán con precisión os termos das obrigas, agás a contía total dos bens a subministrar,



que irán concretándose mediante contratos derivados (execucións concretas do acordo marco) en función das necesidades do ente adquirente”.

E no seu Informe 20/2012, do 14 de novembro:

“Nos anteriores informes citados nos que xa se puxo de manifesto que nos atopamos ante unha modalidade particular de subministracións, caracterizada pola indeterminación no momento da licitación do número de unidades obxecto do contrato. Ademais, por imperativo legal débense seguir para a súa adxudicación as normas previstas para a formalización dun acordo marco.”

Por outra banda, o TRLCSP prevé a execución do acordo marco, tanto se se formaliza cun único empresario como se se conclúe con varios, mediante a adxudicación de contratos nos termos nel establecidos. É dicir, xa que o acordo marco non é un contrato, a satisfacción das necesidades previstas nel mediante a adquisición de subministracións requirirá a formalización de contratos baseados no acordo marco de conformidade co disposto no seu prego de cláusulas administrativas particulares.

Finalmente, tanto na codificación dos expedientes en CADMO como no texto dos contratos formalizados figura expresamente a denominación de acordos marco.

Á vista do anterior non se acepta a alegación e polo tanto non se modifica o texto do informe.

Réplica á alegación formulada en relación cos sistema dinámicos de adquisición.

A alegación límitase a xustificar a non utilización de procedementos de contratación electrónica, sinalando que se carece dun sistema de información para tal función.

A alegación confirma o expresado no informe, polo que este non se modifica.

Réplica á alegación formulada en relación coas medidas de racionalización.

A alegación fai constar que o Sergas participa en dous contratos promovidos no marco da contratación centralizada na Xunta de Galicia no período 2012-2014, e noutros dous a partir do 2015.

Acéptase parcialmente a alegación no que se refire ao período analizado, polo que se procede á modificación do informe.

Réplica á alegación formulada en relación coa planificación e contratación centralizada.

A alegación relata o funcionamento do plan de compras elaborado pola Dirección Xeral de Recursos Económicos.

A alegación confirma o expresado no informe, polo que este non se modifica.

Réplica á alegación formulada en relación cos medios humanos adscritos á contratación.

A alegación achega datos relativos ao persoal adscrito á Subdirección Xeral de Investimentos.

Aínda que contradí a información facilitada polos responsables dos servizos afectados no momento da fiscalización, enténdese que se trata dunha rectificación e polo tanto acéptase a alegación.

Réplica á alegación formulada en relación co disposto no artigo 62.2 do TRLCSP sobre os criterios de solvencia.

Alégase que nos anuncios de licitación se indica a cláusula do prego de cláusulas administrativas particulares onde se poden ver os criterios esixidos e a forma de acreditarlos, evitando unha redacción exhaustiva deles no anuncio, o que só serviría para incrementar notablemente o importe xa moi elevado dos ditos anuncios.

Non se acepta a alegación, xa que a indicación á que fai referencia o mencionado artigo non pode ser substituída por unha mera remisión aos pregos, xa que este proceder, segundo varias resolucións dos tribunais de recursos contractuais (Resolución 48/2016 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Xunta de Andalucía; Resolución 44/2014 do Órgano Administrativo de Recursos Contractuais da Comunidade Autónoma de Euskadi), non achega ningunha información adicional ás empresas potencialmente interesadas. O anuncio debe ser por si só o bastante descritivo das características fundamentais da *licitación*, de modo que os operadores económicos poidan deducir da súa lectura se o contrato é do seu interese, sen ter que acudir a outras fontes de información.

Réplica á alegación formulada en relación á duración dos contratos.

Alégase que a posibilidade de prórroga se recolle nos pregos de cláusulas administrativas particulares e se ten en conta para calcular o seu valor estimado. Tamén se sinala que nas subministracións sucesivas se prorrogan os contratos só nos casos nos que se estima que unha nova licitación non vai supoñer melloras económicas, ou doutros aspectos, para a administración contratante.

A alegación non contradí o expresado no informe, polo que este non se modifica.

Réplica á alegación formulada en relación cos contratos menores.

Alégase que o emprego da figura dos contratos menores na adquisición de produtos farmacéuticos, implantes, material sanitario e material de laboratorio está xustificado por distintas razóns.

A alegación non contradí o expresado no informe e non cuestiona as cifras nel consignadas, limitándose a xustificar o emprego do contrato menor por causas diversas que, a xuízo desta Institución, non son suficientes para soste o emprego desta forma excepcional de contratación, polo que o informe non se modifica.



Réplica á alegación formulada en relación co punto 1 do apartado "Aspectos xerais da xestión contractual" das conclusións do informe.

Alégase que a explotación estatística da información do LOGAS faise por medio do SIAC e que se está a facer un esforzo para mellorar a homoxeneidade da información no CADMO.

A alegación non contradí o expresado no informe, polo que este non se modifica.

Réplica á alegación formulada en relación coa recomendación número 4 do informe.

Alégase que se debería notar unha mellora substancial das memorias de necesidade na fiscalización da contratación dos vindeiros anos tras o esforzo realizado en aplicación do artigo 33 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

A alegación non contradí o expresado no informe, polo que este non se modifica.

Réplica á alegación formulada en relación coa recomendación número 5 do informe.

A alegación consiste nun exemplo comparativo dos resultados que se obterían empregando a fórmula proposta polo Tribunal de Contas do Estado e a fórmula utilizada polo Sergas.

A presentación dun exemplo comparativo das fórmulas empregadas non desvirtúa o contido da recomendación do informe, xa que este non propón ningunha fórmula como a máis axeitada, senón que se limita a constatar un feito que se produce nos expedientes analizados. De acordo co anterior, non procede a modificación do informe.

Réplica á alegación *formulada* en relación co ANEXO 1.

Alégase que os códigos de seis expedientes non son correctos.

Acéptase a alegación por tratarse dun erro.

Réplica ás alegacións formuladas en relación co apartado 1. Determinación de temeridade nas ofertas, do ANEXO 3: INCIDENCIAS.

As alegacións xustifican o emprego de distintas fórmulas para a determinación da temeridade nas ofertas.

Acéptanse parcialmente as alegacións, modificando o informe na relación dos expedientes afectados.

Réplica ás alegacións formuladas en relación co apartado 2. Criterios de solvencia, do ANEXO 3: INCIDENCIAS.

Alegación número 1:

A alegación fai referencia unicamente aos contratos de obras (expedientes números 24 e 25) polo que se entende que o órgano xestor está de acordo co expresado en relación co contrato de servizos do expediente número 14.

Alégase que o criterio da Directiva 2004/18/CE, vixente no momento da adxudicación dos contratos, non impide que se poidan valorar dentro dos criterios de adxudicación capacidades do persoal ofertado e comprometido contractualmente, cando os aspectos que se valoran tendan a atopar a mellor relación calidade/prezo da oferta. Para reforzar o argumento, citan a sentenza Renco do Tribunal de Primeira Instancia da Unión Europea, do 25 de febreiro de 2003, que tería suposto un cambio xurisprudencial ao respecto.

Adúcese así mesmo, que o contrato de obras é un contrato complexo, no que é necesaria a dirección, articulación, coordinación e control de variados medios persoais e materiais, polo que a dirección deste proceso é un requisito avaliable, máis alá dos mínimos de titulación ou experiencia que se fixan como solvencia.

Desde a sentenza *Lianakis*, esta cuestión foi xurisprudencialmente cambiante ata a publicación da Directiva 2014/24 que menciona expresamente como criterio de adxudicación a organización, cualificación e experiencia do persoal encargado de executar o contrato no caso de que a calidade do persoal empregado poida afectar de forma significativa á execución do contrato.

A mención que se fai na alegación á sentenza *Renco* no é directamente extrapolable aos expedientes referenciados, dada a especial natureza do contrato ao que se refire, que non presenta ningunha analogía coas prestacións contidas nos contratos fiscalizados.

En xeral, a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea vén acotando de forma cada vez máis estreita os criterios a empregar para determinar a oferta economicamente máis vantaxosa e a adxudicación dos contratos regulados polas directivas. A sentenza C 601/13, do 26 de marzo de 2015, permite incorporar como valorable a capacidade do persoal "cando a prestación obxecto do contrato é de tipo intelectual e se refire (...) a servizos de formación e consultaría" (parágrafo 32), xa que a calidade da execución do contrato reside de maneira determinante na formación e experiencia profesional das persoas.

A extensión deste criterio a outro tipo de contratos é moi restritiva, tal e como se establece en diversas resolucións (Resolución 9/14, do 11 de febreiro, do Tribunal Administrativo de Contratos de Aragón).

Á vista da normativa aplicable no momento da formalización dos contratos fiscalizados, este órgano fiscalizador considera que a experiencia e a formación do equipo directivo non pode ser un elemento



valorable más alá da súa consideración como criterio de solvencia, debido ao tipo de contratos de que se trata.

Á vista do anterior non se acepta a alegación e polo tanto non se modifica o texto do informe.

Alegación número 2:

Alégase que se fixa expresamente no prego a forma de acreditación da solvencia no expediente 37.

Acéptase a alegación e procédese á modificación do informe.

Réplica á alegación formulada en relación co punto 3.3., do apartado 3. Confección e aprobación dos pregos, do ANEXO 3: INCIDENCIAS.

Alégase que nos expedientes referenciados (números 5, 6 e 7) a contía do contrato se determina en función de prezos unitarios, e polo tanto, o importe da garantía se fixará atendendo ao presuposto base de licitación, segundo dispón o artigo 95.3 do TRLCSP.

Acceptase a alegación e procédese á modificación do informe, eliminando a incidencia denominada "Fixación de garantía definitiva sobre o importe de licitación e non de adxudicación".

Réplica á alegación formulada en relación co punto 3.4., do apartado 3. Confección e aprobación dos pregos, do ANEXO 3: INCIDENCIAS.

Alégase que na documentación que se xunta consta a resolución expresa de aprobación do expediente, do gasto e dos pregos nos expediente números 24, 25 e 28.

Analizada a documentación remitida acéptase parcialmente a alegación, modificándose o informe.

Réplica á alegación formulada en relación co punto 3.5., do apartado 3. Confección e aprobación dos pregos, do ANEXO 3: INCIDENCIAS.

Alégase que os pregos están aprobados cando son asinados unha vez informados pola Asesoría Xurídica, sen que sexa necesaria resolución expresa.

O procedemento administrativo, en xeral, e o de contratación, en particular son procedementos formais nos que a aprobación dos pregos se debe realizar a través dun acto administrativo expreso, tal e como se pode atopar noutros expedientes analizados.

Á vista do anterior non se acepta a alegación e polo tanto non se modifica o texto do informe.

Réplica á alegación formulada en relación co punto 3.7., do apartado 3. Confección e aprobación dos pregos, do ANEXO 3: INCIDENCIAS.

Alégase que a Orde do 26 de decembro de 1986 da Consellería de Economía e Facenda establece que a confección do documento contable RC é potestativa para o órgano xestor.

No informeponse de manifesto a carencia de certificación de existencia de crédito que pode ser acreditada co *documento* contable RC. Nos expedientes que se relacionan non consta dita certificación que si que resulta obrigatoria. Non obstante, modifícase a redacción para aclarar este punto.

Réplica á alegación formulada en relación co punto 5.1., do apartado 5. Outros criterios avaliábles de forma automática, do ANEXO 3: INCIDENCIAS.

Alégase que no expediente número 2 o servizo de transporte aéreo vai ser máis rápido cando as aeronaves estean situadas nos aeroportos próximos ao hospital, de forma que ata 600 km de distancia se pode prestar o servizo de forma regular.

A alegación confirma o sinalado no informe xa que existe outro aeroporto no radio de 600 km de distancia, polo que non se *modifica*.

Réplica á alegación formulada en relación co punto 5.2., do apartado 5. Outros criterios avaliábles de forma automática, do ANEXO 3: INCIDENCIAS.

O órgano xestor afirma que non é certo que a valoración dos criterios automáticos non os faga a mesa de contratación. O que fai o órgano técnico de apoio á Mesa, ou ao servizo promotor, é comparar as ofertas presentadas e as mostras para ver se presentan diferenzas, posto que neses casos prevalece a mostra e non o recollido en papel, e comunicalo á Mesa para que esta poida valorar as ofertas respecto aos criterios automáticos outorgando as puntuacións que correspondan por cada criterio e facer logo a proposta de adxudicación.

O alegado non se corresponde coa documentación examinada por este órgano fiscalizador. Nos expedientes analizados a mesa remite a un órgano de apoio alleo á mesma a valoración dos criterios automáticos, *cando* dito órgano debería unicamente cumprir unha función de apoio en relación con cuestións técnicas e non respecto das cuantificables de forma directa.

Á vista do anterior non se acepta a alegación e polo tanto non se modifica o texto do informe.

Réplica á alegación formulada en relación co punto 6.4., do apartado 6. Criterios non avaliábles de forma automática, do ANEXO 3: INCIDENCIAS.

A alegación refírese ao expediente número 30 (MI-SER1-12-013), cando dito expediente non presenta a incidencia á que se refire o punto 6.4.

Non se acepta a alegación e polo tanto non se modifica o texto do informe.

Réplica á alegación formulada en relación co *punto* 6.9., do apartado 6. Criterios non avaliábles de forma automática, do ANEXO 3: INCIDENCIAS.



Alégase que nos expedientes 25 e 28 constan os informes de valoración dos criterios non avaliábeis de forma automática sobre as ofertas presentadas ao procedemento, así como os anexos de cada un dos criterios onde se detalla a puntuación e a razón da puntuación para cada un dos licitadores.

Non se acepta a alegación por considerar este órgano fiscalizador que a dita motivación é insuficiente. Polo tanto non se modifica o texto do informe.

Réplica á alegación formulada en relación co punto 6.15., do apartado 6. Criterios non avaliábeis de forma automática, do ANEXO 3: INCIDENCIAS.

Alégase que nos dous expedientes referenciados os informes figuran co nome completo e cargo do seu emisor así como a súa sinatura.

Na documentación analizada non constan os ditos extremos. Non obstante, o órgano xestor remitiu os ditos informes xunto coas alegacións, que si aparecen firmados e coa correspondente identificación do emisor. Porén, no expediente número 12 non figura a data.

Como consecuencia do anterior acéptase parcialmente a alegación e modifícase o texto do informe.

Réplica á alegación formulada en relación co punto 7.3., do apartado 7. Licitación, adxudicación e formalización dos contratos, do ANEXO 3: INCIDENCIAS.

Alégase que o expediente número 24 non está afectado pola incidencia que consta no informe.

Unha vez comprobada a documentación, constátase que hai un erro, de forma que o expediente que si está afectado por dita incidencia é o número 16, polo que se procede á modificación do informe.

Réplica á alegación formulada en relación cos puntos 7.4. e 7.5, do apartado 7. Licitación, adxudicación e formalización dos contratos, do ANEXO 3: INCIDENCIAS.

Alégase que naqueles expedientes nos que non se recollían variacións entre o contrato de acordo marco e o derivado (nin de prezos, nin de prazo de execución,...) formalizábase un só contrato.

A normativa esixe a formalización do acordo, que non ten natureza contractual, e a do contrato derivado, polo que é necesaria a formalización de ambos os dous documentos.

Á vista do anterior non se acepta a alegación e polo tanto non se modifica o texto do informe.

Réplica á alegación formulada en relación co punto 7.6, do apartado 7. Licitación, adxudicación e formalización dos contratos, do ANEXO 3: INCIDENCIAS.

Alégase que a normativa non esixe recoller no contido do contrato a súa desagregación por anualidades.

Aínda que no é preceptivo o dito detalle, considérase que en aras á transparencia sería recomendable a súa inclusión. Non obstante, modifícase o texto do informe para matizar a incidencia.

Réplica á alegación formulada en relación co apartado 8. Procedemento negociado, do ANEXO 3: INCIDENCIAS.

Alegación número 1:

Alégase que os expedientes números 34, 35 e 37 adjudícanse mediante procedemento negociado por exclusividade técnica, por poder ser executados por só unha determinada empresa. Nestes casos xa se negocia o prezo antes de invitar formalmente a empresa.

Non se acepta a alegación para estes expedientes por non constar documentalmente a citada negociación.

Así mesmo, faise mención a que o expediente número 38 deriva dun acordo marco licitado polo estado no que non cabía negociación algunha, estando ademais o prezo fixado polo Estado sen posibilidade de mellora.

Neste caso acéptase a alegación e modifícase o informe eliminando o citado expediente da relación.

Alegación número 2:

O órgano xestor alega que no expediente de contratación consta a xustificación da invitación a unha única empresa, que é a capacitada para prestar o devandito servizo, entendendo que a negociación é útil cando se conta con máis dunha empresa. No caso de existir unha única empresa o prezo de licitación xa é o pactado.

A existencia dunha única empresa *capitada* non impide que se negocie con ela os termos do contrato, polo que non se acepta esta alegación e non se modifica o texto do informe.

Réplica á alegación formulada en relación co punto 9.1., do apartado 9. Contratación menor, do ANEXO 3: INCIDENCIAS.

A alegación límitase a xustificar o constatado no informe.

Non se acepta a alegación e polo tanto non se modifica o informe.

Consello de Contas
de Galicia



**INFORME DE FISCALIZACIÓN DOS
SERVIZOS TÉCNICOS DE MANTEMENTO NO
ÁMBITO SANITARIO DO SERGAS**

EXERCICIO 2014

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	7
II. RESULTADO DA FISCALIZACIÓN.....	8
II.1. ASPECTOS XERAIS.....	8
II.1.1. Características do ámbito fiscalizado.....	8
II.1.2. Estrutura e organización	11
II.1.3. Soporte informativo	14
II.2. MANTEMENTO DESENVOLVIDO CON MEDIOS PROPIOS	15
II.2.1. Desenvolvemento do servizo.....	15
II.2.2. Inventario e Instalacións	17
II.2.3. Recursos humanos.....	21
II.2.4. Réxime de subministracións	33
II.2.5. Desenvolvemento das modalidades de mantemento.....	39
II.3. MANTEMENTO CON MEDIOS ALLEOS.....	46
II.3.1. Electromedicina	46
II.3.1.1. Contrato centralizado	46
II.3.1.2. Mantemento de equipos de alta tecnoloxía.....	74
II.3.1.3. Outros contratos de electromedicina	78
II.3.1.4. Control de calidade do mantemento integral de electromedicina contratado coa empresa Iberman	83
II.3.1.5. Actividade relativa ao mantemento de electromedicina	87
II.3.2. Mantemento de instalacións	93
II.3.2.1. Situación contractual.....	93
II.3.2.2. Contratos de especial relevancia.....	95
II.3.2.3. Actividade relativa ao mantemento industrial e de instalacións.....	104
III. CONCLUSIÓNS	111
IV. RECOMENDACIÓNS.....	116
ALEGACIÓNS	119
RÉPLICAS ÁS ALEGACIÓNS.....	195

ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Volume de actividade segundo orixe dos recursos. 2014	9
Cadro 2: Categorías profesionais da área de mantemento	22
Cadro 3: Análise comparativa da estrutura orgánica. 2014	23
Cadro 4: Análise comparativa dos cadros de persoal. 2014	24
Cadro 5: Análise comparativa do tipo de efectivos en 2014. Relación xurídica do persoal.....	26
Cadro 6: Retribucións fixas e de percepción periódica do persoal da área de mantemento (euros). 2014	29
Cadro 7: Evolución do gasto retributivo da área de mantemento (euros)	30
Cadro 8: Complemento de actividade non programada e programas especiais 2014 (euros).....	31
Cadro 9: Indicadores de absentismo. 2014.....	32
Cadro 10: Gasto material de mantemento (euros)	36
Cadro 11: Actividade con medios propios 2014.....	39
Cadro 12: Tempo medio por parte do persoal propio por tipos de mantemento e centros. 2014 (horas)	41
Cadro 13: Gasto contratos de mantemento e reparacións de equipamento electromédico en 2011 (euros) ⁽¹⁾	48
Cadro 14: Orzamento máximo de licitación e valor estimado (euros).....	51
Cadro 15: Desagregación dos criterios de valoración	52
Cadro 16: Aplicación dos criterios de valoración	52
Cadro 17: Ofertas económicas presentadas e puntuación definitiva (cantidades sen IVE) (euros)	53
Cadro 18: Desagregación por lotes do importe adxudicado (euros)	54
Cadro 19: Demora na elaboración dos inventarios.....	56
Cadro 20: Discrepancias na información relativa ao inventario. Número de elementos	57
Cadro 21: Desagregación do importe reclamado polo adxudicatario á marxe do contrato (euros)	59
Cadro 22: Sistemas de xestión informatizada dos distintos centros	60
Cadro 23: Estrutura funcional ofertada.....	64
Cadro 24: Equipamento de substitución	67
Cadro 25: Investimento ofertado para actualización do equipamento.....	68
Cadro 26: Prestación do servizo. Desviación respecto dos indicadores estándar.....	70
Cadro 27: Cuantificación das deducións (euros).....	72
Cadro 28: Tipificación das incidencias e sancións (euros)	73
Cadro 29: Faltas moi graves por incumprimento do nivel de servizo (outubro 2013-décembro 2014).....	74
Cadro 30: Contratos centralizados para o mantemento de equipos de alta tecnoloxía (euros).....	75
Cadro 31: Comparativa por equipos General Electric Healthcare (euros).....	76
Cadro 32: Comparativa por equipos Siemens (euros)	76
Cadro 33: Comparativa equipos (euros)	77
Cadro 34: Relación de contratos de mantemento de electromedicina vixentes en 2014. Lugo.....	78
Cadro 35: Relación de contratos de mantemento de electromedicina vixentes en 2014. A Coruña.....	79
Cadro 36: Relación de contratos de mantemento de electromedicina vixentes en 2014. Vigo	80
Cadro 37: Número de partes segundo o tipo de intervención	85
Cadro 38: Valoración que se desprende da enquisa	86
Cadro 39: Tipoloxía das queixas.....	86

Informe de fiscalización dos servizos técnicos de mantemento no ámbito sanitario do Sergas. Exercicio 2014

Cadro 40: Porcentaxe de actividade xestionada con medios alleos por modalidades e áreas de xestión	89
Cadro 41: Volume de partes resoltos por tramos	90
Cadro 42: Grao de cumprimento do mantemento preventivo de electromedicina no ámbito do CHUAC.....	91
Cadro 43: Incidencia do mantemento de electromedicina por áreas clínicas	92
Cadro 44: Desagregación do gasto do material de electromedicina consumido en reparacións externas (euros).....	93
Cadro 45: Contratos de mantemento de instalacións por sistemas de adxudicación e importe anual (euros)	94
Cadro 46: Efectivos ofertados	97
Cadro 47: Número de partes segundo a información do adxudicatario e do propio centro	105
Cadro 48: Gasto de material derivado da actividade do mantemento externo de instalacións por especialidades (euros).....	107
Cadro 49: Distribución porcentual por modalidades da actividade do mantemento externalizado na área industrial e de instalacións e grao de representación con respecto ao global.....	108
Cadro 50: Desagregación da resolución das avarías por tramos de tempo.....	109
Cadro 51: Desagregación do número de partes e intervencións asociadas.....	109
Cadro 52: Distribución da actividade por áreas profesionais	110
Cadro 53: Elementos afectados pola actividade	110

ABREVIATURAS

AP	Atención Primaria
CH	Complexo Hospitalario
CHUAC	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña
CHUS	Complexo Hospitalario Universitario Santiago
CHUO	Complexo Hospitalario Universitario Ourense
COF	Centro de Orientación Familiar
DEA	Desfibrilador externo automático
EOXI	Estrutura Organizativa de Xestión Integrada
FIV	Fecundación in vitro
GFH	Grupo funcional homoxéneo
H	Hospital
HUAC	Hospital Universitario A Coruña
HULA	Hospital Universitario Lucus Augusti
OT	Orde de traballo
TAC	Tomografía Axial Computarizada
RNM	Resonancia Nuclear Magnética
STM	Servizo Técnico de Mantemento
UTB	Unidade de Tuberculose
USM	Unidade de Saúde Mental
UTE	Unión Temporal de Empresas
XAP	Xerencia de Atención Primaria

I. INTRODUCCIÓN

Finalidade

Aínda que o fundamento básico das institucións sanitarias vén definido pola súa actividade asistencial, o correcto funcionamento do Servizo Técnico de Mantemento (en diante STM) é imprescindible para o seu normal desenvolvemento e a súa particular importancia xustificou a conveniencia de acometer, de forma selectiva, a súa análise.

O propósito deste informe consistiu en reflectir con carácter xeral e global a problemática detectada, formulando as oportunas conclusións e recomendacións.

Obxectivos

Co obxecto dunha adecuada análise do funcionamento e da xestión da área de mantemento no ámbito sanitario, tivéronse presente, basicamente, as seguintes pautas de actuación:

- Exame dos distintos aspectos organizativos, funcionais e procedimentais e o seu grao de adecuación á normativa vixente.
- Análise dos procedementos e mecanismos de control.
- Descrición das incidencias máis significativas que, de forma sistemática, se están a reproducir nas distintas institucións, co fin de instar a súa oportuna depuración e control.
- Avaliación da operatividade do servizo e dos sistemas de mantemento desenvolvidos (preventivo, correctivo, mellorativo e legal), tanto con medios propios como alleos.
- Obtención da información debidamente contrastada co fin de efectuar a correspondente análise diagnóstica e comparativa da situación.

De acordo coa formulación adoptada, incidíuse especialmente nos aspectos negativos do funcionamento, sen que iso presupoña un enxuízamento xeneralizado dos distintos STM, nin se deba interpretar como unha crítica sistemática da súa operatividade, xa que, pola contra, atopáronse experiencias e métodos de funcionamento positivos e eficaces.

Ámbito e alcance da actuación

As actuacións tiveron por finalidade a análise do STM, fundamentalmente no ámbito hospitalario, nos seus aspectos administrativos, de funcionamento, económicos e operativos. Desenvolvéronse en determinadas áreas de xestión integrada do ámbito do Sergas, todas elas con varios centros e con diferentes esquemas de xestión.

A análise e comprobacións circunscíbíronse a determinados centros seleccionados: EOXI de Lugo, Cervo e Monforte (en diante EOXI de Lugo), EOXI da Coruña e EOXI de Vigo.

No ámbito temporal a auditoría estivo referida fundamentalmente ao exercicio 2014 e, en determinados extremos, aos dous anos precedentes incidíndose, en certos aspectos, na situación ao momento das actuacións.

Marco legal

Sen prexuízo da diversa regulación de tipo técnico que incide nos distintos aspectos funcionais da área de mantemento, a normativa básica de carácter xeral que afecta fundamentalmente a área fiscalizada está constituída polas seguintes disposicións:

- Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público.

Metodoloxía

A análise practicada sistematizouse baseándose nos diversos aspectos que, en distinta medida, foron obxecto de tratamento nas institucións auditadas. Co obxecto de plasmar adecuadamente o resultado das actuacións, optouse por estruturar o resultado da fiscalización nos seguintes apartados principais:

- *aspectos xerais*, referido, en grandes liñas, ás peculiaridades organizativas e funcionais da área de mantemento,
- *mantemento con recursos propios*, en cuxo apartado se recollen os aspectos operativos, a situación relativa ao inventario, a xestión de persoal nas súas diferentes facetas (cadro de persoal, retribucións e o seu control), o réxime de subministracións, examinándose, por último, a actividade desenvolvida,
- *mantemento con medios alleos*, que se analiza desde unha dobre perspectiva: a) electromedicina e b) xeral e de instalacións. Á súa vez dentro de cada un deles recóllense, por un lado, os aspectos concernentes á contratación e, por outro, os relativos á execución do servizo, e
- finalmente recóllense as conclusións e recomendacións oportunas.

II. RESULTADO DA FISCALIZACIÓN

II.1. ASPECTOS XERAIS

II.1.1. CARACTERÍSTICAS DO ÁMBITO FISCALIZADO

A actividade de mantemento ten por obxecto a adopción das medidas necesarias, tanto de orde interna como externa, co fin de lograr o correcto funcionamento de instalacións, equipos e

elementos existentes no centro, procurando un idóneo estado de conservación e solucionando cantas incidencias se poidan presentar. O mantemento afecta basicamente a tres elementos diferenciados: o edificio, as instalacións e os equipos.

Desde o punto de vista dos recursos utilizados cabe diferenciar as seguintes modalidades:

- Mantemento realizado con recursos propios.
- Mantemento efectuado con medios alleos, que pode ser concertado (especificamente, ou integral de instalacións e de equipos) e non concertado.

A proporción de ambas as dúas modalidades en cada EOXI resúmese no seguinte cadro:

Cadro 1: Volume de actividade segundo orixe dos recursos. 2014

Centro	Medios propios	Medios alleos
EOXI A Coruña	50%	50%
HUAC	65%	35%
H Abente y Lago	25%	75%
Atención Primaria	15%	85%
H Teresa Herrera	71%	29%
H Virxe da Xunqueira	7%	93%
Centros de especialidades	62%	38%
H Oza	3%	97%
EOXI Ferrol	63,8%	36,2%
EOXI Santiago	37,0%	63,0%
EOXI Lugo (*)	--	--
Atención primaria	72,8%	27,2%
HULA	62,9%	37,1%
EOXI Ourense	34,4%	65,6%
CHUO	31,1%	68,9%
Atención primaria	54,4%	45,6%
H Comarcal Valdeorras	62,4%	37,6%
H Verín	0%	100%
EOXI Pontevedra	57,9%	42,1%
H Provincial	28,7%	71,3%
Atención primaria	13,4%	86,6%
H Montecelo	76,7%	23,3%
H do Salnés	0%	100%
EOXI Vigo	57,4%	42,6%
H Xeral	89,8%	10,2%
H Meixoeiro	17,3%	82,7%
H Rebullón	71,8%	28,2%
H Nicolás Peña	13,8%	86,2%
Policlínico Cíes	45,3%	54,7%
Atención primaria	13,5%	86,5%

(*) Non se obtivo información dos hospitais comarcais

Fonte: Rexistros de actividade dos centros e información elaborada por eles

Estes datos teñen un carácter meramente indicativo debido á heteroxeneidade de criterios de rexistro e ás deficiencias detectadas en canto á fiel representación da actividade. Por outra banda,

en orde á súa oportuna interpretación, convén precisar o seguinte: non se obtiveron datos do H de Monforte e do H da Costa; nas EOXI de Ferrol e de Santiago non se obtivo información desagregada por centros; dado que nalgúns centros non se está diferenciando informativamente o mantemento mixto, este computouse en todos os casos como alleo.

Os datos anteriormente expostos permiten extraer as seguintes observacións:

- A EOXI que máis actividade desenvolve con medios propios é a de Ferrol e a continuación as de Pontevedra e Vigo, sendo nas demais inferior ao 50%. A nivel de centros o H Xeral de Vigo é o que máis emprega os seus recursos técnicos internos.
- Destaca a prevalencia nas EOXI de Santiago e Ourense do mantemento realizado con medios alleos sobre o prestado con medios propios, ao contrario do que ocorre nas EOXI de Pontevedra e Ferrol.

Tal e como se desprende das actuacións practicadas, o mantemento hospitalario acometido tradicionalmente cos propios medios persoais e materiais dispoñibles en cada institución foi progresivamente decaendo, debido a factores de diversa índole, en favor dunha maior dependencia allea, producíndose, en determinados centros, un importante grao de externalización.

Con todo, a situación é dispar e heteroxénea; neste sentido, obsérvase que nalgúns ámbitos prodúcese un maior desenvolvemento do mantemento prestado con medios propios, mentres que noutros se recorreu de forma moi significativa ao mantemento concertado con carácter integral, desempeñando os recursos propios unha función residual. Mesmo en certos centros dáse a casuística de que o mantemento das instalacións é compartido simultaneamente por persoal propio e alleo sen ningún tipo de división funcional, coincidindo o seu obxecto e alcance, coa única particularidade de que a súa actuación se efectúa en quendas horarias diferentes (AP na EOXI de Lugo) ou simultaneamente (centros das EOXI da Coruña ou de Vigo).

Como aspecto relevante, debe destacarse a contratación a nivel de todo o Sergas do mantemento integral de equipos electromédicos, efectuando cada institución o control da execución desta actividade realizada a través de medios externos.

Ademais da anterior diferenciación entre mantemento realizado con recursos propios ou alleos, atendendo á finalidade das actuacións desenvolvidas podemos clasificar o mantemento en: preventivo (que inclúe o técnico-legal), correctivo e mellorativo ou condutivo.

II.1.2. ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN

Dentro da estrutura das institucións sanitarias, o STM constitúe unha área claramente diferenciada e específica, cunha indubidable repercusión na calidade asistencial ao manter e conservar os medios técnicos do propio centro procurando o correcto funcionamento e o óptimo rendemento do equipamento e das instalacións e garantindo o seu nivel de seguridade.

Dentro do organigrama da área de mantemento cabe distinguir dous niveis:

- Un *central*, constituído pola estrutura establecida nun ámbito centralizado superior á área de xestión integrada.

Actualmente, na Dirección de Recursos Económicos do Sergas, as competencias na materia son asumidas pola Subdirección Xeral de Investimentos e pola Subdirección Xeral de Compras e Servizos, cuxas estruturas unicamente exercen un reducido desenvolvemento de obxectivos na materia.

Mediante a Orde do 13 de novembro de 2001 créase a Comisión Técnica de Mantemento do Sergas coas funcións de propoñer accións de formación para os profesionais da área e de avaliar a proposta de contratación conxunta para varios centros.

- Outro *periférico*, que corresponde ao ámbito das estruturas de xestión integrada. No actual organigrama o STM adoita quedar encadrado na Dirección de Recursos Económicos, dependendo directamente dela ou a través dunha subdirección, segundo as características da institución.

Esas dúas vertentes coinciden, en certa medida, co dobre aspecto funcional de mantemento planificador e mantemento de campo.

Dentro xa de cada EOXI analizada, tal e como se expoñerá a continuación, o STM presenta diferenzas organizativas e funcionais, existindo, en xeral, certa disgregación estrutural dentro de cada área unificada de xestión, non levándose a cabo, na práctica, unha integración efectiva das distintas unidades de mantemento con funcionamento independente. Non só non se produciu a correspondente unificación efectiva na materia dos distintos centros incorporados a cada EOXI senón que incluso, nalgunha delas, dentro do mesmo complexo hospitalario, coexisten unidades de mantemento independentes que actúan de forma diferenciada, incidindo significativamente tales situacións na adecuada xestión dos recursos.

Por outra banda, observouse que as distintas unidades administrativas dos centros analizados, con excepción dun, atópanse fisicamente disgregadas ou dispersas, o que supón certa falta de racionalidade e inconvenientes operativos que dificultan unha eficaz xestión.

EOXI de Lugo:

A estrutura da área de mantemento é a seguinte:

- No HULA, abarcando tamén o H de Calde e o Centro de Saúde Mental, existen dúas unidades:
 - a) A de instalacións e equipamento cuxa actividade non inclúe o mantemento das instalacións de climatización e parte dos compoñentes eléctricos, aspectos especificamente concertados cunha empresa. Así mesmo, son obxecto de externalización as obras e determinadas reparacións.
 - b) A de electromedicina, cunha actividade residual, posto que a electromedicina xeral atópase contratada cunha empresa e as de aparellos de alta tecnoloxía cos propios provedores. Así mesmo, determinadas reparacións son realizadas por distintas empresas.
- En Atención Primaria a unidade de servizos xerais da extinta XAP xestiona o mantemento da devandita estrutura asistencial, xa sexa con medios propios ou con alleos non concertados nos ámbitos non cubertos polos contratos subscritos de Electromedicina, calefacción e de urxencias de electricidade (este último cobre as avarías producidas fóra da xornada laboral do persoal propio).
- Os hospitais de Monforte e da Costa teñen as súas propias unidades de mantemento, atopándose externalizados determinados aspectos, ademais da electromedicina convencional.

Cada unidade ten unha estrutura xerárquica diferenciada: a de instalacións do HULA conta cun xefe de servizo e tres xefes de sección, e a de electromedicina cun xefe de servizo; en Atención Primaria existe un xefe de servizo e tres xefes de grupo, mentres que os hospitais comarcais dispoñen dun xefe de servizo. Todas as unidades contan coa súa propia infraestrutura administrativa que, en xeral, está fisicamente centralizada nun espazo común, agás no caso dos hospitais comarcais.

Do exposto infírese que a organización da área de mantemento na EOXI de Lugo atópase disgregada en diversas unidades de forma estanca e non integradas operativamente, sendo xestionadas de forma autónoma e non unificada por diferentes responsables e non sempre seguindo os mesmos criterios e ferramentas de control.

EOXI da Coruña

A área de mantemento está estruturada en dous servizos independentes que funcionan de maneira autónoma:

- Mantemento de electromedicina: do mesmo xeito que na EOXI de Lugo a electromedicina xeral atópase externalizada; tamén interveñen os servizos técnicos dos provedores de equipos de alta tecnoloxía e residualmente determinadas reparacións son acometidas por empresas externas.

- Mantemento xeral de equipos e instalacións, estruturado en dous ámbitos funcionais: o referido ao CHUAC (agás o H de Oza) e o concernente aos centros periféricos (H Virxe da Xunqueira, H de Oza, Centro de especialidades, AP e outras unidades). Salvo no HUAC e no H Teresa Herrera, nos que coexisten medios propios e alleos, nos restantes centros o mantemento é prestado exclusivamente con recursos externos.

En canto á estrutura xerárquica, o servizo de electromedicina conta cun único responsable, mentres que o de equipos e instalacións ten un responsable e dous xefes de sección.

Polo que se refire á estrutura administrativa, as unidades de xestión sitúanse no HUAC distribuídas en dous edificios próximos, coa excepción de determinadas unidades da Dirección de Recursos Económicos; nesta última, mentres o responsable está no propio edificio da Xerencia, a parte máis substancial da súa infraestrutura (contabilidade, contratación, e facturación) atópase distante no Hospital Abente y Lago.

EOXI de Vigo

Baixo a dependencia da Subdirección de Recursos Económicos a área de mantemento estrutúrase en dous servizos independentes:

- O denominado de "Grandes hospitais", no que funcionan como unidades diferenciadas as seccións industriais de cada un dos centros que o integran (H Xeral e H Meixoeiro) e a unidade de electromedicina que abarca toda a área de xestión, agás AP.
- O correspondente a "Periféricos" (H Rebullón, H Cíes, H Nicolás Peña, Centros de Especialidades e Atención Primaria), encargado do mantemento industrial dos devanditos centros e do que dependen unha unidade técnica e outra de subministracións, cuxa actividade se estende a toda a EOXI.

Cada un destes dous servizos conta cun responsable, sen que exista outra estrutura orgánica de rango inferior; con todo, na práctica existen responsables de unidade sen recoñecemento formal.

En canto á estrutura administrativa, a Xerencia e a Dirección Asistencial atópanse situadas no H Xeral, mentres que a Dirección de Recursos Humanos está na sede da extinta Dirección Provincial e a área de Recursos Económicos en distintos edificios do Hospital Nicolás Peña.

Durante o transcurso destas actuacións de fiscalización produciuse a gradual apertura do novo Hospital de Vigo, o que supuxo un cambio substancial da situación, podendo destacarse, nos aspectos que nos ocupan, as seguintes alteracións:

- A empresa concesionaria da construción do novo hospital é a que realiza o mantemento da electromedicina de todos os centros hospitalarios da EOXI; así mesmo, encárgase de certos aspectos

de mantemento de instalacións dos centros, excepto no H Meixoeiro ao que se prevé reasignar todos os efectivos técnicos propios do cadro de persoal que estaban prestando servizos no devandito centro e nos hospitais Xeral e Rebullón. Respecto ao H Nicolás Peña, o mantemento de instalacións atopábase no momento destas actuacións, contratado cunha empresa externa, descoñecéndose a formulación sobre a futura prestación do servizo.

- No ámbito da Atención Primaria non consta planificado ningún cambio no actual réxime de funcionamento. Polo que se refire ao anexo ao H Xeral (ao que se adscriben determinadas unidades asistenciais ambulatorias) e ás dependencias da extinta Dirección Provincial (actualmente ocupada por determinados servizos administrativos da EOXI) tampouco se obtivo ningunha concreción en relación ao seu futuro mantemento.
- En canto á estrutura administrativa, a Xerencia e a área de servizos asistenciais trasladaranse ao novo hospital, mantendo o resto sen cambios.

II.1.3. SOPORTE INFORMATIVO

Debe significarse que os servizos técnicos utilizan un heteroxéneo desenvolvemento informático para o rexistro e control da actividade, non existindo uns criterios e ferramentas estandarizados para a xestión da área; incluso dentro da mesma institución coexisten aplicativos dispares.

Obsérvase que os centros examinados dispoñen de diferentes programas de xestión informatizada e que se estenden normalmente aos seguintes aspectos: subministracións, actividade, fichas técnicas e recursos humanos; en xeral, os aplicativos non están integrados, funcionando de forma estanca e en moitos casos a explotación da información é deficiente, non constituíndo un eficaz mecanismo de xestión adecuado ás necesidades da área.

Un dos obxectivos desta fiscalización consistiu na avaliación e na análise comparativa da actividade levada a cabo polos distintos STM, dependendo o seu resultado do desenvolvemento e rigor informativo existente en cada un deles. Das actuacións practicadas nos centros seleccionados despréndese unha variada casuística e certa disparidade de criterios. A este respecto, cabe significar o seguinte:

Área de Lugo

O rexistro da actividade do mantemento (partes e as súas correspondentes ordes de traballo ou intervencións de operarios) no HULA desenvólvese nun aplicativo desfasado, propiedade do hospital, no que se recolle indiscriminadamente as actuacións con medios propios e contratados. Este programa non está interconectado co da empresa adxudicataria e a explotación que ofrece da información é limitada e insuficiente para unha adecuada xestión.

Área da Coruña

Neste caso o aplicativo de xestión institucional implantado, MANSIS, adquirido a un desenvolvedor de software, adecúase perfectamente ás necesidades informativas e constitúe un eficaz instrumento de control da actividade, aínda que as deficiencias no procesamento da información, por falta de criterios homoxéneos de rexistro e por unha deficiente codificación, menoscaban a súa operatividade, non sendo, ademais, idóneo o seu aproveitamento ao non se utilizar varias das súas funcións e módulos.

O uso deste programa para o rexistro da actividade na EOXI da Coruña estendeuse durante o exercicio 2014 a todos os seus centros.

Este soporte informático é empregado indistintamente para o rexistro da actividade tanto a través de medios propios como polas empresas contratadas con persoal residente.

Área de Vigo

O rexistro da actividade na EOXI de Vigo está tamén sustentado no aplicativo MANSIS cuxa implantación se estendeu durante 2014 a todos os centros, agás en Atención Primaria (salvo en dous centros de saúde situados en Vigo) onde está previsto que substitúa ao que se está utilizando, XEMAS.

Aínda que o aplicativo é completo e permite un seguimento adecuado da xestión, aprécianse certas deficiencias no rexistro da información que condicionan unha correcta explotación.

Así mesmo, non se aproveitan todos os fluxos informativos que permite o programa xa que non se atopan desenvolvidos determinados módulos ou non se produce unha conexión adecuada con outras aplicacións de xestión (compras, almacén), non proporcionando un sistema de indicadores eficaz e fiable.

A actividade realizada polos técnicos atópase en soporte papel, o que leva consigo certa ineficiencia, non aproveitándose a funcionalidade do programa que posibilita a interconexión electrónica.

Aínda que a empresa adxudicataria do servizo de electromedicina vén envorcando actividade no MANSIS, para os efectos de facturación e de presentación de informes de xestión utiliza a súa propia aplicación, non estando integradas ambas as dúas plataformas, o que provoca discordancias.

II.2. MANTEMENTO DESENVOLVIDO CON MEDIOS PROPIOS

II.2.1. DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO

Estrutura da prestación do servizo. Tipo de organización

O desenvolvemento interno é susceptible das seguintes variantes:

- Establecemento de equipos tendo en conta as distintas especialidades e oficios cun responsable en cada un deles.
- Creación de unidades internas segundo áreas funcionais diferenciadas que agrupan efectivos multidisciplinares.
- Por último, un sistema mixto, baseado en unidades por especialidades e unidades funcionais.

Nas institucións analizadas obsérvase que cada servizo veu adoptando a súa propia estrutura predominando, na práctica, o primeiro dos modelos, é dicir, a organización por oficios.

Outro trazo diferencial, tal como se desprende das características dos servizos de mantemento examinados, é o seu distinto grao de desenvolvemento, estando, en xeral, inadecuadamente estruturados.

Participación do STM nas medidas que afectan á infraestrutura

Polo que respecta ao deseño de instalacións e obras de reforma promovidas externamente, non existe unha canle formal e habitual de participación do STM, segundo se desprende da información achegada.

Plans de avaliación do servizo

As actuacións practicadas puxeron de manifesto a ausencia de plans de avaliación do servizo e de análise do resultado da actividade nos supostos fiscalizados, efectuándose unicamente certa imputación dos custos das reparacións por GFH dun modo non suficientemente rigoroso. Por outra banda, non se constatou o desenvolvemento dun método de control de calidade debidamente acreditado con mecanismos de avaliación dos distintos procedementos establecidos e da súa revisión con auditorías de carácter periódico. Os métodos para detectar deficiencias de funcionamento adoitan ser imprecisos, evidenciándose certa falta de iniciativa dalgúns centros na erradicación de pautas incorrectas.

Análise económica da actividade do servizo

En canto á análise económica interna da actividade do servizo en ningún caso se constatou a súa acreditación e plasmación nun documento conclusivo de xestión.

Control interno

En xeral, non se atopan implantados mecanismos de control interno na xestión da área, non producíndose nalgúns casos unha adecuada segregación de funcións nos seguintes aspectos: inventarios e fichas técnicas; áreas técnicas e subministracións; e sistema de adquisicións (pedido, compra, recepción do material e da facturación e consumos).

A documentación soporte dos datos do aplicativo informático de cada servizo técnico non adoita ser obxecto da debida validación e supervisión.

II.2.2. INVENTARIO E INSTALACIÓNS

Xestión de inventario

A actividade de mantemento ten como obxectivo bens que han de estar incluídos no inventario, polo que a xestión que se faga deste ten unha estreita relación coa propia xestión e funcionamento dos STM. Por outra banda, un eficaz mantemento esixe un desenvolvemento completo e exhaustivo das fichas técnicas, as cales teñen o seu soporte no inventario de equipos e instalacións. Por iso, resulta conveniente efectuar unha breve análise en relación coa xestión do inventario e instalacións.

Mentres que a xestión de bens inmobles é competencia da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Sergas, a xestión do inventario de bens mobles realízase conxuntamente pola devandita Dirección Xeral e por cada centro de acordo co establecido pola Circular do 14 de xuño de 2002. Regulamentariamente establécese a figura dun responsable de inmovilizado, cuxas funcións son: controlar que o sistema de xestión de inmovilizado sexa fiel á realidade e se manteña debidamente actualizado; actuar como nexo entre os distintos departamentos do centro e os Servizos Centrais do Sergas; controlar o cumprimento dos procedementos de alta, baixa e transferencia de activos e facilitar o contido do inventario aos responsables dos departamentos. Así mesmo, determínase o procedemento para seguir na xestión, por parte de cada centro, das altas de activos, doazóns, préstamos, transferencias e baixas de activos.

O programa informático utilizado para a xestión, mantemento e actualización do inventario é o Sistema de Xestión Patrimonial A4. Trátase dun programa corporativo común para todos os centros xestores do Sergas desenvolvido pola empresa *American Appraisal*, que permite ao Servizo de Patrimonio dos Servizos Centrais do Sergas consultar en tempo real o inventario de todas as EOXI, permitindo coñecer e actualizar os datos de identificación e localización de calquera elemento de inmovilizado, así como efectuar unha análise da súa evolución e movementos. O dito aplicativo non foi obxecto de actualización unha vez producida a integración dos centros nas distintas EOXI.

Entre este programa A4 e os utilizados para a xestión do mantemento non existe homoxeneidade ao diferir estes últimos nas distintas unidades que os desenvolven e na dinámica do seu funcionamento.

No caso específico do mantemento dos equipos de electromedicina, incluídos no ámbito do contrato coa empresa Iberman, SA, un aspecto común a todas as institucións é que todas as incidencias xeradas así como as intervencións realizadas envórcanse no programa informático MANHOSP da devandita empresa.

A continuación expóñense as peculiaridades que sobre esta materia se observaron nas distintas institucións analizadas.

Na EOXI de Lugo

A xestión do inventario organízase da seguinte maneira:

- No referente á extinta XAP de Lugo, que aglutina a todos os centros de saúde, desenvólvese por un dos servizos de mantemento da actual EOXI, o que se limita a xestionar o devandito ámbito, encargándose tamén de cubrir as fichas técnicas nas que se reflicte o estado das incidencias de cada elemento. Os datos gravados no programa de inventario A4 trasládanse ao aplicativo de xestión de mantemento denominado XEMAS, que é unha ferramenta corporativa utilizada vía web. Con todo, este traslado non se efectúa de forma automatizada, senón manual, o que supón un risco de erros e discrepancias.
- Con respecto ao Hospital Lucus Augusti tal competencia exerceuse por outra unidade distinta, o Servizo de Mantemento de Electromedicina da EOXI que, ademais, realiza o seguimento e control do mantemento de equipos de electromedicina dentro do hospital, a través dun programa específico, antigo e obsoleto, deseñado internamente. Tamén neste caso o transvasamento de datos e as súas modificacións desde o programa de inventario A4 ao utilizado para a xestión do mantemento carece de automatización e realízase manualmente, o que afecta á súa adecuada actualización.
- Os hospitais da Costa e de Monforte seguen xestionando o seu propio inventario, a pesar de que as adquisicións de todo o material se realizan actualmente a través da unidade de compras da propia EOXI de Lugo
- Non existe inventario de instalacións.

Do exposto dedúcese que nesta EOXI existe unha dispersión en canto ás unidades encargadas da xestión do inventario, sendo estas, ademais, as que cobren tamén as fichas técnicas que recollen as incidencias relativas ao mantemento dos bens, a pesar de ser funcións diferenciadas.

Finalmente, nesta EOXI o procedemento e o circuío utilizado para a xestión das modificacións producidas nos bens integrantes do inventario carecen da debida protocolización. Con todo, da mostraxe realizada sobre os expedientes de altas e baixas de activos, dedúcese a súa adecuada remisión e comunicación á Dirección Xeral de Recursos Económicos.

Na EOXI da Coruña

A xestión do inventario realízase de maneira centralizada por unha única unidade no CHUAC e en Atención Primaria. Con todo, o desenvolvemento informático a través do programa A4 está diferenciado e pendente de fusionarse no que se refire a atención especializada e primaria.

No Hospital Virxe da Xunqueira a integración do seu inventario aínda non se produciu debido a que non se habilitou a dita opción no programa A4.

Nesta EOXI as funcións de xestión do inventario e das fichas técnicas dos distintos bens atópanse segregadas e diferenciadas. Os datos gravados no programa de inventario A4 trasládanse ao aplicativo de xestión de mantemento denominado, neste caso, MANSIS. Con todo, a comunicación das altas de bens producidas na EOXI por parte da unidade que xestiona o inventario á unidade encargada do mantemento realízase vía correo electrónico ou en soporte papel, co que non existe unha automatización e envorcado automático da información rexistrada en ambos os dous programas informáticos utilizados para a xestión do inventario e do mantemento.

Por último, do mesmo xeito que na EOXI de Lugo, o procedemento e o circuíto utilizado para a xestión das modificacións producidas nos bens integrantes do inventario carecen da debida protocolización. Con todo, do resultado da mostra realizada sobre os expedientes de altas e baixas de activos, dedúcese a súa adecuada remisión e comunicación á Dirección Xeral de Recursos Económicos.

Na EOXI de Vigo

A xestión do inventario nesta institución efectúase actualmente de maneira desagregada a través dunha unidade nos centros hospitalarios e doutra en atención primaria, mentres que as fichas técnicas do equipamento se cobren por cada un dos servizos de mantemento articulados.

Nesta EOXI si existe un procedemento establecido internamente para o rexistro das incidencias de equipamento e instalacións relacionadas co inventario, así como unhas instrucións técnicas de aplicación do procedemento para a comunicación das propostas de baixa no servizo de mantemento. Nos expedientes analizados, obsérvase o adecuado seguimento do mencionado procedemento, así como a adecuada remisión e comunicación das altas e baixas á Dirección Xeral de Recursos Económicos.

Verificación da situación inventarial

Coa finalidade de analizar o rexistro e comprobar a referencia dos bens, elixíronse de forma aleatoria unha serie de equipos en cada EOXI para comprobar tanto o seu adecuado etiquetado como a súa correspondencia cos datos identificativos do ben (descrición, marca, modelo, número de serie, empresa subministradora, GFH e centro) gravados no programa de inventario A4; os resultados desta análise indícanse tamén a continuación.

EOXI de Lugo

Nesta EOXI elixíronse bens do laboratorio do Hospital Universitario Lucus Augusti, máis concretamente dos seguintes GFH: Anatomía Patolóxica, Bioquímica, Hematoloxía, Microbioloxía e Banco de Sangue.

Do resultado da dita análise constatouse que, en liñas xerais, os equipos están correctamente inventariados e etiquetados cos seus datos identificativos.

Con todo, non foi posible identificar no inventario dous equipos de hemocultivos situados fisicamente en Microbioloxía e que estaban debidamente etiquetados, pero que non aparecían adscritos a ningún GFH. Unha vez detectado o devandito erro, procedeuse á súa corrección.

Da mesma forma, dous microscopios de fluorescencia non estaban situados fisicamente no GFH establecido no programa de inventario. O primeiro deles localizouse en Microbioloxía e non en Bioquímica e o segundo atopouse en Anatomía Patolóxica e non en Microbioloxía.

Por outra banda, no que se refire ao criterio para inventariar certo mobiliario (principalmente mesas, cadeiras, estantes), difire en función de se a tramitación deste inmovilizado material corresponde aos centros de saúde (anterior XAP) ou ao HULA. Mentres no primeiro caso se rexistran os bens de maneira individualizada no momento da alta, no segundo, efectúase por lotes. En consecuencia, apréciase unha diverxencia nos criterios en canto ao rexistro inventarial dentro da actual EOXI de Lugo.

EOXI da Coruña

Neste caso, a mostraxe realizouse no GFH de Anatomía Patolóxica do Hospital Abente y Lago.

Da análise practicada despréndese un inadecuado seguimento, etiquetado e actualización dos bens. Iso é debido á existencia de bens que figuran adscritos ao mencionado GFH no programa de inventario e que, pola contra, non se puido observar a súa localización física no devandito GFH.

Por outra banda, constatouse que determinados bens etiquetados non aparecen na listaxe de inventario do GFH da mostraxe. Nalgún caso ponse de relevo por parte do centro xestor que se trata de bens inventariados no GFH de Anatomía Patolóxica pero doutros centros. Así mesmo, conséntase a existencia de determinados bens que non aparecen nin na listaxe de inventario nin debidamente etiquetados polo Sergas; con todo, a maior parte destes bens son equipos de electromedicina suxeitos ao contrato de mantemento subscrito coa empresa Iberman, SA, cuxa identificación é efectuada pola propia empresa.

EOXI de Vigo

A análise do rexistro e a comprobación da referencia dos bens realizouse na área de Radioloxía do Hospital Nicolás Peña.

Do seu resultado despréndese que, en liñas xerais, os equipos da área obxecto da mostra están debidamente inventariados e etiquetados. As únicas incidencias detectadas foron as seguintes: nun dos equipos non constaba o seu número de serie; dous chasis de radioloxía dixital tiñan a etiqueta de inventario co mesmo número; un terceiro chasis de radioloxía dixital figura como pertencente ao Hospital Xeral de Vigo segundo o seu etiquetado. Con todo, unha vez advertidas as ditas deficiencias procedeuse á súa inmediata corrección por parte do órgano xestor.

Adecuación de instalacións

Tomando como referencia o ámbito fiscalizado cabe destacar que mentres as institucións de recente construción como o HULA non presentan especiais problemas, as que revisten maior antigüidade, como é o caso do HUAC, están máis afectadas por distintas deficiencias. Neste último centro a problemática posta de manifesto está referida a determinadas instalacións que, ou ben non se chegaron a poñer en funcionamento ou ben son deficientes por no axustarse ás necesidades do centro ou por quedar desfasadas. Así mesmo, determinadas partes do edificio ou elementos presentan defectos por baixa calidade dos materiais ou na súa instalación (filtracións de auga en determinada zona acristalada, e portas de urxencias e RX de recente remodelación cun elevado índice de avarías).

En materia de obras non se observou, en xeral, o deseño de criterios de actuación e a implantación da documentación necesaria para a xestión protocolizada do plan de obras: fichas-resumo, estadillos-rexistro, etc.

II.2.3. RECURSOS HUMANOS

As actuacións de fiscalización circunscribíronse ao ámbito das tres EOXI seleccionadas (A Coruña, Lugo e Vigo); neste caso os datos foron contrastados e depurados tomando como base os distintos antecedentes documentais. Así mesmo, a información foi completada en determinados aspectos cos datos subministrados polas restantes institucións, sen que no contexto destas actuacións fosen obxecto de validación.

A) Cadro de persoal

Categorías profesionais da área de mantemento

En canto ás categorías profesionais da área de mantemento exponse no seguinte cadro a correlación das fixadas regulamentariamente e establecidas no sistema retributivo coas recollidas no cadro de persoal nas tres EOXI analizadas.

Cadro 2: Categorías profesionais da área de mantemento

Categorías estatutarias e establecidas na normativa sobre retribucións	Categorías dotadas orzamentariamente		
	Lugo	A Coruña	Vigo
Enxeñeiro superior	X	X	X
Enxeñeiro técnico	X	X	X
Mestre industrial	X	X	
Xefe de taller		X	
Encargado de equipo	X		X
Albanel	X	X	X
Calefactor	X	X	X
Calefactor de forno crematorio	X	X	
Carpinteiro	X	X	X
Conductor instalacións (*)	X	X	X
Electricista	X	X	X
Fogoneiro			
Fontaneiro	X	X	X
Xardineiro	X	X	X
Mecánico	X	X	X
Pintor	X	X	X
Peón			X

(*) Non recollida estatutariamente

Fonte: Normativa estatutaria e retributiva e cadros de persoal

Do exposto despréndese que, agás en catro das categorías, no resto existe homoxeneidade na súa implantación.

Aínda que en virtude da disposición transitoria sexta da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, establécese que, en tanto non se proceda á súa regulación por cada servizo de saúde, o relativo ás categorías profesionais do persoal estatutario manterase vixente, ata o día de hoxe non se actualizou a dita situación, apreciándose que algunhas categorías son obsoletas e outras non están adaptadas ás actuais esixencias técnicas.

Convén precisar, así mesmo, que outras categorías veñen prestando os seus labores na área de mantemento, tal é o caso do persoal de apoio da función administrativa e celadores almaceneiros; tamén, nalgún suposto puntual, certos profesionais desempeñan de facto funcións técnicas da área, a pesar de ser alleas ás da súa categoría (conductor, celador).

É destacable a actual tendencia observada cara á externalización da área de mantemento como alternativa á utilización de recursos propios dotados de especialización profesional acorde coas

novas titulacións de formación profesional e con certo coñecemento da tecnoloxía sanitaria, reciclando aos existentes. A este respecto non se constataron estudos que avalen a idoneidade e economicidade da externalización da xestión da área.

Estrutura orgánica

A estrutura orgánica tamén difire nos diversos centros, tanto no tipo de postos establecidos como no seu número.

Cadro 3: Análise comparativa da estrutura orgánica. 2014

Centros	Xefe de servizo	Xefe de sección	Xefe de grupo	Xefe de equipo
EOXI A Coruña	2	2	0	0
CHUAC	2	2	0	0
H Virxe da Xunqueira (**)				
EOXI Ferrol(*)	1	1		7
EOXI Santiago (*)	1 (vacante)			2
EOXI Lugo	5	3	3	
HULA (incluída AP)	3	3	3	
H Monforte	1 (vacante)			
H da Costa	1			
EOXI Ourense(*)	2	2	1	
EOXI Pontevedra(*)	1		1	
EOXI Vigo	2			
CHUVI	2			
Total	13	5	5	9

(*) Datos subministrados unicamente a nivel de EOXI. (**) Carece de efectivos propios

Fonte: Estrutura orgánica achegada polos centros

Os datos comparativos que anteceden conforman unha dispar e incongruente situación estrutural carente da debida racionalidade, sendo destacables como aspectos máis significativos o desproporcionado número de xefaturas de servizo que contrasta coa escaseza de cargos intermedios e as diferenzas nos distintos centros na composición dos postos de responsabilidade.

Análise comparativa do cadro de persoal e categorías existentes nos distintos centros

Segundo a estrutura organizativa das diversas EOXI, a distribución dos recursos propios nos seus distintos centros, atendendo ás súas categorías profesionais, é a seguinte:

Cadro 4: Análise comparativa dos cadros de persoal. 2014

Categorías	Persoal funcións técnicas															Persoal apoio			Total	
	Enxeñeiro superior	Enxeñeiro técnico	Mestre industrial	Xefe de taller	Encargado equipo	Condutor instalac..	Albanel	Calefactor	Carpinteiro	Electricista	Fontaneiro	Xardineiro	Mecánico	Pintor	Peón	Fogoneiro	Celador	Pers. admntvo.		Condutor
EOXI A Coruña	1	1		1		9	2	13	3	19	10	2	6	3			1	12		83
HUAC	1	1		1		3	1	12	3	13	8	1	6				1	10		61
H Abente y Lago											2			1						3
H Teresa Herrera						6	1	1		6		1		2				2		19
EOXI Ferrol (*)	1	3		7		4	1	4	2	6	7	1	3					3		42
EOXI Santiago (*)						5	2	7	7	10	3	1	9	2				3		49
EOXI Lugo	1	7	1	2		12	6	16	4	17	7	1	12	1				7	1	95
HULA	1	5	1				4	10	3	13	6	1	10	1				6	1	62
H Monforte		1		1		2	1	6	1	3	1		1					1		18
H da Costa		1		1		10	1			1			1							15
EOXI Ourense (*)	2	4		3			3	13	4	17	6	3	13		16	1		4		89
EOXI Pontevedra (*)	1	5	1				2	9	6	15	5	1	5	1				6	2	59
EOXI Vigo	2	4			8	2	4	8	3	14	7	1	9	3	1		2	12		80
H Xeral Cíes	1	2			7		3	7	3	11	4		7	3				5		53
H Meixoeiro		1			1	2				1			2		1		1	3		12
H Rebullón							1			1	1	1								4
H Nicolás Peña	1										1							3		5
Centros de especialidades								1		1	1									3
Atención primaria		1															1	1		3
Total	8	24	2	13	8	32	20	70	29	98	45	10	57	10	17	1	3	47	3	497

(*) Datos subministrados unicamente a nivel de EOXI

Fonte: Datos da Unidade de Recursos Humanos e información do responsable do servizo

Comparativamente obsérvase o seguinte:

- A EOXI de Lugo é a que dispón dun maior cadro de persoal de mantemento sendo a de menor a de Ferrol.
- Os dous colectivos máis numerosos son os de electricistas e calefactores que supoñen un 34% do persoal.
- Respecto da categoría de peón contrasta o elevado número de efectivos na EOXI de Ourense (que supón un 18% do seu persoal), sendo practicamente inexistentes no resto das EOXI.
- Outro aspecto significativo é o relativo ao diferente grao de dispersión do persoal; mentres na EOXI de Vigo se distribúe en 6 centros na de Lugo concéntrase en 3.

En relación coa situación nas distintas institucións despréndense como datos máis significativos os seguintes:

- Na EOXI de Lugo a distribución do número de efectivos das distintas categorías é heteroxénea. Nos centros comarcais existe un xefe de taller e condutores de instalacións, figuras das que carece o

HULA, sendo o número de efectivos desta última categoría especialmente significativo no H da Costa onde representa o 68% do persoal da área técnica, mentres que carece da categoría de calefactor.

- Na EOXI da Coruña o persoal propio concéntrase basicamente no HUAC; o H Virxe da Xunqueira e Atención Primaria teñen o mantemento integramente contratado.
- Na EOXI de Vigo a maior porcentaxe de efectivos concéntrase no H Xeral mentres que o resto distribúese de forma desagregada entre os diferentes centros, dous dos cales (H Meixoeiro e H Nicolás Peña) dispoñen, ademais, de mantemento contratado de instalacións.

Categorías alleas á natureza do servizo

En certas institucións existe persoal de especialidades profesionais alleas á natureza das funcións da área de mantemento que está adscrito ao STM. Este suposto prodúcese na EOXI de Lugo con respecto a un condutor, cuxas tarefas habituais son a reparación básica de maquinaria, mobiliario clínico e equipos no ámbito da atención primaria. Idéntica circunstancia concorre na EOXI de Vigo na que un pintor e tres celadores en Atención Primaria asumen a realización de certas reparacións e, así mesmo, no H Rebullón atribúeselles a un xardineiro e a un calefactor funcións de condutor de instalacións; tal extremo reproducécese respecto de catro efectivos adscritos ao H Cíes (fontaneiro, mecánico, calefactor e albanel).

Adecuación profesional e dimensionamento do cadro de persoal

A infraestrutura dos servizos técnicos de mantemento hospitalario susténtase en esquemas desfasados e está condicionada, en certa medida, pola definición das categorías profesionais implantadas tradicionalmente. Neste senso, non foron desenvolvidas novas especialidades nin adaptadas as existentes (en particular as máis transcendentais como é o caso dos calefactores, mecánicos ou electricistas) ás actuais necesidades e á complexidade tecnolóxica das novas instalacións e equipos. Todo iso aconsella a readaptación profesional dos recursos humanos aos requirimentos técnicos.

Ademais das especialidades consideradas básicas de electricistas, mecánicos, fontaneiros e calefactores, outros oficios, habitualmente implantados, son os de albaneis, carpinteiros, pintores e xardineiros, cuxo grao de operatividade, á vista da actividade e volume de traballo desenvolvido, é moi dispar. Como categorías de superior rango atópanse as de enxeñeiro técnico, mestre industrial e xefe de taller; estas dúas últimas só nalgunha das institucións.

Outro aspecto é o relativo ao desempeño por certos efectivos de funcións e labores alleos á súa propia categoría profesional, conformando unha realidade diferente do esquema teórico.

Informe de fiscalización dos servizos técnicos de mantemento no ámbito sanitario do Sergas. Exercicio 2014

Nos servizos técnicos da mostraxe, a ausencia da debida análise pormenorizada da actividade desenvolvida non permite sustentar se os cadros de persoal, a nivel de especialidades profesionais, se axustan ás necesidades reais. A este respecto habería que considerar a progresiva externalización das funcións técnicas da área de mantemento.

Por outra banda, do exame comparativo das distintas institucións, despréndese certa falta de homoxeneidade e proporcionalidade dos cadros de persoal, tanto polo que se refire ao seu volume como ás diferentes categorías existentes en cada un deles.

Formación de persoal

Neste aspecto, nun dos centros analizados, HULA, consta a implantación dun plan continuo de formación e reciclaxe do persoal; noutros, CHUVI e CHUAC, apréciase certa programación ocasional.

Tipo de vinculación dos efectivos

O número de efectivos segundo a súa vinculación é o seguinte:

Cadro 5: Análise comparativa do tipo de efectivos en 2014. Relación xurídica do persoal

Centros	Efectivos reais estruturais				Total	Persoal substituto	
	Persoal fixo	Persoal temporal				Número medio anual	% s/efectivos reais
		Interino	Eventual	% contratados			
EOXI A Coruña	67	10	6	19%	83	5,5	6,6%
HUAC	48	7	6	21%	61	3,8	6,2%
H Teresa Herrera	16	3		16%	19	1,7	8,9%
H Abente y Lago	3				3		
EOXI Ferrol (*)	29	6	7	31%	42	1	2%
EOXI Santiago (*)	40	6	3	18%	49	3	6%
EOXI Lugo	90	3	2	5%	95	10	11%
HULA	60	1	1	3%	62	4	6%
H Monforte	16	2		11%	18	3	17%
H da Costa	14		1	7%	15	3	20%
EOXI Ourense (*)	83	6		7%	89	1	1%
EOXI Pontevedra (*)	38	11	10	36%	59	5,7	10%
Vigo	62	13	5	23%	80	10	13%
H Xeral Cíes	40	9	4	25%	53	8	15%
H Meixoeiro	10	2		17%	12	2	17%
H Nicolás Peña	5				5		
H Rebullón	3		1	25%	4		
Atención Primaria	2	1		33%	3		
Centros de especialidades	2	1		33%	3		
Total	409	55	33	18%	497	30,7	7,4%

(*) Datos subministrados unicamente a nivel de EOXI

Fonte: Servizo de Recursos Humanos

Eventualidade e interinidade

Unha parte do cadro de persoal na área de mantemento está cuberta de forma estrutural por persoal contratado, nunha porcentaxe que, nos distintos centros, oscila entre o 3% e o 36%, correspondendo o maior volume a situacións de interinidade cuxa maior incidencia se produce na EOXI de Pontevedra.

Substitucións

As substitucións do persoal non superan, en termos de efectivos medios, o 13% a nivel de EOXI, observándose certa adecuación a criterios de racionalidade, aínda que a porcentaxe de tempo substituído varía substancialmente dunhas a outras institucións.

No detalle por institucións obsérvase o seguinte:

- *EOXI de Lugo*: o persoal contratado de carácter estrutural é do 5% sendo este máis elevado nos centros comarcais. E en canto ao índice de substitucións este representa o 11% do tempo efectivo de traballo, sendo especialmente significativo no H da Costa onde se duplica a dita porcentaxe.
- *EOXI da Coruña*: o 19% dos efectivos é persoal contratado estrutural predominando o de carácter interino (12%).
- *EOXI de Vigo*: a nivel global destaca o elevado índice de persoal contratado de carácter estrutural en función do número de efectivos, sendo especialmente relevante no H Xeral-Cíes. As substitucións unicamente se producen nos dous grandes centros sen que o seu volume, atendendo aos efectivos reais, alcance un índice desproporcionado.

Aspectos relativos á distribución do cadro de persoal

A falta de flexibilidade do cadro de persoal afecta negativamente á organización das quendas.

Nos hospitais examinados púxose de manifesto a seguinte situación:

- Integración de distintos centros nunha área de xestión única. Nestes casos non se materializou a unificación dos servizos de mantemento dos centros afectados que continúan a este respecto funcionando autonomamente. Cabe significar que esta situación é relativamente recente.
- Integración de institucións nun mesmo complexo hospitalario. Nestes casos, e polo que respecta á área de mantemento, a pesar do tempo transcorrido, a dita unificación en xeral non tivo un efecto práctico, dado que cada un dos hospitais integrados con diferentes responsables do servizo e xestión autónoma continuou organizando e distribuindo as quendas en función do persoal que anteriormente tiña adscrito, o que supón a existencia de carteleiras de quendas independentes, sen o establecemento dun persoal conxunto e distribuído racionalmente cun criterio unificado de actuación.

- Establecemento dentro da propia institución de áreas funcionais diferenciadas e independentes, onde cada unha delas conta co seu propio persoal e que ten como consecuencia unha subdivisión do cadro de persoal nas súas diversas categorías en función da adscrición acordada.

É frecuente que unha mesma institución hospitalaria estea constituída por diversos centros de carácter hospitalario ou ambulatorio separados fisicamente, nos que diverso persoal se atopa desagregado. Salvo nalgún caso en que se adoptou certa centralización dos recursos, nos demais as posibilidades de cobertura do servizo co cadro de persoal unificado, particularmente nas categorías que realizan quendas rotativas, vense sensiblemente limitadas. A dita circunstancia ten unha indubidable repercusión no aspecto económico e supón unha infrautilización dos recursos humanos, situación que se agrava, ademais, nos casos de IT, vacacións, etc., ao recorrerse a persoal alleo a pesar de que a consideración global do persoal podería absorber moitas destas substitucións.

Quendas de traballo

Dado que os hospitais teñen un funcionamento continuado, un aspecto relevante é o relativo á redistribución dos efectivos da área de mantemento a través das distintas xornadas de mañá, tarde e noite, co obxecto dunha idónea cobertura para resolver as incidencias que se poidan presentar.

A este respecto, en xeral, a programación das quendas desenvólvese da seguinte forma:

- Naquelas categorías que, entre outros, teñen certos labores de vixilancia de instalacións, fundamentalmente electricistas e calefactores, a prestación do servizo realízase, normalmente, en quenda de mañá, cubríndose as de tarde e noite cun mínimo de persoal.
- Polo que respecta ás restantes categorías, xeralmente desenvolven a súa actividade durante a quenda de mañá, aínda que en determinados centros algunhas delas tamén se distribúen no de tarde.

Tal establecemento das quendas de traballo para o persoal non adoita adecuarse a criterios de idoneidade; a este respecto apréciase que en orde a unha maior operatividade, non se acomodan os recursos persoais aos períodos nos que pode resultar máis eficaz a súa prestación de servizos, ben por unha maior necesidade da súa dispoñibilidade, ou polas mellores condicións para o desenvolvemento da súa actividade. Á maioría dos operarios das distintas especialidades, e mesmo das que non teñen un carácter básico, asígnanselles predominantemente e de forma sistemática unha quenda de mañá, cando en realidade é a franxa horaria na que máis dificultades atopan para despregar os seus labores ao interferir coa actividade asistencial ordinaria; iso obriga a que ante a dificultade para executar o seu traballo no devandito horario teñan que efectualo noutro distinto, recorréndose para iso ao correspondente aboamento de compensacións económicas extraordinarias.

B) Retribucións

Réxime retributivo

O actual sistema retributivo caracterízase pola práctica homoxeneidade dos emolumentos que perciben categorías ben dispares en canto ao grao de especialización, producíndose un desequilibrio nos niveis retributivos asignados ás distintas categorías ante a falta de distinción en función das esixencias técnicas e de responsabilidade profesional. Tal pode ser o caso dos electricistas se se lles compara con outros oficios como carpinteiros, pintores, xardineiros, etc.

As retribucións establecidas para o persoal do STM polo que respecta ao ano 2014 son as que se reflicten a continuación:

Cadro 6: Retribucións fixas e de percepción periódica do persoal da área de mantemento (euros). 2014

Categoría	Soldo base	Complemento de destino	Complemento específico	Complemento produtividade
Enxeñeiro/a superior	1.109,05	546,41	472,12	147,96
Enxeñeiro/a técnico-xefe/a de grupo	958,98	473,35	444,34	126,72
Mestre/a industrial-xefe/a de grupo	958,98	473,35	392,33	126,72
Enxeñeiro/a técnico	958,98	473,35	236,37	117,5
Xefe/a de taller	720,02	394,79	314,91	130,57
Encargado/a de equipos persoal oficios	599,25	349,93	245,79	130,57
Conductor/a instalacións	599,25	349,93	252,31	95,74
Calefactor/a forno crematorio	599,25	349,93	219,72	95,74
Albanel	599,25	349,93	159,74	95,74
Calefactor/a				
Carpinteiro/a				
Electricista				
Fontaneiro/a				
Pintor/a				
Xardineiro/a				
Mecánico/a				
Fogoneiro/a	548,47	294,41	209,09	94,24
Peón				

Exclúense aqueles conceptos persoais e os variables de percepción non periódica (antigüidade, ou complementos de especial dedicación, turnicidade, perigo, ou de actividade extraordinaria)

Fonte: Normativa sobre retribucións 2014

Custos retributivos

Un compoñente de especial significación no gasto atribuíble á área de mantemento constitúeo o custo de persoal. O seu detalle é o seguinte:

Cadro 7: Evolución do gasto retributivo da área de mantemento (euros)

Centros	2012	2013	% variación 13/12	2014	% variación 14/13	% variación 14/12
EOXI A Coruña	2.903.560	3.713.397	27,9%	3.140.638	-15,4%	8,2%
HUAC e H Teresa Herrera	2.697.765	3.433.779	27,3%	2.904.148	-15,4%	7,7%
H Abente y Lago	205.795	279.618	35,9%	236.490	-15,4%	14,9%
EOXI Ferrol	1.398.573	1.381.033	-1,3%	1.374.679	-0,5%	-1,7%
EOXI Santiago	1.561.097	1.550.107	-0,7%	1.504.005	-3,0%	-3,7%
EOXI Lugo	3.269.966	3.269.866	0,0%	3.133.465	-4,2%	-4,2%
HULA	2.021.522	2.016.502	-0,3%	1.934.240	-4,1%	-4,3%
H Monforte	597.527	585.004	-2,1%	587.246	0,4%	-1,7%
H da Costa	650.917	668.360	2,7%	611.980	-8,4%	-6,0%
EOXI Ourense	4.097.202	4.145.227	1,2%	3.695.680	-10,8%	-9,8%
EOXI Pontevedra	1.830.560	1.899.647	3,8%	1.777.286	-6,4%	-2,9%
EOXI Vigo	2.735.552	2.717.433	-0,7%	2.652.540	-2,4%	-3,0%
H Xeral-Ciés	1.757.532	1.799.346	2,4%	1.780.776	-1,0%	1,3%
H Meixoeiro	357.637	358.105	0,1%	367.464	2,6%	2,8%
H Nicolás Peña	269.778	224.467	-16,8%	188.285	-16,1%	-30,2%
H Rebullón	133.734	127.176	-4,9%	124.454	-2,1%	-6,9%
Atención primaria	109.517	112.036	2,3%	114.343	2,1%	4,4%
Centros de especialidades	107.354	96.302	-10,3%	77.219	-19,8%	-28,1%

Nota: incluídos seguros sociais

Fonte: Servizo de Recursos Humanos (resumos de nómina)

Do cadro que antecede despréndese a evolución do custo nas distintas institucións e a súa comparativa.

- En canto ao primeiro aspecto, en xeral, a tendencia é, a nivel de EOXI, de redución de custos salvo na da Coruña. Por centros apréciase unha notable disparidade.
- Desde o punto de vista comparativo despréndese que non hai unha proporción en canto ao custo referido aos efectivos propios incluso en institucións con similares características, o cal vén motivado, en certa medida, polas seguintes circunstancias: polo diferente grao de externalización do servizo, polo número de centros adscritos á EOXI e a dispersión dos seus efectivos ou polo dimensionamento, en cada caso, do persoal e o grao de optimización dos recursos.

Complemento de produtividade factor variable. Actividade non programada e programas especiais

Con respecto a este complemento de percepción non periódica e variable, de carácter excepcional e que, en teoría, remunera a prestación extraordinaria de servizos, despréndese, nos centros examinados, o seguinte:

Cadro 8: Complemento de actividade non programada e programas especiais 2014 (euros)

Centro	Importe	Número de perceptores (*)	Importe medio por perceptor
EOXI A Coruña	36.470	42	868
HUAC	26.034	33	789
H Teresa Herrera	10.436	9	1.160
EOXI Ferrol	12.299	14	878
EOXI Santiago	45.059	26	1.733
EOXI Lugo	50.077	44	1.138
HULA	26.207	30	874
H Monforte			
H da Costa	23.870	14	1.705
EOXI Ourense	27.762	7	3.966
EOXI Pontevedra	2.984	(**)	(**)
EOXI Vigo	36.826	39	944
H Xeral-Cíes	19.490	32	609
H Meixoeiro			
H Nicolás Peña	159	1	159
H Rebullón	15.175	3	5.058
Atención primaria	1.786	1	1.786
Centros de especialidades	216	2	108

(*) Tomando en consideración 12 meses aínda que nalgún non conste a realización de actividade non programada

(**) Dato non achegado

Fonte: Resumo de nómina dos centros

Véñse recorrendo á realización de actividade extraordinaria como medio para cubrir déficits estruturais ou como fórmula económica compensatoria á marxe da estrutura retributiva aprobada. Aínda que nalgúns instituídos non se acode a esta práctica noutras utilízase de forma reiterada.

O complemento para remunerar o devandito concepto, en ocasións, representa unha desproporcionada porcentaxe das retribucións brutas mensuais de certos perceptores, tendo ás veces un carácter periódico e regular. O dito complemento deixou de ter a súa prevista natureza excepcional adquirindo un carácter estrutural, sen que a súa proliferación se adecúe a parámetros racionais e a unha idónea xustificación, desvirtuándose a súa finalidade. Tamén se aprecia unha importante concentración nun reducido número de operarios que acaparan unha elevada porcentaxe do importe total aboado.

Obsérvanse incidencias da seguinte índole en canto ao seu inadecuado recoñecemento para fins non previstos:

- Consolidación do aboamento dun importe fixo mensual, mesmo en período vacacional.
- Utilización como remuneración excepcional para a execución de tarefas habituais ou fóra da quenda ordinaria de mañá ou pola prolongación de xornada para suplir algunha ausencia por motivos imprevistos.

C) Control de persoal e situacións administrativas

Absentismo

Aínda que a situación observada nas distintas institucións é moi dispar, nalgunhas delas púidose apreciar que os sistemas de control existentes son deficientes, non efectuándose ningunha avaliación e seguimento, a pesar da repercusión das incidencias relativas ao desempeño do posto de traballo, tanto no plano organizativo como económico.

Unha circunstancia para destacar é que, normalmente, os centros non inciden de forma sistemática na evolución dos índices de absentismo. Do aplicativo de xestión de persoal, de implantación xeral no ámbito do Sergas, despréndese a seguinte información:

Cadro 9: Indicadores de absentismo. 2014

Centro	Índice absentismo
EOXI A Coruña	4,71
CHUAC	4,71
H Virxe da Xunqueira	(**)
EOXI Ferrol	2,34
EOXI Santiago	(*)
EOXI Lugo	4,04
HULA	3,97
H Monforte	7,31
H da Costa	1,55
Atención primaria	1,18
EOXI Ourense	(*)
EOXI Pontevedra	(*)
EOXI Vigo	3,42
H Xeral-Cíes	2,89
H Meixoeiro	9,13
H Nicolás Peña	0,0
H Rebullón	0,75
Atención primaria	0,68
Centros de especialidades	1,69

(*) Dato non achegado. (**) Carece de efectivos propios

Fonte: Unidade de Recursos Humanos (fichas de rexistro de incidencias)

Segundo os datos obtidos, o índice de absentismo presenta significativas diferenzas, mesmo en centros de similares características.

Resulta especialmente elevado no Hospital Meixoeiro e no Hospital de Monforte que quintuplica practicamente o índice doutro hospital comarcal da mesma EOXI.

Comisións de servizo

En xeral, a prolongación no tempo das comisións de servizo nos supostos examinados non é acorde coa súa natureza excepcional e perentoria. No momento da fiscalización, o persoal nesta situación

nas tres institucións analizadas era o seguinte: 5 efectivos no HULA (8% do seu persoal); no HUAC hai 3 persoas nesta situación, un calefactor, un electricista e un fontaneiro, este último intercambia a súa situación coa doutro operario do centro da mesma categoría que se atopa desprazado a outra institución; e no H Xeral de Vigo hai 3 persoas que, provenientes doutros centros, están en comisión de servizos, mentres que outras 3 con praza no hospital atópanse á súa vez en idéntica situación fóra.

Expedientes persoais

Da análise dos expedientes persoais da mostraxe despréndese que o control e os trámites esixidos nesta materia non sempre son desenvolvidos de forma efectiva; non figura relacionada e referenciada a documentación obrante neles como garantía da súa integridade, figurando xeralmente desordenada e contendo, en ocasións, diversos antecedentes alleos ao requirido no propio expediente. Ademais, nalgúns casos non consta a titulación académica esixida.

Réxime de incompatibilidades

Determinadas situacións de pluriemprego, que afectan o réxime de incompatibilidades, poden chegar a repercutir no funcionamento da área de mantemento, non constando, en ocasións, as oportunas medidas de control previstas (esixencia da declaración de compatibilidade) tendentes a garantir o cumprimento da normativa vixente.

II.2.4. RÉXIME DE SUBMINISTRACIÓNS

Características

O material susceptible de formalizarse como subministración de mantemento adoita estar constituído por repostos específicos para equipos e instalacións e por repostos xenéricos e materiais de uso común. Así mesmo, observouse que se adoitan rexistrar compras singulares e subministracións especiais, desvirtuando a representatividade da información.

Púidose constatar que, en maior ou menor medida, se produce nesta área unha inadecuada sistematización de trámites, efectuándose algúns innecesarios e omitíndose outros que resultan básicos.

Nas distintas institucións examinadas a xestión do aprovisionamento do material de mantemento é desenvolvida polo propio STM atopándose esta competencia desagregada da unidade de subministracións.

Proceso de adquisicións

Desenvolvemento competencial

Constátase no funcionamento das institucións examinadas unha inadecuada xestión do réxime de compras; a facultade da súa realización exercese por distinto persoal e, en ocasións, sen as prerrogativas necesarias. Así dáse a circunstancia de que, á marxe da unidade de subministracións da EOXI, o dito labor está desempeñado polos propios responsables do STM e, incluso ás veces, por outro persoal da área de mantemento.

Por outra banda, nalgún dos servizos analizados concorren na mesma persoa varios trámites formais (tales como determinación da necesidade e tipo de material a adquirir, elección do provedor, formalización da compra e, en ocasións, recepción da subministración, control de existencias e despacho das saídas), algúns dos cales deben segregarse funcionalmente de acordo cun elemental principio de control interno.

Aplicativo de xestión

Actualmente o rexistro da información de control de subministracións na área de mantemento caracterízase polo emprego de sistemas heteroxéneos non integrados que, en varios aspectos, non se adecúan á estrutura informativa requirida.

Nos centros examinados desenvólvense, de forma particularizada, algúns dos seguintes aplicativos no que se refire ao control das subministracións de mantemento:

- SIHGA, módulo de xestión de subministracións: neste programa corporativo do Sergas rexístrase a información dos movementos de almacén que á súa vez é transvasada ao aplicativo MANSIS naqueles centros que o teñen implantado.
- MANSIS: este programa para a xestión integral da área de mantemento adquiriuse a un desenvolvedor privado e atópase implantado unicamente por algúns centros. Un dos seus módulos rexistra o movemento de almacén.
- LOGAS: actual programa informático para a xestión centralizada das subministracións, pero non adaptado no que ao rexistro de consumos da área de mantemento se refire. A súa implantación produciuse unicamente na EOXI da Coruña pero non nas outras dúas áreas analizadas. Actualmente, o dito aplicativo presenta un problema de compatibilidade; iso xera que as entradas anotadas no aplicativo LOGAS se deban reflectir a continuación noutro aplicativo que varía segundo o centro do que se trate, polo que a introdución dos datos se produce por duplicado.

Aspectos formais

Hai que significar que, en maior ou menor medida, adoitan producirse diversas incidencias de tipo formal que afectan ao correcto desenvolvemento da xestión nesta materia. Da análise practicada nos centros de referencia das EOXI examinadas, despréndense algunhas da seguinte índole:

- A formalización documental dos pedidos, xeralmente en casos urxentes non programados, adoita efectuarse, nalgúns centros, con posterioridade á recepción do material, desvirtuándose a finalidade do devandito trámite e alterándose o debido control.

En ocasións, as ordes de compra aos provedores non van valoradas a priori, non referenciándose o prezo de adquisición ou o importe polo cal se contrae a obriga. Como particularidades procedimentais en dúas das institucións analizadas cabe mencionar que:

a) Na EOXI da Coruña as peticións de material formalízanse por vías heteroxéneas (de forma rudimentaria, mediante anotación manual nun caderno, ou a través de modelos de petición dos responsables dos servizos sen intervención do almacén). A recepción do material non sempre se produce a través do almacén, xa que só se rexistran como entradas aqueles artigos que se recollen en albarás valorados; o responsable de almacén cuantifica as necesidades á vista das existencias físicas e non das documentais, non estando establecidos índices de rotación de stocks.

b) Na EOXI de Vigo, os repostos de utilización inmediata son pedidos directamente polos propios operarios ao provedor elixido discrecionalmente por eles, non observándose as debidas formalidades en canto á sistemática para comprometer o gasto.

- Dentro dun mesmo complexo hospitalario, a pesar da xestión unificada, as compras son efectuadas discrecionalmente de forma independente por cada servizo técnico.

- Unha característica bastante común é que unha importante porcentaxe das adquisicións se canaliza a provedores prefixados e habituais.

- Outro aspecto para destacar, como consecuencia da análise documental practicada, é o concernente á adquisición de material inventariable a través do orzamento de gastos con cargo ao capítulo II, práctica que ha de considerarse incorrecta pois vulnera as premisas orzamentarias e desvirtúa a natureza do gasto.

Determinación do gasto de material

Tras analizar o contido da información rexistrada nos aplicativos de xestión dos tres centros fiscalizados púidose apreciar a inexistencia de criterios uniformes en canto ao seu procesamento, detectándose deficiencias que afectan á debida representatividade:

- Non existe unha conceptualización precisa en canto ao que debe incluírse como repostos e material de mantemento, considerándose a miúdo como tal a subministración de material de consumo desligado dunha intervención técnica.
- Determinados artigos son obxecto dunha inadecuada codificación.

En canto ao gasto correspondente á área de mantemento, baseado nos datos obtidos que se desprenden da información orzamentaria (epígrafe 22117 “Material non sanitario para consumo ou reposición”, discriminando o correspondente a unidades peticionarias relacionadas coa área de mantemento), obsérvase como mera referencia o seguinte:

Cadro 10: Gasto material de mantemento (euros)

Centros	2012	2013	2014
EOXI A Coruña	849.682	897.894	926.492
EOXI Lugo	475.702	357.212	417.882
EOXI Vigo	1.096.302	1.113.730	1.067.210

Fonte: Datos baseados na información orzamentaria periodificando o gasto correspondente a cada exercicio

Respecto dos datos que anteceden cabe efectuar as seguintes observacións que condicionan a oportuna análise do gasto e da súa evolución de forma coherente:

- As diferenzas entre institucións, con independencia das súas distintas características, obedecen a causas que non foron obxecto de análise no contexto desta fiscalización, aínda que cabe considerar que nalgunha medida pode incidir o distinto grao da progresiva externalización e o estado de conservación do inmovilizado.
- Así mesmo, ten incidencia o diferente criterio en canto ao rexistro do gasto desta índole e a falta de rigor respecto da súa correcta imputación (inclusión de material non funxible, de carácter inventariable ou que non corresponde estritamente a mantemento).

En canto á desagregación polos distintos sistemas de adquisición, dos antecedentes obtidos dedúcese que a modalidade xeralmente empregada é a da compra menor, a pesar de que o importe desta é superado en moitos casos.

Deficiencias de codificación

Examinado o sistema de codificación dos distintos artigos, como premisa para a súa debida identificación de forma diferenciada, para o que se fixo unha mostraxe dun dos centros fiscalizados (EOXI de Vigo), observouse que tal extremo non se desenvolve con racionalidade, non permitindo unha explotación da información de forma eficiente.

Mentres nuns casos os artigos se codifican especificamente en atención ás súas características diferenciais, noutros, baixo o mesmo código rexístranse produtos heteroxéneos de diversa índole, empregándose denominacións xenéricas sen discriminar o material do que se trata; en

consecuencia, a codificación de grupos de material como se se tratase de artigos singulares desvirtúa significativamente a representatividade da información e impide o debido control e seguimento do réxime de subministracións.

Utilízanse as seguintes referencias inespecíficas: accesorios diversos (4 referencias), material vario de electricidade, de mecánica, de fontanería, etc. (31 referencias), repostos diversos de distinta índole (91 referencias). O seu importe en 2014 ascendeu a 338.369 euros, representando un 23% das referencias codificadas.

Almacenamento

Xestión e control dos aprovisionamentos

Un extremo destacable é a falta de representatividade das existencias reflectidas documentalmente, dándose a circunstancia de que de cando en vez se adoitan practicar recontos, verificacións de localización e identificación de produtos. Das mostraxes efectuadas apréciase que o resultado dos cálculos físicos realizados non coincide frecuentemente cos datos documentais, existindo ás veces sensibles diferenzas. En consecuencia, a información atópase sen actualizar, resultando ineficaz, polo que conviría depurar tales situacións, regularizando diferenzas e procedendo a realizar recontos periódicos con carácter xeral ou parcial.

Do exame practicado cabe destacar os seguintes extremos:

- A non implantación dun sistema de control de stocks e de índices de rotación.
- A ausencia de desenvolvemento da opción de márketing ou a súa escasa representatividade.
- A falta de actualización do rexistro do movemento de almacén.
- A non formalización das saídas de almacén co rigor requirido, producíndose accesos por distintos operarios, situación que non garante un eficiente control.

Analizada a composición dos almacéns obsérvase que o número de artigos diferentes rexistrados nas institucións analizadas (EOXI da Coruña e de Vigo; a de Lugo carece dun control documental de almacén) non resulta congruente. As cifras obtidas, exentas da debida racionalidade, non se poden estimar coherentes pois a referencia que se desprende do segundo dos centros mencionados (1.736 códigos diferentes) é un 181% superior á do outro (617). Iso é consecuencia de criterios de rexistro heteroxéneos e da inclusión como material de mantemento almacenable de produtos que non responden a esta natureza, o que desvirtúa a representatividade da información, non permitindo unha adecuada análise.

Consumos

Tramitación dos consumos

O documento básico para os efectos do control das saída do almacén é o “parte de avaría” ou a “orde de traballo”, o cal, ademais de indicar o tipo de avaría producida, debe conter a relación do material requirido para acometer a súa reparación. Tal documento afecta a tres niveis distintos: ao órgano petionario, ao responsable do servizo técnico e ao responsable do almacén que debe xustificar a saída e o movemento de material. Con todo, tamén se emprega, como alternativa ao parte de avaría, a emisión dun vale de petición de material independente daquel.

Aínda que a casuística é variable nas distintas institucións analizadas, constatase que os datos que se reflicten sobre os consumos producidos son pouco fiables o que pon en evidencia o deficiente funcionamento administrativo.

Racionalidade do consumo e representatividade

Co obxecto de analizar os consumos na área de mantemento cun maior detalle tomouse como referencia a EOXI de Vigo, desprendéndose do exame practicado, con base na totalidade dos movementos rexistrados en 2014, o seguinte:

- As saídas asociadas a unha intervención experimentaron un decrecemento do 6% no período 2013-2014 mentres que o seu importe diminuíu un 10%.
- Con todo, convén precisar que o aplicativo de xestión de subministracións da área de mantemento, á parte dos repostos e material empregado asociados a unha intervención do persoal dos servizos técnicos, recolle compoñentes de gasto alleos ao devandito concepto. A este respecto convén precisar que:
 - Das saídas rexistradas, ao redor do 7% e en importe do 28%, carecen da orde de traballo; é dicir, non se corresponden coa actividade do STM.
 - Rexístrase como orde de traballo un importante número de saídas de almacén que non se corresponden cunha intervención propiamente dita, o que terxiversa significativamente a representatividade da información.

Por outra banda, tras o reconto por mostraxe das existencias físicas de 10 artigos almacenados e a súa confrontación coas documentadas, agás nun deles, apreciáronse significativas diferenzas, sendo en todos os casos inferiores ás reais.

Nalgún suposto pode deducirse que o consumo puidese non ser acorde coas teóricas necesidades, non apreciándose un mecanismo que garanta a ausencia de posibles desviacións.

II.2.5. DESENVOLVEMENTO DAS MODALIDADES DE MANTEMENTO

Desagregación da actividade con medios propios, por tipos de mantemento

A análise da actividade ten unicamente un valor relativo, tal como se evidencia por mor das comprobacións efectuadas e da diferente sistemática adoptada por cada centro; a este respecto convén matizar o seguinte: os datos considerados están referidos á actividade rexistrada e non á efectivamente realizada; obsérvanse erros de codificación; detectouse un diferente criterio no cómputo das ordes de traballo nos diferentes centros, incluso manexando o mesmo aplicativo; considéranse como partes de reparación aspectos que non constitúen unha intervención ou a simple subministración de material; non todos os partes reflicten tempos, e respecto dos que si o fan non existe un control sobre a súa adecuación, non estando en moitos casos supervisados polo responsable correspondente.

Tendo en conta as anteriores premisas, dos rexistros de actividade, nuns casos, e da información obtida noutros, despréndese o seguinte:

Cadro 11: Actividade con medios propios 2014

Centros	Volume de partes					Asignación de tempos				
	Mantem. preventivo	Mantem. correctivo	Total	% MP/total	% MC/total	Mantem. preventivo	Mantem. correctivo	Total	% MP/total	% MC/total
Área A Coruña	7.066	13.164	20.230	34,9%	65,1%	11.444	15.418	26.861	42,6%	57,4%
CHUAC (incluída AP)	7.066	13.164	20.230	34,9%	65,1%	11.444	15.418	26.861	42,6%	57,4%
H Virxe Xunqueira (*)										
Área Ferrol ***	22.434	7.199	29.633	75,7%	24,3%	28.954	15.671	44.625	64,9%	35,1%
Área Santiago ***	4.400	12.920	17.320			3.729	10.094	13.822	27,0%	73,0%
Área Lugo										
HULA	3.275	7.707	10.942	29,9%	70,4%	**	**	**		
H Monforte	**	**	**			**	**	**	-	-
H da Costa	**	**	**			**	**	**	-	-
Área Ourense	3.380	12.142	15.522	21,8%	78,2%	4.294	673	4.967	86,5%	13,5%
CHUO	736	9.537	10.273	7,2%	92,8%	1.906	**	1.906	100,0%	-
Atención primaria	**	1.961	1.961		100,0%	-	**	-	-	-
H Valdeorras	2.644	644	3.288	80,4%	19,6%	2.388	673	3.061	78,0%	22,0%
H Verín (*)										
Área Pontevedra	14.433	9.928	24.361	59,2%	40,8%	12.753	48.712	61.464	20,7%	79,3%
H Provincial	2.371	3.512	5.883	40,3%	59,7%	2.132	5.947	8.079	26,4%	73,6%
Atención primaria	-	329	329	-	100,0%	-	261	261		100,0%
H Montecelo	12.062	6.087	18.149	66,5%	33,5%	10.621	42.504	53.125	20,0%	80,0%
H do Salnés (*)										
Área Vigo	33.710	17.952	51.662	65,3%	34,7%	15.291	29.954	45.245	33,8%	66,2%
H Xeral-Cíes	30.672	14.435	45.107	68,0%	32,0%	12.045	25.620	37.666	32,0%	68,0%
H Meixoeiro	2.642	2.168	4.810	54,9%	45,1%	2.849	2.922	5.771	49,4%	50,6%
H Rebullón	394	547	941	41,9%	58,1%	394	731	1.125	35,0%	65,0%
H Nicolás Peña	2	777	779	0,3%	99,7%	3	654	656	0,5%	99,7%
Atención Primaria		25	25	0,0%	100,0%		27	27	0,0%	100,0%

* Externalizado ** Non se obtivo información. *** Datos obtidos unicamente a nivel de EOXI

Fonte: Elaboración propia baseándose nos rexistros de actividade e na información obtida

O maior volume de actividade de mantemento preventivo con medios propios, nos centros nos que se dispuxo de información, corresponde, con notable diferenza, á área de Ferrol, sendo a institución con menor actividade nesta modalidade o CH de Ourense.

No mantemento correctivo as áreas da Coruña, Santiago e Ourense rexistran o maior número de intervencións con medios propios.

Con respecto aos datos expostos convén precisar que non toda a actividade reflectida se corresponde efectivamente con partes de reparacións, pois en distinta medida estanse rexistrando como tales aspectos alleos ao devandito tipo de actuación.

Respecto das institucións especificamente examinadas cabe expoñer o seguinte:

Na *EOXI da Coruña*, no período examinado todo o mantemento propio se circunscribe ao HUAC e ao H Teresa Herrera. Segundo os datos rexistrados, o 50% das ordes de traballo realizadas efectuáronse con medios propios e en canto a tempos investidos estes supuxeron o 53% do total da actividade, estando esta referida na práctica totalidade ao mantemento xeral e de instalacións, agás un 2% que corresponde a electromedicina.

Dentro da *EOXI de Lugo*, no *HULA*, os recursos propios asumiron o 64% da actividade global do mantemento xeral e de instalacións e o 27% da electromedicina (con anterioridade ao actual contrato constituía o 52%).

Destaca o importante volume de intervencións neste último ámbito, mentres que no resto dos centros son practicamente inexistentes.

Na *EOXI de Vigo*, a actividade con medios propios representa o 57% en volume de partes e o 47% en tempo investido, correspondendo a maior porcentaxe, 90%, ao H Xeral.

Media de tempo investido na reparación

Non se constata o debido rigor na consignación dos tempos de reparación. Tampouco se aprecia o desenvolvemento dun sistema de control e verificación da razoabilidade dos tempos declarados polos operarios. Polo tanto a información rexistrada carece da debida fiabilidade tomándose en consideración coas oportunas reservas e só para os efectos meramente indicativos.

Cadro 12: Tempo medio por parte do persoal propio por tipos de mantemento e centros. 2014 (horas)

Centros	Mantemento preventivo	Mantemento correctivo	Total
Área A Coruña	1,6	1,2	1,3
CHUAC	1,6	1,2	1,3
H Virxe da Xunqueira (*)			
Área Ferrol (***)	1,3	2,2	1,5
Área Santiago (***)	0,8	0,8	0,8
Área Lugo (**)			
Área Ourense	1,3	0,1	0,3
CHUO	2,6	**	0,2
Atención primaria (**)			
H Valdeorras	0,9	1,0	0,9
H Verín (*)			
Área Pontevedra	0,9	4,9	2,5
H Provincial	0,9	1,7	1,4
Atención Primaria	-	0,8	0,8
H Montecelo	0,9	7,0	2,9
H Salnés (*)			
Área Vigo	0,5	1,7	0,9
H Xeral-Cíes	0,4	1,8	0,8
H Meixoeiro	1,1	1,3	1,2
H Rebullón	1,0	1,3	1,2
H Nicolás Peña	1,5	0,8	0,8
Atención Primaria		1,1	1,1

* Externalizado ** Non se consigna información de tempos *** Datos obtidos unicamente a nivel de EOXI

Fonte: Elaboración propia baseándose nos rexistros de actividade e na información obtida

En determinadas institucións o tempo medio por parte é superior no mantemento correctivo que no preventivo mentres que noutros ocorre o contrario. O dato relativo ao mantemento correctivo subministrado do H Montecelo é especialmente desproporcionado.

Tipos de mantemento

Atendendo ao desenvolvemento funcional a situación dos distintos STM é moi dispar. Así, obsérvase que o ámbito do mantemento preventivo adquire diferente amplitude segundo os centros e en canto ao correctivo o volume de actividade despregada tamén difire significativamente.

A) Mantemento preventivo

Ten por obxecto conservar o adecuado nivel de infraestrutura técnica que impida un envellecemento ou mal funcionamento prematuro de equipos e instalacións e o aumento de custos que puidesen levar consigo a reparación e substitución de elementos deteriorados por un mal funcionamento.

O mantemento preventivo debe supoñer unha parte importante da actividade do servizo técnico e exige a posta en marcha dun eficaz dispositivo organizativo e de idóneas pautas procedimentais.

A actividade desenvolvida con medios propios da institución afecta esencialmente as instalacións industriais, mentres que o mantemento preventivo dos equipos de electromedicina adoita atoparse

externalizado na súa dobre vertente de control do funcionamento e de seguridade, co fin de evitar riscos na vida dos pacientes ou do persoal manipulador.

Planificación

Durante as actuacións efectuadas tratouse de poñer de relevo en qué medida os seguintes aspectos son obxecto de desenvolvemento:

- O establecemento detallado do ámbito de actuación, o cal esixe un suficiente coñecemento do inventario actualizado de equipos e instalacións sobre os que terá que incidir o plan a desenvolver.
- A planificación de actuacións con previsión detallada das tarefas para acometer.
- A execución sistemática e periódica do plan adoptado co oportuno reflexo dos resultados.
- A avaliación de actuacións e explotación de resultados.

No referente ao mantemento xeral, nos servizos da mostraxe constatouse que o nivel de desenvolvemento da actividade programada é moi dispar; cabe apuntar que normalmente, en maior ou menor medida, atópanse implantados determinados protocolos de revisión para algunhas instalacións exceptuándose normalmente as relativas a climatización, aparellos elevadores e de detección de incendios cuxo mantemento está externalizado.

Execución

En canto á execución, examinados os trámites desenvolvidos e a documentación xerada, en especial no concerne aos protocolos de revisión e aos sistemas de rexistro da información e arquivo, cabe realizar, a raíz da mostraxe practicada nas distintas institucións analizadas, as seguintes consideracións:

- Non sempre se dispón do oportuno inventario actualizado de equipos, imprescindible co fin de determinar o alcance dun adecuado programa para este tipo de mantemento.
- Os protocolos ou partes de revisión, ademais de limitarse só a determinadas instalacións, variando o alcance dunha institución a outra, adoecen, en ocasións, de deficiencias da seguinte índole, que afectan á súa debida efectividade:
 - Non identificación ou non especificación dos operarios responsables das operacións acometidas.
 - Non consignación da dilixencia de control ou supervisión do responsable da unidade.
 - Falta de rexistro da data de realización.
 - Omisión de rexistro dalgunha actividade.
 - Demora nos controis periódicos. Data de realización posterior ao período programado.

- Formalización como mantemento propio de actividade despregada con medios alleos, alterando a representatividade estatística.
- Os antecedentes rexistrados carecen xeralmente de fiabilidade, non permitindo efectuar unha adecuada análise desta actividade; non existe información que contribúa a fixar, de forma representativa, o tempo dedicado a este tipo de mantemento.

En canto á referida fase de avaliación deste tipo de mantemento apenas se desenvolve.

B) Mantemento correctivo

Ten por obxecto a resolución de cantas avarías de todo tipo se produzan na institución.

O documento base que inicia este tipo de actuación é o denominado “aviso de avaría” no que loxicamente ten que reflectirse calquera anomalía ou defecto no funcionamento dos medios técnicos ou estruturais da institución, debendo excluírse tarefas que non gardan relación. A notificación pode vir por unha dobre vía: por comunicación das unidades asistenciais ou de oficio a través das revisións de mantemento preventivo.

Dentro da tramitación analizáronse os seguintes aspectos: notificación das avarías; clasificación e distribución (determinación de se ha de acometerse con medios propios ou alleos; establecemento de urxencias e prioridades; asignación de operarios); control da súa execución; conformidade; arquivo, rexistro e avaliación.

Aspectos funcionais

Para un correcto funcionamento do STM neste tipo de actividade é imprescindible que estean claramente definidas as canles e a sistemática a seguir na reparación das avarías e, ademais, é preciso que os procedementos establecidos se respecten escrupulosamente.

Analizada a xestión desta área e o seu desenvolvemento documental nos centros seleccionados non se obtivo constancia dun manual de procedemento sobre a materia nin dos criterios relativos á utilización e clasificación das solicitudes de reparación e das ordes de traballo, nin dun protocolo técnico-analítico deste tipo de mantemento.

Polos que se refire ás pautas procedimentais son basicamente as seguintes:

- O aviso de avaría está normalizado notificándose vía web, a través do aplicativo MANSIS, desde as unidades peticionarias do servizo, aínda que non sempre se respecta esta formalidade, recorréndose en ocasións a outros medios de comunicación.
- Unha vez validado o aviso xérase informaticamente unha orde de traballo que se traslada a soporte papel para a súa execución.

- Non se aprecia un sistema documental de priorización, efectuándose esta discrecionalmente polos responsables de taller.
- Non consta un sistema de avaliación da actividade.

Revisión avisos de avaría

Examinado este tipo de documentación na mostra obsérvase unha variada casuística na súa tramitación que, con maior ou menor incidencia, se reproduce nas distintas institucións, describíndose a título indicativo a seguinte:

- Incumprimento das canles procedimentais como consecuencia de que a oportuna petición non chega a través do medio documental establecido; non é formalizada polo responsable do servizo petionario correspondente ou falta a debida identificación da persoa que a formula; non hai constancia da suficiente identificación do equipo que se debe reparar; falta de descrición da avaría ou de especificación da anomalía observada.
- Incorrecta utilización dos correspondentes partes, ao ser empregados indiscriminadamente cunha finalidade distinta da prevista, o que impide que no seu momento se poida efectuar unha eficaz avaliación da situación, así:
 - Recórrese ao parte de avarías para solicitar a instalación ou cambios de localización de equipos.
 - Emítense sucesivos partes sobre a mesma avaría.
 - Tramítase como parte ou aviso un simple descoñecemento do funcionamento do equipo.
 - En ocasións os partes utilízanse para solicitar material de reposto (pilas, lámpadas, duplicado de chaves, etc.).

Revisión ordes de traballo

Dentro da estrutura informativa plasmada nos correspondentes partes é importante que estes conteñan todos os datos precisos, xa que é necesario que tales documentos se cubran correctamente en todos os seus apartados, extremo que non sempre se cumpre, existindo partes que adoecen de certas deficiencias que afectan á súa debida efectividade. Na mostra, as máis significativas son as seguintes:

- Falta de identificación ou de especificación do operario que se responsabilizou da reparación ou da especialidade profesional.
- Tramitación como mantemento correctivo de determinados labores que, dada a súa especificación, son de carácter preventivo.

- Omisión da referencia á duración das tarefas de reparación, o que impide coñecer o tempo realmente investido para os efectos dos oportunos controis e da posterior avaliación da actividade.
- Ausencia de rexistro do resultado da execución dos partes.
- Non especificación dos materiais empregados a pesar de que iso determina as saídas do almacén.
- Utilización da orde de traballo para fins non previstos o que altera os datos reais de actividade técnica.
- Falta de rigor no que á imputación de tempos se refire, non constatándose un eficaz mecanismo de validación; en varios supostos dedúcese unha falta de razoabilidade do rexistrado non acorde coa natureza da intervención.
- Omisión da dilixencia acreditativa da supervisión do traballo efectuado, trámite que corresponde ao xefe de mantemento ou ao superior xerárquico do operario en cuestión, e así mesmo falta de conformidade á reparación efectuada por quen solicitou a intervención, o que provoca unha deficiencia no seu control.
- Ás veces o parte interno é derivado a outro externo.

Polo que respecta á sistematización dos partes de avarías, pode observarse a concorrencia de diversas circunstancias que impiden avaliar e analizar o rendemento e a actividade das distintas especialidades, pois o seu volume como parámetro a utilizar carece dunha exacta representatividade por algún dos seguintes motivos:

- Ao non existir un criterio definido do que ha de considerarse como avaría, compútanse como tal, traballos que non o son.
- Outro aspecto para destacar é o relativo aos partes pendentes, de cuxa situación e xustificación non se adoita efectuar ningunha análise tanto do seu número como da súa antigüidade.

Talleres e medios técnicos. Características

EOXI de Lugo: o HULA dispón dun taller xeral para os distintos oficios e outro de electromedicina, ambos os dous en módulos independentes do hospital con capacidade suficiente para o desenvolvemento dos seus labores. Por outra banda, os servizos concertados contan co seu propio espazo en dependencias dos centros.

EOXI da Coruña: o STM sitúase no HUAC cunha área diferenciada para os distintos talleres das correspondentes especialidades.

EOXI de Vigo: o espazo destinado a talleres dos distintos oficios está disperso en varios centros.

II.3. MANTEMENTO CON MEDIOS ALLEOS

O resultado das actuacións no referente ao mantemento externalizado sistematízase nunha dobre vertente referida ás respectivas áreas funcionais de electromedicina e mantemento xeral e de instalacións. Para ese efecto o ámbito analizado circunscribeuse a tres xerencias de xestión integrada.

II.3.1. ELECTROMEDICINA

Dentro desta epígrafe trátase, por unha banda, a análise da contratación que, á súa vez, se estrutura en tres apartados: a de carácter integral desenvolvida de forma centralizada, a relativa á alta tecnoloxía e o resto da contratación efectuada polos centros, e por outra da actividade.

II.3.1.1. CONTRATO CENTRALIZADO

Dada a especial relevancia deste contrato, considerouse oportuno efectuar unha particular análise do seu proceso de adxudicación e execución.

Antecedentes

Con anterioridade a 2012 a situación do mantemento da electromedicina nos distintos centros sanitarios do Sergas era a seguinte:

- Con carácter xeral, non se dispoñía dunha dotación suficiente de recursos propios para afrontar o mantemento do equipamento electromédico. Agás no HULA, as reparacións efectuadas con persoal propio foron moi puntuais.
- Con certos matices en canto ao alcance e extensión, a maior parte dos centros asumían o mantemento de electromedicina a través dunha pluralidade de contratos con distintas empresas (ben de forma semi-integral ou por familia de aparellos) que, polo xeral, achegaban man de obra deficitaria, facéndose cargo as xerencias da adquisición dos repostos e materiais precisos. Queda excluído do contexto indicado o mantemento de equipos de alta tecnoloxía que, dada a súa especificidade e exclusividade, é asumido polas empresas subministradoras na totalidade dos centros xestores.
- Para cubrir as eventualidades fóra do alcance dos contratos citados, acudíase á contratación (xeralmente a través de contratos menores) de distintas prestacións para resolver avarías ou revisións puntuais.
- Os criterios para as distintas contratacións e en canto á súa cobertura varían significativamente en función de cada centro xestor.

A) Desenvolvemento do proceso de adxudicación

Fundamentación

Ante a situación anteriormente descrita e co obxecto dunha prestación de servizos homoxénea nos distintos centros, púxose en marcha por parte da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Sergas a contratación centralizada do mantemento integral de equipamento electromédico e outro equipamento (expediente AI-SER1-12-033) na práctica totalidade das institucións; só se exceptúan os centros hospitalarios da Xerencia Integrada de Vigo, cuxo mantemento, na súa maior parte, está vinculado ao contrato de concesión do novo hospital.

Na memoria xustificativa do expediente de contratación invócanse motivos de homoxeneización e optimización, aínda que non recolle, nunha análise fundamentada, a conveniencia de unificar os servizos externos existentes e de prescindir de recursos propios adecuados para xestionar de forma directa o servizo.

A pesar das características do contrato non se constatou ningunha previsión sobre o persoal necesario para efectuar o correcto seguimento da súa execución.

Base económica da nova contratación

Desde a perspectiva económica, a memoria parte da formulación de converter custos variables en fixos mediante a modalidade de "todo incluído" con base no importe adxudicado a cada lote e con independencia do número de reparacións e repostos que fosen necesarios para manter en condicións óptimas de funcionamento o equipamento obxecto do contrato.

Co fin de estimar o orzamento de licitación pártese da información do gasto por contratos de mantemento e reparacións efectuadas no equipamento durante o exercicio 2011 segundo os datos subministrados por cada centro xestor, cuxa transcripción é a seguinte:

Cadro 13: Gasto contratos de mantemento e reparacións de equipamento electromédico en 2011 (euros) ⁽¹⁾

Centro de gasto	Gasto concertado	Gasto non concertado	Total
CHUAC	2.307.262	210.735	2.517.997
XAP A Coruña	0	91.058	91.058
H Virxe da Xunqueira	117.718	69.425	187.143
	2.424.980	371.218	2.796.198
Área Sanitaria de Ferrol	429.878	288.160	718.038
	429.878	288.160	718.038
CHUS	1.226.734	126.526	1.353.260
XAP Santiago	0	92.628	92.628
H dá Barbanza	130.603	10.081	140.684
	1.357.337	229.235	1.586.572
HULA	147.343	350.525	497.868
HC de Monforte	84.798	70.048	154.847
XAP Lugo	20.248	95.822	116.070
H da Costa	200.510	120.364	320.874
	452.899	636.759	1.089.659
CHUO	1.063.371	519.044	1.582.415
XAP Ourense	21.116	120.000	141.116
H de Verín	119.081	35.692	154.773
H de Valdeorras	78.265	66.268	144.533
	1.281.833	741.004	2.022.837
CH Pontevedra	655.102	341.281	1.006.382
H do Salnés	200.727	0	200.727
XAP Pontevedra	0	77.721	77.721
XAP Vigo	9.495	69.305	78.800
	865.324	488.307	1.363.630
Total xeral	7.100.789	2.754.683	9.576.934

Fonte: Anexo da documentación contractual

Na estrutura informativa que antecede aprécianse erros de suma por importe de 278,5 miles de euros ⁽²⁾.

A partir dos datos precedentes aplicouse unha redución do 5% e, ademais, descontouse o importe dos contratos previsiblemente vixentes ao comezo da nova contratación.

O aforro estimado para toda a duración do contrato (4 anos) cifrábase, segundo a memoria xustificativa, ao redor dos 2,8 millóns de euros, ao que se debe engadir, segundo o establecido nas cláusulas dos pregos, o investimento mínimo dun 5% da repercusión anual do importe de licitación á que se obriga o adxudicatario para a actualización e renovación do equipamento existente, o que representa unha mellora adicional de preto de 1,7 millóns de euros que é obxecto de incremento coas superiores porcentaxes ofertadas polo adxudicatario con respecto ás establecidas como mínimas nos pregos.

⁽¹⁾ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións

⁽²⁾ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións

Análise das estimacións

A este respecto deben realizarse as seguintes observacións:

- No desenvolvemento das actuacións non se puido acceder á documentación acreditativa do cálculo efectuado.
- O sistema de información analítica do Sergas, limitado á contabilidade orzamentaria, dificulta en extremo o desenvolvemento de cálculos fundados respecto do custo dun servizo, ben sexa de carácter asistencial ou meramente técnico, o que non permite verificar a súa adecuación.
- Dada a prolongación no tempo do procedemento contractual, na data de formalización do novo contrato unha boa parte dos previamente subscritos xa tiñan finalizado.
- Das actuacións levadas a cabo na mostra fiscalizada, non se obtivo evidencia de que se alcanzasen aforros significativos pola implantación do contrato de referencia.

Definición do obxecto e ámbito contractual

O obxecto do contrato é a prestación dun servizo integral de mantemento do equipamento instalado nos centros dependentes do Sergas, entendido como tal o conxunto de actividades, procesos, metodoloxía e recursos que se aplican co obxectivo de conservar o equipamento nas súas condicións óptimas.

O Prego de prescricións e as sucesivas aclaracións efectuadas durante o proceso contractual, discriminan o ámbito do contrato en dous grandes apartados:

a) "Equipamento electromédico" suxeito a un mantemento integral (asistencia técnica, pezas, elementos auxiliares, man de obra, desprazamentos, dietas, transportes e demais gastos que se poidan derivar), clasificado nos seguintes grupos:

- Soporte vital (desfibriladores, equipos cirúrxicos, incubadoras, equipos de ventilación e monitoraxe)
- Equipos de imaxe médica (endoscopia diagnóstica e cirúrxica, equipos de Raios X)
- Mobiliario clínico eléctrico, electrohidráulico ou electromecánico
- Resto de equipamento electromédico que non se atope expresamente excluído e que non estea identificado como "outro equipamento"

Segundo aclaracións efectuadas ao Prego inclúense equipos de lavado, desinfección e esterilización instalados nas centrais de esterilización ou en punto de uso; equipos de refrixeración (de conxelación, para a conservación de mostras, sangue, medicamentos reactivos, etc.); cabinas de fluxo laminar e equipos de fisioterapia.

b) “Outro equipamento”, no que a prestación do servizo se limita a unha primeira intervención nos seguintes equipos:

- Ecógrafos
- Sistemas de arquivo de imaxe dixital e estacións de traballo asociadas
- Equipamento en situación de arrendamento, cesión ou préstamo

Quedan expresamente excluídos do obxecto contractual os seguintes equipamentos: os que versen sobre os edificios que requiran obra civil; os equipos considerados de alta tecnoloxía como TAC, PET, radioloxía e mamografía dixital, sistemas de estereotáxia dixital, salas de radioloxía vascular intervencionista e neuroradioloxía, salas de cardioloxía intervencionista e electrofisioloxía, litotricia extracorpórea por ondas de choque, gammacámaras, resonancia magnética e equipamento de radioterapia; as estacións de traballo, consolas de operación e resto de accesorios e equipamento adxunto e non separable do equipamento de alta tecnoloxía.

A título orientativo para os licitadores, inclúense, como anexos aos pregos, os inventarios dos distintos centros. Con todo, adoecen de deficiencias iniciais en canto á súa actualización (tanto de orde cualitativa como cuantitativa), suscitando diverxencias co adxudicatario durante a execución.

Debe precisarse, en canto ao alcance do obxecto contractual que, con independencia da dificultade de concretar un universo tan diverso de elementos, a súa ampliación a outros que non son propiamente equipos de electromedicina e cuxo custo de mantemento é escaso ou pouco relevante produciu máis inconvenientes (discrepancias, reclamacións de cantidade por diferenzas de inventario, etc.) que eventuais vantaxes, tanto desde a perspectiva funcional como desde a económica.

Cabe significar que o custo de mantemento concéntrase nun grupo moi determinado de equipos electromédicos que, ben pola súa complexidade técnica ou ben pola súa contía económica, requiren ter acordos pechados de asistencia técnica preventiva e correctiva. Con todo, outro equipamento cuxa reparación é de escasa relevancia non parece aconsellable incluílo nun contrato global, e menos sen unha adecuada ponderación de custos.

Orzamento de licitación

O contrato desagregase en 6 lotes que inclúen unha serie de sublotes, segundo o seguinte detalle:

Cadro 14: Orzamento máximo de licitación e valor estimado (euros)

Lote	Descrición	Sublote	Descrición sublote	Importe licitación sen IVE	Valor estimado
1	Mantemento integral do equipamento electromedicina da EOXI da Coruña	1.1	CHUAC	7.500.144	
		1.2	XAP Coruña	280.006	
		1.3	H Virxe da Xunqueira	575.475	
		Total lote 1		8.355.625	
2	Mantemento integral do equipamento electromedicina da EOXI de Ferrol		EOXI Ferrol	2.124.714	
		Total lote 2		2.124.714	
3	Mantemento integral do equipamento electromedicina da EOXI de Santiago	3.1	CHUS	3.924.422	
		3.2	XAP Santiago	284.835	
		3.3	H dá Barbanza	434.912	
		Total lote 3		4.644.168	
4	Mantemento integral do equipamento electromedicina do conxunto de centros asistenciais incluídos no H Lucus Augusti, HC de Monforte, H da Costa e AP de Lugo	4.1	HULA	1.530.971	
		4.2	HC de Monforte	476.160	
		4.3	XAP Lugo	356.921	
		4.4	H da Costa	984.166	
		Total lote 4		3.348.218	
5	Mantemento integral do equipamento electromedicina da EOXI de Ourense	5.1	CHUO	4.564.309	
		5.2	XAP Ourense	433.939	
		5.3	H de Verín	445.781	
		5.4	HC de Valdeorras	441.031	
		Total lote 5		5.885.060	
6	Mantemento integral do equipamento electromedicina da EOXI de Pontevedra e da Xerencia de Atención Primaria de Vigo	6.1	CHOP	2.554.900	
		6.2	H do Salnés	617.247	
		6.3	XAP Pontevedra	238.995	
		6.4	XAP Vigo	241.176	
		Total lote 6		3.652.318	
Total				28.010.104	68.758.599

Fonte: Antecedentes contractuais

Os importes reflectidos están referidos a un período de 47 meses e unha semana, correspondendo unha media anual de 7.199.780 euros.

Ofertas

Foron valoradas na licitación as ofertas presentadas por catro empresas: UTE Eulen, SA-General Electric España; Ibérica de Mantemento, SA (Iberman, SA); Ferrovial Servizos, SA (Ferroser, SA); e UTE INGESAN-GMD, aínda que esta última foi excluída do procedemento ao non alcanzar a puntuación mínima de 20 puntos esixida polo Prego de cláusulas administrativas.

As dúas empresas citadas en primeiro termo presentan ofertas aos 6 lotes establecidos en tanto que Ferroser, SA tan só o fixo para os lotes 2, 5 e 6.

Criterios de valoración

Establécense tres apartados de criterios técnicos e o criterio económico de aplicación automática (prezo).

Aspectos técnicos

Con respecto á valoración dos criterios non automáticos, a desagregación e puntuación dos distintos extremos considerados foron os seguintes:

Cadro 15: Desagregación dos criterios de valoración

Criterios de valoración	Puntuación máxima
Proxecto de xestión do servizo	20
Fase inicial de implantación do servizo	2
Procedementos do servizo	8
Proposta do plan de calidade e indicadores de xestión	1
Memoria descritiva organizativa	9
Recursos materiais para a xestión do servizo	20
Medios materiais para a prestación do servizo	10
Plan de actuación de equipamento	3
Acordos de colaboración con fabricantes	6
Xestión de residuos	1
Sistema de información para a xestión do mantemento	10

Fonte: Documentación contractual

Con base nas valoracións efectuadas pola comisión constituída, a puntuación obtida para cada lote e licitador foi a seguinte:

Cadro 16: Aplicación dos criterios de valoración

Lote	Empresa licitadora	Criterios de valoración			
		Proxecto	Recursos materiais	Sistema de Información	Total criterios discrecionais
1	UTE Eulen-General Electric	13,45	13	6,132	32,582
	Iberman, SA	17,65	19,5	4,17	41,32
2	UTE Eulen-General Electric	12,45	13	6,132	31,582
	Iberman, SA	17,65	19,5	4,17	41,32
	Ferrosier, SA	8,5	5,1	8,042	21,642
3	UTE Eulen-General Electric	13,45	13	6,132	32,582
	Iberman, SA	17,65	19,5	4,17	41,32
4	UTE Eulen-General Electric	13,45	13	6,132	32,582
	Iberman, SA	17,65	19,5	4,17	41,32
5	UTE Eulen-General Electric	14,45	13	6,132	33,582
	Iberman, SA	17,65	19	4,17	40,82
	Ferrosier, SA	9,5	5,1	8,042	22,642
6	UTE Eulen-General Electric	14,45	13	6,132	33,582
	Iberman, SA	17,65	19,5	4,17	41,32
	Ferrosier, SA	9,5	5,1	8,042	22,642

Fonte: Documentación contractual

En todos os lotes a oferta con maior cualificación global é Iberman, SA, obtendo unha diferenza de ao redor dos 9 puntos sobre a seguinte e sendo a mellor valorada nos apartados de proxecto de xestión e recursos materiais.

Aspecto económico

En canto ao prezo ofertado (para a duración prevista no Prego, 47 meses e unha semana), valorable con 50 puntos, a puntuación resultante das ofertas presentadas é a seguinte:

Cadro 17: Ofertas económicas presentadas e puntuación definitiva (cantidades sen IVE) (euros)

Lote	UTE Eulen-General Electric			Iberman, SA			Ferroser, SA		
	Oferta	% baixa	Puntuación obtida	Oferta	% baixa	Puntuación obtida	Oferta	% baixa	Puntuación obtida
1	7.103.117	15%	49,967	7.102.282	15%	50	Non oferta	-	--
2	1.974.185	7%	23,616	1.806.006	15%	50	1.951.330	8%	27,201
3	3.984.008	14%	49,967	3.947.543	15%	50	Non oferta	-	--
4	3.265.508	2%	8,234	2.845.985	15%	50	Non oferta	-	--
5	5.002.889	15%	49,967	5.002.301	15%	50	5.361.865	9%	29,634
6	3.249.520	11%	36,762	3.104.470	15%	50	3.264.015	11%	35,439
Total contrato	24.579.227	12%		23.808.587	15%		10.577.210		

Fonte: Expediente de contratación

A empresa Iberman, SA obtén a máxima puntuación ao efectuar a oferta máis económica, cunha baixa idéntica en todos os lotes mentres outros licitadores presentan diferentes baixas en función do lote ao que optan.

Adxudicación

Baseándose na situación descrita resólvese polo órgano de contratación a adxudicación da totalidade de lotes á empresa Iberman, SA polos seguintes importes e para un prazo de execución que se reduce a 40,5 meses, debido ao seu reaxuste temporal xa que a adxudicación se demorou no tempo:

Cadro 18: Desagregación por lotes do importe adjudicado (euros)

Lote	Sublote	Importe (sen IVE)	Importe (con IVE)
1	1.1	5.573.191	6.743.568
	1.2	205.090	248.159
	1.3	421.503	510.019
	Total lote 1	6.199.790	7.501.745
2		1.580.612	1.912.541
	Total lote 2	1.580.612	1.912.541
3	3.1	2.920.650	3.533.986
	3.2	208.623	252.433
	3.3	316.868	383.410
	Total lote 3	3.446.140	4.169.829
4	4.1	1.121.354	1.356.838
	4.2	348.756	421.994
	4.3	261.428	316.327
	4.4	721.725	873.287
	Total lote 4	2.453.262	2.968.446
5	5.1	3.383.683	4.094.256
	5.2	317.840	384.586
	5.3	336.849	407.587
	5.4	324.206	392.289
	Total lote 5	4.362.578	5.278.719
6	6.1	1.931.949	2.337.658
	6.2	452.102	547.043
	6.3	175.047	211.807
	6.4	177.037	214.215
	Total lote 6	2.736.135	3.310.723
Total contrato		20.778.515	25.142.003

Fonte: Expediente de contratación

O contrato formalizouse o 16 de xullo de 2013, comezando a súa vixencia nesta data.

B) Execución do contrato

Neste apartado incídese no cumprimento das estipulacións reflectidas no Prego de cláusulas que rexen o contrato.

O Prego de prescricións técnicas establece un período máximo de posta en marcha do servizo de seis meses, contados a partir da formalización, durante o cal a empresa adjudicataria debía dar cumprimento a unha serie de obrigas referentes ao inventario e á presentación dos plans de mantemento nas súas distintas vertentes, o que resulta imprescindible para a correcta execución. Análizanse a continuación as principais incidencias detectadas no cumprimento desta fase.

Inventario de elementos obxecto de cobertura contractual

O Prego de prescricións estipula que o adxudicatario terá a obriga de elaborar, no prazo dun mes, un inventario pormenorizado; para ese efecto recóllese como anexo ao Prego unha relación orientativa e non exhaustiva do equipamento dos distintos centros. Dentro do devandito prazo fíxase a incorporación do inventario confeccionado ao aplicativo informático de xestión SIMAN (Sistema integrado de xestión de mantemento) da empresa, interconectando este ao sistema informático de cada un dos centros. Tal inventario establécese como referente para planificar as actividades que se deben desenvolver para a idónea execución do servizo.

Da documentación que obra no expediente despréndese que:

- A información que recolle o anexo do Prego relativa ao equipamento de cada EOXI presenta unha notable heteroxeneidade, sen unha definición dos criterios de agrupación dos diversos elementos; de modo aleatorio, determinados compoñentes son considerados especificamente ou de forma conxunta.
- A cobertura do contrato non se atopa debidamente definida, dado que os inventarios do equipamento da práctica totalidade dos centros, presentados como documento base, adoecen de importantes deficiencias, tanto cuantitativas como cualitativas, non sendo representativos, o que incide negativamente nunha adecuada xestión. Por todo iso resultaría aconsellable a súa depuración e actualización con carácter previo á contratación, evitando así os problemas que suscitou a súa indeterminación.

Un factor engadido é a existencia de equipos que non se inventariaron ou que carecen de referencia identificativa.

Proceso de confección do inventario. Prazos

A empresa adxudicataria comprométese na súa oferta para realizar un inventario completo (ficha con etiquetado e fotos, incorporación ao SIMAN e plan de criticidades do equipamento electromédico), nuns prazos inferiores aos indicados no Prego, sendo o seu detalle para os distintos lotes o seguinte:

Cadro 19: Demora na elaboración dos inventarios

Lote	Data de inicio do contrato	Prazo oferta confección Inventario e plan criticidades	Prazo máximo de entrega segundo pregos	Tempo transcorrido ata a presentación pola empresa
Lote 1.- EOXI A Coruña	16.07.2013	17 días	30 días	120 días
Lote 2.- EOXI Ferrol		17 días		112 días
Lote 3.- EOXI Santiago		1 mes		111 días (1)
Lote 4.- EOXI Lugo		1 mes		119 días
Lote 5.- EOXI Ourense		15 días		120 días
Lote 6.- EOXI Pontevedra e AP Vigo		15 días		120 días (2)

(1) Atención Primaria máis de 200 días

(2) Atención Primaria máis de 170 días

Fonte: Información facilitada polo Sergas

Tanto os prazos prefixados no Prego como os ofertados pola adxudicataria foron amplamente superados, orixinando incumprimentos tipificados como falta moi grave no réxime de penalizacións establecido nos pregos.

Deficiencias dos inventarios en canto ao seu contido

O feito de que os inventarios entregados pola empresa estivesen, polo xeral, incompletos provocou que fosen rexeitados polas propias institucións, sendo as principais incidencias apreciadas as seguintes:

- Non comprenden a totalidade dos equipos de cada centro.
- Non conteñen os campos requiridos de forma expresa nos pregos (criticidade dos equipos, como dato imprescindible para o cálculo do indicador "tempo de resposta" e "tempo de resolución"; tipo de equipo, necesario, así mesmo, para coñecer a modalidade de mantemento a realizar).
- Non reflicten o código identificativo de equipo, o que dificulta a posibilidade de verificar a información.

Discrepancias sobre o equipamento obxecto do contrato de mantemento. Inventario base

As discrepancias entre a relación de equipos publicada nos pregos (meramente informativa e non exhaustiva) e o inicialmente inventariado por parte da empresa adxudicataria suscitaron continuas controversias, non liquidadas aínda no momento das actuacións. Tal situación motivou que a empresa Iberman, SA presentase, en abril de 2014, unha solicitude de modificación dos contratos baseándose, segundo o seu criterio, nas considerables diferenzas existentes entre a situación real e a do anexo dos pregos.

A continuación relaciónanse as discrepancias esgrimidas polo adxudicatario respecto dos datos rexistrados polo Sergas. Da revisión practicada por este Consello despréndese que esta última información é acorde, agás lixeiras diferenzas, coa realidade.

Cadro 20: Discrepancias na información relativa ao inventario. Número de elementos

	Lote 1 A Coruña	Lote 2 Ferrol	Lote 3 Santiago	Lote 4 Lugo	Lote 5 Ourense	Lote 6 Pontevedra e AP Vigo	Total
1. Anexo I do Prego segundo Iberman, SA	4.406	1.531	1.795	5.345	4.501	3.488	21.066
2. Anexo I do Prego segundo Sergas	7.889	2.534	4.682	9.660	11.188	9.054	45.007
Diferenza (2-1)	3.483	1.003	2.887	4.315	6.687	5.566	23.941
	79%	65%	161%	81%	149%	160%	114%
3. Inventario inicial Iberman, SA	6.792	2.808	5.553	9.700	5.133 (*)	6.097	36.083
Diferenza (2-3)	1.097	-274	-871	-40	6.055	2.957	8.924

(*) En inventario MANHOSP 14.194 elementos

Fonte: Antecedentes contractuais

Non é congruente que o número de equipos que a empresa considera incluídos nos anexos ao Prego difira do que se desprende do seu reconto no citado documento. Así mesmo, tampouco existe coincidencia dos seus datos cos rexistrados no soporte informático de xestión (SIMAN).

Resulta paradoxal a desconformidade que formula a empresa con respecto á relación de equipos do Lote 1, EOXI da Coruña, dado que foi ela mesma, nun momento previo, a contratada para confeccionar o inventario que serviría de base ao anexo do contrato, percibindo por este concepto case 18 mil euros.

No lote 3, correspondente á EOXI de Santiago, o inventario facilitado nos pregos relacionaba unicamente os equipos cuxa asistencia técnica era efectuada polo servizo de mantemento do centro, non incluíndose as camas (máis de 1000 unidades) das que antes se encargaba o persoal de mantemento xeral, ademais de non se recoller na relación unha serie de equipos que foron doados con posterioridade á elaboración dos pregos.

Prazo de presentación do informe previo sobre o estado dos equipos

As prescricións contractuais establecen a obriga para o adxudicatario, unha vez confeccionado o inventario, de formular un informe previo sobre as condicións iniciais de funcionamento dos equipos no prazo de dous meses (antes do 16 de outubro de 2013).

Con todo, dado o atraso na confección inicial dos inventarios, o dito informe foi obxecto de entrega nas EOXI a finais de xaneiro de 2014, cunha demora superior aos tres meses, incumprimento tipificado de falta moi grave segundo o réxime de penalizacións establecido no Prego.

Contido do informe previo

Ningunha das EOXI aceptou os termos do informe presentado pola empresa adxudicataria, existindo discrepancias significativas. Nos casos das EOXI da Coruña e de Lugo formulouse réplica ao informe, sen que conste resposta algunha por parte do adxudicatario.

O referido informe constitúe un elemento básico en orde á validación definitiva dos inventarios por parte das xerencias. A dita validación aínda non se formalizou en marzo de 2015, máis de 18 meses despois do inicio do contrato, subsistindo, ao parecer, unicamente acordos verbais co adxudicatario sobre criterios de rexistro da información.

Evolución do conflito xerado no desenvolvemento da prestación do servizo. Reclamación polo adxudicatario de conceptos non facturables

1. En parte, como consecuencia da situación descrita en relación ao proceso de confección do inventario, na fase de execución do contrato xurdiron incidencias considerables respecto da determinación do seu alcance. A medida que se comezaron a xerar partes de avaría suscitáronse discrepancias de criterio en canto á inclusión de determinados equipos e ao alcance das reparacións que se deben efectuar.
2. Tales discrepancias motivaron a creación dun comité técnico para elaborar un “documento aclaratorio equipamento incluído/excluído do alcance contrato electromedicina (expte. AI-SER1-12-033)” co fin de delimitar o obxecto do contrato e para resolver as dúbidas e conflitos máis comúns. A versión definitiva deste documento está dispoñible desde marzo de 2014.
3. Co obxecto de evitar calquera prexuízo acordouse verbalmente coa adxudicataria que esta asumiría, en principio, a asistencia técnica, sen menoscabo de que con posterioridade se procedese, á vista da debida interpretación técnico-xurídica, á correspondente regularización, no seu caso.
4. Aínda que inicialmente o dito compromiso se mantivo en vigor, con posterioridade obsérvase unha clara tendencia da empresa adxudicataria a rexeitar, por improcedentes, reparacións de equipos (xeralmente de importe elevado), alegando que a avaría está motivada por un uso negligente. A postura do Sergas ante esta situación foi a de defender a natureza do contrato como “integral e a todo risco”, polo que comunica á empresa a súa obriga de asumir as avarías que se producen a non ser que poida ser demostrado que son consecuencia dunha utilización dolosa por parte do usuario.
5. Con todo, a empresa non acata a devandita formulación e, nos supostos que discrecionalmente considera, deixa de realizar a reparación, o que conduce a unha deterioración do servizo prestado e queixas dos usuarios. Ante a presión xerada, as distintas EOXI optan por afrontar a reparación con cargo aos seus orzamentos, reclamando posteriormente o importe procedente a través do órgano de contratación.
6. Dáse a circunstancia de que os importes polas discrepancias suscitadas fóronse incrementando e adquirindo unha relativa importancia, sen que conste actuación por parte do órgano de contratación

para resolver esta problemática, no exercicio da súa potestade de interpretar e facer executar o contrato. A situación descrita persistía no momento das actuacións.

7. En marzo de 2014 a empresa adxudicataria, como consecuencia da súa interpretación unilateral do contrato, presenta unha serie de facturas no Rexistro Xeral da Consellería de Sanidade, por importe de 520 miles de euros, correspondentes, basicamente, a reparacións ou gastos incorridos nas diferentes EOXI e que, ao seu xuízo, non entrarían dentro do alcance do contrato, sendo o seu detalle o seguinte:

Cadro 21: Desagregación do importe reclamado polo adxudicatario á marxe do contrato (euros)

Lote	Reparacións de urxencia incluídas en informe previo	Reparacións urxencias alleas ao contrato asumidas con posterioridade ao informe previo	Reparacións realizadas por uso negligente	Material funxible fóra de contrato	Equipamento fóra de guía de contrato	Outro equipamento	Elementos de enerxía dos DEA	Fin ciclo de vida	Actualizacións de software	Total
1.- A Coruña	4.947	11.985	-	26.995	10.545	5.174	468	19.654	2.048	81.817
2.- Ferrol	-	4.709	4.708	4.461	7.999	-	426	13.264	2.541	38.108
3.- Santiago	11.614	27.855	40.764	15.523	11.394	-	-	23.933	4.983	136.067
4.- Lugo	15.096	8.246	8.527	26.195	4.064	24.046	4.081	23.355	2.379	115.990
5.- Ourense	1.875	-	-	16.841	3.670	-	-	27.366	2.293	52.045
6.- Pontevedra e AP Vigo	40.635	11.732	8.786	8.786	6.438	1.467	-	16.897	1.262	96.004
Total contrato	74.168	64.528	62.785	98.801	44.111	30.687	4.974	124.470	15.506	520.031

Fonte: Información contractual

8. As ditas facturas foron devoltas á empresa mediante escrito do 4 de agosto de 2014, esgrimíndose os seguintes motivos:

- Non proceder a entrega da facturación dos centros dependentes do Sergas no Rexistro Xeral da Consellería de Sanidade.
- Non estar as facturas debidamente conformadas polos centros xestores das prestacións.
- Non obstante o antes expresado, e tras unha primeira revisión, obsérvanse discrepancias en varios dos conceptos facturados.

Por outra banda, a xuízo deste Consello, a referida facturación é susceptible das seguintes observacións á vista das cláusulas dos pregos:

- Non cabe deducir que as reparacións derivadas do estado dos elementos descritos no informe previo non deban ser asumidas pola empresa.
- Nas EOXI fiscalizadas non se obtivo evidencia da súa procedencia no relativo ao "material funxible", "equipos fóra de guía" e "outro equipamento".
- Baixo o concepto "fin de ciclo de vida" recóllese, de acordo co previsto nos pregos, a renovación de equipos á que se comprometeu contractualmente a adxudicataria, polo que non resulta facturable.

Informe de fiscalización dos servizos técnicos de mantemento no ámbito sanitario do Sergas. Exercicio 2014

Ata o momento das actuacións desta fiscalización non existe constancia de que se volvese a presentar máis facturación desta índole.

Sistema informático dos centros na área de mantemento

A xestión informatizada das distintas institucións é heteroxénea, ao empregarse aplicativos distintos, producíndose unha falta de estandarización incluso en centros dentro dunha mesma EOXI. Iso dificultou a interconexión co sistema de información do contratista (MANHOSP), existindo ao comezo da prestación do servizo contratado a seguinte situación:

Cadro 22: Sistemas de xestión informatizada dos distintos centros

Centro de xestión	Programas informáticos de xestión			
	MANSIS	XEMAS	Aplicativo do anterior adxudicatario	Programa de desenvolvemento propio
EOXI A Coruña	X (1)			
EOXI Ferrol	X			
EOXI Santiago				
CHUS			X	
Atención Primaria		X		
H dá Barbanza		X		
EOXI Lugo				
HULA				X (Multibase Unix)
Atención Primaria		X		
H da Costa (*)				
H de Monforte				X (Multibase Unix)
EOXI Ourense				
CHUO		X		
Atención Primaria		X		
H de Valdeorras (*)				
H de Verín			X	
EOXI Pontevedra e AP de Vigo				
CHOP	X			
Atención Primaria de Pontevedra		X		
H do Salnés (*)				
Atención Primaria de Vigo		X		

(1) En AP e no H Virxe da Xunqueira a partir de febreiro 2013

(*) Sen información

Fonte: Elaboración propia baseándose nos antecedentes contractuais

Implantación do aplicativo de xestión do adxudicatario e a súa interconexión cos sistemas informáticos dos centros

Contractualmente está previsto que o adxudicatario debe dispoñer, coas especificacións requiridas, dun sistema de información da xestión do servizo de mantemento (SIMAN) para o rexistro e seguimento de toda a actividade, sendo da súa responsabilidade a adaptación aos programas de xestión implantados polos centros, correspondendo ao devandito adxudicatario todos os gastos de integración e actualización.

A implantación e mecanización da actividade no SIMAN non se produce ata avanzado o mes de outubro de 2013 (e nalgunhas EOXI en novembro), polo que se carece de información do período transcorrido entre ese mes e o comezo de execución do contrato (16 de xullo do mesmo ano), producíndose a facturación sen o necesario grao de comprobación respecto do cumprimento dos indicadores de obxectivos marcados nos pregos, a pesar de ser un extremo que incide no importe que se ha de aboar. Por tanto, o réxime de sancións por incumprimento dos niveis de actividade quedou en suspenso no referido período.

O SIMAN ofertado pola adxudicataria, (MANHOSP MH-4) atopábase operativo ao momento desta fiscalización nas Xerencias de Xestión Integrada de Santiago, Lugo e Ourense, aínda que con claras disfuncionalidades respecto das esixencias do Prego e cun significativo atraso na mecanización dos partes.

Tras máis de 18 meses de vixencia do contrato, nos centros nos que se dispoñía do aplicativo MANSIS non se produciu a preceptiva integración entre sistemas. Iso ocasionou a consecuente perda de información, tanto cualitativa como cuantitativa, ao non dispoñer do inventario real cargado cos seus campos de información obrigatorios nin os calendarios de mantementos preventivos e técnico-legais. Todo iso limita de forma significativa a capacidade de seguimento e de execución do contrato, dificultando o debido control, o que supón un incumprimento contractual penalizable.

Segundo a información facilitada, tras varias reunións coa empresa adxudicataria para os efectos de emendar estas deficiencias, esta escúdase na dificultade de chegar a un acordo económico coa empresa propietaria do programa en cuestión, obviando que a dita continxencia debeu ser prevista á hora de formular a súa oferta, e que ao ser a execución do contrato ao seu risco e ventura debería facer fronte ao cumprimento da obriga contractual e soportar o sobrecusto que proceda e as sancións pertinentes.

Con respecto ás EOXI onde estaba instalado o XEMAS como programa de xestión, o adxudicatario debería de levar a cabo a integración co seu aplicativo mediante o transvasamento automático dos avisos de incidencias, pero a finais de 2014 o dito trámite aínda se viña facendo de forma manual.

Existen, ademais, diversas queixas respecto ao funcionamento do programa e á inoperatividade do módulo de reclamacións. Así mesmo, son trasladables as incidencias en canto ao contido informativo xa expostas respecto dos centros usuarios do programa MANSIS.

Deficiencias no rexistro da información

Na EOXI da Coruña emprégase o sistema de avisos do seu aplicativo (MANSIS) no que a información da actividade é gravada pola empresa adxudicataria, aínda que esta utiliza simultaneamente o seu propio (MH-4) para o desenvolvemento da xestión, facturación e cálculo dos indicadores,

observándose unha falta de congruencia entre ambas as dúas fontes informativas, o que provoca que a comprobación da facturación e dos indicadores que a modulan se basee en información non contrastada.

Na EOXI de Lugo obsérvase, así mesmo, un dobre rexistro dos partes, o inicial de apertura polo servizo de electromedicina no seu aplicativo e o do desenvolvemento da actividade e incidencias no programa informático do contratista. Confrontadas ambas as dúas fontes tamén se aprecian algunhas diferenzas e, en particular, a propia explotación de datos do MH-4 ofrece resultados distintos en virtude do momento no que se efectúe a consulta, o que incide no efectivo control da facturación e na aplicación do réxime de penalizacións previsto nas prescricións contractuais.

Os partes ou ordes de traballo non conteñen a información completa da intervención realizada e con frecuencia non se pechan de forma correcta, polo que o persoal dedicado ao control carece de información relevante para o seguimento e evolución das incidencias. Non se facilita, así mesmo, o custo de reparación xa que o módulo de almacén permanece inoperativo.

Mentres algunhas EOXI (Lugo e A Coruña) efectúan o cálculo de indicadores en función dos datos facilitados polo contratista, outras (Ferrol) elabóranos en función da súa propia información.

Plans de mantemento

Elaboración

Os pregos de prescricións establecen que, no prazo de tres meses desde a formalización do contrato, a empresa adxudicataria debe facer entrega dos plans para o mantemento correctivo, o preventivo e o técnico-legal. Con todo, o incumprimento dos prazos para a entrega de tales protocolos de traballo foi xeneralizado, segundo se describe secuencialmente a continuación:

- Na data de finalización do prazo establecido non se presentaron os plans correspondentes aos centros da Coruña, Ferrol, Lugo e Pontevedra. Na EOXI de Ourense presentouse un calendario de mantementos que xa se achegou á oferta sen axustarse ao esixido no prego, e na EOXI de Santiago os plans foron entregados en soporte papel, non cargándose no aplicativo informático coa consecuente falta de operatividade.
- A dita situación persistía a 31.12.2013, agravándose a tipificación do incumprimento como grave.
- A través dos sucesivos informes de seguimento do contrato durante o ano 2014 obsérvanse as seguintes deficiencias ao respecto:
 - Calendario de intervencións preventivas e técnico-legais, así como protocolos, non cargados ao aplicativo de xestión (EOXI da Coruña e Santiago).

- Control limitado unicamente a certo equipamento (EOXI A Coruña, Ferrol, Santiago e Ourense).
- Non adecuación dos plans ao inventario (EOXI de Ferrol, Santiago e Lugo).
- Contido insuficiente, non axustado ás condicións do Prego e non adecuado á finalidade prevista (EOXI de Santiago, Lugo e Ourense).
- Pendente de aprobación polas Xerencias.

É resaltable o incumprimento xeneralizado do prazo de presentación dos plans.

Desenvolvemento

Nos informes emitidos polos responsables técnicos dos propios centros ponse de relevo os considerables atrasos que se producen na execución dos plans de mantemento preventivo, permanecendo un importante volume de equipos sen ser obxecto dos oportunos controis, ao contrario do que ocorría con anterioridade á contratación do servizo.

Por parte dos servizos de mantemento das distintas institucións denunciouse, en reiteradas ocasións, a non realización dos mantementos preventivos esixidos.

A partir de agosto de 2014, refórzase temporalmente o persoal para emendar, en parte, o considerable atraso e, en particular, as deficiencias apreciadas. Moitos actuacións realízanse sen ter en conta os protocolos establecidos polos fabricantes, o que afecta á idónea conservación do material electromédico.

Efectivos ofertados para a prestación do servizo

O adecuado dimensionamento das necesidades de persoal reviste unha considerable relevancia en orde a unha eficaz execución.

Do exame das ofertas presentadas e dos informes técnicos emitidos no proceso de adxudicación despréndese que a empresa oferta en todos os lotes uns recursos humanos superiores entre un 25% e un 35% aos dos restantes ofertantes, aínda que logo na práctica ese diferencial non se cumpre.

Os efectivos comprometidos para a realización do servizo son os seguintes:

Cadro 23: Estrutura funcional ofertada

Lote	Sublote	Técnico respons. contrato (1)	Técnico resp. sublote (1)	Técnicos especialistas (2)	Técnicos interdisciplinares	Administrativo	Total
Lote 1.-A Coruña	1.- CHUAC	1	1	6	8	1	17
	2.- Atenc. Primaria		1	-	1		2
	3.- H Virxe Xunqueira		1	-	2		3
Total Lote 1		1	3	6	11	1	22
Lote 2.- Ferrol	Único	1	3	2	3	1	10
Total Lote 2		1	3	2	3	1	10
Lote 3.- Santiago	1.- CHUS	1	1	4	3	1	10
	2.- Atenc. Primaria		1		2		3
	3.- H do Barbanza		1		1		2
Total Lote 3		1	3	4	6	1	15
Lote 4. Lugo	1.- H Lucus Augusti	1	1	6	1	1	10
	2.- H Monforte		1		1		2
	3.- Atenc. Primaria		1		1		2
	4.- H da Costa		1		1		2
Total Lote 4		1	4	6	4	1	16
Lote 5.- Ourense	1.- CHUO	1	1	6	4	1	13
	2.- Atenc. Primaria		1		1		2
	3.- H Verín		1		1		2
	4.- H Valdeorras		1		1		2
Total Lote 5		1	4	6	7	1	19
Lote 6.- Pontevedra e AP Vigo	1.- CHOP	1	1	4	3	1	10
	2.- H Salnés		1		1		2
	3.- Centros de saúde		1		2		3
Total Lote 6		1	3	4	6	1	15

(1) Localizado as 24 horas e os 365 días

(2) Presenza física en quirófanos, REA e UCI en horario asistencial

Fonte: Elaboración propia baseándose na información contractual

Ofrécense, ademais, dous enxeñeiros durante un mes para a posta en marcha do contrato.

Postos de presenza física fixados

O alcance da presenza física é ambiguo e impreciso, expondo problemas de interpretación. Alúdese como referencia ao horario asistencial, sen definir adecuadamente o alcance deste.

Non se determinan os postos de presenza física, agás nas áreas críticas.

Cumprimento da obriga contractual sobre os recursos ofertados

Área da Coruña

Nos informes emitidos pola Xerencia e elevados aos Servizos Centrais destácase, como incidencia, que o número de efectivos é menor ao ofertado. Así mesmo, ponse de relevo que a presenza física se limita de luns a venres de 8 a 22 horas e que a partir desa hora ata as 8 do día seguinte a atención é localizada, do mesmo xeito que en domingos e festivos.

Área de Ferrol

O grao de cumprimento é moi deficiente, a teor da información emitida polos responsables do control. O número de efectivos é substancialmente menor (en xuño de 2014 elevábase á metade do ofertado) poñéndose énfase en que en varios casos non se tiña constancia de que se cumpriran os requisitos de formación e experiencia ofertados.

Neste centro a presenza física límitase de luns a venres de 8 a 22 horas e os sábados de 8 a 15 horas; no resto do tempo o servizo é localizado. A carencia de persoal (aínda que foi mellorando o número de efectivos) condiciona de forma relevante o cumprimento dos tempos de resposta e os programas de mantemento, e a non acreditación da formación e experiencia dos traballadores xera incerteza respecto da idónea calidade do servizo.

Área de Santiago

No informe elaborado polos responsables do centroponse de manifesto que se están incumprindo os termos ofertados. O propio centro, encargado do control da execución da prestación, non dispón de información sobre os calendarios de traballos da empresa concesionaria do servizo.

Área de Lugo

Segundo os informes emitidos polos responsables de mantemento dos centros e a propia información emitida pola empresa, quedou patente o incumprimento do número de efectivos ofertados, aínda que, durante o verán de 2014 reforzouse o persoal de forma temporal para efectuar os mantementos preventivos que non se estaban realizando.

As comprobacións levadas a cabo nesta EOXI, incluída na mostra fiscalizada, evidencian que o número de efectivos era inferior nun 25% aos ofertados.

Polo que respecta ao persoal ofertado para o Hospital de Monforte estaba reducido á metade.

En relación coa presenza física en áreas críticas, incúmprese igualmente o ofertado, xa que o persoal técnico só acode a demanda de avisos, o que se traduce en atrasos no tempo de resposta e asistencia técnica.

Área de Ourense

Segundo informe de xuño de 2014 emitido polos responsables da EOXI,ponse de manifesto que non se está respectando a oferta, nin en canto ao número de efectivos nin das presenzas físicas. O adjudicatario puxo a disposición do servizo un total de 11 persoas, polo que a xerencia reclamou, de forma reiterada, o cumprimento do contrato, xa que o diferencial existente de medios (unha infradotación do 40%) orixina continuos atrasos en prazos de execución e tempos de resposta, dado que son insuficientes para garantir un nivel de servizo cun mínimo de calidade.

Áreas de Pontevedra e Atención Primaria de Vigo

Os informes emitidos pola Xerencia poñen de manifesto o incumprimento, non só do número de efectivos senón tamén da presenza física ofertada. A mediados de 2014, cando o contrato levaba case un ano en execución, a Xerencia non dispoñía dunha relación actualizada do persoal estipulado no contrato.

Consideración xeral

- En termos xerais, obsérvanse incumprimentos sistemáticos tanto a nivel de número de efectivos como das presenzas ofertadas na totalidade das institucións.
- A infradotación de efectivos, ao principio moi significativa, foise temperando co transcurso do tempo e a empresa incrementou o persoal, pero sen chegar, en ningún caso, a cumprir a oferta, resultando insuficiente, coas consecuencias que da devandita circunstancia se derivan para o cumprimento de tempos de resposta e calidade do servizo.
- Nos centros incluídos na mostra obsérvase unha elevada rotación do persoal da contrata, sen garantías, en moitos casos, dun nivel formativo e experiencia profesional desexable. Evidénciase unha falta de seguimento efectivo das presenzas que, tal como se puxo de manifesto, se incumpren nos termos ofertados.
- Dado que no proceso selectivo foi obxecto de puntuación de forma relevante o que despois derivou en incumprimentos, iso trae como consecuencia que factores determinantes na adxudicación do contrato son posteriormente obviados ou rebaixados na execución, vulnerando as garantías do procedemento concursal en detrimento do resto de participantes que concorreron.

Formación do persoal

A empresa adxudicataria ofertou unha carga horaria en cada área sanitaria de 600 horas para a formación de persoal, cuestión relevante en orde á realización dun mantemento de equipos coa suficiente calidade nunha contorna tecnolóxica cambiante. Nalgúns dos lotes ofertábanse, así mesmo, charlas informativas aos usuarios (2 horas ao mes) para instruílos na correcta utilización do equipamento.

Da información emitida polas xerencias despréndese que os devanditos extremos se incumprían sistematicamente.

Equipamento substitutivo

Como compromiso contractual, a adxudicataria ofertou para cada lote un número de equipos para suplir, en caso de avaría, aos existentes, co fin de paliar posibles demoras na súa reparación e causar os mínimos prexuízos á correcta atención sanitaria.

A dotación destes equipos era a seguinte:

Cadro 24: Equipamento de substitución

Lote	Número de equipos ofertados
1.- EOXI A Coruña	30
2.- EOXI Ferrol	19
3.- EOXI Santiago	29
4.- EOXI Lugo	47
5.- EOXI Ourense	32
6.- EOXI Pontevedra e AP Vigo	30
Total contrato	187

Fonte: Elaboración propia baseándose na información contractual

Finalizado o exercicio 2013, os equipos postos a disposición dos centros ascendían a 63, existindo, por tanto, unha diferenza de 124 respecto do total ofertado.

Ao respecto deben efectuarse as seguintes consideracións:

- En xuño de 2014 a maior parte das EOXI non dispoñían da debida relación deste tipo de equipamento.
- Existen queixas en boa parte das institucións respecto da idoneidade dos equipos proporcionados para substitución pola súa inadecuación para o uso que se pretende, dándose supostos en que os propios servizos destinatarios rexeitan tales equipos por non reunir os requisitos mínimos indispensables ou por ser moi antigos.
- No caso concreto da área de Lugo a empresa volve achegar unha segunda relación de equipos, máis reducida en número que a inicialmente ofertada, sen que se tivese evidencia da motivación da devandita variación.

Plan de actualización. Renovación tecnolóxica

Establécese, como obriga contractual, a realización polo adxudicatario dun investimento anual en novo equipamento e/ou actualización do existente que supoña polo menos o 5% da repercusión anual do importe de licitación. Para estes efectos o contratista debe incluír unha proposta con escandallo do equipamento para renovar o existente xunto coas súas principais características e importes, debendo ser aprobada polo Sergas.

O investimento anual a realizar en cada Área en termos porcentuais é a seguinte:

Cadro 25: Investimento ofertado para actualización do equipamento

Lote	% investimento ofertado
1.- EOXI A Coruña	6,5%
2.- EOXI Ferrol	10,5%
3.- EOXI Santiago	7,5%
4.- EOXI Lugo	7,5%
5.- EOXI Ourense	6,5%
6.- EOXI Pontevedra e AP Vigo	7,8%

Fonte: Elaboración propia baseándose na información contractual

Ao momento de realizarse as tarefas de fiscalización non constaba que a empresa adxudicataria tivese cumprido co citado compromiso. Nos centros examinados non se formalizou a oportuna proposta nin para o investimento correspondente ao exercicio 2013 nin para o 2014.

Pola contra, en 2014 produciuse pola empresa a reclamación de cantidades na que figura unha partida, por importe de 124 mil euros polo exercicio 2013, baixo a epígrafe "fin de ciclo de vida". A este respecto non existe constancia do desenvolvemento da metodoloxía prevista no prego, nin se corresponde a cantidade co investimento comprometido na oferta.

Polo exposto, dada a ausencia do debido soporte documental, está a incorrerse nun novo incumprimento das prescricións contractuais, co consecuente prexuízo para os centros. Segundo información facilitada, as cantidades correspondentes, do mesmo xeito que outras orixinadas por penalizacións previstas no prego, están a ser obxecto de negociación coa empresa adxudicataria dentro do proceso de reclamación pola non adecuación dos inventarios inicialmente publicados. A dita circunstancia non xustifica a falta de requirimento en orde a unha correcta execución do contrato.

C) Controis previstos nos pregos

Os pregos de cláusulas establecen unha serie de parámetros en orde a garantir unha correcta execución do contrato, así como a idoneidade da calidade do servizo, esixindo á adxudicataria o cumprimento dunha serie de obrigas de subministración de información e protocolización.

Entre as medidas previstas destacan, como máis significativas, as seguintes:

Informe anual da dispoñibilidade do equipamento

No prazo máximo de dous meses desde o cumprimento do ano do contrato o adxudicatario debe presentar un informe de carácter anual que reflecta a dispoñibilidade do equipamento e a variación respecto da garantida, así como da súa estrutura de custos reais comparativa coa incluída inicialmente na súa oferta.

Non se obtivo evidencia respecto de que se cumprise a dita obriga.

Informe semestral do grao de obsolescencia

Os pregos establecen a obriga de presentar informes semestrais acerca do grao de obsolescencia segundo os criterios fixados con base na proposta de renovación de equipos debidamente programada, valorada economicamente e priorizada en función das necesidades.

Con referencia ao exercicio 2014 non se obtivo evidencia do cumprimento desta obriga contractual. As EOXI fiscalizadas só reciben informes individuais de equipos avariados e para os cales a empresa propón a baixa en inventario. Respecto de tales propostas de baixa producíronse discrepancias entre a empresa adxudicataria e os servizos propios dos centros.

Certificación de calidade do servizo prestado

Establécese a obriga contractual de acreditar, implantar e manter certificación ISO 9001 ou outra norma oficial homologada nun prazo non superior a un ano. Non se obtivo evidencia do cumprimento de tal obriga.

A pesar das incidencias que se detectaron na execución do contrato e da posibilidade prevista nos pregos de que o Sergas poida solicitar dunha empresa externa a realización dunha auditoría anual de calidade, correndo o custo a cargo do adxudicatario, non se constatou que tal extremo se produciuse.

Control do servizo por indicadores de xestión

Os pregos do contrato regulan uns parámetros de calidade do servizo a través dun sistema de indicadores cuxo incumprimento leva aparelado unha serie de deducións automáticas e de sancións.

Por Resolución do 4 de febreiro de 2014, o órgano de contratación acordou, dentro da súa prerrogativa de interpretar o contrato, aclarar os criterios relativos á aplicación de deducións e penalizacións administrativas. Con respecto a tales extremos convén especificar o seguinte:

a) Deducións automáticas por incumprimento dos indicadores

Están referidas ao incumprimento dos niveis de servizo por fallos de calidade e dispoñibilidade, segundo os rangos e valores obxectivos establecidos, e son de aplicación polas xerencias directamente na facturación. A unidade de penalización establécese en 20 euros por equipo por cada unidade porcentual (1%) de descenso da dispoñibilidade con respecto á garantida recollida nos pregos.

O seu detalle é o seguinte:

Cadro 26: Prestación do servizo. Desviación respecto dos indicadores estándar

Nome indicador	Estándar	Frecuencia	Rango nivel do servizo penalizable	Factor multiplicador sobre Unidade penalización
I.1 execución mensual do servizo	> 98%	Mensual	$97\% \leq I.1 \leq 98\%$	5
			$96\% \leq I.1 < 97\%$	10
I.2 execución acumulada do servizo	> 98%	Anual	$97\% \leq I.2 \leq 98\%$	5
			$96\% \leq I.2 < 97\%$	10
I.3 atraso nos tempos de servizo	< 1%	Mensual	$1\% \leq I.3 < 3\%$	5
			$3\% \leq I.3 \leq 5\%$	10
I.8 satisfacción dos centros usuarios	$\geq 3,5\%$	Trimestral	$3 \leq I.8 < 3,5$	5
			$2,5 \leq I.8 < 3$	10
I.9 reclamacións dos centros usuarios	< 1%	Mensual	$1\% \leq I.9 \leq 1,5\%$	5
			$1,5 < I.9 \leq 2\%$	10

Fonte: Elaboración propia baseándose na información contractual

Cabe precisar as seguintes observacións:

- Ata outubro de 2013 (nos casos de Ferrol xaneiro de 2014, e Lugo e Ourense decembro 2013) non estivo operativo na práctica totalidade dos centros o aplicativo de xestión SIMAN, polo que, ao non dispoñer de indicadores con anterioridade, os Servizos Centrais do Sergas optaron por considerar tal lapso de tempo inicial como un "período de carencia" na aplicación do réxime sancionador, extremo que en ningún caso recollían os pregos contractuais.
- A falta de definición nos inventarios da criticidade dos equipos non permite considerar este factor na determinación do atraso na realización do servizo, descoñecéndose, por tanto, se se cumpre o grao de dispoñibilidade, criterio xeral de calidade que se fixaba nos pregos de cláusulas.
- Ante a falta de conectividade entre o aplicativo da empresa e os sistemas informáticos das propias xerencias, extremo pendente de emendar, e a pesar das considerables variacións entre ambas as dúas fontes de información, na práctica totalidade dos centros utilízanse exclusivamente os datos facilitados polo adxudicatario para cuantificar as deducións.

Iso pon en evidencia carencias significativas en canto ao control da prestación, ao non contrastarse nin verificarse se os datos que proporciona o adxudicatario se corresponden fielmente coa realidade.

a.1) Aplicación de deducións en función da avaliación da prestación do servizo

Foi práctica do adxudicatario a presentación das súas facturas sen atender aos descontos aplicables en función das correspondentes deducións automáticas notificadas en tempo e forma polo servizo responsable de cada institución. Ante esta situación de conflito, as xerencias, seguindo instrucións dos Servizos Centrais do Sergas, aboaron as facturas recibidas do adxudicatario, aínda que, desde abril de 2014 deixáronse de validar, quedando como pendentes de pago ata a súa oportuna

regularización. Ante a devandita situación, a finais de 2014, a empresa procedeu a efectuar os aboamentos das deducións reclamadas, aínda que facendo constar que iso é “a reservas” do resultado das negociacións co Sergas sobre as modificacións contractuais polos desaxustes do inventario.

Respecto da revisión da información sobre o grao de implantación dos indicadores, achegada polo Sergas e correspondente ao período outubro 2013 a decembro 2014, despréndese o seguinte:

- Nas EOXI incluídas na mostra constatouse unha ausencia de procedementos de control respecto dos indicadores que presenta a empresa adxudicataria, limitándose á súa transcripción para os efectos do envío a Servizos Centrais.
- Con respecto ao indicador I.2, execución acumulada do servizo, de cálculo anual, só existen rexistros na Coruña e Ferrol, e no primeiro lote dos citados atópase en situación de “non dispoñible” a información do período decembro 2013 a setembro 2014, extremo que xera dúbidas acerca da fiabilidade do resultado final de cumprimento do estándar previsto. No caso do lote 2, Ferrol, apréciase que existe un diferencial notable entre as execucións mensuais (indicador I.1) do período xaneiro-decembro 2014 para finalmente arrojar un indicador acumulado anual de 100%. Nos restantes lotes (Santiago, Lugo, Ourense e Pontevedra) a información non está dispoñible.
- O indicador I.8, satisfacción centros usuarios, non se implantou en ningún dos lotes, figurando como non dispoñible en todos os casos.
- O I.9, reclamacións de usuarios, aparece como non dispoñible na información relativa ás EOXI de Ferrol, Ourense e Pontevedra. Na da Coruña o indicador é cero en todos os supostos, a pesar de que existe un volume máis ou menos importante de reclamacións, o que contradí, de forma evidente, o devandito dato.
- A non dispoñibilidade de información, a xuízo deste órgano fiscalizador, debería tipificarse como falta moi grave e sancionarse como tal no seu período de rendición, dado que, pola contra, subverteríase o seguimento de calidade e volume das prestacións por un réxime de indicadores. Idéntica circunstancia prodúcese respecto da falta de contraste da información facilitada.

a.2) Determinación do importe das deducións

Acompañando a citada información cuantifícase o importe das deducións automáticas correspondente ao período de referencia segundo o seguinte detalle:

Cadro 27: Cuantificación das deducións (euros)

Lote	Importe deducións segundo Sergas
1.- EOXI A Coruña	25.500
2.- EOXI Ferrol	3.000
3.- EOXI Santiago	26.500
4.- EOXI Lugo	33.000
5.- EOXI Ourense	10.500
6.- EOXI Pontevedra e AP Vigo	12.000
Total	110.500

Fonte: Información facilitada polo Sergas

En relación á regularización das cantidades resultantes, nas dúas EOXI analizadas (A Coruña e Lugo), a situación é a que se detalla a continuación:

- Na EOXI da Coruña prodúcense dous aboamentos (outubro e novembro de 2014) por importes de 21.000 e 1.500 euros, respectivamente, para os efectos de regularizar a situación acumulada, figurando pendentes de aboar 3.000 euros ao finalizar o exercicio. Durante 2015 a empresa cumpre co previsto e realiza as deducións de forma satisfactoria, segundo o informado pola Xerencia.
- Na EOXI de Lugo a situación non está normalizada. A empresa adjudicataria presentou un cadro informativo no que recolle indicadores que, nalgúns aspectos, difiren dos que xa achegara previamente coa facturación. Esta circunstancia xera unha incerteza sobre a fiabilidade da información facilitada, dado que non se concibe que, aplicando criterios homoxéneos e respectando a data de gravación da información, se obteñan resultados distintos dependendo do momento do seu cálculo. As diferenzas son significativas, xa que, segundo se aplique un ou outro, poderían ascender (incluídas penalizacións por faltas) a máis de 15 mil euros.

A pesar de pactarse finalmente o importe da regularización, a empresa fixo aboamentos por unha cantidade inferior. Na actualidade volveuse á situación anterior e deixáronse de practicar as pertinentes deducións automáticas na facturación presentada durante os primeiros meses de 2015, polo que por parte da Xerencia deste centro volveuse a reter o pago das facturas.

a.3) Réxime de faltas e sancións

Así mesmo, en determinados supostos, é susceptible de aplicación, complementariamente ás deducións, o seguinte réxime sancionador:

Cadro 28: Tipificación das incidencias e sancións (euros)

Deficiencia tipificada	Sanción	
	Tipo	Importe
< 96% indicador I.1	moi grave	5.000
< 96% indicador I.2		
> 5% indicador I.3		
< 2,5% indicador I.8		
> 2% indicador I.9		
Acumulación de tres faltas graves nun trimestre		
Prazo parcial de execución superior ao 100%	grave	2.000
Acumulación de tres faltas graves nun mes		
Prazo parcial de execución superior ao 50%	leve	1.000
Prazo parcial de execución en menos dun 50%		

Fonte: Información facilitada polo Sergas

b) Penalizacións administrativas

A regulación contractual prevé un réxime sancionador aplicable nos supostos de deficiencias na prestación do servizo ou no cumprimento dos prazos establecidos para o seu desenvolvemento, tipificándoas, segundo a súa gravidade, en faltas leves, graves e moi graves.

No relativo ao cumprimento dos prazos establecidos, da análise practicada despréndense incidencias xeneralizadas en todos os lotes do contrato, afectando os incumprimentos aos seguintes aspectos:

- Realización do inventario e a súa incorporación ao SIMAN, no prazo dun mes, desde a formalización do contrato.
- Elaboración no prazo de dous meses, a contar desde a finalización do prazo anterior, do informe previo detallado sobre os defectos observados e as propostas tendentes a solucionar os problemas detectados nas condicións de funcionamento.
- Confección, no prazo de tres meses desde a finalización do inventario, dos plans de mantemento preventivo e correctivo, así como do manual de mantemento técnico-legal.

Do exposto dedúcese que en todos os lotes incorreuse en polo menos tres faltas tipificadas como moi graves e sancionables, cada unha delas, con 5.000 euros, o que representaría 90 mil euros de penalización para o conxunto dos lotes.

En canto á repercusión das faltas do adxudicatario por incumprimentos do nivel de servizo, segundo a documentación facilitada polos Servizos Centrais do Sergas, a súa incidencia é a seguinte:

Cadro 29: Faltas moi graves por incumprimento do nivel de servizo (outubro 2013-decembro 2014)

Lote	Número de faltas	Importe de penalización (euros)
1.- EOXI A Coruña	0	
2.- EOXI Ferrol	19	95.000
3.- EOXI Santiago	10	50.000
4.- EOXI Lugo	7	35.000
5.- EOXI Ourense	9	45.000
6.- EOXI Pontevedra e AP Vigo	16	80.000
Total	61	305.000

Fonte: Información facilitada polo Sergas

O reflectido no cadro que antecede só está referido aos indicadores dispoñibles. Os non dispoñibles ou non implantados elevarían aínda máis o importe antes apuntado, ao ser o devandito extremo constitutivo dunha falta moi grave.

Causa resolutoria

Cabe significar que, con independencia das mencionadas penalizacións aplicables e á vista do estipulado no apartado 8.11.2 do Prego de cláusulas, as deficiencias e incumprimentos na execución contractual constitúen motivo suficiente para a resolución do contrato en todos os seus lotes, en exercicio das prerrogativas contractuais.

O contratista incumpe os termos ofertados que foron determinantes en orde á adxudicación do servizo.

Ao momento de finalizar esta fiscalización, a pesar de apreciarse certa melloría na prestación do servizo, este segue sen alcanzar os adecuados estándares de calidade, cos consecuentes prexuízos e alteracións no seu correcto funcionamento.

II.3.1.2. MANTEMENTO DE EQUIPOS DE ALTA TECNOLOXÍA

Alcance

O mantemento do equipamento de electromedicina considerado como “alta tecnoloxía” quedou expresamente excluído do ámbito do contrato anteriormente analizado. Baixo o mencionado concepto inclúense os seguintes tipos de equipos:

- Tomografía axial computerizada (TAC)
- Tomografía por emisión de positrones (PET)
- Radioloxía e mamografía dixital
- Sistemas de estereotaxia dixital
- Salas de radioloxía vascular intervencionista e neurorradioloxía

- Salas de cardioloxía intervencionista e electrofisioloxía
- Litotricia extracorpórea por ondas de choque
- Gammacámaras
- Resonancia magnética e equipamento de radioterapia

Antecedentes

O mantemento da mencionada diversidade de equipos nas distintas EOXI resulta bastante equiparable. Do exame practicado nas especificamente fiscalizadas despréndense as seguintes consideracións:

- Ata 2013 existía unha pluralidade de contratos de mantemento coas distintas empresas subministradoras deste tipo de equipamento, con alcances diversos (salas de mamografía, mamógrafos, ecógrafos, resonancias, angiógrafos, TAC, etc.).
- Cada centro de xestión subscribía os seus propios contratos, utilizando, de forma xeneralizada, o procedemento negociado sen publicidade en razón da exclusividade.
- Non existían, polo xeral, antecedentes documentados das negociacións practicadas e, en moitos supostos, a adquisición do equipo levaba aparelado o pertinente mantemento sen os necesarios estudos respecto da súa repercusión económico-financeira a curto e medio prazo.

Situación actual

Co fin de normalizar e, en principio, obter melloras nas prestacións, decídese contratar, de forma centralizada polos Servizos Centrais do Sergas, o mantemento dos equipos de alta tecnoloxía (incluíndo nalgúns casos os da empresa Galaria), dando lugar á formalización dos seguintes contratos, con entrada en vigor no período 2013-2014:

Cadro 30: Contratos centralizados para o mantemento de equipos de alta tecnoloxía (euros)

Expediente	Adxudicatario	Data inicio	Data finalización	Importe adxudicación (con IVE)
NIN-SER1-13-018	GE Healthcare	16.12.2013	31.08.2015	2.879.301
NIN-SER1-13-021	Siemens, SA	16.08.2013	31.08.2015	1.786.744
NIN-SER1-13-025	Phillips Ibérica	01.09.2013	31.08.2015	1.377.440
NIN-SER1-13-049	Emsor, SA	15.02.2014	14.02.2015	156.816
Total				6.200.301

Fonte: Información facilitada polo Sergas

Os importes adxudicados correspóndense cos de licitación, non producíndose, por tanto, ningunha baixa sobre o prezo inicialmente fixado.

O procedemento utilizado foi, en todos os supostos o negociado fundamentado na especificidade técnica e suxeito a regulación harmonizada.

Análise da evolución de custos como consecuencia do cambio contractual

Efectuouse unha análise da evolución de prezos na contratación do mantemento de equipos; para iso tomouse unha mostra referida ás EOXI da Coruña e de Vigo.

EOXI de Vigo

- General Electric Healthcare (contrato actual expte: NIN-SER1-13-018; contrato anterior expte: NIN-CHV1-12-012).

Cadro 31: Comparativa por equipos General Electric Healthcare (euros)

Equipos	Importe anual anterior	Importe anual centralizado	Variación	
			Absoluta	%
CT HISPEDD NXI PROL	60.665	48.996	-11.669	-19%
VCT CARDIOLOGY 64	81.360	79.896	-1.464	-2%
FCT CARDIOLOGY 64 CORTES	83.394	79.896	-3.498	-4%
GAMMACAMARA SOPHA DST	26.169	27.600	1.431	5%
Total	251.588	236.388	-15.200	-6%

Fonte: Información facilitada polo Sergas

Neste caso obtense un aforro global anual do 6% respecto da anterior contrata. As diferenzas entre os distintos equipos son variables, oscilando, agás un incremento, entre rebaixas do 2% ao 19%.

- Siemens (contrato actual expte: NIN-SER1-13-021; contrato anterior expte: NIN-CHV1-09-014).

Cadro 32: Comparativa por equipos Siemens (euros)

Equipos	Importe anual anterior	Importe anual centralizado	Variación	
			Absoluta	%
CT 16 CORTES	92.616	68.000	-24.616	-27%
SA VASCULAR BIPLANO	80.106	74.500	-5.606	-7%
SALA RX DIXITAL 1 FLAT	24.700	24.700	--	0%
TORAX DIXITAL	24.700	24.700	--	0%
MAMÓGRAFO DIXITAL (*)	Non consta	23.400	--	--
Total	222.122	191.900	-30.222	-14%

(*) Excluído da comparación

Fonte: Información facilitada polo Sergas

Na contratación centralizada de alta tecnoloxía con Siemens obtense unha rebaixa global do 14%, aínda que esta se concentra en dous equipos concretos.

EOXI da Coruña

A información rexistrada refírese ao custo do mantemento individualizado de cada equipo. O resumo da información obtida é o seguinte:

Cadro 33: Comparativa equipos (euros)

Tipo de equipo	Marca	Ano instalación	Prezo adquisición	Custo mantemento		Variación	
				2013	2014	Absoluta	%
TAC	General Electric	2001	408.688	80.700	64.800	-15.900	-20%
TAC	General Electric	2002	440.241	80.700	61.800	-18.900	-23%
TAC	General Electric	2009	279.439	48.025	49.896	1.871	4%
TAC	General Electric	2009	424.000	70.162	63.000	-7.162	-10%
TAC	General Electric	2009	774.000	83.966	78.896	-5.070	-6%
RNM	Phillips Ibérica	2000	1.135.912	78.619	78.045	-574	-1%
RNM	Phillips Ibérica	2010	897.500	77.340	78.045	705	1%
Total			4.359.780	519.512	474.482	-45.030	-9%

Fonte: Elaboración propia baseándose nos antecedentes contractuais

En cómputo global despréndese un descenso interanual do 9%, en particular nos TAC de máis antigüidade subministrados e mantidos por General Electric, en tanto que para os equipos de RNM de Phillips non hai practicamente variación.

Co fin de asegurar a súa máxima dispoñibilidade, en todos os equipos de alta tecnoloxía formalízanse contratos de mantemento cos fabricantes. Estes contratos aseguran tanto o mantemento preventivo como a intervención en caso de avarías, incluíndo a reposición de calquera peza que deba ser substituída.

Con independencia do prezo de adquisición, o mantemento deste tipo de equipos supón un elevado volume de gasto. Analizados os custos repercutidos no centro de referencia, obsérvase que o custo de mantemento anual dos equipos supón entre un 10% e un 18% do seu prezo de adquisición no caso dos TAC e entre o 7% e o 9% no das RNM. De tales diferenzas aleatorias non se evidenciou a súa fundamentación e non sempre se observa unha relación coa antigüidade do equipo nin coas súas características xenéricas, non sendo posible determinar se o contido dos respectivos contratos xustifica de forma razoable tales diferenzas.

Dado o desproporcionado custo de mantemento de determinados equipos desfasados tecnoloxicamente e que xa superaron o período de obsolescencia, excedendo significativamente o seu importe de adquisición, debería considerarse a conveniencia de manter os devanditos equipos operativos e analizar se realmente se están salvagardando os intereses económicos do centro.

Perspectiva de futuro no mantemento de alta tecnoloxía

No que se refire ao mantemento deste tipo de equipamento a situación foi substancialmente modificada xa que durante o exercicio 2015 o Sergas procedeu á adxudicación dun novo contrato (DC-SER1-13-054) mediante a modalidade de diálogo competitivo, cuxo obxectivo é conseguir unha solución global que cubra as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia.

II.3.1.3. OUTROS CONTRATOS DE ELECTROMEDICINA

Como complemento das análises practicadas respecto ao contrato de mantemento integral subscrito centralizadamente e aos relativos á alta tecnoloxía, neste apartadoponse de relevo o resultado do exame dos restantes contratos de asistencia técnica de electromedicina adxudicados especificamente para os centros fiscalizados (EOXI de Lugo, da Coruña e de Vigo).

a) *Área de Lugo*Contratos de mantemento de electromedicina vixentes en 2014 na EOXI de Lugo

De acordo coa información facilitada o detalle dos contratos é o seguinte:

Cadro 34: Relación de contratos de mantemento de electromedicina vixentes en 2014. Lugo

Tipo	Expediente	Obxecto	Adxudicatario	Inicio	Gasto 2014 (euros)
<i>Contrato centralizado (*)</i>					
Aberto	AI-SER1-12-033	Mant. Integral equipamento electromédico e outro equipamento	Ibérica de Mantemento SA	16.07.2013	879.893
<i>Contrato alta tecnoloxía (*)</i>					
Negociado	NIN-SER1-13-018	Mante. Integral General Electric	General Electric Healthc.Esp.SA	16.12.2013	485.310
Outros contratos					
Negociado	NB-HLA1-13-007	Ecocardiógrafo Philips	Philips Ibérica, SA	01.10.2013	25.508
Negociado	NB-EIL1-14-002	Mant.6 salgas raios Agfa	Agfa HealthCare Spain SAU	01.04.2014	98.555
Negociado	NB-EIL1-14-009	Sistemas automatizados de dispensación e almacenamento de medicamentos	Grifols Movaco SA	01.07.2014	36.472
Negociado	NB-EIL1-14-015	Varios ecocardiógrafos e ecógrafos	Philips Ibérica SA	01.10.2014	25.501
Contrato menor	CM-EIL1-14-006	Equipos Agfa 6 salgas raios	Agfa HealthCare Spain SAU	01.01.2014	32.852
Contrato menor	CM-EIL1-14-007	Equipos. diagnóstico Philips	Philips Ibérica SA	16.12.2013	12.543
Contrato menor	CM-EIL1-14-010	Equipos. diagnóstico GE	General Electric Healthc. Esp. SA	16.12.2013	14.749
Contrato menor	CM-EIL1-14-021	Equipos diagnóstico imaxe HULA	Philips Ibérica SA	16.03.2014	12.543
Contrato menor	CM-EIL1-14-025	Asist.tecnic.sist.dispensac./almacena.medicamentos	Movaco SA	01.05.2014	3.276
Contrato menor	CM-EIL1-14-030	Asist.tecnic.sist.dispensac./almacena.medicamentos	Movaco SA	01.06.2014	3.276
Contrato menor	CM-EIL1-14-033	Ecógrafo Philips	Philips Ibérica SA	16.06.2014	12.543
Contrato menor	CM-EIL1-14-048	Equipos Agfa 6 salgas raios	Agfa HealthCare Spain SAU	01.01.2014	32.852
Contrato menor	CM-EIL2-14-011	Ecógrafos Toshiba	Toshiba Medical Systems, SA	01.01.2014	10.238
Contrato menor	CM-EIL2-14-014	Ecógrafos Philips	Philips Ibérica, SA	01.01.2014	2.799
Contrato menor	CM-EIL2-14-015	Ecógrafos G.E.	General Electric Healthcare España, SA	01.01.2014	18.029
Contrato menor	CM-EIL3-14-007	Ecógrafos Philips	Philips Iberica, SAU	01.01.2014	15.586
Contrato menor	CM-EIL3-14-008	2 ecógrafos Toshiba	Toshiba Medical Systems, SA	01.01.2014	14.168
Contrato menor	CM-EIL3-14-009	Microscopio cirúrxico oftalmolóxico Lica	Alcon Cusí, SA	01.01.2014	1.861
Total					1.738.552

(*) Contratos anteriormente analizados, incluídos para os efectos do seu cómputo global

Fonte: Información facilitada polo Sergas

Como aspectos máis significativos cabe destacar os seguintes:

- Predominan, en canto a cantidade, os contratos menores, aínda que só un reducido número é rexistrado, estando os procedementos abertos e suxeitos a concorrencia limitados, na práctica, aos realizados de forma centralizada.
- Da información obtida despréndese que en 2014 incrementase o gasto xerado por actividade contratada nun 31,7%, sendo un factor para considerar que no citado ano se produce unha maior externalización da actividade de mantemento de electromedicina por estar en plena execución o contrato centralizado AI-SER1-12-033, que durante o ano anterior tan só abarcou o segundo semestre.
- O volume de gasto contractual máis significativo corresponde ás adxudicacións de forma centralizada (preto do 80% do total) e, en particular, ao expediente AI-SER1-12-033 (51% do total), cuxos aspectos formais e materiais xa foron obxecto de análise.

b) *Área da Coruña*

Contratos de mantemento de electromedicina vixentes en 2014 na EOXI da Coruña

Os contratos en vigor para a área de electromedicina no ano 2014, segundo a información facilitada pola EOXI, son os que a continuación se relacionan:

Cadro 35: Relación de contratos de mantemento de electromedicina vixentes en 2014. A Coruña

Tipo	Expediente	Obxecto	Adxudicatario	Inicio	Gasto 2014 (euros)
<i>Contrato centralizado (*)</i>					
Aberto	AI-SER1-12-033	Mant. Integral de equipos electromédicos CHUAC	Iberica de Mantemento, SA	16.07.2013	2.227.548
<i>Contratos alta tecnoloxía (*)</i>					
Negociado	NIN-SER1-13-018	Mante. Integral General Electric	G.E. Healthcare España, SA	16.12.2013	471.190
Negociado	NIN-SER1-13-021	Equipos Alta Tecnoloxía Siemens	Siemens, SA	16.11.2013	198.598
Negociado	NIN-SER1-13-025	Equipos Alta Tecnoloxía Philips	Philips Iberica, SA	01.09.2013	326.889
Negociado	NIN-SER1-13-049	Equipos Alta Tecnoloxía Lorad (mamógrafo dixital H Abente y Lago e Sanidade)	Emsor, SA	15.02.2014	49.550
Outros contratos					
Negociado	NB-CHC1-10-017	Mamógrafo dixital Serv. Radioloxía H Abente y Lago	Emsor, SA	16.08.2010	3.625
Negociado	NB-CHC1-11-009	Analizador de proteomica da unidade de investigación do H Teresa Herrera	AB Sciex Spain, SL	01.04.2011	9.561
Negociado	NB-EIC1-14-003	Ecógrafos marca Philips	Philips Iberica, SA	16.04.2014	89.760
Negociado	NB-EIC1-14-004	Ecógrafos marca Hitachi	Hitachi Medical Systems, SL	01.04.2014	32.815
Negociado	NB-EIC1-14-005	Ecógrafos GE Healthcare	G.E. Healthcare España, SA	01.04.2014	60.067
Negociado	NIN-SER2-12/012	Mant. ecógrafos	Siemens, SA	16.11.2012	60.328
Total					3.529.930

(*) Contratos anteriormente analizados, incluídos para os efectos do seu cómputo global

Fonte: Información facilitada polo Sergas

O gasto do mantemento contratado sitúase ao redor dos 3,5 millóns de euros, representando o derivado do contrato centralizado e dos de alta tecnoloxía o 93%. A restante contratación supón tan só o 7%.

Informe de fiscalización dos servizos técnicos de mantemento no ámbito sanitario do Sergas. Exercicio 2014

Existe unha clara preponderancia na utilización do procedemento negociado, motivada, nalgún caso, pola exclusividade do equipamento, aínda que convén destacar que a información facilitada non inclúe contratos menores.

A externalización da prestación do servizo de electromedicina experimenta, a partir de 2015, unha substancial variación por mor da contratación mediante o modelo de colaboración público-privada da cobertura global das necesidades para a realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia (expediente DC-SER1-13-054), incluíndo o mantemento dese tipo de equipamento; iso afecta, por tanto, aos contratos de alta tecnoloxía existentes e, de forma parcial, ao integral, ao reducirse o seu ámbito de cobertura.

c) Área de Vigo

Contratos de mantemento de electromedicina vixentes en 2014 na EOXI de Vigo

Segundo a información facilitada pola EOXI, os contratos en vigor para a área de electromedicina son os seguintes:

Cadro 36: Relación de contratos de mantemento de electromedicina vixentes en 2014. Vigo

Tipo	Expediente	Obxecto	Adxudicatario	Inicio	Gasto 2014 (euros)
<i>Contratos alta tecnoloxía (*)</i>					
Negociado	NIN-SER1-13-018	Mante. Integral General Electric	General Electric Healthcare España, SAU	16.12.2013	286.029
Negociado	NIN-SER1-13-021	Alta tecnoloxía Siemens	Siemens, SA	16.11.2013	260.503
Negociado	NIN-SER1-13-049	Equipos alta tecnoloxía marca Lorad	Emsor, SA	15.12.2014	48.832
Outros contratos					
Aberto	AB-CHV1-09-001	Equipos electromédicos do CHUVI	Iberica De Mantemento, SA	16.09.2009	521.500
Aberto	AB-EIV1-14-012	Mantemento de equipamento electromédico	Iberica De Mantemento, SA	01.12.2014	74.195
Negociado	NB-CHV1-12-005	Equipos de radioloxía computerizada marca Agfa	Agfa Healthcare Spain, SAU	01.04.2012	104.646
Negociado	NB-CHV1-12-011	Servizo de mantemento de equipos de radioloxía marca Toshiba, no H Meixoeiro e Centro Saúde Tui	Toshiba Medical Systems, SA	01.06.2012	9.939
Negociado	NB-CHV1-13-002	Equipos de oftalmoloxía marca Alcon	Alcon Cusi, SA	05.03.2013	7.081
Negociado	NB-CHV1-13-006	Equipos de radioloxía convencional, marca Siemens	Siemens, SA	16.03.2013	68.200
Negociado	NB-CHV1-13-008	Equipos de RX marca General Electric, do CHUVI	General Electric Healthcare España, S.A.U.	01.07.2013	72.586
Negociado	NB-CHV1-13-009	Equipos de anestesia, marca General Electric, Hospital Xeral	General Electric Healthcare España, SAU	01.07.2013	37.899
Negociado	NB-CHV1-13-010	Equipos de anestesia marca Drager, emprazados no H Xeral	Drager Medical Hispania, SA	01.05.2013	30.633
Negociado	NB-CHV1-13-011	Microscopio electrónico	Fei Europe Bv Sucursal en España	01.06.2013	6.849
Negociado	NB-CHV1-13-012	Equipos de hemodiálise, marca Hospal	Hospal, SA	01.12.2013	54.942
Negociado	NB-CHV1-13-014	Equipos RX e ecografía Philips	Philips Iberica, SA	16.06.2013	99.963
Negociado	NB-CHV1-13-018	Equipos endoscopia Olympus	Olympus Iberia SAU	16.09.2013	285.964
Negociado	NB-CHV1-13-021	Equipos hemodiálise marca Gambro no H Meixoeiro	Baxter,SL	25.11.2013	20.584
Negociado	NB-EIV1-14-016	Equipos de radioloxía Toshiba no Meixoeiro e Centro Saúde Tui	Toshiba Medical Systems, SA	16.07.2014	10.030
Negociado	NB-EIV1-14-017	Microscopio electrónico de transmisión, no H Meixoeiro	Fei Europe Bv Sucursal en España	06.08.2014	6.349
Negociado	NIN-SER2-12-012	Ecógrafos Siemens	Siemens, SA	18.11.2012	162.078
Total					2.168.802

(*) Contratos anteriormente analizados, incluídos para os efectos do seu cómputo global

Fonte: Información facilitada polo Sergas

En termos globais en 2014 o gasto por mantemento con servizos externos na área de electromedicina increméntase un 22% en relación a 2012 e un 9,5% con respecto ao ano 2013.

En canto á modalidade contractual empregada, tan só dous expedientes foron adxudicados por procedemento aberto, mentres que os 18 restantes adxudicáronse a través do procedemento negociado (dos cales tres corresponden a contratos adxudicados de forma centralizada polo Sergas para o mantemento de electromedicina). Cabe realizar, respecto desta EOXI, as mesmas precisións xa efectuadas na análise das anteriores respecto do rexistro de contratos menores.

Constitúe unha particularidade da EOXI de Vigo o quedar fóra do ámbito do contrato centralizado de mantemento de equipamento de electromedicina (AI-SER1-12-033) (agás a Xerencia de Atención Primaria que foi incluída dentro do lote número 6). Iso foi debido a que o mantemento electromédico dos centros hospitalarios da EOXI analizada quedaron incluídos dentro do perímetro concesional do expediente AB-SER3-10-016 relativo ao novo Hospital de Vigo.

Coa excepción dun enxeñeiro do cadro de persoal da EOXI encargado da coordinación do servizo, neste período a prestación realizouse na súa práctica totalidade con medios externos. Á marxe dos contratos de exclusividade de alta tecnoloxía e doutros de servizos técnicos oficiais de determinados equipos, existía a nivel do antigo complexo hospitalario un contrato de mantemento integral dunha parte importante do equipamento (expediente AB-CHV1-9/001) cuxo adxudicatario era a empresa Iberman, SA; este foi obxecto de sucesivas prórrogas, mesmo por causa de interese público, ante o atraso producido na posta en marcha do novo hospital, ata que se procede a unha nova contratación (expediente AB-EIV1-14/012) que entra en vigor en decembro de 2014.

A continuación son obxecto de análise, con maior especificidade, as prescricións e alcance dos referidos contratos, as súas peculiaridades e as incidencias detectadas na súa execución.

Contrato AB-CHV1-09-001.- Mantemento de Electromedicina do CHUVI

A memoria límitase a xustificar xenericamente a necesidade da contratación por insuficiencia de medios persoais propios. Do mesmo xeito que nos expedientes que xa foron obxecto de exame, non existe unha avaliación obxectiva que fundamente a prestación do servizo con medios alleos con base en criterios de eficiencia e economía.

A citada memoria prevé a necesidade de contar con 10 traballadores, cunha carga anual de 16.400 horas, ao que habería que engadir a que correspondese en concepto de substitucións por vacacións, estimando o total de horas anuais en 17.323, cun custo horario previsible de 35 euros/hora.

O obxecto do contrato refírese á conservación e mantemento (preventivo e correctivo), baixo as directrices do Servizo de Mantemento, do inventario dos equipos electromédicos, comprensivo dos seguintes elementos: ecógrafos, eco cardiógrafos e equipos de cardioloxía; desfibriladores; equipos

de monitoraxe; equipos respiradores; electrocardiógrafos e electroencefalógrafos; equipos de anatomía patolóxica, hematoloxía, farmacia e análises clínicos; equipamento cirúrxico (electrobisturís, mesas de anestesia, etc.); equipos de UCI; equipos de oftalmoloxía e otorrino; equipos de Luz fría; equipos de uroloxía; equipamento electrónico vario (TV, vídeos, gravadoras, etc.).

Quedan expresamente excluídos todos aqueles equipos que non son propiedade do complexo hospitalario, así como aquel equipamento en réxime de depósito, demostración, arrendamento ou similar, e aquel considerado de alta tecnoloxía que, debido ás súas características técnicas e software de funcionamento, o centro estime ou requira que deba estar baixo un contrato específico.

Os materiais e repostos necesarios para a reparación dos aparellos ou equipos son por conta do hospital, a excepción do pequeno material de uso corrente.

As prescricións contractuais establecen, así mesmo, uns indicadores de xestión de calidade do servizo (tempo de resposta, tempo de reparación, tempo de espera de repostos, tempo de man de obra, dispoñibilidade, tempo útil de funcionamento, eficiencia). O incumprimento de determinados índices é obxecto de penalización.

O contrato foi adxudicado á empresa Iberman, SA comezando a súa vixencia o 16 de setembro de 2009, por un importe, IVE incluído, de 1.090.800 euros (o que supuxo no seu momento unha baixa do 10% sobre o orzamento máximo de licitación para os dous anos de duración).

O contrato foi posteriormente obxecto de varias prórrogas ata o 30.11.2014, as dúas últimas "por razón de interese público".

Aínda que o número de efectivos da relación facilitada coincide co ofertado, non se obtivo constancia documentada dos protocolos seguidos para o control da presenza física ofertada.

Por outra banda, apréciase a existencia doutros contratos que inciden en parte do equipamento cuxo mantemento se contratou, extremo que non foi debidamente aclarado pola EOXI, existindo incerteza sobre a súa incidencia cuantitativa e cualitativa.

Expediente AB-EIV1-14-012 mantemento integral de electromedicina

En termos xerais, reproduce o obxecto do contrato centralizado de electromedicina tramitado polo Sergas anteriormente analizado. Con respecto á anterior contrata hai unha maior concreción e extensión do alcance do mantemento, incluíndo, ademais, os equipos de imaxe clínica (endoscopias, RX, mobiliario clínico eléctrico ou electromecánico, equipos de refrixeración e conxelación e restante equipo electrónico non expresamente excluído).

Nos pregos introdúcese, como novidade respecto ao contrato centralizado, a distribución por servizos dos equipos cubertos co seu peso relativo estimado na contratación. O dito extremo ten por obxecto discriminar o efecto da progresiva posta en marcha durante o exercicio 2015 do novo hospital e, ademais, adquire un carácter integral, incluíndo dentro do prezo establecido a achega dos materiais ou servizos adicionais para unha correcta execución do mantemento en todas as súas modalidades.

A memoria xustificativa prevé un custo global aproximado para 2014 de 984 miles de euros (IVE excluído), estimándose para a súa determinación, ademais do custo da man de obra anterior, unha redución do 12,5% do gasto en repostos, o que supón un aforro en cómputo anual ao redor do 6,5%. O custo final licitado para doce meses é de 920 miles de euros sen IVE.

En canto ao custo de materias debe resaltarse que nin o expediente nin a posterior petición de documentación efectuada por este órgano contén a suficiente información desagregada que permita coñecer de forma efectiva o fundamento da estimación.

Tras a tramitación do expediente resultou adxudicataria a empresa Iberman, SA, anterior prestataria do servizo, formalizándose o contrato o 01.12.2014 por un importe de 735 miles de euros, IVE excluído, o que supuxo unha baixa do 20% sobre o máximo de licitación previsto.

Non se obtiveron, a pesar de solicitarse, as carteleiras de presenza nin a acreditación das substitucións dos efectivos ofertados.

A pesar de que o obxecto do contrato se estendeu a novo equipamento e ao mantemento integral de atención primaria, os efectivos dispoñibles non son proporcionais aos que a propia empresa adxudicataria ten noutras EOXI, con contratos similares.

II.3.1.4. CONTROL DE CALIDADE DO MANTEMENTO INTEGRAL DE ELECTROMEDICINA CONTRATADO COA EMPRESA IBERMAN

Aspectos xerais

A regulación da contratación do mantemento xeral de electromedicina prevé o seguimento da prestación do servizo a través dunha serie de indicadores de xestión, cuns estándares mínimos, cuxo incumprimento leva aparelados descontos e penalizacións.

Na análise practicada nos centros fiscalizados, incidiuse na dobre vertente contractual existente, a de carácter centralizado que afecta ás EOXI da Coruña e Lugo e a específica referida á EOXI de Vigo.

Como aspectos máis significativos cabe destacar o seguinte:

Con respecto ás EOXI de Lugo e A Coruña (contrato centralizado)

- Non se efectuaron, a pesar de estar expresamente previsto nos pregos de cláusulas do contrato, auditorías externas de calidade.
- Na área de Lugo existe un certo control por parte do servizo propio de electromedicina respecto da execución da contrata, confeccionándose varios informes que remarcan as deficiencias, tanto de tipo funcional como operativas. Con todo, na da Coruña a situación caracterízase pola ausencia de sistemas integrados de información, así como dunha adecuada supervisión dos medios humanos requiridos, non producíndose a implantación de protocolos internos de control da xestión.

Con respecto á EOXI de Vigo (contrato específico)

Aínda sendo a mesma empresa a prestataria do servizo, esta non se rexe polo contrato centralizado suscrito polo Sergas senón por un específico formalizado con esta institución.

O sistema de indicadores, así como as penalizacións establecidas neste contrato son menos extensos e detallados que os establecidos no contrato centralizado. En canto á súa aplicación convén destacar que, no período 2014, tomouse como referencia, invariablemente, un tempo de resposta estándar de 60 minutos xa que non se definiron criticidades; e en canto ao tempo de reparación tamén se considerou sistematicamente o establecido como estándar, 7 días; en consecuencia, o feito de non establecerse criticidades no equipamento condiciona en boa medida a debida aplicación de criterios de cumprimento dos tempos de resposta e de reparación e do pertinente réxime sancionador, dado que, a título de exemplo, o Prego prevé, un tempo de resposta crítico máximo de 10 minutos e urxente de 30, moi inferiores ao normal considerado na práctica. Idéntica circunstancia prodúcese no tempo de reparación, xa que para o nivel crítico establécense 48 horas, para o urxente 72, mentres que para o normal, que finalmente serve de referencia, é dunha semana.

Segundo a información facilitada polos servizos de mantemento o detalle de cumprimentos para os distintos conceptos foi o seguinte:

- Tempo de resposta mantemento correctivo: Compútanse un total de 5.033 avisos, cunha media de resposta de 0,6 horas, habendo incidencias en 632 deles, o que significa unha porcentaxe do 13% do total.
- Tempo de reparación mantemento correctivo. Para un total de 4.909 partes finalizados (dun total de 5.033 lanzados) a media de tempo de reparación foi de 7,2 días, con 1.092 partes con incidencias de tempo (un 22% do total).
- Respecto da eficiencia, o seguinte cadro reflicte os indicadores facilitados:

Cadro 37: Número de partes segundo o tipo de intervención

Tipo de intervención	Partes lanzados	Partes finalizados	Partes pendentes	% de resolución
Correctivas	5.033	4.909	124	98%
Preventivas	901	860	41	95%
Legais	2.974	2.973	1	100%
Total	8.908	8.742	166	98%

Fonte: Elaboración propia baseándose na información facilitada polos servizos de mantemento

A información que antecede non coincide, en canto ao número de partes, coa ofrecida en soporte informático nin nos resumos de actividade. Pese á porcentaxe de incidencias nos tempos de resposta e reparación e á carencia de definición de criticidades, non consta que se fixera efectiva algún tipo de penalización.

Non hai constancia da existencia de protocolos de control de calidade do servizo prestado.

Queixas e reclamacións

Na área de Lugo, segundo a información rexistrada, existe un volume de reclamacións que se sitúa ao redor do 5,8% do total. Con todo, por parte do servizo responsable do control da execución do contrato puxéronse de relevo certas reservas respecto da representatividade da dita porcentaxe.

No que se refire á da Coruña, nos estados de seguimento facilitados (que se confeccionan a partir da información subministrada polo contratista), non figura rexistrada ningunha queixa dos usuarios. Aínda que o aplicativo MANSIS dispón dun módulo específico para estes efectos, non se atopaba operativo ao momento de realizarse esta fiscalización.

A pesar de non estar rexistradas formalmente, existe constancia da presentación (vía correo electrónico ou fax) de queixas e reclamacións de distintos servizos desta EOXI ante atrasos na atención por avarías non atendidas en tempo e forma; ademais diso, segundo se manifesta polo responsable do servizo de electromedicina, tamén se reciben constantemente queixas e reclamacións por vía telefónica, sen que, agás en casos de especial relevancia, se plasmase a súa formalización.

En xeral, as reclamacións ou queixas están motivadas pola excesiva demora nas reparacións e, nalgúns supostos, pola incorrecta reparación dos equipos, o que orixina a reabertura de partes sucesivos sobre o mesmo equipo.

Enquisas de satisfacción sobre a prestación do servizo de mantemento integral de electromedicina

A pesar de estar previsto nas prescricións contractuais, non se desenvolveu un sistema de enquisas de satisfacción entre os usuarios co obxecto de obter a súa oportuna valoración.

Ante o incumprimento da devandita premisa pactada contractualmente, durante o transcurso das actuacións procedeuse á circularización dun modelo de enquisa sobre aspectos básicos a distintas unidades das institucións incluídas no ámbito da fiscalización.

O resultado dos extremos obxecto de valoración, en función das respostas obtidas (33 nas EOXI de Lugo e A Coruña e 26 na de Vigo), vén representado polos seguintes valores medios:

Cadro 38: Valoración que se desprende da enquisa

Aspecto sometido a valoración	Lugo	A Coruña	Vigo
Tempo de resposta ao aviso	2,5	3	3
Tempo de reparación	2,1	2	3
Atención de queixas e reclamacións	2,1	2	3
Calidade global do servizo	2,2	3	3

0: Pésima; 1: Mala; 2: Regular; 3: Boa; 4: Moi boa; 5: Óptima

Fonte: Elaboración propia

En termos xerais, a mellor valoración do servizo nas respostas obtidas prodúcese en Vigo e a peor en Lugo.

Mentres na Coruña e Vigo hai unha uniformidade de criterio ao desprenderse a mesma cualificación modal e mediana, en Lugo prodúcese unha maior disparidade.

Os aspectos peor valorados son o tempo de reparación e a atención de queixas e reclamacións.

Da análise particularizada das respostas despréndese que na EOXI da Coruña as mellores cualificacións obtéñense nas áreas onde a empresa xa mantiña o servizo e as peores nas que se incorporaron co novo contrato.

En canto aos principais tipos de queixas manifestadas polos servizos, a súa incidencia en termos porcentuais é a seguinte:

Cadro 39: Tipoloxía das queixas

Tipo de queixa	% sobre total		
	Lugo	A Coruña	Vigo
Falta de revisións preventivas ou técnico-legais	15%	12%	
Mala reparación	33%	18%	
Falta de equipos de substitución	6%		15%
Falta de información e/ou comunicación cos técnicos	36%	24%	4%
Rotación excesiva do persoal	15%		4%
Tempo excesivo de reparación		35%	19%
Excesiva derivación externa de traballos		12%	
Tempo excesivo de resposta ante aviso			19%

Fonte: Elaboración propia

En Lugo as opinións desfavorables máis correntes están referidas á falta de información e á deficiente reparación, na Coruña á excesiva demora e en Vigo ás demoras nos tempos de resposta e de reparación (en particular en equipos de soporte non vital), seguidas, a continuación en orde de

importancia, pola carencia de equipos de substitución cando a reparación implica a retirada do existente.

En canto á apreciación da satisfacción da asistencia técnica prestada na actualidade con relación á prestación derivada da anterior contratación, na área de Lugo unha clara maioría (o 82%) considera que a situación empeorou, un 12% que se mantén igual e tan só un 3% estima que se produciu algunha mellora; mentres, na Coruña o 56% dos enquisados consideran que empeorou, o 38% que non hai cambios e o 6% restante que mellorou.

II.3.1.5. ACTIVIDADE RELATIVA AO MANTEMENTO DE ELECTROMEDICINA

Evolución da xestión do mantemento do equipamento en electromedicina. Recursos propios implicados na actividade

En cada unha das tres institucións fiscalizadas observáronse as seguintes particularidades:

Área de Lugo. HULA

Ata o 15 de xullo de 2013 a actividade en electromedicina resolvíase con persoal propio, recorrendo a servizos técnicos oficiais de forma puntual.

A unidade de Mantemento de Electromedicina estaba composta por un xefe de servizo (enxeñeiro técnico), catro electricistas con funcións en electrónica (un deles causa baixa en xullo de 2014) e dous auxiliares administrativos (un a media xornada).

Tras a entrada en vigor do contrato centralizado mantívose o servizo, pasando a desempeñar tarefas de primeira intervención en equipos de alta tecnoloxía (equipamento non comprendido no obxecto contractual) e control do inventario de equipos electromédicos e da execución da contrata.

Área da Coruña

Con anterioridade á entrada en vigor do contrato centralizado de electromedicina xeral (ata o 15 de xullo de 2013), existía outro, en favor do mesmo adxudicatario, cuxo ámbito era o Complexo Hospitalario da Coruña, aínda que cun alcance material máis limitado (mantemento de electromedicina de áreas críticas); a actividade restante realizábase, basicamente, a través da derivación da reparación a empresas externas non residentes ou, no caso de equipos de alta tecnoloxía, era asumida polos servizos técnicos dos propios provedores que posteriormente pasaron a ser obxecto de contratación a través de procedementos negociados por exclusividade, tramitados de forma centralizada.

A asistencia técnica prestada con medios propios no período fiscalizado é practicamente irrelevante.

Coa entrada en vigor do contrato centralizado, desmantélase, na práctica, o taller propio de electromedicina, quedando o seu persoal reducido a tres persoas (un xefe de servizo, un xefe de taller e un condutor de instalacións), carecendo de persoal de apoio administrativo.

O actual labor redúcese a xestionar as actuacións de mantemento do equipamento que non foi obxecto do contrato centralizado e ao seguimento e control da actividade da adxudicataria, extremo que, ante a falta de persoal de apoio suficiente, se restrinxe na práctica a cuestións puntuais concretas, sen que o seu alcance sexa o requirido.

Área de Vigo

Durante o período fiscalizado existían na EOXI (fóra dos centros da antiga XAP que quedaron incluídos no contrato centralizado de mantemento de electromedicina, dentro do lote 6 de Pontevedra) distintos contratos relativos ao mantemento de electromedicina, destacando os dous subscritos con Iberman, SA, que, na práctica, engloban o maior nivel de actividade nesta área.

O mantemento restante é obxecto de derivación a empresas externas non residentes, ben con base nun contrato previo (alta tecnoloxía e determinadas familias de equipos non incluídos no contrato xeral de electromedicina) ou a través do requirimento da prestación do servizo a empresas diversas.

A EOXI carece de persoal propio operativo nesta área, aínda que existe unha Sección de Electromedicina, a cargo dunha enxeñeira técnica, que asume o seguimento e control deste tipo de mantemento externo aínda que non co alcance e o rigor esixido.

Discrepancias informativas

O rexistro da actividade realízase no propio aplicativo dos centros, xeralmente MANSIS, mentres que a empresa adxudicataria do contrato de electromedicina utiliza o seu, MANHOSP, non producíndose a oportuna interconexión entre ambos os dous sistemas, o que orixina discrepancias, deficiencias de control e unha duplicidade da carga de traballo. Dos antecedentes examinados despréndese que a empresa adxudicataria presenta datos discordantes entre si e que difiren dos que dispón o propio centro, o que suscita incerteza respecto da integridade informativa.

Así mesmo, tal disparidade entre ambas as dúas fontes permite cuestionar a fiabilidade da información en orde a un adecuado control interno.

Grao de representación do mantemento contratado de electromedicina por áreas de xestión e modalidades

Dos datos rexistrados despréndese a seguinte distribución do mantemento de electromedicina prestado con medios alleos:

Cadro 40: Porcentaxe de actividade xestionada con medios alleos por modalidades e áreas de xestión

EOXI	% de M. correctivo alleo s/global	% M. preventivo alleo s/global	% alleo s/global
Área de Lugo (HULA)	53%	51%	53%
Área da Coruña	98%	100%	98%
Área de Vigo	100%	100%	99%

Fonte: Elaboración propia baseándose nos rexistros de actividade do aplicativo de xestión

Con base na información que antecede despréndense como aspectos máis significativos os seguintes:

- Dentro da EOXI de Lugo, no HULA o emprego de medios alleos adquiriu menos relevancia que nos outros ámbitos considerados, representando o 53% do total de partes rexistrados; con todo, procede matizar este dato xa que na metade do período analizado nesta institución produciuse a entrada en vigor do contrato centralizado de electromedicina, reducíndose significativamente a actividade con medios propios.

Por outra banda é destacable que o adxudicatario, no período analizado, diminuíu de forma ostensible o mantemento preventivo (só un 2,7% dos partes corresponden a esta modalidade); a dita circunstancia veu sendo sistematicamente denunciada polos responsables dos servizos dos centros englobados na EOXI a través de repetidos informes, e aínda que se produciu certa mellora, fundamentalmente a partir do segundo semestre de 2014, un importante parque de equipos quedou sen que se lle efectuase as pertinentes revisións, mesmo en moitos supostos, as preceptivas esixidas pola normativa en vigor; iso incide de forma negativa no mantemento global do equipamento, co consecuente risco de incremento de custos e de ineficiencia no seu funcionamento.

- Na EOXI da Coruña a práctica totalidade da actividade de mantemento é desenvolvida con medios alleos. Por modalidades, o 98% das reparacións correctivas e o 72% das actuacións preventivas corresponden ao adxudicatario do contrato centralizado de electromedicina e o resto a distintos provedores de servizos. Destaca o significativo escaso volume de intervencións preventivas á vista do parque de equipos electromédicos do que dispón a EOXI.

- Na EOXI de Vigo rexístrase un escaso número de partes como realizados con medios propios, constatándose que iso obedece a erros de codificación ben en canto ao tipo de persoal consignado ou á especialidade, non correspondendo os partes a electromedicina; con todo, e dada a súa escasa entidade, non alteran en exceso a representatividade da información.

O groso da actividade externa concéntrase nos dous hospitais de maior dimensión, que alcanzan o 93% da actividade (59% o Hospital Xeral e 35% o Hospital Meixoeiro).

A nivel global, o 62% dos partes son de mantemento de tipo correctivo, o 27% técnico-legal e o 11% preventivo, aínda que por centros o peso específico da actividade nas distintas modalidades é moi dispar.

Tempo de resolución

Co obxecto de analizar o tempo de resolución das avarías (tempo transcorrido entre a apertura e peche de cada parte) pola empresa Iberman, SA, adxudataria dos contratos de electromedicina en todas as institucións analizadas, tomáronse como mostra os partes correspondentes a un período semestral no ámbito do HULA, deducíndose o seguinte:

Cadro 41: Volume de partes resoltos por tramos

Tempo de resolución	Núm. partes	% s/total
De 1 a 10 días	513	40,2%
De 11 a 20 días	394	30,9%
De 21 a 30 días	89	7,0%
De 31 a 40 días	47	3,7%
De 41 a 50 días	39	3,1%
De 51 a 60 días	28	2,2%
De 61 a 90 días	14	1,1%
De 91 a 120 días	20	1,6%
Máis de 121 días	34	2,7%
Non resoltos	85	6,7%
Erros de gravación/sen determinar data	14	1,1%
Totais	1.277	100,0%

Fonte: Elaboración propia baseándose nos rexistros de actividade do aplicativo de xestión

Aínda que máis do 40% dos partes resólvense dentro do prazo dos 10 días, aprécianse demoras considerables (en torno ao 30% dos partes tardan en executarse máis de 20 días), o que supón incumprimentos dos tempos comprometidos na oferta.

Desde a perspectiva das intervencións por equipos, no 32,5% dos partes non figura debidamente identificado o equipo sobre o que se realiza a actuación.

Un 7% dos partes aínda non foran resoltos a pesar de transcorrer máis de seis meses desde que se iniciaron.

Deficiencias no desenvolvemento do mantemento preventivo por parte da empresa Iberman

Dentro deste ámbito funcional convén sinalar que a empresa prestataria do servizo de mantemento xeral de electromedicina, absorbendo a maior parte da actividade, é a mesma nas tres institucións analizadas, Iberman, SA; esta adoptou o compromiso de facilitar información sobre outros indicadores tales como número de partes reabertos, primeiras intervencións nouro equipamento, control de presenza física, tempo de subministración de materiais, etc., extremo que se incumpre desde o comezo da súa actividade.

Dado o significativo grao de concentración da actividade na empresa Iberman, mediante o tratamento da información facilitada en soporte informático, tentouse analizar a desenvolvida polo devandito provedor de servizos na EOXI da Coruña en comparación coa total da área; con todo, non foi posible, debido a multitude de erros de codificación detectados nos campos “provedor do servizo” e “contrato de referencia”.

Dada a relevancia que o correcto mantemento preventivo, e mesmo técnico-legal, ten sobre o equipamento de electromedicina, o Servizo Técnico do CHUAC efectúa un seguimento dos equipos máis significativos mediante confrontación dos libros oficiais de mantemento, desprendéndose o seguinte:

Cadro 42: Grao de cumprimento do mantemento preventivo de electromedicina no ámbito do CHUAC

Tipo de equipo	Número de elementos a revisar	Revisións preventivas efectuadas	Pendientes	% pendentes s/total
Mesas de anestesia	61	40	21	34%
Desfibriladores	170	93	77	45%
Lámpadas cirúrxicas	32	19	13	41%
Respiradores	110	61	49	45%
Electrobisturís	147	49	98	67%
Mesa cirúrxica	32	15	17	53%
Total mostra	552	277	275	50%

Fonte: Información facilitada polo STM da Coruña

O resultado da mostra pon en evidencia o grao de incumprimento. Ao momento de realización do traballo de campo, centrado no tipo de equipamento máis sensible, tan só a metade fora obxecto de revisión preventiva, porcentaxe máis elevada nalgunha familia de elementos como a de electrobisturís.

En termos xerais, e a modo indicativo, calcúlase que desde a entrada en vigor da contrata non se efectuaron dous ciclos de mantemento preventivo, e aínda que é certo que nos últimos tempos se incrementou a dita actividade por parte do concesionario, é difícil que se normalice a situación, cos consecuentes prexuízos que diso se derivan.

Volume de actividade por GFH

Co obxecto de ilustrar a incidencia do mantemento na estrutura do hospital examinouse a dita perspectiva no ámbito da EOXI de Vigo. As unidades ou grupos funcionais nos que se acometeu a actuación foron 233, sendo o detalle e o peso específico respecto do total dos 10 con maior actividade os que a continuación se relacionan:

Cadro 43: Incidencia do mantemento de electromedicina por áreas clínicas

Centro	GHF	Número de partes	% s/total
Hospital Xeral	Quirófanos planta 1	1.703	14%
Hospital Xeral	Quirófanos planta 0	1.413	11%
Hospital Meixoeiro	Quirófanos	703	6%
Hospital Xeral	UCI Polivalente Quirófanos	523	4%
Policlínico Cies	Quirófano	403	3%
Hospital Meixoeiro	Mantemento	395	3%
Hospital Meixoeiro	Diálise	360	3%
Hospital Xeral	Radioloxía	346	3%
Hospital Meixoeiro	Dixestivo	300	2%
Hospital Xeral	UCI Pediátrica	300	2%

Fonte: Elaboración propia baseándose nos rexistros de actividade do aplicativo de xestión

O 42% do total de GFH concentran o 52% dos partes totais durante o exercicio 2014, sendo a área de quirófanos a que absorbe un maior volume de intervencións.

Desagregación da actividade por quendas de traballo

Co obxecto de coñecer como se desenvolve a actividade durante a xornada laboral tomáronse como mostra os datos rexistrados na EOXI de Vigo, desprendéndose a seguinte distribución nas distintas quendas: o número dos partes concéntrase no período de maior actividade asistencial, o 84% en quenda de mañá, o 12% no de tarde e o 3% no de noite.

Respecto da actividade externa, a do persoal da empresa concertada (situado na propia institución) representa o 92% mentres que o resto corresponde a servizos non localizados na contorna interna dos centros.

Gasto en material de electromedicina nas reparacións con medios alleos

Con base na información facilitada, analizouse o gasto de material derivado do mantemento da área de electromedicina durante o ano 2014. Para tales efectos tomouse como referencia a EOXI de Vigo, desprendéndose o seguinte:

Cadro 44: Desagregación do gasto do material de electromedicina consumido en reparacións externas (euros)

Centro	Medios alleos en sede hospitalaria	Outros servizos alleos	Total recursos alleos	Total electromedicina	% s/total
Hospital Xeral	226.161	686	226.847	230.038	98,6%
Hospital Meixoeiro	153.550	0	153.550	164.516	93,3%
Policlínico Cíes	9.184	1.142	10.326	10.645	97,0%
Hospital Nicolás Peña	0	292	292	292	100,0%
Hospital Rebullón	34	0	34	34	100,0%
Centro Especialidades Coia	0	592	592	592	100,0%
Centro Especialidades A Dobrada	2.531	369	2.900	4.418	65,6%
Total	391.460	3.081	394.541	410.535	96,1%

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada polo Sergas

O importe do consumo de materiais para o mantemento de electromedicina ascende a 411 miles de euros para toda a EOXI (con exclusión de AP), correspondendo o 96% a reparacións efectuadas con medios alleos.

- Os antecedentes existentes non permiten comprobar se as adquisicións de material se realizan atendendo a criterios de economía e eficacia. En ocasións, a adquisición de material inventariable impútase ao orzamento como gasto corrente.

Considerando a contratación do servizo baixo a modalidade de “todo incluído”, baseándose na modificación contractual da anterior prestación de man de obra exclusivamente, obsérvase que comparativamente ao ofertado pola mesma empresa no contrato centralizado en ámbitos similares, neste caso asume o servizo con menos efectivos e inferior custo.

II.3.2. MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS

A análise circunscribe, neste aspecto, ao ámbito das tres EOXI especificamente fiscalizadas (Lugo, A Coruña e Vigo).

II.3.2.1. SITUACIÓN CONTRACTUAL

Volume de contratación do mantemento xeral e de instalacións. 2014

Segundo a información obtida dos centros, a contratación en vigor en 2014 para a prestación de asistencia técnica e os seus respectivos custos resúmese do seguinte modo:

Cadro 45: Contratos de mantemento de instalacións por sistemas de adxudicación e importe anual (euros)

EOXI	Procedemento de adxudicación	Número de contratos	Gasto en 2014	% s/total
Lugo	Aberto	6	911.672	64,1%
	Negociado	11	231.657	16,3%
	Contrato menor	35	279.362	19,6%
	Total	52	1.422.690	100,0%
A Coruña	Aberto	8	1.113.942	78,0%
	Negociado	3	315.041	22,0%
	Contrato menor	--		
	Total	11	1.428.983	100,0%
Vigo	Aberto	4	2.222.095	80,2%
	Negociado	4	430.404	15,5%
	Contrato menor	10	119.263	4,3%
	Total	18	2.771.762	100,0%

Fonte: Antecedentes informativos facilitados polos servizos de contratación dos centros

En canto á información que antecede convén precisar que non se produce un rexistro exhaustivo de contratos menores. Na información obtida dos centros reflíctense unicamente como tales aqueles que se sustentan nun documento contractual.

No que se refire á distribución nas institucións analizadas, dos contratos rexistrados despréndese o seguinte:

Área de Lugo

Predominan os contratos menores (67%), tramitándose moi poucos procedementos abertos. O gasto destes últimos xerado no exercicio supón o 64%, incrementándose en tres puntos con respecto ao exercicio anterior.

Dos 52 provedores de servizos con contratos rexistrados, o principal deles, encargado do mantemento xeral do HULA, absorbe o 57% do gasto.

Área da Coruña

Aínda que non figuran rexistrados contratos menores constatouse a súa existencia, desprendéndose supostos de fraccionamento do obxecto.

Predominan os contratos adxudicados mediante procedemento aberto(72%) que representan un gasto do 78%.

Os dous contratos máis significativos, relativos ao mantemento xeral das instalacións dos hospitais Abente y Lago e Marítimo de Oza e do H Virxe da Xunqueira absorben o 44% do gasto producido no exercicio.

Área de Vigo

O 80% do gasto corresponde a contratos adxudicados mediante procedemento aberto. Os contratos de mantemento integral dos hospitais Meixoeiro e Nicolás Peña xeran o 75% do gasto derivado de servizos técnicos externalizados.

II.3.2.2. CONTRATOS DE ESPECIAL RELEVANCIA

No ámbito da fiscalización dos contratos rexistrados destacan pola extensión da súa cobertura, complexidade e importe os de carácter integral, que son obxecto dunha análise específica a continuación.

Liñas comúns da contratación analizada

Os contratos examinados presentan unha serie de características comúns que se expoñen a continuación:

- O obxecto contractual circunscríbese á posta a disposición da institución do persoal tecnicamente cualificado e das ferramentas precisas para o seu labor profesional e está referido, de forma xenérica, aos mantementos preventivo, correctivo e técnico-legal.
- Os materiais utilizados nas reparacións de equipos e instalacións son adquiridos pola propia EOXI, non podéndose determinar coa suficiente fiabilidade, polas deficiencias informativas, o custo total derivado dos servizos externalizados.
- Exclúense expresamente do obxecto do contrato as obras de reforma, ampliación ou nova instalación, así como as instalacións especiais, entendendo como tales as que estean cubertas total ou parcialmente por algún tipo de contrato específico (elevadores, centrais de gases medicinais, rede telefónica interior, sistema de megafonía e instalacións electromecánicas convencionais).
- Do exame dos expedientes non se obtivo evidencia da correspondente memoria xustificativa da necesidade e conveniencia de acometer a prestación do servizo con medios alleos avalada polo pertinente estudo que sustente a elección desta vía como a máis adecuada, desde a perspectiva económica, financeira e operativa, para prestar o servizo.

Área de Lugo

“Mantemento de instalacións de alta e baixa tensión, climatización e transporte do Hospital Lucus Augusti”. Expediente AB-CHX1-11-012

O HULA comezou a funcionar a finais do exercicio 2010 e a unidade de mantemento de instalacións adopta, en xeral, a estrutura organizativa e os recursos humanos do antigo CH Xeral-Calde. Coa posta en marcha do novo hospital, dotado de medios tecnolóxicos e equipamento máis actualizados fíxose precisa, segundo se reflicte na memoria de necesidades do expediente de contratación, a

externalización de determinados servizos, en particular, os relativos ao mantemento da climatización e da instalación eléctrica de alta e media tensión.

O expediente foi iniciado no exercicio 2011, a través de tramitación ordinaria e procedemento aberto, cun orzamento de licitación de 497.500 euros (sen IVE) e un valor estimado do contrato (con posibles prórrogas) de 1.492.500 euros. O prazo de execución inicialmente previsto era de 6 meses.

O alcance do servizo esténdese ás seguintes instalacións e equipos asociados: instalacións eléctricas de alta e baixa tensión, de climatización, de calefacción e auga quente; sistema de chamadas; transportes e accesos (primeira intervención en ascensores, portas automáticas, transporte robotizado e de roupa); e instalacións frigoríficas.

O contrato foi adjudicado mediante Resolución da Xerencia de 09.11.2011 á empresa Valoriza Facilites, SA por un importe de 342.529 euros (sen IVE), o que supuxo unha baixa do 31% sobre o importe de licitación.

O Prego e a oferta establecían un prazo de 3 meses para a confección dun inventario das instalacións, sendo incumprido polo adxudicatario.

A dita circunstancia motivou que tanto os informes previos como os definitivos, así como a sistemática prevista, non se chegasen a cumprimentar en tempo e forma.

O inventario finalmente elaborado carece dun soporte unificado, atopándose en papel ou en distintos formatos electrónicos (follas de cálculo, bases de datos, etc.) e non foi incorporado ao aplicativo de xestión do que dispón o hospital, cuxa estrutura non permite a inclusión de determinados campos informativos, sendo pouco operativo.

Realizouse unha comprobación material, a través da mostraxe aleatoria, das fichas técnicas elaboradas pola empresa. Nas relativas ao sector eléctrico conséntase que, en xeral, están suficientemente identificados os equipos e instalacións, en canto a nome, código e características, aínda que non sempre está especificada a localización e grupo funcional. As correspondentes a instalacións de equipos de climatización son bastante completas en canto a identificación e situación, achegándose na práctica totalidade dos supostos a ficha técnica do fabricante e información técnica relevante.

A confección dos plans de mantemento preventivo, correctivo e técnico-legal realizouse en colaboración co servizo de mantemento propio do hospital, estando no momento da fiscalización plenamente operativos, aínda que non se cumpriu, tampouco neste caso, a cronoloxía prevista nos pregos de condicións.

Tanto o informe previo como o definitivo do estado das instalacións fóronse confeccionando de forma paulatina e con carácter mensual dada a complexidade e extensión das instalacións.

A empresa ofertou 24 efectivos (2 enxeñeiros, 20 técnicos (oficiais de primeira) e 2 auxiliares administrativos) para cubrir a estrutura en canto a quendas de presenza física:

Cadro 46: Efectivos ofertados

Especialidade	Mañá	Tarde	Noite
Climatización e reforzo paliativo de fontanería	1 enxeñeiro (*) 3 técnicos (**)	2 técnicos (**)	1 técnico
Electricidade	1 enxeñeiro (*) 2 técnicos	2 técnicos	2 técnicos
Apoio administrativo	1 auxiliar administrativo (***)	1 auxiliar administrativo (***)	
Fontanería		1 técnico (***)	

(*) Con localización 24 horas

(**) Sábados e domingos unicamente un técnico

(***) De luns a venres

Así mesmo, ponse a disposición do hospital unha bolsa de traballo, como mellora ao mínimo establecido, de 1.000 horas para mantemento ou realización de instalacións de calquera especialidade que o hospital decida, incluídas especialidades alleas ao contrato como pintura, albañilería, etc.

Dos antecedentes documentais examinados, memorias mensuais e carteleira, despréndese o seguinte:

- Non existen por parte do Servizo de Mantemento do HULA procedementos sistemáticos e regrados de control das presenzas físicas ofertadas.
- As quendas mensuais experimentan, en ocasións, leves modificacións para unha mellor distribución das tarefas.
- A pesar de que a oferta recolle de forma expresa o compromiso de substitución dos efectivos fixos ofertados nos supostos de vacacións ou incapacidade laboral, obtívose evidencia de que nalgúns supostos (enxeñeiros e administrativos) o dito extremo non se observou. Este incumprimento foi dispensado polos responsables do Servizo de Mantemento ao entender debidamente atendido o servizo e considerar contraproducente o contar con persoal que descoñeza o funcionamento habitual.
- Na práctica, o persoal administrativo realiza funcións que exceden o seu labor inicial, ao asumir, tamén, a xestión administrativa dos partes resoltos con medios propios.
- Segundo as memorias mensuais presentadas, computáronse ao longo do exercicio un total de 41.763 horas de traballo, das cales a práctica totalidade son ordinarias, con tan só 572 extraordinarias.

- Comparada a carga horaria teórica coa real apréciase un déficit global de 517 horas en cómputo anual, que se xera nas categorías de enxeñeiros e administrativos, mentres que os técnicos, pola contra, executaron máis horas das previstas.
- Non se obtivo evidencia, existindo polo tanto incerteza, respecto do cumprimento da bolsa de horas adicionais ofertadas pola empresa adxudicataria.

Área da Coruña

Á marxe da asistencia técnica de tipo específico (tal como a relativa a ascensores, sistemas automatizados, climatización e similares), existen determinados contratos de mantemento integral: un correspondente ao hospital Virxe da Xunqueira e outro aos hospitais Marítimo de Oza e Abente y Lago, ademais dun contrato xenérico no ámbito de atención primaria, aínda que non é extensible á totalidade dos centros. Ao finalizar o período fiscalizado aínda estaban vixentes (por motivos de interese público), ata que en febreiro de 2015 entrou en vigor o contrato de “Subministración enerxética prestacional e mantemento e conservación de edificios, instalacións e equipos de diversos centros da EOXI” (AB-EIC1-13-002), que supuxo un cambio significativo respecto ao modelo anterior.

Contrato de mantemento integral e condución e vixilancia das instalacións e edificios dos hospitais Abente y Lago e Marítimo de Oza

Ao momento desta fiscalización atopábase en vigor o contrato de referencia expediente AB-CHC1-10-053, adxudicado o 20.01.2011 á empresa Valoriza Facilities, SA, por un importe de 368.160 euros, IVE incluído. O seu alcance, de tipo integral, comprende os seguintes aspectos: centrais de calefacción e auga quente sanitaria, frigoríficas e de gases medicinais e baleiro; redes de distribución de auga fría e quente para climatización; instalacións de acondicionamento e tratamento do aire, de cociña, de fontanería, de depuración e bombeo de auga, da piscina de rehabilitación e bañeiras de hidromasaxe; mantemento xeral do terreo e conservación do edificio.

O adxudicatario debe dar conta nun informe de periodicidade mensual tanto da actividade realizada como de todos os materiais de almacén utilizados.

A pesar de requirirse tal antecedente de forma reiterada non foi facilitado o que supuxo unha limitación ao labor de fiscalización.

Para a prestación do servizo o adxudicatario achega 12 oficiais de primeira, a maior parte con dedicación completa, ademais dun enxeñeiro responsable do contrato, localizable as 24 horas.

Servizo de mantemento integral do Hospital Virxe da Xunqueira

No momento da fiscalización atopábase en vigor o contrato (expediente AB-HVX1-09-007), adxudicado o 09.12.2009 á empresa Instituto de Xestión Sanitaria, SA (INGESAN), por un importe, IVE incluído, de 508.603 euros. A duración inicial era de dous anos e foi formalizado o 29.12.2009.

O seu alcance esténdese aos seguintes elementos: instalacións de climatización, electricidade de media e baixa tensión, de combustibles, de fontanería e saneamento, de detección de incendios; rede de distribución de auga fría, quente, sanitaria e de vapor; central de gases medicinais e sen carga; transporte pneumático; e mantemento de equipos (incluídos os electromédicos de calquera tipo e propiedade en calquera das súas posibles variantes).

O expediente carece do pertinente informe técnico respecto das ofertas presentadas, constando tan só unha relación desagregada de puntuacións obtidas polos licitantes e sen que se analicen de forma contrastada as distintas ofertas técnicas presentadas, non atopándose por tanto a adxudicación debidamente motivada.

Corresponde ao adxudicatario dar conta da finalización das intervencións e de todos os materiais de almacén que a EOXI debe poñer á súa disposición mediante un informe de periodicidade mensual que se complementará con outro resumo anual.

A entrada en vigor do contrato centralizado de electromedicina orixina que se modifique o contrato integral de referencia, minorándose o mesmo en 3,8 miles de euros mensuais, aínda que a resolución non razoa o criterio seguido para determinar o devandito importe.

Mantemento de instalacións, edificacións e equipamento de diversos centros de saúde dependentes da Xerencia de Atención Primaria da Coruña

Este contrato (expediente AB-XPC1-10-047) xestouse na antiga Xerencia de Atención Primaria da Coruña e o seu obxecto é o mantemento de todas as instalacións dos centros de AP, aínda que a relación de centros incluídos no Anexo I do Prego de cláusulas engloba a 23 centros de saúde situados nos municipios da Coruña, Oleiros, Arteixo, Culleredo, Cambre e Sada, non comprendendo polo tanto, a totalidade de centros de atención primaria da área territorial da EOXI.

O seu alcance esténdese ás centrais de calefacción e auga quente sanitaria; instalacións eléctricas de media e baixa tensión, de acondicionamento e tratamento de aire, de gases medicinais, de protección contra incendios; redes de telefonía interior; sistema de intercomunicación e sistemas de megafonía; e pequenos traballos de reparación e conservación.

O Prego establece que o persoal será o necesario para cubrir un total de 3.084 horas anuais de traballo presencial durante todos os días laborais do ano, cun horario preestablecido de 8 a 22 horas.

Así mesmo, o propio Prego sinala que os materiais de reposición necesarios corren por conta da Xerencia, debendo adquirirse ás empresas que teñen un convenio co adxudicatario. A citada estipulación leva consigo unha indefinición sobre o contido dos citados "convenios", existindo unha falta de protocolización en orde a un control efectivo das adquisicións de materiais.

O contrato foi adxudicado á empresa Lacera, SA, mediante Resolución do 27.12.2010.

Non se obtivo constancia documental no momento das actuacións de que esta relación contractual experimentase variación, deducíndose dos rexistros contables que a prestación do servizo continuou durante todo o exercicio 2014.

Como consecuencia do novo contrato, expediente AB-EIC1-13-002 de subministración enerxética e mantemento, durante as actuacións estaba a acometerse a reasignación dos efectivos propios excedentes do H Teresa Herrera para o mantemento dos centros de saúde.

Contrato de subministración enerxética prestacional e servizo de mantemento e conservación de edificios

A súa entrada en vigor prodúcese en 2015 e caracterízase polo seguinte:

A externalización do mantemento industrial esténdese, ademais da os xa citados centros, ao Hospital Teresa Herrera, o Centro de Especialidades do Ventorrillo e á Lavandería da Grela, nos que ata entón a asistencia técnica se viña prestando fundamentalmente con medios propios; tal cambio supón unha obrigada reordenación de efectivos propios, proceso no que estaba incurso a EOXI ao momento de realizarse o traballo de campo desta fiscalización.

Convén destacar que o modelo de asociar o mantemento industrial á subministración enerxética está a estenderse progresivamente en varios centros do Sergas, pretendéndose xustificar sobre a base dunha vinculación directa entre a subministración de combustibles e enerxía necesarios para o normal funcionamento dos centros obxecto do contrato e as prestacións propias do servizo de mantemento co fin de garantir a súa adecuación ás necesidades reais, obtendo un aforro económico e enerxético, polas economías de escala.

O contrato prevé dúas modalidades diferenciadas de mantemento:

- Mantemento enerxético, que se realiza con carácter integral en todas as instalacións enerxéticas dos centros, levando asociado o mantemento condutivo, predictivo, preventivo, correctivo e técnico-legal, sendo ademais de tipo "cobertura total" (comprende tanto a man de obra como os repostos, accesorios e calquera outro material necesario).
- Mantemento xeral, referido ao ámbito doutras instalacións e equipos non incluídos no mantemento enerxético (portas automáticas, transporte pneumático, rede de distribución de auga

fría e quente, instalación xeral de fontanería, grupos de bombeo, saneamento e evacuación, aire comprimido, esterilización, equipos de hostalería e labores de apoio relativos ao mantemento xeral de edificios tales como carpintería, albañilería, pintura, etc.).

A memoria xustificativa do contrato non inclúe o correspondente estudo económico que xustifique as teóricas economías de escala esgrimidas, nin explicita o fundamento da necesidade de asociar a xestión enerxética co mantemento relativo á conservación de edificios, instalacións e equipos en aspectos alleos ao consumo enerxético; tampouco se motiva a conveniencia de acudir a medios externos para a prestación dos servizos.

Área de Vigo

Á marxe de servizos de mantemento de tipo específico (ascensores, sistemas automatizados e similares) o gasto concéntrase basicamente (en torno ao 87% do total), en dous expedientes, relativos ao mantemento integral dos hospitais Meixoeiro e Nicolás Peña que a continuación serán obxecto de análise máis específica:

Mantemento industrial do Hospital Meixoeiro

No período fiscalizado, 2014, estivo en vigor o contrato con expediente AB-CHV1-10-004, que posteriormente foi substituído polo que ten como referencia o expediente AB-EIV1-14-011 adxudicado o 30.12.2014.

a) Respecto ao primeiro deles a memoria xustificativa da contratación límitase a poñer de manifesto a falta de dispoñibilidade por parte do centro de recursos propios especializados; con todo, a dita situación non é puntual senón estrutural, non fundamentándose en motivos de eficiencia, eficacia e economía a conveniencia de acudir a vías externas de prestación do servizo como alternativa á dotación de medios humanos especializados para a súa xestión directa.

En canto ao alcance da actividade, esténdese a: instalacións xerais (centrais térmicas e frigoríficas, redes de distribución de auga quente e fría para climatización e calefacción, instalacións de acondicionamento e tratamento de aire, instalacións eléctricas de media e baixa tensión, instalación xeral de fontanería, central sen carga, instalación de produción e distribución de aire comprimido de uso industrial, instalacións de almacenamento e distribución de gas natural, instalacións de tratamento de auga para usos específicos, instalación centralizada de lavandería e cociña central); áreas de xardinería e ornamentación xeral; e outros traballos de apoio e conservación do edificio.

Quedan expresamente excluídas do alcance do contrato as obras de reforma, ampliación ou nova planta, o mantemento do equipamento de electromedicina que estivese amparado por un contrato específico e as instalacións de especial consideración (aparells elevadores, redes de gases medicinais, autoclaves de esterilización, reveladoras e redes de voz e datos).

En relación á dotación de medios humanos, os pregos limitábanse a establecer que sería a suficiente, distribuída en tres quendas de traballo diario (24 horas en total) durante todos os días da semana en cada unha das categorías, sen que o número de operarios destinados en cada quenda poida ser inferior a dous, tendo que dispoñer, así mesmo, do número necesario de efectivos de “corretornos” para garantir o cumprimento do compromiso contractual durante todo o exercicio.

Do exame dos cuadrantes de persoal, así como da información facilitada en soporte informático sobre a actividade do exercicio 2014 despréndese que tan só algunhas categorías (electricistas e calefactores) cumpren coa especificación de presenza nas tres quendas todos os días da semana. Nas restantes categorías a cobertura adoita ser en dúas quendas (mañá e tarde), con gardas en fins de semana.

O Prego establece, así mesmo, unha serie de indicadores para o seguimento do contrato, entre os que cabe citar os seguintes:

- Eficiencia: índice de reparacións realizadas con respecto ao total, que será superior ao 95%.
- Tempo de resposta desde a notificación da avaría, que estará determinado en función da prioridade (alta, máximo 2 horas; media, máximo 6 horas; e baixa, máximo de 12 horas).
- Tempo de reparación: o límite máximo será de 24 horas.
- Cumprimento do mantemento correctivo e preventivo nos respectivos índices definidos.

En función do incumprimento dos valores ofertados establécese unha escala de penalizacións que non poderán exceder do 10% do valor anual do contrato.

A adjudicación do contrato recaeu na empresa Isolux Corsán Servizos, SA, cunha baixa sobre o importe de licitación do 8,5%.

b) En substitución do anterior formalízase un novo contrato (expte. AB-EIV1-14-011) o 30 de decembro de 2014, adjudicado á entidade mercantil UTE ALTALAIR GIROA, SA para unha duración prevista dun ano e por un importe de 1.810.824 euros, IVE incluído. A súa memoria xustificativa pon de manifesto que a súa prestación de servizos non afecta o perímetro concesional do novo hospital. Un aspecto de especial relevancia que concorre neste caso é a repercusión que, debido ao peche do H Xeral, ha de ter a previsible recolocación da ampla dotación dos seus efectivos propios neste centro, o cal incidirá no alcance da prestación externalizada.

A extensión en canto ao obxecto e alcance non experimenta modificacións destacables con respecto á contratación anterior, producíndose un descenso de efectivos na nova contrata ao desaparecer os dous electrónicos que antes prestaban servizos, quedando por tanto o cadro de persoal ofertado en 40 persoas, cunha distribución similar á anterior.

No momento da fiscalización, xullo de 2015, e en pleno proceso inicial de posta en marcha do novo hospital, non se obtivo evidencia respecto do número de efectivos propios do Hospital Xeral que se traslada a este centro (previsiblemente a totalidade, a excepción do persoal interino, segundo información verbal) nin da modificación que experimentará o contrato de referencia. Existe incerteza, así mesmo, respecto da futura organización do servizo de mantemento dentro deste centro, non constando que esta estea debidamente perfilada.

Contrato de mantemento integral do Hospital Nicolás Peña

Do mesmo xeito que noutros expedientes analizados, non se constatou unha obxectivación da externalización do servizo como mellor modalidade de xestión baseada en criterios de economía, eficiencia e eficacia fronte á de asumilo cunha dotación de medios propios especializados. A memoria técnico-económica limitase a xustificar a contratación pola carencia de recursos humanos propios e debido a que o servizo se prestaba desde 2008.

O obxecto contractual é o mantemento integral do conxunto de instalacións e edificacións do Hospital Nicolás Peña e a Nave e Arquivo de historias clínicas, situado no Hospital Rebullón.

Respecto da achega de medios humanos, as prescricións contractuais determinan que o persoal ofertado se distribúa en tres quendas de traballo diario (24 horas en total) durante todos os días da semana, para persoal de oficio, condutores de instalacións e xefe de equipo no seu caso; con todo, de forma contraditoria, o mesmo Prego sinala a continuación que só se esixe presenza física en quendas de mañá e tarde, sendo a de noite cuberta a través de garda localizada, cun tempo de resposta máxima de 30 minutos. Establécese, como mínimo, unha presenza física de dous operarios en quenda de mañá de luns a venres e un en quendas de tarde e noite e en sábados, domingos e festivos.

O contrato foi adxudicado á empresa INGESAN, SA o 12 de novembro de 2009, formalizándose o 16 de decembro seguinte. O prazo de execución é de 48 meses, por un importe total de 923.487,47 euros.

O 14 de decembro de 2013 formalízase a primeira prórroga do contrato, cunha vixencia dun ano, prolongándose por tanto ata o 15 de decembro de 2014. Con todo, o 29 de xullo de 2014, polo xerente da EOXI emítese resolución acordando a continuidade do adxudicatario na prestación do servizo por razón de interese público, ata que se formalice un novo contrato.

Sobre este particular cabe destacar que se emite e que se invocan razóns de interese público sen precisar motivación suficiente con significativa anterioridade ao vencemento do contrato.

A entrada en funcionamento do novo Hospital de Vigo a mediados do 2015 modifica, pola extensión do perímetro concesional, a prestación dunha variedade de servizos extrasanitarios que

pasan a ser asumidos pola concesionaria. O mantemento industrial do hospital Nicolás Peña non está incluído no citado perímetro (aínda que si algúns aspectos que realiza a actual empresa adxudicataria).

Ao momento de efectuarse os labores de campo da fiscalización, xa iniciando o procedemento previsto de posta en marcha progresiva do citado novo hospital, non se puido contar con evidencia documentada respecto da situación futura do mantemento industrial neste centro.

II.3.2.3. ACTIVIDADE RELATIVA AO MANTEMENTO INDUSTRIAL E DE INSTALACIÓNS

A) Aspectos xerais

Procedemento de xestión do mantemento de instalacións

En cada hospital existe un responsable de instalacións que coordina a prestación do servizo das empresas contratadas e autoriza a adquisición dos materiais e repostos precisos.

O rexistro da información no aplicativo común empregado en cada EOXI iníciase a partir do aviso que cursan os distintos servizos hospitalarios autorizados a través dun módulo específico.

Segundo a información facilitada, na área de Vigo ao redor do 97% dos avisos xeráronse de forma informatizada, comunicándose o restante 3% por distintos medios (fax, teléfono, etc.); e na da Coruña, da análise dos avisos rexistrados en 2014, despréndese que o 87% foi capturado a través do módulo informático, en tanto que no 13% restante utilizáronse outros medios para a dita notificación.

Unha vez recibidos os avisos, previa comprobación da súa procedencia polo persoal autorizado, emítese de forma automática a orde de traballo, aínda que na práctica se trata dun parte de reparación, susceptible de xerar varias ordes a distintos operarios.

Unha vez asignada a orde de traballo a un operario ou operarios concretos, procédese á execución do traballo encomendado e ao peche do parte, por reparación ou imposibilidade de realizala.

A información da intervención plasmada basicamente en soporte papel, unha vez cumprimentada manualmente polo operario, trasládase ao aplicativo informático.

No caso concreto dos servizos integrais de mantemento contratados, cando o persoal é residente no centro, o proceso seguido é o mesmo, xa que se utiliza o aplicativo informático co que conta o hospital, sendo os encargados do servizo externalizado os que cumpren a función de asignación de tarefas e comprobación e peche de partes, sen prexuízo da supervisión polo responsable do Servizo de Mantemento da EOXI.

Incidencias de índole formal

Informes de actividade

As empresas adxudicatarias, segundo as prescricións contractuais, deben presentar informes mensuais e anuais relativos á actividade, así como das principais incidencias apreciadas no desenvolvemento dos traballos, podendo propoñer a programación ou realización de actividades de mellora que estimen oportunas.

Non se obtivo constancia dos informes correspondentes ao período fiscalizado da contrata dos hospitais Abente y Lago, Marítimo de Oza e Nicolás Peña, a pesar de ser reiteradamente solicitados.

Discrepancias informativas

- Da información presentada polo adxudicatario do mantemento integral do Hospital Virxe da Xunqueira, despréndense diferenzas respecto da rexistrada no aplicativo MANSIS, sen que se puidese determinar a súa causa.

As discrepancias antes mencionadas reflíctense, de forma resumida no seguinte cadro:

Cadro 47: Número de partes segundo a información do adxudicatario e do propio centro

	Datos Memoria Ingesan, SA		Datos MANSIS		Diferenza %	
	Ano 2013	Ano 2014	Ano 2013	Ano 2014	Ano 2013	Ano 2014
Correctivo	2.566	2.372	2.373	2.381	-8%	0,4%
Preventivo	3.141	3.192	660	3.243	-376%	1,6%
Total partes	5.707	5.564	3.033	5.624	-88%	1,1%

Fonte: Elaboración propia baseándose na información rexistrada e nos informes de actividade

As diferenzas máis significativas prodúcense no exercicio 2013, en particular entre o número dos mantementos preventivos que constan como realizados na memoria en relación cos que se desprenden do aplicativo MANSIS. En 2014 as diferenzas son moito menos acusadas, situándose en porcentaxes máis razoables.

- Nos informes mensuais emitidos por ISOLUX como adxudicataria do contrato de mantemento industrial do Hospital Meixoeiro, reflíctense os datos relativos á actividade realizada (resumo cumprimento xornada e de servizos por tipo de mantemento e especialidade), información de tipo económico relativa aos consumos enerxéticos, datos e cumprimento da calidade (eficiencia, tempos de resposta e reparación, cumprimento, etc.) e o estado de execución do ofertado como mellora. Neste caso a información rendida non é especialmente discrepante da rexistrada no aplicativo de xestión.

Seguimento de indicadores

Na área da Coruña, non existe evidencia de que se elaboraran procedementos de control respecto da calidade e de seguimento de indicadores de xestión dos medios contratados. Así mesmo, non se realizan enquisas da calidade percibida polos usuarios finais dos servizos, non dispoñéndose de elementos obxectivos de avaliación.

Na área de Vigo, non se achegou, a pesar de solicitarse, o pertinente resumo anual de indicadores de cumprimento dos contratos integrais de mantemento de instalacións, constando tan só a información reflectida na memoria antes referenciada.

Réxime sancionador

Non se obtivo evidencia da imposición de sancións ou penalizacións polo incumprimento das obrigas contractuais.

En relación co mantemento industrial do H Meixoeiro aprécianse aboamentos que se corresponden cunha dedución pola realización de folgas por parte do persoal e que no seu momento supuxeron diminucións considerables do servizo prestado.

Repercusión da subministración de material aos adxudicatarios e o custo que representa

Tomando como referencia os dous contratos de mantemento integral de instalacións da área de Vigo, despréndese que neles se exclúe a achega de materiais e repostos, que son facilitados polo centro respectivo. Sobre este particular detectáronse deficiencias no rexistro da información de almacén (incorrecta codificación de artigos, imputación baixo o mesmo código de material diverso, falta de protocolización e estandarización, etc.).

Segundo a información achegada pola EOXI, o custo do material subministrado para o mantemento prestado con medios alleos, por especialidades e centros é o que a continuación se detalla:

Cadro 48: Gasto de material derivado da actividade do mantemento externo de instalacións por especialidades (euros)

Área funcional	Hospital Meixoeiro			Hospital Nicolás Peña		
	Mantemento externo (A)	Total mantemento instalacións (B)	% A/B	Mantemento externo (A)	Total mantemento instalacións (B)	% A/B
Electricidade	80.522	84.705	95,1%	7.062	7.611	92,8%
Mecánica	58.104	81.783	71,0%	1.856	2.050	90,6%
Calefacción	10.621	10.621	100,0%	8.064	8.064	100,0%
Carpintería	52.424	52.528	99,8%	8.154	8.721	93,5%
Fontanería	28.399	28.565	99,4%	5.648	5.648	100,0%
Pintura	457	457	100,0%	1.864	1.864	100,0%
Albañilería	25.102	25.312	99,2%	141	141	100,0%
Xardinería	24	24	100,0%	410	410	100,0%
Frigoristas	29.764	34.382	86,6%			
Encargados	0	1.162	0,0%			
Conductor Instalacións		7.166	0,0%	9.969	10.115	98,6%
Total	285.417	326.705	87,4%	43.170	44.625	96,7%

Fonte: Programa de xestión informática do centro

A estrutura de gasto difire en ambos os dous centros; mentres no H Meixoeiro a maior porcentaxe de gasto corresponde a electricidade e mecánica, no H Nicolás Peña destaca a relativa a carpintería, seguida da de calefacción e electricidade.

B) Análise da actividade

O exame das magnitudes xerais da actividade practicouse sobre os datos das tres institucións fiscalizadas (EOXI de Lugo, A Coruña e Vigo). En algúns aspectos específicos e para unha mellor apreciación da distribución da actividade, tomouse como referencia a información proporcionada polas restantes institucións.

Convén precisar que se desprenden discrepancias entre as distintas fontes documentais debido aos diversos criterios seguidos no seu rexistro e cómputo. Por tanto, algunha das cifras resultantes da información tratada pode carecer da debida exactitude, aínda que a título indicativo permiten certo coñecemento da situación.

a) Desagregación xeral da actividade

Tomando como referencia os centros obxecto de análise, a información obtida é a seguinte:

Cadro 49: Distribución porcentual por modalidades da actividade do mantemento externalizado na área industrial e de instalacións e grao de representación con respecto ao global

Centro	Distribución por modalidades da actividade con medios alleos		% mantemento alleos/global
	Preventivo	Correctivo	
Área de Lugo (*)	41,7%	58,3%	32,7%
HULA	41,7%	58,3%	32,7%
Área da Coruña	30,0%	70,0%	39,0%
HUAC	47,1%	52,9%	12,2%
H Teresa Herrera	0,0%	100,0%	9,2%
H Marítimo de Oza	2,9%	97,1%	68,5%
H Abente y Lago	49,2%	50,8%	100,0%
H Virxe da Xunqueira	37,3%	62,7%	100,0%
Atención Primaria	0,5%	99,5%	100,0%
Área de Vigo	54,9%	45,1%	32,8%
H Xeral-Cíes	44,8%	55,2%	3,1%
H Meixoeiro	57,3%	42,7%	80,2%
H Nicolás Peña	49,4%	50,6%	87,8%
H Rebullón	40,6%	59,4%	29,8%
Atención Primaria	19,7%	80,3%	79,3%

(*) Considerouse exclusivamente o HULA debido a limitacións informativas dos demais centros da EOXI

Fonte: Elaboración propia baseándose nos rexistros de actividade

Cabe destacar como aspectos característicos máis significativos que, en termos xerais, nesta área de mantemento industrial e de instalacións o grao de dependencia externa é inferior ao experimentado en electromedicina, non superando como media a nivel de EOXI o 39%, aínda que por centros as diferenzas son bastante acusadas oscilando entre o 3% e 100%. Por outra banda, a porcentaxe de concorrencia difire, producíndose nalgún caso (EOXI de Lugo) un importante grao de concentración da prestación técnica con carácter integral en favor dun único adxudicatario.

b) Aspectos específicos da actividade

Tempo de resolución de avarías

Co obxecto de examinar a efectividade na prestación do servizo tomouse como mostra a actividade despregada por parte da empresa encargada do mantemento integral do HULA, predominante na asistencia técnica contratada (Valoriza Facilities, SA). Da información dos rexistros do aplicativo de xestión despréndese o seguinte:

Cadro 50: Desagregación da resolución das avarias por tramos de tempo

Período resolución	Núm. partes	% s/total
Non resoltos	20	0,6%
Erros gravación	14	0,4%
Mesmo día	2.139	63,4%
De 1 a 10 días	824	24,4%
De 11 a 20 días	115	3,4%
De 21 a 30 días	180	5,3%
De 31 a 40 días	44	1,3%
De 41 a 50 días	6	0,2%
De 51 a 60 días	6	0,2%
De 61 a 90 días	6	0,2%
De 91 a 120 días	8	0,2%
Máis de 120 días	13	0,4%
Total	3.375	100,0%

Fonte: Elaboración propia baseándose nos rexistros de actividade do aplicativo de xestión

Atendendo ao tempo empregado desde o aviso ata o peche do parte, máis do 63% deles foron resoltos no mesmo día, en tanto que preto dunha cuarta parte das avarías ou revisións empregaron un prazo de entre 1 a 10 días; un número reducido de avarías ou revisións necesitou para a súa resolución máis de 51 días, aínda que no seu conxunto non chegan a representar nin o 1% do total de partes.

Relación do número de partes coas intervencións xeradas

Tomando como ámbito da mostra obxecto de exame a actividade prestada pola empresa adjudicataria do mantemento integral do HULA, estruturada en dúas grandes áreas de funcionamento autónomo: electricidade e climatización, despréndese o seguinte:

Cadro 51: Desagregación do número de partes e intervencións asociadas

Área	Tipo de mantemento	Núm. de partes	Núm. intervencións (OT)	% partes s/total	% OT s/total	Ordes de traballo por parte
Electricidade	Correctivo	237	749	21,6%	9,4%	3
	Preventivo	860	7.243	78,4%	90,6%	8
	Total	1.097	7.992	100,0%	100,0%	7
Climatización	Correctivo	1.491	3.527	65,5%	45,1%	2
	Preventivo	787	4.285	34,5%	54,9%	5
	Total	2.278	7.812	100,0%	100,0%	3

Fonte: Elaboración propia baseándose nos rexistros de actividade do aplicativo de xestión

- O maior volume de actividade na área de electricidade, tanto a nivel de partes como de ordes de traballo cursadas, prodúcese no mantemento preventivo (78% e 91%, respectivamente). O cociente de orde de traballo por parte atendido é moi dispar, mentres que cada parte de mantemento correctivo xera unha media de tres ordes de traballo, o de tipo preventivo tradúcese en oito ordes de traballo.
- Na área de climatización o maior número de partes (65%) son de mantemento correctivo, mentres que en canto a intervencións, a porcentaxe descende ata o 45%. Pola contra, o

mantemento de tipo preventivo, a pesar de xerar un menor número de partes (35% do total) presenta un maior volume de actividade en canto a ordes de traballo cursadas, 55%.

A media de ordes de traballo ou intervencións para pechar un parte é de cinco no caso do mantemento preventivo e de dúas no correctivo.

Desagregación de actividade por especialidades

Co obxecto de ilustrar como se estrutura a actividade por áreas profesionais tomáronse como base de exame os datos rexistrados correspondentes ao STM xeral e de instalacións da EOXI de Vigo, desprendéndose o seguinte:

Cadro 52: Distribución da actividade por áreas profesionais

Especialidade	% s/total	% partes medios propios	% partes medios contratados
Electricidade	16%	56%	45%
Mecánica	15%	82%	18%
Calefacción	32%	80%	20%
Carpintería	4%	35%	65%
Fontanería	16%	100%	0%
Pintura	0%	100%	0%
Albañilería	3%	80%	20%
Xardinería	0%	68%	32%
Delineante	0%	100%	0%
Frigoristas	4%	0%	100%
Encargados	2%	42%	58%
Conductor instalacións	8%	19%	81%
Total	100%	67%	33%

Exclúese a actividade de AP non rexistrada no aplicativo MANSIS

Fonte: Elaboración propia baseándose nos rexistros de actividade do aplicativo de xestión

As especialidades con maior volume de actividade en número de partes son as de calefacción, fontanería, electricidade e mecánica, que no seu conxunto acumulan o 79% do total de partes. Aténdese con medios propios a práctica totalidade da fontanería, pintura e delineación, en tanto que, pola contra, a especialidade dos frigoristas desempeñase totalmente con medios alleos.

Distribución da actividade por tipos de elementos

Atendendo á natureza do elemento suxeito a mantemento, a continuación detállase o número de partes atendidos con recursos alleos, considerándose neste caso como ámbito de exame a EOXI de Vigo:

Cadro 53: Elementos afectados pola actividade

Tipo	Número partes	% s/total
Equipos	6.695	27%
Instalacións	18.016	73%
Total	24.711	100%

Fonte: Elaboración propia baseándose nos rexistros de actividade do aplicativo de xestión

O 73% dos partes refírense ao mantemento das instalacións, en tanto que o 27% corresponde a equipamentos non electromédicos.

Desagregación da actividade por quendas de traballo

Co obxecto de coñecer como se desenvolve a actividade durante a xornada laboral tomáronse como mostra os datos rexistrados na EOXI de Vigo, desprendéndose a seguinte distribución nas distintas quendas: o groso da actividade (91%) realízase en quenda de mañá, repartíndose o 9% restante entre a de tarde (6%) e a de noite (3%).

III. CONCLUSIÓNS

Como síntese do anteriormente exposto, destácanse os extremos máis significativos e a casuística que, en distinta medida, se detectou nos ámbitos fiscalizados e todo iso sen menoscabo daqueles aspectos de funcionamento positivos. Cabe destacar as seguintes conclusións cunha perspectiva xeral:

Relativas aos aspectos xerais

- O modelo de xestión dos servizos técnicos de mantemento presenta importantes diferenzas nas diversas institucións, variando notablemente tanto o grao de progresiva externalización que, nalgún centro, é completa, como o nivel de cobertura con recursos propios, sendo a información dificilmente comparable.
- Os servizos de mantemento das distintas institucións non utilizan un sistema informático homoxéneo para o rexistro e control da actividade, non existindo uns criterios e unhas ferramentas estandarizados para a xestión da área; incluso dentro da mesma coexisten aplicativos dispares.
- A área de mantemento dentro das EOXI está constituída por unidades estancas con funcionamento independente sen que se produza a debida integración. Iso leva consigo unha falta de racionalidade organizativa e funcional, ao coexistir varios servizos técnicos dentro da mesma institución ou debido a unha distribución de efectivos pouco flexible e con escasa mobilidade.

Relativas ao mantemento con medios propios

- Non se atopan implantados plans de avaliación do servizo nin se efectúan análises do resultado da actividade.
- En determinados trámites e aspectos funcionais non se produce a debida segregación de funcións, nin se desenvolven mecanismos de control interno.

- Non existe unha xestión homoxénea e unificada do inventario, disgregándose en diversas unidades dentro dalgunhas xerencias integradas, o que incide negativamente no seu debido control.
- En determinados casos obsérvanse as seguintes deficiencias significativas que desvirtúan a efectividade do inventario como instrumento para o adecuado desenvolvemento da asistencia técnica: falta de automatización no envorcado das actualizacións, rexistro de elementos por lotes e non de forma individualizada, ou ausencia de correspondencia do reflectido documentalmente coa realidade.
- A infraestrutura dos STM hospitalario susténtase en esquemas desfasados, estando condicionada, en certa medida, pola definición das categorías profesionais implantadas tradicionalmente que son obsoletas e non adaptadas ás actuais necesidades técnicas, non sendo obxecto da súa oportuna actualización nin desenvolvidas novas especialidades.
- Do exame comparativo das distintas institucións despréndese certa falta de homoxeneidade e proporcionalidade dos cadros de persoal, tanto polo que se refire ao seu volume como ás diferentes categorías existentes en cada un deles. Idéntica circunstancia prodúcese con respecto ao persoal responsable e mandos intermedios.
- En cada EOXI non existe un cadro de persoal unificado do servizo de mantemento, senón que se distribúe en distintos centros ou áreas funcionais dentro da propia xerencia de xestión integrada, mantendo un funcionamento autónomo e carecendo de mobilidade para atender necesidades doutros centros a pesar da súa proximidade, mesmo dentro do propio complexo hospitalario. Tal adscrición física leva a unha estanqueidade na xestión dos recursos e non responde á configuración da EOXI concibida como entidade funcional única.
- A falta de flexibilidade dos cadros de persoal vén afectando negativamente á organización das quendas. A posibilidade de cobertura do servizo cun cadro de persoal unificado, particularmente nas categorías que realizan quendas rotativas, atópase limitada, circunstancia que ten unha repercusión económica e que supón unha infrautilización dos recursos humanos, situación que se agrava ademais nos casos de ausencias.
- A xeneralizada falta da debida análise pormenorizada da actividade desenvolvida polos diversos operarios non permite sustentar se, a nivel de especialidades profesionais, os cadros de persoal se axustan ás necesidades reais.
- Nalgunhas institucións recórrase á realización de actividade extraordinaria como medio para cubrir déficits estruturais ou como fórmula económica compensatoria á marxe da estrutura retributiva aprobada.

- Obsérvase o incorrecto emprego do complemento de actividade non programada sen unha adecuada xustificación adquirindo ás veces un carácter periódico e regular. O dito complemento deixou de ter a súa prevista natureza excepcional, desvirtuándose a súa finalidade.
- Determinadas comisións de servizos non son acordes coa súa natureza excepcional e perentoria.
- O proceso de adquisicións presenta diversas deficiencias formais: ausencia de prospección de prezos e indeterminación inicial destes, non especificando o importe de adquisición do material polo cal se contrae a obriga, nin observándose as debidas formalidades en canto á sistemática para comprometer o gasto; formulación da orde de compra a posteriori; realización por órgano non competente, etc.
- A implantación xeneralizada polo Sergas a nivel institucional do programa informático para a xestión centralizada de subministracións, LOGAS, suscita importantes problemas de compatibilidade co aplicativo dos servizos de mantemento co que non existe interconexión nin a necesaria integración.
- Detectáronse deficiencias no rexistro dos movementos de almacén: incorrecta codificación de artigos; imputación baixo o mesmo código de material heteroxéneo; falta de protocolización, estandarización e de uniformidade de criterios e conceptualización precisa sobre o que se debe recoller como material de mantemento, etc.
- O control de almacén da área de mantemento é inexistente ou deficiente o que conduce a unha falta de representatividade das existencias reflectidas documentalmente.
- O sistema de información existente non permite comprobar se as adquisicións de material se realizan atendendo a criterios de economía e eficacia. En ocasións, a adquisición de material inventariable impútase ao orzamento como gasto corrente.
- En relación ao mantemento correctivo as incidencias máis significativas cabe atribuílas as deficiencias dos partes, á súa incorrecta utilización para supostos non previstos, á falta de fiabilidade da información e á ausencia de rigor no que á imputación de tempos se refire, non constatándose un eficaz mecanismo de validación. Iso afecta o control e a análise da prestación do servizo.

Relativas ao mantemento con recursos alleos

A) Electromedicina

- Actualmente o mantemento da electromedicina atópase practicamente externalizado en virtude dun contrato centralizado suscrito cunha única empresa. Dadas as características do contrato,

requírese un importante grao de dedicación de persoal técnico das propias institucións co obxecto do seguimento e control que non en todos os supostos se cumpre.

- As deficiencias que presentan os inventarios na práctica totalidade dos centros xeraron conflitos no desenvolvemento da prestación do servizo, ao existir importantes discrepancias de criterio sobre a inclusión de determinados equipos e o alcance das reparacións que han de efectuarse.
- Estanse producindo reclamacións e queixas motivadas polo excesivo tempo de resolución e, nalgúns supostos, pola incorrecta reparación dos equipos, coa consecuente reapertura de partes sucesivos sobre o mesmo equipo.
- A apreciación da asistencia técnica prestada por parte de determinadas unidades enquisadas é a de certo empeoramento na prestación do servizo.
- En ocasións a empresa adxudicataria do mantemento xeral de electromedicina deixou de asumir determinadas reparacións sen causa xustificada provocando a inoperatividade dos equipos e que as reparacións tivesen que ser asumidas pola institución.
- Na fase de execución do contrato detectáronse diversos incumprimentos, algúns de especial relevancia tipificados como falta moi grave no réxime de penalizacións establecido nos pregos (incumprimento dos estándares de indicadores prefixados ou a non implantación dos comprometidos).
- Producíronse considerables atrasos na execución dos plans de mantemento preventivo, permanecendo un importante volume de equipos sen os oportunos controis.
- En termos xerais, obsérvanse incumprimentos sistemáticos tanto a nivel do número de efectivos como das presenzas ofertadas na totalidade das institucións analizadas.
- Existen queixas en boa parte dos centros respecto da idoneidade dos equipos proporcionados para substitución pola súa inadecuación para o uso que se pretende, dándose supostos nos que os propios servizos destinatarios rexeitan tales equipos por non reunir os requisitos mínimos indispensables.
- Nas EOXI analizadas non se obtivo constancia de que a empresa adxudicataria cumprise co compromiso de renovación tecnolóxica.
- Non se obtivo evidencia do cumprimento dos controis previstos nos pregos: informe anual da dispoñibilidade do equipamento; informe semestral do grao de obsolescencia; certificación de calidade do servizo prestado.
- As deducións en función da avaliación da prestación do servizo ascenden a 110.500 euros e as penalizacións por incumprimento do nivel do servizo a 305.000 euros.

- O mantemento que en certa medida era prestado con persoal propio especializado pasou a ser externalizado, proceso que experimentou unha importante progresión a partir do ano 2013, polo menos no que se refire ás institucións examinadas. Nestas, os operarios propios deixaron de prestar servizos desta índole coa excepción dun centro no que algúns especialistas realizan traballos residuais nesta materia.
- Os responsables desta área técnica de electromedicina pasaron a desenvolver funcións de vixilancia do cumprimento das obrigas do contratista, así como de control e seguimento da súa actividade, aínda que non co rigor e o alcance requirido, agás nunha das institucións na que se evidenciou unha maior dilixencia.
- O rexistro da actividade nos respectivos sistemas de información da empresa adxudicataria do mantemento e dos propios centros non está interconectado, o que orixina discrepancias, deficiencias de control e unha duplicidade da carga de traballo. Por outra banda, pola devandita empresa incúmprese o compromiso informativo adquirido.
- Detéctanse a miúdo erros de codificación, consignándose como de electromedicina partes que non corresponden á devandita especialidade, e defectos sobre a identificación dos equipos obxecto de actuación.
- Atendendo ao tempo de resolución das avarías de electromedicina (tempo transcorrido entre a apertura e peche de cada parte), con base na mostraxe, aprécianse demoras considerables (en torno ao 30% dos partes tardan en executarse máis de 20 días, e un 6% aínda estaban pendentes despois de seis meses), o que supón incumprimentos dos tempos comprometidos polo contratista.
- A empresa contratada non efectúa con regularidade as revisións preventivas do equipamento electromédico que ten encomendadas, incorrendo nun importante nivel de incumprimento, extremo que é obxecto de reparo por parte dos centros.

B) Mantemento de instalacións

- Aínda que o maior volume de gasto corresponde a adxudicacións mediante o procedemento aberto, recórrase en distinta medida ao contrato menor.
- Os contratos de mantemento de carácter integral carecen, en xeral, dos oportunos estudos económicos e de rendibilidade que avalen o dito carácter. Presentan un alcance limitado, circunscribíndose esencialmente á cesión de traballadores e excluindo a achega de materiais e repostos, que son subministrados polos respectivos centros. En canto á súa execución omítense diversos trámites previstos relativos ao control da actividade e non se evidencia unha avaliación global respecto da economía e eficiencia na xestión.

- Nalgún dos centros obsérvanse certas diferenzas entre os datos do adxudicatario e os elaborados polo propio hospital, sendo máis significativas no que ao número de revisións preventivas se refire.
- Non se obtivo evidencia de que se elaborasen procedementos de control respecto da calidade e seguimento de indicadores de xestión dos medios contratados. Así mesmo, non se realizan enquisas da calidade percibida polos usuarios finais do servizo, non dispoñéndose de elementos obxectivos de avaliación.

IV. RECOMENDACIÓNS

Como resultado das actuacións practicadas cabe efectuar as seguintes propostas dirixidas tanto a nivel central do Sergas como aos centros especificamente fiscalizados:

Relativas a aspectos organizativos e procedimentais

- Convén desenvolver un sistema eficaz de información fiable e representativa que permita obter parámetros de avaliación idóneos e efectuar unha adecuada análise para a correcta toma de decisións.
- O servizo de mantemento debe constituír unha unidade operativa integrada, xerarquizada e con criterios de funcionamento homoxéneos e flexibles, evitando a actual disgregación e estanciedade.
- É recomendable a implantación de forma estandarizada dun programa informático común para a xestión da área de mantemento naqueles centros que non dispoñen del.
- Resulta imprescindible dispoñer dun inventario actualizado e fiable como soporte no que se sustente o ámbito de actuación dos servizos técnicos, o que, ademais, permite delimitar o alcance do obxecto contractual nos supostos de externalización. Os criterios de rexistro de equipos e instalacións deben estar claramente definidos e ser homoxéneos no ámbito do Sergas. A xestión do inventario debe ter un carácter unificado.
- É importante que o modelo de xestión do mantemento adoptado (emprego de recursos propios, contratación de persoal especializado ou externalización do servizo) estea debidamente soportado por estudos económicos e operativos fundados que xustifiquen tal decisión, de forma que queden debidamente salvagardados os intereses da institución.

Relativas ao desenvolvemento do mantemento con recursos propios

- Débese evitar a utilización do complemento de actividade non programada de forma estrutural e con criterios inadecuados.

- Procede efectuar unha adecuación dos cadros de persoal ás necesidades reais baseándose en parámetros obxectivos e en criterios de racionalidade, evitando a compartimentación excesiva na asignación e distribución de efectivos que se puxo de relevo. Así mesmo, en orde a un mellor aproveitamento dos recursos debe procurarse a súa mobilidade no ámbito das EOXI.
- En canto ao proceso de adquisicións deben observarse, polos centros fiscalizados afectados polas incidencias expostas, as debidas garantías na formalización das compras e o correcto cumprimento dos trámites establecidos.
- Han de extremarse os medios para lograr un eficaz control documental e físico do material almacenable, evitando depósitos alleos ao almacén e existencias descontroladas. Han de emendarse as deficiencias postas de manifesto no funcionamento desta área funcional, sendo indispensable garantir as debidas condicións de custodia do material almacenable e que non se produzan desviacións inxustificadas.
- Débense establecer criterios precisos para o rexistro do material e repostos de mantemento e para a súa correcta codificación.
- Procede implantar a necesaria integración do programa informático de xestión centralizada, LOGAS, co aplicativo específico de xestión de mantemento dos centros, de tal forma que permita o envorcado automatizado da información.
- Convén potenciar o mantemento preventivo que debe supoñer unha parte importante da actividade de cada servizo técnico e abarcar o maior número de equipamentos e instalacións, especialmente as de máis relevancia. Para iso, o desenvolvemento dun adecuado programa debe recoller os seguintes aspectos: establecemento detallado do ámbito de actuación con suficiente coñecemento do inventario actualizado de equipos e instalacións; planificación racional das tarefas para acometer; execución sistemática e periódica do plan adoptado co oportuno reflexo dos resultados; e explotación para a súa avaliación.
- No que se refire ao mantemento correctivo, a importancia que reviste a documentación soporte de datos como elemento determinante da actividade desenvolvida esixe, por parte dos servizos técnicos fiscalizados, unha precisa definición e aclaración dos criterios que han de seguirse na elaboración dos partes de traballo, procurando que a información sexa suficientemente representativa mediante a validación e supervisión do seu reflexo documental.
- Deben emendarse as deficiencias postas de manifesto nos partes de mantemento correctivo e nas revisións preventivas, potenciando a utilización de ferramentas informáticas co obxecto de substituír o actual volume de papel xerado e de simplificar a xestión.

Relativas ao mantemento con medios alleos

- Procede prestar unha maior atención ao estrito cumprimento das estipulacións contractuais e á adopción de medidas de control da prestación, mediante a asignación de suficientes recursos, co obxecto de garantir a efectividade cualitativa e cuantitativa do servizo adxudicado.
- É imprescindible a revisión e actualización dos inventarios garantindo a súa representatividade, dado que o seu contido é determinante do alcance do obxecto contractual.
- É importante que os órganos de xestión dos centros analizados efectúen unha adecuada avaliación e análise das vantaxes e custo económico que se derivan de calquera contrato de mantemento, valorando todo tipo de factores que se desprenden del.
- Como elemento indispensable de xestión resulta imprescindible a adopción das medidas oportunas para que a través do sistema de información sexa factible non só coñecer o gasto xerado polo mantemento en cada institución senón tamén a súa desagregación desde as distintas perspectivas de análise.
- Co fin de acadar os obxectivos programados, os órganos de xestión deben procurar a máxima rendibilidade do servizo técnico, promovendo a súa eficacia e a maior cobertura ante as contingencias e avarías que, inevitablemente, se producen en cada ámbito de xestión.

ALEGACIONES



Dirección Xeral de Recursos Económicos

Ref.: LV/lg



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE SANIDADE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 10/06/2016 09:58:41

SAÍDA 12590 / RX 831646



En contestación ao seu escrito núm.11425 de data concesión de ampliación de prazo 30/05/2016, remitimos alegacións ao Anteproxecto de informe de fiscalización dos servizos técnicos de mantemento no ámbito sanitario do SERGAS (exercicio 2014).

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2016



Lourdes Vilachán Angueira
Directora Xeral de Recursos Económicos

SRA. CONSELLEIRA DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA
ÁREA DO SERGAS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

ALEGACIÓNS AO ANTEPROXECTO DE INFORME DE FISCALIZACIÓN DOS SERVIZOS TÉCNICOS DE MANTEMENTO NO ÁMBITO SANITARIO DO SERGAS (EXERCICIO 2014)

I. INTRODUCCIÓN. Ámbito e alcance da actuación

Segundo se establece na Introducción do propio anteproxecto, "a análise e comprobacións circunscíbíronse a determinados centros seleccionados: EOXI de Lugo, Cervo e Monforte (en diante EOXI de Lugo), EOXI da Coruña e EOXI de Vigo".

Non obstante, no apartado II.3. MANTEMENTO CON MEDIOS ALLEOS, o ámbito de análise da execución para o contrato centralizado de electromedicina (apartado II.3.1.1.B) é o de todas as EOXI, mentres que para os contratos centralizados de mantemento de equipos de alta tecnoloxía (apartado II.3.1.2), cuxa execución afecta tamén a todas as EOXI, só se analizan as tres EOXI no ámbito dos centros seleccionados. Dende o punto de vista económico ambos tipos de contratos centralizados teñen unha relevancia similar vinculada ao seu importe anual e á relevancia dos equipos afectados polo seu impacto asistencial, no caso do mantemento de electromedicina para 2014 a adxudicación con IVE é de 7.243.799,31 € e para os contratos de alta tecnoloxía totaliza 6.200.301 € anuais con IVE.

II.1.3 SOPORTE INFORMATIVO

A aplicación para a xestión do mantemento denominada XEMAS, implantada en atención primaria nas EOXI de Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo é o resultado dun contrato centralizado (AC-SER1-08-005) formalizado o 29/12/2008 por un importe total de 571.000,00 €, IVE engadido e unha duración inicial de 3 anos desde a súa formalización. O contrato rematou o 28/12/2011 sen que a súa implantación fose viable en todos os centros previstos, a totalidade dos centros con servizo de mantemento tanto no ámbito da atención primaria como no da hospitalaria (20 en total).

O fracaso na implantación dun programa corporativo levou á situación actual de falta de homoxeneidade nos sistemas de información empregados neste ámbito.



Dirección Xeral de Recursos Económicos

En consecuencia, non se prevé acometer un sistema de información corporativo, senón definir unha serie de indicadores comúns a todos os Servizos de Mantemento que se poidan analizar de forma comparativa mediante a ferramenta SIAC (Sistema de Información de Análise Complexa).

II.2.2 INVENTARIO E INSTALACIÓNS

Xestión de inventario

En relación coa afirmación de que o aplicativo (Sistema de Xestión Patrimonial A4) non foi obxecto de actualización unha vez producida a integración das EOXI, infórmase de que se realizou unha modificación segundo a cal pode realizarse o traslado dos activos entre distintas sociedades como son primaria e especializada, antes non era posible xa que eran xerencias distintas, mentres que agora a poden realizar sen pedir autorización.

Non se realiza integración como tal de primaria e especializada, tampouco nos presupostos, que permanecen segregados co fin de ter un mellor control dos gastos e do inventario en cada unha das especialidades.

En canto á xestión do programa temos que informar que o programa é único e en consecuencia o seu funcionamento tamén, se ven pode haber diversas formas de organizar o traballo en cada Xerencia, isto depende do número de profesionais adicados ao inventario, pero tamén da propia xestión interna da Xerencia. Isto non implica que unha sexa mellor que outra, se non que a operatividade da xestión de calquera programa depende de moitos factores internos.

Verificación da situación inventarial.

EOXI Lugo

Se determina que están correctamente inventariados, se ben é certo que o sistema en Primaria e Especializada é diferente, criterio que se estableceu para todas as Xerencias, debido á facilidade de etiquetar (mesas, cadeiras, estantes, etc) en Primaria, por ser menos cantidade que en Hospitalaria, simplemente por un motivo de economicidade, simplicidade e singularidade, non é o mesmo etiquetar e rexistrar de forma individual 100 mesas que son distribuídas en diversos centros de saúde en primaria, que 4000 mesas



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

destinadas a un mesmo hospital. Un rexistro individualizado neste último caso sería, non inviable, pero si non razoable.

Polo tanto non é que exista unha diverxencia dos criterios, é que son estruturas distintas que implican criterios distintos.

EOXI da Coruña

Semella que non hai una adecuada actualización de bens. Prevese a realización de auditorías internas ao longo do 2016 en tódolos centros e o seu resultado foi incorporado aos ADX do 2016.

EOXI de Vigo

En liñas xerais están debidamente inventariados.

II.2.4 RÉXIME DE SUBMINISTRACIÓNS. Proceso de adquisicións

A implantación de LOGAS nas distintas EOXI do Servizo Galego de Saúde foi progresiva, dende 2013, e estivo asociada ao ritmo de incorporación das ditas EOXI ao contrato centralizado de loxística integral (plataforma loxística). No 2014 LOGAS non estaba implantado en dous dos tres centros analizados, tal e como indica o propio anteproxecto. A implantación de LOGAS nas EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos e Vigo levouse a cabo nos exercicios 2015 (novembro) e 2016 (abril), respectivamente.

LOGAS aínda non está integrado coas aplicacións para a xestión do mantemento que empregan as EOXI, pero está previsto para o último trimestre de 2016, o desenvolvemento dunha capa de Servizos Web que permita dita integración. Polo tanto, a integración entre a aplicación corporativa para a xestión das subministracións e os sistemas de información para a xestión do mantemento, será factible a partir do 2017.



Dirección Xeral de Recursos Económicos

II.3.1.1. CONTRATO CENTRALIZADO DE ELECTROMEDICINA

A) Desenvolvemento do proceso de adxudicación

Ao pé do Cadro 13 titulado “Gasto contratos de mantemento e reparacións de equipamento electromecánico en 2011 (euros)” incorporado ao Anteproxecto figura a seguinte frase “Na estrutura informativa que antecede apréciase erros de suma por importe de 288,5 miles de euros.” O cadro representado non coincide co que consta na memoria do expediente, páxina 5, tal e como se pode apreciar no documento que se achega como **Anexo I** a este escrito de alegacións. O título do cadro é incorrecto (non se trata de equipamento electroecánico, senón electromédico), e os importes reflectidos adoecen dos decimais do cadro orixinal. O cadro orixinal, Anexo I da memoria xustificativa do expediente de contratación ten importes diferentes e non contén ningún erro de suma.

B) Execución do contrato

O Cadro 20 presenta as discrepancias no inventario entre a análise realizada por Iberman e o Anexo I do Prego, no que se incluía o inventario orientativo publicado para a licitación. Dado que non existía un acordo sobre as devanditas diferenzas o órgano de contratación solicitou ás EOXI unha análise conxunta coa empresa da situación para acadar un acordo sobre as discrepancias e a súa afectación ao prezo do contrato.

Preséntanse no **Anexo V** as diferenzas de Inventario acordadas en marzo de 2015 entre as EOXI e Iberman.

No caso das EOXI de Lugo e Ourense as discrepancias se consideran pouco significativas e claramente non permitirían unha revisión do prezo do contrato.

No caso das EOXI da Coruña, Ferrol e Pontevedra+AP de Vigo, aínda que o dato porcentual é significativo atopámonos con que unha importante diferenza corresponde a equipamento pouco relevante desde o punto de vista do seu custo de mantemento (neveiras tipo doméstico, lámpadas, negatoscopios, básculas, etc) polo que acórdase non modificar o prezo do contrato.

No caso da EOXI de Santiago é onde atopamos a maior diferenza, neste caso, tal e como indica o anteproxecto, ademais de non incluírse no inventario inicial as camas, tampouco



Dirección Xeral de Recursos Económicos

figuraba outro tipo de equipamento pouco significativo ao que nos referimos no parágrafo anterior, non obstante, a empresa acepta non solicitar a modificación do contrato.

Reclamación polo adxudicatario de conceptos non facturables (apartados 6 e 7)

Ante o cruce das reclamacións pola empresa prestadora do servizo de reparacións supostamente non incluídas no alcance do contrato e polas EOXI de reparacións efectuadas por eles, o órgano de contratación acordou cos responsables da execución do contrato que fosen eles quen analizaran caso por caso e acordaran coa empresa adxudicataria que era o procedente. Como resultado do anterior, non se recibiron máis reclamacións nin facturas de Iberman por reparacións fóra do alcance do contrato, nin se remitiron ao órgano de contratación por parte dos responsables do contrato reclamacións de importe de cara á empresa prestadora do servizo.

Implantación do aplicativo de xestión do adxudicatario e a súa interconexión cos sistemas informáticos dos centros

Neste eido produciuse unha lixeira melloría. Desde xullo de 2015 existe integración entre MH4 e XEMAS operativa na EOXI de Ourense, de forma que os avisos de avaría xerados no XEMAS se reciben automaticamente no MH4.

Así mesmo, a empresa informa de que ten realizado con éxito unha proba de interconexión entre MH4 e MANSIS aínda que non está implantada nas EOXI.

Plans de mantemento

Achégase como **Anexo II** a este informe os datos dos mantementos correctivos, preventivos e técnicos-legais realizados nos exercicios 2013, 2014 e 2015.

No eido do mantemento preventivo tanto no 2015 como no 2016 a empresa entregou a principio do ano os plans de mantemento a cada EOXI.

Así mesmo, en maio de 2016 a empresa envía a todas as EOXI un informe cuatrimestral da actividade realizada no contrato, no que se pode observar, entre outros datos, información o nivel de execución dos mantementos preventivos e técnico-legais, constatándose unha importante melloría da situación. Achéganse como **Anexo III** os ditos informes.



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

Efectivos dedicados á realización do servizo

Tamén neste eido obsérvase unha mellora no número de efectivos dedicados á prestación do servizo, cuxa situación no primeiro cuadrimestre de 2016, se resume a continuación, de acordo cos informes incluídos no **Anexo III**.

No tocante ao técnico responsable do contrato obsérvase que aínda que a empresa oferta 1 para cada lote, na práctica hai un director do proxecto e dous técnicos responsables de zona adscritos de forma común a todos os lotes. Tamén se observa que non hai técnicos responsables de sublote asociados a Atención Primaria en ningún dos lotes, en cambio hai responsables de centro en Conxo (lote 3) e no Hospital Provincial (lote 5), non incluídos inicialmente na oferta.

EOXI da Coruña: obsérvase a adscrición dun administrativo máis que o ofertado e de 12 técnicos de electromedicina, o que supón un déficit de 5 técnicos.

EOXI de Ferrol: en vez de tres técnicos responsables de sublote/centro habería un, pero en cambio habería 6 técnicos de electromedicina en vez de 5. Mellórase apreciablemente a situación manifestada no anteprojecto de que os recursos sexan a metade dos ofertados.

EOXI de Santiago: hai tres responsables de sublote/centro, segundo o ofertado. O número de técnicos de electromedicina e de administrativos coincide co ofertado.

EOXI de Lugo: hai tres responsables de sublote/centro, en vez dos catro ofertados. No HULA (H. Lucus Augusti) faltaría 1 técnico de electromedicina (hai 6 dos 7 ofrecidos). No H. De Monforte e en Atención Primaria faltaría tamén 1 técnico de electromedicina. No Hospital da Costa cúmprese coa oferta.

EOXI de Ourense: hai tres responsables de sublote/centro, en vez dos catro ofertados. Pola contra, hai 11 técnicos de electromedicina e dous administrativos no CHUO, un máis co ofertado en cada unha das categorías. Non obstante en Atención Primaria e nos hospitais de Verín e O Barco de Valdeorras faltaría un técnico de electromedicina.

EOXI de Pontevedra e Atención Primaria de Vigo: hai tres responsables de sublote/centro, segundo o ofertado. Faltarían os técnicos de electromedicina para H. Salnés e centros de saúde (3 en total). Pola contra, no CHOP habería un frigorista de instalacións e un administrativo, a maiores do ofertado.



Dirección Xeral de Recursos Económicos

Neste sentido Iberman alega que na súa oferta se diferenciaba entre o persoal adscrito á execución do contrato para cada lote e o persoal con presenza física nos centros de forma que a táboa resume do persoal diferenciando entre o adscrito e o fixo con presenza física (que sería o que se indica nos informes do Anexo III), segundo a empresa é a seguinte:

PERSONAL	RESPONSABLES GALICIA	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3	LOTE 4	LOTE 5	LOTE 6	TOTAL
ADSCRITOS		21	9	14	15	18	17	94
FIJOS								
PRESENCIA								
FISICA	4	16	8	14	11,5	14	14,5	82

Deste xeito, a empresa alega que cumpre co ofertado.

Equipamento substitutivo

Os 187 equipos de substitución inicialmente postos a disposición do contrato variaron progresivamente durante a súa execución. No **Anexo III** pode comprobarse, para cada EOXI o número efectivo de equipos que estiveron en préstamo no primeiro cuadrimestre de 2016, que ascende a 151, superándose nas EOXI da Coruña, Ferrol e Pontevedra, o número de equipos ofertado. Obsérvase unha mellora importante neste eido. Na seguinte táboa resúmense os datos do dito anexo:

EOXI	Nº equipos distintos en préstamo (1Q 2016)
A Coruña	37
Ferrol	20
Santiago de Compostela	22
Lugo	15
Ourense	23
Pontevedra y AP de Vigo	34
Total	151

Plan de actualización. Renovación tecnolóxica

Non existe unha falta de requirimento á empresa no relativo á execución dos investimentos comprometidos, estes investimentos reclamáronse repetidamente tanto polos responsables da execución do contrato como polo órgano de contratación.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

O importe total de investimento comprometido amósase na seguinte táboa:

LOTES	% inv.	IMPORTE DE INVERSIÓN SIN IVA				Total sin IVA
		2013*	2014	2015	2016	
1	6,50%	58.396,25 €	142.200,44 €	142.698,40 €	130.806,78 €	474.101,87 €
2	10,50%	23.559,59 €	58.237,94 €	59.193,54 €	54.260,75 €	195.251,81 €
3	7,50%	37.368,41 €	87.718,95 €	93.424,05 €	85.638,60 €	304.150,01 €
4	7,50%	29.320,98 €	64.163,55 €	64.163,55 €	58.816,20 €	216.464,28 €
5	6,50%	41.393,47 €	94.355,76 €	103.231,44 €	94.628,69 €	333.609,35 €
6	7,80%	28.600,21 €	64.272,16 €	81.659,14 €	76.549,04 €	251.080,55 €
TOTAL		218.638,92 €	510.948,78 €	544.370,12 €	500.700,06 €	1.774.657,87 €

A situación da execución do plan de renovación tecnolóxica na data de emisión destas alegacións é a seguinte, tal e como se pode comprobar no Anexo III:

Lote	Importe investido	Grao execución investimento (%)	Investimento comprometido	Investimento pendente
1	393.504,55 €	83,0%		80.597,32 €
2	195.251,81 €	100,0%		- €
3	199.011,75 €	65,4%	105.059,16 €	79,10 €
4	211.033,29 €	97,5%		5.430,99 €
5	295.146,27 €	88,5%	38.463,27 €	- €
6	232.224,40 €	92,5%	18.856,15 €	- €
Totais	1.526.172,07 €		162.378,58 €	86.107,41 €

Certificación de calidade do servizo prestado

Achéganse como **Anexo IV** a este informe as seguintes certificacións de calidade de Iberman:

- ISO 9001:2008 expedida o 18-06-2013, vixente ata o 04-05-2018
- ISO 14001:2004 expedida o 15-09-2008, vixente ata o 01-09-2017
- ISO 13485:2012 expedida o 24-10-2012, vixente ata o 29-04-2018
- BS OHSAS 18001:2007 expedida o 03-09-2014, vixente ata o 02-09-2017



Dirección Xeral de Recursos Económicos

Control do servizo por indicadores de xestión

As deducións aplicadas polas EOXI durante a execución do contrato se resumen na seguinte táboa:

LOTES	CENTROS	DEDUCCIONES PRACTICADAS POR EOXI's				TOTAL
		2013	2014	2015	2016 (hasta mayo)	
1	XXI A Coruña	3.000,00 €	19.500,00 €	4.500,00 €	0,00 €	27.000,00 €
2	XXI Ferrol	0,00 €	11.999,96 €	43.560,01 €	0,00 €	55.559,97 €
3	XXI Santiago	0,00 €	26.500,00 €	17.500,00 €	0,00 €	44.000,00 €
4	XXI Lugo	0,00 €	14.999,99 €	19.499,99 €	1.500,00 €	35.999,98 €
5	XXI Orense					0,00 €
6	XXI Pontevedra y AP Vigo	0,00 €	6.000,00 €	0,00 €	0,00 €	6.000,00 €
TOTAL		3.000,00 €	78.999,95 €	85.060,00 €	1.500,00 €	168.559,95 €

II.3.1.2. MANTEMENTO DE EQUIPOS DE ALTA TECNOLOXÍA

O obxecto destes contratos centralizados é homoxeneizar en todas as EOXI o alcance e os prezos do servizo de mantemento do equipamento de alta tecnoloxía.

No apartado denominado "Situación actual", en relación coa afirmación de que "os importes adxudicados correspóndense cos de licitación, non producíndose, por tanto, ningunha baixa sobre o prezo inicialmente fixado" cómpre alegar que nos procedementos negociados por mor da especificidade técnica, como é o caso, mantéñense reunións coa empresa para fixar un prezo de partida. O prezo inicialmente fixado supón, xa no seu inicio, unha baixada que está recollida na memoria xustificativa de cada expediente e que o propio anteproxecto analiza nas EOXI de Vigo e A Coruña no apartado relativo á "Análise da evolución dos custos como consecuencia do cambio contractual". Neste sentido, os aforros acadados no momento de establecer o importe de licitación nos tres contratos máis relevantes, dato que consta nas memorias dos expedientes de contratación, foron:

Empresa	GASTO 2011	ORZAMENTO DE LICITACIÓN	AFORRO DE PARTIDA	
GE	3.070.632,84 €	2.879.301,48 €	191.331,36 €	6,23%
SIEMENS	1.849.151,44 €	1.786.744,08 €	62.407,36 €	3,37%
PHILIPS	1.379.389,00 €	1.377.439,80 €	1.949,20 €	0,14%
	6.299.173,28 €	6.043.485,36 €	255.687,92 €	4,06%



Dirección Xeral de Recursos Económicos

Os importes da táboa inclúen o IVE. Neste sentido cómpre indicar que o IVE aplicable no 2011 era do 18% e no momento da licitación do 21%, o que melloraría o aforro acadado, toda vez que as empresas fixan o prezo unitario sen IVE e que é a Administración quen ten que asumir o dito incremento.

III. CONCLUSIÓNS

Relativas ao mantemento con medios propios

- En relación coa afirmación de que "non existe unha xestión homoxénea e unificada do inventario disgregándose en diversas unidades", cómpre alegar o seguinte:

O programa de inventario é único, existindo un Documento de configuración a disposición de todas as Xerencias que determinan a forma de rexistrar o material inventariable, se ben é certo que a forma de organizar os equipos é diferente en cada xerencia, o cal non ten porque ser negativo, senón que se trata dunha adaptación a diferentes estruturas, ao tamaño da organización, e ao persoal do que dispoña. O persoal de inventario pode estar integrado nalgúns casos co persoal de mantemento e noutros casos co persoal que realiza as compras, tamén pode ser dividido por especialidades. Cada Xerencia ten unha organización adaptada á súa estrutura.

- En relación coa falta de automatización no envorcado das actualizacións do inventario e as deficiencias que xera, infórmase de que o traslado de datos de un programa a outro ten que realizarse de forma manual, por non atoparse integrados, xa que non é posible tecnicamente.

- En relación co rexistro no Inventario de elementos por lotes e non de forma individualizada, cómpre alegar que como se indicou anteriormente, os criterios de rexistro dalgún material, como poden ser mesas, cadeiras e baldas non é individualizado nos Hospitais. Este foi un criterio establecido por todas as EOXIS e a Dirección Xeral de Recursos Económicos, dado que si ben en Primaria o investimento en mobiliario ocupaba unha porcentaxe elevada do seu presuposto, e polo tanto era necesario o seu control, nun Hospital a porcentaxe de investimento neste eido é mínima en comparación co investidor en material sanitario e o seu rexistro individualizado daría lugar a un elevado custe.



Dirección Xeral de Recursos Económicos

- No relativo a ausencia de correspondencia entre o Inventario reflectido documentalmente e a realidade, dita falta de correspondencia detectouse só na EOXI da Coruña, polo que será necesario realizar unha auditoría.

Relativas ao mantemento con recursos alleos

A) Electromedicina

- En relación coas deficiencias que presentan os inventarios e que xeraron conflitos no desenvolvemento da prestación do servizo, con discrepancias de criterio sobre a inclusión de determinados equipos e o alcance das reparacións, infórmase de que:

- a) Remitirase de novo o documento de Configuración dos inventarios as EOXI.
- b) Actualmente os cursos do programa de inventario son baixo petición das Xerencias, procederanse a realizar cursos de formación periódicos a fin de manter criterios comúns de rexistro.

- En relación coa percepción de empeoramento do servizo mantemento de electromedicina detectado nas enquisas de satisfacción realizadas polo propio Consello de Contas cómpre alegar que consideramos que a comparación debería basearse nos datos de actividade do servizo na situación anterior fronte a actual e non en percepcións dos enquisados.

- O contrato centralizado de electromedicina tivo uns inicios complicados con discrepancias en termos do seu alcance tanto cuantitativo como cualitativo (no caso de algúns equipos). No aspecto cualitativo, desde marzo de 2014 existe unha guía para intentar resolver as diferenzas de interpretación no alcance do servizo para determinados equipos. No aspecto cuantitativo realizouse, conxuntamente coa empresa prestadora do servizo, unha comparativa entre o inventario publicado e o mantido así como a súa incidencia no prezo do contrato, acadándose o acordo de non modificar o dito prezo e de non prorrogar o contrato ao seu termo (novembro de 2016)

- No relativo aos efectivos dedicados á prestación do servizo, este escrito de alegacións recolle as melloras detectadas neste eido así como a interpretación da empresa en relación coa diferenza entre o concepto de recursos adscritos e recursos con presenza física.

- A empresa adjudicataria está a cumprir cos compromisos de renovación tecnolóxica ofertados. O investimento efectivo realizado na data deste escrito é de **1.526.172,07 €**.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

- A mostraxe que valora o tempo de resolución das avarías de electromedicina limitase ao HULA, non se ten abordado na EOXI da Coruña nin na de Vigo, consideramos que este aspecto debería citarse nas conclusións, toda vez que consideramos que as conclusións neste eido non se poden facer extensivas a todo o contrato.
- Cumprimento dos controis previstos nos pregos: Os informes de dispoñibilidade do equipamento que presenta a empresa son mensuais e empréganse para aplicar as deducións correspondentes, que neste momento superan os 168.500 €. Achéganse no Anexo IV as certificacións de calidade de Iberman.
- Ata o momento non se aplicaron penalizacións por incumprimento do nivel de servizo. O importe indicado nas conclusións no pode ser aplicado con efecto retroactivo, toda vez que o obxecto dunha penalidade é a coerción para a mellora do contrato e considérase que, aínda que a execución non é óptima, si ten neste momento un nivel aceptable.
- As revisións preventivas do equipamento melloraron sustancialmente nos exercicios 2015 e 2016, tal e como se pode comprobar na documentación que se achega con este escrito de alegacións.
- O equipamento de substitución a disposición das EOXI está no nivel do ofertado.
- Por último queremos facer constar a dificultade da resolución anticipada deste tipo de contratos, dado que é preciso dispoñer do servizo e a substitución dun prestador por outro ou outros non é doada nin rápida. Por outra banda, a empresa ten mellorado de forma relevante a execución do contrato.

IV. RECOMENDACIÓNS

Relativas a aspectos organizativos e procedimentais

- En relación coa recomendación de empregar un sistema de información común para a xestión da área de mantemento nos centros que non dispoñen xa dun sistema, tal e como se indica neste escrito de alegacións, desde 2009 ata 2011 estivo vixente un contrato centralizado co obxecto de implantar un sistema de información común para mantemento (XEMAS) en todas as EOXI. Algunhas das EOXI abordaron dita implantación e outras non, a pesar de ter todas as mesmas posibilidades. Unha vez rematado dito contrato, as EOXI



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

teñen a liberdade de implantar o sistema de información para a xestión destas áreas que consideraren oportuno. As actuacións previstas pola Dirección Xeral de Recursos Económicos neste eido pasan por establecer un cadro de mando de indicadores común a todas elas e que a información se reporte no SIAC corporativo.

- Os Criterios de rexistro de equipos no Inventario están determinados no Documento de Configuración de 30 de abril de 2008, o cal está a disposición de todas as Xerencias. En canto á xestión do inventario con carácter unificado, consideramos que debería adaptarse á estrutura de cada Xerencia, de acordo cos medios materiais e os recursos humanos dos que dispoñan.

- Co obxecto de permitir a integración entre LOGAS (sistema de información para a xestión centralizada das subministracións) e os sistemas de información para a xestión dos servizos de mantemento está previsto desenvolver no último trimestre de 2016 unha capa de Servizos Web. Unha vez realizado o dito desenvolvemento as aplicacións de mantemento deberán adaptarse para intercambiar información con LOGAS. Esta actuación permitiría cumprir coa recomendación neste eido.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2016

ANEXOS

- I. Memoria xustificativa do contrato de mantemento de equipamento electromédico
- II. Datos de actividade de mantemento de electromedicina 2013-2015
- III. Datos de actividade de mantemento de electromedicina, primeiro cuadrimestre de 2016
- IV. Certificacións de calidade da empresa Ibérica de Mantemento, S.A (Iberman, S.A)
- V. Comparativa entre o inventario publicado e o inventario obxecto de mantemento



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

ANEXO I

Memoria xustificativa do contrato de mantemento de equipamento electromédico



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección de Recursos Económicos

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO INTEGRAL DE EQUIPAMENTO ELECTROMÉDICO E OUTRO EQUIPAMENTO NOS CENTROS DEPENDENTES DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (EXPEDIENTE AI-SER1-12-033)

1. A necesidade da contratación


A contratación dun servizo de Integral de Mantemento de Equipamento Electromédico e doutro equipamento necesario para o desenvolvemento da actividade asistencial no Servizo Galego de Saúde realízase no marco do obxectivo estratéxico da xestión dos recursos de forma rigorosa e eficiente (obxectivo 6 da Estratexia Sergas 2014).

O servizo integral de mantemento de equipamento electromédico é o conxunto de actividades, procesos, metodoloxía e recursos que se aplican co obxecto de conservar os equipos de electromedicina e as instalacións propias para o seu funcionamento en condicións óptimas, para conseguir a dispoñibilidade dos equipos o maior tempo posible e da forma mais eficaz e económica a longo prazo, así como para prolongar a súa vida útil nas mellores condicións de uso para as prestacións asistenciais para as que foron deseñados, mantendo os parámetros de seguridade e respectando os requirimentos do fabricante e as normas vixentes relacionadas co obxecto del contrato.

O obxectivo do expediente é garantir a calidade do mantemento do equipamento asistencial, estreitamente vinculada á seguridade do doente e dos profesionais que empregan o equipamento, acadar unha xestión óptima do dito equipamento, asegurar a súa trazabilidade de inventario e optimizar a súa vida útil, canto mais considerando a situación económica actual e o estado desigual de obsolescencia do equipamento instalado nos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde.

Na actualidade, existe unha gran variabilidade na xestión do equipamento electromédico do que dispón cada centro de xestión. Dende contratos preventivos con determinados provedores de equipamento ata contratos integrais con empresas proveedoras de servizos, existindo unha gran cantidade e tipo de equipamento que non se mantén estritamente e sobre o que se efectúan as reparacións necesarias mediante S.A.T (Servizo de Asistencia Técnica). A ampla maioría dos mantementos do equipamento máis complexo contrátase mediante procedemento negociado xustificando que por razóns técnicas, o provedor do equipamento é o único capaz de dar un correcto soporte técnico e funcional así como de garantir un mantemento correctivo e evolutivo dos equipos.

Os criterios para a contratación do tipo de mantemento e, polo tanto, a súa cobertura varían en función dos centros polo que os criterios de prestación dos servizos non son homoxéneos. Isto deriva en que a xestión dos tempos de parada do equipamento e a súa incidencia sobre a



actividade asistencial, a xestión da súa vida útil, e consecuentemente, das necesidades das novas adquisicións non está optimizada.

O equipamento electromédico resulta básico na actividade asistencial dos centros sanitarios dependentes do Servizo Galego de Saúde, e polo tanto, considerase imprescindible regular, de forma centralizada os requisitos para a contratación dos servizos de mantemento estandarizando o alcance e o contido dos contratos nos distintos centros, procurando as mellores condicións económicas e técnicas e a máxima eficiencia na súa xestión para o conxunto do Servizo Galego de Saúde.

Por todo o anterior e co obxectivo de unificar e garantir a seguridade e a profesionalización no mantemento, o cumprimento da lexislación vixente e o control de calidade, adóptase a modalidade de contratación corporativa de tódolos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde, co que ademais se pretende a consecución de condicións económicas mais favorables.

O servizo que se licita é do tipo integral a “todo risco” para o equipamento electromédico, incluíndo a asistencia técnica, as pezas, os repostos, os elementos auxiliares, a man de obra, os desprazamentos, as axudas de custo, o transporte e demais gastos que podan derivarse do seu cumprimento. Para outro equipamento o servizo que se licita é o mantemento de primeira intervención.

O equipamento electromédico suxeito a mantemento integral é o equipamento de soporte vital, os equipos de imaxe médica e o mobiliario clínico eléctrico, electromecánico ou electrohidráulico.

Para o equipamento electromédico que teña un contrato de mantemento vixente ou que se encontre en período garantía no momento de formalización do contrato derivado deste expediente, o servizo integral consistirá en complementar a prestación que reciban en virtude do contrato ou da garantía que posúan ata acadar o nivel de servizo esixido neste expediente. Polo que, trala finalización de ditos contratos e garantías estarán tamén suxeitos a un servizo todo risco integral.

A primeira intervención realizarase sobre os equipos de ecografía, os sistemas PACs e os equipos que non sexan propiedade do Servizo Galego de Saúde.

2. O procedemento de adxudicación e a duración do contrato

O servizo se adxudicará por procedemento aberto, de xeito que se garantan a transparencia e a libre concorrència.

No que atinxe á duración do contrato, fíxase ata o 30/11/2016, con posibilidade de prórroga ata o 31/12/2018, cunha duración total máxima que non poderá superar os seis anos.

Establécense 6 lotes tendo en conta a agrupación funcional e xeográfica do equipamento instalado, toda vez que resulta imprescindible que se cumpran os tempos de resposta

establecidos nos pregos para os diferentes tipos de aviso e de equipamento así como as necesidades de stock de equipos de substitución e repostos.

A relación de lotes amósase na seguinte táboa:

LOTES	OBXECTO
1	Mantemento integral do EE da EXI da Coruña
2	Mantemento integral do EE da EXI de Ferrol
3	Mantemento integral do EE da EXI de Santiago de Compostela
4	Mantemento integral do EE do conxunto de centros asistenciais incluídos en el H. Lucas Augusti, H. C. de Monforte, H. da Costa e X.A.P de Lugo
5	Mantemento integral do EE da EXI de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras
6	Mantemento integral do EE da EXI de Pontevedra e O Salnés e na X.A.P de Vigo

Exclúese do alcance o mantemento do equipamento electromédico do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo porque figura como un servizo a desenvolver ao abeiro do contrato de concesión de obras públicas do Novo Hospital de Vigo.

3. A xustificación económica

Unha das vantaxes que se pretende acadar con este expediente é a conversión dos custos variables das operacións de mantemento do equipamento en custos fixos "todo incluído". Polo tanto, o pagamento do servizo é certo e realízase en función do importe adjudicado por lote independentemente do número de reparacións e dos repostos que sexan necesarios para manter o equipamento nunha correcta situación de funcionamento.

Para cada centro de xestión calculouse o gasto anual en 2011 en contratos de mantemento e reparacións do equipamento incluído no alcance do contrato que foi de 9.576.932,44 € euros (IVE engadido), tal e como se recolle no Anexo I desta memoria.

A previsión do orzamento necesario para cada ano fíxose partindo de aplicar a dito gasto real unha redución do cinco por cento e descontando no tempo os contratos vixentes por este concepto ata a súa data de finalización, de acordo coa información que se publica como Anexo V do PCAP e se inclúe no Anexo III desta memoria. Operouse co IVE que logo se descontou en base á porcentaxe do imposto prevista a partir do 1 de setembro de 2012 e redondeando finalmente o resultado para fixar o importe de licitación sen IVE de cada lote sen decimais.

O aforro mínimo que se pretende acadar coa licitación deste expediente estímase en 2.782.060,54 € para toda a duración do contrato (que remata o 30/11/2016). Para estimar este aforro partimos da proxección ata ao final do contrato do importe previsto para este servizo de manterse o gasto do ano 2011 e tendo en conta que desde o 1 de setembro de 2012 o IVE aplicable a estes contratos pasa do 18% ao 21% (38.463.287,26 €). Desta proxección restamos o



Dirección de Recursos Económicos

gasto que teremos que asumir á marxe deste contrato por continuar viventes algunhas contratacións de mantemento de forma complementaria a este expediente, estas contratacións teñen un valor total de 1.789.000,88 € (logo do incremento do IVE do 1 de setembro de 2012). Todos estes contratos rematan antes da finalización deste expediente e os equipos incorpóranse ao seu alcance a partir da data de finalización que se indica no Anexo III desta memoria.



Adicionalmente ao aforro no prezo de licitación de partida, a cláusula 8.1.13 do PCAP establece que o adxudicatario deberá prever como mínimo un investimento anual na actualización do equipamento existente do cinco por cento do importe de licitación anual. O que supón unha mellora adicional do expediente de contratación que se valora en 1.694.611,29 €.

O valor estimado do contrato calcúlase sumando o importe de licitación sen IVE, o importe máximo das modificacións previstas (20% do importe de licitación para todos os lotes excepto para o lote 4 para o que se prevé unha variación de ata o 40% porque finaliza a garantía da maioría do equipamento do HLA), o importe máximo previsto para a prórroga (do 01/12/2016 ao 31/12/2018, supoñendo que o contrato se modificara nos seus últimos doce meses de vixencia ata alcanzar un importe anual igual á suma da última anualidade máis o importe máximo previsto para as modificacións) e máis o importe máximo asociado á posible modificación do contrato durante o período de prórroga (20% do importe máximo previsto para a prórroga) segundo se indica no anexo IV a esta memoria.

O orzamento total que se estima necesario para a execución do proxecto é de 28.010.104,00 euros sen IVE, o IVE (21%) supón 5.882.121,84 euros, e o importe total é de 33.892.225,84 euros cuxa distribución por anualidades e por aplicacións orzamentarias amósase no Anexo II.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2012

A subdirectora xeral de Compras e Servizos


Paula Mª Camba Loureda 

ANEXOS

- Anexo I: Gasto en contratos de mantemento e reparacións de equipamento electromédico no exercicio 2011
- Anexo II: Distribución do orzamento de licitación por centro de gasto e anualidades
- Anexo III: Contratos viventes de mantemento de equipamento electromédico que rematan durante a duración do presente contrato
- Anexo IV: Cálculo do valor estimado de cada lote



ANEXO I. Gasto en contratos de mantemento e reparacións de equipamento electromédico no exercicio 2011 (IVE 18%)

Lote	Centro de gasto	Contratos	Gasto en reparacións	Totais por centro	TOTAL POR LOTE
1	CHUAC	2.307.262,06	210.735,20	2.517.997,26	2.796.198,17
	AP CORUÑA	0,00	91.058,00	91.058,00	
	H VIRXE DA XUNQUEIRA	117.717,91	69.425,00	187.142,91	
2	EXI FERROL	429.877,87	288.160,10	718.037,97	718.037,97
	CHUS	1.226.733,68	126.526,12	1.353.259,80	
3	AP SANTIAGO	0,00	92.628,00	92.628,00	1.586.571,66
	H. DA BARBANZA	130.602,81	10.081,05	140.683,86	
	H. LUCUS AUGUSTI	147.342,88	350.524,88	497.867,76	
4	HC DE MONFORTE	84.798,08	70.048,45	154.846,53	1.089.657,93
	XAP LUGO	20.248,00	95.821,62	116.069,62	
	H DA COSTA	200.509,80	120.364,22	320.874,02	
	CHUO	1.063.371,48	519.043,79	1.582.415,27	
5	AP OURENSE	21.115,54	120.000,00	141.115,54	2.022.836,48
	H. DE VERIN	119.080,96	35.691,91	154.772,87	
	HC DE VALDEORRAS	78.264,70	66.268,10	144.532,80	
	CH PONTEVEDRA	655.101,74	341.280,57	1.006.382,31	
6	HC DO SALNÉS	200.726,94	0,00	200.726,94	1.363.630,23
	AP PONTEVEDRA	0,00	77.721,25	77.721,25	
	XAP VIGO	9.494,60	69.305,13	78.799,73	
	TOTAIS	7.100.789,30	2.754.683,39		9.576.932,44

Estimación Gasto Total (01-12-2012 ata 30/11/2016) 38.463.287,26 €



Anexo II. Distribución do orzamento de licitación por centro de gasto e anualidades

LOTE	DESCRIPCIÓN LOTE	SUBLOTE	DESCRIPCIÓN SUBLOTE	APLICACIÓN PRESUPUESTARIA	IMPORTE TOTAL LOTES C/IVA	2012 C/IVA (12 MESES)	2013 C/IVA (12 MESES)	2014 C/IVA (12 MESES)	2015 C/IVA (12 MESES)	2016 C/IVA (12 MESES)
1	Mantenimento integral del EE de la EXI de A Coruña	1.1	CHUAC	1501-412A-213	9.075.174,24 €	0,00 €	2.107.486,93 €	2.392.826,38 €	2.392.096,19 €	2.192.784,74 €
		1.2	AP CORUÑA	1507-412B-213	338.607,29 €	0,00 €	86.504,11 €	86.504,11 €	86.504,11 €	79.294,93 €
		1.3	H VIRXE DA XUNQUEIRA	1516-417A-213	695.324,75 €	0,00 €	177.785,30 €	177.785,30 €	177.785,30 €	162.968,85 €
	TOTAL LOTE 1				10.110.306,25 €	0,00 €	2.371.786,34 €	2.647.115,79 €	2.656.385,60 €	2.435.018,52 €
2	Mantenimento integral del EE de la EXI de Ferrol		EXI FERROL	1505-412A-213	2.570.903,94 €	0,00 €	592.355,50 €	671.122,87 €	682.135,08 €	625.290,49 €
		3.1	CHUS	1571-412A-213	4.748.560,62 €	0,00 €	1.080.938,42 €	1.193.553,68 €	1.285.595,95 €	1.178.452,56 €
		3.2	AP SANTIAGO	1509-412B-213	344.850,35 €	0,00 €	87.986,04 €	87.995,04 €	87.996,04 €	80.662,23 €
3	Mantenimento integral del EE de la EXI de Santiago de Compostela	3.3	H. DA BARBANZA	1515-412A-213	526.243,52 €	2.784,21 €	133.649,34 €	133.649,34 €	133.649,34 €	122.511,29 €
			TOTAL LOTE 3		5.619.444,49 €	2.784,21 €	1.312.563,20 €	1.415.199,06 €	1.507.241,34 €	1.381.636,08 €
		4.1	H. LUCUS AUGUSTI	2701-412A-213	1.852.474,81 €	0,00 €	472.973,27 €	472.973,27 €	472.973,27 €	433.555,10 €
4	Mantenimento integral del EE del conxunto de centros asistenciales incluídos en el H. Lucus Augusti, H. C. de Montforte, H. da Costa y Gerencia de Atención Primaria de Lugo	4.2	HC DE MONFORTE	2707-412A-213	576.153,60 €	0,00 €	147.103,33 €	147.103,33 €	147.103,33 €	134.843,31 €
		4.3	XAP LUGO	2703-412B-213	431.874,41 €	0,00 €	110.266,09 €	110.266,09 €	110.266,09 €	101.076,14 €
		4.4	H DA COSTA	2705-412A-213	1.390.340,86 €	0,00 €	301.755,83 €	304.829,25 €	304.829,25 €	279.426,51 €
	TOTAL LOTE 4		4.051.343,78 €	0,00 €	1.032.098,54 €	1.035.171,94 €	1.035.171,94 €	1.035.171,94 €	948.901,36 €	
5	Mantenimento integral del EE de la EXI de Ourense, Verín y el Barco de Valdeorras	5.1	CHUO	3201-412A-213	5.522.813,89 €	0,00 €	1.303.430,15 €	1.333.070,03 €	1.503.294,32 €	1.378.019,39 €
		5.2	AP OURENSE	3206-412B-213	525.056,19 €	0,00 €	134.056,53 €	134.056,53 €	134.056,53 €	122.867,60 €
		5.3	H. DE VERIN	3215-412A-213	559.395,01 €	0,00 €	170.546,23 €	147.033,15 €	147.033,15 €	134.779,48 €
6	Mantenimento integral del EE de la EXI de Pontevedra y el Salnés y de la Gerencia de Atención Primaria de Vigo	5.4	HC DE	3204-412A-213	533.647,51 €	0,00 €	133.172,60 €	137.303,96 €	137.303,96 €	125.862,99 €
			TOTAL LOTE 5		7.120.922,60 €	0,00 €	1.881.271,51 €	1.786.498,67 €	1.921.692,36 €	1.761.549,46 €
		6.1	CH PONTEVEDRA	3603-412A-213	3.091.429,00 €	0,00 €	629.998,30 €	657.650,20 €	627.380,30 €	676.390,90 €
6	Mantenimento integral del EE de la EXI de Pontevedra y el Salnés y de la Gerencia de Atención Primaria de Vigo	6.2	HC DO SALNÉS	3615-412A-213	746.868,67 €	0,00 €	190.889,95 €	190.889,95 €	190.889,95 €	174.799,02 €
		6.3	AP PONTEVEDRA	3612-412B-213	205.183,95 €	0,00 €	73.834,20 €	73.834,20 €	73.834,20 €	67.681,35 €
		6.4	XAP VIGO	3606-412B-213	291.822,96 €	0,00 €	73.484,51 €	74.859,07 €	74.859,07 €	68.620,31 €
	TOTAL LOTE 6		4.419.904,78 €	0,00 €	968.001,25 €	997.042,42 €	1.266.763,52 €	1.187.491,58 €		
	TOTAL LOTES		33.897.225,84 €	2.784,21 €	7.958.042,95 €	8.522.120,75 €	9.069.390,44 €	8.339.887,49 €		



Anexo III: Contratos viventes de mantemento de equipamento electromédico que rematan durante a duración do presente contrato (IVE 18%)

LOTE	Nº REF.	Contratos extintos de mantemento de equipamento electromédico	Empresa	Importe anual c/IVA (€)	Data de finalización do contrato	Gasto en mantemento de EE adicional ao expediente
1	07/11	Mant. respiradores, mesas anestesia e incubadoras	DRAGER MEDICAL HISPANIA, S.A.	123.320,33	31-mar-13	30.830,08 €
1	02/11	Mant. mesas quirúrgicas y respiradores CHUAC	MAQUET SPAIN, S.L.U.	170.472,24	15-mar-13	35.515,05 €
1	01/11	Mant. equipos de digitalización radiológica	AGFA GEVAERT, S.A.U.	236.882,64	31-mar-13	59.220,66 €
1	03/11	Mant. Integral Radiología convencional	PHILIPS IBERICA, S.A.	5.897,76	31-mar-13	1.474,44 €
1	34/11	Mant. equipos registros señales vitales	PHILIPS IBERICA, S.A.	249.798,87	31-may-13	104.082,86 €
1	09/11	Mant. analizador proteómica Unidad Investigación	AB SCIEX SPAIN, S.L.	37.075,64	31-mar-14	46.344,55 €
1	21/11	Mant. citómetro de flujo Laboratorio Investigación	BECTON DICKINSON, S.A.	24.355,20	15-may-13	9.133,20 €
1	37/11	Mant. microscopio electrónico Anatomía Patológica	FEI EUROPE B.V. Sucursal España	14.533,83	30-jun-13	7.266,91 €
2	NB-ASF1-11-019	MANTEMENTO SALA CONVENCIONAL	PHILIPS IBERICA, S.A.	5.668,72	30-sep-13	4.251,54 €
2	NB-ASF1-12-005	MANTEMENTO EQUIPOS (RESPIRADORES, MÁQUINAS ANESTESIA E INCUBADORA)	DRAGER MEDICAL HISPANIA, S.A.	32.949,09	15-feb-13	4.118,64 €
2	NB-ASF1-11-003	MANTEMENTO REVELADO DIGITAL	AFGA HEALTHCARE PAIN S.A.U.	61.360,66	31-mar-13	15.340,17 €
2	NB-ASF1-12-006	MANTEMENTO EQUIPOS PORTÁTILES E ESPECIAIS DE RX	SIEMENS	66.068,35	28-feb-14	77.079,74 €
3	NB-CH51-09-088	Servicio de mantemento de los espectómetros para screening neonatal	AB SCIEX SPAIN, S.L.	50.445,00	8-nov-13	42.037,50 €
3	NB-CH51-11-038	Servicio de mantemento integral de los equipos de Hemodiálisis del Servicio de Nefrología del Complejo	GAMBRO LUNDIA AB, SUCURSAL EN ESPAÑA	34.855,80	31-mar-13	8.713,95 €
3	AB-CH51-11-022	Servicio de mantemento integral de los equipos General Electric do CHUS	GENERAL ELECTRIC HEALTHCARE CLINICAL SYSTEMS, S.L.	90.791,01	31-dic-14	181.582,02 €



LOTE	Nº REF.	Contratos externos de mantemento de equipamento electromédico	Empresa	Importe anual c/IVA (€)	Data de finalización do contrato	Gasto en mantemento de EE adicional ao expediente
3	AB-CHS1-11-021	Servicio de mantemento integral de los equipos de ventilación mecánica	MAQUET SPAIN, S.L.U.	113.060,24	31-may-13	47.108,43 €
3	AB-CHS1-10-004	Arrendamiento con opción de compra de equipamiento para el Servicio de Neurofisiología (lote 1)	ALMEVAN, S.L.	762,93	15-mar-14	921,87 €
3	AB-CHS1-10-004	Arrendamiento con opción de compra de equipamiento para el Servicio de Neurofisiología (lote 2-3-4)	NIHON KOHDEN IBÉRICA, S.L.	5.242,92	15-mar-14	6.335,20 €
4	NB-HCC1-10-007	MANT. preven. y correct. de equipos de revelado radiográfico de la firma CARESTREAM instalados en el Servicio de Radiología del Hospital de Costa y en los Servicios de Radiología de los Centros de Salud de Ribadeo y Viveiro	Carestream Health Spain, S.A.	36.872,45	31-ene-13	3.072,70 €
5	NB-CH01-10-010	MANTENIMIENTO EQUIPOS RX SIEMENS	SIEMENS	117.541,71	20-dic-14	231.818,37 €
5	NB-CH01-10-008	MANT. INTEGRAL (LIMITADO) ENDOSCOPIA OLYMPUS	OLYMPUS	63.608,76	31-ago-14	106.014,60 €
5	NB-CH01-08-017	MANT INTEGRAL (LIMITADO) EQUIPOS PHILIPS Electromedicina General	PHILIPS	8.710,00	23-dic-14	17.250,64 €
5	NG-CHO1-10-001	MANT PREVENTIVO Y/O INTEGRAL EQUIPOS DRAGER	DRAGER	120.034,44	31-ene-13	10.002,87 €
5	NB-HCV1-11-017	Mantenimiento preventivo de varios equipos de quirófano: Mesas de anestesia TAEMA Félix, TAEMA Alys, respiradores de reanimación TAEMA Horus y respiradores TAEMA Osiris (gratuito)	GDM 1980 MULTISERVICIOS TECNICOS, S.L.	7.488,08	11-may-13	2.724,83 €
5	NB-HCV1-11-003	1. Mantemento de AESTIVA	GE HEALTHCARE CLINICAL SYSTEMS, S.L.	4.262,09	22-mar-13	970,81 €
5	NB-HCV1-11-003	2. Mantemento de ELECTROCARDIOGRAFO	GE HEALTHCARE CLINICAL SYSTEMS, S.L.	1.920,23	22-mar-13	437,39 €

LOTE	Nº REF.	Contratos externos de mantemento de equipamento electromédico	Empresa	Importe anual c/IVA (€)	Data de finalización do contrato	Gasto en mantemento EE adicional ao expediente
5	MANTENIMIENTO PREVENTIVO CORRECTIVO Y LEGAL DEL EDIFICIO E INSTALACIONES	EDIFICIO, INSTALACIONES Y ELECTROMEDICINA EN PRIMERA INTERVENCIÓN	FERROVAL SERVICIOS, S.A.	13.909,20	31-ene-13	1.159,10 €
5	Dotación anestesia	TORRES (2 excelliz10,1 EXCELL 110, Aespire S/5), cuna térmica, módulo de gases, entropía, relajación	G.E. HEALTHCARE CLINICAL	11.298,45	31-mar-13	2.824,61 €
5		FUJIFILM (lectores de capsula, consolas impresoras secas radiología, CRS)	FUJIFILM	27.842,10	31-mar-13	6.960,53 €
5	Equipos de radiología	Telemando digital (Axion Iconos R200) 5138	SIEMENS	24.728,74	14-dic-13	23.698,38 €
5	Equipos de radiología	Equipo móvil (Mobilette Xp) 2097	SIEMENS	1.920,61	14-dic-13	1.840,58 €
6	Mantemento de 10 equipos de fisioterapia	microndas e onda curta	Enraf Nonius S.A.	3.814,92	28-feb-13	635,82 €
6	Mantemento equipo radiología xeral	Equipo Rx	General Electric healthcare	4.429,68	28-feb-13	738,28 €
6	NB-CHPT-10-023	Contratación de los mantenimientos preventivo, correctivo y técnico legal de los equipos OLYMPUS dependientes del CHOP	OLYMPUS ESPAÑA, S.A.U.	130.186,92	30-nov-14	249.528,76 €

Dirección de Recursos Económicos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



LOTE	Nº REF.	Contratos externos de mantemento de equipamento electromédico	Empresa	Importe anual c/IVA (€)	Data de finalización do contrato	Gasto en mantemento de EE adicional ao expediente
6	NB-CHP1-11-017	Mantenimento preventivo, correctivo e técnico legal de los respiradores HAMILTON (Modelo G-5), RESPIRONIC Y MAQUET (Servo I) existentes en el CHOP	AGENDR MANTENIMIENTOS, S.A	21.146,67	30-abr-13	7.048,89 €
6	AB-CHP1-11-001	Mantenimientos preventivo, correctivo y técnico legal de los equipos electromédicos radiológicos del CHOP de la marca Siemens y General Electric del CHOP	GENERAL ELECTRIC HEALTHCARE ESPAÑA, S.A	172.086,77	28-feb-15	372.854,67 €
6	NB-CHP1-12-009	Mantenimiento integral de equipos de esterilización marca STERIS	STERIS IBERIA, SA	16.734,24	31-may-14	23.706,84 €

GASTO TOTAL (01/01/2013-31/11/2016) 1.744.645,48 €
GASTO INCREMENTADO COA SUBIDA DO IVE O 01/09/2012 1.789.000,88 €

Anexo IV: Cálculo do valor estimado do contrato

LOTE	DESCRIPCIÓN LOTE	VALOR ESTIMADO	Importe de licitación (sen IVE)	Importe máximo das modificacións do contrato (sen prórrogas)	Importe máximo da prórroga (do 01/12/2016 ata o 31/12/2018)	Importe máximo das modificacións da prórroga
1	Mantemento integral do EE da EXI A Coruña	19.692.962,50	8.355.625,00	1.671.125,00	8.055.177,08	1.611.035,42
2	Mantemento integral do EE da EXI de Ferrol	5.021.383,80	2.124.714,00	424.942,80	2.059.772,50	411.954,50
3	Mantemento integral do EE da EXI de Santiago de Compostela	11.009.222,30	4.644.169,00	928.833,80	4.530.182,92	906.036,58
4	Mantemento integral do EE do conxunto de centros asistenciais dependentes do H. Lucus Augusti, H. C. de Monforte, H. da Costa e da Xerencia de Atención Primaria de Lugo	10.174.508,20	3.348.218,00	1.339.287,20	4.572.502,50	914.500,50
5	Mantemento integral do EE da EXI de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras	13.975.042,00	5.885.060,00	1.177.012,00	5.760.808,33	1.152.161,67
6	Mantemento integral do EE da EXI de Pontevedra e O Salnés e da Xerencia de Atención Primaria de Vigo	8.885.480,60	3.652.318,00	730.463,60	3.752.249,17	750.449,83
TOTAL		68.758.599,40				



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

ANEXO II

Datos de actividade de mantemento de electromedicina 2013-2015



Preventivos y Técnicos Legales:

Exponemos a continuación los datos incluidos en el aplicativo MH4 sobre los mantenimientos realizados a lo largo del contrato, tanto de Correctivos, como de Preventivos y Técnico Legales, como de Conductivos.

<u>LOTE 1</u>	2013	2014	2015
CORRECTIVOS	5984	10052	9972
P + TL	29	3486	3612
CONDUCTIVOS	1320	2763	3989
